Madoz, Pascual (1986) [1845]. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico e España y sus posesiones de ultramar*, Madrid: Libros Galicia / Editorial Breogán.

Magariños, Alfonso (1999). *A Emigración: Modernización e Cambio Social na Galicia Contemporánea 1900-1936*. Santiago de Compostela: Laiovento.

_____ (2000). *A obra educativa e cultural dos emigrados. Prensa da Emigración e Sociedades de Instrucción en Galicia: 1900-1936*. Sada: O Castro.

Máiz Vázquez, Bernardo (1988). *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo (1930-1976)*. Vigo: Xerais.

Martín Ruíz, Luís (1999). *Cruceiros na provincia da Coruña*. A Coruña: Deputación Provincial. Tomo II. 909-930.

Martínez López, Ramón (1987). *A literatura galega no exilio*. Trasalba-Ourense: Fundación Otero Pedrayo.

Martínez Murguía, Manuel (1940). *Los Precursores*. Buenos Aires: Emecé. Col. Hórreo.

Más y Laglera, José (1998) [1928]. *A Costa da Morte. Guía de viaxe a un tempo ido*. Héctor M. Pose, Xosé Manuel Varela e Manuel Vilar, eds. Santiago de Compostela: Lea.

Mato, Alfonso (2001), *O Seminario de Estudos Galegos*, Sada: O Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

Mayoral, José Antonio (1994). *Figuras Retóricas*. Madrid: Síntesis.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984). *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.

Méixome Quinteiro, Carlos (1999) *Textos e Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia*, Vigo: O Cumio.

Molina, César Antonio (1989), *Prensa literaria en Galicia: 1809-1920*. Vigo: Xerais.

_____ (1989), *Prensa literaria en Galicia: 1920-1960*. Vigo: Xerais.

Monteagudo, Henrique (1996). “Estudio Introductorio”. Monteagudo Henrique, ed. *De viva voz. Castela: conferencias e discursos*. Santiago: Fundación Castela.

_____ (1999). *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

_____ (2003). «Sobre a norma léxica do galego culto: da prosa ficcional de *Nós* ao ensaio de Galaxia». Álvarez de la Granja, María e Ernesto Xosé González Seoane, eds. (2003). *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. 255-283.

Morales, Tomás (1977). “Poemas del mar”. *Las Rosas de Hércules*. Barcelona: Barral Editores. *Insulae Poetarum*. 67-88.

Morandeira Lourés, María Josefa (1969). *El habla de Lage*. Memoria de licenciatura (inérita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Mörling, Staffan (1989). *Las embarcaciones tradicionales de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Pesca.

Naharro-Calderón, José María (1991), *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas: "¿Adónde fue la canción?"*. Barcelona: Anthropos.

Neira Vilas, Xosé (1994), *Memoria da emigración, I*. Sada: O Castro.

_____ (1995), *Memoria da emigración, II*. Sada: O Castro.

_____, coord. (1995). *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires*. Sada: O Castro.

_____ (1996), *Memoria da emigración, III*. Sada: O Castro.

_____ (1999), *Crónicas galegas de América (Rolda primeira)*. Sada: O Castro.

_____ (2000), *Crónicas galegas de América (Rolda segunda)*. Sada: O Castro.

_____ (2001), *Crónicas galegas de América (Rolda terceira)*. Sada: O Castro.

_____ (2001), *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960. Discurso lido o día 17 de novembro de 2001, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Xosé Neira Vilas e resposta do Excelentísimo Señor Don Xesús Alonso Montero*. A Coruña: Real Academia Galega.

Nerium, Alexandre [pseudónimo de Francisco Manuel López Martínez] (2003). *Vogar de couse*. Liniar de Francisco Fernández Rei. A Coruña: Espiral Maior.

Núñez Búa, Xosé (1986). *Vida e paixón de Castelao*. Sada: O Castro.

_____ (2000) [1971]. *Revoeira*. Vigo: Ir Indo.

Núñez Seixas, Xosé Manuel (1992). *O galeguismo en América, 1879-1936*. Sada: O Castro.

_____ (1992). “A Fouce e o nacionalismo galego en Buenos Aires (1926-1936). *A Fouce. Periódico Galego*. Edición Facsímile Vigo: Nova Galicia Edicións.

_____ (1998). *Emigrantes, caciques e indianos*. Vigo: Xerais.

_____ e Raúl Soutelo Vázquez (2005). *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos 1919-1971*. Vigo: Galaxia.

Otero Pedrayo, Ramón (2001) [1952]. “A República sen leis dos poetas e dos artistas”. *Polos vieiros da saudade*. Vigo: Galaxia. Ed. de Luís González Tosar. 276-285.

Palmás, Ricardo (1978). *A emigración galega na Argentina*. Sada: O Castro.

Paz-Andrade, Valentín (1982). *Castelao na luz e na sombra*. Sada: O Castro.

Penas Patiño, Xosé Manuel, Carlos Pedreira e Carlos Rodríguez Silvar (1980). *Guía das aves de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Peña Saavedra, Vicente, coord. (1993). *Galicia — América. Relacións históricas e retos de futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

_____, dir. (1998). *Repertorio da prensa galega da emigración*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración.

Pereira González, Dionísio (1999). *Imaxes da fatiga. Crónica gráfica do traballo na Galiza*. Vigo: A Nosa Terra / Promocións Culturais Galegas.

_____ (2005). *Foulas e Ronseis (Retrincos para un tratado do mar dos galegos)*. Santiago de Compostela: Positivas.

Pereira Domínguez, Benito (1999). *La villa de Laxe*. A Coruña: Edición de autor.

Pereyra, Washington Luis (1993). *La prensa literaria argentina (1890-1974). Tomo Primero. Los años dorados 1890-1919*. Buenos Aires: Librería Colonial.

Pérez Leira, Lois (1999). *Protagonistas dunha epopea colectiva*. Vigo: Galicia en el Mundo.

_____ (2006). *Galegos na Arxentina. Galegas na Arxentina. Unha ollada*

fotográfica. Vigo: Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza (FESGA).

Pérez Pais, María del Carmen (1986), “A prensa da emigración: análise e valoración”. Juana, Jesús de e Xavier Castro, eds. *III Xornadas da Historia de Galicia*. Ourense: Deputación Provincial. 161-184.

Pérez-Prado, Antonio (1973). *Los gallegos y Buenos Aires*. Buenos Aires: La Bastilla.

Pérez Rodríguez, María Antonia (2004). “Luís Seoane e o “Grupo Tortoni” dentro do exilio galego en Bos Aires: 1937-1953. (A prensa como fonte de información)”. *Xornadas sobre Luís Seoane*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Piñeiro, Ramón (1995). *Filosofía da saudade*. Vigo: Galaxia.

Porrúa, María del Carmen (1997). *De la restauración al exilio (estudios literarios)*. Sada: O Castro.

Quijada Mouriño, Mónica (1991): *Aires de República, aires de cruzada: la guerra civil española en Argentina*, Barcelona: Sendai Ediciones.

Quintana, Xosé Ramón e Marcos Valcárcel (1988). *Ramón Otero Pedrayo, vida, obra e pensamento*. Vigo: Ir Indo.

Raña, Román (1996). *A noite nas palabras. Unha aproximación á poesía galega de*

posguerra. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003). *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*. Santiago: RAG / ILG.

Rei Ballesteros, Anxo A., (s. d.), *Dicionario de autores/as do Barbanza*. Edición electrónica: <http://www.barbantia.org/dicionario/intro.htm>

Rei Núñez, Luis (1987): *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Sada: Edicións O Castro.

Ríos Panisse, María do Carme (1974). *Vida mariñeira de Sada*. Santiago de Compostela: Univesidade de Santiago de Compostela. Anexo 1 de *Verba*, Anuario Galego de Filoloxía.

_____ (1977). *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia, I. Invertebrados y peces. Con anotaciones filológicas de Antonio Santamarina*. Santiago de Compostela: Univesidade de Santiago de Compostela. Anexo 7 de *Verba*, Anuario Galego de Filoloxía.

_____ (1983). *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia, II. Mamíferos y algas*. A Coruña: Biblioteca Filolóxica do ILG (Instituto da Lingua Galega) / Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Rivas, Paco [Francisco Rivas López] (2005). *Diccionario fraseolóxico do mar*. Vigo: Promocións Culturais Galegas. A Nosa Terra.

Riveiro Espasandín, Xosé (1995). “El exilio gallego”. Aznar Soler, Manuel, ed. (1995). *Las Literaturas Exiliadas en 1939*. Barcelona: Sinaia.

Rodino Lalín, Hugo José (1989). “As editoriais galegas en Bós Aires”. *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*. nº 1. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 49-71.

_____ (1991). “Asociacionismo gallego en Buenos Aires (1879-1960)”. Clementi, Hebe, coord. (1991): *Inmigración española en la Argentina (Seminario 1990)*, Bos Aires: Oficina Cultural de la Embajada de España en la Argentina.

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel (2000) [1944]. *Sempre en Galiza*. Edición crítica. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela. Inclúe Estudos, Facsímile, Aparato crítico, Índices e Apéndices.

Rodríguez Fer, Claudio (1991). *Arte Literaria. Catálogo, descripción e teoría crítica para a comprensión e comentario dos textos*. Vigo: Xerais.

_____ (1994). *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*. Vigo: Xerais.

_____ (1997). *Ánxel Fole : 1903-1986, unha fotobiografía*. Vigo: Xerais.

_____ (2001). “Escritores galegos ante a guerra civil”. Tarrío Varela,

Anxo, coord. *Galicia. Literatura*. Vol. XXXIII: *A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*. A Coruña: Hércules. 19-24; 530-533.

Rodríguez Galdo, María Xosé (1993). *Galicia, país de emigración: la emigración gallega a América hasta 1930*. Colombres (Asturias): Fundación Archivo de Indianos.

_____ (1992). *Galicia en América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consello a Cultura Galega.

Rodríguez González, Eladio (1980) [1958/1960/1962]. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia. 3 vols. Facsímile.

Rodríguez Río, Xusto (1998). “O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego”. *Verba*, Anuario Galego de Filoloxía. Santiago de Compostela: Univesidade de Santiago de Compostela. Vol. 25. 293-322.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor (2001). *Diccionario de Escritores Ribeirenses*. A Coruña: Deputación. 2001.

Romasanta, Alberto (2000), “Víctor Casas na memoria”. *Casa da Gramática*, nº 10, decembro do 2000. Noia: Instituto Virxe do Mar.

Romera, José; Alicia Yllera; Mario García-Page e Rosa Calvet, eds. (1993). *Escritura Autobiográfica. Actas del II Seminario Internacional del Instituto de Semiótica Literaria y Teatral*. Madrid: Visor.

Salgado, Fernando (1995). *Lorenzo Varela: Crónica dunha vida atormentada*. Sada: O Castro.

Salgado, Fernando (2005). *Lorenzo Varela: A voz desterrada*. Sada: O Castro.

Sánchez Albornoz, Nicolás, comp. (1991). *El destierro español en América. Un trasvase cultural*. Madrid: Instituto de Cooperación Iberoamericana.

Sánchez Alonso, Blanca (1995). *Las causas de la emigración española 1880-1930*. Madrid: Alianza Editorial.

Sánchez Millares, Eduardo e Graciana Vázquez Villanueva (1993). *Medio siglo en la historia del Centro Gallego de Buenos Aires*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Sanmartín Rei, Goretti (2002). *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*. A Coruña: Espiral Maior.

Santamarina Fernández, Antón, ed. (2001). *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Biblioteca Filolóxica Galega do ILG (Instituto da Lingua Galega) / Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Santos Gayoso, Enrique (1990/1995). *Historia de la prensa gallega 1800-1986*. Sada: O Castro. Vols. I-II.

Segre, Cesare (1985). *Principios de análisis del texto literario*. Barcelona: Crítica.

Seoane, Luís (1973). “Os migrantes e as prazas públicas”. *Comunidades mesturadas*. Vigo: Galaxia. 160-163.

Sixirei Paredes, Carlos (1987). *Alfredo Somoza. Encadramento histórico dunha figura esquecida do galeguismo*. Sada: O Castro.

_____ (1988). *A Emigración*. Vigo: Galaxia.

_____ (1992). “O nacionalismo na emigración”. *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 117-123.

_____ (1995). *Galeguidade e cultura no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

_____ (2001). “Introducción breve ao fenómeno histórico da emigración galega”. Sixirei Paredes, Carlos; Xosé Ramón Campos Álvarez e Enrique Fernández Martínez, *Asociacionismo Galego no exterior, I*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 33-83.

Southworth, Herbert Rutledge (1977). *La destrucción de Guernica. Periodismo, diplomacia, propaganda e historia*. Paris: Ruedo Ibérico. Col. España Contemporánea.

Souto, Xurxo (2001). *Contos da Coruña*. Vigo: Xerais. Col. Crónica.

Sucarrat, Francine (1977). *Luís Seoane, su obra poética y su importancia en la literatura gallega actual*. Sada: O Castro.

Tarrío Varela, Anxo (1994). *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais.

_____ (1995). “A literatura galega na Galicia exterior”. VV.AA. *A Galicia Exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Thomas, Hugh (1976) [1962]. *Historia de la Guerra Civil Española*. Paris: Ruedo Ibérico. Col. España Contemporánea. Nueva edición completamente revisada.

TILG = Santamarina Fernández, Antón, dir. (2004). *Tesouro Informartizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.

Tobío, Lois (1994). *As décadas de T.L.* Sada: O Castro.

Torres Regueiro, Xesús (1990). “O ‘Centro Betanzos’ de Bos Aires. Cen anos de vida, 1905-2005”. *Anuario Brigantino 2004*, nº 27, Betanzos. 325-370.

Varela Iglesias, Xosé Luís, ed. (1995). *A literatura do exilio galego en América*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas.

Varela Suanzes-Carpegna, Álvaro (1999). “As antoloxías literarias: do Rexurdimento a

1936”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. Vigo: Galaxia. 69-102.

_____ (2000). “Un achegamento ao estudio das antoloxías literarias do primeiro tercio do século XX: a *Antoloxía Comentada* de Filgueira Valverde e *A Pequena Antoloxía Lírica* de F.M.G.”. Álvarez Blanco, Rosario e Dolores Vilavedra, eds. *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Vol. II. 1535-41.

Varela Varela, Xosé Manuel (1995). *Henrique Labarta Pose. A poesía galega completa. (Estudio, cronoloxía e bibliografía)*. A Coruña: Edinosa.

Vázquez Cuesta, Pilar (1980). “Literatura gallega”. Díez Borque, José María, coord. *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*. Taurus: Madrid. 621-890.

Vázquez González, Alejandro. “Algúns aspectos do transporte da emigración galega a América”. Juana, Jesús de e Xavier Castro, eds. [1990], *V Xornadas da Historia de Galicia. Galicia y América: el papel de la emigración*. Ourense: Deputación Provincial.

Vázquez Recarey, Susana María (2005). *As rutías de Fisterra: Vocabulario de Vogar de cose de Alexandre Nerium*. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. Traballo de Investigación Tutelado (TIT), dirixido por Francisco Fernández Rei. Inédito.

Vázquez Souza, Ernesto (2003). *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal e o libro galego*. Sada: O Castro.

Vila Izquierdo, Justo (1984). *Extremadura: la guerra civil*. Badajoz: Universitas.

Vilanova Rodríguez, Alberto (1966). *Los Gallegos en la Argentina*. Buenos Aires: Galicia.
Vol. II.

Vilavedra, Dolores, coord. (1995/1997). *Diccionario da Literatura Galega*. Vigo: Galaxia.
Vols. I-II. Autores. Publicacións periódicas.

_____ (1999). *Historia da Literatura Galega*. Vigo: Galaxia.

_____ (2001). “A emigración galega a Arxentina na narrativa galega”.
Estudios Migratorios, nº 11-12. Santiago de Compostela: Arquivo da Emigración do
Consello da Cultura Galega. 303-317.

Villanueva, Darío (1991). *El polen de ideas. Teoría, Crítica, Historia y Literatura Comparada*. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias (PPU).

Villar, Miro (1995). “Gonzalo López Abente, o poeta do mar”. Introducción a López
Abente, Gonzalo (1995). *Antoloxía poética*. A Coruña: Espiral Maior. Selección e Edición
de Miro Villar. 9-26.

_____ (1998). *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudio*. Sada: O
Castro.

Villares Paz, Ramón e Marcelino Fernández Santiago (1996), *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

VV. AA. (1959). *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*. Buenos Aires: Nós.

VV. AA. (1980). *Nueva Enciclopedia Larousse*. Barcelona: Planeta.

VV. AA. (1987). *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX*. A Coruña: Consello da Cultura Galega.

VV. AA. (1992). *Galicia e América. Cinco Siglos de Historia*. A Coruña: Consello da Cultura Galega e Comisionado Director do V Centenario, Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno da Xunta de Galicia.

VV. AA (1996). *Historia da Literatura Galega*. Vigo: A Nosa Terra / AS-PG. Vols. I-V.

Zubillaga, Carlos (2001). “Relaciones alpinas: Los gallegos inmigrados en Buenos Aires y Montevideo. Núñez Seixas, Xosé Manuel, ed. (2001). *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires: Biblos.

Zuleta Álvarez, Emilia de (1983). *Relaciones literarias entre España y la Argentina*. Madrid: Ediciones Cultura Hispánica del Instituto e Cooperación Iberoamericana.

_____ (1999). *Españoles en la Argentina. El exilio literario de 1936*.

Buenos Aires: Atril.

3. BIBLIOGRAFÍA NA REDE INTERNET

(CORGA) *Corpus de Referencia do Galego Actual*. <http://corpus.cirp.es/corga/>

Dicionário da Língua Portuguesa On-Line. <http://www.priberam.pt/dlpo/dlpo.aspx>

Diccionario de autores/as do Barbanza. Edición de Anxo A. Rei Ballesteros, Anxo A.

<http://www.barbantia.org/diccionario/intro.htm>

Diccionario de la Lengua Española. Real Academia Española. Vigésima segunda edición.

<http://buscon.rae.es/draeI/>

Diccionario de términos marinos. <http://www.larompiente.com/diccionario.asp>

Diccionario Vasco Hiztegia 3000. http://www1.euskadi.net/hizt_3000/indice_c.htm

Galipedia. Versión en galego da enciclopedia libre *Wikipedia*.

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

Portal de les Dades Lingüístiques. Institut d'Estudis Catalans.

<http://pdl.iec.es/home/index.asp>

(TILG) *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. <http://www4.usc.es/TILG/>

4. GRAVACIÓNS SONORAS

Conversa co escritor Xosé Neira Vilas. Gres (Vila de Cruces): Fundación Neira Vilas.

Gravación efectuada o 5 de abril de 1997.

Conversa con Bernaldo Souto, militante da Sociedade Nazolista Pondal (SNP) de Bos Aires. Santiago de Compostela: Sede Nacional da Confederación Intersindical Galega (CIG). Gravación efectuada o 28 de outubro de 1999.

Vaamonde, Suso (1997). “O cantar de Mari Pepa” (Letra de Antón Zapata García).

Rapaces, rapazas e rapazadas [Gravación sonora en disco compacto]. Redondela: Trebón.

INTRODUCCIÓN

I.1. A ÉPOCA DO AUTOR

I.1.1. Contorno histórico e social

A vida de **Antón Zapata García** ocupa un marco temporal que vai desde 1886 ata 1953, desenvolvéndose na emigración arxentina desde o ano 1903. Así pois, cincuenta dos seus 67 anos transcorren en Bos Aires. Polo tanto, á hora de resumirmos o contorno histórico e social da época hai que ter en conta paralelamente dous factores: primeiro, a propia emigración e a súa articulación social na Arxentina, que foi a nación que o acolleu, e, en segundo lugar, as transformacións que se producían en Galicia e que tiñan amplo eco na comunidade emigrada, sobre todo a guerra civil española e todas as súas consecuencias, entre as que estivo a conformación dun colectivo de exiliados en varios países americanos.

No **ámbito económico**, a crise e a conseguinte situación de empobrecemento do sector primario¹ no noso país vanse intensificar na última década do século XIX, por mor da permanencia dos foros² e da excesiva presión impositiva. O sistema foral, perpetuado durante todo o século e aínda nos primeiros decenios do século XX, terá como

¹ Magariños [1999: 22-23] sinala como Francisco Javier Vales Faílde (1872-1923), autor de varios traballos sobre a emigración nos primeiros anos do século, no seu ensaio *La emigración gallega* [1902] xa desmitifica as teorías da excesiva densidade demográfica e do espírito aventureiro para explicar o fenómeno migratorio, para lle atribuír a súa causalidade á miseria do campesiñado provocada polo atraso crónico da agricultura. Malia a todo, a abafante fiscalidade sobre os agricultores non vai ser a causa da emigración de Antón Zapata García. *Cfr.* I.2.1.1. Os anos da infancia e da mocidade en Laxe.

² «Dos tempos abolidos quedan aínda os foros; pero esta carga vai alixeirándose a forza de rebeldías xordas» sinala Castelao no “Adro” de *Sempre en Galiza*. Os autores da edición crítica deste texto fundamental sinalan en nota a rodapé: «Os foros eran cesións agrarias estables, de orixe feudal medieval, pero fondamente mudados co paso do tempo. O Decreto Lei de Redención de 1926 regulamentou a súa desaparición, que xa se viña producindo desde anos antes pola presión das sociedades agrarias, como suxire o autor». *Cfr.* Rodríguez Castelao [2000: 227] (1944).

consecuencias inmediatas o encoramento da modernización agraria; a desarticulación da proto-industria autóctona, vencellada ao avance tolleito da agricultura; a hexemonía social dunha fidalguía agraria; unha escasa urbanización e a emigración masiva a América³. Aqueles labregos pobres⁴ enchen as rotas viaxeiras cara a terras americanas.

De feito, os informes reunidos pola Comisión Moret do Ministerio de Fomento [1882] ‘para estudiar los medios de contener en lo posible la emigración por medio del desarrollo del trabajo’ coinciden en sinalar algunhas causas económicas e sociais da emigración galega: a sobexa subdivisión da propiedade, as rendas que pesaban sobre a terra e a necesidade de redimir os foros, os excesivos impostos, a inexistencia de bancos de crédito agrícola, o descenso nas exportacións de gando e a ausencia de industrias. A devandita Comisión tamén fixo súa como causa fundamental o factor demográfico: “el exceso de población y su desarrollo más rápido que el de la riqueza”, que lle fora sinalado pola Sociedad Económica de Amigos del País, de Santiago.

A emigración transoceánica será a lacra máis importante destes decenios, xa que condiciona a propia historia de Galicia pola súa amplitude⁵. Entre 1860 e 1910 o país perde aproximadamente medio millón de persoas, semellante sangría unida á que se producirá

³ Cfr. Villares Paz e Fernández Santiago [1996: 104]: «Segundo os datos de López Taboada [1979] para 1860-1910, os principais partidos emigratorios serían na provincia da Coruña, os de Santiago, Betanzos, Carballo e Padrón. [...] Antes, García Barbancho [1967] realizara unha análise a nivel de partidos xudiciais para o período 1900-1930. Do seu traballo dedúcense como áreas fortemente emigratorias: na provincia da Coruña, os partidos xudiciais de Betanzos, Arzúa, Pontedeume, Carballo, Corcubión, Negreira e Noia».

⁴ Cfr. Sixirei Paredes; Campos Álvarez e Fernández Martínez [2001: 63]: «Emigraron os pobres, pero non os miserábeis, emigraron preferentemente os alfabetizados e moito menos os analfabetos e emigraron os que contaban cun certo grao de cualificación laboral que lles permitía abrirse camiño na praza de traballo de alén-mar desempeñando oficios que xa coñecían, alomenos en parte. Como sinala Blanca Sánchez Alonso [1995], a alfabetización e a cualificación profesional actuaron de incentivo para emigrar, o que se contrapón á imaxe de miseria e ignorancia que se construíra do emigrante».

⁵ Cfr. Sixirei Paredes; Campos Álvarez e Fernández Martínez [2001: 60]: «No S.XX a emigración recrouse e practicamente non ficou bisbarra galega allea a este proceso. A Lei de Emigración de 1907, o Real Decreto do 23 de setembro de 1916 e a Lei de Emigración de 1924 deron o marco legal que favoreceu a saída masiva de homes e mulleres de Galicia. De 1911 a 1930 abandonaron a súa terra 733.176 galegos, o 42% do total de españois emigrados nese período».

nos 20 anos seguintes, afectará fondamente a economía e a demografía⁶. Nin tan sequera a afluencia de aforro americano depositado nos bancos galegos foi capaz de compensar, pola chegada dos capitais, as perdas de brazos. Non se coñece aínda con exactitude canto dese capital serviu para redimir os foros, mercar terras ou mellorar o gando e a casa, pero sábese que influíu no proceso de modernización do agro galego.

Paralelamente, por volta de 1907, no noso país principia a radicalizarse a loita pola redención foral e contra os trabucos⁷. Son os anos nos que a ardente oratoria de Basilio Álvarez⁸ convoca e enfervoriza multitudes, ameazando a supremacía caciquil na política galega. Á dialéctica lostregante do sacerdote ourensán non tarda en xuntárselle a poesía reivindicativa de Ramón Cabanillas. Entre as respostas do poder á demostración de capacidade mobilizadora do agrarismo católico estará o potenciamento da emigración, que será utilizada como medio para desactivar a causa agraria. Con todo, a porcentaxe de poboación que traballaba no sector primario aínda se mantiña por riba do oitenta por cento durante a década que vai do ano 1910 ata 1920.

Non obstante, diante desta realidade os que poden emigran e como ocorre co noso poeta, moitos galegos e galegas escollerán Arxentina como lugar de acollida, a pesar da dureza da viaxe⁹. As compañías incumprían adoito as normas para o traslado de viaxeiros¹⁰

⁶ Cfr. Villares Paz e Fernández Santiago [1996: 104] sinalan nun cadro que en 1903 (ano da partida de Antón Zapata García) se contabilizaron 23.211 emigrantes de nacionalidade española a América, deles 14.196 a Arxentina e 12.169 a Cuba.

⁷ Impostos establecidos na Reforma tributaria de Mon [1845] que eran moi gravosos e de reparto arbitrario por parte das autoridades municipais, o que ocasionaba moitas inxustizas.

⁸ Basilio Álvarez (1877-1943), abade de Beiro, fundador de Acción Gallega e líder do agrarismo desde 1910 ata 1923. Deputado nas Cortes da II República de 1931 a 1933. Excelente orador, autor dunha reivindicativa e ampla obra xornalística, e de libros como *Abriendo el surco* [1913].

⁹ «En 1900 la Mala Real Inglesa invertía 18 días en el trayecto a Montevideo—Buenos Aires. Pero, al menos en un primer momento, el vapor encareció (en un tercio aproximadamente) el costo de los pasajes». Cfr. Eiras Roel [1992: 251]. Pola súa banda, Vázquez González [1990] sinala nun gráfico como a duración na viaxe en barco de vapor ao Río da Plata dende portos de Galicia na década 1900-1909 era de 31 días, máis ou menos. E engade que, entrado o século XX as comodidades ofrecidas foron cada vez maiores, detalladas en 1906 por The Anglo Argentine Shipping Company Ltd.: «Estos magníficos vapores instalados con toda clase de comodidades para el pasajero de tercera clase, con nuevo y buen servicio de cama, lavabos automáticos, salvavidas para cada pasajero, cómodas literas y luz eléctrica, llevan además enfermería y asistencia médica

e, aínda que o custo da pasaxe era elevado (en 1913 chegaba a 250 pesetas), as condicións en que se viaxaba eran inhumanas e non resultaban estraños os ataques de febres tifoideas e incluso de paludismo. Sixirei [1988: 193-194] publica un testemuño de Antón Crestar, galeguista que emigrou con doce anos ao Uruguai no ano 1908, no que este relata a súa viaxe a América. A súa narración pode ser ilustrativa das condicións en que se emigraba, desde o momento do embarque na Coruña (ou en Vigo) ata chegar ao peirao de destino, despois dunha media de vinteito días de travesía. Ademais, nesa altura o número de emigrantes medraba de maneira imparable. Os testemuños e as escasas estatísticas oficiais existentes así nolo confirman. Entre os primeiros, temos este que cita Allegue [1993: 48]¹¹

En 1880 Arxentina tiña seis millóns de homes. Hoxe, 1913, ten sete millóns. Máis dende aquela data entraron trescentos mil emigrantes por ano; contados os nacementos e descontadas as defuncións, este país debería ter agora mesmo dezaoito millóns de habitantes, e só ten sete. ¿Que pasa? ¿Morren de fame, asásínanos, perderon a facultade de procrear? Non. Equivocados de paraíso, regresan, ao conseguiren unha pasaxe gratuíta, aos seus países.

Pola volta deses anos, algúns países americanos conmemoraban nun clima de entusiasmo o seu primeiro centenario como estados independentes. Arxentina celebrou esta efeméride en 1910 e a comisión organizadora dos actos publicou unha obra conmemorativa intitulada *La República Argentina en 1910*. Nela facíase un exame do que fora a contribución dos inmigrantes ao progreso e poboamento do país. No libro fálase en termos

gratuíta, separación de literas para homes e mulleres e camareros e cocineros españois, para servizo de los pasaxeros, sendo la comida a la española abundante, variada y siempre con vino y pan fresco” [*Faro de Vigo*, 18-12-1906].

¹⁰ Novamente Vázquez González [1990] sinala que, estando así as cousas, algúns dos poucos Inspectores de Emigración españois denunciaron as condicións imperantes a bordo con tintes tráxicos. Cita o caso dos médicos: «Los médicos de emigración suelen ser jóvenes recién salidos de la Universidad, ajenos por completo a la vida de los barcos y que desconocen el reglamento; por consiguiente su primer viaje es completamente perdido para el objeto que nos ocupa. Después de 3 o 4 viajes, perfectamente enterados ya de todo lo que abordo sucede, adoptan una aptitud pasiva muy justificada. Pagados por la casa armadora, aunque médicos de emigración, son empleados de la Compañía, y carecen de la independencia necesaria para imponer a los capitanes el cumplimiento de lo ordenado. Lisarrague, Julio. *Memoria de un viaje de inspección en el vapor “Samara”* [1913]».

gabanciosos dos italianos, considerados os pais da Arxentina moderna, e tamén da inmigración británica, francesa e alemana. A outra cara da moeda eran as colonias de xudeus, sirio-libaneses, turcos... e españois¹². Este “contingente español” era galego na súa inmensa maioría. No caso arxentino, ou mellor dito de Bos Aires, pois os datos achegados céntranse na cidade porteña e a súa área de influencia, o colectivo emigrante galego é o primeiro grupo nos anos 1900-1910, con moita diferenza. No tocante á súa procedencia, esta é claramente maioritaria a prol das provincias litorais de A Coruña e Pontevedra.

En terras americanas, como produto da morriña da terra natal nacerán institucións e entidades de socorros mutuos que primeiro terán só carácter cultural e máis tarde tamén recreativo. Algúns emigrantes triunfarán e o seu éxito mitificará a figura do “americano”, pero a maioría sobrevivirá sen máis con dedicacións varias, co obxectivo de conseguiren ser propietarios dun *boliche* ou unha pulpería, unha pequena casa e unha horta, cifrando as súas esperanzas en veren os seus fillos “doctores”. Os “bolicheros” ou “despenseros”, como se lles chamaba, tiñan pequenas tendas detallistas e cando posuían ademais un rincón para bar ou café denominábanse “almaceneros”¹³, de maneira un pisco grandilocuente.

No noso país, a dinámica só principia a inverter finalizando o primeiro tercio do século XX. As remesas de cartos enviados polos emigrantes americanos ás súas familias

¹¹ Allegue tira este texto de Gil de Soto, Manuel (Miguel Toledano), *La Argentina que yo he visto*, Barcelona, 1915; *Y aquí traigo los papeles*, Barcelona, 1918.

¹² Cfr. Villares Paz e Fernández Santiago [1996: 120-121]: «A clase dirixente acusará aos inmigrantes de introducir a loita social no país, tendendo a identificar inmigración e desorde social. Os comezos do século XX veñen acompañados dun crecemento de loitas sociais, cun importante incremento no número de folgas e tamén de accións violentas protagonizadas por sectores obreiros, que alcanzan o seu cénit desde 1902, ano no que se produce a primeira folga xeral, proseguido dun levantamento radical en 1905, a revolta dos conventillos de 1907, etc. Ante iso a clase dirixente arxentina reacciona con medidas como a probación en 1904 do Código do Traballo ou a creación de organismos como o Departamento Nacional del trabajo [1907] nun intento de amortiguar a conflictividade social, pero non pode frear a inmigración, tan precisa para o proceso de desenvolvemento económico arxentino, adoptando unha política tendente a seleccionar aos inmigrantes. Neste sentido apróbanse disposicións como a Ley de Residencia promulgada o 22 de novembro de 1902, que permitía a expulsión dos estranxeiros indeseábeis».

¹³ Cfr. Eiras Roel [1992: 262]. Xa antes, Pérez-Prado [1973: 201-229] sinala como empregos máis habituais para os galegos os de afiadores, almacenistas, porteiros ou “encargados”, enfermeiros, controladores e condutores de tranvías, taxistas, mozos de café, criadas, libeiros e xornalistas.

favorecerán o ascenso do campesiñado á propiedade plena da terra, unha vez revogado o sistema foral en 1926. Con esta medida, a ditadura de Primo de Rivera¹⁴ soubo seducir boa parte das sociedades agrarias e dos seus dirixentes. Daquela desaparece a fidalguía e consolídase unha nutrida “clase” de pequenos campesiños propietarios. Neste período prodúcense algúns signos de avance no sector agrario, como unha maior especialización e a renovación técnica do modo de produción. Por outra banda, ten lugar un modesto crecemento urbano e unha expansión das actividades terciarias, creándose novas industrias. A clase media medra en peso relativo, así como tamén o movemento obreiro. Estes modestos avances serán freados pola Guerra Civil (1936-1939) á que seguirán anos de estancamento económico (1939-1950) despois dos que comezará un incipiente proceso xeral de modernización no conxunto do estado español.

Por volta de 1903, ano da chegada de Antón Zapata García á **Arxentina**, a colectividade galega abala entre o rexionalismo e o agrarismo, creándose varias entidades, entre as que destaca a consolidación do Centro Gallego de Bos Aires, que se fundara varios anos antes, en 1879 (Núñez Seixas [1992: 90-94]). Nestes anos tamén se produce a aparición de novos periódicos galegos, salientando entre outros o nacemento en 1892 de *El Eco de Galicia*, dirixido por José María Cao, en 1901 sae *Nova Galicia*, que dirixe Fortunato Cruces, e en 1908 aparece *Correo de Galicia* da man do xornalista coruñés José Ramón Lence.

No **ámbito político galego** hai que destacar que en 1916 nace o nacionalismo, na Coruña, coa Hirmandade dos Amigos da Fala, creada por iniciativa de Antón Vilar Ponte, autor do folleto *Nacionalismo galego (Apuntes para un libro) Nuestra afirmación regional*.

¹⁴ Miguel Primo de Rivera (1870-1930). Marqués de Estella e Xeneral do exército español que encabezou un golpe de estado o 13 de setembro de 1923 que interrompeu a monarquía parlamentaria e instaurou unha ditadura (1923-1929) en connivencia con Alfonso XIII. Logo dun período de goberno a cargo do Directorio

Pretendía inicialmente a defensa da lingua galega e o seu uso, pero axiña vaise converter na primeira organización en definirse de maneira explícita como nacionalista. Vilar Ponte é elixido “Primeiro conselleiro” e, pouco despois, o movemento artículase en localidades como Santiago, Ourense, Pontevedra, Monforte e Vilalba.

Nun primeiro momento as actuacións redúcense ao ámbito cultural, de aí que non susciten ningún rexeitamento. Paulatinamente, as Irmandades de Santiago, presidida por Lois Porteiro Garea, e de Ourense, liderada por Antón Lousada Diéguez e con conselleiros como Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas, van ideoloxizando o seu discurso, denunciando as causas dos graves problemas da economía galega. As Irmandades tiñan como órgano o *Boletín* decenal *A Nosa Terra*, que levaba o significativo subtítulo de “Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d’América e Portugal”, reivindicando o papel protagónico da emigración. A través dos artigos do seu director, Antón Villar Ponte, do seu irmán Ramón, Manuel Lugrís ou Ramón Cabanillas vaise establecendo unha doutrina protonacionalista e vanse posicionando a prol da actuación política que non se producirá ata dous anos despois. Nese ideario intégrase a creación dun mito simbolizador da resistencia nacional de Galicia, para o que se elixe a figura do Mariscal Pardo de Cela¹⁵.

En 1918, a alianza do galeguismo coa catalanista Lliga Regionalista de Francesc Cambó fracasa electoralmente e principia o desánimo. A partir deste momento a convivencia entre as dúas liñas fíxose imposible e acabou rompendo definitivamente na asemblea de Monforte. Por unha parte queda a Irmandade coruñesa, que concentraba o maior número de afiliados, e por outra o resto, que inclúe tamén os grupos de Madrid, Bos Aires e A Habana e que constitúen a Irmandade Nazonalista Galega. A liña cultural, que

Militar, ensaiou un réxime autoritario civil de partido único (Unión Patriótica) que non conseguiu abondo apoio. Demite en xaneiro de 1930 e exiliase a París, onde morre pouco despois.

lideraba Risco e o denominado “grupo de Ourense” xuntouse arredor da revista *Nós* e a acción política foise esvaecendo ata que desapareceu totalmente coa chegada do directorio militar (1923-1930). Porén, non todo vai ser negativo pois 1923 será o ano de creación do Seminario de Estudos Galegos (SEG), da man de nove estudantes universitarios e co asesoramento dalgún profesor, entidade que revolucionará o ámbito dos traballos multidisciplinares, contando coa beizón e colaboración dos homes das Irmandades e do grupo *Nós*.

No entanto **na emigración arxentina** tamén vai calando o ideario nacionalista, malia existiren tamén moitos detractores entre as entidades galegas (Núñez Seixas [1992: 119-127]). De feito, como oposición ao Centro Gallego, máis conservador, nace en 1918 a Casa de Galicia, na que se irán integrando as entidades máis galeguistas. Porén, a súa deriva cara á posicións rexionalistas causou conflitos internos e a posterior decadencia da entidade en favor da nacente Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales¹⁶, que xermola en 1921.

En 1923 nace a Irmandade Nazonalista Galega (ING) de Bos Aires que vai marcar un fito importante no desenvolvemento das forzas políticas nacionalistas en Galicia e en América (Núñez Seixas [1992: 128-135] e Magariños [1999: 110-112]). A revista *Terra*, subtitulada “Idearium da ING n’América do Sul”, era o seu voceiro, aínda que vai

¹⁵ Pardo de Cela. *Cfr.* Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [85].

¹⁶ Doravante FSGAyC. O congreso fundacional iniciouse o 24 de setembro de 1921 e supuxo a integración de trece asociacións comarcais galegas de Bos Aires nunha organización ligada inicialmente ao movemento agrario galego e que se foi achegando ao galeguismo político. *Cfr.* Magariños [1999: 84-88].

«Con anterioridade á guerra civil española e cadrando coa grande onda emigratoria galega, floreceron múltiples entidades asociativas. En algúns casos o seu número era excesivo e houbo necesidade de chegar a unha certa integración como ocorre coa Federación de Sociedades Galegas, nacida en 1921 e escindida en dúas entidades distintas, pero tamén federais, en 1929 aínda que volverían a unificarse, xa con carácter definitivo, en 1936. [...] ata as de carácter estritamente político como a “Sociedade Nazonalista Galega Pondal” de Bos Aires [1925] pasando polas que tiñan carácter cultural, recreativo, deportivo ou asistencial. A guerra civil marcou un antes e un despois na evolución destas sociedades. Os grandes centros non tardaron en caer baixo a influencia dos simpatizantes do novo réxime político español, feito ao que non foi allea a grande actividade desenvolvida con este fin polas representacións diplomáticas franquistas». *Cfr.* Sixirei Paredes; Campos Álvarez e Fernández Martínez [2001: 81].

desaparecer axiña. Tirou o seu primeiro número o 25 de xuño dese ano, combinando a súa subscripción coa de *Nós* e a novela mensual de *Céltiga*. Ramiro Isla Couto era o director, como redactor-xefe figuraba Eduardo Blanco-Amor, tendo colaboradores de moito prestixio dentro do nacionalismo, como Risco, Castelao, Xaime Quintanilla¹⁷, Arturo Noguerol, Antón Villar Ponte, Cuevillas, Viqueira, López Abente, Banet Fontenla, Lousada Diéguez e moitos outros.

Pouco tempo despois a ING porteña esgaza en dous grupos: un deles, que lidera Blanco-Amor e ao que se une Suárez Picallo¹⁸, intégrase na republicana e filsocialista FSGAyC, mantendo a revista *Céltiga* que era a publicación máis crítica fronte á ditadura e que se converteu na mellor expresión de plumas postas ao servizo da cultura galega. Mentres, o outro sector, encabezado por Lino Pérez, mantén as siglas nun primeiro momento, derivando nunha asociación cultural polo escaso eso das súas reivindicacións. Así, en agosto de 1927 fundan a Sociedade d'Arte Pondal¹⁹, que se vai radicalizando de xeito progresivo ata defender o arredismo. O voceiro deste grupo, *A Fouce*, practicou un xornalismo nacionalista agresivo, con indiscutible influencia, tanto entre as colonias de galegos en América como en Galicia, ata a súa desaparición en 1936 (Magariños [1999: 110-112]). Con todo, a recién creada sociedade artística mantivo o entendemento co sector de *Céltiga* e da FSGAyC e, de feito, no primeiro acto da Pondal, o 17 de decembro de

¹⁷ Quintanilla. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**.

¹⁸ «Con eles iniciouse a galeguización da FSGAyC e algúns dos seus líderes de procedencia agrarista ou socialista —é o caso de Alonso Ríos ou Cao Turnes— convertéronse pouco a pouco a un nacionalismo moderado e populista». *Cfr.* Magariños [1999: 85].

¹⁹ Anos despois, un dos seus fundadores, Manuel Oliveira, analiza así o seu papel: «A “Sociedade Nazionalista Pondal” foi coma un luceiro que viñera a alumear na escuridade da concencia galega na América, e a súa vida era antena que recollía as ondas do latexar patriótico da renacementa da nova Galiza. Xuntoiro de xentes que non hipotecaron endexamais as súas opinións, a súa prédica cecais fose un pouco agresiva por os ideais que defendía eisí o demandaban.

Habia na “Pondal” un forte sentimento de patria, unha conducta que era obrigado observar e unha laboura de concencia que non se esquencia en ningún caso, i-elo foi recoñecido por moitos dos que foron seus inimigos. E non diremos eiquí o por que “A Pondal” esta arquivada xunto a súas coleccións d’“A Fouce”, pois elo e cousa da que nos hemos ocupar outro día”», *Cfr.* Oliveira, Manuel. *Unión de Teo y Vedra*, nº 400, Buenos Aires, 1 de setembro de 1943.

1928, en lembranza do aniversario de Pardo de Cela²⁰, participan Alonso Ríos²¹ e Suárez Picallo. Esta colaboración continuaría ata 1929 cando os “pondalianos” son excluídos definitivamente da Federación (Núñez Seixas [1992: 140-147]). Nesta, as tensións entre o sector galeguista e outro próximo ao PSOE e aos socialistas arxentinos rebentan no congreso de xuño de 1929, producíndose un esgazamento dos últimos que crean outra Federación de Sociedades Gallegas (FSG) e un voceiro de seu, *Acción Gallega*.

Diante da previsible caída da ditadura de Primo de Rivera, **o galeguismo do país** comeza a se reorganizar pero o fracaso da VI Asemblea Nacionalista da Coruña fai que cada núcleo local siga a súa propia dinámica. O grupo coruñés vai integrarse na ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), que se presentará nas primeiras eleccións republicanas, xunto a outras formacións, baixo o nome de Federación Republicana Gallega (FRG). Malia os excelentes resultados esta coalición non se vai manter e comeza un intenso debate sobre a acción política do galeguismo.

Os emigrados coñecían ben o famoso Manifesto da ORGA feito público en “Galicia y octubre de 1929”, que incluía unha valoración da función que o emigrante debía ter na política galega. Pouco despois, en xuño de 1930, constitúese a ORGA de Bos Aires, na que figuran Antón Alonso Ríos²², Eduardo Blanco-Amor, Pedro Campos Couceiro, Avelino Díaz e Emilio Pita, entre outros. Ademais, Suárez Picallo intervén moi directamente na redacción dos dous Manifestos emitidos polos emigrados nese mesmo ano, que tratan de orientar a política do galeguismo á realidade, sinalando como fontes fundamentais o programa elaborado polas Irmandades en Lugo, no ano 1918, e os acordos da VI Asemblea Nacionalista Galega, celebrada na Coruña en abril, que rexeitaba a integración dos galeguistas na ORGA. Despois de insistiren na necesidade de crearen conciencia

²⁰ Pardo de Cela. *Cfr.* Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [85].

²¹ Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos** [113].

nacionalista en América, consideran que é preciso revitalizar o nacionalismo galego. O segundo Manifesto, aparecido o 17 de decembro de 1930, en conmemoración da data do “sacrificio de Pardo de Cela, héroe legendario de nuestra Patria Gallega”, descualifica o vello republicanismo non galeguista e fai un chamamento para crear un partido político nacionalista, independente das organizacións estatais. Desde as páxinas de *A Fouce*, os arredistas da Pondal denuncian a “camarilla orguista” que manipula e dirixe a FSGAyC, aínda que no seu seo principien as exclusións, como a do seu activo dirixente Lino Pérez que se suma ao citado proxecto²³.

No noso país asínase o pacto de Barrantes, que non implicaba a fusión orgánica dos galeguistas pero que establecía obxectivos comúns como a autonomía plena, a mellora do sector primario ou a cooficialidade entre galego e castelán. Así, chegada a IIª República, a ORGA-FRG convoca en xuño unha asemblea preautonómica e nas lexislativas do mesmo mes son elixidos deputados Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Antón Villar Ponte, formando cos seguidores de Casares Quiroga²⁴ a Minoría Galega nas Cortes. O fracaso á hora de se xuntaren os nacionalistas galegos, vascos e cataláns contribuíu a acelerar a reunificación política do galeguismo e a finais de 1931 nace o Partido Galeguista (PG) como aglutinador dos diferentes grupos que proliferaban en vilas e cidades. O PG impulsa a campaña pro-Estatuto, coa intensa colaboración dos “enviados” pola emigración²⁵, e o seu primeiro logro foi a Asemblea de Concellos que en decembro de

²² Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

²³ Outros antigos “arredistas” como Campos Couceiro ou Fuco Regueira irán sumándose aos “posibilistas”, termo utilizado por Núñez Seixas [1992: 191-192] para definir os defensores desta liña de acción política.

²⁴ Santiago Casares Quiroga (1884-1950). Político republicano coruñés, fundador da autonomista Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA). En 1931 chegaría ser Ministro da Mariña no Goberno Provisional da II República. En febreiro de 1936 o presidente Azaña nomeouno Xefe de Goberno, cargo que ocupou ata a sublevación militar de 1936. Ao principiar a guerra civil deixou a política e marchou a París, onde falecería.

²⁵ Desde a emigración, a FSGAyC acorda participar activamente na campaña e envía a Galicia, sucesivamente, a Alonso Ríos, Suárez Picallo e Campos Couceiro, como relata en detalle Núñez Seixas [1992: 206-207]. E o congreso da FSGAyC, celebrado en febreiro de 1932, explicitará o seu apoio ao PG, por ampla maioría. Con todo, a Federación manterá fortes desavinzas coa Organización Nacionalista

1932 aprobou un anteproxecto do mesmo. En novembro de 1933 celébranse novas eleccións e principia o “bienio negro” coa chegada ao poder das dereitas, producíndose pouco despois o “traslado administrativo forzoso” de Castelao e de Alexandre Bóveda²⁶, a Badaxoz e a Cádiz, respectivamente.

A situación política leva aos galeguistas a aprobaren na VI Asemblea (Santiago, abril de 1935) o achegamento aos republicanos de esquerda, feito que causa a escisión da Dereita Galeguista de Pontevedra e pouco despois a saída de Risco e outros afiliados ourensáns. O novo período electoral de 1936 marca, como acontecera coas Irmandades, unha liña divisoria entre o sector culturalista e o político, que chega ao máximo enfrontamento cando o PG se inclina pola Frente Popular, conseguindo tres deputados: Castelao, Suárez Picallo e Villar Ponte, coa finalidade de cumpriren un obxectivo, aprobar o Estatuto de Autonomía. Este sería plebiscitado en referendo o 28 de xuño de 1936, con manipulación electoral incluída, e presentado nas Cortes españolas a mediados de xullo, mais a sublevación dun grupo de militares que traizoan a legalidade constitucional republicana causará o estoupido da Guerra Civil que coutaría o proxecto de construción da nacionalidade galega e condenaría a acción dos galeguistas á represión, a clandestinidade e ao exilio.

En poucos días, Galicia pasou a poder dos sublevados que exerceron unha brutal represión, sendo fusilados ou “paseados” notables intelectuais galeguistas como Darío Álvarez Limeses, Roberto Blanco Torres, Alexandre Bóveda²⁷, Johán Carballeira²⁸, Ánxel

Republicana Galega (ONRG), que só se limaron diante do desastroso resultado electoral de 1933, e que recuaron en 1934. Para coñecer esta longa serie de encontros e desacontos e as súas causas é imprescindible Núñez Seixas [1992: 238-259] e tamén [268-295], onde explica o papel desenvolvido pola Sociedade Nacionalista Pondal entre 1930 e 1936.

²⁶ Alexandre Bóveda. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

²⁷ Alexandre Bóveda. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

²⁸ Johán Carballeira. *Cfr.* Nota da edición no verso 52 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

Casal²⁹, Víctor Casas³⁰, Camilo Díaz Baliño³¹, Xoán Xesús González, Manuel Lustres Rivas³², Arturo Noguerol, Urbano R. Moledo, Xaime Quintanilla³³ e outros moitos. Para fuxiren da persecución ou da morte, un elevado número de persoas tivo que expatriarse, mentres outro grupo que coñecemos como “o exilio interior” tivo que padecer condenas de prisión, vexames, depuracións e posteriormente censura. O réxime franquista destruíu todas as institucións de signo galeguista, como o SEG, onde se elaboraran o primeiro anteproxecto de Estatuto de Autonomía e as primeiras normas para a unificación do idioma galego, e tamén esfarelou asociacións, editoriais, revistas e calquera vestixio da pegada galeguista.

A guerra civil e, sobre todo, a necesidade de apoiar a República³⁴ estaría na cerna da consecución da unidade entre as dúas pólas esgazadas das entidades galegas arxentinas, e nos primeiros meses de 1937 prodúcese a converxencia orgánica entre a galeguista FSGAyC e a filosocialista FSG, aínda que posteriormente os sectores máis galeguistas irán afastándose ao perderen a posibilidade de dirixir o proceso. Por outra parte, tamén os sectores franquistas da emigración recibiron apoio desde o primeiro momento, con especial incidencia no *Correo de Galicia*, dirixido por José Ramón Lence³⁵, entusiasmados polo

²⁹ Ánxel Casal. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

³⁰ Víctor Casas. *Cfr.* Nota da edición no verso 52 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

³¹ Díaz Baliño. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

³² Lustres Rivas. *Cfr.* Nota da edición no verso 52 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

³³ Quintanilla. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

³⁴ No caso arxentino, que nos ocupa, tiveron o apoio maioritario da sociedade de acollida, malia a política de No Intervención do seu goberno. «Aunque no existen índices cuantitativos que permitan aventurar porcentajes de apoyo suscitado por uno y otro bando, puede sin embargo afirmarse que la sociedad argentina se volcó mayoritariamente del lado republicano». *Cfr.* Quijada [1991: 17]. «... era natural que el canciller [Saavedra Lamas] siguiera el rumbo señalado por las grandes potencias, especialmente Inglaterra, y se hiciera eco de la doctrina de No Intervención que en agosto de 1936 había sido ya aceptada y puesta en vigor por la mayoría de los países europeos». *Cfr.* Quijada [1991: 25].

³⁵ Novamente Núñez Seixas [1992: 296-306] dá cumprida información sobre o abalar político deste momento. E Quijada [1991: 100-101] sinala: «El director del *Correo de Galicia*, José Lence, talentoso periodista y poeta mediocre de pluma mordaz, se convirtió en el principal defensor del gobierno de la CEDA y muy especialmente de la figura de Alejandro Lerroux. Después del levantamiento, ambos periódicos [tamén *El Diario Español*] se volcaron en el apoyo de la causa nacional. Enemigos acérrimos de Gil Robles eran *El Noticiero Español* y fundamentalmente *España Republicana*, semanario editado por el Centro Republicano;

recoñecemento do goberno franquista que fixo oficioso o 23 de febreiro de 1939 a Cancillería arxentina³⁶.

Consumada a derrota da República, de novo ía ser **América** o principal lugar de acollida para moitos galegos e galegas. A primeira etapa do **exilio galego** vai de 1939³⁷ ata 1950, caracterizándose polo illamento internacional de España e cos exiliados a esperaren, inutilmente, que a vitoria dos aliados supuxese o final da ditadura franquista para retornaren á terra. Non obstante, EEUU e Europa preferiron tolerar réximes fascistas como unha maneira de frear o avance do comunismo soviético. Neses primeiros anos o galeguismo político emprende lentamente a tarefa de reconstrución. Entrementres, a FSG³⁸, que se reunificara en 1937, afástase do nacionalismo e as demais sociedades da emigración continuaban co seu labor sen sintonizaren moito cos exiliados e centrando a súa preocupación nos seus asociados, agás algunhas entidades como a arredista Sociedade Nazonalista Pondal (na que participou activamente Antón Zapata³⁹, como veremos), malia que o seu radical discurso combativo tiña máis eco que influencia real, nomeadamente a través do seu voceiro *A Fouce*. De feito, primaban entidades benefactoras como o “Hogar Gallego para Ancianos”, aínda que o seu nome inicial era “Hogar para Ancianos Gallegos”,

ambos fueron puntales de la defensa democrática durante la guerra civil». E en ámbolos dous, engadimos nós, colaborou o poeta Antón Zapata García.

³⁶ Cfr. Quijada [1991: 94].

³⁷ A finais de 1939 chegan á Arxentina os primeiros grupos de refuxiados, nas expedicións organizadas desde Francia polo SERE (Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles), en barcos como o Croix, o Alsina, o Belle Isla, o Florida e o Massilia, neste último arribaron o poeta Arturo Cuadrado e Elpidio Villaverde, ex-alcalde republicano de Vilagarcía da Arousa. Segundo sinala Alted [2005: 53-54], os fondos financeiros e económicos principais foron depósitos feitos por membros do Goberno da República que estaban fóra de control das autoridades francesas.

Tamén houbo repatriacións significativas a México, nos vapores Ipanema, Mexique ou Sinaia (onde viaxaría o poeta Lorenzo Varela) e a Chile, no Winnipeg, a instancias do poeta Pablo Neruda.

³⁸ «La Federación de Sociedades Gallegas, defensora de las aspiraciones autonómicas de su región de origen, canalizó la actividad de los sectores más radicales de esa colectividad. Trabajaba en estrecho contacto con el Partido Comunista Argentino, del que era miembro activo su presidente, Jesús Lorenzo». Cfr. Quijada [1991: 117].

³⁹ Núñez Seixas [1992: 275] sinala que na militancia da SNP existiron dúas xeracións: unha formada polos seus fundadores e primeiros achegados, entre os que estarían o noso poeta, Vicente Barros, Campos Couceiro, Manuel Oliveira, Lino Pérez, Moisés Da Presa, Prieto Marcos..., e outra de mozos chegados a Arxentina con posterioridade como Bieito Fernández, ou Ricardo Flores, entre outros.

que nace en 1941 a raíz do falecemento na vía pública dunha velliña que pedía esmola, identificada como galega. Cómpre lembrarmos que, como expresou Blanco-Amor⁴⁰ en moitas ocasións, existía unha profunda división entre expatriados polo exilio e expatriados pola emigración, o que non foi impedimento para que a causa política dos exiliados fose abrazada e apoiada por moitos emigrantes⁴¹.

A isto hai que engadirlle outra división, neste caso ideolóxica, entre os propios exiliados e tamén entre as propias sociedades da emigración ás que se van incorporando. As diferenzas entre as entidades que cuestionaban o réxime franquista e aquelas outras que lle daban apoio fan que se produzan moitas desavinzas. Entre elas está a escisión da Casa de Galicia que vai dar lugar ao nacemento da Irmandade Galega, entidade que se vai converter no núcleo do nacionalismo galego na capital rioplatense. A Irmandade tomou carta de natureza efectiva en decembro de 1941, tendo a Alonso Ríos⁴² como primeiro presidente dentro dun Consello Directivo no que tamén estaban Abaira, Campos Couceiro, Vicente Barros, Rey Baltar e outros. A idea partira de Castelao, que se achaba en Bos Aires desde xuño do ano anterior, aglutinando ao seu redor as persoas máis comprometidas, tanto dos exiliados como dos membros máis comprometidos da emigración. Descartada a

⁴⁰ «Cómpre dicir que denantes da chegada de destacados intelectuais nosos a Buenos Aires, a partir da guerra civil (Castelao, Luís Seoane, Antonio Baltar, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Isaac Díaz Pardo, Arturo Cuadrado, Ramón de Valenzuela...), Blanco-Amor era xa un prestixioso galego no Prata. Con Suárez Picallo, Alonso Ríos, Rodolfo Prada, Emilio Pita, Liño Pérez, Moisés Dapresa, Ricardo Flores, Francisco Regueira, Manuel Prieto Marcos, Antón Zapata e outros emigrantes, compartía —non sempre con total afinidade, e ata con discrepancias por veces— tarefas de afirmación e exaltación de Galicia, celebrando actos, ofrecendo conferencias, publicando periódicos e revistas —como *El despertar gallego*, *Céltiga* e *Galicia*». Cfr. Neira Vilas, coord. [1995: 11].

⁴¹ Cfr. Aznar Soler, ed. [1995: 124-125]: «Cuando Ayala [Francisco] llega a Buenos Aires se encuentra con una ciudad en plena ebullición, muy parecida al Madrid anterior a la guerra civil, por lo que la capital porteña podía ofrecer a los exiliados españoles unas expectativas de trabajo y realización personal incluso superiores a las que hubieran podido ejercer en España. A ello se sumaría la buena acogida que les dispensó la población argentina, sobre todo los “gallegos” afincados en la nación, que en su mayoría simpatizaban con la causa republicana, facilitándoles la inserción en su nuevo país, y en muchos casos también, ofreciéndoles trabajo en sus negocios. No se pudo decir lo mismo del gobierno presidido por Roberto M. Ortiz, que puso bastantes trabas para que los exiliados se asentaran en Argentina; pero, pese a los inconvenientes y algunas penalidades, se reunió un grupo numeroso de españoles, formado principalmente por miembros de las llamadas profesiones liberales», “El exilio de Francisco Ayala en Buenos Aires [1939-1950]: una trayectoria intelectual”, Julia Rodríguez Cela.

reconstitución do Partido Galeguista (Paz-Andrade [1982: 452]), a Irmandade presentábase como unha continuidade do PG, recuperando tamén o seu voceiro *A Nosa Terra* (1942-1972), aínda que sempre con periodicidade irregular. De feito, posuía o mesmo contido doutrinario e filosófico que o devandito partido e chegou a catalizar as tarefas políticas, patrióticas e culturais do exilio. Presentada como unha organización cultural e patriótica, en realidade, a Irmandade tentaba ser a cobertura legal do PG pois a lexislación arxentina impedía a actividade dos partidos políticos estranxeiros no país. Con todo, o seu funcionamento, alomenos nos seus primeiros tempos, era máis semellante a un grupo de presión que a unha verdadeira organización política. Ademais, a creación da Irmandade Galega quería servir para xuntar os esforzos das numerosas pequenas sociedades comarcais de emigrantes. A tentativa non deu os seus froitos, porque existía unha falta de sintonía coa Federación de Sociedades Galegas (FSG), a organización máis progresista da colectividade galega. A este desencontro atribúeselle boa parte da culpa da tensa relación que mantiveron no exilio Blanco-Amor e Castelao⁴³.

Daquela, o líder do galeguismo estaba envorcado na acción política como o pacto Galeuzca asinado en Montevideo en 1941 entre as tres nacionalidades históricas do estado español ou a creación do Consello de Galiza en 1944, no que está acompañado dos tres deputados galegos, o galeguista Suárez Picallo, o agrarista Antón Alonso Ríos⁴⁴ e o republicano Elpidio Villaverde. Canda eles, e máis envorcados no ámbito cultural⁴⁵, do que

⁴² Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

⁴³ Alonso Fernández [2000: 42-44; 58-59] fala de diferenzas ideolóxicas e políticas: «na elección entre manter unha intervención activa na vida política do exilio, ou sexa, na militancia propiamente dita, ou na adopción do papel de conciencia intelectual, de espello crítico, da globalidade dese exilio».

⁴⁴ Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

⁴⁵ Isto non quere dicir que refugasen da política, pois mantiñan posicionamentos distantes do galeguismo da Irmandade. «Seoane, Dieste, Colmeiro... (os do Tortoni), non tomaban café cos da Irmandade e só unha vez foi Castelao tomar café ó Tortoni, onde fixo as delicias dos asistentes contando “cousas” da súa nenez na pampa. Non se falou de política.» *Cfr.* Alonso Montero [1994].

Para unha ampliación sobre o papel do grupo Tortoni e o seu filocomunismo, *cfr.* Pérez Rodríguez [2004: 126]: «Os refuxiados do “Tortoni” defendían a coordinación do partido galeguista no interior e no exterior, non referendaban o apartidismo da Irmandade Galega, desaprobaban a falta de integración de Castelao e do

nos ocuparemos no seguinte apartado, estaban persoas como Luís Seoane, Lorenzo Varela⁴⁶, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste e a súa dona Carmen Muñoz, Otero Espasandín ou Núñez Búa, que protagonizan a produción editorial galega do exilio. A finais deste ano de 1944 tamén vai ser relanzado o pacto Galeuzca, coa publicación dun manifesto conxunto, asinado polas tres nacionalidades históricas: Galicia, Euzkadi e Catalunya. [Paz-Andrade: 1982, 493-498].

Como tentativa de superación dos diferentes puntos de vista existentes no exilio, no bienio 1946/1947 constituíuse organicamente a Comisión Intersocietaria de Entidades Galegas, que xa viña funcionando, de feito, desde o nacemento da Irmandade Galega e do Consello de Galiza. A Intersocietaria, que xuntaba as entidades máis afíns coa finalidade de conmemoraren xuntas as datas patrióticas do 28 de xuño, 25 de xullo, 17 de agosto e 17 de decembro⁴⁷, estaba composta por delegados da activa Federación de Sociedades Galegas, dos centros Ourensán, Coruñés, Lucense e Pontevedrés, das pequenas sociedades comarcais de Betanzos⁴⁸ e da ABC de Corcubiión e, finalmente, pola propia Irmandade Galega.

Pouco antes, en 1945, rematara a IIª Guerra Mundial, traendo un fugaz entusiasmo para os exiliados que tiñan a esperanza de veren como o réxime de Franco ía ser derrubado. Non obstante, a ONU límitase a facer unha condena do réxime franquista e a retardar o

seu contorno na sociedade da gran cidade do Prata e propuñan cooperar cos marxistas para instaurar a democracia no Estado español».

⁴⁶ As disensións e polémicas entre os exiliados e os intelectuais mexicanos fan que Lorenzo Varela volva a Buenos Aires en 1941, para se integrar de inmediato no grupo de escritores e artistas exiliados que se xuntan no café Tortoni. *Cfr.* Axeitos [2001], «Biobibliografía de Lorenzo Varela» e Salgado [2005: 179-191], «Buenos Aires. A esperanza renacida».

⁴⁷ 28 de xuño: aniversario da aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía.

25 de xullo: día da Patria Galega. 17 de agosto: día da Galiza Mártir (fusilamento de Bóveda).

17 de decembro: aniversario da morte do Mariscal Pardo de Cela.

⁴⁸ *Cfr.* Torres Regueiro [1990: 338]: «A entidade [Centro Social Betanzos] publicou unha revista co seu nome, de certo luxo e non exenta de calidade gráfica con portadas artísticas con obras de A. Montoto, Sotomayor e Veiga Roel. Saía anualmente coincidindo coas festas de San Roque. Nela colaborou Antón Zapata García, entre outros autores da época».

ingreso de España no devandito foro⁴⁹. Daquela principia a percibirse un descenso do activismo antifranquista, coincidindo con dous factores: de primeiras, coa chegada en 1946 á presidencia de Juan Domingo Perón, que a miúdo cede ás presións da embaixada franquista⁵⁰, e logo coa marcha de Castelao a París para entrar como ministro na formación do denominado segundo Gobierno Giral (1946-1947). Neste último ano retorna, decepcionado pola actitude internacional e doído pola fragmentación do exilio e a incompreensión dos galeguistas do interior. Alén diso, está xa moi enfermo, polo que vai diminuindo a súa actividade ata a data da súa morte, en xaneiro de 1950. O seu enterro convértese nun impresionante acontecemento de masas e, dalgunha maneira, simboliza a morte do propio exilio galego diante das adversidades que sobrevivirán.

Así é, nese mesmo ano a ONU revoga a condena do embargo internacional, malia adiarse a incorporación de España ata decembro de 1955. Porén, pouco antes, en 1952 prodúcese o ingreso na UNESCO⁵¹ (United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization) e meses despois, xa en 1953, Franco asina senllos acordos bilaterais: o Concordato co Vaticano e os pactos cos EEUU, que garanten a presenza de bases americanas en territorio español a cambio de axuda económica.

Nesa altura os 67 anos e, sobre todo, a fráxil saúde de **Antón Zapata García** xa non lle permitiron continuar na loita antifranquista e tampouco puido morrer na terra como desexaba. A morte sorprendeu ao poeta en xuño de 1953 e moitos acontecementos transcendentais para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega xa se sitúan fóra do ámbito cronolóxico do noso estudo.

⁴⁹ Cfr. Abellán [1983: 72-73].

⁵⁰ Cfr. Alted [2005: 284-292].

⁵¹ «Cómpre sinalar que, desde 1951, a España de Franco conta, nalgunha medida, coas bendicións políticas dos Estados Unidos, país que é chave, en plena guerra fría, para decidir acordos e trasacordos. En 1952, xa presidente o xeneral Eisenhower, Franco, líder do anticomunismo desde 1936, vaino ter moi fácil.

Neste novo clima político, España ingresa na UNESCO o 18 de novembro de 1952. Foi en París na

I.1.2. Contorno cultural e estético

A realidade política está intimamente vencellada coa realidade cultural. En 1916, cando nace o nacionalismo galego, superador do provincialismo e do rexionalismo xurdidos no século XIX, vivíase o momento epigonal do Rexurdimento literario decimonónico. Con todo, a nivel lingüístico pódese falar dun avance notorio na toma de conciencia da situación do galego, xa que o idioma abandona por vez primeira o foro da literatura, case o único terreo aboado ata o momento, para ser utilizado noutros campos, mesmo no científico. Para esta recuperación o ensino xogarí un papel importante, da man das propostas pedagóxicas de Vicente Risco: “qu’o ensino se dera en lingua galega”, “non prohibire ós rapaces falaren galego” ou “faguer tres veces ou máis á semán, pol-o menos, lecturas de poesías galegas, ben escolleitas para leeren os rapaces...”. Porén, a prohibición dos *dialectos* levada a cabo durante o directorio de Primo de Rivera tollería todas estas posibilidades.

Ademais, as Irmandades traballaban noutros ámbitos e, de feito, crean en 1919 o Conservatorio Nazonal de Arte Galega, que entre os anos 1922 e 1926 pasaría a denominarse Escola Dramática Galega. Tamén se elaboran dicionarios, como o magnífico e monumental *Diccionario Enciclopédico* que na altura principia a redactar Eladio Rodríguez González, e gramáticas como a de Manuel Lugrís Freire, aparecida en 1922, que axudan a revalorizar o valor científico do noso idioma.

No que atinxe ao **ámbito literario** os primeiros anos están dominados pola poesía do grupo “Entre dous séculos”, do que Ramón Cabanillas é a máxima autoridade xunto a outros notables poetas como Noriega Varela, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo ou Xerardo Álvarez Limeses. Todos eles combinan elementos herdados da nosa propia

tradición literaria coas influencias de diferentes literaturas europeas que ecoan con retraso na nosa literatura. As máis salientables teñen que ver co modernismo de Rubén Darío, co simbolismo francés e o pre-rafelismo inglés pero, sobre todo, co saudosismo de Teixeira de Pascoaes⁵².

A primeira renovación non se vai producir no ámbito da lírica senón no da narrativa, a través do *Grupo Nós* que domina o período 1920-1936, tendo entre os seus mellores valedores a Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao ou Florentino Cuevillas, os cales coincidirán con novos valores como Rafael Dieste, Xaime Quintanilla⁵³ ou Xosé Lesta Meis. Trátase dunha prosa que vai asimilando as tendencias europeas, aínda que as obras non perden o seu carácter didáctico coa finalidade de contribuíren a artellar unha conciencia galeguista.

Non obstante, a renovación máis profunda ou a rotura, se se quer, vén dada polos escritores da denominada *Xeración das Vanguardas* (tamén chamada *Xeración do 25* ou *novacentistas*) que, malia compartiren a ideoloxía nacionalista e os referentes culturais da xeración anterior, nomeadamente o maxisterio de Risco, pretenden afastarse do pasado literario para emprenderen unha nova estética. O ideario dos novos resúmese no manifesto *¡Máis Alá!*, asinado por Manuel Antonio e o debuxante Álvaro Cebreiro que ve lume en 1922. Para a transformación do discurso literario unha parte destes autores toma como referente principal as novidades vangardistas dos *ismos* europeos, mentres que outros acoden á recuperación da poesía galego-portuguesa medieval como espello no que se reflectiren. A partir deste momento a crítica adoita falar de dúas correntes renovadoras ou rupturistas (con trazos claramente vangardistas), representadas polo creacionismo e ultraísmo de Manuel Antonio e o sincretismo de Álvaro Cunqueiro, fronte a outras dúas

⁵² Teixeira de Pascoaes. *Cfr.* Nota da edición no verso 22 do poema **¿Qué queredes?** [81].

⁵³ Quintanilla. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

estéticas máis afastadas das vangardas e máis vencelladas coa tradición, o neotrobadorismo de Fermín Bouza Brey e do propio Cunqueiro e o hilozoísmo ou imaxinismo de Amado Carballo.

Para o teatro e para o ensaio resérvase a misión de espallar a ideoloxía nacionalista e nese sentido hai que mencionar a mitificación de Pardo de Cela⁵⁴ feita por Ramón Cabanillas e coa colaboración de Antón Villar Ponte, pero tamén as obras de Armando Cotarelo Valledor, Vicente Risco ou Rafael Dieste. O propio Risco, Antón e Ramón Villar Ponte, Otero Pedrayo ou Xoán Xesús González elaboran os títulos máis significativos no eido do ensaio.

Toda esta empresa literaria precisaba dunha infraestrutura editorial que comeza a xestarse no tempo das Irmandades da Fala coa Biblioteca Galeguista, as coleccións Céltiga, Libredón e, sobre todo, Lar, promovida por Ánxel Casal⁵⁵ e por Leandro Carré que se mantén entre 1924 e 1927, chegando a publicar case corenta títulos. Ademais, paralelamente unha serie de xornais e revistas enriquecían o panorama cultural, entre as que hai que destacar *A Nosa Terra*, *Nós*, *Alfar*, *Yunque*, *Cristal*, *Resol*, *Ronsel* ou *Papel de color*. A primeira publicación está intimamente vencellada co galeguismo político e nela aparecen textos emblemáticos da nosa literatura, pero tamén doutros discursos literarios europeos, sobre todo do portugués. *Nós* (1920-1936), nas súas diferentes etapas, marcou o momento definitivo da renovación literaria galega e da modernización do discurso ideolóxico galeguista, dando acollida nas súas páxinas a artigos literarios, científicos ou artísticos, ademais de supoñer a consolidación de mitos como o atlantismo, o celtismo e as analoxías con Portugal e con Irlanda. De feito, nas súas páxinas Otero Pedrayo versionou dous capítulos do *Ulises* de Joyce antes de que fose traducido a calquera outra lingua da

⁵⁴ Pardo de Cela. *Cfr.* Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [85].

⁵⁵ Ánxel Casal. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

península e serviu de plataforma para os poetas vangardistas anteriormente citados. *Alfar*, que aparece en 1923, era unha revista bilingüe na que apareceron moitas colaboracións de escritores foráneos, con presenza notoria de autores americanos. *Ronsel*, que nace en 1924, tiña una orientación máis galeguista e, ao mesmo tempo, foi a máis cosmopolita de todas, ademais de acoller nas súas páxinas os novos autores vangardistas. E as demais tamén xogaron o seu papel no proceso de consolidación dun novo discurso literario que se ía interromper, coma tantas outras cousas, coa sublevación fascista de 1936. Alonso Montero [2003: 45] explica como o franquismo non prohibía *de iure* mais si *de facto* o uso do galego

Cómpre termos en conta, sen embargo, que non había ningunha disposición legal —escrita e pública— que prohibise expresamente a utilización do galego na prensa e no libro. Tampouco existía ningunha disposición deste tipo que prohibise o uso da lingua galega en determinadas tribunas públicas, pero, de feito, ninguén, nin sequera don Ramón Otero Pedrayo, galeguista case tabú, pronunciou en galego ningunha conferencia durante trece anos e medio (1936-1949).

As primeiras manifestacións poéticas da posguerra, de quitado do belixerante estro antifranquista e da panexírica do réxime, continuarán as correntes anteriores, con especial desenvolvemento do chamado neovirxilianismo ou hilozoísmo ou a recuperación do neotrobadorismo e outras liñas poéticas admisibles para o poder⁵⁶. Publícanse títulos de escaso interese⁵⁷, ata a aparición en 1947 de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño, que tampouco era problemático para o réxime. Habería que agardar aínda uns anos, ata 1962, con algúns precedentes pouco consistentes, para que Celso Emilio Ferreiro trouxese os ventos de liberdade na súa poesía social. Unha poesía que empezaba a despertar grazas á aparición de pequenas editoriais como Benito Soto, Bibliófilos Gallegos, Monterrey ou

⁵⁶ «Ni siquiera el centenario del nacimiento de Lamas Carvajal, en 1949, serviría para reeditar su *Catecismo do labrego*, uno de los *best-sellers* de la literatura gallega de todos los tiempos, aunque sí daría ocasión a Otero Pedrayo para hacer otra vez uso del gallego en un acto público». *Cfr.* Vázquez Cuesta [1980: 843].

Xistral; de revistas literarias como *Alba*, *Aturuxo*, *Posío*, etc.; de publicacións de moito relevo como o suplemento cultural do vespertino *La Noche*, dirixido por Borobó (Raimundo García Domínguez); dos certames das Festas Minervais⁵⁸ ou do grupo Brais Pinto (iniciativa dun grupo de traballadores emigrados e de estudantes galegos en Madrid), mais sobre todo vai chegar o tempo de Galaxia.

En efecto, desde 1950 a estratexia culturalista de Ramón Piñeiro e de todo o grupo de Galaxia dá soporte á revistas como *Grial*, *Revista de Economía de Galicia* ou *Atlántida*, e desde 1951 tamén a dúcias de libros⁵⁹, malia teren que pelexar contra a censura e careceren dunha distribución axeitada, converténdose nun dos referente da loita antifranquista, aspecto cuestionado desde o exilio americano e, anos máis tarde, desde o nacionalismo político que, inactivo o PG, camiñaba cara ao seu encontro co marxismo no momento de apareceren o PSG, en 1963, e a UPG, en 1964. Mais esta xa é outra historia.

Porén, a vizosa literatura galega que se converte practicamente en ermo despois de 1936, axiña vai reverdecer no exilio americano⁶⁰. Non podía ser doutra maneira porque a

⁵⁷ Cfr. Alonso Montero [1991]. No capítulo intitulado «Literatura en lingua galega de 1936 a 1953...» recóllese un exhaustivo catálogo das obras literarias publicadas nesta época sombriza.

⁵⁸ «No 1953 celebráronse por primeira vez as Festas Minervais en Santiago e a cargo do SEU, rememorando o estilo imperial do Século de Ouro. Na primeira edición non se convocaban premios en lingua galega, pero si foi premiado Bernardino Graña, un dos autores que Ferrín clasifica na chamada Xeración das Festas Minervais». Cfr. Valcárcel, Marcos (2007), «Cen anos de historia cultural. 1953: *Á lus do candil*», *Galicia Hoxe*. Santiago de Compostela, 11 de febreiro.

⁵⁹ Por exemplo, 1953, ano da morte de Antón Zapata García, «Para a prosa foi un ano fundamental pola publicación na Editorial Galaxia de *Á lus do candil*. *Contos a carón do lume*, o famoso libro de Ánxel Fole, que fora premiado o ano anterior no concurso literario do Centro Galego de Buenos Aires e que prologou Salvador Lorenzana (Fernández del Riego); neste libro Fole amosou a súa maestría no conto popular, ensarillado a xeito de “conto contado” ou narración en espiral, técnica que empregara Boccaccio en *Il Decamerone*. Tamén aparecía en Galaxia a edición da obra de teatro de Castelao, escrita entre 1931 e 1940, *Os vellos non deben de namorarse*, e o volume colectivo *La Saudade*, no que aparece o ensaio de Ramón Piñeiro *Para unha filosofía da Saudade*». Cfr. Valcárcel (2007), *op. cit. supra*.

⁶⁰ Cfr. González-Millán [2004: 20-21]: «Os exiliados, conscientes de que a cultura galega [representada emblematicamente pola lingua que lle serve de eixe definidor e delimitador] fora silenciada ou reducida aos mínimos polo réxime franquista, impuxéronse como función prioritaria manter viva unha infraestrutura mínima que garantise a supervivencia desa mesma cultura. Neste sentido, as comunidades preexistentes de emigrantes serviron, potencialmente, como os receptores necesarios [moitas veces lonxe da idealidade desexada] para darlle vida e credibilidade á ‘cultura’ galega construída pola intelectualidade exiliada. [...] O exilio esfórzase por demostrar que a súa é a verdadeira produción cultural galega, con base en dous puntos de partida: que na Galicia interior non se pode producir cultura coa normalidade necesaria, dadas as imposicións

maioría dos intelectuais tiveron que fuxir á represión fascista. Por razóns obvias, o noso interese céntrase en terras arxentinas. A nosa cultura tivo alí un nome de excepción, Luís Seoane que dirixirá as páxinas culturais da revista *Galicia* do Centro Gallego⁶¹ na que colaboraban moitísimos escritores do desterro e algún do interior, como Fernández del Riego que enviaba unha colaboración mensual sobre a actividade cultural no país. Pero este labor, do que sería afastado por razóns ideolóxicas⁶², non era de abondo para o activo Seoane que vai apoiar a fundación da Editorial Atlántida e que vai dirixir as coleccións de poesía “Dorna” e “Hórreo” da Editorial Emecé⁶³, reeditando os nosos clásicos e promovendo a edición de escritores do exilio americano e do exilio interior. Ademais, tamén fundara en 1942, xunto a Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela, a Editorial Nova⁶⁴, empresa importante na difusión da nosa literatura. Xunto a todas elas, ían estar iniciativas como Ediciones Botella al Mar, Ediciones Muxía, Ediciones Galicia (o importante selo editorial do Centro Gallego), Alborada (que era a colección impulsada pola Federación de Sociedades Galegas) e outras de menor entidade, mais de singular proxección, coma as Edicións As Burgas (do Centro Orensano), que publicou en 1944 o *Sempre en Galiza* de

sociopolíticas da ditadura franquista; e consecuentemente, e este é o segundo aspecto que cómpre ter en conta, os seus produtos culturais dificilmente poderían contribuír ao proceso de reconstrución nacional. Moitas das desavinzas entre os galeguistas do exilio e da Galicia interior deben explicarse por estas tensións sobre quen tiña a lexitimidade para construír e instituír unha cultura nacional galega».

⁶¹ «En el Centro Gallego, las candidaturas antifranquistas vencieron durante años a las adictas al Régimen, lo que dio lugar a que la bandera republicana siguiera ondeando al frente de la institución, que evitó todo contacto oficial con la Embajada hasta ya entrada la década de los cincuenta». *Cfr.* Quijada [1991: 120-121].

⁶² Sobre este aspecto son moi precisas e útiles as consideracións de Pérez Rodríguez [2004: 129-135], que recolle as actividades de Seoane como empregado do Centro Gallego e as polémicas xeradas pola orientación que lle proporcionou ás páxinas da revista *Galicia*.

⁶³ «O espírito galego deu orixe á editorial EMECE, fundada en 1939 e non parece ocioso reproducir aquí as palabras de Arturo Cuadrado tomadas do Instituto de Investigaciones de Inmigración Gallega: “Ó chegar a Bos Aires en 1939 era como recompoñe-las nosas vidas, moitos quixeron chegar pero non puideron. No porto estaba Luís Seoane e dixo. Imos comezar a publicar. Había que editar, era urxente, así xurdiu EMECE Editores. O M de Medina del Río e o C de Cuadrado. Comezaremos publicando libros galegos”». *Cfr.* Cvitanovic [1995: 23-24].

⁶⁴ Tiña varias coleccións: Camino de Santiago, dirixida por Seoane e Cuadrado; Dorna, levada por Cuadrado; Mar dulce e Tierra firme, xestionadas por Luís M. Baudizzone. Canda eles traballou tamén Lorenzo Varela, que dirixiu nesta editorial as coleccións Serie Siglo XIX e Serie Romántica.

Castelao, e as Edicións Ánxel Casal (que promoveron as Mocidades Galegas), na que saíu en 1952 o libro de poemas *Fardel de Eisilado* de Luís Seoane.

Alén das empresas editoriais tamén foron importantes as revistas literarias, como as emblemáticas *De Mar a Mar*, desde 1942, *Correo Literario*, desde decembro de 1943, que codirixen os citados Cuadrado, Seoane e Varela, ou a súa continuación⁶⁵ en 1946, *Cabalgata*, con Varela como director literario e Seoane como responsable gráfico. En 1954, *annus mirabilis*, o propio Seoane crea a revista *Galicia Emigrante*, que desaparecerá cinco anos despois, e inicia unha emisión radiofónica en Radio Libertad de media hora que se emitirá todos os domingos ata o ano 1971. E nese ano de 1954 fúndase o Instituto Arxentino de Cultura Galega que realizou fundamentalmente moitos actos de difusión da nosa literatura e das nosas artes plásticas.

Finalmente, na **literatura** do exilio merece salientarse, por razóns evidentes, a publicación do ensaio *Sempre en Galiza* (1944) de Castelao pola súa trascendental influencia na ideoloxía nacionalista contemporánea, sen esquecermos a estrea da súa peza teatral *Os vellos non deben namorarse* en 1941 ou o estudo sobre a arte dos cruceiros⁶⁶ que ve a luz no ano da súa morte (1950). Ademais, na narrativa temos as figuras sobranceiras de Eduardo Blanco-Amor e de Xosé Neira Vilas, ambos e dous fortemente identificados co galeguismo do exilio.

Con respecto á poesía, o exilio anticipa moitos dos temas como o socialrealismo, con décadas de antelación sobre Celso Emilio Ferreiro. De novo Luís Seoane e Lorenzo

⁶⁵ «Comparte [Arturo Cuadrado] con Lorenzo Varela la aventura de la revista *Cabalgata*, donde encontramos a Luis Seoane como responsable artístico de la misma, y cuyo número uno aparece el 22 de junio de 1946. Será su editor el exiliado catalán Joan Merli, director durante años de la editorial Poseidón. *Cabalgata* viene a ser, a lo largo de sus 22 números publicados, como una suerte de prolongación de *Correo Literario*». Cfr. Chaves [2004: 341-342].

⁶⁶ «Na historia do libro galego figuran xa *As Cruces de Pedra na Galiza*, que entra no prelo agora, en 1949, ó coidado de Luís Seoane; Castelao, que traballara nesta obra monumental moitos anos, quixo que levase o selo do Seminario de Estudos Galegos e só terá vida para asinar o primeiro prego». Cfr. Cuba [1994: 17].

Varela, que publica *Lonxe* en 1954⁶⁷, foron os chanzos máis elevados, combinando a denuncia inherente a este tipo de poesía coa revitalización do noso pasado histórico-lendario e coa saudade. Canda eles están autores como José Conde (1918 – 1990), Avelino Díaz⁶⁸ (1897 – 1971), Alfonso Gayoso Frías (1905 – 1970), Xervasio Paz Lestón⁶⁹ (1898 – 1977), Emilio Pita (1909 – 1981), Ramón Rey Baltar⁷⁰ (1882 – 1969) ou **Antón Zapata García** (1886 – 1953), todos na diáspora arxentina.

⁶⁷ «O libro, baixo a dirección gráfica de Seoane a Manuel López, editado por Botella al Mar, saíu do prelo o 25 de xuño de 1954. da súa primeira edición fixéronse catrocentos exemplares, cativa tirada que reflite o problema de audiencia que ten o escritor galego no exilio...» *Cfr.* Salgado [1995: 228] ou Salgado [2005: 279].

⁶⁸ *Cfr.* Freire Freire [2002].

⁶⁹ *Cfr.* Villar [1998].

⁷⁰ O seu libro *A gaita a falare* (1939) inaugura o feraz camiño da poesía antifranquista. De feito o seu colofón sinala: «Este libro foi editado pol-a Central galega de Axuda ao Fronte Popular Hespagnol, sección da Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina». *Cfr.* Alonso Montero [1991:133-134], «A lira de bronce de Ramón Rey Baltar (1939)».

I.2. VIDA E PERSONALIDADE DE ANTÓN ZAPATA GARCÍA

I.2.1. Biografía

Se puede explicar un poema investigando de qué está hecho y qué causas lo originaron; y la explicación puede ser una preparación necesaria para comprenderlo. Pero para comprender un poema también es necesario, y diría que en algunos casos más necesario aún, que nos esforcemos por captar qué se propone ser la poesía. (...)

Tampoco hay razón alguna para que no se escriban biografías de poetas. Aparte de esto, el biógrafo de un autor debería poseer cierta capacidad crítica; debería ser persona de gusto y criterio, y estimar al trabajo del hombre cuya biografía emprende. Y por otro lado, debería esperarse que todo crítico abocado seriamente a la obra de un hombre supiese algo de su vida. (p. 119)

Eliot, T. S. (1992) [1957] “La función social de la poesía”. *Sobre poesía y poetas*. Barcelona: Icaria. Trad. Marcelo Cohen.

I.2.1.1. *Os anos da infancia e da mocidade en Laxe*

[1886-1902]

Antón Zapata García naceu na parroquia de Santa María da Atalaia da mariñeira vila de Laxe (A Coruña) o día 26 de febrero de 1886, onde foi inscrito co nome de pía de Antonio Laureano, segundo consta na acta de nacemento⁷¹ que se conserva no Rexistro Civil da devandita localidade e da que reproducimos os datos máis significativos:

(...) compareció D. Antonio Zapata Barbeito, natural de Sarandones, término municipal de Abegondo, provincia de La Coruña, mayor de edad, casado, Sargento de Carabineros de esta Comandancia de La Coruña, estacionado en esta villa, y habitante en la casa número diez de la Calle

⁷¹ Certificación literal que inclúe a reprodución íntegra da anotación correspondente que figura no Tomo 7, folio souto, número 97, da Sección 1ª do Rexistro Civil.

del Sol, presentando con objeto de que se inscriba en el Registro Civil, un niño, y al efecto como padre declara.

Que dicho niño nació en la casa del declarante á las tres de la tarde del día veinte y seis del corriente mes.

Que es hijo legítimo del referido declarante y de su muger, D^a María Josefa García Moreira, natural de la villa y término municipal de Camariñas en dicha provincia, mayor de edad, dedicada á las ocupaciones propias de su sexo y domiciliada en el de su marido.

Que es nieto por linea paterna de Domingo Zapata Conte y María Barbeito Fariña, naturales de la citada Sarandones, propietarios difuntos y domiciliados que estuvieron en ella, y por la linea materna de José García Pondal, natural de esta villa y de María Moreira Alvarez, natural de San Mamed de Sarces en este término, mayores de edad, propietarios y domiciliados en Camariñas.

Y que al expresado niño se le han puesto los nombres de Antonio Laureano.

Tan só un día despois, o 27 de febreiro, Antón Zapata recibe o bautismo, segundo consta na partida que figura no Folio 169 do libro 6^o de Bautismos da parroquia de Laxe, da que tamén extractamos os datos de maior interese:

En la Iglesia de Santa Maria de la Atalaya de la Villa de Lage a veintisiete de febrero de mil ochocientos ochenta y seis, distrito municipal de Lage, provincia de Coruña, Yo, D. Luis Pose, Coadjutor de la dicha y Santa Maria de Serantes, su anejo, con espresa licencia del actual Párroco de la misma, Bauticé solemnemente, puse los Santos oleos y de nombres ANTONIO LAUREANO a un niño, nacido a las tres de la tarde del dia anterior, hijo legitimo de Antonio Zapata, Sargento de carabineros, natural de Santa Maria de Sarandones, Ayuntamiento de Abegondo y Maria Josefa Garcia, natural de Camariñas. Abuelos paternos Domingo Zapata y Maria Barbeito, difuntos, naturales y vecinos del espresado Sarandones; maternos José Garcia, natural de Lage y Maria Moreira natural y ambos vecinos de Camariñas; fueron padrinos Laureano Carril y Ventura Vidal.⁷²

⁷² Laureano Carril («O Roxo») era capitán da mariña mercante, segundo podemos ler no poema **Meu padriño** [52].

Así pois, os Zapata procedían das mariñas betanceiras, da parróquia de Sarandóns (Abegondo), e moi perto do solar dos Marqueses de Figueroa onde se asenta a centenaria torre que deu nome ao marquesado, segundo sinala Torres Regueiro [1990: 22].

O propio poeta fala das orixes nun texto inédito que acompaña a primeira carta que lle escribe a Xosé Filgueira Valverde⁷³, quen na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil, carta que vai acompañada dunha (Auto)Poética, unha reflexión sobre a «Linguaxe», unha Bibliografía e unha ampla selección dos seus poemas, ademais da seguinte Biografía:

Ascendencia

Bisabós paternos: Manoel Zapata (aragonés) e Dominga Ponte (coruñesa). Formaron o seu fogar na aldea de Sarandóns (Abegondo). Alí morreron.-

Bisabós maternos: Francisco García Losada, de Laxe, e Xoana Pondal Frois, do Couto (Ponteceso). Viviron e morreron en Laxe.-

Abós paternos: Domingo Zapata Ponte, de Sarandóns, e María Barbeito Fariña, de Betanzos. Viviron e morreron en Sarandóns.-

Abós maternos: Xosé García Pondal, de Laxe, e María Moreira Álvarez, do lugar de Mórdomo, do mesmo ayuntamiento. Viviron e morreron en Camariñas.-

Pais: Mari-Pepa García Moreira, de Camariñas, e Antón Zapata Barbeito, de Sarandóns. Viviron e morreron en Laxe.-

Nacemento: Nacín na vila de Laxe o 26 de Febreiro de 1886.-

Residín, ademáis, do lugar nadal, na vila de Camariñas (n-ésta, pouco tempo), deica ôs 16 anos e pico, idade na que vîn pra Bôs Ars (Arxentina), cidá na que resido dende o ano 1903, mes de Setembro.-

Chámame, cada ves máis, a terra nativa, e, singularesmente, Laxe, na câl penso pasar o resto da miña vida, sintindo os latexos da natureza nos seus máis ben queridos fillos: a terra e o mar galegos.-

⁷³ Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

Tamén a súa obra poética publicada dá conta das súas orixes, como sucede no seu poema **Sarandóns**, onde ademais menciona que o seu bisavó era aragonés e que viñera a Galicia para casar coa súa bisavoa, vivindo primeiro no Portazgo (Culleredo), logo en San Tirso de Mabegondo (Abegondo) e finalmente en Sarandóns (Abegondo), lugares todos da comarca brigantina. O poeta lembra estes espazos xeográficos por terlle oído a seu pai falar moito deles, pois tamén recoñece que nunca puido visitar estas terras e que espera poder facelo no seu regreso á Terra, situación que, como veremos máis tarde, nunca se produciría.

*SARANDÓNS, boa terra,
berce dos meus abós
paternos, n-as Mariñas,
que o Barcés, con amor,
5 refrexo no seu seo
ao garimoso sôn
que os xungos e espadanas
ceiban cō seu ronzor;
nobre río que leva
10 —sinxelamente bô—
seus brillantes cristaes
hastr-ô gran corazón
da cibdade da Cruña
pra renderlle os seus dons.*

*15 Sarandóns, aldeíña
onde o meu bisabó
fixo niño —deixando
súa rexa Aragón—
c-unha pomba galega
20 que, sinxel, namorou,*

e de craros pombales
povoaron os dous
o Portazgo e San Tirso,
e máis tí, Sarandóns.

O pai do poeta, Antón Zapata Barbeito, fora trasladado a Laxe como sarxento de carabineiros. Casara en tres ocasións [López, 1999: 417]⁷⁴, en primeiras nupcias con María Barcia, sen teren descendencia; en segundas con María Josefa García Moreira, que deu á luz seis fillos⁷⁵, tres homes e tres mulleres: Amador, Elena, María, Antonio (o poeta), José e Valentina. Con posterioridade, casaría con María Lema García e terían tres fillos: Manuel, Perfecto e Fernando.

A nai do poeta, María Josefa García Moreira, natural de Camariñas⁷⁶, viña sendo parente do vate Eduardo Pondal, pois era filla de José García Pondal⁷⁷, natural de Laxe, e de María Moreira Álvarez, da parroquia laxense de San Mamede de Sarces⁷⁸. Polo tanto, o noso poeta era neto dun sobriño do vate bergantiñán. De feito, na súa coñecida conferencia “Eduardo Pondal, Sentimento e Libertá da Terra Galega”, sinala:

Os que o coneceron na seneitude [A Pondal] —nós, por raís consanguíña, tuvemos esa grande e impagábel sorte—...

⁷⁴ Xesús López Fernández interpretou Baena, onde nós lemos Barcia.

⁷⁵ No certificado de defunción do pai do poeta sinalase que da segunda muller, Josefa M^a [sic] García, tivo cinco fillos e deseguida aparece unha relación de seis nomes separados por pausas. O único deles que aparece citado nos textos de Zapata é José (Pepe). *Cfr. Un herói*, no que ambos reciben os consellos do seu tío Manoel Moreira, de Mórdomo: –Deus queira que vosoutros, que de bô tronco vîndes, / non atopés coa sorte que me custóu o índes–, / encomenzóu meu tío mostrándonos a man / cô dedo coto, a mi e a Pepe, meu irmán.

⁷⁶ Cando a revista *Alborada*, da ABC de Corcubión, publica o poema *Chovendo*, que xa aparecera meses antes noutras publicacións, a redacción engade baixo o nome do autor: «Oriundo de Camariñas». A confusión puidera ser debida á orixe da nai, pois tanto os avós maternos de Zapata como o propio poeta naceron en Laxe.

⁷⁷ Desta póla familiar procede o parentesco do noso poeta con Eduardo Pondal. De feito, Ferreiro [1991: 98] cita a Juan García Pondal, marido de Emilia Pondal Abente, como curmán do vate da Ponteceso.

⁷⁸ Na citada (Auto)Biografía [*Cfr. supra*] sinala que María Moreira Álvarez era do lugar de Mórdomo. A seus avós maternos dedícalle senllos sonetos no poema en castelán *Los abuelos y el nieto*. Así, sabemos que o avó, José García Pondal, traballou como construtor de barcos de vela e que viaxou varias veces á Arxentina. Da avoa, María Moreira Álvarez, só se fai mención da súa beleza e da súa xenerosidade.

Sendo aínda un neno de cinco anos, o noso poeta foi protagonista dun suceso que relata no poema **Presentimento** [45], de acreditarmos na veracidade dos versos á hora de reflectiren as vivencias autobiográficas. Cremos que isto é así porque a muller e nai que aparece nos versos ten como nome señora Maripepa, que coincide co nome real da súa nai, María Josefa García Moreira, nada en Camariñas. De feito, uns versos sinalan: “—*Non te vaías a praia, ¡meu filliño!, / que hoxe o mar trái desgracia—, / aconsellóume miña nai, cô tenro / tón das camariñanas*”. O texto conta a historia deste rapaz que “*¡Tiña soio cinco anos!*” e que está a piques de morrer afogado, por desobedecer os consellos da nai, aínda que afortunadamente o golpe de mar vaino lanzar contra unhas pedras.

Nunha data próxima, que non podemos precisar, falece a súa nai e algúns dos primeiros textos que escribe o poeta teñen como motivación a súa ausencia. De feito, o primeiro poema publicado (dos que temos constancia), na orde cronolóxica, é o soneto intitulado **Lejana**, que se publica na revista arxentina de variedades *Caras y Caretas* (Bos Aires, 29 de febreiro de 1913)⁷⁹. Nestes texto evócase a triste xornada da morte da nai:

*Desperté cuando el alba... La hermana buena
acercóse a mi lado y al de la nena
y, al mirarnos, gimiendo pudo decir:
“Ya nos quedamos solos... ¡mis pobrecitos!...
Y por más que llamemos a mamá a gritos,
¡no volverá a arrullarnos para dormir!...”*

⁷⁹ Tamén se publicou pouco despois en *La Voz de Galicia*, Bos Aires, nº 69, 27 de febreiro de 1915. Cfr. Neira Vilas [1999: 263-265]. No artigo “Nai e poesía” recensiono o libro *Poemas á nai* do sacerdote Xesús López Fernández: «Quero salientar que moitos autores incluídos neste libro viven ou viviron na emigración. Mais aínda: algúns deles escolarizáronse en América, e entre as lecturas, o espertar da vocación lírica e o sentimento da ausencia foron tecendo e dando a coñecer poemas que revelan unha fervorosa devoción filial. Poemas escritos na Habana, en Buenos Aires, en México. Aparecen por exemplo os nomes de Avelino Díaz, Ramón Armada Teixeira, Avilés de Taramancos, Calviño de Castro, Eduardo González, Antón Zapata García, Arturo Cuadrado...».

Novamente este episodio lutuoso aparece reseñado no **Saudades**, aparecido en *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913, aínda que datado polo autor un mes antes. O texto tamén está escrito en castelán, idioma que predomina entre as primeiras composicións, e os primeiros versos son abondo significativos:

*Quiero llorar, al lado del sepulcro
Que las cenizas de mi madre guarda,
Todas las penas que mi pecho siente
Desde su marcha...*

As referencias á nai noutro tipo de textos son escasas, sobranceando outra visión da súa infancia que aparece reflectida en dúas das quartetas finais de **Herbal Frorido. Cantares Galegos**, longa serie de cantares galegos publicada no *Galicia*, Revista do Centro Galego de Bos Aires, nº 300, de febreiro de 1938.

*Miña nai —se ll-ôs pedían—,
facía, a veces, cantares,
e botaballes pimenta
contra os caciques e alcaldes.*

*Na Fala de Bergantiños
arrulóume miña nai,
cantando doces cantigas
da montana e veiramar.*

Na obra literaria de Antón Zapata atopamos algúns textos que lembran de maneira autobiográfica os anos da súa infancia. Trátase case sempre dunha evocación saudosa e os versos poucas veces ofrecen cumprida información desta época. Así a todo, no poema intitulado **O herbedeiro de Lourido** explica unha das súas tarefas na axuda que adoito prestaba na casa. Sempre son labores relacionados co agro, malia que o poeta chega a

autocualificarse como “*нено mariñeiro*”. Isto debe ser para reflectir que a vila da súa orixe era mariñeira, sobre todo, pois o certo é que no seu contorno familiar máis inmediato ninguén traballaba no mar. De feito, o texto relata a súa admiración perante un *herbedeiro* (érbedo ou albedro) que se atopaba no camiño, cando no outono levaba un ferrado de millo a moer nalgún muíño afastado da localidade.

*¡Qué lediza miral-o,
pra os meus ollos de neno mariñeiro,
cando iba, pol-o outón, leval-a moaxe,
non ben cantaba o galo
da casa no poleiro!:
un ferrado de millo,
a pê, dendes de Laxe,
tripando no morrillo
da branca carretera, ou pol-a praia
onde o Ártabro salaia,
ou pol-o mal camiño, costa arriba,
de croios pren e hirtada pedra viva...*

E en **Pedras de Besugueira** lembra a colleita das patacas:

*pedras que, n-outros xornos, de pequeno,
tamén piséi, descalzo,
pra coller a mantenza das patacas,
das coles e dos nabos,
enclavándolle o enciño, ¡coma un home!, [...]*

Na citada (Auto)Biografía [Cfr. *supra*] aínda sinala outros datos de interese, como o feito de ter residido durante algún tempo na vila de Camariñas, que era o lugar no que viviron e norreron seus avós maternos, José García Pondal e María Moreira Álvarez.

Residín, ademáis, do lugar nadal, na vila de Camariñas (n-ésta, pouco tempo), deica ôs 16 anos e pico, idade na que vîn pra Bôs Ars (Arxentina), cidá na que resido dende o ano 1903, mes de Setembro.-

No mesmo texto, mais xa no apartado intitulado «Formación» temos a única información sobre o seu grao de estudos primarios, que se completaría logo na Arxentina:

Non tiven máis estudos que os do primal insino, na nenés, ou sexa: deica ôs trece anos, aprosimadamente.

Pouco máis sabemos dos primeiros anos do poeta, ata que no verán de 1903⁸⁰, con tan só 17 anos, marchou embarcado cara á Arxentina⁸¹. Nesa altura xa falecera a súa nai, feito que puido condicionar a súa decisión. A razón da súa marcha non está clara, aínda que é moi probable que os problemas do poeta e dos seus irmáns coa madrasta fosen decisivos⁸² para que primeiro emigrase o propio Antón e logo, cando xa estaba asentado, seguisen o mesmo camiño o resto dos seus irmáns e outros parentes. Cómpre lembrar que, con anterioridade, seu avó materno José García Pondal viaxara en varias ocasións ata a Arxentina.

Ora ben, sen negarmos as desavinzas familiares, tampouco se pode descartar que a motivación primixenia estivese no feito de que fixera os dezasete anos e quixese eludir coa emigración a chamada a quintas. De feito, todos os estudos realizados sobre as causas⁸³ das

⁸⁰ Alejandro Vázquez González, en Peña Saavedra [1993: 41], manexando datos estatísticos sinala que neste ano de 1903 chegaron a se contabilizar un total de 19.307 pasaxeiros (deles 5.394 mulleres e 2.480 menores de 14 anos), que embarcaron en portos galegos para o Estranxeiro, númeroi que vai *in crescendo* durante a primeira década do século XX.

⁸¹ Na citada (Auto)Biografía [Cfr. *supra*] sinala «deica ôs 16 anos e pico, idade na que vîn pra Bôs Ars (Arxentina), cidá na que resido dende o ano 1903, mes de Setembro».

⁸² Así o explica o actual cura de Laxe, Enrique Redondo Mella, en carta que reproduce López [1999: 418]. Da mesma opinión é Bello [1999: 49], que sinala: «Tercero de cinco hermanos, emigra a América a la temprana edad de 17 años (1903) por desavenencias con la tercera mujer de su padre».

⁸³ Cfr. Núñez Seixas e Soutelo Vázquez [2005: 16-21]. Os autores enumeran cinco apartados para explicar os procesos que condicionaron a emigración galega, que se resumen en: 1º) malestar económico, polas limitacións da agricultura e da gandeiría, 2º) a tradición migratoria galega, 3º) a mellora nas condicións do transporte, sobre todo, marítimo, 4º) factores de expulsión de natureza socio-política e 5º) as cadeas migratorias. De todas elas, a cuarta é a que condicionou a Zapata, pois «Aqueles podían ser de caste legal ou directamente política, como podía ser o anxeio por fuxir dun servizo militar clasista e discriminatorio, sobre

correntes migratorias nesta época adoitan sinalar esta entre as máis importantes, pois o servizo militar implicaba nesa altura un longo afastamento e a posibilidade de participar nas campañas africanistas do exército español. Ademais, non debe ser casualidade que o longo poema narrativo **A crus da Rosa** relate, nomeadamente no capítulo XV, a historia dun mozo que emigra para eludir as quintas. Estes versos ben puideran basearse na propia experiencia autobiográfica, malia que unha advertencia inicial sinala:

 Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás.

O devandito capítulo deste mesmo poema, moi interesante desde o punto de vista antropolóxico, tamén sinala a causa económica como responsable de que a xente de Laxe emigrase naqueles anos a destinos tan afastados como Arxentina, Cuba ou Filipinas.

*Tampouco lle importaba dos veciños
que, de Laxe, con él, â Cruña, viran,
i-en negros trasatrantes imigraran
pra Habana e Filipinas...,
jpois os homes de Laxe, a todos ventos,
pol-o mundo se vãn, como anduriñas,
máis que nada, por moda, pol-o infruxo
de algún que enriqueció sin legría!,
jcase total-a vida n-un taboeiro
espendendo texidos ou bebidas!!...*

O ano da partida pódese fixar polas propias declaracións do poeta. De feito, nos seus versos aparecen varios testemuños que ratifican sempre a mesma data do ano 1903. Así, en **Lembranza laxeirana**, que se publica en 1927, fai a primeira referencia ao feito de

todo no tempo da Guerra de África [1907-1927], cando as porcentaxes de mozos prófugos e fuxidos en América se dispararon en moitos concellos do país. Probabelmente non sempre se trataba dunha fuxida directa do servizo militar. Pero a posibilidade de evitalo influía grandemente, cando menos, á hora de toma a decisión de emigrar en idade temperá, nomeadamente adiantando o momento vital da partida».

levar moitos anos fóra do chan nativo. Neste momento transcorreran xa vinte e catro anos e o poeta lembra esta circunstancia tras contemplar Laxe a través duns diaporamas:

*Dempóis d-unha longa auséncia
do chan que â vida fûn vido,
—auséncia que xa enmorea
vintecatro anos cumpridos—
púdente vêr oxe, LAXE,
—¡fonte de peixe e mariscos!—
tal câl eres, feiticeira,
sóbor d-uns pequenos vidros
que, postos na regandixa
d-un catalonxe moi lindo,
pódense ír vêndo, dispáceo,
choscando o destro ou sinistro...*

Oito anos despois, no poema **Os pinales da lembranza**, publicado en 1935, fai unha evocación das paisaxes que arrodeaban a súa vila e sinala novamente o cómputo exacto da súa ausencia, desta volta trinta e dous anos.

*PINALES de Carrabete,
pinales de Quela Banda;
¡ouh, pinales de Soesto,
de San Simón e de Traba!...
¡Cómo vos lembro, pinales,
pol-a Costa Laxeirana!*

*Trintadós anos sin vêr-vos,
je aínda zoades na miñ-alma!*

Algo semellante acontece no poema intitulado **O probe do mar**, datado en 1936, no que Antón Zapata fai unha homenaxe a un vello mariñeiro laxense alcumado “Serbelo” e sinala que leva trinta e tres anos na emigración:

*Pol-o mundo, câl «Serbelo»,
marchéi de LAXE, en bolina,
e xa levo, na Arxentina,
trintatrés anos sin vel-o...*

Zapata abandona Laxe no vapor de carga «Victoria» que facía con regularidade o traxecto entre a vila de Laxe e a cidade coruñesa. Alí chega en compañía do seu pai, que coñecía perfectamente a cidade debido a que estivera nela destinado. Todos estes pormenores son citados no poema **Lembranza e loubor da Cruña** no que se recollen as palabras que lle dirixe o seu proxenitor antes da súa marcha, mesmo querendo influír na súa decisión para que non emigre e lembrándolle o espírito da súa nai xa falecida.

*Tamén era pra mún dobre guía, a sabencia
de un bô sarandonés —jo meu pai!—, e a pacencia:
El fôí o preceitor que moi ben coñecía
os tesouros da Cruña, e que, d-eles, decía:
—«Xa que vas pol-o mundo, onde queira que fores,
do que vês, n-hacharás outras cousas mellores;
poida ser —non-o dúbido— que as alcontres máis grandes,
mais, na esenza e na forma... ¡non cabiles nin andes!...
Eiquí tês teu porvir, si renuncias ao viaxe:
dóu ao esquezo, si quedas, meu penar e o pasaxe,
porque penso que, ao cabo, emigrar é pauliña,
e serás, no estranxeiro, saudosa anduriña...
Dos que emigran, ¡meu fillo!, un por cen sô retorna:
os demáis vãn a pique na «Saudal»... ¡probe dorna!...*

*¡Queira Deus que o espírito de tua nai te conforte
pra que voltes â terra, salvo e san, culto e forte!...
—Olla ben —engadía— cánto agora che insiño—»...*

I.2. A emigración e o establecemento en Bos Aires

[1903-1910]

En setembro de 1903 Antón Zapata García chegou á Arxentina como un emigrante máis, establecéndose na capital, non sen antes ser protagonista, xunto a Elpidio Villaverde Rey⁸⁴, dun intento de rebelión durante a travesía como relata Vilanova Rodríguez [1966: 1351] na biografía deste último:

Después de hacer sus primeros estudios y trabajar en los negocios de su padre se trasladó muy joven a la Argentina, coincidiendo en este viaje con el poeta Antonio Zapata que también se dirigía a Buenos Aires en busca de mejor vivir. Y ambos dieron ya en aquel trasatlántico muestras del espíritu de justicia que predominó en los dos a lo largo de sus vidas. Habiendo abusado y desatendido despiadadamente las autoridades de la nave a unos emigrantes gallegos enfermos, Villaverde y Zapata encabezaron un conato de motín contra los vejámenes de que eran objeto sus paisanos, y fue tan viva y tumultuosa la protesta que en poco estuvo que los condenasen a la barra.

Segundo a biografía de Vilanova Rodríguez [1966: 1250], posteriormente traballou como empregado de comercio e como “tenedor de libros”⁸⁵, datos que confirma o propio poeta en 1936 no mencionado texto da (Auto)Biografía [*Cfr. supra*] enviada a Filgueira Valverde, na que sinala:

Eiquí estudiei, pol-a miña conta, Contabilidad, da que fixen e fago profesión. Fun, tamén, dependente de tenda. Nunca me gustou, pro, felismente, trúnféi: ¡deixéi pra sempre unha laboura aconsellada por meus parentes!...

⁸⁴ Elpidio Villaverde Rey retornaría anos despois a Galicia, chegando a ser o alcalde republicano de Vilagarcía da Arousa, sendo un dos refuxiados que chegou á Arxentina a bordo do *Massilia*, xunto a Arturo Cuadrado, nunha das expedicións organizadas polo SERE (Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles) a finais de 1939. *Cfr.* Chaves (2004: 299-302)

⁸⁵ *Diccionario da RAE*: “El que tiene a su cargo los libros de cuenta y razón en oficina pública o particular”.

Ademáis, estudéi Retórica e Poética (de N. Campillo⁸⁶), dètidamente. Nembargantes, concurrín muitas veces ôs cursos da Facultá de Filosofía e Letras, de Bôs Ars, publicando cinco sonetos na rivista «Verbum», órgao da Federación Universitaria, no ano 1918, feitos, aquéles, no idioma castelán.

[1911]

Neste ano comeza a escribir e faino, nun primeiro momento, en castelán, lingua que irá substituíndo a favor do galego. De novo, os textos enviados a Filgueira Valverde son fundamentais para coñecermos estes datos. Así, no apartado intitulado «Obra» sinala:

Dende 1911 comenza a miña laboura, no idioma castelán, còxuntamente c-ô idioma galego, deica ô presente. No 1920, tiven o acésite con «Volvoretas».-

E, anteriormente, no apartado intitulado «Formación» engade:

No ano 1911 gañéi o primeiro prémeo otorgado pol-o «Casal Catalá» â poesía castelán, c-un soneto, nos Xogos Fropaes patrocinados pol-a devandita isticución.

Descoñecemos a que soneto se refire, aínda que o primeiro texto da súa autoría que puidemos localizar e o soneto intitulado **Lejana**, que se publica na revista arxentina de variedades *Caras y Caretas* (Bos Aires, 29 de febreiro de 1913)⁸⁷ e que fora escrito para evocar a triste xornada da morte da nai.

[1913]

⁸⁶ Narciso Campillo y Correa (Sevilla, 1835 - Madrid, 1900) Escritor español. Dirixiu *Museo Universal*, que logo se converteu en *La Ilustración Española y Americana*. Compuxo romances históricos, odas e outros poemas, contos e diversos manuais de preceptiva, como *Retórica y Poética o Literatura Preceptiva* (1872). Na época que o cita Zapata (1936) podían consultarse as edicións (1886: 4ª ed.) Montilla: Imprenta Papelería y Encuadernación de M. de Sola Torices. 374 p. ou (1893: 5ª ed.) Madrid : Librería de la Viuda de Hernando, 1893. 374 p. Neste libro explicou que as lendas “Son poemas narrativos, cuyo asunto es histórico, tradicional, o inventado enteramente por el autor”.

⁸⁷ Tamén se publicou pouco despois en *La Voz de Galicia*, Bos Aires, nº 69, 27 de febreiro de 1915.

Por volta destes anos a produción poética, da que apenas podemos rescatar testemuños, desenvólvese en castelán. Vilanova Rodríguez sinala que axiña empezaría a compoñer versos e a escribir artigos, con preferencia de tema galego. As primeiras colaboracións en galego das que temos noticia son os poemas publicados durante 1913 en *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, cos que se iniciaría a súa presenza en moitísimas cabeceiras. Así, o primeiro poema en galego que localizamos é o soneto **A casa d’o poeta Pondal** (*Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913)⁸⁸.

Ademais dos textos recollidos neste estudo, tamén colaborou noutras publicacións arxentinas ou da emigración en América como *Actividad Española*⁸⁹, *La Razón*⁹⁰, *Atracción*⁹¹, *El Hogar*⁹², *Verbum*⁹³, *Fray Mocho*⁹⁴, *Caras y Caretas*⁹⁵, *La Vanguardia*⁹⁶ ou

⁸⁸ Curiosamente, no envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé do soneto **A Rosalía de Castro** (*Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, xullo de 1913): «Nótola. O presente soneto foi o primeiro que pubriquei no noso benquerido idioma, pois, do castelán, xa o facía dende o ano 1911». Resulta sorprendente que esqueza a anterior aparición do soneto **A casa d’o poeta Pondal** na mesma publicación e no mes de maio.

⁸⁹ Non localizamos esta publicación nin ningún dato sobre ela.

⁹⁰ Pode referirse á publicación do artigo “El Poeta Mariñán”, acompañado do poema **Alando la traína**, nunha versión feita polo xornal *La Razón* (Uruguai) e publicada o 1º de Abril de 1928, textos reproducidos por *Céltiga*, Bos Aires, nº 80, 25 de abril de 1928. Isto invalidaría a data que Vilanova anota no seu manuscrito. Cfr. Pereyra [1993: 94]: «1905: Aparece en Buenos Aires *El Diario Español*. Otro tanto ocurre con el diario *La Razón*, fundado por Emilio B. Morales y al que dio fisonomía e impulso el Dr. José A. Cortejarena». Cfr. Salgado [1995: 238]. [p. 238] que cita como Lorenzo Varela practica o xornalismo tanto en *La Razón*, como en revistas como *El Hogar*, da que foi director accidental.

⁹¹ Tampouco localizamos esta publicación nin ningún dato sobre ela.

⁹² Esta revista arxentina de variedades iniciou no seu nº 30, de marzo de 1951, unha “galería” de poetas galegos residentes en Bos Aires, realizada polo escritor de Goián (O Rosal) Eliseo Alonso. Cfr. Pereyra [1993: 92]: «1904: Aparece en Buenos Aires *El Consejero del Hogar*, luego denominada *El Hogar*».

⁹³ *Verbum*, Órgano de la Federación Universitaria de Buenos Aires. Non podemos consultar esta publicación na que Zapata publicou, segundo confesa, cinco sonetos en castelán. Cfr. Alonso; Provenzano e Lafleur, eds. [1993: 48]: «Fue el órgano oficial del Centro de Estudiantes de Filosofía y Letras de Buenos Aires. Con largas intermitencias se publicó durante cuarenta años [desde 1908 hasta agosto de 1948], y en sus páginas colaboraron las figuras más prestigiosas, vinculadas o no a la enseñanza universitaria». Cfr. Pereyra [1993: 292-293]: «Publicación del Centro de Estudiantes de Filosofía y Letras de Buenos Aires. Desde el nº 1, 1908, hasta el nº19, marzo 1912, aparece con el nombre de Boletín del Centro de Estudiantes de Filosofía y Letras, después pasa a llamarse Revista del Centro de Estudiantes de Filosofía y Letras». Alén doutros aspectos tamén salienta a súa periodicidade irregular e o feito de que incluía moita poesía.

⁹⁴ Cfr. Alonso; Provenzano e Lafleur, eds. [1993: 28] apenas sinalan que a revista *Fray Mocho* nace en 1912. Cfr. Pereyra [1993: 292-293]: «FRAY MOCHO. Festivo, Literario, Artístico y de Actualidades. Semanario. nº1, maio 1912. nº908, noviembre 1929. Director: Carlos Correa Luna». Tamén salienta que publica moita poesía e máis adiante fala do seu fundador [p. 89] «1903. Muere, en Buenos Aires, el escritor popular Fray Mocho [1858-1903], autor de obras como *Memoria de un vigilante*, *Viaje al país de los matrones* y sus famosos cuentos a partir de la estampa de “El lechero”, que comenzaron a publicarse en la revista *Caras y*

*La Fuerte Nave*⁹⁷, ás que non tivemos doado acceso. Unicamente puidemos consultar números soltos dalgunhas destas publicacións. Ora ben, dado que todas elas utilizaban tan só o castelán, é obvio que estas colaboracións non son importantes para establecermos o definitivo *corpus* poético en galego, que realmente é o noso obxecto de estudo. De novo, os datos enviados a Filgueira Valverde e que ata hoxe eran descoñecidos iluminan este afastado período creativo, dominado pola creación en castelán:

Ademáis, estudéi *Retórica e Poética* (de N. Campillo⁹⁸), dètidamente. Nembargantes, concurrín moitas veces ós cursos da Facultá de Filosofía e Letras, de Bòs Ars, publicando cinco

Caretas. José S. Alvarez [Fray Mocho] utilizó también otros seudónimos como “Detective”, “Figarillo”, etc.».

⁹⁵ As revistas argentinas *Fray Mocho* e *Caras y Caretas* tiñan moito predicamento en Galicia. Paz-Andrade [1982: 40] sinala estes dous títulos entre as revistas gráficas que se recibían na casa rianxeira de Castelaos nos anos da súa infancia e entende que tiveron certa influencia no seu labor como debuxante e humorista. Ademais lembra que *Caras y Caretas* estivo dirixida certo tempo polo galego, de Cervo, Xosé M^a Cao Luaces. Cfr. Sixirei Paredes [1995: 110]: «Escolmando entre estas individualidades non se debería esquecer ao ferrolán Juan Carlos Alonso, director da mais prestixiosa revista satírica de Bos Aires, “Caras y Caretas” na que tamén colaborou un gran caricaturista, José María Cao Luaces, de Cervo». Cfr. Alonso; Provenzano e Lafleur, eds. [1993: 28]: «El auge de las revistas ilustradas, *magazines* al estilo europeo, en donde el comentario de actualidad, la sátira política y la información científica y social al alcance de todo el mundo, alternaban con colaboraciones literarias –casi siempre en prosa– comenzó en 1898, cuando José S. Álvarez [“Fray Mocho”], Eustaquio Pellicer y Emilio Mayol fundaron *Caras y Caretas*». Cfr. Pereyra [1993: 34], despois de lembrar unha «primera serie de *Caras y Caretas*, hecha en Montevideo» sinala: «1898: Aparece la revista *Caras y Caretas*, con sus famosas caricaturas políticas de José María Cao, Manuel Mayol y otros, y con notas de Fray Mocho y otros escritores populares y “cultos” ». E máis adiante engade [pp. 49-50] «Festivo, Literario, Artístico y de Actualidades. Semanal. n^o1, 8 octubre 1898 n^o2139, octubre 1939. Director: Bartolomé Mitre y Vedia. Colaboradores: los más prestigiosos escritores del momento, nacionales y extranjeros». E, finalmente, Cfr. Zuleta Álvarez [1999: 20]: «Toda esta producción, difundida a través de la prensa y de revistas como *Caras y Caretas*, está signada por la estética de la renovación finisecular del realismo y, principalmente, por el modernismo que vuelve a emparentar, de modo profundo y perdurable, la literatura, el pensamiento y las artes de las dos orillas».

⁹⁶ Cfr. Pereyra [1993: 28]: «1894: Aparece el periódico *La Vanguardia*, dirigido por el Doctor Juan B. Justo. Se titula Periódico Socialista Científico defensor de la clase trabajadora».

⁹⁷ Todas estas cabeceiras, ademais de *Galicia* e de *Suevia*, aparecen anotadas nun manuscrito que se conserva no Arquivo Vilanova na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense. Vilanova apunta tamén algunhas datas imprecisas, así a carón de *La Razón* figura 1913, de *Fray Mocho* 1912 e de *Caras y Caretas* 1913. Nesta mesma dise: «Dejó un poema inédito dedicado a Guernica. / Dicc. vasco-español y esp-vasco».

No mesmo Arquivo Vilanova existe unha brevísima carta manuscrita de Calviño de Castro que principia: «Amigo Vilanova: A ouxeto de que vostede teña unha máis exacta e crara biografía de Zapata García, heino de poñer en tratado coa fillastra [...]». Calviño de Castro fala de “fillastra”, mais os datos dos que dispomos sinalan que se trataría da filla de Antón Zapata e de Angela Begoña. Por outra parte, na marxe están anotadas as datas de nacemento e falecemento do noso poeta: 26-2-1886; 21-6-1953.

⁹⁸ Narciso Campillo y Correa (Sevilla, 1835-Madrid, 1900) Escritor español. Dirixiu *Museo Universal*, que logo se converteu en *La Ilustración Española y Americana*. Compuxo romances históricos, odas e outros poemas, contos e diversos manuais de preceptiva, como *Retórica y Poética o Literatura Preceptiva* (1872). Na época que o cita Zapata (1936) podían consultarse as edicións (1886: 4^a ed.) Montilla: Imprenta Papelería y Encuadernación de M. de Sola Torices. 374 p. ou (1893: 5^a ed.) Madrid : Librería de la Viuda de Hernando,

sonetos na revista «Verbum», órgano da Federación Universitaria, no ano 1918, feitos, aqueles, no idioma castelán. N-este, nas revistas «Caras e Caretas» e «Fray Mocho», pubriquei vintatantas composicións poéticas, que, con outras, suman: 165.-

A biografía realizada por Vilanova engade que deixou inéditos un poema dedicado á destrución de Gernika e moitas fichas para un “Diccionario vasco-castellano” no que levaba traballando varios anos. O devandito poema, intitulado **Elegía a la Maite Guernica**, apareceu publicado en *El Noticiero Español*⁹⁹, acompañado ao final dun breve “Vocabulario vasco y su traducción”. Vilanova ben puidera estar referíndose a este texto e a este traballo de compilación lexicográfica, pois non temos ningunha noticia da existencia do proxecto de Diccionario ao que fai referencia.

Por outra parte, Francisco Lanza Álvarez [1953: s/p] nunha breve biobibliografía sinala: “Amplié con biografías sintéticas y con nuevos autores la *Antología de poetas gallegos*, de Álvaro de las Casas, haciendo de ella una de las más completas hasta hoy”. O noso cotexo pormenorizado de toda a obra de Álvaro de las Casas non nos permite deducir ata que punto puido intervir Antón Zapata García na súa reelaboración, porén é evidente que lle forneceu datos sobre o poeta Manuel Caamaño Devesa (Laxe, 1879 – Montevideo, 1928) (Cfr. I.2.1. Biografía, ano 1928. Cfr. Rei Lema [2000: 8]).

[1914-1915]

Consolídase a súa traxectoria poética, aínda que nestes primeiros momentos escribe moito máis en castelán que en galego. Neste bienio publica unha ducia de poemas, todos no semanario independente *La Voz de Galicia* de Bos Aires, que dirixía Francisco Álvarez de

1893. 374 p. Neste libro explicou que as lendas “Son poemas narrativos, cuyo asunto es histórico, tradicional, o inventado enteramente por el autor”.

Nóvoa, agás un deles aparecido na publicación madrileña *Estudios Gallegos*. Este texto, escrito na grafía foneticista do galego que defendía o director da revista Aurelio Ribalta, e dous poemas do semanario bonaerense aparecen en galego, os outros nove en castelán.

[1916]

En marzo principia a publicar textos poéticos na revista *El Eco de Teo*, que estaba dirixida polo seu amigo Manuel Oliveira¹⁰⁰. A súa colaboración vai ir aínda máis alá, de feito en xullo deste ano asiste a un festival¹⁰¹ organizado pola redacción da revista. A propia publicación dá cumprida noticia do éxito do festival que fora realizado co obxectivo de agrandar o número de subscritores e amigos, á vez de acadar beneficios para o seu mantemento. Despois da intervención da orquestra e da coral “Artística Gallega”, nun breve intermedio, antes da actuación da rondalla da “Artística” e do comezo do baile ata a madrugada, vaise producir a recitación do poeta¹⁰²:

Se presenta en el escenario don Antonio Zapata, y declama “Anduriñas”: Zapata declamó su poesía con emoción; con la misma emoción con que la escribió; y “Anduriñas” que es un poema de sentimiento, llegó hasta el corazón de los espectadores que la aplaudieron frenéticamente, obligándole al autor a recitar “Prisioneros”, otra de sus bellas composiciones.

En outubro acode novamente a outro acto, un xantar convocado pola Revista e que tiña como obxecto celebrar o éxito acadado nun anterior festival argallado pola entidade

⁹⁹ Cfr. *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 373, 23 de xaneiro de 1938. A reprodución conservada no Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega non permite ler a palabra incompleta do encabezamento, aínda que ben puidera ser Madre.

¹⁰⁰ Núñez Seixas [1992: 103] define a Oliveira como “un dos primeiros nacionalistas *enragés* de Bós Aires”. Non podemos esquecer a súa participación na xestación da Sociedade d’Arte Pondal en agosto de 1927.

¹⁰¹ Cfr. «El festival de El Eco de Teo», *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 30, 10 de agosto de 1916. Dous anos máis tarde, a revista vai publicar o poema lido por Zapata. Cfr. *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 30, 10 de agosto de 1918.

¹⁰² Zapata recita un poema en galego, o citado “Anduriñas”, e como bis un texto poético en castelán “Prisioneros”, publicado con anterioridade en *Suevia*, Bos Aires, nº 6, 16 de marzo de 1916.

Centro Residentes de Teo¹⁰³ e que desta volta xuntou a organizadores e colaboradores. Antón Zapata, que asiste como convidado, fai a lectura dun soneto en galego intitulado “Brindis” que compuxera para esta ocasión.¹⁰⁴

Han amenizado la reunión con frases oportunas, los señores Pesqueira, Carballo y Oliveira; y el señor Zapata, siempre inspirado, como joven y buen poeta, leyó el hermosísimo soneto que va a continuación.¹⁰⁵

[1917]

A morte do poeta Eduardo Pondal non vai ser allea á biografía de Antón Zapata. Apenas dous días despois a revista *El Eco de Teo* vai publicar, ao pé dun texto haxiográfico asinado por Gaspar F. Oitabén, o soneto **A morte d’o cisne**, que o noso poeta escribe ao se enterar da desaparición de Pondal¹⁰⁶.

En outubro envía a súa adhesión para un acontecemento de signo totalmente contrario¹⁰⁷, ao non poder estar presente no “lunch” para agasallar ao seu amigo e director da mencionada revista, Manuel Oliveira, con ocasión da súa próxima voda.

[1918]

¹⁰³ Magariños [1999: 102] sinala esta entidade entre as máis importantes da colectividade galega nesa altura e moi vencellada ao agrarismo.

¹⁰⁴ Cfr. **Brindis [75]**. Cfr. “Reunión simpática”, *El Eco de Teo*, ano I, nº 8, Bos Aires, 10 de outubro de 1916. Facilitounos este texto o profesor Xosé M^a Dobarro Paz.

¹⁰⁵ Cfr. “Reunión simpática”, *El Eco de Teo*, nº 8, Bos Aires, 10 de outubro de 1916. Inclúe o soneto **Brindis**. Facilitounos a nova deste e doutros textos o profesor Xosé M^a Dobarro Paz.

¹⁰⁶ Cfr. *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 14, 10 de abril de 1917. Por unha gralla de imprenta na cabeceira sinálase 1916, cando é obvio que se trata de 1917.

¹⁰⁷ Cfr. “Orden que no se acata”, *El Eco de Teo*, nº 20, Bos Aires, 10 de outubro de 1917.

A pedimento da entidade de Teo escribe e publica outro texto poético de circunstancias para saudar a visita da artista galega Ángeles Ottein¹⁰⁸ ao local da coral “Artística Gallega”.¹⁰⁹

En setembro de 1918, tamén con outro texto escrito para ocasión (que non se localizou), participa no «Festival Gallego»¹¹⁰, organizado pola Agrupación Artística Gallega e pola Asociación Coral Gallega, no bonaerense Teatro Avenida, nun acto en homenaxe ao ilustre mariño español de orixe galega Manuel Deschamps, nun amplo programa de actos. Antón Zapata García dá lectura a un texto poético da súa autoría, intitulado “A Deschamps”, no intre no que se lle fai entrega dun álbum que lle ofrece a colectividade galega ao mariño. É a única intervención literaria, aínda que entre as numerosas pezas musicais figura a balada “Adiós ríos, adiós fontes”, coa coñecida letra de Rosalía de Castro, con música de Egidio Paz Hermo¹¹¹ e cantada pola tiple cantante Amparo Romo, que gozaba de moita sona entre a comunidade galega de Bos Aires.

Tamén neste ano publicou cinco sonetos en castelán, que non puidemos localizar, como confesa no citado texto que lle foi enviado a Filgueira Valverde: «Nembargantes, concurrín moitas veces ós cursos da Facultá de Filosofía e Letras, de Bôs Ars, publicando cinco sonetos na revista «Verbum», órgano da Federación Universitaria, no ano 1918, feitos, aquéles, no idioma castelán».

[1920]

¹⁰⁸ Ángeles Ottein. *Cfr.* Nota da edición no poema **Saúdo [78]**.

¹⁰⁹ *Cfr.* **Saúdo**, *El Eco de Teo*, nº 29, Bos Aires, 10 de xullo de 1918.

¹¹⁰ *Cfr.* «Festival gallego», *El Eco de Teo*, «Revista mensual», Bos Aires, nº 31, 10 de setembro de 1918.

¹¹¹ Egidio Paz Hermo (A Pobra do Caramiñal, 1863- Bos Aires, 1933). Compositor e músico galego, que residía na Arxentina desde os 25 anos e que faleceu dun accidente. Musicou moitos textos de poetas galegos, entre eles Rosalía de Castro. Autor dunha Misa de Réquiem e de varios cantos relixiosos. Dirixiu o Orfeón Gallego e, máis tarde, o Orfeón Gallego Primitivo. Escribiu tamén moitos libretos e ensaios musicais. Unha

O 13 de novembro de 1920, no bonaerense Teatro Colón, Antón Zapata García recibiu unha Mención Honorífica, en forma de Flor Natural, nos Xogos Florais convocados pola Casa de Galicia de Bos Aires, polo seu poema galego **Volvoretas**, pois os dous primeiros premios foron adxudicados a textos en castelán¹¹². Este texto é unha glosa do poema «¡Ai!...» incluído en *Aires da miña terra* de Curros Enríquez. O título de Zapata fai referencia a tres cartas recibidas: unha do pai, outra dun amigo e a terceira da moza. Pouco a pouco o poeta vai decatándose pola escrita en galego e abandonando o castelán, case en paralelo co medre da súa concienciación e implicación social e política co galeguismo.

A revista da Casa de Galicia, *Acción Gallega*¹¹³, recolle en detalle a celebración do acto de entrega dos premios, mesmo reproducindo todos os discursos pronunciados nesta xornada. De especial interese para nós son as palabras do señor Ares de Parga, en calidade de secretario do xurado, lembrando que “no obstante lo reducido del tiempo” foron presentados 258 traballos —172 de poesía e 86 de prosa—, dos que 120 concorreron no primeiro tema dos dezoito establecidos polas bases da convocatoria: «Flor natural y mil pesetas, premio Casa de Galicia. Tema: Poesía de asunto y metro libres». Así pois, o texto de Antón Zapata García tivo que competir cunha nutrida concorrència. Ares de Parga, tras xustificar o primeiro premio á composición «Canto a la Espiga» do poeta colombiano Manuel María Muñoz, engade:

completa biobibliografía pode consultarse no artigo necrolóxico «Ha muerto Egidio Paz Hermo», *Correo de Galicia*, nº 1415, Bos Aires, 5 de marzo de 1933.

¹¹² «La Semana Gallega de más trascendencia fue la de 1920 coincidente con los Juegos Florales organizados por esta “Casa”, que tuvieron lugar el 13 e noviembre de aquel año. Se celebraron en el teatro Colón. Presidió el jurado calificador el Dr. Mariano de Vedia y Mitre y fue el secretario el Prof. Ignacio Area de Parga. Actuó como mantenedor el Ing. Román Rodríguez de Vicente. Obtuvo el primer premio y la flor natural el poeta colombiano Manuel María Muñoz por su poema en castellano ‘Canto a la espiga’; fueron también premiados Manuel del Río Candamo por su trabajo ‘El arte de Galicia’; Juan Domenech por ‘Bibliografía americana’, José Iglesias Rivadulla por “Organización colectiva” y Antonio Zapata por su poesía en gallego ‘Volvoretas’», en Vilanova [1966: 1384].

¹¹³ Cfr. *Acción Gallega*, nº 3, Bos Aires, 1º de setembro de 1920, onde se pode ler a convocatoria dos Xogos Florais; *Acción Gallega*, nº 5, Bos Aires, 31 de outubro de 1920, para coñecer a relación de “Trabajos presentados para los Juegos Glorales” e *Acción Gallega*, nº 6/7, Bos Aires, 31 de decembro de 1920, para a crónica do acto de entrega de premios.

Por solicitación del jurado, instituyó la Casa de Galicia un segundo premio, consistente en quinientas pesetas, que fué discernido a la composición «La mancha»; y una mención honorífica a la escrita en dialecto gallego, «Volvoretas».

A crónica continúa coa prolixa enumeración dos traballos premiados nas restantes categorías e, na súa parte final, desvela a autoría do texto escrito en galego:

La apertura de plicas fué laboriosa, y en otro lugar damos los nombres de los autores premiados en los varios temas del concurso.

Diremos solo que la preciosa composición «Volvoretas», escrita en dialecto gallego y que mereció el accesit del premio de honor, es original de don Antonio Zapata García, cuya presencia fué saludada también con grandes aplausos que se repitieron al darse lectura a su delicado y tierno trabajo.

[1924-1925]

En novembro de 1924 Antón Zapata García figura entre os “adherentes” a un banquete¹¹⁴ ofrecido a Eliseo Pulpeiro, como director literario da revista *Céltiga*, nunha ampla nómina de personalidades da colonia galega, da capital federal e das provincias arxentinas e das repúblicas uruguaia e brasileira. A súa presenza non é de estrañar, porque xa daquela formaba parte dos numerosos redactores e colaboradores desta publicación. Así o testemuñan os propios anuncios que a Editorial Céltiga insería na prensa da emigración¹¹⁵. De feito, nesa altura reaparecería *Céltiga*, “Revista Gallega”, con data 25 de xuño de 1925, como publicación quincenal editada pola editorial do mesmo nome.

[1926]

¹¹⁴ Cfr. “Banquete ofrecido a nuestro director literario”, *Céltiga*, nº 4, Bos Aires, 16 de novembro de 1924.

¹¹⁵ Cfr. Anuncio da Editorial Céltiga, en *Correo de Galicia*, nº 1011, Bos Aires, domingo, 7 de xuño de 1925, ou *El Despertar Gallego*, nº 54, Bos Aires, 21 de xuño de 1925.

Participa nos traballos previos¹¹⁶, realizados por un amplo e entusiasta núcleo de galegos, para fundar unha institución social e cultural denominada “Club Gallego”, que eran preparatorios dunha Asemblea Xeral celebrada o 18 de maio de 1926 no salón de actos do Centro Galego de Bos Aires. De feito, o seu nome aparece na numerosa relación de case un cento de Socios Fundadores, entre os que tamén figura Eduardo Blanco-Amor, da que dá conta *Correo de Galicia* na referida nova.

Unha semana despois o devandito periódico¹¹⁷ recolle a información da Asemblea Xeral do “Club Gallego” e Antón Zapata García figura entre os trece vocales titulares da entidade, nunha primeira directiva que preside José B. Seara e que ten como vicepresidente a Eduardo Parada. Nunha posterior Xunta Directiva¹¹⁸ procédese á distribución de novos cargos, sendo nomeado como secretario xeral Pedro F. García e como prosecretario xeral o noso poeta, ademais de elixirse tesoureriro, protesooureiro, secreatrio de actas e vocais.

[1927]

Porén, na asemblea anual de 1927 Antón Zapata García xa non aparece entre os membros da xunta directiva, polo que debeu afastarse da organización, en desacordo coa súa liña de actuación.

En xaneiro de 1927 Antón Zapata García é un dos máis de sesenta galegos na Arxentina que contribúen, por iniciativa do secretario xeral da Federación de Sociedades Gallegas¹¹⁹, Pedro Campos Couceiro, a pagar unha multa de cincocentas pesetas que unha resolución do Directorio de Primo de Rivera impuxera a Antón Villar Ponte por un artigo

¹¹⁶ Cfr. “Club Gallego”, *Correo de Galicia*, nº 1060, Bos Aires, domingo, 16 de maio de 1926.

¹¹⁷ Cfr. “Club Gallego”, *Correo de Galicia*, nº 1061, Bos Aires, domingo, 23 de maio de 1926.

¹¹⁸ Cfr. “Club Gallego”, *Correo de Galicia*, nº 1063, Bos Aires, domingo, 6 de xuño de 1926.

que este publicara na Habana criticando o réxime que usurpaba o poder democrático en España. Ademais do noso poeta, tamén figuran entre os doantes Antón Alonso Ríos¹²⁰, Ramón Suárez Picallo, Julio Sigüenza, Ramiro Isla Couto e moitos outros.

Testemuño de que na altura frecuentaba a amizade do escritor Julio Sigüenza¹²¹ é o feito de que este lle dedica o poema “El emigrante que volvió sin luz” [Cfr. **III.5.1.**] desta maneira: «Para Antonio Zapata García, gran poeta y gran amigo». Alén diso, pódese observar que Zapata colaborou en todas as publicacións nas que traballou Sigüenza¹²².

No poema de homenaxe **¿Qué queredes?**, lido na despedida de Manuel Teijeira Hernández, consocio da ABC de Corcubión que retornaba, publicado en abril na revista da entidade¹²³, hai unha mención explícita a que as cousas non marchan ben na economía arxentina, nomeadamente no comercio, sector no que Zapata desenvolvía a súa actividade:

¿Que o comercio n-está forte?;

¿que non se vende xa nada,

e as cousas están que tollen

senón c-o frío, que é outono,

mais sí c-os feros calores?...

¹¹⁹ Cfr. “Antón Villar Ponte fué multado en 500 pesetas por escribir. Un grupo de federados giró telegráficamente el importe de la multa”, *El Despertar Gallego*, nº 90, Bos Aires, 16 de xaneiro de 1927, e “Homenaje a Antonio Villar Ponte”, *El Despertar Gallego*, nº 91, Bos Aires, 23 de xaneiro de 1927.

¹²⁰ Alonso Ríos. Cfr. Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

¹²¹ Esta amizade debeu truncarse cando Sigüenza se fai franquista. A este respecto, cfr. “Un importante escritor galeguista gaba a Franco: Julio Sigüenza”, Alonso Montero [1997: 45-48]. De feito, Antón Zapata García escribe: «Referente a las hienas que toda carroña les viene bien para sus nefandas apetencias —los Sánchez (a “Vaseliña”), los Sigüenza (a “La Ruta Aventurera”), los Sáenz Hayes, etc.— nada más subalterno puede darse: seguirán olisqueando las posibilidades de ser cabellos en la Cabeza de Aquiles de marras, porque, aunque sólo son pelusas, la aspiración ambiciosa y el deseo de figurar son tan enormes en ellos, como aquellos del Sapo de la fábula que quería ser Buey Corneta o algo parecido; aunque fuera pequeño, embolado, blanco y negro, como el buey Apis de los egipcios... », *España Republicana*, Bos Aires, 1 de xullo de 1937.

¹²² «Na capital arxentina traballa en *La Razón*, *Airiños*, *Almanaque Gallego*, *El Despertar Gallego*, *El Herald Gallego*, *Orzán*, *Airiños do Carballiño*, en Galicia (onde dedica “Diez comentarios a Eduardo Pondal”, e será director da revista *Céltiga* (1926-1930). A súa estancia na cidade bonaerense é aproximadamente de dez meses, parece ser que o ambiente literario que se respira nela non é do seu agrado.

[1928]

Antón Zapata García é presentado por Desiderio Teijeira como novo socio da Asociación Benéfica y Cultural del Partido de Corcubión, xa que para obter a alta era requisito indispensable que un asociado da entidade avalase a solicitude. O noso poeta entra así nunha entidade na que vai traballar arreo ata o momento da súa expulsión, que se produce a finais de 1934 e da que falaremos con posterioridade. Unha das súas primeiras actuacións na ABC vai ser integrarse na Comisión de Fiestas que organiza o Festival Artístico anual, ocupando a vicepresidencia da mesma.

O domingo 8 de xaneiro de 1928 participa no xantar de camaradaxe e fraternidade que organiza a revista *Céltiga*¹²⁴, con motivo de entrar no quinto ano de existencia. No acto, logo do menú e da interpretación do Himno Galego, “escuchado de pie, y coreadas sus estrofas por los concurrentes”, interveu en primeiro lugar Eduardo Blanco-Amor en nome da dirección da revista, pronunciando un discurso en galego no que estableceu unha cronoloxía do desenvolvemento do ideario e das organizacións galeguistas, para rematar amosando a súa fe na mocidade galega. A seguir tamén realizaron senllas intervencións, en termos moi semellantes, Ramón Suárez Picallo e José R. Lence, director do *Correo de Galicia*. E despois das palabras de salutación que dirixiron aos asitentes os representantes das comunidades galegas de Montevideo e de Avellaneda, principiou un recital poético no que Eliseo Pulpeiro leu o soneto intitulado “Muiñeira” e o noso poeta deu lectura ao texto da súa autoría “Un Heroi”¹²⁵, como preámbulo a un recital de cancións interpretadas por Blanco-Amor, acompañado ao piano por Paz Hermo, que “cantó con gusto y emoción,

Seguidamente marcha a Montevideo chamado para desempeñar o cargo de secretario do Centro galego (cargo que ocupou durante cinco anos, a partires de 1927)». Cfr. Beloso [2000: 24-27].

¹²³ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 21, abril de 1927.

¹²⁴ Cfr. “Unha xornada d’irmandade e d’afervorado galeguismo”, *Céltiga*, nº 73, Bos Aires, 10 de xaneiro de 1928, ou “El quinto aniversario de la revista «Céltiga»”, *Correo de Galicia*, nº 1147, Bos Aires, domingo, 15 de xaneiro de 1928.

varias melodías gallegas y una riquísima colección de «alalás». *Céltiga* describe así a intensidade do momento:

Antón Zapata García, o noso outísimo poeta mariñán, recitou unha composición sua chamada “Un herói”, que pol-o seu formidable dramatismo, e a sua insuperabel rexedume conmoveunos a todos.

Un mes despois a propia revista *Céltiga* informa de que os galegos residentes en América están a preparar unha homenaxe a Castelao¹²⁶, por iniciativa do Centro Gallego de Montevideo, e en concreto do seu secretario, o poeta Julio Sigüenza, e do seu presidente, o doutor Constantino Sánchez Mosquera. Finalmente, da súa execución vai encargarse o Centro Gallego de Buenos Aires, coa participación da revista, do *Correo de Galicia*, do Centro Gallego de Avellaneda, da Federación de Sociedades Gallegas e do Círculo Celta. *Céltiga* publica ademais a mensaxe que os “céltigos”¹²⁷, entre os que está Zapata¹²⁸, lle remitiron a Castelao para manifestarlle a condolencia pola perda do seu fillo:

Sr. Don Alfonso Castelao.

Pontevedra

Noso ben querido irmao:

N-istes momentos de durísima proba, nos que somella que a máis requintada e menos merecida fatalidade quer asañarse no seu corazón, os “céltigos” degoran estar con Vde. no seu aspro e xusto door. Decote o artista contóunos ao seu lado. Hoxe, queremos que sexa o home, quen reciba a quentura d-estas liñas, xa que door de home, ben fondo e ben entrañable, ten de ser pra Vde. a morte do seu fillo.

¹²⁵ Cfr. **Un herói**, poema dedicado ao seu tío Manoel Moreira, de Mórdomo, que cortara un dedo da man co obxecto de evitar ser chamado para o servizo militar e, desta maneira, poder soste á súa nai viúva.

¹²⁶ Cfr. “Castelao”, *Céltiga*, nº 75, Bos Aires, 10 de febreiro de 1928.

¹²⁷ A tertulia dos “céltigos” desenvolvíase na cafetería La Armonía, na boanerense Avenida de Mayo, da man de Ramón Suárez Picallo, daquela codirector de *Céltiga*. Ademais de Antón Zapata, asistían regularmente Antón Alonso Ríos, Eduardo Blanco-Amor, Eliseo Pulpeiro, José Ramón Lence, Domingo Rial Seijo e outros. Cfr. Freire Freire [1999: 341].

¹²⁸ Núñez Seixas [1992: 183] sinala que algúns “céltigos” entre os que se atopan Manuel Oliveira, Eliseo Pulpeiro e o propio Zapata van militar ao mesmo tempo na Sociedade d’Arte Pondal, fronte á maioría que se dedicarán a traballar no seo da FSGAyC e no seu semanario *Galicia*.

Coidamos que a mourenza con que tan inorme desgracia ateigou de loito a sua grande alma, deixaríala n-oustante, n-ela un livían recanto de luz, donde pódala aniñar a serenidade suficiente para salvar o futuro. A Terra percisa de todos nós máis que nunca. Vde., mestre d'arte, d'enerxía e de fidelidade, é, para o noso ideal de perfeición da galeguidade, unha meta que temos d'ollar aínda por moito tempo, para apañar azos coa contemplación da súa manífica enteireza e conquistar o inseoño que aínda nos falla para chegar ao seu siñificado integral de heroi da causa galega. Este falar son algo máis que verbas "americanas". No seu arredor cónguense arrestora, os máis fraternos e sinxelos agarimos de todol-os galegos do mundo, e, todos queremos velo xurdir, irto e valente, d'esta mala nube que o acada.

Pel-o tocantes a nós, faltos de verbas por sobros de sentimento, queremos sementar, dend'a emigración, unhas cantas bagoas na tumba do seu filliño e facer chegar a Vde. a máis sentida apreta do noso corazón irmao, as voces do noso alento,e, por demáis está decilo, do noso incondicional ofercimento para todo canto sexa perciso.

Seus e da Terra

E. BLANCO AMOR.- R. SUAREZ PICALLO.- ELISEO PULPEIRO.- A. ZAPATA GARCIA.- D. RIAL SEIJO¹²⁹.

A implicación de Zapata no grupo dos "céltigos" concrétese cando se lle dá publicidade á fundación da denominada "Peña Céltiga", que vai ter como obxectivo principal formar "un núcleo intelectual por definición, encargado de la fijación y propaganda de todo cuanto se refiere a ideología, valores y conocimiento hondo, pleno, integral, de la tierra gallega en la Argentina"¹³⁰.

Outra boa proba da afectuosa relación de amizade que nestas datas matíña con Eduardo Blanco-Amor é o feito de que o vate ourensán publica o poema "Toda humilde

¹²⁹ Vázquez Souza [2003: 238] sinala en Nota a rodapé: «Domingo Rial Seijo, republicano galego de pasado rexionalista, que, en 1924, refundará xunto con Blanco Amor, Ramón Peña e Picallo a revista *Céltiga*».

¹³⁰ Fragmento do manifesto fundacional, que asinan Eduardo Blanco-Amor, Eliseo Pulpeiro, Antón Zapata García, Ramón Suárez Picallo, Egidio Paz Hermo, Lorenzo Garrido, Francisco Regueira, Ramiro Isla Couto, Manuel Ponte, Manuel Campos Couceiro, Miguel Revestido, Manuel Oliveira, Domingo Rial Seijo, Pedro Campos Couceiro, Alejandro Pulpeiro, Emilio Estévez, Rodríguez Sabio, Américo Lozano, Gumersindo

beleza” na revista *Céltiga*¹³¹, coa seguinte dedicatoria: «Para Antón Zapata García, gran poeta».

Uns días antes, o noso poeta acode cunha delegación galega a Montevideo¹³², da que tamén forma parte Blanco-Amor, para participar nunha serie de actos culturais, nos que recita tres dos seus poemas mariñeiros. O xornal uruguaio *La Razón*, ao tempo que publica unha versión castelá do seu poema **Alando a traña**, dedícalle unha xenerosa presentación, que salienta a compoñente mariñeira dos seus versos e que principia deste xeito:

Zapata García estuvo entre nosotros la semana pasada, integrando la delegación de intelectuales gallegos que tomó parte en algunos actos culturales.

Como dijimos en oportunidad, su visita era esperada con interés por cuantos de un tiempo atrás vienen admirando su obra poética, vitalmente “enxebre”, plena de un sentido ciclópeo y de un sabor osiánico que, —puede decirse sin temor a rectificaciones,— ha iniciado una de las verdaderas rutas por las que debe encauzarse la poesía vernácula, “y cuyo paralelo no existe aún en la castellana”.

Neste mesmo ano, a revista *Céltiga*¹³³ publica unha semblanza biobibliográfica do poeta Manuel Caamaño Devesa¹³⁴, soterrado o domingo 13 de maio no cemiterio do Cerro (Montevideo), logo de falecer de forma trágica.

Vázquez, Avelino Díaz, José Peña, Camilo Rodeiro, Vicente Tolosa e Ramón Pulpeiro. Cfr. “Peña Céltiga. Unha idea excelente”, *Correo de Galicia*, nº 1159, Bos Aires, 8 de abril de 1928.

¹³¹ Cfr. *Céltiga*, nº 80, Bos Aires, domingo, 25 de abril de 1928. O poema ampliado e corrixido publicouse pouco despois no libro *Romances gallegos* [Buenos Aires: 1938], porén desapareceu a dedicatoria a Antón Zapata García, senso substituída por estoutra: «Á memoria do Amado Carballo, poeta».

¹³² «Los vínculos entre nacionalistas gallegos en ambas capitales platenses alcanzaron entonces un vigor especial: en marzo de 1928 una delegación de los nucleados en torno de *Céltiga* (Eduardo Blanco Amor, Ramón Suárez Picallo, Antón Zapata, Domingo Rial Seijo) visitó Montevideo, desplegando una acción propagandística de signo nacionalista, que fue calificada por algunos como expresión de “proselitismo separatista”». Cfr. Zubillaga [2001: 211].

¹³³ Cfr. “El homenaje de la «Peña Céltiga» al poeta Caamaño”, *Céltiga*, nº 82, Bos Aires, 25 de maio de 1928.

¹³⁴ «Manuel Caamaño Devesa (Laxe, 1879 – Montevideo, 1928). Non temos moitos datos deste poeta emigrado na Arxentina e Uruguai. Álvaro de las Casas incluíuno na súa *Antología de poetas gallegos* (1939), ofrecéndonos uns breves trazos biográficos, polos cales sabemos que foi mariñeiro e pesador de carbón no porto bonaerense, e que chegou a publicar un libríño. Aparecen poemas seus en varias publicacións periódicas, tales como *La Voz de Galicia* (de Bos Aires, *Alborada*, *El Despertar Gallego* ou *Céltiga*. Nesta última temos noticia da súa morte, e que os compoñentes da ‘Peña Céltiga’ tributaranlle unha homenaxe,

Cuanto sabemos de su vida, es por intermedio de Zapata García, su íntimo amigo y hermano en espíritu. El mismo Zapata nos ha proporcionado una serie de composiciones —publicadas e inéditas— de Caamaño, en las que si no se ve la labor de un genio, por lo menos resalta la expresión de un temperamento fuerte que a veces —y no pocas, por cierto— alcanza un hondo sentido emocional, tan propio de los poetas que teniendo mucho corazón, buscan en el dolor la cantera de su arte. (...)

Así pois, Antón Zapata García é quen dá a coñecer a nova á colonia galega na Arxentina, dado que os unía unha forte amizade por razóns de orixe, xa que aquel tamén nacera na localidade de Laxe, emigrando novo a terras uruguaias. É moi posible que esta nova lutuosa fose coñecida por Zapata durante a viaxe que nese mes de maio realizou, en compañía doutros “céltigos”, a Montevideo¹³⁵.

O 17 de decembro de 1928 a Sociedade d’Arte Pondal organiza un “Gran Mitin”¹³⁶ para conmemorar o 445 aniversario da morte do Mariscal Pardo de Cela¹³⁷, “derradeiro defensor da independencia da nosa Terra”. O programa consta dunha parte poético-musical e outra política. Na primeira represéntase o prólogo do drama *O Mariscal*, con música de Paz Hermo, e antes de que o Himno Galego sexa interpretado por un coro da entidade, Antón Zapata García recita a composición “Gloria a Galiza ceibe”:

O culto poeta das mariñas, o irman A. Zapata García, dirá o seu canto, “Gloria a Galiza ceibe”, qu-é un verdadeiro hino da Terra nosa.

acompañados polo tamén laxense Zapata García. Do libro que nos refire De las Casas, e do que tamén falará Francisco Lanza, só coñecémo-lo seu título». *Cfr.* Rei Lema [2000: 8].

¹³⁵ Pérez Leira [1999: 53-54] relata que Blanco-Amor e Suárez Picallo foron convidados polo Centro Galego de Montevideo para participaren no Terceiro Curso de Conferencias sobre Problemas Iberoamericanos, que tivo lugar o 27 de maio en Montevideo, e que estiveron acompañados por unha delegación dos “céltigos” de Bos Aires, integrada por Manuel Oliveira, Domingo Rial Seijo e o propio Zapata García.

¹³⁶ *Cfr.* “A la memoria del mariscal Pardo de Cela. Acto cívico de homenaje”, *Correo de Galicia*, nº 1194, Bos Aires, 9 de decembro de 1928; “Pardo de Cela. A Sociedade d’Arte «Pondal» conmemora o 445º aniversario do mártir de Galicia. Importante acto público”, *Céltiga*, nº 95, Bos Aires, 10 de decembro de 1928, e “Sociedad D’Arte Pondal”, *El Despertar Gallego*, nº 137, Bos Aires, 15 de decembro de 1928.

¹³⁷ Pardo de Cela. *Cfr.* Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]**.

Na parte política interveñen o daquela presidente da Pوندال, Vicente Barros, sobre a “Sinificación do acto”, Sebastián Guerrero co discurso “Galicia frente al concierto universal de las Naciones”, Antón Alonso Ríos¹³⁸ disertando arredor da “Acción social de los emigrados gallegos”, Lino Pérez falando sobre “Os problemas galegos” e, finalmente, Ramón Suárez Picallo co discurso “Vida e morte do Mariscal Pardo de Cela”.

Curiosamente, en *El Despertar Gallego*, voceiro da Federación de Sociedades Gallegas, debaixo da nova da convocatoria da Sociedade d’Arte Pوندال, publica un breve e durísimo artigo de censura do acto co epígrafe “El mitin de los separatistas gallegos”:

Para mañana lunes preparan los nacionalistas gallegos un mitin en el local del Orfeón Español en homenaje al Mariscal Pardo de Cela, quien hace ahora 445 años murió por la defensa de la independencia de Galicia, ejecutado por los Reyes Católicos que hicieron la unidad española.

Puesto que somos partidarios de una España Federal, ni estamos conformes con el régimen implantado por los Reyes Católicos que rige aún agravado en España, ni comulgamos con nuestros separatistas, que no pasan de ser cuatro líricos y algún que otro falso apóstol que se les acopló.

Ese nacionalismo que quiere desenterrar las cosas de la época feudal, ni lo siente el pueblo de Galicia ni tiene eco aquí en Buenos Aires.

Lo que sí lamentamos de veras es que un hombre como Antonio Alonso Ríos, que fué uno de los fundadores de esta Federación, y que al frente de la misma luchó varios años, esté ahora plegado a esos elementos, que en otros tiempos lo combatieron y calumniaron, y que se codee con los separatistas de Maciá y con los vascos de San Ignacio de Loyola.

¡Alonso Ríos, ayer socialista revolucionario y hoy del brazo del separatismo y devotos de Loyola! Cómo cambian los tiempos y los hombres!

En cuanto a los demás, tanto los que sienten esa doctrina como los falsos apóstoles, están en su papel.

¹³⁸ Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos**. Antón Alonso Ríos [113].

Porén, un mes despois, cando o mesmo periódico realiza unha crónica do seu desenvolvemento¹³⁹, dedicándolle un xeneroso espazo na súa segunda páxina, os termos cambian radicalmente e podemos ler ilustrativos parágrafos como os que seguen:

Galicia tuvo en ese mitin una exposición clara de todos sus valores, un reflejo acertado de sus sentimientos, un fulguroso destello de su renacimiento contemporáneo.

Cada soldado estuvo en su puesto de honor a cumplir la misión comprometida.

Por lo que toca al público —a pesar de la fecha, en lunes, y de temperatura africana— llenó por completo la espaciosa sala de la calle Piedras, siendo muy grato consignar que primaban las familias de los militantes más significados y más activos de nuestra Federación y que los palcos ocupados por lo más granado del mundo femenino y joven de nuestra colonia, semejaban ramilletes de rojas guirnaldas que ponían en el ambiente una nota de extraño simbolismo, especie de ilusión y de tierna promesa para el porvenir del encadenado país gallego.

ou como as laudatorias palabras que poñen remate á narración da programación da Pondal:

Actos de esta índole honran a sus organizadores, exaltan el espíritu galleguista de la concurrencia, cobran prestigio para la colonia gallega y tienden a destruir la negra leyenda que pesa sobre Galicia y a borrar el estigma que desde luengos siglos tren [sic] sobre sí los gallegos.

Na pormenorizada descrición dos actos programados, a redacción de *El Despertar Gallego* tamén vai ter palabras gabanciosas para a intervención realizada polo noso poeta, amosando unha vez máis a consideración que o seu estro tiña entre a colectividade galega:

3º. Grorea a Galiza Ceibe — El señor A. Zapata García, el poeta gallego de las mariñas, recitó, henchido de emoción, ese poema de que es autor, premiando el público su labor con una salva de nutridos aplausos.

¹³⁹ Cfr. “Rememoración del 445º aniversario del asesinato de Pedro Pardo de Cela. La Sociedad D’Arte «Pondal» realizó un acto de proporciones extraordinarias”, *El Despertar Gallego*, nº 139, Bos Aires, 23 de xaneiro de 1929.

Outra longa crónica, de dúas páxinas, sobre o desenvolvemento deste acto pódese ler en *Céltiga*¹⁴⁰, que menciona a intervención do noso poeta logo de detallar como foi a representación do prólogo de *O Mariscal*:

Pero no bastaba esa exquisita nota de arte; precisaban los organizadores del acto demostrarnos su gusto refinado con un detalle que por sí solo los pinta. Era de rigor el recitado de una poesía. Nuestros poetas consagrados parecerían ser los escogidos, y sin embargo, de tener poetas y recitadores de tan reconocidos méritos, nuestro compañero A. Zapata García, el inspirado cantor de las mariñas, fué el encargado de encender el fervor patriótico en el auditorio. Su ‘Grórea a Galiza Ceibe’ fué dicho con tanta sencillez y tan profunda emoción, con tan viril pujanza, que ni el más grande recitador podría alcanzar semejante efecto.

A última nova que fai referencia a Antón Zapata García durante 1928 é a súa inclusión nunha ampla lista de contribución¹⁴¹ á subscripción promovida por Manuel Casás, ex-alcalde de A Coruña, para erixir un monumento a Rosalía de Castro nos xardíns de Méndez Núñez. Fai esta recadación en terras arxentinas, Joaquín R. Rodríguez, director do *Boletín Oficial. Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito*, revista na que tamén se publicaron colaboracións poéticas de Zapata dous anos antes.

[1929]

A finais de de maio de 1929, unha nova¹⁴² publicada no *Correo de Galicia*, dá conta da iniciativa conxunta de Antón Zapata García, Francisco Regueira¹⁴³ e Manuel

¹⁴⁰ Cfr. “Un gran mitin gallego. La conmemoración de Pardo de Cela por los nacionalistas merece ser considerada de trascendental importancia”, *Céltiga*, nº 96, Bos Aires, 23 de decembro de 1928.

¹⁴¹ Cfr. “El Monumento a Rosalía Castro en La Coruña”, *Boletín Oficial de la Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito*, nº 28, Bos Aires, novembro de 1928, nº30, Bos Aires, xaneiro de 1929 e nº31, Bos Aires, marzo de 1929; “La contribución de los gallegos residentes en América y de sus instituciones para un monumento a Rosalía de Castro”, *Correo de Galicia*, nº 1196, Bos Aires, 23 de decembro de 1928, e “Pro Monumento a Rosalía Castro en La Coruña. Envío de fondos por el Boletín Oficial de la Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito”, *Correo de Galicia*, nº 1210, Bos Aires, 31 de marzo de 1929.

Oliveira, de crearen unha entidade, a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudios Gallegos, seguindo o exemplo da que pouco antes argallaran en Montevideo o poeta Julio Sigüenza, o escritor J. L. Mourenza e o doutor Sánchez Mosquera, que xa remitiran as primeiras mil pesetas para axudar ao SEG e á Academia Gallega. O periódico reproduce a carta de agradecemento do doutor Salvador Cabeza de León, na altura presidente do Seminario de Estudios Gallegos, agradecéndolles a “empresa patriótica” que iniciaran e que lles fixeran saber en carta do 31 de marzo.

No mes de xullo a primeira páxina de *El Despertar Gallego* anuncia a convocatoria de senllos festivais a beneficio do Seminario de Estudios Gallegos¹⁴⁴, unha velada da Unión Estradense e un té danzante organizado pola revista *Céltiga*. Diante desta duplicidade, unha nota da redacción advirte que ninguén está autorizado a usar o nome do Seminario co pretexto de entregarlle “un puñado de pesetas”. A seguir, sinala que a entidade unicamente enviou unha autorización aos señores Oliveira, Regueira e Zapata García para que funden unha sociedade protectora. Como testemuño publican a carta que

¹⁴² Cfr. “Para ayudar al Seminario de Estudios Gallegos. Creación de una entidad cultural”, *Correo de Galicia*, nº 1218, Bos Aires, domingo, 26 de maio de 1929. Vilanova [1966: 1401] sinala erradamente o 15 de maio de 1930 como data de constitución da Institución Cultural Galega, retrasando un ano a súa creación.

¹⁴³ A este respecto, Xosé B. Abaira no artigo “Francisco Regueira, galeguista. Algúns apuntes pra historia do movemento galeguista antre nós”, *Orientación Gallega*, nº 20, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1964, sinala: «O ano 1929, Francisco Regueira tivo a iniciativa de crear unha institución que protexera economicamente ao Seminario de Estudos Gallegos, de Santiago, que tantísima importancia tivera no renacemento da nosa auténtica cultura; pois era unha especie de universidade galega. Comunicóulles a idea a Oliveira e a Zapata García, idea que lles pareceu de enorme importancia. Solicitaron os tres en carta dirixida ao Presidente do Seminario, Cabeza de León, o permiso para fundala, e que estivera baixo da súa fiscalización, dado que moitos “vivillos” poideran explotar o prestixioso nome en beneficio dos seus intereses particulares».

¹⁴⁴ Cfr. “Dos festivales a beneficio del Seminario de Estudios Gallegos”, *El Despertar Gallego*, nº 150, Bos Aires, 7 de xullo de 1929. Cfr. Vázquez Souza [2003: 231], que sinala en Nota a rodapé: «En 1929, Francisco Regueira, Antonio Zapata García e Manuel Oliveira tiveran a iniciativa de crear en Buenos Aires a «Institución Cultural Gallega» coa finalidade, entre outras, de axudar ao SEG. Nesa coxuntura, a revista *Céltiga* entendeu que unha boa actividade recadatoria sería organizar o 28 de xullo unha festa a bordo do trasatlántico General Ossorio, da Hamburg Amerika Linie, que chegaba a Buenos Aires uns días antes. Segundo informaba a propia *Céltiga* [111, 10-VIII-1929]. no artigo «La fiesta a bordo del ‘General Ossorio’», foi un verdadeiro acontecemento social e deixou bons beneficios. Polos organizadores interviñera Suárez Picallo cun discurso sobre a importancia do SEG. Mais, Rial Seijo non acabou de render contas ao SEG e J. R. Lence, director do *Correo de Galicia*, comezou a preguntarse onde estaba ese diñeiro, así como a onde foran os cartos das campañas de *Céltiga* para a adquisición da «Pro casa Rosalía» e mais «Pro libro gallego». Como consecuencia destas sospeitas, Suárez Picallo e Blanco Amor acabarían deixando a revista. Rial acabaría por enviar un cheque por valor de 1.816 ptas. en xuño do ano seguinte».

lles enviara o presidente Salvador Cabeza de León, outorgándolles a representación do Seminario¹⁴⁵. Dado que a agrupación que aqueles fundan, a Institución Cultural Gallega, apoia o acto que organiza a Unión Estradense, intúese que nas anteriores palabras hai unha reprobación da iniciativa emprendida pola revista *Céltiga*.

En calquera caso ambas celebracións son publicitadas por igual na prensa da emigración¹⁴⁶, aínda que obviamente o noso poeta tan só vai ter unha activa participación na primeira delas. No extenso programa anunciador do festival da Unión Estradense, Antón Zapata García aparece presentado como membro da Institución Cultural Gallega e sinálase que a súa intervención vai consistir na declamación dos poemas da súa autoría “Un héroe” [sic], “Mariñeiro Galego” e “Mar roleiro”.

Pouco tempo despois, a comisión provisoria da Institución Cultural Gallega, “entidade de recente creación entre nosotros y que tiene por fin primordial ayudar económicamente al benemérito Seminario de Estudios Gallegos”¹⁴⁷ fai público un manifesto no que reclama o apoio e a adhesión dos galegos “amantes de la cultura vernácula de su tierra” para colaboraren no proxecto. E unhas semanas máis tarde¹⁴⁸, o mesmo medio reproduce unha nova carta do presidente do SEG na que agradece e acusa recibo do envío dun xiro de catrocentas pesetas, efectuado o 10 de agosto, e dálles conta de que a entidade comezará en breve a publicación dunha “Biblioteca de Fuentes para la

¹⁴⁵ Cfr. “Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos”, *El Despertar Gallego*, nº 150, Bos Aires, 7 de xullo de 1929. Núñez Seixas [1992: 178-180] explica con precisión todo o proceso de creación da ICG e a súa polémica cos “céltigos” á hora de disputárense a representación exclusiva do SEG.

¹⁴⁶ Cfr. “Dos fiestas de interés”, *El Despertar Gallego*, nº 151, Bos Aires, 21 de xullo de 1929.

¹⁴⁷ Cfr. “En favor del Seminario de Estudios Gallegos. Un manifiesto de la Institución Cultural Gallega”, *Correo de Galicia*, nº 1226, Bos Aires, domingo, 21 de xullo de 1929.

¹⁴⁸ Cfr. “Institución Cultural Gallega. Una nota del Seminario de Estudios Gallegos”, *Correo de Galicia*, nº 1232, Bos Aires, domingo, 10 de setembro de 1929.

Historia de Galicia”, así como a inminente aparición dun volume con traballos xeográficos, prehistóricos, arqueolóxicos, folclóricos, etc., dedicado ás Terras de Melide¹⁴⁹.

Porén, o loable labor da Institución Cultural Gallega non sempre foi ben comprendido e xerou algunha polémica. Isto explicaría a aparición dunha nota da entidade no *Correo de Galicia* no mes de outubro¹⁵⁰, acompañada da reprodución dunha nova carta do SEG, que desta volta está asinada polo seu novo presidente Jesús Carro García e polo secretario Ramón Martínez López, na que felicitan aos membros da Institución Cultural Gallega polo seu labor e comunícanlles o acordo de “delegar en la entidad que ustedes dirigen la concesión de autorización a fin de obtener recursos a beneficio del Seminario”. E tras dar a coñecer as palabras dos responsables do Seminario, aproveitan a oportunidade para saír ao paso das críticas ou “insinuaciones extemporáneas” que Filgueira Valverde fixera públicas en *Céltiga*, onde sinalaba a pouca significación da entidade para representar dignamente o Seminario. Con toda probabilidade, baixo a acusación de Filgueira latexaba o feito de que os máximos expoñentes da ICG estaban vinculados á Sociedade d’Arte Pondal, e que as opinións políticas deste colectivo colisionaban co seu galeguismo conservador.

A controversia continúa dous meses despois e as páxinas de *Correo de Galicia* así o testemuñan¹⁵¹, cando novamente Antón Zapata García, Francisco Regueira e Manuel Oliveira fan público un escrito de “Aclaraciones sobre el té danzante celebrado por la revista «Céltiga» a beneficio del Seminario de Estudios Gallegos”, no que se polemiza sobre a coincidencia do festival organizado pola devandita publicación e o que eles mesmo

¹⁴⁹ Cabeza de León refírese ao volume *Terra de Melide* que publicaría o SEG en 1933.

¹⁵⁰ Cfr. “Institución Cultural Gallega. El Seminario de Estudios Gallegos confiere a su protectora en esta capital su representación en la Rep. Argentina”, *Correo de Galicia*, nº 1239, Bos Aires, domingo, 20 de outubro de 1929.

¹⁵¹ Cfr. “Solicitada. Institución Cultural Gallega. (Protectora del Seminario de Estudios Gallegos)”, *Correo de Galicia*, nº 1247, Bos Aires, domingo, 15 de decembro de 1929.

xa tiñan previsto o día anterior en colaboración coa “Unión Estradense”. Os asinantes critican a inoportunidade da confluencia, así como o desprezo amosado “tratando de hacernos aparecer como enemigos de no sabemos qué labores de galleguismo altruista”, para posteriormente dar a coñecer a transcripción dun parágrafo doutra carta do SEG na que manifestan que non recibiron ningún xiro coa cantidade recadada no festival de *Céltiga*, malia terse publicado nas súas páxinas que se efectuara o mesmo por un valor de 1816 pesetas. Finalmente, despois da tempestade o mar quedou en calma, pola intervención final de Salvador Cabeza de León, como presidente do Seminario, tal e como se recolle nas páxinas da devandita revista¹⁵².

Entrementres, Antón Zapata García continuaba a ser un importante referente, ata o punto de que a súa participación como poeta era requirida polas sociedades máis dinámicas da colonia galega na Arxentina. Tanto é así, que a Federación de Sociedades Gallegas conta coa súa presenza no significativo programa do festival¹⁵³ co que inauguran oficialmente a nosa sede social en outubro de 1929. Na solemne xornada, que se abre coa interpretación do Himno galego, participan Ramón Suárez Picallo cunhas “Palabras alusivas al acto”, que é a única intervención política, e represéntanse o diálogo en prosa e verso “Macanas nomás” de Fernández Taffall e o monólogo en verso e en galego “Os catro tuneles” da autoría de Avelino Rodríguez Elías, tamén coñecido como “Chuco de Canedo”. Na parte musical son interpretadas alboradas, muiñeiras, foliadas e cantigas e un baile social que pecha os actos, mentres que a poesía está presente a través dun recital do noso poeta e dunha lectura de composicións de Rosalía de Castro na voz de Eduardo Blanco-

¹⁵² Cfr. “El Seminario de Estudios Gallegos y nosotros. Término de una litis”, *Céltiga*, nº 133/134, Bos Aires, 25 de xullo de 1930.

¹⁵³ Cfr. “La nueva casa de nuestra Federación será inaugurada el viernes próximo. En el acto inaugural tomarán parte los más destacados elementos intelectuales y artísticos de la colectividad gallega. Nueva era de actividad y progreso”, *El Despertar Gallego*, nº 156, Bos Aires, 6 de outubro de 1929.

Amor. Nesta oportunidade Antón Zapata García declama os seus poemas “Gaviotas”, “Patacas”, “A renda do mar” e “Un heroi”.

Apenas dúas semanas despois, o 24 de outubro de 1929 realízase unha homenaxe a Fortunato Cruces, con motivo de “haber cumprido seis lustros de existencia”¹⁵⁴ o semanario *Nova Galicia*, aínda que esta apreciación puidera ser errónea xa que fundara e dirixía a publicación desde o 6 de outubro de 1901. En calquera caso, no acto participa de novo Antón Zapata García, desta volta en nome e representación de Antonio Díaz Novo, presidente da ABC de Corcubión e director da súa revista *Alborada*, que se ausentara por mor dunha viaxe inesperada.

Nesta altura, e alomenos desde o mes de xullo¹⁵⁵, Zapata traballaba no local da ABC de Corcubión e, como empregado da entidade, desenvolvía tarefas do máis diverso. Ademais, en agosto exerce como presidente da comisión organizadora do Festival que se celebra todos os anos nesas datas para conmemorar o nacemento da entidade e tamén da súa revista *Alborada*.

O 29 de decembro a ABC de Corcubión celebra a súa asemblea xeral ordinaria¹⁵⁶, na que Antón Zapata García realiza unha intervención para xustificar as razóns que o levaron a aceptar a presidencia da Comisión de Festas, a risco de que non puidese constituírse a tempo para un normal desenvolvemento das diversas tarefas organizativas, pois o anterior presidente causara baixa por enfermidade. A breve polémica suscítase

¹⁵⁴ Cfr. “Homenaje muy merecido”, *Alborada*, nº 52, Bos Aires, novembro de 1929.

¹⁵⁵ Cfr. “Movimiento de caja. Julio de 1929”, *Alborada*, nº 49, Bos Aires, agosto de 1929. No apartado de «Sueldos» sinálase que Zapata recibe 100 pesos, asignación que figura na contabilidade dos meses seguintes. Na información sobre a “Sesión del 4 de Enero” da Xunta Directiva da ABC, publicada en *Alborada*, nº 54, Bos Aires, abril de 1930, faise referencia á ausencia de Antonio Díaz Novo, presidente da ABC de Corcubión e director da súa revista, acordándose a súa ratificación neste último cargo, malia criticarlle un dos asociados “que éste debería haber hecho entrega de cuanto tuviera en su poder, de propiedad de la ABC, a la nueva Junta Directiva; pero, no al empleado, señor A. Zapata García, aunque éste merece la confianza de aquélla”.

¹⁵⁶ Cfr. “Acta de la Asamblea General Ordinaria del 29 de Diciembre de 1929”, *Alborada*, nº 54, Bos Aires, abril de 1930.

porque a nova Comisión debiera ser nomeada pola Xunta Directiva e non o fora, así a todo Zapata é ratificado logo de producirse o necesario debate.

[1930]

En febreiro¹⁵⁷ de 1930 a Xunta Directiva da ABC de Corcubión acepta a renuncia de Antonio Díaz Novo como director de *Alborada*. Aínda que non se nomea substituto, na práctica este labor vai ser desenvolvido por Antón Zapata García¹⁵⁸, xa que neste momento xa era abondo coñecida e recoñecida a súa escrita poética. De feito, un dos acordos tomados polos directivos da entidade na sesión de marzo¹⁵⁹ sinala o protagonismo do noso poeta nunha iniciativa en favor dunha residencia para os estudantes composteláns¹⁶⁰:

Adherirse a la idea de favorecer, mediante algún artículo en ALBORADA, a la Residencia de Estudiantes de Santiago de Compostela, autorizándose para ello al señor Antonio Zapata García.

O 5 de xuño 1930 Antón Zapata García vai ser o protagonista dun dos actos públicos que lle deu máis sona e polo que había de ser recordado durante moito tempo, ata o punto de calquera das súas concisas biografías adoita salientar este episodio. Nesta data pronuncia a conferencia “Eduardo Pondal, Sentimento e Libertá da Terra Galega”, que foi publicada pouco despois e que constitúe un brillante exercicio interpretativo do significado simbólico da obra pondaliana, realizado desde parámetros próximos ao celtismo, que era unha das compoñentes básicas do ideario nacionalista naquela altura. A primeira nova

¹⁵⁷ Cfr. “Sesiones de la Junta Directiva”, *Alborada*, nº 56, Bos Aires, xuño de 1930.

¹⁵⁸ Concordamos plenamente con Núñez Seixas [1992: 193-194] na observación de que a revista *Alborada* desde este momento reflete un achegamento a posicionamentos máis nacionalistas. Esta táctica de “entrismo” nas sociedades foi unha constante dos “pondalianos” para espallar a súa mensaxe e aumentar a súa incidencia.

¹⁵⁹ *Ibidem*.

¹⁶⁰ Analizando o apoio dos emigrantes á cultura galega, Núñez Seixas [1992: 175] sinala sobre esta proposta: «O facho foi entón recollido pola FSGAyC bonaerense, cuxa Xunta Executiva fai unha convocatoria no marzal de 1930 a diversas sociedades galegas de Bós Aires, formándose o 25 dese mes un Comité Pro-Residencia de Estudiantes, presidido por Cao Turnes, e con galeguistas notorios no seu seo como Campos Couceiro, Vicente Barros (membro da SNP) ou Antonio Bóo».

sobre a súa disertación xa se produce varios meses antes, cando *A Fouce*, voceiro da Sociedade Nacionalista Pondal na que militaba, publica en marzo o anuncio da mesma¹⁶¹. Con todo, a información incorre en varias imprecisións, como a de situar o falecemento de Pondal o día 8 de marzo de 1918, cando o óbito foi nese día pero un ano antes, polo que tampouco é atinado sinalar que se trataba de conmemorar o 12º aniversario e no seu lugar debiera indicar décimo terceiro. Polo demais, anuncian que a conferencia se realizará “prousimamente” e adiantan a participación do “querido irmán” Ramón Suárez Picallo na presentación do orador. Finalmente, cando se fai a convocatoria oficial do acto¹⁶² non figura Suárez Picallo, sendo substituído na presentación polo daquela presidente da Pondal, Lamas Barreiro. Entendemos que a indispoñibilidade do primeiro, da que descoñecemos o motivo, debeu ser unha das causas que implicou un certo retraso na celebración da conferencia ata o 5 de xuño¹⁶³, no local do Orfeón Español e completada cun programa musical.

De facermos caso dos datos ofrecidos pola entidade, pois é ben sabido que nas guerras de cifras cada quen tira para a súa casa, o desenvolvemento do acto literario e musical tivo unha extraordinaria acollida, e así nolo explican nas páxinas de *A Fouce*¹⁶⁴:

A noite do 5 de Xunio celebrouse o acto d’homaxe e lembranza do gran poeta de Bergantiños, Eduardo Pondal.

Un salón ateigado de xente, espectante, arelosa, público poucas veces axuntado, pol-a sua calidade, po-a sua cantidade, n-un acto, mais que nada literario, que non lle ofrecía ó esparcemento a

¹⁶¹ *Cfr.* “Pondal. Homaxe e conferencia. *Alma, sentimento e libertá da Terra galega*”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 8, Bos Aires, 15 de marzo de 1930.

¹⁶² *Cfr.* “Homaxe público ò sonoro e nobre bardo celta Eduardo Pondal. Conferencia cultural e artística, orgaizada pol-a Sociedade Nacionalista «Pondal»”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 13, Bos Aires, 1 de xuño de 1930.

¹⁶³ Nos citados textos que envía a Filgueira Valverde [*Cfr. supra*] sinala no apartado «Bibliografía»: «Eduardo Pondal: *Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega*». (Conferencia dada por mín o 5 de Xuño de 1930). Edición de un milleiro de eixempres, de 32 páxinas, 17x11. Pedemonte editor, Bôs Ars.

¹⁶⁴ *Cfr.* “Cultura e Patriotismo”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 14, Bos Aires, 15 de xuño de 1930.

que o teñen acostumado total-as entidades outra cousa que a curtedade d'unhas cantigas enxebres e saudosas.

Somentes a *Sociedade Nacionalista "Pondal"*, somentes unha agrupación de tan rexo contido cultural, de tan forte e outo senso patriótico, podía en tal forma presentar a un poeta tan representativo e da nosa colectividá tan iñorado; aínda pros que se teñen por periodistas e mentores a cousa resultaría pesada por tratarse d'algo íntimo e fundamente galego. Non embargantes, d'aquela conferencia orgaizada fai tres ou catro anos pol-a Federación de Sociedades Galegas —mais de cuarenta sociedades— en col de Pondal e pronunciada por J. Sigüenza diante d'un púbrico escaso de dez persoas, a ésta, que dixo A. Zapata García, con un auditorio que pasaba das oitocentas, n-un fervoroso enmarcamento de simpatía e d'amor á Terra, hai toda a diferenza que caruteriza ós nacionalistas de todol-os outros: un criterio de valoración e unha consciencia cultural e patriótica. (...)

No mesmo número da publicación e a carón desta nova publícase o comentario político "A ORGA. Unha xuntanza intresante", na que os nacionalistas da Pondal acusan a Suárez Picallo, Blanco Amor e Alonso Ríos¹⁶⁵ de que "amostran sempre teren un nacionalismo ocasional e ceibe de toda responsabilidade ideolóxica". Polo tanto, esa incomparencia no acto de Suárez Picallo ben puidera atribuírselle ás liortas intestinas do nacionalismo galego na Arxentina, nas que os pondalianos ocupaban unha posición sobexo crítica e minoritaria.

Este número de *A Fouce* é tamen abondo esclarecedor do compromiso organizativo que o noso poeta tiña coa Pondal. De lermos con atención as novas sobre a derradeira asemblea da agrupación¹⁶⁶ atopamos que Antón Zapata García é un dos vinteseite "irmáns" que asisten, aínda que non é elixido para ningún cargo da dirección, nin das comisións, e tampouco para integrarse na redacción da revista, como sería de agardar pola notoriedade do seu oficio poético.

¹⁶⁵ Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

Ora ben, nesta altura o poeta continúa o seu labor na Institución Cultural Galega, como logo detallaremos, e exerce interinamente a dirección da revista *Alborada* da ABC do Partido de Corcubión, en ausencia de Antonio Díaz Novo, e a tarefa implicaba redactar boa parte das páxinas dunha publicación que daquela era bimensual. É de supoñer que esta angueira era suficiente óbice para que o poeta non se embarcase noutra cousa. Ademais, neste ano tamén se integra no “Comité Homenaje a D. José Agra Regueiro”¹⁶⁷, constituído para honrar a memoria dun mestre de Baio (Zas-A Coruña) coa colocación dun monumento en granito na devandita vila. A participación do noso poeta, que non era oriúndo de Baio nin coñecera a persoa homenaxeada, pode ser explicada pola presenza do seu amigo, e tamén poeta, José Collazo Martínez como secretario deste Comité.

Ao mesmo tempo participa activamente na actividade societaria da ABC, como demostra a súa presenza entre os membros da “Comisión de Señores” encargada de organizar o festival artístico-danzante¹⁶⁸ da entidade en marzo de 1932. É ben probable que o noso poeta fose o responsable de que unha das actividades programadas sexa a posta en escena dunha comedia, nun acto e dous cadros, baseada na novela *O novo xuez* do escritor muxián Gonzalo López Abente.

Así mesmo, figura como “agregado” nunha Subcomisión da ABC encargada de entrevistarse cos presidentes doutras sociedades co obxecto de recoller información sobre as condicións en que conseguiron construír escolas. Convén lembrar que meses antes a entidade mantivera un duro enfrontamento coa Sociedade Cultural y Agraria Distrito de

¹⁶⁶ Cfr. “Sociedade Nacionalista «Pondal». Unha Asamblea que honra ós galeguistas emigrados”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 14, Bos Aires, 15 de xuño de 1930, e “Asamblea da Sociedade Nacionalista «Pondal»”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 16, Bos Aires, 25 de xullo de 1930.

¹⁶⁷ Cfr. “Comité Homenaje a D. José Agra Regueiro”, *Alborada*, nº 57, Bos Aires, agosto-setembro de 1930; *Alborada*, nº 59, Bos Aires, decembro de 1930 ou *Alborada*, nº 69, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1932.

¹⁶⁸ Cfr. “Sesiones de la Junta Directiva”, *Alborada*, nº 63, Bos Aires, abril de 1931, e “Grandioso Festival Artístico-Danzante”, *Alborada*, nº 70, Bos Aires, marzo-abril de 1932.

Mugía cando os primeiros deciden construír unha das súas catro escolas en Muxía¹⁶⁹, acedándose a polémica ao seren acusados pola redacción do *Boletín* da SCAD de seren propagandistas dos seus intereses coa intención de lles restar adherentes.

A finais de ano vai ver a luz o primeiro texto en importancia sobre a obra de Zapata, un artigo que publica Ramón Otero Pedrayo nas páxinas do xornal vigués *El Pueblo Gallego* (reproducido meses máis tarde na revista *Alborada*, da ABC de Corcubión en Bos Aires)¹⁷⁰. Na súa sección “Prosas galegas” o polígrafo ourensán escribe o artigo «Un poema de A. Zapata García» [Cfr. I.3.2.3. A recepción e III.5.3. Artigo de Ramón Otero Pedrayo], no que se amosa entusiasmado pola composición **A Gaita [4]**¹⁷¹, que se viña de publicar na revista *La Temporada de Mondariz* e que merecera unha mención especial no Certame organizado polo Centro Gallego de Montevideo. Admiración que Otero Pedrayo rememora tamén no prólogo escrito para *A Roseira da Soidade*.

Do poeta meu amigo desque fai ben anadas aquí seu poema xeneroso e forte, inzado da polifonía severa das froumas e dos étnicos ecoares fói pra mín o desvelamento de un vate de bárdico metal e lira.

En decembro de 1930¹⁷² a revista *Alborada* dá conta do falecemento en Bos Aires, aos 92 anos de idade, de Elena García Moreira, irmá da nai do poeta.

[1931]

O domingo 11 xaneiro de 1931 a Sociedade Nacionalista Pondal celebra un xantar para festexar o aniversario¹⁷³ da saída do seu periódico *A Fouce*. Manuel Oliveira,

¹⁶⁹ Cfr. “O enfrontamento fraticida entre as sociedades de Muxía e Corcubión” en Villar [1998: 41-42].

¹⁷⁰ Cfr. *El Pueblo Gallego*, nº 2035, Vigo, 11 de outubro de 1930. Reproducido por *Alborada*, nº 64, Bos Aires, xuño de 1931. Compilado por Aurora Marco en Otero [1988: 83-84].

¹⁷¹ Cfr. *La Temporada en Mondariz*, nº 5, 6 de xullo de 1930. *A Nosa Terra*, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 277, 1º de novembro de 1930. *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 64, xuño de 1931

“cabezoleiro” da Pondal, toma a palabra para ler un discurso concienciador sobre o labor que fan os “verdadeiros nazionalistas”, enxalzando o papel que o voceiro xoga á hora de transmitir a mensaxe do galeguismo arredista. A crónica periodística continúa describindo o desenvolvemento do acto:

Logo o rexo poeta, irmán Zapata García, recitou “Mariñeiro galego” e “Un heroi”, dúas poesías suas que foron longamente apraudidas, igoal c’o discurso do irmán Oliveira.

No mes de febreiro chega a Bos Aires o coro ourensán “De Ruada”¹⁷⁴, dirixido por Daniel González, e que tiña como director escénico a Camilo Díaz Baliño¹⁷⁵ e como representante a Salvador García Bodaño, acompañados dun amplo elenco e que interpretaba un repertorio de cantos populares, música polifónica, canción escenificada, dúo de gaitas, zanfonas, monólogos e contos e obras de teatro. Foi un acontecemento espectacular, de moita repercusión mediática e que tivo unha enorme trascendencia na colectividade galega¹⁷⁶, recibindo continuos agasallos de diferentes entidades societarias, polo que resulta meritorio que Antón Zapata García sexa o encargado de escribir un poema para a súa benvida, **Loubanza hirmandiña**¹⁷⁷.

¹⁷² Cfr. *Alborada*, nº 59, Bos Aires, decembro de 1930.

¹⁷³ En realidade, estaban a festexar o primeiro aniversario da 2ª Xeira desta publicación, que nacera en 1926 e que reaparecera en xaneiro de 1930. Cfr. “Sociedade Nazionalista Pondal. Primeiro aniversario do preódico «A Fouce»”, *Correo de Galicia*, nº 1306, Bos Aires, 1 de febreiro de 1931.

¹⁷⁴ Cfr. “El elenco y repertorio del coro ourensano «De Ruada». Iniciaré su actuación el 1º de abril en el Teatro Avenida”, *Correo de Galicia*, nº 1309, Bos Aires, 22 de febreiro de 1931. Cfr. Núñez Búa [2000: 62]: «No ano 1931, o coro ourensán “De Ruada” estivo en Bos Aires, onde a súa actuación foi xustamente loada. O seu director, Daniel González, que na súa mocidade tiña sido emigrante na Arxentina, advertíralle ós coristas do significado de certas verbas, moi diferente algún ó que se lle axiña na península: papa, escupideiro, churro, coger, guapa, recado, concha...».

¹⁷⁵ Cfr. Carballo-Calero Ramos, María Victoria [1994: 13-22] “Camilo Díaz Baliño y la Coral «de Ruada»”. Díaz Baliño. Cfr. Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

¹⁷⁶ Cfr. “El coro «De Ruada» se encuentra en esta capital rodeado del cariño de todos los gallegos”, *Correo de Galicia*, nº 1314, Bos Aires, 29 de marzo de 1931, e “El coro «De Ruada» ha sido fervorosamente acogido por el público y la crítica de Buenos Aires. Una velada inolvidable de arte y de emoción gallega, fue la de su debut”, *Correo de Galicia*, nº 1315, Bos Aires, 5 de abril de 1931.

¹⁷⁷ Non se localizou este programa, mais o poema figura entre os que Zapata enviou en 1936 para unha inédita *Escolma da Lírica Galega*, que preparaba Filgueira Valverde por encargo do SEG. Foi recuperado por Ana Acuña Trabazo e Xesús Alonso Montero, que nos cederon xenerosamente unha reprodución.

Tamén no mes de febreiro volvemos ter cumprida información sobre a Institución Cultural Gallega, a través dunha circular, publicada nos dous xornais máis representativos da colectividade¹⁷⁸, asinada toda a directiva da entidade, composta por Manuel Campos Couceiro, presidente, Francisco Regueira, vicepresidente, Manuel Oliveira, secretario, Camilo Cantón, prosecretario, Antón Zapata García, tesoureiro, Emilio Estévez, protesoureiro e vocais Lino Pérez, Benito Barbeito e Ramiro Isla Couto. De compararmos esta relación coa de asistentes á asemblea da Pondal, poderemos observar que estaba “tomada” pois o sesenta por cento do seu cadro directivo pertencía á agrupación arredista. O escrito feito público pola Institución Cultural Gallega lembra o seu traballo a prol do Seminario de Estudos Gallegos, dá conta de que teñen un considerable número de asociados (non esquezamos que fora iniciada por tan só tres persoas, Oliveira, Regueira e Zapata), co apoio das sociedades Unión Estradense, Residentes del Municipio de Trazo, Asociación de Meira, Nueva Era de Vilanova, Unión Provincial Orensana e Unión Quiroguesa, para finalmente detallar os recursos económicos enviados ao SEG entre xullo de 1929 e febreiro de 1931, que suman oito xiros e máis de cinco mil pesetas en total, ao que había que engadir a recadación do festival da Unión Estradense e outro máis recente na Unión Provincial Orensana. Cantidades abondo significativas da importancia do labor desta entidade en favor da consolidación do SEG e da realización dos seus proxectos.

Na sesión de marzo¹⁷⁹ da Xunta Directiva da ABC de Corcubión créase unha Subcomisión para estudar o funcionamento das escolas creadas por outras entidades, na que figura Zapata “en carácter de agregado”. Ademais, novamente é designado para formar parte da Comisión de Festas, xunto a outros nove asociados, entre os que está o seu amigo, tamén o poeta, José Collazo Martínez.

¹⁷⁸ Cfr. “Institución Cultural Gallega”, *Correo de Galicia*, nº 1308, Bos Aires, 15 de febreiro de 1931, e “Institución Cultural Gallega”, *Galicia*, nº 194, Bos Aires, 15 de febreiro de 1931.

En setembro, como sinala Núñez Seixas [1992: 220], a ABC de Corcubión (non integrada na FSGAyC) manifesta a súa disconformidade co proxecto de Estatuto de Autonomía aprobado pola Federación Republicana Galega na Coruña. Detrás de actitudes críticas coma esta é evidente que está a man de Zapata, daquela aínda militante nas fileiras arredistas da Pondal. Así o cre Núñez Seixas [1992: 223], quen sinala que a pertenza de Zapata e de Reboredo Vilas, ambos “pondalios” na Comisión de Prensa da ABC de Corcubión, explicaría tanto o maior uso do idioma galego nas páxinas de *Alborada* como o entusiasmo pola asemblea de concellos en Santiago de Compostela, da que xurdiría un proxecto de Estatuto de Autonomía moito máis galeguista. A este respecto, non hai dúbida que a man de Zapata está detrás dunha nova sen asinar, publicada meses despois, na que se dá conta do apoio do concello de Laxe á devandita asemblea¹⁸⁰.

[1932]

Porén, durante 1932 o tensionamento político entre os diferentes sectores da Institución Cultural Gallega rebenta en sucesivos enfrontamentos na prensa da emigración, con acusacións de todo tipo e renuncias varias. As dúas posicións máis antitéticas son a que representan por unha banda os dirixentes da Federación de Sociedades Gallegas, expresada nas páxinas do seu voceiro *Galicia*, e pola outra a que manteñen desde *A Fouce* os membros da Sociedade Nacionalista Pondal, que malia seren dentro da Federación a minoría discordante, aínda así tiñan o control da Institución Cultural, como xa se dixo.

A caixa de Pandora da disputa estoupa cando a Federación principia unha campaña de adhesión á mensaxe pro-autonomista que a entidade enviaría aos deputados galegos

¹⁷⁹ Cfr. “Sesiones de la Junta Directiva”, *Alborada*, nº 63, Bos Aires, maio de 1931.

¹⁸⁰ Cfr. “Patriótica actitud del Ayuntamiento de Laje”, *Alborada*, nº 73, Bos Aires, outubro-novembro-diciembre de 1932.

meses antes e que a Institución Cultural decide non secundar. Esta resolución suscita a reacción dos dirixentes federativos, que van utilizar o seu órgano de expresión para desacreditar todo o labor da entidade protectora do Seminario de Estudos Gallegos, mesmo chegando a dicir que tiñan “demasiado nome para tan minúsculos resultados”¹⁸¹, acusándoa de “caciquismo e incuria” porque transcorreran dous anos sen asemblea xeral ou tratando de desprestixiar a persoa do seu presidente Manuel Campos Couceiro.

Envolta na polémica, e sen a asistencia do presidente que xa presentara a renuncia, a Institución Cultural Gallega celebra o día 15 de maio a súa asemblea xeral¹⁸², na que terá unha activa participación Antón Zapata García. Porén, as acusacións do *Galicia*, que no voceiro da Pondal se cualifican de “insidiosas”, conseguen facer efecto e, logo da elección dunha nova Xunta Directiva, presidida por Benito Barbeito e na que Zapata aparece como vocal, principia un acedo debate no que o noso poeta involucra a dous compañeiros na campaña do periódico da Federación de Sociedades Gallegas:

Zapata García fai unha forte acusación, a que fundamenta nos feitos comprobados que demostran un propósito derrotista en contra da Cultural, e da lectura de varios párrafos feita pol-o periódico “Galicia” da que fai responsabre o director E. Blanco Amor, pedindo pra éste e pra Regueira e L. Pérez a expulsión da entidade. Esa opinión de Zapata e compartida por varios dos presentes na Asamblea.

A proposta suscita un importante debate no que se permite a intervención de Lino Pérez, que nega a súa participación no descreto da Institución Cultural. Manoel Oliveira e outros asociados opinan que non se deben producir expulsións no seo da entidade e tras un prolongado debate Xoaquín Rodríguez propón que Zapata retire a súa proposta, quen acepta facendo constar en acta que o fai a pedimento da asemblea. Desta maneira, aos dous

¹⁸¹ Cfr. “La Cultural Gallega, el señor M. Campos Couceiro y nosotros”, *Galicia*, nº 251, Bos Aires, 20 de marzo de 1932.

¹⁸² Cfr. “Celebró Asamblea a Institución Cultural Gallega”, *A Fouce*, nº 51, Bos Aires, 15 de xuño de 1932.

socios suspendidos tan só se lle impón como medida disciplinaria o pagamento das mensualidade adebedadas. Con respecto a Eduardo Blanco-Amor nada se di, mais é de supoñer que nesa altura xa perdera a súa condición de socio por vontade propia.

No entanto, nese mesmo ano, Antón Zapata García continúa coa súa colaboración nas actividades da ABC do Partido de Corcubión, integrándose en diferentes subcomisións de traballo¹⁸³ e realizando tarefas do máis diverso: propaganda, dirección da revista, administración e outras destinadas a obter melloras para os socios. Nesta altura aínda se lle adoita mencionar como empregado da entidade. A finais de ano asiste á asemblea xeral ordinaria¹⁸⁴, solicitando facer uso da palabra en dúas ocasións. A primeira no quinto punto da orde do día no que se lle propuña á asemblea que a entidade practicase a beneficencia asociándose ao Hospital Español, que o poeta apoia sen reservas fronte á opinión doutros socios máis escépticos. E a segunda para defender a realización dunha homenaxe a Juan Díaz Fernández¹⁸⁵, mestre en Corcubión e representante dos intereses da ABC en España, que xestionou a construción de catro casas-escolas en Estorde (Cee), Suarriba (Fisterra), Nemiña (Muxía) e Pasarela (Vimianzo), financiadas pola entidade.

Durante este ano de 1932 tamén se vai producir a primeira mención pública da muller do poeta, Angela Begoña¹⁸⁶. Unhas das moitas fotografías publicadas por *Alborada*¹⁸⁷, para inmortalizaren instantáneas da enxebre romaría organizada no verán

¹⁸³ Así, en febreiro, Zapata fora nomeado “secretario adscripto” dunha subcomisión encargada de estudar a posible relación de beneficencia co Hospital Español, e en marzo o propio poeta informa das súas xestións. Cfr. “Sesiones de la Junta Directiva”, *Alborada*, nº 71, Bos Aires, xuño-xullo de 1932; *Alborada*, nº 72, Bos Aires, agosto-setembro de 1932 e *Alborada*, nº 73, Bos Aires, outubro-novembro-décembro de 1932.

¹⁸⁴ Cfr. “Acta de la Asamblea General Ordinaria efectuada el 30 de Diciembre de 1932”, *Alborada*, nº 74, Bos Aires, xaneiro-febreiro-marzo de 1933.

¹⁸⁵ Esta resolución vai ser aprobada e nos meses seguintes vaise crear unha subcomisión na que figuran Zapata e outros catro asociados. Cfr. “Un merecido homenaje a Don Juan Díaz Fernández”, *Alborada*, nº 76, Bos Aires, xuño-xullo de 1933.

¹⁸⁶ Adoito nomeada Angela Begoña, o seu nome era Angela Santiago Begoña, pois así aparece no pé da súa foto en *Alborada*, nº 76, Bos Aires, xuño de 1933, onde se nos presenta como secretaria da Comisión de Festas da entidade e como unha excelente pianista. Nuns versos do poema **Túas mans [32]** faise referencia á súa orixe basca, malia non citar a procedencia: «con esa gran vòntá da raza túa / qu-é fraterna da miña».

¹⁸⁷ Cfr. *Alborada*, nº 74, Bos Aires, xaneiro-febreiro-marzo de 1933.

anterior pola ABC de Corcubión, aparece co seguinte pé: «Señoras de Zapata García, Longarte de García, señorita Vidal y niñas de Azcona y García».

[1933]

O día 18 de febreiro de 1933 será a Sociedade Nazonalista Pondal a que leve a cabo a súa asemblea xeral¹⁸⁸ e novamente Antón Zapata García manterá unha actitude polemista, xa que realiza unha primeira intervención moi crítica cos dirixentes saíntes:

Ao considerarse a actuazón da X. D. os irmáns Zapata García e Daniel Nogueira maniféstanse disconformes, consideran pouco extensa a laboura cumprida pol-a S. N. P. durante o ano transcurrido, e critican por elo a X. D. a cual responsabilizan da pouca actividade desenrolada.

Porén, a controversia conclúe coa explicación ofrecida pola directiva:

O irmán Manoel Oliveira contesta en nome da X. D. fai unha reseña da laboura desenrolada, considera inxustas as apreciacións dos irmáns Zapata García e Nogueira e fina afirmando que si a laboura non foi mais extensa non debe facerse responsable a X. D. sinón a todos os membros da S. N. P. que non aportaron o seu concurso a X. D. para facer mais extensa a acción de proselitismo nazonalista, en que está empeñana a S. N. P.

Finalmente, o noso poeta non vai ser elixido para completar a Xunta Directiva, aínda que o seu compañeiro na reprobación, Daniel Nogueira, será nomeado tres días despois novo presidente. Ora ben, xunto a Bieito Fernández, vai ser designado para ambos exerceren como “revisadores de contas” da entidade, o que indica a súa dispoñibilidade a continuar apoiando o labor da Pondal, malia non renunciar ao dereito á crítica.

De feito, a Sociedade Nazonalista Pondal celebra o 25 de xullo, “Día da Galiza”, cun denso programa de actos no que participa o noso poeta¹⁸⁹ e no que se mesturan

¹⁸⁸ Cfr. “Asamblea da Sociedade Nacionalista Pondal”, *A Fouce*, nº 59, Bos Aires, 15 de marzo de 1933.

¹⁸⁹ Cfr. “A Pondal no día de Galiza”, *A Fouce*, nº 62, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

interpretacións musicais, lecturas de poemas e discursos políticos. A sesión ábrese co Himno Galego, con letra de Pondal e música de Veiga, continuando cunhas “Verbas a juventú” pronunciadas polo secretario da SNP, a interpretación do “Negra Sombra” de Rosalía con música de Montes¹⁹⁰, o recitado do “Canto a Galicia” de Alfredo Brañas na voz de Ricardo Flores, o discurso “A nosa Fala” do vicepresidente da entidade, Manoel Lamas, a interpretación do poema de Curros “Os Teus Ollos” con música de Chané, e unha “Loubanza da Lingoa” que realiza Antón Zapata García coa lectura de textos poéticos de Curros, Pondal e Rosalía, para rematar cos “A-la-lás” interpretados por membros do conxunto artístico “Concepción Arenal” e o discurso final do director da revista *A Fouce*, Vicente Barros, que falaría sobre “A Significazón d’Apóstol na Renascenza Galega”.

Tamén neste ano de 1933, malia non estar contemplada pois se fixara con carácter bianual, a Institución Cultural Gallega celebra unha nova asemblea o día 28 de maio¹⁹¹, na que Antón Zapata é unha das cinco persoas propostas para integrarse na directiva. Así é, o día 4 de xuño realízase unha importante renovación de cargos, aínda que Benito Barbeito se mantén como presidente e o noso poeta repite como vocal. A Institución Cultural continuaba a atravesar unha profunda crise como o demostra o feito de que nesas semanas se produzan varias baixas, entre elas as significativas de José B. Abreira e Pedro Campos Couceiro, que eran membros da anterior comisión revisora de contas. Ambos fan pública a súa renuncia a través do voceiro da Federación de Sociedades Gallegas, *Galicia*, sabedores de que a escolla deste medio producía moito dano na institución que abandonaban. Abreira¹⁹² xustifica a súa deserción porque non podía permitir que se ofendera “con verbas fóra de tono” á Federación e que por entender que a Institución Cultural non estaba a levar

¹⁹⁰ Fai referencia á célebre balada “Negra Sombra” con letra do coñecido poema rosaliano, que foi composta por Juan Montes Capón (1840-1899).

¹⁹¹ Cfr. “Institución Cultural Gallega”, *A Fouce*, nº 61, Bos Aires, 1 de xullo de 1933.

¹⁹² Cfr. “O Seminario d’Estudos Galegos, a I. Cultural Gallega i-a nosa Federación”, *Galicia*, nº 316, Bos Aires, 18 de xuño de 1933.

a representación do Seminario “co-a outura que corresponde”. E Pedro Campos Couceiro¹⁹³ argumenta a súa renuncia no mesmo sentido e lembrando a desautorización que a maioría da Institución Cultural fixera do seu apoio á campaña pro-autonomista da Federación, mais no seu caso a gota que fai rebordar o vaso é o desprezo que os dirixentes da entidade van amosar contra unha homenaxe a Manuel Cao Turnes e ao coro “Lembranzas d’Ultreya”, que serán agasallados cun “Xantar de Desagravio Galeguista”.

O 17 de xuño, a ABC de Corcubión celebra un Festival Artístico cun cumpridísimo programa¹⁹⁴ no que o poeta participa coa recitación dos seus textos: “Mareas Vivas”, “Patacas” e “Sementador”, precedido pola “Serenata” de Malat e outras pezas interpretadas ao piano por Angela Santiago Begoña¹⁹⁵, que había ser a súa dona. Ademais da interpretación do himno galego, de alalás de Bergantiños e de Corcubión, de muiñeiras, da participación da orquestra “Los Cardales” e do coro “Os Rumorosos”, entre outras actividades, figura tamén unha conferencia sobre a comarca corcubionesa a cargo de Urbano Hermida, que é presentado como destacado membro da Sociedade Nacionalista Pondal e da Institución Cultural Gallega. Este feito permite confirmar dúas cousas: por unha banda, que a man de Zapata é moi visible na organización dos festivais da ABC, e, pola outra, que o poeta non desaproveita ocasión para espallar o ideario dos “pondalianos”, malia as controversias citadas anteriormente.

¹⁹³ Cfr. “Unha carta”, *Galicia*, nº 319, Bos Aires, 9 de xullo de 1933.

¹⁹⁴ Cfr. “Programa del festival”, *Alborada*, nº 75, Bos Aires, abril-maio de 1933, e “Una gran fiesta e igual éxito”, *Alborada*, nº 76, Bos Aires, xuño-xullo de 1933. Neste último número aparece a crónica posterior ao festival, que debeu ser redactada polo propio Zapata, o que explicaría que non mencione a súa intervención. Polo seu interese collelmos as palabras sobre a intervención da súa dona: «La señorita Angela Santiago Begoña —activísima secretaria de la Comisión de Fiestas—, ejecutó, con eficiente dominio del teclado, el poema sinfónico “Asturias”, del eminente músico Albéniz, ejecución que le ha valido una nutrida salva de aplausos».

¹⁹⁵ Cfr. *Alborada*, nº 76, Bos Aires, xuño-xullo de 1933, que reproduce unha fotografía co seguinte pé: «Srta. Angela Santiago Begoña, que ejecutó al piano el poema sinfónico “Asturias”, con verdadera maestría». No artigo engade «La señorita Angela Santiago Begoña —activísima secretaria de la Comisión de Fiestas—, ejecutó, con eficiente dominio del teclado, el poema sinfónico “Asturias”, del eminente músico Albéniz, ejecución que le ha valido una nutrida salva de aplausos».

O seu activismo na Pondal vai parello e, de feito, participa na conmemoración do Día de Galicia¹⁹⁶ que organiza a devandita agrupación nacionalista o domingo 23 de xullo a través dun programa radiofónico dirixido á emigración galega na denominada Radio Patria e que foi emitido entre as 19 e as 20 horas. A emisión ábrese co Himno galego e coas «Verbas a juventú» do Secretario da Pondal. O poeta fai a súa intervención en sétimo lugar e así se recolle o contido: «“Loubanza da Língua”, relazón poética de Curros, Pondal e Rosalía, pol’o poeta irmán A. Zapata García». Ricardo Flores, recitando a Brañas, Manuel Lamas, falando da nosa lingua, e Vicente Barros, que fala da significación do Apóstolo, son outros pondalíanos que interveñen.

Os programas de dous novos festivais, en agosto¹⁹⁷ e en outubro¹⁹⁸, dan conta da moita actividade desenvolvida pola comisión de festas da ABC e, en concreto, polo poeta, que participa en ambas convocatorias. Na primeira, celebrada o 12 de agosto, recita o poema “Idioma inmortal” de Manuel Curros Enríquez. Nesta xornada é de salientar a presenza no programa de varias pezas teatrais, entre as que destaca *O Zoqueiro de Vilaboa* de Nan de Allariz, coa intervención de Maruja Villanueva. O segundo festival ten lugar o día 7 de outubro e nesta ocasión Zapata recita o poema da súa autoría “Mareas Vivas”. Novamente a música e o teatro terán moito protagonismo nos actos desenvolvidos.

Neste ano Antón Zapata García tamén participa na fundación da Sociedade Coral Os Rumorosos¹⁹⁹, mesmo proponendo o nome en homenaxe a Eduardo Pondal, o seu poeta predilecto. O coro nace amparado pola ABC de Corcubión, participando nos tres festivais anteriormente reseñados, mais aos poucos meses a dirección da entidade, que xa comezaba

¹⁹⁶ Cfr. “Sociedad Pondal. Homenaxe ó idioma galego”, *Correo de Galicia*, nº 1435, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

¹⁹⁷ Cfr. “Programa del festival”, *Alborada*, nº 76, Bos Aires, xuño-xullo de 1933.

¹⁹⁸ Cfr. “Gran Programa: 15 Selectos Números”, *Alborada*, nº 77, Bos Aires, agosto-setembro de 1933. Para a crónica posterior, Cfr. *Alborada*, nº 78, Bos Aires, outubro-novembro-décembro de 1933.

¹⁹⁹ Cfr. “¿Sabía Vostede... Quén Fundou A Coral «Os Rumorosos»”, *Alborada*, nº 142, Bos Aires, maio-xuño de 1949, artigo escrito polo poeta muxián Xervasio Paz Lestón, co pseudónimo Roxo Porcar.

a estar enfrontada co noso poeta, decide non sufragar os seus gastos e a agrupación opta por se constituír en sociedade artística independente, ensaiando nun local do Centro Cultural Betanzos. Malia que moitas informacións adoitan sinalar que o poeta Manuel Prieto Marcos fora un dos fundadores, o certo é que naquela altura era director do coro Saudades, e tan só realizaba o labor de mestre de ensaios para Os Rumorosos, ata que meses despois chegou á dirección coincidindo coa desfeita da súa propia agrupación.

O 28 de novembro falece en Montevideo, capital na que residía, o irmán do poeta José Zapata García, con 42 anos de idade. *Alborada* publica a súa necrolóxica²⁰⁰, na que se ofrecen datos de interese sobre a biografía familiar:

Ha fallecido en Montevideo, el 28 de noviembre último, a la edad de 42 años —después de sobrellevar tesoneramente una larga y dura enfermedad—, don José Zapata García, hermano de nuestro compañero de tareas, Antonio, a quién la muerte de aquél ha llevado un rudo golpe.

Es tanto más dolorosa la pérdida de “Pepe” —así lo llamaban al extinto sus convecinos de Lage, de donde era nativo—, cuanto deja en la orfandad a cuatro pequeños hijos, cuadro por cierto sombrío, que tiende a fomentar la creencia de la ceguedad del azar, por la injusticia que tal defunción prematura entraña.

A la señora viuda de Zapata García, doña Peregrina Sotelo Limia e hijitos; al anciano padre del extinto, residente en Lage, don Antonio Zapata Barbeito; a sus hermanos, doña Elena, doña Valentina y don Antonio, así como a su tía carnal residente en Camariñas, doña Juana García Moreira, y, también a sus demás parientes, les hacemos presentes nuestras sentidas condolencias por el fallecimiento del que en vida todo lo supo dar para la lucha en contra de la injusticia.

Para el que sabía que morir es descansar, nuestro perenne buen recuerdo.

Despois de participar activamente nos preparativos realizados pola comisión pro-homenaxe a Juan Díaz Fernández²⁰¹, este concorrido acto desenvólvese o 17 de decembro.

²⁰⁰ Cfr. “Don José Zapata García”, *Alborada*, n° 78, Bos Aires, outubro-novembro-décembro de 1933.

²⁰¹ Cfr. “Un merecido homenaje a Don Juan Díaz Fernández”, *Alborada*, n° 76, Bos Aires, xuño-xullo de 1933, e “Sesiones de la Junta Directiva”, *Alborada*, n° 78, Bos Aires, outubro-novembro-décembro de 1933.

Ademais dos principais discursos, de Serafían Aguiar Luaces, como presidente da ABC, e de Antonio Díaz Novo, ex-presidente e ex-director de *Alborada*, como convidado de honra por ser fillo do homenaxeado, tamén interveñen brevemente outros asociados entre os que figura o noso poeta²⁰².

[1934]

En xaneiro de 1934, despois de catro anos de ausencia, Antonio Díaz Novo reincorpórase como director da revista *Alborada*²⁰³ e o noso poeta abandona un labor que viñera facendo interinamente, pois neste período nunca se fai constar o nome do director.

No entanto, na Sociedade Nacionalista Pondal prodúcese un relevo despois dunha crise que conclúe coa expulsión de Sebastián Guerrero. Nesta asemblea Antón Zapata é nomeado para o cargo de revisor de Contas, xunto a José Barril²⁰⁴.

Meses despois, o 13 maio de 1934, malia a crise que daquela estaba a atravesar, a Institución Cultural Gallega celebra a súa correspondente xuntanza anual de socios²⁰⁵, na

²⁰² Cfr. “Banquete en honor de nuestro representante”, *Alborada*, nº 78, Bos Aires, outubro-novembro-diciembre de 1933.

²⁰³ Na primeira páxina do *Alborada*, nº 79, Bos Aires, xaneiro-febreiro-marzo de 1934, aparece unha fotografía de Antonio Díaz Novo e unha nota que explica a súa reincorporación.

A ABC de Corcubión iniciara a publicación da súa revista *Alborada* o día 22 de agosto de 1925. Nese ano o corcubionés Antonio Díaz Novo fora elixido presidente da ABC e un dos primeiros proxectos da súa xestión vai ser a creación dun órgano de comunicación entre os asociados. Así aparece *Alborada*, que tivo como primeiro director a Casto M. Insúa, aínda que o editorial do primeiro número foi escrito por Díaz Novo. Insúa vai renunciar axiña e, desde o nº 8, vai ser substituído polo propio Antonio Díaz Novo, que dirixe a revista ata o nº 53, cando circunstancias especiais fan que abandone este labor temporalmente. No intervalo de 1930 a 1934, *Alborada* queda en mans do poeta Antón Zapata García, volvendo novamente Antonio Díaz Novo a retomar a dirección no nº 79 e deica o nº 123, de marzo de 1944, que estaba a compoñer no intre do seu falecemento. Daquela é cando se fai cargo da revista Xervasio Paz Lestón, que foi o seu director ata 1966.

²⁰⁴ «Logo foi expulsado de socio por unanimidade o señor Sebastián Guerrero, pol-a súa campaña hespañolista, en perxuicio dos intereses galegos.

Pasando logo a elixir, seis cargos vacantes na xunta executiva, saindo eleitos os irmáns: M. da Presa, Benito Fernández, Manuel Prieto, Rodolfo Campos, Antón Vidal e Vicente Barros, os que, c’os irmáns, Manuel Oliveira, Ricardo Flores, e J. González Francisco, que continúan en seus cargos, compoñen a nova xunta directiva. Quedando de suplentes, os irmáns: Manuel Salleres, Antón comesaña e José Riveiro.

Nomeáronse pra revisores de contas, os irmáns: A. Zapata García e José Barril», *A Fouce*, nº 68, Bos Aires, febreiro de 1934.

²⁰⁵ Cfr. “Institución Cultural Gallega”, *A Fouce*, nº 71, Bos Aires, xuño de 1934.

que se dá conta das xestións realizadas a prol do Seminario de Estudos Gallegos e das cantidades que se lle enviaron, e na que se reafirma a vontade de continuar nesa angueira. E dúas semanas máis tarde, en concreto o día 27, logo da incorporación dos novos membros nomeados pola asemblea xeral, faise a distribución de cargos e Antón Zapata García vai ser designado presidente, acompañado de Urbán Hermida, vicepresidente, Manoel Salleres, segredario, Ricardo Montero, prosegredario, Xoaquín R. Rodríguez, tesoureiro, Nicolás Abente, protesoureiro, e os vocais Benito Barbeito, Manoel Oliveira e Bieito Fernández. Novamente é notoria a presenza de destacados membros da Sociedade Nacionalista Pondal, que así continuaban a “controlar” esta agrupación.

Este momento doce comeza a agrear coa repentina nova da morte do seu pai. Antonio Zapata Barbeito falece en Laxe o día 28 de xullo, á idade de noventa e dous anos. Foi como unha premonición de que as cousas principiaban a torcerselle ao poeta. De feito, o mencionado ascenso ata o cargo de maior responsabilidade na ICG case vai coincidir no tempo coa súa defenestración na ABC do Partido de Corcubión. En efecto, na asemblea xeral desta entidade²⁰⁶, que se celebra o 29 de decembro de 1934:

Se pasa a considerar el punto 5º del Orden del Día, referente al pedido de suspensión de los derechos de socio al señor Antonio Zapata García y se hace una minuciosa descripción de los agravios inferidos a la entidad social y a la J. D. en la persona de uno de sus miembros, por el referido consocio y empleado a la vez de la A. B. C., con motivo de haber sido suspendido en su cargo.

A información da revista da ABC non é moi abondosa e tan só sinala que o tema suscitou un animado debate no que participaron o presidente da entidade, Marcial González, e varios dos socios, sen clarexar os termos en que se desenvolveu, resolvéndose, por maioría de votos, a expulsión de Antón Zapata García e a publicación en *Alborada* do

²⁰⁶ Cfr. “La Asamblea del 29 de Diciembre de 1934”, *Alborada*, nº 84, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1935.

escrito que o noso poeta presentara diante da Inspección General de Justicia. A denuncia de Zapata non prosperou e motivou a súa expulsión inmediata da entidade. Dado o seu interese, reproducimos —tal e como o fai a propia revista— este polémico documento:

He aquí el texto de la denuncia presentada por el señor Antonio Zapata García, que no prosperó y fué mandada al Archivo por la Inspección General de Justicia y que en la Asamblea última se acordó por mayoría de votos, fuera publicada en esta Revista. Dice así el escrito de referencia:

“Buenos Aires, 17 de Abril de 1934.

Asoc. Benéfica Cultural del Partido de Corcubión.

Antonio Zapata García, cédula número 313.533, calle S. Peña 469, al señor Inspector General de Justicia:

Recibo Núm. 1213 de Febrero 1934.

DENUNCIA: Transgresión llevada a cabo por la Asoc. en contra del espíritu del contenido de los Incisos C) y D) del Art. 1º. de los Estatutos. Se evidencia en contra del inciso “D” por no haber efectuado obra alguna en Buenos Aires, aunque sí en España, lo que constituye una usurpación.

En cuanto al inciso “D” adquirir o edificar en esta Capital un edificio que llevará el nombre de la Asoc., **nada se hizo en tal sentido**, pues fuera de toda norma Estatutoria han efectuado un giro de 50.000 pesetas por medio del Banco Anglo Sud Americano al Banco Miñoñes de “Corcubión” (La Coruña, España), para hacer obras, lo que constituye una usurpación de derecho de prioridad ya que los estatutos establecen que el edificio debe hacerse aquí en la Capital Federal.

No paran en esto: pronto será girada a España una importante suma para hacer obras, como se desprende de la Revista ALBORADA, núm. 79, página 2, de Enero, Febrero y Marzo 1934.

En la fecha que se envió el giro, no existía el Comité Directivo de España, emanado de una asamblea como lo explica el capítulo único de los Estatutos, lo que revela carencia de respeto a las normas legales de derecho.

Por lo tanto: vengo a solicitar de V. S. se digne ordenar sea llevada de referencia para constatar las transgresiones que denunció y se le haga pagar costas.

También a los efectos de compensación reivindicatoria de la propiedad que compete a esta Capital solicito sea trabado embargo provisorio en los dineros de la susodicha Asociación, a fin de reparar el mal inferido a Buenos Aires, a los altos principios de justicia y a la ética societaria, pues podría ocurrir, como explica ALBORADA, que se giraran a España los \$ 10.000 que tiene en efectivo la Sociedad con flagrante alteración, desde luego y por contumacia, condenable, en contra del fin de los Estatutos.

Será Justicia.”

[1935]

Por vez primeira, temos noticia dun debuxo da autoría de Antón Zapata García, pois a versión do poema “Os Pinales da Lembranza”, publicada en *Noticiero Español*,²⁰⁷ vai acompañada dunha ilustración, asinada por AZG, que enmarca nunha cuncha de peregrino uns pinales á beira do mar.

Debeu ser nesta altura, ao ser cesado como empregado da ABC de Corcubión, cando se converte en propietario dun establecemento de docería²⁰⁸, xunto á súa muller Angela Begoña, coa que máis tarde habería de ter unha filla.

Malia estes sabores, Antón Zapata García vai vivir un efémero momento doce, pois o 12 de maio de 1935 celébrase a asemblea xeral da Institución Cultural Gallega²⁰⁹, e unha semana máis tarde, o día 19, é reelegido como presidente. Por norma estatutaria,

²⁰⁷ Cfr. “Os Pinales da Lembranza”, *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 273, 5 de maio de 1935.

²⁰⁸ Na correspondencia con Manuel Roel existen algunhas alusións a este establecemento. Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

prodúcese a habitual renovación da metade de compoñentes e desta volta aparece con Francisco Calvo como vicepresidente, Dionisio Rey Brum, tesoureiro, Ramón Pensado, protesoureiro, Nicolás Abente, secretario, Manuel Salleres, prosecretario, e os vocais Xoaquín R. Rodríguez²¹⁰, Urbano Hermida e Bieito Fernández. Esta composición xa revela certo distanciamento dos arredistas da Sociedade Nazonalista Pondal, que teñen menos presenza que en equipos directivos anteriores, malia teren manifestado o seu apoio á reelección do noso poeta. De feito, a asemblea realízase sen sobresaltos, salientando que desde a súa fundación xa lle levan enviado 20.000 pesetas ao SEG, recadadas entre os socios e as entidades adheridas, que neste momento son Banco de Galicia y Buenos Aires, Residentes de Fonsagrada, Centro Gallego, Residentes de Teo, Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito e Nueva Casa de Galicia²¹¹.

Así a todo, esta é unha época convulsa para Antón Zapata García, pois camiña dunha derrota persoal noutra, e tras a súa recente expulsión da ABC de Corcubión axiña vai seguir unha dirección semellante na Institución Cultural Gallega, aínda que desta volta por causas esóxenas e non endóxenas. Tanto é así que o feito que causa o seu afastamento vai acontecer en Galicia. En Ponteceso realízase unha homenaxe a Pondal con motivo do centenario do seu nacemento, no que o presidente do SEG pronunciou un discurso en castelán. Este feito xerou unha enérxica reacción na colectividade galega, nomeadamente desde o sector arredista²¹² nucleado en torno á Sociedade Nacionalista Pondal, que no seu voceiro cualifica de “inxustificable” a pasividade dos galeguistas e nacionalistas que estiveran presentes no acto, pois:

²⁰⁹ Cfr. “La «Institución Cultural Gallega»”, *Galicia*, nº 418, Bos Aires, domingo, 2 de xuño de 1935, e “Institución Cultural Gallega (Protectora y representante legal del Seminario de Estudios Gallegos, de Santiago de Compostela, en la Argentina)”, *Noticiero Español*, nº 277, Bos Aires, 2 de xuño de 1935.

²¹⁰ En *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* e en *Correo de Galicia* publicouse o soneto **¿Quién fúi?...** [Cfr.] que engade a seguinte dedicatoria: «A Xequín R. Rodríguez, / no agarimo da fala».

²¹¹ Antón Zapata publicou colaboracións poéticas nos voceiros das catro últimas entidades citadas.

²¹² Cfr. “Toleranza inustificada ante unha inxuria a Pondal”, *A Fouce*, nº 79, Bos Aires, maio de 1935.

A ponderazón e as boas maneiras nos feitos e nos ditos, folgan quando se produce un caso d'esta natureza. O que compría, o que estaban obrigados a facer os que na vergoñosa emerxenza “tragaron saliva”, era protestar, impedir que ese señor desleigado e sinvergonza rematase o seu discurso.

Como xa sabemos, os arredistas exercían unha importante influencia sobre a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudos Gallegos, e levan a súa reprobación a esta entidade, mais Antón Zapata García, que era o presidente naquela altura, impide calquera agravio contra o presidente do SEG por mor desa pouco afortunada intervención na conmemoración do centenario pondaliano. Este xesto vai causar unha durísima campaña dos seus ex-compañeiros para conseguir a súa dimisión, como se pode ler na información publicada en *A Fouce*²¹³:

Na asamblea da “Institución Cultural Galega” realizada o 12 do corrente, produxose un feito que crea aos nazonalistas unha situación de absoluta incompatibilidade coa devandita entidade si o señor Zapata García non é desautorizado de inmediato por unha asamblea extraordinaria.

Este señor que foi socio da Pondal e que ventando a súa inminente expulsión tuvo a precaución de renunciar; este señor que decote barulla encol a ética; de consecuencia e de outras cousas, e dimpois demostra nos feitos e tamén nos ditos que nin é consecuente nin se sujeta na súa actuación a outras normas que non sexan as que lle dita o seu caletre de home apequenado, eibado por resentementos e rencores, valéndose e abusando da súa situación de Presidente impideu levantando a sesión, que un dos socios fundadores, o noso irmán Manoel Oliveira, propuxese a asamblea que se manifestase ao Seminario de Estudos Galegos o disgusto que no seo da Cultural produxo o feito de que no homaxe a Pondal, o presidente do Seminario falase no idioma dos opresores.

Esta actitude do señor Zapata García, que inútilmente tratou de xustificar con argumentos revirados de legalista rural e trapalleiro, vai ter, según os nosos informes un desenlace lamentable.

²¹³ Cfr. “A Institución Cultural Galega debe desautorizar ao seu presidente”, *A Fouce*, nº 79, Bos Aires, maio de 1935.

Os nazonalistas, que dende o primeiro momento apoiaron e contribuíron a consolidar a I. C. G., e que apesares da inconducta do señor Zapata como nazonlista, lle deron os seus votos pra membro da xunta da Cultural, porque entenderon que podía ser útil, decatáronse de que o tal señor procede con deliberada e perversa deslealtade, i-esto prantea unha situazón, que sô pode ser resolta coa eliminazón vountaria ou imposta do dito señor como membro da Xunta Directiva.

Será capaz o tal señor de renunciar pra evitar un grave prexuízo a Cultural?

Nós dudámol-o.

Semanas despois, no mes de xullo, o mesmo medio dá conta da renuncia dos membros da Institución Cultural Gallega que pertencían á Sociedade Nazonalista Pondal ou que simpatizaban con ela²¹⁴, por non ser atendida a súa solicitude de convocatoria dunha asemblea xeral extraordinaria para reprobalo ao presidente. Asinan a carta Camilo Cantón, Vicente Barros, Daniel Nogueira, Urbán Hermida, Ricardo Flores, Johan González, Ernesto Atanasio, Manoel Oliveira, Francisco Miranda, Rodolfo Campos, Moisés Da Presa, Antón Hermida, Adolfo Alonso e Xoaquín Rouco. E esta relación complétase no número de agosto²¹⁵ cos nomes de Francisco Lamas Barreiro, Manoel Prieto e Fuco Rivas, ademais de publicar un durísimo artigo no que se ataca ao Seminario de Estudios Gallegos.

Toda esta polémica non impide que a consideración de Antón Zapata García continuase a ser excelente entre a comunidade galega, como testemuña o feito de ser convidado a participar nun festival galego organizado pola Sociedad Unidos de Puenteceso y Cabana, en colaboración coa Irmandad Artística y Cultural Ultreya, o 22 de xuño. Os beneficios ían destinados a engrosar a subscripción aberta para erixir un monumento a

²¹⁴ Cfr. “Varios socios da Istitución Cultural Galega danse de baixa”, *A Fouce*, nº 81, Bos Aires, xullo de 1935.

²¹⁵ Cfr. “Siguen arredándose os socios da «Institución Cultural Gallega»”, *A Fouce*, nº 82, Bos Aires, agosto de 1935.

Eduardo Pondal. No amplo e variado programa do festival²¹⁶, Zapata intervén en dúas ocasións, na Primeira Parte para pronunciar unhas “Verbas laudatóreas encol do bardo”, despois da recitación do poema **O Cisne de Ponteceso**, e na segunda parte coa lectura doutro poema da súa autoría, **Acordeón Galego**, acompañado dos acordeonistas Irmáns Moreira.

Tamén vai participar de maneira moi activa nos actos do Día da Patria Galega²¹⁷. Primeiro, na véspera, nun acto cultural e artístico da Organización Nacionalista Republicana Gallega (ONRG), recitando poemas, logo das intervencións políticas. E dous días despois na velada que organiza a Casa de Galicia para conmemorar o Día de Galicia, que se celebra o 27 de xullo no bonaerense Teatro Cervantes²¹⁸, onde novamente vai recitar o poema **Acordeón Galego**, outra volta acompañado dos Irmáns Moreira que interpretan unha peza intitulada “Rapsodia Mariñeira da Ría de Laxe”. Daquela, non hai dúbida de que nesta altura Antón Zapata García era o rapsoda máis estimado dentro da colectividade galega.

²¹⁶ Cfr. “Se realizará una fiesta pro monumento a Pondal”, *Correo de Galicia*, nº 1533, Bos Aires, 9 de xuño de 1935.

²¹⁷ Cfr. “Una gran velada prepara la O.N.R.G.” e “La Casa de Galicia celebrará una gran velada”, *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 284, 22 de xuño de 1935.

²¹⁸ Teatro Cervantes. Cfr. Nota da edición no verso 34 do poema **Ametralladoras líricas [c23]**.

I.3. Os anos da guerra civil española e a inmediata posguerra

[1936]

En febreiro deste ano principia a súa correspondencia con Xosé Filgueira Valverde²¹⁹, que na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil, carta que vai acompañada dunha Biografía tamén escrita polo poeta, unha (Auto)Poética, unha reflexión sobre a «Linguaxe», unha Bibliografía e unha ampla selección dos seus poemas.

Como Presidente da Institución Cultural Gallega, Antón Zapata García asiste ao banquete popular que celebra o XXIX aniversario do Centro Galego²²⁰, no que se inauguran unha novas instalacións, sendo situado na mesa de cabeceira, a carón dos máis significados dirixentes das entidades galegas e das autoridades do Consulado.

Antón Zapata García asina como Presidente da Institución Cultural Gallega a última carta que chegou a mans do Seminario de Estudos Galegos, antes de se disolver esta entidade por mor dos acontecementos da guerra civil española. Está datada o 15 de maio de 1936 e foi lida case un mes despois, o 13 de xuño, como sinala Alfonso Mato, ao analizar as Actas do SEG.

Lese unha carta da Institución Cultural Gallega de Bos Aires, agradecendo o envío das publicacións (Melide, Corpus, Feijóo, etc.), refírese aos mellores libros galegos (palabra ilexible), dan conta do envío de 1000 pts. a cargo do banco Olimpio Pérez.

Prometen un xiro de 2000 pts. Para data muy breve. Dan conta tamén do troque de domicilio social que hoxe encóntrase instalado na Rúa Sáenz Peña, departamento 2º (Antón Zapata García).

²¹⁹ Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

²²⁰ Cfr. “El banquete popular con que el Centro Gallego cerró el ciclo de los festejos organizados con motivo de la inauguración de su palacio, resultó un acto de extraordinaria importancia”, *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 324, 10 de maio de 1935.

A derradeira carta do SEG á Institución Cultural Gallega, datada o 1º de xuño, informaba da elección, por unanimidade, de Ramón Otero Pedrayo como presidente da entidade, pois o anterior Luís Iglesias viña de ser nomeado Reitor da Universidade de Santiago de Compostela²²¹.

Os acontecementos en España van facer mudar radicalmente a cerna de calquera actividade. En efecto, o levantamento fascista do 18 de xullo de 1936 altera toda a dinámica societaria na Arxentina, que agora se vai envorcar a miúdo na solidariedade e no apoio material cara ao goberno democrático republicano.

Malia todo, a celebración das datas patrióticas²²² intensificouse e déuselle aínda máis forza ao seu contido reivindicativo. Así, o 19 de decembro de 1936, o Ateneo de Arte e Cultura Galega Lembranzas da Terra²²³ e a Federación de Sociedades Galegas organizan un acto conxunto “Na conmemoración da traxedia da Frouseira” cun amplo programa

²²¹ Cfr. “«Institución Cultural Gallega», de Buenos Aires”, *Noticiero Español*, nº 329, Bos Aires, 14 de xuño de 1936.

²²² Nesa altura o galeguismo conmemoraba as datas do 28 de xuño, aniversario da aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía, o 25 de xullo, día de Galicia, posteriormente Día da Patria Galega, e o 17 de decembro, aniversario da morte do Mariscal Pardo de Cela. Anos despois, en 1959, a Conferencia das Irmandades Galegas da Arxentina e do Uruguai, celebrada en Bos Aires, instituiría o 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos ou Día da Galiza Mártir para lembrar a data exacta na que fora asasinado Bóveda, pois xa se viñan realizando actos de homenaxe cada 18 de agosto.

²²³ Unha das seccións do Ateneo era o seu coro e para coñecermos a súa sona e a súa relación con Zapata reproducimos un fragmento da nova «Un nuevo gran éxito del coro “Lembranzas da Terra”», publicada en *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 388, 28 de agosto de 1938: «Sin espacio disponible para llevar a cabo el interesante historial del coro “Lembranzas da Terra”, al hablar de él, forzosamente es necesario recordar la eximia personalidad que tiene como director. Bastaría nombrar al talentoso maestro compositor, con Esneto Suñer, para quedar plenamente convencidos de que solamente su nombre es una incomparable garantía dentro de las múltiples manifestaciones, no ya como compositor musical de méritos tan excepcionales como indiscutidos, sino como conferencista, escritor y cuentista. Pero lo que ante los gallegos lo rodea de una admiración y cariño sólidos, es su propio cariño por la música de nuestra tierra, utilizando la inspiración del mayor de nuestros bardos, Antonio Zapata García, para armonizar una obra que, como “Suidade” está destinada a perpetuarse.

Otra armonización de grandes méritos, es la que el maestro Suñer logró con la refinada poesía del delicado poeta Avelino Díaz ¡“Ay Sabeliña”! como asimismo con la inspirada composición de Calviño de Castro, titulada “Prego”, composición en la que el maestro Suñer “volcó su alma” según sus propias palabras. “Herbas do Campo” constituye otra manifestación de su arte exquisito y varias otras composiciones también de orden galaico, dan fe de la fecunda labor que en pro de Galicia lleva realizada este maestro insigne, director de “Lembranzas da Terra”».

político, literario e musical²²⁴. A presentación é realizada por Avelino Díaz, “con un discurso en el que puso de manifiesto la similitud de aquella tragedia con la que actualmente sufrimos”. Tamén se representa a peza teatral *Xente de lei* de Xesús Calviño de Castro e o coro interpreta varias composicións poéticas deste último, de Cabanillas, de Avelino Díaz e de Antón Zapata García. O seu poema “Suidade...”, con música do mestre Suñer, é cantado por solista e coro. Pecha o acto Eduardo Blanco-Amor, que é presentado como director do *Galicia*, quen diserta sobre a figura do Mariscal Pardo de Cela²²⁵:

... con apasionadas frases emocionó profundamente a los presentes, terminando su disertación con un cotejo admirable por su precisión y sentimiento, cuando dijo que el sacrificio de Pardo de Cela en el antes, representaba el mismo valor que el de las víctimas actuales, por cuanto, si eran producto de la Tierra, tenían el privilegio, ante la inmortalidad, de volver a convertirse en Tierra, en aras de sus ideales.

Alén diso, empeza unha etapa de relativo abandono da creación poética a favor da intervención na prensa con artigos críticos a prol da IIª República e contra o franquismo, que se inician con “La cruz del dolor español”²²⁶, que se publica no semanario *Galicia*, da Federación de Sociedades Gallegas.

[1937]

A crueza da guerra civil española e, sobre todo, a represión desencadeada polos falanxistas en terras galegas serán decisivas para que o estro poético de Antón Zapata García se volva cada vez máis comprometido. De feito, o seu poema **Na morte de Lexandro Bóveda**, publicado no *Galicia* o 27 de xuño de 1937, convértese na primeira

²²⁴ Cfr. “El homenaje a la memoria de Pardo de Cela. Fue celebrado el sábado pasado en nuestro local”, *Galicia*, nº 500, Bos Aires, domingo 27 de decembro de 1936.

²²⁵ Pardo de Cela. Cfr. Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]**.

²²⁶ Cfr. “La cruz del dolor español”, *Galicia*, Bos Aires, nº 484, 6 de setembro de 1936.

composición en galego que evoca o asasinato do secretario de organización do Partido Galeguista²²⁷.

Porén, empeza unha etapa de relativo abandono da creación poética a favor dunha maior intervención na prensa con artigos críticos a prol da IIª República e contra o franquismo que iniciara en setembro do ano anterior. Desta volta publica senllos artigos²²⁸, “¡Ole, por las notas!” en *Noticiero Español* e “Ráfagas de cinismo antidemocrático” en *España Republicana*.

Neste mesmo ano tamén publica un breve xuízo crítico sobre a obra do pintor galego Pedro García Lema²²⁹, que estaba a expoñer na cidade de Bos Aires, no que sinala: «García Lema: un profundo mundo interior de subjetividades artísticas a la vez que un neto dominio del color y de la luz, la forma y la composición, constituyen el ingente acervo pictórico de aquel que va abriéndose un claro camino entre lo difícil de lo consagratorio»²³⁰.

[1938]

O 24 de xullo de 1938 participa no xantar de confraternidade co que a Unión de Residentes de Santiago de Compostela agasallaba ás entidades que prestaron a súa

²²⁷ «Hoxe por hoxe, a primeira elexía a Bóveda da que temos noticia é a de Luís Seoane titulada «A Alejandro Bóveda, fusilado» (*Galicia*, Buenos Aires, 20-12-1936); a primeira en galego, segundo os nosos datos, é «Na morte de Lexandro Bóveda», de Antón Zapata García (*id.*, 27-6-1937)», en Alonso Montero [1996].

²²⁸ *Cfr.* “¡Ole, por las notas!”, *Noticiero Español*, nº 351, Bos Aires, 21 de febreiro de 1937 e “Ráfagas de cinismo antidemocrático”, *España Republicana*, Bos Aires, 1 de xullo de 1937.

²²⁹ Pedro García Lema. (Santa Baia de Chacín, Mazaricos, 1906 - ¿?). Pintor. Formouse na Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela e na Escuela de Bellas Artes de San Fernando de Madrid. En 1933 realizou a súa primeira exposición en Vigo e en 1935 abandonou España ó converterse en representante do goberno da Segunda República para actividades culturais da Sociedade das Nacións. A súa extensa obra amosa relación coa pintura de El Greco e de Goya polo seu contido místico e atópase en varios museos, algunhas librarías dos EEUU e a National Gallery londinense.

²³⁰ Non localizamos a fonte orixinal, o texto (que nos facilitou Manuel Vilar Álvarez) figura datado en 1937 en García Lema, Pedro (1952). *Presencia*. Bos Aires. Artes Gráficas Bartolomé V. Chiesino.

adhesión e colaboración para unha Homenaxe a Rosalía de Castro. A concorrência sobarda as previsións dos organizadores e alcanza os douscentos comensais. Malia a ausencia do representante diplomático español e do Cónsul General, que desculpan a non asistencia por obrigas propias dos seus cargos, o acto transcorre con moita notoriedade e “dentro de la más cordial camaradería”, segundo informa a revista da entidade²³¹. Tralos postres interveñen o presidente da institución, Domingo Maza, o coñecido caricaturista da publicación arxentina *Crítica*,²³² Roberto, o noso poeta²³³ e Carmen Méndez, en representación da muller arxentina, antes de rematar o acto cos comensais postos en pé para gardar un respetuoso silencio “por los caídos en defensa de las libertades”. A intervención do noso autor é recollida no devandito número:

El inspirado poeta Antón Zapata García, hizo también uso de la palabra, para señalar la imponderable labor realizada por la Sociedad “**Unión de Residentes de Santiago de Compostela**”, destacando la ayuda prestada por las entidades adheridas, quienes —dijo— han merecido con este Homenaje a la más santa mujer gallega e inmortal poetisa Rosalía de Castro, reflejar más elevadamente la misión cultural que las anima.

A homenaxe non só tivo repercusión na colectividade da emigración e do exilio galego, senón que incluso foi seguida desde Galicia, malia as circunstancias históricas. Así

²³¹ Cfr. “Comida de Confraternidad y Beneficio”, *Compostela*, nº 3, Bos Aires, agosto de 1938.

²³² Cfr. Quijada [1991: 212-213] que cita os dous diarios arxentinos máis identificados coa defensa da república española: *Crítica* e *Noticias Gráficas*. «En general, puede decirse que los diarios de ámbito nacional proclives a la República expresaron su definición de manera más contundente y abierta que los simpatizantes de Franco, identificados estos últimos con la postura oficial del gobierno, respaldada en la posición de Gran Bretaña y la Sociedad de Naciones a cuya influencia eran especialmente sensibles los dos grandes matutinos *La Nación* y *La Prensa*, por lo que intentaban con mayor o menor fortuna revestirse de una pátina de neutralidad desapasionada. A diferencia de estos diarios y del vespertino *La Razón* [más abiertamente franquista que los anteriores], los periódicos pro republicanos eran públicos y entusiastas gubernistas. Entre ellos, los más notorios e influyentes eran *Crítica* y *Noticias Gráficas*. [Enumera unha longa recensión das actividades do primeiro] (...) En los medios de la colonia española, eran afectos a los gubernistas las publicaciones *Galicia*, *Noticiero Español* y *El Correo de Asturias*, editados todos por diversos grupos de la colectividad».

²³³ A súa presenza pode entenderse por se tratar dunha publicación pro-republicana, nun momento no que as institucións arxentinas estaban a interferir nas actividades republicanas, pois o filofascista Manuel Fresco viña de asumir o cargo de Gobernador da Provincia de Buenos Aires. Cfr. Quijada [1991: 60-61].

o dá a entender Otero Guldrís²³⁴ na súa serodia recensión ao libro *A roseira da soidade*, cando sinala:

Dos seres, dos nomes que son a mesma Galicia ocuparon un alto lugar en el alma de nuestro poeta. Rosalía y Pondal formaron parte de su propio ser. Y a los mismos, dedicó gran parte de su obra. Las fechas del 5 de junio de 1930 y 31 de julio de 1938, entre otras, son un cumplido ejemplo de lo apuntado.

En el homenaje a Rosalía, celebrado con motivo de colocarse una placa en la calle que hoy perpetúa el nombre de la Cantora del Sar, Antonio Zapata García dejó oír su voz. La obra de Domingo Maza fué ofrecida por el hombre más indicado. Y así, en aquel día de 1938, el poeta de Lage logró que el sentimiento gallego penetrase en lo más profundo de los que habían acudido al acto, gallegos y no gallegos. Tal fué la fuerza y la fogosidad de sus palabras. Aun hoy, al leer el citado discurso, se nota el dinamismo que lo anima. La vivencia de las palabras, que aquel día llenaron el ambiente de Buenos Aires, parece haber penetrado en el mismo papel.

Ademais no transcurso deste ano prodúcese unha efervescencia na actividade crítica, pois é o período no que o noso poeta publica máis artigos en prosa, todos eles en castelán, para defender a causa da IIª República e combater ao franquismo²³⁵.

[1939]

Prosegue coas súas colaboracións, en castelán e en prosa, nas cabeceiras máis significadas a prol da IIª República da prensa da diáspora. En xaneiro en *España Republicana*, co texto intitulado “Una mano y un brazo que serán cortados”²³⁶ e en agosto

²³⁴ Cfr. «Un poeta malogrado. El sentimiento de Galicia en Antonio Zapata», *La Noche*, 22 de xaneiro de 1955.

²³⁵ Durante 1938 rexistramos cinco colaboracións en diversas cabeceiras: “La sabiduría de las ratas y de los «cristalobos»”, *Noticiero Español*, nº 377, Bos Aires, 27 de marzo de 1938; “Tienen ojos, y ven... pero poco...”, *España Republicana*, Bos Aires, 2 de abril de 1938; “No fue ni será un paseo...”, *Noticiero Español*, nº 378, Bos Aires, 14 de abril de 1938; “La Brutal Supervivencia «del Ostrógodo»”, *España Republicana*, Bos Aires, nº 415, 16 de abril de 1938 e “El zorro inglés y el pistolero romano”, *España Republicana*, Bos Aires, nº 418, 7 de maio de 1938. Cfr. III.2.3. Artigos xornalísticos en castelán.

²³⁶ Cfr. “Una mano y un brazo que serán cortados”, *España Republicana*, Bos Aires, 7 de xaneiro de 1939.

publica a súa única colaboración no xornal crítico²³⁷ *Noticias Gráficas*, desta volta co artigo “O banquete da libertá en Conxo, e Pondal”²³⁸.

[1940]

En decembro a popular tiple Pastora García estrea unha versión cantada do poema **Canzón do berce mariñeiro** de Antón Zapata García, que o semanario *Galicia*²³⁹ publica e que vai precedido dunha fotografía da cantante e do seguinte texto:

«La popular tiple Pastora García, que debutó con gran éxito en radio Stentor, continúa actuando con nuestro compañeiro Barreiro en la audición Hispano Argentina.

Nuestra ilustre paisana estrenará “Canzón d’o Berce”, y “Cuitas d’ausencia” de Calviño de Castro-Barreiro».

[1942]

En 1942 concorre ao certame convocado pola Junta de Selección de la Agrupación Democrática del Espectáculo Público, tamén denominada Junta de la Victoria, no que se premiaba o mellor Himno a Stalingrado²⁴⁰, co obxecto de conmemorar a defensa desta

²³⁷ Cfr. Quijada [1991: 212-213] que cita os dous diarios arxentinos máis identificados coa defensa da república española: *Crítica* e *Noticias Gráficas*. «En general, puede decirse que los diarios de ámbito nacional proclives a la República expresaron su definición de manera más contundente y abierta que los simpatizantes de Franco, identificados estos últimos con la postura oficial del gobierno, respaldada en la posición de Gran Bretaña y la Sociedad de Naciones a cuya influencia eran especialmente sensibles los dos grandes matutinos *La Nación* y *La Prensa*, por lo que intentaban con mayor o menor fortuna revestirse de una pátina de neutralidad desapasionada. A diferencia de estos diarios y del vespertino *La Razón* [más abiertamente franquista que los anteriores], los periódicos pro republicanos eran públicos y entusiastas gubernistas. Entre ellos, los más notorios e influyentes eran *Crítica* y *Noticias Gráficas*. [Enumera unha longa recensión das actividades do primeiro] (...) En los medios de la colonia española, eran afectos a los gubernistas las publicaciones *Galicia*, *Noticiero Español* y *El Correo de Asturias*, editados todos por diversos grupos de la colectividad».

Cfr. Cuba [1994: 16], onde falando de Seoane, sinala que, por volta de 1940, fai unha páxina en galego no xornal *Noticias Gráficas*, “Un rincón de Galicia en Buenos Aires”.

²³⁸ Cfr. “O banquete da libertá en Conxo, e Pondal”, *Noticias Gráficas*, Bos Aires, 8 de agosto de 1939.

²³⁹ Cfr. “Pastora García”, *Galicia*, nº 704, Bos Aires, 7 de decembro de 1940.

²⁴⁰ Outro poeta galego, Lorenzo Varela, cantou tamén en castelán, estes acontecementos. Veláí “Canciones de la victoria”, no que saúda ao exército soviético, vencedor, no bando aliado, na guerra mundial, con estas

cidade cando a invasión da Alemaña nazi na 2ª Guerra Mundial. O poema de Antón Zapata García, co título referido, é elexido como o mellor entre os numerosos participantes. O texto publicouse na revista *Galicia*, da FSG²⁴¹, precedido da Nota da Redacción, intitulada «Distinción a Zapata García», que se reproduce a seguir:

Antón Zapata García ha unido un éxito más a los muchos logrados en su vida poética.

La Agrupación Democrática del Espectáculo Público, con el auspicio de la Confederación Democrática Argentina, organizó un Concurso entre los escritores argentinos para premiar el mejor Himno de Homenaje a Stalingrado.

Efectuada la selección pertinente, entre textos presentados bajo lemas, resultó con el primer premio el poema intitulado “Heroica Stalingrado”, original de nuestro vate Zapata García.

Por el valor de la composición y por el orgullo que representa que un poeta gallego haya llevado esta merecida distinción, estimamos que nuestra mejor felicitación sea el difundir las estrofas de este Himno, que honra a nuestro buen amigo Antón Zapata.

Aproveitando a sona que lle outorgaba o premio, a Irmandade Galega organízalle unha homenaxe²⁴² “pol-a sua meritoria laboura como poeta e como galeguista”. O propio día da homenaxe, o 19 de decembro, o semanario *Galicia*, na sección “Mercado de las artes y las letras”²⁴³, publica unha semblanza escrita polo tamén poeta Avelino Díaz:

Antón Zapata García é un poeta en tod-ó senso da verba, é o poeta por eixcelencia das cousas mariñeiras i-é, tamén, o poeta do agro, civil, rebelde; rexo com-ós acantilados da costa brava que o víu nacer, as suas estrofas son daceiro, o seu verso é unha tralla pra xostrear ás iniquidades i-é, ó mesmo tempo, com-unha mán tenra e garimosa que acariña. A sua lira, sempre tensa com-un arco de frecha, ten tod-a reciedume da raza, ten rumor suave de pinos ergueitos e bruar de olas enrabexadas, ten mimosidades de vento maino a peitear cabeleiras de agros e ten o ímpeto das treboadas. Sabe das penas e sufrimentos do noso pobo e cántalle unha esperanza de redención, sabe das suas inquedanzas

palabras: *El viento Oeste os saluda/ mi viento de monte y mar*. Porén, obsérvese, que o poema de Zapata foi publicado en novembro de 1942, aínda en plena batalla, que remataría meses despois coa vitoria soviética.

²⁴¹ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 807, 28 de novembro de 1942.

²⁴² Cfr. “Irmandade Galega. Continúase en forma activa a orgaización d-un Banquete en homaxe ao Poeta gallego Antón Zapata García”, *Galicia*, nº 808, Bos Aires, sábado, 5 de decembro de 1942.

e anímallas pra que non esmorezan. Ten unha personalidade sua —somentes sua—, unha modalidade que nacéu n-él e n-él se desenrola de xeito cad-hora mais firme e promesor; non sigue o camiño de ninguén pois, a sua roita trazoulla a terra mátria. Quizabes somente recolleu, pra facel-as realidade no seu estro poético, unha verbas de Curros: “Dod-haxa virtú bicade, dond-haxa vicio feride” e Zapata García ten sempre a fror de beizos unhas verbas amorosas como bicos, pra poñer ali no altar da patria, no regazo da náí, na carne do pobo, e outras verbas ácidas pra ferir alí donde as concupiscencias as treidorías i-ós egoismos ergueron o seu mostrador. Zapata García ten os seus grandes amores e os seus grandes odios como cadra a un hombre de lei, a un poeta que sabe cal é a sua misión na vida. A Irmandade Galega fai moi ben ó adicarlle ese homaxe merecido como poucos, por que non somentes sinifica o reconecemento de todo o que leva feito, senón, tamén, un estímulo moral que levará ó seu esprito a sensación de que non está solo e de que a sua voz ten sonoridades i-ecos amigos nos corazós dos galegos que non deixaron de ser tales e sinten acuciadas as suas arelas patrióticas pol-as verbas rexas e variles do poeta. Xa era tempo de que se esquencese a vella costume da nosa coleitividade de rendir preitesia ós cresos de cartos pra lla rendir ós que, como Zapata García, o son da intelixencia e da patriótica inquietude. Que ese homaxe sexa, pois, unha manifestación da fe galega que o noso poeta soubo manter sempre ergueita.

Unha semana máis tarde a mesma sección²⁴⁴ narra con detalle o impresionante acto, desenvolvido no restaurante O Liberal, co que a Irmandade Galega honraba ao noso poeta. Na mesa presidencial, ao seu carón, figuraban os tres deputados galegos, Castelao, Alonso Ríos²⁴⁵ e Elpidio Villaverde, os poetas Avelino Díaz e Ramón Rey Baltar, Arturo Cuadrado, vellos compañeiros como Francisco Regueira ou Campos Couceiro, e representantes das entidades máis significativas da diáspora. Entre as numerosas adhesións ás que se dá lectura destaca a de Eduardo Blanco-Amor e tamén a da revista *A Fouce*, da Sociedade Nacionalista Pondal, que así esquecía vellos resentimentos para engadirse aos que quixeron renderlle homenaxe ao noso poeta. A alocución principal correría a cargo de

²⁴³ Cfr. “Mercado de las artes y las letras. Agasajo ao noso poeta Zapata García”, *Galicia*, nº 810, Bos Aires, sábado, 26 de decembro de 1942.

²⁴⁴ Cfr. “Mercado de las artes y las letras. Banquete de Homenaje a Zapata García”, *Galicia*, nº 811, Bos Aires, sábado, 19 de decembro de 1942.

Alonso Ríos, quen destacou a forza lírica do seu estro e o constante e incansable labor realizado desde a súa chegada á Arxentina en 1903 ata o momento de recibir o premio polo seu “Himno a Stalingrado”, salientando sobre todo a súa actuación a prol do Seminario de Estudos Gallegos. A información do *Galicia* recolle así a emocionada resposta do poeta:

Con incontenible emoción contestó con un sincero y emotivo discurso el señor Zapata García, que con la palabra entrecortada recordó algunos pasajes de su vida, de su obra, de su pensamiento. Agradeció la presencia de tantos amigos, algunos que hacía años que no veía, todo lo cual lo ponía al servicio de la unidad, para que un nuevo altar sagrado se eleve ante todos los corazones que esperan y desean la libertad de Galicia.

[1943]

Antón Zapata García tivo moitos problemas de saúde durante a súa vida. No poema **Túas mans**, publicado o 24 de xullo de 1943 no *Galicia* da FSG, evoca unha das súas crises que case o levan á morte e os constantes coidados que lle prodigaba neses momentos a súa muller Angela Begoña:

*Cando estuven enfermo
—case arrentes do têrmo
d-esta vida, qu-é túa e de Galiza—,
túas mans sin cobiza,
túas mans sagrosantas,
souberon ben erguerme no albo leito
—¡ouh, cántas veces, cántas;—
e arrincarme do peito
o negro corvo rouco
do mal que me afogaba,*

²⁴⁵ Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

e levarme da man, pouquiño a pouco,

¡pois sô non camiñaba!...

Cando estaba restablecido das súas doenzas, o poeta era un concorrente habitual dos actos organizados pola sociedade Unión de Residentes de Santiago de Compostela, e en outubro de 1943 tamén participa activamente na Homenaxe a Manuel Picón, director da Revista *Compostela*, ao que acoden numerosas persoas²⁴⁶. Ademais do poeta, a cea de honor conta coa significativa presenza do presidente da entidade e fundador da revista, Domingo Maza, prestixioso escultor compostelán que lle fará entrega a Picón dunha talla co seu busto, co doutor Gumersindo Sánchez Guisande, co escritor Arturo Cuadrado, co tamén escritor e popular “cuentista” Manuel Roel Longueira²⁴⁷ ou co recitador arxentino Luis López, entre outros moitos, aos que se lle unen importantes adhesións como a que envía Ramón Rey Baltar.

A los postres hicieron uso de la palabra los señores Domingo Maza, Dr. Gumersindo Sánchez Guisande, Arturo Cuadrado, Antón Zapata García y Jesús Serantes Louro. Todos ellos resaltaron la importancia cultural de la obra que viene realizando el homenajeadado al frente de la publicación de referencia, y por lo que de especial tiene para Compostela y sus hijos emigrados.

El recitador señor Luis López, brindó a los concurrentes varias poesías de autores gallegos, entre ellos una del poeta Antón Zapata García, mereciendo el aplauso y felicitación de su autor. También el señor Roel dedicó a los presentes algunos cuentos que fueron muy festejados.

[1944]

²⁴⁶ Cfr. “Homenaje a la dirección de Revista Compostela”, *Compostela*, nº 6-7-8-9, Bos Aires, xullo, 1941-1944.

²⁴⁷ Cfr. Delgado Corral; Amado Rodríguez e Erias Martínez (1999).

O Centro Ourensán, en colaboración coa Irmandade Galega, organiza o sábado 12 de febreiro de 1944 un acto patriótico “en homenaxe aos esgrevios poetas Rosalía Castro i- Edoardo Pondal co gallo de cumprirse un novo aniversario do seu nacemento”²⁴⁸, no que Rodolfo Prada presentou os oradores. Antón Zapata García diserta sobre “Pondal, [...] do idioma galego. Influxo d’este, nos poetas, i-escritores galegos”, unha conferencia moi aplaudida que Lois López completa co recitado de versos pondalianos. As cancións galegas interpretadas polo coro Ultreya, os poemas rosalianos e a conferencia de Ramón Rey Baltar “A door de Rosalía” integran o resto do programa.

Pouco tempo despois, en xullo, a colectividade galega organiza un concorrido homenaxe a Castelao²⁴⁹, con motivo da recente publicación polo Centro Orensano de Buenos Aires da súa obra de pensamento político *Sempre en Galiza*. O acto celébrase o 2 de xullo no salón do “Prince George’s Hall”. A asistencia a este acto é numerosísima²⁵⁰, coa presenza dos deputados galegos Antón Alonso Ríos²⁵¹ e Elpidio Villaverde e unha nutrida representación do goberno republicano e das autonomías catalana e vasca no exilio, das asociacións da colectividade galega na Arxentina, no Uruguai, Cuba, Puerto Rico, México, Nova York e o Brasil. O noso poeta aparece na nómina dos “inteleutaes e artistas galegos”, xunto a Rafael Dieste, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Arturo Cuadrado ou Emilio Pita, entre outros.

Novamente vai ser unha homenaxe, desta volta a Manuel Prieto Marcos²⁵² pola publicación do seu libro *Versos en gama de gaita*, o seguinte acto de importancia no que testemuñamos a asistencia do noso poeta, acompañado pola súa dona, e ocupando a

²⁴⁸ Cfr. “Homenaxe a Rosalía e a Pondal”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 15, Bos Aires, marzo de 1944.

²⁴⁹ O seu discurso “Na homenaxe polo *Sempre en Galiza*”, que remata con versos de Ramón Cabanillas, foi recompilado por Monteagudo, ed. [1996: 241-246].

²⁵⁰ Cfr. “A Cabeceira do Banquete”, *A Nosa Terra*, Bos Aires, nº 429, 25 de xullo de 1944.

²⁵¹ Alonso Ríos. Cfr. Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

cabeceira da mesa xunto ao homenaxeado e a Castelao, Alonso Ríos²⁵³, Elpidio Villaverde, Domingo Maza, Luís Seoane, Manuel Puente, Avelino Díaz, Calviño de Castro e unha nutrida representación da Sociedade Nacionalista Ponal. A cea, organizada polas Mocedades Galegas, tivo lugar o 2 de setembro de 1944 no Centro Ourenzano. Despois de que Seoane, ilustrador do libro, agasallara a Prieto Marcos cun gravado de madeira, e tras un breve saúdo dun membro das Mocedades, intervén Antón Zapata García para glosar a obra poética do homenaxeado, mentres que Alonso Ríos se centra na gabanza do labor patriótico desenvolvido por Prieto Marcos. Este, debilitado por unha doenza, responde coa natural emotividade por medio doutro membro das Mocedades.

Por outra parte, a presenza de Antón Zapata García continúa a ser habitual á hora de participar nas datas patrióticas como a conmemoración da morte de Pardo de Cela²⁵⁴. Así, o 16 de decembro figura entre as personalidades asistentes aos actos de homenaxe ao Mariscal e que tamén serven para a celebración dun novo aniversario da Irmandade Galega, tal e como informan as páxinas de *El Orensano*²⁵⁵:

Entre la numerosa concurrencia presente, hemos notado en primer lugar, la presencia de los tres diputados gallegos que forman parte del “Consello de Galiza”, señores Alfonso R. Castelao, Antonio Ríos y Elpidio Villaverde. También hicieron acto de presencia los señores presidentes de las siguientes entidades: De la Cámara Republicana Española, señor Manuel Puente del Centro Orensano de Buenos Aires, señor Claudio Fernández y numerosa delegación; de “Alborada S. A.” señor Antonio Alonso Pérez; del Centro Coruñés, señor Longueira; por la Federación de Sociedades Gallegas, el señor Colmeiro; el prestigioso facultativo gallego, doctor Sánchez Guisande; distinguidos intelectuales y artistas como los señores Avelino Díaz, Zapata García, Varela Buján, Maza, Rey Baltar, Campos Couceiro, Roel, etc., y destacadas figuras de la colectividad gallega...

²⁵² Cfr. “Cen galegos de ferro asistiron á cea en honor de Prieto Marcos”, *Galicia*, nº 870, Bos Aires, sábado, 9 de setembro de 1944.

²⁵³ Alonso Ríos. Cfr. Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**.

²⁵⁴ Pardo de Cela. Cfr. Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]**.

[1945]

A enfermidade de Prieto Marcos agravouse e o 21 de xuño de 1945 prodúcese o seu pasamento, que non por agardado deixa de consternar á colectividade galega. A difícil situación na que queda a súa viúva, tamén enferma e con dúas crianzas de once e sete anos, xustifica a creación dunha Comisión de Homenaxe²⁵⁶ na que vai ter colaborar, mesmo con contribucións económicas, Antón Zapata García. Tamén é posible, mais carecemos de datos que o aseguren, que o noso poeta fose un dos amigos que sufragaran meses antes a edición dos *Versos en gama de gaita*.

[1946]

A Irmandade Galega celebra Asemblea Xeral e Antón Zapata García aparece entre a composición de “Membros do Consello Ourentador da Irmandade”²⁵⁷ para o bienio 1946/1947. A relación está encabezada polos deputados Castelao, Elpidio Villaverde e Antón Alonso Ríos²⁵⁸, e nela figuran os nomes máis importantes naquela altura na colectividade galega da emigración e do exilio, como Núñez Búa, Manuel Puente ou Ramón Rey Baltar, entre outros.

[1947]

²⁵⁵ Cfr. “Fue Festejado un Nuevo Aniversario de Irmandade Galega y Recordada la Figura del Mariscal Pardo de Cela”, *El Orensano*, Periódico Gallego, nº 4, Bos Aires, 30 de decembro de 1944.

²⁵⁶ Cfr. “Colecta para los Gastos del Sepelio de M. Prieto Marcos y de Ayuda a la Viuda e Hijos”, *Galicia*, nº 914, Bos Aires, 21 de xullo de 1945.

²⁵⁷ Cfr. *A Nosa Terra*, nº 448, Bos Aires, xuño de 1946.

²⁵⁸ Alonso Ríos. Cfr. Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos**. Antón Alonso Ríos [113].

Manuel Oliveira, vello amigo e compañeiro de Antón Zapata García na Sociedade Nazionalista Pondal, nunha carta manuscrita²⁵⁹ dirixida a Bieito Fernández, outro antigo compañeiro que regresara a Galicia pouco antes da sublevación militar-fascista²⁶⁰, sinala:

Blanco Amor sigue arredado de todo e que se sepa non fixo nada de valor. No que toca a Zapata, con quen estou distanciados fai anos, mercou un negocio de dulces e os seus libros siguen inéditos.

Este breve parágrafo é abondo revelador, porque nos ofrece información sobre a actividade profesional do noso poeta e porque reflicte a existencia de libros da súa autoría que aínda estaban inéditos, malia o interese de autor en publicalos.

Nunha xeira de conferencias que realiza na diáspora Ramón Otero Pedrayo²⁶¹ sente unha leve indisposición pola que o polígrafo ourensán ten que ser internado nun hospital. Son moitas as visitas que recibe, entre elas a de Zapata, como vai lembrar anos máis tarde o propio Otero no prólogo do libro *A Roseira da Soidade*.

Do meu amigo de amizade confirmada unha mañán do griseiro inverno austral do 1947 cando me visitou en Bós Aires estando eu doente por unhas horas no leito. Dinantes de decir seu nome, decatéime por as primeiras falas quén era. Tratou na súa conversa dos paxaros mariños e das longas procelas da costa dura en peito guerreiro arquexada dende a torre de Breogán ao Touriñán e Fisterra, dos antigos da súa xinea navegantes dendes Corme á Prata en naus veleiras, dos tremorosos silenzos xermoladoiros botados por a sombra podente do nome e verso de Pondal sobor das praias e das almas... Falamos dos amigos...

²⁵⁹ Facilitounos este texto, datado en «Bos Aires, 27 outono do 1947», así como outras cartas e documentos persoais do galeguista Bieito Fernández o profesor Xosé Manuel Núñez Seixas.

²⁶⁰ En colaboración con Celso Emilio, repartira en Grou uns panfletos reivindicando unha “República Galega” o 25 de Xullo de 1936.

²⁶¹ «Tres anos máis tarde [1947], ten a oportunidade de viaxar a América, invitado polo Centro Galego da capital arxentina, para participar nos actos conmemorativos do Día de Galicia. Reencóntrase alí coa comunidade emigrante e con vellos amigos arrincados polo exilio, onde residían Rafael Dieste, Luis Seoane, Xosé Núñez Búa, Arturo Cuadrado e moitos outros escritores galegos. Alí pasa corenta e nove días impartindo conferencias e charlas e prodigando todo tipo de encontros coa Galicia de alén-mar». *Cfr.* Quintana / Valcárcel [1988: 31].

[1949]

Antón Zapata García contribúe con cincuenta pesetas á campaña de axuda a *A Nosa Terra* e o seu nome aparece nunha relación de “irmáns galeguistas”²⁶², introducida por un parágrafo explicativo:

A NOSA TERRA, órgao do patriotismo galego n-América, —onde se atopa hoxe a Galiza libre—, non conta con recursos de publicidá nin de suscricións. Somentes pode sosterse pol-as axudas da Irmandade Galega e dos patriotas galegos. Recentemente recabóuse a axuda dos “bós e xenerosos” e tivémol-a outa satisfacción de comprobar que o chamado outivo ampria resposta. E aínda contamos con recibir as aportacións de máis irmáns galeguistas que teñen listas no seu poder.

²⁶² Cfr. “Axudas pra «A Nosa Terra»”, *A Nosa Terra*, nº 468, Bos Aires, maio de 1949.

I.2.1.3. *Os últimos anos na Arxentina*

[1950]

Neste ano vaise producir o “secuestro” do mecanoscrito *A Roseira da Soidade*, episodio que principia a ser público cando aparece na plana e pico que lle dedica a este tema o semanario *Galicia*, voceiro da Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires, concretamente no seu nº 1120, do domingo, 10 de setembro de 1950. O xornal, dirixido por Antón Alonso Ríos²⁶³, baixo o título en letra grande “Un Libro Gallego Secuestrado Durante 62 Días”, e os subtítulos “Cómo se Realizan los Concursos Literarios en el ‘Centro Gallego’ de Buenos Aires”, inicia unha polémica que vai durar varios números da publicación [para os detalles *cfr.* I.3.2.2. A historia editorial].

Tamén nun dos poemas da súa autoría que ven a luz durante este ano, intitulado **Armónicas furnas** e publicado o día 10 de decembro no semanario *Galicia* da FSG, aparece a seguinte nota da redacción que preanuncia a existencia de *A Roseira da Soidade*:

Iste delicadísimo traballo, de fonda e conmovedora gama lírica, forma parte do conxunto de poemas que compoñen o libro “A Roseira da Soidade”, libro que constituíe unha obra de riqueza poucas veces igualada na nosa literatura, como será dado comprobar cando, o seu inspirado autor, o poeta Antón Zapata García, a dea prouximamente o prelo.

[1951]

A enfermidade creba a saúde de Antón Zapata García e fai que deba pasar varios meses convalescente, ata recobrase pouco a pouco e poder reiniciar a súa actividade.

²⁶³ Alonso Ríos. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Dos Boos e Xenerosos**. Antón Alonso Ríos [113].

Novamente temos noticia da preexistencia do seu libro, pois o semanario *Galicia* publica o poema **Antergas Luces Promisóreas**²⁶⁴ no que se fai referencia á próxima aparición do volume *A roseira da soidade*. Posteriores entregas poéticas na prensa da diáspora aínda lembrarán sempre este feito [*Cfr.* I.3.2.2. A historia editorial].

[1952]

Tampouco será este un ano feraz para Antón Zapata García, alén de que moitas das actividades literarias e musicais foran suspendidas por mor do loito oficial na Arxentina logo da morte de Evita (Eva Perón) o 26 de xullo. Novamente, de xuño a decembro deste ano, o noso poeta retorna á convalecencia, tal e como lle explica en carta²⁶⁵ a Manuel Roel Longueira, escrita en febreiro de 1953:

... o que me pasou no pasado mes de xuño de 1952: pasé seis meses no leito, de abondo enfermo e doirido. Xa vou estando feito un buxo... mais xa un tanto cativoiro... Foi algo semellante ao que me pasou no 1951, asunto que xa comentamos. Han de ser compridas miñas máis fortes espranzas —volto a refirmar— si estas catro letras o alcontran como nos seus mellores tempos. Eu, dendes vai facer tres meses (¡non se sorría!), vivo manxando, acotío, por prescizón médica, o puro tallarín. Un ítalo...

Por esta razón, é obvio que se vai resentir a súa permanente dispoñibilidade para concorrer a calquera acto para que o fose solicitado. Aínda así, a súa obra poética non vai ser esquecida e Lito López, un dos recitadores de máis sona na colectividade galega, escolle o seu poema “Vento hirmán”, xunto a senllos textos de Manuel Curros Enríquez e Ramón Cabanillas, na lectura que realiza no recital artístico a total beneficio del Hogar

²⁶⁴ *Cfr.* *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1151, 30 de xullo de 1951, coa seguinte indicación: **Do libro “A Roseira da Soidade”, próisimo a publicarse.**

²⁶⁵ *Cfr.* III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

Gallego para Ancianos²⁶⁶, celebrado o 3 de outubro de 1952, mais o noso porta xa non fai presenza.

Alén diso, tamén ía deixando de publicar. De feito, deste ano data o derradeiro texto da súa autoría do que temos noticia, é o soneto intitulado **Trincado** (*Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952). Endebén non foi o último en ser publicado, antes de falecer, pois aínda aparecerían **O dolor de Barlovento** (*Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº1184, 30 de xullo de 1952), que era o capítulo VIII do longo poema narrativo **A crus da Rosa**, e o soneto **Rosalía de Castro** (*Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952), mais esta composición tamén xa se publicara tamén en xullo de 1913.

[1953]

Á idade de 67 anos, Antón Zapata García falece en Bos Aires o día 20 de xuño de 1953, malia que a acta de defunción, reproducida nos Anexos [Cfr.], indica que o óbito se produciu o día 21. En sinalar o día anterior coinciden os xornais máis importantes da diáspora galega. De feito, *Galicia* e *Opinión Gallega*, publican cadansúa nota necrolóxica²⁶⁷. No seu breve artigo o voceiro da Federación de Sociedades Gallegas sinala:

Ya en prensa nuestro periódico, nos llega la infausta noticia de que un gran poeta gallego, Don Antonio Zapata García, acaba de fallecer.

Con este gran señor de la rima galaica, pierde Galicia a uno de su más reacios y positivos valores y la colectividad gallega, al máximo representante de su idioma vernáculo y al más apasionado y fiel poseedor de los misteriosos secretos que encierra el mar, que en páginas magistrales nos fué dando a conocer a través del siempre invaluable tesoro de sus versos, con la

²⁶⁶ Cfr. “Recital Artístico A Total Beneficio del «Hogar Gallego para Ancianos»”, *Galicia*, nº 1188, Bos Aires, 30 de setembro de 1952.

²⁶⁷ Cfr. “Antonio Zapata García, ha fallecido”, *Galicia*, nº 1204, Bos Aires, 22 de xuño de 1953, e “Falleció Zapata García”, *Opinión Gallega*, nº 141, Bos Aires, xuño de 1953.

inspiración y la maestría que su cultivado y excepcional estro era capaz, invariablemente animado por la obsesionante esperanza de tornar un día al inolvidable Lage de sus ensueños y de sus ansias, al que supo cantar enjundiosas e imperecederas rimas.

Cuando se llegue a valorar en su exacta y justa valía la obra de este excepcional poeta gallego, no cabe la menor duda de que los inspirados versos de este delicado captador de hondas emociones, llamado Antonio Zapata García, constituirán los versos de cabecera para los espíritus gallegos de selección.

Nuestro exquisito gran poeta falleció a los sesenta y siete años, habiendo llegado a la Argentina a los dieciseis, en el año 1903. GALICIA, que honró sus columnas con sus trabajos de excepción en múltiples ocasiones, comparte el dolor de su señora esposa y el de su hija, en esta encrucijada en la que el destino pone a prueba los espíritus privilegiados.

A nota de *Opinión Gallega* é moito máis breve, pois se trata dun apuntamento de urxencia para informar do seu pasamento, testemuñarlle o pesar da redacción do periódico aos familiares do poeta “dejando para el próximo número el dedicarle el comentario que merece el recio cantor del tempetuoso mar de nuestro Finisterre”. En efecto, no número do mes seguinte²⁶⁸, insírese o artigo “Antón Zapata García. Poeta e patriota galego”, que reproducimos polo seu interese:

No derradeiro número non tivemos tempo, mais que de dar a noticia escueta do pasamento de Zapata García ocorrido o 20 do pasado Xuño nista capital. Hoxe queremos adicar unha afervoadá lembranza a quen soupo honrar a Terra nai no decorrer de longos anos de emigrante.

Era un rapaz, cando respondendo co misterioso sino do noso povo, deixou seus eidos bergantiñáns pra emigrar a estas promisoras terras argentinas. Eiquí chegou no ano 1903 ¡Eiquí viveu en permanente solidaridade espiritual coa patria Galiza! Medio século de permanente devoción as esencias máis puras da galeguidade; cincuenta anos a vivir en afervoamento patriótico galego, e cantar ao mare galego, as penedías da costa da Morte, a heroicidade do noso mariñeiro; tuda unha

²⁶⁸ Cfr. “Antón Zapata García. Poeta e patriota galego”, *Opinión Gallega*, nº 142, Bos Aires, xullo de 1953.

vida coa ialma alcendida de arelas galeguistas alumiñadas pola saudade. ¡Sempre vivindo co espírito na Terra e sen endexamáis voltar a ela!

Raro exemplar humano era Zapata García. Rexo e fosco no esterno, duro no falar e no tratar; i en troques no interno, tiña ialma de neno e morno i enxel curazón de poeta. Non chegou a ollar cumprido seu anexo de recoller nun libro sua abondosa produción poética, moita dela espallada en revistas e xornaes, e moita inda inédita. Morreu no intre en que se propuña publicar unha escolma da sua poemática. Ben será que elo se realice, pois a poesía de Zapata García constitúe unha singular faceta das nosas letras.

Zapata García militou nas fileiras dos que, no seo da nosa colexividade, loitaron pol-os dereitos e pola redención da patria Galiza. Tamén traballou a prol da outa cultura galega: foi un dos fundadores do organismo que eiquí acadaba fondos pra o Seminario de Estudos Galegos de Compostela até que ficou suprimido pola barbarie falanxista.

¡Un irmán galego máis que deixa sua carne e seus osos en terra allea; que morre lonxe dos eidos onde foi nado! Endeben, seu espírito terá voado a ficar por sempre antre os estrondos da rexa maruxada finesterrán, que il amou e cantou.

Canda estas necrolóxicas aparece un epicedio escrito polo poeta Xervasio Paz Lestón, muxián, que mantiña unha boa amizade con Zapata, co que coincidía nas actividades da ABC de Corcubión. Precisamente, o poema foi publicado na revista da entidade²⁶⁹ da que Paz Lestón era director nesa altura. O texto aparece datado polo autor o día “20-6-1953”, corroborando novamente a data do falecemento, e leva por título **Campana da Berenguela**, ao que se lle engade a lenda “Á memoria do poeta irmán Antón Zapata García, caído na expatriación”.

Campana secular da Berenguela
que espallastes, un día, ledos son
dende a insiñe e petrucia Compostela,
pra Galicia ideal da emigración.

²⁶⁹ Cfr. *Alborada*, nº 157, Bos Aires, xuño a setembro de 1953.

5 Por quen tiña na fronte luz de estrela
 e no bico a dozor de unha canción
 xurdida do seu peito en sagra arela,
 toca agora o dobrar de unha oración.

 Dobra pol-o cantor da patria escrava
10 abatido pra sempre en terra extrana
 suidoso do seu mare laxeirán.

 Preside o funeral que a costa brava
 cantará coa ribeira i a montana,
 concertados do vento galicián.

Tamén se publicaron senllos artigos necrolóxicos en *A Nosa Terra* e *Alborada*, que reproducimos en Anexos, da autoría de Lito López e de Eliseo Alonso²⁷⁰. O primeiro era un dos recitadores de máis sona na colectividade galega e a miúdo escollera poemas de Zapata para a súa declamación, mentres que o segundo chegara a Bos Aires no ano 1950 e alí fundou (con Xosé Conde e Teodoro Campos) e dirixiu a editorial e a revista *Mundo gallego*, onde se publicaron colaboracións de moitos autores da emigración e do exilio, tanto do interior coma do exterior, entre elas varios poemas do noso autor²⁷¹.

Mentres o artigo de Lito López, intitulado sinxelamente “Antón Zapata García”²⁷², está escrito nunha evocadora prosa poética e non ofrece datos de interese sobre a súa obra,

²⁷⁰ Eliseo Alonso Rodríguez (Goián-O Rosal, 1924 – La Habana, 1996). Autor dos libros de poemas *Seara de romances* (1952), Premio do Centro Galego de Bos Aires, con prólogo de Fermín Bouza-Brey, e *A fronteira comunicante* (2000), e dos libros de narrativa *Contos do Miño* (1955), con limiar de Eduardo Blanco-Amor, e *A rúa do noxo* (1977), así como obras infantís e ensaios sobre arte ou etnografía e outros textos en castelán.

²⁷¹ Cfr. *Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952. Publican o tríptico intitulado **Frisos Galegos**, que inclúe **O Pinal Inmorrente** [por gralla, aparece como **O Final Imorrente**], **Sachadoras** e **Trincado**. Aparecen coa seguinte indicación: *Do libro “A Roseira da Soidade”, a imprensarse na Cruña no primeiro trimestre corrente*. Tamén se publica xunto a un debuxo, sen asinar, de peixe na rede e indicando: Pra MUNDO GALLEGO – Bôs Aires.

o artigo de Eliseo Alonso profundiza moito máis, sen deixar de lado a evocación lírica. O seu título “Zapata García, poeta do mar”²⁷³ xa avanza a intencionalidade de pescudar no estro poético e, de feito, salienta precisamente a presenza dos elementos mariñeiros na súa poética, así como a importancia da lembranza da vila natal do noso poeta, Laxe. Velaquí un parágrafo significativo:

Outras vegadas, ó verso de Antón Zapata García chega manseliño coma as ondas bicando as amuras das trañas ancoradas nas loiras areas da sua Laxe nadal:

*Bigarros e volutas, estrombos, caracolas,
deixaron as mareas cantando barcarolas...*

Mais a maioría dos seus poemas son rexos, ten bruares de trebón e traxedias de labouras pesqueiras, envolteitas nun antergo sabor mariñán de lëndas idas.

Porén, a afirmación que máis chama a atención no texto de Eliseo Alonso é cando fai unha velada referencia aos problemas que tivo Antón Zapata García cunha parte da colectividade galega, avatares que xa foron referidos aquí con anterioridade:

Ningún galego pode falar de retornos definitivos. Máis si a miña dorna me leva aos seus mares do Sur, aló voltarei a vivir a poesía mariñán de Zapata García, un tanto incomprendido e magoado en Buenos Aires pol-a broza da nosa coleitividade.

[1954]

²⁷² Cfr. *A Nosa Terra*, nº 484, Bos Aires, agosto de 1953.

²⁷³ Cfr. *Alborada*, nº 157, xuño a setembro de 1953.

Publícase o seu único libro *A Roseira da Soidade*, cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo, feito a pedimento de Manuel Roel Longueira²⁷⁴, un texto que se vira obrigado a refacer ao coñecer a morte do poeta e ao que pón remate no mes de nadal de 1953. O debuxo da portada é da autoría de Manuel Abelenda Zapata²⁷⁵.

No primeiro cabodano, de novo o seu amigo Xervasio Paz Lestón, director da revista *Alborada* da ABC de Corcubión, escribe nesta publicación unha semblanza²⁷⁶, ao tempo que lle dedica outro poema da súa autoría no semanario *Galicia*²⁷⁷. O primeiro texto, que non leva sinatura e que sinala, por erro, o mes de xullo como data do óbito, expresa:

O 20 de Xullo cumpríose o primeiro cabo de ano da morte do gran bardo laxeirán, caído na forzada eispatriación. Ao cumprirse o aniversario do seu pasamento a eternidade, evocamos con profundo dôr a rexa figura do barudo cantor dos valentes mariñeiros da Costa Brava, e do diario vivir da bisbarra fisterrán, pois cò desaparecido irmán perdeu galicia un dos máis outos valores poéticos da leitosa hora presente, i un dos seus máis variles cibdadáns. A súa enteireza de caraiter estivo decote ao servicio de Galicia e das liberdades humáns. Foi un fervente patriota galego i un enemigo de toda tiranía!... Morreu sin poder realizar seu xeneroso soño de ver o chan da patria libre de grillos e cadeas; de escoitar de novo a broncínea voz da torre Berenguela coma feliz anunciadora da nova redención da Terra asoballada e coma un amoroso chamado aos galegos espallados pol-os catro rumbos do mundo, pra que voltasen a gozar o meigo engado de vivir libres na patria redimida. Non pudo escoitar a voz dos bronces con ouvidos térreos nin ver â Terra ceibe con ollos mortales, e sóio poderá ouvir aquel ledo repinicar, dende o mundo do alén —porque ha de haber ꝑe non tardarán! repeniques de festa maior— pra ir en peligrinación formando nas mestas ringleiras dos bos

²⁷⁴ «Relacionábase tamén con Cabanillas e con Otero Pedrayo, ao que lle solicita un prólogo para o libro de poemas *Roseira da Soidade* do seu amigo Antón Zapata García. Roel consegue que a imprenta Roel da Coruña, rexentada por familiares seus, publique o libro de Zapata García, no que non aparecen os poemas combativos deste autor» *Cfr.* Delgado Corral [1999: 306].

²⁷⁵ O historiador betanceiro Xesús Torres Regueiro sinala que era sobriño do propio poeta, baseándose no epistolario. *Cfr.* Primeira carta ao editor Manuel Roel Longueira (18 de febreiro de 1953) [e5].

²⁷⁶ *Cfr.* “Antón Zapata García. 1953 -20 de Xulio- 1954”, *Alborada*, nº 160, Bos Aires, maio a xullo de 1954.

²⁷⁷ *Cfr.* “Unha Broncínea Oración”, *Galicia*, nº 1229, Bos Aires, 15 de xullo de 1954.

e xenerosos mortos na espatriación, que coma integrantes da Santa Compañía presidirá o luminoso espírito do gran mestre Castelao.

O novo poema de Xervasio Paz Lestón, publicado no semanario *Galicia*, nº 1229, Bos Aires, 15 de xullo de 1954, leva por título **Unha Broncínea Oración** e debaixo sinala que foi escrito “No cabo de ano da morte de Antón Zapata García”.

Campana da Berenguela
que cantou o irmán Antón
dende a dura expatriación:
unha pregalla sinxela
5 dóbralle con triste son.

¡Levou na fronte unha estrela
e no bico unha canción!

Dobra pol-o teu cantor,
ao cumprirse un cabo de ano
10 de morrer en chan estrano
có peito cheo de amor
pol-o sagro chan lonxano.

¡Dobra pol-o bardo irmán
con alma de mariñeiro
15 cantar do mundo peixeiro
e da costa fisterrán,
que fui un galego enteiro!...

Dos ventos da Costa Brava
daprendera a liberdade
20 e dende a primeira idade

luitou pol-a patria escrava
pra volverlle a diñidade.

O rudo mar laxeirán
insínalle a revertía
25 cós tombos que, en retesía,
contra as penas bater van
cando sopra a travesía.

Túa broncínea oración
ben merece, Berenguela,
30 quen agarimaba a arela
de ir en peligrinación
hastra a ilustre Compostela,
¡cando a luz de nova estrela
lle anunciase a redención!

I.2.2. Antón Zapata García, dirixente da Institución Cultural Gallega

Na intensa actividade societaria do noso poeta [*Cfr.* I.2.1. Biografía] salienta, pola súa implicación persoal e polo volume de testemuños conservados a súa participación na fundación e xestión da Institución Cultural Gallega. En efecto, a finais de maio de 1929, unha nova²⁷⁸ publicada no *Correo de Galicia*, dá conta da iniciativa conxunta de Antón Zapata García, Francisco Regueira²⁷⁹ e Manuel Oliveira, de crearen unha entidade, a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudos Gallegos, seguindo o exemplo da que pouco antes argallaran en Montevideo o poeta Julio Sigüenza, o escritor J. L. Mourenza e o doutor Sánchez Mosquera, que xa remitiran as primeiras mil pesetas para axudar ao SEG e á Academia Gallega.

Da man do profundo estudo de Alfonso Mato²⁸⁰ podemos rastrexar a colaboración de Antón Zapata García co Seminario de Estudos Galegos (SEG). Mato²⁸¹ publica a relación de entidades, persoas e publicacións coas que mantiña intercambios o SEG. Na Arxentina figuran, entre outras, as revistas *A Fouce* e *Alborada* (Buenos Aires), a entidade Institución Cultural Gallega e Antón Zapata García.

²⁷⁸ *Cfr.* “Para ayudar al Seminario de Estudios Gallegos. Creación de una entidad cultural”, *Correo de Galicia*, nº 1218, Bos Aires, domingo, 26 de maio de 1929. Vilanova [1966: 1401] sinala erradamente o 15 de maio de 1930 como data de constitución da Institución Cultural Galega, retrasanso un ano a súa creación.

²⁷⁹ A este respecto, Xosé B. Abraira no artigo “Francisco Regueira, galeguista. Algúns apuntes pra historia do movemento galeguista entre nós”, *Orientación Gallega*, nº 20, Bos Aires, xaneiro—febreiro de 1964, sinala: «O ano 1929, Francisco Regueira tivo a iniciativa de crear unha institución que protexera economicamente ao Seminario de Estudos Gallegos, de Santiago, que tantísima importancia tivera no renacemento da nosa auténtica cultura; pois era unha especie de universidade galega. Comunicóulles a idea a Oliveira e a Zapata García, idea que lles pareceu de enorme importancia. Solicitaron os tres en carta dirixida ao Presidente do Seminario, Cabeza de León, o permiso para fundala, e que estivera baixo da súa fiscalización, dado que moitos “vivillos” poideran explotar o prestixioso nome en beneficio dos seus intereses particulares».

²⁸⁰ *Cfr.* Mato, Alfonso (2001). *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: O Castro. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

²⁸¹ *Cfr. op. cit.* 205-206.

Na correspondencia²⁸² conservada nos fondos SEG (hoxe con sé no Instituto Galego da Información, dirixido por Isaac Díaz Castro) atopamos moitas veces a pegada do noso poeta, identificable pola presenza da súa sinatura. Velaí os diferentes documentos agrupados por asinante e ano de emisión:

1929

— Regueira, Francisco

Carta, 1929 marzo 31, Buenos Aires, ó Presidente do Seminario de Estudos Galegos [Manuscrito] / Francisco Regueira, Manuel Oliveira, Antonio Zapata.—1929 1f. Mecanoscrito

I. Oliveira, Manuel. II. Zapata García, Antonio. III. Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela) Presidente.

— Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela)

Carta, 1929 abril 30, Santiago de Compostela, a Francisco Regueira, Manuel Oliveira, Antonio Zapata. [Manuscrito] / Seminario de Estudos Galegos.— 1929

— Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela). Presidente

Carta, 1929 novembro 11, Santiago de Compostela, a Manuel Oliveira e Antonio Zapata. [Manuscrito] 1 cuartilla / Mecanoscrito

Borrador ou copia.

I. Zapata García, Antonio. II. Oliveira, Manuel. III. Regueira, Francisco.

1930

— Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela)

Carta, 1930 marzo 5, Santiago de Compostela, a Antonio Zapata. [Manuscrito] 1930.

1 cuartilla / Mecanoscrito

²⁸² Cfr. *op. cit.* 393-441.

Antonio Zapata García é membro da Institución Cultural Gallega (Buenos Aires)

Borrador ou copia.

I. Zapata García, Antonio.

— **Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela)**

Carta, 1930 maio 29, Santiago de Compostela, a Antonio Zapata. [Manuscrito] 1930.

1 cuartilla / Mecanoscrito

Borrador ou copia.

I. Zapata García, Antonio.

— **Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela). Presidente**

Carta, 1930 xuño 9, Santiago de Compostela, a Antonio Zapata e Manuel Oliveira.

[Manuscrito] 1930.

1 cuartilla / Mecanoscrito

Borrador ou copia.

I. Zapata García, Antonio. II. Oliveira, Manuel. III. Regueira, Francisco.

1932

— **Zapata García, Antonio**

Carta, 1932 maio 14, Santiago de Compostela, ó Presidente do Seminario de Estudos Galegos. [Manuscrito] 1932.

1 folio / Mecanoscrito

Antonio Zapata García está a desempeñar o cargo de Tesoureiro da Institución Cultural Gallega (Buenos Aires)

I. Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela) Presidente.

Finalmente, no apartado de Actas que tamén recolle Alfonso Mato²⁸³ salienta a sesión celebrada o 13 de xuño de 1936, porque permite localizar no enderezo particular do noso poeta o novo enderezo social da Institución Cultural Gallega, o que testemuña a provisionalidade que estaba a vivir a entidade nesa altura:

Na Xunta do 13 de xunio de 1936.

Lese unha carta da Institución Cultural Gallega de Bos Aires, agradecendo o envío das publicacións (Melide, Corpus, Feijóo, etc.), refírese aos mellores libros galegos (palabra ilexible), dan conta do envío de 1000 pts. a cargo do banco Olimpio Pérez.

Prometen un xiro de 2000 pts. Para data muy breve. Dan conta tamén do troque de domicilio social que hoxe encóntrase instalado na Rúa Sáenz Peña, departamento 2º (Antón Zapata García)

No Epistolario [*Cfr.* III.3.3. Cartas entre a Institución Cultural Gallega (Buenos Aires) e o Seminario de Estudios Gallegos (Santiago de Sompostela) coa participación de Antón Zapata García] reproducimos catorce cartas, que nos foron facilitadas por Alfonso Mato, cruzadas entre as dúas entidades e coa participación do noso poeta.

²⁸³ *Cfr. op. cit.* 286.

I.2.3. Antón Zapata García, debuxante

Son escasos os testemuños que o poeta Antón Zapata García nos deixou sobre a súa actividade como caricaturista e debuxante. Apenas puidemos rescatar catro debuxos orixinais do autor que viron a luz nas publicacións periódicas, aínda que as caricaturas de Xan Croio e de Castelao se reproduciron en dúas ocasións.

Todos catro son reproducidos no apartado de Anexos [Cfr. III.4. Os debuxos de Antón Zapata García]:

1.a) Debuxo para o poema **Xan Croio** na versión que se publica en *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 78, outubro-novembro-décembro de 1933.

1.b) Debuxo para o poema **Xan Croio** na versión que se publica en *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 704, 7 de decembro de 1940.

2) Debuxo para o poema **Canzón do berce mariñeiro** na versión que se publica en *Alalá*, Revista de Arte e Letras editada pol-a Coral «Os Rumorosos». Bos Aires, nº 1, maio de 1935.

3) Debuxo para o poema **Os pinales da Lembranza** na versión que se publica en *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 273, 5 de maio de 1935.

4.a) Debuxo para o poema **Castelao** na versión que se publica en *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 702, 23 de novembro de 1940.

4.b) Debuxo para o poema **Castelao** na versión que se publica en *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1132, 20 de xaneiro de 1951.

Finalmente, aínda hai outro (Deseño do aitor do poema) [*sic*] acompañado o texto **Galiceibe**, que non puidemos recuperar²⁸⁴.

Alén diso, moitos dos poemas de Antón Zapata García aparecen con ilustracións de debuxantes²⁸⁵ galegos e arxentinos da época:

Rogelio Ortega ilustra: **Primaveira**²⁸⁶.

S. Mallo López²⁸⁷ ilustra: **A Costa da Morte**²⁸⁸.

Saúl Borobio ilustra: **El perro náufrago**²⁸⁹, **Lobo de mar**²⁹⁰ e **Marina**²⁹¹.

José Sánchez ilustra: **Niebla trágica**²⁹².

O. A. Pacenza (“Noto”)²⁹³ ilustra: **O pulpo**²⁹⁴ e **A volta ô povo**²⁹⁵.

Julio Prieto ilustra: **Dorna saudal**²⁹⁶.

Domínguez Costas ilustra: **Sarandóns**²⁹⁷.

Domingo Maza²⁹⁸ ilustra: **A marcha do Apóstolo**²⁹⁹.

²⁸⁴ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 417, 26 de maio de 1935.

²⁸⁵ **Nota da edición:** Non atopamos datos sobre os debuxantes Rogelio Ortega, Saúl Borobio, José Sánchez, Julio Prieto (pois non cremos que se trate do gravador Xulio Prieto Nespereira (Ourense, 1896 – Madrid, 1991) que residiu na Arxentina, mais non asinaba Julio Prieto), Domínguez Costas, Cortés e Xavier Prada.

²⁸⁶ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 4, 15 de novembro de 1924.

²⁸⁷ **Nota da edición:** Samuel Mallo López (Buenos Aires, 1905 – id., ?). Fillo de inmigrantes galegos, licenciado como profesor de Debuxo e Decoración na Academia Nacional de Bellas Artes de Buenos Aires en 1924. En 1932 graduouse en Medicina, porén desde 193 dedícase á plástica, expoñendo en todo o país. Foi tamén poeta, ensaísta, crítico e conferenciante sobre arte. En 1951, emprende unha viaxe de sete anos por todo o mundo, debujando e pintando lugares e persoas. Viviu até os seus últimos días en Temperley, pequena cidade na parte sudeste do partido de Lomas de Zamora, no sur do Gran Buenos Aires. Cfr. Torres, Adriana (2005). “Arte... y otra vez desde el Sur”. *Hamelin Red*, nº 6. Bos Aires, 25 de decembro.

²⁸⁸ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 12, 25 de xuño de 1925.

²⁸⁹ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 14, 25 de xullo de 1925.

²⁹⁰ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 17, 10 de setembro de 1925.

²⁹¹ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 20, 25 de outubro de 1925.

²⁹² Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 22, 25 de novembro de 1925.

²⁹³ **Nota da edición:** Onofrio Antonio Pacenza (Buenos Aires, 1904 – id., 1971). Estuda arquitectura e decoración e ingresa na Academia Nacional de Bellas Artes. En 1928 licénciase como Profesor de Debuxo e convértese en docente da institución. Integrante do grupo de Pintores Modernos que patrocinaba la Asociación Amigos del Arte (1930-1940) e logo Amigos del Libro (1946-52). Participa en numerosas exposicións e recibe importantes distincións. As súas obras atópanse en museos arxentinos e do exterior como o Museo de Arte Latinoamericano de Los Ángeles e o de Richmond (EEUU); a Pinacoteca do Quirinale (Roma), o Museo Nacional de Venezuela ou museos de Chile e Tel Aviv (Israel).

²⁹⁴ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 26, 25 de xaneiro de 1926.

²⁹⁵ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 34, 25 de maio de 1926.

²⁹⁶ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 85/86, 25 de xullo de 1928 e *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 77, agosto-setembro de 1933.

²⁹⁷ Cfr. *El Despertar Gallego*, Bos Aires, nº 154, 4 de setembro de 1929.

²⁹⁸ **Nota da edición:** Domingo Maza Calvo (Santiago de Compostela, 1889 – Bos Aires, 1956). Escultor, estudou na compostelana Escola de Artes e Oficios. Emigrou a Bos Aires en 1908, alí tallou máis de cincocentos cristos nazarenos, salientando o que fixo para a catedral bonaerense. Obtivo varios premios e celebrou numerosas exposicións, na realizada en 1952 no Círculo de Bellas Artes de Bos Aires presentou a cabeza xacente de Castelao. Tamén fixo bustos de Lamas Carvajal, Curros Enríquez e Alexandre Bóveda. Tamén cultivou o debuxo, publicando en *Céltiga* numerosos ‘linoleums’, alén doutros debuxos e caricaturas noutras publicacións da diáspora. Presidiu a Unión de Residentes de Santiago de Compostela, fundando a súa revista *Compostela*, e tamén chegaría a presidir a Irmandade Galega. Cfr. Vilanova [1966: 1274-1277].

²⁹⁹ Cfr. *Compostela*, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938.

Cortés ilustra: **Edoardo Pondal**³⁰⁰.

Antón Crestar³⁰¹ ilustra: **Porto peixeiro**³⁰², **Armónicas furnas**³⁰³ e **Moiñeira de roda**³⁰⁴.

Xavier Prada ilustra: **Lar**³⁰⁵ e **O dolor de Barlovento**³⁰⁶.

A carón destes ilustradores hai unha serie de poemas que aparecen acompañados de ilustracións sen sinatura: **Mariña de inverno**³⁰⁷, **Presentimento**³⁰⁸, **Gaivotas**³⁰⁹, **Patacas**³¹⁰, **Eu Dígovos...**³¹¹, **A renda do mar**³¹², **Hórreo**³¹³, **Boguina**³¹⁴, **Mar Roleiro**³¹⁵, **Mareas Vivas**³¹⁶, **Don Ramón del Valle Inclán y Montenegro**³¹⁷, **Sementador**³¹⁸, **Algazos**³¹⁹,

³⁰⁰ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1016, 29 de xullo de 1947.

³⁰¹ **Nota da edición:** Antón Crestar (Miño, 1896 – Montevideo, 1985). «É unha das figuras máis sobranceiras da emigración galega ó Uruguai. Escritor e debuxante aficionado, colaborou e dirixiu diversas publicacións da colectividade galega nas terras pratenses. Autor de numerosas caricaturas que aparecían na revista *Nós* editada nos anos 30 en Montevideo, foi un dos persoeiros do nacionalismo galego no Uruguai. Amigo persoal de Castelao, Suárez Picallo e Alfredo Somoza, colaborou na fundación do Patronato da Cultura Galega de Montevideo e a audición radial “Sempre en Galicia”, feita integramente en galego e que se emite tódolos domingos polas ondas de Radio Carve da capital uruguiaia». Cfr. Sixirei Paredes [1998: 183]. No mesmo libro inclúese unha autobiografía de Antón Crestar, da que salientamos este parágrafo: «Naquela época editábase en Bos Aires unha revista, *Céltiga*, que se distribuía bastante nesta cidade. Como a min me gustaba debuxar, empecei a facer caricaturas dos máis destacados membros da colectividade. Tamén debo confesar que a citada revista foi a que me introduciu no que despois foi a obsesión de toda a miña vida: os problemas de Galicia. Na devandita revista comenzaron a colaborar un grupo de mozos que, co andar do tempo, habían de deixar ben claro que o que predicaban non era por esnobismo, senón porque así o sentáin. Eran algúns deses mozos Suárez Picallo, Prada, Blanco Amor, Pulpeiro, Rial Seijo, Alonso Ríos, Zapata García, etc.». Cfr. Sixirei Paredes [1998: 214].

³⁰² Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1123, 10 de outubro de 1950.

³⁰³ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1129, 10 de decembro de 1950.

³⁰⁴ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1153, 20 de agosto de 1951.

³⁰⁵ Cfr. *Lar*, Bos Aires, nº 213, xullo de 1951.

³⁰⁶ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1184, 30 de xullo de 1952.

³⁰⁷ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 30, xaneiro de 1928.

³⁰⁸ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 76, 25 de febreiro de 1928 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 68, novembro-décembro de 1931.

³⁰⁹ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 55, maio de 1930.

³¹⁰ Cfr. *A Fouce*, Bos Aires, nº 17, 15 de agosto de 1930.

³¹¹ Cfr. *A Fouce*, Bos Aires, nº 24, 17 de decembro de 1930.

³¹² Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 57, agosto-setembro de 1930 e *Compostela*, Bos Aires, nº 4, xullo de 1939.

³¹³ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 60-61, xaneiro-febreiro de 1931,

³¹⁴ Cfr. *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1313, 22 de marzo de 1931 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 65, xullo de 1931.

³¹⁵ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 63, abril de 1931.

³¹⁶ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 73, novembro-décembro de 1932.

³¹⁷ Cfr. *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1325, 14 de xuño de 1931.

³¹⁸ Cfr. *A Fouce*, Bos Aires, nº 37, 25 de xullo de 1931; *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 66, agosto-setembro de 1931; *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1370, 24 de abril de 1932 e *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 233, maio de 1932.

³¹⁹ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 69, xaneiro-febreiro de 1932.

Vagalumes³²⁰, **O cantar de Mari-Pepa**³²¹, **Sarandóns**³²², **Ao marchal-os barcos**³²³, **A novena do amor**³²⁴, **Na morte de Lexandro Bóveda**³²⁵, **Lobicáns galegos**³²⁶, **Tráxicos agoiros**³²⁷, **¡¡Cristialobos!!...**³²⁸, **Elegía a la Maite Guernica**³²⁹, **Rosalía Castro**³³⁰, **Loubanza ao grau de millo**³³¹, **O pranto de «Pepa A Loba»**³³², **Antergas luces promisoíreas**³³³, **Redes do mar e Marisma**³³⁴, **O Pinal inmorrente, Sachadoras e Trincado**³³⁵.

A nosa hipótese é que unha parte delas deben ser da autoría do noso poeta, especialmente aquelas que se publicaron na revista *Alborada*, que nesa altura estaba nas súas mans. Porén, perante as dúbidas autorais, decidimos non as reproducir no epígrafe Os debuxos de Antón Zapata García [Cfr. III.4].

³²⁰ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 74, xaneiro-febreiro-marzo de 1933.

³²¹ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 75, abril-maio de 1933.

³²² Cfr. *Centro Social Betanzos*, Bos Aires, 1935. Na versión de *Alborada* da autoría de Domínguez Costas.

³²³ Cfr. *Centro Social Betanzos*, Bos Aires, 1936.

³²⁴ Cfr. *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 293, xuño de 1937.

³²⁵ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 524, 27 de xuño de 1937.

³²⁶ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 528, 25 de xullo de 1937.

³²⁷ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 532, 22 de agosto de 1937.

³²⁸ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 535, 12 de setembro de 1937 e *España Republicana*, Bos Aires, nº 423, 11 de xuño de 1938.

³²⁹ Cfr. *Noticiero Español*, Bos Aires, nº 373, 23 de xaneiro de 1938.

³³⁰ Cfr. *Compostela*, Bos Aires, nº 6-7-8-9, xullo 1941-1944.

³³¹ Cfr. *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 461, maio de 1948; *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 462, xuño de 1948 e *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 464, setembro de 1948.

³³² Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1136, 28 de febreiro de 1951.

³³³ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1151, 30 de xullo de 1951.

³³⁴ Cfr. *Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 1, outubro de 1951.

³³⁵ Cfr. *Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952.

I.3. A OBRA

I.3.1. *Corpus*

I.3.1.1. Obra poética

A obra poética de **Antón Zapata García**, que neste traballo recompilamos na súa totalidade, non é demasiado extensa. Así a todo, os textos poéticos da súa autoría conforman un *corpus* importante, superior en número a moitos escritores coetáneos. Unha importante parte deles foron recollidos en *A Roseira da Soidade*, mais o autor excluíu deste volume moitos outros poemas, unhas veces para eludir a censura (como axiña veremos) e outras veces por un criterio estético propio.

En total, a obra poética compilada³³⁶ de Antón Zapata García consta de:

118 poemas en galego:

72 poemas no volume *A Roseira da Soidade* [Cfr. II.2.1]

44 poemas dispersos (publicados en revistas e xornais) [Cfr. II.2.2]

1 poema inédito [Cfr. II.2.3]

1 tradución dun poema doutro autor [Cfr. II.2.4]

34 poemas en castelán:

32 poemas dispersos (publicados en revistas e xornais) [Cfr. III.1.1]

1 poema inédito [Cfr. III.1.2]

³³⁶ É evidente que non se trata dun *corpus* totalmente pechado, pois moitas das cabeceiras consultadas só se conservan en coleccións fragmentarias, polo que calquera nova descuberta será sempre posible na medida en que se recuperen máis exemplares nos diferentes arquivos das institucións galegas.

1 auto-tradución (galego-castelán) [Cfr. III.1.3]

Mención á parte merece a existencia de dous poemas en castelán de Antón Zapata que foron traducidos por outras persoas [Cfr. III.1.4] e que, polo tanto, non se computan.

Alén diso temos noticias dalgún texto polas revistas e xornais, que non se puido localizar, como acontece co poema “A Deschamps”³³⁷.

Deixando á parte os poemas en castelán —que acompañamos como anexo deste estudo—, a obra poética en galego foi escrita durante case 40 anos dos 67 da vida do poeta. Así, o primeiro poema que localizamos é o soneto **A casa d’o poeta Pondal** (*Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913)³³⁸ e o derradeiro é outro soneto intitulado **Trincado** (*Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952). Endebén non foi o último en ser publicado, antes de falecer, pois aínda aparecerían **O dolor de barlovento** (*Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº1184, 30 de xullo de 1952), que era o capítulo VIII do longo poema narrativo **A crus da Rosa**, e o soneto **Rosalía de Castro** (*Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952), mais esta composición tamén xa se publicara tamén en xullo de 1913.

Polo tanto, temos noticia de que **Antón Zapata García** principiou a publicar na nosa lingua pouco antes de facer os vinteseite anos, de maneira serodia, e interrompeu esta actividade dez meses antes do seu pasamento, por graves problemas de saúde. Nestas catro décadas de vida creativa chama a atención o predominio do castelán como lingua literaria ata

³³⁷ Cfr. *El Eco de Teo*, «Revista mensual», Bos Aires, nº 31, 10 de setembro de 1918. Na noticia «Festival Gallego» dan conta dun acto en homenaxe do ilustre mariño español Manuel Deschamps no que Antón Zapata García le o devandito texto poético da súa autoría.

³³⁸ Curiosamente, no envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé do soneto **A Rosalía de Castro** (*Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, xullo de 1913): «Nótola. O presente soneto foi o primeiro que pubriquei no noso benquerido idioma, pois, do

1926 e, desde este ano, a case absoluta práctica monolingüe, de exceptuarmos oito poemas, un deles **Heroica Stalingrado** composto para concursar con éxito no certame convocado pola Agrupación Democrática del Espectáculo Público, co apoio da Confederación Democrática Argentina, para premiar o mellor himno de homenaxe á resistencia desta cidade perante o avance do exército de Adolf Hitler.

Non é estraño que esta actitude de monolingüismo coincida co seu vencellamento co galeguismo, nomeadamente coa Sociedade d'Arte Pondal (posteriormente Sociedade Nazionalista Pondal), entidade que representaba unha opción ideolóxica arredista, mentres que o seu regreso ao castelán vaise producir durante a guerra civil española e sempre en poemas combativos, aparecidos en xornais que apoiaban con femencia a causa republicana, cando o noso autor xa fora excluído da S. N. Pondal e mantiña un claro e manifesto compromiso antifranquista e de lealdade á IIª República.

A seguir vai unha listaxe coa datación cronolóxica dos poemas aparecidos en publicacións periódicas³³⁹ e outra atendendo á cabeceira da revista ou xornal.

I.3.1.1.1. Poemas en publicacións periódicas (por orde cronolóxica)

1913

Lejana, *Caras y Caretas*, Bos Aires, 29 de febreiro de 1913.

A casa d'o poeta Pondal, *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913.

Saudades, *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913.

castelán, xa o facía dende o ano 1911». Resulta sorprendente que esqueza a anterior aparición do soneto **A casa d'o poeta Pondal** na mesma publicación e no mes de maio.

³³⁹ Alberto Vilanova cita ademais as publicacións arxentinas *Actividad Española*, *Atracción*, *Fray Mocho*, *La Fuerte Nave*, *El Hogar*, *La Vanguardia* e *Verbum*, nas que aparecerían colaboracións en castelán que non

Rimas, *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 9, 28 de xuño de 1913.

A Rosalía de Castro, *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, 11 de xullo de 1913. [Número ilocalizable]

1914

A casa d'o poeta Pondal, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 19, 15 de marzo de 1914.

El caballero de la mano al pecho, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 28, 17 de maio de 1914.

As furnas de Laxe, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 46, 20 de setembro de 1914.

Tísica, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 49, 11 de outubro de 1914.

Huérfana, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 50, 18 de outubro de 1914.

La carta del perdido, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 55, 22 de novembro de 1914.

El Huérfano, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 56, 29 de novembro de 1914.

Ruinas, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 58, 13 de decembro de 1914.

1915

Primavera, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano III, nº 62, 10 de xaneiro de 1915.

La cieguita, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano III, nº 64, 24 de xaneiro de 1915.

Lejana, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano III, nº 69, 27 de febreiro de 1915.

Anduriñas, *Estudios Gallegos*, Madrid, nº 15, novembro de 1915.

1916

Galiciana, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 1, 10 de marzo de 1916.

Prisioneros..., *Suevia*, “Revista Gallega”, Bos Aires, nº 6, 16 de marzo de 1916.

puidemos atopar, así como tamén na revista bonaerense *Heraldo Gallego*, que se conserva nunha colección

Nai dorida, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 5, 10 de xullo de 1916.

Brindis, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 8, 10 de outubro de 1916.

1917

Las grutas de Lage, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 11, 10 de xaneiro de 1917.

A morte d'o Cisne, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 14, 10 de abril de 1917.³⁴⁰

Tríptico de amor, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 16, 10 de junio de 1917.

1918

N'a ría de Laxe, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 27, 10 de maio de 1918.

³⁵⁰ Imprenta e Litografía Roel, emblemática empresa coruñesa de artes gráficas, tanto pola súa longa vida (1872-1971) como pola beleza e calidade de impresión nos carteis e libros que realizou. Cfr. Vázquez Souza [2003: 280] que explica en Nota a rodapé: «Imprenta de Enrique Roel, sita en Real 18, baixo. O irmán do dono desta imprenta tan vencellada ao libro galego, Gerardo Roel, foi membro da Irmandade coruñesa». Porén, Neira Vilas, no artigo “Libros galegos en Buenos Aires”, ao analizar a produción literaria galega na emigración inclúe o libro de Zapata, editado na cidade coruñesa por Roel, aínda que a edición pagouna o autor que residía en Bos Aires. «Algúns libros galegos tíñanse publicados en América dende ben antes, en diferentes países. Eran casos illados. Foi en Buenos Aires, a partir da nosa mal chamada guerra civil, onde existiu un movemento editorial orgánico que lle deu continuidade ó que se viña facendo en Galicia ata 1936. Certo que seguiron algunhas edicións de autor, ás veces co apoio puntual dalgunha entidade. Van aquí varios títulos de exemplo: *Co pensamento na patria galega*, de Alonso Ríos; *Versos en gama de gaita*, de Prieto Marcos; *Debezos*, de Avelino Díaz; *A roseira da soidade*, de Zapata García, e unha antoloxía de poetas galegos, de Álvaro de las Casas». Cfr. Neira Vilas [2001: 243-246].

³⁵¹ Neira Vilas, malia o erro de situar a edición do libro en Bos Aires, tamén a denomina “edición de autor”: «Esta é a historia de moitos libros publicados en Buenos Aires, pagados polo autor que, ás veces,

presenta unha primeira versión do seu mecanoscrito a un certame literario en 1950. Destes dous episodios e da censura posterior falamos no seguinte apartado.

I.3.2.2. A historia editorial³⁵²

A pequena biobibliografía de Antón Zapata García (1886-1953), en catro páxinas, escrita por Alberto Vilanova³⁵³ foi durante moitos anos a mellor aproximación á vida e á obra do poeta de Laxe. A maioría dos datos que deu a coñecer nese traballo pioneiro son aínda hoxe fundamentais á hora de afondar no estudo de Antón Zapata. Con todo, hoxe podemos poñer en cuestión algúns aspectos, nomeadamente algún dos seus parágrafos finais, nos que Vilanova afirma

Zapata faleció en Buenos Aires el 21 de junio de 1953. Dejó inéditos un poema dedicado a la destrucción de Guernica y muchas fichas para un “Diccionario vasco-castellano” en el que llevaba trabajando varios años.

Posteriormente su familia, por medio de buenos amigos de Zapata en Galicia, publicó una selección de sus poesías bajo el título de “A Roseira da Soidade” (A Coruña-1957), con un bello prólogo de R. Otero Pedrayo.

Na mesma idea insisten os escasos estudos xerados pola obra do poeta, con excepción de Fernández del Riego³⁵⁴ na súa *Escolma de poesía galega* (1955), na que sinala: “Pouco antes de se finar dira remate ó libro de poemas *A Roseira da Soidade*, que

recatadamente, inventaba un selo editorial calquera, poñía o nome dunha casa editora que non existía, e outras, a editorial era real, verdadeira, pero igual era o autor quen pagaba a edición. Algúns casos de clara edición de autor son: *A roseira da saudade*, de Antón Zapata García; *Debezos e Pallaregas*, de Avelino Díaz; *Cantigas de nenos*, de Emilio Pita; *Contos do Miño*, de Eliseo Alonso; *Amore, arte e misticismo*, de Antón Alonso Ríos; *Muiñada noitébrega e Penas son cantares*, de Xosé Conde; *Os fidalgos de Rante*, de Alfonso Gayoso Frías; *A gaita a falare*, de Ramón Rey Baltar...». Cfr. Neira Vilas [2001: 22].

³⁵² Un fragmento da primeira versión deste capítulo publicouse co título «A intrincada historia do mecanoscrito *A Roseira da Soidade*: do “secuestro” á censura» na Introducción a Zapata García, Antón (2004). *A Roseira da Soidade. Poesías galegas*. Vigo: Xerais / Concello de Laxe. Edición facsímile.

³⁵³ Cfr. Vilanova Rodríguez [1966: 1250-1253].

agora foi editado”. O estudoso non é máis explícito, malia ser protagonista indirecto nun dos episodios que narraremos. De maneira moito máis recente, na súa monumental historia da nosa literatura, Carballo Calero³⁵⁵ corrixe a data da edición³⁵⁶ e non cita a familia como responsable da mesma, aínda que tamén cualifica o libro como “unha colleita dos seus poemas”. E esta é a percepción que se tivo durante anos³⁵⁷.

Pois ben, contrariamente ao que escriben Alberto Vilanova ou Carballo Calero, *A Roseira da Soidade* non é unha selección dos seus poemas en galego (agás que entendamos como tal a propia escolla que o autor fai á hora de dar por pechado o libro), nin tampouco a súa edición foi responsabilidade da familia do poeta. Pola contra, o libro de poemas xa estaba escrito e ordenado polo autor contra 1950, ano no que se produce o episodio do “secuestro” do seu mecanoscrito, do que axiña falaremos.

Alén diso, nun dos poemas da súa autoría que ven a luz durante este ano, intitulado **Armónicas furnas** e publicado o día 10 de decembro no semanario *Galicia* da FSG, aparece a seguinte nota da redacción que preanuncia a existencia de *A Roseira da Soidade*:

Iste delicadísimo traballo, de fonda e conmovedora gama lírica, forma parte do conxunto de poemas que compoñen o libro “A Roseira da Soidade”, libro que constituíe unha obra de riqueza poucas veces igualada na nosa literatura, como será dado comprobar cando, o seu inspirado autor, o poeta Antón Zapata García, a dea prósximamente o prelo.

Posteriores entregas poéticas lembrarán sempre este feito. Así, en febreiro de 1951, novamente temos noticia da preexistencia do seu libro, pois o semanario *Galicia* publica o poema **O pranto de «Pepa A Loba»**³⁵⁸ coa seguinte indicación: «Do libro prósimo a

³⁵⁴ Cfr. Fernández del Riego [1955: 55-57].

³⁵⁵ Cfr. Carballo Calero [1973: 606-607].

³⁵⁶ Cfr. Carballo Calero sitúa a súa publicación en 1953, mais Otero Pedrayo confesa estar escribindo o “Prólogo” nos comezos do nadal do 53, que aínda tratándose do nome do mes de decembro, certifica a imposibilidade de que o libro vise a luz en 1953, e tivo que ser nos albores do 1954.

³⁵⁷ Por suposto, tamén é errónea a afastada data de 1936 ofrecida por Tarrío Varela (2005: 268), no artigo “A Galicia Moderna. Literatura”. Cfr. Méndez Lojo, Isabel, coord. (2005). *A Galicia Moderna. 1916-1936*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2005.

³⁵⁸ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1136, 28 de febreiro de 1951.

publicarse: “A ROSEIRA DA SOIDADE”». Ademais, está introducido por unha nota da redacción (N. de R.): «O noso gran bardo galego, Antón Zapata García, tivo novamente a xentil defréncia d-enviarnos outro lírico regalo que, como “Armónicas Furnas”, pertence ao seu inspirado libro, “A Roseira da Soidade”, prósimo a sere imprentado (...)». Uns meses máis tarde, en xullo, no mesmo semanario aparece **Antergas Luces Promisóreas**³⁵⁹ no que tamén se fai referencia á próxima aparición de *A roseira da soidade*. E tamén no *Galicia* no seguinte mes aparece **Moiñeira de roda**³⁶⁰, igualmente coa indicación: «Do libro “A Roseira da Soidade”, prósimo a publicarse». Pouco despois, en outubro de 1951, *Mundo Gallego* publica o díptico intitulado **Frisos Galegos**³⁶¹, que inclúe os poemas **Marisma** e **Redes no mar**, que aparecen coa seguinte mesma indicación que os textos anteriores. E, finalmente, uns meses máis tarde, en xaneiro de 1952, outra vez *Mundo Gallego* publica un tríptico intitulado **Frisos Galegos**³⁶², que inclúe **O Pinal Inmorrente** [por gralla, aparece como **O Final Imorrente**], **Sachadoras** e **Trincado**, que desta volta aparecen coa seguinte indicación: «Do libro “A Roseira da Soidade”, a imprensarse na Cruña no primeiro trimestre corrente». Porén, o libro aínda esgotaría todo o ano 1953 antes de ver a luz.

a) O “secuestro” do manuscrito *A Roseira da Soidade*

A primeira noticia que temos sobre o “secuestro” do manuscrito *A Roseira da Soidade* aparece na plana e pico que lle dedica a este tema o semanario *Galicia*, voceiro da Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires, concretamente no seu nº 1120, do domingo, 10 de setembro de 1950. O xornal, dirixido por Antón Alonso Ríos, baixo o

³⁵⁹ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1151, 30 de xullo de 1951. Novamente coa seguinte indicación: «Do libro “A Roseira da Soidade”, prósimo a publicarse».

³⁶⁰ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1153, 20 de agosto de 1951.

³⁶¹ Cfr. *Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 1, outubro de 1951.

título en letra grande “Un Libro Gallego Secuestrado Durante 62 Días”, e os subtítulos “Cómo se Realizan los Concursos Literarios en el ‘Centro Gallego’ de Buenos Aires” e “Irrevocables razones que motivaron la renuncia de uno de los miembros de la Comisión de Cultura a la vez que miembro del Jurado, designado aquél por la Comisión Directiva del Centro Gallego para el Concurso Literario de las Obras Gallegas, correspondiente a 1949”, vai reproducir na súa terceira páxina varios documentos: unha carta ao director do poeta Antón Zapata García, a carta de renuncia do tamén poeta Jesús Calviño de Castro³⁶³ como membro da Comisión de Cultura do Centro Galego e que está dirixida ao seu presidente, José Villamarín, e unha copia textual da carta que o propio Calviño de Castro dirixiu ao autor de *A Roseira da Soidade*, que se inicia nesta páxina e remata na seguinte. Os textos ocupan a totalidade da plana, agás dous ocos nos que se reproducen senllas copias documentais acompañadas dos seguintes pés de imaxe: “Facsímil del comprobante firmado por el Presidente del Centro Gallego, señor José Villamarín, dándole entrada a la obra para el concurso” e “Facsímil del sello del Correo, probatorio de que el certificado conteniendo los libros fué expedido el 26 de abril de 1950”.

Na súa carta ao director o poeta Antón Zapata principia por recoñecer a honradez e o comportamento impecable de Jesús Calviño de Castro por facer pública a súa renuncia co fin de “poner, ante la colectividad gallega, al descubierto, la reprochable conducta de la mayoría de los miembros que forman la Comisión Directiva del Centro Gallego en la actualidad, como asimismo también la mayoría de la Comisión de Cultura, que secunda su proceder”. A seguir, Zapata explica que enviou o seu libro de poemas en galego *A Roseira*

³⁶² Cfr. *Mundo Gallego*, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952.

³⁶³ “Calviño de Castro (Jesús). Nacido en Abegondo, reside na Arxentina desde 1911. De sempre sentiu un gran amor pola súa terra que se reflite no seu labor constante en Bos Aires. Colaborou en publicacións galegas e arxentinas, dirixindo periódicos e fundando a AGUEA. Publicou os libros de versos *Hojas dispersas* e *Bordón de peregrino*. Dirixiu no pouco tempo que durou a audición radial da Federación de Sociedades Galegas” en Alberto Vilanova Rodríguez, *Los Gallegos en la Argentina*, vol. II, Bos Aires, Ediciones Galicia, 1966.

da Soidade ao Concurso Literario de 1949 e que a obra foi “materialmente secuestrada” desde o 29 de abril ata o 30 de junio de 1950, datas nas que o xurado debía estudar os traballos admitidos para emitir o seu ditame.

O poeta reitera novamente a acusación de “secuestro” e cualifica de “bochornoso” o feito de que se teña premiado unha obra de “tercer orden”, denunciando a manifesta parcialidade pola inconcibible negativa da maioría da Comisión Directiva a que se formase un Tribunal de Honor, como propuxera o vicepresidente da entidade, Ricardo Badía.

A carta continúa amosando a estrañeza que lle produce o “sospechoso silencio que se viene guardando en torno a la renuncia de Calviño de Castro, desde el 12 de julio hasta la fecha” e, nos seus últimos parágrafos, xustifica a súa decisión de facer públicas todas estas irregularidades

Por otra parte, aceptar yo silenciosamente tal estado de cosas, sería abrir paso a la duda de que en tan bochornosa circunstancia, un padre abandona a su hijo, no importando de que este hijo sea espiritual, como ocurre con mi “A ROSEIRA DA SOIDADE”, libro en el que puse mi acendrado amor de gallego, mi entusiasmo y mis inquietudes de emigrado, porque en él se testimonian muchos de los inalcanzables anhelos de mi ya lejana juventud.

¿Cómo entonces voy a permitir en silencio, que se manosee bastardamente una obra mía, que, a causa de una confabulación tan carente de ética, no se le concede el derecho de que un Tribunal la coteje con un libro de “tercer orden”, como es el que se le ha “obsequiado” el premio”?

¿Tan buena se considera “A ROSEIRA DA SOIDADE”, que se prefiere el bochorno, por temor a que el Tribunal que propuso el señor Badía, pueda descubrir quienes son y quienes somos?...

Finalmente, apela a que a colectividade galega debe ter a última palabra logo de que fose coñecida a demisión de Jesús Calviño de Castro como membro da Comisión de Cultura e do xurado no Certame Literario de 1949, pois este era o ano da convocatoria.

Precisamente esta carta de renuncia é o segundo documento que se reproduce na súa totalidade. Datada o 12 de xullo de 1950 e dirixida, como dixemos, a José Villamarín, daquela presidente do Centro Galego, principia co agradecemento de Calviño de Castro á Comisión Directiva pola confianza nel depositada, para deseguida dar a coñecer os principais argumentos polos que presenta a súa demisión. Así, primeiramente, cualifica de “sospechoso” o feito de que os membros do xurado non tivesen recibido a totalidade das obras enviadas polos concursantes, pois entre elas non se atopaba o libro de Antón Zapata *A Roseira da Soidade*. Para salvagardar o prestixio do Centro Galego, Calviño de Castro engade unha explicación detallada do estraño episodio que transcribimos polo seu interese

El jueves, 29 de junio del corriente año, más o menos a las 19 horas, atendí una comunicación telefónica en la que, en mi carácter de miembro de la Comisión de Cultura, se me rogaba averiguara si la obra “A Roseira da Soidade”, había sido entregada a los miembros del Jurado, para ser estudiada. Como a la par que miembro de la Comisión de Cultura, lo era también del Jurado, y por este motivo conocía el contenido de las **Veinticuatro obras**, que en ese momento tenía en mi poder, como es de imaginar, mi respuesta fué negativa para mi casual interlocutor.

Pero el asunto se complicó, cuando una hora después, me fué entregado un original de “A Roseira da Soidade”, y en el lado interno de la primer tapa, tenía un recibo de Correo, que testimoniaba que esta obra había sido certificada el día 26 de abril de 1950. Ante tan irrefutable comprobante, el día 30 de Junio, o sea al día siguiente, me apersoné al señor Ares, el encargado de la Biblioteca social, el que, después de haberse enterado de la novedad, con la proverbial amabilidad que lo caracteriza, se entregó de inmediato a la tarea de dar con la citada obra, lo que al fin ha logrado después de cerca de hora y media de intensa búsqueda. Y, ¡claro está!...: “A Roseira da Soidade”, había llegado al Centro Gallego, el día 26 del citado abril. ¿Por qué esta obra fué entregada recién el día 30 de junio y, aún así, obligada por las apremiantes circunstancias expresadas?

Calviño de Castro continúa a súa contundente exposición de motivos sinalando que *A Roseira da Soidade* era sen dúbida a mellor das obras presentadas, pero que apenas foi

tocada polos dedos do resto dos membros do xurado que xa tiñan decidido que o premio debía corresponder a *Precursores e novos*, que cualifica como “una obra de tercer orden”. Para consolidar esta rotunda afirmación, a carta engade unha sólida argumentación dos erros que na súa opinión presenta o devandito ensaio

En primer término, la mediocridad de “Precursores e novos” responde no a lo que contiene sino **a lo que no contiene**, falla imperdonable en quien pretende, o intenta, cumplir una misión honrada y decente. Es más: puede afirmarse que si se hace excepción de los Precursores, que ya nos son archiconocidos a través de don Manuel Murguía, y de nuestro insigne Castelao, que no precisa que lo inmortalice nadie, porque ya lo ha inmortalizado su Arte y su conducta, lo demás, da la impresión de ser una biografía casera, exclusiva para amigos. Y al no ser así, ¿Cómo es posible que en “Precursores e novos”, se omita a don Ramón María del Valle Inclán, a Roberto Nóvoa Santos, a Antón Vilar Ponte y a otros muchos que anoto al final de la presente? ¿Qué imparcialidad puede haber en una obra de esta naturaleza, cuando en ella se omiten los nombres del Marqués de Figueroa y Concepción Arenal? ¿Qué concepto serio puede merecernos, cuando, quizá, deliberadamente se nos ocultan los nombres de Enrique Labarta Pose y Eugenio Carré Aldao y, por si esto fuese poco, se nos aplica a los que amamos el arte, la traicionera bofetada de ocultarnos al glorioso Alvarez de Sotomayor y al eximio Manuel Abelenda? ¿Es que el señor F. Fernández del Riego, porque él es quien firma “Precursores e novos”, pretendió tomarnos el pelo a los paisanos emigrados, considerando que comulgamos con ruedas de molino?

Despois de evidenciar algunhas das eivas que atopou na obra premiada, Calviño de Castro realiza un panexírico do libro *A Roseira da Soidade*, ao que chega a cualificar de “incomparable”, e do seu autor Antón Zapata García, que é caracterizado con “la integridad de un hombre de bien, de un poeta invaluable y de un gallego de ley de integridad incommovible”, para rematar apelando á intervención da Comisión Directiva para que se comprobe por persoas capacitadas a súa denuncia.

A carta de demisión de Calviño de Castro vai acompañada da publicación dun anexo sobre as carencias que detectou no traballo premiado. Co epígrafe «Las prestigiosas

figuras que no tiene “Precursores e novos”» cita unha longa serie de nomes que considera imprescindibles. Así, dos “Precursores” nomea a Concepción Arenal, do “Renacimiento” sinala as ausencias do Marqués de Figueroa, Emilia Pardo Bazán, Ramón María del Valle Inclán, Manuel Linares Rivas, Eladio Rodríguez González, Álvarez de Sotomayor, Manuel Abelenda, Roberto Nóvoa Santos, Antón Vilar Ponte, Ramón Vilar Ponte, Álvaro de las Casas, Manuel Núñez González, Camilo Díaz Baliño³⁶⁴, Enrique Labarta Pose, Luís Rodríguez Seoane, Eugenio Carré Aldao, Prudencio Canitrot e Sofía Casanova, e entre os “Novos” bota en falta os nomes de Francisca Herrera Garrido, Herminia Fariña, Ramón Rey Baltar, Xavier Bóveda, Antón Zapata García, Manuel Prieto Marcos, Xervasio Paz Lestón, Eliseo Pulpeiro, Gumersindo Sánchez Guisande, Fausto Vázquez Pandelo, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Avelino Díaz e Arturo Cuadrado.

A segunda das cartas de Jesús Calviño de Castro da que se nos ofrece copia textual é moito máis breve e vai dirixida ao propio Antón Zapata García, ao que chama “mi querido poeta y viejo amigo”. Datada o 10 de agosto de 1950, principia facéndolle saber que presentou a súa renuncia indeclinable como membro da Comisión de Cultura do Centro Gallego, perante a Comisión Directiva o día 12 do anterior mes de xullo, e que esta delegou na primeira. Non obstante, a reunión ordinaria da Comisión de Cultura non aborda o tema, malia a súa gravidade, e isto para Calviño de Castro supón que “admiten, tácitamente, que las acusaciones que hago en mi renuncia son, desde todo punto de vista, irrefutables”. De por parte, entende que a negativa a formar un Tribunal de Honor perante a denuncia de “secuestro” de *A Roseira da Soidade* e a decisión de premiar unha obra de “factura deplorable” constitúen un episodio “tan incalificable como bochornoso”, do que non quere responsabilizarse, feito polo que fai a Zapata coñecedor da súa renuncia.

³⁶⁴ Díaz Baliño. *Cfr.* Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda** [95].

Acusacións tan graves non podían quedar sen resposta, con todo só se produce por boca de Agustín Montoto, secretario da Comisión Cultural do Centro Gallego, en carta ao director publicada tamén en *Galicia*, no nº 1122, do sábado, 30 de setembro de 1950, baixo o título “Contestación aclaratoria”.

No seu texto, non demasiado extenso pero categórico, Montoto comeza acusando a Calviño de Castro de “provocador, con miras sensacionalistas, de tan lamentable asunto” e sinala o estupor e a indignación producidos no resto dos membros do xurado, xa que non formulara ningunha observación nin o día en que se reuniron nin antes. Logo, nega a suposta parcialidade dos compoñentes da Directiva e da Comisión de Cultura, porque todos ignoraban o nome dos concursantes, agás precisamente o propio Calviño de Castro.

Montoto explica que “no hubo secuestro, como se afirma falsa y maliciosamente, sino extravío”, que xustifica coa enfermidade do bibliotecario “rentado”, señor Ares, pois era quen se encargaba da recepción, clasificación e entrega das obras aos membros do xurado. E sinala que estes tiveron unha semana máis para estudar *A Roseira da Soidade* cando a obra apareceu ao ser requirida por Calviño de Castro, polo que non se podería dicir que “apenas se le tocó con la yemita de los dedos”.

Deseguida, o secretario invalida os criterios expresados sobre a obra gañadora, dado que unha das biografías omitidas é a do propio Calviño de Castro “quien tiene por base destacada de su labor literaria, unas malas letrillas bailables”, e argumentando que o seu autor fora premiado en 1946, no concurso organizado pola Federación de Sociedades Gallegas, polo libro *Cos ollos do noso esprito*, recén publicado pola Editorial Alborada, e moi gabado nas páxinas de *Galicia*.

Por último, Agustín Montoto lamenta o acontecido e tamén o feito de que o poeta Zapata García procedese guiado por informes falsos e malevolentes, en vez de acudir ás autoridades do Centro Gallego en procura de explicacións, asegurándolle que a súa obra foi

“juzgada sin prevenciones, y que el escándalo hecho en torno a ella por el señor Calviño de Castro, no tiene más justificativo que lo agradables que, al parecer, le resultan a ese señor tal clase de situaciones”.

O episodio relativo ao “secuestro” de *A Roseira da Soidade* remata coa publicación de senllas respostas iradas de Antón Zapata García e Jesús Calviño de Castro, que se demoran ata o *Galicia*, nº 1125, do luns, 30 de outubro de 1950. Este notorio retraso está xustificado por unha breve Nota da Redacción que sinala que ambas chegaron á comisión de prensa o 7 de outubro, día no que estaban datadas, mais que non se publicaran antes por falta de espacio dispoñible.

En primeiro lugar aparece a carta de Zapata, baixo o título «La Ridícula Defensa de un “Premio Trabajado”, y, Asimismo, del “Secuestro” de un Libro» e o aínda máis longo subtítulo «Respuesta a la “Contestación Aclaratoria” del señor Agustín Montoto, secretario de la Comisión Cultural del Centro Gallego de Buenos Aires».

Zapata, con durísimas palabras, acusa a Montoto de formular preguntas capciosas e elucubracións, lembra a súa negativa a crear un Tribunal de Honor, e ofrece novos datos sobre o asunto, nos que inclusive sae a relucir a presenza de Luís Seoane

Olvidase, sistemáticamente, el señor secretario de la Comisión Cultural, de las fechas en que se hicieron conocer el **Veredicto** del Jurado Literario y la **Carta-renuncia** del señor Calviño de Castro: aquel fué “**trapicheado**” el 8 de julio, y dicha renuncia ha sido presentada, por intermedio del señor Badía, el 13 de julio, un día después de haber sido firmada por el renunciante. Podía muy bien, entonces, el señor Calviño de Castro, contrariamente a la sutileza que usted mal pergeña en su pregunta, decir el nombre mío, puesto que ya se conocía el veredicto, y, además, usted sabía, la noche del 30 de junio —según me aseveró Calviño de Castro—, de quién era “A Roseira da Soidade” por haberlo escuchado en la Biblioteca del Centro Gallego, por boca del empleado Luis Seoane, y estando presente el bibliotecario rentado Ares. Esto, demuestra con qué facilidad olvida lo

que no le conviene el señor secretario, entre otras cosas, que del 30 de junio, al 3 de julio, ¡son ocho los días de diferencia!

Este baile de datas sérvelle ao poeta Antón Zapata para argumentar que, unha vez producido o ditame do xurado, nada impedía que se puidesen coñecer os concorrentes. A carta remata coa ratificación do expresado na anterior e volve insistir que o seu libro estivo secuestrado durante 62 días.

Jesús Calviño de Castro titula a súa carta “Aclarando máis aún” e cualifica a resposta dada por Agustín Montoto como “unos cuantos manotones de ahogado”. Señala que non se lle facilitou copia da acta na que constaban as súas observacións e que se dirixiu ao vicepresidente da entidade porque era a persoa que máis confianza lle inspiraba, para centrar a súa nova argumentación no feito de coñecerse a identidade do autor, que xa fora identificado polos outros dous membros do xurado: Núñez Búa e Avelino Díaz.

Yo doy el nombre del autor de esa obra, en mi renuncia, porque ésta fué elevada a la Comisión Directiva el día 12 de julio, o sea cuatro días después de haberse cerrado el Certamen. Lo que usted no dice es que, cuando el día 30 de junio solicité en la Biblioteca “A Roseira da Soidade”, en su presencia, el señor Luis Seoane tomó uno de los tres ejemplares, y, después de haberlo hojeado, dijo terminantemente: “Este libro, es de Zapata”. Cuando nos hemos reunido el 8 de julio los componentes del Jurado, el señor Núñez Búa, refiriéndose “A Roseira da Soidade”, dijo textualmente: “Eu sei de quén é iste libro”, frase que terminou el señor Avelino Díaz, agregando: “É de Zapata García”.

Desvelado este punto, Calviño de Castro sinala que nunca puxo en dúbida a capacidade literaria de Fernández del Riego, pero que a súa obra *Precursores e novos* era “incomparablemente inferior” ao libro de Antón Zapata. E, de novo, leva a súa argumentación cara ao feito de que non se publicasen os lemas das obras recibidas para o Concurso Literario de 1949, como adoito se viña facendo, eiva da que responsabiliza directamente ao secretario, exculpando ao bibliotecario

Cuando el día 30 de junio, más o menos a las 18 horas, solicité al señor Ares “A Roseira da Soidade”, el señor Ares se puso a buscarla sin resultado. Pretestando que tenía que hacer un llamado telefónico urgente, me dejó solo en la Biblioteca, retornando de inmediato, para proseguir la búsqueda de la obra que yo le solicitara. Como a los tres cuartos de hora, y con la diferencia de algunos minutos, llegaron el señor Luis Seoane y usted. Y, ¡qué singular coincidencia! ¿Se acuerda? Como si la providencial llegada de ustedes a la Biblioteca, respondiese a las mágicas virtudes de un irresistible imán, pocos momentos después, el señor Ares “des-olvidó” “A Roseira da Soidade”.

Calviño de Castro, nos parágrafos máis duros da súa carta, lémbrale a Agustín Montoto que non son de estrañar os seus esquecementos, xa que no mes de maio lle entregara un traballo en galego sobre Rosalía de Castro, do que non sabe aínda o seu destino. E, finalmente, asume toda a responsabilidade á hora de promover a acusación, exculpando da mesma ao poeta Antón Zapata.

Coa publicación destas dúas últimas cartas, a redacción do semanario *Galicia* daba por pechada a controversia establecida arredor de *A Roseira da Soidade*. De feito, na mesma páxina que se insiren aparece un recadro co Regulamento da Comisión de Prensa, onde se especifica que toda polémica que apareza nas columnas do xornal, concretarase como máximo ao seguinte: a) artigo que provoca a polémica, b) contestación do acusado, e c) aclaración do acusador, que puido ser mal entendido.

b) A censura (ou autocensura) de *A Roseira da Soidade*

De novo a xa citada biobibliografía de Antón Zapata García escrita por Alberto Vilanova achega a primeira información coñecida sobre a censura que padeceu o volume *A Roseira da Soidade* antes da súa edición definitiva en 1954. En efecto, sinala:

Lamentamos que el hecho de publicarse el libro en Galicia, sometida a una feroz censura, al igual que los demás pueblos españoles, haya privado a la obra de aquellas poesías de tono rebelde y admonitorio que han perdido así la oportunidad de ser suficientemente conocidas. Tales son, entre otras, “Sementador”, “Invocación *O Caxestal*”, “Na morte de Lexandro Bóveda”, “Lobicáns galegos”, “Tráxicos agoiros”, “¡¡Cristialobos!!”, “Herbal Frorido”, “Castelao” y otras.

Alén de Vilanova Rodríguez, nin Carballo Calero nin ningún dos outros estudosos que se ocuparon, case sempre con brevidade, da obra de Antón Zapata fan referencia á existencia de censura sobre o libro. Haberá que agardar ata 1990, cando o historiador betanceiro Xesús Torres Regueiro publica en *A Nosa Terra*³⁶⁵ o artigo “Antón Zapata García, poeta do mar de Laxe”, no que fai referencia a algúns dos poemas que foron sancionados polo lapis vermello da censura.

Mais antes de afondarmos neste episodio pouco coñecido, non está de máis coñecer a historia editorial que tivo o libro e que o propio Xesús Torres Regueiro expón noutro artigo intitulado «Os avatares editoriais de “A Roseira da Soidade”», publicado nun número que a revista bergantiñá *A Regueifa*³⁶⁶ lle dedica a Antón Zapata, poeta do mar de Laxe. Nese texto, Torres Regueiro revela a existencia de tres cartas de Zapata no arquivo familiar dos herdeiros do galeguista betanceiro Manuel Roel Longueira, quen botara trece anos de exilio en Bos Aires para fuxir da represión franquista. Como queira que este Roel viña sendo parente dos tipógrafos que posuían a Imprenta Roel na Coruña, Zapata vaille confiar tódalas xestións que teñen que ver coa edición.

A xenerosidade e as xestións de Torres Regueiro, así como as facilidades dadas polos familiares de Manuel Roel Longueira, permitiron que coñecesemos esas tres cartas. Trátase de documentos de grande importancia porque recollen as vicisitudes da edición e

³⁶⁵ Cfr. *A Nosa Terra*, nº 418, 1 de febreiro de 1990. O mesmo artigo foi reproducido en *A Regueifa*, Revista Cultural de Bergantiños, nº 7, Carballo, 1991, pp. 10-11.

³⁶⁶ Cfr. *A Regueifa*, Revista Cultural de Bergantiños, nº 8, Carballo, 1992. Inclúe un editorial sobre o poeta e os artigos “Antón Zapata García, o compromiso do poeta desde a emigración” e “A obra literaria de A.

inclusive aspectos relacionados coa doenza de Antón Zapata, unha enfermidade que o consumiu pouco antes de que o libro vise a luz.

A primeira está datada o 18 de febreiro de 1953 e nela Antón Zapata desculpa o seu longo silencio na relación epistolar que mantiñan desde que Manuel Roel Longueira regresara a Betanzos en 1950, sinalando que desde o “pasado mes de xuño de 1952: paséi seis meses no leito, de abondo enfermo e doorido” e que agora debe facer fronte a un estricto réxime alimenticio.

Zapata agradécelle a Roel “todo canto vostede fixo a prol meu diante dos señores Otero Pedrayo, Carré, e Vales”, do que se pode deducir que todos tres tiveron algo que ver no proceso de edición. Logo de mencionar a varios coñecidos comúns, o poeta de Laxe anúncialle o envío de *A Roseira da Soidade*

Teño felismente, todo preparado. ¡Xa era tempo!... Irán, ao seu nome, catro (4) exemprares: tres pr-â CENSURA, mais, o outro, servirá pr-âs correizóns, e, logo, estimaréi que lle dea un lugarinho na súa biblioteca. Pra min será unha grande honranza que meu libro teña aloxo na casa d-un bô amigo e fidel home de ben. Dígoo sinxelamente. ¡Abofé!...

E seguidamente fala sobre as condicións da edición, así sabemos que o volume vai levar case cen páxinas máis do que falaran con anterioridade (finalmente sairá editado con 244 páxinas) e da súa proposta de imprimir só cincocentos exemplares, por razóns económicas. Zapata pagaría a edición en moeda arxentina ao señor Fernández, que era o apoderado na Arxentina do pintor coruñés, e sobriño do poeta, Manuel Abelenda Zapata, e este reembolsaríalle os cartos á imprenta.

A preocupación de Antón Zapata pola edición chega ata o mínimo detalle, primeiro insiste en que a portada debe ser realizada polo seu sobriño e que nela debe figurar o debuxo dunha roseira e dunha cruz, como así foi, pois a cuberta final recolle a imaxe dunha roseira

Zapata”, ambos da autoría de Manuel Amor Couto, unha escolma de poemas e o xa referido de Xesús Torres Regueiro.

gabeando por un fermoso cruceiro, e despois solicita copias dos tipos e da calidade do papel, ademais de sinalarlle o tamaño que deberían ter as súas páxinas. De por parte, o poeta quere facer coincidir a súa aparición co cincuentenario da súa chegada á Arxentina, acontecida en outubro de 1903

CINCOENTA ANOS: como, no mes de outubro, vai a facer o médeo século que eu cheguei a esta banda do Noso Mar, quixera —¡eu, que son un descreído de moitas esanzas presentes e futuras!— que “A ROSEIRA DA SOIDADE” levase o meu saúdo a todol-os galegos, nosos irmáns, sen distincións de ideoloxías de ningunha coor. E teño unha gran arela de que se cumpra este meu latexo, nado no fondo do máis fondo da miña sinxela vida.

A carta continúa sinalando que xa pensara remitirlle os catro mecanoscritos do libro en xuño de 1952, a través do muxián Antón Bermúdez Abente, pero que a enfermidade llo impediu e “Penso que ganéi n-elo: fixen algunhas correccións, pois teño a teima de que sempre existe nos meus traballos algo que pulir... que escarabellar...”.

Nos últimos parágrafos faise referencia a que o seu neto fai nesa data quince anos e citando uns versos de Pondal reflexiona sobre a fuxida do tempo, para finalmente manifestar a súa alegría de que Roel, tamén escritor, abandone o conto festivo en favor de relatos máis “en serio”, para os que o betanceiro estaría capacitado dado o seu dominio léxico.

Un mes máis tarde, o 22 de abril de 1953, Antón Zapata escíbelle a Manuel Roel Longueira a segunda das cartas que se conservan. As novas sobre a saúde do poeta ocupan as primeiras liñas, onde se narra unha nova convalecencia de dous meses, que apón a non ter seguido o réxime de maneira estricta e terse excedido coas larpeiradas.

A comunicación epistolar céntrase no envío dos catro exemplares do libro a través dun amigo común, Antón Núñez Fernández, lembrando de novo que un vai dedicado para o propio Roel. Desta volta, Zapata engade a necesidade dun prefacio con comentarios sobre a súa poética e fala da posibilidade de eliminar algúns poemas para reducir o volume de páxinas

Correio aparte, remíttolle "VERBAS DE LOUBOR", as que irán insertas, a xeito de PRÓLOGO, no libro, no lugar sinalado n-éste. Trátase, como xa lêrá, de diferentes opinións, anque coincidentes entre si, de varios esquireiros. Teño intrés no conxunto, esto é: se hai falla de logar nas 300 páxinas, pódese suprimir algún poema, que sería, ao meu ver: xa "Regueira sinxela", "Freira", "Primaveira", os tres, xa que sumarían, co-a xa indicada ao comenzo do libro, catro, en TIPO 8, pra que queipan.

Finalmente, o poeta expresa a súa confianza en que a censura sexa benigna co contido do libro: "Eu penso que n-ha de oporse cousa algunha pra que vaia ao prelo".

A derradeira carta leva data do 14 de xuño de 1953, unha semana antes do falecemento do poeta, que o contido non fai entrever, malia sinalar nos parágrafos iniciais que a súa saúde continúa "arregular", pero que lle permite aínda traballar na confeitaría que rexentaba xunto á súa muller Ánxela. Con todo, é novidosa a forte saudade que refliten as súas palabras

¡Ai, compañeiro Roel, cómo lembro a Nosa Terra!... Seméllame que, canto máis tempo fuxe, alonxado d-ela, afíncase, fondosa e saudal, a miña angueira de voltar ao seu seo. Non valen nada máis que pouca cousa os cartos (vostede fálame d-eles), cando non se pode ire achegándose aos eidos onde rebrincou de pequeno. No meu poema o "Herbedeiro de Lourido", e, tamén, n-outro -"O FARO"-, fago menzón do meu arraigado sentimento de podere voltar. Nos "Pinales da lembranza", aínda sinto zoar os seus arumes...

Logo desta confesión, Zapata continúa cambiando impresións sobre a edición do libro, facendo referencia ás probas de imprenta recibidas, e asumindo a suxestión de Roel de que aparezan os versos en letra cursiva, e non en redonda, ao tempo que reclama un papel máis livián que o das galeradas, para que iso permita unha edición máis económica.

A seguir relátalle a Roel a fanada xestión inicial con Fernández Ferro para proceder ao pagamento e sinala a posibilidade de mandarlle un poder para que poida retirar do Banco Pastor unhas accións herdadas da súa tía Xoana García Moreira, de Camariñas, ou tamén, se non abundase, chegar a vender unhas terras en Treos (Vimianzo) e en Brántoas (Malpica). Novamente hai unha velada referencia á censura que pode sufrir o contido

Pol-o atíñente â censura, e, de paso, ao que falou cô señor Vales, vexa, bon Roel, de que se imprese o libro atal como vimos falando: que leve as 300 e pico de páxinas. Faga todo o posíbel pra que eisé sexa.

Esta derradeira carta remata amosando o seu interese en coñecer o número final de exemplares que se van imprimir e as súas posibilidades de distribución, tanto en Galicia como en América, deixando en mans de Roel todo o relativo á administración da tiraxe. Tan só hai un aspecto sobre o que revoga unha decisión anterior

Xa lle indiquéi, n-outra correspondenza, cáles poemas se poden suprimir, mais creo non-o debo de facer: ¡todos son fillos meus!...

A repentina morte de Antón Zapata retrasaría ata os primeiros meses de 1954 a aparición de *A Roseira da Soidade*. Ramón Otero Pedrayo confesa no “Prólogo” que recibira o encargo de Roel para escribilo a mediados de xullo e que pouco despois chegara outra carta, datada o 3 de agosto, na que o betanceiro lle comunicaba a morte de Zapata. Otero Pedrayo escribe as súas palabras “con dóor e ó tempo con serea legría” nos “comenzos do Nadal”, tendo na lembranza “unha mañán do griseiro inverno austral do 1947 cando me visitou en Bós Aires estando éu doente por unhas horas no leito”, para logo debruzarse na análise da lírica zapatiana, salientando as pegadas de Pondal, Cabanillas e o bretón Tristán Corbière.

No bienio 1953-1954, por razóns evidentes, a literatura galega non goza de boa saúde, agás no exilio. Así, 1953 caracterízase pola escaseza de libros de poemas, xa que tan só se editan dous en Galicia: *Cancioeiro da Nosa Señora de Faro* do sacerdote Avelino Gómez Ledo e *Cancioneiro de Monfero* de Xosé M^a Álvarez Blázquez, e o opúsculo *Santo da barba dourada* de Martín Torrado. Este é o primeiro de xinea popular e temática relixiosa e o segundo de claro contido (neo)trobadoresco. Máis feraz é a colleita de 1954, pois ademais do libro de Antón Zapata aparecen en Galicia seis títulos: *Isa folla que vai polo río* de Augusto M^a Casas, un libro saudosista que tamén inclúe poemas intimistas ou medievalizantes; na mesma liña *Romance do pescador peleriño* de Xosé M^a Álvarez

Blázquez, que bebe tamén do neopopularismo; os *Poemas composteláns* de Avelino Gómez Ledo; *Terra chá* de Manuel María, libro paisaxista de homenaxe á súa comarca natal; *Da miña zanfona* de Ramón Cabanillas, que xunta dez poemas de elevada técnica literaria, e *Gabanza da Cruña*, do sacerdote Xosé Rubinos. Ningún deles presentaba ningún problema para o réxime franquista, aínda que entre os autores citados hainos de probada militancia antifranquista. Non obstante, calquera texto que levase este aroma estaba condenado a non ver a luz ou a publicarse no exilio.

Neste contexto era obvio que o manuscrito orixinal de *A Roseira da Soidade*, malia a morte do seu autor, non ía ser xulgado con benevolencia e o medo á censura obriga a prescindir previamente de, polo menos, catorce textos: “Antón Vilar Ponte”, “Os camiños da vieira”, “Galiceibe”, “Hórreo”, “O remorso do mar”, “Sementador”, “Invocación *O Caxestal*”, “Na morte de Lexandro Bóveda”, “Lobicáns galegos”, “Tráxicos agoiros”, “¡¡Cristalobos!!”, “Herbal Frorido”, “Castelao” e “Traiñeiros de Laxe”. Ningún deles figura xa no manuscrito do libro enviado a Manuel Roel Longueira, o que indica que **Antón Zapata García** exerceu unha precavida “autocensura” para evitar os problemas que puidese ocasionar o contido.

Con todo, antes de analizarmos a “autocensura”, hai moitos versos que o poeta non modificou no libro *A roseira da soidade* e que sorprenden por seren reveladores de que a intelixencia e os ollos dos censores eran de curto alcance.

Neste senso, o texto máis significativo é un dos últimos poemas do libro, intitulado **Vento irmán [70]**, no que é difícil entender que puidesen burlar a censura versos que falan: “*Da terra de San Patricio / —da reberte irmán Irlanda—*”, ou estoutros: “*cando sopras forte, ¡vento! / je fas subir as escotas / con verbas de libertá!*”, agás que os censores matinasen que eses metafóricos ventos da liberdade non tiñan nada que ver co fascismo, ou aínda as alusións ao combativo nacionalismo irlandés do Sinn Fein que atopamos deseguida: “*Bô*

vento dos «higlanderes» / e das fortes irmandades / «sinfeineres» / forxadoras de vântades», versos todos eles que revelan ben a ignorancia ou ben a inopia da censura.

Mais xa nos primeiros poemas, como **A Gaita [4]**, menciona nos versos da estrofa inicial: *a maxestosa «Alborada» / do ispirado Pascoal Veiga*, e contra o medio da composición atopamos uns versos nos que menciona a Frouseira, lugar no que morreu o mariscal Pardo de Cela, e fala de que virá un día no que Deus cumpra un prego do pobo galego, que non podía ser outro máis que a liberdade. Velaí:

—¡ouh, triste Frouseira! —,
e decíndolle ao Povo Galego,
con forte armoñía,
que ha vîr o bô día
no que Deus comprimente o seu prego...!

No seguinte poema, **A campana da Soidade [5]**, glosa a campá da Berenguela e xa no remate da primeira estrofa fala da liberdade da Nosa Terra: *¡Pra decirnos que, nestora, / xa nacéu a redenzora / libertá do Noso Lar!...*

Moito máis sutil é un verso incluído no soneto **Rosalía Castro [19]**, no que fai un retrato da poeta e remata con este terceto, no que aparece a palabra ‘desterro’:

I-é câl unha nai pra cantos pol-o mar abaixo vîmos
pois si, orfos, no desterro, coa soidade máis sofrimos,
Ela arrula —¡Branca Pomba!— nosa i-alma con amor!...

Outro texto con versos sorprendentes a ollos da censura é **O Pinal Inmorrente [25]**, que narra a corta dos “*pinos do pinal máis antergo*” e que remata con estes dous abondo significativos: *je vertendo seu sangue de arumosa resina, / forte exempro de heróis aos galegos ensina!...*, nos que a lección dos piñeiros exemplifica a loita do pobo galego polos seus dereitos, algo que os censores tampouco souberon intuír.

E no poema de amor **Túas mans** [32] temos unha lección de historia sobre as invasións romanas, coa resistencia expresa das poboacións prerromanas, que para a historiografía galeguista da época eran os celtas:

pr-ôs arriscados ártabros-ogueltas,
pr-ôs heróis de Numancia e de Sagunto...
¡qu-eran celtas!,
e pr-aqueles guerreiros do Medulio
—indómetos e bravos—
75 que cando se batían
côs centurións de Xulio...
¡morrerse preferían,
denantes que ficaren sêndo escravos...

Un pouco máis adiante aínda atopamos outra serie de versos que aínda fan máis difícil de entender que os censores efectuasen unha atenta lectura do texto, do contrario é inexplicable atoparmos as seguintes palabras nun libro editado por volta de 1954, en plena efervescencia do franquismo:

Túas mans tamén saben
trocar-se en pechos puños
escontra dos ferrollos que nos traben
na nosa ideoloxía,
escontra das angurias do que sofre
110 porque non tèn alcuños,
e a prol de cantos loitan
e a servos non se adoitan
por mor do negro pan de cada día;

Moita maior sutileza temos nos dous versos finais da composición **A resposta das ondas** [48] na que se relata a ausencia de peixe coa que se atopan os pescadores, porque: —
«¡Na outa mar os somariños / espantárono con bombas!»... Semella obvio que o poeta non

debe facer referencia ao uso da dinamita na pesca, senón ás manobras producidas no transcorrer da Segunda Guerra Mundial, nuns anos nos que esta zona da Costa da Morte foi moi transitada por submarinos alemáns. Os versos citados poderían interpretarse como unha velada crítica da intervención xermana, mais os censores tampouco se decataron.

E aínda máis sutil é a presenza no primeiro soneto do poema **Amante navío [65]**, dun verso que di: *O meu branco veleiro “Galeguista”*, onde este adxectivo non se desprende da súa carga simbólica, malia se tratar dun texto amoroso e con léxico e tamática mariñeira.

Finalmente, tamén sorprende a presenza da figura mítica de Breogán, de sempre reivindicada polo galeguismo, nalgúns poemas do libro: *o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —¡de Breogán a insinia!—, A crus da Rosa [30, 1126]; que fala de Breogán, de Aitor e de Viriato, / e dos Teodosio, os Grandes, / ¡noso céltigo orgulo—, Túas mans [32, 54-56]; ¡Nos tempos de Breogán!..., Vento irmán [70, 10]* ou, sobre todo nesta estrofa que relata unha parte da historia lendaria do pobo galego: *E unha xente arriscada, forte e boa, / que veu dende o Himalaia hastra Fisterra / o Elíseo buscando, en sôn de guerra, / pra impoñerlle a Breogán óurea coroa, As arelas d-un trunfo [71, 32].*

Tampouco se fai doado de entender que os censores non reparasen en **Acordeón galego [72]**, o longo poema final da serie «Dorna saudal» e tamén o derradeiro do libro, no que a voz poética interpela ao devandito instrumento musical, para sinalar no medio e medio da composición: *“a vos túa / chora e brúa / pol-a tradiarte perdida / da miña patria adourada / —¡que acaluñan os iñaros!—, / namentres romeda a lúa, / do ceo dependurada, / ¡a fouce de un Deus Druída, / vingadora e afiada!...”*, se cadra porque non entenderon que o verso que fala deses ignorantes que calumnian a patria está en presente e que se fala da vinganza, malia primeira versión³⁶⁷ do poema estar datada en xullo de 1935.

³⁶⁷ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 426, 28 de xullo de 1935.

Pola contra, tamén temos moitas composicións onde diferentes versións anteriores dos textos permiten que conozamos como se realizou a “autocensura”. De feito, no último dos poemas subliñados temos o primeiro testemuño, pois na versión citada do *Galicia* (FSG) aparece *libertá* no canto de **tradiarte**. É un exemplo evidente da “autocensura” consciente que realiza o autor no mecanoscrito dun libro que se vai editar na Coruña en pleno franquismo.

Algo semellante acontece noutros textos do libro, de feito no poema **O cantar de Mari-Pepa [9]**, na versión³⁶⁸ que se publicara en *Alborada* levaba a seguinte dedicatoria como subtítulo: **(Pr-ôs nenos galegos, cando o insino da nosa língoa sexa de obriga nas escolas)** que desaparece na edición do libro, por razóns obvias. E tamén modifica dous versos: *nenos da estirpe galega*, pois nas catro versións anteriores³⁶⁹ aparece *patria* no canto de **estirpe**, e *o cantar de «Cantaceibe»*, pois tamén nas outras catro versións aparece *liberdade* no canto de **Cantaceibe**.

No soneto **Rosalía Castro [19]**, anteriormente citado [*Cfr. supra*], o maior testemuño da “autocensura” está nunha nota que acompaña unha das edicións anteriores³⁷⁰, xa que en *Galicia* vai introducido polo seguinte parágrafo da autoría dos redactores da revista, mais que é revelador da intencionalidade creativa do noso poeta: «N-esta data enluitada, que tanto Hespaña coma os galegos, seguimos relembando encol dos nosos Mártirs, invocamos a Soma tutelar de Rosalía a través da tenrísema Sembranza que a nosa Santa laica lle inspirou ao gran señor das rimas galegas, Antón Zapata García, por considerar que Rosalía, fói unha verdadeira mártir precursora».

³⁶⁸ *Cfr. Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 75, abril-maio de 1933.

³⁶⁹ *Cfr. Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 75, abril-maio de 1933. *A Fouce*, Bos Aires, nº 60, 15 de maio de 1933. *El Compostelano*, Santiago, nº 3934, 1 de xullo de 1933. *Eco de Galicia*, Habana, nº 366, 1 de xaneiro de 1934.

³⁷⁰ *Cfr. Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952.

Outra modificación importante sucede en **Antergas luces promisoras** [22], no que se modifica a palabra *Redenzón* da versión aparecida nunha publicación periódica e de clara connotación galeguista³⁷¹, substituída pola máis neutra *Integrazón*, nestes versos: *jaos seus fillos, que agardan / a Santa Integrazón da Nosa Terra...* Porén, sorprende que conserve versos como: *eu ben séi que o meu povo ha de ser lumiñeira (...)* / *defendendo seus nobres, integraes dintornos (...)* ou *â Terra Nai que redenzóu a greba*. De feito, neste último conserva a palabra *redenzóu*, aínda que neste mesmo verso prodúcese a maior modificación introducida polo noso poeta polo feito de desaparecer unha Nota do Autor situada ao remate, anotación que explicaba o sentido da palabra *greba*: «No Século XII fundáronse en Sant Iago, as xildas (sindicatos) da xente traballadora, cuio xefe xêral era «O Vilico» ou «Vigairo», anque éste cumpría a súa minción antre xente mariñante, mentres que aquél facía-o antre mêttrales, coma ser: alfaiates, canteiros, cuncheiros, lapidarios, ouribes, etc». Malia se tratar dun texto histórico era obvio que a mención dos sindicatos, por moi documentada que estivese, non ía ser do agrado dos censores.

Outro texto que se modifica é **Alando a traíña** [46], aínda que desta volta tan só coa supresión da dedicatoria coa que se publicou na revista *Nós*³⁷². Nesta versión o seu título é **Traíñeiros de Laxe** e non inclúe a autocita coa que se abre a composición no libro, substituída pola seguinte dedicatoria: «*Ó meu irmán galego Camilo Díaz Baliño, c'unha gan fe na súa laboura de enxebreza / pictóreca en col dos outos ideaes que fai xermolar no lenzo: Raza, Terra e Mar galegos*». O feito de que o pintor fose un dos primeiros “paseados” polo franquismo é a razón obvia desta exclusión.

³⁷¹ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1151, 30 de xullo de 1951.

³⁷² Cfr. *Nós*, Ourense, nº 91, Día de Galicia (25 de xullo) de 1931. O poema tivo aínda outras catro versións anteriores á publicación desta, nas que tampouco figuraba a dedicatoria.

Tamén se suprimiu a dedicatoria que figuraba na primeira versión do poema **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego [53]**³⁷³, mais desta volta tampouco aparecía catro anos máis tarde na segunda versión, polo que talvez aquí non exercese a “autocensura”, malia tratarse dun dos deputados galegos da IIª República: «A Ramón Suárez Picallo, no agarimo / do mar, da fala e da terra galegos» e indica «Especial para “Céltiga”».

Tanto os citados exemplos, que evidencian a “autocensura” consciente que realiza o autor no mecanoscrito dun libro que se vai editar na Coruña en pleno franquismo, como aquel primeiro episodio do “secuestro”, así como o azaroso da súa edición, condicionada pola morte do poeta e pola censura, converten *A Roseira da Soidade* nun dos libros con máis intrincada historia editorial de toda a literatura galega.

I.3.2.3. A recepción

Importa poco si un poeta tiene o no un público vasto en su época. Lo que importa es que siempre tenga al menos un público reducido en cada generación. (p.18)

Eliot, T. S. (1992) [1957] “La función social de la poesía”. *Sobre poesía y poetas*. Barcelona: Icaria. Trad. Marcelo Cohen.

a) Comentarios e xuízos sobre a súa poesía publicados antes do libro

Moito antes de se publicar *A Roseira da Soidade* o labor poético de Antón Zapata García é moi estimado pola colectividade galega e por importantes escritores coetáneos. Da

³⁷³ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 62, 25 de xullo de 1927. *A Fouce*, Bos Aires, nº 26, 15 de xaneiro de 1931.

primeira valoración damos cumprida conta no apartado da Biografía [Cfr. I.2.1], onde se detallan os numerosos actos aos que é chamado para recitar poemas ou para pronunciar algunha conferencia, mais agora retomamos a valoración dos autores.

Julio Sigüenza é o primeiro escritor que testemuña a súa admiración polo estro poético de Zapata, como testemuña o feito de lle dedicar o seu poema “El emigrante que volvió sin luz” [Cfr. III.5.1.], datado en 1927, con estas palabras: «Para Antonio Zapata García, gran poeta y gran amigo». Nesa altura o noso poeta era entusiasta colaborador de practicamente todas as publicacións nas que traballaba Sigüenza³⁷⁴. No apartado biográfico volvemos sobre esta amizade e sobre a súa ruptura, debida á evolución de Sigüenza cara a posicionamentos filofranquistas.

Poucos meses despois, en 1928, vai ser Eduardo Blanco-Amor o que testemuñe o seu afecto polo noso poeta noutra dedicatoria. O vate ourensán publica o poema “Toda humilde beleza” na revista *Céltiga*³⁷⁵, coas seguintes palabras: «Para Antón Zapata García, gran poeta». Con certeza, esta dedicatoria débese á forte implicación do noso poeta nas actividades do grupo dos “céltigos”, que lideraba Blanco-Amor e que vai ter como obxectivo principal formar “un núcleo intelectual por definición, encargado de la fijación y propaganda de todo cuanto se refiere a ideología, valores y conocimiento hondo, pleno, integral, de la tierra gallega en la Argentina”³⁷⁶.

³⁷⁴ «Na capital arxentina traballa en *La Razón*, *Airiños*, *Almanaque Gallego*, *El Despertar Gallego*, *El Heraldito Gallego*, *Orzán*, *Airiños do Carballiño*, en *Galicia* (onde dedica “Diez comentarios a Eduardo Pondal”, e será director da revista *Céltiga* (1926-1930). A súa estancia na cidade bonaerense é aproximadamente de dez meses, parece ser que o ambiente literario que se respira nela non é do seu agrado. Seguidamente marcha a Montevideo chamado para desempeñar o cargo de secretario do Centro galego (cargo que ocupou durante cinco anos, a partires de 1927)». Cfr. Beloso [2000: 24-27].

³⁷⁵ Cfr. *Céltiga*, nº 80, Bos Aires, domingo, 25 de abril de 1928. Cando o poema se publica en libro a dedicatoria desaparece talvez porque nese momento xa se producira un distanciamento persoal e político entre ambos.

³⁷⁶ Fragmento do manifesto fundacional, que asinan Eduardo Blanco-Amor, Eliseo Pulpeiro, Antón Zapata García, Ramón Suárez Picallo, Egidio Paz Hermo, Lorenzo Garrido, Francisco Regueira, Ramiro Isla Couto, Manuel Ponte, Manuel Campos Couceiro, Miguel Revestido, Manuel Oliveira, Domingo Rial Seijo, Pedro Campos Couceiro, Alejandro Pulpeiro, Emilio Estévez, Rodríguez Sabio, Américo Lozano, Gumersindo Vázquez, Avelino Díaz, José Peña, Camilo Rodeiro, Vicente Tolosa e Ramón Pulpeiro. Cfr. “Peña Céltiga. Unha idea excelente”, *Correo de Galicia*, nº 1159, Bos Aires, 8 de abril de 1928.

Tamén en abril de 1928 a revista *Céltiga*, no texto “Opiniones ajenas [sic]. Un juicio sobre nuestro poeta Zapata García” reproduce un artigo anónimo, aínda que ben puidera ser da autoría do citado Julio Sigüenza, que se publicara uns días antes no xornal uruguaio³⁷⁷ *La Razón*, na súa páxina do 1º de Abril, co título de “El Poeta Mariñán”, ademais dunha tradución ao castelán do poema **Alando a traíña**. O autor anónimo salienta que o poeta «ha iniciado una de las verdaderas rutas por las que debe encauzarse la poesía vernácula, “y cuyo paralelo no existe aún en la castellana”». Deseguida destaca a compoñente mariñeira dos poemas:

“Alando a traíña”, “Mar roleiro”, “As furnas de Laxe” y “Mariña d-outón”, por no citar máis, le han valido el honroso título de “o poeta mariñan” —el poeta del mar gallego— que ostenta con toda justicia. Sus temas, en la mayoría de los casos, tienen su origen en las escenas diarias de la vida marinera en la región nórdica de España, con todas sus angustias y alegrías, que trasmite al lector con una realidad impresionante y con un vocabulario más impresionante aún.

Alén diso, tamén salientan a calidade lingüística dos seus textos: «Baste tener en cuenta que Zapata García es uno de los que se permiten el lujo de poner entre comillas una palabra castellana si acaso recurre a ella. Además, emplea infinidad de modismos, definiciones y figuras que no tienen equivalencia en castellano, o la tienen ambigua haciéndose penosa su exégesis».

Con todo, a sinatura do primeiro texto en importancia sobre ese labor literario de Zapata vai ser de Ramón Otero Pedrayo, que publica no ano 1930 un artigo nas páxinas do xornal vigués *El Pueblo Gallego* (reproducido meses máis tarde na revista *Alborada*, da ABC de Corcubión en Bos Aires)³⁷⁸. Na súa sección “Prosas galegas” o polígrafo ourensán escribe o artigo «Un poema de A. Zapata García» [Cfr. III.5.3. Artigo de Ramón Otero

³⁷⁷ A seguir reproducíase o texto que acompaña ao poema “Alando la traina”, *La razón*, Montevideo (Uruguai), 1 de abril de 1928.

³⁷⁸ Cfr. *El Pueblo Gallego*, nº 2035, Vigo, 11 de outubro de 1930. Reproducido por *Alborada*, nº 64, Bos Aires, xuño de 1931. Compilado por Aurora Marco en Otero [1988: 83-84].

Pedrayo], no que se amosa entusiasmado pola composición **A Gaita**³⁷⁹, que se viña de publicar na revista *La Temporada de Mondariz*. Do afervoado xuízo de Otero Pedrayo salientamos agora algúns parágrafos.

E sempre enmeigado nas paisaxes galegas sentía a lembranza do poema de Antón Zapata García faguéndome compañía, pois n'el canta nos versos e n'ises espazos fondos que fican entre verso e verso pra qu'os encha a evocación a música do gaiteiro. Do Orfeu galego.

[...]

A gaita desque se fai profesional e se afoga en locais pechados, ten amingado un pouco do seu prestixio. Na campía e na aldea hai sempre no silencio vexetal e cósmico ou no balbordo de augas, ventos e traballos, un tema de gaita. Todo poeta galego —recordamos ô admirado Amado Carballo— ten moito de gaiteiro, guiador e ceibador do que d'outro xeito ficaría prisioeiro. No poema de Zapata vai engayolada e decorrente ispiración gaiteira.

Eu quixera chamar a atenceón encol d'iste fermoso poema pouco coñecido. Ten o pular valente dos grandes devanceiros do dazanove i-unha feitura, non sei si antiga ou nova, na que se tecen as verbas collidas das mans cruzadas nas anzas étnicas ou locen soltas e soilas todo o seu valor musical i-evocador. A gaita do celta Ourense, do simbóleco nome belido recolle total'as esenzas da paisaxe e da raza, dúas palabras que na Galiza sempre camiñan xuntas.

Horas de mañán e de noite, solpores mariñeiros, horas decorridas ô agarimo dos amieiros fluviales, horas ledas de noivado, horas magoentas de nai doorosa, na Alborada e na Muiñeira, as dúas cousas indiscutibles da nosa Terra. Zapata lonxe d'ela soupo abranguela n'iste poema que ficará como unha pura e belida ofrenda, acarón dos mal chamados clásicos. E digo mal chamados porque nas nosas letras verdadeiras o sentimento de mocidade i-a grandeza sinxela da ispiración non deixan que coalle ningún tiráneco e demarcado academismo de modelo.

En 1942, aproveitando a sona que lle outorgaba o premio ao seu poema **Heroica Stalingrado**, a Irmandade Galega organizalle unha homenaxe “pol-a súa meritoria laboura como poeta e como galeguista”. O propio día da homenaxe, o 19 de decembro, o semanario

³⁷⁹ Cfr. *La Temporada en Mondariz*, nº 5, 6 de xullo de 1930. *A Nosa Terra*, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 277, 1º de novembro de 1930. *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 64, xuño de 1931

Galicia, na sección “Mercado de las artes y las letras”³⁸⁰, publica unha semblanza escrita polo poeta Avelino Díaz, que nos primeiros parágrafos salienta:

Antón Zapata García é un poeta en tod-ó senso da verba, é o poeta por eixcelencia das cousas mariñeiras i-é, tamén, o poeta do agro, civil, rebelde; rexo com-ós acantilados da costa brava que o víu nacer, as suas estrofas son daceiro, o seu verso é unha tralla pra xostrear ás iniquidades i-é, ó mesmo tempo, com-unha mán tenra e garimosa que acariña. A sua lira, sempre tensa com-un arco de frecha, ten tod-a reciedume da raza, ten rumor suave de pinos ergueitos e bruar de olas enrabexadas, ten mimosidades de vento maino a peitear cabeleiras de agros e ten o ímpeto das treboadas. Sabe das penas e sofrimentos do noso pobo e cántalle unha esperanza de redención, sabe das suas inqedanzas e anímallas pra que non esmorezan. Ten unha personalidade sua —somentes sua—, unha modalidade que nacéu n-él e n-él se desenrola de xeito cad-hora mais firme e promesor; non sigue o camiño de ninguén pois, a sua roita trazoulla aterra mátria. Quizabes somente recolleu, pra facel-as realidade no seu estro poético, unha verbas de Curros: “Dod-haxa virtú bicade, dond-haxa vicio feride” e Zapata García ten sempre a fror de beizos unhas verbas amorosas como bicos, pra poñer ali no altar da patria, no regazo da náí, na carne do pobo, e outras verbas ácedas pra ferir alí donde as concupiscencias as treidorías i-ós egoismos ergueron o seu mostrador. Zapata García ten os seus grandes amores e os seus grandes odios como cadra a un hombre de lei, a un poeta que sabe cal é a sua misión na vida.

Alén dos dous artigos de Avelino Gutiérrez³⁸¹, que agradecen a dedicatoria que lle fai Zapata nun poema ou que disertan sobre a creación de neoloxismos nos seus textos a favor do ideario republicano e contra o franquismo, vai ser un soneto de Jesús Calviño de Castro, publicado en 1947 e intitulado **Antonio Zapata García**, o primeiro texto en facer referencia á presenza do mar na obra do noso poeta. Velaquí a derradeira estrofa:

Y este Antonio Zapata, es hoy, precisamente,
a quien la Madre Tierra tiene siempre presente
en su gesta titánica... y en sus poemas del mar.

³⁸⁰ Cfr. “Mercado de las artes y las letras. Agasajo ao noso poeta Zapata García”, *Galicia*, nº 810, Bos Aires, sábado, 26 de decembro de 1942.

En 1952, novamente Ramón Otero Pedrayo fai unha referencia ao seu labor poético en dous parágrafos do seu artigo “A República sin leis dos poetas e dos artistas”, recompilado no libro *Por os vieiros da saudade*³⁸², no que ademais de lembrar a Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela e o pintor Colmeiro, tamén evoca a forma como coñeceu ao noso poeta, cando Otero, de xira por Bos Aires, estaba convalecente, aproveitando para engadir un breve xuízo poético da súa obra:

Unha mañá das finamente chicoteadas por o ventiño dos restríos, un pouco doentes, cun primeiro lóstrego de febre e a necesidade de desenrolar no serán unha das conferencias principás da nosa xeira, estábamos no leito, xa tardeiro, cun sosego inqueda, cando entróu un home rexo, grave, de falar de caste dos bós de Bergantiños. Era, de antigo, noso amigo sin télo nós enxergado nunca. Un poeta da torqueira dos renovos e agromares podentes e doncelas. Non albríño abraiado ó ser posto no foio do pomar literario. Falaba do vivir dos mariñeiros de Laxe, dos antigos navegantes a vela que ás veces con unha boa “popada” púñanse no termo dun mes en Buenos Aires, de Pondal alancando por as beiras do río “que íl máis amóu de todos”, do canto do alción nas estesas praias desertas ó anoitecer. Era Antón Zapata García. Levaba xa tempo en Buenos Aires. Un vivir forte, independente. A épica do Roncudo e o longo pranto ou o himno dos pinales, alboradeiro, non foron escala de lirismo desglosado da hora para iste poeta dono do momento, con forza, vontade e humorismo para coller a vida por os cornos como unha xunca brava.

Despois houbo outros poemas de Zapata, unha obra tecida, como dín, fortemente cos temas da loita fadal do mundo. Nós gardamos o acento e a verdade galega, dos anacos de poemas maquiados na conversa de Zapata, na soia, para nós venturosa, ocasión de nos ver e falar.

En 1936, asinado co pseudónimo Blas Nolobar, aparece no xornal *Galicia*³⁸³ da Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires, o artigo “Lírica gallega”, no que se fai unha sucinta historia da literatura galega, que analiza a “época actual” (lembremos, 1936)

³⁸¹ Cfr. III.5. Textos fundamentais sobre Antón Zapata García [III.5.5. Carta Aberta de Avelino Gutiérrez (1938) e III.5.6. Artigo de Avelino Gutiérrez (1939)].

³⁸² Cfr. Otero Pedrayo, Ramón (1952). “A República sen leis dos poetas e dos artistas”. *Por os vieiros da saudade*. Vigo. Galaxia. 166-173. Existe unha reedición, cfr. Otero Pedrayo, Ramón (2001). “A República sen leis dos poetas e dos artistas”. *Polos vieiros da saudade. Lembranzas e crónicas dunha viaxe a Buenos Aires coleccionados*. Ed. de Luís G. Tosar. Vigo: Galaxia. 279-280.

sinalando varias tendencias poéticas: a novecentista (Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo), os ‘galleguistas, que se ocupan en cantar la gesta heroica antepasada’ (Cabada Vázquez, Zapata García e Sigüenza), os localistas (Lameiro, San Luis Romero e Rodríguez Díaz) e os medievalistas (Bouza Brey, Blanco-Amor).

A notoriedade do mar na súa poesía vai ser un motivo recorrente en tres textos que se escriben a xeito de necrolóxicas canda o falecemento do noso poeta. Xervasio Paz Lestón, poeta muxián, amigo e compañeiro de moitas angueiras na revista *Alborada* da ABC de Corcubión publica en 1953 o seu soneto **Campana da Berenguela**, que leva unha emotiva dedicatoria: «Á memoria do poeta irmán Antón Zapata García, caído na expatriación». Desta volta reproducimos as dúas últimas estrofas:

Dobra pol-o cantor da patria escrava
abatido pra sempre en terra extrana
suidoso do seu mare laxeirán.

Preside o funeral que a costa brava
cantará coa ribeira i a montana,
concertados do vento galicián.

Nas mesmas datas outro escritor, o guardés Eliseo Alonso é o autor do artigo necrolóxico «Zapata García, poeta do mar»³⁸⁴, no que se debruza sobre a presenza do mar nos textos. De primeiras lembra o desexo fanado de Zapata de retornar á Laxe natal, que define como “telúrico anxeio”. A prosa de Eliseo Alonso, intercalada con fragmentos dos poemas de Zapata, remata con estes parágrafos:

Outras vegadas, ó verso de Antón Zapata García chega manseliño coma as ondas bicando as amuras das traíñas ancoradas nas loiras areas da sua Laxe nadal:

Bigarros e volutas, estrombos, caracolas,

³⁸³ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 465 (2ª época, ano XIV), 26 de abril de 1936.

deixaron as mareas cantando barcarolas...

Mais a maioría dos seus poemas son rexos, ten bruares de trebón e traxedias de labouras pesqueiras, envolveitas nun antergo sabor mariñán de lëndas idas.

Eisí me chegou o canto de Zapata, agora que souben da nova do seu pasamento, ao releer, no meu primeiro homenaxe a sua vos apagada, iste feixe dos seus poemas de mar. E coido estar sentindo aquila sua Laxe, cravada na pupila que non tornaría a ver máis.

*O risón da miña dorna
fica no ancoiral de Laxe,
mentras a dorna, probiña
recorre todol-os mares.*

Ningún galego pode falar de retornos definitivos. Máis si a miña dorna me leva aos seus mares do Sur, aló voltarei a vivir a poesía mariñán de Zapata García, un tanto incomprendido e magoado en Buenos Aires pol-a broza da nosa coleitividade. Alá, en nidios plaias, ceibe de balbordadas, antre redes e gamelas, antre o door das mulleres que fitan a anguria do mar, ecoará a sua vos nas buguinas galegas, namentras os mascatos i as anduriñas revoarán a verde surrisa das ondas, sempre ledas do seu poeta do mar.

Tamén Lito López escribe unha emotiva e brevísima prosa poética que reproducimos na súa totalidade:

A campana do reló da Berenguela, badalou aquela noite do 20 de xuño máis tristemente que outras veces...

Seu canto “de fondosos repeniques”, trocouse en pranto e door porque a lumiosa lira d’un poeta calou pra endexamáis...

Era por Antón Zapata García.

O mar fisterrán, musa ispiradoira, bateu n’ese día nas furnas, coídos e praias, con forza e reciedume descoñecidas.

O vento asubiou antergas letanías que soaban latexantes nas cordas e paus das pesqueiras dornas...

³⁸⁴ Cfr. *Alborada*, nº 157, xuño a setembro de 1953.

Mariñeiros e peixeiros con loito de bágoas nos ollos, fitaban o melancónico sol-por que anunciaba a triste nova...

Era por Antón Zapata García.

Na campía galega, o ceo orballou mornas bágoas de door, e as ponlas dos piñeiros e carballos ceibaron os rexos acordos d'un "De Profundis" con notas musicas de verdes e amarelos coores...

Morreu un poeta; morreu Antón Zapata García.

¡Pondal, Curros, Rosalía!... vosoutros, dende o voso berce de nubes, acudide tenramente a darlle a benvida ao novo poeta do ceo...

Finalmente, tamén neste ano 1953, Francisco Lanza Álvarez³⁸⁵ publica no seu libro *Dos mil nombres gallegos* unha breve biobibliografía na que salienta a súa colaboración en varias revistas literarias: «en las que ha publicado poemas notables por su fuerte inspiración y su castizo léxico». Porén o dato máis sorprendente que ofrece é cando sinala: «Amplió con biografías sintéticas y con nuevos autores la *Antología de poetas gallegos*, de Álvaro de las Casas, haciendo de ella una de las más completas hasta hoy». O noso cotexo pormenorizado de toda a obra de Álvaro de las Casas non nos permite deducir ata que punto puido intervir o noso poeta na súa reelaboración³⁸⁶.

b) Recensións do libro

Na súa época e se callar por seren tempos moi difíciles para a poesía en galego, o libro tivo pouca repercusión nos adurmiñados ambientes literarios, malia conter nas súas

³⁸⁵ Cfr. Lanza Álvarez, Francisco (1953). "Zapata García (Antonio)". *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires: Ediciones Galicia. s/p.

³⁸⁶ Porén é evidente que lle forneceu datos sobre o poeta Manuel Caamaño Devesa (Laxe, 1879 – Montevideo, 1928) (Cfr. I.2.1. Biografía, ano 1928. Cfr. Rei Lema [2000: 8]).

páxinas algúns poemas espléndidos e ser un dos autores que escolma Fernández del Riego³⁸⁷ na súa *Escolma de poesía galega* (1955).

En calquera caso, nos seus coetáneos os poemas espertaron escasas recensións ou comentarios, tan só podemos exhumar dous textos, un de Francisco Otero Guldrís e outro de Juan Naya. O comentario de Otero Guldrís foi publicado no xornal *La Noche* en xaneiro de 1955³⁸⁸, polo que se pode considerar a primeira recensión crítica do libro *A Roseira da Soidade* e ten moita importancia por aparecer nas páxinas dun xornal que se estaba a converter en referencia para o galeguismo nos primeiros anos da posguerra, polo feito de se viviren tempos pouco propicios para a creación literaria na nosa lingua. Otero Guldrís intitula o seu longo artigo «Un poeta malogrado. El sentimiento de Galicia en Antonio Zapata», que nos primeiros parágrafos tamén se adubia de necroloxismo, se cadra para lembrar a dimensión humana dun poeta que emigrara á Arxentina con dezasete anos, en 1903, e que nunca puidera cumprir o seu soño de regresar. A seguir analiza a produtividade artística que se produce na emigración e céntrase na recensión dos poemas de Zapata, confesando a recente lectura do libro e salientando o que denomina a ‘versificación mariñeira’ e tamén as pegadas de Rosalía e nomeadamente de Pondal.

Así es como se puede hablar de la otra Galicia. Mejor dicho de una sola Galicia, pero prolongada a través del Atlántico. Pues podemos decir, que el Océano forma también parte, de las tierras que une, en vez de separar. Así es como los emigrantes gallegos, encuentran en el suelo americano algo familiar. Pues bien estos hombres que sienten a Galicia en su ser íntimo, exteriorizan su sentimiento. Y la obra poco a poco va brotando. De esta forma es como se puede hablar de una escultura, de una pintura, de una música, en fin de una poesía gallega en América. Multitud de nombres acuden a nuestra mente, sin criterio selectivo de ninguna clase, citemos los de Elena

³⁸⁷ Cfr. Fernández del Riego, F. (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 55-57.

³⁸⁸ Cfr. *La Noche*, 22 de xaneiro de 1955.

Colmeiro, D. Maza, Luis Seoane, Alfonso Rodríguez, el madrileño pero de sangre gallega Julián Bautista³⁸⁹, Lorenzo Varela, Zapata García...

Pues bien, la reciente lectura de una buena parte de la obra del poeta de Lage, es lo que nos ha impulsado a las anteriores consideraciones, y al análisis del sentimiento de Galicia en A. Zapata García. Ese sentimiento que solo cesó con el fin de sus días.

Con apenas 17 años Antonio Zapata García abandonó su amada Galicia. El mismo año en 1936 decía en “O probe, do mar”.

Pol-o munco, câl “Serbelo”
marchei de Laxe, en bolina
e xa levo, na Arxentina
trintatres anos sin vel-o.

Toda la vida de Zapata García es el sentimiento de su tierra, y su obra, es la propia vida. El mar que lo vió nacer. La terrible lucha de los que se dedican a las faenas de la pesca con el ser marineru que ve la disputa. He aquí, el sello que califica “A ronda³⁹⁰ do mar”:

Pol-as veigas da Trava a de Serantes
hastra â terra de Zas
alongase o pregón do Mar de Laxe
con medoño falar
contándose ôs labregos que ôs peixeiros
parés lles vai moi mal!
.....
pol-a Costa da Morte van chorando
fillos... mulleres... nais...
dos probes peixedores que a borraxa
sorprende no mar...

³⁸⁹ Cfr. Salgado [2005: 235] «Un importante compositor español exiliado en Buenos Aires, onde morreu en 1961, que decide poñerlle música aos catro poemas de [Lorenzo] Varela (...) Descendente de galegos por vía materna, coñecedor da música e dos cancioneros galegos, Julián Bautista negou que utilizara temas populares nos seus *Catro poemas galegos*».

³⁹⁰ Unicamente en *Eco de Galicia*, e por gralla de imprenta, leva o título **A ronda do mar**. Nas outras versións anteriores, publicadas por *El Despertar Gallego*, *Eco de Galicia*, *Alborada* e *Vivero en el Plata*, así como na edición do libro e no mecanoscrito, o encabezamento é **A renda do mar**.

El poema en sí, es la versificación de la vida marinera. Los labriegos de Vimianzo, contemplan por si mismo el alto tributo que los pescadores pagan a su señor, el mar. Un tributo que en muchas ocasiones es la propia vida. ¡Cuántas veces así sucede!

Lage estaba siempre en su boca. Otero Pedrayo así nos lo pinta en sus notas de Buenos Aires. En “Por os vieiros da saudade” podemos so: “Falaba do vivir dos mariñeiros de Laxe, dos antigos navegantes a vela... era Antón Zapata García”.

Dos seres, dos nombres que son la misma Galicia ocuparon un alto lugar en el alma de nuestro poeta. Rosalía y Pondal formaron parte de su propio ser. Y a los mismos, dedicó gran parte de su obra. Las fechas del 5 de junio de 1930 y 31 de julio de 1938, entre otras, son un cumplido ejemplo de lo apuntado.

En el homenaje a Rosalía, celebrado con motivo de colocarse una placa en la calle que hoy perpetúa el nombre de la Cantora del Sar, Antonio Zapata García dejó oír su voz. La obra de Domingo Maza fué ofrecida por el hombre más indicado. Y así, en aquel día de 1938, el poeta de Lage logró que el sentimiento gallego penetrase en lo más profundo de los que habían acudido al acto, gallegos y no gallegos. Tal fué la fuerza y la fogosidad de sus palabras. Aun hoy, al leer el citado discurso, se nota el dinamismo que lo anima. La vivencia de las palabras, que aquel día llenaron el ambiente de Buenos Aires, parece haber penetrado en el mismo papel.

El autor de “Queixumes dos pinos” en toda su grandiosa personalidad, desfiló en una noche de junio ante los que oían a Zapata García. Casi quince años, hacía en aquella ocasión, de la muerte del “bardo celta”. Pues bien, nuestro poeta consiguió acusar la sombra del tiempo. Pondal revivió en las palabras del conferenciante. La obra del poeta eterno, cantada en la Galicia sin fin, pareció manar del mismo ser que la había producido.

La obra del poeta de Bergantiños estaba siempre en la mente de A. Zapata. Pues si Galicia era su contínuo pensamiento. La poesía pondaliana era el alma y el sentimiento del mismo. La muerte del poeta símbolo de la raza celta le hizo meditar:

“Cando xazan do cisne
os febrentos despoixos
sobor do verde da ribeira esenza
e xa non se ouga o canto armonioso
.....

y de estos versos pondalianos brotaron los dos sonetos de “O cisne de Ponte-Ceso” la muerte del “cisne”. —E. Pondal— llena de luto a Galicia, al ser de la tierra llora al paso del cuerpo sin vida, “La campana de Allón” [sic] dobla con dolor. Estas son las notas del poema.

He aquí una parte de la obra de un poeta malogrado, pues A. Zapata García murió en plena labor creadora. La consideración de la misma nos ha hecho pensar en el profundo sentimiento por la “tierra”, que anima a todos los gallegos del otro lado del Atlántico. El ejemplo de éstos es una lección que necesitan aprender muchos de los que viven en esta banda.

La juventud universitaria de Galicia no es la menos necesitada de este aprendizaje. Los años pasados en las aulas y los pasillos nos afirman en esta verdad. Es necesario un mayor conocimiento de Galicia en toda su amplia problemática. La labor que en este sentido se haga redundará en beneficio de todos.

A segunda recensión, da autoría de Juan Naya³⁹¹, ten que agardar aínda varios meses e non se publica ata o verán 1957. Moito máis breve que o anterior, leva por título «A ROSEIRA DA SOIDADE. Poesías galegas. Por Antón Zapata García». Con certeza esta recensión favoreceu o equívoco sobre a datación do libro, pois Naya fala de que acaba de aparecer al público, cando xa se demostrou que a data de publicación debe situarse nos albores de 1954. Na recensión, que reproducimos íntegra, o crítico salienta máis unha vez a compoñente mareira dos versos de Zapata:

Un libro luminoso, de grata y amorosa portada debida al artista que se nos ha ido hace poco, Manuel Abelenda, acaba de aparecer al público gracias al entusiasmo y el patriotismo de un betancero bueno y generoso, Manuel Roel. Trátase de “A roseira da soidade”, un feixe de preciosos poemas gallegos del vate de Lage Antón Zapata García, muerto en Buenos Aires, después de cincuenta años de ausencia de la patria.

Este libro de Antón Zapata es póstumo. Confiada su publicación a su amigo entrañable Manuel Roel ve la luz cuando el poeta, con el corazón roto por la saudade, muere en la gran capital argentina con la mirada puesta en los postreros rayos del sol que a poco alumbrarán el coruñés currunchu marineru que le vió nacer. El título responde, como un presagio o clarividencia de los que

³⁹¹ Cfr. *La Voz de Galicia*, 27 de agosto de 1957.

van a morir pronto, al contenido: es el fruto recolectado de horas melancólicas: es un índice de las horas de clara soledad en las que apacible el ánimo y muerta ya la esperanza, el poeta sólo manifiesta su alma serena sin pesadumbre.

Poco a poco, con sana fruición melancólica, sin darse uno cuenta, va siguiéndose, va hojeándose, página a página, todas las poesías que contiene el volumen, porque sencillamente casi todas ellas despiden el olor salobre de las algas, del mar amado que baña y azota las tierras de Bergantiños... Otras recogen el afanoso trabajo de los marineros, y algunas traen a la memoria el áspero grito de las gaviotas que se abaten sobre el pequeño puerto cuando el temporal llega a las aguas que poblaron los dioses de la mitología pondaliana.

Entusiasmo, claridad y ternura son las cualidades que presiden “A roseira da soidade”, como certeramente apunta en el prólogo del libro el maestro Otero Pedrayo.

Las referencias que de este vate teníamos por algunas de sus composiciones anteriores quedan plenamente confirmadas con este libro suyo, el último por desdicha.

Por las páginas de este volumen se percibe su alma, enteramente clásica y moderna, que tiembla, que se agita tanto al bronco viento de las tempestades deshechas como al leve que estremece y hace gemir a los ergueitos pinos; un alma llena de inquietudes, altamente extraña, que expresa vagas sensaciones del espíritu hasta ahora no expresadas.

Líricos como Antón Zapata, con alma grande, con intuición admirable, con aquella sensibilidad que les hace acaso ser únicos; he ahí el poeta soberano, donde la mundana pedantería choca con la humildad que ni todos tienen ni todos son capaces de soportar sobre sus aureolas, a veces tan artificiales o falsas como esas piedras que desde lejos proclaman su vil origen.

Nuestra Galicia, siempre fértil en poetas contra el parecer del clásico, suma, con la aparición de “Roseira da soidade”, sino lo hubiese hecho ya un nuevo astro a la brillante constelación que surca su cielo. Y este astro es Antón Zapata García, el vate duro y enérgico a veces, melancólico y tierno otras, como ya dijimos. Cuando se le estudie y coloque en el lugar que por justicia le corresponde en nuestro parnaso, pudiera muy bien juntarsele a Pondal, como el guía, y a Lugo, como el seguidor, el incomparable cantor de las Mariñas de los Freires, de cuya esclarecida estirpe venía.

A *Roseira da Soidade* xa non coñeceu máis recensións e a obra e a personalidade de Antón Zapata García permaneceron practicamente no esquecemento ata a recuperación en 1966 de Alberto Vilanova Rodríguez [Cfr. *infra*] e a posterior inclusión dalgúns dos seus poemas en antoloxías.

c) Escolla de textos e valoración nas antoloxías poéticas

El abordaje más directo, creo, consiste en examinar los distintos tipos de antologías poéticas; porque una de las asociaciones del término «poesía menor» le da el significado de «clase de poemas que leemos nada más que en las antologías». (p. 39)

La antología también nos ayuda a descubrir si existen poetas menores cuya obra nos gustaría conocer mejor —poetas que no figuran tan conspicuamente en las historias de la literatura, poetas cuya obra no es necesaria en los esquemas abstractos de la educación literaria, pero cuya obra puede ejercer una fuerte atracción *personal* en ciertos lectores. Por cierto, yo pondría en duda la autenticidad del amor por la poesía de todo lector que no tenga afecto personal por la obra de uno o más de estos poetas sin importancia histórica. (p. 42)

Con todo, la mayoría de los poetas menores —de aquellos que conservan alguna reputación— son poetas de quienes todo lector de poesía debería saber algo, pero a muy pocos de los cuales cualquier lector llegará a conocer bien. (p. 50)

Eliot, T. S. (1992) [1957] “La función social de la poesía”. *Sobre poesía y poetas*. Barcelona: Icaria. Trad. Marcelo Cohen.

En 1928, Álvaro de las Casas³⁹² na súa *Antología de la lírica gallega*, malia situar ao noso poeta no segundo grupo do século XX, despois dos “novecentistas” (López Abente, Teibo, Eladio Rodríguez), no que denomina «os galeguistas» (Cabada Vázquez,

³⁹² Cfr. Casas [1928: 16-17].

Zapata García, Sigüenza), non escolle ningún texto para representar a súa poética, algo que si fará na súa escolma de 1939 [Cfr. *infra*].

Por volta de 1936 os versos de **Antón Zapata García** terían máis fortuna de non ser pola sublevación fascista. En efecto, o noso envía unha ampla selección de textos acompañando a súa primeira carta a Xosé Filgueira Valverde³⁹³ (8 de febreiro de 1936), que na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil³⁹⁴.

Na carta o poeta agradece a consideración: «Recén antonte —que fun pol-a Federación de Sociedades Galegas, Belgrano, 1732—, me fói entregado o seu estimábel chamamento —fico moi agradecido, repito— pra que eu lle mande algún poema meu. E así cumpro, con colleita que vostede xusgará: Son 46 traballos a elexir ô seu vêr». E, despois, aínda engade: «“Apenas teño cousa súa. I-as que coñezo intréсанme de cheo” —, dí, por remate, con «unha aperta», o refirido comuñicado que tivo a xentileza de remesarme. A emoción é raíña e señora do meu espírito diante as verbas súas, que deixo siñadas: Son mans fraternals que vostede me tênde pra que sexa miña laboura coñecida; son, tamén, aseguranzas de que poideron os meus versos facer pa[r]ar as súas miradas espirituales n-

³⁹³ Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

³⁹⁴ Cfr. Varela Suanzes-Carpegna [2000: 1537]: «A obra nonnata sería unha *Antoloxía consultada* e haberíase de publicar no fatídico ano de 1936. A xénese e os contidos desta obra son como seguen, segundo a información que nos foi suministrada polo autor: o Seminario de Estudos Galegos encargáralle a Filgueira a elaboración dunha magna antoloxía da nosa poesía, dende as orixes medievais ata a última que se estaba entón a facer. A obra serviría de homenaxe a Rosalía ao conmemorarse o cincuentenario da súa morte [1885-1935]. O “seminarista” comezou o seu traballo neste último ano e continuouno ata a primavera de 1936. [...] Especial importancia tiña a metodoloxía aplicada á selección da poesía do século XX xa que a intención do antólogo era construír unha escolma, nunca antes ensaiada, baseada nas seguintes premisas: a) o material tería de ser inédito e b) cada poeta explicaría ou comentaría a súa propia obra. Para conseguir isto, Filgueira solicitou a un numerosísimo grupo de poetas que lle mandasen os poemas que eles libremente decidisen [autoescolma], sempre inéditos, ao tempo que lles remitía unha sorte de cuestionario referido a aspectos biográficos e literarios. [...] Pero non todos os poetas consultados contestaron ou remitiron o material solicitado e outros, pola contra, mandárono de xeito desigual: uns con abondosidade [Álvarez Blázquez, Cunqueiro, Zapata García, Aquilino Iglesia Alvariño...] e outros máis parcamente, de tal forma que o antólogo se tería que ver na delicada situación de seleccionar todo aquel material, conxugando os criterios estéticos co equilibrio cuantitativo». Finalmente, Varela ofrece a nómina, non de todo completa, dos poetas do primeiro tercio de século que habían de estar presentes naquela escolma que nunca pasou de manuscrito. Entre eles figura Antón Zapata García co nº 43, xusto antes de Federico García Lorca, que ocupa o nº 44 e pecha este listado.

éles, e, eisimade, intrés de máis coñecer outros e outros versos; e, máis que todo el-o, «unha aperta», vaor incalculábel pra mín, cáseque desconocido».

Cabo da información biobibliográfica solicitada, o poeta acompaña copia de 46 composicións, a maioría delas incorporadas con posterioridade ao libro *A Roseira da Soidade*. Nas notas a rodapé indicamos se os poemas pertencen ao libro ou non e tamén se xa estaban publicados na altura ou se o foron con posterioridade. O primeiro envío inclúe: **Muiño**³⁹⁵, **Hórreo**³⁹⁶, **Mariñeiro Galego (Chuco da Dorna)**³⁹⁷, **A Rosalía de Castro**³⁹⁸, **Túas mans**³⁹⁹, **Volvoretas**⁴⁰⁰, **Vagalumes**⁴⁰¹, **A renda do mar**⁴⁰², **Regueira sinxela**⁴⁰³, **Sarandóns**⁴⁰⁴, **Gaivotas**⁴⁰⁵, **Mareas vivas**⁴⁰⁶, **Responso galego ô “Serpent”**⁴⁰⁷, **Un**

³⁹⁵ Cfr. *A Roseira da Soidade*, parte IX do poema “Loubanza ao grau de millo” (pp. 156-157). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 83, 10 de xuño de 1928; *Céltiga*, Bos Aires, nº 101, 10 de marzo de 1929 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 58, outubro de 1930.

³⁹⁶ Cfr. *A Roseira da Soidade*, parte VIII do poema “Loubanza ao grau de millo” (p. 156). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 60-61, xaneiro-febreiro de 1931.

³⁹⁷ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co título **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego** (pp. 192-194). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 62, 25 de xullo de 1927 e *A Fouce*, Bos Aires, nº 26, 15 de xaneiro de 1931.

³⁹⁸ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, 12 de xullo de 1913 e *Compostela*, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938. Hai outro poema distinto **Rosalía de Castro** que si aparece no libro (p. 59) Publicacións anteriores: *Compostela*, Bos Aires, nº 6-7-8-9, xullo 1941-1944 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952.

³⁹⁹ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 134-138). Publicacións anteriores: *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 841, 24 de xullo de 1943.

⁴⁰⁰ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 129-133). Publicacións anteriores: *Acción Gallega*, Bos Aires, nº 6/7, 31 de decembro de 1920.

⁴⁰¹ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 69). Publicacións anteriores: *A Fouce*, Bos Aires, nº 5, 1 de febreiro de 1930 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 74, xaneiro-febreiro-marzo de 1933.

⁴⁰² Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 164-165). Publicacións anteriores: *El Despertar Gallego*, Bos Aires, nº 156, 6 de outubro de 1929; *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 57, agosto-setembro de 1930; *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1323, 31 de maio de 1931; *Vivero en el Plata*, nº 266, decembro de 1931 e *Compostela*, Bos Aires, nº 4, xullo de 1939.

⁴⁰³ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 62). Publicacións anteriores: *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1328, 5 de xullo de 1931 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 67, outubro de 1931.

⁴⁰⁴ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 50-51). Publicacións anteriores: *El Despertar Gallego*, Bos Aires, nº 154, 4 de setembro de 1929 e *Centro Social Betanzos*, Bos Aires, 1935.

⁴⁰⁵ Cfr. *A Roseira da Soidade*, e engade como subtítulo (**Anunzazón da pesca**) (pp. 226-228). Publicacións anteriores: *Galicia*, Revista del Centro Gallego, Montevideo, nº 151, agosto de 1929; *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 55, maio de 1930 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 778, 9 de maio de 1942.

⁴⁰⁶ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 188-190). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 73, novembro-dicembro de 1932.

⁴⁰⁷ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 433, 15 de setembro de 1935.

herói⁴⁰⁸, Presentimento⁴⁰⁹, A gaita⁴¹⁰, Canzón do berce mariñeiro⁴¹¹, A Costa da Morte⁴¹², Mariña d-outón⁴¹³, ¡Grorea a Galicia Ceibe!...⁴¹⁴, Chovendo⁴¹⁵, O cantar de Mari-Pepa⁴¹⁶, Freira⁴¹⁷, Algasos⁴¹⁸, Dorna saudal⁴¹⁹, Meu padriño⁴²⁰, Patacas⁴²¹, O perdón das furnas⁴²², A canzón d'agora⁴²³, Loubanza hirmandiña⁴²⁴, Galiceibe⁴²⁵, Pé de millo⁴²⁶, Os Pinales da Lembranza⁴²⁷, Pedras de Besugueira⁴²⁸, Valinclán⁴²⁹, O dolmen

⁴⁰⁸ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 47-49). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 39, outubro de 1928 e *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga*, Bos Aires, ano II, 1928.

⁴⁰⁹ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 177-178). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 76, 25 de febreiro de 1928 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 68, novembro-decembro de 1931.

⁴¹⁰ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 26-31) Publicacións anteriores: *A Nosa Terra*, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 277, 1º de novembro de 1930 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 64, xuño de 1931.

⁴¹¹ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *Alalá*, Revista da Coral «Os Rumorosos» de Bos Aires, nº 1, maio de 1935. Leva cita de “Galiceibe” e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 704, 7 de decembro de 1940.

⁴¹² Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 172). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 12, 25 de xuño de 1925.

⁴¹³ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 207-208). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 71, 10 de decembro de 1927.

⁴¹⁴ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: Texto publicado nunha tarxeta galeguista.

⁴¹⁵ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 144). Publicacións anteriores: *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial*, Bos Aires, nº 19, outubro de 1926; *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1086, 14 de novembro de 1926 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 19, febreiro de 1927.

⁴¹⁶ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 41). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 75, abril-maio de 1933; *A Fouce*, Bos Aires, nº 60, 15 de maio de 1933; *El Compostelano*, Santiago, nº 3934, 1 de xullo de 1933 e *Eco de Galicia*, Habana, nº 366, 1 de xaneiro de 1934.

⁴¹⁷ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 46). Publicacións anteriores: *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 447, 22 de decembro de 1935.

⁴¹⁸ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título sen seseo. (pp. 216-217). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 79, 10 de abril de 1928; *El Compostelano*, Santiago, nº 2453, 22 de maio de 1928 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 69, xaneiro-febreiro de 1932.

⁴¹⁹ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 161-163). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 77, agosto-setembro de 1933.

⁴²⁰ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 191) Publicacións anteriores: Non se localizou.

⁴²¹ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 53-55). Publicacións anteriores: *A Fouce*, Bos Aires, nº 17, 15 de agosto de 1930; *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 70, marzo-abril de 1932; *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 277, febreiro de 1936 e *Lugo*, Bos Aires, nº 37, xuño de 1946.

⁴²² Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 186-187). Publicacións anteriores: *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1368, 10 de abril de 1932; *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 76, xuño-xullo de 1933 e *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 433, decembro de 1944.

⁴²³ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *A Fouce*, Bos Aires, nº 8, 15 de maio de 1930 e *A Nosa Terra*, Boletín do Partido Galeguista, Vigo, nº 295, extraordinario, 25 de xullo de 1932.

⁴²⁴ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Sen localizar.

⁴²⁵ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 417, 26 de maio de 1935; *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 448, xuño de 1946 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1207, 15 de agosto de 1953.

⁴²⁶ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 57-58). Publicacións anteriores: *A Fouce*, Bos Aires, nº 68, febreiro de 1934 e *El Compostelano*, nº 4138, Santiago, 30 de abril de 1934.

de **Dombate**⁴³⁰, **Eu dígovos**⁴³¹, **Acordeón galego**⁴³², **O chasco e o pimpín (Lénda inxénoa)**⁴³³, **O cisne de Ponte-Ceso**⁴³⁴, **Boguina**⁴³⁵, **Primaveira**⁴³⁶, **Mariña de inverno**⁴³⁷, **Traíñeiros de Laxe**⁴³⁸, **Mar roleiro**⁴³⁹ e **Sementador**⁴⁴⁰. En moitas versións publicadas que envía o poeta realiza correccións lingüísticas, nomeadamente de grallas.

O noso poeta non recibe resposta, ao xulgar polo contido da segunda carta a Xosé Filgueira Valverde⁴⁴¹ (15 de xullo de 1936), na que engade aínda nove composicións máis: **Estampa de Vran**⁴⁴², **O probe do mar**⁴⁴³, **Estampa de primaveira**⁴⁴⁴, **Ó marchar dos**

⁴²⁷ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 42-43). Publicacións anteriores: Non se localizou. Nunha nota riscada sinala “Para NOTICIERO ESPAÑOL”.

⁴²⁸ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 211-212). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 71, xuño-xullo de 1932 e *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 235, xullo de 1932.

⁴²⁹ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: Co título **Don Ramón del Valle Inclán y Montenegro**, *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1325, 14 de xuño de 1931.

⁴³⁰ Cfr. *A Roseira da Soidade*, e engade como subtítulo (**D-unha costume danzal celta: a roldanza**). (p. 56). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 32, 25 de abril de 1926.

⁴³¹ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *A Fouce*, Bos Aires, nº 24, 17 de decembro de 1930 e *A Nosa Terra*, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 280, 1º de febreiro de 1931.

⁴³² Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 236-239). Publicacións anteriores: *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 426, 28 de xullo de 1935 e *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 297, outubro de 1937.

⁴³³ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 139-143). Publicacións anteriores: *Nós*, Ourense, nº 47, 15 de Santos (novembro) de 1927; *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga*, Bos Aires, ano III, 1929 e *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 238, outubro de 1932.

⁴³⁴ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co título **Edoardo Pondal. A morte do cisne**. (pp. 60-61). Publicacións anteriores: *El Despertar Gallego*, Bos Aires, nº 95, 20 de marzo de 1927 e *Compostela*, Bos Aires, nº 4, xullo de 1939.

⁴³⁵ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 213-214). Publicacións anteriores: *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1313, 22 de marzo de 1931 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 65, xullo de 1931.

⁴³⁶ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (p. 150). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 4, 15 de novembro de 1924.

⁴³⁷ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 209-210). Publicacións anteriores: *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 30, xaneiro de 1928.

⁴³⁸ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 179-180). Substitúe a dedicatoria a Camilo Díaz Baliño, pola seguinte cita: «¡Ala panos, peneireiro, / ala, panos, Manoel: / ala, panos, compañeiro, / ala panos eu tamén!... / ¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...» / (*Canzón dos traíñeiros de Laxe*). Publicacións anteriores: *Nós*, Ourense, nº 91, Día de Galicia (25 de xullo) de 1931.

⁴³⁹ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 181-182). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 65, 10 de setembro de 1927 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 63, abril de 1931.

⁴⁴⁰ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: *A Fouce*, Bos Aires, nº 37, 25 de xullo de 1931; *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 66, agosto-setembro de 1931; *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1370, 24 de abril de 1932 e *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 233, maio de 1932.

⁴⁴¹ Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

⁴⁴² Cfr. *A Roseira da Soidade*, co título **Mariña de vran**. (pp. 204-206). Publicacións anteriores: *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 290, marzo de 1937.

⁴⁴³ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 221-224). Publicacións anteriores: Non se localizou.

barcos⁴⁴⁵, **Duras verbas**⁴⁴⁶, **Romeiría**⁴⁴⁷, **Soidade**⁴⁴⁸, **O Caxestal**⁴⁴⁹ e **A campana da Soidade**⁴⁵⁰.

Malia as circunstancias históricas non propiciaren a resposta de Filgueira Valverde e converteren a antoloxía nun proxecto fanado, o certo é que o Seminario de Estudos Galegos tiña moito interese na súa publicación. Nunha das cartas que asinan o noso poeta, como Presidente, e Nicolás Abente, como Secretario, en representación da entidade «Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos de Compostela», datada en «Buenos Aires, 15 de Maio de 1936», e que vai dirixida a Lois Iglesias Iglesias, daquela Presidente do SEG, entre moitos asuntos podemos ler o seguinte parágrafo en referencia á escolma:

«Alaudamos, sin acougo, ô Seminario, pol-o traballo que acadará co-a prúsima pubricación dos SEIS TOMOS da “ESCOLMA DA LÍRICA GALEGA”, a cárrego a mesma do bô e capacitado membro d-ese Centro, don Xosé Filgueira Valverde, para quen, igoalmente que a vostedes —todos se avencellan nunha nobre arela galega de progresto cultural—, levamos nosos alentos a prol da forte e brillante laboría que veñen teimando facer, e que ¡ogallá se leve a bô término! O nome da Santa Rosalía —baixo cuia éixida nacéu o Seminario—, terá unha outa ofrenda c-ôs libros devanditos no seu xubileo».

Porén, non vai transcorrer moito tempo antes de que a obra do noso poeta sexa consagrada coa compilación nunha escolma. A primeira aparición nun volume destas características vai vir da man de Álvaro de las Casas⁴⁵¹ na súa *Antología de poetas gallegos*, editada en 1939 en Bos Aires. Malia non aparecer citado na longa introdución, a

⁴⁴⁴ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co título **Mariña de primaveira**. (pp. 199-203). No libro non figura a dedicatoria a Filgueira Valverde. Publicacións anteriores: *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 286, novembro de 1936.

⁴⁴⁵ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co subtítulo **(Cantiga)**. (pp. 197-198). Publicacións anteriores: *Centro Social Betanzos*, Bos Aires, 1936.

⁴⁴⁶ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Sen localizar.

⁴⁴⁷ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co título **Romeiría aldeán**. (pp. 73-74). Publicacións anteriores: Non se localizou.

⁴⁴⁸ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 44-45). Publicacións anteriores: *Céltiga*, Bos Aires, nº 73, 10 de xaneiro de 1928.

⁴⁴⁹ Non se inclúe en *A Roseira da Soidade*. Publicacións anteriores: Co título **Invocación “O Caxestal”**, *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 291, abril de 1937.

súa consideración é moi importante, pois é un dos autores aos que se lle dedica un maior número de páxinas (seis), reproducindo os poemas **A campana da soidade**, **Un herói** e **Alando a traíña**. Álvaro de las Casas sinala cinco apartados: “El ciclo trovadoresco”, “La decadencia”, “Los precursores”, “El renacimiento” e “La poesía nueva”, neste último é onde se integra a obra poética de Zapata.

Fernández del Riego⁴⁵² non dubida á hora de incluír a Zapata na súa *Escolma de poesía galega* (1955)⁴⁵³ e alí sinala: “Pouco antes de se finar dira remate ó libro de poemas *A Roseira da Soidade*, que agora foi editado”. Inclúe como Poética do autor un fragmento do artigo de Ramón Otero Pedrayo “A República sin leis dos poetas e dos artistas” [Cfr. *supra*], e selecciona os poemas **Redes no mar**, **Marisma**, **O final inmorrente**, **Sachadoras** e **Trincado**, do libro *A Roseira da Soidade*, e **Dorna**, que figura como inédito⁴⁵⁴. Porén, este texto, con lixeiros cambios, aparece tamén no libro, mais o seu título é **Dorna saudal**.

Alejandro Finisterre⁴⁵⁵ edita por volta de 1959 (a data non figura no libro) en México o volume *Poesía gallega contemporánea*, suplemento de *Ecuador 0° 0' 0" Revista de Poesía Universal*, que inclúe nas súas páxinas o poema **Marisma** de Antón Zapata García cunha brevísima nota biográfica, na que ademais se desliza o erro de situar a súa morte en 1952, un ano antes de se producir.

⁴⁵⁰ Cfr. *A Roseira da Soidade*, co mesmo título. (pp. 32-34). Publicacións anteriores: *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 283, xullo de 1936 e *Opinión Gallega*. Bos Aires, nº 142, xullo de 1953.

⁴⁵¹ Cfr. Casas [1939: 166-171].

⁴⁵² Cfr. Fernández del Riego [1955: 55-57]. Hai unha gralla no título *O final inmorrente* no canto do correcto **O pinal inmorrente**.

⁴⁵³ Alberto Portas Gómez no artigo “Lorenzo Varela. O militante e o seu tempo” sinala a intervención de Luís Seoane nesta antoloxía: «É significativa, neste sentido, a correspondencia con Fernández del Riego, instado por este a que lle enviara as fichas bibliográficas dos poetas galegos de América, poetas que del Riego acollería, en 1955, na súa *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos*». Cfr. Salgado, ed. [2005: 151].

⁴⁵⁴ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 85/86, 25 de xullo de 1928. Con lixeiros cambios e co título **Dorna saudal** aparece en *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 77, agosto-setembro de 1933.

⁴⁵⁵ Cfr. Finisterre, dir. [¿1959?: 380-381].

En 1971 prodúcese un fito na bibliografía de Antón Zapata García ao ser recoñecida a súa obra coa inclusión do poema **Sachadoras** na célebre *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*, preparada por Carmen Martín Gaité e Andrés Ruiz Tarazona⁴⁵⁶. O texto vai acompañado dunha versión en castelán [*Cfr. Escardadoras*], da que non se indica a autoría.

Novamente Fernández del Riego⁴⁵⁷ inclúe a Zapata na súa *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores* (1976) e selecciona, por esta orde, os poemas⁴⁵⁸ **Marisma**, **O final inmorrente**, **Sachadoras** e **Trincado**, con brevísimas notas a rodapé. No primeiro sinala: «De *A roseira da soidade*, como todos os restantes», no segundo: «A resonancia pondaliana está presente nestes versos, ao igual que noutros de Zapata García», no terceiro: «O poeta escribe aquí na estrofa típica do modernismo, con tema mariñeiro que é o seu habitual» e no derradeiro engade: «Os termos náuticos teñen no poema unha espresión ricaz».

Moitos anos despois, en 1989, malia o anonimato da escolla, cremos que a man de Fernández del Riego está detrás da selección da *Gran Enciclopedia Galega*⁴⁵⁹, que inclúe os poemas **Marisma**, **Sachadoras** e **Dorna**. Neste caso os editores tamén modernizan o texto e engaden unha breve biobibliografía con erros importantes, como a data da morte (pois falan de 1952).

Na década dos noventa a presenza dos seus poemas é un pouco máis habitual, o profesor Alonso Montero⁴⁶⁰ selecciona dous poemas, o primeiro **Na morte de Lexandro Bóveda** que se inclúe na *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)* [1996: 15-18], sinalando a súa procedencia (*Galicia*, 524, 27-6-1937),

⁴⁵⁶ *Cfr.* Martín Gaité e Ruiz Tarazona, ed. [1971: 344-347].

⁴⁵⁷ *Cfr.* Fernández del Riego [1976: 273-276]. Novamente, hai unha gralla no título *O final inmorrente* no canto do correcto **O pinal inmorrente**.

⁴⁵⁸ Os catro figuraban na súa anterior antoloxía, desta volta deixa fóra **Redes no mar** e **Dorna saudal**.

⁴⁵⁹ *Cfr.* VV. AA. [1989: 148-149]

e engadindo a seguinte nota: «No verso 53 cítase, entre os asasinados, a Ánxel Fole, crenza moi estendida nestas datas. Lorenzo Varela, nun poema de 1940, “Eramos tres irmáns”, confesa: “do tolo nada sei” (o tolo é Fole; o santo, Ramón Piñeiro, e o capitán, o autor). É problemático o verso 37: “e sopostallos lus das nosas artes». Ademais, no prólogo da edición, Alonso Montero salienta que se trata da primeira composición en galego que canta o martiroloxio de Bóveda. O segundo poema aparece nunha antoloxía de xorne moi diferente, o minilibro *Poemas ó vagalume* [1997: 37-39], e obviamente trátase de **Vagalumes**. Nunha nota ao final dá conta novamente da procedencia e engade: «Que saibamos, é a primeira vez que alguén, entre nós, titula “Vagalumes” un poema, no que, por certo, non se fai un canto ó noso personaxe. Cremos que nesta composición “vagalumes” é a denominación metafórica de fogos fatuos (cf. o castelán “candelillas”»).

Mención especial merece a escolla do poema **O cantar de Mari-Pepa** polo cantautor Suso Vaamonde⁴⁶¹ para o seu disco compacto *Rapaces, rapazas e rapazadas*, gravado e editado en 1997. Este poema é o único texto musicado do que existe un rexistro sonoro, por ser moi recente, pois sabemos que outros poemas do autor foron musicados na Arxentina mais non existen ou non se conservan as gravacións.

En 1999, Xesús López Fernández⁴⁶² publica a súa monumental antoloxía intitulada *Poemas á nai*, que escolma composicións de ducias de autores ás súas proxenitoras. Nela achega descoñecidos e interesantes datos biográficos do noso poeta (moitos deles fornecidos polo sacerdote da parroquia de Laxe, Enrique Redondo Mella) [*Cfr.* I.2.1. Biografía]. Ademais, López Fernández sinala que o libro *A Roseira da Soidade. Poesías galegas* viu a luz en 1953 de maneira póstuma, salienta as principais liñas temáticas e salienta algús dos datos biográficos ofrecidos por Alberto Vilanova Rodríguez [*Cfr. infra*].

⁴⁶⁰ *Cfr.* Alonso Montero [1996: 15-18]. E Alonso Montero [1997: 37-39].

⁴⁶¹ *Cfr.* Vaamonde [1997].

⁴⁶² *Cfr.* López Fernández [1999: 417-419].

Porén, malia comentar e destacar varios poemas da súa obra galega, o antólogo tan só escolle dúas composicións en castelán, dirixidas á nai. Trátase de “Saudades”⁴⁶³ e de “Lejana”⁴⁶⁴.

E a finais de 1999 tamén ve a luz o volume *Guerra civil (1936-1939) e literatura galega. (Textos e documentos para unhas xornadas de estudio e debate)*, en edición de Xesús Alonso Montero e Miro Villar⁴⁶⁵, como material previo do congreso que baixo o mesmo epígrafe se celebrou no Consello da Cultura galega, en Santiago de Compostela os días 14, 15 e 16 de decembro. Nesta antoloxía de poesía, prosa e outros textos, inclúese o poema **Na morte de Lexandro Bóveda**, primeiro texto en galego en lembrar o seu asasinato.

No volume preparado no ano 2000 por Xesús Alonso Montero e Víctor Manuel Santidrián Arias, intitulado *1936: Seoane e os poetas fronte á sublevación*, e que inclúe a edición facsímile dos debuxos de Luís Seoane, *Trece estampas de la traición*, os autores acompañan a reprodución das ilustracións cunha antoloxía de textos antifranquistas entre as que figura unha redondilla do poema **Ametralladoras líricas**:

De un gran animal las huellas

se hallaron en Villadiego,

y al pisarlas, dijo un ciego:

—¡Ha pasado Cabanellas!...⁴⁶⁶

En 2001 Xosé María Rei Lema⁴⁶⁷, publica o volume *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*. No apartado «Libros» cita *A roseira da saudade [sic]*, sinala unha serie de textos que fan referencia á Costa da Morte e reproduce, con actualizacións gráficas, un fragmento da lenda **A crus da Rosa** e o soneto

⁴⁶³ Cfr. *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913.

⁴⁶⁴ Cfr. *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano III, nº 69, 27 de febreiro de 1915.

⁴⁶⁵ Cfr. Alonso Montero e Villar, eds. [1999: 59-61].

⁴⁶⁶ Cfr. Alonso Montero e Santidrián Arias [2000: 63].

A Costa da Morte e no apartado «Publicacións periódicas», dedicado á obra dispersa dos antologados, tamén con actualizacións gráficas, reproduce **A Canzón d’Agora**, con erro talvez de maquetación na disposición dos versos da primeira estrofa que aparecen sen pausa versal. O soneto **A Costa da Morte** tamén se reproduce dúas veces, a primeira seguindo a Rei Lema e a segunda na versión do libro, nas *Actas II Simposio de Historia da Costa da Morte. Nas orixes da nosa identidade*, publicadas baixo a coordinación de Manuel Suárez Suárez⁴⁶⁸.

A declaración polo goberno da Xunta de Galicia de 2006 como “Ano da Memoria”, para lembrar aos represaliados sesenta anos despois do golpe militar de 1936, propiciou a aparición do volume *Poemas pola memoria (1936-2006)*, de Manuel Fernández Rodríguez⁴⁶⁹, que escolle tres textos do noso poeta. Así, o capítulo intitulado «Alexandre Bóveda, musa mártir» ábrese coa composición **Na morte de Lexandro Bóveda**. E o capítulo «Verdugos do seu pobo» tamén se abre con dúas composicións de Zapata, desta volta **Lobicáns galegos** e **¡¡Cristialobos!!...**, ao que se engaden no final do volume unhas brevísimas anotacións bibliográficas para sinalar o lugar no que foron publicados os textos.

d) A obra poética de Zapata nos Dicionarios e nas Historias da Literatura Galega

En 1951, Varela Jácome⁴⁷⁰, na súa *Historia de la Literatura Gallega*, baixo o epígrafe “Antonio Zapata García”, dedícalle apenas catro liñas nas que salienta a data de

⁴⁶⁷ Cfr. Rei Lema [2001: 28-29 e 103-104].

⁴⁶⁸ Cfr. Suárez Suárez [2001: 3 e 146]. (2001). Na comunicación “Recital poético de Alexandre Nerium”, reproducense os poemas “O dolmen de Dombate”, Eduardo Pondal, “Muxía”, Gonzalo López Abente, “A Costa da Morte”, Antón Zapata García, “Algazo”, Xervasio Paz Lestón, “Costa da Morte”, Miro Villar, “Máis alá do mar”, Rafa Villar, “Areados, cos bechos pola tarde”, Estevo Creus, “Mar de Fóra”, Modesto Fraga, “Levámo-lo crepúsculo tatuado nas cadernas” e “Obnubilarnos preto da arnela sen area”, do propio Alexandre Nerium.

⁴⁶⁹ Cfr. Fernández Rodríguez [2006: 93-96 e 115-121]. (2006).

⁴⁷⁰ Cfr. Varela Jácome [1951: 435]. Pouco despois, o propio Varela Jácome escribe o artigo «Poetas gallegos en Buenos Aires», *Opinión Gallega*, nº 143-144, Buenos Aires, agosto-setembro de 1953, no que sinala

nacemento e o feito de que resida en Bos Aires desde 1903, engadindo: «es un cantor de las costas del Atlántico y autor del poema *A gaita*, del que dijo Otero Pedrayo que “tiene la vigorosa elevación de los grandes precursores».

Tres anos despois, en 1954, Antonio Couceiro Freijomil⁴⁷¹ publica o terceiro tomo do seu *Diccionario Bio-bibliográfico de Escritores*. A redacción debe ser anterior, pois aínda non dá conta da morte do poeta en xuño de 1953 nin tampouco da saída do libro *A Roseira da Soidade*. Nas oito liñas do texto lembra a data de nacemento, a súa residencia en Bos Aires desde o ano 1903 e a publicación de numerosos poemas na prensa da diáspora, así como da conferencia *Edoardo Pondal: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega*, indicando tamén a data e o lugar na que se pronunciou, «dada el 5 de junio de 1930 en el Orfeón Español, con motivo del homenaje a Pondal en el 13º aniversario de su muerte». Porén, engade novamente a idea expresada un ano antes por Lanza Álvarez [Cfr. *supra*], ao sinalar: «Amplió con síntesis biográficas y con el aporte de nuevos autores la *Antología de poeta gallegos*, de Álvaro de las Casas».

Álvaro de las Casas⁴⁷² na súa *Antología de la lírica gallega* (1928), malia situar ao noso poeta no segundo grupo do século XX, despois dos “novecentistas” (López Abente, Teibo, Eladio Rodríguez), no que denomina «os galeguistas» (Cabada Vázquez, Zapata García, Sigüenza), non escolle ningún texto para representar a súa poética.

Menos relevante aínda é a inclusión do nome do noso poeta en nota a rodapé por Santiago Prampolini⁴⁷³, na súa *Historia Universal de la Literatura. IX. Las literaturas ibéricas*, que se limita a reproducir as citadas palabras de Álvaro de las Casas.

brevemente: «Además de la labor constante de Eduardo Blanco Amor, debemos recordar a Zapata García y Rafael Dieste».

⁴⁷¹ Cfr. Couceiro Freijomil [1954: 538].

⁴⁷² Cfr. Casas [1928: 16-17].

⁴⁷³ Cfr. Prampolini [1956: 532].

A grande achega á biobibliografía de Antón Zapata García é a que realiza Ricardo Carballo Calero⁴⁷⁴ na terceira edición da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* [1981: 606-608], que ofrece numerosos datos, aínda que cualifica o libro *A Roseira da Soidade* como “unha colleita dos seus poemas”, o que non deixa de ser ceto mais esa escolla correspondeu única e exclusivamente ao propio poeta. Ademais data o libro tamén en 1953, e puidemos demostrar que o libro *A Roseira da Soidade* viu a luz nos albores de 1954 [Cfr. I.3.2.2. A historia editorial].

Sobre a obra poética Carballo Calero opina que: «Zapata escribía moitos versos. Tiña unha grande vocación poética. A súa vea era abondosa. A corrente da súa inspiración era unha doira impetuosa, reberte a depuración e canalización. Houbera cumprido que parte do esforzo consumido en arrequeantar o caudal da súa produción, se empregara en castigala, en sometela a orde, disciplina e mesura. Non se ve autocrítica na obra de Zapata. Semella como se non rompera ningún poema dos que compuxo, como se o publicase todo, e todo, ou cáxeque todo, sen luir, sen requintar. Así, rara vez os seus poemas atinxen a perfeición relativa que realmente estaba nas súas mans lles dar se houbera dominado o seu cego entusiasmo e a súa presa escesiva. Isto dá aspereza ao seu ritmo». Porén, nas notas de edición dos poemas e tamén no epistolario temos datos suficientes para afirmar que, pola contra, Zapata revisaba moito os seus textos.

Despois de sinalar a riqueza do seu vocabulario, malia “formacións neolóxicas a miúdo arbitrarias ou aberrantes”, Carballo Calero salienta as pegadas de Pondal e do modernismo, así como a compoñente mariñeira no libro:

Con resonancias pondalianas, o verso de Zapata, nos mellores momentos maniféstase dentro da tendencia moderada modernista. Se aínda escribú un poema narrativo como tantos outros do século XIX, que non é unha lenda porque nel non hai lugar para o elemento maravilloso, senón que

⁴⁷⁴ Cfr. Carballo Calero [1981: 606-608].

mais ben é narración realista como “Cousas das mulleres” de Rodríguez López⁴⁷⁵, os seus versos máis característicos teñen analoxías polo estilo e a súa métrica con algúns de Cabanillas, López Abente e Taibo, polo que podemos consideralos dentro da liña semimodernista ou modernista seguida con máis ou menos fidelidade por aqueles poetas. Cando Zapata escribe versos de tema mariñeiro en pareados alexandrinos, estrofa típica do modernismo, o preciso do esquema métrico impónlle unha saudable disciplina; e como esa temática lle era familiar, logra os seus mellores momentos. Unha pequena escolma destes poemas, “Chuso da Dorna”⁴⁷⁶, “Marisma”⁴⁷⁷, “Redes no mar”⁴⁷⁸, “Carrexando redes”⁴⁷⁹, aos que poderían engadirse outros da mesma métrica, inda que de tema non mariñeiro, como “O pinal inmorrente”⁴⁸⁰, “Sachadoras”⁴⁸¹, e algúns de métrica distinta, coidadosamente eleitos, constituiría un pequeno feixe que daría unha impresión ao lector máis favorable que o libro demasiado profuso. As mariñas de Zapata fannos entrever un posíbre Tomás Morales⁴⁸² galego, un poeta modernista do mar de Laxe merecente de atención.

Ata os anos oitenta non se produce ningunha reivindicación de interese para a obra do noso poeta. En 1984 Méndez Ferrín⁴⁸³ no volume *De Pondal a Novoneyra*, que significaba o maior estudo da historia da nosa poesía realizada, sitúa a Zapata nos poetas da XN [Xeración Nós] con Xohán Vicente Viqueira, Otero Pedrayo, Vitoriano Taibo e Roberto Blanco Torres. Ao noso poeta dedícalle pouco espazo e salienta: «en Zapata predomina un esteticismo enxebrista de grande valor e forza expresiva», para completar en

⁴⁷⁵ NOTA DO AUTOR: “A crus da Rosa, (lenda do amor fidel)”, en *A roseira da soidade*, páxs. 78-128.

⁴⁷⁶ NOTA DO AUTOR: *A roseira da soidade*, páxs. 192 ss.

Nota da edición: No título que cita Carballo Calero hai unha gralla, pois é Chuco da Dorna.

⁴⁷⁷ NOTA DO AUTOR: *Ob. cit.*, páx. 95.

⁴⁷⁸ NOTA DO AUTOR: *Ob. cit.*, páx. 196.

⁴⁷⁹ NOTA DO AUTOR: *Ob. cit.*, páx. 220.

⁴⁸⁰ NOTA DO AUTOR: *Ob. cit.*, páx. 68.

⁴⁸¹ NOTA DO AUTOR: *Ob. cit.*, páx. 75.

⁴⁸² Tomás Morales (Moya, Gran Canaria, 1884 – Las Palmas, 1921). Poeta desaparecido en plena madurez creadora, aos 36 anos. O seu primeiro libro poético é *Poemas de la gloria, del amor y del mar* (1908), con prólogo de Salvador Rueda. En 1922 apareceu, póstuma, a segunda edición de *Las Rosas de Hércules* (1919), con prólogo de Enrique Díez Canedo. Este libro, que o seu autor deu por definitivo, compila case todos os seus poemas. Foi reeditado polo Cabildo Insular de Gran Canaria en 1977, conservando o prólogo de 1922. Os “Poemas del mar” constituén a parte máis coñecida do libro, conformada por un soneto dedicado a Salvador Rueda, un longo poema intitulado “Los puertos, los mares y los hombres de mar”, 16 sonetos numerados e un soneto intitulado “Final”. Fan referencia a diversos portos que coñeceu o escritor: As Palmas, Santa Cruz, Cádiz ou Lisboa, e poetizan o ambiente portuario.

⁴⁸³ Cfr. Méndez Ferrín [1984: 43 e 46-49].

Nota información sobre a súa escasa bibliografía e sobre os estudosos que se ocuparon con anterioridade da súa obra.

Fernández del Riego⁴⁸⁴ publica en 1990, con edición corrixida e aumentada en 1992, o seu *Diccionario de escritores en lingua galega*. Na voz “Zapata García, Antón”, sen variacións entre as dúas edicións, apenas ofrece datos biográficos, lembra a súa conferencia sobre Pondal e o poema **O chasco e o pimpín**, para sinalar finalmente que «O mesmo ano do seu pasamento editouse unha colleita dos seus poemas nun volume co epígrafe *A roseira da soidade*», porén non realiza ningún xuízo crítico sobre a obra.

Malia a súa brevidade e moito máis interesante a voz “Zapata García, Antón” no *Diccionario da Literatura Galega, I. Autores*, coordinado por Dolores Vilavedra Fernández⁴⁸⁵, no que se salienta o prólogo ao libro *A Roseira da Soidade* (que tamén datan en 1953) de Otero Pedrayo «quen subliña a súa inspiración pondaliana (evidente na presenza de piñeiros, campás e mesmo do dolmen de Dombate) e conéctao con Cabanillas, vínculo moi visible nun longo poema titulado “A crus da rosa (lenda de amor fidel)”», e tamén se recolle a opinión de Carballo Calero que o considera «acrítico, precipitado e excesivamente prolífico e sitúao na tendencia moderada modernista, atopando analoxías métricas e estilísticas nalgúns dos seus versos cos de Cabanillas, López Abente e Taibo». Finalmente, os autores da voz dubidan á hora de asinar unha data á súa conferencia sobre Pondal, que sabemos que foi publicada no ano 1930.

e) A obra poética de Zapata noutros textos

⁴⁸⁴ Cfr. Fernández del Riego [1992: 472].

⁴⁸⁵ Cfr. Vilavedra Fernández, coord. [1995: 625-18].

A finais de 1956, pouco tempo despois da morte do poeta, o *Boletín da Real Academia Galega* publica un artigo do poeta Gonzalo López Abente⁴⁸⁶, «A terra e a poesía de Pondal. Algúns anacos do meu discurso de ingreso na nosa Real Academia Gallega», no que se cita ao noso poeta, malia existir unha gralla ou un *lapsus lingua* no nome: «E finalmente, ementemos a Ramón Zapata García que, nado en Laxe, emigróu para Bós Aires, onde vive actualmente e cós escentileos da súa inspiración enriquece o acervo da lírica galega». É evidente que o texto foi escrito para a súa lectura na toma de posesión como académico de López Abente⁴⁸⁷, que se produciu o 27 de xullo de 1941, un dos primeiros actos culturais da posguerra e malia que o autor viña de ser depurado do seu traballo nunha oficina bancaria por mor do seu compromiso galeguista.

En abril de 1959, Camilo José Cela⁴⁸⁸ publica o seu artigo “Sobre el alma gallega y sus facetas (y algunas muestras de la morriña en su poesía)” na *Miscelánea de Estudios a Joaquim de Carvalho. Cuatro Figuras*, editada polo concello de Tarrasa. No texto, despois dunha análise sobre a “morriña” ou saudade galegas, cita a moitos trobadores e aos poetas Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Francisco Añón, Alberto García Ferreiro, Manuel Núñez González, Valentín Lamas Carvajal, Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela e a Zapata, antes de rematar con Álvaro Cunqueiro e Federico García Lorca. Do noso poeta sinala: «Antonio Zapata García —el hombre, que al decir de Otero Pedrayo, recoge en su poesía todas las esencias del paisaje y de la raza—, en el cuarto y último canto de su poema *A campana da soidade*, dedicado a la campana la “Berenguela”, de Santiago, glosa, desde el Buenos Aires donde lleva más de la mitad de su vida, con verso suelto y saltarín, su bronco y agarimoso son». A seguir, reproduce un fragmento do citado poema, a totalidade da cuarta parte:

⁴⁸⁶ Cfr. López Abente [1965: 249].

⁴⁸⁷ Cfr. Villar [1995: 9-26].

⁴⁸⁸ Cfr. Cela [1989: 690-691].

¡Cómo choramos, campán,
ó sentil-a túa vos,
chamándonos,
falándonos,
agarimándonos,
a través do mar Atlán
e da soidade do Alem,
que, na América, tamén
nos sostén
sen ir a pique!:
¡que por sempre repenique
a redenzón d-outro ben!;
¡pra que retornemos nos!;
chamándonos,
falándonos,
agarimándonos...
Amén.

En setembro de 1963, Baldomero Cores Trasmonte escribe nas páxinas do xornal *La Noche* o seu artigo “La poesía y el mar”⁴⁸⁹, no que cita a presenza do mar en escritores de diferentes épocas, desde Martín Códax até Amado Carballo ou Manuel Antonio. Nun parágrafo cita ao noso poeta entre os autores que refliten nos seus versos a Costa da Morte:

La Costa de la Muerte, que tiene poca novelística, posee, en cambio, una gran aportación poética. Pondal nos da una versión muy sugerente del mar en la parte septentrional de la Costa de la Muerte. Antón García Zapata [*sic*], un poco más abajo, también insiste en lo mismo, pero con un sentido marinerero más amplio, por lo que convendría reconocer con mucho cuidado la presencia de este magnífico y sutil poeta. Y ya en pleno corazón de la Costa de la Muerte, entre Vilán y Finisterre, está López Abente, el mejor cantor del mar gallego.

⁴⁸⁹ Cfr. Cores Trasmonte [1963].

Alberto Vilanova Rodríguez [Cfr. *infra*]⁴⁹⁰ no seu artigo “Antón Zapata García (El poeta de las sanas rebeldías)”, incluído no volume *Los Gallegos en La Argentina* (1966), ofrece a maior biobibliografía coñecida do noso poeta, malia algunhas imprecisións que xa foron comentadas [Cfr. Biografía I.2.1]. No que atinxe ás opinións sobre a súa poesía, salienta o seu carácter autobiográfico: «A su curruncho natal, por el que sentía un desbordado cariño, dedicó lo mejor de sus arrebatos líricos. Dígalo si no su poema “A cruz da Rosa”, *lenda do*⁴⁹¹ *amor fiel*, la más larga de sus composiciones (consta de XXI cantos), y su precioso soneto “A vila de Laxe”, en que se derrama con prodigalidad estética su amor filial», para engadir pouco despois que «Era un poeta en que todos los temas tienen una resonancia limpia y grávida. Mas los temas favoritos en su musa eran el mar y la emoción civil, que vibraban singularmente en el estro de Zapata». Alén diso, ofrece unha numerosa relación, aínda que incompleta, dalgunhas das cabeceiras nas que colaborou e sinala a súa participación no asociacionismo galego na diáspora bonaerense. Novamente ofrece outra visión da súa poética cando sinala:

Durante la Guerra civil española, su lira fue de bronce y sus versos alaridos y anatemas, y ahí están aún hoy en día, diciendo todo lo que el alma del poeta sintió en aquellos instantes horribles, los más trágicos que le tocó vivir a nuestra Tierra a través de toda la historia. Porque Zapata era diamantino, puro e insobornable. Jamás la flaqueza o el oportunismo le contaron como su fiel, ni la alevosía y el arribismo supieron de su silencio o de su complicidad. Más de una vez, por su íntegra conducta hubo de recibir la diatriba de aristarquillos y tartufos que hacen profesión de la rufianería periodística. Afortunadamente como ocurre en los ánimos fuertes y enterizos, lejos de amilanarle estos ataques injuriosos, le daban más bríos para la lucha. Él lo dijo muy bien en unos versos dedicados al más grande de nuestros poetas, Curros Enríquez y por el cual sentía incondicional devoción:

“Crebar as liras” — como tú cantaste

⁴⁹⁰ Cfr. Vilanova Rodríguez [1996: 1250-1253]. (1966).

⁴⁹¹ Por gralla de imprenta **so** no canto de *do*.

es deber, es hombría del que escribe:

¡Quien ataca al tirano, sólo vive

eludiendo que el yugo no le aplaste!

Deseguida, Vilanova Rodríguez engade datos sobre os textos do poeta que foron premiados e datos referidos aos seus derradeiros anos, salientando unha serie de poemas que non figuraron na edición do libro porque non serían admitidos pola censura, ao tempo que incorpora extractos das opinións de Avelino Díaz e de Ramón Otero Pedrayo [Cfr. *supra*], esta última do prólogo ao libro *A Roseira da Soidade*.

Seguen décadas de total esquecemento, agás sucintas informacións como a que ofrece en 1978 o *Catálogo de Libros en Galego* do INLE [Instituto Nacional del Libro]⁴⁹² que cita os seguintes datos: Zapata García, Antón. *A roseira da soidade*. Autor. Distribución: Galaxia, 1963. 44 p. 60 pta. ISBN 81-460-4324-4 (En realidade son 244 páxinas. Lit. e Imp. Roel.- Coruña).

En 1984, a voz “Zapata García, Antonio”, da que non se dá conta da autoría⁴⁹³, no tomo XXXII da *Gran Enciclopedia Galega* tan só fornece uns escasos datos biobibliográficos, con algunhas inexactitudes (como datar en 1957 a publicación do libro *A Roseira da Soidade*) e limítase a reproducir dúas liñas do xuízo expresado por Carballo Calero [Cfr. *supra*], salientando a pegada de Pondal e a tendencia modernista.

Despois de anos de case total esquecemento, logo das tres páxinas que lle dedicara Carballo Calero na terceira edición da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* [1981: 606-608], nos anos noventa principia as primeiras tentativas de recuperar a voz do noso poeta. A primeira achega vén da man do estudoso e profesor betanceiro Xesús Torre Regueiro, quen en 1990 publica o seu artigo “Antón Zapata García, poeta do mar de

⁴⁹² Cfr. INLE [Instituto Nacional del Libro] [1978: 72].

⁴⁹³ Cfr. Anónimo [1987: 247]. (1987).

Laxe”⁴⁹⁴, un texto denso no que se ofrecen moitas novidades biográficas, tiradas as máis delas de tres cartas do poeta que o investigador rescatou do arquivo familiar de Manuel Roel Longueira. Ademais recolle fragmentos das opinións de Vilanova Rodríguez, Carballo Calero e Otero Pedrayo e deseguida aborda unha breve, mais documentada, historia editorial do mecanoscrito do libro *A Roseira da Soidade* e sinala algúns dos seus problemas coa censura. Finalmente, salienta que:

A poesía de Zapata, aínda que é irregular, é sincera e emocionada, ao contrario de tanto falso intimismo coma o que estamos afeitos a ver ultimamente en moitos poetas mozos. Hai algo épico e mitolóxico nalguns dos seus poemas, da traxedia diaria de mariñeiros e labregos, sentimento dooroso da ausencia, vivencias de orixes e destinos heroicos e gloriosos e tamén das cousas pequenas e sinxelas coma un grao de millo.

Zapata García será xa para sempre o poeta do mar de Laxe, do mar de Bergantiños e das súas xentes. Unha paisaxe ricaz e fermosa, mais tamén rexa e dura, que en ocasións reclama o tributo de vidas mariñeiras e que o poeta trata a un tempo con fondo amor e profundo respecto.

Pouco despois, en 1992, Manuel Amor Couto⁴⁹⁵ publica senllos artigos na revista bergantiñá *A Regueifa*. No primeiro, intitulado “Antón Zapata García, o compromiso do poeta desde a emigración”, sintetiza moitos dos datos anteriormente achegados, quer por Torres Regueiro, quer por Carballo Calero, quer citando a Otero Pedrayo: «Otero Pedrayo foi un admirador da poesía de Zapata, a quen coñecera na súa viaxe á Arxentina no ano 47. Posibelmente deste contacto persoal naceuse a idea de que fose Otero o prologuista do único libro do poeta: “A roseira da soidade”, que se había de publicar na Coruña un ano despois da súa morte, despois de que a censura eliminase os poemas de carácter político e antifranquista». Porén, hoxe sabemos, que a censura non actuou sobre o libro e que foi o propio autor o que realizou unha autocensura consciente [Cfr. o apartado b) A censura (ou autocensura) de *A Roseira da Soidade*, en I.3.2.2. A historia editorial]. O artigo remata

⁴⁹⁴ Cfr. Torres Regueiro [1990: 10-11]. (1990).

cunha comparación coa biografía doutro escritor galego ben coñecido: «Nesta experiencia na Arxentina destacou tamén o entusiasmo de moitos dos emigrantes inquietos por se formaren culturalmente: o caso de Zapata sería bastante parecido ao de Neira Vilas, por exemplo: os dous son autodidactas que desde fora e coa perspectiva que iso proporciona poden coñecer mellor a súa terra».

No segundo texto, que serve de presentación a unha escolma de poemas de Antón Zapata García que reproduce un fragmento do longo poema narrativo **A crus da Rosa, Galiceibe, Os camiños da vieira, O pinal inmorrente e Mar roleiro**, Amor Couto realiza unha análise que intitula “A obra literaria de A. Zapata” e que inicia lembrando a dificultade de acceder á súa obra, quer pola data de publicación do libro (de novo fálase de 1953), quer pola dispersión nunha chea de revistas editadas en Galiza ou na Arxentina. Deseguida sinala os temas fundamentais, realizando unha proposta de clasificación en poesía da paisaxe “como obxecto de contemplación do poeta e en moitas ocasións ligado ás emocións que este sente”; poesía patriótico-folclórica (ao estilo dalgúns dos poemas de Rosalía ou Curros); poesía amorosa (nos que inclúe a lenda narrativa **A crus da Rosa**); poesía laudatoria; poesía elexíaca e moita poesía do mar. A continuación debrúzase sobre as influencias, salientando a pegada de Eduardo Pondal e do modernismo de Cabanillas, analiza o seu estilo que considera sobexo declamatorio e enfático, para engadir: «É precisamente cando o nos autor elimina ou rebaixa o seu lastre retórico cando os seus poemas poden parecer-nos mais sóbrios, mais auténticos e esteticamente mais próximos a nós (ver, por exemplo, “Meu padriño” ou “Chovendo”)». Finalmente enxuíza a lingua do poeta, con estes parágrafos:

A LÍNGUA. Tamén como tributo ao seu tempo podemos encontrar en Zapata as características do galego da época: como reacción “purista” fronte a un galego falado e popular inzado de castelanismo

⁴⁹⁵ Cfr. Amor Couto [1992: 23-27].

e que compria dignificar, a via escollida por Zapata e os mais dos escritores era a de criar un idioma depurado a base de hiperenxebrismos ou simples vulgarismos que forzaban a “singularidade” do galego á custa de facé-lo bastante artificioso. Hai disto exemplos abondos en Zapata: “outas”, “atrán”, “román”, “outón”, “primoxén”, “seirán”, “silenzo” (por altas, atlántico, romano, outono, primoxénito, serán, silencio) e moitísimos outros. Vistos desde hoxe parecen inconcebíbeis pero foron, no seu tempo unha via —aínda que errada— de construír unha lingua galega culta.

Tamén poderíamos fixar-nos nalgúns trazos na súa lingua do galego de Laxe e en xeral das comarcas occidentais galegas (“nuite”, “vio”, “crus”, “lanse”...). Carballo calero destaca na súa “Historia da literatura Galega contemporánea” o ricaz do seu galego, sobre todo no referido a termos náuticos. Segundo este autor, o fallo fundamental do poeta de Laxe foi non depurar máis a súa obra.

E nesa mesma publicación, *A Regueifa*, novamente Xesús Torres Regueiro⁴⁹⁶ contribúe a esclarecer os avatares editoriais de *A Roseira da Soidade*, na información máis precisa e documentada sobre este particular, debedora das tres cartas ao editor Manuel Roel Longueira recuperadas do arquivo familiar. Sobre este tema xa se falou con amplitude [*Cfr.* I.3.2.2. A historia editorial].

En 1993, Benito Varela Jácome⁴⁹⁷, volve e a mencionar brevemente ao noso poeta no seu artigo “Escritores galegos en América”, que forma parte do volume *Galicia — América. Relacións históricas e retos de futuro*, mais non engade nada novo e insiste na datación errónea do libro:

Nos primeiros anos do século XX, afíncanse en Bos Aires algúns poetas de expresión galega. No 1903 desembarca na capital arxentina Antón Zapata García. Ó longo de moitos anos adícase ó comercio, colabora nas revistas porteñas e escribe poesía chea de resoancias da súa vila natal de Laxe e de contido ideolóxico. Participa, ademais, na fundación de institucións galega. A súa poesía civil échese dun acento trágico, vindicativo, durante a guerra civil española. Parte das súas composicións escólmanse no libro póstumo, *A roseira da saudade* [1957], cun limiar de Ramón Otero Pedrayo.

⁴⁹⁶ Torres Regueiro [1992: 28-29].

⁴⁹⁷ *Cfr.* Varela Jácome [1993: 83-105].

De moito maior interese é a achega que fai en 1994, Claudio Rodríguez Fer⁴⁹⁸, no seu libro *A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)*, no que realiza unha cumprida análise do contido dos poemas **Na morte de Lexandro Bóveda**, **Lobicáns galegos**, **Tráxicos agoiros** e **¡¡Cristialobos!!...**, subliñando o seu antifranquismo e engadindo: «Zapata salienta a miúdo o compoñente eclesial do bando sublevado en contradicción co verdadeiro espírito cristián». Máis adiante, engade «Antón Zapata García chama a Uxío Montes “Alma negra de Falange”»⁴⁹⁹ ou realiza unha denominación da súa poesía «o verso bélico de Zapata García, Rey Baltar, Emilio Pita»⁵⁰⁰.

No ano 1999, no semanario *A Nosa Terra*, Xosé Enrique Acuña⁵⁰¹ publica o artigo “O Xerminal de Antón Zapata” que principia salientando a compoñente mariñeira do seu léxico, sinala algunhas influencias e unha sorprendente e inédita adscrición ideolóxica: «Foron o Bardo e Curros quen de marcar a aventura poética dun home rebelde en tempos achegado ao libertarismo anarquizante que impregnaba no gran Buenos Aires á diáspora galega e italiana». Recupera datos de Vilanova Rodríguez para trazar a biografía do poeta e, por esa razón, reproduce imprecisións como o feito de sinalar que *A Roseira da Soidade* era unha recompilación «que tan dignamente editara o entorno familiar tras a súa morte en 1953», cando hoxe sabemos que se trata dunha edición de autor preparada antes do falecemento e que veu a luz nos albores de 1954. Acuña mesmo se contradi ao apuntar 1957 como data da aparición do libro, antes de destacar aspectos do prólogo de Otero Pedrayo. O artigo remata facendo fincapé na poética máis combativa, que deu apoio ás loitas agrarias, reproducindo un fragmento do poema **Anduriñas**⁵⁰².

⁴⁹⁸ Cfr. Rodríguez Fer [1994: 181-182].

⁴⁹⁹ Cfr. *op. cit.* 185.

⁵⁰⁰ Cfr. *op. cit.* 278.

⁵⁰¹ Cfr. Acuña [1999: 30]. (1999).

⁵⁰² Acuña modifica e actualiza a ortografía do fragmento do poema que vai deseguida.

Tamén no ano 1999, o Concello de Laxe edita o libro en castelán *Laxe, mirando al mar. Guía turística del municipio*, da autoría de Concha Bello Romero⁵⁰³. A autora introduce un apartado intitulado “Personajes de la villa”, no que inclúe sucintas biografías do noso poeta, do coñecido xeoquímico Isidro Parga Pondal⁵⁰⁴ e de Manuel Demetrio Ramos Mesías “Manolo do Rei”⁵⁰⁵, poeta en castelán de escasa obra, os tres oriúndos de Laxe. Esta biografía convértese na primeira reivindicación digna e seria na súa vila natal. Alén dos datos biográficos que ofrece, a autora sinala: «Después de una vida dedicada a la poesía y a Galicia, fallece el 21 de junio de 1953 con 67 años de edad. Este mismo año se publica una selección de sus poema que lleva por título “A roseira da soidade” (A Coruña, 1957), con prólogo de Otero Pedrayo, en donde deja ver el gran influjo que sobre él tuvo la obra de Eduardo Pondal». Obsérvase a contradición de sinalar que o libro aparece no ano da morte, 1953, para despois datar a impresión en 1957. Actualmente, como xa se subliñou [Cfr. I.3.2.2. A historia editorial], podemos demostrar que o libro *A Roseira da Soidade* foi editado nos albores de 1954, malia o que digan antoloxías, historias e manuais da literatura.

De 1999 é tamén o estudo de Xulia Marqués Valea⁵⁰⁶, *A Literatura galega no xornal El Compostelano (1920-1946)*, que se limita a dar conta dos catro poemas que viron a luz no devandito diario: **Algasos**, **Alando a traíña**, **O cantar de Mari-Pepa** e **Pé de millo**, mais non reproduce as composicións. Tan só sinala que as catro se publicaron máis

⁵⁰³ Cfr. Bello Romero [1999: 49-50].

⁵⁰⁴ Isidro Parga Pondal (Laxe, 1900 – A Coruña, 1986). Neto de Isidro Pondal Abente, que era irmán do poeta Eduardo Pondal. Foi profesor da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago, despois do seu doutoramento en Xeoquímica en Zúric (Suíza). Presidente da Área de Xeoloxía e minaría do Seminario de Estudos Galegos (SEG). En 1936, polo seu galeguismo e a súa relación con Castelao e outros, foi expulsado da Universidade, retirándose a Laxe para traballar na empresa “Kaolines de Lage, SA”. Director da revista *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, laboratorio que fundou e abandonou por mor de senllas traxedias familiares, para cederllo a Isaac Díaz Pardo. Publicou numerosos traballos sobre mineraloxía e química dos minerais e participou na elaboración do *Mapa xeolóxico de Galicia*, entroutras colaboracións científicas de notable interese. Cfr. Bello [1999: 50].

tarde no libro *A Roseira da Soidade* (que tamén data en 1953) e, ao final, indica as datas de publicación, con algún pequeno erro.

No ano 2000 publícase *Escritores da Costa da Morte. Catálogo de poetas, narradores, ensaístas e investigadores, nados na Costa da Morte, con obra publicada en lingua galega*, de Xosé María Rei Lema⁵⁰⁷, que ofrece unha breve biobibliografía salientando a súa colaboración na prensa da diáspora e a proposta de Méndez Ferrín para incluír ao poeta no grupo que denomina “Xeración Nós”, cabo de Xohán Vicente Viqueira, Victoriano Taibo, Ramón Otero Pedrayo ou Roberto Blanco Torres. Un ano despois, o propio Rei Lema⁵⁰⁸, publica o volume xa citado *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte* [Cfr. *supra*].

⁵⁰⁵ Manuel Demetrio Ramos Mesías, “Manolo do Rei”, tamén era parente de Eduardo Pondal, pola súa avoa Segunda García Pondal. A súa obra máis coñecida é un extenso poema dedicado á súa vila, “Memorias y proezas de la villa de Lage” (1914). Cfr. Bello [1999: 51-52].

⁵⁰⁶ Cfr. Marqués Valea [1999: 42 e 198].

⁵⁰⁷ Cfr. Rei Lema [2000: 7].

⁵⁰⁸ Cfr. Rei Lema [2001: 28-29 e 103-104].

I.3.3. Notas literarias e lingüísticas

I.3.3.1. Estructura e líneas temáticas

El primer peligro es suponer que para cada poema debe haber una sola interpretación, la correcta. (...)

El segundo peligro es suponer que la interpretación de un poema, si es la válida, es necesariamente una relación de lo que el autor se propuso hacer, conscientemente o no. Porque tan general es la tendencia a creer que comprendemos un poema una vez identificados sus orígenes y rastreado el proceso a que el poeta sometió los materiales, que no nos es difícil creer lo opuesto: que toda explicación del poema da cuenta de cómo fue escrito. (p. 123)

Es preciso no identificar la biografía con la crítica: por lo común, la biografía es útil porque da explicaciones que tal vez abran el camino a la ulterior comprensión; pero, dirigiendo la atención al poeta, puede apartarnos de la poesía. Es preciso no confundir el conocimiento —la información factual— sobre la época de un poeta, las condiciones de la sociedad en que vivió, el estado de la lengua en su período, con la comprensión de la poesía. Tal conocimiento, como he dicho, puede ser una preparación necesaria; además tiene un valor propio, en cuanto historia; pero en la apreciación de la poesía sólo puede llevarnos hasta el umbral: mas allá debemos orientarnos solos. Desde el punto de vista adoptado en este papel, a fines de adquirir ese conocimiento no se trata básicamente de que podamos proyectarnos en una época lejana, de que al leer los poemas seamos capaces de pensar y sentir como un contemporáneo del poeta, aunque una experiencia así tiene su valor; se trata más bien de despojarnos de las limitaciones de nuestro tiempo, y despegar al poeta de las limitaciones del *suyo*, para llegar así a la experiencia directa, el contacto inmediato con su poesía. (p. 125)

Eliot, T. S. (1992) [1957] “La función social de la poesía”. *Sobre poesía y poetas*. Barcelona: Icaria. Trad. Marcelo Cohen.

Falar de coherencia interna na estrutura do libro *A Roseira da Soidade* é, cando menos, arriscarse a facer unha lectura moi nesgada e de difícil argumentación teórica. As propias indicacións no epistolario do poeta ao editor sobre o delongado proceso de xestación do libro abondarían para entendermos que non existiu un único deseño previo. Como xa se sinalou con anterioridade, en 1950 Antón Zapata García presenta un mecanoscrito co título *A Roseira da Soidade* ao Certame Literario que convocara en 1949 o Centro Gallego. Este mecanoscrito vai sufrir un episodio de “secuestro” que relatamos polo miúdo no apartado A historia editorial [Cfr. I.3.2.2.]. Pouco despois deste *affaire* nun dos poemas da súa autoría que ven a luz durante ese ano, intitulado **Armónicas furnas** e publicado o día 10 de decembro no semanario *Galicia* da FSG, aparece a seguinte nota da redacción que preanuncia a existencia do libro:

Iste delicadísimo traballo, de fonda e conmovedora gama lírica, forma parte do conxunto de poemas que compoñen o libro “A Roseira da Soidade”, libro que constituíe unha obra de riqueza poucas veces iguallada na nosa literatura, como será dado comprobar cando, o seu inspirado autor, o poeta Antón Zapata García, a dea próisimamente o prelo.

Porén, non sabemos se este mecanoscrito e o finalmente enviado ao editor Manuel Roel Longueira son o mesmo. A xulgar polos datos sinalados no epistolario entre o poeta e o editor semella evidente que o libro tivo varias estruturas posibles antes da que coñecemos no mecanoscrito definitivo. A primeira das cartas ao editor Manuel Roel Longueira (datada o 18 de febreiro de 1953) sinala a finalización do mecanoscrito, sinala que vai levar cen páxinas máis do previsto e que, por razóns económicas, a edición debe restrinxirse a cincocentos exemplares. Anúncialle o envío de catro exemplares, dos que tres son para a censura e o cuarto para as correccións.

Teño felismente, todo preparado. ¡Xa era tempo!... Irán, ao seu nome, catro (4) exemplares: tres pr-â CENSURA, mais, o outro, servirá pr-âs correizóns, e, logo, estimaréi que lle dea un lugaríño

na súa biblioteca. Pra min será unha grande honranza que meu libro teña aloxo na casa d-un bô amigo e fidel home de ben. Dígoo sinxelamente. ¡Abofé!...

Como “A ROSEIRA DA SOIDADE” vai levar cáseque 100 páxinas máis do que falamos no comezo de tal traballo reizar, penso que conviría, cô fin de máis economía, impresar soio 500 (5 centos) eixempres. O papel ficaría a cárgo seu, ou sexa: coma lle pete. O bon gusto non é alleiro seu: faga como se fose propiedade súa.

Tamén aborda, por vez primeira, o financiamento da publicación en “edición de autor” e a proposta de que a portada sexa realizada polo seu curmán, o pintor Manuel Abelenda Zapata, cun debuxo que inclúa unha roseira e unha cruz, aspectos que foron respectados e tidos en conta no momento de se publicar o libro.

Ao respecto da financiazón, a fins da semán vindeira lle remitiréi o resultado da conversa que vou têr, en FLORESTA, con un señor Fernández, de quen é apoderado n-esa —polos bens que aquel ten— o meu parente Manoel Abelenda Zapata. A éste, tamén, lle faréi a relazón de canto converse cô señor Fernández. Trataríase de pagar en aquí, en moeda arxentina, e, Abelenda, ahí. Esto, bon Roel, non quita nin pon, cô que vostede pense que máis convén pra todos. Usté, no asunto que agora trato, manda en primeiro término. O falado, respetado: Vostede é quen manda.

Se vostede olla que convén que leva a PORTADA do xeito que xa lle indiquéi n-outras correspondenzas —a roseira e a crus, sempre a cárgo de Manolo Abelenda—, que vaia, e, senón, que meu parente, de acordo coa súa idea, fagan o que lles pete. Son dous irmáns artistas, e, sen dúbida, han entenderse.

Un testemuño da minuciosidade con que Antón Zapata García traballaba no seu libro é o feito de lle solicitar ao editor copia dos tipos de imprenta, facendo ademais outras indicacións sobre o tipo de papel que desexa na edición ou o tamaño da páxina.

Non está de máis que me remita as copias dos tipos da imprenta, esto é: as de corpo 10. Do papel, tamén estimaréi ollal-a calidá, mais esto non tèn maor importancia. O tamaño sería: 14 x 20, esto é, o do libro.

Lembra ademais que axiña se fan os cincuenta anos da súa chegada á Arxentina e que o libro debería ir dedicado a todos os galegos⁵⁰⁹.

CINCOENTA ANOS: como, no mes de outubro, vai a facer o médeo século que eu cheguei a esta banda do Noso Mar, quixera —¡eu, que son un descreído de moitas esperanzas presentes e futuras!— que “A ROSEIRA DA SOIDADE” levase o meu saúdo a todol-os galegos, nosos irmáns, sen distincións de ideoloxías de ningunha coor. E teño unha gran arela de que se cumpra este meu latexo, nado no fondo do máis fondo da miña sinxela vida.

Antes de rematar a carta con aspectos da relación persoal co editor e tamén escritor, que viña de moitos anos atrás, aínda sinala outro dato importante sobre o proceso de creación, a realización de correccións ao texto.

En xuño, nos primeiros días do mesmo, xa pensaba remitirlos por medio de Antón Bermúdez Abente, o irmán de Horacio: mais, dada a miña enfermidade, foise sin leval-os. Penso que ganéi n-elo: fixen algunhas correccións, pois teño a teima de que sempre existe nos meus traballos algo que pulir... que escarabellar... O amigo Antón xa está eiquí de volta. Estivo en Laxe. N-esta vila, están facendo un importante porto. No poema “A Crus da Rosa”, que usted, amigo Roel, xa coñece fai anos —data de cando mandei dito traballo a-on Certame orgaizado pol-o Centro Gallego, de Montevideo, xuntamente con outro, “A GAITA”, loubado por Otero Pedrayo—, xa terá ocasión de sopesar a miña arela encol do que hoxe é unha gran realidade. (Queda no imponderábel, si cabe, a miña influenza vaticínica)...

A segunda carta ao editor Manuel Roel Longueira (datada o 22 de abril de 1953), ademais de referir polo miúdo os problemas de saúde que arrastra o poeta, reitera moitos dos aspectos sinalados na anterior. A estes engádenselle novas sobre o envío dos catro exemplares do mecanoscrito, que serán levados por Antón Núñez Fernández, embarcando este con destino a Vigo o 30 de abril no trasatlántico «Monte Udala».

Por conduto do noso común amigo Antón Núñez Fernández, o fabricante de botóns da rúa Alcina, cáseque esquina Salta, remítolle catro eixemplares do libro xa citado. Falando co-él, ao respeito do seu viaxe â Terra Matria, solicítelle o favor de chegar deica a vostede. Nin curto, nin con reparos,

⁵⁰⁹ ADICATORIA. Â miña Nai Galiza e aos meus irmáns galegos, dende Bôs Aires, / dempóis d-unha ausencia de cincuenta anos emigrado. Antón Zapata García. República Arxentina, 1953.

brindouseme abertamente a leval-os tomos xa mentados. É un favor que xamáis lle cancelaréi: ficaréille eternamente agradecido. Vai co-él, o tamén bô amigo noso, Perfeito López, de Vimianzo. ¡Ditosos eles, que poideron voltar â Terra Nai!... Asegún me dixo Núñez, él mesmo chegará a Betanzos a visital-o. ¡Cánta ledicia! ¡cánta comunión de ideaes tecidos na sutil tea da Nosa Fala!... Fago votos porque teñan un gran encontro amical. ¡Ah!: o sábado, 25 de abril, daráselle un banquete, en OLIVOS, no salón do CENTRO LUCENSE, ao meu tocaio Núñez. Penso facerlle compañía conxuntamente coa miña dona.

Escríbame, amigo Roel, pois fico arelante da súa resposta. Recibe a miña atenzón â nosa amizade: o tomo que lle adico da “ROSEIRA DA SOIDADE”, o cal ha servirle de guía pr-â correizón do conxunto do mesmo. O demáis, faráse o máis ben que se poida.

Desta volta o aspecto máis novidoso é a proposta que realiza o poeta para o Prólogo. Descoñecemos que foi destas opiniós doutros escritores sobre os poemas, pois é sabido que a decisión final de Manuel Roel Longueira vai ser a de encargarlle o prefacio a Ramón Otero Pedrayo. Ademais, no caso de ser necesario, suxire a supresión de tres poemas **Regueira sinxela, Freira e Primaveira**, algo que non vai acontecer na edición do libro. E, novamente, hai unha breve alusión á censura, desta volta para sinalar que agarda non ter problemas para a adimisión dos textos.

Correio aparte, remítolle “VERBAS DE LOUBOR”, as que irán insertas, a xeito de PRÓLOGO, no libro, no lugar sinalado n-éste. Trátase, como xa lérá, de diferentes opinións, anque coincidentes antre si, de varios esquirtores. Teño intrés no conxunto, esto é: se hai falla de logar nas 300 páxinas, pódese suprimir algún poema, que sería, ao meu ver: xa “Regueira sinxela”, “Freira”, “Primaveira”, os tres, xa que sumarían, co-a xa indicada ao comenzo do libro, catro, en TIPO 8, pra que queipan.

Agardo confiado que a censura sexa benina pra con meu libro. Eu penso que n-ha de oporse cousa algunha pra que vaia ao prelo. ¡Que os espritos tutelares da NOSA TERRA sexan seus máis caros guieiros!...

Finalmente, tan só unha semana antes de morrer está datada a terceira carta ao editor Manuel Roel Longueira (14 de xuño de 1953), que debeu chegarlle a este cando o poeta xa

falecera en Bos Aires. De feito, os primeiros parágrafos falan da súa saúde e confesa atoparse “arregular”, repasa as últimas novas, chama a Roel “o padriño do libro” e deseguida envórcase sobre os aspectos da edición. De primeiras acepta a proposta de Roel de que os versos vaian en cursiva, malia ser a redonda a escolla habitual e fai outras consideracións sobre o tipo de papel que escolle entre as mostras recibidas.

Pol-o que respeita ao tipo de letra, si ben se costuma máis o da “redonda” —logo de ollar e máis ollar os efectos visuales prâ millor lêr—, fico de acordo co vostede: faga imprimir o libro cō tipo “cursivo”, ou sexa: coma a mostra que lle devolvo, engadida â presente. O papel, conviría que fose máis levián que o da mostra que me remesóu. Gustaríame, por sere máis dóitel e menos caro, outro papel, o cal poidería semellarse âs mostras que van engadidas a esta carta.

Outra volta vai ser o financiamento da publicación o aspecto que vai ocupar máis espazo na carta, provocando unha longa explicación por parte do poeta, mesmo con indicacións precisas para a venda do cupo dunha herdanza familiar recibida da súa tía Xoana García Vidal, de Camariñas. Son datos abonso esclarecedores para soste máis unha vez que estamos perante o que hoxe se denomina unha “edición de autor”.

Tocante aos cartos, falei c-un señor José Fernández Ferro —poiderdante do meu sobriño Manoel Abelenda, que reside en Villa Luro, na rúa Camaoti— e díxome que non tiña, pol-o momento, cartos n-ésa, ou sexa: en poider de Abelenda, o cal lle administra, ao dito señor Fernández Ferro, algunhas fincas. El-o non importa: Cō irmán de Horacio, Antón Bermúdez Abente, ande en tratos. Vostede penetre o meu máis grande intrés ao respeito do mesmo asunto. Se non se pode do xeito do que falo, mandaréille poider a vostede pra que poida retirar do “Banco Pastor”, da Cruña, unhas aicións que alí están depositadas pol-o albacea que foi da miña tía, o cal tén consultorio na citada cibdá, pois é médeco, e chámase Ramón Romero Blanco, parente lonxano meu, nativo de Bayo. Nada tén agora que vêr cō dito máis derradeiro. Soio fago menzón d-un feito, dado que a minsión d-él xa findóu ao facel-os CUPOS do que deixóu en herdo a miña tía Xoana García Moreira, de Camariñas, denantes de morrer. De total-as maneiras, habemos de arribar a seguro porto. Co-as aicións que teño, e cōs intreses —de non se poider dar cō diñeiro—, cáseque se chegará a cancelar o débeto, e, se eisí non fora, véndense as terras de San Miguel de Treos (Carnío, de Vimianzo), e as de Brántoas (Malpica). Hei de falar d-esto

n-outra correspondenza, anque penso —el-o parésceme seguro—, que cô irmán de Horacio hei de arranxal-o asunto. Habemos trunfar, Deus diante.

E tamén hai unha nova alusión ao paso pola censura do libro, así como á relación de amizade persoal e literaria co seu editor Manuel Roel Longueira.

Pol-o atñente â censura, e, de paso, ao que falou cô señor Vales, vexa, bon Roel, de que se imprese o libro atal como vimos falando: que leve as 300 e pico de páxinas. Faga todo o posíbel pra que eisí sexa. Un apretón de man e fraternaes saúdos pr-ô señor Vales, do que me aleda saber que é veciño seu: Lin, estes días, no libro: “Historia de la Literatura Gallega”, de Bieito Varela Xácome, a lista dos seus traballos literarios. Miñas felicitacións, e, tamén, bôs agoiros pra futuros trunfos.

Aledaráme, se chegaron âs súas mans os catro (4) eixemprares do meu libro “A Roseira da Soidade”, un d-eles, con adicatoria, pra vostede. Como lle eispreséi na miña derradeira, era portador d-aquéles o noso común amigo Antón Núñez Fernández. Ia co-él, o noso "vimianceiro" amigo Perfecto López. Para antramos, unha aperta ben constrinxida... ¡e que se adevirtan!...

Finalmente, solicítalle información sobre a cantidade final de libros que poderían ver a luz, sobre as posibilidades para a súa distribución e sobre o custo final da edición. E remata preocupándose de novo sobre a extensión, aínda que agora sinala que non se debe prescindir de ningún poema, contrariando a proposta que fixera na carta anterior.

Teño intrés en saber, defiñitivamente —sen algunha dúbida— a cantidade de eixemprares do meu libro que se poderían imprimir . Como, quezáis, xa vostede o pensóu, ha-me descir o que máis conveña. Pense no mercado que se pode abarcar. N-unha carta, vostede falóume d-un posíbel distribuidor. Eu penso na Nosa Galiza, pr-ôr espallamento, e nos países de América. Ao seu ollar, faga o ben de decirme algo ao respeito.

Háme de notificar o custe neto, neto, do libro. Pode, amigo Roel, administrál-o vostede. Todo o que faga, pra min fica aprausado. Con soio algún eixemprar que me poida remesar, eu fico contento. Faga o que lle pete.

Si côs relatos encol da miña persoalidá —van vencellados a ésta— non houbera moito lugar dentro das 300 páxinas, penso que convén engadirlle as páxinas que fagan falla. Non intresa peso máis ou menos, nembargantes pensar que a economía débérase faguer no papel, si el-o é posíbel. Xa lle

indiquéi, n-outra correspondenza, cáles poemas se poden suprimir, mais creo non-o debo de facer:
¡todos son fillos meus!...

Estas mostras documentais do Epistolario entre o poeta e o editor demostran que a orde lineal non puido ser decidida por aspectos que tivesen que ver nin coa posición do suxeito lírico nin co asunto ao que aluden os versos, senón máis ben coa extensión que podería ter o volume e coas posibilidades reais de eludir a censura. É evidente, como xa se sinalou, que Antón Zapata García exerceu unha deliberada “autocensura” neste mecanoscrito, sabedor de que moitos dos poemas que deixaba fóra era imposible que pasasen a peneira dos censores.

En definitiva, malia as correccións que confesa o poeta, todo semella negar a existencia dunha organización interna do volume perfectamente estruturada e trabada. Antón Zapata García podería alterar totalmente a orde dos poemas sen que se resentise en exceso o seu sentido ou podería eliminar textos e incorporar outros sen afectar moito á globalidade do volume. Aínda así, a disposición final dos poemas no libro *A Roseira da Soidade* presenta unha particularidade que revela certa intención do poeta por lle pór orde a este conxunto. Trátase dunha serie de poemas relacionados co mar que se agrupan nun parte do libro intitulada «Dorna saudal», que se inicia precisamente cun poema co mesmo título **Dorna saudal** [39] e que remata no texto final **Acordeón galego** [72]. Malia existiren outras composicións que conteñen léxico e referencias do mar, certo é que existe esta unidade temática preconcebida que xunta trinta e catro poemas, fronte á maior heteroxeneidade do resto do libro.

Liñas temáticas

A) A nostalgia da Terra: a soidade ou saudade

A obra poética de **Antón Zapata García** caracterízase, de primeiras, polo seu autobiografismo, xa que en moitos dos textos o *eu poético* é un trasunto do propio poeta que expresa as súas vivencias persoais. Mais non imos facer referencia a estas pegadas autobiográficas porque xa se subliñaron en detalle ao abordarmos o estudo da súa vida e personalidade [Cfr. Biografía I.2.1].

Malia a heterexeneidade e a ausencia de unidades temáticas xa subliñadas, existe unha trabe simbólica que alicerza a estrutura do libro e que xa se intúe desde o propio encabezamento, *A Roseira da Soidade*, no que se simboliza a perda, mais tamén desde o paratexto da «Adicatoria» nunhas palabras escritas polo poeta no mesmo ano de 1953: «A miña Nai Galiza e aos meus irmáns galegos, dende Bós Aires, dempóis d-unha ausencia de cincuenta anos emigrado»... Soubo ver isto moi ben Ramón Otero Pedrayo no longo prólogo do libro do que salientamos esta extensa citación, na que tamén saen a relucir as reflexións de Ramón Piñeiro e de Domingo García Sabell sobre a saudade.

Voltando á idea centrosa do libro, imaxen ricaz do vivir do poeta, descóbrese outravolta o símbolo inmorrente e gasalleiro, como no ilustre Ramón Cabanillas, da roseira xiada por o amor frolecida. Igoal nas sagas e nos canzoeiros, nos camiños da pelerinaxe románica e no ámpido das aldeas esmaltadas como altares barrocos cos seus cruceiros e seus pazos, a roseira de caridosa sávia e zume responde ás estaxes de penitencia e espranza e ós bicos de apaixonado namoramento. Coma nos feitíos dos libros clásicos, un soneto franquea —porta desmariado feituca e pequeneira— as polifonías e venturanzas de «A Roseira da Saudade»:

«Abrazada da crús do sofrimento
que a longa emigrazón lle puxo â veira,
fóí tecendo suidades a roseira
c-un dagoro sinxel d-enfroramento...»

Poeta Antón Zapata, e como leial e sincero, home de saudade. Pescudando nos axeitados estudos de Ramón Piñeiro, de Domingo García Sabell, houber sido fermoso o descubrimento de cal xénero de saudade, en que lírica dimensión imponse sobre as máis no ser de Zapata e tamén como da

outa vivenza —door e gloria— do poeta pódese tirar unha esencia, ou un puro reflexo conceitual para a fina e trascendente arquitectura da metafísica da saudade. Poetas e filósofos irmáñanse en colquio sobor da saudade, a xugada por pseudofilósofos de outro tempo e terra febreza do espírito das xentes de Occidente e doenza laiante dos galegos. O cumio deica hoxe do estudio teórico da saudade atópase na tesis de Ramón Piñeiro: «que arrincando do sentimento de saudade e a través da súa perspectiva sentimental o ser do home téñ un sentido ontolóxico positivo: a realización da liberdade». Cecáis un análise detido houbera probado e contrastado aquela ergueita tesis no vivir e na obra de Zapata. E non menos veríanse selados en eispreza os pensamentos de García Sabell. Dí o xoven mestre da mocidade galega: «Y cada una —la ironía y la saudade— será en su ámbito un poderoso y oculto estímulo para la fértil dinámica creadora del alma de Galicia».

A temática da saudade ou soidade aparece tamén deliñada nos encabezamentos de cinco poemas do libro: «**A Roseira da Soidade**» [1]; **A campana da Soidade** [5]; **Suidade** [11]; **Dorna saudal** [39] e **Praias da Soidade** [63]; ademais doutro poema en castelán **Saudades** [c1], que ten a súa importancia reseñar por se tratar do segundo poema publicado, na orde cronolóxica, aparecido en *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913, aínda que datado polo autor un mes antes, no que chora a morte da súa nai e a imposibilidade de estar a carón do seu sepulcro na hora do soterramento.

Outros poemas onde a saudade é o fío argumental, son o soneto **Lar** [6], dedicado á sociedade galega que editaba a revista do mesmo nome na que se publica o texto; o soneto **Chovendo** [34], que narra como a chuvia se irmana coa nostalxia propiciando un dorido e triste momento de lembranza; o soneto **Meu padriño** [52], que conta a historia real de Laureano Carril, alcumado «O Roxo», padriño do poeta, un home que “*sulcáu os mares todos n-un branco bergantiño...*” e como a saudade fixo que retornase a Laxe “*xa mui canso do mundo e facer cabotaxe*”; o poema **Ao marchal-os barcos** [56] que relata a soidade producida na voz poética cando, nos peiraos da cidade bonaerense, contempla como retornan os barcos trasatlánticos á Terra sen que poida embarcar para o seu regreso: “*Marchan os*

barcos, / e, n-eles, vãn / miñas soidades / pra o meigo lar” e envexa ás brancas gaivotas que os seguen.

Outra boa proba da preponderancia da temática da saudade é o feito de que esta palabra ou as súas variantes e derivados sexan, con certeza, os termos máis reiterados nos poemas e a maioría pertencen a composicións incluídas no libro *A Roseira da Soidade*. Velaí *saudade* [1, título; 99, 43]; *saudades* [56, 23]; *saudal* [5, 18; 36, 44; *passim*]; *soidá* [71; 20]; *soidade* [5, 35; 5, 46; *passim*]; *soidades* [3; 8; 25; 4]; *soidadoso* [6, 13]; *soidosa* [30, 756]; *soidosas* [44, 70]; *soidoso* [56, 32]; *suidá* [14; 42]; *suidade* [31, 105; 53, 62; *passim*]; *suidades* [1; 3; 84; 35]; *suidosa* [39, 3; 65, 40; *passim*] ou *suidoso* [4, 10; 8, 36; *passim*].

Como tamén o son os termos referidos á emigración: *emigración* [1, 2; 72, 54; *passim*]; *emigrado* [13, 56; 30, 1167; *passim*]; *emigrador* [74, 47]; *emigradora* [99, 37]; *emigrados* [115, 28]; *emigramos* [78, 4]; *emigran* [30, 550; 36, 43; *passim*]; *emigrante* [41, 5; 41, 73; *passim*]; *emigrantes* [30, 503; 32, 12; *passim*]; *emigrar* [31, 76; 36; 41] ou *emigrazón* [30, 1220]; formas cos prefixos *-in / -i*: *inmigraron* [30, 811]; *imigrano* [20, 11]; *imigrantes* [30, 52]; *imigraran* [1, 1115] ou *imigraron* [1, 1445] ou formas con aférese: *migra* [36, 67]; *migraba* [31, 72]; *migrado* [118, 15]; *migran* [31, 76]; *migrante* [30, 531; 39, 1]; *migrantes* [6, 4; 94, 19; *passim*]; *migraran* [30, 491]; *migratoria* [3, 6; 3, 36]; *migrazón* [30, 569].

De feito, nunha das mencionadas cartas a Manuel Roel Longueira [Cfr. *supra*] o poeta confesa:

No meu poema o "Herbedeiro de Lourido", e, tamén, n-outro "O FARO", fago menzón do meu arraigado sentimento de podere voltar. Nos "Pinales da lembranza ", aínda sinto zoar os seus arumes...

Esta saudade, que se produce na emigración, vai moitas veces acompañada dunha dor emocional, xa desde os versos iniciais do libro: *Abrazada da crus do sofrimento / que a longa emigración lle puxo â veira*, [1; 1-2].

En ocasións, a saudade é dos elementos da natureza e da paisaxe que nos levan, de maneira inequívoca ao *locus amoenus* da infancia e da mocidade. Así, no poema **O herbedeiro de Lourido** [2] lembra a desaparición dun érbedo entre Lourido de Abaixo e o de Arriba, mais tamén os lugares de Romea, Serantes, Quelabanda (hoxe, Calabanda) e Carrabete, Tella ou a vila de Baio, para rematar con versos definitorios do seu afastamento na emigración: *je hoxe lémbrote a ti, dende o estranxeiro, / teu fin sabendo!, ¡¡triste!!...* No poema **Os pinales da lembranza** [10] son estes de Carrabete, Quela Banda (hoxe, Calabanda), Soesto e San Simón de Traba, por unha banda da ría, ou Frexufre, San Pedro e Cándoa (Cánduas), pola outra, os que se lembran: *Lonxe, lonxe, pol-a América, / voso zoar me acompaña...*, ademais de incluír unha referencia sobre o falecemento da súa nai e outra exacta sobre o tempo da ausencia: *Trintadós anos sin vêr-vos, / je aínda zoades na miñ-alma!*, pois o poema publicouse por vez primeira en 1935 e, como sabemos, o noso poeta chega a Bos Aires nos albores de 1903.

Outro lugar evocado da infancia é o paraxe descrito en **Pedras de Besugueira** [61], onde canta as peculiaridades deste lugar da costa de Laxe: *pedras que, n-outros xornos, de pequeno, / tamén piséi, descalzo, / pra coller a mantenza das patacas, / das coles e dos nabos, / enclavándolle o enciño, ¡coma un home!*.

Noutros son evocados lugares aínda non coñecidos, como sucede en **Sarandóns** [14], berce dos avós paternos do poeta, no que coñecemos moitos datos autobiográficos [Cfr. I.2.1. Biografía] e que, na estrofa final, serve para anunciar o desexo de retornar e coñecer a casa dos avós, feito que nunca chegou a se consumir pois o noso poeta nunca puido regresar. Ademais, nesta estrofa ollamos unha visión moi positiva e agradecida da emigración pois

sinala: *d-esta grande Bôs Aires / â que dín meu suor / e a quen muito ben quero / pol-os bens que me dóu.*

Así a todo, estamos perante unha das obsesións recorrentes para a *voz lírica* desde a antigüidade clásica, que se veu reescribindo ata o noso presente histórico con diferentes modulacións. Alén doutras mostras, as literaturas galega e portuguesa ofrecen numerosos testemuños sobre a presenza da saudade ou soidade⁵¹⁰.

B) A emigración

En relación coa temática anterior existen varios poemas que teñen como eixe central unha visión particular da emigración. Esta temática tivera un importante tratamento lírico en poetas como Rosalía, Curros e Cabanillas. Porén, deixara de ser motivo literario nos poetas da chamada xeración das vangardas ou de 1925, agás en Manuel Luís Acuña. Malia outras excepcións, como un dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca, a lírica sobre o éxodo atopa a súa mellor expresión naqueles escritores que estiveran ou estaban aínda na emigración, como Luís Seoane, por citarmos un nome abondo representativo.

O mellor exemplo desta liña temática está no dramático relato da desfeita dunha parella por mor da emigración do longo e coral poema narrativo **A Crus da Rosa [30]**, que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**. Aparece dividido en XXI capítulos ou fragmentos, e xa o primeiro remata advertindo do despoboamento de Laxe por mor do

⁵¹⁰ De feito, arredor da data de publicación do libro *A Roseira da Soidade* tamén se publican os ensaios *Saudade, Misticismo e Amore* [1952] de Antón Alonso Ríos e *Arredor da Saudade* [1954] de Lois Tobío Fernández. E lembremos que Ramón Cabanillas, un poeta moi lido por Zapata, dedica o seu discurso de entrada na RAG en 1920 ao tema. *Cfr.* Cabanillas, Ramón (1994) [1920]. *A saudade nos poetas gallegos. Discurso lido por Ramón Cabanillas o día 31 de agosto do ano 1920, en que se celebrou no Balneario de Mondariz o seu recibimento na Real Academia Galega e contestación de Eladio Rodríguez González, Segretario da Academia*. Edición de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro. Santiago de

feito migratorio: *mais esperta inquedosa a nobre vila / d-un mal soño de engados e de
espiños / que a despova, emprobece i-aniquila: / ¡Vân, pra a Cruña, inmigrantes, des
veciños!...*

Pouco despois, xa no capítulo II, mestúrase a dor e a mágoa dos familiares dos que parten coa descrición das promesas que causan a emigración. Veláí estes versos:

Hai no ambiente fondas mágoas, saloucos, algunha queixa
dos que fican bagullando, do que da vila se aleixa
cicáis pra sempre, camiño de outras terras onde poida
ganar o pan máis abondo, porque pensa, porque coida
que é verdade o negro engano das riquezas de outros lares,
60 Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares,
miles sésamos abriron pra o que arela o Velociño,
aunque nunca, xamáis chegue... ¡aunque morra no camiño!

Tamén no fragmento VII, no que se describen polo miúdo as faenas e a riqueza que pode fornecer a pesca, hai unha referencia a non abandonar este sector produtivo: *¡indo a buscar no estranxeiro / o que tén a propia casa!, pois —¡Hoxe hai peixe como area!—.*

No seguinte (VIII), aparece un novo personaxe, de nome Barlovento, amigo de Gundar, o mozo de Rosa que emigra, caracterizado coma unha persoa que perde o seu ánimo e anda triste e serio pola ausencia dos “irmáns”, pois: *El, tamén, fáí algúns anos, fóise á América / coa ilusión de máis ganar; / pro tornóu enfermo e probe, sin espranzas / de poder ganalo-o pan.* E que os trata de convencer para que non emigren, sen ningún éxito. pois na súa voz temos estes versos abondo esclarecedores:

»Eisí fóronse des mozos, des carballos
d-este noso Patrio Chan;
outro día serán catro..., sete..., doce...;

máis adiante... ¡vinte máis!...

»Eisí iráse, pouco a pouco, a xuventude,

545 a galega fror lanzal...

¡Queira Deus que tal engado desapareza

e non xurda endexamáis!...

De feito, no seguinte fragmento (IX) aparece unha definición precisa do drama colectivo da emigración: —*¡Galiza, fonte que sangra!*—.

Unha emigración que precisaba dun primeiro paso, desprazarse até un dos peiraos dos que partían os enormes trasatlánticos, episodio que o Gundar vai vivir na cidade coruñesa (de novo outro dato que fai ao protagonista do poema un trasunto do autor), e do que empeza a falarse no capítulo XI. No seguinte fragmento Rosa reza as súas oracións —*«Por todol-os galegos que inmigraron / na procura de un ben que eiquí xa tiñan, e que morreran na emigración, londe da terra e sen poderen retornar. No capítulo XIV Rosa deixa a romaría da patroa de Laxe, Santa María (15 de agosto) para tentar ver desde unha atalaia, «Pedra da Vela», o paso do barco trasatlántico que leva a Gundar para América e como acende unha “fogata” para facerse ver, mais: *A seirán xa morre... Non sulca unha vela / por diante da costa que Rosiña vê, / e vóltase â vila a noiva sinxela, / vertendo máis bágoas, perdidal-a fé...**

No seguinte fragmento (XVI) coñecemos as razóns da demora, que adoitaba ser habitual na época e que tamén posúe todas as trazas de ser un episodio totalmente autobiográfico. Así, sabemos que: *A posterga que sofre o trasatrante / deica ao seguinte día, / por mor dos cartafoles de embaixadas / que, de Madrí, non viñan.* E continúa a narrar o medo do protagonista de que os gardas o prendesen e aquí, de novo, aparece a causa da emigración: *anque xa lle pagara a un quitacomas, / a un cacique e a un escriba, / a coima dos embrullos pra, «pol-a alta», / embarcal-o, bulrándose das quintas.* A travesía relátase despois (XVII): *cando o «Alquimán» sarpaba da Capital Galega, / deixando por babor a brava «Punta Herminia», / o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —jde Breogán a insinia!*—, mais tamén

aparecen nomeados as Illas Sisargas, o Roncudo, a Insua (Punta Laxe), Faro Vilán ou o cabo Fisterra, e tamén as vilas de Camariñas, Muxía e Fisterra, antes do momento no que o barco: *¡enfióu na media noite a proa ao Novo Mundo!...* No capítulo XVII nárrese o fracaso emocional e persoal de Gundar, que xa levaba seis meses emigrado, “*Esmolando traballo nos comercios / de tendas e almacéns, / arribaba decote nos baixíos / dos negreiros sin lei*”. A situación era difícil «*pois a guerra*⁵¹¹ *cegara moitas fontes / de traballo*”, o que nos permite situar a acción por volta de 1914. (Lembremos que o autor emigrou nos albores de 1903). Tamén se fala das solicitudes que Gundar lle facía a calquera veciño que retornase para que nada lle dixese a Rosa da súa dramática situación e cóntase como os seus veciños xuntaron os cartos para mercar a súa pasaxe de retorno, episodio que se detalla nunha conversa no fragmento XVIII, mais no seguinte capítulo Gundar morre na travesía de regreso: *Despóis de trinta días de viaxe, / —¡coma un fardo calquer!—, / n-un negro cubichete de terceira / ao cuitado laxés, / pecháronselle pra sempre os verdes ollos*. E un “fardel” co corpo do mozo foi guindado ao mar. A morte de Rosa e a lección moral que se converte en lenda ocupan os dous últimos fragmentos, onde aparece unha última reflexión sobre o feito migratorio: *Quezáis as mozas lembran aos noivos que imigraron, / e seu amor comparan cô amor de tâl muller, / pois coidan que finándose os que as apalabrarón, / tamén, elas, en pena, se cheguen a morrer...*

Outro poema de forte contido relacionado coa emigración é **Anduriñas [74]**, no que na primeira parte describe estas aves para xa na segunda comparar a súa existencia coa dos que emprenden a emigración: “*¡Tal fan os emigrantes!... Pouc’a pouco, / van deixand’as casiñas d’as aldeas, / as vilas, as cibdades y-as cabanas*”, nunha composición moi triste na que se fala da dor nas despedidas, mais tamén na que se analizan algunhas das causas do fluxo migratorio, neste caso a brutal fiscalidade que vai parella a unha escasa produtividade

⁵¹¹ NOTA DO AUTOR: «A guerra de 1914».

do campo, estes versos son abondo ilustrativos: “*Abandonan os eidos porque coidan / que non poden pagar, ao Fisco, a renda, / pois n’o Inverno presente, c’as friaxes, / podrísell’a semente baix’a terra... / ¡y-embargaránll’os carros y-os trebexos, / as galiñas, os cochos y-as facendas!...*”, deseguida narra como se realizan os empeños para lle mercar “*o pasaxe / a un axente mais duro qunha pedra*” e detalla como son as duras condicións da viaxe en barco. Porén, na cuarta parte do poema prodúcese unha viraxe absoluta e a dor é substituída por un chamamento á loita. De feito, a data de publicación (1915) sitúa este texto no ronsel do agrarismo de Basilio Álvarez e das composicións poéticas de Ramón Cabanillas e sorprende que tamén introduza un berro de loita característico do anarquismo da época:

—¡Est’ano somos ricos!: ¡Xá n’hai fame!...

¡Xá non marchan os probes par’Amérecal!...

—¡Ouh, santa rebelión redimidora!...

80 ¡Xerminal!, ¡Xerminal!...: ¡¡¡bendito seas!!!

Porén, noutro poema relacionado co mar, **A pauliña dos pescos [86]**, xorde unha nova causa da emigración na vila de Laxe, desta volta relacionada cun importante problema para os pescadores da localidade: “*Emigran os peixadores / da probe vila de Laxe, / por non ter un refuxio no inverno / que ás buquetas e lanchas ampare*”, sinalando os culpables das “*mil traxedias mariñantes*” nesta estrofa reiterada dúas veces: “—*¡Inda morran afogados / os que chuchan nosa sangue, / e non fan tan siquer unha dársena / que das fortes mareiras nos salve!...*”.

Emigración e mar volven a xuntarse no poema **Nai dorida [75]**, pois é evocada a dor das nais que non deben esquecer os que emprenden o camiño de deixar a Terra. O texto preséntase como unha polifonía de voces, un canto coral, no que interveñen un narrador, a voz que representa as nais e un coro que se repite ata catro veces:

CORO

Sinte, emigrante

qu'o mar d'*Atlante*
vas a cruzar,
as fondas queixas
d'a nai que deixas
sin consolar!...

Na relación entre os emigrados e as persoas do seu contorno afectivo, familiar ou veciñal eran sumamente importantes as cartas, como se sinala no poema **Volvoretas** [31], onde estes insectos lepidópteros son metáforas de tres epístolas recibidas, do pai, dun amigo e da moza. A parte cuarta da composición principia cunha estrofa abondo esclarecedora do que representaban estas letras na diáspora:

... As cartas que nos veñen de Galiza
sôn, tamén, volvoretas,
portadeiras de bicos e agarimos
e amorosas apretas
105 qu-espaxen ás névoas da suidade
e o corazón retempran
pra lutar..., e vencer..., e darlle grórea
¡â nosa amada Terra!...

Ademais, a súa recepción provoca a reflexión sentimental da voz poética que soña estar no lugar natal, á beira do mar, *E ollando aos negros barcos traspondo a Baleeira, / por todol-os galegos que migran, eu choréi*. Versos que asocian, máis unha vez, o feito migratorio a unha dor emocional.

Outro poema que bebe intensamente da propia experiencia persoal e no que atopamos moitos datos é **Lembranza e loubor da Cruña** [36] [Cfr. Biografía I.2.1]. Todos estes pormenores arrincan cando abandona Laxe no vapor de carga «Victoria» que facía con regularidade o traxecto entre a vila da Costa da Morte e a cidade coruñesa. Alí chega en compañía do seu pai, que coñecía perfectamente a cidade debido a que estivera nela

destinado como carabineiro. Tamén se recollen as palabras que lle dirixe o seu proxenitor antes da súa marcha, mesmo querendo influír na súa decisión para que non emigre e lembrándolle o espírito da súa nai xa falecida, ademais de lle argumentar cunha estatística: *Dos que emigran, ¡meu fillo!, un por cen sô retorna: / os demais vãn a pique na «Saudal»... ¡probe dorna!...* O poema, que nace de ver na emigración fotografías da cidade coruñesa, remata con esta estrofa que resume as súas vivencias:

90 No relembro lonxano de outonal alborada,
 a cibdade da Cruña xurde como encantada
 n-unha gran lumiñaria albeiral e ilusoria,
 como cando ao seu porto arribéi no «Victoria»...
 ¡e, mirando â Mariña, vexo o muelle de Ferro,
 onde, mozo, embarquéi pra un lonxano desterro,
95 de un desterro alongado do que penso inda torne
 i-eisí vel-a denantes de que os ollos entorne
 pra enxamáis —¡ouh, cibdade co-a que soño e soñéi!—,
 e que agora, xa vello, hastra a morte amaréi!...

Cómpre salientar tamén unha serie de poemas relacionados todos eles co mar que se agrupan nun parte do libro *A Roseira da Soidade* intitulada «Dorna saudal», que se inicia precisamente cun poema co mesmo título **Dorna saudal [39]** no que esta embarcación simbólica é nomeada no primeiro verso como “*migrante nauticela*” porque exemplifica a saudade que sente a voz poética na emigración dos lugares e sensacións do mar vivenciados na infancia e na mocidade.

No poema **O Faro [41]** esta construción que guía tanto aos trasatlánticos “*no triste viacruces d-emigrante*” coma aos pesqueiros que van a Terranova, é evocada desde a emigración: *Orfo de tí, fai anos, / sin te ollar no trebón da miña vida / de suidoso emigrante.*

Tamén no poema **Ao marchal-os barcos [56]** relata a soidade producida na voz poética cando, nos peiraos da cidade bonaerense, contempla como retornan os barcos trasatlánticos á Terra sen que poida embarcar para o seu regreso, como se sinala nos versos finais: *¡Fóronse os barcos / pra o Noso Chan, / e o pensamento / con eles vái!...*

En **Pedras de Besugueira [61]** canta as peculiaridades deste lugar da costa de Laxe que é outro lugar evocado da súa propia infancia, para rematar con esta estrofa na que incide sobre a culpabilidade dos que emigraron:

Benzoadas, ¡ouh, pedras!,
que feríchedes ben meus pês descalzos,
¡queira a sorte que axiña m-ôs firades
40 côs dentes arneirados,
e que a sangue que salla das feridas
me redenzan da culpa d-emigrado!...

De por parte, no soneto **Praias da Soidade [63]** que poetiza a todas as praias de Galiza, reitera a evocación saudosa dos emigrantes nestes catro versos: *¡cómo vos lembra, ¡praias!, o emigrante, / praias de media lúa ouriluzente!... / ¡Cómo vos lembra sempre o navegante, / a Vía Láctea ollando fixamente!*

Nas composicións **O probe do mar [67]** e **A volta ô povo [80]** tamén se narra, como acontecía co personaxe de Gundar no poema narrativo **A Crus da Rosa [30]**, o fracaso dun emigrante que decide retornar, no primeiro salienta o motivo que decide retorno perante a falta de oportunidades, porque na Terra non lle ha faltar: “*¡Un santo anaco de broa / e santa cunca de caldo!*”, mentes que no segundo relata as penurias da viaxe: “*de tér q-ir coma on feixe na bodega*”, sinala que viaxa de volta tan só cun traxe e un “poncho” e, na voz deste anónimo emigrante, advirte o desengano que o agarda: “*¡Xa presinte na y-alma os desenganos, / xüicios e rexouvas do seu povo / sobr-os cartos que fixo en vinte anos!...*”.

E en **Invocación “O Caxestal” [94]**, un apóstrofe a un acantilado ou cantil da costa de Laxe, un lugar onde as ondas “*dínlle ôs tristes migrantes, / ¡ôs probes irmáns meus / que arreda o lar galego esnaquizado!:/ — ¡Adeus!, ¡adeus!!..., ¡¡adeus!!....*”.

Sobre o retorno, mais desta volta sen a amargura do fracaso, tamén se fala noutro poema de circunstancias escrito *ad hoc* para a revista *Alborada*, onde aparece incluído no artigo «La demostración a un viajero. D. Manuel Teijeira Hernández», que relata a homenaxe de despedida deste consocio da ABC de Corcubiión, no que Antón Zapata García pechou a serie dos discursos congratulatorios coa súa lectura. Con todo, nos primeiros versos semella intuírse que a causa de regreso tamén está na crise económica mundial que está a condicionar a vida das persoas, velaí como antes de lle desexar un feliz reencontro cos seus e coa Terra sinala: “*¿Que o comercio n-está forte?; / ¿que non se vende xa nada, / e as cousas están que tollen...*”. O noso poeta fala da debilidade do sector comercial por propia experiencia [Cfr. Biografía I.2.1].

Non é esta a imaxe que se dá en **Xan Croio [105]**, retrato irónico dun personaxe de ficción, mais representativo de moitos galegos da emigración que se converteron en ‘americanos’ e perderon a conciencia da súa orixe. Este tríptico de sonetos conta como fixo fortuna, a medida que ía medrando o seu desleigo e como non chorou ninguén a súa morte ou que, malia a súa riqueza económica, nunca se lembrou da súa aldea, malia que “*Foi dono de cen casas-rascaceos, / chalet en Mar do Prata, creto en Bancos, / forte caixa de ferro, caixóns cheos...*».

Mención á parte merecen as coplas da serie intitulada **Herbal Frorido. Cantares galegos [99]**, concretamente a oitava, que lembra que un emigrado sempre anda co pensamento na Terra; a décima, na que sinala que o emigrante (comparado de novo coas andoriñas) non terá dita completa até retornar; a décimo primeira, na que fala da debilidade “*se a ferruxe da saudade / na emigración te consome*”; na décimoterceira, que lembra o

personaxe Gundar de Valarés⁵¹², do seu poema **A crus da Rosa [30]**, para aconsellar que non se emigre “*non sexa que morras lonxe*”. E o mesmo acontece na outra serie igualmente **Herbal Florido. Cantares galegos [100]**, onde salienta a segunda, na que o son dunha “*caracola mariña*” serve para lembrar á Nai Galiza.

C) A poesía civil: o antifranquismo

Alén da nostalxia da Terra e do tratamento da emigración, hai aínda outra liña temática fundamental e que coas anteriores podemos considerar primordiais por estaren presentes en moitísimos textos de maneira referencial, ademais de ocuparen a totalidade do sentido nalgúns deles. Trátase dunha veta comprometida, de poesía civil, con notorio peso antifranquismo, aínda que, obviamente para burlar a censura, esta non se vislumbra nos textos do libro *A Roseira da Soidade*, mais está omnipresente nos Poemas dispersos (publicados en revistas e xornais), tanto na súa obra galega [Cfr. II.2.2.] coma na súa breve obra en castelán aparecida en xornais e revistas pro-republicanos [Cfr. III.1.1.]. Estamos perante unha poética do compromiso moi próxima á poesía civil doutros autores da diáspora que abrazaron como propia a causa republicana, tal como fixeron José Conde, Alfonso Gayoso Frías, Avelino Díaz, Xervasio Paz Lestón, Emilio Pita, Manuel Prieto Marcos, Ramón Rey Baltar, Xosé Rubia Barcia, Luís Seoane ou Lorenzo Varela.

En efecto, desde os seus primeiros textos **Antón Zapata García** é un poeta civil, de denuncia social, comprometido coa causa dos desfavorecidos. Nos seus inicios as súas proclamas están próximas ao agrarismo da poesía de Ramón Cabanillas nesa época.

Menos intensa é a súa denuncia da ditadura do xeneral Primo de Rivera, que tan só podemos albiscar no poema **Eu dígovos [89]**, aparecido por vez primeira o 17 de decembro de 1930, na publicación arredista *A Fouce*, que principia cos seguintes versos: “*Pra salvar a*

⁵¹² Nesta copla é a única vez que escribe *Balarés* no canto do habitual **Valarés**.

Nosa Terra das gadoupas / da besta que lle zuga o nobre sangue, / é perciso que «Os Bós e Xenerosos» / s-arreden dos muliebres e dos mánceres”.

A guerra civil e, sobre todo, a crúa e intensa represión desatada na primeira posguerra polo franquismo despertaron a voz máis comprometida do noso poeta, que se iniciou en xuño de 1937 co poema **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**, do que falamos con detalle máis adiante [*Cfr. infra*] cando abordamos a presenza dos personaxes históricos na súa obra poética.

Nesta dirección publica un mes máis tarde o poema **Lobicáns galegos [96]**, que tamén denuncia a perpetración dos crimes da represión franquista, cualificando aos seus autores como: *os lobicáns dos montes de CASTELA, / aproveitando a noite encobridora [96, 2-3]*; mais tamén sinalando o obxectivo da súa acción: “*¡Matáronnos aos nobres, aos mellores, / os cobardes feixistas, os impuros, / chamándolles, ¡por xustos!, ¡¡“os traidores”!!...”*. E en dúas ocasións máis aparece a súa definición como fascistas, na terminoloxía da época, a primeira en: “*¡Tí, feixista aziñado, negro ou pardo!: / ¡Non terás, cando morras, ni unha esperanza!...”*, e a segunda nos versos finais do poema: “*—Cando a xusta venganza o reló sone / e dos corvos xa fórades comestos, / da osamenta ¡feixistas!, chova ou trone, / ¡¡non terá miña patria nin os restos!!...”*. Ademais, no texto hai unha paráfrase da coñecida sentenza de Castelao de que non soterran cadavres senón semente: “*Da semente de mortos froitifican / —nos espritos, nas almas, na conciencia— / os xermolos do ben...”*.

E outro mes máis tarde aparecen os versos antifranquistas de **Tráxicos agoiros [97]**, composición na que sete vellas bruxas falan sobre a guerra “*que leva ô matadeiro ôs inocentes / e deixa na orfandade Nosa Terra*”, e unha delas sinala compracida: “*¡Soñéi que arderan xuntos Franco (“O Quinto”), / Alfonso (“O Labazado”) e “A Caoba”!!...”*, que

representan ao xeneral Franco, ao rei Alfonso XIII e á igrexa católica, simbolizada pola metonimia da madeira coa que se fan as imaxes do catolicismo.

E novamente outro mes máis tarde, feito que revela que todos estes textos foron compostos ao mesmo tempo, publícase o romance heroico **¡¡Cristialobos!!... [98]**, abonda na condena dos crimes do franquismo, desta volta incorporando ao discurso a denuncia da intervención italiana e xermana: “*os Rómulo-Remos —lobos— i-os teutónicos / os que invadindo a Hespaña, traicioneiros*”, ademais dos norteafricanos e da igrexa, que son novamente citados como cómplices do massacre. É, sen dúbida, o texto que utiliza unha linguaxe máis dura e forte nas acusacións, que principia sinalando a procura dunha verba que resuma todo, porque todas as palabras están esgotadas, e remata: “*¡¡vel-haí têndes a verba que arelaba / pra máis ametrallarvos!! ¡¡¡Cristialobos!!!...*”, un neoloxismo de invención propia que vai utilizar noutras composicións. Porén, este longo poema pode resumirse neste verso, que indica ben ás claras a fonte da súa inspiración: “*¡O feixismo, en Guernica, superóunos!...*”.

Das mesmas datas, aínda que publicado en agosto de 1938, é o soneto **Loito, fedor e medo [101]** no que a cidade se cobre de “*¡Un bafo de traición e mourería / espállase nos porches e portales!*”, engade que só resta o silencio do que era a risa dos estudantes e remata incorporando na derradeira estrofa as figuras das nosas voces máis representativas do Rexurdimento, que forman un coro para se uniren á mensaxe de denuncia da represión franquista: “*E fuxindo na noite máis sombría, / Pondal, Curros Enríquez, Rosalía..., / van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!*...”.

Unha mensaxe que se prolonga noutro soneto intitulado **A marcha do Apóstolo [101]** onde se narra como, pola mesma razón, Santiago “*confundíndoo c-un tráxico asesiño / ou garda cevil “â sanxurxina”...*”, abandona a súa cidade e foxe cara ao Tiberiades, na terra

natal de Palestina, anunciando no derradeiro verso o motivo da fuxida: “*¡¡pois non podó vivir entre traidores!!...*”.

Noutro soneto, **Deus é libértá [104]**, escrito como homenaxe a un galeguista, como se pode ler na dedicatoria: «A Ramón D. Villar, no sentimento de libértá / e amizade que nos achega, sinxelamente», defende os ideais da liberdade e do que denomina “*ben democrático*”, malia non existir no texto referencias ao franquismo.

No tríptico de sonetos **Xan Croio [105]**, nos que os dous últimos tan só aparecen na derradeira versión deste texto, transforma unha composición de crítica a un emigrado desleigado “—*Eu son duro, redondo, unitarista, / e non quero arredismos: ¡Son Xan Croio!...*”, pois ás características que engade, como o feito de que non chorou ninguén a súa morte ou que, malia a súa riqueza económica, nunca se lembrou da súa aldea, vai incorporar unha estrofa que fai deste texto tamén un cántico de denuncia da barbarie da represión franquista: “*Nementres que Galiza puxo loito / pol-os mortos na nóitebra feixista, / volvéuse Cristialobo o bandullista / pra tér dobre barriga coma un oito*”.

A descrición da vaga represiva, mais tamén a esperanza no futuro, teñen presenza no poema **Nova fulxente estrela [107]**, que principia facendo referencia a que “*Hai un medo que-espenuxa / pol-a terra de Pondal*”, un medo que ten as súas raiceiras no loito polos “*nobres irmáns*”, porque “*¡Mesmamente semella un enterro / tanto luito no tempo de vran!...*”. Novamente os asasinados franquistas son denominados coa palabra “*lobicáns*”. O texto fala tamén, por vez primeira, da fame nos primeiros anos da posguerra, para rematar sinalando que no fondo “*de tanto medo cervical*” aínda hai esperanza nunha nova estrela de futura liberdade. A composición foi escrita para o número especial que *A Nosa Terra* publicou o 28 de xuño de 1942, data na que se conmemora a aprobación do Estatuto de Autonomía de 1936.

Os camiños da vieira [108] é un longo poema en sete oitavas, onde as tres primeiras testemuñan diferentes aspectos da peregrinaxe a Santiago de Compostela e da adopción do símbolo da vieira como insignia xacobeá. Porén, na cuarta oitava prodúcese un forte xiro no contido da composición:

Mais fóronse entullando, cegándose os sendeiros
que ó Pórtico atraguían xesucristiana grei:
A Meca da homildade enchéuse de taboeiros,
enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi,
os que a Xesús cuspiron, os milites traicioeiros...
30 ¡todol-os detraitores da curialesca lei
que en ves da nobre insiña dos composteláns vieiros
deixan vender diamantes na crus de Cristo-Rei!...

E despois de sinalar os culpables da traizón, tamén hai versos para lembrar unha vez máis a vaga da represión: “*¡tan soio vío mortes... bagullas... fames... estrago... / e as nites máis lucentes cal negra nite ollóu!...*”, para rematar a composición cun prego para que Galiza recobre a súa liberdade.

Tamén no longo poema **O remorso do mar [109]** mestura a caracterización do mar coa denuncia da vaga da represión franquista, coa novidade de se referir nesta ocasión aos que foron ‘desaparecidos’ no mar, de feito atopamos esta interpelación: “—*¡Qué fixéstedes vós, dos que afondaron, / ¡atados pés e mans!, no voso seo?*”, unha denuncia que acada o seu cumio na estrofa coa que se inicia a segunda parte da composición: “*Cormoráns e gaiivotas, dan ós ventos / seus punxentes agoiros na marisma, / lembrando do Atlán os sufrimentos / diante ós crimes do Feixe e da Mourisma...*”. O texto relata con absoluta crueza esta forma de facer desaparecer aos represaliados, que lembra aquela estampa de Castelao co afogado cunha pedra ao pescozo, para rematar sinalando a incomodidade do mar porque: “*¡Non quere tel-a*

culpa dos ultraxes / de afondaren patriotas no seu fondo!: / ¡¡Por el-o, co-as gadoupas, contr-ás laxes, / martela noite e día con estrondo!...”.

E no soneto **Antón Vilar Ponte [110]**, despois de glosar as cualidades do dirixente federal e galeguista, fai outra alusión á traizón no primeiro dos tercetos: “*Eisí foi xalonando seu vivir aquel ceibe / que xamáis maxinara que a traizón máis aleive, / n-unha "Terra de Pas", se cebase algún día...*”. Moi semellante é outro soneto intitulado **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**, que caracteriza “*ti fostes un valente no Chan Patricio Noso, / luitando contra o feixe que ensanguentou o Adro*”, para deseguida lembrar a persecución da que foi obxecto: “*O tráxico trunviro —oubeo, gruño e ladro—,⁵¹³ / na terra de Silleda, buscóute, tenebroso...*”, evocar o seu labor como deputado republicano e mestre, mencionar como puido salvarse da morte e, por último, comparar a súa figura coa do héroi espartano Brasidas. E na mesma liña están tamén os dous sonetos que conforman **Castelao [115]**, escritos cunha diferenza de dez anos⁵¹⁴, no primeiro cunha única e sutil referencia no verso: “*e, se poidera, aos lobos que Noso Chan resiste*”, mentres que no segundo máis ampla como podemos observar nos dous tercetos:

Dos seus outos tesouros xa somos os herdeiros:

“GALIZA MÁRTER”, “COUSAS”, labregos e peixeiros,

25 deixáron-nos seu lapis e pénola, ispirados.

Non lonxe da Traxedia do CRISTIALOBO, agora,

por tí, gran CASTELAO, un gran xigante chora:

BOS AIRES... ¡GALICEIBE dos celtas emigrados!...

⁵¹³ NOTA DO AUTOR: «Feixismo, Clero e Militarismo».

⁵¹⁴ *Cfr. Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 702, 23 de novembro de 1940 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1132, 20 de xaneiro de 1951. En *Galicia* (1940) aparece só o primeiro dos sonetos, datado polo autor: «Bos Ars, 8-11-940». En *Galicia* (1951) publícanse ambos, con cadansúa data debaixo: «8/11/1940» e «9/1/950», incluídos nunha páxina de homenaxe na que tamén figuran poemas de Calviño de Castro, Ramón Suárez Pérez, Gervasio Paz Lestón e Ramón D. Villar. Nos dous casos o texto vai acompañado dun debuxo da autoría do autor, pois asina Zapata, que representa unha caricatura de Castelao sostida por unha man aberta.

De forte compromiso antifranquista é o longo romance heroico **Galiceibe** [112], que na súa primeira versión⁵¹⁵ publicouse con esta dedicatoria: «Á notábel recitadora do idioma galego, señorita / Dora Cela, sinxelamente, o aitor», que desaparece nas dúas restantes. Porén, agás pequenos cambios lingüísticos, non hai ningunha outra modificación no contido dos versos que narran a historia dunha deusa chamada Galiceibe, que debe renunciar á súa patria: “*¡O fin!, ¡ó fin, ei d-irme, ¡Terra Enxoi!; / ¡terra de lobicáns e viles reises, / que usurpástedes os dreitos de Galiza, / usureiros, traidores, incrementes!...*”, que vive no exilio e que vai retornar, como sinala un trasunto da voz poética na esperanzada proclama da derradeira estrofa: “*Terra Nai ben querida, Santa e Mártir, / que dos fillos estimas ser reberte, / ¡miña vida che dera por ollarte / xa liberta de todo... ¡Galiceibe!...*”. Ademais, novamente, vai caracterizar aos franquistas como “*lobos da Terra de Castela*”.

Finalmente, no soneto **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos** [113], lembra a persecución da que foi obxecto: “*O trágico trunviro —oubeo, gruño e ladro—,⁵¹⁶ / na terra de Silleda, buscóute, tenebroso... / ¡e monteiría fíxoche, igoal que a un can rabioso, / berrando: —«¡Arriba Hespaña!»—, o castelán baladro...*”, para deseguida mencionar como puido salvarse da morte: “*no seo de cen nites de morte no toxeiro... / ¡A Terra Nai salvóute dos feros fratricidas!...*”.

De xinea civil, mais xa sen rastro do antifranquismo, son algunhas das coplas da serie intitulada **Herbal Frorido. Cantares galegos** [99], entre as que salienta esta: “*Miña nai —se ll-ôs pedían—, / facía, a veces, cantares, / e botaballes pimenta / contra os caciques e alcaldes*”, e aínda aquelas outras que falan da dignificación e do uso do noso idioma [Cfr.

I.3.3.5.1. Ideas sobre a lingua de Antón Zapata García].

⁵¹⁵ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 417, 26 de maio de 1935; *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 448, xuño de 1946 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1207, 15 de agosto de 1953.

D) O costumismo: o mar e o agro

Outro tema importante nas composicións é o costumismo, de xinea neopopularista, en dúas direccións, nomeadamente a primeira:

D.1) Unha serie de poemas descritivos do mar e da vida mariñeira.

No libro *A Roseira da Soidade* o propio autor realiza un agrupamento no que podería ser a segunda parte do volume. Trátase dunha serie de poemas relacionados todos eles co mar que se agrupan nun parte do libro intitulada «Dorna saudal», que se inicia precisamente cun poema co mesmo título **Dorna saudal** [39] e que remata no texto final, nos que case todos os encabezamentos xa son ben evidentes do contido mariñeiro: **A renda do mar** [40], **O Faro** [41], **Porto peixeiro** [42], **A Costa da Morte** [43], **Armónicas furnas** [44], **Presentimento** [45], **Alando a traíña** [46], **Mar roleiro** [47], **A resposta das ondas** [48], **Trincado** [49], **O perdón das furnas** [50], **Mareas vivas** [51], **Meu padriño** [52], **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego** [53], **Marisma** [54], **Redes no mar** [55], **Ao marchalos barcos** [56], **Mariña de primaveira** [57], **Mariña de vran** [58], **Mariña de outón** [59], **Mariña de inverno** [60], **Pedras de Besugueira** [61], **Boguina** [62], **Praias da Soidade** [63], **Algazos** [64], **Amante navío** [65], **Carrexando redes** [66], **O probe do mar** [67], **A Vila de Laxe** [68], **Gaivotas** [69], **Vento irmán** [70], **As arelas d-un trunfo** [71], **Acordeón galego** [72]. Malia existiren outras composicións que conteñen léxico e referencias do mar, certo é que existe esta unidade temática preconcebida que xunta trinta e catro poemas, fronte á maior heteroxeneidade do resto do libro. A estes textos facemos unha breve referencia nos seguintes parágrafos:

- **A renda do mar** [40] relata o episodio lutuoso “*dos probes peixadores que a borraxa / sorprendío no mar...*” e como a traxedia golpea sempre a “*fogares homildes*” que coa morte pagaron a renda ao seu señor, o Mar.

⁵¹⁶ NOTA DO AUTOR: «Feixismo, Clero e Militarismo».

• **O Faro [41]** é unha composición en forma de apóstrofe, na que se realiza unha apelación á figura dun faro que representaría a todas estas construcións creadas polo ser humano para ter maior seguridade nas faenas costeiras. De feito, non se identifica expresamente con ningún e mesmo pluraliza os seus nomes: —*Touriñáns e Fisterras, / Ortogales, Viláns e Currubedos*—. Dos moitos versos que o caracterizan, con varias alusións aos naufraxios, salientamos apenas un fragmento da estrofa inicial:

«ARA-LUCIS» fulxente
do Noso Mar Atrante
que alumas por igual, cristianamente,
o mesmo ao trasatrán que leva â xente,
5 no triste víacrucés d-emigrante,
que aos peixeiros que vãn a Terranova,

• **Porto peixeiro [42]** recolle unha xornada nun peirao, no serán dun verán, cando a chegada das traíñas da sardiña converte o lugar nun fervedoiro de xente “*ouzando o chamado rouco / das boguinas, ao peirao / chega, traqueando cós zocos*”, nunha alegre e colorista festa para os sentidos, á que incluso acoden os aldeáns dos lugares próximos, e que remata con “*Uns, escochando sardiña; / outros, lavándoa nos pozos, / e os demáis, acarrexándoa / pra as aldeias dos dintornos*”.

• **A Costa da Morte [43]** é un soneto que, na súa brevidade e contención, lembra a antiga lenda da morte do Sol no occidente galego e sinala que, antigamente, os celtas denominaron a esta zona: «*País dos Silenzosos*», / *pois vêndo ao sol poñerse, coidaban que o seu lume / ía quentar âs ánimas dos antenados nosos*. Fala do “*facho Néreo*”, que é o actual monte do Facho en Fisterra, lugar no que estivo situado sinal para a navegación máis antigo, antes da construción do actual faro. E na parte final evoca aínda a figura dos faros para os mariñeiros de hoxe na “*costa medoñente*”. Unha maxistral peza de ourive.

● **Armónicas furnas** [44], longa descrición das furnas, en vinte e un serventesios, cunha impresionante e rica demostración de vocabulario do mar [Cfr. I.3.3.5.5.6. O léxico mariñeiro], que se enriquece con alusións lendarias e con referencias musicais.

● **Presentimento** [45] é outro dos poemas que refliten vivencias autobiográficas, cremos que é así porque a muller e nai que aparece nos versos ten de nome señora Maripepa, que coincide co nome real da súa nai, María Josefa García Moreira, nada en Camariñas [Cfr. Biografía I.2.1]. De feito, uns versos sinalan: “—*Non te vaías a praia, ¡meu filliño!, / que hoxe o mar trái desgracia—, / aconsellóume miña nai, cô tenro / tôn das camariñanas*”. O texto conta a historia deste rapaz que “*¡Tiña soio cinco anos!*” e que está a piques de morrer afogado, por desobedecer os consellos da nai, aínda que afortunadamente o golpe de mar vaino lanzar contra unhas pedras.

● **Alando a traíña** [46] é un canto mariñeiro, mesmo inclúe a estrofa do que o poeta denomina ‘Canzón dos traíñeiros de Laxe’, no que a alegría e a musicalidade do canto non oculta as duras condicións de traballo da pesca de baixura e o seu escaso rendemento económico naquela época: —*Sempre, ¡sempre!, traballando, / dende a mañán hastra â noite... / ¡e sempre probes ficamos!*... O poema tivo cinco versións anteriores e na que se publicou na revista *Nós*⁵¹⁷, o seu título era **Traíñeiros de Laxe** e incluía esta dedicatoria: «*Ó meu irmán galego Camilo Díaz Baliño, c’unha gan fe na súa laboura de enxebreza / pictóreca en col dos outos ideaes que fai xermolar no lenzo: Raza, Terra e Mar galegos*», que no libro foi substituída pola autocita coa que se abre a composición, por razóns obvias, ao ser o pintor un dos primeiros “paseados” polos franquistas [Cfr. o apartado b) A censura (ou autocensura) de *A Roseira da Soidade*, en I.3.2.2. A historia editorial].

⁵¹⁷ Cfr. *Nós*, Ourense, nº 91, Día de Galicia (25 de xullo) de 1931. O poema tivo aínda outras catro versións anteriores á publicación desta, nas que tampouco figuraba a dedicatoria.

● **Mar roleiro [47]** entra dentro da serie de poemas que teñen como eixo as traxedias do mar, desta volta narra o afogamento dun mariñeiro de Laxe. O encabezamento e os primeiros versos son abondo ilustrativos: *Apañaba percebes n-unha fesga, / Chuco de Carracedo, / cando un golpe de mar, ¡como unha pouta!, / galgante, silandeiro, / baticóuno n-as pedras arneiradas*. O seu corpo vai aparecer “*n-un coído da banda de Frexufre, / revoltó entre os algazos*”. Ademais, o texto recolle unha conversa entre outros tres mariñeiros que non se explican o sucedido porque era un día “*sin chisca de vento*”.

● **A resposta das ondas [48]** explica unha situación que aínda na actualidade, por outros motivos, é causa de moitos problemas na costa, pois relata a ausencia de peixe coa que se atopan “*os atalieiros, nas lanchas*”, que os leva a se faceren as seguintes preguntas: —*¿Qué pasará —dñ os pescos—, / pois muito as gaivotas coan...?*» / —*¿Serán as feras arroaces / que ao peixe asustan na costa...?*». E a resposta, como se sinala no título, vai vir das ondas: —*«¡Na outa mar os somariños / espantárono con bombas!»*... Porén, o poeta non debe facer referencia ao uso da dinamita na pesca, senón ás manobras producidas no transcorrer da Segunda Guerra Mundial. De feito, neses anos a zona da Costa da Morte foi moi transitada por submarinos alemáns.

● **Trincado [49]** condensa dunha maneira sublime as manobras de navegación dunha embarcación nun soneto, do que salientamos estes catro versos: *Ben tesas as estachas nos rexos cadenotes, / o pau renxe coa vela relinga; (...)* e *cando xa se emproa, e ao vento bate a vela, / âs voces de: «¡Dar fondo!», «¡Desata drisa!», «Arría»*.

● **O perdón das furnas [50]** é unha das excepcións no realismo dos poemas mariñeiros, xa que relata a conversa duns seres míticos inventados polo autor, “*as nerias*”, que se achegan ás furnas: *a chorar, / a pregar / por todol-os que foron / afogados no mar*.

● **Mareas vivas [51]**, este texto narra como poucos na literatura galega os labores do marisqueo e tamén poucos coma este revelan a epifanía das mareas vivas, cando con lúa nova

ou con lúa chea o mar sobe e baixa moito máis que nas mareas habituais. No poema acontece coa segunda lúa: *Pol-a sede do Vran e a Lúa chea, / devalóu a marea*. Do longo poema salientamos esta estrofa, ben ilustrativa das angueiras mariscadoras:

Uns, a apañar ourizos;
os outros, escorreadas ou algazos;
aquéles: lampros, cornos,
25 mexillóns, caramuxas,
longueiróns, berberechos,
que, pouco a pouco, os cestos empirican,
os paxes acogulan,
ou os fortes garruchos poñen pechos;
30 e os demáis mariscantes
—arremangada a roupa sobr-âs cuxas
i-eisimade n-os brazos,
aitivos, buligantes,
nas fechancas s-estrican,
35 n-os furados rebulan,
pozos e pozas, chican,
¡e dan volta aos cantazos
pra recoller barbadas!

• **Meu padriño [52]** é outro poema de personaxes reais, pois conta a historia do padriño do poeta, Laureano Carril, alcumado «O Roxo» que “*fóí capitán do «Xulio», na Costa de Briganza*” ou que “*sulcóu os mares todos n-un branco bergantiño...*”, viaxes das que sempre volvíaa traéndolle lambetadas e xoguetes. Narra como se reivindicou «*¡Galego!*» nunha pelexa nun bar, en Nova Orleáns, e, finalmente, como a saudade fixo que retornase a Laxe “*xa mui canso do mundo e facer cabotaxe*”.

• **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego [53]** publícase coa seguinte Nota do Autor: «Acrarando: Como a creazón do persoaxe «Chuco da Dorna» foi feita por min, dantes da

data posta preladadamente, ao cabo de cuáseque tres anos despóis, aparecío na revista *Estampa*, de Madrí, no eisemprar N° 116 da mesma, 1° de Avri de 1930, «outro» Chuco da Dorna. Pol-as dúbidas, sin entrar no análise, deixo a costanza da prioridade do nome do persoaxe, pensando que ninguén se alporice contra unha verdade axiomática, por canto, este meu traballo, aparecceu no N° 62 a revista *Céltiga*, de Bôs Aires, no mes de Xulio de 1927». Trataríase, pois, dun personaxe de fición, unha creación que responde ás características de moitos mariñeiros e que narra o encontro nunha taberna entre un mariñeiro de Laxe, outro alemán, outro bretón e outro irlandés, tamén con nomes ficticios (Otto Brétema, François da Revolta e William Ceibe) ao que lles relata toda súa historia vencellada ao mar, nomeadamente cando: *Tamén soupen —¡fai tempo!— tripulal-a buceta / que salvóu do naufraxo a unha esguía goleta / que, â deriva, n-os baixos do Roncudo, pidía / a tirasen das poutas da ferós maresía.*

- **Marisma [54]**, malia a súa brevidade, canta a épica do mar desde diferentes perspectivas, salientando “*emperadors e nautas, domeando ao Vello Mundo*”.

- **Redes no mar [55]** é outro poema breve que relata a pesca da sardiña, subliñando a complicidade do mar cos pescadores: *As ondas son irmáns dos arriscados pescos / que xogan súas vidas pol-os pescados frescos.*

- **Ao marchal-os barcos [56]** é un poema, que subtitula **Cantiga**, sobre a soidade producida na voz poética cando, nos peiraos da cidade bonaerense, contempla como retornan os barcos trasatlánticos á Terra sen que poida embarcar para o seu regreso.

- **Mariña de primaveira [57]** é outro poema lendario, pois describe “*a deusa mariñeira / que mora en Bergantiños pé de Xallas, / ao recoller a veste / de anacrexadas mallas / e cunchas de côr cêste*” e, no final, agradéceselle a fartura dos seus froitos. Do contido mariñeiro salienta a enumeración proliza de moitas especies de mariscos, nomeadamente crustáceos e moluscos, e en menor medida de peixes, así como das diferentes maneiras de

pescar, desde os “*peixadores de vara, pol-as postas*”, ata os que usan a “*fesga*” ou os que traballan en diferentes embarcacións: “—*a buceta, a trainera e mail-a dorna*—”, así como a descrición da maneira de pescar dos mascatos.

- **Mariña de vran [58]** é un longo romance polimétrico que describe a calma do mar xa desde os primeiros versos: “*Deitouse o mar, molido, sonolento, / por enriba das pedras do peirao, / coma un iñorme pulpo verdenoso*”, mais todo o é sosego, porque as gaivotas están pousadas, os pescos e as lanchas dormen, nunha colorista imaxe da preguiza. O poema remata comparando esta quietude do mar nun día de verán, “*agora tan bondoso, tan tranquiño, / tan ido, tan sin azo*”, coa súa imaxe violenta noutras estacións, “*¡é, no outón, coma un poldro, / e, no inverno, un cabalo / que tira cós petriles / e métese nas casas coma un amo!...*”.

- **Mariña de outón [59]** narra, como o título suxire, un dos típicos días de outono, de escasa actividade mariñeira, nos que chove e chove como quen as envorca polos efectos do vendaval na costa, de feito “*Ollando ao mar verdescuro, / —na roupa de auga afundido—, / un peixeiro anoda o sueste / que ll-entróu hastra o fociño*”, mentres que “*cós imbornaes chorosos*” as lanchas “*bailan*” no ancoiral do porto, “*e mentras as nubes tecen..., / tecen... e tecen... seus fíos, / ¡tecen, tamén, n-as tabernas, / as pipas vertendo viño!...*”.

- **Mariña de inverno [60]** relata un día de “*forte maresía*”, coas embarcacións varadas nas praias, no que unha embarcación foxe da “*travesía*”, vento que sopra do poñente e nalgúns lugares tamén o vento do norte, e como desde a costa se organiza unha manobra de salvamento: “*e, abordo de unha buceta, / seis pescos van arriscarse / pol-os do barco estranxeiro / que ollan a morte dediante...*”, que non debeu realizarse con éxito, pois o texto remata: “*¡A maresía, namentres, / canta o «Requiescant in pace»!...*”.

- **Pedras de Besugueira [61]** canta as peculiaridades deste lugar, que segundo Vidal Pérez [2006: 14] nomea unha «Paraxe dominada pola punta Besugueira, un lugar idóneo para

pescar panchos. Actualmente estas fincas están abandonadas ao igual que Balieira e o resto do litoral marítimo, explotado intensivamente ata hai poucos anos». Ademais da descrición dos versos, nunha versión anterior⁵¹⁸ publicouse cunha fotografía do laxense Vidal García que leva o seguinte pé: «LAJE. — Vista parcial de la gran playa de dicha población “peixeira e hortelán”, con su pequeño astillero de “bucetas” y lanchas, cuyo constructor, Don Manuel Ramos Mesías, hay quien asegura que es el que “mellor man tén” para hacer las “gaviotas con vela”, de las cuales presenta tres en cada “foto”... “¡e tres fillos d’él”, futuros navegantes!...». Pola súa banda os versos fan referencia á recolleita nese lugar de algazo para abono das terras: *pedras que, n-outros xornos, de pequeno, / tamén piséi, descalzo, / pra coller a mantenza das patacas, / das coles e dos nabos, / enclavándolle o enciño, ¡coma un home!*.

● **Boguina [62]** é un texto ben curioso, pois o suxeito poético relata como nun día de “*forte noroés*” colleu unha “*boguina*” (no estándar *buguina*) e a través dela escoitou bruar, como nunca, a “*maresía*”. Esa mesma noite, os xornais vespertinos bonaerenses, traían a seguinte nova trágica: «*A Cruña... (data e vila...): / ...Morreron afogados seis peixeiros / ao entrar, de arribada, n-esta ría*»...

● **Praias da Soidade [63]** é un soneto que poetiza a todas as praias de Galiza, do que salientamos as seguintes metáforas aposicionais: *Praias, fouces de lúa no crecente, / fouces de limpa prata no menguante, ou Praiales de Galiza, brancas praias / —dentamias da sorriso costaneira*.

● **Algazos [64]** recolle nos seus versos a descrición dun labor pouco coñecido, mais de moito rendimento na época do autor para uso agrícola a aínda hoxe maiormente para outros usos, tratáse da recolleita de algazos, que xa se tratara brevemente en **Pedras da Besugueira**. Despois de relatar o uso de “*enciños*” na recollida, testemuñase a súa utilización como abono

⁵¹⁸ Cfr. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 71, xuño-xullo de 1932.

das terras na seguinte estrofa: *As angarellas de pino / veñen e vãn pol-a praia, / acarrexando a mantenza / das fariñentas patacas*. O poema, nas tres versións anteriores en publicacións periódicas⁵¹⁹, conserva no título o seseo da fala dialectal do autor, **Algasos**.

● **Amante navío [65]**, malia o léxico e a temática mariñeira, é tamén un poema de amor, no que as embarcacións (*trainera* e *navío*) representan a existencia de dúas persoas, trasuntos do propio poeta e da amada, nos *mares de vida*. De feito, xa se observan nos versos iniciais estes sentidos figurados: *Pol-os mares de vida as nosas naves / —ti garrida trainera i-eu navío—, / ancoraron no PLATA, no gran río, / recollendo o velamio, como as aves*.

● **Carrexando redes [66]**, como se intúe no encabezamento, tamén relata os labores da pesca, cando saen do porto tarrafas e traíñas “*pra engaiolar n-as redes as xardas e as sardiñas...*”, e nos seus versos salienta esta prosopopea que se enriquece cun procedemento antitético: *O mar sabe que os pescos non son os seus amigos, / nin son os seus irmáns, nin son os seus nemigos*.

● **O probe do mar [67]** é outro dos poemas de personaxes, pois narra a historia dun home alcumado «O Serbelo» que fracasa na emigración, no Uruguai, por mor dunha enfermidade que o deixou cego e que, de regreso á ría de Corme e Laxe, vivía de esmolar sardiña. No remate sinala que morreu chorando “*por non poder ir ao mar!...*”.

● **A Vila de Laxe [68]** é un soneto que describe a súa vila natal sempre con características relacionadas co mar, “*espéllase n-as ondas*”, “*de pesca e mariñeita tèn a lanzal feita*”, “*no vran, as súas praias son leitos de puntillas / enonde a siesta dormen as peixadoras quillas*”, para finalizar, sinalando a dor que no inverno trae o mar, pois nesa estación adoito “*¡a branca vila enlóiase pol-ôs mortos laxeiráns!...*”.

⁵¹⁹ Cfr. *Céltiga*, Bos Aires, nº 79, 10 de abril de 1928. *El Compostelano*, Santiago, nº 2453, 22 de maio de 1928. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 69, xaneiro-febreiro de 1932.

● **Gaivotas [69]**, subtítulo **Anunzazón da pesca**, este longo romance polimétrico narra o bulidor movemento portuario que xera a pesca da sardiña desde a presenza das gaivotas. Porén, o maior protagonismo está nas voces anónimas dos mariñeiros, que carrexan todo tipos de aparellos (de novo, un texto etnográfico) ao berro de: “—*¡Bota lancha abaixo!... / — ¡Bota lancha, agora!... / — ¡Bota!, ¡ao mar!, ¡váí lancha!... / — ¡Ooo!... ¡guipá!... ¡Ei, bota!...*”, mentres xa se preparan nas “*fábricas dos salazoneiros*” e as mulleres tamén participan da alegría da pesca, pois desde terra: “*as pescas escraman, / berrando con forza: / — ¡Ao mar, mariñeiros!: / ¡ ¡Hai peixe na costa!!...*”.

● **Vento irmán [70]** é talvez o menos mariñeiro de toda esta serie, pois na súa longa extensión apenas uns versos se relacionan co mar, primeiro cando de lembra que atravesa o atlántico antes de chegar á costa galega, que sopra sobre as ondas, “*ventiño que infras as velas / con femeniños feitizos, / en bolina e barlovento*” ou “*cando sopras forte, ¡vento! / ¡e fas subir as escotas / con verbas de libertá!*”. Porén, a maior cualidade deste vento está na súa contribución á pesca, pois a súa presenza sempre se asocia con maior abundancia:

dísle às bardas
105 de sardiñas
 e de xardas

—mestas, mestas como as herbas dos herbales;
mestas, mestas como as follas dos trigales—,
câl se foses pecoreiro:

110 —¡Gouga!, ¡gouga!, ¡queridiñas!
 ¡Imos dereito a Fisterra!...

● **As arelas d-un trunfo [71]** é unha composición na que se interpela a ese ser fantástico do mar, con busto de muller e o resto do corpo de peixe, avistado na navegación, que provén da mitoloxía grecolatina, xa desde a primeiros estrofa: “*Sinto arelas de ollarte pol-a praia / c-ô teu manto de anacres, ¡ouh, sirea!, / onde o tomo do Atrante se desmaia / e a banda dos*

tritoes se recrea”, para logo contarlle a historia do pobo galego ao que denomina “*un gran povo Pastor de Navegantes*” e solicitarlle na estrofa final: “*Sô che pido lle brindes teus favores / en pago do meu trunfo, ¡ouh, sirea!: / ¡Que lle ateigues de peixe as súas rías!...*”.

● **Acordeón galego [72]** é o poema final da serie «Dorna saudal» e tamén o derradeiro do libro *A Roseira da Soidade*, a voz poética interpela ao devandito instrumento musical, tan presente nas festas tradicionais galegas, e reitera no principio e no final estes versos: *Érel-a vos do mar cantando, / érel-a vos do mar xemindo, / érel-a vos do mar chorando, / ¡acordeón!*, compara o seu son co mar nas furnas, nos coídos e nas praias, coas ondas contra o “*muelle*”, sinala que se escoita polos bares e tabernas “*dende Bôs Aires a Laxe—, / sempre me fala d-eternas / traxedias de salvataxe, maresías e galernas*”, como chora cando non hai peixe nin graos de cereal ou como ri e garagalla se a xente volta da emigración ou cando “*das tarrafas e traíñas, / mestos bramos de sardiñas, / e, as xardas e sanmartís, / ben se penduran n-as liñas!*”. Tamén o denomina: “*Acordeón mariñeiro / —¡ouh, peixeiro acordeón / da terra de Rosalía*”, o que resulta revelador da importancia deste instrumento musical na vida mariñeira.

De quitado de todos estes textos, incluídos no libro *A Roseira da Soidade*, na súa obra poética dispersa tamén existen outras composicións que teñen o mar na súa cerna.

● **N’a ría de Laxe [77]**, que se publicou o 10 de maio de 1918 na revista *El Eco de Teo*, é o primeiro texto do noso poeta con esta temática. Trátase dunha longo poema, cen versos en quintillas, que narra un episodio marítimo moi semellante ao de **Mariña de inverno [60]** [Cfr. *supra*], co que coincide á hora de relatar, nun día de forte temporal, o feito de saíren “*seis pescos*” nunha buceta para realizaren unha arriscada unha manobra de salvamento. Con todo, hai grandes diferenzas, pois agora a descrición da “*marexada tan forte*” realízase con moitos máis detalles e inclúe a aparición de moitos nomes de lugares da costa e do peirao de Laxe: “*¡que xa rompe n’Avería!*”... / *Desd’e “Cruciña” aos “Carreiros”, / ferv’o mar*

cal catarata”, ou “N’o “*Caxestal*” e n’o “*Paso*”, / *as ondas torcen de ruta*”, ou “*¡Tembr’o “Pinchón” de granito!... / ¡A “Insua”, queda tembrando!...*”, ou “*Non se vé “Cabo de Cháns” / nin tampouc’os “Malpicáns”, / baix’a rompente, qu’aterra, / e non paran séus desmáns / hastr’o “Costado de Terra!”...*”, ou “*é sobr’a “Punta d’a Cota”; / pero, xunt’a “Niño d’Aiga”, / xá non gabea: ¡¡¡rebota!!!... / Rómpese, n’a “Fanequeira”, / unha “vaga” tan enorme*”, ou “*xúntas’escuma en “Frexufre” / e, por “Vesugueira”, salgas; / janqu’a xente soilo sofre / cando romp’o mar n’as “Galgas”!...*”, ou finalmente “*je penso qu’é ter coraxe / estar n’o “Adro” ou n’o “Tiro”!...*”, ademais de nomear as vilas de Corme e de Laxe. Por outra parte, desta volta é un galeón o que “*vái a garra*”, isto é, ‘co rizón sen asegurar e á mercé do vento e do mar’, e a buceta aproveitando a “*calada*” [Cfr. I.3.3.5.5.6. O léxico mariñeiro], consegue facer o rescate, feito que non se realizaba con éxito no poema anterior.

- **O pulpo [79]**, soneto que, malia a súa brevidade, condensa unha ampla descrición que ocupa todo o poema do *polbo*. Das características que lle apón a este cefalópodo salientamos dous versos sobre a súa forma: *e xunto do pescozo, curto e fraco, / uito raxos q-esténde como un mapa*, e dous sobre o seu comportamento: *que, non tendo provistas, e capace / de comer dos seus raxos, fríamente...*).

- **As furnas de Laxe [83]**, romance heroico que describe polo miúdo as furnas da costa de Laxe, comparándoas con outras lendarias ou reais: “*Coma portas de rexas catacombas / que ensegridan mistéreos dos druídas*” ou “*Non teñen —cal as covas de Mallorca, / ou as furnas das lëndas ossianidas,— / a virtú das pingueiras barricentas*”. A descrición abala continuamente entre elementos maravillosos, cando sinala que son refuxio para “*endragos e xorguinas*”, ou elementos do mundo real, como o feito de atoparen nelas “*santas foxas, os probes afogados, / e, arfoniles, quen é contrabandista...*”.

● **A pauliña dos pescos [86]**, breve romance no que xorde unha nova causa da emigración, desta volta relacionada cos pescadores: “*Emigran os peixadores / da probe vila de Laxe, / por non ter un refuxio no inverno / que ás buquetas e lanchas ampare*” e afirma que marchan levando nos ollos “*mil traxedias mariñantes*”, sinalando os culpables nunha estrofa que se reitera dúas veces: “—*¡Inda morran afogados / os que chuchan nosa sangue, / e non fan tan siquer unha dársena / que das fortes mareiras nos salve!...*”.

● **Responso galego ô “Serpent” [93]** narra o episodio real dun barco-escola inglés que naufragou fronte á praia de Trece (Camariñas). De feito, en *Galicia* aparece debaixo dunha fotografía co seguinte pé: «Antigo e novo CIMITERIO DOS INGRESSES no lugar da Costa Brava chamado “Boi de Camariñas”. No fondo, á dereita, óllase a praia chamada c-ô agoirento nome de “AREA 13”. No mentado cimiterio fican enterrados 400 e pico de gardas-mariños e mariñeiros do Barco-Escola “Serpent”, da armada inglesa, afogados todos n-unha terríbel noite d-inverno. Alí ficóu a fror e gala dos futuros lobos de mar. Triste destiño dos humáns e da soberba dos grandes...». Na primeira parte lembra o naufraxio e o feito de que unha escuadra de guerra inglesa saudaba con vinte e un canonazos para lembrar as súas mortes sempre no día de Defuntos, na segunda critica o feito de que xa non aparece nunca unha escuadra inglesa para realizar esa lembranza, e remata sinalando que foron acollidos polos galegos e “*Na Costa Brava dormen os fillos d-Inglaterra*”, e temén que “*Tan sô, de noite, síntense —dende o Vilán de Fóra / deica ô “Area 13”—, o canto de Requien, / e o triste De Profundis do Ártabro mar que chora / diante do cimiterio dos mortos do “Serpent”!...*”.

● **Invocación “O Caxestal” [94]** é un apóstrofe a un acantilado ou cantil da costa de Laxe que é descrito como “*baruda e petrinforme catedral / que as ondas fono erguendo c-ôs seus brazos / dende un tempo que fica imemorial*”; como un “*penasqueiral xigante / —de traxédeas testigo— / que opós teu forte peito ô mar d-Atlante*” ou como “*Cantil humán,*

moisésico, que choras / ollando o desfilar de miles proras / que, sin acougo, van”, para finalmente ser interpelado como lugar onde debería ondear a bandeira galega.

• **Canzón do berce mariñeiro [106]** é unha composición para ser cantada a xeito de nana, de feito nunha das súas dúas versións⁵²⁰ aparece datado polo autor: «Bôs Aires, 1935» e sinala: «Música: José Barreiro», e na outra⁵²¹ vai precedido dunha fotografía de Pastora García e do seguinte texto: «La popular tiple Pastora García, que debutó con gran éxito en radio Stentor, continúa actuando con nuestro compañeiro Barreiro en la audición Hispano Argentina. Nuestra ilustre paisana estrenará “Canzón d’o Berce”, y “Cuitas d’ausencia” de Calviño de Castro-Barreiro». O poema, que leva no final do estribillo sempre a palabra soletreada “*Ga-li-cei-be*”, ten moito léxico mariñeiro, malia a súa brevidade, e remata cos versos: “*Xa se durmío meu home, / a toda vela, no berce*”.

• **O remorso do mar [109]** mestura a caracterización do mar coa denuncia da vaga da represión franquista, de aí o remorso. No que agora nos atinxe, salientamos os versos que inician a primeira estrofa: “*Morden os cans das foulas n-os cantiles*” e a terceira: “*Morden os cans das foulas n-as quebrantes*”.

• **O afogado do “City Agra” [116]** narra outra historia dun naufraxio nun temporal, xa no primeiro verso di “*Houbera mar de fondo a sete mares*”. Polo título e polos versos sabemos que se trata do “City Agra”, nome dun barco trasatlántico inglés que embarrancou nos baixos de Camelle, cando o pai do autor era carabineiro. O naufraxio dun barco chamado *City of Agra* é un suceso verídico, polo que tamén debe ser certo que o poeta debeu acompañar a seu pai na procura do cadáver dun afogado deste barco que deixaran “*uns pescos de Fisterra*” ao morrerlles a bordo por hipotermia despois de o rescatar do mar. Quedou esquecido en Laxe, como sinala o poema na derradeira estrofa: “*Do Consulado*

⁵²⁰ Cfr. *Alalá*, Revista de Arte e Letras editada pol-a Coral «Os Rumorosos». Bos Aires, nº 1, maio de 1935.

⁵²¹ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 704, 7 de decembro de 1940.

ingrés xamáis se soubo / que algún viñese a ollal-o... / ¡Probiños, os coitados mariñeiros!... / ¡¡¡—Probes, os afogados!!!...”.

Entre os textos nos que o mar non é o eixo central da composición, temos o poema **A gaita [4]**, pois no treito dos versos 66-130 o instrumento participa do “baile da riveira” e aparecen referencias do propio mar e da vida mariñeira.

No longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa [30]**, que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**; dividido en XXI capítulos ou fragmentos, hai ducias de versos que testemuñan a vida mariñeira, nomeadamente nos capítulos I (que describe a vila de Laxe con moitos termos mariñeiros), IV (no que se nomean moitas especies de peixes); VII (no que se describen as faenas e os tesouros que pode fornecer a pesca, porque —*Hoxe hai peixe como area!*—); nas primeiras estrofas do IX (con referencias a artes de pesca);

En relación co mar, mais non coa vida mariñeira *strictu sensu*, está tamén o capítulo XVI do referido poema **A Crus da Rosa [30]**, no que coñecemos numerosos detalles do embarque dos emigrantes na cidade coruñesa, así como da paisaxe que ían deixando atrás na súa travesía e que se relata despois (XVII), un fragmento que principia:

Era unha groria o mar na tarde veranega,
cando o «Alquimán» sarpaba da Capital Galega,
1125 deixando por babor a brava «Punta Herminia»,
o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —¡de Breogán a insinia!—,
namentres que ao pasaxe, o faro, antre os seus brazos
de lus fraterna —¡imensa de bicos e de abrazos! —,
a muitos estreitaba, quezáis, por ves postreira...

Mais tamén aparecen nomeados Sisargas, o Roncudo, a Insua (Punta Laxe), Faro Vilán ou o cabo Fisterra, e as vilas de Camariñas, Muxía e Fisterra, antes de desaparecer o seu ronsel da paisaxe galega.

Mar e emigración volven a xuntarse nos poemas **Nai dorida** [75], que retrata a unha muller que acode aos fachos para despedir as embarcacións e “*Ao ver as naves que van cruzando / frent’a Fisterra, dereit’o Sul*” e que levan os emigrantes a América prega que non esquezan nunca o seu sufrimento. Alén diso, cítase en varias ocasións “*qu’o mar d’Atlante / vas a cruzar*” ou tamén **Lembranza laxeirana** [84], coa primeira referencia ao feito de levar moitos anos fóra do chan nativo, tras contemplar Laxe “—*¡fonte de peixe e mariscos!*—” nuns diaporamas, nos que hai outras características mariñeiras nas que salientamos estes versos:

A túa praia ¡tan longa!,
—¡dous kilómetros e pico!
25 de xeito de médea lúa
ou mandil de branco liño,
onde as mariñas gaivotas
debuxan mil xeroulifos
e os teus rapaciños louros
30 xogan â «billa» ou ôs brincos...
¡praia que bican as ondas
con eternidá de bicos,
e, pr-ás lanchas, é cäl berce
de nacre e prumas de ciño!...

E no breve romance **A pauliña dos pescos** [86], no que xorde unha nova causa da emigración, desta volta relacionada co mar: “*Emigran os peixadores / da probe vila de Laxe, / por non ter un refuxio no inverno / que ás buquetas e lanchas ampare*” e sinalan que marchan levando nos ollos “*mil traxedias mariñantes*”.

Tamén no poema de contido simbólico moi pondalián **A canzón d’agora** [58] aparece, acarón de figuras míticas: “*A celta Valverde, nobre hirmán de Traba, / lembrando a*

Bren Ceibe, o seu noivo, chora”, a forza e a intensidade do mar, xunto a un dos nomes que recibía a Costa da Morte: “*Brúa, Mar de Fora, / brúa, brúa!, ¡brúa!, / pol-a Costa Brava!...*”.

Finalmente, do mar tamén falan algunhas das coplas da serie intitulada **Herbal Frorido. Cantares galegos [99]**, como a sétima (que tamén fala do amor), a décimosegunda e a décimocuarta, con moita presenza das gaivotas nos seus versos. E o mesmo acontece na outra serie igualmente **Herbal Florido. Cantares galegos [100]**, coa segunda, terceira, cuarta e derradeira, desta volta salientando a presenza da “*caracola mariña*”, castelanismo por ‘boguina’.

D.2) Outra serie, máis reducida, que describe a vida aldeá e as angueiras labregas.

Nestes textos demostra ter asimilado todo o pouso ruralista de Lamas Carvajal ou, nomeadamente, o costumismo da Rosalía de *Cantares gallegos*. Practicamente todos os labores da agra son cantados, nunha épica do mundo labrego de moita intensidade. De feito, moitos dos poemas desta liña temática son dunha coidada construción, ademais de concretaren polo miúdo o mundo do traballo campesiño.

A serie ábrese con **A gaita [4]**, que narra desde a celebración dunha foliada no mundo rural e mariñeiro e como a “vos da gaita” musicaliza toda a paisaxe. Musicalidade hai tamén nos poemas **O cantar de Mari-Pepa [9]**, onde as pegadas de Rosalía e dos cantares populares é ben evidente, **Pé de Millo (Ballet da «Moiñeira da Roda»)** [18] e **Moiñeira de roda [23]**, que recuperan a memoria da danza tradicional. Chama poderosamente a atención que nestes textos poéticos exista unha reivindicación da *muiñeira de roda*, un baile que o poeta considera representativo da súa terra e que levaba camiño de desaparecer como tradición de nós, unha idea que xa está tamén no emigrante e

poeta muxián Xervasio Paz Lestón (Muxía, 1898- Bos Aires, 1977), nomeadamente nos poemas “A Muiñeira” e “Vella Muiñeira de Roda”⁵²².

Tamén hai celebración nos aturuxos de festa da **Romeiría aldeán [28]**, onde describe o día dos patronos da parroquia de Laxe, San María e Santa Roque, que se celebra o 15 de agosto, coa procesión relixiosa na que tamén vai o San Antón ou na mención dun personaxe que existiu, segundo a confesión do autor, o gaiteiro «O Fresco», que toca entre as súas pezas a «Alborada» de Veiga, como tamén debeu existir «Candil», o fogueteiro que o acompaña á hora de faceren festa en Laxe e que son nomeados no capítulo XII do longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa [30]**.

Con todo, o gozo sensorial das tarefas agrícolas está moito máis presente en textos claramente definatorios do agro galego. A composición paradigmática neste sentido é **Loubanza ao grau de millo [30]**, unha ducia de sonetos con cadanseu título, abondo esclarecedores: **Grau de millo, Sementeira, Grade, Milleiral, Colleita, Escasula, Agros desertos, Hórreo, Moíño, Artesa e forno, Fornada e Pan de broa**, que cando se publicaron en *A Nosa Terra* no ano 1948 levaban unha dedicatoria a Ramón Otero Pedrayo desaparecida na edición do libro. Os doces sonetos conforma un canto hesiódico e xeórxico á vida labrega, especificando todos os labores que van desde que nace o grao na espiga de millo ata o momento de se converteren en alimento humano, nunha época na que aínda a sementeira se fai cos bois, co arado (en versos etnográficos que nos sinalan moitas das súas partes), que “*decrúa, cava e darrendo, o sacho*”, que os fouciños tallan os “*milleirales*”, uns a iren nas caínzas para os eirais da aldea e outros a xuntarse en monllos que se “*empallan*”, que as mulleres se xuntan para faceren a escasula, mentres os agros quedan desertos e o hórreo se converte na “*sinxela hermida do fogar labrego*”, para logo narrar a actividade do

⁵²² Cfr. Villar, Miro (1998). *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudio*. Sada: O Castro.

“*moíño*” (tamén con versos etnográficos), rematando na artesa e no forno que nunha fornada, tamén moi ben descrita, converte o millo en pan de boroa.

Mais tamén noutros textos, velaí a descrición da recolleita que se produce en **Patacas [16]**, que xa no remate lembra tamén que son “*Arrecendo de homildes caldeiradas*” ou que, frixidas, asadas ou cocidas, serven de acompañamento ás sardiñas, e que sendo un “*froito homilde*” son a riqueza de calquera fogar labrego. **Sementando millo [24]**, que relata a sementeira e onde salientan estes versos: *vân vertendo os graus de ouro dos talegos / e das bulsas que penden do refaixo*, con esa cualidade aurífica do cereal. **Sachadoras [29]**, que poetiza a entrega das mulleres ao duro labor da sacha e que empeza de maneira ben ilustrativa con esta estrofa:

DOBRADAS sobre a terra as rexas sachadoras,
relembra da arte helénica as crásicas auroras:
enxebres e lanzales —deidás de Nai Galega—,
talmente son estautas viventes de alma grega.

E con léxico específico destas tarefas: “—*decrúa, cava, arrendo*—”.

Tamén no longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa [30]**, que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**; dividido en XXI capítulos ou fragmentos, ademais dos versos que testemuñan a vida mariñeira, temos outros nos que sobrancea a descrición da vida labrega, por exemplo no capítulo III, ou a celebración do mercado na Praza, con produtos da terra e do mar, do IV, ou a descrición dos gandeiros que acoden ao mercado da vila con varias especies animais que ocupa as primeiras estrofas do capítulo X.

Moito máis poliédrica é a lectura de **Sementador [91]**, que nas primeiras estrofas relata o labor da sementeira, mais deseguida sabemos que ese sementador é trasunto simbólico da loita do galeguismo: “*¡Sementa, ¡bó hirmán!, sementa / en prol da terra*

irredenta!”, para de aquí en diante converterse nun texto da poética máis combativa e civil do noso autor, con chamadas tamén á defensa da nosa lingua como sinal de identidade colectiva que non se debe perder.

E) Os personaxes: históricos, míticos e lendarios

Entre eles cómpre salientar os poemas escritos para lembrar os nosos escritores e outros persoeiros importantes do galeguismo, moitos deles teñen o carácter de semblanzas, aínda que non sempre foron feitas despois da morte dos homenaxeados.

A presenza máis importante na súa obra é a de Eduardo Pondal, de moita influencia na súa escrita (como xa sinala Otero Pedrayo no prólogo do libro *A Roseira da Soidade*) e a quen coñeceu persoalmente na senectude do pontecesán, feito que non nos debe estrañar porque a nai do poeta, María Josefa García Moreira, natural de Camariñas, viña sendo parente do bardo, pois era filla de José García Pondal⁵²³, natural de Laxe [Cfr. I.2.1. Biografía].

Temos varias composicións, aínda que desde o punto de vista cronolóxico a primeira é o soneto **A casa d’o poeta Pondal**, que ademais é tamén o primeiro poema da súa autoría que localizamos (*Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913). Como indica o título, describe a casa natal do poeta na Ponteceso e remata nomeando a Pondal coma un “*bello cisne*”⁵²⁴.

A morte do poeta Eduardo Pondal non vai ser allea á biografía de Antón Zapata. Apenas dous días despois a revista *El Eco de Teo* vai publicar, ao pé dun texto

⁵²³ Desta póla familiar procede o parentesco do noso poeta con Eduardo Pondal. De feito, Ferreiro [1991: 98] cita a Juan García Pondal, marido de Emilia Pondal Abente, como curmán do vate da Ponteceso.

⁵²⁴ Cfr. Ferreiro, Manuel [1991: 56]: «Frente á acollida por parte da intelectualidade rexionalista coruñesa, tivo que padecer algunha cruel sátira. Heráclio Pérez Placer no conto *A lira de Bregoam* fai unha descrición burlesca dun Don Simplicio, ao que non é difícil identificar con Pondal. En contraste con este ataque, existen numerosas mostras poéticas de exaltación: Emiliano Balás [*Al inspirado poeta Don Eduardo Pondal e A Pondal*], Jorge Bruhmel / Joaquín Arias de Miranda [*O bardo (Loubanza)*], José Rivas Montenegro [*O peto*]

haxiográfico asinado por Gaspar F. Oitabén, o soneto **A morte d’o cisne**, que o noso poeta escribe ao se enteirar da desaparición de Pondal⁵²⁵. Con lixeiras modificacións, que teñen que ver co estado da lingua, este soneto vai incluírse coma un dos dous epinicios do poema **Edoardo Pondal [20]**, incluído no libro *A Roseira da Soidade*, nun texto conformado por dous sonetos, intitulados **A morte do cisne** e **O enterro do bardo**. No primeiro sinala como un cisne, atopado morto na ribeira do Anllóns, era a alma do poeta, mentres que no segundo narra o soterramento do corpo do poeta, anunciada xa nos versos iniciais: “*Os «Queixumes dos pinos», azoutados do vento, / na outa noite romedan un cantar funeral;*”, continúa coa intervención da Estadea e cun verso final que lembra a súa obra máis recoñecida: *mentras tangué, doída, «A Campana de Allóns!»...* Anos máis tarde, tamén publica outro soneto co mesmo título⁵²⁶ **Edoardo Pondal [114]**, que aparece xunto con outros dous sonetos **Teodosio “O Grande” (Emperador román)** e **A Vila de Laxe** nun tríptico intitulado **Preclaros Fillos de Galiza**, introducidos pola dedicatoria “Ao poeta e irmán galego Avelino Díaz”, datados o “Día de Galiza do ano 1947”. Desta volta xa o denomina como “*o bardo patriota de encumiado linguaxe*”, lembra a súa participación na creación do himno galego, compara a súa voz coa do “*reberte Isaías*” e remata sinalando: *n-un poema inmorrente anunciou fastos días: / ¡Virá a lus para Iberia da Nación de Breogán!...*

Outras alusións, moito máis breves, a Pondal aparecen nos poemas **A campana da Soidade [5]**, glosa a campá da Berenguela e di que chora como: “*chora Xelmírez o Santo, / chora a saudal Rosalía, / choran Pondal e Murguía... / ¡E chora Curros Enríquez!...*”; **A crus da Rosa [30]**, nun fragmento que fala da nobre orixe da vila de Laxe e cita moitos persoeiros, entre os que están os familiares do vate bergantiñán: “*Pondal Frois, os Martelo,*

de Pondal], Victorino Abente [*Ponteceso*], Antónío Zapata García [*A casa d’o poeta Pondal*] son algúns dos autores que manifestan admiración pola personalidade e a obra do bardo bergantiñán».

⁵²⁵ Cfr. *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 14, 10 de abril de 1917. Por unha gralla de imprenta na cabeceira sinalase 1916, cando é obvio que se trata de 1917.

⁵²⁶ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1016, 29 de xullo de 1947.

/ os Lara, Raxói, os Pauman... / ¡todos nobres fillosdalgo, / froróns da estirpe galaica!; neste mesmo poema fala de “cantar sintíndose aos pinos / as estrofas pondalianas”; algúns dos personaxes antes citados volven aparecer no poema **Mariña de vran [58]** para nomear a vila de Laxe como *a vila dos Martelos e Moscosos, / dos Laras, dos Pondales e dos Castros...*; no soneto de circunstancias⁵²⁷ **Brindis [76]** escribe: “Brindemos por Pondal e Rosalía, / por Añón, Curros, Lamas e Murguía / e por cantos procramen pr’os gallegos. / A santa redención qu’a de salvarnos”; no poema **A canción d’agora [58]** reitera o valor dos seus versos: “¡Xa virá o bo día / que Pondal pregoa, / no que Celtinérea s-erguerá ben forte!...”; en **Eu dígovos [89]** cita «Os Bós e Xenerosos», así, entre aspas ou comiñas, para reflectir a intertextualidade co verso pondalián; en **Loito, fedor e medo [101]** sérvelle para denunciar a barbarie da represión franquista: “Pondal, Curros Enríquez, Rosalía..., / van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!...”; tamén reitera esta idea en **Nova e fulxente estrela [107]** con estes versos: “Hai un medo que-espenuxa / pol-a terra de Pondal, / un medo que â xente entala / e non-a deixa chorar”. E as súas composicións máis coñecidas tamén están aludidas nos versos do poema **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**, onde estes prantos lembran a todos os asasinados na primeira vaga da represión franquista: “A CAMPANA d-ANLLÓNS”, *doída, tangué / e a irmán, de BASTABALS, doída, chora!*, e tamén: “¡Co-as balas dos traidores furacados / diante ô tráxico asombro dos petoutos / e os “Queixumes dos Pinos” abraiados!”. Ademais, no mesmo poema, identifica a Bóveda con dúas figuras fundamentais na historia do cristianismo, primeiro: “Tí fóstel-o Moisés que abreu as fontes / das riquezas da Nosa Nai Galega”, e despois: “¡Tí fostes, bô Lexandro, o Xesucristo / diante ô Abrente das luces do Dereito / ensinando os Camiños da Verdade”. Esta última identificación volve

⁵²⁷ Trátase dun dos seus primeiros poemas, escrito *ad hoc* para a súa lectura nun xantar celebrado en outubro de 1916, que tiña como obxecto celebrar o éxito acadado nun anterior festival argallado pola entidade Centro Residentes de Teo e que desta volta xuntou a organizadores e colaboradores, ao que Antón Zapata asiste como convidado.

reiterarse no remate do poema: “*n-un crime xamáis visto!; / mais, como Xesucristo, / no triste camposanto... / ¡¡terá Rexurdimento!!... / ¡¡Santo!!... ¡¡Santo!!... ¡¡Santo!!!...*”.

Con Eduardo Pondal tamén ten moito que ver o soneto **O dolmen de Dombate (D-unha costume danzal celta: a roldanza)** [17], onde novamente aflora o celtismo histórico-lendario e onde se fala dunha estraña compañía, que a xente ve polas noites arredor do monumento megalítico: “*baixo o craror da lúa, en roldas ben tecidas, / as celtas virxinaes bailaban a roldanza*”.

Ademais das alusións xa citadas nos poemas a Pondal, a maior representante da nosa poesía ocupa menos espazo que o poeta bergantiñán. Con todo, temos dous sonetos, o primeiro intitulado **Rosalía Castro** [19], forma parte do libro *A Roseira da Soidade*⁵²⁸, e nos seus versos fai un retrato da poeta que a presenta como unha muller que “*Tiña unha sorriso triste, triste de toda tristeza*” ou que “*A súa vos era tenra, tenra de toda tenreza*” e “*Seu corazón era unha ánfora chea de doce ambrosía / que nas veneiras dos versos da máis outa poesía / riqueceu a Nosa Fala e cantou a Nosa Dôr*”, e o segundo **A Rosalía de Castro** [103], que non recolle o libro, mais e que é moito anterior na súa data de creación⁵²⁹, onde a describe como “*Subrime reisiñor, xenial cantora*”, para sinalar que vive despois de morta grazas á súa obra poética: “*Non poido a negra Morte, coa fouzaña, / segar, câl túa vida, os teus “Cantares” / e as “Orelas do Sar”, xoiel d’Hespaña*”.

⁵²⁸ Publicouse con anterioridade nas revistas *Compostela*, Bos Aires, nº 6-7-8-9, xullo 1941-1944 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952. Nesta última vai introducido polo seguinte parágrafo: «N-esta data enluitada, que tanto Hespaña coma os galegos, seguimos lembrando encol dos nosos Mártirs, invocamos a Soma tutelar de Rosalía a través da tenrísima Sembranza que a nosa Santa laica lle inspirou ao gran señor das rimas galegas, Antón Zapata García, por considerar que Rosalía, foi unha verdadeira mártir precursora»

⁵²⁹ Cfr. *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, 11 de xullo de 1913 [Número ilocalizable] e *Compostela*, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938. Nesta última revista aparece incluído na sección “Páxinas da renacemento galega”. Leva a seguinte nota a rodapé: «Como mejor recuerdo a la genial poeta, copiados de la revista “Suevia”, en cuyas páginas ha sido iniciado, en Buenos Aires, el movimiento galleguista, por el entonces director de aquella, Joaquín Pesqueira, con la directa colaboración, desde Galicia, del más destacado propulsor de tan generosa renovación política, Porteiro Garea, y, asimismo, de otros “bôs e xenerosos”, entre ellos Xan V. Viqueira». Aparece datado: «XULIO 11 DE 1913» e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

E aínda temos, noutros poemas, outras breves alusións, pois no poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa [30]**, que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**, dividido en XXI capítulos ou fragmentos, que no capítulo IV sinala unha longa serie de personaxes con máis ou menos relación con Laxe, entre os cales figura a poeta: “*Os bôs García e Losada, / Mesías, Abente, os Castro*⁵³⁰ / —dos que descéu Nosa Santa / Rosalía, a dos «Cantares / Galegos», a Pomba Branca—”. No mesmo poema glosa un fragmento do longo sexto poema dos *Cantares Gallegos* sinalando: “*que xa dixo Rosalía / non habel-as máis galanas / nin mellores bailadoras / de moiñeira e riveirana...*”. En **Acordeón galego [72]** realízase a seguinte invocación: “—*¡ouh, peixeiro acordeón / da terra de Rosalía, / Santa Pomba da Tenrura!*—” e, finalmente, en **Galiceibe [112]** a deusa fala “*no linguaxe da Santa Rosalía*”⁵³¹.

Ao terceiro dos autores máis representativo do noso Rexurdimento literario tamén lle dedica, alén das alusións citadas nos poemas a Pondal, dúas composicións, aínda que unha delas está en castelán, **Manuel Curros Enríquez [c30]**, composta de catro sonetos nos que hai referencias á emigración a Cuba do celanovés, á súa coroación como poeta ou a súa morte, ademais de moitas citas de títulos dos seus poemas máis coñecidos. No que atinxe á obra en galego, temos o soneto **Curros Enríquez [110]**, no que compara o seu verbo co do profeta Isaías e sinala as características do seu estro, ademais de salientar as causas do seu exilio: “*Andacios de inxusticia, trebóns de crúa guerra / ao profético bardo desbotaron da Terra: / ¡seu doce ollar o Atlante vío en pranto desfeito!...*”.

⁵³⁰ NOTA DO AUTOR: «Véxase a páxina nº13 do libro «Los Precursores», por Manuel Martínez Murguía, colección «Hórreo»: Rosalía Castro.

NOTA DO AITOR DO POEMA [*sic*]: O escudo que figura no Pazo dos Castro de Laxe, é semellante ao que ostenta a capela do Pazo de Arretén, no que vivéu moito tempo Rosalía, porque era de propiedade dos seus familiares. No de Laxe morou, no século XII, Doña Xoana de Castro, nai de Doña Urraca de Moscoso, e aboa do emperador hespañol Alfonso VII».

⁵³¹ A caracterización de Rosalía como “santa” é propia do galeguismo, e xa estaba nos versos de Ramón Cabanillas: *¡Rosalía! ¡ña Nai! ¡miña Santiña...! / ¡méntrela Rula milagreira escoito / Sinto unha dóce man que me acariña!*.

No tocante á intertextualidade coa poesía do escritor de Celanova, o poema **Volvoretas [31]** é unha glosa do poema “¡Ai!...” incluído en *Aires da miña terra* de Curros Enríquez. De feito, na versión que se publica en *Acción Gallega*⁵³², voceiro da Casa de Galicia, que era a entidade convocante, alén de sinalar: «Premio: Mención Honorífica “Flor Natural”», engade a seguinte cita, tirada do devandito poema “¡Ai!...”:

Volvoreta d’aliñas douradas
que te pousas n’o berce valeiro,
pois por él me perguntas, xa sabes
qué fói d’o meu neno.

Manuel Curros Enríquez

E no poema **Lobicáns galegos [96]** inclúe o verso: *¡Nin “sete vils escudos” vâl a vida!*, onde se produce un evidente e explícito xogo intertextual cos versos de Curros: *¡Cando nos nosos Códigos / non val dun home a vida / os sete vis escudos / en que a tasou Molina!*, do poema “¡Crebar as liras!”⁵³³ de *Aires da miña terra* (1880).

Lembremos que na conmemoración do Día de Galicia⁵³⁴ que organiza a Sociedade Nazionalista Pondal o domingo 23 de xullo de 1933, a través dun programa radiofónico dirixido á emigración galega na denominada Radio Patria e que foi emitido entre as 19 e as 20 horas, o noso poeta fai a súa intervención en sétimo lugar e así se recolle o contido: «“Loubanza da Língua”, relazón poética de Curros, Pondal e Rosalía, pol’o poeta irmán A. Zapata García».

Outro soneto lembra a figura do escritor e dirixente federal e galeguista **Antón Vilar Ponte [110]**, glosando as súas cualidades desde os primeiros versos: “*Foi un rexo fidalgo sin máis armas que a pruma / pra brandel-a no dreito de unha Patria irredenta*”, lembra o

⁵³² Cfr. *Acción Gallega*, Bos Aires, nº 6/7, 31 de decembro de 1920.

⁵³³ Cfr. López Varela (1998: 565). En nota a rodapé explica: «Trátase do xesuíta Luís de Molina (Cuenca, 1536 – Madrid, 1600?), que entrou na Compañía de Xesús en 1533 e que publicou, entre outros, os libros *Concordia* e *De Iustitia et Iure*».

compromiso da súa palabra “*n-os máis cultos xornaes*” e, tras mencionar a traizón do franquismo e remata cun verso de esperanza: “*¡Nosa Terra que pronto chorará de alegría!*”.

Nesa liña está tamén o soneto intitulado **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**, con versos como “*ti fostes un valente no Chan Patricio Noso, / luitando contra o feixe que ensanguentou o Adro*”, para deseguida lembrar a persecución e como puido salvarse da morte, o seu labor como deputado republicano e mestre, e no derradeiro verso comparar a súa figura coa dun héroi histórico: “*¡as armas ben branderas coma o espartán Brasidas!...*”.

E, por suposto, tampouco faltar a figura máis sobranceira do galeguismo que se reflite nos dous sonetos que conforman **Castelao [115]**, escritos cunha diferenza de dez anos⁵³⁵, no primeiro sinalando unha serie de características da súa personalidade, mais sobre todo lembrando no último terceto a súa habilidade como debuxante e pintor: “*¡pois cando en soaves liñas, imaxens vai prasmando, / parece que GALIZA n-un “film” fora pasando / pra que os irmáns migrantes a teñan sempre á vista!...*”, mentres que no segundo, escrito na súa morte, aínda que publicado no primeiro cabodano, lembra unha parte importante da obra do polígrafo rianxeiro, como podemos ollar nos dous tercetos:

Dos seus outos tesouros xa somos os herdeiros:

“GALIZA MÁRTER”, “COUSAS”, labregos e peixeiros,

25 deixáron-nos seu lapis e pénola, ispirados.

Non lonxe da Traxedia do CRISTIALOBO, agora,

por tí, gran CASTELAO, un gran xigante chora:

BOS AIRES... ¡GALICEIBE dos celtas emigrados!...

⁵³⁴ Cfr. “Sociedad Pondal. Homenaxe ó idioma galego”, *Correo de Galicia*, nº 1435, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

⁵³⁵ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 702, 23 de novembro de 1940 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1132, 20 de xaneiro de 1951. En *Galicia* (1940) aparece só o primeiro dos sonetos, datado polo autor: «Bos Ars, 8-11-940». En *Galicia* (1951) publícanse ambos, con cadansúa data debaixo: «8/11/1940» e «9/1/950», incluídos nunha páxina de homenaxe na que tamén figuran poemas de Calviño de Castro, Ramón Suárez Pérez, Gervasio Paz Lestón e Ramón D. Villar. Nos dous casos o texto vai acompañado dun debuxo da autoría do autor, pois asina Zapata, que representa unha caricatura de Castelao sostida por unha man aberta.

E, alén dos nosos poetas e escritores máis sobranceiros, tamén chama poderosamente a atención o soneto que lle dedica a un escritor galego en castelán, **Don Ramón del Valle Inclán y Montenegro [90]**, no que lle chama “*nasón / barbal*”, sinalando que a súa mellor característica era “*ó lêr, / facer / chorar!...*”, versos publicados en 1931 e nos que aínda latexa a absurda incompreensión que tiña nesa altura e aínda durante décadas a maioría do galeguismo (agás Castelao, por exemplo) cara á figura de Valle-Inclán, pola súa opción de escribir en castelán, e que debería ser obxecto dun estudo pormenorizado.

Ademais temos unha referencia ao escritor portugués, Teixeira de Pascoaes⁵³⁶, que exerceu moita influencia sobre os autores galegos da época e que é aludido nuns versos do poema **¿Qué queredes? [81]**, onde Zapata fai un xogo de palabras entre un dos apelidos do homenaxeado Manuel Teijeira Hernández e o do poeta saudosista: “*¡que atope ben os seus vellos, / fillos, hirmáns e os entronques / dos Teixeiras, tan fidalgos / cal fidalgos de Pascoaes!...*”.

Tamén, a cantante Ángeles Ottein⁵³⁷ é obxecto dunha composición do noso poeta, escrita *ad hoc* para saudar a súa chegada á Arxentina, onde ía ofrecer unha pequena xira de concertos. O soneto **Saúdo [78]** inclúe unha Nota da Redacción da revista *El Eco de Teo* que sinala: «Poesía con la que saludó a la eximia artista Angeles Ottein, en su vista a la “Artística Gallega”, nuestro excelente compañero y colaborador señor Zapata García», que remata cun verso que a define: “*¡Filomela d’os célticos boscaxes!*”...

E tampouco podían faltar os líderes históricos referentes do galeguismo, onde malia a preponderancia das aparicións de Castelao sobrancea a elexía **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**, que principia: *Pra tí, Lexandro Bóveda / —¡irmán escrarecido, / vida próveda!*—; por ser a primeira composición en galego que lembra o seu asasinato a mans

⁵³⁶ Teixeira de Pascoaes. *Cfr.* Nota da edición no verso 22 do poema **¿Qué queredes? [81]**.

⁵³⁷ Ángeles Ottein. *Cfr.* Nota da edición no poema **Saúdo [78]**.

dos franquistas, tal como testemuña o profesor Xesús Alonso Montero⁵³⁸. O poema é moito máis que unha elexía a Bóveda, pois describe toda a represión do momento, e nome a outros mártires do galeguismo, malia o equívoco sobre Anxel Fole que estaba moi espallado nesa época: “*Quintanilla, Casal, Díaz Baliño, / Xan Carballeira, Casas, Lustres Rivas, / Xosé A. Suárez Picallo, Anxel Fole / e outros centos de irmáns non menos outos / ô corazón que os chora xa finidos*”.

Canda eles outros persoeiros do galeguismo aos que tratou, velaí as dedicatorias a Joaquín Pesqueira, Lois Porteiro Garea ou Xohán Vicente Viqueira nomeados na nota a rodapé do soneto **A Rosalía de Castro [103]** [Cfr. *supra*] ou noutro soneto, **Deus é libertá [104]**, escrito como homenaxe: «A Ramón D. Villar, no sentimento de libertá / e amizade que nos achega, sinxelamente», quen contesta na mesma publicación, a revista *Compostela*, con dous sonetos dedicados ao noso poeta, e no tríptico **Xan Croio [105]**, na súa última versión en *Galicia*, engade a seguinte dedicatoria: «Aos meus irmáns de Montevideo, / Xesús Canabal e Lois Luna, / agarimo â nosa nai GALIZA».

Outros personaxes históricos son tamén evocados nas composicións. Velaí **Teodosio «O Grande» (Emperador román) [15]** a quen denomina nun verso: “*Teodosio —¡Astro Galego!— erguendo â Cristiandade*” [Cfr. Notas na edición do poema] que serve para rescatar e reivindicar figuras senlleiras da nosa historia, que deberían de ser referentes da concienciación galeguista.

E en **Eu dígovos [89]**, poema escrito cando na península esmorecía a ditadura de Primo de Rivera, cita a figura histórica de Viriato, que se enfrontou a Roma, como modelo que deben seguir os galegos na súa loita: “*Fagamos, sin tremar, coma Viriato: / O que non*

⁵³⁸ «Hoxe por hoxe, a primeira elexía a Bóveda da que temos noticia é a de Luís Seoane titulada «A Alejandro Bóveda, fusilado» (*Galicia*, Buenos Aires, 20-12-1936); a primeira en galego, segundo os nosos datos, é «Na morte de Lexandro Bóveda», de Antón Zapata García (*id.*, 27-6-1937)» e nas súas «Notas ós poemas», ademais da localización do texto e doutros datos de interese, engade: «No verso 53 cítase, entre os asasinados, a Ánxel Fole, crenza moi estendida nestas datas», en Alonso Montero [1996].

ven con nós, está con Roma, / e tallarlle é deber, a gorxa que houbo / verbas de traidoría contra nosa”.

No longo poema **O remorso do mar** [109] mestura a caracterización do mar coa denuncia da vaga da represión franquista, que se identifica cos personaxes históricos da historia de Xesús: “*¡Da traición dos Herodes e Pilatos, / e carniza futura, fan sinais!*”, ademais de que nesta composición aparecen tamén Caín e Recaredo: “*¡que ós irmáns os Caíns e Recaredos, / con pedras ó pescozo, deron morte!...*”, explicando nunha Nota do Autor: «Recaredo, irmán de San Hermenexildo, contra quen induxo ó seu pai Leovixildo — arriáns antramos— pra que o asesinara, c-ó degaro de herdal-o. Tanto Leovixildo coma Recaredo —conversos logo ó cristianismo— foron dous tiráns da terra galega, coma reis que foron dos godos e suevos, singularesmente o primeiro. ¡As feras seguen reproducíndose!». Ademais fala de “*Unha man que n-as laxes inscritura / outro agóirico Mane, Tecel, Fares*”, que tamén explica noutra Nota do Autor: «Verbas que, unha man de fogo, escribén na parede do salón onde estaba facendo unha orxía Baltasar, derradeiro rei de Babilonia».

Mestura de historia e lenda aparece na paráfrase dun episodio narrado na Biblia, do poema **O chasco e o pimpín** [33] (**Lênda inxénoa**) que relata a fuxida dos María e Xosé, co seu fillo Xesús, polos montes de Xudea, perseguidos polos soldados do rei Herodes que dera orde de matar a todos os inocentes. A verdade histórica reséntese moito porque a narración se tingue de elementos maravilhosos, cos paxaros a falar para enganaren os soldados e permitiren a chegada a Exipto dos fuxidos.

Ou aqueloutros que se relacionan coa vila natal do poeta e que aparecen no longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa** [30], que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**; dividido en XXI capítulos ou fragmentos, que no capítulo IV sinala unha longa serie de personaxes con máis ou menos relación con Laxe:

na vila de Doña Urraca

de Moscoso, e os Altamira,
 Pero García de Traba,
 i-eisimade, outros patrianos,
 180 semella se despertaran,
 no relembro, craros nomes.
 Os bôs García e Losada,
 Mesías, Abente, os Castro⁵³⁹
 —dos que descéu Nosa Santa
 185 Rosalía, a dos «CANTARES
 GALEGOS», a Pomba Branca—;
 os antergos⁵⁴⁰ que a Murguía
 déronlle sangue fidalga;
 Pondal Frois, os Martelo,
 190 os Lara, Raxói, os Pauman...
 ¡todos nobres fillosdalgo,
 froróns da estirpe galaica!

Unha relación que continúa no capítulo IX con referencias ás figuras históricas de Dona Urraca e a Xoana de Castro, esta última sempre reivindicada desde o galeguismo.

Algúns dos personaxes antes citados volven aparecer no poema **Mariña de vran [58]** para nomear a vila de Laxe como *a vila dos Martelos e Moscosos, / dos Laras, dos Pondales e dos Castros...* [58, 37-38], e tamén no soneto **A Vila de Laxe [68]**, que describe a súa vila natal sempre con características relacionadas co mar, aparecen estes dous versos: *pol-o abolengo, pode ser céltica princesa, / pois, n-ela, de Altamira, o embrema ainda figura.*

⁵³⁹ NOTA DO AUTOR: «Véxase a páxina nº13 do libro «Los Precursores», por Manuel Martínez Murguía, coleición «Hórreo»: Rosalía Castro.

NOTA DO AITOR DO POEMA [*sic*]: O escudo que figura no Pazo dos Castro de Laxe, é semellante ao que ostenta a capela do Pazo de Arretén, no que vivéu muito tempo Rosalía, porque era de propiedá dos seus familiares. No de Laxe moróu, no século XII, Doña Xoana de Castro, nai de Doña Urraca de Moscoso, e aboa do emperador hespañol Alfonso VII».

⁵⁴⁰ NOTA DO AUTOR: «A aboa materna. Ollar a páxina 96 do devandito libro».

E tamén abundan as mencións a outras figuras históricas adoito reivindicadas polo galeguismo, individuais como o mariscal Pardo de Cela, no soneto **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [67]: “*a fasquía do bó Pardo de Cela / lembrado ó Redenzor de BREOGANZA!...*”, no que tamén se nomean os “*treidores Fidalgos de Monforte*” ou os “*reises d-Aragón e de Castela*”; mais é no poema de forte contido nacionalista **¡Grórea a Galicia Ceibe!...** [87], que vai ler o 17 de decembro de 1928, cando a Sociedade d’Arte Pondal, na que militaba, organiza un “Gran Mitin”⁵⁴¹ para conmemorar o 445 aniversario da morte do Mariscal Pardo de Cela, “derradeiro defensor da independencia da nosa Terra”. O programa consta dunha parte poético-musical e outra política. Na primeira represéntase o prólogo do drama *O Mariscal*, con música de Paz Hermo, e antes de que o Himno Galego sexa interpretado por un coro da entidade, o noso poeta recita o texto, con versos coma: “*Camiño noso sexa / o que percorre Irlanda, / e a idea veneranda / do Mariscal, a Lei*”.

Precisamente, nos poemas máis cívicos é onde máis alude a outros personaxes históricos, así no poema **Lobicáns galegos** [96], que lle apón aos norteafricanos colaboracionistas con Franco a intensidade da represión, citando á raíña de Castela: “*¡Non foron, nesta volta, os de Sabela, / os feros asesíños de Galiza!: / ¡Foron os negros fillos de cadela!...*”.

Nos versos antifranquistas de **Tráxicos agoiros** [97], composición na que uns personaxes imaxinarios, sete vellas bruxas, falan sobre a guerra “*que leva ô matadeiro ôs inocentes / e deixa na orfandade Nosa Terra*”, e unha delas sinala compracida: “*¡Soñei que arderan xuntos Franco (“O Quinto”), / Alfonso (“O Labazado”) e “A Caoba”!...*”, que representan ao xeneral Franco, ao rei Alfonso XIII e á igrexa católica, representada pola metonimia da madeira coa que se fan as imaxes do catolicismo. Ademais hai moitos

⁵⁴¹ Cfr. “A la memoria del mariscal Pardo de Cela. Acto cívico de homenaje”, *Correo de Galicia*, nº 1194, Bos Aires, 9 de decembro de 1928; “Pardo de Cela. A Sociedade d’Arte «Pondal» conmemora o 445°

personaxes colectivos que se reiteran, nomeadamente as vítimas, mais tamén os franquistas e os seus colaboradores que son chamados “*traidores*”, entre os que están “*¡Militares, curiales e caciques!*”; “*dos feixistas, loyolas e musulimes*” ou tamén “*¡Alí —a frebe do noxo â traidoría / dos feixistas, dos cregos e das coiras—*”. Ademais, neste mesmo texto hai outras alusións históricas, pois se denominan “*irmandiños*” os que combaten o fascismo e sinálase que “*¡Nin nos tempos do astrógodo e do vándalo / relembran as hestóreas tales crimes!...*”.

Algo semellante sucede no poema **¡¡Cristialobos!!... [98]**, no que denuncia a intervención italiana e xermana, no que ademais de *Xehová* ou de *Alá* tamén se citan personaxes históricos como “*Xudas Iscariotes*”, o profeta “*Isaías*”, Herodes, Xesús ou o apóstolo Santiago. Canda eles, en singular anacronía, de novo é nomeado Franco, mais tamén van aparecendo Torquemada, Atila, os “*Novos Espartacos*”, para rematar cunha mención a outro pobo histórico “*os Cirineos*”. Ou no longo poema **Os camiños da vieira [108]**, no que os traidores franquistas tamén reiteran nomes citados: “*enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi, / os que a Xesús cuspiron, os milites traicioeiros...*”.

Outros personaxes colectivos relacionados coa nosa historia aparecen xa no poema **Vagarosos ollos [3]**, onde se establece unha relación entre os vivos e os ‘espritos vagamundos’, alén de relacionar ao pobo galego coa ‘Gran Raza dos Celtas’ e de nomear unha mítica ‘Grande Suevia’, na glorificación e mitificación do noso pasado histórico (ás veces máis lendario do que real) que era propia do galeguismo da época.

Nesa mesma dirección histórica, defendida pola historiografía galeguista da época (Manuel Murguía, entroutros) está **Antergas luces promisoéreas [22]**, no que ademais das modificacións sinaladas no apartado sobre a censura do libro [*Cfr. supra*], fala que dende no ‘*antergo Fisterra*’ debe alumar:

¡Unha Gran Celtineria

aniversario do mártir de Galicia. Importante acto público”, *Céltiga*, nº 95, Bos Aires, 10 de decembro de

que abrangan dende IRLANDA
 10 deica ás irmáns AMÉRICAS,
 como cando os ATRÁNS, os pais dos NERIOS
 e da VENUS GALEGA,
 axionlláronse como nobres fillos
 de crara estirpe céltiga,
 15 têndo de altars os cúmiaros dos fachos
 e as furnas medoñentas!

Outro personaxe colectivo, os irmandiños medievais, aparecen novamente no soneto **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]** que recolle o seu suposto berro de loita: “—“*¡Deus fratesque Gallaeciae!*”,— *aturuxaban / os rexos loitadores da Hirmandade*” ou “*mais, c-os brados de “¡Nos!” e “¡Libertade!”*, / *as forzas hirmandiñas balbordaban*”, aínda que non é o tema de **Loubanza hirmandiña [88]**, malia o seu encabezamento, un poema escrito para saudar a chegada á Arxentina co coro musical galego “De Ruada”, dirixido por Daniel González, e que tiña como director escénico a Camilo Díaz Baliño⁵⁴² e como representante a Salvador García Bodaño, acompañados dun amplo elenco e que interpretaba un repertorio de cantos populares, música polifónica, canción escenificada, dúo de gaitas, zanfonas, monólogos e contos e obras de teatro.

Personaxes da historia musical tamén son os compositores citados no poema **Armónicas furnas [44]**, onde aparece o músico galego Montes, mais tamén Schuman e Beethoven, ao que cualifica de xenial.

De menor dimensión histórica, pois xunta moitos elementos lendarios é a figura⁵⁴³ que aparece no romance **O pranto de «Pepa A Loba» [27]**. O noso poeta opta por alixeirar

1928, e “Sociedad D’Arte Pondal”, *El Despertar Gallego*, nº 137, Bos Aires, 15 de decembro de 1928.

⁵⁴² Cfr. Carballo-Calero Ramos, María Victoria [1994: 13-22] “Camilo Díaz Baliño y la Coral «de Ruada»”.

Díaz Baliño. Cfr. Nota da edición no verso 51 do poema **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**.

⁵⁴³ Cfr. Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 197-199], onde se sinala: «Bandoleira imaxinaria, prototipo de muller fera coma o alcume que leva. Andou tódalas comarcas de Galicia e hai quen ousa asegurar que viviu

a carga de muller cruel e sanguinaria de moita literatura oral ou doutros autores para presentar outra visión máis doce e chea de sensibilidade, como sinalan os redactores do *Galicia*, onde se publicou por primeira vez⁵⁴⁴: «O “Pranto de Pepa a Loba”, é un magnífico romance no que, facendo seu autor gala da súa proverbial maestría, define as tres esenciaes facetas temperamentaes que étnicamente posúe [por gralla de imprenta, *pousé*] a muller galega: unha firmeza de carácter indomable e resolto; sentimento materno, invariabelmente cheo de bondade infinda; fonda e innegada tenrura haza o próximo en disgracia... ».

Neste aspecto, é curioso observar que na poesía comparten protagonismo os grandes persoeiros nomeados con persoas do común ou de menor consideración social, como se o poeta tamén tivese intención de nivelar a sociedade a través dos seus versos. En ocasións son personaxes moi populares na súa vila ou na súa comarca os que son lembrados, así no poema **Un herói [13]** evoca a figura do seu tío Manoel Moreira, de Mórdomo, e todo o texto é un magnífico exemplo retrato, pois xunta os trazos físicos da prosopografía e a descrición do comportamento moral da etopea. Ademais, ten moito de costumista, xa que nos ilumina sobre algún dos procedementos utilizados para eludir o servizo militar obrigatorio. De feito, a heroicidade do protagonista vén dada porque corta cun machadazo o dedo índice e así libra das “quintas” e salva a súa nai das carencias e da fame que lle provocarían a súa ausencia. A historia non está exenta de ironía, cando confesa que cortou o dedo sen chorar *je enterréino en sagrado!*...

Outro familiar real é Laureano Carril, alcumado «O Roxo», padriño do poeta, do que se nos conta a súa historia no poema intitulado precisamente **Meu padriño [52]**, un home que “*fóu capitán do «Xulio», na Costa de Briganza*” ou que “*sulcóu os mares todos n-un branco bergantiño...*”, viaxes das que sempre volvía traéndolle lambetadas e xoguetes. Narra

pola segunda metade do século XIX. Por veces preséntase cruel e sanguinaria, outras, como arquetipo de bandoleiro bo e socorredor de pobres».

⁵⁴⁴ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1136, 28 de febreiro de 1951.

como se reivindicou «¡Galego!» nunha pelexa nun bar, en Nova Orleáns, e como a saudade fixo que retornase a Laxe “*xa mui canso do mundo e facer cabotaxe*”.

E outro personaxe que tamén existiu, segundo a confesión do autor, é o gaiteiro alcumado «O Fresco», que toca entre as súas pezas a «Alborada» de Veiga, como tamén debeu existir «Candil», o fogueteiro que o acompaña á hora de faceren festa en Laxe e que son nomeados no capítulo XII do longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa [30]**. Pouco antes, no anterior capítulo deste mesmo poema, aparece outro personaxe con todas as trazas de ter existido, un ávaro do lugar de Serantes, que se describe deste xeito:

ao preiteante «Carrasco»,
cando se ía, de volta, pra Serantes,
735 dempóis de ben chisparse de anisado,
chamándolle «Ferrancha» e «Avarento»
(quezáis de verdadeiro houbera algo),
pois falábase d-él, pol-a bisbarra,
que, aínda máis que avarento, era negado:
740 ¡as fruitas dos seus hortos podrecíanse
sin dal-as a ninguén, sóbor do chao!

E tamén deben ser personaxes reais os nomes que aparecen no poema **Porto peixeiro [42]** como propietarios das traíñas da sardiña:

Ao par do xeito, as traíñas
fixeron de peixe acopio:
A de Romaní (*de Santos*),
50 Pose (*Taracido e Souto*),
e a de Doña Leonela
Domenech, ¡corazón de ouro!,
que lle regala sardiñas
sen distinzoes, ao povo,

Ou os mariñeiros de Laxe que se citan na composición **Mar roleiro** [47], que narra o afogamento de Chuco de Carracedo e que recolle a conversa entre outros tres mariñeiros, Antón do Penedo, Xan de Antelo e Manoel da Coruxa, que non se explican o sucedido. De non seren reais, o poeta escolle un apelido (Carracedo) abondo reiterado nos patronímicos da localidade e agacha as identidades dos demais baixo alcumes, mais é ben sabido que nestas vilas costeiras as persoas son adoito coñecidas polos sobrenomes e poucas veces polo seu verdadeiro nome completo. E tamén os anónimos mariñeiros que realizan o salvamento tanto no poema de **Mariña de inverno** [60], coma na composición **N'a ría de Laxe** [77], nesta última tamén aparecen os nomes individualizados de “*Xan de Zapata*”, a “*Ventina*” chorando ou “*Recaréi*” ou “*Lema*”, todos con certeza personaxes reais do Laxe dos primeiros anos do século, xunto a “*Caamaño*”, que debe ser o fotógrafo muxián Ramón Caamaño Bentín, autor de moitas das imaxes que publicaban as revistas da emigración, nomeadamente *Alborada* da ABC de Corcubión, onde o noso poeta colaborou moitos anos e mesmo chegou a dirixir brevemente.

Tamén foron reais os “*catrocentos mozos*” gardas-mariños e mariñeiros do Barco-Escola “*Serpent*”, da armada inglesa, afogados unha noite de temporal, como se narra no poema **Responso galego ó “Serpent”** [93]. Neste mesmo texto faise unha referencia a que quizais non os lembre ningún libro do escritor Rudyard Kipling, o “*anglo-bombayés*”, mais que están na memoria dos galegos, porque son “*mariños compatrianos de O’Connell e Parnell*”, que, curiosamente, son dous personaxes reais que en momentos diferentes da historia representaron a loita da independencia irlandesa fronte á Gran Bretaña.

Real, mais descoñecido, é a persoa que morre no poema **O afogado do “City Agra”** [116], onde se narra o naufraxio do “*City Agra*”, nome dun barco trasatlántico inglés que embarrancou nos baixos de Camelle, cando o pai do autor era carabineiro. O naufraxio dun barco chamado *City of Agra* é un suceso verídico, polo que tamén debe ser certo que o

poeta (daquela con once anos) debeu acompañar a seu pai na procura do cadáver dun afogado que había quedar esquecido en Laxe, pois o Consulado inglés nunca o reclamou, e debía ser de confesión protestante, porque na penúltima estrofa dise: “*Como tiña tatuaxe tod-ó peito / e, no médeo, un triángolo, / non quixo darlle o crego cristián terra... / ¡e n-un horto enterráron-o!...*”.

Outro personaxe que podería estar baseado nunha persoa coñecida (*Xa non me lembro do nome, / e penso n-hei de sabel-o*), é «O Serbelo», alcume dun personaxe que aparece no poema **O probe do mar** [67], un home que fracasa na emigración, no Uruguai, por mor dunha doenza que o deixou cego e que, de regreso á ría de Corme e Laxe, vivía de esmolar sardiña, que logo a súa muller vendía polas terras do xallés (comarca de Santa Comba). No texto dialoga con outros mariñeiros anónimos, dos que só se nomea ao fillo do «*Perrancho*», para rematar dicindo que morreu chorando “*por non poder ir ao mar!...*”. Outro feito que constata que puido existir é que a voz poética sinala: “*Pol-o mundo, câl «Serbelo», / marchéi de LAXE, en bolina, / e xa levo, na Arxentina, / trintatrés anos sin vel-o*”, dato estritamente biográfico, pois o texto está datado en 1936 e o poeta chegou á Arxentina nos albores de 1903.

Pola contra, **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego** [53] xa se publica cunha Nota do Autor que explica a ficción: «Acrarando: Como a creazón do persoaxe «Chuco da Dorna» foi feita por min, dantes da data posta preladadamente, ao cabo de cuáseque tres anos despois, apareceu na revista *Estampa*, de Madrí, no eisemprar N° 116 da mesma, 1° de Avril de 1930, «outro» Chuco da Dorna. Pol-as dúbidas, sin entrar no análise, deixo a costanza da prioridade do nome do persoaxe, pensando que ninguén se alporice contra unha verdade asiomática, por canto, este meu traballo, apareceu no N° 62 a revista *Céltiga*, de Bôs Aires, no mes de Xulio de 1927». E tamén debe ser invención o alcuño dun

personaxe antes que aparece no poema **Mariña de vran** [58] onde atopamos “*a lancha de «Nugallas» —que, ao sol, dorme—*”.

Outro personaxe de fición, mais representativo de moitos galegos da emigración, é **Xan Croio** [105], unha composición de crítica a un emigrado desleigado “—*Eu son duro, redondo, unitarista, / e non quero arredismos: ¡Son Xan Croio!...*”, ao que non chorou ninguén a súa morte ou que, malia a súa riqueza económica, nunca se lembrou da súa aldea, malia que “*Foi dono de cen casas-rascaceos, / chalete en Mar do Prata, creto en Bancos, / forte caixa de ferro, caixóns cheos...»*».

Mais noutras ocasións trátase de personaxes anónimos ou descoñecidos como sucede en **Vagalumes** [26] que relata a morte dunha nena e onde aparece outra volta a premonición da Estadea, procesión de seres míticos co seu aviso de morte adoito moi presentes nos nosos costumes e na nosa historia tradicional.

Na serie de coplas intitulada **Herbal Frorido. Cantares galegos** [99] hai varios deses cantares que lembran a creatividade popular, como sucede na primeira onde se critica a unha muller “*por tanto andar de parranda*”.

Anónimas son tamén as voces dos mariñeiros e das mulleres no poema **Gaivotas** [69], subtulado **Anunzazón da pesca**, que narra o bulidor movemento portuario que xera a pesca da sardiña, eles que van ao mar ao berro de: “—*¡Bota lancha abaixo!... / —¡Bota lancha, agora!... / —¡Bota!, ¡ao mar!, ¡váí lancha!... / —¡Ooo!... ¡guipá!... ¡Ei, bota!...*”, mentres desde terra: “*as pescas escraman, / berrando con forza: / —¡Ao mar, mariñeiros!: / ¡¡Hai peixe na costa!!...*”.

Finalmente, mestura de costume e de lenda son as sete mulleres, cualificadas de bruxas, que critican a Rosa no longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa** [30], que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**; dividido en XXI capítulos ou fragmentos, un episodio que principia no capítulo V con estas estrofas:

Pra os que, incredos, marmulan que nas vilas
 non hai meigas, xorguiñas, nin chuchonas,
 nin lumias, negrumantas, nin sibilas,
 sen dúbida trocaran de zanfonas,
 285 se na leda mañán portopeixeira
 —enonde aquesta lenda vái vivindo—
 a parola escoitasen, rexouveira,
 que con lixos a Rosa vái cobrindo.

E que se prolonga na teatralización dos diálogos entre elas que do fragmento VI.

Outra aparición lendaria con moito protagonismo sucede no poema **O perdón das furnas** [50], unha das excepcións no realismo dos poemas mariñeiros, xa que relata a conversa entre uns seres míticos inventados polo autor, “*as nerias*” e as furnas do mar. Tamén **Mariña de primaveira** [57] é outro poema lendario, pois describe “*a deusa mariñeira / que mora en Bergantiños pé de Xallas, / ao recoller a veste / de anacrexadas mallas / e cunchas de côr cêste*” e, no final, agradéceselle a fartura dos seus froitos.

Salientan as mencións a personaxes da mitoloxía céltica, adoito reivindicada desde o galeguismo como esencial na construción do discurso e da teorización nacional, mesmo na historiografía, e que aparecen reiteradamente dos textos do noso poeta: *o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —¡de Breogán a insinia!—*, [30, 1126]; *os Elíseos de Celt*, [30, 1374]; *que fala de Breogán, de Aitor e de Viriato, / e dos Teodosio, os Grandes, / ¡noso céltigo orgulo—*, [32, 54-56]; *¡Nos tempos de Breogán!... [70, 10]; pra impoñerlle a Breogán óurea coroa* [71, 32] ou *¡Virá a lus para Iberia da Nazón de Breogán!... [114, 14]*. Tamén no poema **A canzón d’agora** [58] de contido simbólico moi pondalián aparecen outras figuras míticas, lendarias igual que Breogán: “*A celta Valverde, nobre hirmán de Traba, / lembrando a Bren Ceibe, o seu noivo, chora*”. E tamén sucede en verios versos do poema **Responso galego ô “Serpent”** [93]: “*que aquélas nobres terras do noso antergo Celt*”; “*C-ôs nosos afogados,*

ingreses!, vos chorades, / no Mar dos Silenzosos, as dôres de Gaél” ou “*Durmide, fillos d’Anglo: Ficades c-ôs galegos*”.

Finalmente, hai algunhas outras alusións históricas, lendarias ou mitolóxicas de moita menor trascendencia por seren simplemente citadas nos poemas, nas que non abundaremos por seren explicadas nas notas de edición, como o *boi Apis* [30, 668]; *Falar iñoscente, «Cantar dos Cantares», / coma o que cantara Salomón, o rei*, [30, 1003-1004]; *Eu sónvolo Canouro devourante* [40, 37]; *Foron os cans do mar as rexas furnas*, [44, 1]; *dos oubeantes canouros e das ondas* [44, 20]; *nos pentagramas brandan côs canouros* [44, 83]; *como tèn Deus Apol e a virxen Frora* [103, 8]; *un novo Prometeo cuio sufrir se agranda*, [108, 37]; *relembaban ás unllas dos canouros*, [116, 75] ou *os cans do mar alarbios...* [116, 76].

Especial relevo teñen igualmente os ‘druídas’: *onde xúntanse os bardos e os druídas* [3, 17]; *e darredor do dolmen cinguido de druídas*, [17, 2]; *levado ao lombo por druídas sagros* [38, 109]; *Bô druída do mar, abesullante*, [41, 49]; *Os bardos e os druídas, até ao facho Néreo*, [43, 5]; *diante dos dolmens, druídas dos misterios!...* [44, 60]; *a fouce de un Deus Druída*, [72, 40]; *que ensegridan mistéreos dos druídas* [83, 2]; *Tí seral-o Druída* [95, 81] ou *na i-alma da Nai Terra, como un druída, viste* [115, 4].

E aínda temos outras alusións a elementos do marabilloso como as ‘bruxas’, os ‘endriagos’, a ‘estadea’ ou as ‘xorguinas’, entroutros. Velaí os poemas **Edoardo Pondal** [20]: “—Eiquí, dixo que o enterren— mouma a Santa Estadea...”; **Vagalumes** [26]: “¡Alí vái a Estadea!—...”; as bruxas que se reiteran no poema **A crus da Rosa** [30]: “non hai meigas, xorguiñas, nin chuchonas, / nin lumias, negrumantas, nin sibilas”; **Volvoretas** [31]: “n-esas nutes que dín que andan â roda / as bruxas, os endragos e a estadea...” ou “¡xorguiña que esculca na nuíte, e remexa, / que canto máis fire, máis forte se rí!...”; **A Costa da Morte** [43]: “ceibaban os seus pregos â Hora da Estadea”; **Armónicas furnas** [44]: “ou funerarios

Psalmos da Estadea...”; **As furnas de Laxe [83]**: “*muitos, dín que os endragos e as xorguinas, / fân, n-os sábados, a rolda n-os furnales*”, neste poema con moita produtividade, coa presenza doutros seres míticos: “*e, outros, contan que viron â galiña / de hovos de ouro, clocando, n-unha furna, / je, abafante, un can negro perseguíndoa!...*” ou **Tráxicos agoiros [97]**: “*—¡Eisí sexa!—, respóstanlle as xorguiñas*”.

Con todo, no poema de amor **Túas mans [32]** anotamos estes versos, que non deixan de ser unha lección de historia sobre as invasións romanas, coa resistencia expresa das poboacións prerromanas, que para a historiografía da época eran os celtas:

pr-ôs arriscados ártabros-ogueltas,
 pr-ôs heróis de Numancia e de Sagunto...
 ¡qu-eran celtas!,
 e pr-aqueles guerreiros do Medulio
 —indómetos e bravos—
 que cando se batían
 côs centurións de Xulio...
 ¡morrerse preferían,
 denantes que ficaren sêndo escravos...

75

F) A relixión

A primeira visión da relixiosidade aparece en textos con moitas referencias agraristas e/ou galeguistas, como no mencionado soneto **Brindis [76]** [*Cfr. supra*] escribe, en outubro de 1916, palabras de reivindicación agrarista e galeguista, moi na liña de Ramón Cabanillas, pois a composición logo de lembrar a Pondal, Rosalía, Añón, Curros, Lamas e Murguía, lanza a seguinte proclama cun termo relixioso en positivo, mais tamén coa crítica á igrexa: “*A santa redención qu’a de salvarnos / y hastr’a cume d’a gloria a de levarnos / sin foreiros, caciques e sin cregos!...*”.

Alén de textos deste xorne, nos que se critica o negativo papel da igrexa oficial na vida económica dos labregos, preséntandoa como unha pexa para o seu desenvolvemento, a relixiosidade está presente en moitos outros textos, en ocasións como parte fundamental e incuestionable do noso acervo cultural e da nosa tradición. De feito, no poema **A novena do Amor** [8], que conta unha encontro amoroso entre Lêna e Lois, a moza acode “*a rezal-a novena / â igreja dos petoutos da montana*”, cun luceiriño na desta e un rosario de doas na esquerda, da que colga “*a cristián CRUS do SUL*”, e de volta da novena é cando se vai atopar co mozo. E no soneto **Freira** [12] poetízase un amor platónico no que a muller admirada era unha relixiosa con hábito.

As procesións católicas e as diferentes celebracións evócanse na **Romeiría aldeán** [28], onde describe o día dos patronos da parroquia de Laxe, Santa María e San Roque⁵⁴⁵, que se celebra o 15 de agosto, coa procesión na que tamén vai o San Antón, mais tamén no longo e coral poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa** [30], que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**; dividido en XXI capítulos ou fragmentos, que no capítulo IV relata o “*antevispra da festa*”, no que a vila de Laxe se prepara: *Tamén, pra honrar o día / da patrona laxeirana, / todo é trafego nas rúas / e no mercado da Praza*, nunha descrición colorista na que se nomean moitas especies de peixes, froitas e produtos das hortas.

As figuras do cristianismo tamén son evocadas, xa vimos con anterioridade, o poema **Teodosio «O Grande» (Emperador román)** [15] a quen denomina nun verso: “*Teodosio —¡Astro Galego!— erguendo â Cristiandade*”, aínda que no seguinte completa: “*Da deusa Themis crênte e amante da verdade*”.

⁵⁴⁵ Tradicionalmente o 15 de Agosto é a festa da Virxe da Atalaia e o 16 de Agosto o San Roque. Ás conmemoracións da patroa e do patrón, engádenselle o véspera, 14 de Agosto, a Virxe da Milagrosa e o 17 de Agosto, a Virxe do Carme. Este día celébrase nos últimos anos, por iniciativa do mariñeiro laxense Avelino Lema Santos, unha procesión marítima pola ría, representando o “Simulacro do Naufraxio”.

Mesmo temos unha paráfrase dun episodio narrado na Biblia, pois no poema intitulado **O chasco e o pimpín [33] (Lênda inxénoa)** poetízase a fuxida dos María e Xosé, co seu fillo Xesús, polos montes de Xudea, perseguidos polos soldados de Herodes que dera orde de matar a todos os inocentes. O poema ten moito de lendario porque son os paxaros quen falan para enganaren os soldados na súa persecución e permitiren a chegada a Exipto dos fuxidos.

Ás veces son evocacións parciais, incluídas noutros contextos, como cando no capítulo VIII, do poema **A Crus da Rosa [30]**, aparece o personaxe de Barlovento, amigo de Gundar, o mozo de Rosa que emigra, caracterizado coma unha persoa que perde o seu ánimo e anda triste e serio pola ausencia dos “irmáns”, e que os trata de convencer para que non emigren, sendo comparado a Cristo: *Barlovento dí verdades evanxélicas, / cãl Xesús aos tiberáns*. E que, diante do seu escaso éxito, apela á divindade: *Eisí iráse, pouco a pouco, a xuventude, / a galega fror lanzal... / ¡Queira Deus que tal engado desapareza / e non xurda endexamáis!...* Mentres Rosa (capítulo XI) reza as súas oracións —«*Por todol-os galegos que inmigraron / na procura de un ben que eiquí xa tiñan*, e que morreran na emigración, lonxe da terra e sen poderen retornar e o propio día da romaría da patroa de Laxe, Santa María, 15 de agosto, (capítulo XII) continúa as súas prearias: *Entrando eisí na igrexa, / con aire respetoso e recolleito, / fái o siño da crus sóbor do peito / e váise axoenllar carón das lousas*. No capítulo XIII seguen os rezos, mais desta volta na procesión polas rúas que se describe polo miúdo, as bombas e a música que acompañan os santos, as “preces” dos cregos, a devoción e o vestir da xente, mais sobre todo a propia vila: *Das xanelas, balcóns e galeirías, / olladors e solanas, / penduran cortiñados de cõores, / colchas feitas a man, puntilleirías / con grinaldas fropaes i-espadas / que a virazón da ría trememece*. No capítulo XVII compáranse as penalidades do mozo protagonista e doutros emigrados coas de Xesús no

monte do Calvario⁵⁴⁶: *de aquel probe rapás que, visto abordo, / era a imaxen dôrida de Xesús, / máis páledo que a cera, con remordo... / ¡tan soio lle faltaba têr a crus!... / Tamén eles rubían o Calvario / da falla de laboura, case un mes.* E, finalmente, no capítulo XX menciónase o suicidio de Rosa e a actitude da igrexa perante estas mortes: *Dis que morréu en pena a probe namorada / por mor do agarimoso galán que a namoróu: / marmurábase — anque o crego non quixo mentar nada—, / que, sin os sacramentos, a i-alma condenóu...*⁵⁴⁷

Máis adiante, unha persoa levanta unha cruz de pedra para lembrar a morte por pena de amor de Rosa: *sóbor das Cornaseiras, a fé d-unha piedosa, / erguío a crus de pedra que lembra a do Calván.* Esta cruz, situada nunha capela no monte de Laxe, e a romaría de Santa Rosa⁵⁴⁸ son reais. O poema remata tamén con dous versos que refliten a devoción e a relixiosidade: *¡pregan un «Deus te salve» pol-a alma de Rosiña, / e fân, cheas de medo, a seña de unha crus!...*

No poema **Presentimento** [45], que reflite vivencias autobiográficas, lembra a súa nai, María Josefa García Moreira, nada en Camariñas [Cfr. Biografía I.2.1], e fai uso dunha fórmula relixiosa que adoitan utilizar as persoas crentes: *Da miña probe nai —¡que Deus recade / na súa santa garda!—, / quedóume inmorrecido o bô consello.*

⁵⁴⁶ O Calvario (Golgotha) é o nome dado a un monte nas aforas de Xerusalén, onde se cre que foi crucificado Xesús. O nome provén da existencia de rochas en forma de caveiras nunha das abas. É mencionado nos evanxeos do *Novo Testamento*: Mateo **27**, 33; Marcos **15**, 22; Lucas **23**, 33 e Xoán **19**, 17.

⁵⁴⁷ Trátase dunha referencia ao suicidio, que todas as relixións desaprobán. Na católica un dos Dez mandamentos sinala “Non matarás”, e non se refire só ao homicidio doutro senón tamén ao homicidio de si propio, polo que o suicidio se considera un pecado, o maior de todos, ao privar ao Ser Supremo de dispoñer das nosas vidas e aos suicidas negábenselle os sacramentos. Na Idade Media aínda se lles negaba o dereito a ter un funeral e un enterro católico, os familiares eran expulsados da comunidade e o corpo pasaba a mans da igrexa.

⁵⁴⁸ No alto do monte Cornaseiras atópase a ermida de Santa Rosa. Ata o ano 1941, ano de construción desta ermida por parte de Manuel Ramos Mesía, a cruz que se levanta aos pés denominada “Cruz do Navegante” dominaba en solitario o lugar dende 1676, cando un navegante apelidado Couceiro decidiu levantala por unha promesa a Santa Rosa. Este navegante adoitaba facer a rota España-Perú nun século onde os piratas ingleses e franceses atacaban os cargamentos dos barcos españois. Nunha destas viaxes encomendouse a Santa Rosa e prometeu que se chegaba a casa san e salvo despois de atravesar o Atlántico levaría no lugar máis alto da Vila unha cruz na honra de Santa Rosa. depositando debaixo dela unhas reliquias da santa peruana que conseguira en Perú.

O 21 de Xullo celébrase a festa da Cruz da Rosa, na ermida de Santa Rosa. Moi popular e concurrida, xa que ten moita sona entre as xentes de toda a comarca. E o 30 de Agosto celébrase a festa de Santa Rosa, na ermida en honor a esta santa peruana no monte Cornaseiras, con romería popular e comida campestre.

Tamén nos doce sonetos da **Loubanza ao grau de millo** [30], hai alusións á relixiosidade, pois o hórreo é unha “*sinxela hermida do fogar labrego / coa crus de pedra que o frontal coroa, / onde as espigas, que han de dal-a broa, / ao debullal-as, ceiban o seu prego*”, e cando, logo dunha fornada, se converte o millo en pan de boroa na “*santa cea*” dese día que xunta a unha ducia de persoas: *pártese a broa... ¡coma a Eucaristía!... / Dende o alzadeiro, o quinqué alumea / aos doce apóstoles da aldeana cea.*

E no poema **O Faro** [41] esta construción, que ilumina “*cristianamente*” tanto aos trasatlánticos “*no triste viacrucis d-emigrante*” coma aos pesqueiros que van a Terranova, “*Na procisión atrántica das naves*”, é evocada desde a emigración. O texto remata con estes versos espirituais:

 ¡quén fora tan ditoso
80 acougando pra sempre na Nai Terra,
 baix-ôb bicos que ceibas, garimoso!:
 ¡¡Côs teus brazos de lus, xesucristianos,
 alumándome a cova!!...

Outro poema, **Redes no mar** [55], relata a pesca da sardiña e a complicidade do mar cos pescadores cunha primeira estrofa chea de termos relixiosos, que lembra a eucaristía, na que se evoca a conversión do pan e os peixes realizada por Xesús:

 Côs rosarios de corchos nas mans, pregan as ondas
 profundos Padrenosos e Deus te salves fondas,
 pra que nas mouras redes a boa sorte deixe
 tesouros multicôres de buligante peixe
5 que se ha trocar no porto, antre cordial legría,
 en branco pan pra a mesa como o da Eucaristía.

E na composición **Mariña de inverno** [60], que relata un día de “*forte maresía*”, , no que unha embarcación foxe da “*travesía*”, e como na costa “*Choran no porto as mulleres, / pregando â Virxe do Carme...*”; ao se organizar unha manobra de salvamento por parte de

seis pescadores, a bordo dunha buceta, que non debeu realizarse con éxito, pois o texto remata: *¡A maresía, namentres, / canta o «Requiescant in pace»!...*

En **Carrexando redes [66]**, que relata os labores da pesca, cando saen do porto tarrafas e traíñas, os pescadores “—*¡non son apóstols falsos!*—”. Ademais tamén se fai unha referencia ao Lago de Tiberíades ou Mar de Tiberíades, tamén denominado Lago de Genesaret ou Mar de Galilea: “*acariñando ás lanchas que ambróu nas tempestades... / ¡e agora está máis calmo que o lago Tiberiades!*”. Este lago ou mar, xa mencionado na Biblia, é importante para os cristiáns por creren que Xesús camiñou sobre estas augas e realizou os seus primeiros milagres.

No **Responso galego ô “Serpent” [93]**, que narra o episodio real dun barco-escola inglés que naufragou fronte á praia de Trece (Camariñas) aparecen de novo os cantos relixiosos: “*Tan sô, de noite, síntense —dende o Vilán de Fóra / deica â “Area 13”—, o canto de Requien, / e o triste De Profundis do Ártabro mar que chora / diante do cimiterio dos mortos do “Serpent”!...*”, así como a comparación entre a Virxe da Barca, patroa dos mariñeiros de Muxía e con moita devoción en toda a comarca, sobre todo na xente do mar, e o San Patricio, patrón de Irlanda, quen fora o seu evanxelizador: “*Da “Barca” na romaxe —coma no San Patricio / das vosas verdes terras, ouzando ôs “highlanders”—*”.

A relación dos poemas do mar remata con **O afogado do “City Agra” [116]**, que narra o naufraxio do “City Agra”, nome dun barco trasatlántico inglés que embarrancou nos baixos de Camelle, cando o pai do autor era carabineiro. O naufraxio dun barco chamado *City of Agra* é un suceso verídico, polo que tamén debe ser certo que o poeta debeu acompañar a seu pai na procura do cadáver dun afogado deste barco que deixaran “*uns pescos de Fisterra*” ao morrerlles a bordo por hipotermia despois de o rescatar do mar. Quedou esquecido en Laxe, pois o Consulado inglés nunca o reclamou, e debía ser de confesión protestante, porque na penúltima estrofa dise: “*Como tiña tatuaxe tod-ó peito / e,*

no médeo, un triángolo, / non quixo darlle o crego cristián terra... / ¡e n-un horto enterráron-o!...”.

Outras referencias relixiosas moitos máis breves son as que atopamos no poema **A gaita** [4], no que este instrumento é comparado como moitas imaxes, entre elas “*seméllase, unha nai celta, n-un casal vello, / a imaxen páleda / da Nazarena María, cando ao seu fillo / perdéu a Santa*”; **Antergas luces promisorias** [22], onde xa fala da “*Terra Nai que redenzóu a greba*”, ou da “*Santa Integrazón da Nosa Terra*”; no poema **O probe do mar** [67], onde se conta o fracaso dun emigrante que decide retornar, porque na Terra non lle ha faltar: *¡Un santo anaco de broa / e santa cunca de caldo!*; no poema **Gaivotas** [69], subtítulo **Anunzazón da pesca**, que narra o bulidor movemento portuario que xera a pesca da sardiña, estoura breve alusión a como as “*pescas*” están “—*ollando ás gaivotas / o mesmo que ollean homildes feigreses / â Mística Pomba / do Espírito Santo, / sinxelas, devotas*”; no poema **Vento irmán** [70, 10], no que compara o vento “*Noroeste*” coa figura de Cristo: “*sopras, Noroeste, ledicio; / e, bôn Xesús, sobre as ondas*⁵⁴⁹ / —*¡anda!, ¡anda!... ¡que te anda!...—*”; no soneto **O pulpo** [79], no que realiza unha comparación entre a máxima autoridade da igrexa e a cabeza deste cefalópodo: “*Tén a testa con tiara coma o Papa*”; no poema **As furnas de Laxe** [83], romance heroico que describe polo miúdo as furnas da costa de Laxe, no que as compara con elementos relixiosos: “*como doas ceibadas d-un rosáreo, / omildosas, sinxelas, cristiáñas...*” ou “*e as negras pesadelas que hai nas naves / das vellas catredales e basílicas!...*”, e incluso con cantos deste xorne: “*resoan, n-os ouquedos, miles notas, / como un órgano grave que na misa / prañese o MISERERE ou DE PROFUNDIS, / ou trenase o terrible DIES IRAE!...*”; no breve romance **A pauliña dos pescos** [86], no que xorde unha nova causa da emigración, desta volta

relacionada co mar, tamén se sinala: “*No fondo da santa mágoa / que sinten, deixando os lares*”; en **Invocación “O Caxestal” [94]**, apóstrofe a un acantilado ou cantil da costa de Laxe que é descrito como “*baruda e petrinforme catedral / que as ondas fono erguendo c-ôz seus brazos / dende un tempo que fica imemorial*”, onde baten as ondas para lle dar abrazos “*de noivas fervoadas, / de sinxelas devotas / —mariñeiras, / peixeiras—, / con rosáreos de vieiras / nas mans entrecruzadas*” ou **Canzón do berce mariñeiro [106]**, unha composición para ser cantada a xeito de nana, na que se inclúen estes dous versos: “*¡Deus queira que poida vel-o / mariñeiro de renome!*”.

Tamén no soneto **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]** recolle como berro de loita dos irmandiños: “—“*¡Deus fratesque Gallaeciae!*”,— *aturuxaban*”, para engadir aínda outra referencia relixiosa: “*¡e as tres verbas da nosa trenidade / n-os peitos xenerosos s-afondaban!*”.

E no soneto **Curros Enríquez [110]** compara o seu verbo cun personaxe do cristianismo: “*Dix-o verbo máis forte que o profeta Isaías, / cando, a prol da verdade, se irmandaba con Cristo*” e menciona o “*cumio de un Tabor*”.

Moi diferentes son as referencias relixiosas que aparecen nos poemas de xinea antifranquista, así **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**, que evoca as mortes na primeira vaga da represión franquista: “*asesñados todos no Camiño / da Redenzón das Luces Rêdivivas, / dos sagros baliuartes / da Sancta Compostela / —¡Nova Xerusalem trememente en palmas, / procrumada na voz da Berenguela!— / e que se choran xá por todas partes*”. No poema **Lobicáns galegos [96]** as vítimas do franquismo son denominadas “*¡santos lumes refulxentes!*”, fronte a outros galegos, parafraseando a Pondal, “*os vendidos, os podres, os escuros, / de cuia vil traición o fin agardo / no xusto meridián que Deus balanza!*”, ademais

⁵⁴⁹ O episodio de Xesús a camiñar sobre as ondas nárrese no evanxeo de San Mateo, **14**, 32-33, cando unha madrugada lles aparece aos apóstolos e tamén fai camiñar a Pedro sobre a superficie do mar. Esta escena está representada en moita iconografía cristiá.

das alusións á resurrección dos represaliados: “*Da semente de mortos froitifican / —nos espritos, nas almas, na conciencia— / os xermolos do ben...; mais... ¡repenican / as campáns da venganza e da incremencia*”. Tamén os versos antifranquistas de **Tráxicos agoiros [97]**, composición na que sete vellas bruxas falan sobre a guerra, unha delas xura: “—*Eu xuro— ¡ôs pês d-un Cristo!— que, nas Trêbas, / soñei que os malfeitores xa finaran*”. Outra sinala compracida como resposta: “—*Pois eu—¡Xesús me falte, se vos minto!—, / diréivos meu soñar na Negra Cova: / ¡Soñei que arderan xuntos Franco (“O Quinto”), / Alfonso (“O Labazado”) e “A Caoba”!...*”, esta última unha metonimia, na que a madeira coa que se fan as imaxes do catolicismo representa a igrexa católica que colaboraba cos franquistas. Unha terceira bruxa engade: “—*Non han perdón de Deus nin do seu Fillo, / aqueles que, perxuros, con paliques, / traicioaron as leis e o crucifillo: / ¡Militares, curiales e caciques!*”. E, por último, a voz extradiexética remata sinalando, máis unha vez, a complicidade da igrexa nesta estrofa: “*¡Alí —a frebe do noxo â traidoría / dos feixistas, dos cregos e das coiras—, / alcende con máis forza, día a día, / da terríbel venganza sete lumes!...*”. Unha visión que aínda se amplifica no poema **¡¡Cristialobos!!... [98]**, no que denuncia a intervención italiana e xermana, aos que compara “*côs Xudas Iscariotes*”, fala da responsabilidade do “*vaticán*”, sinala que non atopa para a condena palabra “*algo máis forte que, a Xehová, chamarlle / —¡Fillicida!, ¡protervo!, ¡paranoico!...*”, que anda á procura de “*Un ¡Acuso! ferós, teratolóxico, / como a verba trenante de Isaías*”, menciona as figuras históricas de Herodes degolando os inocentes, de Xesús recibindo cuspiduras no rostro, menciona a apocalipse e o dioivo, realiza unha feroz diatriba contra os norteafricanos que colaboraron con Franco, ironizando sobre a súa sintonía no mesmo bando coa igrexa católica: “*Son os fillos de... ¡Alá!, ôs que Sant-Iago / —o Nobre Pelengrino, o Dolce Apóstolo— / escorrentou d-Hespaña, con parábolos, / e, agora, ¡os seus verdugos!, fan arrolos / e as Pilaras espúreas, desleigadas, / que visten de feixistas —¡marimonos / e mulas do pesebre contra*

Cristo!—, / soio arelan seus brazos impetosos...”; engade referencias á inquisición de Torquemada, ao Santo Oficio, e ao feito de converter “*¡a ruína d-Hespaña diante ô mundo, / benzoada cô cuspe dos hisopos!*, sinala que coa traizón chegaron os “*Anti-Cristos*”, para rematar cunha mención a outro pobo histórico “*—¡xa van os Cirineos / co-a Crus da Libertá ceibando promo!—*”. No soneto **Loito, fedor e medo [101]** tamén hai sutís alusións relixiosas na denuncia da perda da liberdade e da represión franquista: “*Cheirumes de faroles e ciriales / —¡a lus da Libertade, santa e pía, / non hai quén a procrame!: ¡naide chá!—, / agoiran novos clans sacramentales...*”, e noutro soneto intitulado **A marcha do Apóstolo [101]** narra como, pola mesma razón, Santiago abandona a súa cidade e foxe cara ao Tiberiades, “*car-â terra nadal de Palestina*”. Noutro soneto, **Deus é libertá [104]**, escrito como homenaxe ao galeguista Ramón D. Villar, principia cunha invocación: “*Inda que fora Deus quen che dixera / que a libertá que adouras é mentira*”, defendendo os principios da democracia e da liberdade, para logo engadir este terceto: “*E siascaso o tirán te aferrollara / ou ao monte Calváreo te levara / pra encravarte n-un mouro crucifillo*”, onde rememora o sufrimento de Cristo. O longo poema en sete oitavas **Os camiños da vieira [108]** testemuña diferentes aspectos relixiosos, coma a propia peregrinaxe a Santiago de Compostela; a adopción como insignia xacobeá do símbolo da vieira: “*os de Xacobuslandia terán sinxel guieira / na retellada cuncha: ¡as topas d-unha fé!*”, ou as moitas alusións da cuarta oitava que:

Mais fóronse entullando, cegándose os sendeiros

que ó Pórtico atraguían xesucristiana grei:

A Meca da homildade enchéuse de taboeiros,

enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi,

os que a Xesús cuspiron, os milites traicioeiros...

30 ¡todol-os detraidores da curialesca lei

que en ves da nobre insiña dos composteláns vieiros

deixan vender diamantes na cruce de Cristo-Rei!

Outro longo poema, intitulado **O remorso do mar [109]**, mestura a caracterización do mar coa denuncia da vaga da represión franquista, que se identifica cos personaxes históricos da historia de Xesús: “*¡Da traición dos Herodes e Pilatos, / e carniza futura, fan sinales!*”, ademais de que nesta composición aparecen tamén Caín e Recaredo: “*¡que ós irmáns os Caíns e Recaredos, / con pedras ó pescozo, deron morte!...*”, explicando nunha Nota do Autor: «Recaredo, irmán de San Hermenexildo, contra quen induxo ó seu pai Leovixildo —arriáns antramos— pra que o asesinara, c-ó degaro de herdal-o. Tanto Leovixildo coma Recaredo —conversos logo ó cristianismo— foron dous tiráns da terra galega, coma reis que foron dos godos e suevos, singularesmente o primeiro. ¡As feras seguen reproducíndose!». E tamén, por primeira e única vez, un neoloxismo de invención propia: *Cristiaxudas*, que o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Cristián traidor, mestura de Cristo e de Xudas: monstro teratolóxico espritoal». E no longo romance heroico **Galiceibe [112]**, a protagonista é unha “*deusa redenzora*”, fala de sinais tráxicos nos “*vieiros santiagueses*”, na paisaxe o Miño canta “—*¡Deus Fratresque, Gallaeciae, Deus Fratresque!*”, séntese a invocación “—*¡Terra Nosa, benzoada! ¡Sempre forte!*—” e tamén “*as campáns das igrexas repinican / un hosamna galego: —¡Galiceibe!...*”, para rematar con esta estrofa abondo significativa da relixiosidade que impregna todo o texto: “*Terra Nai ben querida, Santa e Mártir, / que dos fillos estimas ser reberte, / ¡miña vida che dera por ollarte / xa liberta de todo... ¡Galiceibe!...*”. E, finalmente, tamén no primeiro dos dous sonetos que conforman **Castelao [115]**, falando unha vez máis da “*i-alma da Nai Terra*” e sobre todo no contido destes dous versos: “*Seguramente, Cristo, no lago Tiberiades, / chamáralle discípulo, irmán e nobre artista*”.

Ben diferentes son as referencias que aparecen nas series de coplas **Herbal Frorido. Cantares galegos [99]**, tan só na derradeira, que fala de devocións a santos: “*Eu quérolle a*

San Francisco / que ô lobo chamoulle irmán, / e, porque dixo verdades, / quérolle a Santo Tomás”, e en varias da serie **Herbal Florido. Cantares galegos [100]**, como a que compara a lanzalía dunha moza fermosa coa Virxe do Carme ou estoutra: “*Pol-as pedras da riveira / da Costa Brava, descalzo, / ei de andar ¡que Deus m-escoita!, / anque os pés vaian sangrando!*”.

G) O amor

Outra das liñas esenciais na súa poesía é o Amor que aparece en varias composicións. Dentro das matizacións que este tema pode presentar, sinalamos a de “expresión de afecto”, intimista e subxectiva, centrada no *eu*. A maior mostra está no dramático relato da desfeita dunha parella por mor da emigración do longo e coral poema narrativo **A Crus da Rosa [30]**, que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**. Aparece dividido en XXI capítulos ou fragmentos, que no libro *A Roseira da Soidade* ocupan as páxinas 77-128. O texto ábrese cunha advertencia do propio autor na que sinala:

«Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real eisistencia, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conocéu sêndo rapás. «A CRUS DA ROSA», sí, eisiste».

Porén, non debe ser casual que no capítulo XV relate a historia dun mozo que emigra para eludir as quintas, versos que ben puideran basearse na propia experiencia autobiográfica, malia a advertencia inicial.

Nun poema tan extenso son tamén outras as liñas temáticas, de aí que o citemos noutros lugares, mais a desgrazada historia de amor entre Rosa e Gundar, talvez trasunto dunha experiencia persoal, paira sobre a totalidade dos 1456 versos do texto.

Tamén anotamos semellante dialéctica con mención expresa dos protagonistas, como acontece en **Seirán namorada [7]**, que conta unha historia de amor que se

desenvolve no contorno bucólico do campo, con inicio cheo de equívocos e final de voda —*desbotá-dol-os ciumes e o desleigo*—, entre dous “labregos de hórreo e tulla”, Farruco e Marica. Ou outra historia, neste caso entre Lêna e Lois, no poema **A novena do Amor** [8], cando a moza ao saír da novena vai atoparse co seu mozo. E no soneto **Primaveira** [37] fálase dun “amor bruxo” que rebenta como a propia primavera.

Anónimo é o amor que se canta nalgunhas da serie de coplas intitulada **Herbal Frorido. Cantares galegos** [99], onde hai varios deses cantares que imitan aos de creación popular con esta temática, velaí as coplas segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima, décimoquinta ou décimosexta. E tamén é o tema maioritario na outra serie igualmente intitulada **Herbal Florido. Cantares galegos** [100], na sexta, oitava, novena, décima, décimoprimeira, décimoterceira, décimosexta ou décimosétima. De todas elas salientamos esta: “*O meu amor é tan firme / como as raíces dos pinos / que, de tanto amar â terra, / van abrazando os camiños*”.

No soneto **Freira** [12] poetízase un amor platónico, pois a muller admirada era relixiosa, velaí estes significativos versos: *N-abondaba a tirarlle a lanzalía / do seu corpo fermoso e busto cheo, / o hábito enluido da freiría.*

A transparencia autobiográfica aparece noutros poemas de amor: **Túas mans** [32], onde evoca unha das crises da súa doenza que case o levan á morte e os constantes coidados que lle prodigaba neses momentos a súa muller Angela Begoña, pois Antón Zapata García tivo moitos problemas de saúde durante a súa vida. O texto céntrase nas mans de Angela, que aparece citada co seu nome no texto. **As arelas d-un amor** [35], que poetiza o aroma e taména “*crara sorriso e fermosura*” da amada. **Amante navío** [65], malia a temática mariñeira e a abundancia de léxico do mar, é tamén un poema de amor, no que as embarcacións (*trainera* e *navío*) representan a existencia de dúas persoas, trasuntos do propio poeta e da amada, nos *mares de vida*. De feito, xa se observan nos versos iniciais estes

sentidos figurados: *Pol-os mares de vida as nosas naves / —ti garrida trainera i-eu navío—, / ancoraron no PLATA, no gran río, / recollendo o velamio, como as aves.*

H) A morte

A reflexión sobre a morte é outra das temáticas que pairan sobre a obra poética de **Antón Zapata García**. De primeiras, malia non ser o obxecto do noso estudo, pola súa importancia na biografía do poeta sinalaremos a súa presenza no poema en castelán **Saudades [c1]**, que ten a súa importancia reseñar por se tratar do segundo poema publicado⁵⁵⁰, no que chora a morte da súa nai e a imposibilidade de estar a carón do seu sepulcro na hora do soterramento.

Na mesma liña están os obituarios subliñados no apartado Os personaxes: históricos, míticos e lendarios [*Cfr. supra*], que comezan coa morte do poeta Eduardo Pondal, pois apenas dous días despois a revista *El Eco de Teo* vai publicar, ao pé dun texto haxiográfico asinado por Gaspar F. Oitabén, o soneto **A morte d'o cisne**, que o noso poeta escribe ao se entear da desaparición de Pondal⁵⁵¹, e que foi posteriormente incluído no libro *A Roseira da Soidade* como a primeira parte da composición intitulada **Edoardo Pondal [20]**. Ou no soneto **A Rosalía de Castro [103]**, que non recolle o libro, onde a describe como “*Subrime reisiñor, xenial cantora*”, para sinalar que vive despois de morta grazas á súa obra poética: “*Non poido a negra Morte, coa fouzaña, / segar, câl túa vida, os teus “Cantares” / e as “Orelas do Sar”, xoiel d’Hespaña*”. Tamén no epicedio dos primeiros versos no segundo dos dous sonetos que conforman **Castelao [115]**: “*—Morréuse CASTELAO, o noso artista esgrevo, e o corazón, de loito, por meu irmán eu levo, / pol-o sendeiro longo que n-esta terra sigo...*”.

⁵⁵⁰ *Cfr. Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913, aínda que datado polo autor un mes antes.

En relación cos anteriores, mais sobre todo co as mortes provocadas pola represión franquista, está outro soneto intitulado **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos [113]**, que lembra a persecución da que foi obxecto: “*O tráxico trunviro —oubeo, gruño e ladro—*,⁵⁵² / *na terra de Silleda, buscóute, tenebroso...*”, mencionando como puido salvarse da morte: “*no seo de cen nites de morte no toxeiro... / ¡A Terra Nai salvóute dos feros fratricidas!...*”.

Precisamente a crueza da guerra civil española e, sobre todo, a represión desencadeada desde o primeiro momento provocan a presenza da morte en moitos textos, xa desde o poema **Na morte de Lexandro Bóveda [95]**, publicado no *Galicia* o 27 de xuño de 1937, primeira composición en galego que evoca o asasinato do secretario de organización do Partido Galeguista⁵⁵³. No poema **Lobicáns galegos [96]**, que tamén denuncia a perpetración dos crimes da represión franquista, inclúe unha paráfrase da coñecida sentenza de Castelao de que non soterran cadavres senón semente: “*Da semente de mortos froitifican / —nos espíritos, nas almas, na conciencia— / os xermolos do ben...*”. Referencia que tamén atopamos en **Xan Croio [105]**: “*Nementres que GALIZA puxo loito / pol-os mortos na nóitebra feixista*”; ou en **Os camiños da vieira [108]**: “*¡tan soio vío mortes... bagullas... fames... estrago... / e as nites máis lucentes cal negra noite ollóu!...*”. No poema **O remorso do mar [109]** aparece mesturada entre a propia caracterización do mar: “*N-abondaban pr-ó mar os feros días / de naufraxios, de mortes e tormentas*”, e a denuncia da vaga da represión franquista: “*¡que ós irmáns os Caíns e Recaredos, / con pedras ó pescozo, deron morte!...*”, de aí o remorso do mar.

⁵⁵¹ Cfr. *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 14, 10 de abril de 1917. Por unha gralla de imprenta na cabeceira sinalase 1916, cando é obvio que se trata de 1917.

⁵⁵² NOTA DO AUTOR: «Feixismo, Clero e Militarismo».

⁵⁵³ «Hoxe por hoxe, a primeira elección a Bóveda da que temos noticia é a de Luís Seoane titulada «A Alejandro Bóveda, fusilado» (*Galicia*, Buenos Aires, 20-12-1936); a primeira en galego, segundo os nosos datos, é «Na morte de Lexandro Bóveda», de Antón Zapata García (*id.*, 27-6-1937)», en Alonso Montero [1996].

Nalgunha ocasión son personaxes históricos, como no poema **O chasco e o pimpín [33] (Lênda inxénoa)** que relata a fuxida dos María e Xosé, co seu fillo Xesús, polos montes de Xudea, perseguidos polos soldados do rei Herodes que dera orde de matar a todos os inocentes: “*Ao enfiar unha estrada / que morría ao nacer de unha encruzada / —ja da vida e da morte / pr-os cónxogues e o neno!—*”. Ou en **Teodosio «O Grande» (Emperador román) [15]** a quen denomina nun verso: “*Teodosio —¡Astro Galego!— erguendo â Cristiandade*”, o derradeiro verso lembra o seu óbito: “*¡Milán vío-o morrer lembrando â Nai Galicia!...*”.

Ou ben personaxes que abalan entre a historia e o mito, como os guerreiros do monte Medulio⁵⁵⁴ que se enfrontaron aos invasores romanos, que “*¡morrerse preferían, / denantes que ficaren sêndo escravos...*”. Versos que parafrasean o lema “Denantes mortos que escravos” que figuraba na proposta de escudo de galiza que Castelao fai en 1937.

E ás veces son personaxes anónimos ou descoñecidos os que son lembrados na súa morte, como sucede en **Vagalumes [26]** que relata a morte dunha nena e onde aparece a premonición da Estadea, procesión de seres míticos co seu aviso de morte adoito moi presentes nos nosos costumes e na nosa historia tradicional. O poema remata cos versos: “*e cando a nai volvío xunto â nena... / ja nena estaba morta!...*”.

E en **Xan Croio [105]**, prototipo do emigrante desleigado, saliéntase o seu esquecemento á hora da morte, malia as rúas riquezas: “*soio tivo no enterro, o basto Croio, / un fato de aulantes do seu choio, / moitísima coroa... je ni-unha bágoa!...*”.

Tamén **O probe do mar [67]** narra a historia dun home alcumado «O Serbelo», que talvez existise, que fracasa na emigración, no Uruguai, por mor dunha enfermidade que o

⁵⁵⁴ Na cita do Medulio coincide con outros poetas como Curros Enríquez, citado no libro *O divino sainete*, ou Ramón Cabanillas, que no poema “Galicia”, *Da terra asoballada*, canta: «*O pobo doutras edás, / traballador e guerreiro:/ o das hirtas Irmandás, / do Medulio e do Cebreiro...!*».

deixou cego e que, de regreso á ría de Corme e Laxe, vivía de esmolar sardiña. No remate sinala que “«*Serbelo*» *morréu chorando, / por non poder ir ao mar!...*”.

Sen dúbida é nos poemas relacionados co mar onde a mención da morte se fai moito máis evidente, sempre asociada á dor de afogamentos e naufraxios, quer desde unha perspectiva absolutamente real e verídica, quer desde unha perspectiva lendaria ou mítica. Precisamente o poema **A renda do mar [40]** mestura as dúas, pois se ben relata o episodio lutuoso “*dos probes peixadores que a borraxa / sorprendío no mar...*” e como a traxedia golpea sempre a “*fogares homildes*” que coa morte pagaron a renda ao seu señor, o Mar, tamén introduce a figura do Canouro, que os propios versos explican: “—«*¡Eu sónvolo Señor da vida e morte / de cantos sulcar vãn / as searas dos peixes e as sireas / dos meus eidos atráns!... / ¡Eu sónvolo Canouro devourante / dos lares fisterráns, / que, â ves que lles rebato as súas vidas, / tamén lles dou o pan!...*”.

Outro destes poemas que mesturas ficción e realidade é **As furnas de Laxe [83]**, cuxa descrición abala continuamente entre elementos marabillosos, cando sinala que son refuxio para “*endragos e xorguinas*”, ou elementos do mundo real, como o feito de atoparen nelas “*santas foxas, os probes afogados, / e, arfoniles, quen é contrabandista...*”, mais sobre todo neste estrofa:

Nas nites de luar, —cando a marea
deval-as verdes ondas hastra â enxiva
dín as lëndas do povo que os defuntos
saien d-élas, tanguendo, campáñas...
¡e que os vên os que están rentes da morte
ou quen teña con eles unha obriga!...

No poema **O Faro [41]**, en forma de apóstrofe, realiza unha apelación á figura dun faro como garante e salvador de naufraxios, mesmo recoñecendo a súa impotencia nalgúñas ocasións: “*¡mais na i-alma sentistes / non podel-os salvar da negra morte!...*”.

A propia experiencia persoal en relación coa morte no mar marca os versos de **Presentimento [45]**, que conta a historia dun rapaz, trasunto do poeta, que “*¡Tiña soio cinco anos!*” e que vai xogar a unhas rochas: “*mais eu, cô mar, correndo pol-a praia, / non sabía que a morte ía ao meu lado!...*”, e que está a piques de morrer afogado, por desobedecer os consellos da nai, aínda que afortunadamente o golpe de mar vaino lanzar contra unhas pedras.

E as historias de naufraxios e traxedias do mar, tan presentes na Costa da Morte, inspiran moitos outros versos: **Mar roleiro [47]** narra o afogamento de Chuco de Carracedo, un mariñeiro de Laxe, morte que até é agoirada polas gaivotas: “*ollando unha bandada de gaivotas, / que, pousas n-uns rochedos, / parecía que â morte ventearan, / ceibando fortes berros...*”. **Mariña de inverno [60]** relata un día de “*forte maresía*”, coas embarcacións varadas nas praias, no que unha embarcación foxe da “*travesía*”, vento que sopra do poñente e nalgúns lugares tamén o vento do norte, e como desde a costa se organiza unha manobra de salvamento: “*e, abordo de unha buceta, / seis pescos van arriscarse / pol-os do barco estranxeiro / que ollan a morte dediante...*”, que non debeu realizarse con éxito, pois o texto remata: *¡A maresía, namentres, / canta o «Requiescant in pace»!*... **Boguina [62]** que relata como nun día de “*forte noroés*” o suxeito poético colleu unha “*boguina*” (no estándar *buguina*) e a través dela escoitou bruar, como nunca, a “*maresía*”. E esa mesma noite, os xornais vespertinos bonaerenses, traían a seguinte nova tráxica: «*A Cruña... (data e vila...): / ...Morreron afogados seis peixeiros / ao entrar, de arribada, n-esta ría*»... Incluso no soneto **A Vila de Laxe [68]**, no que describe a súa vila natal, remata sinalando a dor que no inverno trae o mar, pois nesa estación adoito “*¡a branca vila enlóitase pol-ôs mortos laxeiráns!*...”. Aínda que os texto máis representativo son, sen dúbida, **Responso galego ô “Serpent” [93]** que narra o episodio real dun barco-escola inglés que naufragou fronte á praia de Trece (Camariñas). Na primeira parte lembra o naufraxio e o feito de que unha escuadra de guerra inglesa saudaba con vinte e un canonazos para lembrar as súas mortes sempre no día de

Defuntos: “*Dende que foi a pique, con nuite borra xenta, / no BOI de CAMARIÑAS, o Barco-Escola inglés, / no Día de Difuntos, a escuadra medoñenta / de guerra, saüdaba os mortos que alí tén...*”; na segunda crítica o feito de que xa non aparece nunca unha escuadra inglesa para realizar esa lembranza, e remata sinalando que foron acollidos polos galegos e “*Na Costa Brava dormen os fillos d-Inglaterra*”, e tamén que “*Tan sô, de nuite, sintense —dende o Vilán de Fóra / deica â “Area 13”—, o canto de Requien, / e o triste De Profundis do Ártabro mar que chora / diante do cimiterio dos mortos do “Serpent”!...*”. E tamén **O afogado do “City Agra” [116]**, que narra outra historia dun naufraxio nun temporal dun barco trasatlántico inglés que embarrancou nos baixos de Camelle, cando o pai do autor era carabineiro. O poeta debeu acompañar a seu pai na procura do cadáver dun afogado deste barco que deixaran “*uns pescos de Fisterra*” ao morrerlles a bordo por hipotermia despois de o rescatar do mar. Malia que “*Todo o povo pasóu a ollal-o morto... / houbo choros... salaios...*”, quedou esquecido en Laxe, como sinala o poema na derradeira estrofa: “*Do Consulado inglés xamáis se soubo / que algún viñese a ollal-o... / ¡Probiños, os coitados mariñeiros!... / ¡¡¡—Probes, os afogados!!!...*”.

Tamén na emigración [Cfr. *supra*] a morte adquire unha consideración máis alta, polo que significa o feito de morrer lonxe do chan nativo. Velaí versos coma estes do soneto **Lar [6]**: “*«LAR, ¡morno lar!», —tamén dî o labrego; / e os que antre as ondas, ou por mil camiños, / frente da morte, ou sin têt achego*”; ou en **Nai dorida [75]**, onde se evoca a dor das nais que non deben esquecer os que emprenden o camiño de deixar a Terra: “*E s’algún queda pra sempr’ausente, / —por que d’a Morte cumprío a Lei,— / sobr’este facho, mentras alente, / total’as tardes lle resarei!...*”; ou, desde outra perspectiva, nun dos cantares que se recollen en **Herbal Florido. Cantares galegos [99]**: “*Meu amor, non te desleires; / non emigres, bô laxés, / non sexa que morras lonxe / câl Gundar de Balarés*”.

Outra visión da morte, moito máis imbricada nos costumes e nas tradicións ancestrais do pobo galego, é aquela onde se establece unha relación de comunicación entre o mundo dos vivos e os ‘espiritos vagamundos’, tal e como acontece nos seguintes versos de

Vagarosos ollos [3]:

pra achegárense aos mundos onde moran
as ánimas dos mortos máis eiscelsas,
e as de aqueles, tamén, que nós queremos:
De cantos dóulle alento Nosa Terra,
15 e que, agora, xa viven outras vidas
pol-as gandraas do Alem, ou nas devesas,
onde xúntanse os bardos e os druídas
darredore dos dolmens da Sabencia,
presidindo os porvires da Gran Raza
20 que ha salvarnos a todos: ¡A dos Celtas!...

E tamén a morte dos elementos da natureza pode interpretarse como a propia destrución do ser humano, así na composición **O pinal inmorrante [25]** a desaparición dun piñeirral do *locus amoenus* da infancia do poeta serve para sinalar, na poética resistencia e sacrificio das árbores, un modelo a imitar para o noso pobo: “*Pasan ventos e brisas, silandeiros, calados, / dando bicos e apretas sobre os pinos tronzados / como corpos barudos de xigantes dos ceos / que afrontaron a morte, arrogantes, sereos... / je vertendo seu sangue de arumosa resina, / forte exempro de heróis aos galegos ensina!...*”.

Porén, a morte tamén pode aparecer ocasionalmente como unha parte máis do *locus amoenus*, como se pode observar nestes versos do poema que conta unha historia de amor **Seirán namorada [7]**: “*Unha fonda soidade cobre â i-alma / de sereidá..., de pas, de amor infindo... / de infundirse na calma... / jâ morte bendecindo!...*”. Na trágica historia que se conta na composición de amor máis significativa do libro, o longo e coral poema narrativo

A Crus da Rosa [30], que leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel**, a morte aparece reflectida en varias ocasións. De primeiras, cando Rosa, a moza protagonista, perante a ausencia do seu Gundar, que tivo que emigrar a América, implora a súa axuda á Virxe do Socorro: “—*¡Daime amparo, Virxiña!; / ¡daime amparo!... ¡que morro!... / ¡Que teña meu Gundar risoña sorte, / anque a min me acompañe soio a morte!... Porén, son tempos de crise económica e o mozo fracasa na emigración, polo que algúns compañeiros lle sufragan a pasaxe e realizan outro prego: “E, como unha pregaría contra a morte / de aquél que os tres querían como irmán, / eisimade arelaron boa sorte: ¡de que o leve a Galiza o trasatrán!... / —Deus o queira que a Laxe chegue vivo / e a saúde na terra lle mellore, / que pra a sorte que eiquí, ¡meu probe!, tivo, / aínda fora mellor, mellor lle fore”*. A composición, pouco a pouco, vai adquirindo un ton aínda máis trágico, pois ao tempo que Gundar embarca enfermo e morre durante a travesía, “*¡mentras Rosa morréu no chan nativo!*”. E aquí temos, novamente, o elemento sobrenatural, pois “*aparescéuse Rosa, baixo o hábito da morte, / a un vello pescos que ía a costa a cachear...*”, solicitándolle que se lembre sempre que morreu, ou que se matou como suxire o poema, por unha pena de amor. O texto vai rematar cunha lección moral: “*Quezáis as mozas lembran aos noivos que imigraron, / e seu amor comparan cô amor de tâl muller, / pois coidan que finándose os que as apalabraron, / tamén, elas, en pena, se cheguen a morrer...*”.

En ocasións a morte é simbólica, quer un desexo funesto para os inimigos da Terra, quer un desexo paixonal de servizo a esa mesma Patria. Entre os versos que testemuñan a primeira temos outro poema relacionado co mar, **A pauliña dos pescos [86]**, que sinala os culpables da emigración de moitos mozos de Laxe e das “*mil traxedias mariñantes*” aos que desgobernan ou mal gobernan a nosa terra, nesta estrofa reiterada dúas veces: “—*¡Inda morran afogados / os que chuchan nosa sangue, / e non fan tan siquer unha dársena / que das fortes mareiras nos salve!...*”. E a servidume no poema de forte contido nacionalista

¡Grórea a Galicia Ceibe!... [87]: “*E se ô lutar caemos / baixo o Poder aleive, / —¡Grórea a Galicia ceibe!— / preguemos ô morrer!...*” ou neste versos de **Loubanza hirmandiña [88]**, no que evoca novamente a entrega a Galiza: “*lle digás que, por éla, / nosa arela, / é morrer!*”.

Alén diso, paradoxalmente a morte tamén está presente como *desideratum* da vida, como acontece no poema **Lembranza e loubor da Cruña [36]**, de contido claramente autobiográfico, pois coñeceu a cidade antes de embarcar cara a Bos Aires e sempre soñou con retornar ela, desexo fanado porque nunca puido voltar: “*pra enxamáis —jouh, cibdade co-a que soño e soñéi!—, / e que agora, xa vello, hastra a morte amaréi!...*”. Ou en **Herbal Florido. Cantares galegos [100]**, onde o terceiro sinala: “*Pol-o mar da nosa vida / —haxa calma ou treboada— / dende a nacenza hastr-â morte, / todos vamos de arribada*”.

E non se pode esquecer a súa presenza cando non se trata dunha morte física, mais si dunha perda importante, como a preocupación polo perigo de desaparición e o escuro futuro da nosa lingua, perante a esmagante presión castelanizadora, que tamén ocupa unha das estrofas no poema intitulado **¡Grórea a Galicia Ceibe!... [87]⁵⁵⁵** de 1930: “*Salvemos Nosa Fala, / suidosa, tenra e forte, / que quere darlle morte / o vil Poder Central*”.

Ou tamén como símbolo do permanente nestes versos do poema **Nova fulxente estrela [107]**: “*¡a libertá que non morre / na entrana do noso chan, / a que cantaron os bardos / sin lle ter medo ô tirán!*”.

Restan por mencionar outros usos figurados que analizamos polo miúdo noutro lugar [*Cfr. infra* I.3.3.5. Recursos estilísticos] e que producen versos coma estes: *que as mortaes miniñas con que ollamos [3, 3]; ¡Quén poidera voltar a escoitar-vos, / côs mortales ouvidos, as cántigas! [10, 9-10]; ¡Quén poidera tornar a escoitar-vos, / côs mortales*

⁵⁵⁵ Apareceu publicado na penúltima páxina do folleto *Eduardo Pondal: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega*, no que se reproduce a conferencia pronunciada por Antón Zapata García o día 5 de xuño de 1930. Con certeza editouse este mesmo ano, malia que o devandito folleto non leva data de impresión.

ouvidos, as cántigas! [10, 19-20]; *¡Quén puidera volver a escoitar-vos, / cós mortales ouvidos, as cántigas!* [10, 29-30].

E, para rematar, este apartado aínda hai que salientar ao camposanto como un dos motivos simbólicos asociados á morte máis recorrentes. Así, aparece representado en contextos mariños: *N-os fondos cimiterios onde pousan / os barcos e os mariños* [41, 37-38]; *e pra sempre, ¡pra sempre!, xa acougaron / no cimiterio de olgas* [45, 7-8]; ou da terra, aínda que relacionado co mar: *diante do cimiterio dos mortos do “SERPENT”!... [93, 56];* ou sen esa relación: *mais, como Xesucristo, / no triste camposanto... / ¡¡terá Rexurdimento!!... / ¡¡Santo!!... ¡¡Santo!!... ¡¡¡Santo!!!... [95, 87-90].*

I) A paisaxe

A nosa paisaxe tamén é cantada nos poemas. Dentro desta temática temos os textos relacionados co mar ou coa súa biografía e que xa foron salientados anteriormente [Cfr. *supra*], mais tamén cómpre salientar outras descrições paisaxísticas que se humanizan como sucede no soneto **Regueira sinxela** [21], pois: *Doméanse os trigales, pra miral-a; / e un piñeiro, miazoso, eisí lle fala: / —Non vaias tan apresa: ¡vên falar!—*. Ou na composición **O Pinal Inmorrente** [25], que narra a corta dos “*pinos do pinal máis antergo*”.

L) A metapoesía

Unicamente o texto intitulado **Duras verbas** [117]⁵⁵⁶ vai converterse, dalgunha maneira, en *metapoético* ou nunha precisa *Autopoética*. Nos seus versos atopamos unha

⁵⁵⁶ Poema enviado por Antón Zapata García para unha inédita *Escolma da Lírica Galega*, que preparaba Filgueira Valverde en 1931. Ana Acuña Trabazo e Xesús Alonso Montero, que preparan unha edición desta colectánea, proporcionáronme a noticia deste texto poético. Aparece, sen citar publicación, nun recorte corrixido e asinado que trae unha caricatura do Autor, acompañado dunha ilustración/foto co seguinte pé:

reflexión sobre a súa voz xa desde os primeiros versos: “*Non eistrañés que algún día / enmudeza, irmáns galaicos, / c-ô corazón tremeroso / e os ollos vertendo pranto*”, para deseguida salientar a firmeza que sempre tivo pois “*nin fallóu a rebertía / na miña mente e no brazo: / ¡De pedra da Costa Brava / son as esénceas que canto!...*”. Finalmente involucra a Eduardo Pondal no texto como xustificación do seu estro:

—... “Dura raza”... —, xa vos dixo
meu bô parente Edoardo,
cando, triste, en Ponte-Ceso,
20 vos sinalaba d-escravos...
Eu non quero, irmáns galegos,
levar a verba hastra tanto:
Ainda que o merecérades,
morreríame calándoo...

Finalmente, para pechamos o debuxo das principais liñas temáticas, cumpriría facermos unha destacada mención dos poemas metalingüísticos nos que reflexiona sobre o uso e a utilidade da nosa lingua, mais de todos eles falamos dunha maneira pormenorizada no apartado Ideas sobre a lingua de Antón Zapata García [Cfr. I.3.3.5.1].

I.3.3.2. Intertextualidade

Existen varias referencias literarias e culturais que, malia non teren a visualización inmediata dos lemas ou citacións que preceden a unha composición, non deben pasar desapercibidas. Estes intertextos deveñen en citas máis ou menos literais ou simplemente en alusións moito menos explícitas.

«Una calle típica». Porén, debaixo do título e riscado polo autor indícase «Inédito». Ao remate do poema sinalase: «Antón Zapata García», seguido dunha sinatura manuscrita. Non está datado.

O xogo intertextual máis evidente consiste na reprodución de versos tomados de prestado doutros autores, que se integran no poema construído como se formasen parte do mesmo, pois o poeta manipula o sentido do texto en función das súas necesidades expresivas. A maioría destes xogos intertextuais dialogan coa tradición poética galega.

Amor Couto [1992: 24-25] na análise que intitula “A obra literaria de A. Zapata” xa salientaba: «Hai algúns poemas onde Zapata aparece como un claro epígono de Pondal: “Vagarosos ollos”, “O pinal inmorrente” ou “Os pinales da lembranza”. Neles ve-se moi ben a identificación dos piñeiros co espírito de Galiza —como sucedía no poema “Os pinos” de Pondal, hoxe himno do noso país— e nos dous poemas dedicados ao poeta de Ponteceso: “A morte do cisne” e “O enterro do bardo”».

En efecto, Eduardo Pondal é o autor máis convocado nos versos do noso poeta, así no poema **Duras verbas** [117] dísenos: “—... *“Dura raza”... —, xa vos dixó / meu bô parente Edoardo, / cando, triste, en Ponte-Ceso, / vos sinalaba d-escravos...”,* no que a alusión a Pondal estaría baseada nos seguintes versos de *Queixumes dos pinos*, tanto do **poema 78**, 1-2: “*A lingua tiveran / por lingua d’escravos; / esqueceran os patrios acentos, / suidosos e brandos*”, coma especialmente do **poema 81**, 111-112: “*¡ai de ti, dura raza, de proceder esquivo*”.

Outro diálogo intertextual evidente está na escrita do soneto **O Dolmen de Dombate** [17], pois tamén este lugar é obxecto dun poema por parte de Eduardo Pondal, que xa se intitulaba da mesma maneira. Porén a forma e o contido se afastan completamente e aquí o noso poeta non se limita a imitar os versos do vate pontecesán, senón que se atreve cunha composición inspirada nese texto mais ben diferente.

Outro soneto intitulado **Dos Boos e Xenerosos. Antón Alonso Ríos** [113] remata comparando, no último verso, a súa figura coa dun héroi histórico: “*¡as armas ben branderas coma o espartán Brasidas!...*”. A mención deste xeneral espartano, pouco habitual

na literatura galega, agás en Pondal, bebe directamente do segundo poema de *Queixumes dos pinos*, inicialmente dos versos 9-10: “*e morrer con honor como morrera / Brásidas valeroso*”, mais que se reitera a xeito de estribillo en toda a composición.

Porén, cremos que existe coincidencia mais non intencionalidade manifesta nos versos: *fala de barcos a pique / contra os baixos de Camelle* [72, 19-20] e *Nos baixos de Camelle, o “City Agra”* [116, 5], que lembran o verso inicial do novena poema de *Queixumes dos pinos*: “*De Camelle os baixos son*”.

Tampouco debemos esquecer a utilización dos antropónimos Breogán e, sobre todo, Gundar⁵⁵⁷ e Celt⁵⁵⁸, todos tres de clara xinea pondaliana. O primeiro aparece en varios poemas [*Cfr. supra* Os personaxes: históricos, míticos e lendarios]; o segundo é o nome escollido para o personaxe masculino que coprotagoniza o longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30] e o terceiro aparece neste verso: “*os Elíseos de Celt*” [30, 1374].

E o mesmo sucede cos versos que remiten ao topónimo fucional Brigantia, que Pondal escribía *Brigandsia*⁵⁵⁹: “*das brigantiñas praias*” [4, 127]; “*na bisbarra brigantina*” [28, 4]. Obviamente, os dous poetas tamén coinciden en moitos outros topónimos reais do concello de Laxe, como Mórdomo, San Simón de Nande ou Traba, ou dos outros concellos da comarca de Bergantiños en xeral, como o río Anllóns, Brántuas, Punta da Barra ou as illas Sisargas.

Ademais, estas as alusións ao encabezamento da composición máis coñecida de Pondal, *A campana d’Anllóns*, ou do **poema 79** de *Queixumes dos pinos*, que principia: “*E*

⁵⁵⁷ «Antropónimo baseado seguramente na denominación da aldea e dun monte situados na parroquia de Nande, no concello de Laxe. A existencia do heroe ossiánico *Grudar*, amante de Brassolis, irmá de Cairbar, seguramente axudou ao poeta na elección deste nome». *Cfr.* Ferreiro [1995: 215-216], que explica así a utilización do nome por parte de Pondal en varios poemas de *Queixumes dos pinos*.

⁵⁵⁸ «Nome formado coa raíz de *celta* ou tirado de *Céltigos*, como indica J. L. Varela, topónimo relativamente abundante e nome do arciprestado de Santiago que comprende os territorios pondalianos da Baña, Mazaricos, Negreira, Santa Comba e Zas. Por outro lado, segundo Vicetto, Celt é a muller de Gall e nai de Céltigo, a cabeza visíbel dos céltigos, grupo predominante do pobo brigantino. Para Méndez Ferrín, Celt é a “representación, por antonomasia, da raza celta”». *Cfr.* Ferreiro [1995: 217].

ti, campana d'Anllóns”, nestes versos do noso poeta, por outra parte moi semellantes entre si: “*mentras tangué, doída, «A Campana de Allóns!»...*” [20, 28] ou ““*A campana d-Anllóns*”, *doída, tangué*” [95, 27] e en **Eu dígovos [89]** cita «*Os Bós e Xenerosos*».

E, finalmente, hai moito léxico común entre as dúas escritas poéticas, aves como os cisnes, as píl-laras e os mazaricos, fenómenos atmosféricos como a virazón e o vento soán, e moitas palabras de escaso uso: *féridas, muliebres, túrpida* (en Pondal ‘túrbido’), *bronda, miazoso, oprobio, xogoral* (grafado ‘jogoral’ en Pondal), *estulticia, diuturna, bafúa, molente, xocundo* (grafado ‘jocundo’ en Pondal), *curisco* (corisco en Pondal), *aleive* (aleve en Pondal), *silvasmouras* ou *iñaro* (ignaro en Pondal), ou vulgarismos como *anacre, recruba, reberte e vagamundos*, que revelan máis unha vez a profunda lectura que o noso poeta fixera dos versos do vate da Ponteceso.

De menor entidade, malia a profusión, son as referencias a Rosalía de Castro [Cfr. *supra* Os personaxes: históricos, míticos e lendarios], aínda que podemos considerar intertextualidade o xogo literario cos títulos máis sobranceiros da autora, como no soneto **A Rosalía de Castro [103]**, onde salienta o legado da súa obra poética que a permite seguir viva despois de morta: “*Non poido a negra Morte, coa fouzaña, / segar, câl túa vida, os teus “Cantares” / e as “Orelas do Sar”, xoiel d’Hespaña*”.

No terreo das alusións é de interese sinalar as posibilidades intertextuais que ofrece o outro soneto **Rosalía Castro [19]**, porque pretende realizar unha síntese da biografía da poeta [Cfr. *supra* Os personaxes: históricos, míticos e lendarios], aínda que os trazos que ofrece non conseguen superar a imaxe de Rosalía coma unha muller de moito sufrimento e tormento, que a estigmatiza daquela e, ás veces, aínda hoxe: Velaí, a modo de exemplo, o

⁵⁵⁹ Brigandsia. «Denominación poética da terra de Bergantiños, recollida por Pondal de Murguía, que a atribúe fundamentalmente á cidade da C0ruña», Cfr. Ferreiro [1995: 218].

inicio do texto: “*Tiña unha sorriso triste, triste de toda tristeza / e un ollar adolorido, profundo, limpo e sinxelo*”.

Tamén no poema narrativo intitulado **A Crus da Rosa [30]**, no capítulo IV ao citar unha serie de personaxes relacionados con Laxe, sinala: “*Os bôs García e Losada, / Mesías, Abente, os Castro*⁵⁶⁰ /—*dos que descéu Nosa Santa / Rosalía, a dos «Cantares / Galegos», a Pomba Branca—*”. E neste mesmo poema os versos: “*que xa dixo Rosalía / non habel-as máis galanas / nin mellores bailadoras / de moiñeira e riveirana...*”, son unha glosa dun fragmento do longo sexto poema dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro: “*Son as de Laxe unhas mozas... / ¡Vaia unhas mozas aquelas! / Sólo con velas de lonxe / quítaselles a monteira / porque son vivas de xenio, / anque son rapazas netas. / Bailadoras... n’hai ningunhas / que con elas se entrometan / pois por bailar bailarían / no cribo dunha peneira...*”.

No poema **O cantar de Mari-Pepa [9]** tamén está a pegada dos *Cantares Gallegos* de Rosalía, tanto na inspiración popular coma na métrica e na rima. E se o terceto de orixe popular “*Campanas de Bastabales / cando voi oito tocar / mórrome de soidades*” inspirou unha coñecida composición da poeta e a mesma cantiga, así como o propio texto de Rosalía, tamén están na cerna da composición máis coñecida de Pondal, *A campana d’Anllóns*. No poema de Zapata intitulado **A campana da Soidade [5]**, volven a imbricarse os conceptos de ‘campá’ / ‘soidades’, malia asociarse desta volta a outra campá de sona, a Berenguela. Ademais sinala que chora como: “*chora Xelmírez o Santo, / chora a saudal Rosalía, / choran Pondal e Murguía... / ¡E chora Curros Enríquez!...*”.

⁵⁶⁰ NOTA DO AUTOR: «Véxase a páxina nº13 do libro «Los Precursores», por Manuel Martínez Murguía, colección «Hórreo»: Rosalía Castro.

NOTA DO AITOR DO POEMA [*sic*]: O escudo que figura no Pazo dos Castro de Laxe, é semellante ao que ostenta a capela do Pazo de Arretén, no que vivéu muito tempo Rosalía, porque era de propiedade dos seus familiares. No de Laxe moróu, no século XII, Doña Xoana de Castro, nai de Doña Urraca de Moscoso, e aboa do emperador hespañol Alfonso VII».

De por parte, Curros Enríquez tamén está ben presente nos poemas. De feito, malia as diferenzas no contido (época, ausencia / presenza do mar, ...), semella obvio que a composición ‘A Virxe do Cristal’, do libro *Aires da miña Terra* do poeta celanovés, inspirou o longo e coral poema narrativo **A Crus da Rosa** [30]. Así, este leva o significativo subtítulo de **Lênda do amor fidel** e aquel ‘Lenda’ ou ‘Hestoria Lexendaria’⁵⁶¹; as dúas composicións son extensas (1192 versos en Curros, 1456 en Zapata); as dúas son de carácter descritivo-narrativo; as dúas contan a trágica historia de dous namorados e mesmo coinciden no nome da protagonista feminina: Rosa; as dúas revelan unha intermediación da Virxe; as dúas describen polo miúdo os lugares nativos dos poetas (Celanova e Laxe) e as súas comarcas respectivas; as dúas son composicións polimétricas, divididas en varios capítulos (XI en Curros e XXI en Zapata) e, finalmente, nas dúas hai moitos personaxes e inclúen diálogos en verso.

Menores son as concomitancias entre **A gaita** [4] e o poema de Curros Enríquez ‘O gaiteiro’, do libro *Aires da miña Terra*, á súa vez inspirado no repuludo gaiteiro dos *Cantares Gallegos* de Rosalía, porque o noso poeta opta por lle dar voz e protagonismo ao instrumento.

Outro paralelismo tamén se pode establecer entre os versos que citan o Medulio⁵⁶²: “*e pr-aqueles guerreiros do Medulio / —indómetos e bravos— / que cando se batían / cós centurións de Xulio...*”⁵⁶³ / *¡morrerse prefirían, / denantes que ficaren sendo escravos...*” [32, 73-78], que poetizan a mesma idea xa recollida nestes versos de Curros Enríquez incluídos

⁵⁶¹ Cfr. López Varela [1998: 331-423].

⁵⁶² **Nota da edición:** Medulio. «A fazaña do monte *Medulio* é unha das xestas máis heroicas da historia de Galiza en defensa da súa independencia e a súa liberdade; na súa loita contra os romanos sucumbe un pobo enteiro, que preferiu a morte á escravitude. Esta resistencia fronte ás lexións romanas do emperador Octavio Augusto, ocorrida no ano 26 a. de C., levounos a se mataren uns a outros antes de se converteren en escravos dos romanos. Descoñécese aínda hoxe a ubicación xeográfica exacta deste monte; algúns historiadores sitúano cerca do río Miño, na parte suroriental de Galiza, no monte que hoxe se chama As Médulas, que fora derruído polos romanos», Cfr. López Varela [1998: 822], pois é citado no libro *O divino sainete* de Curros Enríquez.

⁵⁶³ NOTA DO AUTOR: «Xulio César, emperador román».

no libro *O Divino Sainete*: “*Alá do monte Medulio / nas ladeiras, inda os ósos / relocen ó sol de Xulio / de teus avós, que, brandindo / contra o Imperio a fouce céltica, / un a un foron caíndo*”.

Reveladora tamén é a coincidencia nos dous poetas na visión negativa de Loyola e de Arbués. Curros Enríquez no poema ‘No convento’, do libro *Aires da miña Terra* do, sinala: “*De asesinos, ladrós e cabecillas / cheas están as máxicas capillas / das vosas catedrales. / ¿Por que lle hades quitar a un home honrado / a honra de estar ó lado / de Loyola, de Arbués e doutros tales?...*”, mentres que Zapata (obviamente noutra época) nos seus textos antifranquistas fala de: “—*Non tén, no Verbo, nome tal escándalo / dos feixistas, loyolas e muslimes*”⁵⁶⁴ [97, 45-46] e “*enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi,*⁵⁶⁵ / *os que a Xesús cuspiron, os milites traicioeiros...*” [108, 28-29].

E, finalmente, as alusións citadas no poema en castelán, **Manuel Curros Enríquez** [c30], composta de catro sonetos nos que hai referencias á emigración a Cuba do celanovés, á súa coroación como poeta ou a súa morte, ademais de moitas citas de títulos dos seus poemas máis coñecidos. Pola contra na súa obra en galego, o soneto **Curros Enríquez** [110] ofrece menor información biográfica do poeta, compara o seu verbo co do profeta Isaías e sinala as características do seu estro, ademais de salientar as causas do seu exilio: “*Andacios de inxusticia, trebóns de crúa guerra / ao profético bardo desbotaron da Terra: / ¿seu doce ollar o Atlante vío en pranto desfeito!...*”.

Amor Couto [1992: 24-25] no citado artigo “A obra literaria de A. Zapata” tamén salienta: «A influéncia modernista de Cabanillas tamén é evidente: algúns metros

⁵⁶⁴ **Nota da edición:** San Ignacio de Loyola (Loyola, Azpeitia, 1491 – Roma, 1556) foi o fundador da Compañía de Xesús en 1540. Porén, aquí o poeta non se refire tan só aos xesuítas, senón que a palabra é metonimia da igrexa que apoiou o levantamento franquista. A figura do santo foi obxecto de diatriba no poema ‘Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola’ de Curros Enríquez, *Cfr.* López Varela [1998: 569-571] e ‘No convento’, *cfr.* López Varela [1998: 603-615].

empregados por este (por exemplo, os versos alexandrinos —de 14 sílabas— con rima en pareado, como se pode ver en “Marisma” ou en “Redes no mar”), o vocabulário moderadamente culto, e mesmo algúns tópicos que inclúen o título da obra (comparemo-lo, por exemplo, con títulos como “A rosa de cen follas” (1927) de Cabanillas ou “Da vella roseira” (1925) de Victoriano Taibo)». Non vai desencamiñada esta apreciación, porque resulta obvio que o título *A Roseira da Soidade* provén do poema de Ramón Cabanillas co mesmo encabezamento⁵⁶⁶ e tamén son obvias certas querencias métricas, aínda que eran

⁵⁶⁵ **Nota da edición:** Arbués. «O relixioso agostiño Pedro de Arbués, canonizado no século pasado, foi inquisidor de Aragón entre 1484-1485 e acabou asasinado en Zaragoza», *Cfr.* López Varela [1998: 606], personaxe citado no poema ‘No convento’ de Curros Enríquez.

⁵⁶⁶ *Cfr.* Cabanillas, Ramón. *Da Terra asoballada*. Edición de 1926.

A ROSEIRA DA SAUDADE

I

Envolveita na roiba craridade
desta soave mañán de primaveira,
pasou, toda beleza e sereidade,
sin reparar en min, á miña beira.

Segredo amor da leda mocidade,
dos meus ensonos ilusión primeira,
no súpeto reencontro, a Saudade
sobre as cinzas ergueu nova fogueira.

Quixen achegarme a Ela e xoellado
rezarlle, ó fin, o antigo amor gardado:
«¡Óllame! ¡Eu son aquel que cavilache!

¡O que unha noite de San Xoán lonxana
che pendurou, na rexa da ventana,
aquela rosa que ó espertar bicache!

II

Mais, foi solo un instante. Tiven medo
de atoparme ñorado ou esquecido
e, suspenso e tremente, fiquei quedo
na estrada en sombra do xardín frorido.

Dende os beizos rolou o meu segredo,
a se afundir no corazón ferido,
namentras se alonxaba, antre o arboredo,
o ensono amado, o dóce ben querido.

Pondo a ilusión de acordo co Pasado,
xa tranquíu, recei máis namorado:
«¡Que sosteña a Lembranza saudosa,

no recuncho bendito do seu peito,
os castelos de luz que teña ergueito

propias da tendencia modernista da época. Pena (Cfr. Cabanillas [1994: 49]) sinala ao respecto: «Desde logo, ao longo de toda a súa produción, Ramón Cabanillas, demostrou ser sempre un excelente coñecedor e cultivador das diferentes posibilidades rítmicas. Dotado dunha magnífica sensibilidade musical, o poeta fai gala dela a través da pluralidade de formas utilizadas na hora de redactar as súas diferentes entregas. Con todo, nos primeiros momentos denota o cambadés unha decidida preferencia polo que Pedro Salinas denominou como “romancismo”, é dicir, o emprego habitual do romance como unha das formulacións estróficas máis habituais». E nisto coincide con Antón Zapata García, como tamén no uso de romancillos hexasílabos, que refliten unha procura de filiación popular, nos sonetos⁵⁶⁷ (de rima clásica ou da fórmula ABAB CDCD) en “Da roseira...” ou nas silvas, combinacións mixtas de hendecasílabos e heptasílabos, ademais de non se mostraren entusiastas seguidores do versolibrismo, inexistente no noso poeta. E tamén hai coincidencia con Cabanillas e con outros autores da época á hora de glosaren as xestas do Mariscal Pardo de Ceta ou o exemplo da emanvipación de Irlanda.

E outro poeta menor do Rexurdimento está na cerna do poema **Nai dorida [75]**, cuxo encabezamento imita a composición ‘Nai chorosa’ de Alberto Camino⁵⁶⁸.

Ademais, nos versos: *¡morrerse preferían, / denantes que ficaren sendo escravos...*⁵⁶⁹, do poema **Túas mans [75]**, hai unha paráfrase de Castelao, como tamén hai outra evidente

sobre as follas sin cor de aquela rosa!».

(Xosé Ramón Pena data o poema neste mesmo ano de 1926 e sinala. «O sentimento da Terra e da Saudade: a paisaxe como mellor intérprete da singularidade galega, o home fundido con ela, a saudade como elemento diferenciador que emana do noso ser e estar distintos no mundo... teñen un lugar de privilexio no pensamento galeguista e, por suposto, nos versos de Cabanillas, a través de poemas como “¡Alén!” ou “Diante dunha cunca de viño Espadeiro”. Non obstante, a saudade tamén pode xurdir como algo máis íntimo e persoal, tal é o caso da composición titulada, xustamente, “Da roseira da saudade”». Cfr. Cabanillas «[1994: 43]).

⁵⁶⁷ Cabanillas no libro *Da terra asoballada* inclúe a serie de sonetos “Santos da Nosa Terra”: “A Rosalía de Castro”, “¡Curros!” [este non é soneto], “¡Pondal!”, “A Brañas” e “A Don Manoel Murguía”, mentres que o noso poeta entre os seus moitos sonetos tamén canta a Rosalía, a Pondal e a Curros.

⁵⁶⁸ Alberto Camino Siguert (Ferrol, 1820 – Madrid, 1861), un dos precursores do Rexurdimento. De maneira póstuma, en 1896, Martínez Salazar editou as súas *Poesías gallegas*, nas que salientan títulos como ‘O desconsolo’, longo poema no que o namorado chora a perda da súa amada Sabeliña.

⁵⁶⁹ En *Galicia* aparece *sendo* no canto de **sêndo**.

paráfrase da coñecida sentenza de Castelao: “Non enterran cadavres, enterran semente”, publicada ao pé dun dos debuxos máis coñecidos do seu álbum *Galiza Mártir* (1937)⁵⁷⁰ nos versos: “*Da semente de mortos froitifican / —nos espritos, nas almas, na conciencia— / os xermolos do ben...*”, do poema **Lobicáns galegos** [96].

E anotamos dúas citas que non localizamos en ningún autor da nosa literatura, mais que deben pertencer a algunha das súas lecturas en lingua galega: “*pois, cal dixo o poeta: “Se da aboa / o tesouro da lingua non herdaras”*”, no poema **¿Quén fúí?...** [82]⁵⁷¹. A enorme base de datos do TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) tan só testemuña a expresión ‘tesouro da lingua’ en textos de Xohán Vicente Viqueira.

Menos transparente aínda é a outra, no verso de **Lobicáns galegos** [96]: “*“os mancos do pensar”, que dixo o bardo*”, ¿Pondal? ¿Curros?, consultada a obra completa destes dous autores non se puido rexistrar a devandita expresión.

Así a todo, malia non existiren calcos nos seus versos, vai ser a poética de Amado Carballo da que se vai sentir máis próximo como, de feito, confesa na «Poética» que acompaña na súa primeira carta a Xosé Filgueira Valverde (8 de febreiro de 1936) [Cfr. I.3.5. (Auto)Poética e III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García], quen na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil. Nela sinala abertamente:

Os roteiros da chamada «Nova poesía» non deberan ire, ô meu ollar, máis lonxe do que xa foron, pra ben da futura colleita, valla a comparanza: Dos camiños xogorales do sinxel Amado

Nota da edición: A historiografía sobre o monte Medulio tamén está na cerna do lema “Denantes mortos que escravos” que aquí parafrasea Zapata e que figuraba na proposta do escudo de Galiza feita por Castelao en 1937. Hoxe a devandita iconografía é utilizada por organizacións independentistas.

⁵⁷⁰ A primeira edición de *Galiza Mártir* publicouna o Ministerio de Propaganda da República nun selo denominado Ediciones Españolas, Madrid - Valencia, 1937. A seguinte edición, primeira na emigración e no exilio, saíu pouco meses despois na Editorial Neos, Buenos Aires, 1938. Desta volta engade o subtítulo *Episodios del terror blanco en las provincias gallegas*. As palabras de Castelao “Non enterran cadavres, enterran semente” tamén inspiraron os versos de Emilio Pita: “*Abalan as mans de lume / enterran semente*”, do libro *Jacobusland* (1942).

Carballo, porque, persistíndose nos módulos da eisaxeración eispresiva nos versos —se versos pode chamárselles a ringlas de prosa que semellan tubos d-órgao, sin rimo nin rima— brancos, serían millores—, chegaráse ô momento no que os «neo-versos» —algún nome hai que darlles— soio os entenderá quen os zurció... e, âs veces, nin siquera éso: han sere, no recordo, coma persoas que un crê que tratóu, máis non sabe ónde: ¡tépeda escuridade!...

Na mesma carta engade outro apartado intitulado «Formación» subliña moitas das súas lecturas poéticas:

Lêr muito, sin anudamento nas leituras —novelas, poemas, socioloxía—, anque preferindo, sóbor todo, ôs poetas galegos: Curros, Pondal e Rosalía —ôs que co[n]siño agora no xeito que os fun coñecendo—, preferindo a Pondal pol-a ánima vouga e bretemosa, e, tamén, pol-a cerna galega que contén o seu libro inmortal: «Queixumes dos Pinos».

No senso universal, ademiro ô Dante, na Diviña Comedia, e, ademáis, porque, idiomáticamente, foi, c-ô toscán, na Italia, o que o idioma galego será, sóbor dos idiomas ibéricos, comenzando a xeira con Edoardo Pondal.

Guerra Xunqueiro, Heine e Baudelaire, teñen, no meu esprito, un dileito lugar, como poetas; e, Gracián, Aristóteles, Schopenhauer e Nietzsche, coma filósofos, por non mentar máis.-

Un dos autores citados, Guerra Junqueiro, é mencionado no poema en castelán **Maldición a Inglaterra (Por su crimen de “No Ingerencia” en España) [c25]**, cando escribe: “*Se han de cumplir los claros vaticinios / del gran Guerra Junqueiro, del vidente, e máis adiante nos versos: “¡muere, maldito, / lo mismo que la Imperia y que Don Juan!”*” introduce a seguinte Nota Do Autor: «De hambre, por parásitos (Guerra Junqueiro)». Nas Obras Completas de Guerra Junqueiro non localizamos este verso, porén existe un poema intitulado “Parásitos” no Archivo General de la Guerra Civil Española. Signatura: A-02907. N° de registro: 04028.

⁵⁷¹ Cfr. *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial*, Bos Aires, n° 19, outubro de 1926, *Correo de Galicia*, Bos Aires, n° 1086, 14 de novembro de 1926 e *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, n° 22, maio de 1927.

Malia as lecturas confesadas e alén dos mitos e lendas xa subliñados, da Literatura Universal cómpre mencionar a figura de Prometeo no verso: “*un novo Prometeo cuio sufrir se agranda*”⁵⁷² [108, 37], personaxe mitolóxico recreado por moitísimos poetas, entre eles autores contemporáneos como Rubén Darío ou Unamuno, e de obra poética posterior como León Felipe, José Hierro ou Vicente Aleixandre, que aparece tamén en autores galegos como Curros Enríquez ou anos despois nos poemas ‘A sombra’ (que principia: *Sombra de Prometeo encadeada...*) e ‘Prometeo encadeado’, ambos de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro que evocan no primeiro verso e no epígrafe a traxedia do mesmo título do grego Esquilo.

Por outra parte, Otero Pedrayo, no “Prólogo” do libro *A Roseira da Soidade*, ao debuzarse na análise da lírica zapatiana salienta as pegadas do bretón Tristan Corbière⁵⁷³: «Tén o vento do lonxe nos cordaxes do seu espírito o acento ás veces esfiado do Tristán Corbière, o grande e malencónico poeta bretón, mais sen o humorismo do bretón». Porén, a única coincidencia coa poesía de Corbière⁵⁷⁴ está na temática mariñeira pois o bretón agrupa baixo o título “Gens de mer”, un total de dezaioito composicións. A edición de Gallimard, pois a española de Carlos Pujol para de Pre-Textos non recolle todos os textos,

⁵⁷² **Nota da edición:** Prometeo. As raíces do mito aparecen en Hesíodo e en Esquilo. Prometeo era irmán de Atlas e descendía dos Titáns. Cando estes loitaron contra os deuses do Olimpo permaneceu neutral nun principio e logo axudou a Zeus, sendo aceptado e convidado a participar nas deliberacións dos deuses. Este privilexio utilizouno a prol dos homes, revelándolles o segredo do lume. O roubo provocou a cólera dos deuses e Zeus mandouno encadear espido a un rochedo do Cáucaso, co castigo de que unha aguia lle devorase o figado durante o día mentres que pola noite lle medraría de novo, e sempre así ata que un inmortal ocupase o seu lugar nos infernos. Tempo despois Zeus cede á compaixón e permite que Hércules mate a aguia cunha frecha do seu arco.

⁵⁷³ Tristan Corbière (Ploujean, Bretaña, 1845 – Moraliñ, 1875). Poeta simbolista que morre antes dos 30 anos por mor do reumatismo e a tuberculoso e que cos coñecidos Rimbaud e Mallarmé completa o grupo dos denominados «Poetas malditos». Era fillo dun capitán de barco e escritor de novelas sobre o mar. Tristan é pseudónimo, pois o seu nome era Édouard-Joachim. En 1873 publicou, en edición de autor que pasou case inadvertida, o seu único libro *Les amours jaunes* (*Los amores amarillos*), que non se reeditou, póstumo, até 1891. “Juan Ramón Jiménez decía a Ricardo Gullón: «Corbière es un poeta plenamente actual, y no creo que haya nada más moderno que sus poemas del mar en *Les amours jaunes*», cfr. Pujol, Carlos. “Tristan Corbière, el humor amargo” en Corbière (2005: 9-18).

⁵⁷⁴ Cfr. Corbière, Tristan (1973). *Les Amours jaunes suivi de Poèmes retrouvés et de Oeuvres en prose*. Préface d’Henri Thomas. Édition établie par Jean-Louis Lalanne. Paris: Gallimard. Edición conmemorativa do centenario da obra. Cfr. Corbière, Tristan (2005). *Los amores amarillos (Les amours jaunes)*. Edición e tradución de Carlos Pujol. Valencia: Pre-Textos.

permite comprobar que entre as dúas poéticas non se establece ningún diálogo intertextual. Os poemas mariñeiros do bretón debuxan nomeadamente mares exóticos e inzados de corsarios. No poema “Le naufrageur” (que Pujol traduce atinadamente por “El raquero”) canta aos “raqueiros” da costa, mentres que nos moitos poemas de Zapata que fan referencia a naufraxios nunca aparece esa figura e, pola contra, desde a costa sempre se axuda aos náufragos. As escasas similitudes deben apoñerse á casualidade de tratar temáticas semellantes, de feito o verso: «—*Eux: le De Profundis que leur corne le vent*»⁵⁷⁵ do poema “La fin” teñen certa coincidencia cun fragmento do poema **As Furnas de Laxe** que di: «*S-ê que ruxe o Nordés, e ferve escumas / a Cantábreca mar enfurecida, / resoan, nos ouquedos, miles notas, / como un órgano grave que na misa / prañese o MISERERE ou DE PROFUNDIS, / ou trenase o terrible DIES IRAE!...*». Ou tamén “Le Phare” podería emparellarse co poema **O Faro [41]**, ao coincidiren no canto a todas estas construcións creadas polo ser humano para ter maior seguridade nas faenas costeiras, mais diferindo de maneira considerable no contido e na forma das composicións.

Tamén hai que lembrar a alusión a *Rudyard Kipling* [93, 18] (Bombay, 1865 – Londres, 1936. Escritor británico nado na India, premio Nobel de Literatura en 1907. Lembrado por ser autor de contos infantía e polos seus relatos e poemas sobre os soldados británicos na India e a defensa do imperialismo occidental. A súa obra máis coñecida é a colección de relatos *The Jungle Book* (1894), traducida en galego como *O libro da selva*. *¡Os probes afogados non teñen quen lles rece, / pois súas nais morreron!: ¡Nadia lles prega ren!... / Quezáis en ningún libro o laureirado bardo, / —o gran Rudyard Kipling, o anglo-bombayés—, / non se relembre nunca d-éles, no San Medardo, / coma relembra as gorrias do podeirío inglés).*

⁵⁷⁵ «*Que los vientos ya entonan su mejor De Profundis*» na tradución de Carlos Pujol.

Dunha maneira menos directa tamén está presente a literatura española. Carballo Calero⁵⁷⁶, alén de salientar as pegadas de Pondal e do modernismo, así como a compoñente mariñeira no libro, compara o seu estro coa poética dun escritor canario: «As mariñas de Zapata fannos entrever un posibre Tomás Morales⁵⁷⁷ galego, un poeta modernista do mar de Laxe merecente de atención». Porén, na nosa opinión, como acontecía co poeta bretón Tristan Corbière [Cfr. *supra*], Zapata non debía coñecer os versos de Tomás Morales, alomenos de primeira man senón, se acaso, de maneira fragmentaria ou por citas doutros autores, xa que naquela altura a obra do canario non estaba moi divulgada. E as posibles coincidencias formais e temáticas formarían parte do *humus* poético modernista da época (Rubén Darío, Villaespesa e incluso Machado). De feito, alén do longo poema intitulado “Los puertos, los mares y los hombres de mar”, os seus “Poemas del mar”⁵⁷⁸ son todos sonetos que poetizan nomeadamente os ambientes portuarios. Nada diso hai en Zapata [Cfr. *supra* I.3.3.1. Estrutura e liñas temáticas], que sempre fala de actividades marisqueiras e pesqueiras, da bravura do mar da Costa da Morte e dos naufraxios ou dos mares da emigración a América.

Entre as alusións xeográficas, alén das referencias a lugares da costa próximas a Laxe, mencionadas con detalle no apartado Antropónimos, topónimos e xentilicios mariñeiros [Cfr. I.3.3.5.5.6. O léxico mariñeiro], ou afastados, como *Mar do Norte* [44, 59]; *Mar do Sol* [71, 39] ou *Terranova* [41, 6], todos tres nomes de coñecidas zonas onde

⁵⁷⁶ Cfr. Carballo Calero, Ricardo (1981) [3ª ed.]. *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Vigo: Galaxia. 606-608.

⁵⁷⁷ Tomás Morales (Moya, Gran Canaria, 1884 – Las Palmas, 1921). Poeta desaparecido en plena madurez creadora, aos 36 anos. O seu primeiro libro poético é *Poemas de la gloria, del amor y del mar* (1908), con prólogo de Salvador Rueda. En 1922 apareceu, póstuma, la segunda edición de *Las Rosas de Hércules* (1919), con prólogo de Enrique Díez Canedo. Este libro, que o seu autor deu por definitivo, compila case todos os seus poemas. Foi reeditado polo Cabildo Insular de Gran Canaria en 1977, conservando o prólogo de 1922. Os “Poemas del mar” constituén a parte máis coñecida do libro, conformada por un soneto dedicado a Salvador Rueda, un longo poema intitulado “Los puertos, los mares y los hombres de mar”, 16 sonetos numerados e un soneto intitulado “Final”. Fan referencia a diversos portos que coñeceu o escritor: As Palmas, Santa Cruz, Cádiz ou Lisboa, e poetizan o ambiente portuario.

pescan moitos mariñeiros galegos, polas súas conexións coa literatura universal cómpre salientar de novo unha serie de nomes con certo exotismo: *Albión* [93, 22] (Trátase da denominación máis antiga da Gran Bretaña, pois Alouion era o nome que lle deran Plinio o Vello ou Ptolomeo. Adoita usarse para facer referencia a Inglaterra ou ao Reino Unido. Tamén, xa desde o século XVIII, se adoita utilizar a expresión “pérfida Albión” para referirse en termos hostís ao Reino Unido); *Canaáns* [30, 1140] (Canaán, antiga denominación dunha parte de Oriente Próximo, entre a rexión costeira mediterránea e as zonas limítrofes do interior. Posúe, desde o neolítico, unha longa historia de asentamentos, como Xericó, Ugarit, Xerusalén, Tiro, Sidón, Biblos, Damasco ou Gaza. Habitada por diversos pobos, como os cananeos, hicsos, amorreos, fenicios, arameos, hebreos e os seus descendentes, os xudeus. Hoxe a zona divídese entre os estados de Israel, Líbano, Siria e Xordania. *e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos, / buscando noutras terras os Canaáns confusos...*); *Himalaia* [71, 30] (‘Gran sistema montañoso de Asia meridional que separa China e a India’, *que veu dende o Himalaia hastra Fisterra / o Elíseo buscando, en sôn de guerra*); *Eldourado* [30, 1359] ou *Eldourados* [30, 60; 30, 483] (*Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares // ;tesouros de Potosíes / i-Eldourados de Briganza!...*, ‘terra imaxinaria, chea de riquezas, que se supoñía que existía na América do Sur’); *Elíseo* [71, 31] (No estándar *Elisio*, ‘Lugar de paz e tranquilidade que, na mitoloxía clásica, estaba destinado ás persoas virtuosas despois da morte’, *que veu dende o Himalaia hastra Fisterra / o Elíseo buscando, en sôn de guerra*); *Filipinas* [30, 1116] (País asiático, antiga colonia española e destino de moitos emigrantes. *i-en negros trasatranes imigraran / pra Habana e Filipinas...*); *Hamburgo* [53, 14] (Cidade portuaria da Alemaña); *Morvern* [93, 34] (Península na costa oeste da actual Escocia); *Nova Orleáns* [52, 9] (Cidade portuaria dos

⁵⁷⁸ Cfr. Morales, Tomás (1977). “Poemas del mar”. *Las Rosas de Hércules*. Barcelona: Barral Editores. *Insulae Poetarum*. 67-88.

Estados Unidos de América. *D-él contan que, unha ves, n-un «bar», en Nova Orleáns, / tivo tráxica luita con outros capitáns*); *Potosíes* [30, 60; 30, 482] (*Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares // ¡tesouros de Potosíes / ¡Eldourados de Briganza!..., ‘terra imaxinaria, chea de riquezas, que se supoñía que existía na América do Sur’*).

Escasas son as alusións pictóricas. Tan só rexistramos no longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30] unha referencia ao cadro “Las brujas de San Millán” de Ignacio Zuloaga: «*sete bruxas de un cóncrave maldito / máis ollonas que as bruxas de Zuloaga...*⁵⁷⁹».

Finalmente, como en moita da poesía da época, existen xogos intertextuais coa *Biblia*, sobre todo na paráfrase dun episodio narrado no Evanxeo segundo San Mateo, pois no poema intitulado **O chasco e o pimpín** [33] (**Lênda inxénoa**) poetízase a fuxida dos María e Xosé, co seu fillo Xesús, polos montes de Xudea, perseguidos polos soldados de Herodes que dera orde de matar a todos os inocentes. O poema ten moito de lendario porque son os paxaros quen falan para enganaren os soldados na súa persecución e permitiren a chegada a Exipto dos fuxidos. A pasaxe bíblica (Mateo 12, 12-15) sinala que Herodes ordenou o «Masacre dos Inocentes». O monarca fora declarado rei dos xudeus polo Senado romano no ano 40 a. C. e cando soubo do nacemento de Xesús, ao que popularmente se coñecía como o novo «Rei dos Xudeus», por temor a perder o seu trono decretou a morte de todos os nenos varóns de Belén menores de dous anos. Segundo San Mateo, Xosé e María furiron cara a Exipto co neno Xesús para fuxiren da matanza, que se conmemora no calendario o 28 de decembro.

Ou a alusión ao *lago Tiberiades* [66, 8; 115, 10]; *Tiberiades* [102, 9], hoxe con outra acentuación, Lago de Tiberiades ou Mar de Tiberiades. Tamén denominado Lago de

⁵⁷⁹ O pintor Ignacio Zuloaga (Eibar, Gipuzkoa, 1870 — Madrid, 1945) decidiu alugar en 1902 a denominada “Casa del Crimen”, en Segovia, co seu amigo Ramón Uranga para instalar alí o seu obradoiro. A lenda conta que Uranga abriu unha porta que sempre estivera pechada no soto e viu un aquelarre de vellas desdentadas que imploraban a Satanás con cirios na man. Porén, as bruxas esvaecéronse pola cheminea. Zuloaga,

Genesaret ou Mar de Galilea. Este lago ou mar, xa mencionado na Biblia, é importante para os cristiáns por creren que Xesús camiñou sobre estas augas e realizou os seus primeiros milagres: *acariñando ás lanchas que ambróu nas tempestades... / je agora está máis calmo que o lago Tiberiades! // Denantes de marcharse ô Tiberiades / —onde fora peixeiro solamente—*. Tamén noutros contextos en relación coa figura de Xesús e sen relación co mar: *“Seguramente, CRISTO, no lago Tiberiades, / chamáralle discípulo, irmán e nobre artista”*.

I.3.3.3. Métrica e Rima

En un soneto perfecto, lo que uno admira no es tanto la habilidad del autor para adaptarse al patrón como la habilidad y poder con que hace que la forma se acomode a lo que él tiene que decir. Sin esta aptitud, que tanto depende de la época como del genio individual, el resto es a lo sumo virtuosismo: y esto también desaparece donde el único elemento es el elemento musical. Las formas elaboradas retornan: pero tiene que haber períodos en que queden a un lado.

Eliot, T. S. (1992) [1957] “La función social de la poesía”. *Sobre poesía y poetas*. Barcelona: Icaria. Trad. Marcelo Cohen.

Antón Zapata García é un brillante versificador, que amosa un perfecto dominio dos diferentes metros tradicionais. A totalidade das composicións poéticas en galego que recompilamos presenta versos medidos e estruturas rimáticas (asonantes ou consonantes) polo que podemos falar dun poeta formalista e rigoroso.

No tocante ao modelo de estrofa presenta unha enorme variedade. O soneto é o tipo de composición máis utilizada (está presente en 37 textos, case un tercio do total, que totalizan un total de 56 sonetos, pois o poema [38] **Loubanza ao grau de millo** xunta xa

inspirado no relato, pintou en 1907 o cadro ‘Las brujas de San Millán’, caricatura feroz da realidade castelá

unha ducia), a maioría son sonetos hendecasílabos mais tamén hai once en alexandrinos e incluso experimenta nunha ocasión co hexadecasílabo ou octonario (de dezaseis sílabas), que o converten tamén nun poeta de carácter culto. En frecuencia de uso séguenlle as silvas (hai vinte e unha), case todas en heptasílabos e hendecasílabos, mais tamén con outros versos de arte menor e nunha ocasión con alexandrinos. A seguir temos os 17 romances octosilábicos; as 13 series de serventesios (que fan bastantes máis dun cento de estrofas deste tipo); as 8 series de pareados (que totalizan tamén máis dun cento); as 8 series de coplas de pé quebrado (tamén con máis dun cento de estrofas); os 6 romances heroicos; as 5 series de coplas ou cuartetos asonantados (ata facer unhas sesenta); os 4 longos romances polimétricos; as 3 series de redondillas (que totalizan 29 estrofas deste tipo); 8 oitavas (unha delas real); un longo poema arromanzado; un poema que xunta unha serie de 20 quintillas; un romancillo heptasilábico; un texto con dous sextetos alexandrinos; un sonetillo e varias combinacións estrófica polimétricas, as máis delas irregulares, mais tamén algunha regular.

Con respecto ao tipo de verso, os máis empregados son o hendecasílabo, entre os de arte maior, e o heptasílabo, entre os de arte menor. O primeiro nomeadamente nos sonetos e nos romances heroicos, mais tamén en moitos serventesios, e en combinación cos segundos nas silvas. Outros versos de arte maior utilizados son os alexandrinos (todos os pareados; todas as oitavas e todos os sextetos), tridecasílabos, dodecasílabos ou decasílabos, mentres que entre os de arte menor sobrancean o octosílabo (sobre todo nos romances, nas coplas ou cuartetos asonantados, nas redondillas e nas quintillas), mais tamén atopamos heptasílabos, hexasílabos, pentasílabos tetrasílabos, trisílabos ou bisílabos, o que quere dicir que practicamente non hai medida versal (tan só os enecasílabos) que non

sexa cultivada polo poeta, feito que confirma a nosa opinión de que posuía un perfecto coñecemento e dominio da arte poética.

No que atinxe á rima, alterna a asonante coa consonante, esta última naquelas estrofas de carácter marcadamente culto (como o soneto) e a primeira sobre todo nos romances e poemas arromanzados. Nestas rimas asonantes, malia non seren maioritarias, chama a atención a profusión de rimas agudas que utiliza o poeta. Nas rimas consonantes merecen unha especial atención os sonetos, xa que fai uso de diferentes esquemas de rima, servíndose en moitas ocasións de serventesios (algo común en Teixeira de Pascoaes⁵⁸⁰), mais a maioría en cuartetos, pois é ben sabido que o esquema de soneto máis clásico rima cuartetos ABBA ABBA CDC DCD. Aínda xoga con outras posibilidades, entre as que chama poderosamente a atención **A Costa da Morte [43]**, un soneto en alexandrinos, agás o verso 13 que é heptasílabo, ademais de ser un tamén o único que cambia a rima entre os cuartetos (ABAB CDCD EFG), feitos que o converten nunha composición singular.

A nivel formal existe no poemario unha considerable homoxeneidade no que atinxe aos metros escollidos, así como na ordenación estrófica. Esta uniformidade viría dada pola constante utilización de metros considerados clásicos, feito que se concreta no predominio do poema resultante da combinación de heptasílabos e hendecasílabos, sempre con rima (asonante ou consonante). Este predominio contribúe a crear un ritmo poético declamatorio, apto para a recitación, ás veces mesmo sobexo cerimonioso, que o emparenta con autores clásicos (Ramón Cabanillas ou Gonzalo López Abente, entre moitos outros, por citarmos dous autores que inflúen no seu estro).

Finalmente, ofrecemos un esquema dos 117 poemas da súa obra en galego, excluindo o texto **A Patria (De B. C. Aribau) [118]** por se tratar dunha tradución e non dunha composición de autoría propia. Cómpre sinalarmos que no longo poema narrativo **A**

crus da Rosa [30], cada unha das súas vinte e unha partes funciona como un poema independente (con diferente estrofa, métrica e rima) e son considerados á parte, o mesmo acontece coas catro partes do poema **Volvoreta [31]**. O resto das textos foron analizados como se fosen unidades, ben pola súa estrutura unitaria, ao careceren dunha división en partes, ou ben por non se producir o cambio de estrofa, no caso de non teren esa estrutura e estaren divididos en apartados. Para a súa identificación sinalamos o número que leva cada texto na edición da obra completa e non se ordean de maneira cronolóxica senón seguindo a orde de importancia con respecto á estrofa empregada, ademais de engadir información sobre a súa medida e a súa rima. Velaquí:

Sonetos:

[1] Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE)

[6] Soneto, 11 (ABAB BABA CCD EED)

[12] Soneto, 11 (ABBA BAAB CDC EDE)

[15] Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)

[17] Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)

[19] Soneto, 16 (ABAB ABAB CCD EED)

[20] 2 Sonetos, 14 (ABAB CDCD EEF GGF, ABAB ABAB CCD EED).

[21] Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED)

[24] Soneto, 11 (ABAB ABAB CDC EDE)

[34] Soneto, 11 (ABBA ABBA CDE CDE).

[35] Soneto, 11 (ABBA ABBA CDE CDE).

[37] Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE).

⁵⁸⁰ Teixeira de Pascoaes. *Cfr.* Nota da edición no verso 22 do poema **¿Qué queredes? [81]**.

- [38] 12 Sonetos, 11 (ABAB ABAB CDC EDE, ABAB ABAB CCD EED, ABAB ABAB CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED)
- [43] Soneto, 14, agás o verso 13 que é heptasílabo, (ABAB CDCD EFG EFG).
- [49] Soneto, 14, (ABAB BABA CDC EDE).
- [52] Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)
- [63] Soneto, 11 (ABBA BAAB CDE CDE).
- [65] 3 Sonetos, 11 (ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE).
- [68] Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED).
- [71] 3 Sonetos, 11 (ABAB BABA CDE CDE, ABBA ABBA CDC DCD, ABBA ABBA CDE CDE).
- [73] Soneto, 11 (ABBA CDDC EFE GFG).
- [76] Soneto, 11 (ABBA BAAB CCD EED).
- [78] Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).
- [79] Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).
- [80] Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE).
- [82] Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).
- [85] Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).
- [101] Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).
- [102] Soneto, 11 (ABAB ABAB CDC EDE).
- [103] Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE).
- [104] Soneto, 11 (ABAB BABA CCD EED).

[105] 3 Sonetos, 11 (ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDC EDE).

[110] Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).

[111] Soneto, 14 (ABAB BABA CCD EED).

[113] Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

[114] Soneto, 14 (ABAB ABAB CCD EED).

[115] 2 Sonetos, 14 (ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CCD EED).

Silvas:

[2] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[7] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[8] Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás os versos 10-11: tetrasílabos, con rimas consonantes.

[13] Silva en heptasílabos e alexandrinos con rimas consonantes.

[16] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[26] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[30. III] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[30. XI] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[30. XII] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[30. XIII] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[30. XV] Silva de carácter grave ou lento, pola preponderancia de hendecasílabos. Rima asoante (-A-A). Ten rima en i-a.

[31. III] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[32] Silva en bisílabos, tetrasílabos, heptasílabos e hendecasílabos, con rimas consonantes.

[33] Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún bisílabo e tetrasílabo, con rimas consonantes.

[39] Silva en heptasílabos e alexandrinos con rimas consonantes.

[41] Silva en heptasílabos e hendecasílabos, con rimas consonantes.

[47] Silva (11, 7, 11, 7). Rima asoante (–a–a). Ten rima en e-o.

[51] Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún trisílabo, tetrasílabo ou alexandrino, con rimas consonantes.

[57] Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

[94] Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún trisílabo, tetrasílabo e hexasílabo, con rimas consonantes.

[95] Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún tetrasílabo e hexasílabo, con rimas consonantes.

Romances octosilábicos:

[10] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en e-a. O dístico do estribillo (11–, 11a) mantén a mesma rima.

[23] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en e-a, agás unha das cuartetos en u-a. Ademais, a penúltima estrofa é un terceto (a–a), que conserva a rima en e-a.

[27] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en i-o.

[30. IV] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-a.

[30. VI] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en o-a.

[30. VI] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-a.

[30. IX] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-a.

[30. X] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-a.

[42] Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en o-o.

- [59] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en i-o.
- [60] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-e.
- [64] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-a.
- [81] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en o-e.
- [84] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en i-o.
- [86] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-e.
- [107] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima aguda en á. Cada oito versos aparece un dístico, a xeito de estribillo (10-, 10a) que mantén a mesma rima.
- [117] Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-o.

Serventesios:

- [30. I] 13 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- [30. V] 11 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- [30. XIV] 20 serventesios dodecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- [30. XVIII] 11 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.) e dous tercetos hendecasílabos, coa rima (AAB CCB).
- [30. XX] 16 serventesios alexandrinos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- [30. XXI] 4 serventesios alexandrinos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF GHGH).
- [31. II] 8 serventesios alexandrinos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- [44] 21 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

[75] 7 serventesios, 10 (ABAB CDCD EFEF...) e unha sextilla no Coro, 5 (aabccd).

[92] Serventesio, 11, (ABAB) e serie irregular de versos hexasílabos, agás un dodecasílabo, con rimas consonantes ou libres.

[93] 14 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

[97] 15 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

[109] 14 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

Pareados:

[29] 7 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF GG.

[30. II] 15 pareados hexadecasílabos, coa combinación rimática (AA BB CC DD EE FF, etc.).

[30. XVI] 20 pareados alexandrinos, coa combinación rimática (AA BB CC DD EE FF, etc.).

[36] 49 pareados, alexandrinos, agás dous heptasílabos. Coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF etc.

[53] 35 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF GG etc.

[54] 6 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF.

[55] 7 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF GG..

[66] 11 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF etc.

Coplas de pé quebrado:

[30. VIII] 15 coplas de pé quebrado, 12, 8, 12, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -á.

[30. XVII] 25 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -é.

[30. XIX] 19 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -é.

[31. IV] 4 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en e-a.

[40] 12 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -á.

[45] 10 coplas de pé quebrado (11, 7, 11, 7) e dúas coplas de arte maior, en hendecasílabos. Todo o poema con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en o-a.

[56] 6 coplas de pé quebrado, 10, 6, 10, 6, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en a-o e aparecen agrupadas en tres series de dúas. Cada serie vai seguida dunha copla en pentasílabos (-a-a), con rima aguda en á.

[116] 24 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en a-o.

Romances heroicos:

[3] Romance heroico, 11, con esquema rimático (-A-A). Ten rima en e-a.

[31. I] Romance heroico, 11, agás dous heptasílabos, con esquema rimático (-A-A). Ten rima en e-a.

[74] Romance heroico, 11, con esquema rimático (-A-A). Ten rima en e-a.

[83] Romance heroico, 11, con esquema rimático (-A-A). Ten rima en i-a.

[98] Romance heroico, 11, con esquema rimático (-A-A). Ten rima en o-o.

[112] Romance heroico, 11, con esquema rimático (-A-A). Ten rima en e-e.

Coplas ou cuartetos asonantados:

[9] 4 coplas ou cuartetos asonantados, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en e-a.

A tríade do estribillo (6a, 4-, 4a) mantén a mesma rima.

[48] 9 coplas ou cuartetos asonantados, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en o-a.

[89] 8 coplas de arte maior asonantados, 11, con esquema rimático (-A-A). Teñen, respectivamente, rimas en a-e, e-o, e-a, i-a, o-a, i-a, a-o e o-e.

[99] 21 coplas ou cuartetos asonantados, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen, respectivamente, rimas en a-a, o-a, e-a, e-a, aguda en -á, aguda en -á, u-a, e-a, a-a, a-e, o-e, e-o, aguda en -é, aguda en -á, e-e, o-a, u-a, a-a, a-e, aguda en -á, e finalmente aguda en -á.

[100] 18 coplas ou cuartetos asonantados, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen, respectivamente, rimas en o-o, e-a, a-a, a-e, o-o, o-a, i-o, e-a, e-e, a-a, e-a, e-a, i-o, a-o, a-e, e-a, e-o, e finalmente a-o.

Romances polimétricos:

[58] Romance polimétrico, con versos de arte menor e de arte maior, de diferentes medidas, mais con predominio de heptasílabos e hendecasílabos. Con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-o.

[61] Romance polimétrico, con versos heptasílabos e hendecasílabos. Con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-o.

[62] Romance polimétrico, con versos heptasílabos e hendecasílabos. Con esquema rimático (-a-a). Ten rima en i-a.

[69] Romance polimétrico, con versos hexasílabos e dodecasílabos. Con esquema rimático (-a-a). Ten rima en i-a, agás na sextilla, hexasílabos (aababb), que inicia o poema.

Redondillas:

[67] 20 redondillas, 8, con esquema rimático (abba).

[87] 6 redondillas, 8, con esquema rimático (abba).

[106] 3 redondillas, 8, con esquema rimático (abba). Cada unha delas vai seguida dun dístico octosilábico e un tetrasílabo, a modo de refrán.

Oitavas:

[88] Oitava Real, 14 (AABBCCDDEE) e serie de estrofas irregulares de rima consonante.

[108] 7 oitavas, 14 (AB AB AB AB, CD CD CD CD, etc).

Poemas arromanzados:

[11] Poema arromanzado en tetrasílabos, octosílabos e dodecasílabos, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en i-a.

Quintillas:

[77] 20 Quintillas, 8 (aabab cdccd efeef ghggh...).

Romancillos heptasilábicos.

[14] Romancillo heptasilábico, 7, agás os dous versos finais hendecasílabos. Todo o poema con esquema rimático (—a—). Ten rima aguda en -ó.

Sextetos:

[25] 2 Sextetos, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AABBCC, DDEEFF.

Sonetillos:

[90] Sonetillo, 3 (ABAB ABBA CCD EED).

Outras combinacións estróficas:

[4] Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (trisílabos, pentasílabos, hexasílabos, heptasílabos ou octosílabos) en alternancia con versos de arte maior (decasílabos, hendecasílabos, tridecasílabos ou alexandrinos). Riman sempre en consonante.

[5] Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (trisílabos, tetrasílabos e octosílabos). Riman sempre en consonante.

[18] 4 combinacións estróficas regulares (7, 5, 5, 7, 5, 5), con versos de arte menor, heptasílabos e pentasílabos. Riman sempre en consonante: aab ccb dde ffe...

[22] Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (tetrasílabos, pentasílabos ou heptasílabos) en alternancia con versos de arte maior (hendecasílabos ou alexandrinos). Riman sempre en consonante.

[28] Combinación de coplas ou cuartetas asonantadas, 8, con esquema rimático (—a—), tercetos, 8, (a—), tercetos, 7, (a—) e dísticos tetrasílabos. Todas as estrofas riman en i-a, agás unha das coplas en e-o.

[46] Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (pentasílabos, heptasílabos ou octosílabos) en alternancia con versos de arte maior (hendecasílabos). Riman sempre en consonante.

[50] Combinación estrófica regular e polimétrica, co esquema (8—, 8a, 4b, 8b, 8a, 4b) en case todo o poema, agás na penúltima estrofa: (8a, 8a, 8a, 8a, 8b, 8b, 8c, 8c, 8d, 3b, 3b, 3b. Na derradeira repítese o esquema primario seguido dunha redondilla. Agás nesta redondilla, que rima consoante, temos diferentes rimas asoantes, ás veces agudas.

[70] Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (tetrasílabos, pentasílabos ou octosílabos). Riman sempre en consonante.

[72] Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (tetrasílabos ou octosílabos). Riman sempre en consonante.

[91] 6 estrofas regulares de nove versos, todos octosilábicos, agás o sétimo que é un tetrasílabo. Coa combinación rimática (abcabcdd). Antes da sexta estrofa aparece un pareado octosilábico.

[96] 3 series simétricas, formadas de catro tercetos encadeados e un serventesio, hendecasílabos, con rimas consonantes.

I.3.3.4. Recursos estilísticos

A) As estruturas simbólicas

A poesía de **Antón Zapata García**, nomeadamente os 72 poemas que conforman *A Roseira da Soidade*, caracterízase pola presenza imaxes de simbólicas de moito rendemento estético. Neste senso, a súa persoal construción alegórica está licerzada polo neopopularismo, con poéticas e símbolos abondo tradicionais, e por un repertorio de imaxes próximas ao hilozoísmo ou imaxinismo galego. Engarza, pois, cunha liña de moita produtividade na nosa literatura, que consiste nunha crenza que lle atribúe á materia ou a calquera obxecto da natureza, e polo xeral aos seres inanimados, unha vida de seu na que está posuído por un espírito anímico. Esta visión panteísta de identificación coa paisaxe está a miúdo presente, en maior ou menor medida, en varios autores, dos que se adoita sinalar como máximo expoñente a Luís Amado Carballo (1901-1927), autor dos poemarios *Proel* (1927) e *O galo* (1928), aínda que para o noso poeta poidamos tamén retroceder até o saudosismo de Teixeira de Pascoaes⁵⁸¹.

Desde o propio título do libro de poemas xa se vai conformando un universo simbólico centrado no valor existencial da *soidade* ou *saudade*, tal e como xa avanzamos nas liñas temáticas [Cfr. *supra*]. Esta *soidade* ou *saudade* adoita estar caracterizada desde os parámetros da negatividade (chega a escribir: *pois si, orfos, no desterro, coa soidade máis sofremos* ou tamén *se a ferruxe da saudade / na emigración te consome*), en versos que refliten angustia perante a perda de diversos territorios, físicos (concretizados na vila e na costa de Laxe, os mundos da infancia e da mocidade, mais tamén como metonimia na Patria ou na Terra: Galiza), mais tamén emocionais. Esta emotividade, con referencias do

temps perdu da nenez, pode aparecer mesturada con outras referencias a unha realidade sociopolítica (guerra e ditadura) que provoca a implementación dese sentimento de afastamento. De novo, os exemplos subliñados nas liñas temáticas son significativos e ilustrativos desta situación persoal, mais tamén colectiva.

Nunca temos, se callar tampouco é posible, unha visión positiva da *soidade* ou *saudade*. De feito, esta particularidade do **negativo** complétase cunha ampla serie de correspondencias simbólicas, con imaxes de sombra e profundidade para a visión negativa, que lle serve para a construción dunha dobre alegoría, a carencia de liberdade individual e colectiva, esta coa derrota fronte á reivindicación da súa consecución.

Evidentemente, tanto nos poemas do libro *A Roseira da Soidade* como na obra dispersa a presenza de imaxes tinguidas de negatividade é case abafante, polo que só mencionaremos algunhas que sexan significativas por unha razón ou por outra.

De primeiras salientamos as imaxes negativas asociadas á **noite**, malia termos en menor medida, tamén imaxes en positivo. No tocante ás primeiras, en ocasións subverte o seu sentido orixinario converténdose en sinónimo de baleiro ou de morte (lugar común da tradición poética occidental), como acontece nun dos sonetos dedicados á lembranza de Eduardo Pondal: *OS «Queixumes dos pinos», azoutados do vento, / na outa nuite romedan un cantar funeral;* [20, 15-16]; mais tamén asociada coa morte do personaxe protagonista do longo poema narrativo **A Crus da Rosa** [70]: *«E contan que unha nuite de fero vento norte / que fixo voiar tellas, e âs ondas rebriiar, / aparescéuse Rosa, baixo o hábito da morte, / a un vello pesco que ía a costa a cachear...* [30, 1413-1416] ou coa futura morte do propio Antón Zapata: *¡entérrame de nuite en negra furna!...* [71, 14] e, como non, nun poeta do mar, a noite tamén se vencella coa morte dos afogados, cos naufraxios ou coas situacións que provocan perigo no mar: *da nuite, que vestía orballo e brétema—,* [31, 24]; *pol-as*

⁵⁸¹ Teixeira de Pascoaes. Cfr. Nota da edición no verso 22 do poema **¿Qué queredes?** [81].

nuites de brétema arrepiante [41, 47]; *nas foscas horas de balbor, nocturnas, / cando a xente, cō medo, está rezando* [44, 3-4]; *seméllan-lle seus faros, n-as nites tenebrales*, [43, 12]; *pois ll-era a noite malfada* [67, 21]; *Qu'as negras noites d'a Travesía* [75, 25]; de maneira especial no poema **Responso galego ô “Serpent”** que narra o naufraxio deste barco-escola inglés que xa no primeiro verso sinala: *Dende que foi a pique, con noite borraxenta*, [93, 1] ou tamén *os mozos que unha noite marcháronse pr-ô Alem*, [93, 50]. Tamén serve para denotar a emigración: *deixand'atrás..., ¡atrás!..., a torre d'Hércules, / e levando por diant'a noite negra!...* [74, 59-60] ou para expresar os misterios do mundo lendario: *de outas lëndas bretemales; / pro, n-as noites tenebrales* [70, 70-71]. E, finalmente, a noite está moi presente como a hora escollida para a perpetración dos crimes da represión franquista: *os lobicáns dos montes de CASTELA, / aproveitando a noite encobridora* [96, 2-3]; *E fuxindo na noite máis sombría, / Pondal, Curros Enríquez, Rosalía...,* [101, 12-13]; *¡tan soio vó mortes... bagullas... fames... estrago... / e as nites máis lucentes cal negra noite ollóu!...* [108, 47-48]; *de unha Noite sin Luz, Amor sin Norte* [109, 42]; *no seo de cen nites de morte no toxeiro...* [113, 10].

Porén, malia a preponderancia destas imaxes negativas asociadas á **noite**, en menor medida, tamén temos imaxes en positivo, adoito asociadas con tempo benigno e favorable para o traballo mais tamén para o divertimento e a xolda: *e n-as nites de lúa, diviñas*, [4, 92]; *somas da noite enmeigadora* [4, 169]; *toda a noite traballando / na salazón e no escocho*, [42, 75-76]; *Nas craras nites, calmas, veranegas*, [44, 61]; e, *seascaso, no vran, trasnoitéi no moiño / —n-esas nites galegas n-as que tece albo liño* [53, 53-54]; *N-as nites de mar en calma* [72, 28].

Sucedo o mesmo co **vento**, un símbolo polisémico que escasas veces presenta a súa cara positiva, quer asociada ao canto ou á felicidade: *fái como un sistro no que canta o vento / ao Pan Decote dos fecundos agros* [38, 111-112]; *Ventiño que cantarelas; / ventiño*

que infras as velas / con femeniños feitizos, [70, 33-35]; quer outra felicidade, a da fartura nas colleitas: *Fala cô vento do seu fruto nacho* [38, 47]; quer como elemento benigno e favorable para a navegación [Cfr. I.3.3.5.5.6. O léxico mariñeiro]; quer como sinónimo de liberdade: *Vento irlandés, / vento irmán* [70, 1-2; 113-114; *passim*]; *cando sopras forte, ¡vento! / ¡e fas subir as escotas / con verbas de libertá!* [70, 42-44]; *Bô vento dos «higlanderes» / e das fortes irmandades / «sinfeineres»* [70, 45-47]; —*¡Galiceibe!* — *do vento nos pinales* [112, 33] ou incluso servindo de alcume do personaxe protagónico do longo poema narrativo **A Crus da Rosa** [70]: *Rosa do Vento*. Cabo delas, en moitas outras ocasións posúe unha cara negativa, que pode ser produto do tempo pouco propicio para as faenas: *Pasan ventos e brisas, silandeiros, calados, / dando bicos e apretas sobre os pinos tronzados* [25, 7-8]; *Rosma o vento pol-as rúas / coma un can adobecido*, [59, 5-6]; *Sobr’o fero vento “Norte”* [77, 1]; *baixo a gadoupa fera do vento Noroés*, [93, 26]; mais tamén relacionadas coa emigración: *pois os homes de Laxe, a todos ventos, / pol-o mundo se vân, como anduriñas* [30, 1117-1118]; *dand’os ventos adioses..., aies..., queixas...*, [74, 58] ou, finalmente, en forma verbal que preanuncia a morte: *parecía que â morte ventearan* [47, 19].

Por último, mencionaremos o vello *topos* do **mar**, que ademais do seu sentido orixinario, amplamente comentado en todas as súas múltiples perspectivas [Cfr. I.3.3.5.5.6. O léxico mariñeiro] tamén aparece en usos figurados como tópico ou lugar común para sinalar a existencia ou a vida: *I-é câl unha nai pra cantos pol-o mar abaixo vîmos* [19, 12]; *Pol-os mares de vida as nosas naves* [65, 1]; *Pol-o mar da nosa vida* [100, 9]; mais tamén como unha utopía a conquistar, ben sexa colectiva: *sobre o mar / dos nosos celtas abós* [5, 5-6]; *Eldourados, Potosiés, que, surxindo tral-os mares*, [30, 60]; *e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos*, [30, 1139]; *Síntense as voces dos esgrevos nautas / que en tempo antergo descubriron mares*, [44, 73-74]; ben sexa na historia individual do padriño do

poeta, Laureano Carril («O Roxo»): *sulcáu os mares todos n-un branco bergantiño...* [52, 4]
ou do mariñeiro Chuco da Dorna: *Eu non son mariñeiro que tan sô rolóu mar* [53, 31].

B) Evocación do espazo e do tempo

Os poemas de **Antón Zapata García** refliten a (re)construción dunha época mítica, neste caso a infancia e a mocidade perdidas, mais ese tempo mítico non pertence só ao pasado, senón que tamén incide no presente e no futuro. A nostalxia polo pasado sitúase nunha idade dourada e feliz, a nenez do propio poeta, e nunha especie de paraíso perdido que ten un espazo con nome propio: Laxe.

Algúns textos lembran de maneira autobiográfica os anos da súa infancia, case sempre unha evocación saudosa, malia os versos ofrecerem escasa información desta época. No poema intitulado **O herbedeiro de Lourido** explica unha das súas tarefas na axuda que adoito prestaba na casa. Sempre son labores relacionados co agro, malia que o poeta chega a autocualificarse como “nenó mariñeiro”. De feito, o texto relata a súa admiración perante un *herbedeiro* (érbedo ou albedro) que se atopaba no camiño, cando no outono levaba un ferrado de millo a moer nalgún muíño afastado da localidade: *¡Qué lediza miral-o, / pra os meus ollos de neno mariñeiro, cando iba, pol-o outón, leval-a moaxe,* [2, 55]. E en **Pedras de Besugueira** lembra a recolleita das patacas: *pedras que, n-outros xornos, de pequeno, / amén piséi, descalzo, / pra coller a mantenza das patacas, / das coles e dos nabos, / enclavándolle o enciño, ¡coma un home!,* [61, 5-9].

Espazo e tempo van da man en **Lembranza laxeirana**, que se publica en 1927, onde fai a primeira referencia ao feito de levar moitos anos fóra do chan nativo. Neste momento transcorreran xa vinte e catro anos e o poeta lembra esta circunstancia tras contemplar Laxe nuns diaporamas: *Dempóis d-unha longa auséncia / do chan que â vida*

fûn vido, / —auséncia que xa enmorea / vinte catro anos cumpridos— / púdente vêr oxe, LAXE, / —¡fonte de peixe e mariscos! — / tal câl eres, feiticeira, [84, 1-7]. E oito anos despois, no poema **Os pinales da lembranza**, publicado en 1935 antes de ser incluído no libro, fai unha evocación das paisaxes que arrodeaban a súa vila e sinala novamente o cómputo exacto da súa ausencia, desta volta trinta e dous anos: *PINALES de Carrabete, / pinales de Quela Banda; / ¡ouh, pinales de Soesto, / de San Simón e de Traba!... / ¡Cómo vos lembro, pinales, / pol-a Costa Laxeirana! / Trintadós anos sin vêr-vos, / ¡e aínda zoades na miñ-alma! [10, 1-8].*

Canda este espazo e este tempo principais, aparecen moitas outras referencias que tamén teñen a súa importancia. Entre elas cómpre salientar o tempo da emigración que levou a miles de galegos e galegas a partiren desde peiraos, como A Coruña, afastándose do vello continente na procura de fortuna nas cidades de América, como Bos Aires ou o tempo da guerra civil e da posguerra, representado por espazos tan diversos como as fronteiras de guerra, os cárceres, os camiños nos que apareceron os mortos polo terror ou os camiños dos fuxidos, que ás veces se concretan en escenarios como Guernica para a guerra civil ou Stalingrado para a guerra mundial. Dunhas e doutras xa falamos abundantemente nas liñas temáticas [*Cfr. supra*].

C) A voz poética

A voz poética sempre xogas nos textos un papel importante, que podemos deducir analizando a estrutura pronominal tal e como teñen sinalado coñecidas teorizacións como as que desenvolvidas por Roman Jakobson ou Iuri Lotman. Tanto nos poemas do libro *A Roseira da Soidade* coma na obra dispersa, aínda habendo poemas confesionais (nos que a

voz do falante lírico máis empregada é o eu poético, unha primeira persoa do singular), a maioría das composicións presentan un suxeito en terceira persoa singular ou plural.

Dos 117 poemas en galego (deixamos fóra a tradución do texto de B. C. Aribau) apenas unha cuarta parte, unhas trinta composicións, presentan un eu poético, e menos aínda, unha ducia, esa primeira persoa desprázase para o plural, para o *nós*, naqueles textos nos que o *eu* forma parte dunha noción colectiva que se podería denominar o pobo ou a patria negada polo decurso da historia, como abordamos noutra das liñas temáticas [Cfr. *supra*]. Ademais, tanto o *eu* coma o *nós* adoitan formar parte de estruturas dialóxicas que son moi importantes na maioría dos textos.

Malia, neste caso, ser minoritaria a estrutura dialóxica que máis chama a atención aparece cando a voz poética da primeira persoa, do *eu* ou do *nós*, sexa *in absentia* ou sexa *in presentia*, interpela a unha segunda persoa *ti* ou ocasionalmente *vós*. Esta segunda persoa (singular ou plural) adoita non ser humana, como no poema **A campana da soidade**, no que a campá da Berenguela se asocia coa soidade, xa desde os primeiros versos: *Campana da Berenguela / que, con grave badalar, / dende a Santa Compostela, / espallastes fonda arela / sobre o mar / dos nosos celtas abós, / chamándonos, / falándonos, / agarimándonos / cô teu fraterno falar* [5, 1-10]; no poema **O dolmen de Dombate**, onde o *ti* apelado representa un símbolo da historia e da cultura galegas: *D-aqueles nobres tempos —jauh, dolmen de Dombate!—, / sô tí quedache ergueito, dempóis do fero embate* [17, 9-10]; a presenza do *vós* na composición **Os pinales da lembranza**, *¡Cómo vos lembro, pinales, / pol-a Costa Laxeirana!* [10, 1-2]; en **Dorna saudal**, no que a interpelación vai dirixida a unha embarcación que simboliza a saudade do poeta pola dorna na que navegou e pescou na mocidade: *Migrante nauticela / da medoñenta Costa de Briganza / que, en suidosa derrota, / ben atesada a escota, / levas â miña espranza / no turxéncea albeiral da túa vela* [39, 1-6]; no poema **O faro**, no que o símbolo invocado tamén é un elemento esencial para a

navegación e a pesca: «*Ara-Lucis*» *fulxente / do Noso Mar Atrante / que alumas por igual, cristianamente, / o mesmo ao trasatrán que leva â xente, / no triste viacruces d-emigrante, / que aos peixeiros que vãn a Terranova, / e que a todos lle das a boanova* [41, 1-7]; en **Amante navío**, tamén en relación co mar e coa soidade, mais desta volta con moito sentidos figurados, na composición que se inicia con esta estrofa: *Pol-os mares de vida as nosas naves / —ti garrida trainera i-eu navío—, / ancoraron no PLATA, no gran río, / recollendo o velamio, como as aves.* [65, 1-4]; en **Vento irlandés**, tamén de enorme carga simbólica, desta volta relacionando o mar e o galeguismo, de feito desaparece a voz do *eu* a favor do *nós* colectivo propio da poesía civil ou épica, do que desta volta salientamos o final da composición: *Sopra decote, bô vento, / vento irlandés, / vento irmán, / deica que chegue o momento / que, apreixando a túa man, / che digamos outra ves: / —¡Sopra acotío máis forte / sóbor da Costa da Morte / fisterrán!... / ¡Trainos na vida máis sorte, / ¡NORÖÉS!, / vento irlandés, / ¡¡vento irmán!... [70, 112-124];* no poema **As arelas d-un trunfo**, interpelando a ese ser fantástico do mar, con busto de muller e o resto do corpo de peixe, avistado na navegación, que provén da mitoloxía grecolatina, xa desde os primeiros versos: *Sinto arelas de ollarte pol-a praia / c-ô teu manto de anacres, ¡ouh, sirea!, [71, 1-2];* en **Acordeón galego**, no que se interpela ao devandito instrumento musical, tan presente nas festas tradicionais galegas, que principia: *Érel-a vos do mar cantando, / érel-a vos do mar xemindo, / érel-a vos do mar chorando, / ¡acordeón!, [72, 1-4];* en **Lembranza laxeirana**, na que o elemento evocado é a propia vila natal do poeta, xa nos primeiros versos: *Dempóis d-unha longa auséncia / do chan que â vida fûn vido, / —auséncia que xa enmorea / vinte e catro anos cumpridos— / púdente vêr oxe, LAXE, [84, 1-5]* ou, finalmente, en **Invocación “O Caxestal”**, que remata: *o teu cúmiaro sexa / lugar onde brandê nosa bandeira / i-o teu costado afonden ôs traidores / câl na Roca Tarpexa!... [94, 47-50].*

Escasean as composicións nas que o *ti* da estrutura dialóxica é unha persoa. As dúas primeiras son poemas de amor, nos que a apelación vai dirixida á muller do poeta, Angela Begoña, en **Túas mans** coa evocación metonímica das mans xa desde o inicio: *Túas mans antre as miñas / —agarimantes colos—*, [32, 1-2] e no texto intitulado **As arelas d-un amor**, con estes primeiros versos: *Inda pervive en min teu arrecendo / con non séi qué de estrana bruxería*, [35, 1-2]. Nas restantes as persoas invocadas son sempre referentes do galeguismo, así sucede en **Na morte de Lexandro Bóveda**, que principia: *Pra tí, Lexandro Bóveda / —jirmán escrarecido, / vida próveda!*— [95, 1-3]; na composición **A Rosalía de Castro**, con estes primeiros versos: *Non coa lira servil e aduladora / que a manates e reis o son levanta, / mais con gaita amorosa é que che canta / o poeta sinxelo que te chora*. [103, 1-4]; no soneto **Deus é libertá**, que dedicou ao galeguista da emigración Ramón D. Villar, con este primeiro serventesio: *Inda que fora Deus quen che dixera / que a libertá que adouras é mentira / —ademitindo tan livián quimera—, / os cantos que ceibare a túa lira*, [104, 1-4] e noutro soneto dedicado a Antón Alonso Ríos, intitulado **Bos boos e xenerosos**, que se inicia con este cuarteto: *Antón Alonso Ríos: De fronte a ti me cadro, / pra che render homaxe, por bóo e xeneroso: / ti fostes un valente no Chan Patricio Noso, / luitando contra o feixe que ensanguentóu o Adro*. [113, 1-4].

Este forte acento dialóxico, que é unha constante no libro, condiciona a estrutura interna dos poemas con pluralidade de perspectivas. A variabilidade vai desde aqueles textos que amosan un *eu* poético introspectivo, a modo de soliloquio, a outros nos que se desenvolve unha conversa unidireccional na que ese *eu* dialoga ou interpela a un *ti* / *vós* que nunca responde. Todas estas estruturas dialóxicas aínda achegan moito máis a poesía ao ámbito do cotián, obxectivo que se procura de maneira intencional. Porén, esta estrutura dialóxica case nunca aparece indicada no encabezamento, especificando nas formas pronominais un destinatario singular ou plural. Tan só no referido **Túas mans** [32] e nos

textos intitulado **¿Qué queredes?** [81], no que se dirixe aos “corcubioneses” da sociedade da emigración ABC de Corcubión na despedida dun retornado, e **Eu dígovos** [89], neste caso dirixíndose a unha abstracción dos galegos no seu conxunto, velaquí a segunda estrofa: *Se conviñer, pr-ó trúnfo que arelamos, / furar a terra, d-un ó outro extremo, / furemos, meus hirmáns, sin dó n-iacougo, / anque non máis nos fiquen que cotenos.*

Hai moitas outras estruturas dialóxicas, que relacionan a terceira persoa (singular ou plural) coa primeira persoa do *eu* ou do *nós*, mais estas adoitan ser moito máis habituais na construción poética polo que non as sinalaremos en detalle. Tan só lembrarmos que o texto máis complexo do punto de vista das voces poéticas é, sen dúbida, o longo poema narrativo poema narrativo **A crus da Rosa** [30], de vinte e unha partes, onde cada unha funciona como un poema independente (con diferente estrofa, métrica e rima), ao existiren moitos personaxes que emiten a súa voz como se tratar de diálogos en estilo directo. Esta estrutura dialóxica entre personaxes tamén aparece nos poemas **O herbedeiro de Lourido** [2], no que a árbore fala cos habitantes das aldeas de Laxe que pasan diante súa, **A gaita** [4], onde o instrumento fala co pobo galego, **Lar** [6], onde os emigrantes interpelean a súa orixe, **O cantar de Mari-Pepa** [9], nas voces dos nenos que o cantan na rúa, **Un héroi** [13], no que o tío do poeta, Manoel Moreira, de Mórdomo, narra a súa historia a un grupo de veciños que o escoitan ou os diálogos entre os propios labregos que se producen no poema **Patacas** [16], na imaxe que na morte do poeta Eduardo Pondal teñen os seus veciños e na propia voz do vate nos dous sonetos de **Eduardo Pondal** [20], na voz dos piñeiros en **Regueira sinxela** [21], no diálogo entre os bailadores en **Moiñeira de roda** [23], na dramática conversa entre nai e filla que se produce en **Vagalumes** [26], na conversa entre neto e avoa na composición lendaria **O pranto de «Pepa A Loba»** [27], nos aturuxos de festa en **Romeiría aldeán** [28], as falsas palabras coas que os paxaros repostan ás preguntas dos soldados de Herodes na lenda **O chasco e o pimpín** [33], nos consellos que recibe o poeta

do seu propio pai en **Lembranza e loubor da Cruña** [36] ou por outro motivo, a presenza dun afogado, no poema **O afogado do “City Agra”** [116]; nas diferentes voces que aparecen nos doce sonetos de **Loubanza ao grau de millo** [38], nos suspiros desesperados das fillas e das mulleres dos mariñeiros e na voz tronante do Canouro do poema **A renda do mar** [40], na “vos das caracolas” ou das gaivotas que se escoitan falar en **Porto peixeiro** [42], nas advertencias que a nai do poeta lle dá ou nos berros das veciñas no texto que relata o suceso autobiográfico dun accidente no mar en **Presentimento** [45], nos cantos dos mariñeiros en **Alando a traíña** [46], nos comentarios ou berros dos mariñeiros en **Marroleiro** [47], **A resposta das ondas** [48]; **O perdón das furnas** [50]; **Mareas vivas** [51]; **Gaivotas** [69]; **Vento irmán** [70] ou **Responso galego ô “SERPENT”** [93], na sentenza de Laureano Carril en **Meu padriño** [52], nos diálogos entre os mariñeiros que se reproducen en **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego** [53], nas despedidas de **Ao marchal-os barcos** [56] ou **Nai dorida** [75], nas *fortes verbas*: «*¡Avante!*», «*¡Larga!*», «*¡Cía!*» de **Carrexando redes** [66], na conversa entre «Serbelo» e outros mariñeiros no poema **O probe do mar** [67], nas voces dos labradores en **Anduriñas** [74], nos cánticos irmandiños do poema **A batalla do ma-roxo e a espiñeira** [85], na reprobación aos culpables de non se construír unha dársena en Laxe da composición **A pauliña dos pescos** [86], nas consignas galeguistas de **¡Grórea a Galiza Ceibe!...** [87], nas voces antifranquistas das sete vellas bruxas que conversan en **Tráxicos agoiros** [97], nas de “*Pondal, Curros Enríquez, Rosalía...*, / *van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!*...”, en **Loito, fedor e medo** [101], nas palabras de Santiago no soneto **A marcha do Apóstolo** [102] ou tamén dos seus devotos, coa resposta do vento, na composición **Os camiños da vieira** [108], nos absurdos de **Xan Croio** [105], nas preguntas sen resposta dirixidas aos criminais fascistas no poema **O remorso do mar** [109], nos berros de —*¡Galiceibe!...* que pronuncian persoas

ou elementos da paisaxe en **Galiceibe** [112] ou nos berros fascistas de —«¡Arriba España!»—, no soneto **Dos boos e xenerosos** [113].

D) Ritmo e repertorio retórico de figuras e tropos

Os trazos de estilo que utiliza **Antón Zapata García** nos seus versos en galego son numerosos como adoita acontecer en calquera obra poética. Con todo, hai significativas diferenzas entre o poeta culto dos sonetos, por exemplo, e o poeta máis popular dos romances e dos poemas arromanzados. Evidentemente na primeira liña poética anotamos moitos máis recursos estilísticos que na segunda, na que o verso se presenta moito máis espido xa que a maioría destas composicións son poemas de circunstancias que describen festas das sociedades da emigración, labores agrícolas, mariñeiros ou pesqueiros, etc. De todos estes trazos faremos tan só unha selección daqueles máis salientables, ben por seren recursos utilizados con moita frecuencia ou ben por teren unha notoria relevancia do punto de vista estilístico.

D.1. Ritmo

A moderna Teoría da Literatura adoita sinalar que na poesía coexisten **ritmo lingüístico** e **ritmo de pensamento**. O primeiro deles, o puramente lingüístico, que depende da propia sintaxe dos poemas, recibe polo xeral a denominación de **entoación** e vén marcado pola cantidade e cualidade das pausas e polo ritmo do verso que, á súa vez, estaría constituído por unha determinada secuencia de acentos de intensidade e delimitado pola rima (de existir) e pola pausa estrófica. O segundo, o ritmo de pensamento estaría baseado na repetición de palabras, frases, etc. Cando ambos e dous ritmos concordan

adoptan varias formas, nomeadamente paralelísticas, caracterizadas por unha case perfecta coincidencia que produce no lector unha sensación de sosego e equilibrio. Pola contra, cando as pausas sintácticas se presentan afastadas das métricas prodúcese unha inmediata perturbación dos moldes prefixados e canto máis grande sexa esa falta de adecuación maior sensación de violencia percibiremos no poema.

No caso dos poemas que conforman a obra de **Antón Zapata García** hai que falar da preferencia do poeta polas formas métricas previamente fixadas, sen ningunha concesión ao versolibrismo. Ora ben, deixando á parte os aspectos métricos xa analizados [Cfr. *supra* I.3.3.3. Métrica e Rima], o ritmo poético do libro é fluente porque na maioría dos textos existe unha adecuación entre as secuencias métricas e sintácticas. Desde o punto de vista formal, os poemas caracterízanse pola polirritmia dos versos e esta versificación combina o ritmo acompasado da esticomiquia co entrecortado do encabalgamento, tanto suave como abrupto. Así, temos a coincidencia métrica e versal das **esticomitias** en numerosos versos, dos que salientamos apenas un par de exemplos abondo ilustrativos: *PINALES de Carrabete, / pinales de Quela Banda; / ¡ouh, pinales de Soesto, / de San Simón e de Traba!... / ¡Cómo vos lembro, pinales, / pol-a Costa Laxeirana! / Trintadós anos sin vêr-vos, / ¡e aínda zoades na miñ-alma!* [10, 1-8]; *Baixo a toca albeiral, os rasgos gregos / —San Tomás e meu santo son testigos—, / antrabría os seus beizos com-ôs figos, / e os seus ollos azúes n-eran cegos...* [12, 1-4].

Certo é que rexistramos abundancia de **encabalgamentos**, pero polo xeral son encabalgamentos **suaves**, porque a inflexión pausal do grupo melódico encabalgado é pouco perceptible e non intensifica en exceso a expresividade do verso. Deste tipo son os continuos encabalgamentos que se suceden nos textos e que podemos observar xa na primeira estrofa do poema inicial que abre o libro *A Roseira da Soidade: Abrazada da crus*

do sufrimento / que a longa emigración lle puxo â veira, / fôí tecendo suidades a roseira / c-un degoro sinxel d-enfroramento.

Moito menor é a presenza na súa obra poética de encabalgamentos **abruptos**, que producen unha brusca e rápida caída tonal, como ocorre nestes exemplos: *je hoxe lémbrote a ti, dende o estranxeiro, / teu fin sabendo!, ¡¡triste!!... [2, 103-104]; ¡Eisí vãn, dos espritos vagamundos, / os soñadores ollos, pol-as brétemas / dos mundos sideirales, sen acougo, / das Galaxias infindas, ultraeternas, [3, 29-32]; e un ollar adolorido, profundo, limpo e sinxelo; / nas tempas,... [19, 2-3]; ¡No lumiñoso abrente que n-haxa un emigrado / galego, salvaránse Galiza e o meu Gundar! —»... [30, 1435-1436]; De xionllos, chegan âs furnas / as nerias, cõ seu remorso [50, 1-2]; baixo das douradas capas / dos algazos, que a mareira [64, 28-29] ou *pr'a botar o barco fora / de perigo... je retornaron / a consolar áa que chora!... [77, 68-70];* entre outros moitos.*

D.1. Nivel fónico

No **nivel fónico**, ademais dos recursos métricos e de rima que xa foron analizados con anterioridade [Cfr. I.3.3.3. Métrica e Rima], destaca unha ampla serie de recursos estilísticos que marcan ritmos de musicalidade como o emprego de onomatopeas, de efectos simbólicos e de aliteracións.

Polo feito de afectaren directamente á sonoridade da entoación poética, é interesante salientar as **onomatopeas**: *troco-trocos [24, 13]; risan-risan [70, 60]* e a longa serie que aparece nun mesmo poema, *frou-frou [88, 38]; ris-ris [88, 41]; ron-ron [88, 3]; run-run [88, 46]; tras-tras [88, 45]* ou as musicais *Ai-le-le-la, / ai-le-le-lo [28, 12-13]; Trai-la-la-la, / trai-la-li-la. [28, 19-20]; ¡Ai-le-le-la, / ai-le-li-lo! [28, 31-32]; a-la-lás [38, 64];*

tiro-liros [70, 87] (mais tamén *tiroliros* [88, 18]) e *a-la-la-las* [88, 51]. Malia non ser obxecto de estudo, tamén salientamos a aparición na poesía en castelán de *tic-tac* [c31, 36].

En ocasións non fai uso do guión ou trazo para sinalar unha onomatopea da fala *goris goris* [97, 3]; dos berros de ánimo do mariñeiros —*¡Ooo!... ¡guipá!...* [69, 46] ou dos animais *Chas... chas...* [33, 57]; *Pin... pin...* [33, 109] e tampouco o fai nas formas verbais creadas sobre unha onomatopea *bisbisan* [4, 47] (‘bisbar’); *tintina* [21, 2]; *tintinexan* [70, 64] ou *retintinan* [23, 2] ou no substantivo *tinguilintín* [30, 583].

Alén diso, temos un exemplo de sonoridade que se achega ao que Rodríguez Fer [1991: 29] denomina **fonosimbolismo visual**: *oubeando, na Europa, como lobos* [98, 50].

As **aliteracións** ou repeticións de fonemas adoitan ser frecuentes, polo que sinalamos algúns exemplos dos moitos posibles. Así, temos aliteración do sonido vibrante /r/, que ás veces pode estar amplificado polas nasais ou polo fricativo /s/, en: *vân os carros de estrelas sin os bois* [8, 25]; *Rube, rexo, o canto enxebre* [23, 17]; *Na montana tamén brúa, / nos pedrouzos, o curisco, / pois o ceo, ruzoso e preto, / criba nevoiro e pedrisco...* [27, 5-8]; *a bris terreira esparrama*, [30, 585]; A «*Negra Sombra*», *o chorar de Schuman*, [44, 47]; *Laureano Carril («O Roxo»)*, *meu padriño*, [52, 1]; *as derradeiras lanchas vân botadas* [57, 59]; *carrexa que carrexa furna arriba* [61, 27]; —*¡as prumas d’as espranzas derradeiras!*— [74, 44] ou *O carro roda que roda* [100, 29]. De fricativo sibilante /s/, coñecido como polisigma ou sigmatismo, en todas as series de plurais, mais de maneira especial nestes versos: *bisbisan as prateadas follaxes dos salgueiros* [4, 47]; *arrulan as suritas, / e un piñeiral, suidoso, soioloquia* [7, 35-36]; *âs suritas e âs rulas, que, nas tardes sereas, / arrulaban soidades de querer e amor cheas*; [25, 3]; *Pasan ventos e brisas, silandeiros, calados*, [25, 7] ou *en lixeiros sis-saes, rente âs tellas*, [30, 18]. De fricativo /f/, que tamén pode estar amplificado polo fricativo /s/, nestes versos: *falándolles con falas feiticeiras* [30, 824]; *Foron os cans do mar as rexas furnas, / con dentes e unllas, con furor, formando, / nas*

foscas horas de balbor, nocturnas, [44, 1-3]; *Vêñse as fechancas, furos e fisuras / que as férreas poutas nos furnals deixaron / como querendo esculturar figuras / de peixeiros e nautas que afogaron*. [44, 9-12] e moitas outras neste poema intitulado **Armónicas furnas**; *pol-os negros furados, / pol-as fechancas fondas*, [58, 8-9] ou *e seascaso, algún fuxe ôs seus furores, / ¡no mundo sufrirá como Ashavero!...* [97, 35-36]. Dos oclusivos /b/ ou /p/ nos versos: *brandéndose cô sopro da bris da venturanza* [17, 8]; *que vío bultos brancos ao teu redor bailar!* [17, 14]; —*Alubura o baile, mozo; / mozo, teu baile alubura*, [23, 21-22]; *Ben bailada aos catro ventos*, [23, 28]; *Reventan os botóns dos arboredos / cô morno bico da frorida diosa*, [37, 5-6] ou *Eisí vai avantando, n-un firme barlovento*, [49, 9]. E, finalmente de nasal /m/ ou /n/, que tamén pode estar amplificado polo fricativo /s/, nestes versos: *folgan médea semán os aparellos: / non vãn ao mar os mozos nin os vellos* [30, 896-897]; *vãn ceibando graus negros das moegas / antre as moas máis negras da dentamia*. [30, 299-300]; *N-antes que o grao â moega ruba, / a moiñeira, de marela enágoa, / enche a maquía sin rebola e mágoa* [38, 117-119]; *Finxen, as furnas, se os cachóns se encuman* [44, 47]; *Deitouse o mar, molido, sonolento* [58, 1]; *sin lembrar nortadas, trebóns e furacáns; / e cando na invernía o mar morde os cantiles* [68, 11-12] ou *non ensombresan o vos'afán* [75, 26].

D.2. Nivel gramatical

Este nivel comprende fenómenos producidos pola especial frecuencia, colocación ou relevancia no texto de elementos morfolóxicos e sintácticos, como sinala Rodríguez Fer [1991: 57], e poden producirse por omisión, acumulación, recorrencia, concordancia e distribución.

D.2.1. Por omisión

No tocante aos fenómenos debidos á **omisión** de elementos morfolóxicos e sintácticos, anotamos varios casos de **elipse**, nomeadamente no poema **Vento irmán [70]**, no que varias formas verbais terían a palabra ‘vento’ como suxeito, que aparece nos primeiros versos e logo xa se dá por sobrentendido, aínda que a elipse máis recorrente é a omisión de formas verbais nas oracións, algo moi habitual na fala coloquial, como sucede en: (Era) *Lanzal, barudo, triste, de grave vos tremente / e sómaro en parolas, [13, 11-12]*; (Vestía) *Zocos, chapéu, chaqueta, calzón bragal, cirolas, / chaleque brasonado / e liñeira camisa. [13, 24-25]* ou *¡Groria ao 15 que vên, coa romeiría! [30, 160]* (por ‘día’ 15 de agosto, Santa María, patroa de Laxe); exemplos nos que o elemento elidido figura indicado entre parénteses. Con todo, a poesía de **Antón Zapata García** non se caracteriza polo uso desmedido das elipses senón máis ben por todo o contrario, pola presenza de moitas recorrencias nominais ou verbais.

Outro fenómeno de supresión é o que se coñece como **asíndeton** ou **disxunción**, que anotamos nalgũa das moitas enumeracións: *tamén soñan seus soños de sardiñas, / maragotas, besugos, rodaballos... [30, 15-16]*; *cô malfado que teñen as coruxas: / malquerenza, mal de ollo, o tangaraño... [30, 295-296]*; *¡lunia, escarapote, cóbrega, / lavada!... [30, 374-375]*; —*Leria..., palique..., latricos..., / aleluias..., contos..., óperas..., [30, 406-407]*; *E dí —¡miña xoia!—: Serantes..., Lourido..., / Catasol..., Pedrouso..., Castelo..., Peñón..., [30, 1055-1056]*; *solagan imbornaes, bancadas, calabrotos... [49, 4]*; *peixan ás maragotas, cabras, pintos..., [57, 56]*; *dand’os ventos adioses..., aies..., queixas..., [74, 58]* (exemplos todos eles nos que os puntos suspensivos substitúen a posibilidade de introducir unha conxunción copulativa como nexos) ou tamén *Hai no ambiente fondas mágoas, saloucos,*

algunha queixa [30, 55]; pois hai quintales de congro / e peixe preto a cestadas, / rebalizas e besugos, / merluzas, fanecas, xardas, [30, 197-200]; fatóns, pavías, pexegos, / ameixas, peras orracas, / e outras fruitas saborantes [30, 209-211]; As casas, de amplos andares / —rexas, sinxels, arrufadas—, [30, 229-230]; E alando pol-as traíñas, / xeitos, boliches, tarrafas, [30, 484-485]; Non abundando estas verbas / —crúas, perversas, malvadas, / féridas verbas escuras [30, 630-632]; do seu sentir tan amplo / —sinxeleza, garimo, caridade— [30, 797-798]; Cines, prazas, xardíns, manumentos, paseos, / aínda agora me atraen con amores sereos, [36, 25-26]; e, alargándolle as sayas, grúas, buzos, canteiros, [36, 53]; Uns, a apañar ourizos; / os outros, escorreadas ou algazos; / aqueles: lampros, cronos, / mexillóns, caramuxas, / longueiróns, berberechos, [51, 22-26]; ¡Óllanse antre os algazos, a centola, / o lbrigante, a nécora, o cangrexo, / o mexillón, a ostra e a vieira! [57, 24-26]; —margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas— [57, 34-36]; cós dedos aziudados; / coas meixelas, söaves, garimosas, [58, 30-31]; Coma silveiras, polatarias, toxos, [89, 13]; ¡E foron os galegos, cegos, duros, / “os mancos do pensar”, que dixo o bardo, / os vendidos, os podres, os escuros, [96, 26-28]; Foi dono de cen casas-rascaceos, / chalete en Mar do Prata, creto en Bancos, / forte caixa de ferro, caixóns cheos...; [105, 37-39] ou azanantes, proféticas, sañudas, [109, 51].

Porén, nestes versos, combina unha inicial **asíndeton** coa **polisíndeton copulativa** nos versos finais: *â palloza, San Carlos, muelles, Santa Lucía; / a Garás, ao Relleno, â Gaiteira, ao Cantón, / ao velliño castelo do gardián San Antón, / e, por último, â céltiga forte Torre Herculinia, / Riazor e a Montaña, e a baril Punta Herminia! [36, 84-88].*

D.2.2. Por acumulación

Outros fenómenos gramaticais son os producidos por **acumulación ou adición** de constituíntes, entre eles salientamos pola súa produtividade o uso pleonástico de **epítetos**, que non modifican nin a extensión nin a comprensión dos substantivos aos que acompañan, enfeitando o valor estilístico dos poemas: *espiñosa roseira* [1, 13]; *profunda cova* [2, 35]; *armoñosos arpegos* [4, 11]; *escumas albariñas* [4, 72]; *N-as ondas verdegaias* [4, 106]; *o hábito enluitado da freiría* [12, 11]; *Branca Pomba* [19, 14]; *branco cisne* [20, 14]; *lúa albeiral* [20, 20]; *óurica lus* (‘áurica’) [22, 6]; *ja loura estrela!* [22, 20]; *arumosa resina* [25, 11]; *sol ñeo* [29, 8]; *feras nites das crúas inverniás* [29, 13]; *antergas tradicioes* [30, 6]; *os dourados enxames das abellas* [30, 114]; *da roiba mel* [30, 116]; *os louros milleirales, / os marelos trigales / e os pálidos centeos*, [30, 118-120]; *ás garridas mapoulas / —purpuriñas, bermellas—* [30, 125-126]; *Pomba Branca* [30, 185-186]; *ao par do ceo turquesa*, [30, 221]; *ondas, / lenes e verdeziadas*, [30, 453]; *das ondas verdes e mansas*, [30, 563]; *a negra noite* [30, 617; 108, 48]; *dende o ceo purismo de turquesa*, [30, 969]; *ceo turquil* [30, 1030]; *verdoso mar* [31, 48]; *cisnes alburaes* [32, 32]; *o negro corvo rouco* [32, 87]; *dende o líreo lanzal â branca lúa?* [33, 53]; *fusco anuitecer* [34, 6]; *traxín sooro* [34, 7]; *Os bois barudos, de coor bermella* [38, 15]; *côs milleirales, pol-o sol dourados*; [38, 86]; *gurgulentos fervenzores* [38, 116]; *no turxéncea albeiral da túa vela* [39, 6]; *negra morte* [41, 70; 103, 9]; *pol-a ampla, fermosa ría / —turquesa con pintas de ouro—*, [42, 5-6]; *Algareiras, as gaivotas*, [42, 41]; *nas foscas horas de balbor, nocturnas*, [44, 3]; *e as negras furnas vãn tornando fondas* [44, 18]; *un branco ronsel deixa, escumosante, xordo* [49, 8]; *case ao longal turquesa da galizana ría* [49, 10]; *escumante cerveza* [53, 7]; *roiba cerveza* [53, 68]; *meixelas rosals* [57, 40]; *Diante do limpo espello / das augas de turquesa, que dan gozo*, [57, 123-124]; *brancos praias*, [60, 5-6]; *gaivotas, cöantes e algareiras* [66, 21]; *espéllase n-as ondas tranquiás, coor turquesa*, [68, 3]; *aceiro frío* [65, 7]; *azuradas ondas* [69, 8]; *brancas gaivotas* [56 17; 69, 12; *passim*]; *brancos de azuceas* [57, 38]; *mar verdescuro* [59, 17];

brancas praias [63, 9]; *branca praia* [69, 41]; *alburaes praias* [70, 16]; *alba area* [71, 8]; *lus eburna* [71, 10]; *de noite en negra furna* [71, 14]; *brancas velas* [71, 25]; *soaves armoñías* [72, 13]; *noite negra* [74, 60]; *negras noites* [75, 25]; *verdes ondas* [83, 46]; *mariñas gaivotas* [84, 27]; *albeiro liño* [91, 20] ou *albo liño* [102, 7].

Canda eles, varios exemplos de **pleonasm**, innecesarios para a comprensión dos textos, como: *¡Qué lediza miral-o, / pra os meus ollos de neno mariñeiro*, [2, 55-56]; *que as mortaes miniñas con que ollamos* [3, 3] ou estoutro aínda máis evidente, *meus ollos fixo ollando...* [116, 36]; (as campanas) *pol-os aires ceibando seus housiannas* [30, 907] ou *¡choutan nos ars mil doas de cristaes!* [57, 105]

Igualmente podemos incluír aquí os casos de **paráfrase**, nos que o poeta repite ou modifica un texto coñecido, como acontece en: *que xa dixo Rosalía / non habel-as máis galanas / nin mellores bailadoras / de moiñeira e riveirana...* [30, 239-240], que glosa os seguintes versos: *Son as de Laxe unhas mozas... / ¡Vaia unhas mozas aquelas! / Sólo con velas de lonxe / quítaselles a monteira / porque son vivas de xenio, / anque son rapazas netas. / Bailadoras... n'hai ningunhas / que con elas se entrometan / pois por bailar bailarían / no cribo dunha peneira...*, fragmento do longo sexto poema dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, autora que tamén é citada nos poemas **A campana da soidade** [5] e **Na morte de Lexandro Bóveda** [95], aquí xunto a Eduardo Pondal, e tamén nos sonetos **Rosalía Castro** [19] e **A Rosalía de Castro** [103]. Alén diso, no apartado da Intertextualidade [Cfr. *supra*] confrontamos outras pegadas e textos de literatura popular.

D.2.3. Por recorrencia

As recorrencias máis importantes prodúcense no plano morfolóxico, entre as que temos numerosos casos de **derivatio** ou **figuras etimolóxicas** con conexión sintáctica ou

semántica en: *â espiñosa roseira dínlle un bico... / je cobréuse de rosas seu follaxe!...* [1, 13-14]; *os soñadores ollos dos que pensan / que as mortaes miniñas con que ollamos* [3, 2-3]; *costuman, acotío, voiar soios / nas soidades das praias e das brétemas* [3, 7-8]; *e que, agora, xa viven outras vidas* [3, 13]; *ríse con risas cristiáñas* [4, 66]; *doída, / ¡doídamente!...* [4, 177-178]; *Chora o ceu, / choras tí, / choro eu... / ¡todos choramos eiquí* [5, 21-22]; *coa tea feita do tear do azul* [8, 17]; *A serriña, serra,* [9, 5; 9, 12; *passim*]; *o cantariño sinxelo, / o cantar que sempre empeza* [9, 10-11]; *Tristes zoares que zoan,* [11, 17]; *coma unha pomba aniña no niño do meu peito* [13, 55]; *Tiña unha sorriso triste, triste de toda tristeza,* [19, 1]; *A súa vos era tenra, tenra de toda tenreza* [19, 5]; *Bailador, baila, espernexa, / vai na volta espernexando,* [23, 25-26]; *Xa non zoan os pinos do pinal máis antergo* [25, 1]; *Voltando e revoltando, unha moxena* [26, 21]; *Côs sachos apreixados, sachando os milleirales* [29, 5]; *soñan soños de peixes e patelas,* [30, 10]; *Pol-as estreitas calexas, pol-os calexóns e rúas,* [30, 53]; *Non lle importa de ningures, / de ninguén, ningún, nin nadia* [30, 261-262]; *cantan os pescos seus cantos* [30, 486]; *Cantan xurdias cantareas* [30, 570]; *os patacales, un xurdio / cantar cántanlle âs patacas,* [30, 574-575]; *sin que ninguén a amparase / nin que ningún correntara* [30, 641-642]; *baixiño..., baixo..., baixo...,* [30, 807]; *falándolles con falas feiticeiras / e, no berce, cantándolle seus cantos!...* [30, 824-825]; *xa brila o sol de Agosto, como brillan* [30, 833]; *vái «Candil», fogueteiro, / cós foguetes ao lombo...* [30, 846-847]; *na esperanza da espera,* [30, 1036]; *maxinaba nas voltas e revoltas* [30, 1071]; *¡Vivía mergullado, mesmamente, / como viven na fé as almas místicas!...* [30, 1103-1104]; *Cantando a berros, cantos de salmodiante rogo,* [30, 1132]; *pranxía a máis pranxer,* [30, 1260]; *aínda fora mellor, mellor lle fore* [30, 1290]; *das bocas das velliñas que fían moitos fíos* [30, 1387]; *os roibos e marelos panillos, e os marfils / das mans das panilleiras, de xestos delicados,* [30, 1394-1395]; *pra me alivial-a mágoa que sofro e sofriréi...* [30, 1432]; *âs mozas panilleiras anubra o sentimento / e os dedos aos panillos non fân repenicar* [30,

1443-1444]; *Câl gaivotas que voan e revoan* [31, 5]; *queda, / quediñamente / tan quediña*, [32, 42-44]; *En calquera lugar, fose rúa ou rueiro*, [36, 63]; —*jouh, cibdade co-a que soño e soñei!*—, [36, 97]; *Das veciñales aldeias, / os aldeáns chegan logo*, [42, 33-34]; *dempóis de me dare bicos e rebicos* [45, 13]; *cantar que fáil mil anos vên cantando* [46, 4]; *ala panos na paneta* [46, 6]; *que xa findan mainiñas...*, / *mainiñamente...*, *mainas* [46, 30-31]; *pol-o que chove e chovío*, [59, 22]; *que piséi de pequeno e que pisaron* [61, 20]; —*no mar é unha gaiola pra engaiolar â xarda*— [66, 2]; *voan e revoan* [69, 14]; *cóntanos contos de meigas*, [70, 74]; *cando vên marzo marceiro* [70, 98]; —*mestas, mestas como as herbas dos herbales* [70, 107]; *pouquiñ'a pouco*, [74, 25]; *pouquiño a pouco... quedo... solermiña...* [89, 16]; *do mar, brúa e rebrúa na Costa do Laxés* [93, 8]; *que trouxeron â moura moureiría* [95, 30]; *Non digas que eres de ferro / pra que te maxinen forte, / se a ferruxe da saudade* [99, 41-43]; *Figueira do figueiredo / que tel-os figos serodios*, [100, 1-2]; *pecha os ollos como un pecho*, [106, 10]; *jProbe besta que rouba... e redemen / as bagullas que verte, ô roubar!...* [107, 19-20]; *as luces de irmandade máis lus resprandecían* [108, 7]; *i-eisímade, o poeta, cal reberte Isaías, / n-un poema inmorrente anuncióu fastos días* [114, 12-13]; *...Tal dixen fai des anos... Agora, triste, digo* [115, 5]; *Houbera mar de fondo a sete mares* [116, 1]; *jProbiños, os coitados mariñeiros!...* / *jij—Probes, os afogados!!!...* [116, 95-96] ou, finalmente, *lles tallaría no tallo, / como o tallaban, noutrora*, [117, 26-27].

Anotamos varios exemplos de **epanalepse** ou **xeminatio**, pola repetición dunha ou varias palabras en contacto: *fiando..., fiando...*; (...)/ *fóil tecendo..., tecendo..., tecendo...*, / *soñando..., soñando...* [4, 91-94]; *e xa nunca... jxa nunca ouzarémol-o canto* [20, 3]; *Os mozos, baila que baila*, [23, 13]; —*jQué dis!...* *j¿Qué?!...* *jFala, demoro!...* [27, 49]; *vân rubindo..., rubindo..., cara ao ceo*, [30, 156]; *ao sôn do* —«*jRaina!.. jEi, raina!*», [30, 487]; *Anda triste Barlovento, triste e serio*, [30, 508]; *bagulla que bagulla coma orballo*, [30, 751]; *je casarnos!...* *jasarnos!* [30, 775]; *nin valéu que a moza chorara e chorara* [30, 1025]; *O*

socheo, jo socheo!, balbordante, [45, 25]; —¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!... [46, 11; 46, 21; passim]; Sempre, ¡sempre!, traballando, [46, 16]; choran... e choran..., e pregan, [50, 50]; Mais, xa cando moi lonxe..., ¡moi lonxe! [56, 25]; tecen... e tecen... seus fíos, [59, 34]; —carrexa que carrexa furna arriba / e dalle que lle dalle furna abaixo— [61, 27-28]; Rema que rema, decote, [67, 61]; —mestas, mestas como as herbas dos herbales; / mestas, mestas como as follas dos trigales— [70, 107-108]; —¡Gouga!, ¡gouga!, ¡queridiñas! [70, 110]; revoan e revoan arredore [74, 5]; ¡Alá van! ¡alá ván!..., pouquiñ'a pouco, [74, 25]; ¡Alá ván! ¡alá ván!..., os emigrantes, [74, 57]; deixand'atrás..., ¡atrás!..., a torre d'Hércules, [74, 59]; ¡Xerminal!, ¡Xerminal!...: ¡¡¡bendito seas!!! [74, 80]; — ¡Adeus!, ¡adeus!..., ¡¡adeus!... [94, 42]; ¡Non é!, ¡non é! da nosa enxebre sangue [95, 16]; ¡Son os mouros!, ¡os mouros!, ¡¡son os mouros!! [98, 52]; ¡A calar!, ¡a calar!, ¡como as Esfínxes! [98, 71]; O carro roda que roda [100, 29]; dos seus bens, ¡seus bens propios!, sin tutora oprobenta! [111, 4] ou ¡O fin!, ¡ó fin, ei d-irme, ¡Terra Enxoi! [112, 9].

E algúns casos de **anadiplose** ou **reduplicatio**, pola repetición dunha ou varias palabras no final dun verso e no principio do seguinte: *e cando a nai volvío xunto â nena... / ¡a nena estaba morta!... [26, 23-24]; Meu ben... ¡adéus!... / —¡Adéus, rula!... [30, 77-78]; —¿Non viches â miña Rosa / —¡â miña Rosa galana!— [30, 710-711]; mentras prega baixiño..., / baixiño..., baixo..., baixo..., [30, 806-807]; vái a probe Rosiña / —¡probe Rosa do Vento!— [30, 952-953]; Arrola, meu anxo, arrola; / arrola, meu ben reberte, [106, 1-2]; de futura libertá... / ¡a libertá que non morre [107, 24-25] ou silandeira, amodiño: —Ga... li... cei... be... / —¡Galiceibe!, ¡a luitar! —, o povo agrúa, [112, 56-57].*

E tamén algúns outros de **epanadiplose** ou **epanástrofe**, pola reiteración da mesma palabra no inicio e no final do mesmo verso, quer con substantivos ou indefinidos: *pedrada vái e pedrada, [30, 637]; palique vái e palique, [30, 660]; Nadia dixera, nadia, [58, 65]; quer con formas verbais: ¡bagulla que bagulla (...) / ¡debul! que debul! [4, 109-112]; revolve*

que te revolve [4, 153]; *Latrica que latrica / e bica que te bica* [7, 38-39]; *peneira que te peneira* [23, 16]; *Tría, miñ-alma, tría*, [28, 8]; *falan e requetefalan* [30, 671]; —¿*Atracas, ou non atracas?* [67, 41]; —*¡anda!, ¡anda!... ¡que te anda!...*— [70, 25]; —«¿*Pra qué escribir, pra qué?*... [30, 1254]; *¡ben o pagas, ¡parviño! ben o pagas*, [30, 1257]; *E mentras as nubes tecen..., / tecen... e tecen... seus fíos*, [59, 33-34]; *non importa ¡galegos!, non importe*, [89, 30]; *¡Sementa, ¡bó hirmán!, sementa* [91, 26]; *¡Sementa, ¡sempre!, sementa*, [91, 55]; *¡Non-os chores, Lexandro, non-os chores* [95, 79]; *¡¡Santo!!... ¡¡Santo!!... ¡¡¡Santo!!!...* [95, 90]; *Arrola, meu anxo, arrola*; [106, 1; 106, 5; *passim*] ou *Camiños da Vieira, galáxicos camiños* [108, 49].

Igualmente rexistramos exemplos de **polisíndeton**, nomeadamente de conxuncións copulativas: *¡Pro, nin piñeiros, / nin os salgueiros, / nin os trigaes / —inda xuntando seus ledos cantos cós milleiraes, / e coas fontelas / e cós herbaes—*, [4, 57-62]; *Arumada de menta e caraveles, / roméu e chuchameles* [30, 104-105]; *non hai meigas, xorguiñas, nin chuchonas, / nin lumias, negrumantas, nin sibilas*, [30, 282-283]; *onde as buquetas e botes, / traineras, dornas e lanchas, / velean, cían e bogan*, [30, 456-458]; *de patacas, e fabas, e compango*, [30, 787]; *non vãn ao mar os mozos nin os vellos, / nin panillan as vellas nin rapazas...* [30, 897-898]; *Pol-as pedras limosas e arneiradas, / vênse pilóns e medas d-escorreadas, / de trapos e de bochos, / nos que bulen parrulos e galiñas, / cans, rapaces e cochos...* [57, 49-53]; *e, hastr-ôs xoellos, pantalóns e sayas—, / recollen mixillóns e berberechos, / ourizos e percebes* [57, 68-70]; *coas gaviotas, cós aros e pardelas, / coas piras e mascatos, / coas tinturas e ardoras, / saltidos e areallos...* [58, 51-54]; *quedóuse sin homes, / sin redes, sin proas...*, [69, 51-52]; *Sementa razóns e grans; / amor sementa e cariño, / fraternidade e cultura* [91, 48-50] ou *E n-os bordóns e báculos, na capa e na escraviña*, [108, 21] e que acada o seu cumio, en combinación cunha sucesión de anáforas, nesta estrofa: *Nin o mar da «Marola», sempre irado, / nin a «Torre Herculina», / nin o*

«Orzán», nin «Garás», nin «O Relleno», / nin as ondas branqueando en «Punta Herminia», / nin a Rúa Real, fervendo en xente, / nin os pazos brillantes da «Mariña»... [30, 1095-1100].

Esta recorrencia, propia das conxuncións, tamén se fai visible na repetición dunha preposición: *quedóuse sin homes, / sin redes, sin proas...*, [69, 51-52]; *Sin bágoas, sin pregos, sin loubores* [71, 12] e *sin folgos, sin solás, sin tér siquera* [105, 18].

Igualmente, no plano sintáctico, anotamos varios tipos de recorrencias, sobre todo as **anáforas**, en inicio de verso: —*¡ouh, xurdio baile sagro!*, / *ouh, baile da riveira!* — [4, 114-115]; *chora Xelmírez o Santo, / chora a saudal Rosalía, / choran Pondal e Murguía...* / *¡E chora Curros Enríquez!*... [5, 17-20]; —*Canta, canta, miña rula;* / *canta, canta, Mari-Pepa,* [9, 8-9]; —*¡Saúde, queridiños!*—; / —*¡Saúde, nobre xente!*—; [16, 17-18]; —*¡Adéus, rula!*... / —*¡Adéus, Gundar!*... [30, 77-79]; entre moitas outras.

Unha longa serie de anáforas e figuras etimolóxicas ou derivatios aparece nestes versos, no que se podería entender como **epónimo**: —*¡Rosiña, tola de amores!*... / —*¡Rosiña, rosa lilaina!*... / —*¡Rosiña, Rosa do Vento!*... / —*¡Rosiña!, ¿cándo te casas?*... / —*¡Rosiña!, ¿fóiseche o noivo?*... / —*¡Rosiña!, ¡sôfre, coitada!*... / —*¡Rosiña dos silveirales / que na roseira non bailas!*... [30, 622-629].

E anotamos casos de **anáfora textual**, ao termos repetición dun ou máis versos no comenzo de estrofas diferentes, por exemplo en: —*“¡Deus fratesque Gallaeciae!”*,— *aturuxaban* [85, 1]; —*“¡Deus fratesque Gallaeciae!”*,— *respostaban* [85, 5] ou *Ben chegados, “De Ruada”, da Nai Terra Galicia,* [88, 1]; *Ben chegados, “De Ruada”, bôs hirmáns ben queridos,* [88, 9].

En ocasións, esta **anáfora versal**, que ocupa a totalidade do verso, convértese en **estribillo** cando se trata dun ou varios versos que se repites no final de cada estrofa: *¡Quén poidera voltar a escuitar-vos, / côs mortales ouvidos, as cántigas!* [10, 9-10]; *¡Quén poidera*

tornar a escoitar-vos, / côs mortales ouvidos, as cántigas! [10, 19-20]; *¡Quién puidera volver a escoitar-vos, / côs mortales ouvidos, as cántigas!* [10, 29-30].

Outras veces válese dos **paralelismos**, que repiten secuencias máis amplas de elementos organizadas consonte un mesmo esquema sintáctico. Estes procedementos paralelísticos, así como as intensificacións anafóricas e as enumeracións relacionan a súa poesía directamente coa literatura de tradición oral e co neopopularismo. As construcións paralelísticas son moi evidentes en numerosos textos, xa desde os primeiros poemas, por exemplo **O herbedeiro de Lourido** [2]; **A gaita** [4] ou **A campana da soidade** [5], por citarmos algún. Ás veces prodúcese nun mesmo verso, como neste: *non morran as espranzas nin fuxan as legrías* [29, 13-14].

Os procedementos reiterativos complétanse con abondosas **estruturas bimembres, trimembres** ou **plurimembres**, como ocorre tamén nestes exemplos dos primeiros poemas: *C-unha arela... / c-unha mágoa...* [1, 9-10]; *de mirada cativa, / de gruñido ferós e abrazos férvedos...* [2, 27-28]; *aboiantes de ponlas e de arume, / de monllos ou de estrume, / de táboas ou de piños,* [2, 43-45]; *nos vales, nas campías, nas montanas, / nos pinales que zoan fondas verbas* [3, 35-36]; *nin os primores, / nin a dozura, / nin a tenrura,* [4, 41-43]; *sesean os herbaes, / marmulan as fontelas / e rínse os milleirae* [4, 47-56]; *chamándonos, / falándonos, / agarimándonos* [5, 7-9; 5, 26-28; *passim*]; *i-afóndase seu canto pol-os vales, / n-os montes, na pranice, / n-os agros, n-os brañales, / na gándara e na ría,* [7, 2-5]; *o cantar de «Cantaceibe», / o cantar de Mari-Pepa* [9, 24-25] ou *Pinales de Carrabete, pinales de Quela Banda; / ¡ouh, pinales de Soesto,* [10, 1-3]; entre moitísimas outras estruturas deste xorne.

Dentro das recorrencias tamén debemos sinalar as **enumeracións caóticas**, que cumpren o papel de alixeirar o texto de sobexa poeticidade, procurando un prosaísmo que aproxime a poesía a outros posibles lectores potenciais. Adoitan estar formadas por series

de substantivos, como sucede nestes versos: *Zocos, chapéu, chaqueta, calzón bragal, cirolas, / chaleque brasonado / e liñeira camisa*. [13, 24-25]; *Fondeadas, xeiteiras e motoras, / soñan soños de peixes e patelas, / areallos, saltidos, albacoras, / piras, aros, gaivotas e pardelas*. [30, 9-12]; *os boliches, os xeitos e os tramallos, / tamén soñan seus soños de sardiñas, / maragotas, besugos, rodaballos...* [30, 14-16]; *Nas casas de ultramariños, / tahonas, tendas, quincallas, / e outros comercios, a xente* [30, 243-245]; *A unha chámante «A Troita Fachalisa», / e, âs outras, cada câl eisí se alcuma: / «A Laberca», «A Barbada», «A Daimerrisa», / «A Noxenta», «A Feluxe», e «A Parruma»* [30, 309-312]; *Carréxanse os xeitos, boliches e artes, / tarrafas, boureles, fulames e boias...* [69, 47-48]; *¡pais, abós, irmáns, parentes, / compañeiros e veciños!...* [84, 53-54] ou as longas series: *que traguedes n-os cantos o arelar da Xusticia, / o ron-ron dos muiños, as debullas n-os piornos, / a fraganza da broa e o pan-trigo n-os fornos; / o fungar dos pinales, o risar das regueiras, / os marmulos das fontes, o balbordo das feiras, / as risadas das mozas, os sospiros dos mozos, / os saloucos das mágoas e as lelías dos gozos* [88, 1-8] ou *N-as cantigas que dades, / “De Ruada”, lembrades: / Os arrulos das rulas, / os arumes das froles, o frou-frou d-escasulas, / os recendos dos óleos dos mistéreos astraes, / as arelas dos pregos, / o ris-ris dos trigaes / e os cantares de cegos; / os moumeos das fadas, / os rebumbios das fiadas, / o tras-tras d-espadelas, / o run-run das foliadas / e “muiñeiras de roda” / ben bailadas, sinxelas, / —na litúrxica moda— / a morneza dos colos, / a-la-la-las, arrolos, / e os bruídos do mar* [88, 35-52]. E neste caso por unha serie de antropónimos de galeguistas: *Quintanilla, Casal, Díaz Baliño, / Xan Carballeira, Casas, Lustres Rivas, / Xosé A. Suárez Picallo, Anxel Fole / e outros centos de irmáns non menos outos* [95, 51-54] ou nestoutros por unha serie de numerais: *outro día serán catro..., sete..., doce...; / máis adiante... ¡vinte máis!...* [30, 542-543]; *De tal xeito, voiábanselle os días..., / unha semán, tres..., seis...,* [30,

1203-1204], *Con séconas e tréconas, e coartas*, [97, 17], alén de moitas outras que sinalamos nas figuras de asíndeton ou polisíndeton.

D.2.4. Por alteración da concordancia

Os fenómenos gramaticais producidos por alteracións da concordancia apenas aparecen nos poemas, de quitado deste agramatical e forte **anacoluto**: *E mentres que na loita hachaban morte / os treidores Fidalgos de Monforte, / —¡que venderan a Nai pol-a triganza / dos reises d-Aragón e de Castela!—, / a fasquía do bó Pardo de Cela / lembrado ó Redenzor de BREOGANZA!... [85, 9-14].*

D.2.5. Por especial ordenamento

Porén, son moi numerosas as dislocacións que se orixinan por unha alteración da orde lóxica da secuencia sintáctica normal: é o que se coñecen co nome de **hipérbatos**. Este tipo de dislocación é un recurso recorrente e, ás veces, retorce o discurso literario ata achegarse á incompreensión. Nos versos anteriores xa temos exemplos desta alteración da orde lóxica, mais ofrecemos algúns exemplos ilustrativos, das ducias que se poderían rastrexar nos versos: *O xigante barudo, / o herbedeiro xigante / que o desfíe de séculos vêr pudo*, [2, 36-38]; *Non ben alá chegaba, / e a moaxe deixaba / da vella moega enriba*, [2, 67-69]; *A leda cotovía / o voio ao ceo levanta*, [7, 9-10]; *arrulaban soidades de querer e amor cheas*; [25, 3]; *Logo da seirán, a noite / tece da meiguice o veo*, [28, 27-28] ou *Sóbor das praias das furnas / salgadas bagullas verten* [50, 19-20]; entroutros moitos.

Unha boa parte destes hipérbatos veñen propiciados, como se pode ollar nalgún dos citados, pola procura de rima entre os versos.

Canda eles, aparecen tamén **quiasmos**. Estes ordenamentos cruzados unhas veces afectan a frases ou sintagamas nominais e outras a unidades maiores. Velaquí algúns exemplos deste procedemento tamén abondosamente reiterado: *O xigante barudo, / o herbedeiro xigante* [2, 36-37]; *de croios pren e hirtada pedra viva* [2, 66]; *¡Ai, xigante herbedeiro, / herbedeiro fornido!* [2, 96-97]; *canta e tría / tría e canta*, [4, 21-22]; *Marica e máis Farruco, / Farruco e máis Marica* [7, 43-44]; —*Alubura o baile, mozo; / mozo, teu baile alubura*, [23, 21-22]; *Brúa o mar na Costa Brava, / o norde zoa nos pinos*, [27, 1-2]; —*infrado de checheza / e de xenreira lévedo*— [33, 45-46]; *As serodias espranzas vãn e veñen, / coma veñen e vãn as anduriñas* [35, 9-10]; *vento forte, / forte vento...* [70, 94-95]; *¡Queira a sorte, ¡xigante!, / a sorte queira* [94, 43-44]; *Anda tan mal túa tía, / túa tía tan mal anda*, [99, 1-2] ou *Teño tarreos en Brántuas / e pinales teño en Carnio*, [100, 69-70]; mais tamén en versos non contiguos, aínda que próximos, *Dorme Laxe, soñando as outas grorias* [30, 5]; *Laxe dorme, vivindo mil soñares* [30, 29]; *Soña Laxe que é porto de refuxo* [30, 37]; *Laxe soña Fisterras, coma outrora*, [30, 45]; *veñen, vãn, cõando*, [69, 13]; *Vãn e veñen, unhas;* [69, 17] ou *Veñen e van as gaivotas* [99, 45]; *como as vagas, van e veñen*, [99, 47] ou tamén dentro dun mesmo verso: *ao sôn do canto bruxo do bruxo paspallás* [31, 66].

D.3. Nivel léxico-semántico. Tropos e figuras

No **nivel léxico-semántico** os poemas caracterízanse pola moderada aparición das figuras retóricas e tropos, máis preto da sobriedade que da profusión, xa que moitas veces se afasta deliberadamente dunha linguaxe sobexo poetizada para privilexiar o impacto do discurso. Para iso utiliza procedementos formais neopopularistas e non desbota o emprego dalgúns recursos propios da poética tradicional, como xa vimos. Aínda así, a imaxinería poética do libro é rica e achamos recursos expresivos dunha gran calidade estética.

En primeiro lugar chama a nosa atención a produtividade das **imaxes**, conxugando elementos do mundo real con percepcións figuradas ou imaxinadas. Moitas delas proveñen do imaxinario da poesía tradicional, como ocorre en: *Unha fonda soidade cobre â i-alma / de sereidá..., de pas, de amor infindo...* [7, 53-54]; *Chove, afora; / n-alma, pinga...* [11, 5-6]; *¡pro máis chove / n-alma miña!...* [11, 21-22]; *Chove, afora... / N-alma... ¡dioiva!...* [11, 23-24] ou *onde as miñas soidades vãn chorar...* [34, 14].

Este sentido figurado do que vimos falando intensifícase coa presenza do elemento expresivo por excelencia, a **metáfora**, que achamos empregada conforme a diferentes posibilidades. Así temos as máis **puras**, que consisten na substitución do termo real polo evocado ou figurado: *relembros sen espiñas* (=sufrimento) [2, cita]; *que a lene bris movía antre esmeraldas* (=árbores) [2, 77]; *e a brancura eucarística dos trigos* (=hostias) [12, 8]; *nobre río que leva / —sinxelamente bô— / seus brilantes cristaes* (=augas) [14, 9-11]; *e fuxíronche as zreixas* (=cores) / *que tiñas n-as fazulas*, [26, 14-15]; *e as turxentes brancuras das goletas* (=as velas) [30, 44]; *n-un nidio espello esmeralda;* (=o mar) [30, 322]; *pra furadar a esmeralda*(=as augas) / *do alfós sereo da ría* [30, 477-478]; *brancas volvoretas...* (=cartas) [31, 4; 31, 83]; *n-os agros brandeaba o mar de louro trigo,* (=trigal) [31, 65]; *onde as fouces das praias fân seitura no vran* (=o bater do mar) / *n-os liñares das ondas das searas do Orzán?* [36, 61-62]; *Reventan os botóns dos arboredos* (=as flores) [37, 5]; *¡é grórea solagar teus imbornaes / na salgada negrura!* (=o mar) [39, 11-12]; *pra ollar arxentos tesouros...* (=sardiñas) [42, 22]; *Fica a riveira coa xente, / diante ao prateado tesouro,* (=sardiñas) [42, 65-66]; *no cimiterio de olgas* (=as profundidades abisais) [45, 8]; *e unha branca puntilla / panilla / no regazo / do limpo e intenso azur de fror de liño* (=a espuma das ondas no mar) [51, 65-68]; *Diante do limpo espello* (=o mar) / *das augas de turquesa, que dan gozo,* [57, 123-124]; *e, ao se cravar nas ágoas —que arponea, / escacha e fende—, / ¡choutan nos ars mil doas de cristaes!...* (=a pesca do mascato nas ondas no mar)

[57, 103-105]; *enchrénchase no mar de fror de liño*, (=a espuma das ondas no mar) [57, 114]; *a cenefa das ondas preguizosas* (=a espuma) [58, 15]; *As nubens —tear da chuvia— / prenden na terra os seus fíos* (=as pingas) [59, 1-2]; *O sol nacente baila, frechando seus destelos, / no mar de fror de liño: cristaes e cuitelos* (=a espuma e as raiolas do sol) [66, 9-10] ou *Nos seus craros cristaes canta o Miño* (=augas) [112, 41].

Entre as metáforas puras, temos exemplos de **sinestesias**, por se produciren sensacións auditivas, gustativas olfactivas, táctiles, visuais, que teñen que ver cos sentidos: *As brancas mans da alborada* (=raiolas) / *ábrenlle os ollos ao día*, [4, 12-13]; *por máis que as navallas das bocas decían* (=as linguas) [30, 1013]; *¡no sinistro pentágrama das ondas / iscritura o chorar!...* (=a dor polos afogados escribe) [40, 23-24]; *e as decrinantes olladas* (=raiolas) / *do sol tínxense de roxo*, [42, 3-4]; *e as xanelas, pra miral-a, / abren, brillantes, os ollos...* (=as contras) [42, 29-30].

Outras, metáforas impuras, ao non existir substitución do plano real polo evocado, son as denominadas **metáforas aposicionais**, que expanden o significado do substantivo: *Patacas, ¡pan dos probes!; / patacas... ¡¡froitto santo!!!...* [16, 75-76]; *do que foi branco cisne: ¡Eduardo Pondal!* [20, 14] ou *Faro Vilán —vixía, arpón de lus xigante—* [30, 1149]; *e, lonxe —¡lonxe, aínda!—, ollábase Fisterra, / ¡tamén arpón máis forte do mundo e nosa Terra!...* [30, 1151-1152]; *Túas mans tremecentes / —ruliñas emigrantes, / tenras ouripendolas—*, [32, 11-13]; *e a de Doña Leonela / Domenech, ¡corazón de ouro!*, [42, 51-52]; *Nas ondas —tellado verde / do mar—*, [48, 1-2]; *Queima o sol —furnón de lume—* [48, 5]; *As nubens —tear da chuvia—* [59, 1]; *Na praia —lúa mingoante / que se deitou no camiño—* [59, 25-26]; *Praias, foces de lúa no crecente, / foces de limpa prata no menguante*, [63, 1-2]; *Praiales de Galiza, brancas praias / —dentamias da sorriso costaneira* [63, 9-10]; *A praia —alba fouce—* [69, 49] ou *A túa praia ¡tan longa!, (...)/ de xeito de médea lúa / ou mandil de branco liño*, [84, 23-26].

Ou tamén as denominadas **metáforas copulativas**, como: *Seu corazón era unha ánfora chea de doce ambrosía* [19, 9]; *As cartas que nos veñen de Galiza / sôn, tamén, volvoretas*, [31, 101-102]; *Túas mans antre as miñas (...) / son dúas anduriñas / ou rulas inquedantes*, [32, 1-5]; *que mil panos de adeuses eran pombas a voar...* [36, 82]; *de que éste é un ano bô pintor d-espigas...* [38, 81]; *No vran, as súas praias son leitos de puntillas* [68, 9] ou *as caras son rosas* [69, 28].

Desde outro punto de vista, tamén podemos atopar varios exemplos de **metáforas**, na relación “animado-animado”. Os máis significativos teñen que ver coa utilización figurada da palabra ‘lobo’: *Aquel fato de lobos, oubeante*, (=os soldados de Herodes) [33, 15]; *os lobos sin entranas* [33, 28]; *que, inquedados, escuitan os tres lobos do Norte*. (=lobos de mar ou mariñeiros) [53, 30]; *os lobicáns e os lobos da xauría* (=os franquistas) [95, 13]; *os Rómulo-Remos —lobos— i-os teutónicos* (=os fascistas italianos e os nazis alemáns) [98, 8]; *diante ós lobos da Terra de Castela* (=os franquistas) [112, 59]; *e, se poidera, aos lobos que Noso Chan resiste*, [115, 17]; ademais das palabras derivadas ‘lobicón’ e ‘lobicán’, *que os lobicóns de Roma levano ao teu solar* (=os soldados de romanos) [17, 11], nas formas do estándar *lobicán* [30, 801]; *lobicáns* [33, 63; 77, 100; *passim*], ‘Animal que nace do cruzamento de lobo e cadela ou loba e can’ ou nos neoloxismos de invención propia *Cristialobo* [105; 31; 115; 26]; *Cristialobos* [98; título; 98; 84; *passim*]; *Cristiaxudas* [109; 50] (que o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Cristián traidor, mistura de Cristo e de Xudas: monstro teratolóxico espritoal», todos eles para designaren aos franquistas. Canda elas, tamén as metáforas sentimentais destes versos: *Se Gundar chamáballe: «Ruliña do arrulo», / «Garimosa pomba», «Amor do pombal»—, / Rosa respondíalle con sinxel argulo: / —Non tanto, meu pombo... ¡miñato real!—...* [30, 999-1003] ou estoutra para se referir a Eduardo Pondal: *E un bello cisne soña sobr’o río...* [73, 14].

E aínda anotamos outras **metáforas**, na relación “inanimado-inanimado”: *tintina a súa prata nos veirales* (=augas da regueira) [21, 2]; *vân vertendo os graus de ouro dos talegos* (=de millo) [24, 3]; *n-os cristaes do abrente e nos da aurora*, (=raiolas) [30, 47]; *son como acougador cristal dos ríos* (=augas) [41, 32]; *no fondo seo das soidosas furnas: / sítense risas de cristals, e choros*, (=ondas) [44, 70-71]; *que acrarexa os neboeiros da concenza* (=dúbidas) [30, 792]; *os roibos e marelos panillos, e os marfils* (=dedos) / *das mans das panilleiras, de xestos delicados*, [30, 1394-1395]; *O rosáreo de corchos e aparello* (=redes) [46, 1]; *hastra as mouras enxivas / das firentes dentamias dos baixíos*, (= cons e rochas) [51, 3-4] ou *côs dentes arneirados*, (= cons e rochas) [61, 40].

E, finalmente, tamén **metáforas**, na relación “animado-inanimado” ou viceversa: *aquelas almas sin luces* (=os nenos) / *que a escola nunca pisaran...* [30, 642-643]; *Cando vín aquel monstro, mar afora, emproaba*, (=o trasatlántico) [36, 79] ou *facendo guiños*, (=curvas) / (...) *A branca carreteira vai pr’a Lage* [73, 7]. Abondo significativo é o poema **Amante navío** [65] no que as embarcacións (*trainera* e *navío*) representan a existencia de dúas persoas, trasuntos do propio poeta e da amada, nos *mares de vida*.

Alonso Montero, na antoloxía *Poemas ó vagalume* [1997: 37-39], que inclúe **Vagalumes** [26], nunha nota ao final dá conta da procedencia e engade: «Que saibamos, é a primeira vez que alguén, entre nós, titula “Vagalumes” un poema, no que, por certo, non se fai un canto ó noso personaxe. Cremos que nesta composición “vagalumes” é a denominación metafórica de fogos fatuos (cf. o castelán “candelillas”)».

Con todo, a poesía en galego de **Antón Zapata García** caracterízase pola profusión dos tropos metonímicos, baseados en relacións de contigüidade causal como as **metonimias**, ou baseados en relacións de cantidade, como as **sinécdoques**.

Metonimias:

- a) causa polo efecto: *sempre fôí LAR, berce de legrías*, [6, 10] (=causa das alegrías dos emigrantes); *tamén él se morrió solagado na dôr* [20, 8] ou *que afondan a mágoa da que hei de morrer!...* [30, 1062] (=a dor e a mágoa non causan a morte)
- b) efecto pola causa: *â que dín meu suor* [14, 34] (=o traballo); *namentres o sol ñeo as súas dermes doura*, [29, 8] (=os raios do sol); *e fáí que o sol refulxa nidio e craro* [30, 793] (=a luz solar) Ou *e o fruto garda do suor no rego* [38, 105] (=do traballo).
- c) abstracto polo concreto: —*¡almas da Terra e da Xente!*— [4, 172]; *¡Lar alcendido nas galegas almas!...* [6, 14]; *Unha fonda soidade cobre â i-alma* [7, 53]; *je aínda zoades na miñ-alma!* [10, 8]; *n-alma, pinga...* [11, 6]; *Pol-a i-alma van pasando, bretemosos* [11, 13]; *N-alma... ¡dioiva!...* [11, 24]; *Ela arrula —¡Branca Pomba!— nosa i-alma con amor!...* [19, 14]; *Dín as xentes, ao vel-o: —Er-â i-alma do vate* [20, 5]; *Tría, miñ-alma, tría*, [28, 8]; *Alma, canta; / ¡alma, tría!* [28, 25-26]; *talmente son estautas viventes de alma grega* [29, 4] e moitos máis versos (=os seres humanos, agás que sexamos crentes e afirmemos a dualidade alma / corpo); *un home vai pensando na xustiza* [88, 3] ou *que traguedes n-os cantos o arelar da Xusticia*, [88, 2] (=a administración da xustiza por xuíces).
- d) concreto polo abstracto: *¡que caian os hirmáns —unque nos doia— / de duro corazón dexenerado!...* [89, 27-28]; *que o que tén corazón; a forza, chora*, [89, 31] (=sentimentos).
- e) continente polo contido: *cantos vasos enchimpen d-escumante cerveza* [56, 7] (=beben o contido dos vasos).
- f) instrumento por quen o usa: *as parellas dos máusers e capotes*, [116, 23] (=gardas civís); *cô asesíño machado* [2, 86]; (as lanchas) *navegan, como argonautas*, [42, 13]; *as brillantes ferradas* (=mariscadores) / *vân facendo a colleita* [51, 45-46]; *pois, lanchas e botes, / chalanas, buquetas, motoras, / xa ergueron as velas, / os remos xa*

bogan, [69, 53-56] ou *siméns e garlopas / fân rizos n-as táboas que aruma a resiña / e golpegetexan martelos i-eixolas!...* (=carpinteiros de ribeira) [69, 62-64].

- g) materia polo obxecto: *xirando, de chegada, prata allea*, [30, 1213] (=diñeiro); *Anque teñas onzas d-ouro, / e bulsas cheas de prata*, [100, 38] (=moedas ou partículas do mineral) ou *pendurar do bandullo unha estelrina* [105, 4] (=cadea de reloxo de prata esterlina, moi valorada na época).
- h) físico polo espiritual ou moral: *os lobos sin entranas* [89, 31] (=sen piedade).
- i) símbolo polo simbolizado: *Abrazada da crus do sofrimento* [1, 1]; a cristián Crus do Sul [8, 15]; *e unha crus fixeron d-ela*, [9, 16] ou o poema **A crus da Rosa** [30] (=simboliza o sufrimento de Xesús na cruz).

Sinécdques:

- a) parte polo todo: *soñadores ollos* [3, 2]; *mortaes miniñas* [3, 3]; *mortales ouvidos* [10, 10; 10, 20; *passim*]; *ô corazón que os chora xa finidos* [95, 55] e *O meu corazón fai festa* [100, 21] (=todas por 'ser humano'); *Fumegan os tellados da parroquia*, [7, 32]; *e teitos das aldeas* [30, 153]; *vila dos teitos ben xuntos* [30, 223] (=casas); *Non sulca unha vela* [30, 1047] (=un barco) ou algunhas das antonomasias sinaladas ao final.
- b) todo pola parte: *Baio feiticeiro* [2, 18]; *mais esperta inqueda a nobre vila* [30, 49] ou *Vóume a Ourense, ¡Galiza!: ¡Non me chores!...* [102, 12] (=lugar habitado por habitantes).
- c) singular polo plural: *son crara estrela no vivir galego* [6, 2] (=todos os galegos); *no triste viacruces d-emigrante*, [41, 5]; *¡cómo vos lembra, ¡praias!, o emigrante*, [63, 3]; *De que o emigrante tén saldo* [67, 13]; *e facéndoa, os caciques, emigrante!...* [95, 66] (=todos os emigrantes); *E agora, bó hirmán galego*, [91, 46] ou *no Día de Difuntos, a escoadra medoñenta / de guerra, saüdaba os mortos que alí tén...* (=todos os mariños) [93, 3-4].

- d) plural polo singular: *fân xermolar amores* [4, 123]; *do fruto dos seus amores que lle morrera* [4, 155]; *Dos amores que tiñan, de nenínos,* [7, 20]; *como corpos barudos de xigantes dos ceos* [25, 9] ou *e os ceos, zoadores* [30, 146].
- e) especie polo xénero: *ganar o pan máis abondo, porque pensa, porque coida* [30, 58]; *de poder ganalo pan;* [30, 515]; *o pan podía obter...*, [30, 1186]; *por mor do negro pan de cada día;* [32, 113]; *tamén lles dou o pan!*»... [40, 40]; *nos agros do mar buscan o pan de cada día,* [66, 15]; *en procura d'o pan que non nos rouben* [74, 63]; *que a calunia, i-enxuria, e arrebatalle o pan;* [114, 11] (= alimento, sustento).
- f) designación por **antonomasia**: nas que o nome común aparece en lugar do nome propio da persoa ou da cousa simbolizada, *Ela arrula —¡Branca Pomba!— nosa i-alma con amor!*... [19, 14]; *Rosalía, a dos «CANTARES / GALEGOS», a Pomba Branca—;* [30, 185-186]; *da terra de Rosalía, / Santa Pomba da Tenrura!—,* [72, 75-76] ou *Subrime reisiñor, xenial cantora* [103, 5] (Pomba, reisiñor = Rosalía); *xas o esprito do bardo imortal e xigante* [20, 26] ou *Foi o bardo patriota de encumiado languaxe* [114, 1] (bardo = Pondal); *ao profético bardo desbotaron da Terra* [110, 10] (bardo = Curros Enríquez); *coma novos Orfeos,* [30, 129] (=deus Orfeo); *son coma esgrevos faraldos* [30, 129] (=Antolín Faraldo, líder do provincialismo); *os caciques, foreiros y-aves negras...* [74, 64] (=recadadores de impostos, talvez a igrexa); *a cizaña paráseta* [74, 68] (=usureiros); *s-arreden dos muliebres e dos mánceres* [89, 4] (=inimigos da Terra. Os 'mánceres' son os fillos dunha muller pública); *benzoada cô cuspe dos hisopos* [98, 64] (=bispos); *dos feixistas, loyolas e musulmes* [97, 46]; *diante ós crimes do Feixe e da Mourisma...* [109, 20] (=franquistas) ou *O tráxico trunviro —oubeo, gruño e ladro—,* [113, 5] que o poeta explica nunha Nota do Autor: «Feixismo, Clero e Militarismo».

g) Ademais, tamén temos exemplos do caso contrario, isto é, de nomes propios que substitúen a nomes comúns: *a vila dos Martelos e Moscosos, / dos Laras, dos Pondales e dos Castros...* [58, 37-38] (para se referir a Laxe) ou *non pensaron, cós Xudas Iscariotes*, [98, 11]; *enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi*, [108, 28] e *que ós irmáns os Caíns e Recaredos*, [109, 43] (todos tres para se referir aos traidores franquistas).

A figura do **símil** ou **comparación**, como é de supoñer, é a de maior rendemento, polo que os exemplos son numerosísimos. Expoñer todos sería demasiado prolixo, así que escollemos algúns exemplos segundo veñan introducidos por diferentes marcas verbais ou nexos gramaticais comparativos:

a) **como**: *rubindo o ruzo fume como fitas* [7, 33]; *casa e alpendres, como acesas frágoas* [33, 22]; *vexo escorrel-as pingas, como un choro*, [34, 3]; *correndo como un galgo* [45, 26] ou *cando un golpe de mar, ¡como unha pouta!*, [47, 3].

b) **coma**: (os hérbedos) *eran coma grinaldas*, [7, 33]; *seus verdes ollos gazos / chovidos de pintelas douradas coma algazos* [13, 15-16]; *a túa lus, ¡ouh, faro!, é coma as aves* [41, 15]; *Era ergueito coma un piño*, [67, 5] ou *Tén a testa con tiara coma o Papa* [79, 1].

c) **atal**: *e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos*, [30, 1139].

d) **tal**: (o sol) *tal un ollo axexante* [30, 831]; —*¡tal un Requen en Pace!*— [33, 89]; —*nas fortes mans de pescos apreixadas, / tal longos puxavantes*— [51, 41-42] ou *¡Tal fan os emigrantes!... Pouc'a pouco*, [74, 15].

e) **talmente**: (as sachadoras) *talmente son estautas viventes de alma grega* [29, 4] ou *talmente que, a-on moneco*, [47, 6].

f) **câl**: *choutóu o dedo índes câl fái un garabullo...* [13, 46]; (o sol) —*que requeima câl lume pra un magosto*, [16, 22]; (as cantareas) *voaban pol-a gandra, câl pombas tremecidas* [17, 6];

(Rosalía) *I-é cãl unha nai pra cantos pol-o mar abaixo vîmos* [19, 12] ou (as raiolas) *cãl saltido de xardas pol-a costa...* [30, 835].

g) **igual que**: *E homilde —igual que cando o seu solar deixara*, [15, 12].

h) **o mesmo que**: (a roseira) *o mesmo que unha mísera silveira*, [1, 6]; (de cantería) *o mesmo que a das solanas*, [30, 232] ou *rebúldalles a chola / o mesmo que nos niños / rebuldan coa bicada os paxariños...* [30, 857-859].

i) **tan**: *Antre paisaxe tan crúa* [27, 9]; *che dea sorte moi grande na túa vida tan crara* [30, 76]; *As fontes e as regueiras, tan craras coma o día*, [31, 59]; *tan solermiña- / mente, / tan de seda, / tan de arrulo*, [32, 48]; *bergantíns tan velliños, que, de tanto ronzar* [53, 10] ou — *agora tan bondoso, tan tranquío, / tan ido, tan sin azo*, [58, 67-68].

l) **comparar**: *non se comparan coa vos ridente* [4, 63]; *e seu amor comparan cô amor de tâl muller*, [30, 1445].

ll) **lembrar**: *erguío a crus de pedra que lembra a do Calvân* [30, 1380]; *prantos que lembran feros «Días de Iras»* [44, 51]; *que fan os seus costados, que lembran cachalotes*, [49, 7] ou (a gamela) *lembra a-on carro de patacas!...* [67, 44].

m) (a)**semellar**: (o herbedeiro) —*ja d-un titán semella* [2, 11]; *Semellábame un grande laranxeiro* [2, 72]; (as bruxas) *Todas xuntas semellan un cambito / de feros saposcunchos de unha fraga*, [30, 13-14]; (as meniñas) *que se asemellan âs rosas...* [30, 445] ou (Gundar) *asemellaba un doudo que o espírito perdío...* [30, 1142], entroutras.

De por parte, tamén teñen moita produtividade os procedementos antitéticos, salientando **antíteses** con expresións que non ofrecen contradición: *¡Semellábame un grande laranxeiro / de follas pequeniñas*, [2, 72-73]; *Deixa no leito a noite ao día vello*, [8, 1]; *tí pol-o mar / i-eu pol-a terra* [9, 6-7; 9, 13-14; *passim*]; *Froito homilde, ¡patacas!, ao meu canto / lle dñn a sinxeleza / —¡miña maor riqueza! —*, [16, 70-72]; *Tiña unha sorriso triste, triste de toda tristeza, / e un ollar adolorido, profundo, limpo e sinxelo*; [19, 1-2];

canto máis riman, sôaves, amores, mágoa e desvelo... [19, 8]; e, na estanza enloitada, tamén orfo o albo leito [20, 13]; Tras da nuite, chega o día [28, 5]; e verte bágoas / nascidas na limpa fonte do sentimento, / queimantes, ácedas, [30, 146-148]; que o mundo non é malo / nin bô completamente: mescra escura / de lobicán e santo, [30, 799-801]; souberon ben erguerme no albo leito (...) / o negro corvo rouco [32, 84-87]; a da vida e da morte [33, 72]; Mentras fía a alba lúa n-os baupreses e paos / as soidades atránticas que latexan n-as naos / que, ao longal da riveira, câl escuras gaivotas, [53, 15-17]; —carrexa que carrexa furna arriba / e dalle que lle dalle furna abaixo— [61, 27-28]; O mar sabe que os pescos non son os seus amigos, / nin son os seus irmáns, nin son os seus nemigos [66, 11-12]; ¡a branca vila enlótase pol-ôs mortos laxeiráns!... [68, 14]; Érel-a vos do mar cantando, / érel-a vos do mar xemindo, / érel-a vos do mar chorando [72, 1-3]; encomenzaras te ríndo / e remataras tristeiro [72, 7-8]; Se cantas, ¡cánta legría!; / se choras, ¡cánta tristura!... [72, 79-80]; queimarll'o triste pranto n'as meixelas [74, 22]; Con requeimantes bágoas nos ollos [95, 4]; —haxa calma ou treboada— / dende a nacenza hastr-â morte, [100, 10-11]; amostra a negra dentamia [107, 13] ou ¡Nosa Terra que pronto chorará de alegría! [111, 14];

E adoitan ser moi habituais as **sinonimias**, que aparecen en: *se non tolo de ves, un chisco louco [2, 82]; dóuselle por coutar aquel xigante / —barudo, maxestoso, agarimante— [2, 84-85]; da migratoria vida pasaxeira [3, 6]; das Galaxias infíndas, ultraeternas, [3, 32]; forte vos, tronante, [27, 28]; repitéu a vos de espanto, / de espenuxa e de arrepío... [27, 35-36]; —decrúa, cava, arrendo—, [29, 6]; ganar o pan máis abondo, porque pensa, porque coida [30, 58]; anque nunca, xamáis chegue... ¡anque morra no camiño! [30, 62]; pouco vâl e pouco importa [30, 364]; ¡por pillastres!, ¡por rillotes! [30, 744]; ¡Deus grande!, ¡Deus podente! [30, 826]; Ollábase vencido, derrotado, [30, 1243]; as soidades, as mágoas e a döör [30, 1280]; era un rexo paquete, un barudo alquimán [36, 75]; profundos Padrenosos e Deus te salves fondas, [55, 2]; lambidas pol-as olgas e os algazos [61, 2]; esta mágoa*

fondosa, crúa, imensa, / que na triste partida que me aprensa [65, 34-35]; *Acantilado rexo, / penasqueiral xigante* [94, 16-17]; *Dúrmete, meu pequeniño; / dúrmete, meu pequerrecho* [106, 8-9];

Finalmente, dentro deste grupo de tropos metafóricos anotamos tamén varios casos de **hipérbole**, como na expresión mariñeira: *¡Hoxe hai peixe como area!* [30, 494; 46, 8], para sinalar a súa abundancia, ou tamén en *¡Hoxe botáanse as casas / por total-as xanelas!* [30, 899-900]. Como hipérbolicos son os versos sentimentais deste xorne: *coa mágoa que afoga tan bô corazón*, [30, 1044]; *e dixo —puga d-espiño / que o corazón veu cravar—* [67, 76-77]; *mátame a sede ¡que morro!* [100, 4] ou os versos de loita: *furar a terra, d-un ó outro extremo* [89, 6] e *E se o pranto diuiva nosos ollos*, [89, 29].

Unha destacada mención á parte merecen as substitucións metafóricas da relación “inanimado-animado”, denominadas **imaxes antropomórficas, personificacións ou prosopopeas**, outra das figuras ou tropos que máis utiliza o noso poeta e da que anotamos numerosos exemplos. Da longa listaxe posible salientamos: *Abrazada da crus do sofrimento / que a longa emigración lle puxo â veira, / fói tecendo suidades a roseira / c-un degoro sinxel d-enfroramento*. [1, 1-4] e, en xeral boa parte deste poema inicial intitulado **A roseira da saudade** [1] no que a pranta posúe cualidades (degoro, puro sentimento) ou realiza comportamentos propios do ser humano; tamén en *mísera silveira*, [1, 6]; *a i-alma atesoura nas miniñas* [2, cita]; *monarcas da paisaxe* (os carballals de Tella) [2, 16]; *o herbedeiro xocundo / fora o rei da devesa* [2, 21-22] e, en xeral tamén todo este segundo poema intitulado **O herbedeiro de Lourido** [2] no que a pranta anda, fala ou *que o desfíe de séculos vêr pudo; onde o Ártabro salaia*, (o mar) [2, 65]. Tamén no poema **A gaita** [4], con múltiples referencias á súa voz, pois *Despértanse, ao seu conxuro, / o ceo e a terra galegos*, [4, 7-8]; mais tamén se humanizan os elementos da natureza, *As brancas mans da alborada / ábrenlle os ollos ao día*, [4, 12-13]; *bisbisan as prateadas follaxes dos salgueiros (...)* / *sesean os*

herbaes, / marmulan as fontelas / e rínse os milleirae [4, 47-56]; *prañideiran as foulas* [4, 73]; *N-as ondas verdegaias / que saloucan n-as praias* [4, 106-107]; *e hastra o sol baila* [4, 132] ou *a gaita trouladora, / mentres os bicos do sol-por, n-as cumes, / poñen as pinteladas* [4, 161-163], nunha inmensa personificación da paisaxe, moi propia das correntes hilozoístas ou imaxinistas galegas, que tamén se reitera no soneto **Regueira sinxela** [21], con varios versos, entre eles: *da canle que pieitean os xuncales* [21, 3] e no que camiña a ‘regueira’, miran os ‘trigales’ ou falan os ‘piñeiros’, ou na serie de sonetos **Loubanza ao grau de millo** [38], tamén con moitos versos que humanizan a planta ou o seu froito, mais tamén os aveños da labranza, xa desde o verso inicial: *Sorrí na espiga o branco grau de millo*. Outros poemas inzados de prosopopeas da paisaxe son **Mariña de primaveira** [57]; **Mariña de vran** [58]; **Mariña de outón** [59]; **Mariña de inverno** [60] ou **Nova fulxente estrela** [107]. Citamos aínda outro dos moitos exemplos referidos á paisaxe pola súa beleza expresiva: *das regueiras que contan seu tesouro / con dedos diamantíos...* [30, 102-103]. Unha antropomorfización da paisaxe que incluso pode concretarse nun topónimo: *¡Ouh, tí, Cornaseiras!, meu monte querido, / que ouzache a promesa do meu corazón* [30, 1057-1058].

Sucede tamén cos fenómenos da atmosfera, como ‘a brisa’, ‘a chuvia’, ‘os lóstregos’, ‘as nubes’ ou o ‘vento’, *Pasan ventos e brisas, silandeiros, calados, / dando bicos e apretas sobre os pinos tronzados* [25, 7-8]; *e a bris nas follas canta* [29, 10]; *a bris, agarimosa bica â terra* [30, 107]; *a bris terreira esparrama, / a mans cheas, mil arumes* [30, 585]; *mentras chove, e o vento, marmurante, / batica as fortes azas nas xanelas,* [31, 35-36]; *sospiraba a bris* [31, 58]; *peteira a chuvia nos cristaes* [34, 1]; *Fai pouco, a brisa rebuldaba, leda,* [36, 85]; *fái como un sistro no que canta o vento* [38, 111]; *Nin unha bris aletexa* [48, 9]; *E mentras as nubes tecen..., / tecen... e tecen... seus fíos,* [59, 33-34]; *viñeste a estreitarlle a man / â triste bris galicián* [70, 7-8] e moitas outras referidas ao vento neste poema **Vento**

irlandés [70]; —*que iscrituran os lostregos* [70, 72]; (o vento norte) *con aceirado dente e rexa pouta* [94, 26]; *Canta a bris: —¡Galiceibe!* —*pol-os agros*, [112, 29]; coas estacións, *A primaveira, pol-o mar, na noite, / bulía a frorescer* [30, 1341-1342] e *do meiguicento vrao*, [116, 26] ou cos astros, como as ‘estrelas’, ‘a lúa’; o ‘luceiro’ ou o ‘sol’, *bica a unha estrela un luceiro* [28, 30]; *parpadexan, medosas, as estrelas, / cós embruxos que a lúa multiplica...* [30, 27-28]; *unha estrela corríase ao Ocidente / e ao mar ía morrer...*, [30, 1355-1356]; co ‘día’ e coa ‘noite’, *Logo da seirán, a noite / tece da meiguice o veo*, [28, 27-28]; *hastra que a lus do día, bicando a lumieira*, [31, 77]; *A serán xa morría* [33, 80]; *O maino alborexar vai pôndo os dedos / nas meixelas d-Aurora preguizosa / qu-esperta marelada e pônse rosa / ao vel-o sol que axexa antr-ôs penedos*. [37, 1-4]; *Mentras fía a alba lúa n-os baupreses e paos* [53, 15]; *A triste seirán xa morre* [60, 33]; *O sol nacente baila, frechando seus destelos*, [66, 9]; *Ensanguentóuse a lúa recén náda* [112, 15].

De moita produtividade prosopeica son os fenómenos relacionados co mar: *nas ondas silandeiras* [30, 3]; *Vái rubindo a marea, âs apalpadelas*, [30, 25]; *O sol, na lonxanía, queimaba a cabeleira, / fundíase no mar como un furnón de fogo...* [30, 1130-1131]; —*no xeito que as escumas se tecen no cantil—, / as verbas vãn tecéndose, de amor e de loubanza*, [30, 1402-1403]; *tombo garimoso* [31, 50]; *do roncón do Cantábrico —n-ese día inconforme—, / que rosmaba en Garás* [36, 5-6]; *alóngase o pregón do Mar de Laxe / con medoño falar*, [40, 3-4]; *sobre os tombos galgantes e ruxintes*, [40, 17]; *fronte aos cabos, que afían seus penedos* [41, 27]; *cando a vaga, tronante / —¡espenuxada!, ¡tola!, / ¡escumosante!, ¡fera!—, / baixo as poutas do Norte*, [41, 60-64]; *Foron os cans do mar as rexas furnas, / con dentes e unllas, con furor, formando*, [44, 1-2]; *A rouca vos do mar enchendo as rúas* [45, 1]; *Cós rosarios de corchos nas mans, pregan as ondas* [55, 1]; *As ondas son irmáns dos arriscados pescos* [55, 7]; *ou pieitando o cabelo / das foulas, que, mainiño, / encrénchanse no mar de fror de liño*, [57, 112-114]; *Deitouse o mar, molido*,

sonolento, [58, 1]; a cenefa das ondas preguizosas [58, 15]; (o mar) é, no outón, coma un poldro, / e, no inverno, un cabalo / que tira cós petriles / e métese nas casas coma un amo!... [58, 73-76]; Unha forte maresía / canta o «Requiescant in Pace» [60, 1-2]; Con olgas i-escorreadas / arranxa o mar un bô traxe, / e guinda, pol-os coídos, / febras, lixos e retales [60, 9-12]; un barudo trasatrante, / no que arrabuñan os tombos / e, rosmadores, esnácanse, [60, 20-22]; o mar non se amostraba en ardentías / de rexos gadoupazos [61, 11-12]; Praiales de Galiza, brancas praias / —dentamias da sorrisa costaneira / que sofrides no inverno a maresía—, / ¡cómo sôrrides ao mollar as saias / das rapazas, no vran, pol-a riveira, / antre as ondas a rîrse de legría!... [63, 9-14]; ¡coma se o mar anduvera / hoxe n-elas de parranda!... [64, 35-36]; O mar sabe que os pescos non son os seus amigos, / nin son os seus irmáns, nin son os seus nemigos [66, 11-12]; e cando na invernía o mar morde os cantiles [68, 12]; A praia —alba fouce— / ficóuse ela soia [69, 49-50]; ¡e a ría animóuse coa rexa bandada / das humáns gaivotas! [69, 59-60]; onde o tomo do Atrante se desmaia [71, 3]; qu’o mar d’Atlante cheg’a bicar, [75, 2]; as ondas torcen de ruta / y-as que veñen non fan caso... / e, d’o encontro, n’un abraço, / ¡bícanse con rábea bruta!... / ¡Tembr’o “Pinchón” de granito!... / ¡A “Insua”, queda tembrando!... [77, 12-17]; pol-a costa de LAXE, vênse as furnas / medoñentas, pantástecas e outísimas, [83, 3-4]; S-ê que ruxe o Nordés, e ferve escumas / a Cantábrega mar enfurescida, [83, 31-32]; Cánto falan, âs almas soñadoras, / esas furnas que tèn a nosa ría, [83, 57-58]; â rexa Costa Brava facía tremecer, [93, 6]; e as poutas das rompentes trocaron en destrozos / co-a saña louquecida d-un tigre bengalés [93, 11-12]; que as ondas fono erguendo c-ôs seus brazos [94, 3]; que o mar de tí namorouse [99, 11]; Morden os cans das foulas n-os cantiles, [109, 1]; Morden os cans das foulas n-as quebrantes, [109, 5]; ¡¡Por el-o, co-as gadoupas, contr-ás laxes, / martela noite e día con estrondo!... [109, 55-56]; soio as ondas dixeron de seu fin a verdade [110, 13]; as

ondas cantarexan: —¡Galiceibe!... [112, 36]; e inda couceaba o mar, rebranquexando [116, 10] ou Con temporal, a costa defendíase / cós tombos, a poutazos, [116, 29-30].

Os verbos ‘bailar’, ‘cantar’, ‘falar’, ‘durmir’ e ‘soñar’, ou derivados, son moi produtivos á hora de favoreceren a creación de prosopopeas ou personificacións da paisaxe ou dos elementos inanimados que a conforman: *Parecía decirlles un segredo* (un herbedeiro) / *coas mil linguas das follas aos veciños, [2, 48-49]; Entresoñan as rúas mariñeiras [30, 1]; Dorme Laxe, da noite nos seus brazos, [30, 5]; Dorme Laxe, soñando as outas grorias [30, 5]; Laxe dorme, vivindo mil soñares [30, 29]; antramentrel-os fumos bailadores [30, 150]; Cantan xurdias cantareas / os milleirales das agras, [30, 570-571]; os patacales, un xurdio / cantar cántanlle âs patacas, [30, 574-575]; cantar sintúndose aos pinos [30, 588]; —«¡Mariñeda⁵⁸² ainda dorme!»... [36, 6] (todas catro poden considerarse, doutro punto de vista, metonimias da poboación polos seus habitantes); *Seguíu o fero mar briando, rouco, / a tráxica canzón dos afogados, [45, 17-18]; As lanchas, tamén dormen fonda siesta, [58, 49]; Dormen as lanchas peixeiras / sóbor dos brancos praias, [60, 5-6]; enonde a siesta dormen as peixadoras quillas [68, 10]; e as lanchas —pol-os peiraos, / ou, das praias acarón—, / soñan, do mar ao seu sôn, [72, 46-48]; cando os ríos, cantando de legría, / mesturaban seus bicos coas mareas, [96, 13-14]; pol-as furnas, fala o mar [107, 32]; Nos seus craros cristaes canta o Miño [112, 41]; respostándolle as fontes e os regatos [112, 43].**

As embarcacións, de todo tipo, tamén poden realizar accións ou recibiren cualificativos propios do ser humano. Velaí moitos versos do poema **Dorna saudal [39]** ou tamén estoutros: *do Anllóns, que sulcara coma dorna xentil, [20, 2]; Fondeadas, xeiteiras e motoras, / soñan soños de peixes e patelas, / areallos, saltidos, albacoras, / piras, aros, gaivotas e pardelas. [30, 9-14]; onde as buquetas e botes, / traineras, dornas e lanchas, / velean, cían e bogan, [30, 456-458]; n-entán parés sôrriran as patelas / e, as lanchas, que s-*

escoan [46, 25-26]; *no ancoiral as lanchas bailan* [59, 23]; *¡y-as lanchas, com'o bateas, / entraron dentro d'as casas!...* [77, 84-85]. E o mesmo acontece cos aparellos: *os boliches, os xeitos e os tramallos, / tamén soñan seus soños de sardiñas, / maragotas, besugos, rodaballos...* [30, 14-16].

Outros elementos materiais ou obxectos sen vida tamén a collen para se humanizaren. Velaí as múltiples personificacións referidas a un faro ou a un cantil dos poema **O faro** [41] e **Invocación “O Caxestal”** [94]; ou tamén estoutras: *e saloucan as fontes a canzón invernal* [20, 18]; *mentras tangué, doída, «A Campana de Allóns!»...* [20, 24]; *dos moiños cantando aos milleirales* [24, 14]; *Un reló cantou as dúas* [30, 54]; —*¡Galiza, fonte que sangra!*— [30, 613]; *namentres que ao pasaxe, o faro, antre os seus brazos / de lus fraterna —¡imensa de bicos e de abrazos! —, / a muitos estreitaba, quezáis, por ves postreira...* [30, 1127-1129]; *d-un reló sonolento,* [31, 25]; *¡tecen, tamén, n-as tabernas, / as pipas vertendo viño!...* [59, 35-36]; *causenante do laio misterioso / que ceibou a boguina* [62, 3-4]; *Encol dos froas as pernas da longa rede parda* [66, 1]; *coma chora a campá, anque é de bronce...* [89, 32]; “*A Campana d-Anllóns*”, *doída, tangué / e a irmán, de Bastabals, doída, chora!* [95, 27-28]; e de maneira especial as moitas que atopamos no poema **Acordeón galego** [72] referidas todas elas á humanización do instrumento musical, que ri e gargalla, está triste, tece, suspira, bica, salaia, fai balbordo, fala, chora e brúa, implora ou canta.

E tamén todo tipo de animais de terra ou do mar presentan humanización: *E namentras salaian as sireas e ondiñas,* [20, 9]; *e as curuxas e os mouchos choran con sentimento,* [20, 17]; *salaian os mazaricos* [27, 4]; *fura e choupa, sonámbulo, algún muxo...* [30, 4]; *brincan os muxos na tona* [30, 562]; *Bigarros e volutas, estrombos, caracolas, / deixaron as mareas, cantando barcarolas,* [54, 1-2]; *¡e a ría animouse coa rexa bandada / das humáns gaviotas!* [69, 59-60]; *E un bello cisne soña sobr'o río...* [73, 14] (aínda que

⁵⁸² NOTA DO AUTOR: «Nome que lle puxo doña Emilia Pardo Bazán â Cruña».

neste caso o cisne é Eduardo Pondal) e *onde as mariñas gaivotas / debuxan mil xeroulifos* [84, 27-28].

En ocasións a prosopopea caracteriza a conceptos abstractos, quer con cualidades animais, quer con comportamentos humanos: *As súas cantareas d-arela, fide e espranza, / voaban pol-a gandra, c-âl pombas tremecidas;* [17, 5-6]; *non morran as espranzas nin fuxan as legrías* [29, 13-14]; *e, triste, xemía a Patria!...* [30, 280]; *A seirán xa morre...* [30, 1047]; *Un misterio suidoso aletexaba / con vougo non séi qué...* [30, 1349-1350]; *pero o sono xa ía, soavemente, / pechándome o mirar, con mans de seda...* [31, 21-22]; *da nuite, que vestía orballo e brétema—* [31, 24]; *pois os vellos recordos acudiron / como enxame de abellas...* [31, 27-28]; *e os pensamentos ían, pelegríños* [31, 87]; *onde as miñas soidades v-ân chorar...* [34, 14]; *As serodias espranzas v-ân e veñen, / coma veñen e v-ân as anduriñas* [35, 9-10]; *Todol-os días o amore / sobe e baixa catro veces,* [100, 33-34]; *A Fame —nai garimosa / dos farrapos dos sin pan—, / amostra a negra dentamia* [107, 11-13] ou *¡a libertá que non morre* [107, 25].

Unha personificación da abstracción que atinxe á vila natal do poeta, Laxe: *pieitando os seus cabelos de ourífrica finura* [68, 4] ou ao río da Ponteceso, lugar natal de Eduardo Pondal: *Onde mais fondo é ó Anllóns sonrente* [73, 1].

En relación coa anterior figura temos algúns casos de **animalización** ou **imaxes zoomórficas**, cando o ser humano adquire cualidades animais. Salienta a produtividade da ‘pomba’: *As mans —¡qué mans, meus b-ôs amigos!—, / erguéndose c-âl pombas n-os seus pregos,* [12, 5-6]; *coma unha pomba aniña no niño do meu peito* [13, 55]; *c-unha pomba galega / que, sinxel, namoróu,* [14, 19-20] ou *¡Axiña te asustaches, miña pomba!* [26, 11]; e que en varias ocasións está referida a Rosalía de Castro: *Ela arrula —¡Branca Pomba!— nosa i-alma con amor!...* [19, 14]; *Rosalía, a dos «CANTARES / GALEGOS», a Pomba*

Branca—; [30, 185-186]; *da terra de Rosalía, / Santa Pomba da Tenrura!*—, [72, 75-76] ou *Subrime reisiñor, xenial cantora* [103, 5].

D.4. Nivel pragmático

Outra figura retórica tamén presente na obra é a **suxeición ou hipofora**, mediante a que os personaxes se fan preguntas a si mesmos e eles as responden. Velaí o seguinte exemplo: —*¿Qué pasará —dín os pescos—, / pois muito as gaivotas coan...?*» / —*¿Serán as feras arroaces / que ao peixe asustan na costa...?* [48, 25-28], e a resposta aparece nos dous últimos versos: —*«¿Na outa mar os somariños / espantárono con bombas!»*... [48, 35-36]. E tamén en poemas onde o propio trasunto do poeta pregunta e responde, como sucede en **¿Que queredes?** [81], no que se interroga sobre os consellos que se lle deben dar a un emigrante que retorna á Terra, en **¿Quén fúí?** [82], no que se interroga sobre as causas da feble vitalidade da lingua galega, ou nestes versos: *¿Qué van ser irmáns, pra nós, os seres / que trouxeron â moura moureiría / —empúdeca, babeante, sin homía—, / non respetando nenas nin mulleres?* [95, 29-33], onde a resposta é o verso seguinte: *Galegos desleigados, sin conciencia*. Outra pregunta con resposta política está nestes versos: *¿A pánica pavura apocalíutica?; / ¿o Dioivo enxendrando maremolto?; / ¿o fogo devourando ôs numantiños?; / ¿O feixismo, en Guernica, superóunos!...* [98, 41-44].

En relación coas anteriores, están as **interrogacións retóricas**, nas que xa non se espera ningunha resposta como: —*¿Pra qué escribir, pra qué?...* [30, 1254].

—*¿Quén non vío, na Cruña, almirado, os chaleses / —albos, nidios, senlleiros—, / veira-mar, oureándose e ollando aos cruñeses / e aos xentils forasteiros, / onde as fouces das praias fân seitura no vran / n-os liñares das ondas das searas do Orzán?* [36, 57-63].

¿E pra que nomear máis cousas / das que vîn n-aquéles vidros, / se n-hai retratos máis craros / que os da ucha do sentido? [84, 43-46].

Chove nas casas de todos, / se todas teñen pingueiras; / mais, o probe, c-unha alcoba, / — ¡meu probe!—, ¿cómo s-arregra? [100, 45-48].

En definitiva, estamos perante un poeta que tamén domina a arte poética no campo das figuras retóricas e que amosa especial predilección polas recorrencias nos diferentes planos, pola escrita asindética e amplificadora, pola profusión de comparacións e por un discurso poético moito máis metonímico que metafórico, malia o abundante uso de personificacións. Ademais, a poesía reflite por medio de paráfrases moitas das súas influencias, nomeadamente dos nosos poetas do Rexurdimento.

I.3.3.5. Lingua

Podemos decir que sólo indirectamente el deber del poeta, como poeta, es para con su pueblo; su deber directo es para con su *lingua*: consiste primero en preservarla, y segundo en extenderla y mejorarla. (p. 16)

Y es esto lo que quiero decir cuando hablo de la función social de la poesía en su sentido más amplio: que, en proporción a su excelencia y vigor, afecta al lenguaje y la sensibilidad de la nación entera.

No imaginen ustedes que digo que el idioma que hablamos está exclusivamente determinado por nuestros poetas. La conformación de la cultura es mucho más compleja. En igual medida será verdad, por cierto, que la calidad de nuestra poesía depende de cómo la gente use su idioma: pues el material de un poeta debe ser el idioma propio tal como realmente se habla a su alrededor. Si el idioma está mejorando, el poeta se beneficiará; si se está deteriorando, tendrá que extraerle lo mejor que pueda. Hasta cierto punto la poesía puede preservar, e incluso restituir, la belleza de una lengua; también puede ayudarla a desarrollarse, a ser tan sutil y precisa, en las condiciones más complicadas y para los cambiantes propósitos de la vida moderna, como lo fuera en y para una época más simple. (p. 19)

Eliot, T. S. (1992) [1957] “La función social de la poesía”. *Sobre poesía y poetas*. Barcelona: Icaria. Trad. Marcelo Cohen.

A obra poética en galego de **Antón Zapata García** foi escrita durante case catro décadas, desde 1913, data do primeiro texto que localizamos, intitulado **A casa d’o poeta Pondal**, ata 1952, meses antes de falecer, cando publica **Rosalía de Castro**. Consonte coa propia evolución do noso idioma poderemos observar diferentes solucións segundo sexa a data da publicación dos textos. Na nosa análise partimos sempre das edicións testamentarias, así para os poemas incluídos no libro *A roseira da soidade*, editado de maneira póstuma en 1954, seguimos o mecanoscrito que o poeta lle enviou meses antes ao editor Manuel Roel, e para os poemas dispersos e non recollidos no libro seguimos a derradeira versión publicada

en vida do autor. Cómpre sinalar que o poeta case sempre incorpora as versións ao devandito mecanoscrito tal e como foron publicadas con anterioridade en diferentes revistas e xornais, feito que explica que o libro recolla opcións diverxentes para unha mesma solución lingüística.

O longo intervalo creativo explica que atopemos moitas características ortográficas usuais na altura e que foron perdendo uso no transcorrer do tempo, propias dunha lingua en construción que carecía dun estándar de referencia. A lingua literaria de Antón Zapata García, como a dos escritores coetáneos, pretendía ser transcripción da lingua oral da época, inzada de castelanismos e vulgarismos, e pouco a pouco vai ir transformándose nun rexistro máis culto, conforme avanzaban os estudos lingüísticos: gramáticas, dicionarios..., que ían expurgando e limpando a lingua, tal e como desexaba a Academia.

I.3.3.5.1. Ideas sobre a lingua de Antón Zapata García

Antón Zapata García foi sempre un afervorado defensor da lingua galega, malia o uso maioritario do castelán nos seus primeiros poemas que, pouco a pouco, foi abandonando en favor dunha escrita literaria practicamente monolingüe en galego, ata os anos da guerra civil e a inmediata posguerra, cando as circunstancias fan que novamente alterne entre os idiomas galego e castelán para os seus artigos e os seus poemas.

Na súa biografía [Cfr. I.2.1] non sobrancean os datos sobre este compromiso lingüístico, mais aínda así son abondo esclarecedores e significativos.

O 13 de novembro de 1920, no bonaerense Teatro Colón, Antón Zapata García recibiu unha Mención Honorífica, en forma de Flor Natural, nos Xogos Florais convocados pola Casa de Galicia de Bos Aires, polo seu poema galego **Volvoretas**, pois os dous primeiros premios foron adxudicados a textos en castelán. Nesta altura é cando o poeta vai

decatándose pola escrita en galego e abandonando o castelán, case en paralelo co medre da súa concienciación e implicación social e política co galeguismo.

A revista da Casa de Galicia, *Acción Gallega*⁵⁸³, recolle en detalle a celebración do acto de entrega dos premios. De especial interese para nós son as palabras do señor Ares de Parga, en calidade de secretario do xurado, lembrando que “no obstante lo reducido del tiempo” foron presentados 258 traballos —172 de poesía e 86 de prosa—, dos que 120 concorreron no primeiro tema dos dezaioito establecidos polas bases da convocatoria: «Flor natural y mil pesetas, premio Casa de Galicia. Tema: Poesía de asunto y metro libres». Así pois, o texto de Antón Zapata García tivo que competir cunha nutrida concorrencia. Ares de Parga, tras xustificar o primeiro premio á composición «Canto a la Espiga» do poeta colombiano Manuel María Muñoz, engade:

Por solicitud del jurado, instituyó la Casa de Galicia un segundo premio, consistente en quinientas pesetas, que fué discernido a la composición «La mancha»; y una mención honorífica a la escrita en dialecto gallego, «Volvoretas».

A consideración do galego como un dialecto aínda era moi común nesta época, máis aínda na emigración, pois as ideas das Irmandades da Fala continuaban a ser expresión minoritaria na sociedade.

En setembro de 1932, como sinala Núñez Seixas [1992: 220], a ABC de Corcubión (non integrada na FSGAyC) manifesta a súa disconformidade co proxecto de Estatuto de Autonomía aprobado pola Federación Republicana Galega na Coruña. Detrás de actitudes críticas coma esta é evidente que está a man de Zapata, daquela aínda militante nas fileiras arredistas da Pondal. Así o cre Núñez Seixas [1992: 223], quen sinala que a pertenza de Zapata e de Reboredo Vilas, ambos “pondalianos” na Comisión de Prensa da ABC de

⁵⁸³ Cfr. *Acción Gallega*, nº 3, Bos Aires, 1º de setembro de 1920, onde se pode ler a convocatoria dos Xogos Florais; *Acción Gallega*, nº 5, Bos Aires, 31 de outubro de 1920, para coñecer a relación de “Trabajos

Corcubión, explicaría tanto o maior uso do idioma galego nas páxinas de *Alborada* como o entusiasmo pola asemblea de concellos en Santiago de Compostela, da que xurdiría un proxecto de Estatuto de Autonomía moito máis galeguista.

De feito, en 1933 a Sociedade Nazionalista Pondal celebra o 25 de xullo, “Día da Galiza”, cun denso programa de actos no que participa o noso poeta⁵⁸⁴ e no que se mesturan interpretacións musicais, lecturas de poemas e discursos políticos. A sesión ábrese co Himno Galego, con letra de Pondal e música de Veiga, continuando cunhas “Verbas a juventú” pronunciadas polo secretario da SNP, a interpretación do “Negra Sombra” de Rosalía con música de Montes⁵⁸⁵, o recitado do “Canto a Galicia” de Alfredo Brañas na voz de Ricardo Flores, o discurso “A nosa Fala” do vicepresidente da entidade, Manoel Lamas, a interpretación do poema de Curros “Os Teus Ollos” con música de Chané, e unha “Loubanza da Lingoa” que realiza Antón Zapata García coa lectura de textos poéticos de Curros, Pondal e Rosalía, para rematar cos “A-la-lás” interpretados por membros do conxunto artístico “Concepción Arenal” e o discurso final do director da revista *A Fouce*, Vicente Barros, que falaría sobre “A Significazón d’Apóstol na Renascenza Galega”.

Boa parte do contido do festival anticipábase na conmemoración do Día de Galicia⁵⁸⁶ que organiza a devandita agrupación nacionalista o domingo 23 de xullo a través dun programa de radiofónico dirixido á emigración galega na denominada Radio Patria e que foi emitido entre as 19 e as 20 horas. A emisión ábrese co Himno galego e coas «Verbas a juventú» do Secretario da Pondal. O poeta fai a súa intervención en sétimo lugar e así se

presentados para los Juegos Glorales” e *Acción Gallega*, nº 6/7, Bos Aires, 31 de decembro de 1920, para a crónica do acto de entrega de premios.

⁵⁸⁴ Cfr. “A Pondal no día de Galiza”, *A Fouce*, nº 62, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

⁵⁸⁵ Fai referencia á célebre balada “Negra Sombra” con letra do coñecido poema rosaliano, que foi composta por Juan Montes Capón (1840-1899).

⁵⁸⁶ Cfr. “Sociedad Pondal. Homenaxe ó idioma galego”, *Correo de Galicia*, nº 1435, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

recolle o contido: «“Loubanza da Língua”, relazón poética de Curros, Pondal e Rosalía, pol’o poeta irmán A. Zapata García». Ricardo Flores, recitando a Brañas, Manuel Lamas, falando da nosa lingua, e Vicente Barros, que fala da significación do Apóstolo, son outros pondalianos que interveñen.

Outro testemuño da actividade galeguizadora do noso poeta é a escolla do poema “Idioma inmortal” de Manuel Curros Enríquez para a súa recitación dentro do programa dun festival, organizado en agosto de 1933⁵⁸⁷ pola comisión de festas da ABC. Polo tanto, a temática da lingua está moi presente na súa actividade pública.

Porén, non todo son rosas neste camiño. Como xa se dixo, os arredistas exercían unha importante influencia sobre a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudos Gallegos. A pouco afortunada intervención en castelán do presidente do SEG na conmemoración do centenario pondaliano levan á presentación dunha reprobación no seo do Instituto, mais Antón Zapata García, que era o presidente naquela altura, impide calquera agravio contra o presidente do SEG e este xesto vai causar unha durísima campaña dos seus ex-compañeiros para conseguir a súa dimisión, como se pode ler na información publicada en *A Fouce*⁵⁸⁸:

Na asamblea da “Institución Cultural Galega” realizada o 12 do corrente, produxose un feito que crea aos nazionalistas unha situación de absoluta incompatibilidade coa devandita entidade si o señor Zapata García non é desautorizado de inmediato por unha asamblea extraordinaria.

Este señor que foi socio da Pondal e que ventando a súa inminente expulsión tuvo a precaución de renunciar; este señor que decote barulla encol a ética; de consecuencia e de outras cousas, e dimpois demostra nos feitos e tamén nos ditos que nin é consecuente nin se sujeta na súa actuación a outras normas que non sexan as que lle dita o seu caletre de home apequenado, eibado por resentementos e rencores, valéndose e abusando da súa situación de Presidente impideu

⁵⁸⁷ Cfr. “Programa del festival”, *Alborada*, nº 76, Bos Aires, xuño-xullo de 1933.

levantando a sesión, que un dos socios fundadores, o noso irmán Manoel Oliveira, propuxese a asamblea que se manifestase ao Seminario de Estudos Galegos o disgusto que no seo da Cultural produxo o feito de que no homaxe a Pondal, o presidente do Seminario falase no idioma dos opresores.

Esta actitude do señor Zapata García, que inútilmente tratou de xustificar con argumentos revirados de legalista rural e trapalleiro, vai ter, según os nosos informes un desenlace lamentable.

Os nazionalistas, que dende o primeiro momento apoiaron e contribuíron a consolidar a I. C. G., e que apesares da inconducta do señor Zapata como nazonlista, lle deron os seus votos pra membro da xunta da Cultural, porque entenderon que podía ser útil, decatáronse de que o tal señor procede con deliberada e perversa deslealtade, i-esto prantea unha situación, que sô pode ser resolta coa eliminazón vountaria ou imposta do dito señor como membro da Xunta Directiva.

Será capaz o tal señor de renunciar pra evitar un grave prexuízo a Cultural?

Nós dudámol-o.

Afastado da Sociedade Nazionalista Pondal, Zapata continúa a exercer o seu compromiso público en defensa da lingua galega dende o ámbito societario e nas diferentes palestras públicas ás que continuaba a ser convidado. De feito, tanto é así que o seu poema “Na morte de Lexandro Bóveda”, publicado no *Galicia* o 27 de xuño de 1937, convértese na primeira composición en galego que evoca o asasinato do secretario de organización do Partido Galeguista⁵⁸⁹.

Nos anos da posguerra, como xa se dixo, alterna galego e castelán na súa creación poética e prosística, nomeadamente nesta segunda (que aumenta de maneira considerable nestas dastas). Un repaso do seu *corpus* [Cfr. I.3.1] así nolo constata.

⁵⁸⁸ Cfr. “A Institución Cultural Galega debe desautorizar ao seu presidente”, *A Fouce*, nº 79, Bos Aires, maio de 1935.

⁵⁸⁹ «Hoxe por hoxe, a primeira elexía a Bóveda da que temos noticia é a de Luís Seoane titulada «A Alejandro Bóveda, fusilado» (*Galicia*, Buenos Aires, 20-12-1936); a primeira en galego, segundo os nosos datos, é «Na morte de Lexandro Bóveda», de Antón Zapata García (*id.*, 27-6-1937)», en Alonso Montero [1996:]

Ende ben, malia esta nova actitude, o seu compromiso lingüístico non mingua como o testemuña o contido da súa participación o sábado 12 de febreiro de 1944 nun acto patriótico “en homaxe aos esgrevios poetas Rosalía Castro i-Edoardo Pondal co gallo de comprirse un novo aniversario do seu nascimento”⁵⁹⁰, organizado polo Centro Ourenán, en colaboración coa Irmandade Galega. Antón Zapata García diserta sobre “Pondal, [...] do idioma galego. Influxo d’este, nos poetas, i-escritores galegos”, unha conferencia moi aplaudida que Lois López completa co recitado de versos pondalianos. As cancións galegas interpretadas polo coro Ultreya, os poemas rosalianos e a conferencia de Ramón Rey Baltar “A door de Rosalía” integran o resto do programa.

Alén dos devanditos testemuños, a súa reflexión sobre a lingua aparece nunha declaración que realiza na súa primeira carta a Xosé Filgueira Valverde⁵⁹¹ (8 de febreiro de 1936), que na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil. O inquerito tiña que responder a un esquema previo facilitado por Filgueira Valverde e contemplar unha valoración sobre a «Lenguaxe», que debería incluír datos sobre a «Rexión da nosa terra onde se afincan os seus modos de expresión» e sobre as «Preferencias na dialectoloxía galega e criterio ortográfico». A resposta de Zapata neste apartado é esta:

O idioma que falo dende o colo da miña nai —«ouh, língoa ôs meus sentidos docísma máis que a mel»—, (eísí dixo o catalán Aribau na oda “A Patria”), é o das terras de Bergantiños e de Xallas —a mariña e a montaña—, pois, Laxe, vila onde nacín —remárco o dño—, abrangue âs dúas rexas voces dos antenados; voces que, consideiro, fono as que a Pondal lle deron o seu incomparábel modo eispresivo, único, e que tanto infruxo [oguipo] nos poetas galegos, especiaismente no López Abente, Cabanillas Enríquez e Taibo García; e, tamén, na prosa, no Otero Pedrayo.

⁵⁹⁰ Cfr. “Homaxe a Rosalía e a Pondal”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 15, Bos Aires, marzo de 1944.

⁵⁹¹ Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

Sóbor das regras ortográficas, considerei que débese ficar de comprobante acordo —pol-o menos, por unha boa tempada— co-as normas provisóreas aconselladas pol-os estudosos e capacitados homes do Seminario d-Estudos Galegos, de Sant-Iago de Compostela.

Esta declaración de compromiso coa lingua e co labor do Seminario de Estudos Galegos na altura (ano 1936), vai acompañada das moitas reflexións realizadas nalgúns dos seus versos, tanto nos que se inclúen no libro *A Roseira da Soidade. Poesías galegas*, mais sobre todo nos seus poemas dispersos (publicados en revistas e xornais), así como tamén nalgúns dos seus traballos en prosa.

Neste senso, xa de maneira temperá, en 1926 publica por vez primeira o soneto **¿Quén fúí?...⁵⁹²**, unha composición na que o tema da lingua percorre os versos de principio a fin. Velaquí o poema na súa totalidade.

¿Quén fúí o desleigado que dixera
que Galiza non ten na súa fala
as virtudes do mármore e da cera,
do aceiro, do xílgaro e da ala?

5 ¿Quén fúí o malpocado que nacera
con irta condición de besta mala,
pra non ver que non houbo quen pudiera
torcer o seu camiño nin matal-a?

10 ¡Fuxe can!... ¡Vaite can!... Dareiche broa...
pois, cal dixo o poeta: “Se da aboa
o tesouro da lingua non herdaras”,
un consello dareiche encol da Lúa

⁵⁹² *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial*, Bos Aires, nº 19, outubro de 1926.
Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1086, 14 de novembro de 1926.

e do mar de Galiza, cando brúa:

¡Mellor fora, ¡mellor!, que n-oubearas!...

Esta preocupación polo perigo de desaparición e o escuro futuro da nosa lingua, remarcando a esmagante presión castelanizadora, tamén ocupa unha das estrofas no poema intitulado **¡Grórea a Galicia Ceibe!... [87]**⁵⁹³, aparecido en 1930.

Salvemos Nosa Fala,
10 suidosa, tenra e forte,

 que quere darlle morte

 o vil Poder Central.

Mais a culpabilidade no retroceso dos usos lingüísticos non se lle apón sempre a factores externos, Antón Zapata García tamén fala de factores intrínsecos como os problemas na transmisión interxeracional, tan nomeados hoxe pola sociolingüística. Velaí estes versos abondo significativos, tirados do poema **Sementador [91]**⁵⁹⁴, que se publica por vez primeira en 1931.

Fálalle a todos na verba

q-herdache dos antenados

de ben temprada fasquía,
40 que a Nai Galiza n-é serva

pra renderlle ós desleigados,

n-outro falar, preitesía:

Vils machados,

xa na língoa non fan tala...

45 ¡e todos han de falal-a!...

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 22, maio de 1927.

⁵⁹³ Apareceu publicado na penúltima páxina do folleto *Eduardo Pondal: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega*, no que se reproduce a conferencia pronunciada por Antón Zapata García o día 5 de xuño de 1930. Con certeza editouse este mesmo ano, malia que o devandito folleto non leva data de impresión.

⁵⁹⁴ *A Fouce*, Bos Aires, nº 37, 25 de xullo de 1931. *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 66, agosto-setembro de 1931. *Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 1370, 24 de abril de 1932. *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 233, maio de 1932.

Unha preocupación que se estende tamén aos galeguistas, criticando a aqueles que se caracterizan por manteren actitudes lingüísticas que hoxe denominamos diglósicas. Este é o tema dun dos moitos cantares de xinea neopopularista que se recollen na composición **Herbal Frorido. Cantares Galegos [99]**⁵⁹⁵, publicada en xaneiro de 1938, cando na península aínda se escoitaban os fragores da guerra civil.

Non te fíes dos enxebres
que dín que queren â Fala
35 e, logo, diante dos fillos,
dalles vergonza falal-a.

Outro cantar dos que se inclúen na devandita composición incide na consideración do galego como lingua ‘materna’.

Na Fala de Bergantiños
arrulóume miña nai,
cantando doces cantigas
80 da montana e veiramar.

Todos os fragmentos citados ata agora forman parte da súa obra dispersa, pois é evidente que a data de edición do libro [1954], en pleno franquismo, imposibilitaría a ollos da censura que o seu contido fose admitido nas páxinas do libro.

Así a todo, no libro *A Roseira da Soidade. Poesías galegas*, tamén atopamos algunhas mostras da súa preocupación lingüística. Adoitan ser textos moito máis inocuos, como cando no soneto **Rosalía Castro [19]** sinala a súa indubidable achega ao prestixio do noso idioma: «riquecéu a Nosa Fala e cantóu a Nosa Dôr». E, polas versións dos textos adiantadas nas publicacións periódicas, coñecemos como o poeta exerce a «autocensura» en varios temas, tamén no que respecta á valorización da lingua. No poema **O cantar de Mari-**

⁵⁹⁵ *Galicia*, Revista Oficial del Centro Gallego, nº 300, xaneiro de 1938.

Pepa [9]⁵⁹⁶ as diferenzas entre as primeiras versións en prensa e a final do libro son notorias. Ademais nunha delas, aparecida na revista *Alborada* leva a seguinte dedicatoria como subtítulo: (**Pr-ôs nenos galegos, cando o insino da nosa língoa sexa de obriga nas escolas**). Este texto, obviamente, desaparece e introdúcense cambios que suavizan a mensaxe poética, nomeadamente nesta estrofa.

—Cantemos, cantemos sempre,
nenos da estirpe galega,
o cantar de «Cantaceibe»,
25 o cantar de Mari-Pepa:

Do punto de vista sociolingüístico, alomenos desde a perspectiva actual, causa enorme sorpresa na descrición da cidade coruñesa cando fai referencia aos falares das mozas coruñesas, no poema intitulado **Lembranza e loubor da Cruña [36]**⁵⁹⁷, que revela unha consideración social da nosa lingua que ben pouco se asemella á de hoxe en día.

25 Cines, prazas, xardíns, manumentos, paseos,
aínda agora me atraen con amores sereos,
eisí como o donaire, risas, dimiñutivos
das meniñas cruñesas, n-os decires nativos,
que sobreguen o idioma a cumial xerarquía
30 e se adrentan nas almas cål subprime armoñía.

E máis aínda cando o noso poeta coñecía perfectamente a recriminación que fai Eduardo Pondal nos seus célebres versos: “*Miniñas da Cruña, / d’amabre despejo, / de falas graciosas / e pasos ligeiros, / deixá de Castilla / os duros acentos: / falade, miniñas, / falade gallego*”⁵⁹⁸, reveladores doutra realidade.

⁵⁹⁶ Con versións anteriores en *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 75, abril-maio de 1933. *A Fouce*, Bos Aires, nº 60, 15 de maio de 1933. *El Compostelano*, Santiago, nº 3934, 1 de xullo de 1933. *Eco de Galicia*, Habana, nº 366, 1 de xaneiro de 1934.

⁵⁹⁷ Con versión anterior en *Orzán*, nº 3, Bos Aires, 25 de xullo de 1947.

⁵⁹⁸ *Cfr.* Ferreiro [2001: 59].

Finalmente, outros versos serven para dignificar a nosa lingua, convidando a estender o seu uso a calquera ámbito. No poema **Chuco da Dorna. Mariñeiro galego [53]**⁵⁹⁹ o personaxe protagonista narra nunha taberna as súas historias sempre en galego, malia a heteroxeneidade dos seus oíntes: «conta CHUCO DA DORNA, no linguaxe galego, / súa histórea arriscada, doce, trágica e forte». Con todo, tamén a «autocensura» fai que elimine a dedicatoria que figuraba nas versións anteriores. De feito, debemos a Concha Delgado Corral o feito de coñecermos un mecanoscrito do poema, coa seguinte dedicatoria manuscrita: «A Manuel Roel, que foi / o primeiro grumete da “Irmandade / da Fala” na cibdá da Cruña». O texto mecanoscrito atopouse no arquivo do betanceiro Manuel Roel. No mesmo aparecen manuscritos os versos 43-46 e corrixidas algunhas grallas, así como a sinatura autógrafa do poeta que vai seguida deste paratexto tamén manuscrito: «Na Festa da esgreva / galega doña María Pita de Cámara». En *Orzán* a dedicatoria varía lixeiramente: «A Manuel Roel, que foi o 1º grumete / da “Irmandade da Fala” na Capital Brigantina» e aparece datado: «Bós Aires, Xulio 22 de 1947».

A consideración da nosa lingua tamén aparece cando saúda a chegada da coral ourensá “De Ruada” a Bos Aires, por ser portadora dunha das esencias da patria. O poema, que leva o encabezamento **Loubanza hirmandiña [88]**, foi publicado nun programa de man e inclúe estes versos:

Ben chegados, “De Ruada”, bós hirmáns ben queridos,
10 que da fala galega espallando os soídos,
 despertades relembrs das raciaes costumes
 envolveitos na brétoma enmeigada d’arumes:

A nosa lingua é cualificada como o “noso craro idioma” na xa mencionada elexía **Na morte de Lexandro Bóveda [95]** (1937):

non encontro máis verbas no contido

⁵⁹⁹ Con versión anterior tamén en *Orzán*, nº 3, Bos Aires, 25 de xullo de 1947.

do noso craro idioma, que adouraste,
(¡pra maldicer aqueles que os ferrollos
de Galiza remachan noite e día,

Tampouco é froito da casualidade que a única tradución doutros autores realizada polo noso poeta sexa un texto patriótico do catalán B. C. Aribau, **A Patria [118]**⁶⁰⁰, que se publica introducido pola seguinte Nota da Redacción do *Galicia*: «Traduíto do idioma catalán ô idioma galego, por A. Zapata García, como relembro e honranza ô precursor do aitual Rexurdimento Literáreo Catalán, Boaventura Calros Aribau, ôs 102 anos d-habérese publicado tan outo e nobre poema pol-a ves primeira, no mes d-Agosto de 1833». Ademais, aparece datado polo autor: «Bôs Aires, 1936» e despois do seu nome aparece a palabra (traduítor). No longo poema, Aribau tamén amosa o seu amor pola lingua dos seus devanceiros, nunha estrofa así traducida na versión na versión de Zapata:

Enméigame falar a língoa d-aquels sábeos
qu-encheron o universo de seus costuns e leis,
d-aquels fortes a língoa, que acataron os reis,
defendendo seus dreitos, vingando seus agráveos.

E aínda temos que salientar un feito autobiográfico sinalado no poema en castelán **Los abuelos y el nieto [c31]** (1949), onde narra as vicisitudes do enterro da súa avoa: «¡Fué un llorar en silencio, siempre en traje de luto, / y rezar el rosario en idioma gallego!... ».

No que atinxe á obra en prosa, no seu texto máis importante, a conferencia “Eduardo Pondal, Sentimento e Libertá da Terra Galega”, pronunciada o 5 de xuño de 1930 e publicada, por vez primeira, nese mesmo ano, hai varios parágrafos que fan referencia a cuestións lingüísticas. Neles fai unha severa crítica, posta en boca de Pondal e mesmo inserindo os seus versos, da “vergonza” que senten algunhas persoas á hora de expresárense en galego:

⁶⁰⁰ *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, tradución, nº 460, 22 de marzo de 1936.

Se nadia, coma Pondal, sintíu nin cantóu con tan arriscada enteireza nin con tan doces, suxeridoras, rexas e quentes verbas, o amor â Nai Terra Galega, n-os múltipres aspeitos que ésta sempre amostróu —bô, xeneroso e fecundo seo— a cantos fillos comprenderon o seu infindo degaro de que non fose alongado por máis tempo o terríbel sufrimento de toparse escrava, —imposto pol-a traizón e pol-a forza de estranas e cativas mans— nadia, tampouco, sufrío, dos própeos hirmáns, o escarnecemento que o noso máisimo bardo recibío co-a non compreseón dos bafúas e cativos, como chamar soíalles ôs que dáballes vergonza falar galego, e que, en baixeza sumersos, alcumárono: “¡ O Tolo de Ponte Cesó!”

Por esa concentrada e dônda mágoa de saberse cáseque alleo antre hirmáms de nazón e raza; vêndo sufrir índa máis, na escravitú, á inmorrente Nai Galiza, é que ceibaron, as cordas de ferro da súa prócer lira, doída, anque fortemente:

*A lingua tiveran
por lingua de escravos;
esqueceran os patrios acentos
suidosos e brandos.*

—
*Dos propios acentos,
tiveran vergonza;
de cautivos falaran palabras,
de servos e ilotas.*

—
*Deixaran os doces
acentos xocundos,
pos estranas palabras de servos
inaros e escuros.*

—
*A nai afrixida
da escura miseria,
ós propios tomara
por xente estranxeira;*

e espantada escuitara dos fillos

a plática serva.

Eduardo Pondal aparece sempre como modelo de conduta lingüística a seguir. De feito nun parágrafo anterior da mesma conferencia nomea a Emilia Pardo Bazán como autora antagónica neste aspecto e, polo tanto, rexeitable para a galeguidade.

Unha outa esquirtora galega que ben quería a Pondal, Emílea Pardo Bazán, —valor perdido pr-â nosa enxebre nazonalidá, o mesmo que outros letrados persoaxes cuios nomes non merescen mental-os na nosa língoa— chamóulle ô rexo aitor de “Queixumes dos Pinos”, con verdadeiro acerto, “Lus de Lúa” [...]

Anos máis tarde, no breve artigo **¡Fornelos, Terra Nosa!... [p4]**⁶⁰¹, escrito en 1935, no que describe o lugar de Fornelos, entre a Gándara e a aldea de Dombate (coñecida polo seu dólmen), no concello de Cabana de Bergantiños, defende sen ambaxes a escolarización na nosa lingua:

Antre tanta legría e fartura, óllase a omilde escoliña —gayola na que rechouchían os montesíos paxariños humáns—; óllase —repitimos— a sinxel escoliña onde agardamos que, n-algún xorno, soletrên os nenos, os nosos nenos galegos —páxaros rebertes ben queridos— o noso idioma: *F, o, r: For; n, e: ne; l, o, s: los; T, e: Te; rr, a: rra; N, o: No; s, a: sa*, rematando fortemente, patrióticamente, coma os nosos sagros antergos: —*¡Fornelos, Terra Nosa!...*

E, finalmente, sobre a importancia das escolas incide noutro artigo, tamén de 1935 aínda que desta volta escrito en castelán, que leva como encabezamento **Escuchando el Himno Gallego. Los escolares de Vimianzo [p7]:**

Vistiendo todas el democrático delantal immaculado, las pequeñas escolares de Vimianzo (La Coruña) —bajo la atemperada claridad de nuestro sol gallego, del benigno y “morno” sol por excelencia,— esperan a que se sosieguen sus “rebertes” condiscípulos —que van enfilando un maestro,— a fin de entonar el glorioso Himno Gallego, letra del bardo Eduardo Pondal y música de Veiga (hijo), como se viene acostumbrando en todas las poblaciones de nuestra tierra, merecedora de

⁶⁰¹ *Galicia*, nº 421, Bos Aires, domingo, 23 de xuño de 1935.

las más grandes libertades que otrora le negaron los espíritus plenos de “brétema”, los espíritus justicidas.

I.3.3.5.2. Aspectos gráficos

I.3.3.5.2.1. O alfabeto

No tocante ao alfabeto a particularidade máis salientable na lingua poética de **Antón Zapata García** é o uso do grafema **y**. Así e todo, esta utilización non é sistemática e prodúcese nomeadamente nas versións dos textos que están datados con anterioridade á guerra civil ou que, sen teren data, presupoñemos compostos nesa altura.

Esa asistematicidade é tal que incluso alternan **y** e **i** nun mesmo texto poético ou en poemas datables nunha época semellante. Por outra parte, o emprego do grafema **y** era usual nas primeiras décadas do século e proviña dos precursores.

Aparece sempre como marxe silábica, tanto prenuclear como posnuclear e tanto en posición interior de palabra como en posición inicial absoluta ou final absoluta:

➤ en substantivos, quer propios, como os topónimos *Bayo* [17, 13] e *Uruguay* [67, 10], quer comúns, como *sayo* [17, 12]; *sayas* [36, 53; 57, 68] (mais tamén rexistramos *saias* [63, 12; 70, 18]); *gayola* [93, 18] e no caso do propio convertido en común *loyolas* [97, 46] ou do xentilicio *anglo-bombayés* [93, 18]. Mención á parte merece a súa aparición no topónimo catalán *Montseny* [118, 4] e no anglicismo *City* [36, 16], así como na datación dalgún poema en *Mayo* ou no nome e apelidos do escritor que dá título ao poema **Don Ramón del Valle Inclán y Montenegro** [90].

➤ e, sobre todo, como variante da conxunción copulativa *e*, cando a seguinte palabra empeza por vogal ou polo grafema **h**. Nestes casos, unhas veces aparece unida cun trazo e

outra veces non. Así a todo esta aparición do grafema **y** tan só se rexistra nas versións dos poemas dispersos (concretamente nos que numeramos como **74, 75, 76, 77, 78, 79, e 80**), pois no resto das composicións foi corrixida polo propio poeta ao incorporar os textos ao libro *A roseira da soidade*.

Entre estes encontros de **y** con outra clase de palabras, temos:

y+artigo: *y-a* [75, 27]; *y-o* [74, 31; 74, 73]; *y-as* [74, 17; 74, 38; *passim*]; *y-os* [74, 37; 74, 75; *passim*].

y+substantivo: *y-alma* [75, 15; 75, 43; 80, 12]; *y-almas* [74, 8; 74, 48]; *y-aves* [74, 64].

y+pronome: *y-a* [74, 69]; *y-as* [77, 13].

y+verbo: *y-arrevoan* [77, 95]; *y-embargaránll'os* [74, 37]; *y-empecen* [74, 67]; *y-é* [77, 49; 79, 12].

y+adverbio: *y-así* [74, 71].

y+preposición: sen trazo, *y hastr'a* [76, 13]; ou con trazo, *y-hastr'os* [77, 27].

Aínda así, hai que subliñar a circunstancia de que no conxunto da obra poética esta opción é minoritaria fronte a aparición de **y** sen trazo, e estas dúas tamén están en minoría con respecto á utilización de **i**, que tamén se pode presentar con e sen trazo.

En definitiva, como dixemos, non é posible a sistematización porque o propio poeta utiliza indistintamente calquera delas, por máis que o seu uso sexa máis regularizado nos poemas do mecanoscrito que deu lugar ao libro *A roseira da soidade*.

Excepcionalmente, o poeta fai uso da grafía **ç**, sempre en poemas dispersos dos que só temos a versión da publicación e que non figuran no mecanoscrito ou no libro. Así temos: *lançal* [73, 4]; *Açul* [75, 14] para rimar con *sul*; *abraço* [77, 14], para rimar con *caso* e *açufre* [77, 37], para rimar con *Frexufre*, así como no nome galo *François* [53, 22;

53, 666]. E tamén troca a grafía **c** por **z**, ao se producir unha vacilación vocálica, *azanantes* ‘acénantes’ [31, 40; 109, 49] e *azanábanche* [41, 55].

Moito máis anecdótico é o uso da grafía **k**, cando cita o nome do escritor *Rudyard Kipling* [93, 18] e na palabra *kilómetros* [84, 24].

Para dar cabo a este apartado non se pode esquecer a primeira versión do poema **Anduriñas** [74] que engadimos en nota, aínda que a singular ortografía non se lle debe apoñer a Antón Zapata García, senón que ten que explicarse en razón de que a revista *Estudios Gallegos* estaba dirixida por Aurelio Ribalta, coñecido defensor dunha escrita foneticista para a lingua galega.

Nesta versión foneticista da revista *Estudios Gallegos*, desaparecen todos os apóstrofos, substituídos por espazos en branco; todos os **v** aparecen grafados **b**; todos os **ce** / **ci** como **ze** / **zi** e todas as palabras que principian por **gu** / **qu** aparecen con **g** / **q** (agás dúas palabras, que deben ser grallas de imprenta *queimarll* e *quedan*). Tamén temos noutros poemas *q-o* [88, 33] e *q-é* [91, 1], aínda que ben puidera tratarse de grallas de imprenta ou do propio poeta, xa que se producen en textos dispersos e en diferentes publicacións.

I.3.3.5.2.2. Os signos de admiración e interrogación

A utilización dos signos de admiración e interrogación na obra poética en galego de **Antón Zapata García** é absolutamente uniforme e sempre aparecen ao principio e ao final. Ora ben, nas versións anteriores á edición do libro non sempre acontece así e aparecen algúns exemplos de versos sen os signos iniciais de admiración, polo que cando iso sucede sinalamos esa circunstancia no correspondente apartado de **Variantes e comentarios** que acompaña a cada texto.

I.3.3.5.2.3. O acento ortográfico

A obra poética en galego de **Antón Zapata García** rexistra dous tipos de acentuación, aguda e circunflexa. O seu uso non é distintivo, de feito temos exemplos da súa aparición en contextos semellantes. O acento agudo é o maioritario, pois o poeta (coma outros escritores da época) debeu ir paulatinamente abandonando o circunflexo⁶⁰². É sabido que na nosa literatura o uso deste último decae considerablemente na posguerra, mesmo ata desaparecer practicamente, sendo hoxe só reivindicado por escritores reintegracionistas.

A) **O acento circunflexo** aparece para sinalar todo tipo de contraccións entre preposicións+artigo ou pronome: *â* [1, 2; 1, 12; *passim*]; *âs* [7, 50; 9, 18; *passim*]; *ô* [2, 12; 83, 9; *passim*]; *ôs* [84, 30; 93, 9; *passim*]; *cô* [2, 86; 4, 67; *passim*]; *côs* [2, 12; 4, 60; *passim*] (E, en menor medida *c-ô* [71, 2; 83, 39; *passim*] e *c-ôs* [84, 16; 88, 15; *passim*]); *car-â* [7, 64; 33, 94; *passim*]; *contr-âs* [58, 27]; *hastr-âs* [38, 93; 64, 32]; *pr-â* [13, 41; 30, 611; *passim*]; *pr-âs* [9, 18; 31, 40; *passim*]; *sobr-â* [31, 10; 31, 49; *passim*]; *antr-ôs* [37, 4]; *baix-ôs* [41, 81]; *car-ô* [8, 24; 31, 48; *passim*]; *hastr-ô* [14, 12; 57, 130; *passim*]; *hastr-ôs* [57, 12; 68, 9; *passim*]; *pr-ô* [35, 8; 38, 27; *passim*]; *pr-ôs* [32, 70; 32, 71; *passim*] e de maneira excepcional en *n-ôs* [38, 152] e en *pol-ôs* [68, 14].

Tamén noutras contraccións con outro tipo de partículas ou entre pronomes:

cand-ôs [33, 83]; *com-ô* [100, 31]; *com-ôs* [12, 3]; *i-ô* [95, 23]; *i-ôs* [95, 20]; *m-ôs* [61, 39]; *Mandában-m-âs* [31, 99]; *ll-â* [19, 6]; *perguntádell-â* [30, 394]; *ll-ô* [67, 47]; *ll-ôs* [99, 73] ou *Er-â i-alma* [20, 5].

⁶⁰² Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lúgrís Freire as formas como *ô* eran concibidas como ‘dialectais’, que se pretendían proscribir e non validar, en favor de *ao*. Nun cadro comparativo das diferentes gramáticas da época, Cfr. Fernández Salgado [2000: 158], pódese observar como o acento circunflexo xa só se recolle no *Compendio de Gramática Galega* (1919) de Leandro Carré Alvarellos.

Sempre de maneira maioritaria, mais sen total sistematicidade, nos infinitivos *lêr* [90, 12]; *têr* [6, 7; 13, 51; *passim*] ou *têrlle* [30, 564; 38; 36; *passim*]; *vêr* [2, 38; 26, 19; *passim*] ou co pronome átono *vêrme* [100, 23]; *vêrte* [14, 37] ou *vêr-vos* [10, 7]; *îr* [84, 11]; *vîr* [4, 104; 13, 45; *passim*] ou no reflexivo *rîrse* [63, 14]; así como en moitas formas verbais dos anteriores, como *rîs* [70, 17]; *têde* [30, 435]; *tên* [6, 4; 13, 5; *passim*]; *têndes* [98, 83]; *têndo* [22, 15; 13, 5; *passim*]; *tês* [27, 41; 30, 369; *passim*]; *vê* [30, 335; 30, 1048; *passim*]; *vêdes* [30, 377]; *vên* [30, 420; 30, 1454; *passim*] ou *vênse* [7, 24; 44, 9; *passim*]; *vêndo* [30, 1217; 30, 1263; *passim*]; *vês* [36, 36; 118, 7]; *vên* (do verbo *vîr*) [21, 11; 27, 59; *passim*] (aínda que tamén nunha ocasión temos *vén* [31, 71]); *vês* (do verbo *vîr*) [70, 49; 27, 59; *passim*]; *vîn* (do verbo *vêr*) [14, 30; 30, 712; *passim*] ou *vînte* [30, 69]; *vîra* [30, 1076; 100, 31]; *vîron* [30, 814]; *vîmos* (do verbo *vîr*) [19, 12]; *vîndes* [13, 32]; *vîdas* [38, 73]. Obsérvese a confusión entre **ver** / **vir**, na que a miúdo renxe a función diacrítica da acentuación.

Tamén é salientable o seu uso nas formas do verbo **dar**: *dîn* ('dar') [16, 71] (mais tamén con acento agudo *dín* [14, 34; 31, 100] e cos pronomes átonos *dínme* [53, 35] e *dínlle* [1, 13; 36, 83]) e nas formas, unha delas homógrafa da anterior, do verbo **dicir**: *dî* [6, 5] e *dîn* [6, 8; 20, 5; *passim*] (tamén con acento agudo: *dí* [17, 13; 30, 327; *passim*] ou co pronome átono *dílle* [36, 69]; *dín* [6, 4; 31, 33; *passim*] ou cos pronomes átonos *dínme* [53, 35]; *dínlle* [94, 39] e tamén sen acento *dinlle* [116, 60]; *dínse* [30, 388] e *dísille* [70, 104], ou no imperativo: *dí* [26, 12; 30, 415]).

Aparece en formas verbais doutros verbos: *brandê* [94, 48]; *cantês* [88, 26; 88, 59]; *crê* [108, 52]; *crêrá* [30, 333]; *crône* [96, 43]; *fân* [4, 123; 16, 67; *passim*]; *fûn* [84, 2]; *pôndo* [30, 1241; 37, 1; 38, 153]; *pônse* [37, 3]; *pôr* [118, 42]; *pôría* [33, 33]; *traspôron* [97, 56]; *quêr* [30, 1178; 30, 1236]; *requêr* [38, 135]; *sabês* [30, 345]; *sêndo* [30, 1177; 30, 1229; *passim*]; *sôfre* [30, 627; 53, 62]; *sôrrían* [30, 822]; *sôrrides* [63, 12]; *sôrrindo* [13,

28]; *sôrrir* [38, 84]; *sôrriran* [46, 25]; *vâl* [30, 364; 52, 14; *passim*]; *vân* [3, 23; 3, 29; *passim*]; *zoês* [88, 60] e finalmente *ê* [98, 17] e *s-ê* [71, 8; 83, 3; 98, 67], da que se volverá falar na acentuación diacrítica.

En palabras monosilábicas, alén dos verbos citados: *bô* [4, 104; 13, 2; *passim*]; (e excepcionalmente *bôn* [70, 24]); *bôs* [4, 77; 12, 5; *passim*]; *câl* [10, 13; 13, 46; *passim*] (e excepcionalmente *c-âl* [12, 6]), mais tamén, en menos medida, aparece *cal* [2, 6; 30, 246; *passim*]; *côr* [30, 1026; 57, 19; *passim*]; *dô* [33, 4]; *dôr* [19, 11; 20, 8; *passim*]; *pê* [1, 61; 30, 1196; *passim*]; *pês* [18, 23; 38, 90; *passim*]; *pô* [93, 22]; *sô* [17, 10; 32, 90; *passim*]; *sôn* [14, 6; 17, 1; *passim*]; *tâl* [30, 1366; 30, 1446] e *tôn* [27, 40; 44, 68; *passim*].

Na acentuación de graves ou esdrúxulas, onde tamén alternan co acento agudo, aínda que na maioría dos casos o circunflexo serve para marcar sen moito acerto o timbre das vogais: *câles* [2, 74]; *cêste* [4, 99; 57, 19]; *crênte* [15, 5]; *crônas* [32, 68]; *dêvir* [6, 12]; *dêvires* [3, 27]; *docîsma* [118, 43]; *dôres* [46, 15; 70, 54; *passim*]; *dôrida* [4, 153; 30, 1272]; *dôrido* [40, 10]; *dôridas* [40, 21]; *êcos* [88, 15]; *Lêna* [8, 27]; *lênda* [2, 30; 30, 286; *passim*]; *lêndas* [70, 70; 83, 20; *passim*]; *mêstra* [97, 7; 97, 13; *passim*]; *multicôres* [55, 4; 57, 37]; *mêstrales* [54, 5]; *mêsterosos* [30, 782]; *rêdivivas* [95, 41]; *sôma* [83, 28]; *sômente* [60, 14]; *sômentes* [20, 20]; *têbras* [44, 38] ou *Trêbas* [97, 25]; *têrmo* [30, 936; 32, 80]; *vôntá* [32, 40] ou *vôntades* [70, 48].

Aínda que inicialmente puideramos pensar que o uso do circunflexo marca o emprego de vogais abertas, intentando así diferenciar graficamente o timbre etimolóxico segundo propuxera xa no século XVIII Frei Martín Sarmiento ou aínda explicitaba tempo despois Saco Arce, o certo é que moitos dos exemplos contradín esta hipótese, quer porque unha parte deles aparecen noutros textos con acento agudo, quer porque aparecen sen acentuar outros semellantes aos mencionados.

B) O acento grave é absolutamente maioritario. En resumo, diremos que as **palabras monosilábicas** adoitan estar acentuadas graficamente, como acontece no substantivo *fé* [30, 903; 30, 1050; *passim*] ou en *frós* [95, 15] (aínda que esta última maioritariamente grafada sen acento *fros* [30, 523; 66, 1]); na forma verbal de P1 do perfecto do verbo *ir*, *fún* [53, 47] ou do verbo *ser*, *fún* [53, 32] (aínda que é maioritaria a forma *fun* [2, 98; 31, 90; *passim*]) e mesmo en todas aquelas que non precisarían ningún diacrítico, como a partícula afirmativa *sí* [30, 744; 30, 1016; *passim*], acentuada por castelanismo.

Así, o pronome *tí* aparece indistintamente con ou sen til, aínda que predomina a opción acentuada: *tí* [2, 51; 9, 6; *passim*] fronte a *ti* [65, 2; 65, 32; *passim*]. Porén, o pronome *el* aparece maioritariamente con til, *él* [7, 19; 18, 28; *passim*] (incluso nas contraccións, [Cfr. *infra*]) e de maneira excepcional *El* [30, 520; 30, 764; *passim*] (cando vai en maiúscula e lembremos que as maiúsculas non se adoitaban acentuar na época). En minúsculas aparece acentuado en contraccións: *d-él* [30, 738; 38, 17; *passim*] (tan só nunha ocasión sen trazo *dél* [49, 14]) ou *n-él* [30, 1023; 30, 1176; *passim*]. Por fonética sintáctica, tamén o atopamos en contraccións que hoxe non se representan: *diant-él* [18, 28] e *qu-él* [7, 19]. Pola contra o feminino case sempre aparece sen acento, *ela* [8, 18; 18, 2; *passim*] e tan só nunha ocasión *éla* [88, 74] (coa idéntica variabilidade nas contraccións, [Cfr. *infra*]). Maior sistematicidade existe no caso de *nós* e *vós*, pois case sempre levan acento gráfico, tan só nun poema aparece sen til o pronome suxeito *vos* [93, 25; 93, 39] e semella unha posible gralla de imprenta, ao ser un dos dispersos que non está no libro.

A forma verbal *dá* aparece con ou sen acento gráfico: *da* [30, 804; 38, 7; *passim*] ou maioritariamente *dá* [18, 35; 30, 509; *passim*], inclusive no mesmo poema. Nunha ocasión tamén anotamos a forma verbal *das* [41, 7]. Algo semellante sucede coas formas verbais *vén* / *vés*, que alternan con *vên* / *vês*, xa comentadas con anterioridade na acentuación

circunflexa [*Cfr. supra*], fronte a *ven / ves*, e ás veces sen a correspondente función diacrítica que enfronta a conxugacións dos infinitos *ver / vir*.

E o mesmo sucede co adxectivo *bo*, con varias solucións diferentes: *bo* [81, 25; 92, 12; *passim*]; *bó* [85, 13; 91, 3; *passim*]; *bô* [4, 104; 13, 2; *passim*] e excepcionalmente *bôn* [70, 24]. Pola contra, o substantivo aparece sempre con acento, agudo ou circunflexo, *dó* [89, 7]; *dóo* [38, 36] ou *dô* [33, 4].

A excepción semella estar nas palabras agudas monosilábicas que rematan en *-n* ou *-ns*, que case nunca levan til, *bens* [14, 36; 30, 993; *passim*]; *can* [59, 6; 83, 56; *passim*]; *cans* [31, 39; 44, 15; *passim*]; *clan* [6, 9]; *clans* [101, 8]; *gran* [105, 42; 83]; *grans* [53, 57; 91, 19; *passim*]; *man* [2, 8; 13, 31; *passim*]; *mans* [4, 12; 12, 5; *passim*]; *mens* [30, 1035]; *pan* [13, 2; 13, 49; *passim*]; *pans* [38, 153]; *san* [33, 119; 36, 46; *passim*]; *sans* [36, 69] ou *sens* [53, 12]. Tan só rexistramos con acento, *cháns* [77, 21].

Dentro das **polísilabas oxítonas** principiaremos por sinalar que nas **palabras rematadas en -n, -ns** rexistramos tres únicos casos nos que o poeta non acentúa, algo que tamén era bastante común na época. Trátase do apelido *Pauman* [30, 190], que corresponde ao poeta Evaristo Martelo Paumán del Nero (1853-1928), que o propio autor acentuaba indistintamente, e de *premissions* [75; 30] e *hirmans* [76, 7], mais aquí pode deberse a grallas das publicacións que recollen os poemas, pois no resto das ocasións (e son ducias de exemplos) sempre observamos til.

Existe unha particularidade especial coa palabra *Xacobé* [108, 14], mais neste caso a acentuación semella responder a unha necesidade poética para rimar con *fé*.

Porén, presenta moitas máis vacilacións na acentuación gráfica das palabras agudas **rematadas en ditongo decrecente**, con tendencia predominante lle poñer o til. Así temos: **ditongo -ai / -ái**: Non hai sistematicidade no seu uso, mais prevalecen as formas acentuadas, como nas formas verbais *cái* [30, 551; 34, 13] (mais tamén nun deses poemas

cai [30, 956]; *fái* [4, 168; 13, 46; *passim*] (mais indistintamente *fai* [2, 80; 8, 6; *passim*]); *calái* [30, 76]; *sái* [20, 22; 38, 122; *passim*] (e unicamente *sai* [91, 4]); *trái* [45, 10; 45, 48] (mais tamén *trainos* [70, 131]); *vái* [2, 3; 4, 159; *passim*] (mais indistintamente, incluso no mesmo poema, *vai* [4, 65; 23, 26; *passim*]); e tan só anotamos *hai* [4, 143; 26, 20; *passim*] e ocasionalmente *perdonaime* [31, 109] (sempre sen acento). Igualmente prevalecen os acentos en conxuncións e partículas do tipo *ademáis* [27, 47]; *cecáis* [30, 57; 30, 1154; *passim*]; *quezáis* [14, 41; 26, 7; *passim*] (incluso no mesmo poema que a anterior 30, 650); *demáis* [36, 44; 42, 71; *passim*]; *namáis* [30, 777; 30, 1015; *passim*]; *nomáis* [116, 35]; *endexamáis* [30, 547]; *enxamáis* [36, 10; 36, 81; *passim*] ou *xamáis* [13, 49; 30, 62; *passim*]. Pola contra a non presenza do til é maioritaria nos substantivos *nai* [1, 12; 4, 139; *passim*] (só ocasionalmente *nái* [30, 647]); *nais* [30, 823; 32, 125; *passim*]; *pai* [27, 53; 27, 55; *passim*]; *pais* [11, 15; 22, 11; *passim*] ou *nanái* [38, 156]). Mención á parte merece o par *mais* / *máis*, sobre o que volveremos na acentuación diacrítica.

ditongo -ei / -éi: Neste par o predominio das formas acentuadas, nomeadamente as verbais⁶⁰³ (mesmo se inclúen pronomes átonos), é case absoluto, como acontece en *acordéime* [31, 29]; *alcontréi* [116, 50]; *amaréi* [36, 98]; *améi* [30, 1430]; *apreixéi* [62, 10]; *arribéi* [36, 92]; *caséi* [100, 17]; *contempréi* [36, 71]; *choréi* [31, 76]; *deixéi* [30, 1255; 100, 19; *passim*]; *despertéi* [31, 78]; *diréi* [13, 36]; *diréivos* [97, 30]; *embarquéi* [36, 98]; *enterréino* [13, 47]; *lembréi* [67, 75]; *levantéi* [53, 39]; *levéina* [62, 11]; *madruguéi* [100, 65]; *marchéi* [67, 70]; *miréi* [77, 74]; *piséi* [61, 6; 61, 20]; *quedéi* [31, 19]; *recordaréi* [77, 71]; *salvéi* [13, 39]; *séi* [7, 6; 22, 2; *passim*]; *sofriréi* [30, 1432]; *soñéi* [31, 47; 36, 97; *passim*]; *trasnoitéi* [53, 53]. E o mesmo sucede nos antropónimos *Muléi* [108, 28] e *Recaréi* [77, 73] ou tan só nunha ocasión no numeral *séis* [30, 1430] (fronte á

⁶⁰³ Fernández Salgado [2000: 178] sinala como as formas acentuadas aparecían na *Gramática Gallega* (1868) de Saco Arce para iren desaparecendo nas posteriores gramáticas da época.

maioritaria *seis* [30, 440; 30, 1168; *passim*]). A única vacilación está na forma verbal *héi* [71, 27] (maioritariamente *hei* [27, 56; 30, 86; *passim*] ou *ei* [14, 37; 112, 9; *passim*]). Ocasionalmente tamén temos *naveguei* [99, 17]. Pola contra, nos substantivos tan só anotamos a forma sen acentuar *lei* [75, 40; 97, 21]; *leis* [15, 9]; *rei* [2, 22; 2, 90; *passim*] ou *reis* [30, 1130; 103, 2; *passim*].

ditongo -eu / -éu: Tan só sen acentuar os perfectos *abreu* [95, 61] (mais tamén *abréu* [30, 164]); *debeu* [62, N] (mais tamén *debéu* [100, 16]); e *veu* [67, 74; 67, 77; *passim*] (mais tamén *véu* [5, 35]); fronte a todos os demais perfectos en **-éu**: *aparescéu* [47, 31]; *aparescéuse* [30, 1415]; *cobréuse* [1, 14]; *correspondéu* [48, 32]; *descéu* [30, 184]; *encrudecéu* [41, 78]; *enchéuse* [108, 27]; *escondéuse* [77, 34]; *fortecéuse* [52, 11]; *morréu* [30, 555; 30, 1294; *passim*]; *morréuse* [115, 16]; *nacéu* [5, 12 ; 30, 1210]; *perdéu* [19, 11; 44, 43]; *repitéu* [27, 35]; *respondéu* [30, 1296]; *riquecéu* [4, 142]; *rompéu* [30, 1066]; *saléu* [27, 15]; *sofréu* [15, 6; 98, 34; *passim*]; *valéu* [30, 1025]; *vencéu* [23, 10]; *vertéu* [30, 1308]; *volvéu* [52, 13] ou *volvéuse* [105, 31]. Esta solución tamén atinxe aos substantivos rematados no mesmo ditongo, onde tamén se produce alternancia, mais con predominio absoluto das formas acentuadas: *adeus* [94, 42] (mais de forma maioritaria *adéus* [7, 13; 30, 77; *passim*]). Tamén anotamos os castelanismos *adios* [75, 15] e no mesmo poema *adiós* [75, 43]); *chapeu* [102, 2] (mais tamén *chapéu* [13, 23] (mais tamén *chapeu* [102, 2]); *Neréu* [30, 1322]; *roméu* [30, 105; 112, 30]; *xudéu* [118, 8]. Mención especial merece a inusual acentuación do posesivo *séus* [77, 24]; que tan só rexistramos nesta ocasión fronte á abrumadora presenza de *seus*.

ditongo -oi / -ói: Tan só sen acentuar os substantivos *boi* [30, 668; 93, 2; *passim*]; *bois* [8, 25; 16, 52; *passim*] e *coi* [30, 616; 30, 1073]; e o perfecto *foi* [13, 7; 20, 14; *passim*]); que alterna indistintamente con *fói* [1, 3; 3, 28; *passim*]. O restos das palabras que conteñen este ditongo aparecen acentuadas: *dempóis* [13, 48; 17, 10; *passim*]; *dimpóis* [8, 22];

despóis [30, 1031; 74, 18; *passim*]; *póis* [77, 79]; *herói* [13, título]; *heróis* [25, 12; 32, 71; *passim*] e finalmente *Raxói* [30, 190].

ditongo -ou / -óu: Neste caso hai unha certa sistematicidade, pois acentúa sempre as numerosas palabras que rematan neste ditongo, a maioría formas verbais de perfecto, con moi escasas excepcións sen acento. Así, dous perfectos, o primeiro con desprazamento acentual e o segundo sen acento, nos que ben puidera pensarse que se trataría daquela de grallas de imprenta ao estaren acentuados todos os demais: *agóirou* [110, 5] e *escapou* [106, 11]; e outras formas nas que vacila indistintamente, tanto na P3 do perfecto: *dou* [52, 13] (tan só nesta ocasión e en versións de poemas aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición) e a maioritaria *dóu* [14, 36; 25, 2; *passim*], como na P1 do presente de indicativo, tamén con ou sen acento, aínda que neste caso é maioritaria a forma sen acento: *dou* [31, 113; 40, 40; 65, 24] e *dóu* [36, 40]. Curiosamente nunca acentúa o numeral *dous* [2, 9; 4, 39; *passim*] nin o fai tampouco na onomatopea *frou-frou* [88, 38].

ditongo -ui / -úi: Tan só anotamos a forma verbal *fúi* [82, 1; 82, 5] nun mesmo poema, fronte a *foi* [13, 7; 20, 14; *passim*]; que alterna indistintamente con *fói* [1, 3; 3, 28; *passim*]. Alén diso, temos *mui* [33, 11; 52, 12] tan só nestes dous casos, fronte a *moi* [13, 4; 30, 3; *passim*]).

Dentro das **palabras paroxítonas** chama a nosa atención a vacilación das que presentan no seu interior algúns dos anteriores encontros vogálicos, á hora de marcárense os hiatos, pois tamén ofrece solucións discordantes co estándar actual. Así temos formas onde non se marca, como *mainzo* [38, 27]; formas nas que alterna indistintamente, como *ainda* [30, 412; 36, 6; *passim*] e *aínda* [2, 30; 10, 8; *passim*]; *cainzas* [36, 58] e *caínzas* [16, 51; 64, 25] ou como *sair* [57, 82; 92, 18; *passim*] e *saía* [30, 1041]. Cabo delas unha maioría de formas acentuadas, como *campaiñas* [83, 48]; *cristaíña* [32, 104]; *cristaíñas* [4, 66; 83, 18]; *duaísmo* [53, 45]; *paíñas* [83, 62]; *País* [43, 2]; *países* [30, 814; 74, 3]; *raíces*

[100, 50]; *raíña* [38, 77]; *raíñas* [32, 18]; *traíña* [46, 12; 46, 24; *passim*]; *traíñas* [4, 119; 30, 13; *passim*]; *ultraístas* [89, 22] e o nome propio *Isaías* [98, 23; 110, 1; *passim*]. Mención á parte merece a forma *vel-ahí* [98, 83], ao de poder tratar dunha gralla de imprenta, pois é a única vez que se documenta. Excepcionalmente rexistramos un *saudo* [78, título], explicable por iren os encabezamentos en maiúscula e estas non se acentuaren na época, pois no resto das ocasións temos *saúdo* [38, 840; 93, 9; *passim*] ou *saúde* [16, 17; 16, 18; *passim*]. E tamén excepcionais son *bruidos* [30, 1164], que alterna con *bruídos* [88, 528] ou *druída* [41, 49; 72, 40; *passim*]; *druídas* [3, 17; 17, 2; *passim*] ou *ruíña* [98, 63]. Pola contra sempre temos *remuiño* [30, 1339]; *moiño* [53, 53] ou *moiños* [2, 100; 7, 31; *passim*] fronte a *Moiño* [38, no encabezado do noveno soneto]. Como erro do poeta podemos entender *botánse* [30, 899], que atopamos no mecanoscrito e na edición do libro, fronte a *botáronse* [33, 29]; e talvez como gralla de imprenta ou decisión dos responsables da publicación a opción *náda* [112, 15] ou *nâda* [112, notas], fronte á maioritaria *nada* [2, 20; 27, 45; *passim*], e un estraño *médeodía* [51, 16], con dobre acento gráfico. Igualmente rexistramos alternancia entre *dolmen* [17, 2; 17, 9; *passim*] e nunha ocasión con acento *dólmen* [77, 10]; ou entre *xeroulífos* [31, 12], grafado sen acento en *xeroulifos* [84, 28].

Na terminación *-úa*, o poeta ten preferencia por lle poñer acento gráfico aínda que tamén vacila en moitas ocasións: *tua* [5, 41; 36, 45]; que alterna coa maioritaria *túa* [5, 25; 30, 76; *passim*] (incluso nun mesmo poema); *sua* [4, 152; 30, 1084; *passim*]; que alterna coa maioritaria *súa* [12, 14; 14, 8; *passim*]; *suas* [30, 818; 77, 42]; que alterna coa maioritaria *súas* [15, 9; 17, 5; *passim*]. Sempre aparece sen acento o apelido e topónimo *Insua* [30, 899; 30, 1068; *passim*) e rexistramos sempre con acento *adúa* [92, 10]; *agrúa* [112, 57]; *brúa* [20, 24; 27, 1; *passim*]; *crúa* [27, 9; 30, 267; *passim*]; *crúas* [29, 13; 30, 631; *passim*]; *decrúa* [29, 8; 38, 43; *passim*]; *grúas* [36, 53]; *lúa* [4, 92; 7, 67; *passim*];

lúas [30, 446]; *núa* [32, 37]; *núas* [99, 26]; *rebrúa* [93, 8]; *rúa* [9, 1; 16, 60; *passim*]; *rúas* [5, 39; 30, 1; *passim*] e o posesivo *túas* [30, 344].

Ás veces, as formas de plural no pronome persoal da P3, sen dúbida por analogía co singular, tamén poden aparecer acentuadas, mais maioritariamente aparecen sen acento: *eles* [30, 490; 30, 768; *passim*] (mais tamén *n-éles* [84, 49] ou *n-eles* [56, 10]) e *elas* [30, 303; 30, 307; *passim*] (mais tamén *n-élas* [91, 33] ou *n-ela* [68, 8] e *n-elas* [64, 36; 70, 40]). De maneira excepcional anotamos o uso dunha forma *d'éles* (só en versións de publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición). E tamén con acento temos: *d-éles* [93, 19] (mais sen acento maioritariamente *d-eles* [32, 117; 30, 33; *passim*]); *d-éla* [100, 32] (mais sen acento maioritariamente *d-ela* [9, 16; 38, 149; *passim*]); *d-élas* [83, 27; 83, 48] (mais tamén sen acento *d-elas* [97, 7]); *n-éles* [84, 49] (mais tamén sen acento *n-eles* [56, 10]) e *n-élas* [91, 33] (mais sen acento maioritariamente *n-ela* [68, 8] e *n-elas* [64, 36; 70, 40]). Algo semellante ocorre no demostrativo: *n-aquéles* [84, 44], (mais tamén *n-aquel* [31, 89] ou *n-aqueles* [30, 650]).

E, finalmente, algunhas formas verbais que se converten en palabras paroxítonas ao engadírselle o pronome átono manteñen unha acentuación que as actuais *Normas* [2003] desbota, como sucede en *pónme* [30, 550]; *iráse* [30, 554] ou *diráslle* [30, 1238; 30, 1429].

Na acentuación das **palabras proparoxítonas**, como é lóxico e esperable, é onde menos vacilación se presenta. Aínda así, ás veces alterna acentuación grave ou esdrúxula na mesma palabra, como sucede excepcionalmente en *páxaro* [78, 13]; que alterna coa maioritaria *paxaro* [33, 54; 33, 101; *passim*] ou *paxaros* [4, 39; 30, 94; *passim*]. Isto leva a pensar que a acentuación pode deberse aos responsables da publicación periódica *El Eco de Teo*, único lugar onde apareceu esta composición escrita *ad hoc*. Malia tamén existir vacilación, por posible gralla, entre *i-eisímade* [114, 12] e *i-eisimade* [30, 179; 51, 32]; ou entre *pentágrama* [40, 23] e *pentagramas* [44, 83], a responsabilidade é neste último caso

do poeta, xa que así aparecen no mecanoscrito e na edición do libro e non hai tampouco razóns de métrica ou de rima que xustifiquen a diversidade na escolla. Porén, a conservación da rima, asonante en i-a, semella ser a causa de que unha palabra que se agardaría esdrúxula apareza como grave nas dúas únicas ocasións que se rexistra: *ossianidas* [70, 69; 83, 20]. Tampouco hai ningunha razón de métrica ou de rima á hora de xustificar a alternancia entre *cantigas* [99, 79] e *cántigas* [31, 63] ou entre *lóstrego* [112, 18] e os maioritarios e inesperables *lostrego* [78, 6]; *lostregos* [70, 73; 98, 24] ou a esperable forma verbal *lostrega* [39, 15; 80, 5]. E o mesmo sucede en *ácedas* [4, 148]; *ádegas* [30, 298]; *áraxe* [30, 19]; *cómbeda* [28, 29]; *cómbedas* [83, 14]; *cómbedos* [70, 12]; *cónveda* [30, 1030] ('combada(s), combados', castelanismo por *empenada(s)*, *empenados*); *cóncrave* [30, 315]; *nóitebra* [105, 30] e *sómario* [13, 12] (do castelanismo *somero* 'breve, parco, sumario'), cando eran de agardar palabras paroxítonas. Casos contrarios son o de *asfodeles* 'asfódelos' [32, 34]; do molusco *bigarros* [2, 39; 42, 36; *passim*] ('*Littorina littorea*', na actual normativa *bígaro*); *empireos* 'empíreos' [98, 35]; *militas* [108, 29] (*mílitas* 'soldados'); do substantivo *nautilus* [83, 1331] e o do plural *tuneles* [83, 40], aínda que na versión castelá deste poema, que se publicou con posterioridade, e non totalmente coincidente, aparece *túneles* [c13, 42]. Finalmente, cómpre sinalar varios estraños casos, que ben puideran ser grallas de imprenta, ao se atoparen en poemas publicados en revistas: *fríamente* [79, 14] (talvez xustificable porque na época adoitaban conservar os acentos nas palabras rematadas en -mente); *qu-erguestel-a* [41, 50]; *botaballes* [99, 75], fronte a *botáronse* [33, 29]; *trúnfante* [94, 45], fronte a *trunfante* [30, 830]; e tamén *Tronzemol-as cadeas* [87, 7], a carón de *teñámol-o machado* [89, 9]; *abrangámol-as torres* [89, 14] ou *busquémol-os lobos* [89, 21]. E, por último, deixamos sen comentar os numerosos vulgarismos, do tipo *rebuldíceo* [4, 143], nos que a vacilación no vocalismo converte as palabras graves en esdrúxulas.

No tocante ao uso do **acento diacrítico** tamén existe notoria vacilación, así rexistramos palabras homógrafas que aparecen con ou sen til.

A distinción entre *á / ás* (prep.+art.) e *a / as* (art.; prep. ou pron.); *ó / ós* (prep.+art.) e *o / os* (art. ou pron.), que mesmo inclúe ás veces o uso do acento circunflexo (*â / âs / ô / ôs*), presenta unha enorme disparidade de criterio. O caso máis paradigmático sucede nunha das súas primeiras composicións, intitulada **A casa d'o poeta Pondal [73]** [Cfr.]. Fronte a numerosas opcións correctas, desde o estándar actual, tamén anotamos ducias de exemplos de incorreccións, a maioría por facer uso de formas verbais + preposición, que fan aparecer contraccións en obxectos directos.

Ocorre tamén cos pronomes persoais *el / nós / vós*, que xa comentamos nos monosílabos [Cfr. *supra*], e nas formas verbais *dá / dás / ven / ves / vén / vés*, tamén comentadas nos monosílabos o primeiro par e na acentuación circunflexa, por ser maioritaria esta opción, no segundo dos casos [Cfr. *supra*].

A forma verbal *é* (pres. de *ser*), ás veces grafada *ê*, aparece practicamente sempre coa til, para que non haxa confusión coa conxunción copulativa. Así temos, *é* [2, 6; 4, 29; *passim*], ou en diferentes contraccións: *n-é* [12, 13; 90, 6; *passim*]; *i-é* [6, 12; 19, 12; *passim*] (mais tamén *y-é* [77, 49; 79, 12]); *qu-é* [32, 41; 32, 81; *passim*], (mais tamén as anómalas e singulares *q-é* [91, 1], *que-é* [100, 42] ou *qu'é* [77, 44]); así como con acento circunflexo *ê* [98, 17] e *s-ê* [71, 8; 83, 3; 98, 67] (ou tamén *s-é* [91, 9]). A única confusión rexístrase nunha das súas primeiras composicións, intitulada **A casa d'o poeta Pondal [73]**, na que acentúa tanto a forma verbal *é* [73, 1], como a conxunción *é* [73, 5; 73, 11 e 73, 12].

Outros diacríticos a comentar son os substantivos ***bola*** (peza de pan) e ***oso*** (animal) que aparecen utilizados con corrección, sen til en *A bola-bica* [38, 135] e *oso* [2, 29], xa que ***pé*** foi comentado na acentuación monosilábica [Cfr. *supra*]. Pola contra, ***póla*** (rama) aparece utilizado sen facer uso da acentuación diacrítica, sen til, en *tronco e polas* [13, 9].

E o par *présa* (apuro) / *presa* (prendida ou presada), aparece sempre sen til. Así, rexistramos a primeira palabra en *â presa* [2, 20; 30, 3; 134] (ou tamén *apresa* [21, 11]) e a segunda *a presas* [91, 51] (co valor de *a presadas*).

Por outra parte, existe moitísima vacilación entre *máis* (adv. e pron.) / *mais* (conx), que aparecen indistintamente con e sen til. Así, rexistramos o adverbio maioritariamente con til, *máis* [2, 39; 3, 12; *passim*] e en moitos casos sen til, *mais* [73, 1; 74, 14; *passim*]. E o mesmo sucede coa conxunción, desta volta maioritariamente sen til, *mais* [17, 12; 18, 31; *passim*] e nalgúns casos con til, *máis* [30, 259; 67, 65; *passim*], incluso aparece *e máis* [7, 43; 7, 44; *passim*].

Tamén existe moita vacilación entre *fóra* (adv.) / *fora* (antepret. de *ser* e *ir*), que nuncan aparecen acentuados, quer sendo adverbios *fora* [57, 86; 67, 54; *passim*] ou incluso *Mar de Fora* [41, 17; 92, 5; *passim*]; quer sendo forma verbal do verbo *ser*: *fora* [2, 22; 4, 90; *passim*], pois non utiliza a forma verbal do verbo *ir*. Tamén fai uso da variante *afora* [11, 5; 34, 11; *passim*] ou *mar afora* [36, 79].

No que atinxe aos **adverbios rematados en -mente**, por se tratar de palabras graves rematadas en vogal, resulta innecesario o acento gráfico, mais o poeta segue a norma da época que conservaba nestes adverbios a acentuación das palabras orixinais das que se formaban. Velaí a mencionada *fríamente* [79, 14] ou *doídamente* [79, 14].

E no sufixo do superlativo *-ísima/-ísimo*, que adoita usar en formas con síncope ás veces acentúa e ás veces non: *docîsma* [118, 43]; *fortísimo* [51, 14]; *longuisma* [30, 358]; *muitismo* [30, 74] e *purismo* [30, 969] (mais tamén, en menor medida, *moitísima* [105, 28] e *outísimas* [83, 4]).

Noutros casos acentúa graficamente **os pronomes e adverbios interrogativos e exclamativos**, seguindo o uso que se fai no castelán e na época. Desta maneira anotamos acentuacións en interrogativas e exclamativas directas que non se contemplan nas actuais

Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego [2003]⁶⁰⁴. Alén de *cal*, que xa se comentou na acentuación circunflexa [*Cfr. supra*], rexistramos entre os interrogativos: *¿cándo...* [30, 625; 107, 36]; *¿cántos...* [67, 37]; *¿cómo...* [30, 762-763; 100, 48]; *¿quén...* [36, 57; 82, 1; *passim*] e *¿qué...* [26, 2; 27, 49; *passim*] (tamén aparece *¿que...* [81, título], porque vai en maiúscula e as máis das veces non acentúa as maiúsculas tal e coma era norma na época, e *¿que...* [81, 4; 81, 5], onde non se trata dunha partícula interrogativa).

E entre os exclamativos temos: *¡cándo...* [83, 57]; *¡cómo...* [5, 40; 10, 5; *passim*] (tamén aparece *¡como...* [47, 3; 70, 52; 72, 51], mais só no último caso co mesmo valor que os anteriores); *¡quén...* [10, 9; 10, 19; *passim*] e *¡qué...* [2, 55; 5, 50; *passim*] (tamén aparece *¡que...* [2, 31; 7, 31; *passim*]).

Finalmente, no que respecta á acentuación hai que facer referencia a que usa (e marca con til) a **acentuación proparoxítona nos imperfectos**, propia das falas do Bloque Occidental: Área Fisterrá, na denominación de Fernández Rei [1985], no que se inscribe a súa fala dialectal natal, fronte á solución etimolóxica que presentaría desprazamento acentual cara á sílaba grave. Na súa poesía completa tan só usa a forma *zoábades* [10, 13].

I.3.3.5.2.4. A diérese

E deixamos para o apartado da métrica o uso da **diérese ortográfica** (¨) advertindo do cómputo en sílabas distintas de dúas vogais en ditongo, que utiliza con todas as vogais posibles:

vogal ä: *räendo* [64, 3] e *säen* [66, 19].

vogal ë: *amëazante* [94, 24].

⁶⁰⁴ Doranavante *Normas* [2003].

vogal i: *afiada* [72, 41]; *afiadas* [51, 40]; *criados* [30, 785]; *enfiar* [33, 70]; *foliada* [4, 15]; *piando* [33, 97]; *triada* [33, 117; 46, 15] e *viacruces* [41, 5].

vogal ö: *cöando* [42, 44; 69, 13]; *cöantes* [30, 467; 66, 21]; *coöres* [30, 940]; *döor* [30, 1280; 30, 1317]; *döores* [31, 91]; *magöante* [95, 63]; *Noröés* [70, 3; 70, 122]; *pöetas* [30, 42]; *söave* [36, 21]; *söaves* [19, 8; 32, 27; *passim*]; *söedoso* [7, 8] e *Söan* [73, 5].

vogal ü: *abiüadas* [51, 43]; *abiüado* [116, 88]; *aziüado* [96, 31]; *aziüados* [58, 30]; *balüartes* [95, 42]; *briüando* [45, 17]; *rebrüar* [30, 1414]; *rüeiros* [30, 567]; *saüdaba* [93, 4]; *Süevia* [74, 66]; *trüeiro* [57, 41]; *verdeazüadas* [30, 452] e *xüicios* [80, 13].

En definitiva, os poemas de **Antón Zapata García** caracterízanse por presentaren unha enorme vacilación e falta de sistematicidade a nivel acentual, algo que era común aos escritores da época por estaren orfos dun modelo ortográfico unificado.

I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo

A lingua literaria do noso poeta alicérase na época de preguerra, cando a utilización do guión ou trazo é habitual nos textos. Por esta razón é unha constante nos seus versos, malia todo tampouco podemos falar de exhaustividade na súa sistematización, pois tamén aquí tropezamos con solucións inesperadas, feito que incide máis unha vez na inmensa variabilidade gráfica da poesía de **Antón Zapata García** e que sería extensible a outros autores coetáneos.

En resumo, a través do guión ou trazo o poeta pretende representar diversos fenómenos, pero todos eles buscan a fidelidade na reprodución da fala. Vexamos:

➤ A asimilación da segunda forma do artigo, en múltiples contextos:

a) Despois de infinitivo ou das formas verbais conxugadas que rematen en *-r* ou *-s*:

leval-a moaxe [2, 57]; *sentil-a nai* [4, 174]; *ollal-as verdexantes sementeiras* [7, 28]; *rezal-a novena* [8, 4]; *semental-os patacales* [16, 8]; *enxúgal-o pranto* [16, 63]; *ouzarémol-o canto* [20, 3]; *leval-a bicada* [24, 11]; *pasámol-a seirán* [30, 71]; *cumpril-a palabra* [30, 272]; *ganal-o pan* [30, 515]; *despedil-o barco* [30, 990]; *compril-a obriga* [30, 1422]; *alivial-a mágoa* [30, 1432]; *ganal-o sostento* [31, 80]; *fíncal-o trasunto* [32, 65]; *decil-a verdá* [33, cita]; *escorrel-as pingas* [34, 3]; *vel-o sol* [37, 4]; *sel-a raíña* [38, 77]; *dal-a broa* [38, 101]; *escorrental-os urcos* [41, 51]; *axeital-os tramallos* [53, 36]; *tripulal-a buceta* [53, 39]; *sachal-as patacas* [53, 47]; *seitural-os toxales* [53, 48]; *marchal-os barcos* [56, 2]; *tel-os fondos píos* [58, 55]; *érel-a vos* [72, 1; 72, 2; *passim*]; *Tronzemol-as cadeas* [87, 7]; *teñámol-o machado* [89, 9]; *abrangámol-as torres* [89, 14]; *busquémol-os lobos* [89, 21]; *fóstel-o Moisés* [95, 61]; *teral-o ben querer* [95, 78]; *seral-o Druída* [95, 81]; *condenal-os crimes* [98, 6]; *condenal-os fillos* [98, 7]; *tel-os figos* [100, 2]; *seguil-a ideia* [104, 7]; *facel-o torto vieiro* [105, 21]; *vel-o mal presago* [108, 45]; *tel-o patriotismo* [109, 12]; *ollal-as verbas* [109, 50]; *tel-a culpa* [109, 53]; *abril-a porta* [116, 49]; *atopámol-o difunto* [116, 63] e *ollal-o morto* [116, 83].

b) Nunca usa guión ou trazo despois dos pronomes enclíticos *nos*, *vos* e *lles* ou dos pronomes tónicos *nós*, *vós*. Excepcionalmente temos trazo nestas dúas contraccións do pronome *lle*: *quen ll-â escoitara* [19, 6] e *perguntádell-â «A Barbada»* [30, 394];

c) Despois da conxunción copulativa (*e*) *mais*, de *todos* / *todas* e da preposición *tras*:

mail-a [7, 22; 30, 993; *passim*], *mail-os* [70, 65]; *todal-as* [30, 900; 30, 947; *passim*]; *todol-os* [2, 19; 30, 297; *passim*], (mais tamén rexistramos un excepcional *todol'os* [76, 7] e a forma incorrecta *todal-a* [4, 121; 30, 171; *passim*], pois *todos* non admite hoxe contracción co singular); *tral-os* [30, 60].

Porén nunca o usa despois de *ambos*, *entrambos*; en cambio usa guión ou trazo con *antramentres* e *mentras*, nestes supostos que as actuais *Normas* [2003] non recollen, mais

que se poden dar na fala, como casos de asimilación: *antramentrel-o cuco* [7, 40]; *antramentrel-os fumos* [30, 150]; *mentral-a outra* [30, 788] e *mentral-as fontes* [44, 63].

➤ Tamén, no caso dalgún participio, en plural, con asimilación na fala, mais que as *Normas* [2003] tampouco aconsellan reflectir na escrita, como: *desbotádol-os ciumes* [7, 63]; *tendídal-as trañas* [30, 13]; *coguladol-os vasos* [53, 68]; *Asustadol-os crocos* [57, 71]; *voltol-os ollos* [75, 14]; *estreitadal-as mans* [88, 67]; *pousadal-as gaivotas* [94, 15] e *límpol-os camiños* [108, 39]. Mais nunca co participio en singular, polo que serían totalmente incorrecto *perdidal-a fé* [30, 1050] e *postal-a outra* [61, 26]. Levado por estes casos de asimilación, tamén o fai nunha ocasión co sunstantivo en plural *órfol-os pés* [57, 66] ou co verbo en singular *deval-as verdes ondas* [83, 46], afastadas da corrección.

➤ As anteriores coinciden coa representación do pronome enclítico, contrariando as *Normas* [2003], incluso nun mesmo poema ou contexto. Velaí por exemplo:

miral-o [2, 55]; *vel-o* [2, 71; 20, 5; *passim*]; *vel-os* [9, 3]; *relembreal-a* [12, 12]; *vel-a* [14, 41; 14, 42; *passim*]; *comel-os* [16, 68]; *miral-a* [21, 9; 42, 29]; *erguel-a* [22, 34]; *sabel-o* [27, 56; 67, 2]; *salval-o* [27, 57]; *habel-as* [30, 240]; *namoral-a* [30, 274]; *recortaral-as* [30, 373]; *apagal-o* [30, 683]; *bautizal-os* [30, 685]; *dal-as* [30, 741]; *leval-a* [30, 753]; *embarcal-o* [30, 1088; 30, 1265]; *podel-o* [30, 1222]; *deixal-o* [30, 1291]; *facel-a* [31, 114]; *buscal-os* [33, 67; 58, 64]; *atopal-os* [33, 68]; *alcontral-os* [33, 92]; *logral-o* [38, 67]; *debullal-as* [38, 102]; *estreital-os* [41, 44]; *bical-os* [41, 46]; *qu-erguestel-a* [41, 50]; *podel-os* [41, 70]; *tel-as* [48, 3]; *vel-as* [51, 11]; *lembreal-a* [53, 44]; *consolal-os* [56, 8]; *axudal-os* [56, 20]; *compadecel-o* [67, 67]; *il-o amarrar* [77, 50]; *matal-a* [82, 8]; *verémol-a* [87, 19]; *adoural-a* [88, 70]; *querel-a* [88, 71]; *bical-a* [88, 72]; *mantel-a* [91, 18]; *fervel-o* [91, 36]; *falal-a* [91, 45; 99, 36]; ... *¡vámol-a andando!...* [100, 27]; *tintinal-as* [100, 40]; *arrincal-a* [109, 28]; *asocial-o* [109, 40]; *batel-os* [110, 4]; *brandel-a* [111, 2]; *quental-o* [116, 46]; *topal-o* [116, 54] e *ollal-o* [116, 94].

Ou tamén contrariando as *Normas* [2003] ao aparecer despois do pronome, cando non vai enclítico: *vol-as* [16, 15]. Ou na utilización dun pronome persoal arcaico *elo*, inusual no galego moderno, que o conserva en expresións fixas: *el-o* [30, 321; 30, 532; *passim*], mesmo en contracción con preposición: *d-el-o* [116, 56].

➤ A representación da contracción entre forma verbal conxugada que remate en *-n* e o pronome enclítico: *atopáron-o* [20, 1]; *feríron-o* [27, 54]; *fóron-a* [30, 636]; *chamáron-a* [43, 2]; *vin-o* [116, 86] (aínda que tamén anotamos unha forma sen *-n*, *vío-o* [15, 14]); e *enterráron-o* [116, 92].

➤ A contracción que se fai na fala entre o adverbio de negación e un verbo, un pronome ou un artigo. Así, anotamos: *n-hai* [30, 856; 72, 45; *passim*]; *n-había* [30, 1208]; *n-haxa* [30, 1435]; *n-haberá* [33, 51]; *n-hacharás* [36, 36]; *n-hei* [67, 2] e *n-houberon* [95, 34]. Ademais, sen h, rexistramos: *n-era* [12, 4]; *n-está* [81, 4]; *n-era* [105, 36]; mais tamén *n-abondaba* [12, 9]; *n-alcontraba* [30, 729]; *n-avantaba* [30, 1438]; *n-ollara* [33, 37]; *n-achan* [50, 44]; *n-oubearas* [82, 14]; *n-aparece* [93, 13] e *n-abondaban* [109, 37].

Ou tamén *non-a* [30, 712; 107, 4]; *non-o* [30, 1089; 36, 37] e *non-os* [95, 79], marcando o encontro entre a negación e o pronome, mais só neses casos. Algo semellante acontece en *nin-o* [30, 1291] e *sin-a* [93, 10], ou na incorrecta *ven-o* [35, 5]. Mención á parte merece a contracción *n-iacougo* [89, 7], que ben puidera tratarse dunha gralla en vez de *ni-acougo* ou algo semellante.

➤ A contracción dunha preposición+artigo ou pronome:

co-a [33, 87; 36, 97; *passim*]; *co-as* [83, 10; 94, 34; *passim*]; *c-o* [81, 7]; *c-os* [81, 8; 83, 62; *passim*] (E, en menor medida *c-ô* [71, 2; 83, 39; *passim*] e *c-ôs* [84, 16; 88, 15; *passim*]). Obsérvase tamén a diferente colocación do guión ou trazo na contracción co feminino e co masculino); *c-un* [1, 4; 2, 50; *passim*]; *c-unha* [1, 9-10; 14, 19; *passim*]. No caso da preposición *de*, nunca se rexistran contraccións co artigo determinado, mais si co

indeterminado: *d-un* [2, 11; 4, 116; *passim*]; *d-uns* [84, 8]; *d-unha* [4, 32; 4, 89; *passim*]; *d-unhas* [116, 59]; *hastr-â* [100, 11]; *hastr-âs* [38, 83; 64, 32]; *hastr-ô* [14, 12; 57, 130]; *hastr-â* [57, 68]; *n-as* [4, 69; 4, 78; *passim*]; *n-os* [4, 1; 4, 88; *passim*]; *n-él* [30, 1023; 30, 1176; *passim*]; *n-éles* [84, 49], (mais tamén *n-eles* [56, 10]); *n-élas* [91, 33], (mais tamén *n-ela* [68, 8] e *n-elas* [64, 36; 70, 40]); *n-esta* [31, 2; 33, 47; *passim*]; *n-este* [5, 36; 11, 20; *passim*]; *n-estes* [89, 22]; *n-esas* [31, 33; 53, 54]; *n-ese* [36, 5; 38, 129]; *n-eses* [2, 24]; *n-aquel* [31, 89]; *n-aqueles* [30, 650], (mais tamén *n-aquéles* [84, 44]); *n-aquela* [30, 645; 31, 47; *passim*]; *n-aquelas* [31, 84]; *n-un* [2, 83; 4, 139; *passim*]; *n-uns* [38, 20; 47, 18]; *n-unha* [4, 17; 4, 156; *passim*]; *n-outra* [108, 50]; *n-outras* [30, 227]; *n-outro* [91, 42]; *n-outros* [61, 5]; *pol-a* [2, 47; 2, 63; *passim*]; *pol-as* [3, 16; 3, 30; *passim*]; *pol-o* [1, 11; 2, 57; *passim*]; *pol-os* [3, 5; 3, 35; *passim*], (e un excepcional *pol-ôs* [68, 14], tanto no libro coma no mecanoscrito). Igualmente, nun poema, rexistramos *pól-a* [74, 2; 74, 10; 74, 51] e *pól-os* [74, 66], mais como este texto foi publicado na revista foneticista *Estudios Gallegos*, ben puider deberse á intervención no texto do seu director Aurelio Ribalta.

➤ Para marcar necesidades métricas:

pl-o [118, 45], para axeitar o verso alexandrino, a proba é que no mesmo poema temos *pol-o* [118, 4], *pol-a* [118, 4] e *pol-os* [118, 113]. Curiosamente, tamén anotamos a estraña elisión *pol-ronsel* [108, 2], que se xustificaría por razóns métricas, mais o certo é que a devandita solución crea un alexandrino coxo neste caso.

➤ A contracción dunha preposición+substantivo ou adxectivo que empeza con vogal:

d-arela [17, 5]; *d-aldea* [26, 5]; *d-alborozo* [57, 20]; *d-ansiedade* [85, 6]; *d-Aragón* [85, 12]; *d-Albión* [93, 22]; *d-Alem* [93, 32]; *d-Atlante* [94, 19]; *d-abós* [95, 25]; *d-Anllóns* [95, 27]; *d-albo* [102, 7]; *d-Arxentina* [105, 10]; *d-árbor* [118, 15]; *d-enfroramento* [1, 4]; *d-escumas* [4, 72]; *d-embuco* [7, 6]; *d-espigas* [38, 81]; *d-emigrante* [41, 5]; *d-escumante* [53, 7]; *d-estrume* [57, 12]; *d-escorreadas* [57, 50]; *d-emigrado* [61, 42]; *d-enciños* [64, 5];

d-emoción [67, 54]; *d-espiño* [67, 76]; *d-escuma* [69, 25]; *d-eternas* [72, 25]; *d-escasulas* [88, 38]; *d-espadelas* [88, 45]; *d-escravos* [112, 60; 117, 20]; *d-estraza* [116, 51]; *d-istinto* [79, 12]; *d-Inglaterra* [93, 49]; *d-irmáns* [95, 25]; *d-ouro* [100, 37] e *d-oucidente* [108, 42]. Tamén cando empeza por *h*, que se entende muda, como sucede en *d-hipopótamo* [79, 2]; *d-honoranza* [93, 9]; *d-Hespaña* [98, 55; 98, 63] e *d-home* [118, 42].

➤ A contracción dunha preposición con outras palabras simples ou compostas que empezan por vogal:

d-acotío [31, 71]; *d-alí* [38, 80]; *d-abordo* [53, 44]; *d-agora* [92, 22]; *d-estora* [4, 173]; *d-enandes* [32, 60]; *d-ir* [14, 37] ou *d-ír* [30, 538]; *d-irme* [112, 9]; *n-antes* [38; 117]; *n-entanto* [23, 19; 30, 27; *passim*] ou a súa forma apocopada *n-entán* [30, 472; 30, 1439; *passim*]; *n-estora* [11, 7] e *n-onde* [44, 50; 83, 43].

➤ A contracción da conxunción copulativa con substantivo, adxectivo e verbo que empeza con vogal:

i-espranza [6, 11]; *i-é* [6, 12]; *i-afóndase* [7, 2]; *i-eu* [9, 7; 9, 21; *passim*]; *i-encol* [19, 3; 94, 15]; *i-en* [23, 24; 30, 65; *passim*]; *i-epopeias* [30, 46]; *i-escúitase* [30, 96]; *i-entenas* [30, 116]; *i-eisimade* [30, 179; 51, 32]; *i-entramallan* [30, 421]; *i-Eldourados* [30, 483]; *i-espranzas* [30, 489]; *i-estradas* [30, 655]; *i-ergueita* [30, 880]; *i-espadanas* [30, 942]; *i-empanada* [30, 973]; *i-empiore* [30, 1293]; *i-escumas* [30, 1404]; *i-eisí* [36, 96; 38, 138]; *i-espenuxadas* [51, 72]; *i-esgrevos* [54, 6]; *i-escapando* [57, 76]; *i-escorreadas* [60, 9]; *i-era* [67, 4]; *i-eixolas* [69, 94]; *i-espenuxantes* [70, 76]; *i-envolveitas* [94, 38]; *i-escravina* [102, 2]; *i-encanaba* [105, 12]; *i-emigrado* [110, 12] e *i-enxuria* [114, 11].

➤ A contracción dos pronomes *me* / *lle*+artigo:

mandaban-m-âs [41, 50]; *m-ôs* [61, 39]; *ll-â* [19, 6]; *ll-ô* [67, 47]; *ll-ôs* [99, 73], tamén grafado *ll-os* [97, 28]. Non se debe confundir esta contracción coa elisión por fonética

sintáctica que se produce neste versos: *sombrízasell-a pel* [79, 6]; *perguntádell-â «A Barbada»...* [30, 394] e *apréixall-os puños* [80, 7].

➤ Igualmente, marca a elisión cando, por fonética sintáctica, se produce un encontro entre dúas vogais átonas semellantes. Os exemplos tamén son moi numerosos:

elisión a+a:

contracción+substantivo: *d-Aurora* [37, 2]; *d-aldea* [38, 80]; *n-aldea* [89, 23]; *n-alma* [11, 6; 11, 22; *passim*] e *pol-alba* [71, 7].

posesivo+substantivo: *miñ-alma* [10, 8; 28, 8; *passim*].

elisión e+e:

pronome me+verbo: *m-escoita* [100, 55] e *m-esprico* [1, 10].

pronome lle+verbo: *ll-esprica* [7, 19]; *ll-espera* [41, 24]; *ll-entróu* [57, 116; 59, 20]; *ll-era* [67, 21] e *ll-empresta* [80, 11]. Excepcionalmente nunhha forma verbal que empeza noutra vogal: *ll-infonden* [51, 18].

pronome se+verbo: *s-erguen* [20, 27]; *s-eslomba* [26, 13]; *s-encuba* [38, 115]; *s-escoan* [46, 26]; *s-estrican* [51, 34]; *s-enflorece* [57, 2]; *s-estrizaba* [61, 35]; *s-ensaia* [66, 6; 71, 6]; *s-escoita* [70, 99]; *s-engola* [72, 11]; *s-encolla* [72, 18]; *s-estrique* [72, 11]; *s-engaiolan* [72, 56]; *s-escorre* [72, 72]; *s-entran* [79, 8]; *s-entra* [83, 11]; *s-espella* [88, 29]; *s-é* [91, 9]; *s-erguerá* [92, 14]; *s-emborracha* [105, 20] e *s-erguer* [108, 54].

que+preposición: *qu-en* [38, 108; 40, 31; *passim*] e *qu-escontra* [71, 6].

que+pronome: *qu-eu* [1, 11; 31, 10; *passim*] e *qu-él* [7, 19].

que+verbo: *qu-é* [32, 41; 32, 81; *passim*] (e o xa citado *q-é* [91, 1]); *qu-erguestel-a* [41, 50]; *qu-empezaches* [72, 77]; *qu-encerra* [71, 35]; *qu-encrudecéu* [41, 78]; *qu-encheron* [118, 26]; *qu-enluitaba* [62, 17]; *qu-era* [19, 6; 105, 15; *passim*]; *qu-eran* [32, 72]; *qu-erguestel-a* [41, 50]; *qu-escacha* [58, 48]; *qu-escurase* [33, 92]; *qu-esparexen* [31, 105]; *qu-esparxe* [31, 8]; *qu-esperta* [37, 3] e *qu-está* [108, 12].

Alén diso, o caso excepcional de que+artigo: *q-o* [88, 33], xa comentado, e que só se repite en variantes de textos dispersos en publicacións, como advertimos nas notas de edición dos poemas. E o tamén excepcional e tamén comentado *d-el-o* [116, 56].

elisión o+o:

contracción+substantivo: *n-outón* [7, 67] e *n-ourente* [38, 71].

como+artigo: *com-ô* [100, 31] e *com-ôs* [12, 3].

➤ Como nexos de unión en palabras compostas:

Barco-Escola [93, 2] (que nestes casos as actuais *Normas* [2003] prescribe escribir separado); *casas-rascaceos* [105, 37]; *pan-trigo* [88, 4] (que a normativa vixente recomenda sen o trazo, tal e como o poeta escribe *pancenteo* [115, 5], opción non recollida nos dicionarios normativos); *sol-por* [4, 162] e os nomes propios *Mari-Pepa* [9, 2; 9, 9; 9, 25]; *Pai-Sol* [90, 3]; *Rómulo-Remos* [98, 8]; *Anti-Cristos* [98, 69] (que a normativa vixente tamén recomenda sen o trazo) e *Cristo-Rei* [108, 32]. Mais non sempre é procedemento de formación deste tipo de palabras, pois tamén temos formas ligadas en *ultraeternas* [3, 32]; *frordelisa* [13, 17]; *reviravolta* [18, 41]; *sempreterna* [22, 24]; *setebruxo* [30, 322]; *requetefalan* [30, 680]; *broslagranas* [30, 937]; *vagaridoce* [33, 82]; *arosanto* [38, 126]; *santamariña* ‘planta’ [62, 6]; *petrinforme* [94, 2]; *verdenegra* [116, 7] ou *chaleque salvavidas* [116, 71]. De maneira excepcional tamén anotamos *veira-mar* [36, 59], fronte a *veiramar* [7, 51; 30, 525; *passim*] e o numeral *vint-ún* [93, 5], fronte a *vintecatros* [30, 874; 84, 4].

➤ Formando parte de onomatopeas:

frou-frou [88, 38]; *ris-ris* [88, 41]; *risan-risan* [70, 60]; *ron-ron* [88, 3]; *run-run* [88, 46]; *tras-tras* [88, 45]; ou as musicais *Ai-le-le-la, / ai-le-le-lo* [28, 12-13]; *Trai-la-la-la, / trai-la-li-la*. [28, 19-20]; *¡Ai-le-le-la, / ai-le-li-lo!* [28, 31-32]; *a-la-lás* [38, 64]; *tiro-liros* [70, 87] (aínda que tamén *tiroliros* [88, 18]) e *a-la-la-las* [88, 51]. En ocasións non fai uso do guión

ou trazo para sinalar a onomatopea da fala *goris goris* [97, 3]; dos berros de ánimo do mariñeiros —¡Ooo!... ¡guipá!... [69, 46] ou dos animais: *Chas... chas...* [33, 57]; *Pin... pin...* [33, 109] e tampouco o fai nas formas verbais creada sobre unha onomatopea *bisbisan* [4, 47] ('bisbar'); *tintina* [21, 2]; *tintinexan* [70, 64] ou *retintinan* [23, 2] ou no substantivo *tinguilintín* [30, 583].

➤ Mesmo, sen ser frecuente, non é estraño que poidan concorrer dous guións ou trazos: *d-el-o* [116, 56]; *qu-erguestel-a* [41, 50] e *mandaban-m-âs* [41, 50]. Sucede tamén para sinalar pronunciación en sílabas: *Ga-li-cei-be* [106, 7; 104, 14; *passim*].

➤ Finalmente, marca a adición de vogal:

i-alma [7, 53; 11, 13; *passim*] e *i-almas* [30, 1347; 31, 43; *passim*].

➤ Mención á parte, cando se usa para marcar a unión sintáctica do **y** coa palabra seguinte, sempre que esta principie por vogal ou **h**. [Cfr. I.3.3.5.2.1. O alfabeto].

I.3.3.5.2.6. O apóstrofo

Algo semellante ao descrito no anterior apartado prodúcese con respecto á utilización do apóstrofo⁶⁰⁵. Os usos do guión ou trazo e do apóstrofo son as características que mellor testemuñan a ausencia de sistematicidade na lingua poética de **Antón Zapata García**, tanto porque nunha mesma palabra pode aparecer con ou sen guión e con ou sen apóstrofo, como porque moito dos contextos de uso de guión ou trazo e de apóstrofo son coincidentes, como veremos deseguida.

Desta maneira, o apóstrofo que, así a todo, é moito menos empregado que o guión ou trazo, aparece sobre todo nos primeiros poemas dispersos e que non foron levados ao

⁶⁰⁵ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lúgrís Freire as formas como *pr'o* eran concibidas como 'dialectais', que se pretendían proscribir e non validar, en favor de *para o*.

libro *A roseira da soidade*, pois cando incorporou textos destas datas sempre realizou cambios lingüísticos que eliminaron o apóstrofo. Trátase dos textos publicados entre os anos 1913 e 1918, concretamente os intitulados **A casa d'o poeta Pondal [73]; Anduriñas [74]; Nai dorida [75]; Brindis [76]; N'a ría de Laxe [77] e Saudo [78].**⁶⁰⁶

Alén dos poemas agora mencionados, o uso do apóstrofo é residual. De feito, en todo o libro non aparece ningún apóstrofo e tan só excepcionalmente nalgúns dos poemas dispersos que se publicaron con posterioridade ao período mencionado. Isto pódese comprobar nos exemplos, pois a inmensa maioría pertencen aos textos salientados.

Coma no caso do guión ou trazo, o apóstrofo serve para marcar:

➤ A contracción dunha preposición+artigo, demostrativo, indefinido ou pronome:

c'as [74, 21; 74, 35]; *c'os* [74, 39; 77, 48; *passim*]; *d'a* [73, 4; 73, 9; *passim*]; *d'as* [74, 16; 74, 19; *passim*]; *d'o* [73, 10; 74, 63; *passim*]; *d'os* [74, 3; 74, 6; *passim*]; *d'un* [74, 12; 75, 1; *passim*]; *d'ela* [77, 33; 77, 90]; *d'esa* [77, 72]; *n'a* [73, 2; 74, 50; *passim*]; *n'as* [74, 22; 74, 72; *passim*]; *n'o* [74, 35; 77, 11; *passim*]; *n'os* [76, 6]; *n'un* [74, 40; 74, 47; *passim*]; *n'esta* [76, 7; 78, 9; *passim*]; *n'este* [78, 1; 73, 9; *passim*]; *n'outra* [77, 34]; *n'outros* [74, 27; 78, 4]; *par'o* [73, 8]; *pol'o* [76, 5]; *pr'os* [77, 11]; *car'a* [73, 2; 77, 41]; *car'o* [73, 5; 75, 14]; *car'os* [74, 24]; *sobr'a* [77, 28] e *sobr'o* [73, 14; 76, 1; *passim*].

➤ A contracción dunha preposición+substantivo, adxectivo, verbo ou adverbio que empeza con vogal:

⁶⁰⁶ Neses anos apareceron recollidos nas páxinas das seguintes publicacións periódicas:

A casa d'o poeta Pondal, *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913, *La Voz de Galicia*, Bos Aires, ano II, nº 19, 15 de marzo de 1914.

Anduriñas, *Estudios Gallegos*, Madrid, nº 15, novembro de 1915, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 30, 10 de agosto de 1918.

Nai dorida, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 5, 10 de xullo de 1916.

Brindis, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 8, 10 de outubro de 1916.

N'a ría de Laxe, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 27, 10 de maio de 1918.

Saudo, *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 29, 10 de xullo de 1918.

Antr'eucalitos [73, 6]; *d'adioses e d'apretas!...* [74, 52]; *d'Aiga* [77, 29]; *d'agora* [92, título]; *d'albeiro* [91, 20]; *d'alí* [73, 12]; *d'anduriñas* [74, 1]; *d'Anglo* [93, 45]; *d'Atlante* [75, 2; 75, 6; *passim*]; *d'açufre* [77, 36]; *d'Hércules* [74, 59]; *d'Hércules* [103, 11]; *d'hora* [77, 66]; *d'iren* [74, 3]; *d'oledor* [73, 6]; *Desd'e "Cruciña"* [77, 6]; *baix'a* [74, 11; 74, 36; 77, 23]; *frent'a* [75, 12]; *hastr'a* [76, 13]; *¡ par'Amérecal...* [74, 78]; *par'aqueles* [77, 59]; *sobr'a* [77, 28]; *sobr'o* [73, 14; 77, 1; 77, 93]; *sobr'este* [75, 41] e *xunt'a* [77, 29].

➤ A contracción do pronome *lle*+artigo:

queimarll'o triste pranto [74, 22]; *podrísell'a semente* [74, 36]; *y-embargaránll'os carros* [74, 37]; *Por rompérsell'unh'amarra* [77, 46]; *restarll'a mar* [77, 60]; *a cantarll'os bóos "laxeiros"* [77, 91] e *vai rindindoll'a teu trino* [78, 12].

➤ A contracción de *que*+artigo, pronome, demostrativo, preposición, verbo ou adverbio que empeza con vogal:

qu'as [74, 48; 75, 25; *passim*]; *qu'o* [75, 2; 75, 7; *passim*]; *qu'os* [77, 96]; *qu'os viran* [74, 27]; *q'un* [77, 59]; *q'unha* [74, 42]; *qu'ese* [77, 76]; *qu'a tanto* (preposición) [77, 80]; *qu'hastra* [77, 73]; *qu'a de salvarnos* [76, 12] (aquí, *a* é do verbo haber, malia ir grafado sen *h*); *qu'aventadas* [74, 70]; *qu'alum'o* [78, 2]; *qu'amaron* [74, 6]; *qu'aterra* [77, 23]; *qu'é* [77, 44]; *qu'emigramos* [78, 4]; *qu'empezas* [78, 11]; *qu'enternecen* [74, 7]; *qu'estaban* [77, 81]; *qu'estamos* [76, 7] e *qu'inda* [74, 72]. Por analoxía, tamén *anqu'a xente* [77, 39].

➤ Despois de *todos* / *todas*:

todal'as tardes [75, 42] (curiosamente, no mesmo poema, talvez por gralla: *todal'as tardes* [75, 4]) e *todol'os hirmans* [76, 7].

➤ A contracción de *como*+artigo ou substantivo:

com'un rego [78, 7]; *com'anúnceo* [74, 55] e un anómalo *com'o bateas* [77, 81].

➤ A contracción de *posesivo noso* / *voso*+substantivo:

vos'afán [75, 26] e *vos'amor* [75, 18; 75, 46].

➤ Igualmente, marca a elisión cando, por fonética sintáctica, se produce un encontro entre dúas vogais átonas semellantes. Os exemplos tamén son moi numerosos:

elisión a+a:

contracción+substantivo: *n' "Avería!"* [77, 5] e *pól'Amérecas* [74, 62].

posesivo+substantivo: *miñ'alma* [77, 88].

E tamén *tod'enteira* [77, 3].

elisión e+e:

trist'e aposta [75, 3].

elisión o+o:

cand'outono [74, 2]; *cand'o Sol* [74, 74]; *dereit'o Sul* [75, 12]; *Miñ' ou Anllons* [75, 32] e *tampouc'os "Malpicáns"* [77, 22].

elisión se+palabra que comeza con vogal:

s'algún [75, 39]; *s'apresta* [76, 2]; *s'astrevía* [77, 77]; *s'axitan* [74, 51]; *s'axuntan* [74, 1] e *s'esponía* [77, 80].

***elisión* forma verbal rematada en vogal+palabra que empeza con vogal:**

quent'o calor [74, 4]; *deixand'as casiñas* [74, 16]; *ceiband'os aturuxos* [74, 29]; *valdeirand'as bulsiñas* [74, 43]; *deixand'as ga*

barras [74, 49]; *dand'os ventos* [74, 58]; *deixand'atrás* [74, 59]; *dig'o labrador* [74, 73];

cheg'a bicar [75, 2]; *estend'os brazos* [75, 13]; *Tornad'axiña* [75, 29]; *reg'o Ulla* [75, 32];

ferv'o mar [77, 7]; *Tembr'o "Pinchón"* [77, 16]; *dand'un grito* [77, 18]; *xúntas'escuma* [77,

37]; *romp'o mar* [77, 40]; *Volv'os ollos* [77, 41]; *resistind'o forte oleaxe* [77, 43]; *queir'il-o*

amarrar [77, 50]; *aproveitand'a "calada"* [77, 52]; *antepoñend'o "socheo"* [77, 57];

destrozad'a "Carretera!" [77, 75]; *relembbrand'aquela* [77, 86]; *xur'os pés* [77, 99] e

saudant'esta noite [78, 3].

outras elisións entre vogais diferentes

Pouc'a pouco [74, 15]; *dond'os* [77, 94]; *pouquiñ'a pouco* [74, 25]; *céltic'Alalá* [74, 31]; *diant'a* [74, 60]; *Est'ano* [74, 77]; *n'hai* [74, 77]; *unh'enoitada* [75, 3]; *sempr'ausente* [75, 39]; *mentr'a "Ventina"* [77, 63] e *nunqu'escrito* [77, 92].

I.3.3.5.2.7. Vacilacións gráficas

Ademais dos aspectos sinalados no apartado O alfabeto [Cfr. I.3.3.5.2.1], cómpre sinalar unha serie de palabras que presentan vacilacións gráficas con respecto á grafía que se prescribe na actualidade. Desta maneira, temos:

① Uso de *B* no canto de *V*:

aboa [27, 47; 82, 10]; *aboas* [31, 31]; *abós* [5, 6; 14, 2; *passim*]; *bisaboa* [13, 3; 13, 48] ou *bisabó* [14, 16]; *abolengo* [68, 7]; *abutres* [97, 28]; *acebo* [115, 20]; *acerbas* [109, 52]; *apoubigo* [94, 21]; no castelanismo *barra* [38, 135], de 'varrer'; *barudo* [2, 36; 2, 85; *passim*] (aínda que tamén rexistramos *varudo*, tan só nunha ocasión [74, 47]); *barudos* [16, 40; 25, 9; *passim*]; *baruda* [94, 2; 109, 26]; *barudas* [69, 42]; *basoiras* [97, 55]; *bastas* ('amplas') [30, 1138] (mais tamén o correcto *basto* ('groseiro') [105, 26]); *bello* [73, 14], (tan só nesta ocasión, fronte a *vello(s)* e *vella(s)* no resto das aparicións, que son moitas); *bermella* [30, 691; 38, 15; *passim*]; *bermellas* [30, 126]; *bermello* [16, 59; 30, 225]; *betas* [30, 565; 58, 43] (no actual estándar *vetas* 'tipo de trasmallo'); *bimbiantes* [88, 33] de 'vimbio'; *bogan* [30, 458; 69, 56]; *bogar* [88, 34]; *borcabiles* [36, 38]; *bultos* [17, 14]; *cabillas* [57, 118]; *cobardes* [96, 24]; *corluvicos* [59, 28] ('curlibicos'); *embrullos* [30, 1087]; *esbaran* [32, 108]; *esbarando* [109, 32]; *esbaros* [32, 101; 41, 41]; *laberca* [30, 311; 30, 335; *passim*]; *labercas* [31, 57; 112, 37]; *laberco* [91, 16]; *loubá* [38, 33]; *loubanza* [16, 10; 30, 128; *passim*]; *loubanzas* [29, 11]; *loubado* [16, 19]; *loubarán* [7, 31]; *loubarme* [38, 55]; *loubor* [36, título]; *loubores* [30, 935; 71, 12; *passim*]; *oubea* [59, 7];

oubeando [98, 50]; *oubeante* [33, 15]; *oubeantes* [30, 1164 ; 41, 53; *passim*]; *oubearas* [82, 14]; *oubeo* [67, 22 e 113, 5]; *oubeos* [40, 29] e *rebenidas* [16, 66; 42, 60; *passim*].

Mención á parte merece a versión foneticista do poema **Anduriñas** [74] que engadimos en nota, aínda que a singular ortografía non se lle debe apoñer a Antón Zapata García, senón que ten que explicarse en razón de que a revista *Estudios Gallegos* estaba dirixida por Aurelio Ribalta. Nela aparecen grafadas con **b** as palabras: *Primabeira*; *reboan*; *ber*; *ban*; *bilas*; *beneran*; *bolbendo*; *natibos*; *beredas*; *biran*; *biñan*; *inberno*; *lebando*; *binculeiros*; *abes*; *conberter*; *lebes*; *abentadas* e *sirba*.

② Uso de V no canto de B:

avesullando [116, 24] (mais tamén *abesullante* [41; 49; 116, 6]); *avril* [53, nota] (tan só nesta ocasión, pois nas demais datacións dos poemas sempre aparece *abril*); *bevía* [118, 34] (tan só nesta ocasión, na tradución do poema **A Patria**, do autor catalán B. C. Aribau, fronte a *bebidas* [30, 1122] e *beber* [53, 25]); *brabádigo* [30; 693] (por ‘bravádego’); *cónveda* [30, 1030] (tan só nesta ocasión, fronte a *cómbeda* [28, 29]; *cómbedas* [83, 14] e *cómbedos* [70, 12]; *coviza* [80, 6] (tan só nesta ocasión, fronte a *cobicia* [88, 63] e o máis habitual *cobiza* [30, 276; 30, 1211; *passim*]); *névoas* [31, 105]; *novelos* (‘de fío’) [69, 25] (que nas versións do poema nas publicacións periódicas aparece grafado con *b*); *povo* [4, 102; 15, 7; *passim*]; *povos* [22, 26; 54, 6; *passim*] e os seus derivados *despova* [30, 51]; *despovan* [30, 552]; *povoado* [2, 33]; *povoados* [27, 11; 38, 87]; *povoaron* [14, 22; *passim*]; *rexouvas* [80, 13] e *rexouveira* [30, 287] (mais neste mesmo poema *rexoubas* [30, 1405]); *reventan* [37, 5]; *riva* [30, 1082; 30, 1215; *passim*]; *riveira* [4, 97; 4, 115; *passim*]; *riveirana* [4, 89; 4, 113; *passim*]; *riveiranas* [30, 863] e *riveirano* [4, 96] (tan só anotamos un *ribeira* no canto de *riveira* [63, 13], no mecanoscrito do poema, como subliñanos en nota a rodapé. Neste caso facemos a corrección, porque no resto do mecanoscrito tamén

usa formas con *v* e non con *b*. Nas versións aparecidas en publicacións dispersas si temos moita maior variación, como se indica nas correspondentes notas de edición dos textos); *saravia* [60, 35] (que tamén aparece como nome dun barco, o *Saravia* [36, 56; 94, 30]); *treves* [51, 54], no canto de ‘trabes’; *vagullada* [112, 6] (tan só nesta ocasión, aínda que tamén *vagulla* e *vagullas* nas versións dos poemas aparecidas nas publicacións periódicas, como indicamos en nota a rodapé, fronte a *bagulla* [4, 105; 30, 751; *passim*] e *bagullas* [50, 20; 56, 1; *passim*]); *valdeirand’as* [74, 43] (que na versión foneticista de *Estudios Gallegos* grafa con *b*); *varil* [20, 4; 98, 18]; *varils* [88, 16]; *varís* [18, 6], (mais indistintamente tamén rexistramos *baril* [30, 505; 30, 1134; *passim*]; *veira* [1, 2; 3, 85; *passim*], *veiral* [66, 5]; *veirales* [21, 2]; *veiramar* [7, 51; 30, 525; *passim*]; *veira-mar* [36, 59]; *veiramares* [115, 21]; o topónimo *Vesugueira* [77, 38] (mais tamén para o mesmo lugar da costa *Pedras de Besugueira* [61, 1]); *volvoretas* [18, 20; 31, 4; *passim*]; *votádeme* [67, 38] (nesta única ocasión e ben puidera ser unha gralla, pois no mesmo poema anotamos *botarlla* [67, 52], e no resto dos textos temos *bota* [69, 42; 69, 43; *passim*]; *botadas* [57, 59]; *botando* [30, 606]; *botaballes* [99, 75] e *botánse* [30, 899] (cos problemas na acentuación xa subliñados); *botar* [77, 68]; *botara* [31, 10; 64, 30]; *botarlla* [67, 52]; *botáronse* [33, 29]; *desbotádo-os* [7, 63]; *desbotaron* [110, 10]). Finalmente, hai que anotar o caso do adverbio en *ven-o entendo* [35, 5], que grafa incorrectamente, fronte ás numerosas ocasións que utiliza a forma *ben*.

③ Ausencia de H:

ala ‘halar’ [46, 5; 46, 6; *passim*]; *alan* [46, 11]; *alando* [30, 484; 46, 2; *passim*]; *armoñía* [3, 34; 4, 20; *passim*]; *armoñías* [30, 911; 70, 18; *passim*]; *armónicas* [44, título]; *armónico* [30, 865]; *armoñosos* [4, 11; 44, 69]; *élices* [69, 57]; *omilde* [102, 1] e *omildosas* [83, 18], (tan só nestes dous poemas, fronte a *homildade* [108; 27]; *homilde* [4, 137; 14, 12;

passim]; *homildes* [15, 57; 30, 790; *passim*]; *homildemente* [13, 20]; *homildosas* [31, 37] e *homildosos* [66; 3]); *oubo* [112, 16], (tan só neste poema, fronte a *houbo* [2, 19; 36, 67; *passim*] ou *houbera* [30, 736; 109; 22]); *ourizontes* [95, 64], (mais tamén *hourizonte* [30, 1033]); *oxe* [32, 63; 84, 5; *passim*], (sendo máis frecuente *hoxe* [2, 102; 30, 217; *passim*]) e *ucha* [84, 46]. Tamén rexistramos ausencia no estranxeirismo *highlanderes* [70, 45] (mais tamén un correcto *highlanders* [93, 42]).

Alén diso, tamén algunhas formas do verbo **haber**, como *qu'a de salvarnos* [76, 12]; *a de levarnos* [76, 13] (tan só neste poema, fronte as numerosas formas con *ha*, entre elas *ha de ser* [22, 2] ou *ha de loubarme* [38, 55]); *ei d-ir* [14, 37] e *ei de andar* [100, 55] (fronte as numerosas formas con *hei*, entre elas *hei de salvar-o* [27, 57] ou *hei de morrer* [30, 1062]).

④ Presenza de H:

hachaba [77, 79]; *hachaban* [85, 9]; *n-hacharás* [36, 36]; *hacho* [98, 17] (mais tamén nunha única ocasión *n-achan* [50, 44]); *herbedeiro* [2, 14; 2, 21; *passim*]; *hérbedos* [2, 25; 2, 74]; *hermida* [38, 99]; *Hespaña* [98, 9; 98, 55; *passim*]; *Hirmandade* [85; 2]; *hirmandiña* [88; título]; *hirmandiñas* [85; 8]; *hirmandiño* [91; 25; 91; 54]; *hirmán* [91, 26; 91, 46; *passim*]; *hirmans* [76; 7] (sen acento); *hirmáns* [77, 98; 78, 4; *passim*] (que alternan indistintamente con *irmandaba* [110; 2]; *irmandade* [5, 37; 30, 40; *passim*]; *irmandades* [70; 46]; *irmandiños* [97; 34]; *irmán* [13, 35; 30, 167; *passim*]; *irmáns* [2, 53; 11, 15; *passim*] ou *irmaos* [56; 30; 117, 8], con predominio destas formas, hoxe consideradas correctas); *hirta* [30, 1015]; *hirtas* [32, 26; 44, 14; *passim*]; *hirtada* [2, 66]; *hirtados* [41, 52]; *hirtos* [4, 82; 27, 10] (e ocasionalmente, nun único poema *irta* [82, 6]); *horfos* [98, 17] (nesta única ocasión, e noutras versións en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición dos textos, fronte ás maioritarias *orfandá* [32; 122]; *orfandade* [97, 16];

orfo [13, 4; 20, 13; *passim*] e *orfos* [19; 13] e *hovos* [83, 55] (mais tamén nunha única ocasión *ovos* [30, 695]). De maneira excepcional, na versión publicada en *Suevia* e no mecanoscrito da carta aparece *hé* no canto de *é* [73, 1]. Noutro lugar [Cfr. I.3.3.5.5.1. Os arcaísmos e os lusismos. Os latinismos], facemos mención da súa presenza nas palabras *phantasía* [35, 3]; *phantásticos* [43, 13; 70, 73]; *rhitmo* [21, 4; 29, 7]; *rhitmos* [3, 33; 44, 42; *passim*] ou *rithmos* [38, 30] (ou *rimos* [74, 32], que tamén aparece en versións dos poemas aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición); *ríthmicas* [32, 31] e *simphoñas* [44, 44; 44, 84]; aínda que se poderían considerar cultismos gráficos, por manterem grafías etimolóxicas.

⑤ Outros casos:

No primeiro poema coñecido **A casa d'o poeta Pondal** [73]⁶⁰⁷ representa o fonema prepalatal fricativo xordo co grafema *g*, opción etimoloxista, onde é perceptible a influencia do propio Eduardo Pondal Abente na escolla. Así, neste texto temos *marge* [73, 2]; *Lage* [73, 6] (tamén escribe así o topónimo cando o fai en castelán, mais aquí trátase dun poema en galego) e *ramage* [73, 7].

Finalmente, a representación da fricativa interdental xorda, non presenta vacilacións, agás en *zreixas* [26, 14] e en moitas palabras na versión foneticista do mencionado poema **Anduriñas** [74], que engadimos en nota [Cfr. *supra*], onde aparecen grafadas con *z* en lugar de *c* as seguintes palabras: *frorezido*; *fazes*; *zeibando*; *pareszía*; *fazendas*; *conzenzia*; *zeibando*; *caziques*; *zizaña* e *zinzas*.

I.3.3.5.3. Aspectos fonético-fonolóxicos

I.3.3.5.3.1. Vacilacións no vocalismo tónico

↪ **A > E:** *treves* [51, 54], no canto de ‘trabes’.

↪ **A > O:** *degaro* [52, 3; 65, 18; *passim*]; *degaros* [16, 67]; *óurea* [15, 1; 71, 32]; *óureos* [30, 473; 54, 9] e *óurica* [22, 5].

↪ **E > A:** na preposición patrimonial *antre* [2, 74; 2, 78; *passim*] (mais tamén usa a forma etimolóxica *entre* [38, 73; 77, 55; *passim*]) e nos substantivos *cullaras* [38, 121], no canto de ‘culleres’ e *traitos* [30, 463; 41, 31; *passim*], no canto de ‘treitos’.

↪ **E > I:** *tinzas* [16, 47].

↪ **E > O:** A forma verbal *conoscen* [86, 20] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *coñeces* [30, 421; 116, 55] e *coñecedes* [30, 335], que remiten a un infinitivo *coñecer*, mais tamén *coñescer* [118, 10] e *coñescía* [36, 33; 118, 9; *passim*]).

↪ **I > E:** *discépolo* [118, 11]; *latean* [49, 19] e *later* [118, 1318] (alternando coas formas patrimoniais *latexa* [30, 911]; *latexan* [53, 16]; *latexante* [30, 593]; *latexar* [32, 49; 114, 2]; *léngoa* [74, 68] (mais tamén *língoa* [91, 44; 97, 14; *passim*]; *lingua* [30, 317; 82; 11] e *linguas* [2, 49]).

↪ **O > U:** *arrulo* [32, 48]; *arrulos* [88, 37; 88, 56] (mais alternando con *arrola* [106, 1; 106, 2; *passim*]; *arrolos* [88, 51; 98; 56]); *cuxas* (‘partes da perna’) [51, 31] e *saposcunchos* [30, 314].

↪ **OI > UI:** Por dialectalismo, tamén se produce vacilación vocálica neste ditongo, tanto na posición átona [*Cfr. infra*], como na tónica. Nesta rexistramos maioría de palabras con ditongación *-ui*; como: *aluviadiuro* [38, 124]; *correduiras* [23, 24] (mais tamén *corredoira* [2, 1; 2, 87]); *cuida* [99, 62] (mais tamén *coida* [30, 58; 82; 11] e *coidan* [30, 1447; 74] e

⁶⁰⁷ *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913.

coido [33, 50]); *diuiva* [89, 29] (mais tamén *dioiva* [11, 24] e *dioivo* [98, 42]); *duiro* [38, 121]; *enxuito* [26, 10; 38; 69; *passim*] (mais tamén *enxoita* [112, 9] e *enxoitos* [16, 31; 105, 33]); *escuita* [38, 52] e *escúitase* [24, 13; 30, 96] (mais tamén *escoita* [70, 99; 109, 14; *passim*]); *fruitas* [30, 211; 30, 740]; *fruito* [2, 95; 4, 155; *passim*] (mais tamén *froito* [16, 70; 16, 76; *passim*]); *fruitos* [118, 16] (mais tamén *froitos* [13, 51; 16, 34; *passim*]); *luita* [23, 5; 32, 26; *passim*] (mais tamén *loita* [85, 9; 109, 16; *passim*] e *loitan* [32, 111]); *luito* [107, 5; 107, 10] (mais tamén *loito* [101, título; 105, 29; *passim*]); *mui* [33, 11] (mais tamén *moi* [13, 4; 30, 3; *passim*]); *muita* [36, 80; 8, 1; *passim*] (mais tamén *moita* [30, 341; 105, 25; *passim*]); *muitas* [30, 343; 67, 51; *passim*] (mais tamén *moitas* [30, 1183; 51, 49; *passim*]); *muito* [14, 35; 30, 528; *passim*] (mais tamén *moito* [30, 395; 53, 24; *passim*]); *muitos* [15, 7; 30, 658; *passim*] (mais tamén *moitos* [61, 21]); *nuite* [4, 169; 8, 1; *passim*] (mais tamén *noite* [30, 1156; 30, 1441; *passim*]); *nuites* [4, 92; 29; 13; *passim*] (mais tamén *noites* [70, 71; 75, 25; *passim*]) e, finalmente, *uito* [79, 4] (mais tamén *oito* [105, 32]). Hai unha pequena serie de palabras que só rexistran ditongación *-oi*: *basoiras* [97, 55]; *coiras* [97, 58]; *nevoiro* [27, 8]; *Preguntoiro* [116, 33] e *promontoiro* [84, 20], alén de dúas formas en *-eiro*, que o actual estándar escolle con *-oiro*: *inmorredeiro* [107, 5] e *matadeiro* [97, 15].

↪ **U > O**: no castelanismo ‘musgo’, *mosgo* [83; 8].

Outras vacilacións da vogal tónica aparecen no demostrativo, na conxugación de formas verbais ou en castelanismos, mais delas vaise falar nos respectivos epígrafes.

I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono

A) Asimilacións, disimilacións e outras vacilacións vocálicas

No tocante á vacilación no vocalismo átono cómpre sinalar que é moi frecuente, debido a que a maioría dos poemas teñen xinea popularista, polo que autor aproveitou este fenómeno característico da fala para reflectir un nivel lingüístico no que o pobo se podería recoñecer perfectamente. Isto foi norma para todos os escritores de preguerra. De feito, boa parte das **asimilacións e disimilacións** que anotamos tiveron moito eco nos poetas coetáneos e tamén nos contemporáneos de maior ou menor idade.

As alteracións do vocalismo átono prodúcense tanto en posición pretónica como postónica, sendo máis habitual nas vogais palatais *e / i*, do que nas velares *o / u*.

Para tentar unha sistematización, clasificamos as palabras segundo a vogal:

↪ **A > E:** *cómbeda* [28, 29]; *cómbedas* [83, 14]; *cómbedos* [70, 12]; *cónveda* [30, 1030] ('combada(s), combados', castelanismo por *empenada(s), empenados*); *enciño* [61, 9]; *enciños* [64, 5]; *eixolas* [69, 64]; *fóllades* ('folada' ou 'fólada', nome de molusco) [57, 35]; *piadosa* [30, 1379]; *treidores* [85, 10] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *traicioaron* [97, 39]; *traicioeiros* [108, 29] ou *traicioneiros* [98, 9]; *traición* [96, 29; 96, 65; *passim*] ou *traizón* [111, 10]; *traidor* [54, 24]; *traidoras* [97, 50]; *traidores* [94, 49; 95, 17; *passim*]; *traidoría* [89, 90; 97, 57] e *traidorías* [109, 39]) e *trenquíos* [59, 12] (tan só nesta ocasión, fronte a *tranquías* [68, 3]; *tranquíu* [58, 67] ou *tranquíos* [30, 776]). No adverbio de dúbida *seica* tamén usa sempre a forma *seique* [30, 1225; 77, 49].

↪ **A > I:** *xinelas* [34, 2] (tan só nesta palabra⁶⁰⁸).

↪ **A > O:** derivados do substantivo *óureo* 'áureo' (do que falamos no vocalismo tónico [Cfr. *supra*]) temos as seguintes palabras: *ourífica* [68, 4] e *ourilucente* [8, 9; 41, 68; *passim*] (ademais dun correcto *oureándose* [36, 59] de 'ourear', no estándar *asollar* 'poñerse ao sol') e *soloucos* [107, 35] (tan só nesta ocasión, fronte ás maioritarias *salouca*

⁶⁰⁸ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Xinela: ventán» e «Xinelas: Eisi lle chaman na terra de Traba, ás ventáns.-».

[59, 14]; *saloucan* [4, 107; 20, 18]; *saloucante* [38, 96]; *saloucar* [30, 758] e *saloucos* [30, 55; 44, 48; *passim*]). Tamén un sorprendente *orela* [118, 19] no canto de *arela*, no que semella unha gralla de imprenta.

↪ **E > A:** *anemigos* [89, 10] (do castelanismo *enemigos*); palabras compostas que levan a preposición *antre*, como *antrabría* [12, 3]; *antramentrel-o* [7, 40]; *antramentrel-os* [30, 150] e *antramostran* [16, 31]; *azanantes* ‘acenantas’ [31, 40; 109, 49]; *azanábanche* [41, 55]; *barbiquíns* [57; 74] (‘berbequí’); *chaminea* [30; 151]; *cullaras* [38, 121], no canto de ‘culleres’; *gadellos* [109, 4]; *padricaba* [105, 6]; *padricaron* [95, 48]; *tarreos* [100, 69] (tan só nesta ocasión, e nalgúns versións de poemas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición, fronte as maioritarias *terreal* [38, 8]; *terreños* [91, 2]; *terreo* [30, 155; 38, 19; *passim*] ou *terreos* [64, 27]). Tamén a vogal postónica en *sómara* [13, 12] (do castelanismo *somero*) e, finalmente, a forma⁶⁰⁹ *Asús* [30, 718] (no canto de *Xesús*, tan só nesta ocasión, mais é unha palabra que na enorme base de datos do TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) tamén se documenta en Cabanillas).

↪ **E > I:** *arripióu* [13, 29] (aínda que tamén, de forma maioritaria, *arrepía* [30, 19]; *arrepiente* [41, 47] e *arrepío* [27, 36]); *barbiquíns* [57; 74] (‘berbequí’); *brabádigo* [30; 693] (por ‘bravádego’); *cimiterio* [45, 84; 93, 56; *passim*]; *cimiterios* [41, 37]; *cirimoniaes* [4, 48]; *dispáceo* [84, 11] (mais tamén *despazosas* [30, 922]); *empiore* [30, 1293]; *iscritura* [40, 24]; *iscrituran* [70, 73]; *iscrituróu* [30, 1426]; *insinóu* [14, 28]; *insiño* [36, 47]; *iñorme* [2, 14; 49, 14; *passim*]; *imbornaes* [39, 11; 42, 21; *passim*]; *iñormes* [44, 53] (mais tamén excepcionalmente *enorme* [77, 32]); no arcaísmo ou lusismo *inxofre* [32, 114] (‘enxofre’); *millor* [118, 14] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *mellor* [30, 675; 30, 764; *passim*]; *melloran* [32, 102]; *mellorar* [30, 278; 32, 74]; *mellore* [30, 1288] ou *mellores*

⁶⁰⁹ Fernández Salgado [2000: 192] sinala como esta interxección aparecía xa na *Gramática Gallega* (1868) de Saco Arce sen desaparecer nas posteriores gramáticas da época, co valor de ‘Terror, admiración’.

[13, 51; 30, 241; *passim*]); *miniñas* [2, cita; 3, 3] (aínda que tamén, de forma maioritaria *meniñas* [30, 444; 30, 932; *passim*]); *mixillóns* [57, 69; 58, 21] (aínda que tamén, incluso nun deses poemas, *mexillón* [57, 26] e *mexillóns* [51, 25]); *pidía* [53, 41]; *pidindo* [30, 1046] e *pidiron* [60, 16] (mais tamén no mesmo poema *pedindo* [30, 1218]; *pedira* [30, 994] e noutros textos *pedían* [99, 73] e *pedirche* [14, 37]); *pimenta* [99, 75]; *pimento* [16, 59; 72, 63]; *prefirían* [32, 77]; *procisión* [28, 21; 41, 12; *passim*] (mais tamén excepcionalmente *procesión* [30, 964] e *procesionantes* [30, 948]); *rebilliscos* [58, 29] ('rebeliscos'); *repiteu* [27, 35]; *repetían* [30; 1233; 31; 62]; *repetindo* [30, 1259]; *repetiron* [112, 20] (mais tamén *repetía* [116, 53]; *repetíanse* [15, 10] e incluso nun dos poemas anteriores *repetíndolle* [30, 1315]); *rilleiras* [100, 30]; *rindindoll'a* [78, 12]; *reisiñor* [103, 5]; *ruxintes* [40, 17]; *siñor* [13, 3; 40, 33; *passim*]; *siñora* [27, 44; 30, 720; *passim*] e *siñores* [30, 215; 81, 24] (aínda que tamén, de forma minoritaria *señora* [45, 40]; *señorío* [68, 6] e *señoríos* [44, 26]); *sintindo* [23; 11; 30; 1063; *passim*]; *sintíndose* [30, 588]; *sintiron* [33, 74] (que alternan indistintamente con *sentil-a* [4, 174; 5, 41; *passim*] ou *sentistes* [41, 69]); *siquer* [30, 1156; 86, 11; *passim*] e nun deses mesmos poemas *xiquer* [30, 1248] (aínda que tamén *siquera* [31, 73; 41, 65]); *sirea* [41, 21; 71, 2; *passim*] e *sireas* [20, 9; 30, 1321; *passim*] (por *serea* 'ser fantástico do mar'); *vistía* [13, 20]; *vistírono* [102, 7] (fronte as maioritarias *vestida* [4, 98]; *vestidas* [30, 205] ou *vestindo* [30, 1138]); e, finalmente, *xionllos* [38, 55; 50, 1; *passim*] e a forma verbal *axionlláronse* [22, 13].

↪ **E > O**: *brétoma* [88, 12] (tan só nesta ocasión, e nalgúns versións de poemas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición, fronte as maioritarias *brétema* [30, 154; 30, 1161; *passim*] e *brétemas* [3, 8; 3, 30; *passim*]); *causenante* [62, 3] (no estándar *causonante*); *estropada* [30, 461] (no estándar *estrepada*) e *rolance* [30, 955; 58, 19; *passim*] (no estándar *relanzo*). Ademais, nas formas dialectais *crocos* [57, 71] (no estándar *croque*); *fumo* [13, 30; 29, 10] e *fumos* [30, 150] (que alternan coas formas do

estándar *fume* [7, 33; 30, 1109] e *fumes* [30, 150]) e nas formas verbais *romeda* [74, 38] e *romedan* [20, 16; 30, 147; *passim*] (por ‘remedar’, que temos en *remedaba* [31, 62] e *remedando* [4, 18], variante do estándar *arremedar*, que só anotamos nun poema aparecido nas publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición dos textos).

↪ **E > U:** *repulen* [88, 17] (tan só nesta palabra).

↪ **I > A:** *donacelas* [69, 36] (tan só nesta ocasión, e nalgunhas versións de poemas en publicacións periódicas con outro significado, como sinalamos nas notas de edición) e un infinitivo *gruñar* [73, 5] (mais tamén a forma do estándar *gruñido* [2, 28], xunto ás formas sincopadas *gruño* [113, 5] e *gruños* [38, 18]).

↪ **I > E:** *adeviñar* [31, 20] (mais tamén *adiviña* [30, 948] e *adiviñara* [30, 1309]); *agráveos* [118, 28]; *Amérecas* [74, 62; 74, 68] (mais tamén *América* [5, 47; 10, 27; *passim*] e *Américas* [22, 10]); *ânsea* [74, 23] (mais tamén *ansias* [2, 70]); *anúnceo* [74, 55] (mais tamén *anuncióu* [114, 13]); *basíleca* [83, 26]; *Cantábrecas* [83, 32] (mais tamén *Cantábrico* [36, 3]); *cevil* [102, 6]; *ceviles* [27, 51] (mais tamén *incivildade* [30, 1219]); *crucelladas* [41, 26] (no estándar *encrucilladas*); *dispáceo* [84, 11]; *Elíseo* [71, 31]; *embrican* [30, 228]; *empúdeca* [95, 31]; no adverbio de tempo *enandes* [32, 60] (no canto de ‘iñantes’); *enfancidas* [33, 43]; *enxuria* [114, 11] (mais tamén *inxurias* [70, 30]); *escrebir* [31, 110]; *espúreas* [98, 56]; *estrevida* [30, 633]; *felliños* [74, 43] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *filliña* [26, 3]; *filliño* [4, 133; 4, 175; *passim*]; *filliños* [33, 20; 41, 19; *passim*] ou *fillicida* [98, 20]); *férvedos* [74, 43; 95, 75]; *fesga* [47, 1; 57, 60]; *fesgas* [51, 5]; *indómetos* [32, 74]; *lábeos* [118, 29]; no castelanismo disfrazado *lenguaxe* [53, 28; 56, 5; *passim*] (mais tamén *deslinguados* [30, 747] e *linguaxes* [31, 13]); *líreo* [33, 53]; *líreos* [32, 34]; *levián* [48, 33; 57, 106] (mais tamén *livián* [104, 3]); *márter* [112, 61; 115, 24]; *médea* [30, 896; 84, 25]; *médeo* [30, 66; 30, 930; *passim*] e o estraño *médeodía* [51, 16] (mais, en menor medida, tamén *media* [30, 1166; 63, 4]); *místeca* [108, 23]; *místecos* [30,

870] (que alternan con *mística* [69, 68]; *místicas* [30, 1104] ou *místico* [30, 946]); *negrumantas* [30, 283] (por ‘nigromantes’); *páleda* [4, 140; 45, 16; *passim*] e *páledo* [30, 805; 30, 1273] (mais, ocasionalmente, tamén *pálidos* [30, 120]); *pantástecas* [83, 4] (mais tamén *phantásticos* [43, 13; 70, 73]); *paráseta* [74, 68]; *prémeo* [30, 1366; 31, 91; *passim*]; *préteretas* [31, 14; 83, 44]; *própeos* [117, 7; 118; 48] (mais tamén *propia* [30, 493; 93; 36]); *próveda* [31, 93; 95, 3] (mais tamén *próvidas* [29, 12]); *rábea* [77, 15] (mais tamén *rabia* [94, 32]); *rabeosos* [33, 93] (mais tamén *rabioso* [113, 7]); *rápeda* [73, 4]; *rebuldíceo* [4, 143]; *sábeos* [118, 25]; (mais tamén *sabios* [15, 2; 54; 6]); *siereiras* [30, 207; 30, 696; *passim*]; *serena* [74, 54] (por *sirena* ‘aparello acústico’); *sinestra* [33, 94; 97, 52] e *sinestro* [40, 23]; *traxédeas* [94, 18] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *traxedia* [115, 26] e *traxedias* [72, 26; 87, 14]); no castelanismo *trenidade* [85, 3] ou *verdenoso* [58, 3]. E finalmente, nos sufixos máis produtivos, *-área* / *-áreo* alterna indistintamente cos correctos *-aria* / *-ario*. Así, temos: *campanáreo* [8, 6]; *Calváreo* [104, 10]; *milenáreas* [46, 29]; *páreas* [46, 28]; *rosáreo* [8, 8; 30, 809; *passim*] e *rosáreos* [30, 464; 50; 11; *passim*]; fronte a *Calvario* [30, 1275]; *funeraria* [44, 36]; *funerarios* [44, 52]; *lumiñaria* [36, 8; 36, 91]; *paria* [30, 699]; *parias* [30, 1217]; *polatarias* [89, 13]; *pregaria* [30, 1283; 44, 34] ou *rosarios* [55, 1]. Nas terminacións *-érea* / *-éreo* alterna indistintamente coas correctas *-eria* / *-erio*. Así, temos: *Celtinérea* [92; 14]; *mistéreo* [43; 7]; *mistéreos* [83, 2; 88, 39] e *Néreo* [43, 5]; fronte a *Celtineria* [22; 8; 70; 26]; *misterio* [30, 1161; 30; 1349; *passim*]; *misterios* [44; 60]; *Nerio* [30, 1162; 43; 10; *passim*], incluso nun mesmo poema; *Nerios* [22, 11; 44; 58] ou *nerias* [30, 434; 50; 2; *passim*]. Nos sufixos *-órea* / *-óreo* alterna indistintamente cos correctos *-oria* / *-orio*. Así, temos: *grórea* [13, 41; 31; 67; *passim*]; *histórea* [30, 358; 30; 426; *passim*] (mais tamén, incluso no mesmo poema, *historia* [30, 1061; 54; 10]); *históreas* [45, 4; 53; 23; *passim*]; *hestóreas* [97; 48]; *memórea* [103; 12; 118; 48]; *promisóreas* [22, título]; *provisórea* [38, 61] e *santóreo* [53,

[87, 24]; *preiteante* [30, 733]; *preitesía* [91, 42]; *preitos* [30, 872]; *sopra* [70, 112; 70, 118]; *sopran* [24, 1]; *sopras* [70, 23; 70, 42] e *sopro* [4, 116; 17, 8; *passim*]. Mención á parte merecen os castelanismos disfrazados *prañese* [83, 35]; *prañideiran* [4, 73]; *pranxer* [30, 1260] e *pranxía* [30, 1260], que o estándar recomenda substituír por ‘xemer’. Alén do mencionado *Plata*, co grupo consonántico **-pl-** só rexistramos o castelanismo disfrazado *plegues* [112, 47], no canto de ‘pregamentos’, e os substantivos *plintos* [57, 55] e *pleitías* [38, 38] (forma sincopada do castelanismo ‘pleitesías’).

- **-tl->-tr-:** *Atrán* [5, 45; 30, 1452; *passim*]; *atráns* [22, 11; 40, 36; *passim*]; *Atrante* [20, 27; 41, 2; *passim*]; *atrantes* [71, 24]; *atrántica* [30, 276; 41, 12]; *atránticas* [53, 16]; *atrántico* [52, 6]; *trasatrán* [30, 1164; 41, 4; *passim*]; *trasatráns* [65, 7]; *trasatrante* [30, 1077; 60, 20]; *trasatrantes* [30, 1115]; alternando formas plenas e apocopadas. En moita menor medida tamén rexistramos: *Atlán* [108, 12; 109, 19] e *Atlante* [75, 2; 75, 6; *passim*].

B) outros grupos consonánticos con B (BC, BD, BM, BN, BS, BT, BV, BX)

E noutros grupos consonánticos iniciados por **b**, temos:

b.1) Simplificación do grupo: *somariños* [41, 48; 48, 35]. Por analogía, tamén podemos referirnos neste apartado á palabra *amonicións* [30, 1014].

b. 2) Vocalización do primeiro elemento: *ousesiva* [30, 1106].

b.3) Conservación: Unicamente no infinitivo *obter* [30, 1186]. Tamén se produce a conservación, nos arcaísmos *cibdá* [30, 609; 30, 613; *passim*]; *cibdade* [14, 13; 36, 2; *passim*] e *cibdades* [36, 9; 74, 17].

Finalmente, consonte o estándar actual, unha palabra que perdeu o **b** nas orixes do idioma: *sotil* [18, 18; 30, 1404; *passim*].

Do **grupo consonántico con BS+consoante** non rexistramos ningunha palabra.

C) grupos consonánticos con -CC- e -CT-

Dentro destes dous grupos consonánticos que levan **c** inicial, tan só rexistramos unha palabra no subgrupo -**cc-**, na que se produce vocalización do primeiro elemento: *faiciosos* [98, 6; 98, 74].

No subgrupo -**ct-** as solucións posibles son varias:

c.1) Desaparición do primeiro elemento: *respetando* [95, 32]; *respeto* [117, 8] e *respetoso* [30, 886]. Tamén noutra palabra *vítimas* [89, 24], que a norma actual prescribe con supresión desa primeira consoante.

c.2) Vocalización do primeiro elemento: *aititú* [44, 34]; *aititude* [104, 6]; *aitivos* [51, 33]; *aituar* [95, 71]; *detratores* [108, 30]; *elétrica* [31, 8]; *inteleito* [96, 17]; *leitura* [32, 53]; *noiturnas* [44, 3]; *noiturnos* [44, 39] e, no mesmo poema, *nuiturnas* [44, 80]; *proteitor* [57, 22]. Tamén vocaliza o primeiro elemento en palabras nas que a actual norma prescribe a súa supresión: *conduitora* [22, 3]; *froitifican* [96, 33]; *fruitificóu* [112, 22].

c.3) Conservación: Unicamente no nome do barco *Victoria* [36, 7; 36, 73; *passim*]; na expresión *Vía Láctea* [63, 6] e no arcaísmo *Sancta* [95, 43].

c.4) Mención á parte merecen as palabras *galáxico* [30, 1354] e *galáxicos* [30, 480; 108, 49], que hoxe manteñen o grupo -**ct-**. O noso poeta puido verse influenciado aquí por Guerra Junqueiro, do que era lector, que utiliza esta palabra, aínda que na enorme base de datos do TILG hai outros autores galegos que tamén a usan, entre eles Eduardo Blanco-Amor, do que tamén era lector).

Dos grupos consonánticos -**CN-** e -**CD-** non rexistramos ningunha palabra.

D) grupo consonántico [ks] con grafía -x-

Como no grupo anterior, son varias as posibles solucións:

d.1) Simplificación do grupo: *asimática* [53, nota]; *ausilio* [116, 67]; *escraman* [69, 73]; *escramaron* [53, 69]; *esilo* [33, 86]; *esorno* [30, 865]; *espendendo* [30, 1122];

esponía [77, 80] ou *estras* [30, 1185]. Tamén en *estesa* [38, 130] (variante de ‘estensa’, para rimar con ‘artesa’); *estremo* [89, 6], e consonte coa norma actual en *estrema* (‘linde’) [38, 25]. Tamén se podería incluír aquí a simplificación de *sistro* [38, 111] no canto do estándar ‘xistra, xistro’.

d.2) Vocalización do primeiro elemento: *eisceizón* [30, nota]; *eiscelsas* [3, 12; 44, 64]; *eisemprar* [53, nota]; *eisiste* [2, 101; 30, nota; *passim*]; *eisistenza* [30, nota]; *eispón* [97, 22]; *eispresal o* [118, 41]; *eispresivas* [51, 9]; *eispricarvos* [31, 115]; *eistrana* [118, 30]; *eistranos* [118, 48]; *eistrañés* [117, 1] ou *Eistremadura* [98, 47], alén de *máisimo* [15, 10].

d.3) Vocalización e conservación do *x*: Unicamente en *eixemprar* [105, 23].

d.4) Conservación do *x*: *galáxico* [30, 1354]; *galáxicos* [30, 380; 108, 49]; *exempro* [25, 12] e *expresan* [74, 9].

d.5) Formas con **grafía -s-**, xa desde antigo: *estrana* [31, 73; 35, 2]; *estranxeiro* [2, 102; 30, 492; *passim*] e *espolio* [97, 24].

d.6) Anotamos unha forma *xinxelas* [16, 2] ‘sinxelas’, que na base de datos do TILG está documentada en moitos autores, mesmo xa na obra *O Tío Marcos da Portela*. Malia existir no mecanoscrito, no libro e nas versións do texto das publicacións periódicas, nunha delas vai ser corrixida, como sinalamos nas notas de edición).

E) grupos consonánticos -GM-, GN e -GN-

Nestes grupos consonánticos nunca rexistramos a súa conservación, e temos:

e.1) Desaparición do primeiro elemento: *Dinidade* [95, 70]; *inominia* [98, 39]; *manates* [103, 2] e *manolias* [69, 26].

e.2) Palatalización do grupo: *iñaro* [51, 48] (no canto de ‘ignaro’); *iñeo* [29, 8]; *iñora* [41, 64]; *iñorados* [116, 68]; *iñoranza* [30, 619]; *insiña* (‘insignia’) [108, 17; 108,

31] (nunha ocasión *insinia* [30, 1126]); *siño* [30, 887]; *siños* [6, 1; 31, 19; *passim*]; *siñándose* [97, 52] e *siñarse* [30, 1300].

F) grupos consonánticos MN-, -MN e -NM-

Os grupos iniciados por consoante nasal caracterízanse xeralmente pola perda do primeiro elemento, desta maneira rexistramos:

f.1) Perda do *m* en **-mn-**: *acaluñan* [72, 37] ‘calumnian’; *calunia* [114, 11]; *hino* [4, 9; 30, 92; *passim*]; *hinos* [7, 12] e *sonolento* [31, 25; 58, 1].

f.2) Perda do *n* en **-nm-**: *imaculado* [94, 35]; *imemorial* [94, 4]; *imigrano* [20, 11]; *imigrantes* [30, 52]; *imigraron* [30, 1145]; *imensa* [30, 165; 30, 1128; *passim*]; *imenso* [30, 454; 44, 58; *passim*]; *imortal* [20, 26; 108, 4] e *imorrentes* [96, 18].

f.3) Conservación dos diferentes grupos con nasal nalgúns casos, mesmo contrariando solucións anteriores: *inmorrecido* [45, 43]; *inmorredeiro* [107, 5]; *inmorrente* [25, título; 114, 13]; *inmensa* [30, 780; 110, 12]; *inmensidá* [70, 39] e *inmigraron* [30, 811].

Curiosamente tamén aparece na palabra de orixe hebrea *Hosanna* [112, 52], que adoita grafarse *Hosanna* e que noutro lugar grafa *Housianna* [30, 591] e *housiannas* [30, 907].

Dos **grupos consonánticos –MM- e -NN-** non rexistramos ningunha palabra, agás do recén nomeado *Housianna* [30, 591] e *housiannas* [30, 907] ou na adaptación de *sinfeineres* [70, 47], do gaélico irlandés *Sinn Fein*.

G) grupo -NS- anteconsonántico

g.1) Perda do *n* en **-ns-** máis consoante: *costante* [54, 8]; *costanza* [53, nota]; *ispira* [104, 7]; *inspirado* [4, 6]; *inspirados* [115, 25]; *istante* [30, 849; 30, 889; *passim*]; *istinto* [79, 12; 98, 29]; *istrumento* [30, 918]; *trasmigrador* [115, 19]; *trasparentes* [78, 7]; *trasporte*

[118, 21]. Neste sufixo *trans-* coincide coa norma actual na súa redución a *tras-* en *trasnoitéi* [53, 53]; *traspondo* [31, 75]; *traspoñen* [50, 14] ou *traspôron* [97, 56].

g.2) Conservación do grupo consonántico: *monstro* [36, 79; 61, 14; *passim*]; *monstros* [61, 14] e *monstrosas* [44, 49].

g.3) Transformación do grupo *-ns-* máis consoante: *tralcendentes* [32, 38], unha solución que a enorme base de datos do TILG tan só documenta nos textos de Zapata.

H) grupos consonánticos *-PC-*, *-PN-*, *-PS-* e *-PT-*

Dentro das palabras que conteñen os devaditos grupos consonánticos, anotamos:

h.1) Vocalización do primeiro elemento: *adoitan* [32, 112]; *adoitaron* [108, 11]; *apocalútica* [98, 41] e *preceitor* [36, 33]. Porén, consonte coa norma actual, por ser unha vocalización antiga: *bautiso* [84, 22] e *bautizal-os* [30, 685].

h.2) Simplificación do grupo consonántico: *eucalitos* [73, 6]; *exicia* [30, 345] e *Exito* [30, 345].

h.3) Conservación: *rapsoda* [70, 68] e *rapsoidal* [44, 55].

Finalmente, o grupo consonántico *-SC-* de moita produtividade verbal será abordado máis adiante [Cfr. I.3.3.5.5.1. Os arcaísmos e os lusismos]. Así a todo, hai que citar o uso das palabras derivadas do italianismo *fascio*, nas que se produce unha vocalización dun grupo consonántico *-sc-*. Velái os versos: *diante ós crimes do Feixe e da Mourisma...* [109, 30] e *luitando contra o feixe que ensanguentou o Adro.* [113, 4], ou *feixismo* [98, 44; 98, 45]; *feixista* [96, 31; 105, 30] e *feixistas* [96, 24; 96, 47; *passim*].

I.3.3.5.3.5. Gheada e seseo

Finalmente, outros dous fenómenos que incluimos dentro da análise dos aspectos fonético-fonolóxicos son a **gheada** e o **seseo**, que son propios da comarca natural do noso poeta e que caracterizan a súa fala dialectal.

De primeiras, non hai ningunha marca da **gheada**, nin sequera en palabras pertencentes ao grupo **-ng-**, que nalgunha zona da costa coruñesa (como Laxe) presenta enxordecemento do **g**.

Porén, rexistramos varios casos de **seseo** (malia que este fenómeno non adoita trasladarse á linguaxe literaria):

➤**seseo explosivo ou prenuclear:** Na listaxe de palabras con seseo explosivo é notoria a presenza de termos mariños, o que explicaría a conservación que fai o noso poeta, malia moitas veces proceder a corrixir *de motu proprio*. Así, anotamos: *algazos* [64, 34] (é a única vez que non corrixe esta palabra no libro, que si aparece con seseo en moitas das versións dos poemas aparecidas nas publicacións periódicas, tal e como sinalamos nas correspondentes notas de edición, pois sempre aparece *algazos* [13, 16; 30, 7; *passim*], incluso no título do poema **Algazos** [64] e neste poema tamén *algazos* [64, 4; 64, 13; *passim*]); *bautiso* [84, 22] (mais tamén *bautizal-os* [30, 685]); *corsea* [57; 47] (‘corcea’); *corvoransos* [116, 15]; *drisa* [49, 13] (mais tamén *driza* [71, 25]); *ensombresan* [75, 26]; *lanse* [47, 8] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *lance* [46, 27; 67, 30]; *lances* [72, 66] ou tamén *rolance* [30, 955; 58, 19; *passim*]); *pedrousos* [30, 832] (mais tamén *pedrouzos* [27, 6]) e o topónimo *Pedrouso* [30, 1056]; *pesuños* [24, 2; 38, 16]; *resarei* [75, 42] (máis no mesmo poema *rezar* [75, 4]); *risan-risan* [70, 60]; *risar* [88, 5] (máis tamén *riza* [48, 33]); *risón* [100, 57] (mais tamén *rizón* [39, cita], que corrixe cando curiosamente

é unha cita dos versos anteriores incluída no libro. Para Fernández Rei [2003: 330] debería ser a entrada no VOLG, pois considera *rizón* castelanismo); *saranda* [30, 258]; *sarpaba* [30, 1124]; *sis-saes* [30, 18] (plural de ‘zigzag’); *socas* [33, cita] (que corríxe na versión do poema publicada en *Nós*); *sugándolle* [30, 111] (mais tamén *zuga* [89, 2], tan só neste exemplo); *suritas* [7, 35; 25, 3] (‘*Columba oenas*’, especie de pomba de prumaxe azulada cinsenta, que é común en España e que vive nos bosques); no castelanismo *testús* [24, 2] e *trisan* [33, 76] (máis tamén *estrizaba* [61, 35]). Finalmente, outro topónimo semella estar tamén influenciado polo seseo: *Cornaseiras* [30, 1057; 30, 1065; *passim*] (de ‘cornaceira’ ou ‘pedregal’).

➤ **seseo implosivo ou posnuclear:** Aparece en palabras **monosílabas**: *crus* [1, 1; 8, 15; *passim*] (mesmo no título do poema máis importante do libro **A Crus da Rosa** [30], nunca se rexistra *cruz*, mais na posición explosiva desaparece sempre o seseo: *cruzando* [41, 17; 75, 11]; *cruzar* [75, 7; 75, 21; *passim*]; *crucelladas* [41, 26]; *cruces* [30, 722]; *crucificaron* [109, 11]; *crucifillo* [98, 39; 104, 11]; o topónimo *Cruciña* [77, 6]; *encruzada* [33, 71]; *entrecruzadas* [99, 14] e *vüacruces* [41, 5]); *des* [30, 52; 30, 540; *passim*] (nunca se rexistra *dez*); *lus* [22, 6; 22, 19; *passim*] (de forma absolutamente maioritaria, tan só nunha ocasión temos *luz* [109, 42]; mais na posición explosiva desaparece sempre o seseo: *luceiriño* [8, 7]; *luceiro* [8, 22; 28, 30]; *lucente* [38, 19]; *lucentes* [108, 48]; *lucés* [22, título; 30, 642; *passim*]; *lucindo* [32, 104]; *ourilucente* [8, 9; 41, 68; *passim*]; *tremelucentes* [32, 16]; na expresión *Ara-Lucis* [41, 1] e no topónimo *Santa Lucía* [36, 84]. Obsérvese que o citado *lus* do poema [22] coincide con *lucés* [22, título] e máis obvia é aínda esta coincidencia no verso: *as lucés da irmandade mais lus resprandecían* [108, 7]); *pas* [7, 54; 30, 157; *passim*] (tan só nunha ocasión temos *paz* [97, 44], ademais das expresións latinas, unha delas adaptada, *Requen en Pace* [33, 89] e [sic] *Requiescant in Pace* [60, 2; 60, 40]); *ves*

[18, 16; 18, 25; *passim*] e as expresións con esta palabra *â ves* [30, 722; 40, 39; *passim*]; *de ves* [2, 82]; *en ves* [33, cita; 44, 27; *passim*]; *tal ves* [30, 1157; 30, 1200; *passim*] (mais na posición explosiva desaparece o seseo *veces* [3, 21; 30, 934; *passim*], tan só nunha ocasión temos *vesces* [116, 21]); *vos* ('voz') [4, 44; 4, 30; *passim*] (tamén de forma absolutamente maioritaria, aínda que en catro ocasións rexistramos *voz* [92, 4; 95, 45; 118, 12; 118, 47]) e, finalmente, na forma verbal apocopada *xas* [20, 26] (tan só nesta ocasión, ademais nas versións do poema aparecidas en publicacións periódicas usa formas plenas, como silanamos nas notas de edición, e tamén documentamos a forma verbal *xazgo* [93, 23]).

Moito menos habitual é a súa presenza na posición implosiva en palabras **polisílabas**: de primeiras no apelido *Frois* [30, 189] e tamén en *alfós* [30, 478]; *atrós* [95, 73]; *felís* [18, 36; 30, 849; *passim*]; *ferós* [2, 28; 53, 42; *passim*] (mais na posición explosiva *feroces* [44, 19]); *rapás* [27, 13; 30, 1271; *passim*] (de forma absolutamente maioritaria, tan só en dúas ocasións temos *rapaz* [77, 77; 99, 24]; mais na posición explosiva desaparece sempre o seseo: *rapaces* [30, 928; 30, 1381; *passim*]; *rapaciño* [27, 31; 31, 49; *passim*]; *rapaciños* [30, 850; 84, 29]; *rapaza* [2, 32; 30, 67; *passim*]; *rapazada* [30, 256]; *rapazas* [30, 898; 30, 1385; *passim*] e *rapazotes* [30, 600]); *solás* [30, 501; 105, 18]; e finalmente nos castelanismos disfrazados *mesera* [30, 800]; *xués* [30, 1228] e *xusgado* [30, 753]. Nos adxectivos *capace* [79, 13] e *vourace* [79, 12], ao se converteren en trisílabos, desaparece o seseo implosivo que era de agardar. O mesmo acontece no substantivo *índes* [13, 33; 13, 46], tamén grafado sen acento *indes* [97, 52]. E este fenómeno de supresión que crea formas apocopadas tamén se dá nos verbos: *merés* [30, 1045]; *ofrés* [30, 1220] ou *parés* [40, 6; 46, 25; *passim*] (aínda que tamén *parece* [30, 172]); mesmo cando se lles une un pronome átono, como *parésme* [53, 43]).

I.3.3.5.4. Aspectos morfosintácticos

I.3.3.5.4.1. Sufixos e terminacións

A maioría dos sufixos e terminacións presentan diferencias verbo do actual estándar e case todas teñen a súa orixe na vulgarización de formas cultas ou en escollas que se realizan por diferencialismo fronte ao castelán.

a) **-ANCIA, -ENCIA, -ANZA, -ENZA, -CIA, -CIO, -ZA, -ZO**: Nos versos predomina absolutamente o uso do sufixo **-anza** fronte a **-ancia**, que só se rexistra no topónimo *Numancia* [93, 23]. Así, tamén escribe **-anza** en palabras que a actual normativa prescribe en **-ancia**: *abundanza* [51, 84]; *distanza* [2, cita]; *importanza* [30, 341]; *iñoranza* [30, 619]; *infanza* [2, cita]; *estanza* [20, 13; 30, 1179; *passim*] e *estanzas* [38, 141], pois non se refire á estrofa. A produtividade do sufixo **-anza** é enorme, aparecendo palabras pouco comúns que se crean co devandito sufixo, entre estes derivados por sufixación temos: *agarimanzas* [30, 567]; *arelanza* [4, 70; 30, 124; *passim*]; *boandanza* [41, 9; 71, 21]; *boandanzas* [95, 49]; *Breoganza* [85, 14]; *Briganza* [4, 71; 17, 1; *passim*]; *comparanzas* [30, 214]; *fraganza* [88, 4]; *honoranza* [93, 9]; *laudanza* [53, 53]; *mesquiñanza* [30, 1219]; *mesturanza* [30, 673]; *prestanza* [36, 23; 68, 6]; *puxanza* [52, 3; 70, 89]; *recobranza* [30, 518]; *recomendanzas* [30, 1189]; *representanza* [108, 17]; *roldanza*⁶¹³ [4, 46; 17, 4; *passim*]; *trocenza* [111, 5]; *triganza* [85, 11]; *Vaganza* [30, 603]; *venturanza* [17, 8; 71, 20]; *viltanzas* [30, 872] ou *xermolanzas* [70, 103]. Moita maior variabilidade existe nos sufixos **-encia/-enza**, ao que o poeta aínda engade outro sufixo **-éncea**, mesmo alternando

⁶¹³ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña: “Danza da roda”».

o seu uso na mesma palabra, amosando unha absoluta carencia de sistematicidade. En **-éncia**, anotamos: *auséncia* [84, 1; 84, 3]; *céncia* [105, 3]; *comenéncia* [105, 6]; *concéncia* [105, 2]; *concéncias* [108, 3]; *eséncias* [117, 16]; *intelixéncia* [95, 15]; *sabedéncia* [105, 7] e *turxéncia* [39, 6]. En **-encia**, rexistramos: *cencia* [95, 36]; *concencia* [74, 48; 95, 33; *passim*]; *cremencia* [95, 34]; *incremencia* [96, 36]; *indecencia* [96, 38]; *indulxencias* [30, 931]; *intelixencia* [30, 766]; *pacencia* [36, 32]; *sabencia* [3, 18; 36, 31] e *sentencia* [109, 32; 109, 49] (que a norma actual prescribe *sentenza*). Finalmente, en **-enza**, temos: *alvirtenza* [30, nota]; *alvirtenzas* [45, 21]; *axenzas* [30, 1195]; *ausenza* [30, 511; 56, 15]; *concenza* [30, 792]; *inocenza* [30, 796]; *esenza* [36, 38]; *eisistencia* [30, nota]; *mantenza* [61, 7; 64, 11] (coincidindo coa norma actual); *malquerenza* [30, 296] (coincidindo tamén coa norma actual); *nacenza* [100, 11] (coincidindo tamén coa norma actual); *requirenzas* [30, 1389] ou *residenza* [30, 646]. Obsérvese a vacilación *auséncia* / *ausenza*, *céncia* / *cencia*, *concéncia* / *concencia*, *eséncias* / *esenza*, *intelixéncia* / *intelixencia* ou *sabedéncia* / *sabencia*. Tamén aquí habería que subliñar *tinzas* [16, 47] no canto de ‘tenzas’. No que respecta aos sufixos **-cia** / **-cio**, o seu uso é maior que o dos sufixos **-za**, **-zo**, con palabras que alternan indistintamente. Velaí: *andacios* [110, 9] (que a norma actual prescribe *andazos*); *cansacio* [30, 1241] (que a norma actual prescribe *cansazo*); *cobicia* [88, 63] (tan só nesta ocasión, fronte a *coviza* [80, 6] e o máis habitual *cobiza* [30, 276; 30, 1211; *passim*]); *democracia* [36, 24]; *desgracia* [41, 13; 45, 10; *passim*] (que a norma actual prescribe *desgraza*) e *gracia* [30, 238; 36, 23; *passim*] (que a norma actual prescribe *graza*); *epinicio* [70, 27; 93, 43]; *estulticia* [70, 31]; *exicia* [30, 345]; *Fenicia* [15, 11]; *Galicia* [15, 14; 74, 62; *passim*] (que alterna indistintamente con *Galiza* [11, 10; 14, 31; *passim*], as dúas prescritas na norma actual); *inxusticia* [110, 9] (tan só nesta ocasión, fronte a maioritaria *inxustiza* [80, 7; 89, 14; *passim*]); *ledicio* [70, 23] (fronte as maioritarias *lediza* [2, 55; 30, 1074; *passim*] ou *ledizas* [30, 978]); *preguiza* [30,

706; **58**, 57] (como a norma actual prescribe); *rodicio* [**30**, 258; **38**, 121] (como a norma actual prescribe); *topacios* [**3**, 9] (como a norma actual prescribe); *xiucios* [**80**, 13] e *xusticia* [**88**, 2] (mais tamén *xustiza* [**80**, 3], que é a escolla da actual normativa) e, finalmente, o antropónimo *San Patricio* [**70**, 21; **93**, 41] e as expresións *Chan Patricio* [**113**, 3] e *Santo Oficio* [**98**, 74]. Pola contra opta por *gazos* [**13**, 15] (que a norma actual prescribe *gracios*); *silenzo* [**30**, 2; **30**, 1391; *passim*] (que a norma actual prescribe *silencio*) e o seu derivado *silenzosos* [**43**, 2; **93**, 40; *passim*]. Tamén fai uso das formas *pazo* [**118**, 5] e *pazos* [**30**, 1100; **30**, 1321] (como a norma actual prescribe); sen facer diferenza no significado entre ‘casa señorial’ e ‘edificio nobre’. Ademais, por influxo dos sufixos **-za**, **-zo**, aparecen palabras como *anunzatrís* [**57**, 90] (mais tamén *nunciatrices* [**7**, 26; **30**, 167]); *anunzazón* [**69**, subtítulo] (mais tamén *anuncióu* [**114**, 13]); *despazosas* [**30**, 922] (mais tamén *dispáceo* [**84**, 11]); *galizana* [**3**, 24; **49**, 10] (que alterna indistintamente con *galiciana* [**4**, 166; **30**, 1160]); *neveterzopeladas* [**32**, 6] e *terzopelo* [**19**, 6]. Alén diso, temos a palabra *filaza* [**9**, 15] (derivado de ‘fío’, que apenas se documenta dentro da enorme base de datos do TILG, malia ter moito uso en castelán).

b) -CIÓN, -SIÓN / -ZÓN: A norma actual só recolle o uso do sufixo **-zón** nun reducido grupo de palabras patrimoniais. O noso poeta adoita coincidir cos usos prescritos, agás na palabra *traición* [**96**, 29; **98**, 65; *passim*] e os seus derivados *traicioaron* [**97**, 39]; *traicioeiros* [**108**, 29] ou *traicioneiros* [**98**, 9] (tan só nunha ocasión anotamos *traizón* [**111**, 10], o uso patrimonial que a norma actual prescribe). Pola contra, tamén escribe con sufixo **-zón** moitas palabras que a norma actual prescribe con **-ción**, como: *anunzazón* [**69**, subtítulo]; *canzón* [**20**, 18; **45**, 18; *passim*]; *condizón* [**82**, 6] (mais tamén *condición* [**38**, cita]); *desconsolazón* [**50**, 30]; *devozón* [**30**, 1135] (mais tamén no mesmo poema *devoción* [**30**, 366]); *eisceizón* [**30**, nota]; *emigrazón* [**30**, 1220] ou *migrazón* [**30**, 569] (que alternan

indistintamente coas formas plenas, incluso ás veces nun mesmo poema: *emigración* [1, 2; 72, 54; *passim*]; *integrazón* [22, 28]; *Nazón* [114, 14]; *orazón* [30, 808; 50, 28]; *redenzón* [5, 51] (mais tamén *redención* [76, 12]) e *sementazón* [38, 34].

c) **-NTE**: As variacións nas palabras que levan este sufixo serán abordadas no apartado específico dos Hipergaleguismos [*Cfr. infra*].

d) **-EMENTO / -IMENTO**: A lingua do poeta neste par de sufixos adoita coincidir co actual estándar, agás en: *recollimento* [30, 920]; *Renacimiento* [73, 10] e *valimento* [30, 169] (aínda que neste último caso tamén anotamos o correcto *valemento* [56, 15]).

e) **-SE (grego -sis)**: A única palabra que rexistramos é a correcta *análise* [54, nota].

f) **-E (grego -is)**: A única palabra que anotamos é *dermes* [30, 894], aquí en singular, e *dermes* [29, 8], aquí en plural.

g) **-BLE / -BEL (sufixo latino -BILIS)**: Tampouco neste sufixo hai sistematicidade, pois fai uso das dúas formas anteriores, aínda que galeguiza a primeira co sufixo **-bre**. Non se trata de textos de diferentes épocas, como se puidera pensar, de feito no poema **¡¡Cristialobos!!** [98] alternan solucións diferentes. A solución maioritaria adoita ser co sufixo **-bel**, que rexistramos en palabras como: *endébel* [93, 28]; *formidábel* [98, 21]; *inefabel* [30, 2], sen acento, e no mesmo poema *inefábels* [30, 1333]; *invencíbel* [98, 48]; *terríbel* [97, 60; 98, 17; *passim*] e *terríbels* [109, 7]. Mais, indistintamente, tamén anotamos moitas outras coa solución en **-bre**: *amabre* [76, 8]; *culpabres* [86, 8; 86, 20]; *horribre* [83, 39; 98, 25]; *indefinibre* [74, 23]; *infrancabres* [30, 32] e *terribre* [2, 29; 83,

36]. A estas hai que engadirille a única palabra co sufixo **-vel**: *móvel* [30, 455] e tamén a única palabra co sufixo **-ble**: *terrible* [30, 1225].

h) -EO / -EU / -AO / -AU: No primeiro grupo adoita facer uso de formas que hoxe se corresponden co estándar, como *ceo* [4, 8; 7, 10; *passim*]; *ceos* [25, 9; 30, 146; *passim*] e o castelanismo disfrazado *rascaceos* [105, 37] (mais tamén en dúas ocasións *ceu* [5, 21] e *ceus* [38, 34]) ou *chapeu* [102, 2], tamén grafado con acento *chapéu* [13, 23]; *roméu* [30, 105; 112, 30] e *xudéu* [118, 8]. Tamén usa o antropónimo *Neréu* [30, 1322] (que hoxe a norma prescribe *Nereo*). Pola contra usa o castelanismo disfrazado *xubileo* [30, 159], que a actual normativa prescribe *xubileu*. Polo que respecta ao segundo dos grupos mencionados, tamén fai uso de formas que hoxe se corresponden co estándar, como *peirao* [42, 27; 45, 20; *passim*]; *peiraos* [71, 24; 52, 46] (aínda que tamén anotamos nunha ocasión o plural *peirals* [50, 18]). Non sucede iso en *grao* [38, 1117] e *graos* [72, 45] (que só aparecen nestas dúas ocasións fronte aos maioritarios *grau* [38, 1; 38, 34; *passim*], que mesmo dá título ao poema **Loubanza ao grau de millo** [38] e *graus* [24, 3; 24, 7; *passim*]); nin tampouco en *pao* [60, 23] e *paos* [53, 15] (fronte ao normativo *pau* [49, 6], que só anotamos nesta ocasión). Tamén anotamos algunhas solucións dialectais que non pertence á area lingüística do poeta e que se pode explicar por interdialectalismo do rexistro poético, fenómeno que era habitual en moitos autores polo desexo de fixaren unha lingua escrita supradialectal. Trátase de *chao* [30, 741] (que só aparecen nestas ocasión fronte aos maioritarios *chan* [2, 99; 18, 12; *passim*] e, con acento, *cháns* [77, 21]) e *vrao* [58, 58; 116, 28] (que alterna coa maioritaria *vran* [36, 61; 42, 1; *passim*]). Pola contra, non se afasta do estándar e da súa área dialectal en *man* [2, 8; 2, 9; *passim*] e *mans* [4, 12; 12, 5; *passim*].

i) **-EA:** A lingua dos poemas concorda coas solucións normativas, tanto en palabras patrimoniais coma nos galicismos, do tipo *cheminea*, que o noso poeta escribe *chaminea* [30; 151]. As únicas variacións salientables xa foron comentadas na epéntese vocálica, trátase de *aldeias* [42, 33; 42, 72; *passim*] (mais tamén, de forma maioritaria, *aldea* [2, 6; 7, 64; *passim*] e *aldeas* [30, 153; 88, 14; *passim*]); *ideia* [30, 267; 30, 530; *passim*] (mais tamén *idea* [87, 15] e *ideas* [87; 6; 91, 29]) e *melopeia* [40, 25]; ademais de *sereiamente* [104, 5] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *serea* [38, 63; 42, 1; *passim*]; *sereándose* [30, 1425]; *sereas* [25, 3; 69, 40; *passim*]; *seréas* [78, 8]; *sereidá* [7, 54]; *sereiamente* [104, 5]; *sereo* [7, 34; 30, 478; *passim*]; *séreo* [116, 35] e *sereos* [25, 10; 36, 26]).

l) **-OA:** Tamén nesta terminación a lingua dos textos concorda coas solucións da súa área dialectal, coincidentes coas normativas, así temos os femininos *aboa* [27, 47; 82, 10]; *aboas* [31, 31] e *bisaboa* [13, 3; 13, 48] (e os masculinos *abós* [5, 6; 14, 2; *passim*] e *bisabó* [14, 16]). Tan só no caso do abverbio *soamente*, non fai uso desta forma, agás unha vez que escribe *soasmente* [84, 47] (fronte a *sômente* [60,14] e *sômentes* [20, 20] ou o castelanismo *solamente* [102, 10]).

m) **-UM / -US / -O:** As únicas palabras que manteñen as terminacións latinas son as expresións: *Mar dos Artabrורים* [10, 23] e *Artabrorum Portus* [29, 8] (mais moitas veces opta pola acomodación do cultismo, tanto en *Ártabro* [2, 64; 93, 55; *passim*]; mesmo sen acento *Artabro* [66, 6] e en *ártabros* [30, 560; 30, 1150; *passim*]. O mesmo sucede na expresión *Campus Stella* [107, 40]. Polo demais, escribe con **-o** final, consonte coa normativa actual, *esprito* [20, 26; 27, 12; *passim*] e *espritos* [3, 1; 3, 29; *passim*] e, en

menor medida, a forma plena *espírito* [36, 45] ou o castelanismo *espíritu* [30, 1142; 69, 69].

n) -IÑO / -IÑA / -INO / -INA (terminación latina -INUM / -INAM): As variacións entre as primeiras, palabras patrimoniais en **-iño / -iña**, e as segundas, os préstamos latinos ou no, que levan **-ino / -ina**, serán abordadas no apartado específico dos Hipergaleguismos [Cfr. *infra*]. Ademais de todas as palabras alí sinaladas, cómpre mencionar *lemosín* [118, 33; 118, 35; *passim*] ou *lemosíns* [118, 36; 118, 39], que fan referencia á *língua lemosina* [118, 23]⁶¹⁴. Finalmente, escribe a variante dialectal *estornillo* [59, 4] (no actual estándar *estorniño*).

ñ) -E / -EN: Nas palabras patrimoniais procedentes de étimos latinos en **-INEM**, hai alternancia en *imaxe* [58, 57] (tan só nesta ocasión, fronte a *imaxen* [4, 140; 30, 1272] e o plural *imaxens* [115, 12]) e *virxe* [30, 905; 100, 42; *passim*] ou tamén *Virxe do Socorro* [30, 954] e *Virxe do Carme* [60; 26; 100, 41] (tan só nunha ocasión aparece *Virxen Frora* [103, 8]). Tamén anotamos o castelanismo *xoven* [30, 1377]. Nas outras palabras as solucións do poeta coinciden coa actual normativa: *follaxes* [4, 47]; *home* [13, 1; 13, 57; *passim*] e *homes* [7; 50; 27, 58]; *orde* [30, 329] e no alcume *A Feluxe* [30, 312]. O mesmo sucede nos continuadores dos neutros en **-MEN** e nos galicismos en **-AXE**, onde hai coincidencia absoluta coa normativa vixente, mesmo nos resultados do bretonismo *dolmen* [17, 2; 17, 9; *passim*] (nunha ocasión con acento *dólmén* [77, 10]), que o noso poeta

⁶¹⁴ Língua lemosina. Ou lemosín. Termo que se utilizou desde o século XVI para designar a lingua catalá, inspirándose no seu parentesco co occitano, usando o nome dun dos seus dialectos, o da rexión noroccidental de Limoges. No século XIX, cando Bonaventura Carles Aribau escribiu a oda *La Pàtria* (1833) o termo estendeuse tamén ás Illes Balears e Valencia, popularizándose durante a Renaixença. Significaba unha denominación unitaria para a lingua sen referencias xeográficas para evitar susceptibilidades, porén, a mediados do XIX, os especialistas en literatura trobadoresca consideraron inadecuada ea denominación e, nos Jocs Florals de 1862, Marià Aguiló y Fuster reivindicou a recuperación da denominación “catalán”.

pluraliza en *dolmens* [3, 18; 44, 60]. Unicamente presenta un resultado diferente a forma apocopada *fogáx* [2, 70], que remite a *fogaxe*.

o) **-ÁN / -Á ou -ANA / -ANO / -ANA:** De primeiras, presenta unha absoluta asistematicidade para a terminación latina **-ANUM**, contrariando a solución normativa, mais tamén a que era de agardar na súa fala dialectal onde a forma masculina neutraliza masculino e feminino⁶¹⁵. De feito, rexistramos no masculino singular: *irmán* [13, 35; 30, 1284; *passim*] ou *hirmán* [91, 26; 91, 46; *passim*]; no feminino singular *irmán* [30, 167; 70, 22; *passim*] ou *hirmán* [92, 1]; no masculino plural: *irmáns* [2, 53; 11, 15; *passim*]; *irmaos* [56; 30; 117, 8] (no mesmo poema *irmáns* [117; 7]; *hirmans* [76; 7] (sen acento) ou *hirmáns* [77, 98; 78, 4; *passim*] e, finalmente, no feminino plural *irmáns* [22, 10; 30, 419; *passim*] e tamén en *miña curmán* [30, 206]. Tampouco existe sistematicidade na formación de xentilicios alternando as solucións, moitas veces no mesmo poema e ás veces incluso na mesma palabra. Anotamos: o masculino *alemán* [53, 21; 53, 65]; *bergantiño* [30, 206] (nesta única ocasión, e debe ser por cuestións de rima a-o); *bergantiño* [30, 206] e *bergantiño* [30, 409]; *camariño* [45, 12] (curiosamente, tan só o masculino singular *camariño* [93, 24]); o masculino *composteláns* [118, 31]; os masculinos *fisterrán* [70, 120] e *fisterráns* [40, 38; 50, 36; *passim*] e os femininos *fisterráns* [50, 12; 108, 11]; *fisterrana* [30, 1159] e *fisterranas* [30, 1323]; *laxeirano* [30, 1378] e tamén o masculino *laxeiráns* [30, 557; 68, 14] (para o masculino tamén fai uso das formas *laxeiro* [36, 15; 47, 31]; *laxeiros* [30, 498; 50, 36; *passim*] e *laxés* [30, 1304; 70, 6; *passim*]); *laxeirana* [10, 6; 30, 194; *passim*] e *laxeiranas* [30, 839] (aínda que tamén anotamos a forma *laxesa* [68, 2]); o masculino *Malpicáns* [77, 22], e, finalmente, os xentilicios clásicos *espartán* [113, 14];

román [15, título]; *románs* [15, 9; 33, 3; *passim*] e *tiberáns* [30, 535]. Na mesma liña procede con outros adxectivos ou substantivos que non son propiamente xentilicios, con alternancia de solucións incluso no mesmo poema, *vaticán* [98, 16] e *neroniano* [96, 30], que talvez usa por cuestións de rima en a-o. Alén diso, temos: o masculino *aldeáns* [43, 34] e os femininos *aldeán* [28, título]; *aldeana* [38, 164] e *aldeanas* [30, 867; 30, 877; *passim*]; *campechana* [67, 35]; o masculino *galán* [30, 1410; 53, 22; *passim*] e os femininos *galana* [4, 86; 5, 34; *passim*] e *galanas* [30, 204; 30, 240]; os masculinos *humán* [94, 27]; *humáns* [30, 1137] e *humanos* [44, 75] e os femininos *humana* [105, 19]; *inhumán* [40, 32] e *humáns* [69, 60]; os femininos *levián* [48, 33; 57, 106] e *livián* [104, 3]; os masculinos *lobicán* [30, 801] e *lobicáns* [33, 63; 77, 100; *passim*]; o masculino *lonxán* [118, 3] (mais tamén *lexano* [78, 1]; *lonxano* [31, 86; 36, 1; *passim*]; *lonxanos* [30, 815]; *lonxana* [5, 38] e *lonxanas* [30, 1022]); o masculino *mañán* [30, 553] e o feminino *mañán* [30, 285; 30, 861; *passim*]; o masculino *milláns* [7, 17; 38, 92] (no estándar esta planta gramínea é feminina *millás*); *pondalianas* [30, 589]; *riveirana* [4, 89; 4, 113; *passim*]; *riveiranas* [30, 863] e *riveirano* [4, 96]; o masculino *tirán* [104, 9; 107, 28]; *tecelana* [30, 252; 30, 687]; os masculinos *xesucristiano* [30, 803] e *xesucristianos* [41, 82] e os femininos *xesucristiana* [108, 26] e *cristián* [8, 15; 38, 103; *passim*]. Alén diso, tamén se produce conservación do **-n-** intervocálico por castelanismo en *campana* [5, 1; 5, 29; *passim*] e *campanas* [7, 49; 30, 581; *passim*] (mais tamén, en menor medida, *campá* [89, 32] e *campán* [5, 40] ou o plural *campáns* [96, 36; 112, 5; *passim*]. Obsérvase no mesmo poema *campana* [5, 29] e *campán* [5, 40], que obedece a razóns de rima) ou en *minuda* [2, 91] (mais tamén *miudiños* [7, 27]). Por analoxía, finalmente, anotamos palabras como as masculinas *meridián* [96, 30] e *oceán* [65, 20]; e as femininas *facián* [112, 6] e *faciáns* [50,

⁶¹⁵ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lúgrís Freire as formas como *miña irmán* eran concibidas como ‘dialectais’, que se pretendían proscribir e

9] (mais tamén, *faciana* [30, 220; 30, 723] e *facianas* [30, 947]) e *semán* [30, 896; 30, 1204; *passim*]. E tamén rexistramos un inusual *mansellán* [30, 672], derivado de ‘manso’.

p) masculino -ÓN / feminino -OA / -ONA: Forma o feminino en **-ona** en palabras que a actual normativa prescribe en **-oa**: *comadronas* [30, 446] e *patrona* [30, 194; 38, 159]. Porén, coincide en *matronas* [30, 330; 32, 57] e en palabras en que esta terminación é un sufixo aumentativo ou deverbal pexorativo: *chuchonas* [30, 282]; no castelanismo *dulzonas* [30, 338]; *ollonas* [30, 316; 30, 420] e *pasmonas* [30, 366].

q) -ADE, -UDE: Os diferentes sufixos latinos que deron paso a estes sufixos patrimoniais alternan nos textos entre as formas plenas e a súa redución vulgar⁶¹⁶, tamén sen ningunha sistematicidade e con preponderancia das primeiras. En ocasións nun mesmo poema formas plenas e formas reducidas, por exemplo: *Libertade* [101; 6] e *xuventú* [101, 10] ou *verdade* [110; 2] e *libertá* [110, 6]. Moitas veces as formas vulgares aparecen por razón de métrica ou de rima aguda, mais noutras non se debe a ningunha desas razóns.

-ade>-á: *amplidá* [57, 56]; *ansiedade* [85; 6] (mais tamén *ansiedá* [77; 61]); *bondade* [36, 18]; *caridade* [30, 798; 32, 119]; *cibdade* [14, 13; 36, 2; *passim*] e *cibdades* [36, 9; 74, 17] (mais tamén *cibdá* [30, 609; 30, 613; *passim*]); *craridade* [15, 8; 32, 37]; *Cristiandade* [15; 4]; *Dinidade* [95, 70]; *deidás* [29, 3; 44, 80]; *edade* [2, 101] (mais tamén *edá* [118; 44]); *enfermedá* [67, 9]; *eternidá* [84; 32]; *fraternidade* [91; 50]; *heredades* [75, 31]; *homildade* [108; 27]; *humanidade* [15; 1; 108, 4]; *identidá* [105; 19]; *incivildade* [30, 1219]; *inmensidá* [70, 39]; *Hirmandade* [85; 2]; *irmandade* [5, 37; 30, 40; *passim*] e *irmandades* [70; 46]; *liberdade* [108; 38]; *libertade* [85; 7; 98, 66; *passim*] (mais tamén, de forma

non validar, en favor de *miña irmâ*.

maioritaria, *libertá* [5, 13; 70, 44; *passim*]; *maldade* [66, 4]; *maxestade* [30, 880] (mais tamén *maxestá* [2, 40]); *mocedades* [112; 4]; *orfandade* [97, 16] (mais tamén *orfandá* [32, 122]); *posibildade* [30, 1227]; *posteridá* [118; 48]; *santidade* [4, 173; 44, 79] (mais tamén *santidá* [5, 15]); *saudade* [1, título; 99, 43]; *saudades* [56, 23]; *sereidá* [7, 54]; *seriedades* [13, 14]; *soavidades* [12, 7; 70, 50]; *soidade* [5, 35; 5, 46; *passim*]; *soidades* [3; 8; 25; 4]; *suidade* [31, 105; 53, 62; *passim*] e *suidades* [1; 3; 84; 35]; *suidosa* [39, 3; 65, 40; *passim*] e *suidoso* [4, 10; 8, 36; *passim*] (que alternan coas minoritarias *soidá* [71; 20] e *suidá* [14; 42]); *sonouridades* [70, 51]; *tempestades* [66, 7]; *trenidade* [85; 3]; *vaidade* [30, 802]; *verdade* [15; 5; 30, 59; *passim*] (mais tamén *verdá* [30, 521; 67, 12; *passim*]); *verdades* [30; 534; 99, 83; *passim*] e *vôntades* [70, 48] (mais tamén *vôntá* [32, 40]). En analoxía, mais por outro proceso que se explicará no apartado do verbo, tamén se crean as formas verbais *pasá* [2, 52]; *teñás* [2, 53]; *recollás* [16, 16]; *digás* [88, 74] e *alumás* [108, 50].

-ude>-ú: *aititude* [104, 6] (mais tamén *aititú* [44, 34]); *gratitude* [57, 129]; *virtudes* [82, 3] (mais tamén *virtú* [83, 21; 112, 18] e, sen acento, *virtus* [118, 44]) e *xuventude* [30, 544] (mais tamén *xuventú* [101, 10]). Boa proba desa asistematicidade da que sempre falamos é comparar solucións plenas e apocopadas no mesmo texto: *aititude* [104, 6] e *libertá* [104, 2]; *caridade* [32, 119] e *orfandá* [32, 122]; a mesma palabra *cibdade* [36, 2] e *cibdá* [36, 7]; *gratitude* [57, 129] e *amplidá* [57, 56]; *libertade* [101, 6] e *xuventú* [101, 10] ou *santidade* [44, 79] e *deidás* [44, 80].

r) -ARÍA / -ERÍA: Agás nos galicismos modernos en **-ería**, a normativa actual permiten o uso dos dous sufixos. Nos versos do noso poeta nunca atopamos solucións con **-aría**, só temos palabras co primeiro sufixo: *avería* [77, 5]; *bruxería* [35, 2; 35, 40]; *cantería* [30,

⁶¹⁶ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lúgrís Freire as formas como *irmandá(s)* / *libertá(s)* eran concibidas como ‘dialectais’, que se pretendían

231]; *freiría* [12, 11] ou *mourería* [101, 3]. Porén, máis produtivo aínda é o sufixo **-eiría**, que crea hipergaleguismos: *galeirías* [30, 938]; *monteiría* [113, 7]; *moueiría* [95, 30]; *prateiría* [16, 24]; *puntilleirías* [30, 941] e *romeiría* [28, 10; 28, 16; *passim*] ou mesmo con sufixo **-eirío**: *caseirío* [2, 3] e *podeirío* [65, 6; 93, 20]. De maneira excepcional temos tamén un sufixo **-uría**, en *canturía* [4, 33] (no actual estándar *cantarea*) e no castelanismo *xauría* [95, 13].

I.3.3.5.4.2. O número: A formación do plural

Neste aspecto a lingua utilizada polo poeta tamén presenta certa asistematicidade e, ás veces, rexistramos solucións dialectais que non pertencen á fala fisterrá do autor e que se poden explicar por un desexo de xerar un modelo de lingua literaria supradialectal como adoito acontecía noutros moitos escritores desta época.

⊕ Palabras rematadas en **-vogal** ou en **ditongo**.

A normativa actual sinala que engaden **-s**, mais aquí rexistramos tres solucións:

a) Engádeselle **-s** á forma en singular: con moito son as máis numerosas, a modo de exemplo citamos as palabras *aboas* [31, 31] ou *abós* [5, 6; 14, 2; *passim*]; mesmo cando rematan en vogal **-i** como *lelís* (‘alelís’) [32, 35] ou no caso do estranxeirismo adaptado *valses* [30, 1063]. Hai que mencionar a particularidades dos plurais *alas* [32, 31] e *azas* [30, 475; 30, 1321; *passim*] (en singular unicamente anotamos *ala* [82, 4]). Lémbrese novamente os casos citados de *irmaos* [56; 30; 117, 8] (fronte ao maioritario, con distintas grafías, *hirmans* [76; 7], sen acento, *hirmáns* [77, 98; 78, 4; *passim*] ou *irmáns* [2, 53; 11, 15; *passim*]) e de *graus* [24, 3; 24, 7; *passim*] e *graos* [72, 45] (para os singulares *grao* [38, 1117] e *grau* [38, 1; 38, 34; *passim*]). Tamén engaden **-s** á forma en singular as palabras

proscribir e non validar, en favor de *irmandade(s)* / *liberdade(s)*.

compostas: *entrepontes* [30, 1133]; *puxavantes* [51, 42] e *reviravoltas* [18, 6; 115, 9]. Porén temos *silvasmouras* [30, 113], aínda que semella unha gralla de imprenta por *silvas mouras*.

b) Engádeselle **-es** á forma en singular: no termo mariño *estaies* [30, 41] e no estranxeirismo *Potosíes* [30, 60; 30, 482].

c) Engádeselle **-ses** á forma en singular: *chaleses* [36, 57] (dun singular *chalé* que non se documenta, en cambio anotamos *chalete* [105, 38]) ou *reises* [85; 12; 112, 10] (tan só nestas dúas ocasións, mais tamén *reis* [30, 1130; 103,2; *passim*]);

② Palabras rematadas en **-r** ou **-z**.

A normativa actual sinala que engaden **-es** (no segundo caso cambiando **-z** por **-c**), mais na lingua do noso autor rexistramos tres solucións:

a) Engádeselle **-s** á forma en singular: *altars* [22, 15] (mais tamén *altares* [30, 1005]); *ars* [57, 105] (documentado tamén en Otero Pedrayo, tan só nesta ocasión, fronte ao maioritario *aires* [30, 907; 57, 99; *passim*], óbserve-se que incluso no mesmo poema que a anterior, e utiliza sempre a segunda no nome da cidade de *Bos Aires*); *azurs* [67, 25] (mais tamén *albazúes* [16, 28]; *azúes* [12, 4] ou *azues* [116, 64]); *emperadors* [54, 7] (mais tamén *emperadores* [71, 37]); *familiars* [40, 28] e *olladors* [30, 939], que ben puideran deberse a razóns métricas, por seren pouco habituais na escrita. Os estranxeirismos adecúanse á regra xeral, mais nalgúns casos admítese este plural, como sucede con *highlanders* [93, 42] (mais tamén nunha ocasión, con gralla, *higlanderes* [70, 45] ou na adaptación *sinfeineres* [70, 47]) e *máusers* [116, 23].

b) Engádeselle **-es** á forma en singular: É o habitual, entre as numerosas palabras salientamos algúns exemplos de plural de monosílabos: *frores* [16, 28; 30, 112; *passim*] (mais tamén anotamos *froles* [88, 38]; *frols* [73, 9], para un singular *frol*); *lares* [16, 74; 30, 59; *passim*]; *mares* [30, 35; 30, 60; *passim*]; *veces* [3, 21; 30, 934; *passim*] e *vesces* [116,

21] (aínda que o singular presenta sempre seseo implosivo ou posnuclera, *ves* [18, 16; 18, 25; *passim*]) ou *voces* [7, 49; 30, 496; *passim*]. O mesmo sucede nas palabras polisílabas, de novo algúns exemplos: *feroces* [44, 19]; *fervenzores* [38; 116]; *rapaces* [30, 928; 30, 1381; *passim*] ou *zoares* [10, 17; 10, 25], alén do latinismo *facies* [34, 4]. Incluso sorprende a corrección que opera en *arroaces* [48, 27], xa que a presenza de tanto léxico mariñeiro nos seus versos faría esperar unha forma *arroases*, dun singular *arroás* (que para Fernández Rei [2003: 330] debería ser a entrada no VOLG, pois considera *arroaz* castelanismo), mais non documentamos ningunha delas. Tamén engaden -s á forma en singular as palabras compostas: *multicôres* [55, 4; 57, 37] e *viacruces* [41, 5].

c) Engádeselle -ís (sustituíndo -z por -c): Anotamos un único caso, *anunzatrís* [57, 90] (fronte a *nunziatrices* [7, 26; 30, 167] que segue a regra xeral).

③ Palabras rematadas en -s ou -x.

As únicas palabras atopadas fan o plural conforme á normativa actual: o monosílabo *meses* [30, 1167; 30, 1292; *passim*] e as polisílabas *adeuses* [35, 82; 56, 3; *passim*]; o castelanismo *adioses* [74, 52]; *baupreses* [53, 15]; *cruñeses* [36, 59; 36, 69]; *deuses* [116, 68]; *feigreses* [30, 930; 69, 67]; *ingreses* [93, 39]; *países* [30, 814; 74, 3]; *santiagueses* [112, 16].

④ Palabras rematadas en -n.

A normativa actual sinala que engaden -s, mais aquí rexistramos dúas solucións:

a) A solución maioritaria, propia da zona dialectal na que se inscribe a fala do poeta e, ademais, normativa no actual estándar, é aquela na que se lle engade un -s á forma en singular. Non sinalaremos todos os exemplos por ser moi habitual, mais velaí os monosílabos, sen acento, *bens* [14, 36; 30, 993; *passim*]; *clans* [101, 8]; *grans* [53, 57; 91, 19; *passim*]; *mans* [4, 12; 12, 5; *passim*]; *pans* [38, 153]; *sans* [36, 69]; *sens* [53, 12] ou, con acento, *cháns* [77, 21], con acento, e *mans* [4, 12; 12, 5; *passim*]. Curiosamente, tamén

rexistramos un plural *huns* [30, 597] (dun singular *hun*, en vez de *huno*, que non se documenta). Cos mesma terminación tamén hai o latinismo singular *mens* [30, 1035]. E as palabras polisílabas, das que salientamos *atráns* [22, 11; 40, 36; *passim*] (dun singular *Atrán* [5, 45; 30, 1452; *passim*], mais tamén *atrantes* [71, 24], dun singular *Atrante* [20, 27; 41, 2; *passim*] ou *trasatráns* [65, 7] (dun singular *trasatrán* [30, 1164; 41, 4; *passim*], mais tamén *trasatrantes* [30, 1115], dun singular *trasatrante* [30, 1077; 60, 20]). Casos especiais son os de *hirmans* [76; 7] (sen acento); *hirmáns* [77, 98; 78, 4; *passim*]; *irmáns* [2, 53; 11, 15; *passim*] ao atoparmos tamén aquela solución xa comentada de *irmaos* [56; 30; 117, 8]; *campáns* [96, 36; 112, 5; *passim*] (dun singular *campán* [5, 40], mais tamén *campanas* [7, 49; 30, 581; *passim*], dun singular *campana* [5, 1; 5, 29; *passim*]); *costuns* [118, 26] (dun singular *costun*, que non se documenta, mais tamén *costumes* [88, 11]); *faciáns* [50, 9] (dun singular *facián* [112, 6], mais tamén *facianas* [30, 947]), dun singular *faciana* [30, 220; 30, 723]); *humáns* [30, 1137] (dun singular *humán* [94, 27], mais tamén *humanos* [44, 75]); *imaxens* [115, 12] (dun singular *imaxen* [4, 140; 30, 1272], mais tamén nunha ocasión *imaxe* [58, 57]); *nubens* [40, 31; 59, 1; *passim*] (mais nun deses mesmos poemas *nubes* [59, 33], aínda que non se documenta ningunha das formas en singular, nin *nube*, nin *nuben*); *románs* [15, 9; 33, 3; *passim*] (dun singular *román* [15, título]) e *tiberáns* [30, 535] (dun singular *tiberán*, que non se documenta). Tamén se axeita á normativa actual en palabras que non son patrimoniais, como o bretonismo *dolmens* [3, 18; 44, 60].

b) Substitución do -n do singular por -es:

Nalgunhas palabras que rematan no sufixo **-ón** no singular, aparece un plural **-oes**, propio da lingua portuguesa: *ilusioes* [30, 1361]; *rexioes* [30, 1347]; *salazoes* [30, 8]; *tradicioes* [30, 6]; *tritoes* [30, 1335]; todas no mesmo poema, ás que se lle unen *distinzoes* [42, 54] e, novamente, *tritoes* [71, 4]. Sorprende aínda máis porque no mesmo poema [30]; aparecen tamén as formas *amonicións*, *arpóns*, *balcóns*, *calexóns*, *castróns*, *corazóns*, *fatóns*,

froróns, galeóns, ilusións, ladróns e millóns; e no poema [42] tamén anotamos *pulmóns*. Non hai explicación posible para esta variabilidade, nin sequera por cuestións de rima e esta terminación non se rexistra en ningún outro poema.

c) Substitución do **-n** do singular por **-ís**:

Por cuestións de rima aparecen *bailarís* [18, 42] (para rimar co substantivo *bris*) e *bergantís* [72, 53] e *sanmartís* [72, 59] (para rimaren entre si e coa forma verbal *rís*).

⑤ Palabras rematadas en **-l**:

Tampouco aquí existe a sistematicidade na lingua literaria do noso autor e, como adoita suceder, mesmo alterna diferentes solucións nun mesmo poema ou para unha mesma palabra. Isto sucede en moitas composicións, escollemos para exemplificar este verso: *das sinais musicaes* [18, 46] ou a concorrencia de tres posibilidades nun poema, como sucede, por exemplo, en: *cardinals* [112, 17]; *trigaes* [112, 31]; *pinales* [112, 33]. Daquela, dada a enormidade das posibilidades, optamos por recoller esta clasificación:

a) Os monosílabos

A actual normativa sinala que os monosílabos sempre engaden o morfema **-es** á forma en singular. Porén, a lingua do noso poeta non é uniforme e anotamos dúas solucións:

a.1) engaden o morfema **-es**:

câles [2, 74]; *coles* [61, 8]; *eles* [30, 490; 30, 686; *passim*]; *froles* [88, 38] (mais tamén anotamos *frols* [73, 9] e *froles* [16, 28; 30, 112; *passim*]); *miles* [4, 117; 30, 61; *passim*]; *tales* [30, 297; 97, 48]; *vales* [3, 25; 7, 2; *passim*] e *viles* [112, 12].

a.2) engaden o morfema **-s**:

a única vez que temos o pronome *els* [30, 1226] (para rimar con *fel*); así como algunhas variantes de palabras anteriores: *frols* [73, 9] (mais tamén anotamos *froles* [88, 38] e *froles* [16, 28; 30, 112; *passim*]) e *vals* ('vales') [30, 587]; *vils* [91, 43; 96, 42; *passim*].

b) Palabras polisílabas agudas

b.1) substitúen **-l** polos morfemas **-is** ou **-ís** (no caso das rematadas en **-il**):

A normativa actual prescribe neste caso esta formación do plural, por ser aínda unha forma tradicional produtiva e por ser aceptada no galego estándar, mais na obra poética do noso autor tan só rexistramos unha palabra que segue este modelo: *varís* [18, 6] e ben puidera ser para rimar co substantivo *bris*. De feito, no mesmpo poema, atopamos o verso *das siñals musicaes* [18, 46] e *trigaes* [19, 47].

b.2) substitúen **-l** polo morfema **-es**:

albazúes [16, 28]; *alburaes* [32, 32; 70, 16]; *astraes* [30, 1343; 32, 30; *passim*]; *azúes* [12, 4] ou *azues* [116, 64]; *brutaes* [94, 7]; *caraveles* [30, 104]; *caudaes* [30, 24]; *cirimoniaes* [4, 48]; *cristaes* [14, 11; 30, 47; *passim*]; *crués* [103, 13]; *fraternaes* [30, 1373; 78, 5]; *froraes* [30, 942]; *glisaes* [34, 4]; *herbaes* [4, 54; 4, 62; *passim*]; *imbornaes* [39, 11; 42, 21; *passim*]; *integraes* [22, 7]; *maternaes* [30, 754]; *milleiraes* [4, 56; 4, 60; *passim*]; *mortaes* [3, 3]; *musicaes* [4, 46; 18, 46]; *pardaes* [9, 3]; *raciaes* [88, 11]; *temporaes* [39, 7]; *trigaes* [4, 53; 4, 59; *passim*]; *verticaes* [57, 101]; *vesperaes* [7, 12]; *virxinaes* [17, 4];]; *vouguedaes* [34, 5] e *xornaes* [34, 8; 51, 82; *passim*]. Moitas delas van repetirse no seguinte apartado, o que proba máis unha vez a asistematicidade.

b.3) engaden o morfema **-es**:

agoirales [16, 19; 70, 66]; *aqueles* [3, 13; 17, 9; *passim*]; *areaes* [91, 13]; *arfoniles* [83, 30]; *asfodeles* [32, 34]; *barriles* [48, 11]; *boureles* [69, 48]; *brañales* [7, 4]; *bretemales* [70, 70]; *caireles* [2, 76]; *cantiles* [44, 15; 68, 12; *passim*]; *caraveles* [32, 33]; *carriles* [16, 5]; *casales* [112, 50]; *catedrales* [44, 21] ou *catredales* [83, 26]; *ciriales* [43, 13; 93, 51; *passim*]; *coleirales* [64, 18]; *corales* [30, 1365]; *curiales* [97, 40]; *diviñales* [30, 95; 112, 37]; *fabriles* [36, 49]; *faroles* [101, 5]; *fatales* [101, 1]; *fondaes* [16, 9; 16, 36; *passim*]; *fraternales* [70, 58]; *furnaes* [30, 391; 44, 41; *passim*]; *fusiles* [116, 27]; *herbales* [21, 8;

53, 37; *passim*]; *igoales* [95, 24]; *lanzales* [17, 8; 21, 7; *passim*]; *lumiñales* [96, 17]; *mêstrales* [54, 5]; *milleirales* [24, 14; 29, 5; *passim*]; *mortales* [10, 10; 10, 20; *passim*]; *mozariles* [30, 538]; *musicales* [44, 64]; *niñales* [30, 1282]; *Ortegaes* [41, 29]; *oxivales* [44, 23]; *patacales* [16, 8; 16, 41; *passim*]; *peitoriles* [16, 43]; *petreles* [116, 14]; *petriles* [58, 75; 68, 13; *passim*]; *petruciales* [16, 40]; *pinales* [3, 26; 10, 1; *passim*]; *pombales* [14, 21]; *Pondales* [58, 38]; *portales* [101, 4]; *praiales* [30, 432; 58, 12; *passim*]; *quintales* [16, 16; 30, 197]; *retales* [60, 12]; *ronseles* [32, 118; 108, 3]; *sacramentales* [101, 8]; *sinales* [109, 24]; *sideirales* [3, 31]; *silveirales* [30, 628; 38, 95]; *tenebrales* [43, 12; 70, 71]; *toxales* [27, 10; 53, 48]; *trigales* [21, 9; 30, 119; *passim*]; *tuneles* [83, 40] sen acento; *veciñales* [24, 12; 42, 23]; *veirales* [21, 2]; *veneirales* [30, 99]; *vimbiales* [33, 27]; *xarabales* [30, 470]; *xogorales* [3, 10] e *xuncales* [21, 3].

b.4) engaden o morfema -s:

aqueles [118, 25; 118, 27]; *Bastabals* [95, 28]; *carballals* [2, 15]; *cardinals* [112, 17]; *ceviles* [27, 55]; *cristals* [38, 122; 44, 71]; *eirals* [38, 58]; *fadals* [40, 30]; *furnals* [44, 10; 50, 16]; *lumiñals* [95, 36]; *mandils* [30, 1396]; *marfils* [30, 1394]; *milleirals* [51, 80]; *nautils* [44, 76]; *ouquedals* [44, 81]; *panels* [57, 122; 67, 43]; *peirals* [50, 18]; *penedals* [99, 54]; *pinals* [107, 34]; *portals* [50, 15]; *ronsels* [8, 12; 54, 9; *passim*]; *rosals* [57, 40]; *touzals* [7, 51]; *sinxels* [30, 230; 30, 1206; *passim*]; *siñals* [18, 46]; *varils* [88, 16]; *xentils* [36, 60] e *xogorals* [57, 85].

c) Palabras polisílabas agudas compostas

A actual normativa prescribe que sempre engaden o morfema **-es** á forma en singular, mais na lingua do noso poeta anotamos tres posibilidades:

c.1) engaden o morfema -es:

cartafoles [30, 1079] e *chuchameles* [30, 24; 32, 35; *passim*].

c.2) engaden o morfema -s:

chuchamels [8, 10] (Cfr. anterior).

c.3) engaden o morfema **-s** nos dous elementos que forman a palabra:

saposcunchos [30, 314].

d) Palabras polisílabas graves

d.1) engaden o morfema **-es**:

Se a palabra *tuneles* [83, 40], sen acento, é unha gralla de imprenta, podería ser o único exemplo neste apartado.

d.2) substitúen **-l** polo morfema **s**:

apóstols [66, 4] (que remite para un singular tamén documentado *Apóstol* [30, 755], mais temos a forma galega *Apóstolo* [98, 54; 102, título] e o plural *apóstoles* [38, 164; 54, 4]); *inefábels* [30, 1333] (que remite para un singular *inefabel* [30, 2], aquí sen acento) e, finalmente, *terribels* [109, 7] (que remite para un singular *terribel* [97, 60; 98, 17; *passim*]), nas poucas veces nas que o poeta escolle a solución *-bel* para o sufixo latino *-BILIS*. [Cfr. I.3.3.5.4.1. Sufixos e terminacións].

I.3.3.5.4.3. O xénero

En relación co xénero hai que subliñar o paradoxo de coexistiren unha forma masculina e outra feminina para idéntica palabra, incluso nun mesmo poema ou en textos dunha etapa semellante, pero sobre todo os cambios de xénero que se producen por causa do influxo do castelán. Algunhas das alteracións eran habituais nos escritores da época polo que tamén se pode falar como causa posible o feito de estaren a escribir nunha lingua que non posuía aínda un estándar plenamente fixado. Así, con respecto á actual normativa, prodúcense as seguintes vacilacións:

a) palabras masculinas galegas que aparecen en xénero feminino:

as arroaces [48, 27]; *a costume* [17, subtítulo; 33, 41; *passim*] e *as costumes* [88, 11] (mais tamén os masculinos *seu costume* [33, 8], aínda que no mesmo poema o feminino *pr-â costume* [33, 41]; e *seus costuns* [118, 26]); *a cume* [7, 46; 76, 13] e *as cumes* [4, 162; 97, 56] (mais tamén o masculino *o/un cumio* [108, 20; 110, 6] e *os cumios* [44, 57]); *a cumial* [36, 29] (mais tamén o masculino *o cumial* [108, 8; 112, 45]); *a fel* [30, 1224]; *a leite* [118, 34]; *a mel* [30, 117; 118, 43]; *a pavura* [98, 41] (por ‘o pavor’); *as pesadelas* [83, 25]; *a pesadume* [4, 151] (mais a outra palabra con esta terminación en correcto feminino *a mansedume* [30, 337]); no castelanismo *as salentes* [51, 7]; *a sangue* [38, 188; 61, 41; *passim*] (a forma feminina, non normativa, é absolutamente maioritaria, mais en dúas ocasións anotamos *o sangue* [25, 11; 89, 2]); *a seirán* [7, 1; 7, 42; *passim*] e *a serán* [30, 80]; *as sinais* [18, 46] (tamén aparece a forma *sinale* [109, 24], nun contexto onde non se pode precisar o xénero); *a sorriso* [13, 14; 19, 1; *passim*]; *as sorrisas* [23, 9; 30, 338; *passim*] e *a surrisa* [36; 19] (no canto de *o sorriso*). Mención á parte é a palabra *xuntoira* [2; 4] (no canto de *xuntoiro*) talvez explicable para rimar con *corredoira*. De feito, na enorme base de datos do TILG só se rexistra no noso poeta e en Xaquín Lorenzo (1962).

b) palabras femininas galegas que aparecen en xénero masculino:

Practicamente todas teñen que ver so sufixo **-axe**, unicamente salientamos aquelas nas que o poeta se desvía da solución normativa, *seu áraxe* [30, 19]; *os boscaxes* [78, 14]; *aceirado cordaxe* [114, 7] (só nesta ocasión, fronte a *as cordaxes* [65, 39]; *o follaxe* [1, 14; 114, 5] (tan só nesas dúas ocasións fronte as maioritarias e normativas *a follaxe* [2, 91; 30, 108; *passim*] e *as follaxes* [4, 47]); *o homaxe* [1, 12] e *os homenaxes* [78, 11]; *o linguaxe* [53, 28; 56, 5; *passim*] e *os linguaxes* [31, 13]; no castelanismo *o oleaxe* [77, 43]; *o limaxe* [61, 31]; *os paraxes* [30, 815]; *o pasaxe* [30, 1127; 36, 40; *passim*] (nunha das ocasións *o pasaxe* [74, 41] vai antecedido de *as friaxes* [74, 35]); *o prumaxe* [58, 18]; *oledor ramage*

[73, 6] (só nesta ocasión, fronte a *na ramaxe* [30, 110], e no anterior poema vai antecedido de *a marge* [73, 2]); no castelanismo *os ultraxes* [109, 24] (no canto de *as aldraxes*) e tamén *o viaxe* [36, 39; 65, 23] e *os viaxes* [65, 42]. Mención á parte merece a palabra *paxe* [7, 17] ou *paxes* [16, 48] ‘cesto(s)’, que utiliza con absoluta corrección. Finalmente, sen o devandito sufixo, temos *o calor* [74, 4] e *os calores* [81, 8]; *de coor bermella* [38, 15]; *un döor* [30, 1317]; *o dôr* [50, 21; 61, 18]; *os döores* [31, 91] ou *os dôres* [94, 45] (mais tamén predominan as normativas: *a döor* [30, 1280]; *a dôr* [19, 11; 20, 8; *passim*] e *as dôres* [46, 15; 70, 54; *passim*]). En masculino tamén *de estreno* [30, 249]; *no análise* [53, nota] e o substantivo *o fin* [2, 103; 38, 97; *passim*], incluídas as expresións das que forma parte a palabra. E tamén en masculino *milláns* [7, 17; 38, 92] (no estándar esta planta gramínea que dana o millo é feminina, *millá / millás*). Obsérvase a vacilación nun mesmo poema [30] de masculino e feminino); *o suor* [14, 34; 38, 105] e *os suores* [46, 13] e o castelanismo *o testús* [24, 2] (no canto de *a testa* ou *a fronte*). No resto das palabras a lingua do poeta coincide coas propostas da normativa actual, para exemplo a perfecta diferenza entre o feminino *a fronte* [19, 3; 118, 9; *passim*] e o masculino *o frontal* [38, 100]. Tamén o fai nos termos mariños *o velamio* [65, 4; 65, 30] e *os velamios* [57, 108], malia o actual estándar aconsellar o uso da forma *velame(s)*.

c) outras variacións de xénero:

Deixando á parte o que xa se comentou no apartado referido aos sufixos, tanto en **-ÁN / -Á** ou **-ANA / -ANO / -ANA**, coma en **masculino -ÓN / feminino -OA / -ONA** [Cfr. I.3.3.5.4.1. Sufixos e terminacións], a formación do feminino no resto das palabras non se vai comentar ao seguiren sempre o mesmo modelo que prescribe a normativa actual, mesmo en termos adoito pouco utilizados como pode ser *Druidesa* [30, 334].

I.3.3.5.4.4. O artigo

Un aspecto importante a comentar é a vacilación que o poeta amosa no emprego da denominada segunda forma (**la, lo, las, los**). Así e todo, é maioritario o uso deste alomorfo fronte á súa ausencia. Cando aparece faino integrando o **l** na forma verbal e engadindo logo **-a, -o, -as, -os**, por exemplo: *leval-a moaxe* [2, 57]. Unha ampla listaxe cos exemplos desta asimilación da segunda forma do artigo, en múltiples contextos, xa figura recollida no apartado I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo [*Cfr. supra*].

Tamén, como por outra parte indicamos xa no referido apartado, é necesario advertir que os alomorfos da forma átona do pronome persoal acusativo aparecen representados da mesma maneira, polo que artigos e pronomes tan só se poden distinguir pola presenza ou non do substantivo, respectivamente.

No tocante ao artigo, alén dos numerosos exemplos citados que levan trazo e que se corresponden co uso da segunda forma despois de infinitivo ou das formas verbais conxugadas que rematen en **-r** ou **-s**, tamén rexistramos estas mesmas formas aínda en maior número que non van seguidas da segunda forma, como ocorre en: *ha vîr o bô día* [4, 104]; *arrandear as arboredas* [4, 168]; *sodes a patria* [10, 24]; *xas o esprito* [20, 26]; *cumprir os destiños* [22, 29]; *ganar o pan* [30, 58]; *coller a posta en Baio* [30, 63]; *honorar o día* [30, 193]; *ollar os montes e a ría* [30, 233]; *ao vîr o abrente* [30, 269]; *trabucades o choio* [30, 378]; *furadar a esmeralda* [30, 477]; *ollar as suas paisaxes* [30, 818]; *infrar os grobos* [30, 853]; *fîndar a misa* [30, 908]; *têr a crus* [30, 1274]; *ollar os seus niñales* [30, 1282]; *esparexer o sono* [30, 1388]; *pagar o susto* [30, 1424]; *saber o motivo* [31, 18]; *escrebir a consella* [31, 110]; *crarexar o día* [33, 1]; *brandear as espadanas* [33, 26]; *arribar o «Victoria»* [36, 7]; *dar o pan* [38, 42]; *das a boanova* [41, 7]; *deica chegar a alborada* [42, 77]; *vîr a lúa chea* [43, 6]; *esquecer as alvirtenzas* [45, 21]; *lembrar os prebes*

[51, 12]; *despertástedes as ledas cantareas* [51, 77]; *manexar o timón* [53, 37]; *derregar os herbales* [53, 47]; *devalar a fola* [57, 11]; *recoller a veste* [57, 17]; *baixar as mareas* [57, 29]; *coller a mantenza* [61, 7]; *mollar as saias* [63, 12]; *ni deixés os quefaceres* [67, 40]; *arrincar o vento* [69, 21]; *infrar as velas* [70, 34]; *subiar as escotas* [70, 43]; *alcendeches as romaxes* [70, 85]; *adimirar os miragros* [70, 101]; *contar a outa histórea* [71, 27]; *Como se foras o mar* [72, 10]; *mirar a frorida Primaveira* [74, 76]; *mollar os aleiros* [77, 9]; *ver as naves* [75, 11]; *vir a “ardentía”* [77, 56]; *botar o barco* [77, 68]; *torcer o seu camiño* [82, 8]; *trubar o silencio* [83, 13]; *salvar a Nosa Terra* [89, 1]; *furar a terra* [89, 6]; *hastra chegar o istante* [89, 11]; *elexir as súas vítimas* [89, 24]; *relembra os mortos* [93, 14]; *han rubir os pregos* [93, 47]; *merescen os máis férvedos loubores* [95, 75]; *por amar o Galego* [95, 84]; *têndes a verba* [98, 83]; *sintas os ollos* [99, 79]; *roubar a semente* [107, 15]; *mesturar os seus fillos* [109, 46]; *ollar o Atlante* [110, 11]; *usurpástedes os dreitos* [112, 11]; *somos os herdeiros* [115, 23]; *fomos os dous* [116, 57]; *levar a verba* [117, 22]; *ollar as terras* [118, 18]; *falar a língua* [118, 25] e *lembrar o seu lar* [118, 31]. Con todo, mais unha vez, o máis chamativo é a absoluta asistematicidade e que dentro dunha mesma composición haxa alternancia de solucións. Velaí estes exemplos confrontados:

sentil-a nai [4, 174] // *ha vîr o bô día* [4, 104]; *arrandear as arboredas* [4, 168].

xas o esprito [20, 26] // *ouzarémol-o canto* [20, 3].

pasámol-a seirán [30, 71]; *cumpril-a palabra* [30, 272]; *ganal-o pan* [30, 515]; *despedil-o barco* [30, 990]; *compril-a obriga* [30, 1422]; *alivial-a mágoa* [30, 1432] // *coller a posta en Baio* [30, 63]; *honorar o día* [30, 193]; *ollar os montes e a ría* [30, 233]; *ao vîr o abrente* [30, 269]; *trabucades o choio* [30, 378]; *furadar a esmeralda* [30, 477]; *ollar as suas paisaxes* [30, 818]; *infrar os grobos* [30, 853]; *findar a misa* [30, 908]; *têr a crus* [30, 1274]; *ollar os seus niñales* [30, 1282]; *esparexer o sono* [30, 1388]; *pagar o susto* [30, 1424].

ganal-o sustento [31, 80] // saber o motivo [31, 18]; escribir a consella [31, 110].
 decil-a verdá [33, cita] // crarexar o día [33, 1]; brandear as espadanas [33, 26].
 sel-a raíña [38, 77]; dal-a broa [38, 101] // dar o pan [38, 42].
 axeital-os tramallos [53, 36]; tripulal-a buceta [53, 39]; sachal-as patacas [53, 47]; seitural-
 os toxales [53, 48] // manexar o timón [53, 37]; derregar os herbales [53, 47].
 teñámol-o machado [89, 9]; abrangámol-as torres [89, 14]; busquémol-os lobos [89, 21] //
 salvar a Nosa Terra [89, 1]; furar a terra [89, 6]; hastra chegar o istante [89, 11]; elixir as
 súas vítimas [89, 24].
 fóstel-o Moisés [95, 61]; teral-o ben querer [95, 78]; seral-o Druída [95, 81] // merescas os
 máis férvedos loubores [95, 75]; por amar o Galego [95, 84].
 tel-o patriotismo [109, 12]; ollal-as verbas [109, 50]; tel-a culpa [109, 53] // mesturar os
 seus fillos [109, 46].

A constatación máis evidente prodúcese nestes dous versos: *fún sachal-as patacas, derregar os herbales / facer monllos de millo, seitural-os toxales*, [53, 47-48].

Pola contra, nunca fai uso do guión ou trazo despois dos pronomes enclíticos *nos*, *vos* e *les* ou dos pronomes tónicos *nós*, *vós*: *infúndelles o sopro* [4, 116]; *mostrándonos a man* [13, 34]; *rebúldalles a chola* [30, 857]; *eispricarvos o motivo* [31, 115]; *viróuselles a sorte* [33, 69]; *derrócanvos os niños* [33, nota]; *infatóunos a espranza* [33, 91] ou *branqueándolles os chavellos* [109, 2].

A vacilación retorna cando se trata das segundas formas do artigo que aparecen **despois de participio**. Neste caso non concorren dentro dun mesmo texto e son absolutamente maioritarias as formas con trazo, con asimilación na fala, mais que as Normas [2003] tampouco aconsellan reflectir na escrita: *desbotáadol-os ciumes* [7, 63]; *tendídal-as trañas* [30, 13]; *coguladol-os vasos* [53, 68]; *Asustadol-os crocos* [57, 71]; *voltol-os ollos* [75, 14]; *estreitadal-as mans* [88, 67]; *pousadal-as gaiotas* [94, 15] e

límpol-os camiños [108, 39]. Mais nunca co participio en singular, polo que serían totalmente incorrecto *perdidal-a fé* [30, 1050] e *postal-a outra* [61, 26]. Levado por estes casos de asimilación, tamén o fai nunha ocasión co sunstantivo en plural *órfol-os pés* [57, 66] ou co verbo en singular *deval-as verdes ondas* [83, 46], afastadas todas elas da corrección. Fronte a todas elas só rexistramos tres exemplos de participios que non van seguidos da segunda forma como: *cumpridos os traballos* [31, 113]; *Ben tesas as estachas* [49, 5] e *cheos os moños* [70, 84].

Ora ben, despois das preposicións **por** e **tras**, trala conxunción copulativa (e) **mais** ou despois de **ambos** e **todos** utiliza case sempre a segunda forma do artigo. Coa preposición **por** a actual normativa prescribe o seu uso sen o guión ou trazo, mais o noso poeta opta por escribir sempre a segunda forma do artigo con trazo: *pol-a* [2, 47; 2, 63; *passim*]; *pol-as* [3, 16; 3, 30; *passim*]; *pol-o* [1, 11; 2, 57; *passim*]; *pol-os* [3, 5; 3, 35; *passim*], (e un excepcional *pol-ôs* [68, 14], tanto no libro coma no mecanoscrito). Igualmente, nun poema, rexistramos *pól-a* [74, 2; 74, 10; 74, 51] e *pól-os* [74, 66], mais como este texto foi publicado na revista foneticista *Estudios Gallegos*, ben puider deberse á intervención no texto do seu director Aurelio Ribalta. Nun dos seus primeiros poemas tamén aparece representada con apóstrofo: *pol'o* [76, 5].

No tocante a (e) **mais**, tamén é habitual o emprego da segunda forma do artigo, así constatamos: *mail-a* [7, 22; 30, 993; *passim*] ou *mail-os* [70, 65]. Así a todo, rexistramos cinco excepcións, todas elas con valor adversativo: *Mais o fondo reberte* [30, 1175]; *Mais a fonda soidade* [30, 1239]; *mais o nome* [52, 11]; *mais as xentes* [107, 37] ou *mais o nobre poeta* [111, 12]. Obsérvase que nun mesmo poema [30] volve a se producir a utilización de diferentes solucións para un mesmo contexto.

Despois de **ambos** non existe ningún contexto con artigo, de feito só aparece a forma *por entramos* (sic) [30, 528] e *entramas* (sic) [71, 23].

Despois de *todos* / *todas* rexistramos os seguintes: *todol-os fortes* [2, 19]; *todol-os persoaxes* [30, nota]; *todol-os días* [30, 297; 100, 33]; *todol-os portadores* [30, 672]; *todol-os galegos* [30, 811; 31, 76]; *todal-as xanelas* [30, 900]; *todal-as facianas* [30, 947]; *todal-os fogares* [30, 977]; *todal-os mares* [39, cita; 99, 17; 100, 60]; *todal-os que foron afogados* [50, 5]; *todal-as tardes* [75, 4] (e tamén no mesmo poema *todal'as tardes* [75, 42]); *todal-os irmáns* [95, 83]; *todal-os camiños* [99, 31; 108, cita; 108, 13] e *todal-os detraidores* [108, 30]; alén doutro excepcional *todal'os hirmans* [76, 7] e varias formas actualmente incorrectas, pois *todos* non admite hoxe contracción co singular: *todal-a costa* [4, 121]; *todal-a redonda* [30, 171; 33, 66]; *todal-a vida* [30, 1121] (aínda que no mesmo poema *toda a noite* [30, 750]; *toda a vila* [30, 986]; *toda a comarca* [30, 995]); *toda-a vida* [105, 16]; *todo-a día* [105, 35] ou *tod-ó peito* [116, 89]. Con todo, son excepcionais fronte ás maioritarias sen trazo ou guión.

Despois da preposición *tras* unicamente anotamos: *tral-os mares* [30, 60].

Tamén rexistramos a segunda forma noutros casos que actualmente non prescribe a normativa e que son habituais na fala, como ocorre despois do adverbio **mentres** ou **mentras** (forma que tamén emprega, influenciada polo castelán). Desta maneira, anotamos en dúas ocasións: *mentral-a outra* [30, 698] e *mentral-as fontes* [44, 63], ás que hai que engadirlle *antramentrel-o cuco* [7, 40] e *antramentrel-os fumos* [30, 150]. Ben é certo que no resto sempre opta pola solución sen contracción: *mentres os bicos* [4, 121]; *mentras as castañetas* [18, 19]; *mentras as mozas* [23, 15]; *namentras as meniñas* [30, 932]; *namentras os pimpíns* [33, cita]; *mentras a dorna* [39, cita]; *mentras a vos* [45, 45]; *namentras as furnas* [50, 49]; *mentras as nubes* [59, 33] e *mentras a dorna* [100, 59].

Opta tamén polas ‘primeiras formas’ do artigo, consonte coa normativa actual, despois da conxunción **pois**. Velaí: *pois o ceo* [27, 7]; *Pois as novas* [30, 410]; *pois a Praza*

[30, 419]; *pois as almas* [30, 901]; *pois os homes* [30, 1117]; *pois a guerra* [30, 1183]; *pois os vellos* [31, 27]; *pois os brazos* [38, 60] e *pois a nai* [59, 15].

Nas contraccións coas preposicións **a, con, de, en, pra, entre** e **contra**, emprega case sempre as chamadas ‘primeiras formas’ do artigo. Porén, faino dunha maneira asistemática e mesmo absolutamente caótica, pois pode representarse de moitas formas diferentes. Ao seren numerosos exemplos tan só citaremos un par (singular e plural) en cada caso:

A) contracción **a+a(s)**: representada como *á(s)*, *â(s)*, con maioría das formas con acento circunflexo *contra á borda* [80, 1]; *cara ás costas* [80, 2] // *â veira* [1, 2]; *âs mulleres* [7, 50].

B) **a+o(s)**: aparece como *ó(s)*, *ô(s)* e *ao(s)*: *ó corpo dos peixes* [79, 10]; *ós desleigados* [91, 41] // *avanceiras ô mar* [83, 9]; *ôs brincos* [84, 30] // *ao vento* [1, 5]; *deica aos recunchos* [2, 35].

C) **con+a(s)**: aparece representada con *coa(s)*, *co-a(s)* ou *c’as*: *coa fogáx* [2, 70]; *coas mil linguas* [2, 49] // *co-a crus* [33, 87]; *co-as concas* [83, 10] // *c’as faces* [74, 21]. Nunha versión de *A Nosa Terra*, recollida nas notas de edición, tamén temos *c-â(s)*.

D) **con+o(s)**: reflíctese aínda con maior variabilidade, *co(s)*, *có(s)*, *cô(s)*, *c-ô(s)* e incluso *c’os*: *co segredo* [109, 41]; *cos fillos* [53, 2] // *Có corazón* [115, 1]; *cós foguetes* [30, 847] // *cô asesño* [2, 86]; *côs dedos* [2, 12] // *c-ô teu manto* [71, 2]; *c-ôs seus tellados* [84, 16] // *C’os probes* [74, 39].

E) **de+a(s)**: temos *da(s)* ou *d’a(s)*: *da crus* [1, 1]; *das landras* [2, 25] // *d’a rápeda corrente* [73, 4]; *d’as aldeas* [74, 16]. Nunca se rexistra unha solución con trazo, *d-a(s)*.

F) **de+o(s)**: igualmente *do(s)*, *d’o(s)* ou *d-o(s)*: *do sofrimento* [1, 1]; *dos hérbedos* [2, 25] // *d’o Renacemento* [73, 10]; *d’os países* [74, 3]. Mais tampouco nunca se rexistra unha solución con trazo, *d-o(s)*.

.....

G) **en+a(s)**: xa que anotamos *na(s)*, *n'a(s)* ou *n-a(s)*: *na mentada congostra* [2, 10]; *nas soidades* [3, 8] // *N'a marge destra* [73, 2]; *n'as meixelas* [74, 22] // *n-as praias* [4, 69] e o singular só nunha versión de *Céltiga*, como se sinala en nota.

H) **en+o(s)**: tamén *no(s)*, *n'o(s)* ou *n-o(s)* e nunha ocasión *n-ôs*: *no poleiro* [2, 59]; *nos Moíños* [2, 100] // *n'o Inverno* [74, 35]; *n'os peitos* [76, 6] // *N-os brazos* [4, 1] e o singular só nunha versión do *Galicia*, como se sinala en nota // *n-ôs botóu* [38, 152] e non se documenta o singular.

I) **pra+a(s)**: temos unhas veces *pra-á(s)* e outras *pr-â(s)*: *pr-á América* [86, 17]; *pr-ás ideas* [91, 29] // *pr-â grórea* [13, 41]; *pr-âs pernas* [9, 18] // Incluso atopamos moitos contextos sen contracción: *pra a miña ilusión* [2, 79]; *pra as traíñas* [30, 506].

L) **pra+o(s)**: rexistraos tamén unhas veces *pra-ó(s)* e outras *pr-ô(s)*: *pr-ó trúnfo* [89, 5]; *pr-ós lobos* [109, 32] // *pr-ô xa longo agardar* [35, 8]; *pr-ôs celtas* [93, 35]. E, de novo, tamén atopamos contextos sen contracción: *pra o mozo* [23, 9] e *pra os meus ollos* [2, 56]. Por se a confusión non fose dabondo, a forma masculina *pro* é homógrafa da conxunción **pero**, velái un exemplo: *pro máis chove* [11, 21].

LL) **entre/antre+a(s)**: anotamos absolutamente todas as formas sen contracción, como sucede en *antre a follaxe* [30, 108]; *antre as câles* [2, 74] ou *entre as mulleres* [38, 73].

M) **entre/antre+o(s)**: anotamos formas sen contracción, como sucede en *antre o arume* [30, 7]; *antre os rhitmos* [3, 33]; *entre os homes* [30, 63]; mais tamén nun único caso aparece a contracción *antr-ôs penedos* [37, 4].

N) **contra+a(s)/o(s)**: normalmente tampouco presenta contracción, *contra a morte* [30, 1283]; *contra o rei* [33, 14]; *contra os cons* [44, 56]. Porén, rexistramos dous casos excepcionais: *Contr-âs casas* [58, 27] (mais no mesmo poema *contra os cimentos* [58, 29]) e *contr-âs laxes* [109, 55].

.....

O) **outras contraccións do artigo**: tamén, de maneira excepcional, rexistramos outras contracción do artigo, con outras preposicións ou conxuncións *car-ô branco Camiño* [8, 24]; *car-ôs ceus* [94, 36]; *hastr-ô gran corazón* [14, 12]; *hastr-ôs xoellos* [57, 68]; *com-ôs figos* [12, 3]; *cand-ôs aspros* [33, 83]; *baix-ôs bicos* [41, 81]; *sobr-ô rostro* [98, 34] ou *xunt-ó berce* [112, 54].

Finalmente, no que atinxe á **presenza / ausencia do artigo** diante de **posesivo**, máis unha vez hai que falar de absoluta asistematicidade pois achamos numerosos exemplos de ausencia do artigo e moitos máis de presenza, como é norma. Ademais, tamén se dá o paradoxo de que podemos atopar presenza ou ausencia do artigo en contextos semellantes e, ás veces, inclusive dentro do mesmo texto, como sucede nestes dous exemplos: *Túas mans* [32, 1], fronte a *as túas mans* [32, 28], e *que pra o teu mariñeiro, / jé grórea solagar teus imbornaes / na salgada negrura!* [39, 10-12]. Como recoller todos os exemplos levaría varias páxinas, optamos por sinalar un caso de ausencia e outro de presenza do artigo perante cada unha das formas do paradigma dos posesivos. Así, temos:

-
- **meu**: *do meu parente* [13, 10] / *meu santo* [12, 2].
 - **meus**: *os meus ollos* [2, 56] / *meus pês descalzos* [61, 36].
 - **miña**: *a miña ilusión* [2, 79] / *atendan miña arela* [32, 126].
 - **miñas**: *as miñas soidades* [34, 14] / *miñas soidades* [56, 11].
 - **teu**: *do teu canto* [5, 15] / *teu compañeiro* [2, 98].
 - **teus**: *os teus esbaros* [41, 41] / *teus imbornaes* [39, 11].
 - **túa**: *a tua vos* [5, 41] ou *na túa vida* [30, 76] / *túa vos* [5, 25] (Obsérvase que poden ir acentuados ou non, en menor medida).
 - **túas**: *as túas andrómenas* [30, 344] / *Túas mans* [32, 1].

- **seu (posuidor singular):** *cô seu noivo (dela)* [4, 67] / *seu puro sentimento (dela)* [1, 8].
- **seus (posuidor singular):** *os seus amores (dela)* [4, 80] / *seus amados (dela)* [4, 84] (Obsérvese que se trata do mesmo texto).
- **súa (posuidor singular):** *da sua mágoa (dela)* [4, 152] ou *da súa fala (dela)* [12, 14] / *súa rexa Aragón (del)* [14, 18]. (Obsérvese que poden ir acentuados ou non, en menor medida).
- **súas (posuidor singular):** *as suas paisaxes (del)* [30, 818] / *súas leis (del)* [15, 9].
- **noso:** *o noso amor* [28, 9] / *Noso omilde Sant-Iago* [102, 1].
- **nosos:** *dos nosos celtas abós* [5, 6] / *nosos días* [6, 9].
- **nosa:** *na nosa romeiría* [28, 10] / *nosa sangue* [86, 10].
- **nosas:** *as nosas naves* [65, 1] / *nosas vidas* [30, 75].
- **voso:** *no voso seo* [109, 10] / *voso zoar* [10, 28].
- **vosos:** *d'os vosos pasos* [75, 28] / *Vosos zoares* [10, 25].
- **vosa:** *a vosa inquedanza* [81, 13] / sen exemplos de ausencia.
- **vosas:** *das vosas arpas* [10, 16] / sen exemplos de ausencia.
- **seu (posuidor plural):** *(elas) ceiban o seu prego* [38, 102] / *(elas) contan seu tesouro* [30, 102].
- **seus (posuidor plural):** *dos seus voios (deles)* [3, 21] / *seus cantos (deles)* [2, 93].
- **súa (posuidor plural):** *na súa fala (eles)* [53, 23] / sen exemplos de ausencia.
- **súas (posuidor plural):** *(delas) As súas cantareas* [17, 5] / *(deles) súas vidas* [55, 8].

Ademais, tamén anotamos varios casos de **ausencia de artigo** diante do **posesivo** coincidentes cos que hoxe están contemplados nas *NOLG* (2003):

➤ **en vocativos:** *Non tembres, meu amor* [26, 4]; *¡qué mans, meus bôis amigos!* [12, 5]; *canta, miña rula* [9, 8]; *Haxa pas, miñas entranas;* [30, 400]; *¡¡Teu fogar honorado!!* [13, 59] ou *¡noso céltigo orgulo,* [32, 56].

➤ **cos substantivos que designan seres únicos:** *Nosa Santa Rosalía* [30, 184], que ás veces son abstraccións *Nosa Santa Terra* [54, 11]; *Noso Chan* [2, 99] ou entes que se queren individualizar, como *a Nosa Fala e a Nosa Dôr* [19, 11].

➤ **con nomes de parentesco:** *meus irmáns* [2, 53]; *meu tío* [13, 34]; *meu irmán* [13, 35]; *miña nai* [10, 12]; *miña aboa* [27, 47]; *miña curmán* [30, 368]; *miña sogra* [100, 24]; *miña irmán* [100, 27]; *teu pai* [27, 55]; *túa tía* [99, 1] ou *súa neta* [100, 23]; que tamén poden aparecer con presenza do artigo: *â miña bisaboa* [13, 3]; *dos meus abós* [14, 2]; *o meu bisabó* [14, 16]; *â miña sobriña* [30, 348]; *a miña nai* [45, 22]; *no teu fillo* [104, 14]; *aos seus fillos* [22, 25]; *â vosa bisaboa* [13, 48] ou *voso pai* [30, 555]. Mención á parte merecen a aférese do posesivo, en *ña nai* [13, 39; 56, 7; 118, 12] (tan só nas tres ocasións citadas, fronte á forma plena *miña nai* [10, 12; 45, 11; *passim*]).

I.3.3.5.4.5. O demostrativo

No sistema de demostrativos o poeta fai uso do paradigma propio do Bloque Occidental: Área Fisterrá, na denominación de Fernández Rei [1985], no que se inscribe a súa fala dialectal natal e que ademais coincide, agás no neutro (*isto / iso / aquilo*), co actual estándar por se tratar do sistema que posúe maior extensión xeográfica.

Desta maneira, nos textos anotamos: *este(s)*, *esta(s)*, *esto*, *ese(s)*, *esa(s)*, *eso*, *aquel(es)*, *aquela(s)*, *aquelo*. Tan só en dúas ocasións fai uso dunha forma que non se corresponde con seu paradigma natural: *ises* [116, 50]; que ben puidera ser unha corrección dos responsables da publicación periódica onde ve a luz o poema, *Galicia (FSG)*, e *aquí* [13, 40], talvez para rimar con *fusil*. Algunhas ocasións os demostrativos, en función pronominal, levan acento, algo que a normativa actual prescribe como incorrecto: *éste* [38, 8]; *éstes* [65, 6]; *n-éste* [30, 530]; *aquél* [30, 349; 30, 994; *passim*]; *aquéles* [51, 24; 98, 51; *passim*] ou *aquélas* [69, 19; 93, 36], e tamén *de aquéla* [30, 1240]; *de aquél* [30, 1284]; *de aquéles* [109, 11]; *n-aquéles* [84, 44] ou *pr-aquél* [38, 4]. Excepcionalmente dous dos contextos citados non teñen función pronominal: *n-aquéles vidros* [84, 44] e *aquélas nobres terras* [93, 36].

Alén diso, as únicas particularidades veñen da presenza do neutro: *esto* [30, 742] e *eso* [93, 29], e de varios exemplos dun demostrativo arcaico, que se rexistra no poema [30], con tres formas do seu paradigma: *aquesta* [30, 286; 30, 1449]; *aqueste* [30, 324] e *aquestas* [30, 336] e de maneira ocasional na contracción *d-aquéste* [108, 19].

Os demostrativos poden atoparse tamén contraídos coas preposicións **de** ou **en**, representadas de diferente maneira, aínda que o poeta opta maioritariamente polas formas que sinalan a contracción con trazo ou guión. Así, anotamos:

♣^{1ª} **persoa**: *d-este* [20, 6; 30, 541]; *d-esta* [14, 33; 30, 709; *passim*] (e nunha ocasión tamén sen contracción: *de ésta* [23, 8; 30, 1091] ou sen acento, no mesmo poema, *de esta* [30, 370]); *n-este* [11, 20; 16, 1; *passim*] ou *n-éste* [30, 530]); *n-esta* [5, 36; 31, 2; *passim*] (e tamén *n'esta* [76, 8; 78, 9] e nunha ocasión *nesta* [96, 4]); *n-estes* [89, 22] (e nunha ocasión *n'este* [78, 1]), alén das subliñadas formas do neutro e do paradigma do demostrativo arcaico. Tamén anotamos outras contraccións máis complexas: *d-estora* [4, 173] e *nestora* [5, 11; 53, 62], tamén con trazo *nestora* [11, 7].

↪ **2ª persoa:** *d-ese* [38, 155]; *d-eses* [43, 9]; *d'esa* [77, 73] (mais tamén sen contracción: *de esa* [30, 381]; *de ese* [30, 1313]; *de eses* [96, 6]); *n-ese* [36, 5; 38, 129]; *n-esas* [31, 33; 53, 54]; *n-eses* [2, 24]. Por fonética sintáctica tamén temos *qu'ese* [77, 76].

↪ **3ª persoa:** Ademais de *d'aquela* e *d'aqueles* (que figuran en versións de publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición); anotamos maioría de formas con trazo: *d-Aquel* [118, 42]; *d-aqueles* [17, 9; 96, 17; *passim*]; tamén con acento *d-aquéles* [34, 4; 108, 19] e nunha ocasión *d-aquels* [118, 25; 118, 27]; *d-aquelas* [32, 64] (mais tamén moitas veces sen a contracción: *de aquela* [30, 648; 30, 1382]; *de aquela* [30, 1240]; *de aquel* [30, 1271; 30, 1279; *passim*] ou con acento *de aquél* [30, 1284]; *de aqueles* [3, 13; 30, 747; *passim*] ou con acento *de aquéles* [109, 11]; *n-aquela* [30, 645; 31, 47; *passim*]; *n-aquelas* [31, 84]; *n-aquel* [31, 90]; *n-aqueles* [30, 650] e *n-aquéles* [84, 44]. E tamén coa preposición *para / pra*, *pr-aquél* [38, 4]; *pr-aqueles* [32, 73; 95, 35] ou incluso *par-aqueles* [77, 59]. Finalmente tamén rexistramos a contracción *aqueloutros* [30, 666], mais tamén *aquel outro* [20, 7].

En definitiva, unha vez máis a lingua literaria do poeta vaise caracterizar por unha absoluta carencia de sistematicidade como certifica a variedade de formas utilizadas e o feito de concorreren algunhas delas en textos da mesma etapa creativa ou inclusive no mesmo poema.

I.3.3.5.4.6. O pronome persoal

A) Serie tónica

A lingua literaria de **Antón Zapata García** caracterízase, en xeral, por ter un paradigma dos pronomes persoais tónicos consonte co hoxe considerado normativo, que

mesmo inclúe un plural dos denominados exclusivos, aínda que utilizado só en catro ocasións na primeira persoa: *nosoutros* [27, 59; 74, 6; 81, 26] e *nosoutras* [50, 37], e en cinco na segunda: *vosoutros* [13, 32; 81, 9; 93, 44] e *nosoutras* [61, 25; 61, 33]. Agora ben, dado que estas formas de plural non adoitan ser de uso común na área dialectal da que proviña o noso poeta (Cfr. Fernández Rei [1985: 75]), ben puidera pensarse que se trata dun fenómeno de supradialectalismo polo contacto lingüístico na colectividade dos galegos emigrados.

Ademais, utiliza en varias ocasións como pronome neutro unha forma, inusual no galego moderno, sempre antecedida pola preposición, *por el-o* [30, 321; 30, 532; *passim*], que tamén pode aparecer nunha contracción coa preposición *de*, grafada desta maneira *d-el-o* [116, 57]. Unicamente nunha ocasión aparece incluso sen preposición, na expresión *¡el-o non importa!* [116, 57].

O paradigma complétase coas formas oblicuas ligadas *comigo* [27, 44; 27, 58; *passim*]; *consigo* [80, 9] e *con nosco* [38; 166] (que a normativa actual prescribe *connosco*). En ocasións non fai uso da forma oblicua ligada e así temos: *con nós* [89, 18; 117, 29] ou *con nosoutros* [27, 59].

Non obstante, no paradigma existen algunhas irregularidades que non nos deben pasar desapercibidas. En primeiro lugar, non garda coherencia na súa acentuación. Como xa adiantamos (Cfr. I.3.3.5.2.3. O acento ortográfico), o pronome *ti* aparece indistintamente con ou sen til, aínda que predomina a opción acentuada: *tí* [2, 51; 9, 6; *passim*] fronte a *ti* [65, 2; 65, 32; *passim*]. Porén, o pronome *el* aparece maioritariamente con til, *él* [7, 19; 18, 28; *passim*] (incluso nas contraccións, Cfr. *infra*) e de maneira excepcional *El* [30, 520; 30, 764; *passim*] (cando vai en maiúscula e lembremos que as maiúsculas non se adoitaban acentuar na época). Pola contra o feminino case sempre aparece sen acento, *ela* [8, 18; 18, 2; *passim*] e tan só nunha ocasión *éla* [88, 74] (coa idéntica variabilidade nas contraccións,

Cfr. infra). Ás veces, as formas de plural no pronome persoal da P3, sen dúbida por analoxía co singular, tamén poden aparecer acentuadas, mais maioritariamente aparecen sen acento: *eles* [30, 490; 30, 768; *passim*] (mais tamén *n-éles* [84, 49] ou *n-eles* [56, 10]) e *elas* [30, 303; 30, 307; *passim*] (mais tamén *n-élas* [91, 33] ou *n-ela* [68, 8] e *n-elas* [64, 36; 70, 40]). De maneira excepcional anotamos o uso dunha forma *els* [30, 1226] (para rimar con *fel*). Maior sistematicidade existe no caso de *nós* e *vós*, pois case sempre levan acento gráfico, tan só nun poema aparece sen til o pronome suxeito *vos* [93, 25; 93, 39] e semella unha posible gralla de imprenta, ao ser un dos dispersos que non está no libro.

Tampouco hai sistematicidade á hora de contraer ou non coas preposicións. Polo xeral opta pola contracción, que adoita vir marcada con guión ou trazo. De maneira excepcional tamén se rexistran contraccións con apóstrofo: *d'ela* [77, 33; 77, 90] (só neste poema) ou *d'éles* (só en versións de publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición). E con trazo: *d-él* [30, 738; 38, 17; *passim*] (tan só nunha ocasión sen trazo *dél* [49, 14]); *d-éles* [93, 19] (mais sen acento maioritariamente *d-eles* [32, 117; 30, 33; *passim*]); *d-éla* [100, 32] (mais sen centos maioritariamente *d-ela* [9, 16; 38, 149; *passim*]); *d-élas* [83, 27; 83, 48] (mais tamén sen acento *d-elas* [97, 7]); *n-él* [30, 1023; 30, 1176; *passim*]; *n-éles* [84, 49] (mais tamén sen acento *n-eles* [56, 10]) e *n-élas* [91, 33] (mais sen acento maioritariamente *n-ela* [68, 8] e *n-elas* [64, 36; 70, 40]). Por fonética sintáctica, tamén atopamos contraccións que hoxe non se representan: *diant-él* [18, 28] e *qu-él* [7, 19]. E ocasionalmente tamén contextos anteriores sen contracción: *de elas* [23, 31; 30, 321] e tampouco fai contracción coa preposición *antre*: *antre eles* [30, 688] ou *antre elas* [30, 290].

B) Serie átona

As anteriores formas tónicas conviven coa representación das formas átonas do pronome enclítico, que adoitan aparecer con trazo ou guión, cando a normativa actual prescribe que vaian ligadas á forma verbal sen ese trazo, reservado para sinalar se se quixer o alomorfo da segunda forma do artigo. Así, rexistramos os seguintes pronomes proclíticos de acusativo da serie *o(s)*, *lo(s)*, *no(s)* / *a(s)*, *la(s)*, *na(s)*: *miral-o* [2, 55]; *vel-o* [2, 71; 20, 5; *passim*]; *vel-os* [9, 3]; *relembra-la* [12, 12]; *vel-a* [14, 41; 14, 42; *passim*]; *comel-os* [16, 68]; *miral-a* [21, 9; 42, 29]; *erguel-a* [22, 34]; *sabel-o* [27, 56; 67, 2]; *salval-o* [27, 57]; *habel-as* [30, 240]; *namoral-a* [30, 274]; *recortara-las* [30, 373]; *apagal-o* [30, 683]; *bautizal-os* [30, 685]; *dal-as* [30, 741]; *leval-a* [30, 753]; *embarcal-o* [30, 1088; 30, 1265]; *podel-o* [30, 1222]; *deixal-o* [30, 1291]; *facel-a* [31, 114]; *buscal-os* [33, 67; 58, 64]; *atopal-os* [33, 68]; *alcontral-os* [33, 92]; *logral-o* [38, 67]; *debullal-as* [38, 102]; *estreital-os* [41, 44]; *bical-os* [41, 46]; *qu-erguestel-a* [41, 50]; *podel-os* [41, 70]; *tel-as* [48, 3]; *vel-as* [51, 11]; *lembra-la* [53, 44]; *consolal-os* [56, 8]; *axudal-os* [56, 20]; *compadecel-o* [67, 67]; *il-o amarrar* [77, 50]; *matal-a* [82, 8]; *verémol-a* [87, 19]; *adoural-a* [88, 70]; *querel-a* [88, 71]; *bical-a* [88, 72]; *mantel-a* [91, 18]; *fervel-o* [91, 36]; *falal-a* [91, 45; 99, 36]; ... *¡vámol-a andando!...* [100, 27]; *tintinal-as* [100, 40]; *arrincal-a* [109, 28]; *asocial-o* [109, 40]; *batel-os* [110, 4]; *brandel-a* [111, 2]; *quental-o* [116, 46]; *topal-o* [116, 54] e *ollal-o* [116, 94]. E tamén na contracción entre forma verbal conxugada que remate en *-n* e o pronome enclítico: *atopáron-o* [20, 1]; *feríron-o* [27, 54]; *fóron-a* [30, 636]; *chamáron-a* [43, 2]; *vin-o* [116, 86] e *enterráron-o* [116, 92]. Nunha das ocasións, con inesperada perda da nasalidade: *vío-o morrer* [15, 14]. E noutra ocasión aparece marcada con guión ou trazo a concorrencia de pronomes en dativo e acusativo da terceira persoa, contrariando a actual norma: *vol-as* [16, 15], algo que tamén sucede en dous exemplos de pronomes enclíticos: *y-a fagan* [74, 69]; *y-as que veñen* [77, 13]. Finalmente, por fonética sintáctica, atopamos os pronomes unidos a partículas que hoxe a normativa non considera: *non-a* [30, 712; 107,

4]; *non-o* [30, 1089; 36, 37] e *non-os* [95, 79], marcando o encontro entre a negación e o pronome, mais só neses casos. Algo moi semellante acontece en *nin-o* [30, 1291] e *sin-a* [93, 10], ou na incorrecta *ven-o* [35, 5].

Con respecto á distinción entre os **pronomes átonos** *te / che*, de complemento directo ou acusativo e de complemento indirecto ou dativo, na totalidade das ocasións o poeta resolve esta diferenza con acerto, malia pertencer a unha área lingüística próxima á zona *cheísta* do occidente da provincia coruñesa (Cfr. Fernández Rei [1985: 76-77]). Unha boa proba da corrección é este verso: *ei d-ir vêrte e pedírche (as topas)* [14, 37].

Tamén temos dúas mostras do denominado pronome de solidariedade, unha delas en concorrencia con outro pronome átono: *¿fóiseche o noivo?* [30, 626] e *(o mar) éche máis soligrante que unha femia* [48, 23].

Nalgunhas ocasións o pronome de acusativo é substituído polo pronome de dativo en manifesta incorrección: *Se Gundar chamáballe: «Ruliña do arrulo»,* [30, 999] (ademais do conflito entre acusativo / dativo, pois era de agardar o pronome personal de acusativo *a*, tamén temos a incorrección na colocación da que logo falaremos) e *anque outros pescos, tamén, / lle axudaban de igoal xeito.* [67, 59-60] (era de agardar o pronome personal de acusativo *o*).

A oposición entre os pronomes de dativo *lle / les* que aconsella a actual normativa neutralízase nunha forma *lle* sen distinción de número. O noso poeta fai uso da primeira opción, mais nalgúns casos tamén neutraliza a devandita oposición numérica en favor da forma singular. Desta maneira, aparece **lle** no canto de **les** nos seguintes contextos:

(aos paxariños) e seus cantos ouzara / abanándolle os niños... [2, 93-94]; *As brancas mans da alborada / ábrenlle os ollos ao día* [4, 12-13]; *(as castañetas) vãn siñándolle os puntos* [18, 22]; *dos ollos lle saltan as moxenas* [30, 308]; *(brincan os muxos na tona) sen medo têrlle aos tramallos* [30, 562-564]; *(estas verbas) afondábanlle morrillos* [30, 634]; mesmo

no seguinte exemplo fai un uso contradictorio (*as nais*) *falándolles con falas feiticeiras / e, no berce, cantándolle seus cantos!...* [30, 824-825]; *os cans ládranlle aos lobos* [31, 39] (mais pouco antes *as aboas lles contan aos netiños* [31, 31]); (*aquel fato de lobos*) *sin importarlle as mágoas* [33, 17]; *ao bicarlle os pês e as saias (âs lindas mozas galegas)* [70, 19]; *¡Pol-os necios, pechándolle ourizontes; / pol-os pillos, roubándolle a talega;* [95, 64-65] ou *ôs fillos de Galiza trocádelle os destiños* [108, 51].

Alén diso, tamén nun caso a forma de dativo substitúe a forma de acusativo que era de agardar: *je quer lle axudes mantel-a!* [91, 18].

Por outra parte atopamos moi poucos exemplos de contraccións entre dúas formas pronominais, trátase das seguintes: *m-ôs* [61, 39]; *Mandában-m-âs* [31, 99]; *ll-â* [19, 6]; *perguntádell-â* [30, 394]; *ll-ô* [67, 47]; *ll-ôs* [99, 73] (tamén grafado *llos* [30, 994] e *ll-os* [97, 28]).

Para rematar, outras particularidades teñen que ver coa súa colocación. Da maioría delas falaremos máis adiante, no apartado dos castelanismos, mais agora salientamos algunhas interpolacións: nos que o pronome átono se antepón a formas verbais en infinitivo, que chaman a atención por seren hoxe pouco habituais, aínda que son usos perfectamente regrados na normativa actual: *de o facer* [38, 36]; *de o topar* [38, 145]; *sin me ollar* [13, 43]; *sin me vîr* [13, 45]; *ha me dar* [38, 56]; *de me dare* [45, 13]; *ô me durmir* [118, 36]; *pra lle vender* [30, 696]; *pra lle dar* [38, 40]; *pra lle contare* [38, 89] ou *sin lle ter* [107, 28]. Ou tamén aqueloutras onde o pronome átono se antepón á negación: *merés lle non valla* [38, 1045] ou *que che non vâl tintinal-as* [100, 40]. Máis estrañas son as interpolacións que seguen: *que lle na vila axudaban,* [30, 697] ou *e dalle que lle dalle* [61, 28].

C) Os pronomes reflexivos

Malia pertenceren á serie dos pronomes átonos, merecen un tratamento específico as formas dos pronomes reflexivos, nomeadamente *se*. Seguindo basicamente o esquema proposto por Graña Núñez [2003: 66-67], pódense sistematizar deste xeito:

c.1. construcións cun reflexivo de interese

A presenza dun reflexivo de interese non existe na nosa lingua, mais o noso poeta fai uso da seguinte construción: *XA non me lembro do nome*, [67, 1] (no canto de *Xa non lembro o nome*); *Sempre me recordaréi / d'esa "nortada" tan fera*, [77, 71-72] (no canto de *Sempre recordarei esa nortada...*) e *Non me lembro do sacho nin do angazo* [105, 9] (no canto de *Non lembro o sacho nin o angazo*). Non se debe confundir esta construción co pronome dativo de interese, totalmente correcto: *¡Non me chores!* [30, 80; 102, 12].

c.2. construcións reflexivas con verbos de movemento

Na súa maioría os verbos de movemento non admiten reflexividade en galego, mais o noso poeta fai uso dela nun caso no que se debe evitar a construción reflexiva: *arrianse as trañas, / as tarrafas e os xeitos*; [4, 119-120].

c.3. construcións con verbos que nunca admiten a forma reflexiva

Hai unha serie de verbos que nunca admiten a reflexividade en galego, malia seren construcións moi vivas na fala por contaminación do castelán. O noso poeta fai un uso excesivo destas construcións nos seguintes contextos: *Casárense n-outón... ¡na lúa chea!*... [7, 65-68]; *xa se sorríen* [15, 38]; *tamén él se morrió solagado na dôr* [20, 8]; *¡Hei voltar, se Deus quere, pra casarme, probe ou rico!*... [30, 86]; *¿cándo te casas?* [30, 625]; *as fruitas*

dos seus hortos podrecíanse [30, 740]; *je casarnos!... ¡casarnos!* [30, 775]; *morrerse sospirando...* [30, 819]; *senón que se casara con Rosiña* [30, 1090]; *e no zoar do vento morríase un xemir»...* [30, 1140]; *entróuse no meu coarto e axiña despertéi!...* [31, 78]; *câl querendo fuxirse das gaiolas* [32, 8]; *morrerse preferían,* [32, 77]; *ao afondarse case hastra os pescuños* [38, 22]; *as lanchas vãn emproándose* [42, 7]; *Non se morrió,* [45, 39]; *e cando xa se emproa, e ao vento bate a vela,* [49, 12]; *albíscanse os barcos,* [56, 26]; *voa e pranea / e peixe se procura* [57, 97-98]; *ficóuse ela soia* [69, 50]; *mais, tamén, se algún se morre,* [72, 69]; *desfógase con bríos a serena;* [74, 54]; *vagullada a facían e tremecéndose* [112, 6]; *os seus tríos afóndanse no ambiente,* [112, 37]; *Morréuse CASTELAO, o noso artista esgrevo,* [115, 16]; *mais, axiña, morréuselles abordo* [116, 45] e *morreríame calándoo...;* [117, 24].

b.4.4. construcións con verbos que admiten a forma reflexiva e a non reflexiva

Hai outra serie de verbos que admiten a forma reflexiva e a non reflexiva, mais con matizacións semánticas para cada unha delas. En xeral, o noso poeta utiliza con corrección este grupo de verbos, agás nos seguintes casos nos que fai uso da reflexividade en contextos nos que debería usar a forma non reflexiva: *Despértanse, ao seu conxuro, / o ceo e a terra galegos,* [4, 7-8]; *e rínse os milleiraes* [4, 56]; *Mentras ríse con risas cristaiñas* [4, 66]; *¡Xa se calóu o cuco!* [7, 59]; *fulxente como Sirio, destácase, entre tantos, / Teodosio — ¡Astro Galego!— erguendo â Cristiandade* [15, 3-4]; *semella se despertaran, / no relembro, craros nomes* [30, 180-181]; *nin chisca se lle importaba* [30, 254]; *Seu noivo Gundar marchárase* [30, 271]; *Gundar marchóuse da vila* [30, 275]; *Menos mal que aquél marchóuse* [30, 349]; *coma outras que eiquí se calan...* [30, 707]; *cando se ía, de volta, pra Serantes,* [30, 734]; *ao se findar a misa,* [30, 908]; *que canto máis fire, máis forte se rí!...* [30, 1018]; *e vóltase â vila a noiva sinxela,* [30, 1049]; *e têr que se voltar, amargurado,* [30,

1083]; *na seirán feiticeira, alá se iría...* [30, 1110]; *pol-o mundo se vãn, como anduriñas*, [30, 1118]; *Cando se ía un veciño volta ao povo*, [30, 1231]; *unha estrela corríase ao Ocidente* [30, 1355]; *e que xamáis se esquecen tal conto requirir* [30, 1386]; «*Rexoubas... e rexoubas... corréronse na vila*, [30, 1405]; *o que lle rogo a todos se lembren de pregarme* [30, 1431]; *pois coidan que finándose os que as apalabrarón*, [30, 1447]; *tamén, elas, en pena, se cheguen a morrer...* [30, 1448]; *salíronse pol-a outa lumieira*, [31, 16]; *e, às veces, ben te calas* [32, 39]; *a masa agarda que se quente o forno*, [38, 128]; *séntanse â mesa — que, do pan, é trono—*, [38, 157]; *¡Entón o mar calmóuse,...* [47, 33]; *que sospiran os pinos, que se rín as regueiras—*, [53, 56]; *¡Algún debéu afogarse!* [62, cita; 100, 16] (tan só nunha ocasión aparece sen o pronome: —*¡Afogóu Carracedo!...* [47, 28]); *antre as ondas a rírse de legría!...* [63, 14]; *quedóuse sin homes*, [69, 51]; *encomenzaras te ríndo* [72, 7]; *como te rís / abordo do galeón*, [72, 51-52]; *Cómo te rís e gargallas*, [72, 55]; *Rómpese, n'a “Fanequeira”, / unha “vaga” tan enorme*, [77, 31-32]; *despértanse os agarimos*, [84, 48]; *o cramor dos hirmáns que afogáronse* [86, 16] (tan só nunha ocasión aparece sen o pronome: *de peixeiros e nautas que afogaron* [44, 12]); *eisí como tampouco as verbas: —¡“Eiquí xazgo”!— / riscáronse nas pedras do BOI camariñés* [93, 23-24]; *pra que, eisimade, as almas acóuguense tamén* [93, 48]; *os mozos que unha noite marcháronse pr-ô Alem*, [93, 50]; *¡A calar!, ¡a calarse!... ¡que non ouzen!* [98, 73] e, por último, *Denantes de marcharse ô Tiberiades* [102, 9].

I.3.3.5.4.7. Os relativos, interrogativos e exclamativos

A única característica salientable no que atinxe aos relativos, interrogativos e exclamativos é que en ocasións seguen o criterio de acentuación do castelán, xa que as actuais *Normas* [2003] tan só contemplan a acentuación das formas do interrogativo e

exclamativo para evitar anfiboloxías nas interrogativas indirectas. Na lingua literaria de **Antón Zapata García** adoitan aparecer acentuados nalgunhas ocasións, aínda que a maioría non levan acento, sen obedeceren a ningún criterio.

Cal: Neste caso predomina absolutamente a forma con acento circunflexo, que aparece preto de cincuenta veces, calquera que sexa o seu contexto de aparición: *câl* [10, 13; 13, 46; *passim*] (e excepcionalmente *c-âl* [12, 6], mais tamén, en menor medida, aparece *cal* [2, 6; 30, 246; *passim*]) e unha forma de plural *antre as câles os hérbedos* [2, 74].

Cando: En todos os contextos posibles anotamos unha forma sen acentuar, agás nestas dúas interrogativas directas: *¿cándo te casas?* [30, 625] e *¿Cándo virá...?* [107, 36], que demostran o seu uso nestes contextos por seren os únicos exemplos en toda a produción.

Canto: Aquí a vacilación é notoria. De feito, rexistramos as seguintes formas con acento: *de cánto a vellos e vellas* [30, 255]; *Olla ben —engadía— cánto agora che insiño* [36, 47]; *enxergarás cánto vale* [84, 37]; *Se viras cánta legría* [84, 13]; *de cántas mallas eu faga* [30, 436]; *¿Cántos envases ti queres?* [67, 37]; *¿Cánto falan, âs almas soñadoras,* [83, 57]; *¿cánta legría!; / se choras, ¿cánta tristura!* [72, 79-80]; *—¿ouh, cántas veces, cántas;—...* [32, 85]; *¿cántas veces me víchedes sin folgos,...* [61, 29]. Porén, tamén anotamos moitas outras formas sen acento: *De cantos dóulle alento Nosa Terra,* [3, 14]; *canto máis riman, sôaves, amores, mágoa e desvelo...* [19, 8]; *I-é câl unha nai pra cantos pol-o mar abaixo vîmos* [19, 12]; *A cantos con ela alcóntranse,* [30, 708]; *que canto máis fire, máis forte se rí!...* [30, 1018]; *de cantos despiden aos noivos..., aos pais...* [30, 1038]; *«Fa... la... canto... qui... xeres— tatóu Tomás Penedo—* [30, 1421]; *«Diráslle a cantos fales, que quixen condenarme,* [30, 1429]; *por cantos non tornaron de alén ao mar Atrán...* [30, 1452]; *de canto me pasóu na fera noite* [31, 111]; *e a prol de cantos loitan* [32, 111]; *de cantos sulcar vân* [40, 34]; *e por cantos acougaron* [50, 38]; *cantos vasos enchimpen d-escumante cerveza* [53, 7]; *todo canto a labrega primaveira* [57, 3]; *e canto ben oferda a Primaveira* [57, 126];

expresan canto sofren as coitadas [74, 9]; *e por cantos procramen pr'os gallegos.* [76, 11]; *contra cantos sinalan culpabres:* [86, 8]; *contra cantos conoscien culpabres:* [86, 20]; *Todo canto nos canta nosa nai natureza,* [88, 23]; *Todo canto adouramos* [88, 53] ou *adoura, quere, i-ama canto no mundo eisiste,* [115, 6].

Como: Neste caso fai uso das formas acentuadas en todas as interrogativas directas: — *¿Cómo lle irá na Cruña, a Gundariño...? / ¿Cómo lle irá?... ¡meu santo!* [30, 762-763] e *¿cómo s-arrega?* [100, 48]. Tamén é absolutamente maioritario o seu uso con acento nas exclamativas: *¡Cómo choramos, campán,...* [5, 40]; *¡Cómo vos lembro, pinales, ...* [10, 5]; *¡Cómo chove, / nai querida!...* [11, 3-4]; *¡Cómo chove, / n-este día!...* [11, 19-20]; *¡Cómo lle quere, louba e ademira* [38, 33]; *¡cómo vos lembra, ¡praias!, o emigrante, (...)* *¡Cómo vos lembra sempre o navegante,* [63, 3/5]; *¡cómo sôrrides ao mollar as saias...* [63, 12]; *Cómo choras, / ¡acordeón!;* *¡cómo improras,* [72, 42-44]; *¡Cómo te rís e gargallas,...* [72, 55] e *¡¡cómo apesta!!*... [101, 14]. Singularmente tamén aparecen formas acentuadas neste contexto: *Escribe axiña que chegues, e cómo o traballo empezas...* [30, 85]; *de cómo mellor mercara,* [30, 675]; *ollan cómo a nai, na artesa* [38, 151]; *de cómo as furnas foron escavadas!...* [44, 16] e incluso nun excepcional *¡Cóma o probe sufría nas axenzas,* [30, 1195]. Pola contra, nos demais contextos aparecen formas sen acento, incluso nestes casos: *¡como cando a GALAXIA sinalara...* [22, 17]; *¡como se chove!, / ¡como do vento que pasa!...* [30, 259-260]; —*¡como cando no mar cai a anduriña!*—, [30, 956]; *¡como unha pouta!* [47, 3]; *¡como os bicos das mulleres,...* [70, 52]; *¡como te rís...* [72, 51] ou *¡como as Esfinxes!* [98, 71].

Cuxo: No tocante a este relativo posesivo, tan só aparece en dúas ocasións, utilizado con corrección, mais facendo uso dunha forma castelanizada: *de cuia vil traición o fin agardo* [96, 29] e *¡un novo Prometeo cuio sufrir se agranda,...* [108, 37].

Onde: A única particularidade salientable neste caso é a presenza de dúas acentuacións diferentes nos seguintes contextos: *pr-ônde máis me deteño*, [12, 12] e *Dime pra ónde vas, cativo!* [27, 50]. E tamén a súa contracción coa preposición *en*, que crea dúas formas: *enonde* [30, 286; 30, 700; *passim*] e *n-onde* [44, 50; 83,43].

Que: Neste caso, cando se trata do pronome interrogativo adoita aparecer sempre acentuado: —*¡Qué dis!...* *¡¿Qué?!...* [27, 49]; —*¿Qué che pasa, filliña?...* [26, 3]; *¿de qué te queixas?...* [26, 12]; *¿Qué millóns nin qué amoríos...*[30, 353]; *¿qué cousas dínse...* [30, 388]; —«*¿Pra qué escribir, pra qué?...*[30, 1254]; —*¿Qué pasará...*[48, 25]; *¿Qué van ser irmáns, pra nós, os seres...* [95, 29]; —*¿Qué fixéstedes vós,...* [109, 9] e *¿Qué vâl que me trouxera unha enganosa sorte...*[118, 17]. No poema [81] prodúcese a circunstancia de concorreren varias formas, as máis acentuadas: *¿Qué queredes que lle diga? / ¿qué queredes que lle conte...* [81, 1-2]; *¿Qué queredes que lle diga...* [81, 23] (agás no título deste mesmo poema, mais por seren maiúsculas, que na época non se acentuaban e, en dous versos do mesmo texto, onde non se trataría da partícula interrogativa directa, malia a súa posición, *¿Que o comercio n-está forte?; / ¿que non se vende xa nada,...* [81, 4-5]). Para alén diso tamén aparece sen acento neste outro verso: *¿E pra que nomear máis cousas...* [84, 43]. Moita maior variabilidade existe cando vai antecedida dun signo de exclamación, sexa calquera que sexa a súa función: *¡Qué lediza miral-o, / pra os meus ollos de neno mariñeiro,...* [2, 55-56]; *¡Qué por sempre repenique / a redenzón de outro ben!* [5, 50-51]; *¡qué mans, meus bôs amigos!* [12, 5]; *¡Qué filla desmemoriada!* [30, 719]; *¡Qué alegría aos meus ollos, contemprar â Mariña,...* [36, 13]; *¡Qué Deus me logre pra honorada mesa!* [38, 14] e *¡Con qué profunda ansiedá...* [77, 61]. Tamén anotamps formas acentuadas nestes outros contextos, nos que tampouco a actual normativa prescribe a colocación de til: *qué séculos facía coronara, / coma un rei da devesa,...* [2, 89-90]; *con non séi qué d-embuco* [7, 6]; *Eu non séi qué negra praga con feitizos,* [30, 536]; *qué triste amor tiver...* [30, 1310];

con vougo non séi qué... [30, 1350]; *nin soubo qué decir*, [30, 1438]; *querendo adiviñar o qué ensegedan*; [31, 20]; *qué congostra ou camiño / pillara, o trasantonte, unha parella...* [33, 9-10]; *Desde o chasco dixéralle ao rifeiro / qué camiño pillaran* [33, 59-60]; *con non séi qué de estrana bruxería*, [35, 2]; *con non séi qué poider que me atraguía...* [45, 19]; *Eu no séi qué demontres pasou hoxe*, [47, 13] e *con non séi qué d-emoción*: [67, 54]. Máis unha vez a asistematicidade pódese comprobar ao anotarmos que en moitos contextos semellantes aos anteriores aparecen formas sen acento, tamén sexa calquera que sexa a súa función: *¡Que estaba namorado / de unha rapaza nova...* [2, 32-33]; *¡Pra que retornemos nós!* [5, 52] (Obsérvese aquí especialmente que en contextos semellantes nos mesmos poemas aparece esta forma acentuada); *¡que loubarán as moegas e os moiños!* [7, 31]; — *¡Que Deus vol-as quente—; / —¡Que recollás anada por quintales!* [16, 15-16]; *¡que os gardas ceviles feríron-o!* [27, 54]; *¡pra que nas feras nites das crúas invernías...* [29, 13]; — *¡Que morra!...* [30, 423]; *¡que o relembro dos que emigran pónme triste...* [30, 550]; *¡que a tanto chegou a incuria...* [30, 644]; *¡Que todos eles teñan / un eterno descanso!* [30, 828-829]; *¡que morro!...* [30, 961]; *¡Que teña meu Gundar risoña sorte...* [30, 962]; *¡que non son un por cen!* [30, 1174]; *¡que non topou ninguén!* [30, 1360]; *¡que na moura orfandá non han legría!* [32, 122]; *¡Que me pechen os ollos que te adouran...* [32, 127]; *¡que tanta sardiña os xeitos...* [42, 23]; — *¡que Deus recade / na súa santa garda!*— [45, 42-43]; *¡que hoxe o mar trái desgracia!* [45, 48]; *¡Que seu cantar fraterno, na Nosa Santa Terra...* [54, 11]; *¡anda!, ¡anda!... ¡que te anda!...* [70, 25]; *¡Que lle ateigues de peixe as súas rías!...* [71, 42]; *¡que acaluñan os iñaros!* [72, 37]; *¡que xa rompe n’“Avería!”...* [77, 5]; *¡Que a terra dos seus maiores / chegue salvo, san e alegre...* [81, 16-17]; *¡que atope ben os seus vellos...* [81, 19]; — *¡que venderan a Nai pol-a triganza...* [85, 11]; *¡que caían os hirmáns —unque nos doía—* [89, 27]; *¡que non ouzen!* [98, 73]; *mátame a sede ¡que morro!* [100, 4]; *ei de*

andar ¡que Deus m-escoita!, [100, 55]; *¡que a TERRA asoballada, xa ceibe de asesños...* [108, 53] e *¡que ós irmáns os Caíns e Recaredos...* [109, 43].

Quen: Nas únicas ocasións nas que aparece como interrogativo directo leva acento: *¿Quén non vío, na Cruña, almirado, os chaleses...* [36, 57] e *¿Quén fúí...* [82, 1/5]. E tamén acentúa esta palabra cando vai en oracións exclamativas: *¡Quén poidera voltar a escoitar-vos...* [10, 9]; *¡Quén poidera tornar a escoitar-vos...* [10, 19]; *¡Quén puidera volver a escoitar-vos...* [10, 29]; *¡quén fora tan ditoso...* [41, 79]; *¡ai, ña nai, quén tivera o consolo...* [56, 7]; *¡quén me dera têr grandes tesouros...* [56, 19]; *¡Quén, com-ô carro, me vîra,* [100, 31], e finalmente nesta única ocasión *non hai quén a procrame!* [101, 7], fronte á ausencia de acento en: *pra a quen fói, na outrora, Grande Suevia...* [3, 28]; *quedóu orfo de quen lle dera nome* [13, 4]; *e a quen muito ben quero* [14, 35]; *—quen ll-â escoitara, me dixo qu-era vos de terzopelo* [19, 6]; *a rapaza por quen migra,* [30, 67]; *a quen o pai lle morrera...* [30, 608]; *de quen namáis tên algo...* [30, 777]; *por quen ela dera os bens,* [30, 993]; *soio escoita quen visita as furnas...* [44, 78]; *non houbo quen puidera...* [82, 2]; *quen é contrabandista...* [83, 30]; *ou quen teña con eles unha obriga!...* [83, 50]; *non teñen quen lles rece...* [93, 15]; *poider decir, berrándolle: —¡Petouto!— / a quen, poidendo, moito ben facere...* [98, 14-15]; *Inda que fora Deus quen che dixera...* [104, 1] e *contra quen pretendera algún alixo,* [116, 31].

Por que / Porqué: Acentúa cando se trata do interrogativo, xa sexa en forma directa ou en forma indirecta: *E... ¿por qué?...* [30, 429] ou *Non tês por qué perguntarlle / a ningunha de esta roda,* [30, 369-370]. Noutro tipo de contextos, sexa cal for a súa función non presenta til, mesmo neste inexplicable caso: *—por que d'a Morte cumprío a Lei,—* [75, 40] ou aínda que se inclúa en oracións exclamativas: *¡porque fostes un home / salvador d-un Dereito!* [13, 57-58] e *¡¡porque viron encol de SANT IAGO / outra CAMPUS STELLA brilar!!...* [107, 39-40].

I.3.3.5.4.8. Os indefinidos, os identificadores e os numerais

Neste apartado sinalaremos, de maneira breve, a súa aparición en contracción coas preposicións **con**, **de** e **en**. As máis das veces aparece representada con guión ou trazo: *c-un* [1, 4; 2, 50; *passim*]; *c-unha* [1, 9-10; 14, 19; *passim*]; *c-unhas* [30, 1185]; *d-un* [2, 11; 4, 116; *passim*]; *d-uns* [84, 8]; *d-unha* [4, 32; 4, 89; *passim*]; *d-unhas* [116, 59]; *n-un* [2, 83; 4, 139; *passim*]; *n-uns* [38, 20; 47, 18]; *n-unha* [4, 17; 4, 156; *passim*]; *n-outra* [108, 50]; *n-outras* [30, 227]; *n-outro* [91, 42] e *n-outros* [61, 5]. Con todo, aínda sendo menos habitual, tamén é importante a súa representación sen contracción: *de un* [7, 66; 30, 315; *passim*] (mais nun deses mesmos poemas *d-un* [30, 318] ou *n-un* [30, 1439]); *de unha* [2, 32; 30, 38; *passim*] (mais nos mesmos poemas *d-un* [2, 11; 30, 1297]; *d-unha* [30, 1379; 30, 1419] e tamén *n-un* [30, 1121] ou *n-unha* [30, 289; 30, 786; *passim*]); *de algún* [2, 41; 30, 1120; *passim*]; *de outra* [30, 437]; *de outras* [30, 57; 30, 403; *passim*]; *de outro* [5, 51] e *de outros* [30, 59]. E de maneira case anecdótica anotamos que se representa tamén ligado sen trazo ou guión, ademais nun poema onde o resto das formas si o teñen: *nun* [30, 6] (mais no mesmo poema *n-un* [30, 1121; 30, 1303; *passim*]); *noutras* [30, 1140] (mais no mesmo poema *de outra* [30, 437]; *de outras* [30, 57; 30, 403; *passim*] ou *de outro* [5, 51]); *aqueloutros* [30, 666] (mais tamén *aquel outro* [20, 7]) e, finalmente, na creación propia *fillosdalgo* [30, 191] (mais no mesmo poema *de algún* [30, 1120]). Por fonética sintáctica, tamén rexistramos algunhas formacións inesperadas: *ni-unha* [105, 28]; *q-un* [80, 10]; *par-outra* [74, 56] ou tamén *i-outra* [109, 3]. Porén, sempre atopamos contraccións ligadas sen trazo ou guión nos casos de *outrora* [3, 28; 30, 45; *passim*]; *noutrora* [30, 216; 50, 10; *passim*] e do hipergaleguismo *entramos* (sic) [30, 528] e *entramas* (sic) [71, 23]. Por último, nunha pequena serie de poemas dos primeiros anos temos formas con apóstrofo:

d'un [74, 12; 75, 1; *passim*]; *n'un* [74, 40; 74, 47; *passim*]; *n'outra* [77, 34]; *n'outros* [74, 27; 78, 4], mesmo por fonética sintáctica: *s'algún* [75, 39]; *q'un* [77, 59] e *q'unha* [74, 42].

Mención á parte merece a testemuñal aparición dunha forma vulgarizada **on**, tan só en catro ocasións (aínda que tamén a usa nas súas cartas ao editor Roel). En tres delas aparece unido á preposición **a** cun guión ou trazo: *talmente que, a-on moneco*, [47, 6]; *lembra a-on carro de patacas!...* [77, 34] e *que ô mundo d-oucidente e a-on povo encamiñou*, [108, 42]; e na última sen trazo despois da partícula comparativa **coma**: *de tér q-ir coma on feixe na bodega* [80, 8]. Descoñecemos a que pode ser debido este uso, pois o propio poeta, sen ir máis lonxe, nos mesmos poemas citados utilizada formas que se adecúan ao estándar: *cando un golpe de mar, ¡como unha pouta!*, [47, 3]; *pro, preguntando a un veciño* [67, 63]; *n-un voio milagreiro as azas despregar* [108, 24] ou *e un "poncho" que lle presta pouco abrigo...* [80, 11]. Non hai razóns fonéticas ou métricas que xustificuen este pouco habitual uso do indefinido **un**.

Tamén debemos salienta o emprego maioritario dentro dos indefinidos da forma castelá **calquer** fronte á patrimonial **calquera**. Así, temos: *baixo calquer teito* [30, 985]; *¡coma un fardo calquer!* [30, 1302]; *se as poutas calquer d-eles lle pôría!* [33, 33]; *que vai morrer calquer día* [99, 3] e *maxinando val máis que calquer céncea*, [105, 3], e unicamente en dúas ocasións aparece a forma patrimonial: *a calquera... ¡abofé!...* [30, 1262] e *En calquera lugar, fose rúa ou rueiro*, [36, 63]. Nunca se rexistra a variante patrimonial **calqueira**.

Finalmente, ademais de *ninguén* [13, 43; 27, 26; *passim*] e *ningures* [30, 261], por influxo do castelán fai uso das formas *naide* [101, 32] e *naiques* [93, 30] (mais só nestas dúas ocasións, ademais de aparecer nalgunha versión dos poemas aparecida en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición dos textos). Porén, a forma

máis utilizada, con moita diferenza é *nadia* [4, 150; 13, 50; *passim*] e mesmo crea un substantivo con ela *Don Nadias* [30, 1212].

No tocante aos numerais, tan só hai que salientar as formas ligadas *vint-ún* [93, 5]; *vintecatro* [30, 874; 84, 4]; *trintadós* [10, 7] e *trintatrés* [67, 72] (que as actuais *Normas* [2003] admiten como pronuncia, mais prescriben *vinte e un*, *vinte e catro*, *trinta e dous* e *trinta e tres*). Alén diso a presenza do numeral na creación da palabra *setebruxo* [30, 322].

I.3.3.5.4.9. A preposición e as locucións prepositivas

↪**a**: O único aspecto salientable con respecto a esta preposición é o feito de que moitas veces apareza con acento agudo e outras con circunflexo [*Cfr.* I.3.3.5.2.3. O acento ortográfico], mais este uso é totalmente arbitrario e non obedece a ningún criterio, que non sexa a datación dos textos ou o modelo escrito das publicacións onde aparecían. No tocante ás locucións das que forma parte cómpre mencionar o castelanismo *a veces* [99, 74] (mais só nesta ocasión fronte ao maioritario *às veces* [30, 934; 30, 1215; *passim*], coa contracción sempre marcada con acento circunflexo); a escrita sen acento da locución *a parte* [30, 808] e con uve da locución *â veira* [1, 2; 16, 4; *passim*]. Nas locucións *a carón (de)* e *a rente(s) de* son maioritarias as formas sen preposición *carón* [4, 137; 30, 888; *passim*]; *rente* [18, 32; 30, 18; *passim*] ou *rentes* [18, 9; 83, 49], fronte ás ligadas *acarón* [72, 47; 94, 34] e *arrentes* [30, 382; 30, 561; *passim*]; pois nunca fai uso das formas prescritas na actual normativa. Na locución *a través de* anotamos dúas solucións, a normativa *a través* [5, 45; 30, 1172] e *através* [70, 4]. E esta dupla solución tamén se atopa na expresión *a bordo*, que abala entre a normativa *a bordo* [36, 71], tan só nesta ocasión fronte á maioritaria forma ligada *abordo* [30, 1147; 30, 1271; *passim*], que incluso aparece no poema onde temos a

anterior *abordo* [36, 3; 36, 80]. Finalmente hai que chamar a atención sobre a contracción de preposición+artigo *áa*, que tan só rexistramos nun verso dun dos seus primeiros poemas: *a consolar áa que chora!...* [77, 70], pois adoito é grafada *â* [1, 2; 1, 12; *passim*] ou tamén con acento grave.

↳ **ata / até:** O poeta nunca fai uso da preposición na forma tradicional galega, mais si utiliza a forma con tradición literaria *até* [22, 21; 30, 638; *passim*]. Porén, a forma máis utilizada, con diferenza, é un vulgarismo que está influenciado polo castelán: *hastra* [4, 132; 13, 8; *passim*]. Menor coherencia aínda presenta a preposición á hora de contraer co artigo, pois pode realizarse a contracción: *hastr-âs* [38, 93; 64, 32]; *hastr-ô* [14, 12; 57, 130; *passim*]; *hastr-ôs* [57, 12; 68, 9; *passim*] ou tamén *hastr'a* [76, 13] e *hastr'os* [77, 27], mais tamén pode aparecer sen ela: *hastra o sol* [4, 132]; *hastra o tempo* [13, 8]; *hastra a morte* [36, 98]; *hastra os pescuños* [38, 22]; *hastra a terra* [40, 2]; *hastra o peirao* [45, 20]; *hastra â noite* [46, 17]; *hastra as mouras enxivas* [51, 3]; *hastra o fociño* [59, 20]; *hastra âs rainas* [64, 2]; *hastra â enxiva* [83, 46]; *hastra o meixelo* [91, 35] e *hastra os mortos* [112, 24].

↳ **ao redor de / ó redor de / arredor de:** Adoita facer un uso ligado na locución prepositiva *arredore* [74, 5] e tamén nas outras que se forman coa anterior: *darredore* [3, 18; 31, 7; *passim*] (que alterna indistintamente con *darredor* [17, 2; 30, 125; *passim*]) e *darrededore* [30, 690; 42, 43].

↳ **baixo (de):** A única particularidade ten que ver coa súa contracción: *baix-ôs* [41, 81]. Polo demais sempre usa a construción preposición+artigo, agás en dúas ocasións nas que engade a preposición *de*: *baixo das* [9, 4; 64, 28].

↳ **cara a:** No caso desta preposición o poeta adoita vacilar entre esta solución, que é normativa hoxe, ou prescindir de *a*, construción castelanizante. Cando conserva *a* contrae co artigo, sinalando esta contracción de diferentes maneiras, a maioría das veces con acento

circunflexo: *car-â* [7, 64; 33, 94; *passim*]; *car-ô* [8, 24; 31, 48; *passim*], mais tamén *cara ao chan* [27, 14]; *cara ao ceo* [30, 156]; *cara ás Cornaseiras* [30, 1065]; *cara ao lar* [42, 8]; *cara aos xeitos* [55, 10]; *cara ao mar* [69, 39] e en dúas ocasións con acento agudo *car-á Celtia* [112, 5] e *cara ás costas* [80, 2]. Porén, outro nutrido grupo presenta un calco do castelán, tanto na pequena serie de textos nos que aparece o apóstrofo: *car'a Corme* [73, 2]; *Car'o Norde* [73, 5]; *car'os eidos* [74, 24]; *car'o Açul* [75, 14] e *car'a "Laxe"* [77, 41], coma nestes outros contextos: *cara a Romea* [2, 2]; *cara a montana* [27, 61]; *cara a morte* [30, 1311]; co pronome persoal *cara él* [41, 25] ou co indefinido *cara nada* [80, 6]. Finalmente, por fonética sintáctica, atopamos esta forma insual: *car-atrás* [33, 56].

☞ **con:** Ademais do feito de contraer ou non co artigo, cos pronomes persoais, cos demostrativos e cos indefinidos, aspectos xa amplamente analizados noutros apartados, unicamente cómpre lembrar de novo esta forma xa comentada: *con nosco* [38; 166] (que a normativa actual prescribe *connosco*). En ocasións non fai uso da forma oblicua ligada e así temos: *con nós* [89, 18; 117, 29] ou *con nosoutros* [27, 59].

☞ **contra (de):** Con respecto a esta preposición, moi presente nos textos, hai que comentar o uso dunha variante: *escontra* [32, 107; 32, 109; *passim*], mesmo neste contexto de fonética sintáctica *qu-escontra* [71, 6]. Polo demais, sempre alterna o seu uso entre contextos coa preposición *de*, que contraen sempre co artido, ou sen ela. Porén o máis relevante é a aparición das seguintes contraccións: *contr-âs* [58, 27]; *contr-ás* [109, 55] e deste caso excepcional de acentuación *contra á* [80, 1].

☞ **de:** Tamén foi analizada xa con detalle a súa contracción ou non con outra clase de palabras, representadas quer con guión ou trazo quer con apóstrofo. [*Cfr.* nomeadamente I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo; I.3.3.5.2.6. O apóstrofo; I.3.3.5.4.4. O artigo; I.3.3.5.4.5. O demostrativo; I.3.3.5.4.6. O pronome persoal e I.3.3.5.4.8. Os indefinidos e identificadores]. Alén diso, tamén son significativas as contraccións, por fonética

sintáctica, desta preposición+substantivo ou adxectivo que empeza con vogal ou outras palabras simples ou compostas que empezan por vogal. Hai unha contracción coa forma verbal *arrendo* (co significado de dar a segunda sacha) que tan só anotamos neste verso: *DECRÚA, cava e darrendo, o sacho* [38, 33], pois no mesmo libro tamén temos estoutro verso: —*decrúa, cava, arrendo—, ou tenros patacales*, [29, 6]. A devandita contracción só se rexistra no noso poeta na enorme base de datos do TILG. Finalmente, por inusuais, chaman a atención a súa contracción con outra preposición en *dadentro de* [116, 85]; co adverbio de tempo *dantes* [53, nota], e nesta locución adverbial *deverias* [30, 761], aínda que aquí ben puidera tratarse dunha gralla de imprenta pois no seu epistolario sempre escribe *de verias*.

✚ **deica:** Concorre coas formas *até* e *hastra*, indistintamente, mais coa particularidade de que nallgunhas ocasións engade tamén a preposición *a*, construción que non está regrada na actual normativa: *deica aos recunchos* [2, 35]; *deica ao outro lado* [2, 88]; *deica ás irmáns AMÉRICAS* [22, 10]; *deica «Ás Laxes»* [30, 72]; *deica ao seguinte día* [30, 1078]; *deica á Pedra da Vela* [30, 1109]; *deica ao meu ouvido* [34, 10]; *deica á “Area 13”* [93, 54] e *deica ao Preguntoiro* [116, 33]. No tocante ao significado a actual normativa advirte que é máis restrinxido e non sempre poden substituír a *até*, nese senso podería discutirse o seu uso nestes contextos máis abstractos: *dende o ceo purismo de turquesa / —que afuma a rexa bomba e o foguete— / deica a bris arumada de molete*, [30, 969-971]; *Nas rachas do Noroés, aterecido, / chegan, tremantes, deica ao meu ouvido*, [34, 9-10] e *Sopra decote, bô vento, / vento irlandés, / vento irmán, / deica que chegue o momento* [70, 112-115].

✚ **dende / desde:** Tan só nunha ocasión en un dos seus primeiros poemas fai uso da forma *desde*, aínda que grafada *Desd’e* [77, 6], fronte á maioritaria *dende* [2, 88; 2, 102; *passim*], que é utilizada de maneira indistinta e sen aterse a ningún criterio diferencial xunto á forma *dendes* [2, 61; 22, 21; *passim*], que incluso concorren nun mesmo poema. Non se rexistra

nunca a forma medieval *des*, agás formando parte da locución conxuntiva *desque* [30, 1075; 30, 1169; *passim*].

☞ **dentro de:** Mencionar tan só esa mencionada contracción con outra preposición en *dadentro de* [116, 85].

☞ **en:** Tamén foi analizada xa con detalle a súa contracción ou non con outra clase de palabras, representadas quer con guión ou trazo quer con apóstrofo. [Cfr. nomeadamente I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo; I.3.3.5.2.6. O apóstrofo; I.3.3.5.4.4. O artigo; I.3.3.5.4.5. O demostrativo; I.3.3.5.4.6. O pronome persoal e I.3.3.5.4.8. Os indefinidos e identificadores]. Alén diso, temos a particularidade da forma *nenfín* [31, 67], contracción de *no enfín* (que hoxe a normativa grafa *en fin*). E tamén a súa contracción con *embargante*, que crea a forma *nembargantes* [1, 7; 30, 1187; *passim*]; con *onde*, que tamén crea dúas formas *enonde* [30, 286; 30, 700; *passim*] e *n-onde* [44, 50; 83,43] e coa locución *en tanto*, que o noso poeta grafa ligada, tamén hai varias posibilidades: *n-entán* [30, 472; 30, 1339; *passim*], que alterna, incluso no mesmo poema, coa forma plena *n-entanto* [23, 19; 30, 279; *passim*], tamén grafada *nentanto* [69, 65].

☞ **encol de:** Indica, segundo a normativa actual, localización espacial de contigüidade e superioridade, sempre en sentido concreto, nunca abstracto, algo que non se cumpre na maioría dos versos do noso poeta: *encol da celta xente...* [7, 37]; *encol da fronte a súa nobre cabeza* [19, 3]; *qu-erguestel-a segur encol das rocas* [41, 50]; *miñas saudades / encol do mar*. [56, 23-24]; *e as que encol das augas engulen sardiñas* [69, 23]; *encol das foulas* [70, 79]; *un consello dareiche encol da Lúa* [82, 12]; *hastra chegar o istante que o pescozo / lle poñamos encol da talladeira*. [89, 11-12]; *cantando encol das ondas*, [93, 44]; *parola encol da guerra* [97, 8]; *Veñen e van as gaivotas / encol dos negros penedos*; [99, 45-46] ou *¡¡porque viron encol de SANT IAGO / outra CAMPUS STELLA brilar!!...* [107, 39-40]. Esa contigüidade pode entenderse en: *(cando) me vío encol das pedras*, [45, 36]; *ENCOL dos*

fros as pernas da longa rede parda [66, 1]; *encol dos frós pousadal-as gaivotas* [94, 15];
¡Encol do arró, ao que ía por miñoca, / fixeran unha tenda os enfancidas!... [33, 42-43] ou *e*
pousábase, logo, encol de un fento [33, 99].

↪ **entre:** Alterna o uso da forma etimolóxica *entre* [38, 73; 77, 55; *passim*], coa forma patrimonial máis popular *antre* [2, 74; 2, 78; *passim*], non obstante con predominio desta segunda. Todas as formas sen contraeren co artigo feminino ou masculino, como sucede en *antre a follaxe* [30, 108]; *antre as câles* [2, 74]; *entre as mulleres* [38, 73]; *antre o arume* [30, 7]; *antre os rhitmos* [3, 33] ou *entre os homes* [30, 63], agás nun único caso onde aparece a contacción *antr-ôs penedos* [37, 4] e tamén, por fonética sintáctica, neste contexto *Antr'eucalitos* [73, 6]. Pola contra, cando a preposición forma parte dunha palabra composta predomina *entre* fronte a *antre*, que só aparece en *antramentrel-o cuco* [7, 40] e *antramentrel-os fumos* [30, 150]. De resto temos formas como *entramos* (sic) [30, 528] e *entramas* (sic) [71, 23]; *entresoñan* [30, 1]; *entramallan* [30, 421]; *entretía* [30, 1094] ou *entretíase* [30, 1215]; *entrepontes* [30, 1133]; *entrecrúzanse* [40, 15]; *entretece* [50, 7]; *entrecruzadas* [94, 14] ou un peculiar *nentramentes* [30, 1]. E finalmente noutras non ligadas como *entre tantos* [15, 3]; *entre todos* [30, 1265] e *de entre os homes* [30, 63].

↪ **fronte a / fronte de:** O poeta nunca fai uso da preposición na forma galega, pois sempre utiliza o castelanismo seguido das preposicións *a* ou *de*: *frente* [6, 7; 36, 52; *passim*]. Curiosamente, para o substantivo sempre anotamos a forma galega *fronte* [19, 3; 118, 9; *passim*].

↪ **para:** De forma maioritaria rexistramos a forma *pra* [1, 9; 2, 56; *passim*], aínda que tamén anotamos a forma plena, hoxe normativa, *para* [33, cita; 114, 14]. Polo demais, só interesa a súa contracción ou non con outra clase de palabras, que xa vimos. [Cfr. nomedamente I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo; I.3.3.5.2.6. O apóstrofo; I.3.3.5.4.4. O artigo; I.3.3.5.4.5. O demostrativo; I.3.3.5.4.6. O pronome persoal e I.3.3.5.4.8. Os indefinidos e

identificadores]. De todas elas, por inusuais, lembramos novamente estas: *pr-aquél* [38, 4]; *pr-aqueles* [32, 73; 95, 35] ou incluso *par-aqueles* [77, 59].

☞**por:** Só interesa a súa contracción co artigo, que lembramos opta por escribir sempre a segunda forma do artigo con trazo: *pol-a* [2, 47; 2, 63; *passim*]; *pol-as* [3, 16; 3, 30; *passim*]; *pol-o* [1, 11; 2, 57; *passim*]; *pol-os* [3, 5; 3, 35; *passim*], (e un excepcional *pol-ôs* [68, 14], tanto no libro coma no mecanoscrito). Igualmente, nun poema, rexistramos *pól-a* [74, 2; 74, 10; 74, 51] e *pól-os* [74, 66], mais como este texto foi publicado na revista foneticista *Estudios Gallegos*, ben puider deberse á intervención no texto do seu director Aurelio Ribalta. En un dos seus primeiros poemas con apóstrofo: *pol'o* [76, 5].

☞**segundo:** Tan só rexistramos o uso da forma dubidosamente galega *asegún* [27, 48].

☞**sen:** Alterna o uso desta preposición entre a forma galega *sen* [3, 31; 4, 150; *passim*] e a forma castelá *sin* [6, 7; 8, 25; *passim*], aínda que esta última é maioritaria. Polo demais, como sucede noutras ocasións, a asistematicidade vén dada polo uso das dúas formas nun mesmo poema, dos varios exemplos citamos *sin* [30, 265] e *sen* [30, 272].

☞**senón:** Malia na época seren comúns formas castelanizadas, con ou sen acento, o noso poeta usa sempre *senón* [30, 380; 30, 743; *passim*]. A única particularidade é a súa confusión con *se non*, aparecendo en tres contextos onde era preceptiva a primeira *se non* [2, 82; 27, 34; 30, 367].

☞**so:** Unicamente aparece formando parte da palabra *sopostallos* [30, 403; 95, 37], no estándar *postallo*, ‘Puntal, apoio para que algo non caia’.

☞**sobre (de):** Alterna o uso desta preposición entre a forma hoxe normativa *sobre* [5, 5; 24, 1; *passim*] e o uso maioritario nos textos dunha variante minoritaria da fala⁶¹⁷, que non se rexistra na área lingüística do poeta e que se cadra pode utilizar por ser continuadora

dunha forma medieval e ter tradición literaria, *sóbor* [4, 126; 20, 10; *passim*]. Polo demais, cómpre sinalar que cando usa a primeira forma non o fai seguida da preposición *de*, agás en dous textos da primeira época *sobre d'a* [77, 2] e *sobre d'un* [75, 1], mentres que cando usa *sóbor* sempre vai seguida da devandita preposición. No caso das palabras compostas que se formaron coa preposición, anotamos *sobreguen* [36, 29] fronte a *sobordóunos* [109, 48] e *sóborpostas* [83, 43]. Finalmente, [Cfr. *supra*] os usos de *encol* co valor desta preposición.

I.3.3.5.4.10. O verbo

A respecto da conxugación verbal son moitos os aspectos que se deben salientar e que afectan, nomeadamente, a cuestións de carácter morfolóxico. De primeiras salientamos cinco cuestións xerais e logo habémonos centrar en paradigmas concretos. Alén de todo o subliñado, as formas verbais hipergaleguizadas ou castelanizadas son comentadas nos respectivos epígrafes.

a) neutralización da CII e da CIII na vogal temática e no sufixo de número e persoa da P3 dos perfectos fracos

Anotamos formas en *-íto*, coa VT *-i-* propia das falas do occidente da Coruña e co SNP *-o*, propio de boa parte da mesma zona. Así, moitas das P3 responden a este modelo: *abríolle* [8, 20]; *apareció* [53, nota]; *chovío* [59, 22]; *collío* [33,16]; *cumprío* [75, 40]; *durmío* [106, 19]; *engadío* [30, 1299]; *enriqueció* [30, 1120]; *erguío* [30, 1380]; *esquecío* [30, 724]; *fluxío* [59, 30]; *morrío* [20, 8; 20, 22; *passim*]; *perdíó* [30, 1142]; *respondíolle* [27, 43]; *río* [67, 65]; *sentío* [30, 1020; 114, 2]; *sorprendío* [40, 14]; *vío* [17, 14; 31, 73];

⁶¹⁷ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Luguís Freire a forma *sobor* era concibida como 'dialectal', que se pretendían proscribir e non validar, en favor de *sobre*.

passim] e tamén *vío-o* [15, 14] e *volvío* [26, 23]. Porén, dentro desa asistematicidade que é característica na lingua poética de **Antón Zapata García** tamén temos moitos outros exemplos dunha neutralización diferente en *-eu* / *-éu*, para os mesmos casos, unhas veces sen acento e outras, as máis delas, con acento. Tan só sen acentuar os perfectos *abreu* [95, 61] (mais tamén *abréu* [30, 164]); *debeu* [62, N] (mais tamén *debéu* [100, 16]); e *veu* [67, 74; 67, 77; *passim*] (mais tamén *véu* [5, 35] e *véulle* [70, 30]); fronte a todos os demais perfectos en *-éu*: *aparescéu* [47, 31; 53; nota]; *aparescéuse* [30, 1415]; *cobréuse* [1, 14]; *conocéu* [30, nota]; *correspondéu* [48, 32]; *descéu* [30, 184]; *encrudecéu* [41, 78]; *enchéuse* [108, 27]; *escondéuse* [77, 34]; *escribéu* [109, nota]; *fortecéuse* [52, 11]; *morréu* [30, 555; 30, 1294; *passim*]; *morréuse* [115, 16]; *nacéu* [5, 12 ; 30, 1210]; *perdéu* [19, 11; 44, 43]; *repiteu* [27, 35]; *respondéu* [30, 1296]; *riquecéu* [4, 142]; *rompéu* [30, 1066]; *saléu* [27, 15]; *sofréu* [15, 6; 98, 34; *passim*]; *valéu* [30, 1025]; *vencéu* [23, 10]; *vertéu* [30, 1308]; *volvéu* [52, 13] ou *volvéuse* [105, 31] e *xurdéu* [108, 17]. Finalmente, por se tanta asistematicidade aínda non fose dabondo tamén rexistramos unha insólita forma en *-íu*: *seguíu* [45, 17]⁶¹⁸. Ademais, a modo de exemplo das arbitrariedades pódese ver o poema [45], no que alternan formas en *-íu* e en *-ío*, sen ningún criterio: *seguíu* [45, 17] acarón de *morrío* [45, 39] e *vío* [45, 36], ou a nota do poema [53], pois en catro liñas alterna *apareció* [53, nota] con *aparescéu* [53; nota]. Aínda máis asistematicidade temos no longuíssimo poema [30], no que alternan ata tres formas, en *-eu*, en *-éu* e en *-ío*, tamén sen ningún criterio [Cfr. *supra*]. A maiores, por influxo do castelán tamén anotamos a forma *induxo* [109, nota], cando era de agardar un perfecto regular *induciu*.

⁶¹⁸ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lugo Freire as formas en *-iu* eran concibidas como ‘dialectais’, que se pretendían proscribir e non validar, en favor de formas en *-eu*, tanto na CII coma na CIII, fronte ás diferenzas das actuais Normas.

b) predominio da solución que caracteriza a zona occidental coruñesa *-stes* na desinencia da P2 dos perfectos fracos

Anotamos unha forma *-stes* no SNP, propia das falas do occidente da Coruña. Así, moitas das P2 dos perfectos fracos responden a este modelo: *asististes* [41, 56]; *querguestel-a* [41, 50]; *espallastes* [5, 4]; *fixestes* [70, 9]; *fostes* [13, 57; 95, 67; *passim*] ou *fóstel-o* [95, 61]; *salistes* [30, 72] e *sentistes* [41, 69]. Mais, novamente, rexistramos outras posibles solucións, como as formas *-ste*, *-ches* ou *-che*, todas tres para a P2. Coa forma *-ste* temos: *adouraste* [95, 7]; *chegaste* [30, 74]; *fixeste* [30, 1424]; *pasaste* [113, 9]; *perdoaste* [95, 10]; *pousaste* [99, 38] e *viñeste* [70, 7]. Coa forma *-ches* anotamos: *alcendeches* [70, 85]; *asustaches* [26, 11]; *deche* [84, 14]; *empezaches* [72, 77] e *viches* [30, 710; 33, 48; *passim*]. Finalmente, coa forma *-che* aínda temos: *herdache* [91, 38]; *negáchete* [104, 14]; *ouzache* [30, 1058] e *quedache* [17, 10; 72, 78]. De novo, como no caso anterior, a modo de exemplo das arbitrariedades pódese ver o poema [70], no que alternan as tres formas sen ningún criterio: *viñeste* [70, 7], acarón de *fixestes* [70, 9] e *alcendeches* [70, 85]; tamén en *fostes* [113, 3] e *pasaste* [113, 9]; ou aínda máis no longo poema [30], no que alternan as tres formas tamén sen ningún criterio [Cfr. *supra*], ata o punto de se dar en versos consecutivos: *qu-empezaches, festexeiro, / e agora quedache afón* [72, 77-78].

c) uso da solución que caracteriza a zona occidental coruñesa *-stedes* na desinencia da P5 dos perfectos fracos

Menos variabilidade hai nesta ocasión, sendo maioritaria a forma dilectal do plural: (vós) *despertástedes* [51, 77]; *deixástedes* [61, 15]; *fixéstedes* [109, 9]; *fóstedes* [93, 25] e *usurpástedes* [112, 11]. Xunto a ela aparece tamén a desinencia *-chedes*, mais nunca a que hoxe se considera normativa na P5 *-stes*. Así, temos: *feríchedes* [61, 38]; *lebráchedes*

[88, 55] e *víchedes* [13, 9; 61, 29]. Mais novamente con casos de variabilidade no mesmo texto, velaí o poema [61] [*Cfr. supra*].

d) uso da solución que caracteriza a zona occidental coruñesa *-no* na desinencia da P6 dos perfectos fracos

A solución *-no* na desinencia da P6 dos perfectos fracos⁶¹⁹, propia das falas do occidente da Coruña e hoxe en claro retroceso, aínda se atopa con vitalidade na lingua literaria do noso poeta: *fono* [94, 3]; *imigrano* [20, 11] e *levano* [17, 11]. Con todo, a solución abrumadora é a desinencia *-ron*, incluso nalgunha das palabras citadas: *foron* [30, 412; 30, 785; *passim*]; *fóron-a* [30, 636] ou *fóronse* [30, 540]; *imigraron* [30, 1445] ou *inmigraron* [30, 811]. Ademais, o citado *imigrano* [20, 11] concorre no mesmo poema con *alcontraron* [20, 12] e *atopáron-o* [20, 1].

e) acentuación proparoxítona nas P4 e P5 dos imperfectos, pluscuamperfectos e futuros de pretérito do indicativo

Este desprazamento acentual da vogal do SMT á VT ou á raíz é propia do occidente coruñés, polo que o poeta segue sempre a súa fala, mentres que a normativa actual opta polas formas tradicionais con acentuación paroxítona. Tan só rexistramos estas formas: *fórades* [96, 46]; *merecérades* [117, 24]; *morrérades* [93, 32]; *zoábades* [10, 13].

f) uso dunha solución apocopada na desinencia da P5 do presente de indicativo ou de subxuntivo

⁶¹⁹ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de LUGRÍS FREIRE as formas en *-no* eran concibidas como ‘dialectais’, que se pretendían proscribir e non validar, en favor de *-ron*.

A carón de moitas formas que concordan coa actual normativa, rexistramos tamén unha longa serie de formas verbais apocopadas na P5 do presente de indicativo e, nomeadamente, do presente de subxuntivo: *non teñás medo* [2, 53]; *non atopés coa sorte* [13, 33]; *¡Que recollás anada por quintales!* [16, 16]; *¿Sabês que esa momia exicia...* [30, 345]; *Non vos fiés das meniñas* [30, 444]; *ni deixés os quefaceres...* [67, 40]; *xa cantês ô paxaro*, [88, 26]; *xa cantês solermiños*, [88, 59]; *xa zoês rebruentes*. [88, 60]; ... *lle digás que, por éla*, [88, 74]; *Das gandra irlandesas, no haberés suidade; tampouco haberés mágoa, das gandra do Morvern* [93, 33-34]; *cantando encol das ondas, vosoutros ouzarés*. [94, 44]; *que nos alumás hoxe n-outra irmandade a fé*, [108, 50]; *Non eistrañés que algún día* [117, 1] ou *Non pensés que na firmeza* [117, 9]. Todas elas alternan con formas plenas, incluso nun mesmo poema, velái estes tres versos: *xa cantédeslle â terra, xa cantédeslle ô lar, / xa cantês ô paxaro, / xa cantédeslle ô craro* [88, 25-27].

g) uso dunha solución apocopada na desinencia da forma de P3 do presente de indicativo

Da mesma maneira, a carón de moitas formas que concordan coa actual normativa, rexistramos tamén unha longa serie de formas verbais apocopadas na forma de P3 do presente de indicativo: *merés* [30, 1045]; *ofrés* [30, 1220]; *parés* [40, 6; 46, 25; *passim*] (aínda que tamén *parece* [30, 172]); *ondé* [110, 8]; ou, finalmente, mesmo cando se lles une un pronome átono, como *parésme* [53, 43] ou *quésme* [30, 1422].

h) uso dunha solución apocopada na desinencia da forma de plural do imperativo

Finalmente, como nos casos anteriores, a carón de moitas formas que concordan coa actual normativa, rexistramos tamén unha serie de formas verbais apocopadas no plural do imperativo: *pasá todos por baixo...* [2, 52]; *Calái, mulleres...* [30, 376]; *Apacigá...*, *têde*

conta [30, 435] (mais un pouco máis adiante unha forma plena, *Tomade nota* [30, 440]) e *¡Acudílle!...* [45, 39].

No tocante aos restantes paradigmas verbais regulares e irregulares, de quitado das características subliñadas nos anteriores parágrafos e que non reiteraremos, cómpre salientar os seguintes aspectos:

VARIACIÓNS NOS PARADIGMAS VERBAIS REGULARES

ANDAR: A única particularidade salientable é a presenza dun tema de perfecto innovador, moi presente na fala dialectal e que se adoita considerar como castelanismo. Trátase de *anduv-*, que aparece na forma *anduvera* [64, 35]. O resto das formas axústanse ao paradigma regular deste verbo.

BRANDEAR / BRANDIR: No noso idioma concorren estes dous infinitivos verbais que, en determinados contextos, teñen o mesmo significado de ‘facer oscilar violentamente, abanear, abalar’, mais o noso poeta fai uso de varias formas que remiten para *brandear*, xunto a outras que proveñen dun infinitivo *brandir* (‘brandir’) e que son maioritarias: *mentres que debullan, brandéndose, os trigaes* [4, 53]; *finxían margaridas / brandéndose cô sopro da bris da venturanza* [17, 7-8]; *mais, brandéndose Millo* [18, 31]; *brandéndose con ritmo de moiñeira* [21, 4]; *e os pálidos centeos, / brandéndose, lanzales* [30, 120-121]; *nos pentagramas brandan cós canouros* [44, 83]; *lugar onde brandê nosa bandeira* [94, 48]; *FOI un rexo fidalgo sin máis armas que a pruma / pra brandel-a no dreito de unha Patria irredenta* [111, 1-2]; *brandéndose os trigaes* [112, 31] e *¡as armas ben branderas coma o espartán BRASIDAS!...* [113, 14]. Da primeira opción unicamente rexistramos: *e, outra ves,*

se brandea [18, 16]; *n-os agros brandeaba o mar de louro trigo* [31, 65] e *facía brandear as espadanas* [33, 26];.

REDIMIR: Este verbo é completamente regular en galego, mais no noso poeta anotamos unha forma verbal *redemen* [107, 19], que remite para un infinitivo *redemir*, xunto a outra clase de palabras que proveñen de *redimir* (*redimidora* [74, 79]; *redimidos* [95, 49]; *redención* [76, 12]; *redentora* [76, 2]; *redenta* [74, 70] e, finalmente, *irredenta* [91, 27; 91, 56; *passim*]). Con todo, as formas maioritarias, sexan verbais ou sexan doutra clase de palabras, remiten para un infinitivo *redenzar*. Velaí: *redenza* [30, 1430]; *redenzan* [61, 42]; *redenzarán* [30, 1136]; *redenzoada* [87, 17]; *redenzón* [5, 51; 95, 41]; *Redenzor* [85, 14]; *redenzora* [5, 12; 112, 1]; *redenzoras* [112, 39; 115, 8] e *redenzóu* [22, 18].

Alternancias vocálicas no radical do verbo

Dado que as alternancias vocálicas nos verbos en *-er* non teñen repercusións gráficas non se poden analizar neste apartado. Unicamente sinalaremos que o poeta utiliza con corrección os paradigmas, mesmo en casos como *escorre* [72, 72]; *escorren* [69, 39]; *ferve* [83, 31] (nunha ocasión en contracción por fonética sintáctica *ferv'o* [77, 7]); *reñen* [66, 22; 69, 5] (dun infinitivo *reñer*, variante do estándar *rifar*) ou *tollen* [81, 6]. Pola contra, por castelanismo, utiliza *convirte* [88, 20; 88, 32], no canto de *converte*.

A) Alternancias vocálicas nos verbos en *-ir*

As actuais *Normas* [2003] contemplan que a maioría dos verbos da CIII manteñen inalterada a última vogal do radical ao longo de todo o paradigma e iso tamén ocorre na lingua poética de **Antón Zapata García**, polo que non as analizaremos.

A.1) Verbos con *e* como vogal final do lexema no infinitivo

As *Normas* [2003] sinalan que poden presentar dous tipos de alternancia, veremos como se comporta a lingua do poeta nestes dous casos.

A.1.1) Hai un grupo que troca *e>i* nas formas do presente de indicativo e imperativo cando a raíz é tónica e en todo o presente de subxuntivo. As poucas formas que atopamos na lingua do noso poeta responden a este modelo: *refiren* [30, 1397]; *viste* [105, 4]; *vistes* [100, 44] e *visten* [98, 58]. As únicas anomalías teñen que ver con outro fenómeno xa analizado [Cfr. I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono], ao apareceren *prefirían* [32, 77]; *vistía* [13, 20] e *vistírono* [102, 7], ou polo uso de formas derivadas do castelanismo *refrexar*.

A.1.2) Outro grupo presenta unha tripla variación no vocalismo da raíz, aínda que unha delas é fonética e non se representa graficamente. Nestes casos atopamos formas correctas e moitas outras que se deben comentar e que analizaremos verbo a verbo.

FERIR: Neste verbo case todas as formas conxugadas coinciden co actual paradigma (coa salvidade da forma de perfecto xa subliñada *feríchedes* [61, 38]), mesmo no caso do subxuntivo *firades* [61, 39]. A única excepción prodúcese na P3 do presente de indicativo *fire* [30, 1018; 38, 121], fronte ao normativo *fere*.

SENTIR: Neste verbo tamén case todas as formas conxugadas coinciden co actual paradigma, mesmo no subxuntivo *sintas* [99, 69] e no subxuntivo+pronome átono mal colocado *síntase* [48, 46], agás a alternancia que se observa na P3 e na P6 do presente de

indicativo. Fronte ás normativas *sente* e *senten*, anotamos en moitas ocasións *sinte* [32, 520; 30, 1391, *passim*] ou con pronome átono *sínteo* [30, 524] (aínda que tamén moitas outras *sente* [32, 49; 51, 60, *passim*]) e *sinten* [86, 6; 103, 13] ou con pronome átono *síntense* [44, 71; 44, 73, *passim*] (porén nunca rexistramos *senten*). Nun dos poemas mesmo coinciden formas normativas con formas que non o son, *sente* [109, 27] e *síntense* [109, 15]. Outras salvidades, xa comentadas [Cfr. I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono], son a presenza das formas *sintindo* [23; 11; 30; 1063; *passim*]; *sintíndose* [30, 588]; *sintiron* [33, 74] (que alternan indistintamente con *sentil-a* [4, 174; 5, 41; *passim*] ou *sentistes* [41, 69]). Finalmente, aínda anotamos unha única forma para un verbo derivado, *presinte* [80, 12], no canto dun normativo *presente*.

SEGUIR: Neste verbo case todas as formas conxugadas coinciden co actual paradigma, entre as que puideran ser conflitivas temos case sempre *segue* [15, 8; 30, 302, *passim*] e *seguen* [36, 11; 56, 18, *passim*], mais nunha ocasión na P2 e outra na P3 do presente de indicativo anotamos *sigues* [113, 12] e *sigue* [30, 964].

SERVIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas unicamente anotamos dúas utilizadas conforme ao actual estándar, na P3 do presente de indicativo *serve* [91, 30] e no presente de subxuntivo *sirva* [75, 27].

A.2) Verbos con *u* como vogal final do lexema no infinitivo

As *Normas* [2003] sinalan que poden presentar dous tipos de alternancia, veremos como se comporta a lingua do poeta nestes dous casos.

A.2.1) Verbos do tipo *discutir*, que son completamente regulares, manteñen a vogal *u* constante en toda a conxugación e seguen o modelo de conxugación do verbo *partir*. Por seren regulares non sinalamos as formas atopadas de verbos deste modelo.

A.2.2) Verbos que presentan alternancia entre *u* / *o* [**grao aberto**] na P2, P3 e P6 do presente de indicativo. Nestes casos atopamos formas correctas e moitas outras que se deben comentar e que analizaremos verbo a verbo.

ACUDIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas unicamente anotamos unha utilizada conforme ao actual estándar, na P6 do presente de indicativo *acoden* [91, 30] e outra que non o fai na P3 do presente de indicativo, con pronome átono, *acúdelle* [63, 7] (nas versións deste poemas aparecidas en publicacións periódicas aparece aquí *acodille*, tal como sinalamos nas notas de edición). Finalmente, xa comentada [Cfr. I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono], tamén é de salientar a forma apocopada do imperativo plural+pronome átono, *acudílle* [45, 39] no canto da forma plena *acudídelle*.

BULIR: Neste verbo e no seu derivado *rebulir* nunca fai uso da alternancia vocálica que hoxe é normativa, así anotamos na P6 do presente de indicativo *bulen* [57, 52] e *rebullen* [32, 7; 64, 15]. No resto do paradigma emprega as formas esperadas, incluso no presente de subxuntivo *bula* [38, 67] e *rebulan* [51, 35] ou no substantivo creado sobre o imperativo *bule-bule* [30, 578].

CONSUMIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas anotamos tan só unha, utilizada conforme ao actual estándar, na P3 do presente de indicativo, *consome* [99, 44; 118, 31].

CUBRIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas unicamente anotamos dúas utilizadas conforme ao actual estándar, na P3 do presente de indicativo *cobre* [7, 53] e

outra na P6 tamén do presente de indicativo, mais coa particularidade xa sinalada de presentar unha metátese, *croben* [97, 20; 118, 6].

CUMPRIR ('ser mester'): Entre as formas que puideran ser conflitivas tan só temos unha que non está utilizada conforme ao actual estándar, na P3 do presente de indicativo *cumpre* [27, 45; 30, 70], no canto de *cómpre*.

DURMIR: Neste verbo tanto o infinitivo, coma o xerundio ou case todas as formas conxugadas coinciden co actual paradigma (coa salvidade da forma de perfecto xa subliñada *durmío* [106, 19]), mesmo no caso do imperativo *durmide* [93, 45]. A única excepción prodúcese na P3 do presente de indicativo *durme* [72, 29] (mais só neste poema, fronte aos maioritarios e normativos *dorme* [30, 5; 30, 29; *passim*] e *dormen* [41, 39; 58, 45; *passim*]). Finalmente, tamén hai que sinalar o castelanismo da pronominalización da forma de singular do imperativo *dúrmete* [106, 8; 106, 9; *passim*].

ENGULIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas deste verbo de escaso uso nos poemas tan só temos unha que non está utilizada conforme ao actual estándar, na P6 do presente de indicativo *engulen* [69, 23], no canto de *engolen*.

FUXIR: A carón de moitas formas que concordan co actual paradigma, mesmo no subxuntivo *fluxan* [29, 14; 30, 539], tan só rexistramos dúas formas que non están utilizadas conforme ao actual estándar, *fluxe* [82, 9; 97, 35] e *fluxen* [77, 20], no canto de *foxe* e *foxen*, polo que deducimos que, para o poeta, o verbo mantén **u** no radical en toda a conxugación. Alén diso, a mencionada forma de perfecto *fluxío* [59, 30].

LUCIR: Rexistramos unha única forma conxugada na P6 do presente de indicativo *locen* [73, 9], que se axusta ao actual paradigma, así como o xerundio *locindo* [30, 925] e *locíndose* [31, 51] (mais tamén nunha ocasión *lucindo* [32, 104]). Polo tanto, neste verbo predomina unha vogal *o* no radical, que puidera indicar un infinitivo *locir*, que non se documenta. Porén, sempre temos vogal *u* no radical de adxectivos e substantivos derivados de *luz*.

REPULIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas deste verbo de moi escaso uso nos poemas tan só temos unha que non está utilizada conforme ao actual estándar, na P6 do presente de indicativo *repulen* [88, 17], no canto de *repolen*.

RUXIR: Unicamente aparece a forma *ruxe* [83, 31], no canto de *roxen*.

SUBIR: Entre as formas que puideran ser conflitivas anotamos tres, todas elas utilizadas conforme ao actual estándar, na P2, na P3 e na P6 do presente de indicativo, *sobes* [16, 74]; *sobe* [100, 34] e *soben* [18, 7].

SUFIR: O noso poeta utiliza a mesma forma con alternancia vocálica e acentuación circunflexa para a P3 do presente de indicativo *sôfre* [53, 62] e para o imperativo singular *sôfre* [30, 627], cando neste último caso a forma prescrita na actual normativa é *sufre*. Alén diso, tamén anotamos as formas sen acento, correctas segundo a norma, por ser un verbo con alternancia vocálica, *sofre* [30, 1076; 32, 109; *passim*] e *sofren* [56, 13; 74, 9; *passim*]. Xunto a elas toda unha serie de formas como *sofréu* [15; 6; 98, 34]; *sofría* [30; 1195]; *sofrides* [63; 11]; *sofrimos* [19; 13]; *sofrira* [1; 11]; *sofrirá* [97; 36]; *sofriréi* [30; 1432]; ou *sofro* [30; 1432], ademais do participio *sofrida* [30; 1134] e do substantivo *sofrimento* [1,

1; 30, 163; *passim*] (fronte as minoritarias *sufrimentos* [109; 19]; *sufrindo* [75; 18] e *sufrir* [109; 37]). Polo tanto, este verbo mantén a vogal *o* no radical de toda a conxugación.

XURDIR: Absolutamente todas as formas nominais, infinitivo, participio, xerundio, e todas as formas conxugadas presentan un radical *xurd-*, mesmo aquelas que deberían ter alternancia vocálica segundo a actual normativa *xorde* / *xorden*, *xurde* [36, 2; 36, 90; *passim*] e *xurden* [97, 42; 118, 40], incluso no subxuntivo *xurdan* [30, 547] e tamén nun imperfecto *xurdéu* [108, 17]. O mesmo acontece no derivado *rexúrdelle* [43, 11], que debера ser *rexorde*+pronome átono, mais mantén a mesma vogal no imperativo singular *rexurde* [108, 46, 112, 40], de maneira correcta. Polo tanto, podemos afirmar que o verbo mantén *u* no radical en toda a conxugación.

VARIACIÓNS NOS PARADIGMAS VERBAIS IRREGULARES

CABER: Unicamente salienta a presenza dun tema de perfecto dialectal, aínda que disperso por todo o dominio galego *coup-*, que aparece na forma *coupo* [110, 14].

CAER: Xa se comentaron nas agudas rematadas en ditongo decrecente [*Cfr. supra*] as formas verbais da P3 do presente de indicativo, quer con acento, *cái* [30, 551; 34, 13] quer sen acento *cai* [30, 956], que semellarían remiten para un infinitivo dialectal *caír*, porén tamén anotamos na P4 do presente de indicativo *caemos* [87, 21], un infinitivo *caer* [38, 13] e dous xerundios *caendo* [53, 57; 61, 36], ademais dunha tamén normativa P6 no presente de subxuntivo *caian* [89, 27; 91, 33].

CRER: Neste caso a única particularidade salientable é a mencionada acentuación circunflexa para marcar os encontros vocálicos que na fala e na escrita se resolven en contraccións *ee>ê*: *crê* [108, 52]; *crêrá* [30, 333] ou o substantivo *crênte* [15, 5].

DAR: En primeiro lugar, na P1 do perfecto non rexistramos a forma etimolóxica e hoxe normativa *dei*, pois adoita facer uso da forma *dín*, con acento agudo ou circunflexo, analóxica da forma *vin*, que é a que se utiliza no territorio de procedencia do poeta e que ademais concorre con outra forma homógrafa *dín*, do verbo dicir, coa que non se debe confundir [Cfr. *supra*]. Para o verbo *dar* temos: *dîn* [16, 71] ou *dín* [14, 34; 31, 100] e cos pronomes átonos *dínme* [53, 35] e *dínlle* [1, 13; 36, 83]. Igualmente, na P3 do perfecto apareceu a forma dialectal *dóu*, con ou sen acento, no canto de *deu*. Así, temos: *dou* [52, 13] (tan só nesta ocasión e en versións de poemas aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición) e a maioritaria *dóu* [14, 36; 25, 2; *passim*], ademais das que levan pronomes átonos *dóume* [100, 14]; *dóulle* [3, 14] e *dóuselle* [2, 84], todas elas acentuadas. Tamén rexistramos para a P1 do presente de indicativo outra forma homógrafa *dóu*, con ou sen acento, aínda que neste caso é maioritaria a forma sen acento: *dou* [31, 113; 40, 40; 65, 24] e *dóu* [36, 40]. Finalmente, é de salientar que usa o presente de subxuntivo con corrección: *dea* [30, 76] e tamén usa o futuro de subxuntivo, desaparecido da fala viva ou fosilizado en refráns, neste verso *que a Portugal e a Hespaña a doce língua der*, [108, 34], mais ben puidera ser que neste caso se vise forzado para rimar este verso coa palabra *ser*. Mención á parte merecen a expresión de fe relixiosa *¡Daime amparo, Virxiña!;* / *¡daime amparo!... ¡que morro!...* [30; 960-961] e o nome fucional da meiga «A Daimerrisa», citadas no longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30], con esa forma verbal con *i* antiático+pronome *daime*).

DICIR: Neste verbo anotamos a peculiaridade da acentuación na P3 e na P6 do presente de indicativo, quer con acento circunflexo: *dî* [6, 5] e *dîn* [6, 8; 20, 5; *passim*], quer con acento agudo: *dí* [17, 13; 30, 327; *passim*] ou cos pronomes átonos *dille* [36, 69]; *dín* [6, 4; 31, 33; *passim*] ou cos pronomes átonos *dínme* [53, 35]; *dínlle* [94, 39] (tamén sen acento *dínlle* [116, 60]); *dínse* [30, 388] e *dísille* [70, 104], e o mesmo sucede na forma singular do imperativo: *dí* [26, 12; 30, 415]. Ademais concorre con outra forma homógrafa *dín*, do verbo dar, coa que non se debe confundir [*Cfr. infra*]. Esta arbitrariedade aínda se acrecenta co uso de formas distintas para o mesmo verbo nun poema, como *dî* [6, 5] e *dín* [6, 4; 31] ou *dí* [30, 327] e *dínse* [30, 388]. Polo demais, o resto da conxugación segue dous infinitivos diferentes *decir* / *dicir*, as dúas usadas na lingua oral moderna, aínda que a normativa actual prefira a segunda opción. Así, son maioritarias as formas que remiten a un infinitivo *decir*: *decía* [30, 720; 30, 997; *passim*]; *decían* [30, 1013; 108, 14]; *decindo* [30, 427; 42, 39; *passim*]; *decíndolle* [4, 102; 30, 984]; *decir* [30, 383; 30, 413; *passim*] ou cos pronomes átonos *decil-a* [33, cita]; *decirnos* [5, 11; 56, 29]; *decirlle* [70, 29] ou *decirlles* [2, 48], así como nos substantivos *decir* [111, 7; 118, 40] e *decires* [36, 28] ou nas formas dos verbos derivados *bendecindo* [7, 56] (de **bendecir**) e *maldecida* [96, 44]; *maldecindo* [33, 84] (de **maldecir**). Mais tamén abundan as formas que remiten a un infinitivo *dicir* / *dicer*: *dicía* [13, 36; 33, 7; *passim*]; *dicindo* [38, 11; 86, 19; *passim*] e os derivados *bendizoando* [22, 25] e *maldicer* [95, 8], ademais das formas sincopadas, credas sobre *benzoar*, *benzoada* [98, 64; 112, 49]; *benzoadas* [61, 19; 61, 37] e *benzoan* [4, 129]. Outra vez chama a atención a concorrencia de formas diferentes nun mesmo poema, como sucede en *decil-a* [33, cita] e *dicía* [33, 7]. O resto das formas verbais, que non citamos, xa se axusta totalmente ao paradigma normativo.

DOER: Unicamente salienta a correcta utilización do presente de subxuntivo, hoxe normativo, *doia* [89, 27], cando era de agardar *doa*, forma viva na súa fala dialectal.

ESTAR: Neste verbo o único aspecto salientable ten que ver coa utilización esporádica do radical castelán *estuv-* para o tema de perfecto, velaí a forma *estuvén* [32, 79], mais tamén aparece o radical galego *estív-* en *estivo* [30, 750; 30, 1292]. Ocasionalmente tamén usa unha forma castelanizada para o presente de subxuntivo, pois no canto de *estea* aparece *esté*, aínda que só nos versos do propio poeta que aparecen como Limiar do libro *A roseira da soidade*.

FACER: Alén dun paragóxico *facere* [98, 15], salienta o uso tamén ocasional do infinitivo *faguer* [93, 51] ⁶²⁰(só nesta ocasión fronte ao maioritario *facere* [30, 294; 30, 779; *passim*]) e a todas as demais formas conxugadas, que non citamos e que seguen o paradigma habitual. Polo demais, na conxugación a única característica salientable é o uso da forma de futuro *facerás* [38, 167]. Non rexistramos ningunha outra forma do futuro, mais si o condicional *faría* [33, 31] que segue o modelo normativo.

HABER: A maior particularidade está nas formas salientadas con ausencia de *h*, *oubo* [112, 16] (tan só neste poema, fronte a *houbo* [2, 19; 36, 67; *passim*] ou *houbera* [30, 736; 109; 22]) ou *qu'a de salvarnos* [76, 12]; *a de levarnos* [76, 13] (tan só neste poema, fronte as numerosas formas con *ha*, entre elas *ha de ser* [22, 2] ou *ha de loubarme* [138, 55]); *ei d-ir* [14, 37] e *ei de andar* [100, 55] (fronte as numerosas formas con *hei*, entre elas *hei de salvar-o* [27, 57] ou *hei de morrer* [30, 1062]). Sobre o uso das perífrases verbais

volveremos máis adiante [*Cfr. infra*]. Finalmente, no aspecto semántico, anotamos varias formas verbais que manteñen o antigo valor de ‘ter’: *Como todol-os fortes que houbo o mundo* [2, 19]; *¡que na moura orfandá non han legría!...* [32, 122]; *que n-houberon cremencia* [95, 34] e *Non han perdón de Deus nin do seu Fillo*, [97, 37].

IR: Canto á conxugación deste verbo nos textos poéticos, de quitado da perfecta utilización do imperativo *vamos* [27, 55], tamén fai uso desta forma no presente, o que representaría un castelanismo, *vamos* [100, 12] e *vámonos* [30, 440] (mais tamén *imos* [70, 111] e *ímonos* [99, 10] ou incluso na P5 e *ides* [75, 16; 75, 44]) e para formar perífrases *vámol-a andando* [100, 27], *vamos vivindo* [100, 28]. Do mesmo xeito, emprega formas castelanizadas no imperfecto: *iba* [2, 57] e *iban* [30, 1334; 100, 26]. E aparecen acentuadas as formas de P3 e de P6 do presente de indicativo *vái* [2, 3; 4, 159; *passim*] (mais indistintamente *vai* [4, 65; 23, 26; *passim*] e tamén sen acento sempre que leva o pronome átono *vaite* [30, 73; 82, 9; *passim*]) e *vân* [3, 23; 3, 29; *passim*] (mais indistintamente *van* [11, 13; 28, 15; *passim*] ou incluso nun poema con acento agudo *ván* [74, 25; 74, 57; *passim*]); tamén a forma de P1 do presente de indicativo *vóu* [26, 19; 27, 51; *passim*] ou con pronome átono *vóume* [36, 40] (tan só nunha ocasión sen acento *vou* [100, 67]), así como a forma de P1 do perfecto *fún* [53, 47] (que non se debe confundir coa forma homógrafa, no mesmo poema, *fún* [53, 32], tamén grafada *fun* [2, 98; 31, 90; *passim*], todas elas do verbo *ser*. Nestes casos tamén aparecen incongruencias ao coincidiren no mesmo poema formas con e sen acento, *vai* [23, 26; 38, 114] e *vái* [23, 23; 38, 125]; *van* [57, 111] e *vân* [57, 119] ou incluso no mesmo verso *¡Alá van! ¡alá ván!...* [74, 25]. Finalmente, usa con corrección o futuro de subxuntivo, desaparecido da fala viva ou fosilizado en refráns,

⁶²⁰ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lúgrís Freire a forma *faguer* era concibidas como ‘dialectal’, que se pretendía proscribir e non validar, en

en *fores* [36, 35] e *fore* [30, 1290], neste último caso con paragoxe, para rimar con outras palabras co mesmo fenómeno de adición vocálica.

LER: Neste caso, como sucedía con *crer*, a única particularidade salientable é a mencionada acentuación circunflexa para marcar os encontros vocálicos que na fala e na escrita se resolven en contraccións *ee>ê*: *lêr* [90, 12].

OÍR / OUVIR / OUZAR: No tocante a este verbo rexistramos unicamente as formas conxugadas pertencentes ao derradeiro paradigma que, malia a perda de vitalidade na fala actual fronte á primeira, representa a fala dialectal do noso poeta (*Cfr.* Fernández Rei [1985: 97]). Deste xeito, todas as formas conxugadas remiten a un radical *ouz-* e incluso temos un infinitivo non documentado na fala *ouzar* [45, 31], xunto a *ouza* [30, 504; 30, 556; *passim*]; *ouzache* [30, 1058]; *ouzade* [81, 15]; *ouzamos* [5, 25]; *ouzan* [30, 418] ou co pronome átono *óuzanse* [30, 596; 40, 29]; *ouzando* [4, 45; 40, 41; *passim*]; *ouzara* [2, 93; 30, 754]; *ouzarémol-o* [20, 3]; *ouzarés* [93, 44]; *ouzen* [98, 73] e *ouzo* [53, 43]. Non rexistramos ningunha forma que teña como radical *o-* e que nos remita a un infinitivo **oír**: *oirás* [4, 25]. E tampouco anotamos formas conxugadas que remitan a un radical *ouv-*, mais si atopamos o propio infinitivo *ouvir* [118, 37] e os substantivos *ouvido* [34, 10; 62, 11] e *ouvidos* [10, 10; 10, 20; *passim*].

PODER: Trátase dun verbo moi usado na obra poética de **Antón Zapata García** e as máis das veces concorda coas formas prescritas na actual normativa. Así, temos o infinitivo *poder* [30, 515; 67, 80; *passim*] e as formas conxugadas *podo* [30, 548; 65, 33; *passim*] ou moitas outras que non citaremos pola súa profusión nos textos. No tocante ás variacións, en

favor de *facere*.

vez de presentaren o esperable radical *pod-*, teñen un radical *poïd-* un infinitivo *poïder* (verbo) [98, 14] e, creados sobre este, no mesmo poema o xerundio *poïdendo* [45, 19] e, noutros textos, os substantivos *poïder* [45, 19] e *poïderdante* [2, 40] (*poderdante*, ‘persoa que dá poder a outra’). Moita maior variabilidade presentan as formas de perfecto, no canto do normativo *puid-* aparecen dous radicais diferentes, *pud-* en formas da P1 *puden* [31, 45; 31, 115; *passim*] (mesmo co pronome átono *púdente* [84, 5]) e en formas da P3 *pudo* [2, 38], e outro radical *poïd-* tamén en formas da P1 *poïden* [99, 18], da P3 *poïdo* [103, 9] e en formas da P6 *poïderon* [138, 21]. Algo semellante ocorre nas formas do pluscuamperfecto, con valor desiderativo, pois anotamos formas co radical normativo *puid-*: *puidera* [10, 29]; e esta mesma, no mesmo poema e noutros textos, con radical *poïd-*: *poïdera* [10, 9; 10, 19; *passim*] e aínda temos outro radical diferente *pud-*: *pudera* [74, 12; 82, 7]. Como é sabido, con valor irreal, na fala coloquial úsase indistintamente este tempo ou o pretérito de subxuntivo, de feito nalgúns dos contextos citados era esperable unha forma de subxuntivo *puidese* que nunca se documenta. Curiosamente, cando no dominio do galego son formas bastante inestables, no presente de subxuntivo sempre fai uso dunha forma contemplada no actual estándar: *poïda* [30, 57; 36, 37; *passim*]. En calquera caso, o paradigma demostra máis unha vez certa incongruencia á hora de fixar estabilidade.

POÑER / PÓR: Con respecto a este par cómpre dicir que predomina o emprego do primeiro dos verbos, tanto nas formas nominais, do infinitivo *poñer* [30, 249; 30, 1082] ou *poñerse* [43, 3] e do xerundio *poñéndose* [30, 1261], como nas formas conxugadas *poña* [30, 1021]; *poñamos* [89, 12]; *poñas* [78, 10]; *poñen* [4, 163; 30, 1451; *passim*] e *poñían* [13, 13]. Polo demais, as formas de presente, con acento agudo ou circunflexo (que non prescribe a actual normativa) e pronome átono, *pónme* [30, 550]; *pônse* [37, 3]; de perfecto *puxo* [1, 2; 30, 538; *passim*]; *puxeron* [116, 52] ou con pronome átono *puxéronlle* [102, 8]

concorren nos dous paradigmas. Pola contra, do segundo paradigma tan só fai uso un infinitivo *pôr* [118, 42]; dun produtivo xerundio *pôndo* [30, 1241; 37, 1; 38, 153] e dun condicional *pôría* [33, 33]; ademais de aparecer en formas compostas derivadas deste verbo como *traspondo* [31, 75] e *traspôron* [97, 56]. Outras formas derivadas que anotamos son: *antepoñend'o* [77, 57]; *impoña* [94, 20]; *impoñen* [83, 23]; *impoñerlle* [71, 32]; *impoñía* [30, 1261] ou *traspoñen* [50, 14].

PRACER: Non é unha forma verbal produtiva nos versos do noso poeta, unicamente salienta a correcta utilización do presente de indicativo, *praces* [65, 15].

QUERER: Ademais da mencionada forma *quésme* [30, 1422], en troques da forma plena *quieres+me*, *quieres* [30, 74; 30, 398; *passim*] e doutra forma apocopada *quer* [42, 58; 91, 18; *passim*], tamén grafada *quêr* [30, 1178; 30, 1236], incluso no derivado *requêr* [38, 135]; que alternan coa maioritaria *quere* [30, 66; 30, 86; *passim*], todas as formas conxugadas concordan co paradigma do estándar actual e non as citaremos por ser utilizadas con profusión. Unicamente salienta a correcta utilización do futuro de subxuntivo, hoxe pouco utilizado na fala viva, *quixer* [30, 996].

RIR: Ademais da mencionada forma de perfecto *río* [67, 65], en troques do normativo *riu*, as únicas particularidades teñen que ver coa presenza de formas castelanizadas sobre as que volveremos máis adiante e de peculiaridades na acentuación, en formas que non levarían til e que ás veces aparecen con acento circunflexo *rîrse* [63, 14] e *rîs* [70, 17], ou con acento agudo, xa sexan palabras monosílabas: *rí* [30, 1018]; *rín* [53, 56]; *rís* [32, 36; 72, 51; *passim*], ou palabras bisílabas: *ríndo* [72, 7]; *rîrse* [33, 31]; *ríse* [4, 66] ou en formas do derivado *sorrir*, quer con acento circunflexo *sôrrían* [30, 822]; *sôrrides* [63, 12]; *sôrrindo*

[13, 28]; *sôrrir* [38, 84]; *sôrriran* [46, 25], quer con acento agudo *sorri* [38, 1]; *sorrién* [18, 38] e *sorrislle* [65, 7], pois ningún dos casos subliñados levaría til coas regras de acentuación normativas.

SABER: No tema de perfecto sorprende que unicamente aparece nunha ocasión o radical *soup-* que está influenciado pola forma castelá, malia ser maioritario no dominio lingüístico galego e na fala dialectal do noso poeta. Así, rexistramos *soupen* [53, 39], fronte ás formas normativas *soubo* [30, 1406; 30, 1438; *passim*] e *souberon* [32, 84]. Tamén no presente de subxuntivo atopamos unha forma con radical castelanizado *sep-*: *sepades* [75, 29]. Canda todas elas aparece unha longa serie de formas, que non citaremos, co radical *sab-* que se axustan ao paradigma estándar.

SAÍR: O aspecto máis salientable é a presenza de formas verbais que remiten a infinitivos diferentes. As menos derivan da forma galega do infinitivo *sair*, desde o propio infinitivo, malia aparecer sen acento, *sair* [57, 72; 92, 18]; *sae* [38, 27; 49, 10] (para esta forma anotamos outras dúas variantes: *sai* [91, 4] e *sál* [30, 1156]); *saen* [30, 134; 30, 926; *passim*] (nunha ocasión grafado *säen* [66, 19] e noutra con presenza dun *i* antiático *saien* [83, 48]) e, por último, *saía* [30, 1041]. E as máis delas remiten á forma de infinitivo castelanizada *salir*, malia estaren moi presentes no dominio lingüístico do galego e presentaren nalgúns casos evolucións galegas: *salen* [99, 22]; *sálense* [77, 19]; *saléu* [27, 15]; *salín* [53, 52]; *salindo* [30, 919]; *salíronse* [31, 16] e *salistes* [30, 72], ademais dunha forma de subxuntivo, con radical etimolóxico, *salla* [61, 41]. De novo hai que sinalar a incongruencia de concorreren no mesmo poema *sál* [30, 1156] e *salindo* [30, 919] coa forma *saen* [30, 134; 30, 926; *passim*]. Finalmente fai uso dos galicismo *surtan* [24, 8], na

P6 do presente de subxuntivo, e *surtindo* [44, 36], na P6 do perfecto, dun infinitivo *surtir*, en francés *sortir*, ‘saír’.

SER: Neste verbo o aspecto que máis chama a atención en relación con este verbo é a variedade de formas que utiliza o poeta nos perfectos. Na P1 temos *fun* [2, 98; 31, 90; *passim*], tamén grafada *fún* [53, 32] (que non se debe confundir coa forma homógrafa, no mesmo poema, *fún* [53, 47] do verbo *ir*). Na P2 usa a variante da súa área dialectal *fostes* [13, 57; 95; 67; *passim*] ou *fóstel-o* [95, 61], en lugar de *fuches* e na P5 tamén usa a variante da súa área dialectal *fóstedes* [93, 25], en lugar de *fostes*. Alén diso, atopamos no presente de indicativo sempre a forma dubidosamente galega *eres* [30, 1423; 84, 7; *passim*] (na primeira ocasión das citadas con valor de ‘estar’) e no presente de subxuntivo rexistramos unha forma galega que lle debe moito á interferencia do castelán: *seas* [74, 8].

TER: Como ocorre no verbo *estar*, o aspecto máis salientable é a utilización de formas que remiten a un radical castelanizado *tuv-* para as formas do perfecto *tuven* [31, 114; 117, 10] e *tuveron* [65, 42] e para as formas do pluscuamperfecto *tuvera* [45, 34] e *tuveran* [36, 55]; que alterna co radical galego *tiv-*, que tan só rexistramos unha ocasión no pluscuamperfecto *tivera* [56, 7] e outra na forma de futuro de subxuntivo, desaparecido da fala viva ou fosilizado en refráns, *tiver* [30, 1340]. Finalmente, tamén anotamos para o perfecto unha forma do galego medieval, que se conserva en portugués, *teve* [118, 7], mais o seu uso debe explicarse pola necesidade do poeta de rimar coa palabra *neve* [118, 6].

TRAER / TRAGUER: No tocante a este verbo alternan as formas conxugadas pertencentes a un e a outro paradigma, presentes en todo o dominio lingüístico do galego (Cfr. Fernández Rei [1985: 101-102]). Deste xeito, do primeiro rexistramos as formas de

presente de indicativo *trái* [45, 10; 45, 48] (dialectal, mais con ampla presenza no dominio do galego, pois a solución normativa é *trae*) e *traen* [30, 664] (nunha ocasión grafado con presenza dun *i* antiático *traien* [42, 24]); as formas de perfecto *trouxo* [31, 46; 31, 116] (nunha ocasión a dialectal *truxo* [30, 526]) e *trouxeron* [61, 4; 95, 30] e a forma de pluscuamperfecto *trouxera* [30, 1205; 31, 18; *passim*]. Xunto a elas, do segundo paradigma temos o propio infinitivo, con pronomes átonos, *tragnerme* [31, 26] e *tragnerlle* [5, 35]; unha forma de presente de indicativo *tragedes* [88, 2] e dúas de imperfecto de indicativo *traguíame* [52, 7] e *traguían* [31, 54]. Finalmente, tamén anotamos dúas formas de imperfecto de indicativo do verbo derivado *atraguer*: *atraguía* [45, 19] e *atraguían* [108, 26]. Outra vez, nalgún dos poemas citados conviven formas diferentes dos dous paradigmas: *trouxo* [31, 46; 31, 116] e *tragnerme* [31, 26] ou *traguían* [31, 54].

VALER: Fai uso de moitas formas que son hoxe normativas e que xa non citamos, unicamente salienta a correcta utilización do presente de subxuntivo, *valla* [30, 1045], cando era de agardar *vala*, forma viva na súa fala dialectal. E tamén o uso dunha forma apocopada na P3 do presente de indicativo *vâl* [30, 364; 52, 14; *passim*] (maioritaria no canto da forma plena, que só se rexistra nunha ocasión, *vale* [84, 37]) e a xa citada forma do perfecto *valéu* [30, 1025], con acento.

VER: Algunhas particularidades xa foron citadas anteriormente, como a presenza de formas con acento circunflexo como o infinitivo *vêr* [2, 38; 26, 19; *passim*] ou co pronome átono *vêrme* [100, 23]; *vêrte* [14, 37] ou *vêr-vos* [10, 7] (mais de maneira minoritaria tamén temos, sen acento, *ver* [74, 11; 75, 11; *passim*] e nunha ocasión *verte* [106, 3] e *verse* [65, 10]) e as formas conxugadas *vê* [30, 335; 30, 1048; *passim*]; *vêdes* [30, 377]; *vên* [30, 421; 30, 1454; *passim*] ou *vênse* [7, 24 ; 44, 9; *passim*] (non confundir coa forma homógrafa do

verbo *vir*, *vên* [21, 11; 27, 59; *passim*], tamén con acento agudo *vén* [31, 71]); *vêndo* [30, 1217; 30, 1263; *passim*]; *vês* [36, 36; 118, 7] (non confundir coa forma homógrafa do verbo *vir*, *vês* [70, 49; 27, 59; *passim*]); *vîn* [14, 30; 30, 712; *passim*] ou *vînte* [30, 69]; *vîra* [30, 1076; 100, 31] e *vîron* [30, 814]. Algunhas das formas citadas aparecen tamén con acento agudo, aínda que de maneira minoritaria: *vé* [77, 21; 79, 7] ou *vése* [108, 35]; *vín* [2, 81; 30, 717; *passim*]; *víralle* [30, 716]; *víron* [30, 995] (tamén sen acento *viron* [33, 77; 36, 3; *passim*]); e, de xeito incongruente, ás veces nun mesmo poema e en versos próximos concorren formas con e sen acento, *vín* [30, 717] e *vîn* [30, 712]; *víralle* [30, 716] e *vîra* [30, 1076] ou *víron* [30, 995] e *vîron* [30, 814] e, por último, o propio infinitivo con tres formas diferentes *ver* [100, 65]; *vêrme* [100, 23] e, con paragoxe, por razóns de rima, *vere* [100, 36]. Obsérvase tamén a confusión entre diferentes formas de **ver** / **vir**, nas que a miúdo renxe a función diacrítica da acentuación. Polo demais, fai uso dun paradigma do perfecto totalmente asistemático, que mestura formas de perfecto que hoxe non son normativas e que non proceden da fala da súa área dialectal con outras que si o son ou que son propias da súa zona. Así, na P2 usa a forma normativa **-ches**, *viches* [30, 710; 33, 48; *passim*], cando na súa fala é (ti) *vistes*. Na P3 do perfecto usa a forma dialectal en **-ío**, *vío* [17, 14; 31, 73; *passim*] ou con pronome átono, *vío-o* [15, 14], fronte ao normativo *viu*. Por último, na P5 aparece tamén a desinencia dialectal **-chedes**, *víchedes* [13, 9; 61, 29], mais nunca a que hoxe se considera normativa na P5 **-stes**. O resto das formas do paradigma concorda totalmente co actual estándar, de non ser na maneira de grafar os pronomes átonos ligados: *vel-o* [2, 71; 20, 5; *passim*]; *vel-os* [9, 3]; *vel-a* [14, 41; 14, 42; *passim*]; *vel-as* [51, 11] ou *verémol-a* [87, 19].

VIR: Como sucede no caso anterior, algunhas particularidades xa foron citadas, como a presenza de formas con acento circunflexo⁶²¹ como o infinitivo *vîr* [4, 104; 13, 45; *passim*] (de xeito minoritario, tamén *vir* [77, 56; 116, 33; *passim*] ou *porvir* [36, 39; 36, 77]) e as formas conxugadas *vên* [21, 11; 27, 59; *passim*], ocasionalmente tamén con acento agudo *vén* [31, 71] ou sen acento *ven* [89, 18] (non confundir coa forma homógrafa do verbo **ver**, *vên* [30, 420; 30, 1454; *passim*] ou *vêse* [7, 24; 44, 9; *passim*]); *vês* [70, 49; 27, 59; *passim*] (non confundir coa forma homógrafa do verbo **ver**, *vês* [36, 36]); *vîmos* [19, 12]; *vîndes* [13, 32] (recollida, sen acento, no estándar xunto a **vides**) e o participio *vîdas* [38, 73]. Alén diso, unhas das formas de *vên* [31, 71] é da P6 (eles). E repárese, novamente, na confusión entre diferentes formas de **ver** / **vir**, nas que a miúdo renxe a función diacrítica da acentuación. Tamén neste caso as maiores diverxencias veñen das formas de perfecto, pois na P2 anotamos *viñeste* [70, 7], candos na súa fala dialectal adoita usarse (ti) *viñestes* e a normativa escolleu a forma (ti) *viñeches*. Pola contra, na P3 coincide co estándar *veu* [67, 74; 67, 77; *passim*] (aínda que, en ocasións, con acento agudo, *véu* [5, 35] e *véulle* [70, 30]). O resto das formas do paradigma concorda totalmente co actual estándar e no imperativo plural fai uso dunha das dúas formas que recolle o estándar: *vinde* [42, 40].

Uso do futuro de subxuntivo e do infinitivo conxugado

Salienta a correcta utilización do **futuro de subxuntivo**, desaparecido da fala viva ou fosilizado en refráns, do que anotamos seis casos, que están utilizados con absoluta perfección e que hoxe os falantes substituirían polo pretérito de subxuntivo, co mesmo valor irreal. Trátase das formas: *Se **conviiñer**, pr-ó trúnfo que arelamos, / furar a terra, d-un*

⁶²¹ Fernández Salgado [2000: 142] sinala como na *Gramática do Idioma Galego* (1ª ed. 1922; 2ª ed. 1931) de Lurgis Freire as formas como *vîndes* / *Vên* eran concibidas como ‘dialectais’, que se pretendían proscribir e

ó outro extremo, [89, 5-6]; ...*que a Portugal e a Hespaña a doce língua der*, [108, 34] (aquí talvez puidera ser que se vise forzado para rimar este verso coa palabra *ser*); *aínda fora mellor, mellor lle fore* [30, 1290] (neste caso con paragoxe, para rimar con outras palabras co mesmo fenómeno de adición vocálica); *Xa que vas pol-o mundo, onde queira que fores*, [36, 35]; *parexa ningunha que máis se quixer*, [30, 996] e, finalmente, *sen que nadia de abordo adiviñara / qué triste amor tiver...* [30, 1309-1310].

Rexistramos tamén cinco casos de **infinitivo conxugado**, todos na P6, que están utilizados con absoluta corrección. Trátase dos seguintes:

- f) Uso da forma conxugada cando vai introducida por preposición ou locución prepositiva e ten suxeito propio, aínda que sexa o mesmo que o do verbo principal: *pra achegárense aos mundos onde moran / as ánimas dos mortos máis eiscelsas*, [3, 11-12]; *¡morrerse preferían, / denantes que ficaren sêndo escravos...* [32, 77-78]; *antes d'iren camiño d'os países / onde quent'o calor d'a Primavera*, [74, 3-4] e *¡Non quere tel-a culpa dos ultraxes / de afondaren patriotas no seu fondo!* [109, 53-54].
- g) Uso da forma conxugada cando os suxeitos dos dous verbos son distintos, pero o do infinitivo non aparece expreso: *latrica que latrica / de un amoroso ateigo: / Casárense n-outón... ¡na lúa chea!...* [7, 65-68].

Usos e valores das perífrases verbais

Como coda do apartado dedicado aos verbos, anotamos os usos e os valores das denominadas **perífrases verbais**. Agrupadas segundo o seu valor ou significación gramatical temos:

a) perífrases temporais

non validar, en favor de *vides / veñen*.

— **futuridade ou inminencia:** Trátase dunha das perífrases verbais máis utilizadas, nomeadamente as que se forman con *ir* + *infinitivo*. A única particularidade é que moitas veces introduce a preposición *a*, nunha construción castelanizante.

***Ir* + *infinitivo*:** *vân pousarse nas furnas e nos fachos* [3, 23]; *vái lavar* [21, 14]; *vóu vêr* [26, 19]; *fóí pousarse na porta* [26, 22]; *váise axoenllar* [30, 888]; *cando fose a poñer pés na riva*, [30, 1082]; *vaia esmolar como els...*, [30, 1226]; *ou que ía a morrer* [30, 1264]; *e ao mar ía morrer...*, [30, 1356]; *vân asar xurelos* [30, 1381]; *indo a buscar no estranxeiro* [30, 492]; *pol-as portas ir chamar* [30, 549]; *je alí fóí a morrer!...* [30, 1408]; *de cantos sulcar vâñ* [40, 34]; *fún sachal-as patacas* [53, 47]; *nin nadia vái buscal-os* [57, 64]; *seis pescos van arriscarse* [60, 28]; *todal-as tardes vai a rezar...* [75, 4]; *vas a cruzar*, [75, 7; 75, 21; *passim*]; *van restarll'a mar bravía* [77, 60]; *que vai morrer calquer día* [99, 3]; *n-as mardes rubidoras que o cumio van bicar* [108, 20]; *Vas vir comigo, deica ao Preguntoiro* [116, 33] e *cando ía abril-a porta* [116, 49].

***Haber* (de) + *infinitivo*:** É outra das perífrases verbais máis produtivas, neste caso a única particularidade vén dada pola presenza de formas do verbo auxiliar *haber* que aparecen grafadas sen o *h*, mais ocorre en moi poucos poemas. Na súa construción poucas veces prescinde da preposición *de* e nalgúns casos prodúcese a interpolación do pronome átono entre o verbo auxiliar e o infinitivo. Velaquí todos os exemplos: *poo somente han tornarse baixo a terra* [3, 4]; *que ha salvarnos a todos* [3, 20]; *que ha vîr o bô día* [4, 104]; *ei d-ir vêrte* [14, 37]; *o meu povo ha de ser lumiñeira* [22, 2]; *has sabel-o...* [27, 56]; *i-hei de salval-o*, [27, 57]; *han de ser nosos amores* [30, 81]; *Hei voltar* [30, 86]; *a mágoa da que hei de morrer* [30, 1062]; *hei de... compril-a obriga* [30, 1422]; *han-nos dar o pan* [38, 42]; *¡ha de loubarme, posto de xionllos, / e ha me dar bicos cando chegue a esfolla!* [38, 55-56];

han de dal-a broa [38, 101]; *que se ha trocar no porto* [55, 5]; *con que han de encherse logo as tinas e lagares* [55, 13]; *ch-héi contar a outa histórea das procelas* [71, 27]; *A santa redención qu'a de salvarnos / y hastr'a cume d'a groria a de levarnos* [76, 12-13]; *e penso n-hei de sabel-o* [67, 2]; *q-heiche falar* [91, 9]; *¡e todos han de falal-a!...* [91, 45]; *e acougo vosos corpos por sempre haberán têr* [93, 46]; *Han socombire todol-os traidores* [97, 33]; *ei de andar ¡que Deus m-escoita!*, [100, 55]; *han de seguil-a ideia que te ispira* [104, 7]; *ha de s-erguer puxante* [108, 54]; *¡O fin!, ¡ó fin, ei d-irme, ¡Terra Enxoi!* [112, 9]; *Haste de vir comigo —repetía—* [116, 53] e *moi logo hemos topal-o*, [116, 54]. Nalgunhas destas perífrases o valor de futuridade mestúrase co de obrigatoriedade, mais nunca co de hipótese.

b) perífrases modais

— **hipótese**: Sinalan suposición ou conxectura.

Deber (de) + infinitivo: *debe ser nado en Castela* [91, 17] e *¡Algún debéu afogarse!* [62, cita; 100, 16].

Poder + infinitivo:

camiño de outras terras onde poida / ganar o pan máis abondo, [30, 57-58]; *de non podel-o têr!...* [30, 1222]; *non puden saber* [31, 45]; *poida ser —non-o dúbido— que asalcontres máis grandes*, [36, 37]; *non podel-os salvar da negra morte* [41, 70]; *Poida ser que teñamos nordesía*, [47, 21]; *¡poida ser lle sorría pol-a Costa da Morte!...* [53, 64]; *poider decir, berrándolle*: —*¡Petouto!*— [98, 14]; *e non poiden alcontrar* [99, 18]; *...Poida ser que outra volta non intente... / ¡¡pois non podon vivir antre traidores!...* [102, 13-14]; *¡Deus queira que poida vel-o / mariñeiro de renome!* [106, 17-18] e *poideron facer burato*, [117, 12].

— **obriga**: Sinalan acción obrigatoria:

Haber (que) + infinitivo: hai que apagal-o con xarras [30, 683].

Deber (de) + infinitivo: Debemos de brindar [76, 5].

Ter + que + infinitivo: teño que vos contare [30, 411]; e têr que se voltar, amargurado [30, 1083]; non tiña que facer [30, 1182]; de tér q-ir coma on feixe na bodega [80, 8].

Tamén hai que incluír aquí a perífrase *ter + de + infinitivo*, que a actual normativa non admite como correcta: *sin dóo têrlle de o facer relón [38, 36].*

c) perífrases aspectuais

— **imperfectivas**: Sinalan unha acción durativa, non concluída, en proceso. Trátase da perífrase verbais máis utilizada, nomeadamente a que se forma con *ir + xerundio*.

Estar + xerundio / estar + a + infinitivo: que aínda estaba medrando [36, 52]; a fornada aínda está cocendo [38, 143] e cando a xente, cô medo, está rezando [44, 4].

Andar + xerundio / andar + a + infinitivo: Ando buscando sempre unha parola [98, 1].

Ir + xerundio: que vai bicando o celta Ourente [4, 65]; vãn facendo máis lenes as cadeas [4, 83]; d-unha riveirana / que fora facendo [4, 89-90]; fói tecendo..., tecendo..., tecendo..., [4, 93]; vái tocando a moiñeira [4, 159]; vãn prendéndose quedas... [4, 170]; foi traballando as terras [13, 7]; vãn collendo nos mestos patacales [16, 41]; vãn siñándolle os puntos [18, 22]; vãn tocando as castañetas [23, 14]; xa vái chegando a nuite [23, 24]; vãn

vertendo os graus de ouro [24, 3]; Xa van chegando os romeiros [28, 15]; Vái rubindo a marea [30, 25]; vâanse abrindo algunhas portas [30, 54]; Os morcegos e mouchos vâñ fuxindo [30, 88]; as pombas da alborada vâñ abrindo [30, 90]; vâñ rubindo..., rubindo..., [30, 156]; vâñ tecéndose os veos [30, 162]; enonde aquesta lênda vái vivindo [30, 286]; con lixos a Rosa vái cobrindo [30, 288]; vâñ ceibando graus negros [30, 299]; a Praza váise enchendo [30, 419]; Eisí fóron-a correndo [30, 636]; vái chegando das doas ao remate [30, 810]; vái tocando [30, 838]; vâñ salindo da igrexa [30, 919]; vâñ bicando âs veces [30, 934]; fora alonxándose da terra [30, 1075]; ía pôndo unha lousa [30, 1241]; as verbas vâñ tecéndose [30, 1403]; mentras se ían queimando [33, 21]; pr-ô xa longo agardar que vóu sostendo [35, 8]; O maino alborexar vai pôndo os dedos [37, 1]; vai ceibando a bris agarimosa [37, 7]; diante â xugada do que vái arando [38, 10]; vái dicindo un prego [38, 11]; vái atentando, silandeiramentes, [38, 94]; ¡vái zascoando darredor a moa... [38, 125]; os pans vái pôndo [38, 153]; vas rachando nas augas teu vieiro [39, 8]; pol-a Costa da Morte van chorando [40, 11]; chamando âs portas vái [40, 26]; as lanchas vâñ emproándose [42, 7]; vâñ atracando [42, 15]; Vái noitecendo. [42, 61]; ían pelegrinando [43, 6]; e as negras furnas vâñ tornando fondas... [44, 18]; e os fíos de auga que se vái filtrando [44, 67]; os barudos peixeiros vâñ alando [46, 2]; vái oupando o balbordo da marea [47, 15]; vai fendendo [49, 2]; Eisí vai avantando [49, 9]; vâñ facendo a colleita [51, 46]; xa vái voltando a xente [51, 58]; vêndo os grans ir caendo no furado da moa [53, 57]; que van coutando a brisa [57, 111]; vâñ afiñando as notas [57, 119]; vái avantando [58, 16]; deixar ir dando tombos por vosoutras [61, 33]; e os terreos vâñ quentándose [64, 27]; e mentres vái orzando [65, 31]; E mentres vóu deixando o pardo río [65, 37]; ía recorrendo as lanchas [67, 27]; van deixand'as casiñas d'as aldeas [74, 16]; e, camiño d'a Cruña, van chorando [74, 45]; van deixand'as gabarras aos coitados [74, 49]; Ao ver as naves que van cruzando [75, 11]; seu fillo que vái remando [77, 65]; qu'ó mundo vai rindíndoll'a teu trino

[78, 12]; *pódense ír vêndo*, *dispáceo* [84, 11]; *van dicindo a firente pauliña* [86, 19]; *vân facendo ô bogar* [88, 34]; *que as ondas fono erguendo c-ôs seus brazos* [94, 3]; *a língua van ceibando sobr-â guerra* [97, 14]; *Non ollar que a Alborada vai chegando* [98, 77]; *e vai enchendo a marea* [99, 12]; *van deixando os penedals* [99, 54]; *a dúo—, iban dicindo: / — Miña irmán... ¡vámol-a andando!... / —Meu irmán... ¡vamos vivindo!... [100, 26-28]; vai afondando as rilleiras [100, 30]; van abrazando os camiños [100, 52]; anque os pés vaian sangrando! [100, 56]; van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!... [101, 14]; Xa vai durmindo meu home [106, 15]; van arrincando á terra algúns gadellos [109, 4] e Eisí foi xalonando seu vivir aquel ceibe [111, 9].*

Vir + xerundio: viñera aloumiñando [22, 23]; *Coma vos viña decindo* [30, 427]; *cantar que fái mil anos vên cantando* [46, 4] e *que vês ceibando querereres* [70, 49].

Seguir / continuar + xerundio: segue enchéndoo de fonda craridade [15, 8]; *anque seguen morándoas os peixeiros e nautas* [36, 11]; *Segue resprandecendo a Estrada de Sant-Iago* [108, 41];

— **perfectivas**: Sinalan unha acción concluída.

Deixar / parar / cesar + de + infinitivo: Deixara de escribirlle aos seus feitos [30, 1251] e *¡Déixare de parrafeos!... [107, 42]* (aínda que neste último exemplo ben puidera tratarse dunha gralla, en vez de *déixate de*).

Ir + participio: as derradeiras lanchas vâñ botadas [57, 59]; *non corren: ¡vân voidados!... [57, 79] e vái por séis remos levada* [77, 53].

Ser + participio: as furnas foron escavadas [44, 16]; do chan que â vida fûn vido [84, 2] ou e dos corvos xa fôrades comestos [96, 46].

— **reiterativas:** Sinalan unha acción que se repite ou reitera.

Volver / tornar + infinitivo: volvendo a revoare [31, 15] e Se a volvedes a ver [88, 69].

Neste último caso coa introdución da preposición *a*, por castelanismo.

Ter + participio: pra têr acogulado o fol da esperanza [30, 131]; ningún máis rexa lira batel-os se tén visto! [110, 4];

— **terminativas:** Sinalan unha acción que finaliza. A presenza da preposición *a* reforza a conclusividade e pode substituírse por *para*.

Vir +(a) + infinitivo: que veña a darlle consolo na pesadume [4, 151]; véu a tragerlle â soidade, [5, 35]; ¡vên falar! [21, 11]; Vînte a vêr [30, 69]; viñeron a tragerme máis tristeza [31, 26]; vén a tristecerme o coadro [31, 71]; que o corazón veu cravar [67, 77]; viñeste a estreitarlle a man [70, 7]; que un ratiño veu a verte [106, 3] e que algún viñese a ollal-o... [116, 94].

— **permanencia en estado previo: Estar + participio: que xa está dourado [38, 148];**

I.3.3.5.4.11. Adverbios e locucións adverbiais.

A particularidade máis salientable nos adverbios é o usa de formas que non son propias da súa área dialectal e que ditongan, como *eiquí [5, 24; 20, 23; passim]; ehí [33, 58] ou eisí [3, 29; 21, 10; passim]*, incluído cando se une á conxunción copulativa, con trazo

ou guión, por fonética sintáctica *i-eisí* [36, 96; 38, 138], ou cando forma parte doutro adverbio *i-eisímade* [114, 12] ou *i-eisimade* [30, 179; 51, 32], para o que o actual estándar escolleu a forma *asemade*, que o noso poeta usa co significado de ‘así mesmo’.

Tamén hai moitos adverbios que presentan paragoxe, como xa analizamos en detalle [Cfr. I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono]. E xunto aos adverbios de tempo *antonte* [26, 9] ou *trasantonte* [30, 614; 33, 10], aparece a súa contracción coa preposición *en*: *nantonte* [33, 584], non recollida no actual estándar.

Anotamos a variante *abofellas* [67, 4], para o adverbio de afirmación *abofé*, que tamén se rexistra *abofé* [30, 1262; 36, 78].

Para o adverbio de dúbida *acaso* usa unha forma con adición consonántica e que ademais contrae coa conxunción *se*, que ás veces castelaniza. Así, temos *seascaso* [53, 53; 97, 35] ou *siascaso* [104, 9] e nunha ocasión *si ascaso* [36, 64].

A respecto da forma *case* rexistramos unha forma *cuáseque* [53; nota]; mais esta é a única ocasión na que aparece pois o poeta adoita resolver conforme ao estándar as demais aparicións: *cáseque* [30, 639] (que a normativa actual prescribe escribir *case que*) ou *case* [30, 721; 30, 1121] (e tamén nunha ocasión o castelanismo *casi* [36, 77]).

Para o adverbio de tempo *decontado* unicamente unha a forma que hoxe é normativa *decontado* [30, 783].

No caso da forma *despois* fai uso de tres variantes, todas tres acentuadas no ditongo decrecente: *dempóis* [13, 48; 17, 10; *passim*]; *dimpóis* [8, 22] ou a normativa *despóis* [30, 1031; 74, 18; *passim*]. Ás veces nun mesmo poema *dempóis* [116, 43] e *despóis* [116, 81].

Para a locución adverbial *de veras* usa a forma *deverias* [30, 761], aínda que aquí ben puidera tratarse dunha gralla de imprenta pois no seu epistolario sempre escribe *de verias*. Con todo, a forma ligada está documentada polo TILG en textos de 1921 do escritor xallense Xosé Baña Pose, alcumado Pepe de Xan Baña.

Para o actual adverbio *en fin* usa unha forma ligada, que se pode considerar arcaísmo ou lusismo, *nenfín* [31, 67], contracción de *no enfín* (que hoxe a normativa grafa *en fin*). Tamén anotamos un correcto *ó fin* [117, 9].

No adverbio de tempo *entón* tan só anotamos nunha ocasión a variante dialectal *estonces* [4, 60; 35, 1; *passim*] fronte á maioritaria *entón* [4, 171; 30, 422; *passim*].

E no caso de *inda / aínda*, tamén usa as dúas *inda* [4, 60; 35, 1; *passim*] e, no segundo caso, con ou sen acento, *ainda* [30, 412; 36, 6; *passim*] e *aínda* [2, 30; 10, 8; *passim*]; malia predominar a primeira solución.

Utiliza o adverbio de tempo *iñantes*, que aparece en contracción coa preposición *de*: *d-enandes* [32, 60], nunha forma que presenta vacilación vocálica e consonántica [Cfr. *supra*] e que tan só utiliza o noso poeta, segundo a enorme base de datos do TILG.

Nos textos alterna indistintamente entre *mentras / mentres*, mais a normativa actual prescribe que deben excluírse todas as formas en *-as*, coincidentes co castelán. No noso poeta temos as dúas, con predominio das primeiras: *mentras* [4, 53; 9, 17; *passim*] ou *mentres* [4, 66; 4, 162; *passim*]; *namentras* [13, 30; 20, 9; *passim*] ou *namentres* [4, 131; 29, 8; *passim*]. E usa guión ou trazo con *antramentres* e *mentras*, nestes supostos que as actuais *Normas* [2003] non recollen, mais que se poden dar na fala, como casos de asimilación: *antramentrel-o cuco* [7, 40]; *antramentrel-os fumos* [30, 150]; *mentral-a outra* [30, 788] (nunha ocasión con apóstrofo *mentr'a* “*Ventina*” [77, 63]) e *mentral-as fontes* [44, 63]. De maneira excepcional tamén anotamos estas dúas formas *nementres* [105, 39] e *nentramentres* [30, 1181].

No adverbio de negación aparece, talvez por gralla de imprenta, a forma castelanizada *no* [30, 1181] por *non* unicamente neste verso: *namentras no redenza ao ben que tanto améi*, ademais da súa interpolación entre o pronome proclítico e o verbo [Cfr. I.3.3.5.5.1. Os

arcaísmos e os lusismos. Os latinismos] e da contracción que se fai na fala entre este adverbio e un verbo, un pronome ou un artigo. [Cfr. I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo].

Para o adverbio *quizais* alterna indistintamente entre as formas metatizadas *cecáis* [30, 57; 30, 1154; *passim*] ou *cicáis* [30, 1152; 36, 77; *passim*] e a forma *quezáis* [14, 41; 26, 7; *passim*] (incluso no mesmo poema que as anteriores 30, 650, de maneira que usa tres formas nun mesmo texto, paradigma da arbitrariedade).

No adverbio de dúbida *seica* fai uso sempre da forma *seique* [30, 1225; 77, 49].

Finalmente, outras consideracións foron analizadas na acentuación (adverbios en *-mente*), onde rexistramos a forma pouco usual na literatura galega *preladadamente* [53, 639], ou tamén han ser vistas posteriormente no apartado dos castelanismos, como as formas *casi*, *donde*, *siquera* ou *tal vez*, ademais dun inusual *ni*.

I.3.3.5.4.12. Conxuncións e locucións conxuntivas. O uso de como / coma

Nesta clase de palabras hai pouca variabilidade, de quitado dalgunhas formas xa comentadas noutros apartados (Cfr. principalmente I.3.3.5.2.3. O acento ortográfico e I.3.3.5.2.5. O guión ou trazo), tan só temos a forma *apesares que* [30, 1089], que as actuais *Normas* [2003] prescriben como *a pesar de que* e a forma sincopada *pro* [4, 57; 11, 21; *passim*] (aínda que tamén anotamos, en ocasións, a forma plena, *pero* [31, 21; 77, 29]).

Alén diso, a lingua literaria do noso poeta caracterízase por empregar as dúas posibilidades que ofrece a nosa lingua para introducir o segundo termo da comparación. Desta maneira rexistramos moitas aparicións de *coma* e de *como*, polo que se pode dicir que se usan indistintamente. Porén, contrariando o que prescribe a actual normativa, cando o segundo termo é un pronome adoita utilizar *como*: *porque non somos matronas / de outo copete como ela...* [30, 330-331]; *—forte, baril, sofrida, e, como a nosa, brava—*, [30, 1134]

ou *vaia esmolar como els...*, [30, 1226]. Mais tamén o usa cando non é o termo da comparación, como sucede en: *Como tí de piratas muito sabes* [65, 5].

Noutros usos non comparativos nos que hoxe é de regra usar *como*, o poeta usa indistintamente *coma / como*. A única sistematicidade que podemos observar é a preferencia no uso da primeira cando o seu antecedente é o verbo *ser*: *Era coma un «De Profundis»* [10, 15] ou *eran coma grinaldas*, [2, 75]; mais tamén ocasionalmente *era como un deserto a súa vida*, [30, 1245].

En relación ás anteriores tamén fai uso dunha forma *atal coma*, que as actuais *Normas* [2003] prescriben como *tal como* e que só rexistramos neste verso: *e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos*, [30, 1139].

I.3.3.5.5. Aspectos léxicos

I.3.3.5.5.1. Os arcaísmos e os lusismos. Os latinismos

A presenza de arcaísmos ou de lusismos non é moi importante, aínda así atopamos algúns exemplos que interesa comentar. En primeiro lugar hai que sinalar que, tal como fixeron outros autores que quixeron depurar a súa lingua substituíndo formas coincidentes co castelán polas que aparecían nos textos medievais, ás veces conserva o encontro vocálico que se produce tras a caída dunha consoante intervocálica: *boo* [76, 4]; *bóo* [113, 2] (con acento e nunha ocasión a forma que non pertence á súa fala dialectal *bon* [36, 20]); *boos* [113, título]; *coor* [38, 15; 68, 3]; *dóo* [38, 36] (mais tamén *dó* [89, 7] ou *dô* [33, 4]); *door* [44, 72]; *doores* [88, 64]; *paa* [38, 140] ou *poo* [3, 4], mais tamén con diérese nalgunha das dúas vogais: *coöres* [30, 940]; *döor* [30, 1280; 30, 1317]; *dööres* [31, 91], todas elas a alternaren nos textos coas formas modernas, aínda que moitas veces grafadas

con acento circunflexo: *côr* [30, 1026; 57, 19; *passim*]; *multicôres* [55, 4; 57, 37]; *dô* [33, 4]; *dôr* [19, 11; 20, 8; *passim*]; *dôres* [46, 15; 70, 54; *passim*]; *dôrida* [4, 153; 30, 1272]; *dôrido* [40,10]; *dôridas* [40, 21] (tamén a forma vulgar *adelorido* [19, 2; 72, 72]) e finalmente *pô* [93, 22]. Nunha ocasión tamén rexistramos a forma plena *color* [100, 64]. Curiosamente, noutras palabras nas que os escritores adoitaban facer uso da dobre vogal o noso poeta usa a forma moderna, malia escribir con circunflexo para marcar o timbre da vogal: *crênte* [15, 5]; *lênda* [2, 30; 30, 286; *passim*] e *lêndas* [70, 70; 83, 20; *passim*] (tan só nunha ocasión sen acento, *lendas* [30, 1449], mais ben puidera tratarse dunha gralla porque no mesmo poema temos *lênda*). Non debemos considerar aquí a aparición dun *sooro* [34, 7], explicable na lingua moderna por hipergaleguismo, mais si as palabras *maor* [16, 73; 19, 7] e *maores* [81, 16; 95, 23].

Nalgunhas formas dos verbos rematados en *-cer*, consérvase o grupo consonántico medieval *-sc-*. Así, anotamos: *aborrescía* [95, 15]; *aparescéu* [47, 31] e *aparescéuse* [30, 1415] (mais tamén *aparece* [93, 13] ou *desparcera* [30, 530] e *despareza* [30, 546]); *coñescer* [118, 10]; *coñescía* [36, 33; 118, 9; *passim*] e *conoscen* [86, 20] (alternando coas formas *coñeces* [30, 421; 116, 55] e *coñecedes* [30, 335], que remiten a un infinitivo *coñecer* e as formas *conoza* [53, 11] e *conozo* [118, 14], que remiten a un infinitivo *conocer*); *enfurescida* [83, 32] e *enfurescidos* [109, 14]; *merescen* [32, 93] e *merescen* [95, 75] (tan só nunha ocasión anotamos *merecerades* [117, 23]); *nascidas* [4, 147] e *renasce* [69, 33] (mais de forma maioritaria anotamos *nacente* [66, 9]; *nacenza* [100, 11]; *nacer* [30, 1362 ; 33, 71]; *nacera* [33, 37; 82, 5]; *naceran* [74, 6]; *naceron* [99, 64]; *nacéu* [5, 12 ; 30, 1210]; *renacente* [112, 25] ou *Renacimiento* [73, 10]); *parece* [115, 13; 116, 40]; *parescía* [2, 48; 74, 31] e *parescían* [116, 74] (mais tamén *parece* [30, 172]; *parecen* [48, 34] e *parecía* [47, 19]). Por analoxía, tamén rexistramos as palabras *iñoscente* [30, 1003; 30, 1229] e *inoscentes* [98, 32] (mais tamen *inocentes* [97, 15] e, incluso nun dos poemas

xa citados, *inocenza* [30, 796]), así como un excepcional *vesces* [116, 21] (tan só nesta ocasión fronte ao maioritario *veces* [3, 21; 30, 934; *passim*]). Obsérvese, máis unha vez, que poden concorrer formas diferentes nun mesmo poema, *aparescéu* [47, 31] e *parecía* [47, 19] ou *coñescer* [118, 10]; *coñescía* [118,9] e *conozo* [118, 14]. A este modelo de grupo consonántico hai que engadirlle a forma do adverbio de dúbida *ascaso*, que ademais contrae coa conxunción *se*, que ás veces castelaniza. Así, temos *seascaso* [53, 53; 97, 35] ou *siascaso* [104, 9] e nunha ocasión *si ascaso* [36, 64].

Noutro grupo de palabras aparece un *i* antiático, que xa se documentaba tamén en textos medievais, como ocorre en: *aldeias* [42, 33; 42, 72; *passim*] (mais tamén, de forma maioritaria, *aldea* [2, 6; 7, 64; *passim*] e *aldeas* [30, 153; 88, 14; *passim*]); *epopeias* [30, 46]; *ideia* [30, 267; 30, 530; *passim*] (mais tamén *idea* [87, 15] e *ideas* [87; 6; 91, 29]); *melopeia* [40, 25] e *sereiamente* [104, 5] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *serea* [38, 63; 42, 1; *passim*]; *sereándose* [30, 1425]; *sereas* [25, 3; 69, 40; *passim*]; *seréas* [78, 8]; *sereidá* [7, 54]; *sereiamente* [104, 5]; *sereo* [7, 34; 30, 478; *passim*]; *séreo* [116, 35] e *sereos* [25, 10; 36, 26]). Tamén poderíamos falar aquí das seguintes formas verbais e substantivos: *doia* [89, 27] e *dóiese* [38, 17]; *voia* [30, 16]; *voiábanselle* [30, 1203]; *viados* [57, 79]; *voiando* [44, 65]; *voiar* [3, 8; 30, 1414; *passim*]; *voio* [7, 10; 30, 748; *passim*] ou *voios* [3, 21 ; 42, 42] (que alternan, indistintamente, ás veces incluso no mesmo poema, coas formas *arveoan* [77, 95]; *arveoando* [77, 20]; *revoa* [46, 14; 76, 6]; *revoan* [24, 10 ; 31, 5; *passim*]; *revoando* [33, 96; 112, 37]; *revoar* [40, 18]; *revoare* [31, 15]; *voa* [57, 97]; *voaban* [17, 6 ; 31, 52]; *voadoras* [31, 88]; *voan* [31, 5 ; 42, 42; *passim*] ou *voar* [36, 82 ; 42, 42]). Mención á parte merece as palabras *soa* / *só*, calquera que sexa o seu valor, na que alternan as formas *soia* [4, 150; 30, 1092; *passim*] (ou tamén *soiamente* [4, 81; 30, 251] ou *soiamentes* [116, 25]); *soio* [1, 5; 6, 1; *passim*] e *soios* [3, 7] (sempre sen til, incluso nun hipergaleguismo na palabra composta *soioloquia* [7, 36]) e a minoritaria *só*

[105, 24; 112, 50], que aparece nos últimos textos do poeta, a carón da excepcional *soilo* [77, 39] e do castelanismo *solamente* [102, 10].

Do punto de vista gráfico xa se fixo mención da presenza de *h* nas palabras *phantasía* [35, 3]; *phantásticos* [43, 13; 70, 73]; *rhitmo* [21, 4; 29, 7]; *rhitmos* [3, 33; 44, 42; *passim*] ou *rithmos* [38, 30] (ou *rimos* [74, 32], que tamén aparece en versións dos poemas aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición); *ríthmicas* [32, 31] e *simphoñías* [44, 44; 44, 84]; aínda que se poderían considerar cultismos gráficos, por manterem grafías etimolóxicas. Ou do mantemento de *b* nas palabras *cibdá* [30, 609; 30, 613; *passim*]; *cibdade* [14, 13; 36, 2; *passim*] e *cibdades* [36, 9; 74, 17]. Tamén poden considerarse arcaísmos *Sant-Iago* [8, 24; 30, 1353; *passim*]; *Sancta* [95, 43]; o nome da deusa grega *Themis* [15, 5] e a palabra de orixe hebrea *Hosamna* [112, 52] ou *Housianna* [30, 591] e *housiannas* [30, 907], así grafada mais que adoita grafarse *Hosanna*.

Tamén xa se subliñou tanto a presenza de varios exemplos dun demostrativo arcaico, que se rexistra no poema [30], con tres formas do seu paradigma: *aquesta* [30, 286; 30, 1449]; *aqueste* [30, 324] e *aquestas* [30, 336] e de maneira ocasional na contracción *d-aquéste* [108, 19], como a utilización dun pronome persoal arcaico *elo*, inusual no galego moderno, que o conserva en expresións fixas: *el-o* [30, 321; 30, 532; *passim*], mesmo en contracción con preposición: *d-el-o* [116, 56].

Arcaísmo tamén se debe considerar no aspecto semántico o feito, xa sinalado con anterioridade, de atoparmos varias formas verbais de *haber* que manteñen o antigo valor de ‘ter’: *Como todol-os fortes que houbo o mundo* [2, 19]; *¡que na moura orfandá non han legría!...* [32, 122]; *que n-houberon cremencia* [95, 34] e *Non han perdón de Deus nin do seu Fillo*, [97, 37].

Non volveremos aquí sobre a presenza de numerosos arcaísmos ou lusismos nos sufixos **-zo / -za / -anza / -enza / -zón**, pois xa foron tratados con detalle anteriormente [Cfr. I.3.3.5.4.1. Sufixos e terminacións].

Arcaísmos, por seren documentadas de antigo, poden considerarse as formas *loubá* [38, 33]; *loubanza* [16, 10; 30, 128; *passim*]; *loubanzas* [29, 11]; *loubado* [16, 19]; *loubarán* [7, 31]; *loubarme* [38, 55]; *loubor* [36, título] e *loubores* [30, 935; 71, 12; *passim*], no actual estándar *loa*, *loanza*, *loar* e demais derivados.

Polo demais, temos algunhas palabras que hoxe se teñen por arcaísmos léxicos: *azas* [30, 475; 30, 1321; *passim*] (mais tamén *alas* [32, 31] e en singular unicamente anotamos *ala* [82, 4]); *outa* [19, 10; 20, 16; *passim*]; *outas* [30, 29; 30, 978; *passim*]; *outo* [1, 12; 30, 331; *pasim*]; *outos* [95, 54; 115, 23]; e os seus derivados *outura* [32, 63; 41, 18; *passim*]; *outuras* [30, 476; 48, 14]; *outísimas* [83, 4] e *outiveces* [30, 1175]. Ademais, aparece *outea* [71, 38] que remite a un verbo *outear*. Tan só anotamos a palabra do estándar actual nunha expresión fixa «*pol-a alta*» [30, 1087]; na exclamación ¡*Alto!* [27, 27; 27, 33]; formando parte dos substantivos *altar* [95, 50; 95, 82; *passim*]; *altares* [30, 1005] (tamén escrita *altars* [22, 15]) e do antropónimo *Altamira* [30, 177; 68, 8]. Barreiro Comedeiro e Rodríguez Ruibal [2003: 364] tamén consideran arcaísmo a forma *señeira* [4,99], con presenza residual na nosa escrita, malia aparecer no libro de Xoán Manuel Pintos Villar *A gaita gallega*, que foi substituída no uso por *senlleira*.

Outro arcaísmo léxico é a palabra *hestóreas* [97; 48], polo seu radical e non pola vacilación vocálica final que xa vimos [Cfr. I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono], mais só nesta ocasión fronte a *historia* [30, 1061; 54; 10]; *histórea* [30, 358; 30; 426; *passim*] e *históreas* [45, 4; 53; 23; *passim*] (de novo, nun mesmo poema atopamos solucións diferentes: *historia* [30, 1061] e *histórea* [30, 358; 30; 426; *passim*]) e a serie de adxectivos *xurdia* [112, 21]; *xurdias* [30, 570; 30, 867; *passim*]; *xurdio* [4, 114; 30, 574;

passim]; *xurdios* [30, 127] ('forte', 'rexa', 'potente', tal e como xa rexistra o dicionario de Carré Alvarellos).

Graña Núñez [1993: 110] tamén considera arcaísmo a interpolación do adverbio de negación entre o pronome proclítico e o verbo, por non ter vixencia na fala actual. Tan só anotamos dous casos na lingua do noso poeta: *merés lle non valla que pete no peito* [30, 1045] e *que che non vâl tintinal-as* [100, 40], xunto a dúcias de exemplos nos que esa interpolación non se produce.

Como arcaísmo ou como lusismo puidera considerarse o radical verbal en *escrebir* [31, 110], mais optamos por considerar que se trata dun caso de vacilación no vocalismo átono [Cfr. *supra*]. É a única ocasión na que aparece, pois no mesmo poema temos *escribiron* [31, 11] e noutros *escriba* [30, 1086], *escribe* [30, 85], *escribía* [111, 6], *escribir* [30, 1254] ou *escribirlle* [30, 1251]. E tamén son arcaísmos ou lusismos o uso da forma verbal *descéu* [30, 184], que remite a un infinitivo *descer* (fronte a *descende* [57, 100; 83, 59]); o adxectivo *soberba* [40, 32] ou a locución adverbial, *nenfín* [31, 67], contracción de *no enfín* (que hoxe a normativa grafa *en fin*). E lusismos son as palabras *doudo* [30, 265] (moi documentada na literatura galega co significado de 'doido, tolo'); *meiguice* [7, 8; 28; 28] (no estándar *meiguería*, tamén usa as máis admisibles *meiguicentas* [30, 1343] e *meiguicento* [53, 55; 88, 28; *passim*]); *nevoiro* [27, 8] (no estándar *neboeira* ou *neboeiro*, que o TILG tan só documenta no noso poeta) e *preto* coa acepción de 'cor escura ou negra' que aínda ten en portugués, *preto* [27, 7], mais tamén usa esta palabra cos significados que hoxe posúe no estándar de 'mesto' *preto* [30, 198] e de 'cerca' *preto* [30, 638; 57, 47; *passim*].

Alén da xa citada *dempóis* [13, 48; 17, 10; *passim*]; *dimpóis* [8, 22] (fronte á normativa *despóis* [30, 1031; 74, 18; *passim*]), outras palabras que se poden comentar neste apartado por seren arcaísmos e/ou lusismos son *aleive* [87, 22; 111, 10] (no canto de

aleivoso); *insosego* [31, 17]; *inxofre* [32, 114] ('enxofre', que xa fora utilizada por Curros Enríquez en *Aires da miña terra*); *névoas* [31, 105]; *nubens* [40, 31; 59, 1; *passim*] (mais nun deses mesmos poemas *nubes* [59, 33]); *pensaroso* [31, 17] (por 'pensativo'); *povo* [4, 102; 15, 7; *passim*]; *povos* [22, 26; 54, 6; *passim*] e os seus derivados *despova* [30, 51]; *despovan* [30, 552]; *povoado* [2, 33]; *povoados* [27, 11; 38, 87]; *povoaron* [14, 22; *passim*]; o infinitivo *ouvir* [118, 37] e os substantivos *ouvido* [34, 10; 62, 11] e *ouvidos* [10, 10; 10, 20; *passim*] (fronte ás outras formas, máis numerosas, xa sublinadas no apartado do verbo); *riva* [30, 1082; 30, 1215; *passim*]; *riveira* [4, 97; 4, 115; *passim*] (cos seus derivados *riveirana* [4, 89; 4, 113; *passim*]; *riveiranas* [30, 863] e *riveirano* [4, 96]); *roita* [65, 11] e *roitas* [41, 13]; *rosto* [30, 805] (mais tamén *rostro* [98, 34]) ou *sul* [8, 15; 57, 130; *passim*]; *viltanzas* [30, 872] ('vilezas', malia estar recollida no dicionario de Carré) ou *vincados* [6, 1] (*fig.* 'gravados' ou 'marcados', *Soio tres letras, tres vincados siños*). E tamén unha forma que apenas se documenta no galego, mais si no portugués, *maresía* [40, 7; 53, 42; *passim*] ou *maresías* [44, 7; 61, 3; *passim*], e outra que se documenta en castelán e con moito uso en portugués *sineta* [30, 582] (por 'campaña, pequeno sino').

Outra das formas adoito recuperadas polos escritores e que xa tiña escasa vitalidade da Idade Media, mais aínda a mantén no portugués, era a negación *ren* [30, 1190; 93, 16] que só utiliza nestas dúas ocasións. Tamén en numerosas ocasións rexistramos o substantivo *Alem* [3, 16; 5, 46; *passim*], grafado con **-m** final, tan só aparece unha vez *de alén* [30, 1454], mais nese mesmo poema *do Alem* [30, 1344]. Ou de novo a arbitrariedade na alternancia entre *Alem* [50, 39] e *amén* [50, 40]. E con esa mesma grafía de **-m** final anotamos nunha ocasión *Xerusalem* [95, 44].

No tocante aos **latinismos** utilizados polo poeta, ademais dalgunha das grafías xa citadas, a maioría son expresións que teñen que ver coas orixes ou cos contidos

fundamentais da cultura cristiá: «*Ara-Lucis*» [41, 1] e *Ara Solis* [108, 12] (referidas no primeiro a Touriñán, Fisterra, Ortegal, Vilán e Corrubedo e no segundo só a Fisterra); «*Artaborum Portus*» [30, 219] (que o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Nome cô que desñaban a Laxe os románs, según o historiador grego Strabón»); *Campus Stella* [107, 40] (única vez na que a cidade de Compostela é aludida co nome latino que explica a súa orixe, segundo unha das máis plausibles teorías); as composicións musicais *De Profundis* [10, 15; 83, 35; 93, 55]; *Dies Irae* [83, 36] (nunha ocasión nomeada como «*Días de Iras*» [44, 51]) ou *Miserere* [83, 35]; as expresións irmandiñas⁶²² *¡Deus fratesque Gallaeciae!* [85, 1; 85, 5] e *¡Deus Fratresque, Gallaeciae, Deus Fratresque!* [112, 42]; «*Requiescant in Pace*» [60, 2; 60, 40] (nunha ocasión nomeada como *Requen en Pace* [33, 89] ou tamén *Requién* [30, 1376] ou *Requien* [93, 54]); expresións do Dereito Romano «*Dura Lex*» [30, 1230] ou «*Mane, Tecel, Fares*» [30, 303; 109, 34] (que no último texto o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Verbas que, unha man de fogo, escribêu na parede do salón onde estaba facendo unha orxía Baltasar, derradeiro rei de Babilonia»).

Finalmente, tamén se poden considerar latinismos o adxectivo *crudel* [30, 1340] (así o entende Monteagudo [2003: 223]); a presenza do adxectivo na expresión *Dolce Apóstolo* [98, 54] ou a aparición das palabras *esorno* [30, 865] (*exorno* ‘acción e efecto de exornar’, co significado de ‘adornar, embelecer’. Ademais é unha palabra que na enorme base de datos do TILG tan só se rexistra en Zapata); *facies* [34, 4]; *fide* [1, 7; 6, 11; *passim*] (de *fides*, ‘fe’); *mens* [30, 1035] (referida á mente); *mánceres* [89, 4] (de *manzer*, *-eris* ‘bastardo’); *milites* [108, 29] (*mílitēs* ‘soldados’); *miseranda* [70, 31; 108, 35; *passim*] (de *miserandus*, ‘digno de conmisericordia ou compaixón’); *muliebres* [89, 4] (palabra usada por Pondal no verso *Espritos brandos, espritos muliebres*); *nume* [43, 1]; *pénola* [115, 25]

⁶²² “¡Deus fratesque Gallaeciae!” (“Deus e os irmáns de Galicia”), expresión dos irmandiños segundo afirmaba o historiador Benito Vicetto Pérez (Ferrol, 1824 – id., 1878).

(‘pluma’); *psalmos* (sic) [44, 52; 44, 80] (mais tamén *salmos* [72, 31] ou *salmodiante* [30, 1132]); *rêdivivas* [95, 41]; *viacruces* [41, 5] e *xornos* [61, 5; 89, 22]. Alén diso, cómpre mencionar adaptacións como *impronto* [57, 99] (no estándar *impromptu*) ou tamén *Velociño* [30, 61] (adaptación disfrazada do castelán do nome mitolóxico *Vellocino*, en vez da forma galega *Vélaro*), que se completan coas alusións aos *Canaáns* [30, 1140] e *ao cabo Nerio* [30, 1162] ou aos *nerios*, pobo prerromano que habitaba a zona do *Promontorium Nerium*, hoxe Fisterra.

I.3.3.5.5.2. Os hipergaleguismos

As formas creadas por reacción diferencialista respecto do castelán son moi abundantes na obra poética de **Antón Zapata García** e tamén na literatura da época. Deixamos á parte casos como o do sufixo latino *-BILE* latino, a redución de sufixos, a alteración de grupos consonánticos cultos ou as vacilacións no vocalismo átono e tónico, por seren aspectos que xa foron tratados en profundidade noutros apartados. Aínda así, a listaxe que temos de hipergaleguismos, hiperenxebrismos ou diferencialismos é moi grande. Todos eles, ao seren creacións diferencialistas con respecto ao castelán, seguindo basicamente o esquema proposto por Graña Núñez [2003: 103-109], pódense sistematizar deste xeito:

- a) **castelán e galego estándar -Ñ- / galego diferencialista -N-:** *ensono* [38, 161] (mais só nesta ocasión, fronte ás maioritarias e normativas *ensoñada* [41, 20]; *ensoñando* [58, 50]; *ensoño* [30, 6] ou *ensoños* [31, 67]); *entrana* [44, 36; 98, 30; *passim*]; *entranas* [30, 34; 30, 400; *passim*]; *esponía* [77, 80]; *estrana* [31, 73; 35, 2]; *fazanas* [30, 148]; *montana* [4, 158; 8, 5; *passim*] e *montañas* [3, 25; 7, 46;

passim] (tan só nunha ocasión anotamos *A Montaña* [36, 88], referíndose a unha zona da cidade coruñesa). Tamén podemos incluír aquí a forma *lumiñeira* [22, 2] (nesta única ocasión, porque tamén usa a forma do galego estándar *lumieira* [31, 16; 31, 77]). Porén, na palabra *cañotas* [38, 98] estaríamos perante un caso de dialectalismo, fronte ao estándar *canoto*.

b) castelán e galego estándar -N-, -NI- ou -GN- / galego diferencialista -Ñ-: Ás palabras xa mencionadas no grupo consonántico *-gn-*, *iñaro* [51, 48] (no canto de *ignorante*); *iñeo* [29, 8]; *iñora* [41, 64]; *iñorados* [116, 68]; *iñoranza* [30, 619]; *insiña* ('insignia') [108, 17; 108, 31] (nunha ocasión *insinia* [30, 1126]); *siño* [30, 887]; *siños* [6, 1; 31, 19; *passim*]; *siñándose* [97, 52] e *siñarse* [30, 1300], temos que engadirlle tamén *afiñando* [57, 119]; *armoñía* [3, 34; 4, 20; *passim*]; *armoñías* [30, 911; 70, 18; *passim*]; *armónicas* [44, título]; *armónico* [30, 865]; *armoñosos* [4, 11; 44, 69]; *asesiñados* [95, 40]; *asesiñando* [98, 45]; *asesiñaron* [95, 21] (*asesiña(s)* e *asesiño(s)* van no seguinte apartado); *baldaquiñas* [30, 927]; *carabiñeiros* [116, 17] (mais tamén *carabina* [102, 8]); *cortiñados* [30, 940] (non confundir co correcto *cortiñas* 'eirados' [16, 9]); *dimiñutivos* [36, 27]; *diviñales* [30, 95; 112, 37] (*diviña(s)* e *diviño(s)* van no seguinte apartado); *domiñando* [30, 578]; *impuñemente* [30, 720]; *iñocente* [30, 652]; *inocentes* [16, 53] e nun dos poemas anteriores tamén *iñoscente* [30, 1003; 30, 1229] (mais por outra parte *inocentes* [97, 15]; *inoscentes* [98, 32] e, incluso nun dos poemas xa citados, *inocenza* [30, 796]); *iñorme* [2, 14; 49, 14; *passim*]; *iñormes* [44, 53] (mais tamén excepcionalmente *enorme* [77, 32]); *insiño* [36, 47] e *siñándolle* [18, 22] (mais tamén *ensina* [25, 12]; *ensinando* [95, 69] ou *insinóu* [14, 28]); *lumiñaria* [36, 8; 36, 91]; *lumiñales* [96, 17] ou *lumiñals* [95, 36]; *lumiñoso* [30, 1435]; *lumiñosos* [98, 46] (da forma *lumiñeira* falamos no apartado d); *ondiñas* [20, 9] (no estándar

ondina, ‘ninfa’, non confundir con *ondiña* ‘onda pequena’); *pelegrinando* [43, 6]; *pelegrinaxe* [108, 6] (*pelegrino(s)* vai no seguinte apartado); *piño* [67, 5]; *piños* [2, 45] ‘árbole’ (mais tamén *piños* [25, 6] ‘froito’, no estándar *piñóns*, e de forma maioritaria, *pinal* [25, 1; 25, 5; *passim*]; *pinales* [3, 26; 10, 1; *passim*]; *pinals* [107, 34]; *pino* [13, 9; 64, 9], *pinos* [20, 15; 25, 1; *passim*] e as formas patrimoniais galegas *piñeiral* [7, 36]; *piñeiro* [21, 10] e *piñeiros* [4, 45; 4, 57; *passim*]); *resiña* [69, 63] (por *resina* ‘substancia orgánica vexetal’); *siñals* [18, 46] (tan só nesta ocasión fronte ao substantivo *sinales* [109, 24] e as formas verbais *sinalaba* [117, 20], *sinalan* [57, 84; 86, 8], *sinalando* [2, 50], *sinalara* [22, 17]; *sinalaron* [44, 75]); *sanguineiro* [47, 8] e o topónimo coruñés *Mariñeda* [36, 6; 36, 24; *passim*], que o poeta explica nunha Nota do Autor: «Nome que lle puxo doña Emilia Pardo Bazán â Cruña».

- c) **castelán e galego estándar -INO(S), -INA(S) / galego diferencialista -IÑO(S), -IÑA(S)**: Moi relacionado co anterior está este grupo, no que temos: *asesiña* [33, 114; 96, 43], *asesiñas* [97, 49]; *asesiño* [2, 86; 102, 5], *asesiños* [41, 51; 95, 18; *passim*]; *baldaquiñas* [30, 927]; *brigantiñas* [4, 127] (mais tamén *brigantina* [28, 4]); *cristaiña* [32, 104]; *cristaiñas* [4, 66; 83, 18]; *destiño* [67, 8], *destiños* [22, 29; 31, 82; *passim*]; *diviña* [32, 100; 33, 117; *passim*]; *diviñas* [4, 92], *diviños* [57, 28] (tan só nunha ocasión *divino* [78, 13]); *femeniño* [27, 40]; *femeniños* [70, 35]; *morteciña* [53, 20]; *numantiños* [98, 43]); *pelegrinos* [31, 87; 108, 1; *passim*] e *pelengriño* [102, 1] (mais tamén *pelengrino* [98, 54; 99, 29]); *piño* [67, 5], *piños* [2, 45] ‘árbole’ (mais tamén *piños* [25, 6] ‘froito’, no estándar *piñóns*, e *piñeiral* [7, 36]; *piñeiro* [21, 10] e *piñeiros* [4, 45; 4, 57; *passim*]); *ruíña* [98, 63]; *simphoñas* [44, 44; 44, 84]; *somariños* [41, 48; 48, 35] e *ultramariños* [30, 243]. Tamén se poden incluír aquí as palabras *bergantiño* [52, 4] e *bergantiños* [30, 43] (para

nomear os barcos, mais tamén *bergantíns* [53, 10] e *bergantís* [72, 53]; *marfíño* [57, 110] (mais tamén *marfils* [30, 1394]), así como a adaptación castelá *Velociño* [30, 61] (do nome mitolóxico *vellocino*, en vez da forma galega *Vélaro*).

d) castelán e galego estándar -N- / galego diferencialista -Ø-: *arsía* ‘arsina’ [32, 115]; *azuceas* [57, 38]; *cenceo* [30, 572; 38, 45]; *condeara* [57, 82] (tan só nesta ocasión, fronte ás demais formas que conservan a nasal *condena* [30, 1229; 30, 1419]; *condenal-os* [98, 6; 98, 7]; *condenarme*, [30, 1429] e *condenou* [30, 1412]); *diamantíos* [30, 103]; *entretía* [30, 1094] ou *entretíase* [30, 1215]; *persoaxe* [53, nota] e *persoaxes* [30, nota]; *reorgaizara* [15, 13]; *serea* [38, 63; 42, 1; *passim*]; *sereándose* [30, 1425]; *sereas* [25, 3; 69, 40; *passim*]; *seréas* [78, 8]; *sereidá* [7, 54]; *sereiamente* [104, 5]; *sereo* [7, 34; 30, 478; *passim*]; *séreo* [116, 35] e *sereos* [25, 10; 36, 26]; *soídos* [88, 10]; *sooro* [34, 7], (aínda que só nesta ocasión, fronte a *sonouras* [46, 3]; *sonouridades* [70, 51]; *sonouro* [30, 101] e *sonouros* [44, 81], que conservan a nasalidade); *traicioaron* [97, 39] e *traicioeiros* [108, 29] (mais tamén *traicioneiros* [98, 9]) e, finalmente, *tría* [4, 21; 4, 22; *passim*]; *trío* [4, 36; 30, 1010] ou *tríos* [92, 7; 112, 38].

e) castelán e galego estándar -LL- / galego diferencialista -L-: *brila* [30, 833; 30, 1036; *passim*]; *brilaban* [16, 29; 108, 8]; *brilan* [30, 833; 69, 9]; *brilantes* [14, 11; 30, 1100; *passim*]; *brilar* [30, 1454; 88, 31; *passim*]; *brilen* [74, 65]; *rebrilaban* [36, 20; 116, 27]; *rebrilan* [57, 20; 57, 37]; *rebrilar* [97, 54] e *rebrilos* [16, 24]; nos castelanismos *chilidos* ‘chirlidos, chíos ou rechouchíos’ [31, 41]; *cogolos* ‘rebentos’ [16, 27] e *destelos* ‘brillos’ [66, 9]; *marmulan* [4, 55; 30, 281] e *marmulos* [88, 6] (aínda que tamén outras formas sen consoante ou con *r*, *marmuaban* [30; 759]; *marmuaron* [112, 24]; *marmurábase* [30; 1411]; *marmurando* [30, 957] e *marmurante* [31, 35]); *orgulo* [18, 34; 32, 56] e un

sorprendente *argulo* [30, 1001] (tan só nesta ocasión, polo que ben puidera ser unha gralla, malia figurar no mecanoscrito e na edición do libro). Finalmente tamén anotamos *rilados* [61, 14] (e no estándar admítese *rilar* e *rillar*) e un excepcional *xoelos* [30, 1383] (tan só nesta ocasión, mais tamén, *xoellos* [57, 68; 72, 30] e *xoenllada* [30, 1133] ou as variantes *axionlláronse* [22, 13]; *axoenllar* [30, 798] e *xionllos* [38, 55; 50, 1; *passim*]). E tamén se poden incluír aquí a forma verbal *acaudela* [109, 6] (‘acaudilla’) e o americanismo *gramilas* [83, 6] (‘gramillas’). Finalmente para a forma do estándar *cascallo* fai uso dun inusual *cascaixo* [24, 6] e temos un caso anómalo de dobre consoante *rebilliscos* [58, 29] (‘rebeliscos’).

f) **castelán e galego estándar -L- / galego diferencialista -Ø-:** *aziüado* [96, 31]; *aziüados* [58, 30] e a palabra composta *verdeaziüadas* [30, 452]; *cristaiña* [32, 104]; *cristaiñas* [4, 66; 83, 18]; *desfíe* [2, 38] (mais tamén o infinitivo *desfilar* [94, 28]; *duaísmo* [53, 45]; *taboeiro* [30, 1121] e *taboeiros* [108, 27]; *tranquiás* [68, 3]; *tranquiío* [58, 67]; *tranquiós* [30, 776] ou *trenquiós* [59, 12].

g) **castelán e galego estándar -MBR- / galego diferencialista -M-:** *deslumante* [30, 1150; 41, 68]; *soma* [2, 92], tamén grafado *sôma* [83, 28]; *somas* [4, 169; 27, 11; *passim*]. Pola contra, o grupo consonántico *-mbr-* que debera desaparecer, por evolución da lingua, mántense en *tembrando* [27, 29; 77, 17]; *tembres* [26, 4; 30, 1419]; *tembr’o* [77, 16] ou *retembran* [109, 15] (talvez como castelanismos, fronte ás formas maioritarias, quer derivadas de *estremecer*: *tremecéndose* [112, 6]; *tremecentes* [32, 11; 53, 67; *passim*]; *tremecer* [93, 6]; *tremecere* [30, 760]; *tremecere* [70, 102]; *tremecíalle* [102, 11]; *tremecidas* [17, 6] ou *trememece* [30, 943]; quer derivadas de *tremar*: *tremante* [62, 11]; *tremantes* [34, 10]; *tremen* [42, 19; 60, 13; *passim*]; *treméndolle* [7, 21]; *tremente* [13, 11; 95, 44]; *tremar* [30,

1370; **89**, 17]; *tremeroso* [**117**, 3] ou *tremor* [**12**, 14; **48**, 317], ademais do adxectivo *tremelucentes* [**32**, 16]).

- h) castelán e galego estándar oclusiva+L / galego diferencialista oclusiva+R:** Para a análise deste importante grupo de palabras remitimos a Os grupos consonánticos cultos [Cfr. I.3.3.5.3.4], e tamén aquelas que xa foron incluídas no estudo do sufixo latino *-BILIS*. [Cfr. I.3.3.5.4.1. Sufixos e terminacións].
- i) castelán e galego estándar -ANO, A / galego diferencialista -AN, A:** Para a análise destoutro importante grupo de palabras tamén remitimos a Sufixos e terminacións [Cfr. I.3.3.5.4.1].
- j) castelán e galego estándar -O- / galego diferencialista -OU-:** *adoura* [**30**, 67; **115**, 6]; *adouraba* [**13**, 3], *adourada* [**72**, 36]; *adouramos* [**88**, 53]; *adoural-a* [**88**, 70]; *adouran* [**32**, 127]; *adourarte* [**87**, 1]; *adouras* [**104**, 2]; *adouraste* [**95**, 7]; *devourando* [**98**, 43]; *devourante* [**40**, 37]; *dougos* [**98**, 10]; *Eldourado* [**30**, 1359] ou *Eldourados* [**30**, 60; **30**, 483] (talvez por analoxía coas formas correctas *doura* [**29**, 8]; *douradas* [**4**, 164; **13**, 16; *passim*]; *dourado* [**38**, 148] ou *dourados* [**30**, 114; **38**, 86]); *hourizonte* [**30**, 1033] e *ourizontes* [**95**, 64]; *Housianna* [**30**, 591] e *housiannas* [**30**, 907] (mais tamén *Hosamna* [**112**, 52]); *laboura* [**29**, 7; **30**, 1276]; *labouran* [**66**, 13] (mais tamén *laboro* [**34**, 2]); *mouran* [**44**, 37; **89**, 23]; *mouradoras* [**30**, 235]; *mouradores* [**96**, 59] (mais tamén *mora* [**57**, 16]; *moraban* [**30**, 1267]; *morán* [**3**, 11]; *moraron* [**44**, 26] ou *mores* [**95**, 77]); *mourena* [**8**, 2]; *mourenas* [**30**, 462]; *oucidental* [**108**, 6]; *oucidente* [**22**, 1; **22**, 21; *passim*]; *oupa* [**38**, 130]; *oupadas* [**69**, 26]; *oupando* [**30**, 576; **47**, 15]; nos castelanismos disfrazados *ouquedals* [**44**, 81] e *ouquedos* [**83**, 33]; *ourente* [**4**, 1; **4**, 65; *passim*]; *sonouras* [**46**, 3]; *sonouridades* [**70**, 51]; *sonouro* [**30**, 101] e *sonouros* [**44**, 81] (e nunha ocasión anotamos *sooro* [**34**, 7]) e *vourace* [**79**, 12].

k) castelán e galego estándar -E- / galego diferencialista -EI-: *alteirando* [30, 592] (tamén rexistramos *alteirada*, en versións de poemas aparecidos en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición) e *primaveira* [30, 1341; 38, 4; *passim*]. A estas dúas hai que engadirille as palabras que presentan os sufixos **-eiría** / **-eirío**: *caseirío* [2, 3]; *galeirías* [30, 938]; *monteiría* [113, 7]; *moureira* [95, 30]; *podeirío* [65, 6; 93, 20]; *prateiría* [16, 24]; *puntilleirías* [30, 941] e *romeiría* [28, 10; 28, 16; *passim*] (mais tamén varias palabras co sufixo **-ería**: *avería* [77, 5]; *bruxería* [35, 2; 35, 40]; *cantería* [30, 231]; *freiría* [12, 11] ou *mourería* [101, 3], pois nos versos do noso poeta nunca atopamos solucións con **-aría**. E, por último, pódense engadir algunhas que presentan epéntese da vogal *i*: *aldeias* [42, 33; 42, 72; *passim*] (mais tamén, de forma maioritaria, *aldea* [2, 6; 7, 64; *passim*] e *aldeas* [30, 153; 88, 14; *passim*]); nos castelanismos *aleixa* [30, 58] e *aleixan* [30, 72] (que contrastan, incluso no mesmo poema, coas formas *alonxado* [53, 60]; *alonxándose* [30, 1075]; *alonxara* [7, 23] e *alonxo* [30, 72]); *epopeias* [30, 46]; *ideia* [30, 267; 30, 530; *passim*] (mais tamén *idea* [87, 15] e *ideas* [87, 6; 91, 29]); *maiternal* [115, 22] (mais tamén *maternaes* [30, 754]); *maitrial* [38, 6]; *melopeia* [40, 25]; *poider* (verbo) [98, 14]; *poider* (substantivo) [45, 19]; *poiderdante* [2, 40] ou *podeirío* [65, 6; 94, 20] (que alternan, indistintamente, coas formas *podente* [30, 826]; *podentes* [44, 84]; *poder* (verbo) [30, 515; 67, 80; *passim*]; *poder* (substantivo) [87, 12; 87, 22] e *poderes* [3, 5; 65, 20]); *reial* [30, prólogo] (mais tamén, no mesmo poema, *real* [30, 1002; 30, 1099]); *sideirales* [3, 31]; *seirán* [7, 1; 7, 42; *passim*] (fronte a *serán* [30, 80], que tan só aparece nesta ocasión; *sereiamente* [104, 5] (tan só nesta ocasión, fronte as maioritarias *serea* [38, 63; 42, 1; *passim*]; *sereándose* [30, 1425]; *sereas* [25, 3; 69, 40; *passim*]; *séreas* [78, 8]; *sereidá* [7, 54]; *sereiamente* [104, 5]; *sereo* [7, 34; 30, 478; *passim*]; *séreo* [116, 35] ou *sereos* [25, 10; 36, 26]).

l) **castelán e galego estándar -IE- / galego diferencialista -E-:** *aburrente* [30, 1094]; *ambiente* [7, 34; 7, 58; *passim*]; *céncea* [105, 3] ou *cencia* [95, 36]; *concéncea* [105, 2]; *concénceas* [108, 3] ou *conccencia* [74, 48; 95, 33; *passim*]; *ourente* [4, 1; 4, 65; *passim*]; *pacencia* [36, 32] e nos castelanismos *veranega* [30, 1123] e *veranegas* [44, 61]. Finalmente, tamén podemos sinalar aquí o caso de *sinestra* [33, 94; 97, 52] e *sinestro* [40, 23], que remiten para o castelán *sinistra* / *sinistro*, mais que coñecen unha forma galega estándar sen ditongación *sinistra* / *sinistro* [Cfr. I.3.3.5.3.2. Vacilacións no vocalismo átono], que tamén usa *sinistro* [84, 12; 88, 31].

m) **Outras formas:** Alén das subliñadas temos as formas derivadas de *anguria*, que hoxe se teñen por diferencialistas a respecto das formas derivadas de *angustia*. Son numerosas as súas aparicións nos escritores da época e no noso poeta anotamos: *anguriadas* [33, 18]; *angurias* [32, 109; 56, 13] e *angurioso* [33, 116]. Tamén son diferencialistas as formas *compatrianos* [93, 38] (utilizada xa por Castelao e por outros autores no canto de ‘compatriotas’); *sabidentes* [97, 13] (por ‘sapientes’); *sagro* [4, 114; 118, 32] (tamén no topónimo *Pico Sagro* [110, 8; 112, 45]); *sagros* [38, 109; 95, 42]; *sagrosanta* [109, 29] e *sagrosantas* [32, 83]; fronte ás correctas *sagradas* [51, 74]; *sagrado* [13, 47] e os cultismos *sacramentales* [101, 8] e *sacramentos* [27, 21; 30, 1412]. E finalmente as formas *churas* [30, 289] (por ‘galiñas churras’); *visgosa* [64, 7; 79, 11] (por ‘viscosa’) e *xungos* [14, 7] (por ‘xuncos’).

n) **Palabras de escaso uso ou neoloxismos de invención propia:** Tamén hai un importante grupo de palabras que ou ben son de escaso uso ou ben son invención de

seu⁶²³, que non aparecen en ningún dicionario e que, alomenos na enorme base de datos do TILG, tan só se rexistran na obra do noso poeta: *agoirelas* [16; 1; 97; 22] e *agóirico* [109; 34] (as dúas derivadas de ‘agoiro’); *aluburada* [30; 246]; *aluburado* [33; 35]; *aluburadamente* [16; 69; 57; 75]; *apetil* [38, 142]; *aquerenta* [111; 7]; *arfoniles* [83, 30]; *arosanto* [38, 126]; *arsía* [32; 115]; *avanceiras* [83, 9]; *avesío* [66, 17] e *avesíos* [57, 91] (denominación colectiva das aves); *bafuas* [89, 22]; *barricentas* [83, 21]; *bestizados* [98; 49]; *broslagranas* [30, 937] (‘bordaduras granas’); *calmarosa* [7; 1; 7; 42] (‘calmosa’); *cambito* [30; 312] (‘conxunto’); *checheza* [33; 45] (‘fachenda, valentía’, no estándar admítese a forma verbal *chechear*); *cortíos* [30; 134] (‘corte’, talvez para rimar con *críos*); *crenchelada* [21; 1]; *cúmiaro* [94; 47]; *damacelas* [23; 18]; *ditrema* [49; 14]; *dousílabos* [7; 58; 33; 38]; *enfisto* [110; 8]; *ensailñada (auga)* [58; 39]; *ensegredan* [31; 20; 83, 2] (‘gardan en segredo’); *enxabraban* [44; 8]; *escula* [38; 77]; *fervenzores* [38; 116]; *filazara* [30; 691]; *fillosdalgo* [30, 191] (no canto de *fidalgos*); *léporo* [94, 21]; *lobicóns* [17, 11] (fronte ás formas do estándar *lobicán* [30, 801]; *lobicáns* [33, 63; 77, 100; *passim*], ‘Animal que nace do cruzamento de lobo e cadela ou loba e can’); *marefoxas*⁶²⁴ [50, 39]; *marfoxa*⁶²⁵ [43, 14]; *marimonos* [98, 58] (‘*Ateles paniscus*’, especie dos primates); *melzores* [30; 111]; *moisésnico* [94, 27]; *naxos (sic)* [36, 67]

⁶²³ Carballo Calero [1981: 607] sinala: «Verbo do seu vocabulario, o galego vivo de Zapata é ricaz, especialmente en termos náuticos, e se a el se houbera atido, houbera logrado unha linguaxe propia, precisa i enxebre. Pero Zapata non se contentou con esto, e usa un vocabulario literario pródigo en formacións neolóxicas a miúdo arbitrarias ou aberrantes. *Saudal, Atrán, soidadoso, seirán, Verdexantes, calmarosa, Albeiral, axeitadosamente, primoxén, seiróns, peixadora, brigántigo, ledicio*, por exemplo, son inovacións innecesarias ou hiperenxebriñosos trabucados».

⁶²⁴ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña “Foxas do mar”».

⁶²⁵ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña “Foxa do mar”».

(por ‘anacos’); *orfeſta*⁶²⁶ [30, 94; 37; 9]; *orfeſtas* [3; 33]; *penllado* [67, 18; 116; 70]; *petrinforme* [94, 2]; *polatarias* [47; 23] (‘planta’); *roldanza*⁶²⁷ [4, 46; 17, 4; *passim*]; *setebruxo* [30, 322] (‘unión de sete bruxas’); *soligrante* [47; 23] (‘celigrante’); *teotina* [30; 387]; *tradiarte* [72; 35] (talvez ‘arte tradicional’); *trenante* [98; 23]; *trenase* [72; 35] (dun infinitivo ‘trenar, crado sobre *treno* ‘canto fúnebre’); *túrpida* [30; 1146] (‘rápida, vertixinosa’); *vagaridoce* [33, 82]; *zascoa* [38; 122] e *zascoando* [38; 125]. De clara invención propia son *brigántigo* [43; 2] (Lingua do pobo prerromano de *Brigantium*, que era o nome que recibiu a zona das Mariñas betanceiras na época romana); o xentilicio *celtártabros* [30; 30] (Os ártabros eran un pobo prerromano que habitaba un territorio que abranguí a pola costa desde Camariñas ata os cabos de Bares e de Ortegal); os topónimos *Celtinérea* [92; 14] e *Celtineria* [22; 8; 70; 26] (baseado na presenza dun pobo prerromano, os *nerios*, que habitaba a zona do *Promontorium Nerium*, hoxe Fisterra) ou tamén *Cristialobo* [105; 31; 115; 26]; *Cristialobos* [98; título; 98; 84; *passim*]; *Cristiaxudas* [109; 50] (que o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Cristián traidor, mistura de Cristo e de Xudas: monstro teratolóxico espritoal») e *Galiceibe*⁶²⁸ [108, 46; 112, 2; *passim*] ou *Ga-li-cei-be* [106, 7; 104, 14; *passim*].

I.3.3.5.5.3. As confusións semánticas

⁶²⁶ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Orfeſta: palabra nova (formada por mín, etimolóxicamente, millor dito), a prol da raíz da que provén: Orfeo, cantor e músico: Festa de Orfeo.-».

⁶²⁷ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña: “Danza da roda”».

⁶²⁸ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña: “Galiceibe”: Galiza Ceibe».

As confusións semánticas existentes nos textos poéticos de **Antón Zapata García**, seguindo a proposta de Graña Núñez [1993: 129-141] poderíanse sistematizar:

- **Confusións semánticas entre termos que presentan “dobrete”:** A lingua do poeta presenta escasas confusións semánticas deste tipo, a primeira entre o par *crédito* ‘empréstimo ou préstamo’ / *creto* ‘fama, boa reputación, prestixio ou sona’: *creto en Bancos* [105, 38]; entre o par *secreto(s)*, *secreta(s)* -adxectivo- / *segredo(s)* -substantivo-, consonte con esta diferenciación, rexistramos usos correctos do substantivo en *Parecía decirlles un segredo* [2, 48] e *co segredo máis duro dos segredos* [109, 41]; pola contra aparece a forma propia do substantivo no seguinte adxectivo: *os arumes máis doces e segredos* [37, 8] e tamén aparece unha forma verbal creada sobre o substantivo *endegredan* [31, 20; 83, 2]. Finalmente, entre o par *volver* / *voltar*, este último restrinxido a ‘dar a volta ou regresar’, con este uso aparece en *voltándose* [4, 50]; *xa voltan dos diuturnos quefaceres* [7, 52]; *xa voltan car-â aldea* [7, 64]; *Cando volte a Galiza* [14, 31]; *Voltando e revoltando, unha moxena* [26, 21]; *¡Hei voltar, se Deus quere, pra casarme, probe ou rico!...* [30, 86]; *e têr que se voltar, amargurado*, [30, 1083]; *cando voltan âs furnas medoñentas* [31, 6]; *pra que voltes â terra, salvo e san, culto e forte!...* [36, 46]; *Indo e voltando, coma n-un bordeo*, [38, 23]; *xa vái voltando a xente* [51, 58]; *E, volta a LAXE, outra ves*, [67, 45]; *ao voltar da emigración* [72, 54]; *ó voltar do desterro de Castela* [30, 86]; mais en dúas ocasións co significado impropio de ‘manifestar algo de novo’ en *¡Quén poidera voltar a escuitar-vos,...* [10, 9] e *voltade â verba, amigádevos*, [30, 408], xunto a outros numerosos contextos nos que xa emprega formas do verbo *volver*.

- **Confusións semánticas por similitude formal:** Nestoutro tipo de confusións semánticas, de primeiras anotamos a perfecta diferenciación entre *abondar* ‘ser suficiente, bastar, chegar’ / *abundar* ‘haber en grandes cantidades’: *N-abondaba a tirarlle a lanzalía* [12, 9]; *Non abondando estas verbas* [30, 630]; *Se non fora, pr-ó trúnfo, abondo a verba*, [89, 25]; *N-abondaban pr-ó mar os feros días* [109, 37]; *nin no meu peito esperta lembranza abonda e forte?* [118, 20], fronte á única aparición do substantivo *¡Abundanza!* [51, 84]. Hai un contexto no que se podería interpretar das dúas maneiras: *ganar o pan máis abondo* [30, 58]; mais nós cremos que pode ser tamén da primeira. No par *adoitar* ‘acostumar, ter algo por costume, ser habitual’ / *adoptar* ‘afillar ou tomar unha decisión’, achamos o uso da primeira opción para os dous significados: no primeiro *e a servos non se adoitan* [32, 112] e no segundo *o símbolo adoitaron da fisterrán vieira*, [108, 11]. Tamén fai uso da forma *afervoadas* [58, 33] como sinónimo de ‘ardentes, enfervorizadas, fervorosas’, no que Monteagudo [2003: 236] denomina un desprazamento da noción material prixinaria de *ferver*. Existe tamén confusión semántica por similitude formal entre *aloumiñar* ‘acariñar’ / *iluminar*, pois utiliza a primeira co significado da segunda: *aloumiñando â ROMA dos Pretorios* [22, 23] e *Na noite aloumiñante da Nai Terra* [112, 13]. Ademais, entre *aroma* ‘cheiro agradable, perfume, recendo’ / *arume* ‘folla do piñeiro’, utiliza sempre a segunda cos dous significados, co primeiro: *e que agora me aruman na distancia!...* [2, cita]; *e os subrimos arumes / da galiciana frora* [4, 165-166]; *E os arumes sinxelos / das sardiñas asadas con cachelos*, [16, 62-63]; *e vertendo seu sangue de arumosa resina*, [25, 11]; *antre o arume mareiro dos algazos* [30, 7]; *Arumada de menta e caraveles*, [30, 104]; *a bris terreira esparrama, / a mans cheas, mil arumes* [30, 585-586]; *deica a bris arumada de molete, / de bô viño de mesa / i-empanada arumosa* [30, 971-973]; *o feiticeiro arume faciame felís*; [31, 56]; *os arumes máis doces e segredos* [37, 8]; *dándolle alento e arume*

[57, 8]; *fân rizos n-as táboas que aruma a resiña* [69, 63]; *arumadas con pimento* [72, 63]; *envolveitos na brétoma enmeigada d'arumes* [88, 12]; *os arumes das froles*, [88, 38] e *seu gosto os frutos perden e seu arume as froes* [118, 16]. Unicamente hai un exemplo que puidera ser do segundo significado ‘folla do piñeiro’, mais depende da interpretación que se faga do verso: *aboiantes de ponlas e de arume*, [2, 43]. Outro par a considerar é *cómpre* ‘ser mester, ser necesario’ / *cumpre* ‘completar, satisfacer, realizar o acordado’, pois utiliza sempre a segunda forma tanto co primeiro significado: *nada lle cumpre ou convénlle* [27, 45] e *como cumpre ás despedidas* [30, 70]; coma coa segunda acepción: *Tampouco cumpre coa misa* [30, 351] e *cúmprese a arela do labrego ensono* [38, 161]. Existe tamén confusión semántica por similitude formal entre *recadar* / *resgardar*, pois utiliza a primeira co significado da segunda: *Da miña probe nai —¡que Deus recade / na súa santa garda!—*, [45, 41-42]. Outra confusión, provocada pola caída do *-n-* intervocálico, que xa vimos [Cfr. *supra*], está entre as palabras *serea* ‘ser fantástico mariño’ / *serena* ‘sosegada, tranquila’ / *sirena* ‘aparello acústico’. O noso poeta usa *sirea* [41, 21; 71, 2; *passim*] e *sireas* [20, 9; 30, 1321; *passim*] para ‘ser fantástico do mar’; *serena* [74, 54] para ‘aparello acústico’ e para o adxectivo ‘sosegada, tranquila’ *serea* [38, 63; 42, 1; *passim*]; *sereas* [25, 3; 69, 40; *passim*] ou *seréas* [78, 8]. Finalmente, no par *testemuña* ‘persoa que testifica’ / *testemuño* ‘declaración ou proba’ fai uso da primeira co significado da segunda: *lembrando, en testemuña do xeneroso que é*, [108, 10].

- **Confusións semánticas por extrapolacións dalgúns sinónimos:** A primeira confusión neste sentido que atopamos é que nunha ocasión temos *aprensa* [65, 35], no estándar *premsar* ‘premer’ (mais sempre é algo físico) cun uso abondo figurado, *que na triste partida que me prensa*, para substituír a *oprimir* que adoita ter ese uso figurado ou a

aflixir. Con outro uso abondo figurado e poético temos *devalar a fola (sic)* [57, 11] ('caer a folla'), mais tamén *devalóu a marea* [51, 2] e *Nas nites de luar, —cando a marea / deval-as verdes ondas hastra â enxiva* [83, 45-46]. Algunhas veces utiliza *fato* 'rabaño, grupo de animais' como sinónimo de *grupo* 'de persoas'. O estándar admite *fato* para as persoas se tivera matiz pexorativo, mais este non é o caso de *Un fato de rapazotes* [30, 600]; *un fato de aulantes do seu choio*, [105, 27], fronte a un uso correcto *Aquel fato de lobos, oubeante*, [33, 615]. Tamén fai uso de *meirande* 'máis grande, de maior tamaño nunha realidade física' en vez de *maior*, en *patrióticos, meirandes* [32, 62]. Porén, a confusión máis habitual é a que se produce entre *rubir* 'agatuñar, gabear' / *subir*. Co valor errado de 'ascender, elevarse' temos: *rubindo o ruzo fume como fitas* [7, 33]; *Rube, rexo, o canto enxebre* [23, 17]; *Vái rubindo a marea* [30, 25]; *vân rubindo..., rubindo..., cara ao ceo*, (os fumes) [30, 156]; *Tamén eles rubían o Calvario* [30, 1275]; *ou a rubir cometas ao pê de aquela crus*, [30, 1382]; *e mentras que rubían, chilrando, mil labercas*, [31, 57]; *N-antes que o grao â moega ruba*, [38, 117]; *Como rube a marea, manseliña*, [58, 13]; *Das boas nais galegas han rubir os pregos*, [93, 47]; *i-eu baixo e rubo mil costas*, [100, 35]; *Todol-os camiños ruben* [108, cita] ou *n-as mardes rubidoras que o cumio van bicar*. [108, 20].

- **Confusións semánticas por diferencialismo:** O noso poeta utiliza case sempre *parola(s)* ou *verba(s)* no canto de *palabra(s)*. Así, temos *parola* [30, 287; 30, 383; *passim*]; *parolas* [13, 12; 30, 340; *passim*] ou *verba* [30, 408; 30, 509; *passim*]; *verbas* [3, 26; 7, 19; *passim*]. Pola contra, unicamente en dúas ocasións temos *palabra* [30, 272; 111, 6], ademais da forma verbal *apalabraron* [30, 1447]. En ocasións coinciden as dúas primeiras formas como sinónimos: *verba* [112, 2] e *parola* [112, 44] e, no máis longo poema do libro, coinciden as tres: *palabra* [30, 272]; *parola* [30, 287] e *verba* [30,

408]. Por outra parte, non distingue entre *rachar* ‘esgazar’ / *romper*, pois co significado deste último utiliza o primeiro, malia as posibles licenzas poéticas: *tamén os tímpanos rachan* [30, 599] ou *vas rachando nas augas teu vieiro*, [39, 7] e *bate portas, racha vidros...* [59, 8]. Tamén usa a palabra *dintorno* [30, 868] ou *dintornos* [22, 7; 42, 72; *passim*], no sentido de ‘contorno(s)’, cando o único significado da devandita palabra é o de ‘deliñación das partes dunha figura’ que se usa nas artes plásticas e na arquitectura. Certo é que en orixe provén do italiano *d’intorno* e de aí pode proceder esta confusión semántica por diferencialismo. Igualmente, usa *furna(s)* no sentido de “gruta mariña” e no de “caixa para as cinsas dun defunto”, cando neste último hai que dicir *urna*. Fronte a dúcias de ocasións co primeiro significado, que xa non sinalamos, aparece un contexto coa segunda acepción: *jentérrame de nuite en negra furna!...* [71, 14]. Nalgunhas ocasións tamén usa *moza* co significado de *nova*: *da moza gaita que vai bicando o celta Ourente!...* [4, 65]; e o *progreto marítimo*: *unha dársena moza* [36, 51] e tamén usa *mozariles* co significado de *novos*, *xuvenís*: *nos espritos mozariles puxo engado* [30, 538]. E, finalmente, nunha ocasión tampouco fai unha correcta distinción entre *unir* / *xunguir* ‘poñer un xugo’, pois utiliza este último nun caso inadmisíbel. Sucede no remate dunha das versións do poema **Acordeón galego** [72], aparecida en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición.

- **Outras confusións semánticas:** Neste último epígrafe recolleamos a confusión existente entre *antergo* ‘ancián, vello, de moita idade’ (variante metatizada de ‘entrego’, na forma preferida polo estándar) / *antigo* e tamén con *antepasado*, *devanceiro*. A primeira acepción parece estar nestes versos: *XA non zoan os pinos do pinal máis antergo* [25, 1] e *nun ensoño de antergas tradicións*, [22, 4]. O significado de ‘antigo’ no título dun dos poemas **Antergas luces promisoras** [22] ou nos versos *dende o antergo FISTERRA* [22,

4]; *que en tempo antergo descubriron mares*, [44, 74]. E a acepción de ‘devanceiros’, que usa tamén Otero Pedrayo (Cfr. Monteagudo [2003: 222]), nos versos *os antergos que a Murguía / déronlle sangue fidalga*; [30, 187-188]; *coma os nosos antergos de Briganza* [71, 16] ou *que aquélas nobres terras do noso antergo Celt!* [93, 36]. Porén, para a acepción de ‘devanceiros’, a palabra que máis usa é *atenados* [13, 7; 30, 771; *passim*]. Tamén existe outra confusión semántica entre *esgrevia(s)*, *esgravio(s)* ‘áspera, difícil’ / *egrexia(s)*, *egrexio(s)* ‘ilustre’, que sucede en todos os contextos nos que aparece a palabra: *música esgreva que perdéu con Montes* [44, 43]; *coma donacelas ou esgrevas donas* [69, 36]; *d-un tempo recendente, / esgrevo e refulxente* [32, 59]; *Morréuse CASTELAO, o noso artista esgrevo*, [115, 16]; *son coma esgrevos faraldos* [42, 37]; *Síntense as voces dos esgrevos nautas* [44, 73]; *i-esgrevos homes sabios, de povos pecoreiros*; [54, 6] ou *esgrevos lumiñals da nosa cencia* [95, 36]. Aínda que se pode usar calquera das dúas palabras coas dúas acepcións, adoita reservarse o uso de *pazo* para ‘casa señorial’ fronte a *palacio* ‘edificio grande, luxoso ou monumental’. O noso poeta neutraliza todas na primeira das formas e non utiliza a segunda: *nin os pazos brillantes da «Mariña»...*[30, 1100]; *despertando nos pazos as sireas* [30, 1321]; *Son como as portas de galegos pazos* [44, 25]; *â groria levarán-nos dos teus pazos* [71, 22]; *n-os castelos e pazos en roínas*, [83, 24] e *Adéus, vello Montseny, que, en pazo de monarca*, [118, 5]. Tamén anotamos confusión semántica entre *quecer* ‘entrar en calor’ e *quentar* ‘facer aumentar a temperatura dun corpo’ neste caso: *e os terreos vãn quentándose* [64, 27]. Alén diso, nos versos *e, cando a rosa bicóuno, / ¡botouse da color d-ela!* [100, 63-64] hai unha posible confusión semántica entre *botarse* e *poñerse*, mais dado que este poema pertence a unha serie de cantares galegos ben puidera tratarse dun uso popular. Finalmente, usa a palabra *preto* cos significados que hoxe posúe no estándar de ‘mesto’

preto [30, 198] e de ‘cerca’ *preto* [30, 638; 57, 47; *passim*], mais tamén coa acepción de ‘cor escura ou negra’ que aínda ten en portugués, *preto* [27, 7].

I.3.3.5.4. Os estranxeirismos

Deixando á parte as palabras que xa foron analizadas no apartado denominado Os arcaísmos e os lusismos. Os latinismos [Cfr. I.3.3.5.1], apenas se rexistran estranxeirismos na lingua literaria do poeta e boa parte destes préstamos doutras linguas son anglicismos, pois proceden do inglés. Algunhas veces o propio autor quere evidenciar que se trata de estranxeirismos ao poñer estas palabras entre aspas ou comiñas. Alén diso, boa parte deles sofren unha adaptación á nosa lingua que nuns casos é maior do que noutros. Así, rexistramos:

- *alfós* [30, 478]: Do árabe *alhaud*, con seseo implosivo ou posnuclear *alfoz*, ‘Planicie’, *pra furadar a esmeralda / do alfós sereo da ría / que antre montanas se engarza*).
- *arpego* [4, 11]: Do italiano *arpeggio*, no estándar *arpexo*, ‘Execución ou sucesión máis ou menos acelerada dos sons dun acorde’, *tece armoñosos arpegos*.
- *ballet* [18, subtítulo]: Do francés *ballet*, que o tomou do italiano *balletto* ‘Pequeno baile ou danza’. No actual estándar recibe o mesmo nome, pois tampouco se realiza ningunha adaptación. Porén, chama a atención que o poeta use esta palabra para *Ballet da «Moiñeira de Roda»*, que é un baile ou unha danza tradicional galega, a piques de desaparecer naquela época, e non unha danza contemporánea ou evolucionada, como as que adoitan recibir esta denominación.
- «*Bar*» [52, 9]; *bares* [72, 23]: (Malia a súa plena aceptación na nosa lingua, incluimos este anclismo porque o poeta coloca o termo entre aspas ou comiñas. *D-él contan que, unha ves, n-un «bar», en Nova Orleáns, / tivo tráxica luita con outros capitáns*).

- «*Beautiful City Class*» [36, 16]: Anglicismo, o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Denomiñazón que os ingleses lle dan â Cruña, que, traducida, eiquival a: “Fermosa Cibdá Cristal”». É evidente que no texto hai unha gralla ou que o poeta comete un erro na tradución, pois ou ben quixo escribir *Glass* ‘cristal, vidro’ ou ben, de manter a primeira, habería que traducir por ‘Fermosa Cidade Señorial’.
- *chalet* [105, 38] e *chaleses* [36, 57]: Do francés *chalet*, que significa ‘Casa ou mansión pequena, con xardín’. A forma singular escollida polo poeta apenas sofre adaptación á nosa lingua, co engadido da vogal final. Noutro lugar [Cfr. I.3.3.5.4.2. O número: A formación do plural], xa sinalamos a particularidade de non se corresponder a forma singular e a de plural, pois esta última remitiría para un singular *chalé* que non se documenta nos textos do noso poeta e que tamén é a adaptación escollida no estándar para esta palabra.
- *chapéu* [13, 23] ou *chapeu* [102, 2]: Galicismo, por *chapeau*, que significa “Sombreiro”. Neste caso o actual estándar coincide en recomendar a forma sen acento tamén usada polo poeta ou realizar unha adaptación fonética *chapeo*.
- “*City Agra*” [116, 5]: Anglicismo, ‘Agra’ é unha cidade da India, na que se atopa o mausoleo do Taj Mahal, naquela altura aínda era colonia inglesa. Aparece xa no título do poema **O afogado do “City Agra”**, e polos versos sabemos que se trata do nome dun barco trasatlántico inglés que embarrancou nos baixos de Camelle, cando o pai do autor era carabineiro. A historia do naufraxio dun barco chamado *City of Agra* é verídica, polo que tamén debe ser certo que o poeta debeu acompañar a seu pai na procura do cadáver dun afogado deste barco.
- *coi* [30, 616]: Do neerlandés *kooi*, ‘Anaco de lona ou tecido de malla rectangular que, pendurado dos baos, serve de cama a bordo dunha embarcación’. Porén, no noso poeta semelle referirse simplemente a unha saqueta de lona, tamén usada polos mariñeiros para levaren as súas pertenzas, *jo coi, ao lombo, coas roupax, / e a negra noite na i-alma!... //*

Gundar de Valarés —o mozo rexo / que pra América ía—, / maxinaba nas voltas e revoltas / que lle adepara a vida / no coi das inquedanzas ben repreto).

- *esguín* [70, 100]: Do éuscaro *izokin*, ‘Cría do salmón cando aínda non saíu dos ríos cara ao mar’, *o brincar do esguín e a troita*).

- *estelrina* [105, 4]: Adaptación, con metátese xa comentada, do anglicismo *sterling*. Porén non se refire á moeda inglesa actual, denominada ‘Libra esterlina’, foi acuñada entre os séculos XIII e XIV e recibe ese nome porque era unha pequena estrela, *starling* (de *star*, estrela) e cuxa pronuncia se deformou, senón que é unha metonimia dunha cadea de reloxo de prata esterlina, moi valorada na época.

- “*film*” [115, 13]: Do inglés *film*, ‘Película cinematográfica’. O poeta tampouco realiza aquí ningunha adaptación, mais é consciente do estranxeirismo pois usa aspas ou comiñas. Porén, o actual estándar escolle a forma adaptada *filme*.

- *frechastes* [30, 43]: Catalanismo, pois para o *Diccionario de la RAE* provén de *fletxat*. Termo mariño que significa ‘Pedazo de cabo ou listón de madeira feito firme de obenque a obenque en liña horizontal e a treitos adecuados para formar unha escada pola que se poida subir aos paos’.

- *Ghetto* [33, 14]: Do italiano *ghetto*, ‘Barrio xudeu marxinado dunha cidade’. Porén o poeta usa a adaptación *gueto* nas versións deste mesmo poema aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición, e o actual estándar coincide con esta forma adaptada.

- *good* [53, 20]: Do inglés *good*, ‘Ben, dacordo’. O poeta non realiza ningunha adaptación, por ser a transcripción exacta dun asentimento pronunciado por un mariñeiro irlandés. Así a todo, polo contexto era de esperar un *God*, ‘Deus’.

- *gramilas* [83, 6]: Americanismo, pois é unha palabra que o *Diccionario de la RAE* unicamente rexistra na Arxentina, *gramillas*, ‘Planta da familia das gramíneas’.

- *highlanders* [93, 42], mais tamén nunha ocasión, con gralla, *higlanderes* [70, 45]: Do inglés *highlander*, ‘Das terras altas’. O poeta non realiza ningunha adaptación, de quitado da formación do plural xa comentada noutro lugar [Cfr. I.3.3.5.4.2. O número: A formación do plural]. Alén diso, no poema fai referencia a terras irlandesas polo que ben puidera tratarse dun erro xa que este topónimo e xentilicio corresponde a terras escocesas, agás que se refira a peregrinos escoceses que se achegasen a celebrar o San Patricio, patrón da Irlanda, mais de ser isto así habería outra contradición, dado que os irlandeses que celebran este santo son católicos e a maioría dos escoceses son de relixión protestante.
- «*Ireland*» [53, 9]: Anglicismo, ‘Irlanda’. Nome dun bergantín, que non sofre ningunha adaptación, como é natural.
- *leider* [53, 20]: Expresión xermana *leider*, que se pode traducir por ‘É unha mágoa’ ou ‘Por desgraza’. O poeta tampouco realiza aquí ningunha adaptación, por ser a transcripción exacta dun asentimento pronunciado por un mariñeiro alemán.
- *manxar* [105, 4]: Adaptación do provenzalismo *manjar*, ‘Comida exquisita’.
- *máusers* [116, 23]: Voz xermana *mauser*, ‘Apelido alemán dos irmáns que inventaron este tipo de fusil de repetición’. O actual estándar tamén recomenda manter a palabra orixinal con acentuación á galega, *máuser*. O poeta non realiza ningunha adaptación, de quitado da formación do plural xa comentada noutro lugar [Cfr. I.3.3.5.4.2. O número: A formación do plural].
- *mon Dieu* [53, 20]: Da expresión francesa *mon Dieu*, ‘Meu Deus’. O poeta tampouco realiza aquí ningunha adaptación, por ser a transcripción exacta dun asentimento pronunciado por un mariñeiro bretón.
- *muslimes* [97, 46] (Do árabe *muslim*, ‘Musulmán’. No noso poeta fai referencia aos norteafricanos que loitaron nas tropas de Franco, *dos feixistas, loyolas e muslimes*).

- *ossianidas* [70, 69; 83, 20]: Trátase dunha clara referencia ao bardo Ossian, célebre bardo gaélico do século III, fillo de Fingal e rei de Morvern (península na costa oeste da actual Escocia), que defendeu o seu país contra as invasións dos romanos. Existiron co seu nome moitos poemas en gaélico escocés e cuxa existencia foi revelada por James Macpherson en 1762, aínda que despois de morrer este demostrouse que eran baladas gaélicas mesturadas con produción propia. Na literatura galega este personaxe introduciuno Eduardo Pondal e de aquí o toma o noso poeta. Repárese na acentuación grave, xa comentada.
- “*poncho*” [80, 11] (‘Prenda de abrigo que consiste nunha manta, cadrada ou rectangular, de la de ovella, alpaca, vicuña, ou doutro tecido, que ten no centro unha abertura para pasar a cabeza e que colga dos ombros ata máis abaixo da cintura’. Malia a súa plena aceptación na nosa lingua, incluímos este americanismo porque o poeta coloca o termo entre aspas ou comiñas: *e un “poncho” que ll-empresta pouco abrigo...*).
- *quinqué* [38, 163]: Do francés *Quinquet*, ‘Nome do primeiro fabricante desta clase de lámpadas de mesa, alimentadas con petróleo e protexidas cun tubo de cristal’. A adaptación é mínima, na acentuación, e coincide coa forma do actual estándar.
- *rosicreres* [7, 48]: Do francés *rose clair*, con solución semiculta no grupo consonántico. Ten o significado de ‘Cor rosa e clara da aurora’. O TILG só documenta esta forma no *Álbum de la Caridad* [1862] e no noso poeta.
- «*savoir faire*» [36, nota]: Do francés *savoir faire*, ‘Saber estar’. Aparece, sen ningunha adaptación, tan só nunha nota do autor para explicar unha expresión que utiliza no poema «*ben darse*» [36, 23]. Dise na Nota do Autor: «Ben darse»: e, psicolóxicamente, un agarimo da i-alma dos cruñeses, algo eisí como o «*savoir faire*» parisién, anque máis avencellado ao sentimento que íste, vâl decir: saber facer as cousas con distinzón e algo de «*aquel*», emotivo e asisado.

• “*Serpent*” [93, *passim*]: Anglicismo, que significa ‘Serpente’. Aparece xa no título do poema **Responso galego ô “Serpent”**, e polos versos sabemos que se trata do nome dun barco-escola inglés que naufragou fronte á praia de Trece (Camariñas). De feito, en *Galicia* aparece debaixo dunha fotografía co seguinte pé: «Antigo e novo CIMITERIO DOS INGRESSES no lugar da Costa Brava chamado “Boi de Camariñas”. No fondo, á dereita, óllase a praia chamada c-ô agoirento nome de “AREA 13”. No mentado cimiterio fican enterrados 400 e pico de gardas-mariños e mariñeiros do Barco-Escola “Serpent”, da armada inglesa, afogados todos n-unha terríbel noite d-inverno. Alí ficóu a fror e gala dos futuros lobos de mar. Triste destiño dos humanos e da soberba dos grandes...»⁶²⁹.

• *sinfeineres* [70, 47]: Do gaélico irlandés *Sinn Fein*, ‘Nós mesmos’. A palabra é unha creación do poeta que, por extensión, aplica aos irlandeses, cando en orixe o Sinn Fein foi un partido monárquico separatista irlandés, que en 1917 cambiou a súa política a prol da creación dunha república irlandesa, o seu maior obxectivo era a reunificación de Irlanda para superar a división en dous estados efectuada en 1920, entre a nacente República de Irlanda e a, aínda hoxe, provincia británica de Irlanda do Norte. Neste caso, alén da simplificación da nasal, o poeta non realiza ningunha outra adaptación, de quitado da

⁶²⁹ O 10 de novembro de 1890 produciuse na Punta Boi de Camariñas, á dereita da Praia do Trece, en Cabo Tosto, o naufragio do H.M.S. *Serpent*, embarcación da Mariña Real inglesa que facía a ruta de Plymouth a Serra Leoa. Tan só tres tripulantes puideron salvar a vida ao seren lanzados polo mar cara á Praia do Trece, onde permaneceron entalados de frío até que á mañá seguinte foron avistados por un labrego da zona. O mar devolveu en días sucesivos todos os cadáveres dos outros 172 tripulantes, entre cadetes e oficiais, que foron soterrados nun lugar próximo da costa de Xaviña (Camariñas), por non seren a maioría católicos senón protestantes. Desde aquela o lugar segue a chamarse “Cemiterio dos Ingleses”. A poboación de Camariñas comportouse de maneira exemplar e a Mariña Británica, en agradecemento, envioulles un barómetro para o concello, un reloxo de ouro para o alcalde e unha escopeta para o crego, afeccionado á caza, coa inscrición: “Commissioners of the British Admiralty”. Como memoria do *Serpent* tamén se conserva o seu mascarón de proa, “O Barbudo”. Durante os anos posteriores, o Almirantazgo inglés ordenaba lanzar unha coroa de flores diante do Boi a un barco da Armada enviado especialmente para iso e até a década dos 50 cada vez que calquera barco da Armada británica pasaba pola zona disparaba salvas de homenaxe e a tripulación achegábase a poñer flores nas tumbas. *Cfr.* Baña Heim [1980: 57-78], “4º recorrido. Santa Marina — Boi”. E tamén Campos Calvo-Sotelo [2002: 243-329], “El «Serpent»: El cementerio del fin del mundo”. Esta última, moi documentada, sinala que non se trataba dun barco-escola, nin a súa dotación eran garda-mariñas, nin morreron 400 persoas como sinalaban as primeiras informacións na prensa da época. Ademais, invalida totalmente outra versión sobexo fantasiosa e de nula veracidade (*Cfr.* Allegue Martínez, Ramón (1996). *Mar tenebroso*. Santa Comba) que culpa do afundimento aos ‘raqueiros’ galegos, que actuarían en complicidade cos británicos, para facerse co valioso cargamento do buque.

formación do plural xa comentada con anterioridade [Cfr. I.3.3.5.4.2. O número: A formación do plural].

- *sinsorga* [30, 381]: Do éuscaro *zenzurgue*, ‘Insustancial e de pouco fundamento, dito dunha persoa’, *¡Non falemos contra nosa, / senón —xa o dixo «A Barbada»—, / de esa probiña sinsorga / que de nós pasou arrentes / sen decir unha parola*).
- *surtan* [24, 8] e *surtindo* [44, 36]: Do francés *sortir*, ‘Saír’. Formas verbais dun infinitivo *surtir*.
- *valse* [30, 1063]: Do alemán *walzer*, ‘Dar voltas’. O actual estándar escolle a forma de singular *valse*. O poeta non realiza ningunha adaptación, de quitado da formación do plural xa antes comentada [Cfr. I.3.3.5.4.2. O número: A formación do plural].
- *zarca* [118, 4] (Do árabe *zarqa*, ‘Muller de ollos azuis’. Por extensión, dise da cor azulada. No noso poeta fai referencia á cor do ceo. Unicamente aparece na tradución do poema **A Patria** [118] de B. C. Aribau).

Ademais de todos estes, existen outros estranxeirismos que non se comentan por teren entrado na nosa lingua con moita anterioridade e estaren perfectamente integrados nela. Tamén hai que facer referencia a outros antropónimos ou topónimos, ademais dos referidos nomes de barcos, tamén sen ningunha adaptación, como os anglicismos *Rudyard Kypling* [93, 18] e *William* [53, 21; 53, 65]; dos xermanismos *Schuman* [45, 47]; *Beethoven* [45, 48] e *Otto* [53, 21; 53, 65]; do galicismo *François* [53, 22; 53, 66]; os que proveñen do gaélico irlandés, *Celt* [93, 36]; *Morvern* [93, 34]; *O’Connell* [93, 38]; *Parnell* [93, 38] e *Gaél* [93, 40], que tampouco sofren ningunha adaptación, de quitado dalgún acento. Porén, hai outros antropónimos ou topónimos que si teñen algunha adaptación: *Hamburgo* [53, 14]; *Nova Orleáns* [52, 9]; *San Medardo* [93, 19]; *Xacobuslandia* [108, 15] e *Xerusland* [22, 22] (mais tamén *Xerusalem* [95, 44]). Finalmente, cómpre lembrar que usa *Albión* [93, 22], para nomear a Inglaterra, seguindo a pauta ideolóxica da época.

I.3.3.5.5. Os castelanismos

A presenza de castelanismos na lingua poética de **Antón Zapata García** é numericamente moi importante. Moitos deles xa foron sinalados con anterioridade, como sucede coa ausencia de artigo diante dos posesivos [Cfr. I.3.3.5.4.4. O artigo]; xéneros castelanizados, como *a mel* [30, 117; 118, 43] [Cfr. I.3.3.5.4.3. O xénero]; algúns sufixos, como o caso de *traición* [96, 29; 98, 65; *passim*], no canto de *traizón*, [Cfr. I.3.3.5.3.1. Sufixos e terminacións]. Outros como a utilización de **y grego** no canto de **i latino**, non se poden considerar castelanismos, senón que refliten un estado arcaico da lingua [Cfr. I.3.3.5.2.1. O alfabeto].

Tamén debemos de ter en conta que, outra volta, unha das notas características é a vacilación pois no conxunto dos textos conviven a forma foránea e a autóctona, ás veces inclusive dentro dun mesmo poema, como sinalaremos. Estes e todos os demais, seguindo en parte a proposta de Graña Núñez [2003: 87-103], poderían sistematizarse desta maneira:

a) castelanismos de tipo léxico:

a.1) convivencia da forma galega co castelanismo:

Trátase duns poucos casos nos que a forma foránea non conseguiu suplantarse totalmente a galega, que se usa para un significado restrinxido. Malia ser un proceso que se dá en moitas palabras do noso idioma, na lingua literaria do noso poeta rexistramos apenas dous exemplos que poidan responder a este esquema:

vasoira / cast. *escoba*: A forma galega, única que admite o actual estándar, adoita usarse para nomear as de elaboración caseira, feitas normalmente con xestas, mentres que se usa a forma castelá para as que entraron pola vía da comercialización. Na lingua do poeta atopamos as dúas: a forma galega, aínda que grafada con *b* e non con *v* etimolóxico, *basoiras* [97, 55] e o castelanismo pleno *escoba* [38, 135]. A forma galega aparece no poema **Tráxicos agoiros**, datado en 1937 e aparecido nunha publicación periódica, e o castelanismo na edición do libro *A roseira da soidade* [1954], aínda que xa aparecera en *A Nosa Terra* no ano 1948, o que parece indicar o abandono da forma tradicional a favor da incorporación do castelanismo.

parella / cast. disfrazado *parexa*: Graña Núñez sinala que o castelanismo non chegou a suplantar totalmente a forma autóctona, viva aínda en moitos falantes que a empregan de preferencia para referirse a un par de animais, sendo máis frecuente a forma castelá para as persoas. No noso poeta alternan as dúas formas e sempre referidas a persoas, con lixeiro predominio da forma galega, en textos de épocas semellantes recollidos no libro: *parella* [23, 6; 33, 10; *passim*], mais tamén *parexa* [7, 45; 30, 996]. Aparece en plural nunha única ocasión *as parellas dos máusers e capotes* [116, 23], para se referir aos ‘gardas civís’.

a.2) adaptación do castelanismo á fonética galega:

Un dos recursos máis frecuentes é a adaptación fonética, como o [x] castelán, representado coas grafías <G> ou <J> + e, i, que se convirten no fonema galego [š] con grafía <X>. É o caso do anteriormente citado *parexa* [7, 45; 30, 996] (mais tamén *parella* [23, 6; 33, 10; *passim*] e *parellas* [116, 23]); de *baraxa* [53, 5] (porén temos o adxectivo *barallocas* [33, cita]); *conexo* [53, 13]; *conexos* [30, 671] e *trebexos* [74, 37]. Pola contra

realiza unha ultracorrección en *crucifillo* [98, 39; 104, 11]; *despollos* [33, 19] (por ‘despoxos’), aínda que tamén usa a forma *despoxadas* [77, 82].

Noutro grupo a devandita adaptación antes referida é aínda máis desatinada ao diferiren de maneira importante a estrutura da palabra galega e o castelanismo agalegado. Velaí *xulio* ‘mes’ [na datación de moitos poemas, como sinalamos nas notas de edición. Tamén no antropónimo, mais neste caso está aceptado na normativa] ou *xusgado* [30, 753].

a.3) introdución do castelanismo pleno:

a.3.1.) castelanismos plenos adaptados ou disfrazados: Neste grupo contemplamos aqueles castelanismos que adaptan parcialmente a súa forma no resultado do noso idioma, como sucede en *anacre* [99, 13; 99, 27]; *anacres* [71, 2] e *anacrexadas* [57, 18], que alternan con *nacre* [84, 34] e *nacres* [30, 1365; 57, 37] (para a forma galega *nácara* e derivados); no vulgarismo *anemigos* [89, 10] (que remite ao castelanismo *enemigos*); no antropónimo *Anxel* [95, 53] (referido a Fole, a forma galega debe ser *Anxo*, mais sempre usa o común *anxo* [27, 59; 106, 1; *passim*]); *arpegos* [4, 11] (creada sobre o castelanismo ‘arpegio’, do italiano *arpeggio*, aínda que o actual estándar tamén monotonga en *arpexos*); *bombiña* [31, 8]; *bucigando* [36, 53] (‘bucigar’, talvez creada sobre ‘bucear’, no estándar *mergullar*); *carreteira* [73, 7] (e os castelanismos sen disfrazar *carretera* [2, 63; 77, 75] e *carreteras* [30, 656], mais tamén a forma patrimonial *estrada* [37, 70; 37, 88; *passim*] ou *estradas* [30, 655]; ata o punto de se encontraren formas diferentes no mesmo poema: *pol-os camiños i-estradas, / pol-as brancas carreteras* [30, 655-656]. Por último, non confundir coa palabra homónima *estrada* ‘participio do verbo *estrar*’ [96, 39]); *catalonxe* [84, 10] (‘anteollos’ ou ‘prismáticos’); *certidume* [71, 17]; *cofrades* [30, 893]; *coima* [30, 1087] (‘suborno’); *cómbeda* [28, 29]; *cómbedas* [83, 14]; *cómbedos* [70, 12]; *cónveda* [30, 1030]

(‘combada(s), combados’, castelanismo por *empenada(s), empenados*); no vulgarismo *cónxogues* [33; 73] (que remite ao castelanismo ‘cónxugues’); *cordaxe* [114, 7] e *cordaxes* [65, 39] (‘cordame’, ademais, na primeira ocasión tamén castelaniza o xénero, como xa salientamos [Cfr. I.3.3.5.4.3. O xénero]); *cormoráns* [77, 18; 109, 17] (‘corvos mariños’); *embruxo* [30, 2; 44, 44]; *embruxos* [30, 28] (‘meigallo’, e o admisible *embruxadas* [30, 913]); *embuco* [7, 6] (creada sobre o castelanismo ‘embauco’, no actual estándar *engaiolamento*); *encrudecéu* [41, 78] (‘encruar’); *enfervorexa* [30, 924] (‘afervoa’); *estribelo* [46, 9; 46, 19; *passim*]; *fraganza* [88, 4]; *frechando* [66, 9] (‘asetear’); *imaxen* [4, 140; 30, 1272] e un plural *imaxens* [115, 12] (mais tamén nunha ocasión *imaxe* [58, 57]); *intrés* [30, 1250] (por ‘interese’); *lenguaxe* [53, 28; 56, 5; *passim*] (mais tamén *deslinguados* [30, 747] e *linguaxes* [31, 13]); *lexano* [78, 1]; *lonxanía* [30, 1130]; *lonxanías* [118, 15]; *lonxaníos* [41, 31]; *lonxán* [118, 3] ou *lonxano* [31, 86; 36, 1; *passim*]; *lonxanos* [30, 815]; *lonxana* [5, 38] e *lonxanas* [30, 1022]; *mapoulas* [30, 125]; *marexada* [77, 4; 77, 55] (por ‘mareira’ ou ‘marusía’); *mesgra* [30, 800]; no vulgarismo *mosgo* [83; 8] (do castelanismo ‘musgo’); *naide* [101, 32] e *naidés* [93, 30] (mais só nestas dúas ocasións, ademais de aparecer nalgunha versión dos poemas aparecida en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición dos textos) ou *nadia* [4, 150; 13, 50; *passim*] (mais tamén as formas normativas *ninguén* [13, 43; 27, 26; *passim*] e *ningures* [30, 261]; *naranxo* [73, 11]; *o oleaxe* [77, 43] (con dobre castelanismo, na palabra e no xénero); *ollean* [69, 67] e *ollisca* [28, 24] (no canto de ‘ollan’ e ‘olla’); *ouquedals* [44, 81] e *ouquedos* [83, 33]; *ouripendola* [83; 8] (do castelanismo ‘oropéndola’, que o estándar nomea *ouriolo* ou *vichelocrego* como opcións maioritarias); *Padrenosos* [55, 2] (o nome da oración é *Noso Pai*, cómpre lembrar que o ámbito relixioso sofre unha intensa castelanización); *parpadexo* [94, 20]; *pecoreira* [22, 26]; *pecoreiras* [55, 9]; *pecoreiro* [22, 5; 70, 109; *passim*]; *pecoreiros* [54, 6] (no canto de ‘pegureira, pegureiro’); *plegues* [112,

47] (no canto de ‘pregamentos’); *postreira* [30, 1129]; *postreiros* [7, 48]; *pranice* [7, 3]; *promo* [98; 82] (mais nunha versión anterior do poema *As furnas de Laxe* [83] aparece a palabra patrimonial *chumbo*, como sinalamos nas notas de edición); *casas-rascaceos* [105, 37]; *refrexos* [83, 42]; *reló* [5, 30; 30, 54; *passim*]; *rendixas* [83, 8] (e a máis aceptable *regandixa* [84, 9]); *robre* [32, 69] (tan só nunha ocasión, fronte ás maioritarias *carballo* [89, 26; 114, 5]; *carballos* [30, 540]; *carballals* [2, 15] ou o apelido *Carballeira* [95, 52]); *roxa* [38, 133]; *roxo* [30, 1033; 42, 4; *passim*]; *roxos* [47, 11] ou *roxizos* [84, 16] (sempre co significado impropio de ‘encarnado, vermello’, agás no alcume de *LAUREANO Carril* («*O Roxo*») [52, 1] e *roxo* [116, 70], onde ten o significado patrimonial de ‘acastañado, loiro’. Porén, non semella ser o caso da palabra *ma-roxo* [85, título], que ben puidera ser *marroxo*, variante dialectal da planta herbácea *marroio* ‘*Marrubium vulgare*’); *sabifonda* [30, 387] (do castelanismo ‘sabionda’, no actual estándar *sabida* ou *sabichona*); *salazoneiros* [69, 61]; *salentes* [51, 7]; *santigar* [7, 50] (creada sobre o castelanismo ‘santiguar’, no actual estándar *persignar*); *siquer* [30, 1156; 86, 11; *passim*], e nun deses mesmos poemas *xiquer* [30, 1248], ou *siquera* [31, 73; 41, 65]; *sómaro* [13, 12] (do castelanismo ‘somero’, *parco en palabras*); *sonrente* [73, 1]; *terzopelo* [19, 6] (‘veludo’) e a derivada *neveterzopeladas* [32, 6]; *testús* [24, 2] (‘fronte ou testa’); *texideira* [38, 123] (‘tanxedoira’); *texidos* [30, 1122] (e tamén un sorprendente *entretexido* nunha versión anterior do poema *As furnas de Laxe* [83]; porén tamén rexistramos o patrimonial *tecidas* [17, 3; 30, 155]); *traqueando* [42, 28] (do castelanismo ‘traquetear’, no actual estándar *batucar* ou *troupelear*); *traxín* [34, 7] (‘trasfega’); *trenidade* [85, 3]; *vasallaxe* [114, 3]; *Virxen Frora* [103, 8] (tan só nesta ocasión, fronte ás maioritarias *virxe* [30, 905; 100, 42; *passim*] ou *Virxe do Socorro* [30, 954] e *Virxe do Carme* [60; 26; 100, 41]); *xalonando* [111, 9] (no sentido de ‘marcar un acontecemento como importante’); *xalón* [76, 1] (‘marco, estrema’); *xauría* [95, 13]; *xocundo* [2, 21] e *xocundos* [30, 979] (no canto de

‘alegres’); *xoven* [30, 1377]; *xubileo* [30, 159] (que a actual normativa prescribe *xubileu*); *xugosos* [51, 50]; *xués* [30, 1228] e *xusgado* [30, 753] e, finalmente, *xumento* [33, 105]; *xumentos* [16, 50] (por ‘burro(s)’).

Ademais, entran tamén neste grupo moitas formas verbais como *afloxan* [91, 31]; *aleixa* [30, 58] e *aleixan* [30, 72] (que contrastan, incluso no mesmo poema, coas formas *alonxado* [53, 60]; *alonxándose* [30, 1075]; *alonxara* [7, 23] e *alonxo* [30, 72], que se teñen hoxe por calcos de construción do castelán (Cfr. Monteagudo [2003: 227]), mais tan só nunha ocasión formas derivadas de *afastar*, opción que escolle o actual estándar, en *afasta* [38, 37]); *aletexa* [48, 9; 83, 3; *passim*]; *aletexaba* [30, 1349] e *aletexan* [7, 47]; *anoda* [59, 19]; *arregra* [100, 48] (mais tamén anotamos os correctos *arranxa* [61, 10] e *arranxado* [38, 124]); *bendecindo* [7, 56]; *cantarexan* [112, 36]; *cantarexando* [8, 14]; *disfroitén* [42, 57] (non obstante usa formas correctas nos substantivos *gozo* [30, 1281; 57, 124]; *gozos* [88, 8] e no adxectivo *gozosa* [30, 976]); *enxendra* [32, 115]; *enxendrando* [98, 42]; *enxendrou* [98, 30]; *frechando* [66, 9]; *golpeguetexan* [69, 64]; *maldecindo* [33, 84]; *parpadexan* [30, 27]; *podrísell’a* [74, 36] (mais tamén os correctos *apodrecida* [96, 40]; *podrecíanse* [30, 740], con pronome átono innecesario, e o adxectivo *podres* [96, 28]); *pranea* [57, 97]; *praneando* [7, 11]; *prañese* [83, 35]; *prañideiran* [4, 73]; *pranxer* [30, 1260] e *pranxía* [30, 1260]; *refrexa* [14, 5; 30, 220]; *refrexando* [58, 36]; *sôna* [34, 7] ou *sona* [37, 9] (formas verbais, non confundir co substantivo homógrafo *sona*, moi presente nos textos); *sonan* [23, 1; 38, 82; *passim*]; *sone* [96, 45]; *sonóu* [30, 87; 118, 33] (que alternan coas formas patrimoniais *resoa* [44, 50; 100, 6]; *resoan* [44, 53; 83, 33; *passim*]; *soaban* [31, 60]; *soan* [57, 20; 61, 22]; *soar* [118, 29] e *soaron* [30, 1164]); *tembrando* [27, 29; 77, 17]; *tembres* [26, 4; 30, 1419]; *tembr’o* [77, 16] ou *retembran* [109, 15] (fronte ás maioritarias, quer derivadas de *estremecer*: *tremecéndose* [112, 6]; *tremecentes* [32, 11; 53, 67; *passim*]; *tremecer* [93, 6]; *tremecere* [30, 760]; *tremecere* [70, 102]; *tremecíalle* [102,

11]; *tremecidas* [17, 6] ou *trememece* [30, 943]; quer derivadas de *tremere*: *tremante* [62, 11]; *tremantes* [34, 10]; *tremen* [42, 19; 60, 13; *passim*]; *treméndolle* [7, 21]; *tremente* [13, 11; 95, 44]; *tremere* [30, 1370; 89, 17]; *tremeroso* [117, 3] ou *tremor* [12, 14; 48, 317], ademais do adxectivo *tremelucentes* [32, 16]); *veneiras* [19, 10]; *veneirales* [30, 99]; *xalonando* [111, 9] e, finalmente, *xazgo* [93, 23], ás que hai que engadir a pronominalización da forma de singular do imperativo *dúrmete* [106, 8; 106, 9; *passim*].

a.3.2.) castellanismos plenos sen disfrazar: Son, con moito, os máis numerosos. O poeta introduce directamente a forma espuria, nalgún caso con coñecemento da palabra galega que é utilizada noutro contexto (que nós sinalamos entre paréntese). Anotamos: *abolengo* [68, 7]; *acebo* [115, 20]; *acera* [105, 22]; *acopio* [42, 48]; *adios* [75, 15] e no mesmo poema *adiós* [75, 43]; *adioses* [74, 52; 74, 58] (mais de forma maioritaria *adeus* [95, 42]; *adéus* [7, 13; 30, 77; *passim*] e *adeuses* [36, 82; 56, 3; *passim*]; *ala* [82, 4]; *alas* [32, 31] e o diminutivo *aliñas* [32, 11] (mais tamén o plural arcaico *azas* [30, 475; 30, 1321; *passim*]); *alabado* [30, 795; 98, 54]; *aleiros* [77, 9] (‘beiril’); *Almirantazgo* [93, 21]; *amapolas* [13, 19]; *apedrearán* [7, 32]; *Apóstol* [30, 755] e os plurais *Apóstols* [66, 4] e *apóstoles* [38, 164; 54, 4] (mais tamén temos a forma galega *Apóstolo* [98, 54; 102, título]); *arponea* [57, 103] (‘arpoa’); *arroaces* [48, 27] (que para Fernández Rei [2003: 330] debería ter a entrada no VOLG como *arroás*, pois considera *arroaz* castellanismo); *babeante* [95, 31]; *baladro* [113, 8] (‘fachendoso’); *barra* [38, 135] (de ‘varrer’); *belleza* [88, 24] (tan só nesta ocasión, mais de forma maioritaria *beleza* [3, 22; 19, 7; *passim*]; *besugos* [30, 16; 30, 199] (‘ollomol’); *bigardo* [2, 26] (‘forte, robusto’); *bisbisan* [4, 47] (‘bisbar’); *búsqueda* [2, 25]; *calamares* [30, 982]; *campana* [5, 1; 5, 29; *passim*] e *campanas* [7, 49; 30, 581; *passim*] (mais tamén, en menor medida, *campá* [89, 32] e *campán* [5, 40] ou o plural *campáns* [96, 36; 112, 5; *passim*]); *cañonazos* [93, 5]; *caracola* [62, cita; 100, 13];

caracola mariña [100, 5]; *caracolas* [15, 18; 42, 35; *passim*] ('buguina', que tamén usa o noso poeta na forma *boguina* [62, 4; 62, 10; *passim*]; *boguinas* [30, 1164; 42, 27]); *carretera* [2, 63; 77, 75] e *carreteras* [30, 656] (e o castelanismo disfrazado *carreteira* [73, 7], mais tamén a forma patrimonial *estrada* [37, 70; 37, 88; *passim*] ou *estradas* [30, 655]; ata o punto de se encontraren formas diferentes no mesmo poema: *pol-os camiños i-estradas, / pol-as brancas carreteras* [30, 655-656]); *casi* [36, 77] (tan só nesta ocasión, pois é maioritaria a forma *case* [30, 721; 30, 1121]); *cerveza* [53, 7; 53, 68]; *chalina* [30, 852] ('gravata'); *cizaña* [74, 68]; *corchos* [30, 465; 46, 1; *passim*] (e incluso *colchos*, en versións de poemas aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición); *cobardes* [96, 24] (que xa vimos no apartado Vacilacións gráficas [Cfr. I.3.3.5.2.7]); *codillos* [30, 302] ('revoltas' ou 'voltas'); *comadronas* [30, 446]; *coronara* [2, 89] (mais só nesta ocasión, fronte ás maioritarias *coroa* [38, 100; 71, 32; *passim*]; *coroadas* [83, 5] e *coroados* [30, 48]); *dano* [30, 294]; *dársena* [30, 38; 36, 51; *passim*] ('ancoradoiro' ou 'fondeadoiro'); varias formas da conxugación dos verbos *dar* e *dicir*, que non mencionamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10], mais tamén os substantivos *decir* [111, 7; 118, 40] e *decires* [36, 28]; *desperta* [30, 839; 30, 1146]; *despertades* [88, 11]; *despertan* [51, 79]; *despertando* [30, 1321; 41, 36]; *despértanse* [4, 7; 84, 48]; *despertaran* [30, 180]; *despertástedes* [51, 77]; *despertéi* [31, 78] ou *despertóu* [114, 9], (e de forma minoritaria, tamén aparece *esperta* [30, 49; 37, 3; *passim*], mesmo coincidindo no mesmo poema *desperta* [30, 839; 30, 1146] con *esperta* [30, 49]); *deudos* [98, 75] ('parentes'); *difunto* [116, 13] e *difuntos* [93, 3] (mais tamén *defuntos* [83, 47]); *diosa* [37, 6] (tan só nesta ocasión, mais de forma maioritaria *Deus* [4, 105; 13, 32; *passim*]; *deusa* [15, 5; 18, 33; *passim*]; *deusas* [30, 882] ou *deuses* [116, 68]); *diputado* [113, 9]; o adverbio+artigo, por fonética sintáctica, *dond'os* [77, 94] (nesta única ocasión, fronte ao maioritario *onde* [2, 64; 3, 11; *passim*], que incluso aparece tamén no devandito

poema, *onde* [77, 26]); *donóu* [30, 356; 100, 14; *passim*]; *doña* [30, 176; 30, 325; *passim*] (mais tamén *dona* [30, 433; 38, 133; *passim*]; *donas* [32, 64; 69, 36]); algunhas formas da conxugación do verbo *durmir*, que non mencionamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10]; *dulzonas* [30, 338]; *edá* [118; 44] ou *edade* [2, 101]; *el-o* [30, 321; 30, 532; *passim*], que xa se analizou no apartado O pronome persoal [Cfr. I.3.3.5.4.6]; *encendéndolle* [41, 8] (tan só nesta ocasión, pois anotamos unha longa serie de formas vulgares derivadas do infinitivo *alcender*: *alcende* [97, 59]; *alcendeches* [70, 85]; *alcendendo* [98, 62]; *alcenderan* [30, 1211]; *alcendido* [6, 14] e *alcendidos* [30, 1052]); *enclavándolle* [17, 3] (mais todas as formas xa subliñadas do verbo *cravar*: *crava* [91, 35; 92, 3]; *cravan* [23, 19]; *cravar* [57, 103; 67, 77; *passim*]; o substantivo *cravo* [30, 268] e *enravarte* [104, 11]); *enemigo* [7, 57] (mais tamén os vulgarismos *anemigos* [89, 10]; *nemigo* [30, 1163] e *nemigos* [66, 12]); *enfermedá* [67, 9]; *enfrentar* [36, 4] (e tamén a preposición *frente* [6, 7; 36, 52; *passim*], da que xa se falou, mais sempre o substantivo *fronte* [19, 3; 118, 9; *passim*]); *estrizaba* [61, 35] (de ‘facerse trizas’, *escachizar* ou *esnaquizar*); *enternecen* [74, 7] (fronte a solucións galegas: *tenra* [4, 138; 19, 5; *passim*]; *entornos* [4, 131]; *merluzas* [30, 200] (nos dicionarios castelanismo por ‘pescada’, mais moitos mariñeiros adoitan diferenciar entre ambas as dúas por cuestión de procedencia e tamaño); *tenras* [32, 13; 69, 32]; *tenreza* [19, 5]; *tenro* [45, 11]; *tenros* [29, 6; 30, 850; *passim*]; *tenrura* [4, 43; 5, 31; *passim*] e *tenruras* [95, 72]); *escoba* [38, 135] (mais tamén a forma galega, aínda que grafada con *b* e non con *v* etimolóxico, *basoiras* [97, 55]); *espíritu* [30, 1142; 69, 69] (mais tamén as formas galegas sincopadas *esprito* [20, 26; 27, 12; *passim*] e *espritos* [3, 1; 3, 29; *passim*] e a forma plena *espírito* [36, 45]); algunhas formas da conxugación do verbo *estar*, que non mencionamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10]; *estreno* [30, 249]; *francachelas* [4, 64] (no canto de ‘esmorga’); *frenóu* [27, 37]; *fuelle* [72, 17] (mais tamén *fol* [30, 131]); *gallegos* [76, 11; 87, 5] (tan só

nestas dúas ocasións, fronte ás maioritarias *galega* [9, 23; 14, 19; *passim*]; *galegas* [6, 14; 53, 54; *passim*]; *galego* [4, 102; 6, 2; *passim*] e *galegos* [4, 8; 25, 12; *passim*]); *grañidos dos corvos* [83, 61] (‘croamentos’ ou ‘grallos’); *grasa* [30, 695]; *grillete* [112, 8]; *grúas* [36, 53]; *guiños* [73, 5]; algunhas formas da conxugación do verbo *haber*, que non mencionamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10]; *heredades* [75, 31] (mais tamén as formas galegas *herdache* [91, 38] e *herdaras* [82, 11]); algunhas formas da conxugación do verbo *ir*, que non mencionamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10]; *lenguados* [57, 78]; *maldecida* [96, 44]; o adverbio *más* [100, 66] (é a única vez que aparece, nun poema que se subtitula **Cantares galegos**, polo que ben puidera tratarse dunha pronuncia vulgar); *mazorca* [38, 74]; *mazorcas* [30, 83; 30, 573]; *menguante* [30, 1339; 63, 2] (mais tamén a forma verbal *mingua* [30, 319] e o vulgarismo *mingoante* [59, 25]); *mocedades* [112, 4]; *molido* [58, 1] (‘moído’); *morrillo* [2; 62] (‘grava’); *morrillos* [30; 634] (‘morros’); *muelle* [30, 38; 36, 93; *passim*] e *muelles* [36, 84] (nunca utiliza a forma *molle*, que recolle o estándar, mais si os sinónimos *peirao* [42, 27; 45, 20; *passim*]; *peiraos* [71, 24; 52, 46] e nunha ocasión o plural *peirals* [50, 18]); o adverbio *ni* (tan só neste contexto *ni deixés os quefaceres...* [67, 40], pois sempre usa a forma estándar *nin*); *olvidedes* [75, 17; 75, 45] (tan só neste poema, fronte ás maioritarias *esquece* [30, 945]; *esquecen* [30, 1386]; *esquecer* [45, 21]; *esqueceron* [4, 80]; *esquecidos* [57, 30]; *esqueció* [30, 724]; *esquezas* [38, 84] ou *esquezo* [30, 73] e o substantivo *esquezo* [36, 40]); *pañete* [74, 73] (mais tamén de forma maioritaria *pano* [4, 98; 30, 878; *passim*] e *panos* [36, 82; 42, 63; *passim*]); *patrona* [30, 194; 38, 159]; *patronos* [28, 6]; *pavura* [98, 41] (por ‘pavor’); *pedrisco* [27, 6] (por ‘pedrazo, sarabia’); *pesebre* [98, 59] (por ‘presebe’); *petriles* [58, 75; 68, 13; *passim*] (por ‘peitoril’); *pelea* [71, 5]; *peonza* [18, 29] (por ‘buxaina’ ou ‘trompo’); *perdonádenos* [50, 31] (tamén conserva a nasal en *perdonaiame* [31, 109], fronte á forma de perfecto *perdoaste* [95, 10]); *pila* [38, 131] (no

canto de *pía*, co significado de ‘morea’); *pillastres* [30, 744]; *pilletes* [30, 854]; *pinal* [25, 1; 25, 5; *passim*]; *pinales* [3, 26; 10, 1; *passim*]; *pino* [13, 9; 64, 9], *pinos* [20, 15; 25, 1; *passim*] (tamén temos unha forma *pinals* [107, 34] e as formas patrimoniais galegas *piñeiral* [7, 36]; *piñeiro* [21, 10] e *piñeiros* [4, 45; 4, 57; *passim*], así como os hipergaleguismos *piño* [67, 5] e *piños* [2, 45] ‘árbore’ (mais tamén *piños* [25, 6] ‘froito’, no estándar *piñóns*); *pleitías* [38, 38] (forma sincopada do castelanismo ‘pleitesías’); *porches* [101, 4] (por ‘soportal’); *prisa* [30, 923; 36, 20] (mais tamén as formas galegas *â presa* [2, 20; 30, 3; 134] ou *apresa* [21, 11], grafadas sen a acentuación diacrítica que hoxe prescribe a normativa, como xa sinalamos no apartado O acento ortográfico [Cfr. I.3.3.5.2.3]); *pulpo* [30, 26; 58, 3; *passim*]; *rasgos* [12, 1]; *recorre* [39, cita]; *recorrendo* [67, 27], *recorrían* [108, 5], *recorrín* [2, cita] (tan só nunha ocasión atopamos a forma correcta *percorre* [87, 14]); *reina* [30, 333] (mais tan só nunha ocasión, fronte a *raíña* [38, 77] e *raíñas* [32, 18]); no topónimo coruñés «*O Relleno*» [30, 1097; 36, 85]; *rizón* [39, cita] (mais tamén *risón* [100, 57]. Para Fernández Rei [2003: 330] esta última debería ser a entrada no VOLG, pois considera *rizón* castelanismo); *runfla* [26, 6]; varias formas da conxugación dos verbos *saber*, *saír*, *seguir* e *ser*, que non analizamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10]; *saeta* [77; 54]; *salazón* [42, 76]; *salazóns* [36, 50]; que manteñen o radical nun estraño plural *salazoes* [30, 8] e no castelanismo disfrazado *salazoneiros* [69, 61] (alternando coas formas patrimoniais *salgada* [4, 97; 39, 12]; *salgadas* [50, 20; 53, 18]; *salgados* [42, 24; 58, 34; *passim*]; *salgal* [4, 85] e *salgas* [77, 38]); *seña* [30, 1201; 30, 1256]; *señas* [57, 63; 74, 52] (alternando coas formas patrimoniais *sinales* [109, 24]; *sinalaba* [117, 20], *sinalan* [57, 84; 86, 8], *sinalando* [2, 50], *sinalara* [22, 17]; *sinalaron* [44, 75] ou o hipergaleguismo *siñals* [18, 46]); da preposición *sin* falamos no apartado A preposición e as locucións prepositivas [Cfr. I.3.3.5.4.9]; *sinrazón* [30, 294]; *siesta* [58, 49; 68, 10]; *sillar* [30, 1040] (por ‘perpiaño’); *sineta* [30, 582] (por ‘campaíña, pequeno sino’);

socaire (ao) [60, 18] (castelanismo por ‘Ao socairo’); *soe* [51, 49]; *solanas* [30, 232; 30, 939] (mais tamén a forma galega *solaina* [45, 35]); *solamente* [102, 10] (mais tamén as formas *soasmente* [84, 47]; *sômente* [60,14] e *sômentes* [20, 20]); *tahonas* [30, 244]; *talega* [95, 65]; *tasa* [32, 103]; *traición* [96, 29; 98, 65; *passim*] e os seus derivados *traicioaron* [97, 39]; *traicioeiros* [108, 29] ou *traicioneiros* [98, 9] (tan só nunha ocasión anotamos *traizón* [111, 10], o uso patrimonial que a norma actual prescribe); *trainera* [57, 107; 65, 2; *passim*] e *traineras* [30, 456] (mais son maioría as formas patrimoniais *traíñas* [4, 119; 30, 460; *passim*] ou *traíneiras* [55, 10] como ‘Antiga embarcación de pesca a remos’. Non se deben confundir con *traíña* [46, 12; 46, 24; *passim*]; *traíñas* [30, 13; 30, 484; *passim*] ‘Antigo aparello de cerco para a pesca da sardiña’); *terco* [91, 14]; *tercos* [117, 11]; *testigo* [94, 18]; *testigos* [12, 2; 36, 66; *passim*]; *timón* ‘do arado’ [38, 18] e *timón* ‘da embarcación’ [39, 16; 53, 37]; *timóns* [66, 18]; *tornasolas* [32, 15] (por ‘coloradas, pintadas’); *tutora* [111, 4]; algunhas formas da conxugación do verbo *valer*, que non mencionamos por estaren incluídas no epígrafe O verbo [Cfr. I.3.3.5.4.10]; *ventanas* [30, 234]; *vengados* [95, 60]; *venganza* [96, 36; 96, 45; *passim*] (mais tamén *vingadora* [72, 41]; *vingando* [118, 28] e *vinganza* [33, 90; 97, 24]); *ventolina* [65, 39]; *ventolinas* [30, 390] ou o disfrazado *ventoliñas* [70, 97]; ‘ventada, vento forte’, e, finalmente, *zorra* [30, 397] (tan só nesta ocasión fronte ao maioritario, incluso poucos versos antes, *raposa* [30, 389; 99, 59]; *raposas* [30, 306]).

b) castelanismos de tipo sintáctico:

De quitado de fenómenos xa referidos noutros apartados (xénero, pronome, etc.) e dos castelanismos nalgúns pronomes reflexivos, pois xa foron amplamente tratados no apartado O pronome persoal [Cfr. I.3.3.5.4.6], outras interferencias do castelán non son

moi abundantes, mais teñen unha considerable relevancia, por se trataren de casos de incorrecta colocación do pronome átono. Este feito é moi sorprendente, dada a exquisita corrección que adoita ter a lingua literaria de **Antón Zapata García**, polo que nalgúns casos talvez poidan ser explicables por ultracorrección.

b.1) anteposición do pronome para a posposición en galego: Anotamos ten só dous casos: *Eu vos diréi —dicía, ao tempo que fumaba—*, [13, 36] e *temendo a pedra de moer, se xira*, [38, 35].

b.2) posposición do pronome para a anteposición en galego: *onde xúntanse os bardos e os druídas* [3, 17]; *Mentras ríse con risas cristiáns* [4, 66] (aínda que en galego non levaría o pronome); *namentras que o cigarro nimbábao de fumo* [13, 30]; *nas carolas que, abríndose, regalábanlles piños* [25, 6]; *nada lle cumpre ou convénlle* [27, 45]; *sen lle cumpril-a palabra / de casamento que déralle* [30, 273-274]; *Se a Mónica sacóulle o noivo*, [30, 359]; *—E, logo, ¿qué cousas dínse...* [30, 388]; *Tamén sínteo por Rosiña, porque é boa* [30, 524]; *cibdá pr-â que Gundar fórase* [30, 612]; *e â que fânlle outo cogulo* [30, 694]; *A cantos con ela alcóntranse*, [30, 708]; *Se Gundar chamáballe: «Ruliña do arrulo»*, [30, 999] (ademais da colocación, neste caso temos o conflito entre acusativo / dativo, pois era de agardar o pronome personal de acusativo *a*); *que hei de... cumpril-a obriga que... quéme encomendar...*, [30, 1422]; *Desque o chasco dixéralle ao rifeiro* [33, 59]; *que, da vila de Laxe, conducírame â groria* [36, 74]; *cando, por Maio, enfrórase o xustillo* [38, 3]; *¡n-os cucuruchos que han-nos dar o pan!* [38, 42]; *pra que o namoro do lanzal cenceo / cô amor da espiga síntase borracho...* [38, 45-46]; *o cramor dos hirmáns que afogáronse*. [86, 16]; *xa cantédeslle â terra, xa cantédeslle ô lar, / xa cantês ô paxaro, / xa cantédeslle ô craro* [88, 25-27]; *e, cando a rosa bicóuno*, [100, 63]; *Soio síntense as pedras que retembran* [109,

15]; *unque soio sortéábanse por regra*, [116, 19] e *pol-o camiño estreito d-unhas hortas / que dinlle: “Agra de Abaixo”* [116, 59-60].

Finalmente, outra particularidade importante é a introdución da preposición *a* despois de verbos de movemento, por seren perífrases do tipo *ir + infinitivo*, nunha construción castelanizante:

Verbo movemento + a + infinitivo:

cando fose a poñer pés na riva, [30, 1082]; *ou que ía a morrer* [30, 1264]; *indo a buscar no estranxeiro* [30, 492]; *je alí fói a morrer!...* [30, 1408]; *Fún peixeiro de vara, e salín a peixar* [53, 32]; *todal-as tardes vai a rezar...* [75, 4]; *vas a cruzar*, [75, 7; 75, 21; *passim*]; *van restarll’a mar bravía* [77, 60] *outamén salen a pescar* [99, 22].

I.3.3.5.5.6. O léxico mariñeiro

A achega léxica de Antón Zapata García é moi feraz, importante e rica, mais dos campos léxicos que se poderían analizar sobrancea o léxico mariñeiro.

De feito, de maneira temperá, moito antes de se publicar *A Roseira da Soidade*, en abril de 1928 a revista *Céltiga* recolle o texto “Opiniones ajenas [sic]. Un juicio sobre nuestro poeta Zapata García”, no que se reproduce un artigo anónimo, aínda que ben puidera ser da autoría de Julio Sigüenza, que se publicara uns días antes no xornal uruguaio⁶³⁰ *La Razón*, na súa páxina literaria do 1º de Abril, co título de “El Poeta Mariñán”, ademais da tradución ao castelán do poema **Alandro a traíña**. O anónimo autor salienta que o poeta «ha iniciado una de las verdaderas rutas por las que debe encauzarse la

⁶³⁰ A seguir reproducése o texto que acompaña ao poema “Alando la traina”, *La razón*, Montevideo (Uruguai), 1 de abril de 1928.

poesía vernácula, “y cuyo paralelo no existe aún en la castellana”». Deseguida destaca a compoñente mariñeira dos poemas:

“Alando a traíña”, “Mar roleiro”, “As furnas de Laxe” y “Mariña d-outón”, por no citar máis, le han valido el honroso título de “o poeta mariñan” —el poeta del mar gallego— que ostenta con toda justicia. Sus temas, en la mayoría de los casos, tienen su origen en las escenas diarias de la vida marinera en la región nórdica de España, con todas sus angustias y alegrías, que trasmite al lector con una realidad impresionante y con un vocabulario más impresionante aún.

A notoriedade do mar na súa poesía tamén vai ser un motivo recorrente en tres textos que se escriben a xeito de necrolóxicas canda o falecemento do noso poeta. Xervasio Paz Lestón, poeta muxián, amigo e compañeiro de moitas angueiras na revista *Alborada* da ABC de Corcubión publica en 1953 o seu soneto **Campana da Berenguela**, que leva unha emotiva dedicatoria: «Á memoria do poeta irmán Antón Zapata García, caído na expatriación». Desta volta reproducimos as dúas últimas estrofas:

Dobra pol-o cantor da patria escrava
abatido pra sempre en terra extrana
suidoso do seu mare laxeirán.

Preside o funeral que a costa brava
cantará coa ribeira i a montana,
concertados do vento galicián.

Nas mesmas datas outro escritor, o guardés Eliseo Alonso é o autor do artigo necrolóxico «Zapata García, poeta do mar», no que se debruza sobre a presenza do mar nos textos. De primeiras lembra o desexo fanado de Zapata de retornar á Laxe natal, que define como “telúrico anxeio”. A prosa de Eliseo Alonso, intercalada con fragmentos dos poemas de Zapata, remata con estes parágrafos:

Outras vegadas, ó verso de Antón Zapata García chega manseliño coma as ondas bicando as amuras das traíñas ancoradas nas loiras areas da sua Laxe natal:

*Bigarros e volutas, estrombos, caracolas,
deixaron as mareas cantando barcarolas...*

Mais a maioría dos seus poemas son rexos, ten bruares de trebón e traxedias de labouras pesqueiras, envolveitas nun antergo sabor mariñán de lëndas idas.

Eisí me chegou o canto de Zapata, agora que souben da nova do seu pasamento, ao releer, no meu primeiro homenaxe a sua vos apagada, iste feixe dos seus poemas de mar. E coido estar sentindo aquila sua Laxe, cravada na pupila que non tornaría a ver máis.

*O risón da miña dorna
fica no ancoiral de Laxe,
mentras a dorna, probiña
recorre todol-os mares.*

Ningún galego pode falar de retornos definitivos. Máis si a miña dorna me leva aos seus mares do Sur, aló voltarei a vivir a poesía mariñán de Zapata García, un tanto incomprendido e magoado en Buenos Aires pol-a broza da nosa coleitividade. Alá, en nidios plaias, ceibe de balbordas, antre redes e gamelas, antre o door das mulleres que fitan a anguria do mar, ecoará a sua vos nas buguinas galegas, namentras os mascatos i as anduriñas revoarán a verde surrisa das ondas, sempre ledas do seu poeta do mar.

Por último, Lito López escribe unha emotiva e brevísima prosa poética que reproducimos na súa totalidade:

A campana do reló da Berenguela, badalóu aquela noite do 20 de xuño máis tristemente que outras veces...

Seu canto “de fondosos repeniques”, trocouse en pranto e door porque a lumiosa lira d’un poeta calóu pra endexamáis...

Era por Antón Zapata García.

O mar fisterrán, musa ispiradoira, bateu n’ese día nas furnas, cóidos e praias, con forza e reciedume descoñecidas.

O vento asubió antergas letanías que soaban latexantes nas cordas e paus das pesqueiras dornas...

Mariñeiros e peixeiros con loito de bágoas nos ollos, fitaban o melancónico sol-por que anunciaba a triste nova...

Era por Antón Zapata García.

Na campía galega, o ceo orballou mornas bágoas de door, e as ponlas dos piñeiros e carballos ceibaron os rexos acordos d'un "De Profundis" con notas musicas de verdes e amarelos coores...

Morreu un poeta; morreu Antón Zapata García.

¡Pondal, Curros, Rosalía!... vosoutros, dende o voso berce de nubes, acudide tenramente a darlle a benvida ao novo poeta do ceo...

Tamén así o soubo ver, xa desde un principio, o propio Ramón Otero Pedrayo, cando escribe no prólogo á edición do libro póstumo *A Roseira da Soidade*: «Hai, dende logo, un pneuma argonáutico sinon precisamente ulisaico nalgúns poemas mariñáns de Zapata e seus apaixonados periplos da costa bergantiñán pois sempre as vellas e labouradas testas dos promonteiros axexan e vixían como rexas esculturas da idea fonda, lonxáa e consoadora das 'Matres' galegas», para engadir un parágrafo máis adiante: «Nos temas de mar e de gaita chega pro meu gosto Zapata á maior perfeición formal no senso de levar a vivenza do lombo da foula, do devalar, das finas e vellas angueiras do oficio mariñeiro á ponte do verso pagando o menos foro ou portazgo posíbele á literatura...».

No artigo «Un poeta malogrado. El sentimiento de Galicia en Antonio Zapata» de Francisco Otero Guldrís, publicado no xornal *La Noche* en xaneiro de 1955⁶³¹, que se pode considerar a primeira recensión do libro *A Roseira da Soidade*, confesa a súa recente lectura e salienta o que denomina 'versificación mariñeira':

Con apenas 17 años Antonio Zapata García abandonó su amada Galicia. El mismo año en 1936 decía en "O probe, do mar".

Pol-o munco, cål "Serbelo"

marchei de Laxe, en bolina

⁶³¹ Cfr. *La Noche*, 22 de xaneiro de 1955.

e xa levo, na Arxentina

trintatres anos sin vel-o.

Toda la vida de Zapata García es el sentimiento de su tierra, y su obra, es la propia vida. El mar que lo vió nacer. La terrible lucha de los que se dedican a las faenas de la pesca con el ser marineru que ve la disputa. He aquí, el selo que califica “A ronda⁶³² do mar”:

Pol-as veigas da Trava a de Serantes

hastra â terra de Zas

alongase o pregón do Mar de Laxe

con medoño falar

contándose ôs labregos que ôs peixeiros

parés lles vai moi mal!

.....

pol-a Costa da Morte van chorando

fillos... mulleres... nais...

dos probes peixedores que a borraxa

sorprende no mar...

El poema en sí, es la versificación de la vida marinera. Los labriegos de Vimianzo, contemplan por si mismo el alto tributo que los pescadores pagan a su señor, el mar. Un tributo que en muchas ocasiones es la propia vida. ¡Cuántas veces así sucede!

Lage estaba siempre en su boca. Otero Pedrayo así nos lo pinta en sus notas de Buenos Aires. En “Por os vieiros da saudade” podemos so: “Falaba do vivir dos mariñeiros de Laxe, dos antigos navegantes a vela... era Antón Zapata García”.

A segunda recensión, da autoría de Juan Naya⁶³³, ten que agardar aínda varios meses e non se publica ata o verán 1957. Moito máis breve que o anterior, leva por título «A ROSEIRA DA SOIDADE. Poesías galegas. Por Antón Zapata García». Con certeza esta recensión favoreceu o equívoco sobre a datación do libro, pois Naya fala de que acaba

⁶³² Unicamente en *Eco de Galicia*, e por gralla de imprenta, leva o título **A ronda do mar**. Nas outras versións anteriores, publicadas por *El Despertar Gallego*, *Eco de Galicia*, *Alborada* e *Vivero en el Plata*, así como na edición do libro e no mecanoscrito, o encabezamento é **A renda do mar**.

⁶³³ Cfr. *La Voz de Galicia*, 27 de agosto de 1957.

de aparecer al público, cando xa se demostrou que a data de publicación debe situarse nos albores de 1954. Alén doutras liñas temáticas, o crítico salienta máis unha vez a compoñente mareira dos versos de Zapata neste fragmento:

Poco a poco, con sana fruición melancólica, sin darse uno cuenta, va siguiéndose, va hojeándose, página a página, todas las poesías que contiene el volumen, porque sencillamente casi todas ellas despiden el olor salobre de las algas, del mar amado que baña y azota las tierras de Bergantiños... Otras recogen el afanoso trabajo de los marineros, y algunas traen a la memoria el áspero grito de las gaviotas que se abaten sobre el pequeño puerto cuando el temporal llega a las aguas que poblaron los dioses de la mitología pondaliana.

Tamén en 1955, Varela Jácome⁶³⁴, na súa *Historia de la Literatura Gallega*, baixo o epígrafe “Antonio Zapata García”, dedícalle apenas catro liñas nas que salienta: «es un cantor de las costas del Atlántico».

En setembro de 1963, Baldomero Cores Trasmonte escribe nas páxinas do xornal *La Noche* o seu artigo “La poesía y el mar”⁶³⁵, no que cita a presenza do mar en escritores de diferentes épocas, desde Martín Códax até Amado Carballo ou Manuel Antonio. Nun parágrafo cita ao noso poeta entre os autores que refliten nos seus versos a Costa da Morte: «La Costa de la Muerte, que tiene poca novelística, posee, en cambio, una gran aportación poética. Pondal nos da una versión muy sugerente del mar en la parte septentrional de la Costa de la Muerte. Antón García Zapata [*sic*], un poco más abajo, también insiste en lo mismo, pero con un sentido marinerero más amplio, por lo que convendría reconocer con mucho cuidado la presencia de este magnífico y sutil poeta. Y ya en pleno corazón de la Costa de la Muerte, entre Vilán y Finisterre, está López Abente, el mejor cantor del mar gallego».

⁶³⁴ Cfr. Varela Jácome, Benito (1951). “Antonio Zapata García”. *Historia de la Literatura Gallega*. Santiago de Compostela: Porto y Cía. 435.

⁶³⁵ Cfr. Cores Trasmonte, Baldomero (1963). “La poesía y el mar”. *La Noche*, Santiago de Compostela (29.09.1963).

Alberto Vilanova Rodríguez [Cfr. *infra*]⁶³⁶ no seu artigo “Antón Zapata García (El poeta de las sanas rebeldías)”, incluído no volume *Los Gallegos en La Argentina*, ofrece a maior biobibliografía coñecida do noso poeta, en un dos parágrafos do seu extenso texto sinala: «Era un poeta en que todos los temas tienen una resonancia limpia y grávida. Mas los temas favoritos en su musa eran el mar y la emoción civil, que vibraban singularmente en el estro de Zapata».

Dez anos despois publícase a *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores* (1976) de Fernández del Riego⁶³⁷, que inclúe os poemas **Marisma**, **O final inmorrente**, **Sachadoras** e **Trincado**, con brevísimas notas a rodapé. Dúas delas, con referencias ao mar, así sinala no terceiro: «O poeta escribe aquí na estrofa típica do modernismo, con tema mariñeiro que é o seu habitual» e no derradeiro engade: «Os termos náuticos teñen no poema unha espresión ricaz».

Con posterioridade vai ser Carballo Calero [1981: 607] quen repare novamente neste aspecto, afirmando que o galego do noso poeta “é ricaz, especialmente en termos náuticos, e se a el se houbera atido, houbera logrado unha linguaxe propia, precisa i enxebre”, pois cando Antón Zapata García escribe versos de tema mariñeiro “logra os seus mellores momentos”.

Amor Couto [1992: 24-25] na análise que intitula “A obra literaria de A. Zapata” sinala os temas fundamentais, e fala de: «moita poesía do mar: (“Dorna saudal”, “A renda do mar” “O faro”, “Porto peixeiro”, etc) que ocupan a última parte do seu libro e están inspirados nese mar céltico do extremo fisterrán galego; ao lado da louvanza da paisaxe (agreste, pero bela) das vilas e da xente, reflexa-se a dura condición da vida mariñeira e o

⁶³⁶ Cfr. Vilanova Rodríguez, Alberto (1966). “Antón Zapata García (El poeta de las sanas rebeldías)”. *Los Gallegos en La Argentina*. Buenos Aires: Galicia. Vol. II. 1250-1253.

⁶³⁷ Cfr. Fernández del Riego, Francisco (1976). “Antón Zapata García”. *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo: Galaxia. 273-276. Novamente, hai unha gralla no título *O final inmorrente* no canto do correcto **O pinal inmorrente**.

tributo en mortes que cada ano arrinca o mar (ver, por exemplo, o poema “Mar roleiro” ou “Buguina”). Non se trata, pois, dunha visión idealizada senón bastante compensada: o lirismo e o drama á vez».

No ano 1999, no semanario *A Nosa Terra*, Xosé Enrique Acuña⁶³⁸ publica o artigo “O Xerminal de Antón Zapata” que principia salientando a compoñente mariñeira: «Boa parte da obra poética de Antón Zapata ven de ser todo un glosario de termos mariñeiros, rico e inagotábel. Dos utilizados a cotío nos mares de Laxe, a vila que o veu nacer en 1886. Os seus poemas son unha arca onde extraer a máis antiga terminoloxía da mar, as palabras abandonadas e esquecidas, os xeitos de falar mariñeiros, os nomes e os territorios das faenas, das fatigas e do barco».

E, na actualidade, tamén así o entendeu tamén Fernández Rei⁶³⁹ [2003a] e [2003b]. Precisamente, tomando como base estes dous últimos artigos e tendo en conta a clasificación que fai Alvar no *Léxico de los mariñeros peninsulares* [1985: 43-60] elaboramos un **Glosario do léxico mariñeiro**, no que non se definen as palabras de uso máis común mais si todas as demais e no que se ofrecen a maioría dos contextos de uso. Aos doce apartados sinalados por Alvar engadíronselle outros dous a maiores: o primeiro intitulado **Fraseoloxía mariñeira** e o segundo **Onomástica mariñeira**.

1. O MAR

- [ambrar] *ambróu* [66, 7] (‘Mover lubricamente o corpo’. Aquí, por suposto, nun uso figurado, *diríxense ao peirao, onde o Artabro s-ensaia / acariñando ás lanchas que ambróu nas tempestades...*).

⁶³⁸ Cfr. Acuña, Xosé Enrique (1999). “O Xerminal de Antón Zapata”. *A Nosa Terra*, nº 868. Vigo (4.02.1999): 30.

⁶³⁹ Ao propio Francisco Fernández Rei agradecemos as atinadas suxestións para a redacción do capítulo.

• *ardentía* [77, 56; 92, 11]; *ardentías* [44, 5; 51, 70, *passim*] (Case sempre co significado de ‘Sucesión de ondas que o mar embravecido lanza contra a costa formando rompentes de escuma’, *Ninguén os ollóu vîr nas ardentías, / nin nos socheos, vagallóns, nin tombos // un pouco cansos xá das ardentías, / golpes de mar, roleiros, / i-espenuxadas vagas e rotías // o mar non se amostraba en ardentías / de rexos gadoupazos // Antes de vir a “ardentía”, / — antepoñend’o “socheo”,— // O teu canto adúa / co-a rouca ardentía*. Porén, nun dos contextos é difícil saber se a acepción é a mencionada, ou a máis coñecida no noso idioma, de ‘Fosforescencia ou luminosidade das augas mariñas, producida polos movementos dos peixes ou doutros organismos que habitan nelas’, // *e n-as augas do Nerio aínda outea / do Noso Mar do Sol as ardentías* [71, 38-39]).

• *balbordante* [45, 25] (‘Que produce ruído’, *O socheo, ¡o socheo!, balbordante*. A palabra aparece noutros contextos sen relación co mar).

• *balbor* [44, 3; 62, 13; *passim*]; *balbordo* [30, 1148; 36, 4; *passim*] (‘Ruído continuado, bruído’, case sempre referido ao bruído do mar, *igual choromicara se o mar fora un balbordo!... // ao enfrentar San Antón e sintindo o balbordo / do roncón do Cantábrico —n-ese día inconforme— // Do balbordo do mar a melopeia / chamando às portas vái // Foron os cans do mar as rexas furnas, / con dentes e unllas, con furor, formando, / nas foscas horas de balbor, nocturnas, // vái oupando o balbordo da marea— // a tirasen das poutas da ferós maresía, / e, ao lembral-a, parésme que ouzo o fero balbordo // o balbor ecoante e vagaroso... / ¡Bruaba, como nunca, a maresía!... // o mesmo como cando o Norde, c-ô balbordo / do mar, brúa e rebrúa na Costa do Laxés // que opós teu forte peito ô mar d-Atlante / sin que o balbor che impoña parpadexo // e dos mares galgantes o balbordo // i-o balbordo do mar na fera loita!... Tan só nunha ocasión o ruído relaciónase coa embarcación, *o pau renxe coa vela relinga; e do balbordo / que fan os seus costados, que lembran cachalotes*. Tamén aparece noutros contextos sen relación co mar).*

- *balbordar* [72, 15] ('Facer ruído continuado', nestes versos referíndose ao mar, *Como se foras o mar (...)/ sospiras, bicas, salaias, / ou fas rexo balbordar*).
- [bruar] *brúa* [20, 24; 27, 1; *passim*]; *bruaba* [62, 14]; *briando* [45, 17] ('Facer ruído de contino o mar embravecido', *E na «Punta da Barra», onde brúa a marea // Brúa o mar na Costa Brava // e do mar de Galiza, cando brúa // Brúa, Mar de Fora // // Seguúo o fero mar briando, rouco, // ¡Bruaba, como nunca, a maresía!... // do mar, brúa e rebrúa na Costa do Laxés. Cfr. infra rebrúa [93, 8]; rebrüar [30, 1414]. Tamén noutros versos sen relación co mar*).
- *cachóns* [44, 45] ('Onda do mar que rompe facendo espuma', *Finxen, as furnas, se os cachóns se encuman*).
- *calada* [77, 52] ('Momento no que a vaga de mar queda en calma e apenas hai ondas', *De repente, unha buceta, / —aproveitand'a "calada",— / vái por séis remos levada / lixeira como saeta / por entre d'a marexada!...*).
- *calma fonda* [51, 57] (*Calma fonda no mar e máis no ambiente*).
- [devalar] *deval-as* [83, 46], *devalóu* [51, 2] ('Baixar a marea', *Nas nites de luar, —cando a marea / deval-as verdes ondas hastra â enxiva // devalóu a marea // ao baixar as mareas*).
- *fero mar* [45, 17] (*Cfr. infra mar*).
- *fondo do mar* [30, 1331]; *fondo dos mares* [36, 10]; *fondo mar* [64, 8].
- *fortes mareiras* [86, 12] (*que das fortes mareiras nos salve!... Cfr. infra mareira*).
- *forte maresía* [60, 1]; *fortes maresías* [61, 3] (*Unha forte maresía // que as fortes maresías, do coído. Cfr. infra maresía*).
- *foula* [51, 63]; *foulas* [4, 73; 4, 84; *passim*] e *folá* [57, 11] (Esta última forma tan só explicable por cuestións de rima, xa que incluso no mesmo poema aparece *foulas* [57, 113]. 'Ondas', *d-escumas albariñas / prañideiran as foulas // Soiamente, das praias as areas / e os rochedos dos hirtos cantilados, / vãn facendo máis lenes as cadeas / que prenderon n-*

*as foulas seus amados // das foulas verdegaias // con ondexar de foulas // nos ondeos das foulas e nas azas / da maina bris segrel // Un que outro mascato guíndase, / dende as outuras, nas foulas // Sô se sente / a marea / que comenza o repunte, manseliño, / c-unha foula sin azo // ou pieitando o cabelo / das foulas, que, mainiño, / encrénchase no mar de fror de liño // Morden os cans das ondas n-os cantiles, .../ Morden os cans das foulas n-as quebrantes. Para o noso poeta nunca posúe a acepción recollida nos dicionarios de ‘Escuma que levanta o barco pola proa ao navegar’⁶⁴⁰. Alén diso, aínda en relación co mar, ten outros usos máis poéticos ou metafóricos, no poema **Praias da soidade** [63], *Acúdelle o relembro, e n-alma sente / foulas têt soio escuras por dediante* ou no poema **Vento irmán** [70], — *¡cabaleiro / encol das foulas*).*

- *foulóns* [44, 54] (‘Ondas de gran tamaño’, *cando as gadoupas dos foulóns, furentes, / finxen a escada rapsoidal das naves*).
- *embate* [47, 22] (‘Golpe forte e violento do mar contra as rochas’, (As furnas) *Son como portas de outas catedrales / xa derrubadas pol-o embate eterno*. A palabra aparece noutros usos figurados sen relación co mar).
- [engolar] *engola* [72, 11] (Descoñecemos o significado preciso, ao non aparecer nos dicionarios, mais semella marcar a incursión do mar, *Como se foras o mar / que s-engola pol-as rías, furnas, cóidos e praias*).
- *escuma* [69, 25; 77, 37; *passim*]; *escumas* [4, 72; 83, 31; *passim*]
- *escumante* [47, 10] (‘Que produce escuma’, *Un instante dempóis que o solagara / o escumante reveso*).
- *escumosante* [41, 62] (‘Que é moi escumosa’, *cando a vaga, tronante / —¡espenxada!, ¡tola!, / ¡escumosante!, ¡fera!—*).

⁶⁴⁰ Fernández Rei [2003b: 300] sinala «Introducida por Eugenio Montes no galego escrito. Escuma que a dorna fai pola proa ao ir vogando».

- [esnacar] *esnacánse* [47, 22] ('Esnaquizar', refírese aos tombos ou ondas, *no que arrabuñan os tombos / e, rosmadores, esnácanse*).

- *golpe de mar* [47, 3]; *golpes de mar* [51, 71; 77, 48] ('Embate violento dunha onda').

- *mar* [5, 5; 9, 6; *passim*]; *mares* [30, 35; 30, 60; *passim*] (Evidentemente é unha palabra moi usada. En moitos dos versos indicando unha acción: *non vâo ao mar os mozos nin os vellos // ...;Entón o mar calmóuse // por non poder ir ao mar!... Cfr. infra.* a expresión *Ir ao mar*. Noutros tamén se sinala a súa cor: *dende a riveira, ollando car-ô verdoso mar // Ollando ao mar verdescuro*. Temos usos moi poéticos: *os pescos tocan o corno; / e os pulmóns do mar, cô peso / da carga que têm no lombo. // Foron os cans do mar as rexas furnas // ferozes luitas antre o mar e a terra // A rouca vos do mar enchendo as rúas // que hoxe o mar trái desgracia // encrénchase no mar de fror de liño // Deitouse o mar, molido, sonolento // Con olgas i-escorreadas / arranxa o mar un bô traxe // ¡coma se o mar anduvera / hoxe n-elas de parranda!... // no mar de fror de liño // O mar sabe que os pescos non son os seus amigos // nos agros do mar buscan o pan de cada día // e cando na invernía o mar morde os cantiles // Érel-a vos do mar cantando, / érel-a vos do mar xemindo, / érel-a vos do mar chorando // ferv'o mar cal catarata // e o triste De Profundis do Ártabro mar que chora // pol-as furnas, fala o mar // e inda couceaba o mar, rebranquexando // os cans do mar alarbios...* E incluso anotamos algún uso figurado: *n-os agros brandeaba o mar de louro trigo // Pol-os mares de vida as nosas naves // Pol-o mar da nosa vida. Cfr. infra.* Onomástica mariñeira, onde temos varias denominacións de mares coñecidos).

- *mar afora* [36, 79]; *mar fora* [57, 76; 69, 16].

- *mar bravía* [77, 60].

- *mar de fondo* [116, 1].

- *mar en calma* [72, 28].

- *mar da outura* [41, 18].

- *mar profundo* [30, 1165].
- *mar roleiro* [47, título] (‘Mar rizado, mareira, marusía).
- *marea* [20, 24; 30, 25; *passim*], *mareas* [51, 74; 54, 2; *passim*] (Tamén é unha palabra moi usada. Ademais os versos moitas veces indican a súa acción: *Vái rubindo a marea, âs apalpadelas // devalóu a marea // ao baixar as mareas // Como rube a marea, manseliña // Nas nites de luar, —cando a marea / deval-as verdes ondas hastra â enxiva // e vai enchendo a marea*).
- *mareas vivas* [51, título; 51, 73] (‘Con lúa nova ou lúa chea o mar sobe e baixa moito máis que nas mareas habituais’. No poema acontece coa segunda lúa, *Pol-a sede do Vran e a Lúa chea, / devalóu a marea*).
- *mareira* [64, 29]; *mareiras* [30, 1107] (‘Movemento axitado do mar’, *de petón que non tronzan as mareiras— // dos algazos, que a mareira / sóbor da praia botara*).
- *maremoltos* [94, 42] (No estándar *maremoto*, ‘Invasión da terra polo mar, provocada por un terremoto’, *¿o Dioivo enxendrando maremoltos?*).
- *maresía* [40, 7; 53, 42; *passim*]; *maresías* [44, 7; 61, 3; *passim*] (Nun caso indicando a súa altura: *porque as fervezas de outas maresías*. É unha forma que apenas se documenta no galego, mais si no portugués, o estándar escolle *marusía*).
- *marexada* [77, 4; 77, 55] (Castelanismo por *mareira* ou *marusía*).
- *mariña* [4, 143; 30, 1453]; *mariñas* [30, 818; 57, 67; *passim*] (*Cfr. infra mariña(s)* ‘Composicións poéticas, barcarolas’).
- *mariñantes* [86, 14] (‘Propio do mar’, aquí non é sinónimo de ‘mariñeiro’. *Levan n-os ollos os pescos / mil traxedias mariñantes. Cfr. infra*).
- *mariño* [57, 120; 65, 18; *passim*] (‘Propio do mar’, aquí non é mariñeiro. *Cfr. infra*).
- *marisma* [30, 1345; 51, 18; *passim*].
- *oceán* [65, 20] (No estándar *oceáno*, *do reberte oceán i-os seus poderes*).

- *oleaxe* [77, 43] (Castelanismo por *ondada*).
- *ondas* [4, 106; 9, 6; *passim*]; *ondiña* [108, 19] (Coma no caso da palabra *mar*, hai versos que indican unha acción das ondas, con numerosas personificacións: *que fixo voiar tellas, e âs ondas rebriiar, // as ondas torcen de ruta // que as ondas fono erguendo c-ôs seus brazos // decir parecen as ondas // Côs rosarios de corchos nas mans, pregan as ondas // praia que bican as ondas / con eternidá de bicos, // Morden os cans das ondas n-os cantiles, // soio as ondas dixeron de seu fin a verdade // as ondas cantarexan: —¡Galiceibe!... Noutros versos tamén se sinala a súa cor: N-as ondas verdegaias // semella, movendo as ondas, / lenes e verdeaziadas, // brincan os muxos na tona / das ondas verdes e mansas, // nin as ondas branqueando en «Punta Herminia», // espéllase n-as ondas tranquiás, coor turquesa, // de azuradas ondas // deval-as verdes ondas. E tamén temos usos moi poéticos: *que, moi quedo, nas ondas silandeiras, // —rente âs ondas dos nosos antenados—, // cando ao seo das ondas medoñentas // Do fondo bretemoso das ondas da lembranza // no sinistro pentágrama das ondas // NAS ondas —tellado verde / do mar—, coan as gaivotas, // As ondas son irmáns dos arriscados pescos // pol-a tona das ondas, fânse señas... // a cenefa das ondas preguizosas // Contr-âs casas, as ondas, namoradas, // nin os bicos salgados / das ondas que namoran // — as ondas, sí, aseméllanse aos labrantíos regos—, // que fixeron ás ondas máis acerbas, ou incluso no título do poema **A resposta das ondas** [48]; ademais de lembraren sucesos bíblicos: *e, bôn Xesús, sobre as ondas.***

- *ondeos* [30, 1319] (‘Acción de ondear’, *nos ondeos das foulas e nas azas*).
- [ondexar] *ondexan* [42, 19]; *ondexante* [30, 455] e *ondexar* [30, 122] (No estándar *ondear*, ‘Formar ondas a auga’, *con ondexar de foulas // ondexante, móvel seara / onde as buquetas e botes, / traineras, dornas e lanchas, / velean, cían e bogan // ondexan, latean, tremen, / como querendo ir abordo, / entrando nos imbornaes*).

- [oupar] *oupando* [47, 15] (‘Erguer, levantar’, *vái oupando o balbordo da marea*. Tamén noutros contextos sen ningunha relación co mar).
- *outa mar* [48, 35] (‘Alta mar’).
- *profundo do mar* [41, 11] (‘Profundidade’, *no profundo do mar, a fría cova*).
- *rebrúa* [93, 8]; *rebrüar* [30, 1414] (‘Facer ruído de contino o mar embravecido’, *que fixo voiar tellas, e âs ondas rebrüar, // do mar, brúa e rebrúa na Costa do Laxés*. Cfr. *supra brúa* [20, 24; 27, 1; *passim*]; *bruaba* [62, 14]; *briüando* [45, 17]. Tamén noutros versos sen relación co mar).
- *repunte* [51, 62] (No estándar *a repunta*, ‘Primeiro avance da marea, que inicia o fluxo e empeza a subir’, *Sô se sente / a marea / que comenza o repunte, manseliño*).
- *resaca* [c24, 176] (Tan só aparece nun dos poemas en castelán).
- *reveso* [47, 10] (‘Escuma’, *Un instante dempóis que o solagara / o escumante reveso*).
- *riva* [30, 1082; 30, 1215; *passim*]; *riveira* [4, 97; 4, 115; *passim*] (No estándar *ribeira*, a primeira forma é un arcaísmo. En ocasións refírese á ribeira dun río, por exemplo o Anllóns, mais a maioría son as ribeiras do mar).
- *roleiro* [47, título]; *roleiros* [51, 71] (‘Dise do mar axitado ou embravecido’, *un pouco cansos xá das ardentías, / golpes de mar, roleiros*. E no título **Mar roleiro**).
- *rotías* [51, 72] (‘Ondas provocadas polo vento e que golpean na proa ou nos costados dunha embarcación’, *i-espenuxadas vagas e rotías*).
- *rompente* [77, 23]; *rompentes* [93, 12] (‘Acción de romperen as ondas formando escuma’, *baix’a rompente, qu’aterra, // e as poutas das rompentes trocaron en destrozos*).
- [romper] *rompe* [77, 5]; *romp’o mar* [77, 40]; *rompendo* [109, 36]; *romper* [44, 82]; *rómpese* [77, 31] (‘Rebentaren ou desfácerense en escumas as ondas do mar’, *enonde as vagas, ao romper nas rías, // e marexada tan forte / ¡que xa rompe n’“Avería!” ... // baix’a rompente, qu’aterra, // Rómpese, n’a “Fanequeira”, / unha “vaga” tan enorme // ¡anqu’a*

xente soilo sofre / cando romp'o mar n'as "Galgas"!... // e as poutas das rompentes trocaron en destrozos // pouco a pouco, rompendo a sete mares!...).

- *salseiros* [49, 3; 77, 8] ('Escuma que se produce ao romper as ondas contra os cons da costa ou contra unha embarcación', *as ondas que, en salseiros, pol-o courel, abordo, // e chegan grandes salseiros*).

- *seo das ondas* [30, 1357] ('Curvatura entre as ondas').

- *socheo* [45, 25; 77, 57]; *socheos* [44, 6] ('Fase final do crecente da marea, anterior á preamar', *nin nos socheos, vagallóns, nin tombos // O socheo, ¡o socheo!, balbordante, // — antepoñend'o "socheo",—*).

- *solanas* [30, 232; 30, 939] e a forma galega *solaina* [45, 35] (*o mesmo que a das solanas, / pra ollar os montes e a ría / abren ao Ourense as ventanas // cando Frora Carril, dende a solaina, me vío encol das pedras. 'Balcón ou corredor exterior das casas orientado cara ao sol'*).

- *sulfataras* [47, 22] (No estándar *solfataras*, 'Manifestación atenuada de vulcanismo con emanación en forma de vapor de auga, bióxido de carbono e anhídrido sulfuroso a temperaturas altas', *e inda couceaba o mar, rebranquexando / coma se lle ferveran sulfataras / ou escumas do Facho...*).

- *tombo* [31, 50; 71, 3]; *tombos* [40, 17; 44, 6; *passim*] ('Onda do mar ou golpe de mar que rompe nos baixos, nas praias ou no espigón, e que en terra indica a existencia dunha vaga de mar', *que, sobr-â praia, ía, câl rapaciño novo, / ao tombo garimoso facendo rebuldar // sobre os tombos galgantes e ruxintes // nin nos socheos, vagallóns, nin tombos // un barudo trasatrante, / no que arrabuñan os tombos // onde o tombo do Atrante se desmaia // Con temporal, a costa defendíase / cós tombos, a poutazos. Tamén aparece noutros contextos coa acepción de 'viravolta'*).

- *vaga* [41, 60; 77, 32; *passim*]; *vagas* [44, 82; 51, 72, *passim*] (Con estas dúas acepcións: 1. ‘Onda do mar de gran tamaño, producida principalmente por vento’, *enonde as vagas, ao romper nas rías, // i-espenuxadas vagas e rotías // como as vagas, van e veñen*. 2. ‘Estado do mar con forte marusía’⁶⁴¹, *cando a vaga, tronante // unha “vaga” tan enorme, // Fuxiran, dende a vaga, catro días*).
- *vagallóns* [44, 6] (‘Onda do mar de gran tamaño, maior aínda que a vaga, producida principalmente por vento’, *nin nos socheos, vagallóns, nin tombos*).
- *veira* [3, 85; 30, 560; *passim*], *veiral* [66, 5] (*pol-o veiral da praia*. A palabra *veira* aparece tamén noutros moitos contextos sen relación ningunha co mar).
- *veiramar* [7, 51; 30, 525; *passim*]; *veira-mar* [36, 59]; *veiramares* [115, 21] ou *veira d’o mar* [77, 87].

Arrecendos relacionados co mar:

- *Arrecendo de homildes caldeiradas* [16, 57].
- *Arrecendos de almiscles e de lúa, / marisma e chuchamel*, [30, 1345-1346].
- *je todo LAXE arrecende / coas rebenidas no fogo!* (sardiñas) [42, 59-60].
- *Un fortísimo arrecendo a marisquía* [51, 14].
- *Côs arrecendos das olgas*, [66, 17].
- *arume mareiro dos algazos* [30, 7].
- *i-empanada arumosa / de sardiñas, de congro e salmonete!* [30, 973-974].
- *recendo das grandes salazoes* [30, 8].

⁶⁴¹ Fernández Rei, no Curso “O léxico e a lexicografía galega” (Programa Lingüística Galega), Lexicografía galega (Programa Lingüística, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela) (Bienio 2006-08), co Tema: “O léxico patrimonial e o seu tratamento na lexicografía galega (II)”, estableceu unha escala de Douglas sobre a intensidade do mar: 0. Mar chan, mar calmo (0 metros); 1. Mar rizado (0-0,10 cm.); 2. Mar ovellado (0,10-0,50 cm.); 3. Marusía (0,50 cm.-1,25 m.); 4. Forte marusía (1,25-2,50 m.); 5. Media vaga de mar (2,50-4 m.); 6. Vaga de mar (4-6 m.); 7. Vagallón (6-9 m.); 8. Vagallón campal (9-14 m.) e 9. Mar enorme (máis de 14 m.).

- *¡mesmamente recende a maresía, / algazos e alquitrán!... [40, 7-8].*

2. XEOMORFOLOXÍA

- *acantilado [94, 16] (Mais tamén cantilados [4, 82]. Cfr. infra cantil).*
- *alfocos [30, 35] (Descoñecemos o significado preciso desta palabra que aparece neste contexto: *das riquezas que garda nas entranas, / nos fecundos alfocos dos seus mares*).*
- *area [57, 42; 67, 49; passim]; areales [91, 13]; areas [4, 81; 4, 126; passim].*
- *baixíos [30, 1193; 41, 26; passim]; baixos [53, 41; 72, 20; passim] ('Zonas do mar con elevación do fondo, que impide ou dificulta a navegación', porén no primeiro dos contextos citados temos estes versos: *arribaba decote nos baixíos / dos negreiros sin lei...*, onde talvez Zapata poida estar a referirse a unha zona portuaria).*
- *cabo [30, 1054; 30, 1162; passim]; cabos [41, 27].*
- *cantazos [44, 13; 51, 37] ('Pedras', *Óllanse os riscos nos cantazos rudos, // je dan volta aos cantazos / pra recoller barbadas!*).*
- *cantil [30, 1402; 94, 27]; cantiles [44, 15; 68, 12; passim] (Cfr. supra acantilado).*
- *carreiros [51, 6; 58, 10] (nos *carreiros bravíos // pol-os carreiros bravos*. Tamén noutros contextos sen relación co mar).*
- *coído [47, 29; 61, 3]; coídos [4, 69; 4, 108; passim] ('Praia chea de coios arredondados pola erosión das ondas do mar').*
- *costa [3, 24; 4, 121; passim]; costas [80, 2; 108, cita]; costaneira [63, 10] (Tamén aparecen noutros contextos sen relación co mar).*
- *cova [41, 11]; covas [83, 19] (no *profundo do mar, a fría cova // Non teñen —cal as covas de Mallorca, / ou as furnas das lëndas ossianidas,—*. Tamén aparece noutros contextos sen relación co mar).*

- *croio* [48, 15] ('Anaco de pedra de granito ou seixo', *cicáis cô engado de un croio / que branquear vío antre as olgas*. Aparece tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *fechancas* [44; 9; 51, 34; *passim*] (No estándar *fochanca* 'Cavidade ou oco que forma a auga'. *Vêñse as fechancas, furos e fisuras / que as férreas poutas nos furnals deixaron // nas fechancas s-estrican*, (os mariscantes) // *pol-as fechancas fondas*).
- *fesga* [57, 60]; *fesgas* [51, 5] (No estándar *fisga*, 'Fenda, greta pouco profunda', *Chirran na fesga os lorchos, / as limas e sapeñas // deixando ollar nas fesgas afondadas*. Cfr. *infra fesga* 'aparello').
- *fisuras* [44; 9] ('Fenda ou greta producida nunha masa rochosa'. *Vêñse as fechancas, furos e fisuras / que as férreas poutas nos furnals deixaron*).
- *fondo* [30, 463, 30; 1331; *passim*]; *fondos* [41, 37, 58; 55; *passim*] (*ao fondo dos traitos largan, // vãn ao fondo do mar coma os nautilus... // Do fondo bretemoso das ondas da lembranza // e no fondo dos mares pra enxamáis xa ficaron; // N-os fondos cimiterios onde pousan / os barcos e os mariños, // no fondo seo das soidosas furnas // je tel-os fondos píos / de peixe acogulados!... // do fondo mar arrincara // bucigando nos seus fondos // no fondo, antre os algazos*. Tamén noutros contextos sen relación co mar. Cfr. *supra mar de fondo*).
- *fondosas* [44, 81] ('Que teñen fondo', *Fondosas furnas, ouquedals sonouros*).
- *foxa* [116, 7]; *foxas* [83, 29] (*santas foxas, os probes afogados, // atopara unha foxa verdenegra, / no fondo, antre os algazos*).
- *furados* [51, 35, 58; 8] ('Abertura ou rotura producida en calquera superficie, buraco, burato'. Tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *furna* [61, 27; 61, 28; *passim*]; *furnales* [30, 391; 44, 41; *passim*]; *furnals* [44, 10; 50, 16]; *furnas* [3, 23; 22, 16; *passim*] ('Caverna ou gruta mariña'. Nunha ocasión as furnas son cualificadas de 'avanceiras', palabra que o TILG tan só documenta en *Xente ao lonxe* [1972] de Blanco-Amor, como 'parte dunha cama'. Descoñecemos o significado que quere

darlle o noso poeta, *que, avanceiras ô mar, semellan, lonxe, / caliveras, co-as concas renegridas!*... [83, 9-10]).

- *furnales* [30, 391; 44, 41; *passim*]; *furnals* [44, 10; 50, 16].
- *furocos* [57; 74] ('Abertura ou rotura producida en calquera superficie, furado, buraco, burato'. (os crocos ou berberechos) *câl barbiquíns, na praia fan furocos*).
- *furos* [44; 9] ('Abertura ou rotura producida en calquera superficie, furado, buraco, burato'. *Vêñse as fechancas, furos e fisuras / que as férreas poutas nos furnals deixaron*).
- *laxes* [44, 14; 57, 31; *passim*] (Tamén en contextos sen relación co mar).
- *laxes arneiradas* [44, 14; 51, 8] ('Pedras cubertas de arneiro, costra que se forma pola acumulación de crustáceos dese nome'. Tamén *pedras arneiradas...* *Cfr. infra*).
- *marefoxas*⁶⁴² [50, 39]; *marfoxa*⁶⁴³ [43, 14] (Neoloxismo de propia invención para nomear unha foxa abisal mariña, *que aluman a marfoxa dos probes afogados!*... // *nas marefoxas do Alem...* *Cfr. infra ultrafoxa*).
- *orelas* [71, 23] (*Cando arriben entramas âs orelas / dos peiraos da terra dos atrantes*. Ademais aparecen, en referencia a Rosalía, as fluviais "*Orelas do Sar*" [103, 11]).
- *pedras* [45, 36; 50, 14; *passim*] ('Cons, rochas'. Tamén aparece noutros contextos sen relación co mar e nalgúns topónimos mariñeiros que anotamos no final deste apartado).
- *pedras arneiradas* [47, 7; 57, 49] ('Pedras cubertas de arneiro, costra que se forma pola acumulación de crustáceos dese nome'. Tamén *laxes arneiradas...* *Cfr. supra*).
- *pedras da riveira* [100, 53].
- *pedras do peirao* [58, 2].
- *peirao* [42, 27; 45, 20; *passim*]; *peiraos* [71, 24; 52, 46]; *peirals* [50, 18].

⁶⁴² No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña "Foxas do mar"».

⁶⁴³ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña "Foxa do mar"».

- *penasqueiral* [94, 17] (Aparece como sinónimo de *acantilado* ou *cantil*, *Acantilado rexo*, / *penasqueiral xigante*).
- *penedos* [41, 26] (*Diante das crucelladas dos baixíos*, / *fronte aos cabos*, *que afían seus penedos*).
- *petón* [30; 1008; 30, 1107] ('Pedra grande, penedo, petouto', *câl petón no mar // de petón que non tronzan as mareiras*).
- *petoutos* [42; 10; 42, 62] ('Pedra grande, penedo', *como as garridas gaivotas / nos ben queridos petoutos // Vái noitecendo. As gaivotas*, / *vânse pra os feros petoutos*. A palabra aparece tamén noutros contextos sen relación directa co mar).
- *porto* [36, 93; 41, 24; *passim*].
- *porto artábrico* [116, 82] (Refírese ao porto de Laxe).
- *porto de refuxo* [30, 37]; *refuxio* [86, 3] (*Soña Laxe que é porto de refuxo / cós brazos de unha dársena e cô muelle // por non ter un refuxio no inverno / que ás buquetas e lanchas ampare*).
- *portopeixeira* [30, 285] (*na leda mañán portopeixeira*).
- *Porto peixeiro* [42, título; 42, 25].
- *pozos* [42, 70; 51, 36]; *pozas* [51, 36; 57,30] (*outros*, *lavándoa nos pozos*, (as sardiñas) // *pozos e pozas, chican*, (os mariscadores) // *que*, *ao baixar as mareas*, / *deixaron esquecidos pol-as pozas*).
- *praia* [2, 63; 30, 13; *passim*]; *praiales* [30, 432; 58, 12; *passim*]; *praias* [3, 8; 4, 69; *passim*] (Incluso dá título ao poema **Praias da soidade** [63], onde atopamos imaxes ben poéticas: *Praias*, *fouces de lúa no crecente / fouces de limpa prata no menguante*, // *Praiales de Galiza*, *brancas praias / —dentamias da sorrisa costaneira*).

- *quebrantes* [51, 47; 109, 5] (Descoñecemos o significado preciso desta palabra, talvez sinónimo de ‘pedras’, *as brillantes ferradas / vãn facendo a colleita / do saborante fruto das quebrantes // Morden os cans das foulas n-as quebrantes*).
- *ría* [7, 5; 16, 23; *passim*]; *rías* [11, 14; 44, 82; *passim*].
- *riscos* [44; 13; 30, 1107] (‘Penedos grandes e esgrevios’, *Óllanse os riscos nos cantazos rudos, / nas hirtas laxes, lisas e arneiradas...*)
- *rocas* [41, 50]; *rochedos* [4, 82; 4, 108; *passim*].
- *salentes* [51, 7] (Castelanismo, no estándar *saíntes*, ‘Rochas que sobresaen’).
- *salgal* [4, 85] (‘Terreo onde abunda o sal’, *Pol-a veira salgal das mariñas*. Tamén anotamos os adxectivos *salgada riveira* [4, 97]; *salgada negrura* [39, 12]; *¡que tanta sardiña os xeitos / traíen dos salgados cómaros!...* [42, 23-24], aínda que as dúas últimas son metáforas do mar salgado e poderían ir no anterior apartado).
- *salgal* [4, 85] (‘Terreo onde abunda o sal’, e, por “Vesugueira”, *salgas* [77, 38]).
- *seo* [44, 70] (‘Cavidade, concavidade, oco’, *no fondo seo das soidosas furnas*).
- *ultrafoxa* [40, 29] (Semella estar a referirse a unha foxa abisal mariña, sen descartarmos o uso figurado por ‘Alén’ ou ‘ultratumba’, *e óuzanse os oubeos de ultrafoxa, / noitébregos, fadals. Cfr. supra marefoxas*).

3. METEOROLOXÍA

- *auras da ría* [30, 141] (‘Brisa, maraxe’, *Ao sôn das cantareas / que as gortexas dos barudos peixadores / dan âs auras da ría*).
- *borraxa* [40, 13] (Unha das moitas denominacións que posúe a borraxeira, bruma ou néboa, *dos probes peixadores que a borraxa*. Usa *brumas* noutro poema. *Cfr. infra*).
- *borraxenta* [93, 1] (‘Con moita borraxeira, bruma ou néboa’, *Dende que foi a pique, con nuite borraxenta*).

- *brétema* [30, 155; 30, 1161; *passim*]; *brétemas* [3, 8; 3, 30]; *brétoma* [88, 12] (Aparece tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *bretemosa* [88, 12] (‘Con brétema’).
- *bris* [2, 78; 4, 167; *passim*] ou *brisa* [38, 51; 38, 85; *passim*] (‘Vento suave que sopra do mar á terra’, a segunda forma coincide co estándar).
- *bris nordés* [30, 1334] (‘Vento suave que sopra do NE, nordeste. *Cfr. infra Nordés*).
- *brumas* [94, 38] (Aparece tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *calma* [72, 28; 100, 10] (*N-as nutes de mar en calma... // —haxa calma ou treboada—*. Aparece tamén noutros contextos sen ningunha relación co mar).
- *calma chicha* [48, 10].
- *calma fonda* [51, 57].
- *calmas* [44, 61] (Aparece tamén noutros contextos sen relación co mar).
- [chover] *chove* [39, 15] (*Non che importe se chove ou se lostrega, / que a destra no timón, en tí confiada*. Aparece en moitos outros contextos sen ter relación co mar).
- [chuviscar] *chuvisca* [62, 2] (*Xamáis poden saber se fói o sopro / do forte noroés ou a chuvisca*. Tamén aparece noutro contexto sen relación co mar).
- *curisco* [27, 6; 38, 106] (No estándar *corisco*, ‘Trebón de auga fría ou neve miúda, con fortes ventos’. No primeiro poema relacionado co mar, no segundo co agro).
- *furacáns* [68, 11] (*sin lembrar nortadas, trebóns e furacáns; / e cando na invernía o mar morde os cantiles*).
- *galernas* [72, 27] (‘Temporal no mar producido polos ventos do Noroeste. *sempre me fala d-eternas / traxedias de salvataxe, / maresías e galernas*).
- *invernía* [57, 81; 68, 12; *passim*] (*xa lonxe da invernía que as bourara / e a non sair da costa as condeara // e cando na invernía o mar morde os cantiles*. Hai outros versos nos que se rexistra esta palabra, mais neses contextos sen relación co mar).

- *inverno* [63, 11; 86, 3; *passim*] (A acepción mais que referirse á estación, é sinónimo de ‘época de mal tempo’, *que sofrides no inverno a maresía— // por non ter un refuxio no inverno / que ás buquetas e lanchas ampare*. Coma na anterior, nos poemas hai outros versos nos que anotamos esta palabra, mais neses contextos sen relación co mar).
- *levante* [30, 832] (‘Vento do leste’).
- [lostregar] *lostrega* [39, 15; 80, 5] (*Non che importe se chove ou se lostrega, / que a destra no timón, en tí confiada*).
- *lostregos* [70, 73] (Tamén aparece en usos figurados sen ter relación co mar: *lostrego* [78, 6] ou *lóstrego* [112, 18] e *lostregos* [98, 24]. *Cfr. infra relampo*).
- *nubens* [40, 31; 59, 1; *passim*] (Mais nun deses mesmos poemas *nubes* [59, 33]).
- *névoas* [31, 105] (No actual estándar, *néboas*. Tan só aparece no verso citado, nunha imaxe poética e con sentido pouco mariñeiro: *qu-esparexen âs névoas da suidade*).
- *nevoiro* [27, 8] (Lusismo, no estándar *neboeira* ou *neboeiro*, ‘Especie de néboa moi densa e pechada que entra polo mar’).
- *norde* [27, 2] (‘Vento do norte’. Aparece noutros contextos sen relación co mar).
- *nortada* [67, 24; 77, 72]; *nortadas* [68, 11] (‘Vento forte do norte’).
- *Norte* [41, 63] (‘Vento do norte’. Aparece noutros contextos sen relación co mar. *Cfr. infra Norte* ‘latitude’).
- *Nordés* [83, 31] (‘Vento que sopra do horizonte entre o norte e leste, en abreviatura NE. *Cfr. supra noroés*).
- *nordesía* [47, 21; 116, 2] (‘Vento que sopra do NE, nordeste. *Poida ser que teñamos nordesía, / porque o mar, compañeiro, / éche máis soligrante que unha femia // Houbera mar de fondo a sete mares / con forte nordesía, espenuxado*).
- *nordevente* [65, 13] (‘Vento do norte’).

- *noroés* [62, 2]; *Noröés* [70, 3; 70, 122]; *Noroeste* [70, 23] (No estándar *noroeste*, ‘Vento que sopra do horizonte entre o norte e oeste, en abreviatura NO. Obsérvese no último poema o uso de dúas formas diferentes. *Cfr. infra vento Noroés*).
- *pedrisco* [27, 6] (Castelanismo por *pedrazo*, ‘Sarabia’).
- *pedrousos de levante* [30, 832] (‘Pedrazos do levante, vento do leste’).
- *primaveira* [30, 1341; 57, 127] (*A primaveira, pol-o mar, na noite // e invitan â colleita do aparello / e canto ben oferda a Primaveira / aos fillos da riveira*. Tamén hai outros versos nos que se rexistra a palabra, mais neses contextos non teñen relación co mar. Tamén sucede o mesmo co nome das outras estacións).
- *procelas* [70, 53; 116, 42] (‘Forma poética de referirse a unha tormenta’, *como o xemir das procelas*. No segundo caso, cun uso máis figurado, *ch-héi contar a outa histórea das procelas / de un gran povo* Pastor de Navegantes).
- *refachos do norde* [40, 9]; *refachos do vento* [45, 1427] (Tamén noutro verso sen ningunha relación co mar).
- *relampo* [45, 28] (*Cfr. supra lostregos* [70, 73] ou *lostrega* [39, 15; 80, 5]).
- *saravia* [60, 35] (No estándar *sarabia* ou *saraiba*, ‘Chuvia conxelada que cae en forma de grans máis ou menos grandes. Pedrazo’. *envolta en forte saravia / que comenza a debullarse... Cfr. infra «Saravia»*).
- *Söan* [73, 5] (‘Vento do sur’. *Cfr. infra vento soán*).
- [soprar] *sopra* [70, 112; 70, 118] (*Sopra decote, bô vento // Sopra acotío máis forte*); *sopras* [70, 23; 70, 42] (*sopras, Noroeste, ledicio // cando sopras forte, ¡vento!*); *sopro* [62, 1] (*Xamáis poden saber se fói o sopro / do forte noroés ou a chuvisca*).
- *sueste* [59, 19] (‘Vento que vén do horizonte entre o sur e o leste, en abreviatura SE’).
- *temporal* [116, 29; 116, 42]; *temporaes* [39, 7].

- *tormentas* [109, 38] (*N-abondaban pr-ó mar os feros días / de naufraxios, de mortes e tormentas*).
- *travesía* [60, 17] (‘Vento que sopra do poñente e nalgúns lugares tamén o vento do norte’, *Fuxíndolle â travesía. Cfr. infra travesía ‘Viaxe’*).
- *trebas* [41, 35] (No estándar *tebra*. *¡As trebas fân fuxir dos fondos medos, / despertando sorrisas e legrías!*. Tamén aparece noutros contextos sen relación co mar).
- *trebón* [41, 72]; *trebóns* [68, 11] (No primeiro caso malia aparecer nun poema de mar, neste caso trátase dun uso figurado: *sin te ollar no trebón da miña vida // de suidoso emigrante*. No segundo, *sin relebrar nortadas, trebóns e furacáns; / e cando na invernía o mar morde os cantiles*. Tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *tronante* [41, 60] (Neste caso refírese ao ruído do mar: *cando a vaga, tronante*).
- *ventiño* [70, 33; 70, 34; *passim*]; *vento* [47, 14; 49, 12; *passim*]; *ventos* [109, 17] (A palabra *vento(s)* aparece en moitos outros contextos sen relación directa co mar, mais tamén nestes: *sin chisca de vento, / vái oupando o balbordo da marea // e cando xa se emproa, e ao vento bate a vela // Cormoráns e gaivotas, dan ós ventos // ventiño que infras as velas*).
- *vento irlandés* [70, 1; 70, 113; *passim*]; *vento dos «higlanderes»* [70, 45] (‘Vento que provén do noroeste, das costas irlandesas ou escocesas’).
- *vento Noroés* [93, 26; 109, 6].
- *vento norte* [30, 1413; 65, 27; *passim*]; *vento “Norte”* [77, 1]; *Vento Norte* [92, 8; 92, 21].
- *vento soán* [65, 13; 94, 31] (‘Vento do sur’. *Cfr. supra Söan*).
- *ventolina* [65, 39]; *ventolinas* [30, 390]; *ventoliñas* [70, 97] (Castelanismos por ‘Ventada, vento forte’, *nas ventolinas da ría // a forte ventolina n-as cordaxes // Con verbas de ventoliñas*).

- *virazón* [30, 943; 42, 2; *passim*] (‘Ventada, vento forte’, *que a virazón da ría trememece // que a virazón ronza un pouco // Coa virazón levián da mañán morna / —a buceta, a trainera e mail-a dorna— // as dornas da Soidá e a Venturanza, / coa virazón da tarde, en boandanza*).

- *vran* [36, 61; 42, 1; *passim*]; *vrao* [58, 58; 116, 28] (Esta dúas veces, unha delas no poema **Mariña de vran**, unha forma que non é propia do seu dialecto. *onde as fouces das praias fân seitura no vran // Na seirán de vran serea / que a virazón ronza un pouco // Pol-a sede do Vran e a Lúa chea, / devalóu a marea // n-entán as gaivotas coan / pol-o vran que xa fuxío... // das rapazas, no vran, pol-a riveira, // No vran, as súas praias son leitos de puntillas // Imaxe da preguiza / do requeimante vrao* (unha lancha varada) // *Soiamentes, nas noites moi sereas / do meiguicento vrao*. A acepción mais que referirse á estación, é sinónimo de ‘época de bo tempo’, Hai outros versos nos que se rexistra *vran*, mais neses contextos sen relación co mar).

- [zoar] *zoa* [71, 33; 92, 8; *passim*]; *zoar* [30, 1440; 86, 15; *passim*] (‘Asubiar, fungar, zumbiar o vento’, *n-entán fuxía a branca visión, n-un remuíño, / e no zoar do vento morríase un xemir»... // E unha raza que o Norde —cando zoa / sobre as fillas Irlanda e Ingraterra— // Zoa, Vento Norte, / zoa, zoa!, ¡zoa!... / O teu canto adúa / co-a rouca ardentía // o zoar rumoroso fai as preces, / e nas furnas e praias de Briganza*. E nun uso figurado relacionado tamén co mar: *e zoar lles parés n-os ouvidos / o cramor dos hirmáns que afogáronse*. Tamén en moitos outros contextos, en usos figurados ou non, que non teñen ningunha relación co mar).

4. ASTROS OU FENÓMENOS RELACIONADOS

- *abrente* [30, 47; 30, 269; *passim*]; *abrentes* [30, 556; 30, 269; *passim*] (González Seoane [2002: 101-102] sinala «Marcada como forma literaria, fronte a amencer, amanecer. Vai

asumindo novos sentidos figurados ou metafóricos: primeiros momentos da vida ou do desenvolvemento de alguén». Este último sentido tan só en: *¡No lumiñoso abrente que n-haxa un emigrado / galego, salvaráanse Galiza e o meu Gundar!—»...*).

- *alba* [71, 7]; *albada* [99, 53]; *alborada* [30, 504; 42, 77; *passim*] (Nos poemas hai outros *alba* ou derivados, mais non teñen relación co mar, pois a maioría fan referencia á cor branca).

- *alborexar* [37, 1] ('Abrir o día, nacer a luz do sol', *O maino alborexar vai pôndo os dedos*).

- *aurora* [30, 47]; *auroras* [94, 23] (Nos poemas hai outros versos nos que se rexistran estas palabras, mais neses contextos non teñen relación co mar).

- *auroral* [41, 22].

- *crecente* [63, 1] (*Praias, fouces de lúa no crecente*).

- [espellar] *espella* [88, 29]; *espellaba* [31, 52] (Refírese á reverberación da lúa na superficie das augas, *voaban pol-a ría onde espellaba o sol // meiguicento luar / que n-as augas s-espella*).

- [espellilar] *espellilan* [30, 835] (Coma na anterior refírese á reverberación dos raios do sol nas ondas, *e, nas ondas, seus raios espellilan*).

- *estrela* [30, 1355] (*unha estrela corríase ao Ocidente / e ao mar ía morrer... Aparece tamén en moitos outros contextos sen relación co mar*).

- *estrela do Norde* [93, 31] (*Non alumaba a estrela do Norde, nin os faros!*, no estándar *estrela do norte ou estrela polar*, situada no extremo da Osa Menor e que indica sempre o Norte).

- *estrelas fuxitivas* [8, 13] (No actual estándar *estrela fugaz*).

- *estrelas sin os bois* [8, 25] (*vân os carros de estrelas sin os bois...*, imaxe poética para se referir á *estrela do norte ou estrela polar*, situada no extremo da Osa Menor e que indica

sempre o Norte. Tamén hai outros versos nos que se rexistran as palabras *estrela / estrelas*, mais neses contextos non teñen relación co mar).

- *furnón* [30, 1131; 48, 5] (Descoñecemos o significado preciso da palabra, que non aparece nos dicionarios, mais nos dous contextos hai unha relación co sol, *O sol, na lonxanía, queimaba a cabeleira, / fundíase no mar como un furnón de fogo... // Queima o sol —furnón de lume— / e derrete â galipota*).

- *lúa* [30, 1161; 30, 1339; *passim*] (*envoltas n-unha brétema de lúa e de misterio // que a lúa, no menguante, a lúa-fouce // Arrecendos de almiscles e de lúa // alumados pol-a lúa // da lúa as redes penden nos furnales // Mentras fía a alba lúa n-os baupreses e paos*. Tamén hai outros versos nos que se rexistran as palabras *lúa / lúa chea*, mais neses contextos non teñen relación co mar).

- *lúa chea* [51, 1] (*Pol-a sede do Vran e a Lúa chea, / devalóu a marea*).

- *lúa-fouce* [30, 1339] (Refírese ás fases lunares crecente e menguante. *Cfr. supra*. Ou tamén estes versos: *Praias, fouces de lúa no crecente, / fouces de limpa prata no menguante, [63, 1-2]*).

- *lusco e fusco* [71, 7] (No estándar *luscofusco*, ‘crepúsculo da tarde, anoitecida, bocanoite, lusquefusque, noitiña’, *Outra ves, dende a bordo, contemprei Mariñeda, / antre as luces do véspero —lusco e fusco de seda—*).

- *médea lúa* [84, 25]; *media lúa* [63, 4] (*de xeito de médea lúa // praias de media lúa ourilucente!...*).

- *menguante* [30, 1339; 63, 2]; *mingoante* [59, 25] (*Cfr. supra*. No actual estándar a forma escollida é *minguante*).

- *Norte* [57, 130; 75, 12] (Malia non ser un astro, incluímos a latitude porque adoita ser marcada por algún deles, *dende o Sul hastr-ô Norte: / ¡Salve, deusa do mar da Costa Brava!.... Cfr. supra Norte ‘vento’*).

● *Ourente* [30, 234] (*pra ollar os montes e a ría / abren ao Ourente as ventanas*. Aparece tamén noutros contextos sen relación co mar. No actual estándar *Oriente*).

● *sol* [16, 21; 30, 472; *passim*] (*Baixo o bico do sol do mes de agosto / —que requeima cålume pra un magosto, / e refulxe na ría // n-entán o sol escintila / óureos cuitelos nas ágoas // xa brila o sol de Agosto, como brilan / os cabelos de roiba moi aposta, / e, nas ondas, seus raios espellilan // O sol, na lonxanía, queimaba a cabeleira, / fundíase no mar como un furnón de fogo... // voaban pol-a ría onde espellaba o sol; // Queima o sol —furnón de lume— / e derrete â galipota // que, baixo o sol corusca, / as sollas e os linguados, / non corren: ¡vân voidados! // Os pescos, os máis, dormen / abordo, ou ao reparo / do roxo sol quescacha / coma un ourizo posto no rescaldo...// a lancha de «Nugallas» —que, ao sol, dorme—, // (O sol nacente baila, frechando seus destelos, / no mar de fror de liño: cristaes e cuitelos) // de azuradas ondas / —que brilan cós raios / d-un sol que namora—. Nos poemas hai moitos outros versos nos que se rexistra esta palabra, mais neses contextos non ten relación directa co mar).*

● *Sul* [57, 130; 75, 12] (Malia non ser un astro, incluímos a latitude porque adoita ser marcada por algún deles, *dende o Sul hastr-ô Norte: / ¡Salve, deusa do mar da Costa Brava!... // Ao ver as naves que van cruzando / frent'a Fisterra, dereit'o Sul*).

● *Vía Láctea* [63, 6] ('Galaxia á que pertence o Sistema Solar. A Constelación percíbese como unha gran mancha branca e que atravesa toda a esfera celeste de norte a sur, que a mitoloxía grega interpretou como leite expulsado por Zeus, cando o deus era neno e estaba a ser amamantado por Amaltea. José Ramón San Miguel Hevia, «De cómo Tales y Anaximandro hicieron posible la aventura marinera de los griegos», *El Catobepilas*, Revista crítica del presente del pensamiento occidental, nº 56, outubro de 2006, sinala: «En este sentido hay que interpretar el poema de Calímaco, confirmado por otros textos, según el cual el filósofo [Tales de Mileto] «descubrió las estrellas de la Osa,

que orientan a los navegantes fenicios». Alén diso, a Vía Láctea foi chamada na Idade Media ‘Camino de Santiago’, porque pola noite servía de orientación aos peregrinos. *¡Cómo vos lembra sempre o navegante, / a Vía Láctea ollando fixamente!*).

- *véspero* [71, 7] (‘Nome co que se designa o planeta Venus, por aparecer no crepúsculo da tarde’, *Outra ves, dende a bordo, contemprei Mariñeda, / antre as luces do véspero —lusco e fusco de seda—*).

5. NAVEGACIÓN E MANOBRAS NO MAR E NA TERRA

- *abalan* [46, 20] (*Cô estribelo decote, / barco e corpos abalan*).

- *afogado* [47, 32; 116, 34; *passim*]; *afogados* [30, 1390; 31, 30; *passim*].

- [afogar] *afogaron* [44, 12]; *afogáronse* [86, 16]; *afogarse* [62, cita; 100, 16] e *Afogóu* [47, 28] (Nos poemas hai outros derivados de *afogar*, mais non teñen relación co mar).

- [afondar] *afonda* [68, 13]; *afondaran* [30, 1327] (‘Enviar ao fondo do mar’, *pra escoltar, ao longal, de proa a popa, / ao trasatrán «Roibel», / agardando afondaran ao finado / Gundar de Valarés // e afonda lanchas e homes, e tira côs petriles....* Tamén en moitos outros contextos sen ningunha relación co mar).

- [albiscar] *albiscanse* [56, 26] (‘Avistar, dexergar’, *albíscanse os barcos*).

- *amarrar* [77, 50].

- *ancoiral* [59, 23; 100, 58; *passim*] (‘No estándar *ancoradoiro*, ‘Sitio da costa axeitado para os barcos fondearen e botaren áncoras’, *no ancoiral as lanchas bailan // O risón da miña dorna / fica no ancoiral de Laxe*).

- [ancorar] *ancoraron* [65, 3] (‘Botar áncoras unha embarcación para fondear’, *ancoraron no PLATA, no gran río*).

- *angazos* [51, 21] (‘Instrumento agrícola formado por un mango longo rematado nun dos extremos por un pao atravesado que ten dentes de madeira ou de ferro formando unha

especie de pente'. Malia a definición nos dicionarios, tamén se utiliza para labores do mar, como no poema **Mareas vivas** [51], *con sachos, con fouciños, con angazos: / Uns, a apañar ourizos; / os outros, escorreadas ou algazos; / aqueles: lampros, cronos, / mexillóns, caramuxas, / longueiróns, berberechos, / que, pouco a pouco, os cestos empirican...* Aparece noutros poemas sen relación co mar).

- *arribada* [39, 18; 62, 20; *passim*].⁶⁴⁴

- *arribada (de)* [62, 20] ('Entrada dun barco nun porto non previsto na súa rota, por mor de avarías ou mal tempo', ...*Morreron afogados seis peixeiros / ao entrar, de arribada, n-esta ría...*).

- *arribaba* [30, 1193]; *arribada* [39, 18; 62, 20; *passim*]; *arriban* [57, 86]; *arriben* [71, 23]; *arribar* [36, 7; 36, 56]; *arribas* [71, 8]; *arribéi* [36, 92] (A maioría das formas indican 'Facer a chegada a porto unha embarcación', que pode ser grande coma un trasatlántico ou pequena coma unha dorna, mais en dous contextos refírese, ben á chegada das persoas: *arribaba decote nos baixíos / dos negreiros sin lei...*, ben do peixe: *de xogorals sardiñas / que arriban de mar fora*. Cfr. *infra arribada (de)*).

- *atalieiros* [48, 17] ('Persoa(s) encargadas de avistar o peixe', *Os atalieiros, nas lanchas, / en pê ou de bruzos na proa, / non vên tinturas nin bramos / nin saltidos pol-a tona*).

- [atesar] *atesada a escota* [39, 4]; *atesar unha escota* [53, 37] (No actual estándar *entesar*, 'poñer rixida' Cfr. *escota*).

- [atracar] *atraca* [67, 33; 67, 34]; *atracando* [42, 5]; *atracas* [67, 41] e *atraco* [61, 10] ('Arrimar e amarrar unha embarcación a un peirao').

- *¡Avante!* [30, 460; 66, 16] ('Expresión de ánimo para avanzar na navegación', *Chaman: —¡Avante!—, âs traíñas; // ceibando fortes verbas: «¡Avante!», «¡Larga!», «¡Cía!»*. Cfr. *infra*. Cfr. *infra* Fraseoloxía mariñeira).

- [axeitar] *axeital-os tramallos* [53, 36] ('Preparar os aparellos para a pesca').
- *axente* [74, 41] ('Persoa que xestionaba as pasaxes para a viaxe en barco', *mercaron, — ¡miñas xoias!, —o pasaxe / a un axente mais duro q'unha pedra*).
- [balanzar] *balanzan* [46, 10] (*E, ao rolán do estribelo / os seus corpos balanzan*).
- «Bar» [52, 9]; *bares* [72, 23] ('Lugares de encontro e vida social dos mariñeiros').
- *barco emigrador* [74, 47] ('Embarcación que transportaba emigrantes').
- *barlovento* [49, 9; 70, 36] ('Lado da embarcación de onde zoa o vento', *Eisí vai avanzando, n-un firme barlovento // en bolina e barlovento // Ademais Barlovento nomea un dos personaxes que aparece citado no longo poema narrativo A crus da Rosa [30]. Cfr. infra sotavento*).
- [bogar] *bogan* [30, 458; 69, 56]; *bogar* [88, 34] (No estándar *vogar*, 'Remar').
- *bordexos* [42, 11] (De *bordear* 'Navegar próximo á beira da costa, costear', *veleando, en bordexos*).
- [botar] *bota* [69, 43; 69, 44; *passim*] (*—¡Bota lancha abaixo!... / —¡Bota lancha, agora!... / —¡Bota!, ¡ao mar!, ¡vái lancha!... / —¡Ooo!... ¡guipá!... ¡Ei, bota!...*)
- *botadas* [57, 59] (*as derradeiras lanchas vãn botadas*).
- *bordo (a)* [36, 71]; *abordo* [30, 1147; 30, 1271; *passim*] ((Tan só nunha ocasión como no actual estándar *a bordo*, fronte á maioritaria forma ligada que incluso aparece no poema onde temos a anterior *abordo* [36, 3; 36, 80]).
- [bucigar] *bucigando* [36, 53] (Non atopamos en ningún dicionario a forma 'bucigar', talvez creada sobre 'bucear', no estándar *mergullar, bucigando nos seus fondos*).
- *buzos* [36, 53] (Castelanismo por *mergulladores*).

⁶⁴⁴ Fernández Rei [2002: 295] sinala «moi presente no galego literario desde 1918, Prudencio Rovira».

- *cabotaxe* [52, 12] ('Navegación e tráfico marítimo', *Xa mui canso do mundo e facer cabotaxe...* Aquí refírese, en concreto, ao labor dos mariñeiros sempre de porto en porto, nomeadamente nos mariños da mercante).
- *cadranes* [93, 30] (No estándar *cuadrante*, 'Cada unha das catro partes nas que os puntos cardinais dividen o horizonte, a rosa dos ventos ou o compás', neste caso refírese a estes últimos necesarios para unha boa navegación, *Non valen os cadranes: ¡Naidas a culpa tèn!: / Non alumaba a estrela do Norde, nin os faros!: / ¡Deus quixo que morráades no Santo Mar d-Alem!...*).
- *canchas* [67, 26] (Descoñecemos o significado preciso da palabra, *sulcando traitos e canchas / ía recorrendo as lanchas*. No TILG suxíren o seu uso no canto de *chanca*, 'Paso'⁶⁴⁵).
- *capitán* [52, 2]; *capitáns* [52, 10] ('Oficial do barco').
- [chicar] *chican* [51, 36] (*pozos e pozas, chican*, de *achicar* 'extraer a auga dun lugar').
- *¡Cía!* [66, 16]; *cían* [30, 458] (No estándar *cear*, 'remar cara a atrás', *onde as buquetas e botes, / traineras, dornas e lanchas, / velean, cían e bogan, // ceibando fortes verbas: «¡Avante!», «¡Larga!», «¡Cía!»*. Tamén temos *cén* [18, 37], mais é nun uso figurado pois fala dun baile: *Ora, avantan ou cén, / xa se sorríen*).
- *cimiterio* [45, 8; 93, 56]; *cimiterios* [41, 37] (No estándar *cemiterio(s)*. *N-os fondos cimiterios onde pousan / os barcos e os mariños, // no cimiterio de olgas // diante do cimiterio dos mortos do "SERPENT"!*... Tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *coi* [30, 616]: Do neerlandés *kooi*, 'Anaco de lona ou tecido de malla rectangular que, pendurado dos baos, serve de cama a bordo dunha embarcación'. Porén, no noso poeta semelle referirse simplemente a unha saqueta de lona, tamén usada polos mariñeiros para

⁶⁴⁵ Chanca tamén é o lugar das fábricas de salgazón onde se sitúan os píos de pedra para depositar e salgar a sardiña.

levaren as súas pertenzas, *¡o coi, ao lombo, coas roupas, / e a negra noite na i-alma!... //*
Gundar de Valarés —o mozo rexo / que pra América ía—, / maxinaba nas voltas e revoltas /
que lle adepara a vida / no coi das inquedanzas ben repreto).

- *Consulado* [116, 93] (‘Representación dun país nunha cidade doutro país encargada de protexer as persoas e os intereses dos seus habitantes’, *Do CONSULADO ingrés xamáis se soubo / que algún viñese a ollal-o...* Refírese a un afogado na costa de Laxe).

- *crucelladas* [41, 26] (No estándar *encrucilladas*. Nun uso máis figurado que real, *Diante das crucelladas dos baixíos, / fronte aos cabos, que afían seus penedos*).

- *dársena* [30, 38; 36, 51; *passim*] (Castelanismo por *anoradoiro* ou *fondeadoiro*, ‘lugar para fondear unha embarcación’. A súa función queda ben definida nestes versos: *Soña Laxe que é porto de refuxo / cós brazos de unha dársena e cō muelle //* *e non fan tan siquer unha dársena / que das fortes mareiras nos salve!... //* *e non fan tan siquer unha dársena / que ás buquetas e lanchas ampare!...*).

- *deriva (â)* [53, 41] (*que, â deriva, n-os baixos do RONCUDO*. ‘Dise do barco sen goberno ou sen control’).

- *dique* [30, 1216; 65, 11]; *diques* [30, 1277] (‘Instalación construída en portos e asteleiros, preparada para a reparación dos bercos en seco’, *Entretíase, âs veces, pol-a riva / —da Boca ao Dique 3—, //* *indo e vindo dos diques, a diario, //* *cós teus modos de mar, de porto en dique*).

- *embarcado* [67, 17].

- [embarcar] *embarcal-o* [30, 1088; 30, 1265] (Tamén en usos figurados que non teñen relación directa co mar).

- [emproar] *emproa* [49, 12]; *emproaba* [36, 79]; *emproándose* [42, 7] (‘Dirixir a proa dunha embarcación’⁶⁴⁶, *Cando vîn aquel monstro, mar afora, emproaba // e cando xa se emproa, e ao vento bate a vela, // as lanchas vîn emproándose*. O primeiro non é un uso figurado, pois denomina monstro a un enorme trasatlántico que levaba emigrantes galegos á Arxentina).
- *emprorado* [36, 79] (Curiosamente remite para un infinitivo ‘emprorar’, *Car-ô Norde emprorado, en sotavento*).
- [enloitar] *enlôitase* [68, 14] (Referencia aos desaparecidos ou mortos no mar, *ja branca vila enlôitase pol-ôs mortos laxeiráns!*).
- *epopeias* [30, 46] (No estándar *epopea*, ‘Conxunto de feitos gloriosos dignos de seren cantados’. Incluímos a palabra, porque no noso poeta fai referencia ás fazañas dos nosos mariñeiros).
- *eslava* [30, 1133] (Refírese aos eslavos que tamén emigraban a América, *xoenllada no entrepontes, xente da raza eslava*. Incluímos a palabra por fornecer información sobre unha característica da emigración nos barcos da época).
- *estropada* [30, 461] (No estándar *estrepada*, ‘Esforzo colectivo dos tripulantes dunha embarcación para realizar unha manobra’ ou ‘Primeiro impulso da embarcación’. No verso é difícil saber o sentido: *e os galeóns, na estropada, / as longas, mourenas redes, / ao fondo dos traitos largan*).
- *facer un estrobo* [53, 36] (Cfr. *estrobo*).
- *facho* [43, 5]; *fachos* [3, 23; 20, 27; *passim*] (Utiliza a palabra como sinónimo ben de ‘faro(s)’, de ‘lucos do faro’ ou ben de ‘pedras vixías’, pois non se está a referir á antiga maneira de sinalar a costa con fachos acesos: *vîn pousarse nas furnas e nos fachos / da*

⁶⁴⁶ Fernández Rei [2003b: 303] sinala que Manuel Antonio foi o primeiro en usar no galego literario formas do verbo «emproar».

galizana costa medoñenta // coma os fachos que s-erguen pol-a costa do Atrante // têndo de altars os cúmiaros dos fachos // diríxense aos fachos do cabo Vilán // Os bardos e os druídas, até ao facho Néreo // a pas do mundo acrame no Facho de Fisterra!... // Sobre d'un facho d'a fera costa // Facho do CAXESTAL, // ou escumas do Facho...).

- *fardel* [30, 1350] ('Saco pequeno, fardelo'. Neste caso recolle a tradición de que cando unha persoa morría en alta mar, lonxe do porto, adoitaba facerse un fardelo co cadáver que se botaba ao fondo do mar: *cando ao seo das ondas medoñentas / guindaron o fardel / do mozo que soñou un Eldourado...*).
- *faro* [6, 13; 22, 31; *passim*]; *faros* [30, 1375; 43, 12; *passim*] (En ocasións con usos figurados que non teñen relación co mar, 'guieiro').
- *fondeadas* [30, 9] (De *fondear*, 'Anclar ou fixar unha embarcación').
- *fouciños* [51, 21] (¿Instrumento agrícola', malia ser unha ferramenta de terra, no poema **Mareas vivas** [51] utilízase para labores do mar, talvez para costaren o argazo, *con sachos, con fouciños, con angazos: / Uns, a apañar ourizos; / os outros, escorreadas ou algazos; / aqueles: lampros, cronos, / mexillóns, caramuxas, / longueiróns, berberechos, / que, pouco a pouco, os cestos empirican...*).
- *grumete* [36, dedicatoria] (O noso poeta fai un uso figurado. No mecanoscrito do poema, coa seguinte dedicatoria manuscrita: «A Manuel Roel, que foi / o primeiro grumete da "Irmandade / da Fala" na cibdá da Cruña». En *Orzán* a dedicatoria varía lixeiramente: «A Manuel Roel, que foi o 1º grumete / da "Irmandade da Fala" na Capital Brigantina»).
- *homes do mar* [36, 55].
- [infrar] *infras as velas* [70, 34] (*ventiño que infras as velas / con femeniños feitizos, / en bolina e barlovento*).
- *ir a pique* (Nas expresións *vân a pique* [36, 44]; *vaia a pique* [65, 14]; *a pique* [72, 19; 93, 1], co significado de 'Afundirse unha embarcación' que aparece nos seguintes versos: *os*

demáis vãn a pique na «Saudal»... ¡probe dorna!... // vaia en popa, ou bolina... ¡ou vaia a pique!... // fala de barcos a pique // Dende que foi a pique, con nuite borroxenta. Hai outros usos figurados de *ir a pique*, coa acepción de ‘Fracasar’ ben na emigración ou ben na vida).

● *ir ao mar* (Nas expresións *non vãn ao mar os mozos nin os vellos* [30, 897]; ...*¡Entón o mar calmouse // por non poder ir ao mar!...* [67, 80], co significado de ‘Marchar un mariñeiro para as faenas de pesca’).

● *manexar o timón* [53, 37].

● *mariña nobreza* [53, 8].

● *mariñante* [30, 1425; 43, 9].

● *mariñeira* [39, 14; 68, 5]; *mariñeiras* [94, 11]; *mariñeiro* [2, 56; 39, 10; *passim*]; *mariñeiros* [4, 74; 53, 3; *passim*].

● *mariño* [41, 19]; *mariños* [41, 38; 44, 32; *passim*].

● *marítimas rautas* [36, 12] (‘rutas marítimas’).

● *mariscantes* [51, 30] (No estándar *mariscadores*. Nun poema descríbese a súa actividade: *Pol-o peirao e praias, / arremangados, grandes e pequechos / —órfol-os pés de zocos / antre as mariñas sebes, / e, hastr-ôs xoellos, pantalóns e sayas—, / recollen mixillóns e berberechos, / ourizos e percebes*).

● *modos de mar* [65, 11] (*côs teus modos de mar, de porto en dique*).

● *muelle* [30, 38; 36, 93; *passim*] e *muelles* [36, 84] (nunca utiliza a forma *molle*, que recolle o estándar, mais si os sinónimos *peirao* [42, 27; 45, 20; *passim*]; *peiraos* [71, 24; 52, 46] e nunha ocasión o plural *peirals* [50, 18]).

● *naufraxios* [109, 38]; *naufraxo* [53, 40] e *naufraxos* [41, 56; 70, 76] (‘Afundimento dunha embarcación’).

- *nautas* [30, 40; 36, 11; *passim*]; *nautilus* [83, 1331]; *nautil* [67, 7; 67, 78]; *nautils* [44, 76] ('Navegantes, homes do mar, mariñeros'. Tamén *nauticela* [39, 1] como calidade propia dunha dorna).
- *navegante* [63, 5]; *navegantes* [44, 35; 71, 28].
- *ondiñas* [20, 9] (No estándar *ondina*, 'Ser fantástico das augas, semellante á serea, ninfa', mito folclórico xermánico. *E namentras salaian as sireas e ondiñas*. Non confundir con onda pequena, *Cfr. supra ondiña*).
- [orzar] *orzan* [18, 21; 58, 28]; *orzando* [30, 1165; 65, 31] (A segunda forma co uso marítimo de 'Poñer a proa do barco na dirección do vento': *e, pra estribor orzando, sen medo ao mar profundo, // Car-ô Norde emprorado, en sotavento, / do velamio a dondura fáise tensa, / e mentres vái orzando, a i-alma pensa*. Porén, a primeira forma tan só en dous usos figurados, aínda que o segundo teña máis relación co mar: —*câl volvoretas / que orzan no ar— // Contr-âs casas, as ondas, namoradas, / orzan un pouquichiño os lenes brazos*).
- *panilla* [51, 66]; *panilladas* [30, 1449]; *panillan* [30, 898]; *panilleiras* [30, 1395; 30, 1397; *passim*]; *panillos* [30, 1394; 30, 1444] (Formas derivadas de 'panillar', dialectalismo por *palillar*, 'Tecer ou facer encaixes con palillos'. Incluíuse aquí porque na Costa da Morte (Camariñas, Laxe, Muxía...) esta actividade era propia das mulleres dos mariñeiros e poque o noso poeta inclúe estes termos en dous textos de mar, no longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30] e en **Mareas vivas** [30]).
- *pasaxe* [30, 1127]; *pasaxe* [36, 40; 74, 41] (Con dúas acepcións. 1. 'Conxunto dos viaxeiros do barco', *namentres que ao pasaxe, o faro, antre os seus brazos / de lus fraterna —jimensa de bicos e de abrazos! —, / a muitos estreitaba, quezáis, por ves postreira...* 2. 'Prezo que se pagaba pola viaxe en barco', *dóu ao esquezo, si quedas, meu penar e o pasaxe, // mercaron, —jmiñas xoias!, —o pasaxe / a un axente mais duro q'unha pedra*).

- *peixadoras* [31, 53; 68, 10] (No estándar *pescadoras*, e *as lanchas peixadoras*, *bucetas* e *chalanas* // *enonde a siesta dormen as peixadoras quillas*. Carballo Calero [1981: 607] sinala que é un exemplo de innovacións innecesarias ou hiperenxebrismos trabucados).
- *petriles* [58, 75; 68, 13; *passim*] (No estándar *peitoril* ‘Pequeño muro de protección’. No noso poeta sempre nos peiraos, (o mar) *que tira cós petriles / e métese nas casas coma un amo!... // e afonda lanchas e homes, e tira cós petriles... // pois derrubóu valados e petriles / e ás lanchas fixo anacos*).
- *piratas* [65, 5].
- *puntilla* [51, 65]; *puntillas* [68, 9] (‘Encaixe bordado’, e *unha branca puntilla / panilla / no regazo / do limpo e intenso azur de fror de liño / que o Mar de LAXE bríndalle aos peixeiros // No vran, as súas praias son leitos de puntillas / enonde a siesta dormen as peixadoras quillas*. Aparecen tamén noutros contextos sen relación directa co mar. *Cfr. panilla, panilleiras* e derivados).
- *reparo (ao)* [58, 46] (De *estar ao reparo*, ‘Navegar sen poñer en perigo a embarcación’. Porén, no noso poeta semella reducirse a súa significación a ‘estar ao abrigo’, *Os pescos, os máis, dormen / abordo, ou ao reparo / do roxo sol qu-escacha / coma un ourizo posto no rescaldo...*).
- *rautas* [36, 12; 44, 75]; *roita* [65, 12]; *roitas* [41, 13]; *rota* [77, 26] e *ruta* [77, 12] (No estándar *ruta*, ‘Itinerario, rumbo’, a primeira opción sempre rima coa palabra *nautas*. En ocasións o seu uso é figurado).
- [rolar] *rolóu mar* [53, 31] (‘Andar embarcado, formando parte do rol dunha tripulación’, *Eu non son mariñeiro que tan sô rolóu mar*).
- [romper amarras] *rompérsell’unh’amarra* [77, 46] (‘Romper o cabo co que se suxeita unha embarcación a terra’, *Por rompérsell’unh’amarra, / un galeón vái a garra / c’os feros golpes de mar*).

- *ronsel* [30, 1336; 49, 8]; *ronselo* [57, 120]; *ronsels* [93, 52] (‘Rastro de espuma que deixa unha embarcación sobre as augas ao navegar’. A forma *ronselo* podería explicarse por necesidade de rima con *retornelo* [57, 121]. A palabra aparece con outros usos figurados en contextos que non teñen relación ningunha co mar).
- *rúas mariñeiras* [30, 1].
- *rumbo* [80, 2; 94, 31].
- *sachos* [51, 21] (‘Utensilio de labranza para remove-la terra, que ten formas e tamaños diversos’. Malia a definición nos dicionarios, tamén se utiliza para labores do mar, no poema **Mareas vivas** [51], *con sachos, con fouciños, con angazos: / Uns, a apañar ourizos; / os outros, escorreadas ou algazos; / aquéles: lampros, cronos, / mexillóns, caramuxas, / longueiróns, berberechos, / que, pouco a pouco, os cestos empirican...*).
- *salvataxe* [72; 26] e *salvataxes* [41; 57] (‘Operacións de asistencia, axuda ou salvamento prestada en alta mar a unha embarcación, á súa carga, aos seus pasaxeiros ou á súa tripulación, adoito realizadas por remolcadores’. O noso poeta fai uso máis xenérico, *sempre me fala d-eternas / traxedias de salvataxe, / maresías e galernas // desque a miles naufraxos asististes / con nobres salvataxes*).
- [sarpap] *sarpaba* [30, 1124] (Con seseo explosivo, de *zarpar*, ‘Levantar áncoras unha embarcación para saír ao mar’).
- *sirea* [41, 21; 71, 2; *passim*]; *sireas* [20, 9; 30, 1321; *passim*] (No estándar *serea*, ‘Ser fantástico do mar, con busto de muller e o resto do corpo de peixe, avistado na navegación, mito grecolatino).
- *socaire (ao)* [60, 18] (Castelanismo por *Ao socairo*, ‘Navegar ao abrigo ou resguardo do vento’, *Fuxíndolle â travesía / —do mouro monte ao socaire—, / mantén os fornos acesos / un barudo trasatrante*).

- [solagar] *solagan* [49, 4]; *solagar* [39, 11]; *solagara* [47, 9] (No estándar formas con vogal inicial *asolagar*, ‘Facer que algo quede debaixo da auga’, *¡é grórea solagar teus imbornaes / na salgada negrura! // Un instante dempóis que o solagara / o escumante reveso // solagan imbornaes, bancadas, calabrotos...* Outras formas aparecen en contextos sen ningunha relación co mar).
- *somariños* [41, 48] (No estándar *submarino*, ‘Que está ou vive debaixo da auga do mar’. Aparece nun uso figurado, *pol-as nites de brétema arrepiante / dos medos somariños!...* Cfr. *infra somariños* ‘embarcación’).
- *sotavento* [65, 29] (‘Lado da embarcación oposto a aquel de onde sopra o vento (barlovento)’, *Car-ô Norde emprorado, en sotavento. Cfr. supra bralovento*).
- [sulcar] *sulca* [30, 1047]; *sulcando* [30, 1139; 67, 26]; *sulcar* [40, 34]; *sulcara* [20, 2] e *sulcáu* [52, 4] (No estándar *sucar*, ‘ir cortando as augas unha embarcación cando navega’, *do Anllóns, que sulcara coma dorna xentil, // A seirán xa morre... Non sulca unha vela // e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos, // de cantos sulcar vâ / as searas dos peixes e as sireas // sulcando traitos e canchas // sulcáu os mares todos n-un branco bergantiño...* Obsérvense tamén as metonimias, parte todo: vela por embarcación, ou contido continente, galegos por barcos. Alén diso, a palabra aparece con outros usos figurados que non teñen relación co mar).
- *taberna* [53, 1; 53, 19]; *tabernas* [59, 35; 72, 23] (‘Lugares de encontro e vida social dos mariñeiros’).
- *terceira (de)* [30, 1303] (‘Camarote ou pasaxe de baixa categoría e menor custo’, *n-un negro cubichete de terceira*).
- *trafego* [69, 33] (‘Movemento de persoas atarefadas’, aquí no peirao, *Renasce o trafego: / ensébanse as tostas. Cfr. infra trafego* ‘comercio’. Tamén noutros contextos sen relación co mar).

- *traíñeiros* [46, cita; 67, 36] ('Mariñeiros que pescaban en traíñas ou traíñeiras').
- *traios* [30, 463; 41, 31; *passim*] (Posiblemente no canto de *treitos*, mais descoñecemos o significado preciso da palabra, pois os contextos, malia teren todos tres unha relación co mar, semellan diferentes: *as longas, mourenas redes, / ao fondo dos traios largan // apalpando n-os traios lonxaníos* (refírese á luz dos faros) // *sulcando traios e canchas / ía recorrendo as lanchas*).
- *traxédeas* [94, 18]; *traxedias* [72, 26; 87, 14] (Case sempre referíndose ás traxedias no mar, *Acantilado rexo, / penasqueiral xigante / —de traxédeas testigo— // traxedias de salvataxe, / maresías e galernas // Levan n-os ollos os pescos / mil traxedias mariñantes*. Aparece tamén noutro contexto sen relación co mar).
- *tritoes* [30, 1335, 71, 4]. (No estándar *tritón*, 'Na mitoloxía grecolatina, divindade mariña con busto de home e o resto do corpo de peixe. *e as ringlas de sireas e tritoes / seguían o ronsel // onde o tomo do Atrante se desmaia / e a banda dos tritoes se recrea*).
- [ir á garra] *vái a garra* [77, 47] ('Co rizón sen asegurar e á mercé do vento e do mar', *Por rompérsell'unh'amarra, / un galeón vái a garra / c'os feros golpes de mar*).
- [ir en popa ou en bolina] *vaia en popa, ou bolina...* [65, 14] ('Navegar aproveitando ao máximo a dirección do vento'⁶⁴⁷).
- [velear] *velean* [30, 458]; *veleando* [42, 11] ('Navegar aproveitando o vento', *traineras, dornas e lanchas, / velean, cían e bogan, // Unhas, veleando, en bordexos, / outras, cô remo no estrobo*).
- *vila mariñeira* [30, 65].
- *vixía* [30, 1149] ('Atalaia para viviar a navegación'. No verso referido fala do faro Vilán da costa do concello de Camariñas).

⁶⁴⁷ Fernández Rei [2002: 298] define *en bolina* «Cando o vento vén pola proa do barco hai que navegar en zig-zag para coller o vento non directamente pola proa, senón de costado na amura, de xeito que o barco ofrezca menor resistencia».

- Mención á parte merecen todos os termos relacionados co fenómeno migratorio, pois nesa altura toda a emigración precisaba dun embarque marítimo: *emigración* [1, 2; 72, 54; *passim*]; *emigrado* [13, 56; 30, 1167; *passim*]; *emigrador* [74, 47]; *emigradora* [99, 37]; *emigrados* [115, 28]; *emigramos* [78, 4]; *emigran* [30, 550; 36, 43; *passim*]; *emigrante* [41, 5; 41, 73; *passim*]; *emigrantes* [30, 503; 32, 12; *passim*]; *emigrar* [31, 76; 36; 41] ou *emigrazón* [30, 1220] (que alternan indistintamente coas formas cos prefixos *-in* / *-i*: *inmigraron* [30, 811]; *imigrano* [20, 11]; *imigrantes* [30, 52]; *imigraran* [1, 1115] ou *imigraron* [1, 1445] ou coas formas con aférese, incluso ás veces nun mesmo poema: *migra* [36, 67]; *migraba* [31, 72]; *migrado* [118, 15]; *migran* [31, 76]; *migrante* [30, 531; 39, 1]; *migrantes* [6, 4; 94, 19; *passim*]; *migraran* [30, 491]; *migratoria* [3, 6; 3, 36] e *migrazón* [30, 569]).

6. EMBARCACIONES

a) Tipos

- *alquimán* [36, 75] (Non atopamos esta palabra en ningún dicionario, mais polo contexto é sinónimo de *paquete* ou *paquebote*, ‘Barco de transporte de mercadorías e viaxeiros’, *era un rexo paquete, un barudo alquimán / no que eu ía a Bôs Aires sobre o lombo do Atrán*. Cfr. *infra* «Alquimán» [30, 1124]).
- *balandro* [100, 72] (‘Embarcación de vela que se empregaba antigamente na pesca’⁶⁴⁸, *i-en Laxe teño un balandro*).
- *barca* [118, 9] (Tan só aparece cando fala dun tipo de embarcación, a mallorquina barca, con certeza a tradicional barca mallorquina de vela latina, denominada *llaüt* en catalán, *e, ô médeo ô mar imenso, a mallorquina barca*).

⁶⁴⁸ Fernández Rei [2003b: 295] sinala que é un «tipo de embarcación desaparecida», que xa se documenta en Ramón Cabanillas e en Rafael Dieste.

- *barco* [30, 990; 30, 1034; *passim*]; *barcos* [31, 75; 41, 38; *passim*] (O uso máis sorprendente prodúcese neste verso: *E ollando aos negros barcos traspondo a Baleeira, / por todol-os galegos que migran, eu choréi*, nos que a cor da embarcación semella tratar de identificar a dor da emigración cos negreiros barcos escravistas).
- *Barco-Escola* [93, 2] ('Navío de guerra no que completan a súa formación os gardas mariñas', Refírese ao *Serpent*, que naufragou na costa de Camariñas).
- *bateas* [77, 81] ('Barca grande de fondo plano', *¡y-as lanchas, com'o bateas, / entraron dentro d'as casas!...*).
- *bergantíns* [53, 10] e *bergantís* [72, 53]; *bergantiño* [52, 4]; *bergantiños* [30, 43] (No estándar *bergantín*, 'Barco veleiro de dous mastros e velas rectangulares').
- *botes* [30, 56; 57, 83; *passim*].
- *buceta* [53, 39; 57, 107; *passim*]; *bucetas* [30, 456; 31, 53; *passim*] ('Bote pequeno de remos e vela, coa proa igual á popa'. Salienta a súa utilización en labores de salvamento marítimo, *e, abordo de unha buceta, / seis pescos van arriscarse / pol-os do barco estranxeiro / que ollan a morte diante...*).
- *canelas* [36, 56] (Descoñecemos o sentido exacto desta palabra que non aparece nos dicionarios. En relación co mar só atopamos, en castelán, *canilla* 'Variña metálica que une a carlinga á driza e que pasa a través do banco do pao'. Porén, no noso poeta polo contexto semella facer referencia a un tipo de embarcación, *ao arribar de «Saravia», «Mar do Sol», e outras canelas...*).
- *chalana* [67, 24]; *chalanas* [31, 53; 69, 54] ('Embarcación pequena de remo, con fondo plano, proa triangular e popa rectangular, que se utiliza como auxiliar nos portos ou para a pesca costeira').

- *dorna* [20, 2; 36, 44; *passim*]; *dornas* [30, 457; 71, 20; *passim*]; *dorniña* [39, 13] ('Embarcación de pesca provista dun mastro onde leva unha vela de relinga, de forma trapeizodal').
- *escoadra* [93, 3; 93, 13] ('No estándar *escuadra*, 'Agrupamento de navíos de guerra', *no Día de Difuntos, a escoadra medoñenta / de guerra, saiidaba os mortos que alí tèn...*).
- *gabarras* [74, 49] ('Embarcación pequena de fondo chato que se emprega nos portos para carga e descarga', *van deixand'as gabarras aos coitados / que miran, tristemente, n'a cuberta, / os panos que s'axitan pó-la costa / como señas d'adioses e d'apretas!...*).
- *gamela* [49, 14; 67, 43; *passim*]; *gamelas* [57, 83] ('Con independencia do tamaño e do tipo de proa, na actualidade chámasele gamela ou chalana á embarcación que ten fondo plano e que se dedica maiormente á función de barco auxiliar ou para marisqueo a flote'⁶⁴⁹).
- *galeón* [72, 52; 77, 47]; *galeóns* [30, 461] ('Barco grande de vela').
- *goleta* [53, 40]; *goletas* [30, 44; 72, 53] ('Embarcación lixeira a vela de dous ou tres mastros').
- *lancha* [30, 703; 58, 61; *passim*]; *lanchas* [30, 456; 36, 55; *passim*] ('Embarcación pequena de remo ou motor que se utiliza para a pesca costeira'⁶⁵⁰).
- *lancha xeiteira* [30, 772] ('Embarcación que usa a arte de pesca do xeito'. *Cfr. infra xeiteiras*).
- *lanchas peixadoras* [31, 53]; *lanchas peixeiras* [60, 5].
- *motoras* [30, 9; 69, 54] ('Embarcación pequena con motor').

⁶⁴⁹ *Cfr.* Fernández Rei, Francisco; Emilio Xosé Insua López e Luís Rei (2005). "Fálame de barcos (I)". *Ardentía*, nº2, maio. 11-17.

⁶⁵⁰ «La embarcación típica de Fisterra y muy generalizada en nuestra costa due la "lancha". Muy próximo a las fábricas de salazón de aquel puerto las construían los carpinteros de ribera fisterráns. Embarcación de unos 6,5 a 7 m. de eslora, dos de manga y 1,25 m. de puntal, con pequeños castillos o tambuches en proa e popa para llevar las liñas y las comidas, fue muy usada hasta la década de los cincuenta. La tripulaban 8 ó 9

- *naves* [41, 12; 44, 55; *passim*]; *navío* [65, 2; 65, 40]; *navíos* [57, 93] (Alén diso, nun contexto refírese ás naves das catedrais e das basílicas).
- *paquete* [36, 75] (Ou tamén *paquebote*, ‘Barco de transporte de mercadorías e viaxeiros’, *era un rexo paquete, un barudo alquimán / no que eu ía a Bôs Aires sobre o lombo do Atrán*).
- *somariños* [48, 35] (No estándar *submarino*, ‘Navío de guerra que navega debaixo da auga do mar’. —«*¡Na outa mar os somariños / espantárono con bombas!*»... *Cfr. supra somariños* ‘dabaixo do mar’).
- *tarrafas* [66, 19; 72, 57] (‘Embarcacións que usan a arte de pesca ao cerco do mesmo nome para a sardiña’: *n-entán säen do porto tarrafas e traíñas // si s-engaiolan n-as mallas / das tarrafas e traíñas. Cfr. infra tarrafas* ‘aparellos’).
- *traíñas* [4, 119; 30, 460; *passim*]; *traíñeiras* [55, 10] ou os castelanismos *trainera* [57, 107; 65, 2; *passim*]; *traineras* [30, 456] (‘Antiga embarcación de pesca a remos’⁶⁵¹. *Cfr. infra traíñas* ‘aparellos’).
- *trasatrán* [30, 1164; 41, 4; *passim*]; *trasatrás* [65, 7]; *trasatrante* [30, 1077; 60, 20]; *trasatrantes* [30, 1115] (No estándar *trasatlántico(s)*, ‘Embarcación para o transporte de pasaxeiros’. Nunha ocasión caracterizándoa, *sorrísle aos trasatrás de aceiro frío*).
- *travesía* [75, 25] (‘Viaxe que atravesa unha grande extensión, principalmente por mar’, *Qu’as negras noites d’a Travesía // non ensombresan o vos’afán. Cfr. infra travesía* ‘Vento de poñente’).
- *vaporas* [36, 55] (‘Embarcación pequena de motor que se utiliza na pesca costeira’).

hombres que remaban a cuatro por banda —a veces ayudados por una vela trapecio— y que se dedicaban al cordel, palangre, xeito, nasa y al percebe, que luego vendían a los “xalleiros”». *Cfr.* Baña Heim [1980: 64].

⁶⁵¹ «La “traíña” era una embarcación de hasta 14 m. de eslora, de bastante manga, movida por catorce remos (siete por banda), con una cubierta amplia en la popa, en donde llevaba la red. Normalmente la tripulaban 16 ó 17 hombres a los que se les pagaba su jornal y un porcentaje por la captura. Pero, además, llevaba como auxiliares para ayudar a largar y levantar el copo, dos lanchas o traineras con siete hombres». *Cfr.* Baña Heim [1980: 64].

- *velanteiros* [53; 13] (Denominación coloquial para os bergantíns, e, por bôs *velanteiros*, *non hai que non conoza / dende Hamburgo a Bôs Aires, riva Pedro Mendoza. Cfr. supra bergantíns*).

- *veleiro* [65, 9].

- *xeiteiras* [30, 9] ('Embarcación que usa a arte de pesca do xeito'⁶⁵². *Cfr. supra lancha xeiteira*).

b) Partes

- *babor* [30, 1125; 30, 1162] ('Costado esquerdo dunha embarcación mirando de popa para proa', *deixando por babor a brava «Punta Herminia» // xa por babor ficaban ollando ao cabo Nerio*).

- *bancadas* [49, 4]; *bancos* [48, 21].

- *bandeira* [60, 24] (*posta, no pao trinquete, / branca bandeira arelante...* Tamén aparece a palabra sen relación co mar).

- *boguinas* [30, 1164; 42, 27] (No estándar *buguina*, 'Aparello mecánico de sinais acústicos dos barcos'⁶⁵³. *Do trasatrán nemigo, de escuros tripulantes, / os bruidos das boguinas soaron, oubeantes // ouzando o chamado rouco / das boguinas, ao peirao. Cfr. infra boguinas, 'molusco'*).

- *borda* [30, 1141; 80, 1] (*Gundar, contra da borda, sen ánimo, estantío, // Contra á borda d-un barco que navega*).

- *courel* [49, 3] ('Listón de madeira no exterior do bordo das embarcacións pesqueiras que constitúe a parte máis alta do costado. Cairel', *as ondas que, en salseiros, pol-o courel, abordo*).

⁶⁵² «A lancha de relinga ou xeiteira tivo especial protagonismo na parte da costa que vai de Muros a Fisterra, pero estivo presente en todos os mares da costa atlántica». *Cfr.* Fernández Rei, Francisco; Emilio Xosé Insua López e Luís Rei (2005). "Fálame de barcos (I)". *Ardentía*, nº2, maio. 11-17.

⁶⁵³ Fernández Rei [2003b: 295] sinala que é unha forma da costa centro-meridional, que xa foi introducida por Xoán Manuel Pintos en 1861.

- *casco* [93, 28] ('Estrutura dun barco', *¡O casco do "SERPENT"!*).
- *cobichetes* [57, 122]; *cubichete* [30, 1303] (A palabra ten dúas acepcións relacionadas co mar. 1. Taboado en forma de cabalete co que se impide a entrada da agua no combés, cando a embarcación dá de quilla. 2. Abertura na cuberta coroada dunha pequena construción con vidro que lle permite ventilación e luz á outra cuberta. Porén, no noso poeta temos *as tillas, os panels e cobichetes...*, e tamén *n-un negro cubichete de terceira*. Neste último caso semella sinónimo de 'cubil'. A palabra tamén aparece noutros contextos sen relación co mar).
- *cuberta* [30, 1145; 74, 50].
- *cordaxes* [65, 39] (No estándar *cordame*, 'Conxunto de cordas, xeralmente dun aparello de pesca ou dun navío', aquí neste caso *a forte ventolina n-as cordaxes*. Aparece tamén nun contexto musical sen relación co mar).
- *costados* [49, 7] (*que fan os seus costados, que lembran cachalotes*. Tamén noutros contextos sen ningunha relación co mar).
- *élices* [69, 57] (No estándar *hélice*, 'Aspas que xiran, accionadas por un motor, para propular unha embarcación', *e as élices xiran / n-as augas que tronzan...*).
- *escobéns* [30, 1338; 52, 12] ('Conduto de aceiro que se abren aos lados da roda para daren paso á cadea da áncora e aos cabos que serven para amarrar a embarcación', *de aquel tráxico barco, c-unha esfínxe / antre os dous escobéns, // as cadeas das ancras pol-os seus escobéns*).
- *escota* [39, 4; 53, 37]; *escotas* [57, 117; 70, 43] ('Corda ou cabo co que se gobernan as velas dunha embarcación ou barco de vela'⁶⁵⁴, *ben atesada a escota // atesar unha escota, manexar o timón // E as ben tesas escotas // cando sopras forte, ¡vento! / ¡e fas subir as escotas...*).

- *esfinxe* [30, 1338] ('Figura fabulosa con cabeza e corpo de muller, corpo de león e ás de augua'. Neste caso vai colocada na proa da embarcación. *de aquel tráxico barco, c-unha esfinxe / antre os dous escobéns*).
- *estribor* [30, 1165] ('Costado dereito dunha embarcación mirando de popa para a proa', *e, pra estribor orzando, sen medo ao mar profundo*).
- *fornos* [60, 19] ('Depósito para queimar combustible e favorecer a navegación', mantén os fornos acesos / un barudo trasatrante. Aparece en moitos outros contextos sen ningunha relación co mar).
- *imbornaes* [39, 11; 42, 21; *passim*] (No actual estándar *embornal*, 'Cada un dos buratos que leva o barco na cuberta para que lle saia a auga').
- *popa* [30, 1325; 65, 14] ('Parte traseira da embarcación'. *Cfr. supra vaia en popa*).
- *proa* [30, 1166; 30, 1325; *passim*]; *proas* [69, 52; 108, 22]; *prora* [41, 25] e *proras* [94, 28] ('Parte dianteira da embarcación', *que no porto ll-espera / cando enfía cara él a fina prora // Cantil humán, moisénico, que choras / ollando o desfilar de miles proras*).
- *entrepontes* [30, 1133] ('Espazo situado entre as dúas pontes ou cubertas do barco).
- *panels* [57, 122; 67, 43] (Hai dúas acepcións relacionadas co mar. 1. Conxunto de táboas que teñen as embarcacións de remos, de babor a estribor, e que serven de asento aos que vogan. 2. Cada un dos compartimentos das lanchas pesqueiras onde se bota o peixe que se colle ou se colocan as redes ou aparellos'. O primeiro contexto non permite precisar a cal se refire, *as tillas, os panels e cobichetes...*, mais o segundo corresponde á segunda acepción, *...¡E a gamela, os panels cheos, / lembra a-on carro de patacas!...*).
- *quillas* [68, 10; 69, 35] ('Peza lonxitudinal da parte inferior dalgunhas embarcacións, como a dorna, pois as chalanas ou as gamelas carecen dela', *enonde a siesta dormen as peixadoras quillas // ensébanse as tostas, / e as quillas*).

⁶⁵⁴ Fernández Rei [2003b: 302] sinala que a forma xa foi usada por Manuel Antonio.

- *serena* [74, 54] (No estándar *sirena*, ‘Aparello acústico’, *¡Xa recollen as ancras!... Feramente, / desfógase con bríos a serena; / ceibando tres muxidos com’anúnceo / de que marcha tamén par-outra terra!...*).

- *tillas* [57, 122] (‘Cuberta do barco, a proa ou a popa, para gardar da auga utensilios ou pertenzas da tripulación’, *as tillas, os panels e cobichetes...*).

- *tostas* [57, 58; 69, 34] (Esta palabra ten dúas acepcións relacionadas co mar. 1. ‘Asentos, bancadas dunha embarcación’. 2. ‘Pezas de madeira para sobordar as lanchas en terra, son planas na súa base e o rebaixe superior é das dimensións da quilla’. No noso poeta sempre nesta segunda acepción: *mentras, outros, subían âs barbadas, / e, por enriba âs tostas / as derradeiras lanchas vãn botadas // ensébanse as tostas / e as quillas, por elas, arrufadamente*).

c) Construción e mantemento

- *alquitrán* [40, 8] (Castelanismo por *alcatrán*, ‘líquido mouro, pegañento, que se emprega no mantemento das embarcacións. Chapapote, galipote ou piche’. O propio poeta usa tamén as formas *brea* e *galipota* noutros versos. *¡mesmamente recende a maresía, / algazos e alquitrán!...*).

- *brea* [48, 7] (‘Líquido mouro, pegañento, que se emprega no mantemento das embarcacións. Alcatrán, chapapote, galipote ou piche’. O propio poeta usa tamén as formas *alquitrán* e *galipota* noutros versos. *e derrete â galipota / e â brea,...*).

- [ensebar] *ensébanse* [69, 34] (‘Untar con sebo, engraxar, para o seu mantemento’, *mentras, outros, subían âs barbadas, / e, por enriba âs tostas // ensébanse as tostas*).

- *estopa* [40, 8] (‘Fíos desfeitos deste material co que se calafatean as embarcacións’, *nas lanchas, mostrando a estopa*).

- *galipota* [48, 6] (No estándar *galipote*, ‘Líquido mouro, pegañento, que se emprega no mantemento das embarcacións. Alcatrán, brea, chapapote ou piche’⁶⁵⁵. O propio poeta usa tamén as formas *alquitrán* e *brea* noutros versos. *e derrete â galipota / e â brea,...*).

- [varar] *varaba* [67, 50] (*cando a gamela varaba*).

- *varada* [65, 26] (‘Embarrancada, encallada na area, ben para a súa reparación ou ben para resgardala no caso de haber moito mar’, *Algún día, quezáis, varada en limo*).

d) Aparellos da embarcación

- *aparello* [46, 1; 47, 125]; *aparells* [30, 772; 30, 896].

- *ancras* [53, 11; 74, 53] (No estándar *âncoras*).

- *arpón* [22, 6; 30, 1149; *passim*]; *arpóns* [30, 475] (Sempre con sentido figurado: *xigante arpón, a óurica lus galega // Faro Vilán —vixía, arpón de lus xigante—// e, lonxe —¡lonxe, aínda!—, ollábase Fisterra, / ¡tamén arpón máis forte do mundo e nosa Terra!...*, referíndose aos faros do cabos de Fisterra e Vilán. Na forma plural con sentido moi poético, véxase: *cando os mascatos, cernéndose / —¡arpóns de prumas con azas!—, / dende as outuras, afóndase / pra furadar a esmeralda / do alfós sereo da ría...*E nunha ocasión facendo referencia ao instrumento de pesca que remata nun gancho de ferro, mais cando serve de comparación para a rella do arado: *e, nas pasadas, un arpón semella*).

- *cabillas* [57, 118] (No actual estándar *cavilla*, con dúas acepcións: 1. Barra redonda de ferro coa que se cravan as madeiras dos barcos. 2. Cada unha das barras que van colocadas na parte exterior do temón do barco e que serven para manexalo. O verso di: *—nas cabillas, roldanas e toletes—*, polo que semella apuntar á primeira acepción).

- *cadnotes* [49, 5] (‘Pezas, xeralmente metálicas, onde se unen ao casco os elementos da enxarcia fixa: obenque, estai e baquestai. Teñen a misión de suxeitar o pao á banda

⁶⁵⁵ Fernández Rei [2003b: 322] sinala que *galipote* foi introducida no galego literario por Zapata, mais a forma que usa o poeta é **galipota**.

respectiva segundo a embarcación vaia amurado a babor o estribor’, *Ben tesas as estachas nos rexos cadenotes*).

- *chaleque salvavidas* [116, 71].
- *garruchos* [36, 53] (‘Anel de ferro ou de madeira, que serve para envergar as velas a un estai’. Porén, no noso poeta semella ter outro significado, sinónimo de paxe ‘cesto’, *que, pouco a pouco, os cestos empirican, / os paxes acogulan, / ou os fortes garruchos poñen pechos*).
- *grúas* [36, 53] (Castelanismo por *guindastres*).
- *risón* [100, 57]; *rizón* [39, cita] (Esta corrixe a anterior cando curiosamente é unha cita dos mesmos versos incluída no libro. Para Fernández Rei [2003: 330] debería ser a entrada no VOLG, pois considera *rizón* castelanismo. *O risón da miña dorna / fica no ancoiral de Laxe*).
- *roldanas* [57, 118] (‘Roda acanalada por onde corre o cabo no cadernal ou motón dunha embarcación’, —*nas cabillas, roldanas e toletes*—).
- *timón* [39, 16; 53, 37]; *timóns* [66, 18] (O estándar recomenda *temón*, ‘Peza articulada na popa para o goberno da embarcación’, A outra referencia a *timón* [38, 18] refírese á parte do arado con ese nome).

e) Aparellos e manobras dos remos

- [choupar] *choupan* [48, 22] (‘Bater a auga do mar para que o peixe se introduza na rede ou para que se vexa a ardora’, *os remos, âs veces, choupan, / mais non salta unha sardiña / nin un xurelo se amostra. Cfr. infra choupa*).
- *estrobo* [42, 12; 53, 36] (‘Aro de corda que suxeita o remo ao tolete’, *outras, cô remo no estrobo // pra axeital-os tramallos e facer un estrobo*).
- [remar] *rema que rema* [67, 61]; *remando* [67, 7; 77, 65].
- *remo* [42, 12]; *remos* [48, 22; 68, 18; *passim*].

- *toletes* [57, 118] ('Pezas de madeira ou de ferro, fixadas no bordo da embarcación, que serven para suxeitar os remos').

f) Arboredo e velame

- *bolina* [65, 14; 67, 70; *passim*] ('Cabo co que se hala para proa a relinga de barlovento dunha vela para que reciba mellor o vento', tan só nas expresións *vaia en popa, ou bolina... ¡jou vaia a pique!... // marchéi de LAXE, en bolina // ventiño que infras as velas / con femeniños feitizos, / en bolina e barlovento. Cfr. supra*).
- *baupreses* [53, 15] ('Pao grosso que se coloca horizontalmente e algo inclinado, sobresaíndo da proa dos barcos de vela e ao que se aseguran os estais do trinquete', *Mentras fía a alba lúa n-os baupreses e paos*).
- *estaies* [30, 41] ('Cabo ou cable que suxeita un pao ou un mastro para que non caia sobre a popa', *côs estaies e obenques dos cariños*).
- *frechastes* [30, 43]: ('Pedazo de cabo ou listón de madeira feito firme de obenque a obenque en liña horizontal e a treitos adecuados para formar unha escada pola que se poida subir aos paos', *côs frechastes dos circios bergantiños*).
- *obenques* [30, 41] ('Cabo grosso que se amarra na cabeza dun mastro para reforzalo', *côs estaies e obenques dos cariños...*).
- *paos* [53, 15]; *pau* [49, 6] (Neste caso e no anterior coa acepción de 'mastro', *Mentras fía a alba lúa n-os baupreses e paos // o pau renxe coa vela relinga*).
- *pao trinquete* [60, 23] ('Pao de proa nun barco de vela'. *posta, no pao trinquete, / branca bandeira arelante...* Tamén aparece a palabra *trinquetes* sen relación co mar, como 'do trinque', *con traxes moi trinquetes* [30, 851]).
- *vela relinga* [49, 6] ('Corda que leva a vela nos seus bordos para ter máis consistencia', *o pau renxe coa vela relinga; e do balbordo*).
- *vela* [30, 1047; 39, 6; *passim*]; *velas* [66, 18; 69, 55; *passim*].

- *velamio* [65, 4; 65, 30]; *velamios* [57, 108] (No estándar *velame*, ‘Conxunto de velas dunha embarcación’).

g) Enxarcias

- *amarra* [77, 46] (‘Cabo co que se suxeita unha embarcación a terra’, *Por rompérsell’unh’amarra, / un galeón vái a garra / c’os feros golpes de mar*).

- [arriar] «*Arría*» [49, 13] (‘Retirar ou afrouxar os cabos dunha embarcación’, *âs voces de: «¡Dar fondo!», «¡Desata drisa!», «Arría» // soltáremolle a driza âs brancas velas*).

- *calabrotes* [49, 4] (‘Cabo moi gros e trezado’⁶⁵⁶, *solagan imbornaes, bancadas, calabrotes...*).

- «*Dar fondo*» [49, 13] (‘Soltar amarras para botar o risón da embarcación’, *âs voces de: «¡Dar fondo!», «¡Desata drisa!», «Arría» // soltáremolle a driza âs brancas velas*).

- *drisa* [49, 13] e *driza* [71, 25] (‘Cabo que se usa nos barcos veleiros para izar ou arriar algunha vela ou unha verga’⁶⁵⁷, *âs voces de: «¡Dar fondo!», «¡Desata drisa!», «Arría» // soltáremolle a driza âs brancas velas*).

- *estachas* [49, 5] (‘Cabo moi gros que se emprega para suxeitar o rizón’. *Ben tesas as estachas nos rexos cadenotes*).

- *trenlas* [49, 4] (‘Cabo curto para atar as velas’. Porén no noso poeta aparece tan só nun uso figurado: *coma trenlas de brétema ou de orballo*. Tamén aparece *trenla* nun contexto sen relación co mar).

8. COMERCIO

- *alixo* [116, 31] (‘Partida de xéneros de contrabando’, *Con temporal, a costa defendíase / cós tombos, a poutazos, / contra quen pretendera algún alixo, / seu vixilar bulrando...*).

⁶⁵⁶ Fernández Rei [2003b: 324] sinala que é unha forma pouco documentada no galego literario.

⁶⁵⁷ Fernández Rei [2003b: 302] sinala que a forma xa foi usada por Manuel Antonio.

- *caínzas* [64, 25] ('Conxunto de táboas que se colocan nos laterais do carro para soste a carga, neste caso para carrexar algazo'. *Caínzas, seiróns e paxes, / xa carrexaron a barda.* Aparece tamén noutros contextos agrícolas que non teñen que ver co mar).
- *cargamento* [49, 11] (*—da praia na procura, que agarda o cargamento—*).
- *cestadas* [30, 198] ('Cantidade de peixe que pode coller nunha cesta ou paxe', *e peixe preto a cestadas*).
- *cestas* [30, 203] (Aparece tamén noutros contextos que non teñen que ver co mar).
- *cesto* [47, 12]; *cestos* [51, 27] (Aparecen tamén noutros contextos que non teñen que ver co mar).
- *choio* [42, 46] ('Actividade ou faena mariñeira en xeral'. Neste caso refírese ao 'Produto da faena pesqueira que se vende a quen máis ofrece'. *coas regateiras, que poxan / con verba firente, o choio...*).
- *contrabandista* [83, 30].
- *fardo* [30, 1302] ('Conxunto voluminoso de cousas para transportar', *Despóis de trinta días de viaxe, / —¡coma un fardo calquer!—, / n-un negro cubichete de terceira...*).
- *gancho* [30, 1040] ('Persoa empregada para atraer a outras con certo engano'. Foi moi utilizado polas compañías de navegación para vender os seus pasaxes á emigración).
- *garruchos* [51, 29] ('Outro tipo de cesto grande, semellante aos paxes, para carrexar algazo, marisco ou peixe'. *que, pouco a pouco, os cestos empirican, / os paxes acogulan, / ou os fortes garruchos poñen pechos*).
- *lagares* [55, 13] ('Recipiente grande en forma de cuba', *con que han de encherse logo as tinas e lagares... / ¡ao par das rebenidas que se asan nos fogares!...*).
- *patelas* [30, 10; 46, 25] ('Cestas planas e cos bordos baixos para o peixe'. Non confundir con *patelas* 'crustáceo, tamén chamado patexo'. *Cfr. infra*).

- *paxe* [61, 26]; *paxes* [51, 28; 61, 35; *passim*] (‘Cesto grande redondo e con asas para carrexar algazo, marisco ou peixe’. *aquéles: lampros, cornos, / mexillóns, caramuxas, / longueiróns, berberechos, / que, pouco a pouco, os cestos empirican, / os paxes acogulan, // postal-a outra no paxe acogulado / —carrexaba que carrexaba furna arriba // namentras s-estrizaba o forte paxe / da furna caendo abaixo! // Caínzas, seiróns e paxes, / xa carrexaron a barda.* Aparecen tamén noutros contextos que non teñen que ver co mar).

- *peixeiras* [69, 4] (‘Muller(es) que vende peixe’. No noso poeta ten apenas matiz despectivo: *ou como peixeiras / que reñen, parleiras*).

- *pescas* [68, 5]; *pescas* [30, 404; 30, 878; *passim*] (‘Muller(es) que vende peixe’. No noso poeta ten apenas matiz despectivo neste verso: *Se rifades, como as pescas...* Pola contra nos demais nunca posúe o devandito matiz: *cô pano, como as pescas, na cabeza, / con muito de nobreza // De pesca e mariñeira tèn a lanzal feita*).

- *píos* [58, 55] (‘Recipiente para depositar as sardiñas mesturadas con capas de sal’, *je tel-os fondos píos / de peixe acogulados!...* Tamén aparece a palabra noutra acepción sen relación co mar).

- [poxar] *poxan* [42, 46] (‘Acto público relacionado coa actividade pesqueira que se realiza nunha lonxa e no que se vende o peixe a quen máis ofrece’, *coas regateiras, que poxan / con verba firente, o choio...*).

- *Praza* [30, 196; 30, 420; *passim*] (‘Lugar onde se vende o peixe e outros produtos a voces’. *e no mercado da Praza, / pois hai quintales de congro // pois a Praza váise enchendo / de regateiras ollonas // E por el-o que, na Praza, fan xuntanza / os peixeiros, pra escuitar.* Tamén aparece noutros contextos sen ningunha relación co mar).

- *progreto marítimo* [36, 51] (‘Progreso relacionado coa actividade pesqueira’).

- *regateiras* [30, 420; 42, 46; *passim*] (‘Muller(es) que mercan ou venden o peixe’, *pois a Praza váise enchendo / de regateiras ollonas // coas regateiras, que poxan / con verba*

frente, o choio... // no porto e no peirao, reñen as regateiras // Coma regateiras / roucas e algareiras / que, a berros, fan contas).

- *seiróns* [64, 25] ('Especie de cesta de esparto, cóncava e con dúas asas, que serve para carrexar algo, neste caso algazo'. *Caínzas, seiróns e paxes, / xa carrexaron a barda.* Aparece tamén noutro contexto agrícola sen relación co mar).
- *sireiras* [30, 207; 30, 696] ('Clientas das vendedoras de algún produto'. Tamén aparece *siareira* noutro contexto sen ningunha relación co mar).
- *tinis* [55, 13] ('Recipiente grande en forma de media cuba', *con que han de encherse logo as tinis e lagares... / ¡ao par das rebenidas que se asan nos fogares!...*).
- *trafego* [30, 195] ('Movemento de persoas atarefadas', aquí na comercialización dos produtos do mar, *todo é trafego nas rúas / e no mercado da Praza, / pois hai quintales de congro / e peixe preto a cestadas, / rebalizas e besugos, / merluzas, fanecas, xardas. Cfr. supra trafego 'peirao'.* Tamén noutros contextos sen relación co mar).
- *vendexeiras* [30, 204] (No estándar *vendedoras*, 'Mulleres que venden peixe, neste caso, ou calquera outro produto').

9. NATACIÓN

Non rexistramos ningunha palabra, pois *afogado* e derivados xa se inclúen no apartado de Navegación e manobra. *Cfr. supra.*

10. PESCA

a) Clases, actividades, espazos, persoas e produtos

- [alar] *ala* [46, 5; 46, 6; *passim*]; *alan* [46, 11]; *alando* [30, 484; 46, 2; *passim*] (No estándar *halar*, 'Recoller os aparellos da pesca a bordo da embarcación'. *Ala panos, peneireiro, / ala panos na paneta; / ¡ala panos, compañeiro, // Mentras alan, descalzos, a*

*traíña, // E alando pol-as traíñas, // no encabezamento **Alando a traíña** [46] // O rosáreo de corchos e aparello / os barudos peixeiros vãn alando [46, 1-2]).*

- *ardoras* [58, 53; 72, 49] ('Fosforescencia do mar que en ocasións indica a presenza dun banco de peixes'. *coas tinturas e ardoras // côs saltidos e as ardoras*).

- *areallos* [30, 11; 58, 54] (Descoñecemos o significado desta palabra que aparece nestes versos: *soñan soños de peixes e patelas, / areallos, saltidos, albacoras*. E tamén nestoutros: *coas tinturas e ardoras, / saltidos e areallos...*).

- [arponear] *arponea* [57, 103] (Castelanismo por *arpoa*. Neste caso refírese á maneira de pescar dos mascatos, ao penetraren as augas co peteiro na procura do peixe: *e, a modo que descende, / en xeitos verticaes, / as azas arrandea / e, ao se cravar nas ágoas —que arponea, / escacha e fende—, / ¡choutan nos ars mil doas de cristaes!...*).

- [arrochar] *arrochan* [64, 6] (Apertar a carga co *arrocho* 'Pau ou gancho de madeira que se emprega para apertar a corda que ata unha carga ou feixe', *Ducias d-enciños espétanse / e arrochan da copeada. Cfr. infra copeada*).

- *asar xurelos* [30, 1381].

- *barcarolas* [54, 2]; *barqueirolas* [72, 62] ('Composicións poéticas, mariñas'. *Cfr. infra mariñas*).

- *bramos* [4, 117; 48, 19; *passim*] (Descoñecemos o sentido exacto desta palabra que non aparece nos dicionarios⁶⁵⁸. Polos contextos semella facer referencia a un cardume ou banco de sardiñas que se moven xuntos, e o nome talvez podería proceder do seu ruído, bramo ou bramido: *Saltidan miles bramos de sardiñas // Os atalieiros, nas lanchas, / en pê ou de bruzos na proa, / non vãn tinturas nin bramos / nin saltidos pol-a tona // os bramos e tinturas de xardas e sardiñas // por cima dos bramos de mesta sardiña // mestos bramos de sardiñas*).

⁶⁵⁸ Cfr. Fernández Rei [2005], «bramo en Laxe como sinónimo de manda».

- *caldeiradas* [16, 57; 30, 577; *passim*] ('Comida con patacas e peixe cocido de varias clases e que leva un rustrido, polo xeral de allo, cebola e pemento').

- *cantigas* [99, 79] ou *cántigas* [31, 63] ('Composicións populares para seren cantadas'. Aparecen en moitos contextos, mais nestes dous teñen relación co mar: *As cántigas dos pescos xuntábanse ao amigo // cantando doces cantigas / da montana e veiramar*.

E xa aparecen no subtítulo do poema **Ao marchal-os barcos (Cantiga)** [56]).

- [choupar] *choupa* [30, 4] ('Bater a auga do mar, chapuzar', *que, moi quedo, nas ondas silandeiras, / fura e choupa, sonámbulo, algún muxo... Cfr. supra choupan*).

- *copeada* [46, 24; 64, 6] ('Pesca que se recolle cada vez que se bota o cope ao mar'. *gaivotas e mascatos que revoan / darredor da copeada da traíña // Ducias d-enciños espétanse / e arrochan da copeada. Cfr. infra cope*).

- *empanada* (*empanada arumosa / de sardiñas, de congro e salmonete!* [30, 973-974]).

- [engaiolar] *engaiolan* [57, 18] ('Quedar o peixe enganchado nas redes', *si s-engaiolan nas mallas / das tarrafas e traíñas / mestos bramos de sardiñas*. Tamén en moitos outros contextos sen relación co mar).

- [escochar] *escochan* [69, 6]; *escochando* [42, 69] ('Limpar e descabezar o peixe', *Uns, escochando sardiña; // que reñen, parleiras, / namentras escochan*).

- *escocho* [42, 76] ('Acción de limpar e descabezar o peixe', *toda a noite traballando / na salazón e no escocho*).

- *ferradas* [51, 45] ('Instrumento formado por unha lámina rectangular de ferro con mango que se emprega para coller mexillóns ou percebes cachando na pedra', *as brillantes ferradas / vãn facendo a colleita / do saborante fruto das quebrantes*).

- *fros* [66, 1]; *frós* [95, 15] ('Conxunto de roupas precisas para o uso diario', *Encol dos fros as pernas da longa rede parda // i-encol dos frós pousadal-as gaivotas*. Aparece tamén noutro contexto sen relación co mar. *Cfr. infra* a expresión *fros con fros e man a man*).

- *lance* [46, 27; 67, 30]; *lances* [72, 66]; *lanse* [47, 8] (Nestas dúas acepcións. 1. ‘Operación de lanzar os aparellos ao mar’. 2. ‘Cantidade de pesca que se obtén cada vez que se recolle o aparello’. Da primeira temos: *que os peixeiros dan aos lances // baticaran n-un lanse sanguineiro*. Da segunda anotamos: *cô bô lance de xarda e de sardiña // Cando largaba a traíña / e se collía un bô lance*).
- [largar] *larga* [66, 16]; *largaba* [67, 29]; *largan* [30, 463]; *lárغانas* [30, 459] (‘Botar as artes de pesca ao mar’, *ao fondo dos traitos largan // as redes collen ou lárغانas... // ceibando fortes verbas: «¡Avante!», «¡Larga!», «¡Cía!» // Cando largaba a traíña / e se collía un bô lance*).
- [lavar] *lavádoa* [42, 70] (‘Limpar o peixe’, *outros, lavádoa nos pozos, a sardiña*).
- *mariñas* ‘composicións poéticas, barcarolas’, nos títulos dos poemas **Mariña de primaveira** [57, título]; **Mariña de vran** [58, título]; **Mariña de outón** [59, título] e **Mariña de inverno** [60, título]. *Cfr. supra barcarolas*.
- *parte peixada* [53, 38] (‘Reparto do peixe’, *je, na parte peixada, levantéi un quiñón!*).
- *peixador* [30, 1418]; *peixadores* [30, 140; 30, 450; *passim*] (‘Home(s) que vai ao mar’).
- *peixadora* [30, 152; 45, 2] (‘Que vive da pesca’, *da vila peixadora*).
- [peixar] *peixan* [57, 56]; *peixar* [53, 32].
- *peixeira* [69, 27] (‘Que vive da pesca’, *Na vila peixeira*).
- *peixeiro* [30, 992; 30, 1371; *passim*]; *peixeiros* [4, 75; 30, 217; *passim*] (Con dúas acepcións. 1. ‘Home(s) que vai ao mar’. 2. *peixeiro* [42, título; 42, 25] (‘Que vive da pesca’, **Porto peixeiro**).
- *peixeiro de vara* [53, 32]; *peixadores de vara* [57, 54] (‘Pescadores de cana’, pois non semellea ter relación cos bous de vara, unha arte remolcada pola embarcación que mantén a súa abertura horizontal constante, agás unha vara transversal que vai suxeita aos calóns e a

vertical por medio de boias. *Fún peixeiro de vara, e salín a peixar // Peixadores de vara, pol-as postas*).

- *peixe* [30, 198; 30, 228; *passim*]; *peixes* [30, 10; 40, 35; *passim*] (Nun verso sinala *e peixe preto a cestadas*, [30, 198], que nós interpretamos como ‘peixe mesto’ ao descoñecermos a expresión ‘peixe negro’).

- *pesca* [42, 57; 69, subtítulo].

- *pescado* [36, 50]; *pescados* [55, 8].

- [pescar] *pescan* [69, 23]; *pescar* [69, 22] (*as gaivotas pescan peixes*).

- *pesco* [30, 1416]; *pescos* [30, 486; 31, 63; *passim*] (‘Home(s) que vai ao mar’).

- *posta* [116, 37]; *postas* [57, 54] (‘Lugar sinalado no río ou no mar polos pescadores, por ser apropiado para pescar’, *Peixadores de vara, pol-as postas // —Antre o Carreiro e a posta devandita, / arrentes d-un valado*. Neste último refírese ao lugar de aparición dun afogado que deixaran uns pescadores de Fisterra. Tamén aparece noutros contextos sen relación co mar).

- *quiñón* [53, 38] (‘Parte da pesca obtida por un barco que lle corresponde a cada mariñeiro’, *je, na parte peixada, levantéi un quiñón!*).

- *rebenidas* [16, 66; 42, 60; *passim*], no estándar *Sardiñas revenidas*, ‘Asadas con cabeza e cunha lixeira capa de sal’. *E os arumes sinxelos / das sardiñas asadas con cachelos*, [16, 62-63]; *je todo LAXE arrecende / coas rebenidas no fogo!* [42, 59-60]; *jao par das rebenidas que se asan nos fogares!...* [55, 14]).

- *salazón* [42, 76]; *salazóns* [36, 50] ou *salazoes* [30, 8] (No estándar *salga*, ‘Actividade ou industria que salga o peixe para o consumo’, *e o recendo das grandes salazoes // os luxosos comercios, salazóns de pescado // toda a noite traballando / na salazón e no escocho*).

● *salazoneiros* [69, 61] (Cfr. *supra*, ‘Relativo á salga do peixe para o consumo’, *namentras n-as fábricas dos salazoneiros*).

● *saltido* [30, 836; 57, 84]; *saltidos* [30, 11; 30, 470; *passim*] (Descoñecemos o sentido exacto desta palabra que non aparece nos Dicionarios. Polos contextos semella facer referencia aos saltos na auga dun cardume ou banco de sardiñas que se moven xuntos: *areallos, saltidos, albacoras // xarabales e saltidos / de xouba, sardiña e xarda // câl saltido de xardas pol-a costa...// non vên tinturas nin bramos / nin saltidos pol-a tona // sinalan o saltido e a tintura / de xogorals sardiñas // coas tinturas e ardoras, / saltidos e areallos... // côs saltidos e as ardoras*: Incluso aparece a palabra como forma verbal, tan só neste verso: *Saltidan miles bramos de sardiñas*).

● *tintura* [57, 84]; *tinturas* [30, 469; 48, 19; *passim*] (Descoñecemos o sentido exacto desta palabra que non aparece nos Dicionarios con ningunha acepción mariñeira⁶⁵⁹. Polos contextos semella facer referencia á mancha dos peixes ao se moveren xuntos: *de pardelas e gaivotas / tinturas centos sinalan // non vên tinturas nin bramos / nin saltidos pol-a tona // os bramos e tinturas de xardas e sardiñas // sinalan o saltido e a tintura / de xogorals sardiñas // coas tinturas e ardoras*).

● *xarabales* [30, 470] (‘Banco de peixes que se comprime ante o perigo’, *areallos, saltidos, albacoras // xarabales e saltidos / de xouba, sardiña e xarda*).

b) Aparellos da pesca

● *angarellas* [64, 9] (Malia ser un aparello agrícola, tivo sempre moita utilidade en actividades relacionadas co mar, neste caso para recoller algazo. *As angarellas de pino / veñen e vên pol-a praia, / acarrexando a mantenza / das fariñentas patacas*).

⁶⁵⁹ Fernández Rei [2005] explica en nota a rodapé: «En Laxe cando os bancos de peixes aparecen de cor negra fálase de *bancos de tintura* (Morandeira 1969: 46)».

- *boias* [69, 48] ('Cortiza que levan as redes para non afundiren', *Carréxanse os xeitos, boliches e arte / tarrafas, boureles, fulames e boias...*).
- *boureles* [69, 48] ('Boias compostas de moitas cortizas unidas, para impedir que as redes vaian ao fondo', *Carréxanse os xeitos, boliches e arte / tarrafas, boureles, fulames e boias...*).
- *enciño* [61, 9]; *enciños* [64, 5] (No estándar *anciño(s)*, 'Instrumento que consta dun mango rematado nun dos extremos por un pao atravesado onde van uns dentes de madeira ou de ferro, formando unha especie de pente, que se usa sobre todo en labores de agricultura'. Porén, tivo sempre moita utilidade en actividades relacionadas co mar, neste caso para recoller algazo. *enclavándolle o enciño, ¡coma un home!, / â barda, se, no atraco, / o mar non se amostraba en ardentías // Ducias d-enciños espétanse / e arrochan da copeada / visgosa, que a maresía / do fondo mar arrincara*).
- *fesga* [47, 1] (No estándar *fisga*, 'Arte de pesca empregada para coller peixe ou moluscos a pé, consistente nunha variña metálica con forma cónica nun extremo', *Apañaba percebes n-unha fesga. Cfr. supra fesgas 'fenda, greta'*).
- *fulames* [69, 48] (Descoñecemos o seu significado que non aparece en ningún dicionario, *Carréxanse os xeitos, boliches e arte / tarrafas, boureles, fulames e boias...*).
- *gueldo* [57, 42] ('Engado, cebo feito con camaróns e outros crustáceos que empregan os pescadores', *Dedante do trieiro, / o gueldo, contra a area*).
- *liñas* [4, 88; 72, 60] ('Arte de pesca consistente nunha tanza con chumbada e varios amocelos'. A palabra aparece tamén noutros contextos sen ningunha relación co mar).
- *palangre* [53, 34; 60, 4] ('Arte de pesca consistente nunha corda longa que leva colgados, cada pouco, anacos pequenos con anzós', *ía ao xeito e aos rascos, ao palangre, â traíña... // â colleita dos tesouros / das traíñas e o palangre*).

- *tridente* [57, 76] (Uso poético para denominar un *raño*, *raqueta* ou *rastro*, ‘Aparello de pesca formado por un mango e dúas ou tres gallas de ferro que se emprega para coller polbo ou algúns mariscos e peixes, *i-escapando ao tridente / que, baixo o sol corusca, / as sollas e os lenguados*).

- *trüeiro* [57, 41] (*trueiro*, ‘Aparello de pesca que consiste nun aro cunha rede en forma de funil atado a un mango longo’, *Dedante do trüeiro, / o gueldo, contra a area*).

c) Redes

- *artes* [69, 48] (‘Arte de pesca’, *Carréxanse os xeitos, boliches e artes*. Noutros moitos contextos sen ningunha relación co mar).

- *betas* [30, 565; 58, 43] (No actual estándar *vetas*, ‘Trasmallo dun só pano en forma de rectángulo para a pesca de litoral).

- *boliches* [30, 14; 30, 485; *passim*] (‘Arte de pesca de arrastre’).

- *cope* [64, 1; 64, 31] (‘Parte final da rede de pescar en forma de bolsa onde se concentra o peixe’. *Coma un cope de traíña / cheo de peixe hastra às rainas. Cfr. supra copeada*).

- *corchos* [30, 465; 46, 1; *passim*] (E incluso *colchos*, en versións de poemas aparecidas en publicacións periódicas, como sinalamos nas notas de edición. Castelanismo, pois o actual estándar escolle a forma *cortizas*).

- *embalos* [30, 870] (‘Aparello de pesca semellante ó trasmallo, dun só pano de malla pequena. Porén só aparece no texto con sentido figurado: *cos místecos embalos*).

- *encasque* [60, 16] (‘Acción de *encascar*, ‘Tinxir os aparellos de pesca ou as velas dunha embarcación para que se conserven mellor e tamén para darlles unha cor escura para que o peixe non vise a rede’, *senón pol-a côr das redes / que lles pidiron encasque*).

- *mallas* [30, 436; 57, 18; *passim*] (‘Cada volta ou nó que se fai co fío que forma unha rede’, por extensión ‘redes’, *de cántas mallas eu faga / no tramallo de outra nova... // de*

anacrexadas mallas // si s-engaiolan n-as mallas / das tarrafas e traíñas / mestos bramos de sardiñas).

- *panos* [46, 5; 46, 6; *passim*] (*ala panos* de ‘Halar, subir as redes á cuberta’. *Cfr. supra ala*).

- *paneta* [46, 6] (‘Cada unha das partes da cuberta do barco situadas a proa ou a popa’. *ala panos na paneta*).

- *rainas* [64, 2; 64, 32] (‘Denominación para unha das mallas da arte da traíña’, *Coma un cope de traíña / cheo de peixe hastra âs rainas. Cfr. infra raina* ‘berros de ánimo dos mariñeiros’).

- *rascos* [53, 34] (‘Rede rectangular formada por unha tralla de chumbo e outra de cortiza que se emprega para a pesca da raia, do rodaballo e tamén da centola e da lagosta’, *ía ao xeito e aos rascos, ao palangre, â traíña...*).

- *rede* [30, 704; 66, 1]; *redes* [4, 78; 30, 459; *passim*] (Ás veces facendo referencia á cor, á forma ou á súa utilidade: *as longas, mourenas redes, // pra que nas mouras redes a boa sorte deixe // Encol dos fros as pernas da longa rede parda // —no mar é unha gaiola pra engaiolar â xarda—*).

- *tarrafas* [4, 120; 30, 485; *passim*] (‘Arte de pesca ao cerco para a sardiña’. En ocasións tamén fai referencia ás embarcacións que usan esta arte: *n-entán säen do porto tarrafas e traíñas. Cfr. supra*).

- *traíña* [46, 12; 46, 24; *passim*]; *traíñas* [30, 13; 30, 484; *passim*] (‘Antigo aparello de cerco para a pesca da sardiña’. «A traíña tiña seiscentas brazas, ou mil metros. Estaba composta de beta, que eran as pernas, as rainas que eran de malluco e a copeada. Beta é a malla de oito centímetros de lonxitude. A malla da raina tiña dez centímetros. Cando chegaban a tirá-lo cope, tirába-no ó mar nun lío, xa que era moi pesado» [Mörliing: 1989].

Pol-a praia, tendídal-as traíñas, / os boliches, os xeitos e os tramallos, // E alando pol-as

traíñas, / xeitos, boliches, tarrafas // Mentras alan, descalzos, a traíña, // darredor da copeada da traíña // ía ao xeito e aos rascos, ao palangre, â traíña... // das traíñas e o palangre // Coma un cope de traíña / cheo de peixe hastra âs rainas // Cando largaba a traíña. Cfr. supra traíñas ‘tipos de embarcacións’).

- *tramallo* [30, 437]; *tramallos* [4, 88; 30, 14; *passim*] (‘Aparello de pesca formado por tres panos rectangulares superpostos de diferente grosor nas mallas’).
- *varas* [30, 565] (‘Bous de vara, arte remolcada pola embarcación que mantén a súa abertura horizontal constante, agás unha vara transversal que vai suxeita aos calóns e a vertical por medio de boias’, *sen medo têrlle aos tramallos, / nin âs betas nin âs varas...*).
- *xeito* [4, 88; 42, 47; *passim*]; *xeitos* [4, 120; 30, 14; *passim*] (‘Arte de enmalle para a pesca da sardiña’. A palabra *xeito* aparece noutros contextos sen relación co mar).

11. FAUNA

a) Peixes

a.1) Partes

- *aletas* [58, 41].
- *escamas* [30, 228].
- *galadas* [64, 14] (‘Órgano respiratorio dos peixes, branquia, galaxa, guerla’, *abrindo muito as galadas, / rebulen, xa médeo mortos, / limas, lorchas e barbadas*).
- *rabo* [58, 42] (*os muxos, aboiados, / removen as aletas quedamente / e dan un pouco ao rabo*).

a.2) Especies

- *albacora* [57, 83]; *albacoras* [30, 11] (‘*Euthynnus quadripunctatus*’, peixe semellante ao bonito, de aletas longas, dorso azul escuro e prateado no ventre. *soñan soños de peixes e*

patelas, / areallos, saltidos, albacoras // que arriban de mar fora, / acompañados sempre de albacora).

- *barbadas* [51, 38; 57, 57; *passim*] (*Gaidropsaurus mediterraneus*’, peixe osteíctio que adoita vivir debaixo das pedras. *Óllanse os riscos nos cantazos rudos, // je dan volta aos cantazos / pra recoller barbadas! // mentras, outros, subían ás barbadas // limas, lorchas e barbadas // os lorchos y-as barbadas, vai... je tapa!...*).

- *besugos* [30, 16; 30, 199] (Castelanismo por *ollomol*, *Pagellus bogaraveo*’, peixe acantopterixio. *maragotas, besugos, rodaballos... // rebalizas e besugos).*

- *cabras* [57, 56] (*Serranus cabrilla*’, peixe mariño da familia dos serránidos. *peixan ás maragotas, cabras, pintos...* Tamén noutro contexto como mamífero de terra).

- *congro* [30, 196; 30, 974]; *congros* [31, 54] (*Conger conger*’, peixe teleósteo. *pois hai quintales de congro // de sardiñas, de congro e salmonete!... // traguían un tesouro de congros e ollomol...*).

- *escarapote* [30, 374] (*Scorpaena*’, peixe acantopterixio. Está usado nun contexto sen relación co mar, como insulto: *¡lumia, escarapote, cóbrega, / lavada!...*).

- *fanecas* [30, 200] (*Tripterus luscus*’, peixe da familia dos gádidos, pequeno e de cor grisalla no ventre e acastañada no dorso. *merluzas, fanecas, xardas).*

- *lenguados* [57, 78] (Castelanismo por *linguados*, *Solea vulgaris*’, peixe da orde dos pleuronectiformes e da familia dos soleidos. *as sollas e os lenguados).*

- *limas* [57, 61; 64, 16] (Para Devesa [1983: 158] esta é unha das denominacións dos lorchos, *Blennius ocellaris Linnaeus*’. *Chirran na fesga os lorchos, / as limas e sapeñas // abrindo muito as galadas, / rebulen, xa médeo mortos, / limas, lorchas e barbadas).*

- *lorchas* [64, 16]; *lorchos* [57, 60; 79, 8] (Nome xenérico co que se coñecen varios peixes de familias diferentes, blénidos, góbidos e ofídidos entroutros. *abrindo muito as galadas, /*

rebullen, xa médeo mortos, / limas, lorchas e barbadas // Chirran na fesga os lorchos, / as limas e sapeñas // os lorchos y-as barbadas, vai... je tapa!...

- *maragotas* [30, 16; 57, 56] ('*Labrus bergylta*', peixe da familia dos lábridos. *maragotas, besugos, rodaballos...* // *peixan âs maragotas, cabras, pintos...*).

- *merluzas* [30, 200] ('*Merluccius merluccius*', no estándar *pescada*, peixe teleósteo, *merluzas, fanecas, xardas*).

- *muxo* [30, 4; 56, 46]; *muxos* [30; 562; 58, 40] ('*Chelon labrosus*', peixe teleósteo. O estándar admite a variante, mais fai prevalecer a forma *muxe*. Alén diso o poeta fala dun *muxo poteiro* [56, 46]. *fura e choupa, sonámbulo, algún muxo...* // *brincan os muxos na tona / das ondas verdes e mansas, // chama ao muxo poteiro // os muxos, aboiados*).

- *parrochas* [48, 4] ('Sardiña nova e pequena nas rías altas, xouba nas rías baixas'. *non tén siquera parrochas...*).

- *pintos* [57, 56] ('*Labrus bergylta*', peixe acantopterixio teleósteo, variedade encarnada da maragota. *peixan âs maragotas, cabras, pintos...*).

- *rebalizas* [30, 199]; *reballo* [53; 46] ('*Dicentrarchus labrax*', no estándar *robalizas* e *roballo*, peixes da familia dos serránidos, a primeira femia e o segundo macho. *rebalizas e besugos, // qu-é no mar un rebalo, e na terra un labrego*).

- *rodaballos* [30; 16] ('*Psetta maxima*', peixe teleósteo. *maragotas, besugos, rodaballos...*).

- *salmonete* [30; 974] ('*Mullus surmuletus*'. *de sardiñas, de congro e salmonete!...*).

- *sanmartís* [72, 59] (No estándar *sanmartiños* '*Zeus faber*', peixe teleósteo. *e, as xardas e sanmartís / ben se penduran n-as liñas!*).

- *sapeñas* [57, 61] ('Descoñecemos esta especie, así como outra denominación para este peixe', *Chirran na fesga os lorchos, / as limas e sapeñas*).

- *sardiña* [30, 471; 42, 23; *passim*]; *sardiñas* [4; 117; 16, 63; *passim*] ('*Sardina pilchardus*'. Tamén sabemos como se cociñan; asadas ou *rebenidas* [16, 66; 42, 60;

passim], no estándar *Sardiñas revenidas*, ‘Asadas con cabeza e cunha lixeira capa de sal’.
E os arumes sinxelos / das sardiñas asadas con cachelos, [16, 62-63]; *je todo LAXE arrecende / coas rebenidas no fogo!* [42, 59-60]; *jao par das rebenidas que se asan nos fogares!...* [55, 14]).

- *sollas* [57, 78] (‘*Platichthys flesus*’, peixe mariño malacopterixio da familia dos pleuronéctidos. *as sollas e os linguados*, // *non corren: ¡vân voiados!...*).

- *xarda* [30, 471; 46, 27; *passim*]; *xardas* [30, 200; 30, 836; *passim*] (‘*Scomber scombrus*’, peixe mariño da familia dos escómbridos. *merluzas, fanecas, xardas // xarabales e saltidos / de xouba, sardiña e xarda*, // *câl saltido de xardas pol-a costa... // cô bô lance de xarda e de sardiña // os bramos e tinturas de xardas e sardiñas // no mar é unha gaiola pra engaiolar â xarda // pra engaiolar n-as redes as xardas e as sardiñas... // díslle âs bardas / de sardiñas / e de xardas // e, as xardas e sanmartís*).

- *xouba* [30, 471] (‘Sardiña nova e pequena nas rías baixas, parrocha nas rías altas’. *xarabales e saltidos / de xouba, sardiña e xarda*).

- *xurelo* [48, 24]; *xurelos* [30, 1381] (‘*Trachurus trachurus*’, peixe teleósteo. *Non saben os rapaces que vân asar xurelos // mais non salta unha sardiña / nin un xurelo se amotra*).

b) Cetáceos

- *arroaces* [48, 27] (‘*Tursiops truncatus*’, mamífero cetáceo da familia dos delfínidos, que para Fernández Rei [2003: 330] debería ter a entrada no VOLG como *arroás*, pois considera *arroaz* castelanismo. —¿*Serán as feras arroaces / que ao peixe asustan na costa...?*. Obsérvese que para o noso poeta ten o xénero feminino).

- *cachalotes* [49, 8] (‘*Physetter macrocephalus*’, mamífero cetáceo da familia dos fisitéridos).

c) Pínidos

● *lobo de mar* [c17, título] (Tan só aparece nos poemas en castelán e nun uso figurado para nomear a un experto e vello mariñeiro).

d) Réptiles

Nos poemas non aparece a *tartaruga*.

e) Moluscos

e.1) Partes (tamén dos crustáceos)

● *anacre* [99, 13; 99, 27]; *anacres* [71, 2]; *anacrexadas* [57, 18]; *nacre* [84, 34] e *nacres* [30, 1365; 57, 37] (No estándar *nácara*, ‘substancia dura e branca con escintileos iridiscetes que forma a capa interior dalgunhas cunchas de moluscos’. As *sireas*, *con nacres e corales*, / *en prémeo a tâl querer*, / *un túmulo fixeron no Mar Noso* // *de anacrexadas mallas / e cunchas de côr cêste* // *c-ô teu manto de anacres, jôuh, sirea!* // *e, pr-âs lanchas, é câl berce / de nacre e prumas de ciño!...* // *Como peneiras de anacre* // *a él, as cunchas de anacre*. Aparece aínda noutro verso sen relación co mar).

● *cunchas* [57, 19; 71, 19; *passim*]; *cunchos* [57, 35] (‘Cuberta exterior dos moluscos’, nos textos adoita aparecer como símbolo dos peregrinos, mais tamén nas embarcacións, *Enxoiadas de cunchas e de algazos / as dornas da Soidá e a Venturanza*).

● *raxada* [79, 11; 71, 19; *passim*] (‘Cada un dos brazos ou tentáculos dos cefálopos’. No noso poeta sempre do polbo. *Cfr. infra pulpo*).

● *raxos* [30, 26; 58, 6; *passim*] (Denominación máis común e popular do que a anterior para nomear ‘Cada un dos brazos ou tentáculos dos cefálopos’. No noso poeta sempre do polbo. *Cfr. infra pulpo*).

e.2) Especies de moluscos

● *argonautas* [42, 13] (Esta palabra ten tres acepcións: 1. Heroes gregos que, segundo a mitoloxía, foron na nave de Argos á conquista do vélaro de ouro, entre eles estaban Heracles e Orfeo. 2. Molusco cefálopo (*Argonauta sp.*) da orde dos octópodos, de corpo

comprimido e con oito tentáculos, peláxico e que nada pola superficie da auga. 3. Denominación do cabaliño de mar nalgúns lugares. Calquera delas é posible neste verso, aínda que semella máis acaída a acepción mitolóxica, *navegan, como argonautas*).

- *berberechos* [51, 26; 57, 69; *passim*] (*‘Cardium edule’*, molusco lamelibranquio da familia dos cárdidos).

- *bigarros* [2, 39; 42, 36; *passim*] (*‘Littorina littorea’*, na actual normativa *bígaro*, molusco gasterópodo mariño. Caramecha, caramela, caramuxa, caramuxo ou mincha. Na enorme base de datos do TILG tan só aparece esta palabra no noso poeta).

- *boguina* [62, 4; 62, 10] (No estándar *buguina*, *‘Buccinum undatum’*, molusco gasterópodo con cuncha en espiral e de forma cónica. No poeta o molusco aparece sempre utilizado para escoitar, *Xamáis poden saber se fói o sopro / do forte noroés ou a chuvisca / causenante do laio misterioso / que ceibóu a boguina // apreixéi a boguina / e levéina, tremante, ao meu ouvido. Cfr. infra* o castelanismo *caracolas*. Tamén *Cfr. supra* *boguinas*, ‘aparello acústico mecánico’).

- *calamares* [30, 982] (Castelanismo, por *lura*, *‘Loligo vulgaris’*, molusco alongado da clase dos cefálopos).

- *caparuchos* [57, 36] (Non localizamos esta denominación, puidera tratarse dunha denominación xenérica para algún molusco gasterópodo con cuncha. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—).

- *caracola* [62, cita; 100, 13]; *caracola mariña* [100, 5]; *caracolas* [42, 35; 54, 1] (Castelanismos por *buguina*, que tamén usa o noso poeta na forma *boguina*. *Cfr. supra*. *porque a vos das caracolas, / dos bigarros e os estrombos, // Bigarros e volutas, estrombos, caracolas, / deixaron as mareas, cantando barcarolas, // Na caracola mariña / resoa sempre a marea, // Oxe brúa a caracola*. Tamén aparece noutro contexto sen relación co mar).

- *caramuxas* [51, 25; 58, 23] (‘Molusco gasterópodo mariño comestible. Bígaro, Caramecha, caramela, caramuxo ou mincha. Nunha ocasión sinala unha característica: *caramuxas e lapas, xa se moven, / as casiñas ao lombo carrexando, / semellantes âs chouzas do Cebreiro, / de circular tellado*).
- *cornos* [51, 24]; *corniños* [57, 34] (‘*Buccinum undatum*’, molusco gasterópodo mariño da familia dos bucínidos. // —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—).
- *corozas* [57, 36] (Non localizamos esta denominación, puidera tratarse dunha denominación xenérica para algún molusco gasterópodo con cuncha. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—).
- *crocós* [57, 71] (No estándar *croque*, ‘Denominación dialectal dos berberechos’, *Asustadol-os crocos. Cfr. supra berberecho*).
- *cunchos* [57, 35] (Non localizamos esta denominación, puidera tratarse dunha denominación xenérica para algún molusco gasterópodo con cuncha. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—).
- *estrombos* [42, 36; 54, 1] (‘*Strombus galeatus* ou *gigas*’, tamén denominado caracol mariño, molusco gasterópodo dunha única cuncha. *porque a vos das caracolas, / dos bigarros e os estrombos, // Bigarros e volutas, estrombos, caracolas, / deixaron as mareas, cantando barcarolas*).
- *fóllades* [57, 35] (No actual estándar *folada* ou *foládido*, ‘*Pholas dactylus*’, molusco eulamelibranquio de dúas valvas. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—).
- *lampros* [51, 24] (No actual estándar *lámparo*, ‘*Patella vulgata*’, molusco gasterópodo da familia dos patélidos).

- *lapa* [79, 5]; *lapas* [58, 23] (*Patella courulea*, molusco gasterópodo da familia dos patélidos. Sinala características: *caramuxas e lapas, xa se moven, / as casiñas ao lombo carrexando, / semellantes ás chouzas do Cebreiro, / de circular tellado // Apegado n-as pedras como a lapa*).
- *longueiróns* [51, 26; 57, 73] (*Ensis ensis*, molusco gasterópodo lamelibranquio bivalvo).
- *margaridas* [57, 34] (*Paphia aure*, molusco gasterópodo mariño. Porén, só anotamos a denominación *margarida* en catalán, nunca en galego, onde equivalería a *chirla*, aínda que o estándar substitúe este termo por *ameixa pequena*. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—. Noutros contextos refírese á planta ou á súa flor).
- *mariscos* [30, 982; 51, 51; *passim*]; *marisquía* [51, 14].
- *mexillón* [57, 26]; *mexillóns* [51, 25]; *mixillóns* [57, 69; 58, 21] (*Mytilus edulis*, molusco lamelibranquio. Nunha ocasión indícanos unha característica: *Os mixillóns xa se abren, coa frescura*).
- *ostra* [57, 26] (*Ostrea edulis*, molusco lamelibranquio bivalvo).
- *peneiras* [57, 34; 99, 13] (*Haliotis tuberculata*, molusco gasterópodo dunha única valva. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*— // *Como peneiras de anacre*. No resto refírese á *peneira* ‘instrumento circular para separar a fariña do farelo’).
- *pieites* [57, 35] ((Non localizamos esta denominación, puidera tratarse dunha denominación xenérica para algún molusco gasterópodo con cuncha. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—. Noutros contextos refírese ao instrumento para desenlear o cabelo).

- *pulpo* [30, 26; 58, 3; *passim*] (Castelanismo por *polbo*, ‘*Cetopus vulgaris*’, molusco sen cuncha da familia dos cefalópodos. No primeiro verso citado fai referencia a unha das súas partes: *coma os raxos d-un pulpo que se estrica*. No segundo tamén á súa cor e ao seu tamaño: *coma un iñorme pulpo verdenoso / estricando / —solermo e calmareiro— / os longos raxos*, ademais da ampla descrición que ocupa todo o poema **O pulpo** [79] do que salientamos dous versos sobre a forma: *e xunto do pescozo, curto e fraco, / uito raxos q-esténde como un mapa*, e dous sobre o seu comportamento: *que, non tendo provistas, e capace / de comer dos seus raxos, fríamente...*).

- *vieira* [57, 26]; *vieiras* [50, 12; 94, 13] (‘*Pecten maximus*’, molusco lamelibranquio da familia dos pectínidos de valvas desiguais. Aparecen en moitos outros contextos como símbolo dos peregrinos a Santiago de Compostela).

- *volutas* [54, 1] (No actual estándar *volútidás*, ‘Molusco gasterópodo pectinibranquio de cuncha ovoidal e fusiforme).

f) Crustáceos

- *cangrexo* [57, 25] (‘*Carinus moenas*’, crustáceo decápodo branquiúro).

- *cangrexo* [57, 24] (‘*Maja squinado*’, crustáceo mariño decápodo branquiúro).

- *langosta* [c30, 39] (‘*Palinurus vulgaris*’, crustáceo macruro decápodo. Tan só aparece nos poemas casteláns, polo que descoñecemos que forma utilizaría o noso poeta, no actual estándar figura *lagosta*).

- *lobrigante* [57, 25] (‘*Homarus gammarus*’, crustáceo decápodo).

- *nécora* [57, 25] (‘*Liocarcinus puber*’, crustáceo decápodo).

- *patelas* [57, 35] (‘*Polybius henslowi*’, crustáceo mariño decápodo, tamén chamado patexo. —*margaridas, peneiras e corniños; / patelas, pieites, fóllades e cunchos, / caparuchos, corozas*—. Non confundir con *patelas* ‘Cestas planas e cos bordos baixos para o peixe’. *Cfr. supra*).

● *percebes* [47, 1; 51, 10; *passim*] (*Pollycipes cornucopiae*’, crustáceos cirrípedes torácicos. Con referencias ao método de pesca, á presentación, ao sabor e á forma: *Apañaba percebes n-unha fesga, // as piñas de percebes // Os xugosos percebes, / os mariscos unllados*).

g) Equinodermos e celentéreos

● *corales* [30, 1365] (*Corallium rubrum*’, celentéreo que vive en colonias, cos seus individuos unidos entre si por un polípero calcario e ramificado de cor rosada. *As sireas, con nacres e corales, / en prémeo a tál querer, / un túmulo fixeron no Mar Noso*. Aparece tamén noutros contextos relacionados coa música e non co mar).

● *ourizo* [58, 48]; *ourizos* [51, 22; 57, 70] (*Paracentrotus lividus*’, equinodermo mariño da clase dos equinoideos con cuncha chea de espiñas).

● *tallantes* [51, 39] (*Asterios rubens*’, equinodermo mariño con forma de estrela, estrelamar, estrela do mar, gradicela, tallanta⁶⁶⁰. *Tallantes, / afiadas / —nas fortes mans de pescos apreixadas*).

h) Aves mariñas ou relacionadas co mar

● *anduriña* [46, 14; 99, 37]; *anduriñas* [55, 12; 74, 1; *passim*] (*Sterna sandwicenssi*’. Aparece en moitos contextos onde non se pode precisar, mais noutros con clara relación co mar: —*¡como cando no mar cai a anduriña!*—).

● *aros* [30, 12; 58, 51; *passim*] (Aínda que non localizamos esta denominación debe estar a referirse aos *araos* ‘*Uriae aalge*’, ave palmípeda mariña da familia dos álcidos, pois aparece nun verso con outros nomes de aves: *piras, aros, gaivotas e pardelas // coas gaivotas, cós aros e pardelas // aros, piras, petreles nin mascatos...*).

⁶⁶⁰ Fernández Rei [2003b: 307] sinala «Tallante ou tixeira, que en moitos portos se denomina co castelanismo ‘estrella (de mar)’ ».

- *avesío* [66, 17]; *avesíos* [57, 91] (Denominación colectiva das aves, que non figura nos dicionarios, *dediante do avesío: Gaivotas e pardelas, // (o mascato) o rei dos avesíos*).
- *bandada* [69, 59] (Neste único verso: *je a ría animóuse coa rexa bandada / das humáns gaivotas!*).
- *bandadas* [30, 467; 30, 1053; *passim*] (Nos versos: *bandadas de pardelas e gaivotas // vãn tras das gaivotas que, en longas bandadas // Bandadas de gaivotas, locíndose galanas // ollando unha bandada de gaivotas // como bandadas mestas de pombas e anduriñas // en longas bandadas / as brancas gaivotas // Hai bandadas de corvos e miñatos*).
- *bando* [31, 87] (Neste único verso: *câl bando de anduriñas voadoras*).
- *bandos* [74, 1] (Neste único verso: *Os bandos d'anduriñas que s'axuntan...*).
- *ciño* [84, 34]; *cisne* [20, 6; 20, 14]; *cisnes* [30, 480; 32, 32] ('*Cygnus olor*', ave palmípede de gran tamaño, *e, pr-âs lanchas, é câl berce / de nacre e prumas de ciño!....* Nalgúns versos compara a Eduardo Pondal cun cisne, ave moi presente na súa lírica).
- *corlucos* [59, 28] ('*Calidris alpina*', no estándar *pilro curlibico*, ave acuática, con moita presenza nas lagoas, de pescozo e o rabo curtos e as patas e o bico longos. *Na praia —lúa mingoante / que se deitou no camiño—, / furan as azas do vento / os laios dos corlucos*).
- *cormoráns* [77, 18; 109, 17] ('Corvos mariños').
- *corvos* [44, 37; 83, 61] (Aparece en moitos versos, como ave de terra sen relación co mar, mais nestes versos semella que fala dos 'corvos mariños': *Grallas e corvos mouran nos seus seos, (das furnas) // e os grañidos dos corvos e gaivotas*).
- *corvoransos* [116, 15] (Esta palabra non está documentada no TILG, aparece no verso: *Tan soio os corvoransos e gaivotas*, e tamén semella falar dos 'corvos mariños').

- *estornillo* [59, 4] (No actual estándar *estorniño*, ‘*Sturnus vulgaris*’, paxaro cantor da familia dos estúrnidos, chirlomirlo. Non é ave mariña especificamente, mais nos versos do noso poeta aparece en contexto mariñeiro).
- *gaivota* [65, 24]; *gaivotas* [4, 117; 30, 12; *passim*] (‘*Larus ridibundus*’).
- *grallas* [44, 37] (‘*Corvus frugileus*’, ave da familia dos córvidos. *Grallas e corvos mouran nos seus seos*, (das furnas). Único contexto no que se relaciona co mar).
- *mascato* [48, 13; 52, 6; *passim*]; *mascatos* [30, 474; 46, 23; *passim*] (‘*Sula bassana*’, ave mariña da orde dos pelacaniformes).
- *mazaricos* [27, 4] (‘*Numenius phaeopus*’, aves limícolas. Son máis ben de terra, mais neste verso achégase ao mar: *e, pol-as praias desertas, / salaian os mazaricos*⁶⁶¹).
- *miñatos* [57, 94] (‘Denominación aplicada a varias especies de aves de rapina diúrnas’. Non é unha ave mariña, mais neste contexto compárase co mascato, —*cal destemido, tráxico miñato*—, / *o maxestal mascato*. Aparece tamén noutros versos sen relación co mar).
- *pañas* [83, 62] (‘Nome común de diversas aves procelariformes da familia das hidrobátidas. Son pequenas aves oceánicas’, *mestúranse c-os laios das pañas!*...).
- *pandorcas* [116, 13] (Descoñecemos a denominación desta ave. *Non se vían pandorcas nin pardelas, / aros, piras, petreles nin mascatos*...).
- *pardelas* [4, 118; 30, 12; *passim*] (‘*Procellaria diomedea*’, ave mariña do tamaño da gaivota).
- *parrulos* [59, 11] (‘*Anas platyrhynchos*’, ave palmípede da familia dos anátidos. Malia ser ave de lagoas e ríos neste contexto relaciónase co mar, *car-ô mar, vai, amodiño, / unha ringla de parrulos*. Tamén noutros versos sen relación directa co mar).

⁶⁶¹ Fernández Rei [2003b: 303] sinala «Ave moi apreciada polos mariñeiros que na ría traballaban de día ó cladeo da reba, porque ó tirarse ó mar a súa presenza era claro sinal de que alí había sardiña ou outro peixe», xa se documenta en En Manuel Antonio.

- *petreles* [116, 14] (‘Ave palmípede, moi voladora, común en todos os mares, onde se pode ver a enormes distancias da terra, nadando nas xerfas das ondas, para coller os ovos de peixes, moluscos e crustáceos, cos que se alimenta. De prumaxe parda, vive en bandadas e aniña nas rochas das costas desertas’. *Non se vían pandorcas nin pardelas, / aros, piras, petreles nin mascatos...*).
- *píllaras mariñas* [57, 88] (Nome común a varias especies de aves zancudas da familia dos carádridos. Neste caso, con probabilidade, píllara cincenta ‘*Pluvialis squatarola*’).
- *piras* [30, 12; 58, 52; *passim*] (Aínda que non localizamos esta denominación debe estar a referirse aos *araos piros* ‘*Plautus alle*’, arao máis pequeno que o común, pois aparece en versos xunto a outros nomes de aves: *piras, aros, gaivotas e pardelas // coas piras e mascatos // aros, piras, petreles nin mascatos...*).
- *pombas do mar* [30, 466] (Único contexto no que a pomba se relaciona co mar).

12. FLORA

- *algasos* [64, 34]; *algazos* [13, 16; 30, 7; *passim*] (Tan só nunha ocasión non correixe o seseo explosivo desta palabra no libro, que si aparece con seseo en moitas das versións dos poemas aparecidas nas publicacións periódicas, tal e como sinalamos nas correspondentes notas de edición, pois sempre aparece *algazos*, incluso no título do poema **Algazos** [64] e neste poema tamén *algazos* [64, 4; 64, 13; *passim*]).
- *barda* [61, 10; 64, 4; *passim*] (‘Especie de estrume formado polo algazo, que se utilizaba para aboar terreos agrícolas’, *enclavándolle o enciño, ¡coma un home!, / â barda, se, no atraco, / o mar non se amostraba en ardentías // vãn os algazos, na barda // Caínzas, seiróns e paxes, / xa carrexaron a barda*. Porén, noutro contexto semella ter outro significado que descoñecemos *bardas* [70, 104], *díslle âs bardas / de sardiñas / e de xardas /—mestas, mestas como as herbas dos herbales*).

- *bochos* [57, 50] (*Fucus serratus*’, alga mariña que medra nas penas. *Pol-as pedras limosas e arneiradas, / vênse pilóns e medas d-escorreadas / de trapos e de bochos*).
- *escorreadas* [51, 23; 57, 50; *passim*] (En ocasións os algazos reciben esta denominación. *os outros, escorreadas ou algazos; // Pol-as pedras limosas e arneiradas, / vênse pilóns e medas d-escorreadas // Con olgas i-escorreadas*).
- *limaxe* [57, 50] (No estándar *limo*, ‘Vexetación verdosa que se mestura coa lama nos fondos acuáticos’, *ou, súpeto, escorrendo no limaxe / que ceiban os algazos*).
- *olgas* [45, 8; 66, 17; *passim*] (En ocasións os algazos reciben estoutra denominación).

13. FRASEOLOXÍA MARIÑEIRA

Neste apartado en troques da orde alfabética optamos por sinalar as expresións mariñeiras pola orde de aparición nos textos.

- *pol-o mar abaixo* [19, 12; 58, 62].
- *hai peixe como area* [30, 494; 46, 8] (‘Abastanza, fartura’).
- «*¡Raina!.. ¡Ei, raina!*» [30, 487]; *¡Ei, raina!*» [30, 497]; *¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...* [46, 11; 46, 21; *passim*] (Berros de ánimo mariñeiros cando halan as redes. *Cfr. supra rainas* ‘parte da arte da traíña’).
- *fros con fros e man a man* [30, 523] (Expresión para sinalar o traballo en común dos mariñeiros: *sempre xuntos traballaron nas traíñas, / fros con fros e man a man*).
- *Era unha groria o mar na tarde veranega* [30, 523] (Expresión para sinalar a calma).
- *de proa a popa* [30, 1325] (‘En toda a súa extensión’, *pra escoltar, ao longal, de proa a popa*).
- *a cachear* [30, 1325] (‘Saír na procura dalgo ou dalgunha cousa’, *aparecéuse Rosa, baixo o hábito da morte, / a un vello pesco que ía a costa a cachear... // —câl si lles dera a onda—, / sin cachear deixaran / por total-a redonda*).

- —*¡O mar levóuno!...* [45, 31] (Expresión para sinalar o afogamento dunha persoa).
- *sin chisca de vento* [47, 14] (‘Sen vento ningún’).
- «*¡Dar fondo!*», «*¡Desata drisa!*», «*Arría*» [49, 13] (Voces de manobras, *âs voces de: «¡Dar fondo!», «¡Desata drisa!», «Arría» // soltáremolle a driza âs brancas velas*).
- *lobos do Norte* [53, 30] (Expresión para nomear a tres arriscados mariñeiros: un alemán, un bretón e un irlandés).
- *Rodamar... ¡rodamar!...* [53, 59] (Expresión para dicir ‘andar ao mar’, *O demáis, xa o sabedes: Rodamar... ¡rodamar!... / alonxado da terra onde quenta o meu lar*).
- *os muxos, aboiados*, [58, 40] (‘Que frotan na superficie’).
- «*¡Avante!*», «*¡Larga!*», «*¡Cía!*» [66, 16] [69, 43-46] (Expresións de ánimo para avanzar na navegación e para botar as artes de pesca, *ceibando fortes verbas: «¡Avante!», «¡Larga!», «¡Cía!»*. Cfr. *supra*).
- «*¡Ao mar! ... timóns, remos e velas*» [66, 18] (Expresións de ánimo para avanzar na navegación, *que, a berros, «¡Ao mar! —chaman—, timóns, remos e velas»*).
- —*¡Bota lancha abaixo!...* / —*¡Bota lancha, agora!...* / —*¡Bota!, ¡ao mar!, ¡váí lancha!...* / —*¡Ooo!... ¡guipá!... ¡Ei, bota!...* [69, 43-46] (Diferentes expresións de ánimo para botar unha embarcación ao mar).
- —*¡Ao mar, mariñeiros!: / ¡¡Hai peixe na costa!!*... [69, 75-76] (Expresións de ánimo para a faena da pesca).
- *¡Gouga!, ¡gouga!* [70, 110] (Expresións de ánimo para avanzar na navegación, —*¡Gouga!, ¡gouga!, ¡queridiñas!: / ¡Imos dereito a Fisterra!...*).
- *a toda vela* [106, 20] (Malia ser unha expresión de orixe mariñeira, ‘Navegar con todo o velame despregado’, aquí aparece no sentido figurado de ‘A toda présa’, *Xa se durmío meu home, / a toda vela, no berce*).

- *rompendo a sete mares* [109, 36]; *Houbera mar de fondo a sete mares* [116, 1] (‘Con moita violencia ou forza’).

14. ONOMÁSTICA MARIÑEIRA

a) antropónimos e santoral

- *Antón do Penedo* [47, 16] (Alcume dun mariñeiro de Laxe. Polos datos que temos a maioría non son creacións poéticas, senón persoas que existiron).
- «*Barca*» (*da*) [93, 41]; «*Virxiña da Barca*» [30, 997] (Patroa de Muxía. Na segunda fin de semana de setembro celébrase unha romaxe con moita devoción entre os mariñeiros ao redor do santuario e das pedras que hai na punta do mesmo nome).
- «*Che*» [53, 1; 53, 19] (Alcume do dono dunha taberna mariñeira de Laxe).
- *Chuco de Carracedo* [47, 2] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).
- *Chuco da Dorna* [53, 28; 53, 70] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).
- *François da Revolta* [53, 22; 53, 66] (Alcume ficional dun mariñeiro bretón).
- *Froira Carril* [45, 35] (Nome dunha muller de Laxe).
- *Fuco de Traba* [30, 1296] (Alcume dun mariñeiro de Laxe).
- *Laureano Carril* («*O Roxo*») [52, 1] (Padriño do noso poeta, *fóí capitán do «Xulio», na Costa de Briganza*).
- *Manoel da Coruxa* [47, 27] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).
- *Maripepa* [45, 35] (Hipocorístico do nome da nai do poeta, María Josefa García Moreira).
- «*Mesías*» [45, 29] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe. *e nas pedras das casas de «Mesías» / e de «Xorxe», agochado*).
- «*Nugallas*» [58, 61] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).

- *O'Connell* [93, 38] (Daniel O'Connell, lider católico nacionalista irlandés. Chegou ao parlamento en 1828, defendeu a aprobación dun decreto de emancipación católica, grazas ao que un limitado número de católicos consegue o dereito ao voto, polo que se lle alcumou 'O Libertador'. Tamén loitou arreo para revogar a Acta da Unión, mais nada puido facer fronte a oposición dos Unionistas irlandeses protestantes e de case todos os partidos británicos. *Na terra dos galegos na propia terra estades, / mariños compatrianos de O'Connell e Parnell*).
- «*O Serbelo*» [67, 3]; «*Serbelo*» [67, 33; 67, 49, *passim*]; «*Servelo*» [67, 79] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe. A forma con **v** ten que ser unha gralla de imprenta).
- *Otto Brétema* [53, 21; 53, 65] (Alcume ficional dun mariñeiro alemán).
- *Parnell* [93, 38] (Outro lider nacionalista irlandés. Charles Stewart Parnell lidera el Partido Autnómico (Home Rule Party) en 1877, tamén organizou partidas armadas no campo, malia ser un terratenente irlandés protestante. O citado O'Connell primeiro, e Parnell despois, obtiveron a emancipación dos católicos e unha nova lei agraria que transforma Irlanda nun país de pequenos terratenentes. Porén, entre 1845 e 1848 un parasito destrúe a colleita de patacas, provocando a morte de máis de 700.000 irlandeses e a emigración duns 800.000 a América. *Na terra dos galegos na propia terra estades, / mariños compatrianos de O'Connell e Parnell*).
- *Pepe Orballo* [30, 1299] (Alcume dun mariñeiro de Laxe).
- «*Perrancho*» [67, 62] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).
- «*Recaréi*» [77, 73] (O apelido pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor).
- *Romaní* (de Santos), *Pose* (Taracido e Souto) e *a de Doña Leonela / Domenech* [42, 47-52] (Alcumes, nomes ou apelidos de armadores ou propietarios de trañas de Laxe. «Cando se produciu a decadencia dos Altamira, esta casa [Casa do Arco (Laxe)], xunto coa

fortaleza de Vimianzo pasan a mans da familia dos Martelo e por último ós Domenech, familia catalana que instalou en Laxe unha fábrica de salgadura e que adquiriu grande protagonismo na vila». Cfr. Fernández Carrera [1998: 99]. *Ao par do xeito, as traíñas / fixeron de peixe acopio: / A de Romaní (de Santos), / Pose (Taracido e Souto), / e a de Doña Leonela / Domenech, ¡corazón de ouro!, / que lle regala sardiñas / sen distincións, ao povo).*

- *Rudyard Kipling* [93, 18] (Bombay, 1865 – Londres, 1936. Escritor británico nado na India, premio Nobel de Literatura en 1907. Lembrado por ser autor de contos infantís e polos seus relatos e poemas sobre os soldados británicos na India e a defensa do imperialismo occidental. A súa obra máis coñecida é a colección de relatos *The Jungle Book* (1894), traducida en galego como *O libro da selva*. *¡Os probes afogados non teñen quen lles rece, / pois súas nais morreron!: ¡Nadia lles prega ren!... / Quezáis en ningún libro o laureirado bardo, / —o gran Rudyard Kipling, o anglo-bombayés—, / non se lembre nunca d-éles, no San Medardo, / coma lembra as gorias do podeirío inglés).*

- *San Medardo* [93, 19] (San Medardo de Noyon (457? – 545 ou 560?). Orixinario de Asne (Francia), foi consagrado bispo de San Quintín, con sé en Noyon, onde realizou o seu labor pastoral. Mártir, desde foi declarado santo, é invocado polos campesiños para obteren bo tempo. Dise que se chove no seu día, 8 de xuño, chove durante os corenta días seguintes. *Cfr. supra Rudyard Kipling).*

- *San Patricio* [70, 21; 93, 41] (Patrón católico da República de Irlanda, festexado o 17 de marzo, data da súa morte. Nomeado bispo de Irlanda contra o ano 432 foi quen de ser o seu evanxelizador, malia ser un territorio fragmentado en numerosas tribos. É abondo coñecida a lenda de que fixo fuxir todas as serpes. *Da terra de San Patricio / —da reberte irmán Irlanda—, / sopras, Noroeste, ledicio // Da “BARCA” na romaxe —coma no San Patricio).*

- *San Vito* [59, 24] (Un dos mártires das persecucións de Diocleciano (s. III d. C.), foi un dos santos máis populares da Idade Media, incluído no restrinxido grupo dos catorce santos

auxiliares, cuxa intercesión era considerada eficaz para enfermidades. Durante moito tempo foi invocado contra o chamado ‘baile de San Vito’, doenza nerviosa. Os afectados eran acusados, na Idade Media, de estaren posuídos e eran queimados. Festexado o 15 de xuño, o seu símbolo é a palma. Porén, non ten relación con Laxe, o poeta identifica o mal de San Vito co movemento oscilatorio: *Côs imbornaes chorosos / pol-o que chove e chovío, / no ancoiral as lanchas bailan / o malfadado San Vito...*

- *Santa María* [30, 905]; *San Roque* [30, 1154]; *San Roque e Santa María* [28, 7] (Patróns da vila mariñeira de Laxe, que se festexan o 15 e o 16 de agosto).
- “*Ventina*” [77, 63] (O nome hipocorístico pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor).
- *Virxe do Carme* [60; 26; 100, 41] (Patroa dos mariñeiros. Adoita celebrarse o 16 de xullo, porén en moitas localidades varía a data para unha maior repercusión. En Laxe celébrase o 17 de agosto, cunha procesión marítima pola ría, presidida por unha das tradicións máis populares, “O Simulacro do Naufraxio”, creada en 1962 por iniciativa do mariñeiro Avelino Lema Santos que se inspirou nunha festa de San Juan do Perú).
- *William Ceibe* [53, 21; 53, 65] (Alcume ficional dun mariñeiro irlandés).
- *Xan de Antelo* [47, 24] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).
- *Xan Ferreira* [30, 1296] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe⁶⁶²).
- *Xaquín da Rabuña* [30, 1039] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe).
- «*Xorxe*» [45, 30] (Alcume doutro mariñeiro de Laxe. *e nas pedras das casas de «Mesías» / e de «Xorxe», agochado*).

b) mitoloxía

⁶⁶² Fronte á praia de Arou (Camariñas) existen uns baixos denominados Xan Ferreiro, onde teñen naufragado varias embarcacións, como o vapor francés Nil. Talvez sexan a inspiración para este alcume.

- *Anglo* [93, 45] (Personaxe mítico que fundaría Inglaterra. O poema refírese aos mariñeiros ingleses do Serpent afogados nas costas próximas ao cabo Vilán (Camariñas). *Durmidre, fillos d'Anglo: Ficades c-ôs galegos*. De feito, unha estrofa máis adiante sinala: *Na Costa Brava dormen os fillos d-Inglaterra*).
- *atráns* [22, 11]; *atrantes* [71, 24] (No estándar *Atlantes*. Poboadores da Atlántida (tamén chamada Atlantis debido ao mitolóxico rei Atlante), país mítico que xa se nomea en textos do filósofo grego Platón. Porén, a maioría dos historiadores opinan que nunca tería existido, malia inspirar numerosas obras literarias e cinematográficas. *como cando os ATRÁNS, os pais dos NERIOS // dos peiraos da terra dos atrantes*. Cfr. *infra* *Atrán* ou *mar Atrán*, 'Océano Atlántico').
- *Breogán* [30, 1126; 71, 32] (Mítico patriarca fundador da nación galega ao que se lle atribúe a fundación de Brigantium (A Coruña ou Betanzos), o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —*¡de Breogán a insinia!—, // que veu dende o Himalaia hastra Fisterra / o Elíseo buscando, en sôn de guerra / pra impoñerlle a Breogán óurea coroa*. Tamén noutros contextos sen relación directa co mar).
- *Canouro* [40, 37]; *canouros* [44, 20; 44, 83] ('Ser sobrenatural maligno'. *¡Eu sónvolo Canouro devourante / dos lares fisterráns, / que, â ves que lles rebato as súas vidas, / tamén lles dou o pan! // ¡feroces luitas antre o mar e a terra, / dos oubeantes canouros e das ondas! // enonde as vagas, ao romper nas rías, / nos pentagramas brandan côs canouros*).
- *Compañas de pescos e mariños* [44, 32] ('Procesión de ánimas, estadea, rolda').
- *deusa do mar da Costa Brava* [57, 131] (*dende o Sul hastr-ô Norte: / ¡Salve, deusa do mar da Costa Brava!...*).
- *deusas dos mares* [30, 882] (Citadas no longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30]).
- *deusa mariñeira* [57, 15] (*a deusa mariñeira / que mora en Bergantiños pé de Xallas*).

- *Dona do Mar* [30, 432] (Nome que as Seis Bruxas lle dan a Rosa, a moza protagonista do longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30]).
- *druída do mar* [41, 49] (Noutros contextos fai referencia a un ‘sacerdote dos antigos celtas’, mais neste caso refírese a un faro. *Bô druída do mar, abesullante, / qu-erguestel-a segur encol das rocas*).
- *Eldourado* [30, 1359] ou *Eldourados* [30, 60; 30, 483] (‘Terra imaxinaria, chea de riquezas, que se supoñía que existía na América do Sur’, *Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares // ¡tesouros de Potosíes / i-Eldourados de Briganza!...*).
- *Elíseo* [71, 31] (No estándar *Elisio*, ‘Lugar de paz e tranquilidade que, na mitoloxía clásica, estaba destinado ás persoas virtuosas despois da morte’, *que veu dende o Himalaia hastra Fisterra / o Elíseo buscando, en sôn de guerra*).
- *Mar dos Silenzosos* [93, 40; 94, 76] (Mar onírico, representa o Máis Alá da morte).
- *Neréu* [30, 1322] (Na mitoloxía grega era probablemente o deus das ondas do mar. Ponto, o gran mar, era seu pai. Vivía no mar Exeo e tivo cincuenta fillas, as nereidas, ninfas do mar, que o entreteñan cos seus cantos e as súas danzas. Nereo e Proteo (‘Primeiro’) semellan ser manifestacións dos deuses do mar anteriores á suplantación por parte de Poseidón, cando Zeus derrocou a Cronos. Nereo profetizou a Paris os males que o rapto de Helena traería á súa patria e a Heracles axudouno a procurar as mazás de ouro. Era representado como un ancián con bastón e na compañía das nereidas, ás veces cunha cola de peixe serpentino en lugar de pernas. Virxilio engadiríalle o tridente, identificándose así co deus Neptuno, representación máis tardía do mar. *despertando nos pazos as sireas / dos eidos de Neréu*).
- «*País dos Silenzosos*» [43, 2] (Denominación que os pobos prerromanos e os romanos usarían para o que hoxe se denomina Costa da Morte, talvez polo solpor).

- *Potosíes* [30, 60; 30, 482] (Potosí, ‘Localidade mineira do Perú, fundada en 1545, que chegou a ser a cidade máis grande do mundo por volta de 1625. A maioría da prata que España expoliou en América foi extraída de Potosí co traballo escravo dos aborixes na minaría. En español creouse o dito “*vale un Potosí*” que significa ‘vale unha fortuna’. Na altura, o Perú era unha terra mítica, chea de riquezas’, *Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares // ¡tesouros de Potosíes / ¡Eldourados de Briganza!...*).

- *Santo Mar d-Alem* [93, 32] (Mar onírico, representa o Máis Alá da morte).

- *urcos* [41, 51] (No estándar *orcos*, ‘Nas lendas populares europeas, mostro malvado, xigantesco e devorador de homes e nenos. *Bô druída do mar, abesullante, / qu-erguestel-a segur encol das rocas / pra escorrental-os urcos asesños*. Refírese aos perigos do mar).

c) nomes de embarcacións

- «*Alquimán*» [30, 1124] (Dado que vai en maiúscula e entre aspas puidera pensarse no nome dunha das embarcacións que transportaba emigrantes cara á Arxentina desde a cidade coruñesa, mais o feito de termos *alquimán* [36, 75] fai dubidar diso. Os versos din: *era un rexo paquete, un barudo alquimán / no que eu ía a Bôs Aires sobre o lombo do Atrán // cando o «Alquimán» sarpaba da Capital Galega. Cfr. supra alquimán [36, 75]*).

- “*City Agra*” [116, 5] (‘Agra’ é unha cidade da India, na que se atopa o mausoleo do Taj Mahal, naquela altura aínda era colonia inglesa. Aparece xa no título do poema **O afogado do “City Agra”**, e polos versos sabemos que se trata do nome dun barco trasatlántico inglés que embarrancou nos baixos de Camelle, cando o pai do autor era carabineiro. A historia do naufraxio dun barco chamado *City of Agra* é verídica⁶⁶³, polo que tamén debe

⁶⁶³ O 3 de febreiro de 1897 produciuse no baixo Canesudo ou Negro, á entrada da enseada de Arou (Camariñas), o naufraxio do barco inglés *City of Agra*, cando navegaba con carga xeral desde os portos de Glasgow e Liverpool con destino a Calcuta (India) para mercar elefantes, tigres, rinocerontes, serpes e outros animais para os zoos londinenses. Da tripulación (capitán e 71 tripulantes ingleses e indios malabares) faleceron 29 persoas. Moitos mariñeiros da localidade próxima de Camelle recibiron da corona inglesa unha medalla coa inscrición «For Gallantry and Humanity. 3 february 1897» polo heroico salvamento de moitos dos náufragos. A compañía de Salvamentos fixo doazón da campá do barco á igrexa do Espírito Santo de

ser certo que o poeta debeu acompañar a seu pai na procura do cadáver dun afogado deste barco).

- «*Galeguista*» [65, 9] (Nome dun veleiro, con certeza ficional, *O meu branco veleiro* “GALEGUISTA”).
- «*Ireland*» [53, 9] (Nome dun bergantín, que non sofre ningunha adaptación).
- «*Lar*» [53, 9; 53, 26] (Nome doutro bergantín).
- «*Mar do Sol*» [36, 56] (Refírese a un barco que leva o nome do coñecido mar onde pescan moitos mariñeiros galegos, *ao arribar de «Saravia», «Mar do Sol», e outras canelas...*).
- «*Roibel*» [30, 1266; 30, 1326] (Nome dun trasatlántico que levaba emigrantes galegos á Arxentina).
- «*Saudal*» [36, 44] (Nome dunha dorna ficional. Pode ser a mesma embarcación que se poetiza en **Dorna saudal** [39]).
- «*Saravia*» [36, 56; 94, 30] (Refírese a un barco que leva o nome do coñecido fenómeno da atmosfera, *ao arribar de «Saravia», «Mar do Sol», e outras canelas... // Cantil humán, moisénico, que choras / ollando o desfilar de miles proras / que, sin acougo, van, / na outura de SARAVIDA, / con rumbo ô vento Soán. Cfr. supra saravia*).
- “*Serpent*” [93, *passim*] (Aparece xa no título do poema **Responso galego ô “Serpent”**, e polos versos sabemos que se trata do nome dun barco-escola inglés que naufragou fronte á praia de Trece (Camariñas). De feito, en *Galicia* aparece debaixo dunha fotografía co seguinte pé: «Antigo e novo CIMITERIO DOS INGRESSES no lugar da Costa Brava

Camelle e nela figura a inscrición «City of Agra». Cfr. Baña Heim [1980: 31-56], “3º recorrido. Camelle — Santa Marina”. E, recentemente, Campos Calvo-Sotelo [2002: 392-408], “El «City of Agra»: A la búsqueda de animales salvajes para el zoo de Londres”, que data o naufraxio un día antes, o 2 de febreiro de 1897, corrige a cifra de vítimas, 33 mortos (9 europeos e 24 indios), sinala outra inscrición nas medallas «For Gallantry and Humanity. Regina Britannicum» e fala dunha semana de naufraxios en Arou e Camelle, pois uns días despois ían ao fondo o noruegués Standard e o inglés Daylight. Curiosamente, nesta altura, xa

chamado “Boi de Camariñas”. No fondo, á dereita, óllase a praia chamada c-ô agoirento nome de “AREA 13”. No mentado cimiterio fican enterrados 400 e pico de gardas-mariños e mariñeiros do Barco-Escola “Serpent”, da armada inglesa, afogados todos n-unha terríbel noite d-inverno. Alí ficóu a fror e gala dos futuros lobos de mar. Triste destiño dos humáns e da soberba dos grandes...»⁶⁶⁴).

- *Soidá* [71, 20] (Nome dunha dorna. *Enxoiadas de cunchas e de algazos / as dornas da Soidá e a Venturanza*).
- *Venturanza* [71, 20] (Nome dunha dorna. *Enxoiadas de cunchas e de algazos / as dornas da Soidá e a Venturanza*).
- «*Victoria*» [36, 7; 36, 73; *passim*] (Nome dunha das embarcacións que facía o transporte de mercadorías e viaxeiros desde Laxe á cidade coruñesa, *mais non fói no pequeno, no valente «Victoria», / que, da vila de Laxe, conducírame á gloria*).
- «*Xulio*» [52, 2] (Nome dunha embarcación na que foi capitán o padriño do noso poeta, Laureano Carril, *fói capitán do «Xulio», na Costa de Briganza. Cfr. supra*).

d) topónimos

funcionaba o novo faro de Cabo Vilán, que substituíu o vello aínda en funcionamento cando o naufraxio do *Serpent*.

⁶⁶⁴ O 10 de novembro de 1890 produciuse na Punta Boi de Camariñas, á dereita da Praia do Trece, en Cabo Tosto, o naufraxio do H.M.S. *Serpent*, embarcación da Mariña Real inglesa que facía a ruta de Plymouth a Serra Leoa. Tan só tres tripulantes puideron salvar a vida ao seren lanzados polo mar cara á Praia do Trece, onde permaneceron entalados de frío até que á mañá seguinte foron avistados por un labrego da zona. O mar devolveu en días sucesivos todos os cadáveres dos outros 172 tripulantes, entre cadetes e oficiais, que foron soterrados nun lugar próximo da costa de Xaviña (Camariñas), por non seren a maioría católicos senón protestantes. Desde aquela o lugar segue a chamarse “Cemiterio dos Ingleses”. A poboación de Camariñas comportouse de maneira exemplar e a Mariña Británica, en agradecemento, envioulles un barómetro para o concello, un reloxo de ouro para o alcalde e unha escopeta para o crego, afeccionado á caza, coa inscrición: “Commissioners of the British Admiralty”. Como memoria do *Serpent* tamén se conserva o seu mascarón de proa, “O Barbudo”. Durante os anos posteriores, o Almirantazgo inglés ordenaba lanzar unha coroa de flores diante do Boi a un barco da Armada enviado especialmente para iso e até a década dos 50 cada vez que calquera barco da Armada británica pasaba pola zona disparaba salvas de homenaxe e a tripulación achegábase a poñer flores nas tumbas. *Cfr.* Baña Heim [1980: 57-78], “4º recorrido. Santa Marina — Boi”. E tamén Campos Calvo-Sotelo [2002: 243-329], “El «Serpent»: El cementerio del fin del mundo”. Esta última, moi documentada, sinala que non se trataba dun barco-escola, nin a súa dotación eran garda-mariñas, nin morreron 400 persoas como sinalaban as primeiras informacións na prensa da época. Ademais, invalida totalmente outra versión sobexo fantasiosa e de nula veracidade (*Cfr.* Allegue Martínez, Ramón (1996). *Mar tenebroso*. Santa Comba) que culpa do afundimento aos ‘raqueiros’ galegos, que actuarían en complicidade cos británicos, para facerse co valioso cargamento do buque.

- *A Basa* [10, 14] (A Vasa. Enseada e punta do mesmo nome, moi próxima da entrada da vila de Camariñas e lugar de paso obrigado para a entrada. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *Camiño de Camariñas / —cando miña nai finara—, / ben me lembro cäl zoábades, / ao pasar por xunto «A Basa»...*).
- *A Insua* [30, 989; 30, 1068; *passim*] (Punta da costa na ría de Laxe, tamén denominada *Punta Laxe*. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *camiño da Insua vái Rosa do Vento / despedil-o barco que leva a Gundar. // agardaba na Insua, // Eisí foron pasando: Sisargas, o Roncudo, / a Insua (Punta Laxe)... // ¡A “Insua”, queda tembrando!...*).
- “*Agra de Abaixo*” [116, 5] (Hortas de Laxe, que non puidemos localizar, nas que apareceu un afogado. *Cfr. supra* “*City Agra*” no poema **O afogado do “City Agra”**).
- *Albión* [93, 22] (Trátase da denominación máis antiga da Gran Bretaña, pois Alouion era o nome que lle deran Plinio o Vello ou Ptolomeo. Adoita usarse para facer referencia a Inglaterra ou ao Reino Unido. Tamén, xa desde o século XVIII, se adoita utilizar a expresión “pérfida Albión” para referirse en termos hostís ao Reino Unido).
- *Amérecá* [74, 62; 74, 68]; *América* [5, 47; 10, 27; *passim*] e *Américas* [22, 10].
- «*Arca grande*» [30, 72] (‘Primitiva construción monumental pétreá de carácter funerario e do período megalítico’, neste caso á beira da vila costeira de Laxe, *Ao pé da «Arca grande», e sobre a pedra dura, / a filla ben querida dos ártabros, laxesa, / espéllase n-as ondas tranquías, coor turquesa*).
- As “*Galgas*” [77, 40] (Lugar da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *janqu’a xente soilo sofre / cando romp’o mar n’as “Galgas”!...* Tamén nunha carta ao seu curmán de Laxe, o fotógrafo José Vidal García (5

de setembro de 1935) remata dicindo: “Alá vai miña aperta” para tí, con verdadeiro anhelado de poder un día ir a fondear en “Las Galgas” a “miña chalana”...).

- «*Âs Laxes*» [30, 72] (O poeta debe referirse á *Laxe do Boi* e *A Insua* ou *Punta Laxe*, pois son os únicos accidentes xeográficos con ese nome nas proximidades da vila de Laxe. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *Nin agora, que me alonxo, deica «Âs Laxes», non salistes*).

- *as mariñas* [4, 69; 4, 85; *passim*] (No primeiro verso di: *n-as praias e cóidos das mariñas / da terra de Briganza*. Malia aparecer en minúscula refírese á comarca betanceira ou brigantina, As Mariñas. Os avós paternos eran orixinarios desta comarca. Cfr. **Sarandóns** [14]).

- *Ara-Lucis* [41, 1] (Latinismo, expresión poética para nomear os faros, no poema aplícase a *Touriñán, Fisterra, Ortegal, Vilán e Corrubedo*).

- *Area 13* [94, 16] (Refírese á actual *Praia de Trece* (Camariñas), xusto detrás do cabo Trece, moi perto do cabo e do faro Vilán).

- *Artabro* [66, 6]; *Ártabro mar* [93, 55] (Cfr. *infra Mar dos Artabrorums*).

- «*Artabrorum Portus*» [30, 219] (que o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Nome cô que desñaban a Laxe os románs, según o historiador grego Strabón»).

- *Atrán* [36, 76; 70, 39; *passim*]; *Atrante* [20, 27; 41, 2; *passim*]; *atrántica* [30, 276; 41, 12]; *atránticas* [53, 16]; *atrántico* [52, 6] (Referencias diversas ao Océano Atlántico. *como cando os ATRÁNS, os pais dos NERIOS // por mor da cobiza atrántica, // no que eu ía a Bôs Aires sobre o lombo do Atrán, // dos meus eidos atráns!... // Na procisión atrántica das naves // —atrántico mascato con voio de arelanza— // as soidades atránticas que latexan n-as naos // pol-a atrán inmensidá // encúmialle ao Atrán a lus qu-encerra // dos peiraos da terra dos atrantes. Cfr. infra mar Atrán. Cfr. supra atráns [22, 11]; atrantes [71, 24], ‘seres míticos’).*

- “*Avería*” [77, 5] (Baixo da costa na ría de Laxe, a media distancia entre esta vila e a de Corme. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *e marexada tan forte / ¡que xa rompe n’ “Avería!” ...*).
- *baixos de Camelle* [72, 20; 116, 5] (Na costa de Camelle, concello de Camariñas).
- *baixos do Roncudo* [53, 41] (Na costa de Corme, concello da Ponteceso).
- *Balarés* [99, 54] (Cfr. *infra Valarés*).
- *Baleeira* [31, 75] (Cfr. Vidal Pérez [2006: 13], *Balieira*: «Este topónimo, localizado na parroquia de Laxe e lindante co mar, contacta co cetáceo mariño que visitaba estas zonas noutras épocas históricas. Esta paraxe, que no litoral marítimo se denomina Enseada Balieira, podía moi ben ser un lugar frecuentado por estes cetáceos, aspecto evidente xa que non hai moito tempo avistábanse por estas latitudes nos meses de inverno», *E ollando aos negros barcos traspondo a Baleeira*).
- *Bergantiños* [57, 15] (‘Comarca coruñesa formada polos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso’, *a deusa mariñeira / que mora en Bergantiños pé de Xallas*. Aparece en moitos outros contextos sen relación co mar. Cfr. *supra bergantiños* ‘embarcación’).
- *Boi de Camariñas* [93, 2]; *Boi camariñés* [93, 24] (Lugar de afundimento do buque-escola inglés «Serpent». A cartografía mariña sinala os baixos de Laxe do Boi, fronte á Punta do Boi, próximos ao Cabo Trece (Camariñas). Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *Dende que foi a pique, con nuite borraxenta, / no BOI de CAMARIÑAS, o Barco-Escola inglés, ... // riscáronse nas pedras do BOI camariñés...*).
- *Bôs Aires* [36, 76; 53, 14; *passim*] (Cidade portuaria, capital da Arxentina, *no que eu ía a Bôs Aires sobre o lombo do Atrán, // e, por bôs velanteiros, non hai que non conoza / dende*

Hamburgo a Bôs Aires, riva Pedro Mendoza // —pol-os bares e tabernas, / dende Bôs Aires a Laxe—, / sempre me fala d-eternas / traxedias de salvataxe, / maresías e galernas. Aparece en moitas outras ocasións sen relación directa co mar).

- *Brántuas* [102, 69] (San Xulián de Brántuas (ou Brantoas), parroquia próxima a Corme (Ponteceso). *Teño tarreos en Brántuas / e pinales teño en Carnio, / teño casa en Camariñas / i-en Laxe teño un balandro*).

- *Briganza* [30, 46; 30, 149; *passim*] (*Brigantium* era o nome que recibía a zona das Mariñas betanceiras. Por extensión, o noso poeta refírese ás costas galegas).

- *Cabana* [40, 44] (Cabana de Bergantiños, concello costeiro limítrofe con Laxe. Aparece tamén noutros poemas sen ter relación co mar).

- *cabo de Cháns* [77, 21] (Na cartografía mariña aparece como Punta e Baixo de Chans, situado entre a vila de Corme (Ponteceso) e a coñecida Punta do Roncudo. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz).

- *cabo Nerio* [30, 1162] (*Promontorium Nerium* era o nome que recibía o cabo de Fisterra na época romana. O propio poeta explica nunha Nota do Autor: «O cabo de Fisterra, nomeado eisí pol-o mesmo home de letras» [Fala de Estrabón, xa nomeado]).

- *cabo Vilán* [30, 1054] (Cabo da costa do concello de Camariñas, onde se atopa un dos faros máis coñecidos da Costa da Morte, inaugurado o 15 de xaneiro de 1896, o primeiro da península ibérica en ser dotado de luz eléctrica, que substituíu unha vella construción de 1854 que funcionaba con aceite. «Se ha afirmado repetidamente que el nuevo faro se construyó como consecuencia del hundimiento del *Serpent* y la fecha de su inauguración, seis años después del naufragio, parece confirmarlo. Sin embargo, la crónica del 20 de noviembre de 1890 de la revista de la Marina inglesa *The Naval and Military Record*, escrita diez días después de la pérdida del barco, describe la pobreza de la luz del faro

antiguo, y añade que se estaba erigiendo junto al faro viejo una elevada torre dotada de lámparas eléctricas». Cfr. Campos Calvo-Sotelo [2002: 244] e tamén o poema **Responso galego ô “Serpent” [93]**. Cfr. *faro Vilán*).

- *cabos* (Hai dous versos nos que pluraliza o nome dos cabos, así temos *Touriñáns* [41, 28]; *Fisterras* [41, 28]; *Ortegales* [41, 29]; *Viláns* [41, 28] e *Currubedos* [41, 28]. Nomes de cinco importantes cabos galegos: Fisterra, Touriñán (Muxía) e Vilán (Camariñas), todos tres na Costa da Morte, Corrubedo (Ribeira) e Ortegal (Cariño). Respectamos os nomes que lles dá o noso poeta).

- *Camariñas* [10, 11; 30, 1159; *passim*] (Vila e concello mariñeiro coruñés da Costa da Morte, da que era natural a nai do poeta María Josefa García Moreira).

- *Canaáns* [30, 1140] (Canaán, antiga denominación dunha parte de Oriente Próximo, entre a rexión costeira mediterránea e as zonas limítrofes do interior. Posúe, desde o neolítico, unha longa historia de asentamentos, como Xericó, Ugarit, Xerusalén, Tiro, Sidón, Biblos, Damasco ou Gaza. Habitada por diversos pobos, como os cananeos, hicsos, amorreos, fenicios, arameos, hebreos e os seus descendentes, os xudeus. Hoxe a zona divídese entre os estados de Israel, Líbano, Siria e Xordania. *e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos, / buscando noutras terras os Canaáns confusos...*).

- *Cantábreca mar* [83, 32] ou *Cantábrico* [36, 3].

- *Carnio* [102, 70] (Lugar da parroquia de San Miguel de Treos (Vimianzo). De feito, Na “Terceira carta ao editor Manuel Roel Longueira (14 de xuño de 1953)” (Cfr. [e7]) fai referencia a estas terras: «Co-as aicións que teño, e cós intreses —de non se poider dar cõ diñeiro—, cáseque se chegará a cancelar o débeto, e, se eisé non fora, véndense as terras de San Miguel de Treos (Carnío, de Vimianzo), e as de Brántoas (Malpica)». *Teño tarreos en Brántuas / e pinales teño en Carnio, / teño casa en Camariñas / i-en Laxe teño un balandro*).

- *Carreiro (O)* [116, 37]; “*Carreiros*” [77, 6] (Baixo da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *Desd’e “Cruciña” aos “Carreiros”, / ferv’o mar cal catarata, / e chegan grandes salseiros / hastra mollar os aleiros // Antre o Carreiro e a posta devandita*).
- “*Caxestal*” [77, 12] (Cantil da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *N’o “Caxestal” e n’o “Paso”, / as ondas torcen de ruta*. Aparece tamén no poema **Invocación “O Caxestal”** [94], que se publica precedido dunha fotografía sen asinar, aínda que ben puidera ser do fotógrafo Vidal de Laxe, co pé de foto «‘O CAXESTAL’—Inxente cantil de PUNTA LAXE». Cfr. *infra* *Facho do Caxestal*).
- *Celtinérea* [92; 14] e *Celtineria* [22; 8; 70; 26] (Topónimo baseado na presenza dun pobo prerromano, os *nerios*, que habitaba a zona do *Promontorium Nerium*, hoxe Fisterra. Por extensión, o noso poeta tamén o aplica a Galiza).
- *Corme* [30, 1037; 51, 11; *passim*] (Vila mariñeira coruñesa do concello da Ponteceso, con enorme rivalidade coa vila natal do poeta, pois está xusto en fronte na mesma ría).
- *Corrubedo* [30, 1324]; *Currubedos* [41, 29] (Cabo e faro no lugar do mesmo nome na costa do concello coruñés de Ribeira. Na súa enseada consérvase un magnífico complexo dunar, un dos lugares nos que se sitúa a mítica cidade asolagada de Valverde, que o noso poeta sitúa na lagoa de Traba. Aparece en plural nos versos: *Laxe soña Fisterras, coma outrora, // —Tourriñáns e Fisterras, / Ortegales, Viláns e Currubedos—*).
- *Costa Brava* [27, 1; 92, 7; *passim*] (Denominación bastante usada, sobre todo na literatura, para o que hoxe se denomina Costa da Morte. *Brúa o mar na Costa Brava // ¡Salve, deusa do mar da Costa Brava!... // brúa, brúa!, ¡brúa!, / pol-a Costa Brava!... // â rexa Costa Brava*

facía tremecer, // Na Costa Brava dormen os fillos d-Inlaterra, // Pol-as pedras da riveira / da Costa Brava, descalzo // De pedra da Costa Brava).

- *Costa da Arantiña* [97, 1; 97, 53] (Lugar no concello de Vimianzo. *Na Costa da Arantiña, sete vellas,...*).
- *Costa da Morte* [40, 11; 53, 33; *passim*]; *Costa d'a Morte* [77, 2] (Incluso aparece no título do soneto **A Costa da Morte** [43]. «Se temos en conta, que o nome desta costa fai referencia á cantidade de catástrofes mariñas aquí producidas pola perigosidade dos seus cantís, sobre todo, nas puntas máis sobresalientes e os abundantes temporais, podemos delimitala entre as Illas Sisargas e o Cabo Fisterra». *Cfr.* Fernández Carrera [1998: 16]. O mesmo autor [1998: 12-15] no apartado “Orixe do nome” documenta as diferentes hipóteses sobre a creación do topónimo).
- *Costa de Laxe* [60, 38]; *Costa do laxés* [70, 6; 93, 8]; *Costa Laxeirana* [10, 6].
- *Costa de Briganza* [39, 2; 52, 2] (*Cfr. supra Briganza*).
- *costa do Atrante* [20, 27] (Refírese ao mar Atlántico).
- “*Costado de Terra*” [77, 25] (Lugar da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *baix’a rompenete, qu’aterra, / e non paran séus desmáns / hastr’o “Costado de Terra!”...*).
- “*Cruciña*” [77, 6] (Baixo da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *Desd’e “Cruciña” aos “Carreiros”, / ferv’o mar cal catarata, / e chegan grandes salseiros / hastra mollar os aleiros*).
- *Dique 3* [30, 1216] (Unha das zonas de Puerto Madero (Bos Aires), así denominado en honor ao seu arquitecto, o arxentino Eduardo Madero, que foi construído a finais do século XIX, a imaxe do porto de Londres, con dúas dársenas separadas por catro diques. O Dique

3 é, a día de hoxe, un lugar interesante, pois alí se atopan o Buque Museo Fragata Sarmiento, declarada Monumento Histórico Nacional, a denominada ‘ponte da muller’ e algúns dos edificios máis altos da cidade).

- *Himalaia* [71, 30] (‘Gran sistema montañoso de Asia meridional que separa China e a India’, *que veu dende o Himalaia hastra Fisterra / o Elíseo buscando, en sôn de guerra*).

- *Facho de Fisterra!...* [54, 12] («No cume deste promontorio hai unha torre ou como se di fanal, que na súa lingua é Farola e está feita para prender lume no alto dela. Está aquí porque, de tódalas nacións que navegan polo Océano, veñan de setentrión ou de poñente, de levante ou de mediodía, todos pasan a coñecer este cabo ou promontorio e moitas veces desembarcan a terra...» (D. Laffi. (1673). *Viaggio in Ponente*. Bologna)». Cfr. Lema Suárez e Vilar Álvarez [2001: 72], ao analizaren o nome do monte Facho (241 m.), o lugar máis alto do cabo Fisterra, traducen o texto de Domenico Laffi).

- *fachos do cabo Vilán* [30, 1054] (Refírese ás luces do faro).

- *Facho do Caxestal* [94, 1] (*Facho do CAXESTAL, / baruda e petrinforme catedral / que as ondas fono erguendo c-ôis seus brazos*. Do poema **Invocación “O Caxestal”** [94], que se publica precedido dunha fotografía sen asinar, aínda que ben puidera ser do fotógrafo Vidal, co pé de foto «‘O CAXESTAL’—Inxente cantil de PUNTA LAXE». Cfr. *supra Caxestal*).

- *facho Néreo* [43, 5] (Refírese ao faro de Fisterra, na denominación antiga que lle deron os romanos *Promontorium Nerium*).

- “*Fanequeira*” [77, 25] (Baixo da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *Rómtese, n’a “Fanequeira”, / unha “vaga” tan enorme*. Adoitan chamarse fanequeiras ás pedras asolagadas onde hai peixe, nomeadamente fanecas).

- *faro Vilán* [30, 1149] (Faro da costa do concello de Camariñas. *Cfr. cabo Vilán*).
- *faros de Fisterra / e do Vilán* [93, 51-52].
- *faros do Vilán e do Fisterra* [30, 1375].
- *Filipinas* [30, 1116] (País asiático, antiga colonia española e destino de moitos emigrantes no século XIX e ata 1898, ano da perda de Filipinas como colonia. *i-en negros trasatrantes imigraran / pra Habana e Filipinas...*).
- *Fisterra* [22, 4; 30, 1151; *passim*] (Vila mariñeira coruñesa. Moitas veces nomea o cabo ou o faro que alí está. Tamén aparece en plural nestes versos: *pra cumprir os destiños / dos Fillos das Fisterras!... // Laxe soña Fisterras, coma outrora, // —Tourriñáns e Fisterras, / Ortogales, Viláns e Currubedos—*).
- “*Frexufre*” [77, 37] (Punta da costa na ría de Laxe. *xúntas’escuma en “Frexufre” / e, por “Vesugueira”, salgas*).
- «*Garás*» [30, 1097; 36, 6; *passim*] (Rúa ao pé do porto e da baía coruñesa, que deu nome a un antigo barrio da cidade, absorvido pola ampliación do porto. Nesa rúa é onde estaba a botica, antes de se trasladar a Santiago de Compostela, do pai de Manuel Martínez Murguía (Froxel, Oseiro, Arteixo, 1833 – A Coruña, 1923). Por volta de 1733 acometeuse a construción da muralla e da calzada de Garás que vai permitir a evolución do porto cara a esa zona. E na segunda metade do século XIX, para facilitar as tarefas de carga e descarga dos buques, a “Junta de Obras del Puerto” ordenou a construción de novos peiraos denominados Batería, Garás, Santa Lucía, etc. Aparece nun mapa de Barón y Yáñez (1879) e noutros diversos de anos posteriores).
- *Habana* [30, 1116] (Capital de Cuba, antiga colonia española e destino de moitos emigrantes. A independencia en 1898 supuxo un notable descenso no número de emigrantes, que nunha elevada porcentaxe, cambiou o seu destino cara á Arxentina, porén non se interrompiu e mantívose con bo ritmo, tanto é así que por volta de 1907 os españois

en Cuba eran un 43% máis dos que había en 1899. *i-en negros trasatrantos imigraran / pra Habana e Filipinas...*).

- *Hamburgo* [53, 14] (En alemán *Hamburg*, é a segunda cidade de Alemaña despois de Berlín. Hoxe aínda ostenta o título de cidade libre e hanseática, pois formou parte da Hansa, unha asociación de cidades que monopolizaban o comercio no mar do Norte e no Báltico desde a Idade Media. Situada ás orlas do río Elba, que é navegable ata a súa desembocadura no mar do Norte, o que fixo da cidade un porto importante, que hoxe é o segundo con máis tránsito da Unión Europea, despois de Rotterdam).

- *Inlaterra* [93; 49]; *Ingraterra* [71; 34].

- *Irlanda* [22, 9; 70, 22; *passim*].

- *lago Tiberiades* [66, 8]; *Tiberiades* [102, 9] (Lago de Tiberíades ou Mar de Tiberíades. Tamén denominado Lago de Genesaret ou Mar de Galilea. Este lago ou mar, xa mencionado na Biblia, é importante para os cristiáns por creren que Xesús camiñou sobre estas augas e realizou os seus primeiros milagres. *acariñando ás lanchas que ambróu nas tempestades... / je agora está máis calmo que o lago Tiberiades! // Denantes de marcharse ô Tiberiades / —onde fora peixeiro solamente—*. Tamén noutros contextos en relación coa figura de Xesús e sen relación co mar).

- *Laxe* [2, 61; 13, 26; *passim*] (Vila mariñeira coruñesa onde naceu o noso poeta).

- *Malpica* [30, 1037; 116, 43] (Vila e concello mariñeiro coruñés da Costa da Morte, coñecido como Malpica de Bergantiños).

- *Mallorca* [83, 19] (Na illa balear de Mallorca sobrancean as numerosas covas subterráneas, produto da erosión do mar no subsolo, entre elas as máis coñecidas son as de Drac. *Non teñen —cal as covas de Mallorca, / ou as furnas das lëndas ossianidas,—*).

- *mar Atrán* [5, 45; 30, 1452; *passim*]; *Mar Atrante* [41, 2]; *mar d’Atlante* [75, 2; 75, 6; *passim*] (Refírese ao mar Atlántico).

- *mar da Costa Brava* [57, 131] (Denominación bastante usada, sobre todo na literatura, para o que hoxe se denomina Costa da Morte).
- *mar da «Marola»* [30, 1095] (Refírese ao mar que baña a costa da cidade coruñesa).
- *Mar de Galiza* [82, 13].
- *Mar de Laxe* [40, 3; 51, 69].
- *Mar de Fora* [41, 17; 92, 5; *passim*] (Refírese ao mar que baña a Costa da Morte. Non se trata da coñecida praia de Fisterra do mesmo nome).
- *Mar do Norte* [44, 59] (Refírese a un coñecido mar do Océano Atlántico onde pescan moitos mariñeiros galegos, situado ao leste das costas de Noruega e Dinamarca, ao oeste das Illas Británicas e ao norte de Alemaña e os Países Baixos).
- *Mar do Prata* [105, 38] (Coñecido mar interior que baña a Arxentina e localidade do mesmo nome).
- *Mar do Sol* [71, 39] (Ou Gran Sol. Mítico caladoiro de pesca na costa de Irlanda, que se atopa entre os paralelos 48 e 60. A maior parte dos barcos que foron e aínda acoden a pescar son galegos, pola riqueza das súas augas e malia a dureza dos seus temporais. O escritor Xosé María Castroviejo (Santiago de Compostela, 1900 - Tirán, Moaña, 1983) embarcou nun pesqueiro que faenaba nas augas do Gran Sol. Xunto impresionantes fotografías de barcos, homes, galernas e tempestades, desta experiencia trouxo o seu primeiro libro *Mar del Sol, poemas de un diario a bordo*. Barcelona: Patria, 1940, publicado ao rematar a Guerra Civil. *do Noso Mar do Sol as ardentías*).
- *Mar dos Artabrורים* [10, 23]; *mar dos ártabros* [30, 560; 30, 1150; *passim*]; *Artabro* [66, 6]; *Ártabro mar* [93, 55] (Refírese ao mar das costas de Laxe, pois o poema fala de lugares como Soesto ou Traba. Os ártabros eran un pobo prerromano que habitaba un territorio que abrangúa pola costa desde Camariñas ata os cabos de Bares e de Ortegal).
- *Mar Noso* [30, 1367; 42, 38] (Refírese ao mar Atlántico).

- *Mariña* [30, 1110; 36, 13; *passim*] (Refírese á zona da cidade coruñesa desa nome, caracterizada polas súas galerías e que fixo que se coñecese como a Cidade de Cristal).
- *Mariñeda* [36, 6; 36, 24; *passim*] (O propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Nome que lle puxo doña Emilia Pardo Bazán â Cruña»).
- *Morvern* [93, 34] (Península na costa oeste das Highlands “Terras Altas” de Escocia).
- *muelle de Ferro* [36, 93] (Antigo peirao⁶⁶⁵ da cidade coruñesa, cuxa construción era do devandito material. En 1903, data na que emigra o noso poeta, eran contados os portos que reunían adecuadas condicións para que os trasatlánticos atracaran. A prensa da época censuraba a lentísima subida aos vapores duns 2.000 emigrantes “en el muelle de hierro de La Coruña, por una sola escalerilla, entre golpes, insultos y protestas”).
- *Nerio* [71, 38] (*Promontorium Nerium* era o nome que recibía o cabo de Fisterra na época romana. O propio poeta explica nunha Nota do Autor: «O cabo de Fisterra, nomeado eisí pol-o mesmo home de letras» [Fala de Estrabón, xa nomeado]).
- “*Niño d’Aiga*” [77, 29] (Lugar da costa na ría de Laxe, que non podemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. (a rompenste) *é sobr’a “Punta d’a Cota”; / pero, xunt’a “Niño d’Aiga”, / xá non gabea: ¡¡¡rebota!!!...*).
- *Nova Orleáns* [52, 9] (En inglés *New Orleans*, é a maior cidade do estado norteamericano de Luisiana. Posúe o porto con máis tránsito dos Estados Unidos e o cuarto do mundo, grazas á súa localización próxima ao río Mississippi e ao Golto de México. *D-él contan que, unha ves, n-un «bar», en Nova Orleáns, / tivo tráxica luita con outros capitáns*).
- *Novo Mundo* [30, 1166] (Denominación que dan os emigrantes a América, baseada na época dos conquistadores).

⁶⁶⁵ Temos en propiedade un cartón postal que sinala «Muelle de Hierro. Papelería Lombardero, Coruña, sen asinar, circulada, mais falta o selo, datada en 1911».

- O “Paso” [77, 12] (Cantil da costa na ría de Laxe, que tampouco puidemos localizar. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. N’o “Caxestal” e n’o “Paso”, / as ondas torcen de ruta).
- O “Pinchón” [77, 16; 77, 93] (Trátase do monte Pinchón das Gallas ou Pinchóns, de 273 m. de altitude. «Sinala a parte máis alta dunha montaña que acaba en ángulo, ao igual que as casas con cuberta a dúas vertentes». Cfr. Vidal Pérez [2006: 50], no capítulo 2.2. “Os nomes dos montes”. *¡Tembr’o “Pinchón” de granito!... // sobr’o “Pinchón” de granito*).
- «O Relleno» [30, 1097; 36, 85] (Na segunda metade do século XIX o proceso de transformación da cidade coruñesa debido ao crecemento demográfico tende a xuntar os barrios de Santo Tomás e Pescadería coa Cidade Alta. Para iso, prodúcese a demolición das primeiras liñas de murallas do recinto fortificado da Cidade Alta, o “Relleno” dos Xardíns de Méndez Núñez e o derrubamento das murallas de Pescadería. Debe ser este «O Relleno» ao que se está a referir Zapata, aínda que pola época houbo tamén outros recheos en zonas próximas).
- «Orzán» [30, 1097; 30, 1126; *passim*] («É unha pequena enseada situada entre a praia do mesmo nome e a Punta Herminia, na cidade da Coruña», Cfr. López Varela [1998: 902]. Curros Enríquez tamén a nomea nos seus coñecidos versos: “*Mariñeiros da Marola, / de Illas Cíes e do Orzán*” do poema ‘En corso’).
- *Outas e Baixas Rías* [70, 15] (Rías Altas e Rías Baixas da costa galega).
- *Pedras de Besugueira* [61, 1] ou *Vesugueira* [77, 38] («Paraxe dominada pola punta Besugueira, un lugar idóneo para pescar panchos. Actualmente estas fincas están abandonadas ao igual que Balieira e o resto do litoral marítimo, explotado intensivamente ata hai poucos anos». Cfr. Vidal Pérez [2006: 14]).

- «*Pedra da Vela*» [30, 1027; 30, 1109] (Formación rochosa que non identificamos, quer no Monte da Insua, quer no monte Cornaceiras, a carón dos que se sitúa a vila de Laxe. Existe un Alto da Vela nas proximidades do cabo Vilán (Camariñas), no que asenta actualmente un parque eólico. *Coitada mociña!: Na «Pedra da Vela» / —enxugando as bágoas cô branco mandil—, / con toxos resecos fái unha cachela // deica â Pedra da Vela, a facer fume, / na seirán feiticeira, alá se irá...*).
- *Plata* [65, 3] ('Esteiro creado polo ríos Paraná e Uruguai, que fai de fronteira entre a Arxentina e o Uruguai, de moita navegabilidade, no seu litoral atópanse as cidades de Bos Aires, suroeste, e Montevideo, nordeste', *ancoraron no PLATA, no gran río*).
- *Praiales de Galiza* [63, 9].
- *praias e coídos das mariñas* [4, 69]; *das brigantiñas praias* [4, 127]; *praias de Briganza* [112, 35] (Refírese aos areais das Mariñas betanceiras).
- *praias de Soesto, / de Traba e Laxe* [116, 21-22].
- *Preguntoiro* [116, 33] (Punta da costa na ría de Laxe, que tampouco puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. —*Vas vir comigo, deica ao Preguntoiro / que hai un home afogado—*).
- *promontorio de Tiro* [84, 20]; "*Tiro*" [77, 45] (Promontorio na vila de Laxe, no que asenta a igrexa parroquial de Santa María da Atalaia. *Logo, a Igrexa, cima âs pedras / do promontorio de Tiro*).
- «*Punta da Barra*» [20, 24] (Refírese a unha punta así denominada, unha lingua de terra no esteiro do río Anllóns, no concello da Ponteceso, terra natal de Eduardo Pondal. *E na «Punta da Barra», onde brúa a marea*).
- «*Punta d'a Cota*» [77, 28] (Lugar da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta

náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. *é sobr'a "Punta d'a Cota"; / pero, xunt'a "Niño d'Aiga", / xá non gabea: ¡¡¡rebota!!!...*).

- «*Punta Herminia*» [30, 1098; 30, 1125; *passim*] (Saínte da costa coruñesa moi cercano á Torre de Hércules, clasificado como orográfico, por ser unha zona estreita de terra que entra no mar, de menor tamaño que un cabo. Tamén foi tristemente célebre por ser lugar de fusilamento de moitos republicanos na represión franquista).
- *Punta Laxe* [30, 1144] (Punta da costa laxense, tamén denominada *A Insua*).
- «*Rambla de Lema*» [77, 73] (Rampla no peirao de Laxe, descoñecemos porque leva este denominación, ben puidera ser pola proximidade á casa deste apelido).
- *Riazor* [36, 88] (Denominación dunha praia urbana que tamén dá nome a un barrio da cidade da Coruña, situado á beira da enseada e praia do Orzán).
- *Roncudo* [30, 1042; 30, 1143] (Punta da costa de Corme, concello da Ponteceso).
- *Serantes* [40, 1] (Lugar e parroquia do concello de Laxe. *Pol-as veigas de Traba e de Serantes / hastra a terra de Zás, / alóngase o pregón do Mar de Laxe*).
- *Sisargas* [30, 1143] (Conxunto de tres illas na costa do concello de Malpica de Bergantiños, Sisarga Grande, A Malante e Sisarga Chica).
- *Soesto* [10, 4; 116, 21] (Lugar e parroquia do concello de Laxe. *jouh, pinales de Soesto, / de San Simón e de Traba!... / ¡Cómo vos lembro, pinales, / pol-a Costa Laxeirana! // Poucas vesces as praias de Soesto, / de Traba e Laxe, ollaron...*).
- *Terranova* [41, 6] (Nome da coñecida zona onde pescan moitos mariñeiros galegos. *que aos peixeiros que vãn a Terranova*).
- «*Torre de Hércules*» [30, 1126]; *torre d'Hércules* [74, 59]; *Torre Herculinia* [36, 88] (Faro e mítica torre romana no extremo da cidade coruñesa).
- *Traba* [10, 4; 40, 1; *passim*] (Lugar e parroquia do concello de Laxe. *jouh, pinales de Soesto, / de San Simón e de Traba!... / ¡Cómo vos lembro, pinales, / pol-a Costa Laxeirana!*

// *Pol-as veigas de Traba e de Serantes / hastra a terra de Zás, / alóngase o pregón do Mar de Laxe // A celta Valverde, nobre hirmán de Traba // Poucas vesces as praias de Soesto, / de Traba e Laxe, ollaron...* Aparece tamén noutros contextos sen relación co mar).

- *Valarés* [30, 1069; 30, 1168; *passim*] (Nome dunha pequena aldea e dunha praia do concello da Ponteceso, na estrada cara á Corme. No noso poeta sempre aparece ligada ao nome dun personaxe no longo poema narrativo **A crus da Rosa** [30], Gundar de Valarés, nunha ocasión nomeado Gundar de Balarés. *Cfr. supra Balarés*).

- *Valverde* [92, 1; 92, 17] (Lugar e parroquia do concello de Laxe. *A celta Valverde, nobre hirmán de Traba // Pol-a Costa Brava, / —cando esmorecía / de Valverde o prego*).

- “*Vesugueira*” [77, 38] (Punta da costa na ría de Laxe. *xúntas’escuma en “Frexufre” / e, por “Vesugueira”, salgas. Cfr. supra Pedras de Besugueira*).

- *Vilán de Fora* [93, 53] (Pequena illa, situada mar adentro a escasos metros do promontorio do cabo Vilán no que asenta o faro actual, hábitar de alcas, araos, cormoráns, pardelas e outras aves. *Cfr. supra cabo Vilán e faro Vilán*).

- *Vimianzo* [40, 43] (Concello interior limítrofe con Laxe. Aparece tamén noutros poemas sen ter relación co mar).

- *Xallas* [57, 15] (‘Terra de Xallas, comarca coruñesa delimitada pola conca do río Xallas que hoxe abrangue os concellos de Mazaricos e Santa Comba. Hai quen inclúe Carnota que forma parte de Muros-Noia ou Zas das Terras de Soneira e do partido xudicial de Corcubión. *a deusa mariñeira / que mora en Bergantiños pé de Xallas*).

- *Zás* [40, 1; 40, 44] (No estándar *Zas*, concello interior no val de Soneira, limítrofe con Laxe. *Pol-as veigas de Traba e de Serantes / hastra a terra de Zás, / alóngase o pregón do Mar de Laxe*).

e) **xentilicios mariñeiros**

- *bergantiñana* [30, 206] e *bergantiñanas* [30, 409] (Xentilicio feminino).

- *bergantiñano* [30, 206] (Xentilicio masculino, nesta única ocasión e debe ser por razóns de rima a-o: Non se documenta a esperable forma *bergantiñán*).
- *camariñanas* [45, 12] (Única forma documentada para o xentilicio feminino).
- *camariñés* [93, 24] (Única forma documentada para o xentilicio masculino).
- *fisterráns* [50, 12; 108, 11]; *fisterrana* [30, 1159] e *fisterranas* [30, 1323] (Xentilicios femininos).
- *fisterrán* [70, 120] e *fisterráns* [40, 38; 50, 36; *passim*] (Xentilicios masculinos. Obsérvese a neutralización masculino e feminino en *-án*).
- *laxeirana* [10, 6; 30, 194; *passim*]; *laxeiranas* [30, 839] e *laxesa* [68, 2] (Xentilicios femininos).
- *laxeirano* [30, 1378]; *laxeiráns* [30, 557; 68, 14]; *laxeiro* [36, 15; 47, 31]; *laxeiros* [30, 498; 50, 36; *passim*] e *laxés* [30, 1304; 70, 6; *passim*] (Xentilicios masculinos).
- *Malpicáns* [77, 22] (Xentilicio masculino. Non se documenta a forma feminina).
- *xallés* [67, 48] ('Habitante das Terras do Xallas', *E, volta a LAXE, outra ves, / cô peixe que se lle dera, / pra que a muller ll-ô vendera / pol-as terras do xallés. Cfr. supra*).

I.3.3.5.6. Conclusión sobre a lingua de Antón Zapata García

En resumo, tomando como punto de referencia o estado actual da lingua, o rexistro literario de **Antón Zapata García** presenta unha enorme vacilación. Esta variedade de formas, ás veces en textos da mesma etapa e nalgunha ocasión nun mesmo poema, responde ás características lingüísticas da época na que viviu o poeta, na que aínda non existía un estándar consolidado e o polimorfismo era unha constante.

A mesma argumentación pode valernos para xustificar a castelanización, favorecida pola inexistencia dunha norma culta uniforme para a escrita do galego, que carecía ademais

de presenza no ensino, polo que estaba fortemente ameazado pola presión do castelán. Con todo, os castelanismos léxicos e morfosintácticos non teñen nada de estraño e coinciden cos que son habituais noutros escritores do momento. Os propios autores eran conscientes de que tiñan que loitar contra esta pexa e, por esta razón, adoitaban caer no sobexo uso de hipergaleguismos e tamén de arcaísmos.

Por outra parte, é importante salientar que os numerosos vulgarismos e outras características de lingua popular inzan moitos dos poemas. Neste sentido, o poeta pretende recoller con fidelidade a lingua oral, mesmo botando man de todo tipo de contraccións que se dan na fala e que lixan os textos ao estaren representadas na escrita mediante o uso de guións e de apóstrofos, coa dificultade de lectura que nalgúns casos conleva este proceder.

Así pois, nesa perspectiva, a lingua do poeta tamén está inzada de vacilacións vocálicas, con desviacións orixinadas pola asimilación, disimilización, harmonización ou labialización, próteses, epénteses, sín copas, paragoxe e outros fenómenos, ou tamén consonánticas como a metátese, a desaparición, redución ou vocalización de grupos cultos, simplificación de sufixos e terminacións, entroutras.

Finalmente, a presenza de dialectalismos non é excesiva, con ser importante, e practicamente todos os que hai, como os rastros de cheísmo, de seseo ou de gheada; os resultados das terminacións latinas -ANUM, -ANAM, -ANOS, -ANAS; así como as diferentes formas verbais de xinea dialectal; pertencen ao Bloque Occidental: Área Fisterrá, na denominación de Fernández Rei [1985], na que se integra a fala de Laxe, propia da infancia e da primeira mocidade do poeta. Ademais, os fenómenos dialectais máis recorrentes que podemos observar son os mesmos que adoitan aparecer na lingua literaria doutros autores pertencentes ás áreas lingüísticas fisterrá ou bergantiñá, como Enrique Labarta Pose, Eduardo Pondal, Gonzalo López Abente ou Xervasio Paz Lestón. As palabras pertencentes a outras falas dialectais do galego teñen moi pouca presenza, que se

pode considerar anecdótica, malia que a escrita sempre foi terreo aboado e propicio para a escolla de solucións interdialectais. Unicamente o afán de superar os particularismos da súa zona posúe certa incidencia nalgunhas formas verbais.

En definitiva, unha lingua literaria que é un produto resultante da mestizaxe, por unha banda, da fala da súa terra natal bergantiñá, Laxe (e da Costa da Morte, en xeral, pois na ABC de Corcubión xuntábanse persoas de toda a comarca), de onde toma habitualmente temas e palabras de tradición popular, e por outra banda, do paradigma de lingua culta que lle proporcionaban as súas lecturas dos poetas galegos clásicos.

I.3.4. Adscrición xeracional

Unha obra poética escrita e publicada durante case 40 anos dos 67 da vida do poeta, desde 1913, cando se data o soneto **A casa d'o poeta Pondal**, ata 1952, con outro soneto intitulado **Trincado**, non facilita a adscrición xeracional.

Porén, xa Álvaro de las Casas⁶⁶⁶ na súa *Antología de la lírica gallega* (1928) sitúa ao noso poeta no segundo grupo do século XX, despois dos que denomina “novecentistas” (López Abente, Teibo, Eladio Rodríguez), estarían «os galeguistas, que exaltan as virtudes da raza e se ocupan especialmente de cantar a xesta heroica dos antepasados: Cabada Vázquez, Zapata García, Sigüenza». A escasa obra do noso poeta até a data fai un pouco inconsistente esta tentativa de clasificación.

Novamente, Álvaro de las Casas⁶⁶⁷ na súa *Antología de poetas gallegos*, editada en 1939 en Bos Aires sinala cinco apartados: “El ciclo trovadoresco”, “La decadencia”, “Los precursores”, “El renacimiento” e “La poesía nueva”, neste último é onde se integra a obra poética de Zapata. Ora ben, se por volta de 1939 se podía falar de poesía nova para se referir ao noso poeta, é obvio que esta etiqueta non serve na actualidade.

A adscrición xeracional máis recente e tamén máis acaída, favorecida por unha maior perspectiva histórica, é a que ofrece Méndez Ferrín⁶⁶⁸ en 1984, cando sinala: «Vense afirmando que a XN [Xeración Nós] é unha xeración de prosistas. Foino en realidade tan absolutamente? Por outra banda, cometeuse o erro de situar na XN a Noriega e Cabanillas co debezo de dotar ó grupo dun contrapeso poético. Este erro está moi xustificado, pois, como sabemos, os poetas ADS [Antre Dous Séculos], apóus unha etapa solitaria, pasan a

⁶⁶⁶ Cfr. Casas, Álvaro de las (1928). *Antología de la lírica gallega*. Madrid: Biblioteca de Estudios Gallegos. 16-17.

⁶⁶⁷ Cfr. Casas, Álvaro de las (1939). *Antología de poetas gallegos*. Buenos Aires: Sopena Argentina. 166-171.

⁶⁶⁸ Cfr. Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984). *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais. 43 e 46-49.

incorporarse ó traballo xeracional dos que veñen mais tarde. Pero o feito é que a XN ten os seus vates propios: Xohán Vicente Viqueira, Otero Pedrayo, Vitoriano Taibo, Zapata García e Roberto Blanco y Torres». Máis adiante, logo de se deter con máis profundidade na obra poética dos dous primeiros, engade: «Outros poetas da XN [Xeración Nós] son Vitoriano Taibo (1885-1966), Antón Zapata García (1886-1952) e Roberto Blanco Torres (1891-1936)».

Ora ben, na obra poética dos últimos anos, na que o noso poeta reflite como viviu na emigración o dramático e traumático conflito da guerra civil, estaría máis próximo do que o propio Méndez Ferrín denomina *A Xeración de 1936*, pois a súa actitude foi ben coherente (inclusive poñendo a súa palabra poética ao servizo da denuncia do totalitarismo franquista). Porén, deste grupo de autores afastaríao a idade, xa que estes nacen entre 1910 e 1920 e o noso poeta en 1886, máis de vinte anos antes.

I.3.5. (Auto)Poética

Antón Zapata García na súa primeira carta a Xosé Filgueira Valverde (8 de febreiro de 1936) [*Cfr.* III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García], que na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil, envía xunto a unha ampla selección de textos unha (Auto)Poética. Esta tiña que responder a un esquema previo facilitado por Filgueira Valverde e contemplar neste apartado: «O poeta i-a súa obra. Doutrina e técnica. Roteiro da nova poesía. Criterio sobor da poesía galega». A resposta de Zapata é esta:

Poética

Sigo, sempre, os vieiros da máis posibre identificación antre o meu sentir e o módulo eispresivo do verso: éste tèn que someterse a aquél.

Trato —eso, sí— de que os meus traballos literarios teñan duaísmo semellante antre a doutrina e a técnica, ou sexa: decir algo do meu povo, esencialmente, no senso épico, e, máis que ésto, abranguer unha consustantación c-ô poider telúrico, vâl falar: acadar a potencia do influxo panteísta no verso, pra que o lector d-éste, sinta a presenza d-un outo poider céltigo diante da súa pequenés humán, e diga: —... «irmán verme, irmán lobo, irmán pomba»...—, coma dicía o santo d-Asís.-

Os roteiros da chamada «Nova poesía» non deberan ire, ô meu ollar, máis lonxe do que xa foron, pra ben da futura colleita, valla a comparanza: Dos camiños xogorales do sinxel Amado Carballo, porque, persistíndose nos módulos da eisaxeración eispresiva nos versos —se versos pode chamárselles a ringlas de prosa que semellan tubos d-órgao, sin rimo nin rima— brancos, serían millores—, chegaráse ô momento no que os «neo-versos» —algún nome hai que darlles— soio os entenderá quen os zurcío... e, âs veces, nin siquera éso: han sere, no recordo, coma persoas que un crê que tratóu, máis non sabe ónde: ¡tépeda escuridade!...

Penso, por conseguinte, que o que máis convén pr-â euforia da poesía galega, ha consistir que a emoción ben sentida siga vestíndose con «verbas con ánima», e se non faga búsqueda de

figuras «verbo —simbólicas, xa que atoparán— as soperlativamente eisaxeradas, s-entende— o pozo cego onde findará a súa pretensa [arrufada].-

As verbas teñen a i-alma do povo que as fixo e as criou. Logo, pois, todo outro invento, corre o perigo de non sere aceptado.

Por el-o que a nova poesía —penso e digo eu— debera seguir dentro do módulo que eispresa o meu soneto «Regueira sinxela», que non é vello nin mui ultraísta, vól falar: É, diante de todo, mui humán, mui «épico-vougo», ou sexa: algo «pondalián» e «amadocarballeds».

Penso, por conseguinte, que o dêvir da poesía galega tén â súa man destra as cresteirías de seixo ourífero, das que pode, se quer, tel-o máis grande tesouro dos tempos que corren e dos que virán. O galego idioma, tén unha xogoral esencia que non alcontro, por máis que a busque, por ningún outro idioma: Quezáis sexa tal virtú, proviñente da súa recortada vida na aldea, da súa santidá, do seu sentimento tan tenro.

I.3.6. Conclusións xerais. A nosa valoración

A modo de conclusións xerais, podemos afirmar que no plano humano o poeta **Antón Zapata García** (Laxe, 1886- Bos Aires, 1953) caracterizouse por ser unha persoa galeguista e progresista, que abrazou os ideais da esquerda e que combateu decididamente o franquismo. De feito, malia non ser un exiliado senón un emigrado (que chegou moi novo á Arxentina, necendo o ano 1903), integrouse de pleno no traballo asociativo desde sociedades comarcais, nomeadamente da ABC de Corcubión, que logo colaborarían na FSG, a bandeira do antifranquismo. E militou durante varios anos na arredista Sociedade Nazionalista Pondal, antes de ser expulsado da agrupación. Porén, desde a guerra civil o seu compromiso político aínda se fai máis evidente na súa poesía que se volve moito máis civil e combativa. Este feito sitúa o home e a súa obra poética, de xinea autobiográfica na maioría dos textos, na poesía social do exilio galego, malia ser un emigrado dos primeiros anos do século.

Por esta razón, optamos por aceptar o encadramento cronolóxico do noso poeta no que Méndez Ferrín [1984] denomina os poetas da *Xeración Nós*, pois comparte moitas das súas características, aínda que non todas, por razóns obvias. De feito, na obra poética dos últimos anos, na que o noso poeta reflite como viviu na emigración o dramático e traumático conflito da guerra civil, estaría máis próximo do que o propio Méndez Ferrín denomina *A Xeración de 1936*, pois a súa actitude foi ben coherente (inclusive poñendo a súa palabra poética ao servizo da denuncia do totalitarismo franquista). Porén, deste grupo de autores afastaríao a idade, xa que estes nacen entre 1910 e 1920 e o noso poeta fixérao en 1886, máis de vinte anos antes.

A obra poética, que recompilamos na súa totalidade, non é demasiado extensa, conformando un *corpus* importante de 117 poemas en galego (e unha tradución de B. C. Aribau), dos que boa parte figuran na edición do libro *A Roseira da Soidade*, cuxa edición datamos en 1954, malia as diversencias que a historia da literatura galega recolle sobre esta data. Tamén, demos noticia de que principiou a publicar no noso idioma en 1913, dez anos despois de chegar á Arxentina, cando contaba con 27 anos, e deixou de facelo en agosto de 1952, meses antes de morrer en xuño de 1953.

Nos temas destaca o seu autobiografismo, adoitado o *eu poético* é un trasunto do propio poeta que expresa as súas vivencias persoais, así como a *soidade* ou *saudade*, a nostalxia da Terra e os costumes, o mar, o amor e o antifranquismo. Así pois, unha poética da saudade e costumista, unha poética da paisaxe, unha poética do íntimo e unha poética do compromiso, esta última moi próxima á poesía civil de autores como Luís Soane ou Lorenzo Varela.

A súa lingua literaria presenta unha enorme vacilación de formas, ás veces en textos da mesma etapa e nalgunha ocasión nun mesmo poema, que responden ás peculiaridades lingüísticas da época na que viviu o poeta, na que aínda non existía un estándar consolidado e o polimorfismo era constante. Tamén abundan os castelanismos léxicos e morfosintácticos e un uso excesivo de hipergaleguismos, de arcaísmos e de vulgarismos e rexistros de lingua popular, así como algunhas formas dialectais.

Literariamente, foi un brillante versificador, que amosa un perfecto dominio dos diferentes metros tradicionais. Dos 117 poemas en galego ningún foxe do verso ben medido e da rima asonante ou consonante polo se trata dun poeta formalista, rigoroso e moi coidadoso. Ademais, era un magnífico coñecedor dos recursos estilísticos, sobre todo das recorrencias e dos tropos da serie metonímica.

Malia todo isto, e se callar polo feito de nunca publicar un volume que recollese os seus versos, o noso poeta mereceu unha escasa recepción crítica da que damos fe nun apéndice deste traballo. Porén, na nosa opinión, estamos convencidos de que a obra poética de **Antón Zapata García** merece ocupar un lugar de destaque na nosa literatura da emigración e do exilio, que reverdece en América, por debaixo de poetas fundamentais como Luís Seoane ou Lorenzo Varela, pero na mesma altura que autores como Avelino Díaz, José Conde, Alfonso Gayoso Frías, Xervasio Paz Lestón, Emilio Pita, Prieto Marcos, Ramón Rey Baltar ou Xosé Rubia Barcia, todos eles merecedores de estudos en profundidade e de protagonizaren efemérides como o Día das Letras Galegas, data na que se teñen homenaxeado poéticas de moito menor interese e de inferior calidade estética.

.....

II. EDICIÓN

II.1. Criterios de edición

Todos os textos son reproducidos da maneira máis fiel verbo da fonte que os tomamos, sempre citada en nota a rodapé, reducindo ao mínimo as intervencións do editor, que se limitaron a corrixir evidentes grallas de imprenta ou lapsos tipográficos (máis frecuentes na prensa que na composición dun libro) ou ben para anotarmos o resultado do cotexo entre varias versións.

Somos conscientes de que a maioría das edicións adoitan modernizar a puntuación, a acentuación ou a ortografía dos textos, sen alteraren nin o seu sentido nin o seu ritmo, así a todo, nós decidimos non intervir sobre os textos, nin sequera no aspecto gráfico ou tipográfico, optando polo conservadorismo e pola absoluta fidelidade, por entendermos que o noso traballo vai dirixido cara a un ámbito científico que fai innecesaria calquera tentativa de modernización.

Por esta razón consideramos importante a conservación de elementos arcaizantes como o apóstrofo, o trazo ou a acentuación circunflexa, que nos axudan a precisar o estado da lingua na altura de se escribiren os textos e as propias escollas do poeta entre as múltiples posibilidades que a escrita lle ofrecía en determinados momentos. Cada poema leva unha nota a rodapé que inclúe un breve aparato crítico no que sinalamos aspectos de rima e métrica, datos sobre todas as edicións das que temos noticia e algún outro comentario relevante, ademais de matizárense todos os cambios que realizamos ou as diferentes versións existentes sobre un mesmo texto.

Finalmente, na ordenación dos poemas seguimos dous tipos de distribución. Primeiro agrupamos os poemas publicados en *A Roseira da Soidade*, indicando en nota a

rodapé cando e onde os textos tiveron algunha edición anterior ou posterior. Malia ser un libro póstumo, consideramos *A Roseira da Soidade* unha edición testamentaria, porque o autor seguira o proceso editorial case ata o mesmo momento da súa publicación.

En segundo lugar recollemos os textos dispersos, publicados en revistas ou xornais, sempre en vida do autor, pois tomamos como texto príncipe a derradeira versión que se poida considerar da súa man e daquela definitiva, e tamén a que teña a última data no caso dos poucos textos que se repiten.

Finalmente, nun último grupo encadramos as traducións e os poemas en castelán, nos que tan só indicamos a fonte de onde os tomamos, sen engadirmos outros datos por non formaren parte do noso obxecto de estudo.

II.2. Edición da obra poética en galego

II.2.1. A Roseira da Soidade. Poesías galegas

ADICATORIA

**Â miña Nai Galiza e aos meus irmáns galegos, dende Bôs Aires,
dempóis d-unha ausencia de cincuenta anos emigrado.**

Antón Zapata García

República Arxentina, 1953.

LIMIAR

Meu cantar canta na terra
ond-él nacéu e seu pai,
pois anque o corpo esté ausente
a i-alma en Galiza está.

A. Z. G.

PRÓLOGO

EU amo, con saudoso e melancónico amor, reflexo de foulas desveladoiras e bretements sols da adoulescenza isas ribeiras de Laxe, e a conxunta gravidade e doncel sinxeleza da Terra Bergantiñán... Ela brila, ennebóirase e se afonda en lumes e invitaciós do alem-mundo atraveso do fino chover de versos do libro cuio prólogo, con dóor e ó tempo con serea legría teimo escribir nestora. Sobor da mesa, unha copia do orixinal de «A Roseira da Soidade» tén pra mín hoxe nos comenzos do Nadal outro acento e outra fondura de cando por os meados do mes de Sant-Iago me fói mandada por meu vello e nobre amigo Roel, de Betanzos, co encargo pra mín outa e doce gloria de lle escribir o prólogo. Todo o home de rexa urdime e apaixonada vivenza dos orixes e destiños, Antón Zapata, alentou pra mín na primeira e vagarosa lectura. Cecáis no pomareiro de graves e dourados silenzos ordeados por a nota leda como cósmica chave das armuñías do vrán do canto dos aurioles da miña casa de Trasalba un amantiño vento de lembranzas e de sotos maquiando as follas do libro facíame ó seu gosto na «Loubanza do grau do millo», nos recordos da Vila de Laxe que

«de pesca e mariñeira tén a lanzal feitaura,

e de outo señorío tamén prestanza acesa»,

no camiño do xigante e petrucio herbedeiro, na leenda de Gundar de Valarés, noutros poemas alentar no mundo gasalleiro e baril do poeta. Do poeta meu amigo desque fai ben anadas aquil seu poema xeneroso e forte, inzado da polifonía severa das froumas e dos étnicos ecoares fói pra mín o desvelamento de un vate de bárdico metal e lira. Do meu amigo de amizade confirmada unha mañán do griseiro inverno austral do 1947 cando me visitou en Bós Aires estando eu doente por unhas horas no leito. Dinantes de decir seu nome, decatéime por as primeiras falas quen era. Tratou na sua conversa dos paxaros

mariños e das longas procelas da costa dura en peito guerreiro arquexada dende a torre de Breogán ao Touriñán e Fisterra, dos antigos da súa xinea navegantes dendes Corme á Prata en naus veleiras, dos tremorosos silenzos xermoladoiros botados por a sombra podente do nome e verso de Pondal sobor das praias e das almas... Falamos dos amigos... Escribindo o prólogo cobraban particular e afeitosa valenza as verbas da «Adicatoria» de «A Roseira da Saudade» escritas por a máñ do poeta no mesmo ano de 1953: «A miña Nai Galiza e aos meus irmáns galegos, dende Bós Aires, dempóis d-unha ausencia de cincuenta anos emigrado»...

Palabras de exemprar doutrina. Na súa sinxeleza, no barudo e corrente acento do falar entre homes conteñen unha ética e unha poesía. Cecáis sexa mellor e máis piedoso o silencio. As augas fondas nutricias das raíces das outáns carballeiras non gostarían da gloria e moda do sol... Meio século. Vidas e agromares. O devalar no esceario da Galiza de grandes poetas e de novas xeneracións sobor do eido e da roita. Moitas torres de orgoleza cecáis afundidas, moitos lumes de fogares acesos da vella cinza. Sangue de amigos mortos apenas valentes as áas, esperanza de noviñas arelanzas... Meio século, pro o poeta vivente na outra banda ensoaba cada mañán co locir do abrente na barra da ría nadal e cada «largo» do chover nas ruas e nos parques de Bós Aires era pra íl unha versión, máis ou menos fidel, do chover na loira e ialba praia, nas froumas en roda cos castros acaroadas... Eu escribía o prólogo con senso e ritmo de unha carta. De fixo Antón Zapata houber respondido. Conforme ou non cas ideas do meu prólogo tiña de ser seu primeiro lector, e cecáis o libro imprentado tivera forza como chamamento novo pra que o autor voltase ás ártabras ribeiras suas. Chama moito, acena con amor, a levián fábrica mental, o tenro universo de emocións, lembranzas e agardares cinguidos na intuición centrosa da personalidade, envolveito na pel e na tona da tipografía nova...

Pro as cousas non seguiron os pensados regos. Apenas escritas as coartelas primeiras chegóume noutra carta de Roel, de Betanzos, a nova do pasamento de Antón Zapata. Tiña a data do 3 de agosto. De súpeto amucháronse co aire outonizo da morte as coartelas. O lume aceso como fachón pra ser correspondido por outro máis aló do mar trocábase en chama funeraria, sacrificio a uns manes de amizade... Como sempre a verdade tremenda e ceibadora espaventóu e fixo calar pra despoixa sereare e ir deitando baixas verbas. Non trubóu ningún eixo esenzal a morte do poeta. Pros espíritos de xinea céltiga a morte siñifica somente un relativo alonzamento. Si o tón do prólogo non pode ser o mesmo enxamáis a carta ou programa diante dos versos de un poeta vivo ha ser esquencida na composición de un epigrama funerario... Todas as sazóns e zodíacos de rexo vivir do poeta brila ou amañecen ou longamente pintan de adeuses as páxinas do seu libro. E seu castelo —ou millor pazo, ou ancorado navío— formado de sutil e fino maxinar. O vivir dende neno, os primeiros e dubidosos encontros co espírito inmorrente da Terra, a copa da Poesía ofrecida e desexada, oután e maiga, gardada pros beizos de requintado gosto como sua forza pros rexos peitos e as horas de creadores silenzos, a door feita xornaleira e amiga e amantiña noiva da emigración... todo vive na feitura da arcas de vella da lembranza, de paisaxe, crausurados nos fíos do chover, no bruar do mar, de iste libro.

Non vou a xusgalo. Téñome por bon leutor e con moita máis seguranza por mal crítico. Falaréi arredor de ista nova roseira obedecendo a chamada a fontela no ermo das vias ou na frolesta dos días, ca que soan os libros sinxelos. Un libro de poemas non tén máis comezo nin remate do que un intre do devalar ou o enteiro devalar do espírito do seu autor. Cecáis soen voces antergas, e tamén as arelanzas teñen seu poético comprimento máis aló da morte. Asin acontece nos vates. Como vate de lembranzas e futuros recada Antón Zapata a lira celta. Decátase ben logo o leutor menos adivirtido o respeito do poeta. Calca a soleira de un tempo. Seu bardo e mestre fói Pondal. O río Allóns

«que il máis amou de todos»

finda no mesmo recanto onde se espallan as areas ialbas, luares, espreitaes, de Laxe. Dende neno soupo Zapata do misterio e lediza do dolmen de Dombate, enxergou o Monte Branco, e o logar «areoso e vougo» por o autor dos «Queixumes...» desexado pra repouso do seu podente e melancónico despoxo mortal.

Drento da vella e fidalga nazón dos ártabros o bardo vello e eterno e o poeta novo achéganse tamén por o sangue... Temos dito un tempro. De arquitectura de roquedos e perspeitivas de hourizontes mariños, de psalmear de piñeiros e un labrego e mariñeiro vivir non desafeito as formas inmorrentes. Preside un signo de divindade antiga e racial o libro enteiro. Racial no senso de escolleita e probada paixón e destiño. E co elo o tratamento dramático do cosmos. Non abondaría sinalar a paisaxe. O locir sempre outonizo da ría de Laxe, os ouros dos trigaes, e seus tempos xeórxicos, os erguementos e vagos feitíos da roca nái baixo o manto verdecente do érmo ou as rexas asambreas dos piñeiros non abondan de non seren abranquidos e interpretados cas chaves das estrelas e da historia, na cosmicidade do tempo e do logar. Zapata García vive nista épica. Roínas de unha forte e antiga cultura, de heroico ferro, e augural chama, envolveron seu berce e non desampararon seu camiño cando de neno ía ó muíño:

«cando iba, pol-o outón, leval-a moaxe,
non ben cantaba o galo
da casa no poleiro!:
un ferrado de millo
a pê, dendes de Laxe,
tripando no morrillo
da branca carretera, ou pol-a praia
onde o Artabro salaia...»

e pouco a pouco erguen ó seu redor graves e fermosas maxinacións. A gaita, a campán, o lar, abundan pra compoñer istes feiticeiros hourizontes. E así xurde envolveito en luas fantasmás o dolmen de Dombate, e así decorren poemas do tempo aitoal como o ben alicerzado «A Crus da Rosa», os obedentes ós ritmos xeórxicos e sazoeiros dos traballos do mar e do eido —de iste xénero gravemente hesíodico son algún dos millor rematados e «sacados de puntos»—, os condensados arredor de unha frol de saudade ou soidade agromada en calquer intre do longo desterro do poeta... Mais tamén compre dicir de qué xeito o poeta se non pecha nas bágoas ofrecidas ás roínas. Nisto como noutras roitas amóstrase o poeta bon alumno de Pondal... De Pondal e da leución xornaleira da paisaxe. Hai unha beleza rematada no acedo gosto das bágoas e tamén é certo como ás veces a campía semella non adoitar outra eispresión do que a doorosa dos salseiros outonizos nas praias desertas e inda no cerne e farturanza dos rídoos xeórxicos a detremiñada por a concenza do duro traballo e a lixeireza do velo de Maya botado sobre a oca nudeza do penedo esgrevio como caaveira... Zapata tén fe, como Pondal, nos destiños dos celtas. Cada vivir calmo e enérxico proba e decrara o «cursos» histórico podente e salvador da raza oicidental de verdes e griseiras capeliñas dos ollos e doncel curazón. Non fói ván a ialbura e canto do cisne do Allóns —por o poeta enxergado como espoxo un tempo animado por o xenio do bardo—, nin a confianza da primaveira inzando de inxeles camariñas hastra as fendas do duro roquedo axotado por a onda salgada e insomne...

Zapata García levóu por meio século na ialma os balbordos e os traballos do céltigo mar. Sua mitoloxía, seus silenzos, seus sutaques de xenio e a frase longa e podente istromentada e recollida nos peitos das furnas e nos podentes peitos mariñeiros. Tén o vento do lonxe nos cordaxes do seu esprito o acento ás veces esfiado do Tristán Corbière, o grande e malencónico poeta bretón, mais sen o humorismo do bretón. O fillo de Laxe trata ó mar con respecto e amor e ó longo de meio século de emigrazón —unha vida ben tallada

na carballeira humán—, semella un mariñeiro en terra, ancorado na lamigosa quietude do esteiro ben lonxe da estoupante legría do soante atlántico. Calquera dos poemas mariñeiros de Zapata — «Praias de soedade», «Boguina», «Pedras de Rexubeira», outros — pechan calidás de beleza e evocación enxebremente mariñáns, máis soio do mar galego e máis propiamente do ártabro. Pois alí as eispresións de «mar do Torto», «mar de Niñóns», xiran e bulen no falar do pobo, coma si a podente fisiognómica da costa tivera forzas de séu e de abondo pra caraiterizare e abranguere no seu espírito anacos tremadoiros da indefrenza do océano. As vellas artes mariñeiras prestan a Zapata García o tesouro das suas verbas. Unhas soan a ouro antigo ben probado como de torques céltigo, outras han ser novas... Todas no falar e na usanza mariñeira semellan sen idade, ca grave e levián graza da áncora e as velas nos nostos gregos... O poeta sábeas manexar con amor: foron seus xogos de neno, foron os nobres istromentos de traballo dos seus antergos. Hai, dende logo, un pneuma argonáutico sinon precisamente ulisaico nalgúns poemas mariñáns de Zapata e seus apaixonados periplos da costa bergantiñán pois sempre as vellas e labouradas testas dos promontoiros axexan e vixían como rexas esculturas da idea fonda, lonxáa e consoadora das «Matres» galegas.

Non quixéramos trubar nin por sospeita o pracer do lector escolmando poemas, ou versos e estrofas de foulosa rítmica, e hourizontes crebados, afondidos e renascidos dende a dorna ou o pailebote. Pro sería pra nós dooroso non lembrar siquera de pasada unha baril composición chea de piedade, mais impresoante na forza e dureza costumadas no vivir mariñeiro. Tidóase «O probe do mar». Un cego, roibo e nautil, demanda esmola por as dornas e lanchas ancoradas:

«Cando largaba a traíña
e se collía un bon lance
coma un cego de romnace

íl esmolaba sardiña».

Nos temas de mar e de gaita chega pro meu gosto Zapata á maior perfeición formal no senso de levar a vivenza do lombo da foula, do devalar, das finas e vellas angueiras do oficio mariñeiro á ponte do verso pagando o menos foro ou portazgo posíbele á literatura...

Con door teño de deixar o alento mariñeiro, o ecoar calado e xigante das furnas, o engado devaladoiro e sempre novo dos degráus do vello porto galego. Voltando á idea centrosa do libro, imaxen ricaz do vivir do poeta, descóbrese outravolta o símbolo inmorrente e gasalleiro, como no ilustre Ramón Cabanillas, da roseira xiada por o amor frolecida. Igoal nas sagas e nos canzoeiros, nos camiños da pelerinaxe románica e no ámpido das aldeas esmaltadas como altares barrocos cos seus cruceiros e seus pazos, a roseira de caridosa sávia e zume responde ás estaxes de penitenza e espranza e ós bicos de apaixonado namoramento. Coma nos feitíos dos libros clásicos, un soneto franquea —porta desmariado feituca e pequeneira— as polifonías e venturanzas de «A Roseira da Saudade»:

«Abrazada da crús do sofrimento
que a longa emigrazón lle puxo â veira,
fóí tecendo suidades a roseira
c-un dagoro sinxel d-enfroramento...»

Poeta Antón Zapata, e como leial e sinceiro, home de saudade. Pescudando nos axeitados estudos de Ramón Piñeiro, de Domingo García Sabell, houber sido fermoso o descubrimento de cal xénero de saudade, en que lírica dimensión impoñese sobre as máis no ser de Zapata e tamén como da outa vivenza —door e gloria— do poeta pódese tirar unha esencia, ou un puro refrexo conceitoal pra a fina e trascendente arquiteitura da metafísica da saudade. Poetas e filósofos irmáñanse en coloquio sobor da saudade, a xugada por pseudofilósofos de outro tempo e terra febreza do esprito das xentes de Oicidente e doenza laiante dos galegos. O cumio deica hoxe do estudio teórico da saudade atópase na tesis de Ramón Piñeiro: «que arrincando do sentimento de saudade e a través da súa perspeitiva

sentimental o ser do home tén un sentido ontolóxico positivo: a realización da liberdade». Cecáis un análise detido houbera probado e contrastado aquela ergueita tesis no vivir e na obra de Zapata. E non menos veríanse selados en eisprenza os pensamentos de García Sabell. Dí o xoven mestre da mocidade galega: «Y cada una —la ironía y la saudade— será en su ámbito un poderoso y oculto estímulo para la fértil dinámica creadora del alma de Galicia».

Mais temos de baixar de istes centileantes Alpes do pensamento. Enxamáis gostei dos prólogos cansos. Háinos de vivenza «per se». Son ensaios e non prólogos. Nistas verbas escritas con amor e respecto, lonxe do efeitismo literario, quixen amosstrar meu sentimento de admiración e vella amizade a Zapata García, como todos os amigos vivente no circo do quentor e calado lume do fogar do meu corazón e lembranza cotián... E co meu cativo pulo empuxo e boto ou axudo a botar ó arelante mar da aitoalidade galega —eiquí e na outra banda do Atlántico—, a fermosa nau de velas tecidas pro vento do espírito de iste libro de poemas de por sí ensoador, valente e destemido pra asucar e dibuxar ditosos ronsels por as roitas infindas e pras proas e peitos galegos sempre gasalleiras da Saudade.

R. Otero Pedrayo

[1]

A ROSEIRA DA SAUDADE⁶⁶⁹

ABRAZADA da crus do sofrimento
que a longa emigración lle puxo â veira,
fóí tecendo suidades a roseira
c-un degoro sinxel d-enfroramento.⁶⁷⁰

5 Soio espiñas e follas daba ao vento,
o mesmo que unha mísera silveira,
nembargantes a fide ventureira
que aniñaba seu puro sentimento.

 C-unha arela de amor pra que frorira;
10 c-unha mágoa que agora ben m-esprico
pol-o crúo remorso qu-eu sofrira⁶⁷¹

 por non darlle â Nai Terra un outo homaxe,
 â espiñosa roseira dínlle un bico...
 ¡e cobréuse de rosas seu follaxe!...⁶⁷²

⁶⁶⁹

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE)

Variantes e comentarios

⁶⁷⁰ Por gralla de imprenta *d-enfreramento*, no mecanoscrito **d-enfroramento**.

⁶⁷¹ Por gralla de imprenta *remerso*, no mecanoscrito **remorso**.

⁶⁷² Por gralla de imprenta *cubrêuse*, no mecanoscrito **cobréuse**.

[2]

O HERBEDEIRO DE LOURIDO⁶⁷³

Nos orballos dos tempos xa fuxidos
e que a i-alma atesoura nas miniñas,
vân as soidades miñas
relembrando os lugares ben queridos
que recorrín na infancia...
¡relembros sin espiñas
e que agora me aruman na distanza!...

I

POR cima â corredoira

que vái cara a Romea⁶⁷⁴

—caseirío de artesa sempre chea

e â que lle fan xuntoira

5 Serantes, Quelabanda e Carrabete⁶⁷⁵

⁶⁷³

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

Variantes e comentarios

⁶⁷⁴ **Nota da edición:** Romea, A. «Lugar onde nace a romea (*Rosmarinus officinalis*), un arbusto moi recendente». Tamén indica que é un lugar da parroquia de Santa María de Serantes (Laxe). *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 57], no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”.

⁶⁷⁵ **Nota da edición:** Serantes. Lugar e parroquia (Santa María) do concello de Laxe. Na acta de nacemento do poeta no Rexistro Civil de Laxe lemos: «Yo, D. Luis Pose, Coadjutor de la dicha y Santa Maria de Serantes, su anejo, con espresa licencia del actual Párroco de la misma, Bauticé solemnemente, puse los Santos oleos y de nombres ANTONIO LAUREANO a un niño, nacido a las tres de la tarde del dia anterior, hijo legitimo de Antonio Zapata, Sargento de carabineros, natural de Santa Maria de Sarandones, Ayuntamiento de Abegondo y Maria Josefa Garcia, natural de Camariñas».

Quelabanda. Trátase de Calabanda. Lugar na parroquia de San Pedro da Silvarredonda (Cabana de Bergantiños), limítrofe co concello de Laxe. «Son as terras situadas no outro lado do río Aprazaduiro». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 16], no capítulo 2.1. “Os nomes das terras de labranza e pasto”.

Carrabete. «Antropónimo. Este nome provén dunha familia que estableceu a súa residencia neste lugar no século XVI e que era coñecida polo patronímico Carrabete». Tamén indica que é un lugar da parroquia de

(cada cal é unha aldea,
e, as tres, valen por sete)—,
deixando â man esquerda os dous Louridos,⁶⁷⁶
como unha man se amostra
10 na mentada congostra
—¡a d-un titán semella⁶⁷⁷
côs dedos frorecidos
e cheos de follaxe!—,
un iñorme herbedeiro
15 contemporán dos carballals de Tella,⁶⁷⁸
monarcas da paisaxe,
ou dos da fonte vella
da parroquial de Baio feiticeiro.⁶⁷⁹

II

Como todol-os fortes que houbo o mundo
20 —nada grande se fixo nunca â presa—,⁶⁸⁰
o herbedeiro xocundo
fora o rei da devesa
de Lourido de Abaixo e do de Arriba,⁶⁸¹

Santa María de Serantes (Laxe). *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 56], no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”.

⁶⁷⁶ **Nota da edición:** Lourido. «Fitónimo que ten como referencia o loureiro (*Laurus nobilis*), unha árbore característica desta área». Tamén sinala que é un lugar da parroquia de Santa María de Serantes (Laxe). *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 56], no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”.

⁶⁷⁷ **Nota da edición:** Titán. Na mitoloxía grega era un dos seis fillos varóns de Urano e de Xea, que pertencían á primeira xeración divina. Adoito era caracterizado polo ser xigante e ter gran fortaleza física.

⁶⁷⁸ **Nota da edición:** Tella. Lugar e parroquia (San Eleuterio) no sur do concello da Ponteceso.

⁶⁷⁹ **Nota da edición:** Baio. Lugar e parroquia (Santa María) no sur do concello de Zas. Natural de Baio foi Enrique Labarta Posse (1863-1925), xornalista, poeta e escritor de contos.

n-eses tempos que andaba vagamundo,
25 â búsqueda das landras e dos hérbedos,
 aque! trenc! bigardo⁶⁸²
 de mirada cativa,
 de gruñido ferós e abrazos férvedos...
 —¡o terrible oso pardo!—,
30 do que se conta aínda algunha lenda:
 ¡Que estaba namorado
 de unha rapaza nova,
 e, baixando ao povoado,
 levóuse â doce prenda
35 deica aos recunchos de profunda cova!...

III

O xigante barudo,
o herbedeiro xigante
que o desfíe de séculos vêr pudo,
mantíñase máis rexo que os bigarros,
40 con certa maxestá de poiderdante
 ou Bren de algún tribal de Bergantiños,⁶⁸³
 por enriba dos carros
 aboiantes de ponlas e de arume,

⁶⁸⁰ Por gralla de imprenta *a*, no mecanoscrito *â*.

⁶⁸¹ *Cfr. supra.*

⁶⁸² Por gralla de imprenta *tronco*, no mecanoscrito **trenc**.

⁶⁸³ **Nota da edición:** Bren. Caudillo celta.

de monllos ou de estrume,
45 de táboas ou de piños,
cantando maino ou ledo
pol-a congostra abaixo:
Parecía decirlles un segredo
coas mil linguas das follas aos veciños,
50 sinalando c-un dedo:
—«Pasa tí, «serantés»; «quelbandés», pasa;
pasá todos por baixo...
Vós sodes meus irmáns, non teñás medo...
¡todos somos da casa!»—...

IV

55 ¡Qué lediza miral-o,
pra os meus ollos de neno mariñeiro,
cando iba, pol-o outón, leval-a moaxe,
non ben cantaba o galo
da casa no poleiro!:
60 un ferrado de millo,
a pê, dendes de Laxe,
tripando no morrillo
da branca carretera, ou pol-a praia
onde o Ártabro salaia,⁶⁸⁴

Bergantiños. Comarca costeira coruñesa formada polos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo (que é a súa capital), Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

⁶⁸⁴ Por gralla de imprenta *Artabro*, no mecanoscrito **Ártabro**.

65 ou pol-o mal camiño, costa arriba,
de croios pren e hirtada pedra viva...
Non ben alá chegaba,
e a moaxe deixaba
da vella moega enriba,
70 corría coa fogáx das ansias miñas,⁶⁸⁵
pra vel-o, pracenteiro;
¡Semellábame un grande laranxeiro
de follas pequeniñas,
antre as câles os hérbedos, medrados,
75 eran coma grinaldas,
caireles pendurados
—marelos, escarlatas e reseda—
que a lene bris movía antre esmeraldas
pra a miña ilusión leda!...

V

80 Dixéronme, fai pouco,
que o fillo de «Nonvín», o moineiro
(se non tolo de ves, un chisco louco),
n-un arrauto lixeiro,

Nota da edición: Ártabro. Os antigos xeógrafos, o grego Estrabón e o romano Plinio, designaron como *Portus Magnus Artabrorum* ao litoral que os estudosos contemporáneos, xa desde Otero Pedrayo, identifican coas rías de Ferrol, Betanzos e a coruñesa do Burgo. Porén, o noso poeta tamén inclúe a ría de Corme e Laxe. De feito, no verso 219 do poema **A Crus da Rosa [30]** aparece «*Artabrorum Portus*» e explica en Nota do Autor: «Nome cô que desñaban a Laxe os románs, según o historiador grego Strabón». Por extensión, tamén denomina o pobo prerromano que habitou este territorio.

⁶⁸⁵ Por gralla de imprenta *fogax*, no mecanoscrito **fogáx**.

dóuselle por coutar aquel xigante
85 —barudo, maxestoso, agarimante—
cô asesiño machado,
derrubándoo por cima â corredeira,
dende un deica ao outro lado,
qué séculos facía coronara,
90 coma un rei da devesa,
coa minuda follaxe ben espesa,
dando soma e fogar aos paxariños,
e seus cantos ouzara
abanándolle os niños...
95 ¡e a min seu rico fruto regalara!...

VI

¡Ai, xigante herbedeiro,
herbedeiro fornido!:
Eu fun teu compañeiro
no Noso Chan querido,⁶⁸⁶
100 nos Moiños de Lourido,⁶⁸⁷
na idade que a ilusón sinxela eisiste...
¡e hoxe lémbrote a ti, dende o estranxeiro,
teu fin sabendo!, ¡¡triste!!...

⁶⁸⁶ Por gralla de imprenta *noso*, no mecanoscrito **Noso**.

⁶⁸⁷ *Cfr. supra.*

[3]

VAGAROSOS OLLOS⁶⁸⁸

OS ollos dos espíritos vagamundos
—os soñadores ollos dos que pensan
que as mortaes miniñas con que ollamos
poo samente han tornarse baixo a terra—,
5 xa cansos de vagar pol-os camiños
da migratoria vida pasaxeira,
costuman, acotío, voiar soios
nas soidades das praias e das brétemas
das Galaxias infindas de topacios
10 —xogorales campías das estrelas—,
pra achegárense aos mundos onde moran
as ánimas dos mortos máis eiscelsas,
e as de aqueles, tamén, que nós queremos:
De cantos dóulle alento Nosa Terra,
15 e que, agora, xa viven outras vidas
pol-as gandra do Alem, ou nas devesas,⁶⁸⁹
onde xúntanse os bardos e os druídas
darredore dos dolmens da Sabencia,

⁶⁸⁸

Métrica

Romance heroico, 11, con esquema rimático (—A—A). Ten rima en e-a.

presidindo os porvires da Gran Raza
20 que ha salvarnos a todos: ¡A dos Celtas!...
Outras veces, xa cansos dos seus voios
—na procura do ben e da beleza—,
vân pousarse nas furnas e nos fachos
da galizana costa medoñenta,
25 nos vales, nas campías, nas montanas,
nos pinales que zoan fondas verbas
agoirando dêvires de progresto
pra a quen fói, na outrora, Grande Suevia...⁶⁹⁰

¡Eisí vãn, dos espíritos vagamundos,
30 os soñadores ollos, pol-as brétemas
dos mundos sideirales, sen acougo,
das Galaxias infindas, ultraeternas,
antre os rítmicos de orfestas cosmogónicas
—xogoral armoñía das estrelas—,
35 xa cansos de vagar pol-os camiños
da migratoria vida pasaxeira!...

⁶⁸⁹ **Nota da edición:** Alem > Alén. O mundo de despois da morte. Tamén denominado ultratumba, a outra vida ou a vida tras a morte. Termos que fan referencia á continuación da existencia, espiritual, máis alá deste mundo ou despois da morte.

⁶⁹⁰ **Nota da edición:** Suevia. Nome literario, nomeadamente poético, para se referir a Galiza e que aparece a miúdo documentado na literatura do século XIX, con continuidade no XX.

[4]

A GAITA⁶⁹¹

N-OS brazos do celta Ourense,⁶⁹²

docemente,

canta a meiga

vos de gaita namorada,⁶⁹³

5 a maxestosa «Alborada»⁶⁹⁴

do inspirado Pascoal Veiga.⁶⁹⁵

⁶⁹¹

Métrica

Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (trisílabos, pentasílabos, hexasílabos, heptasílabos ou octosílabos) en alternancia con versos de arte maior (decasílabos, hendecasílabos, tridecasílabos ou alexandrinos). Riman sempre en consonante.

Edicións anteriores

La Temporada en Mondariz, nº 5, 6 de xullo de 1930.

A Nosa Terra, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 277, 1º de novembro de 1930.

Alborada, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 64, xuño de 1931.

Variantes e comentarios

En *A Nosa Terra* leva a seguinte nota a rodapé: «Esta fermosa poesía d-o noso querido irmán e bon poeta, Zapata García, meresceu mención especial no Certame orgaizado pol-o Centro Galego de Montevideo e publicámola con moito agrado para coñecemento dos nosos lectores». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

En *Alborada* vai acompañado dunha fotografía que retrata ao poeta e do debuxo dunha gaita, ambos e dous sen asinar.

⁶⁹² Nas versións de *A Nosa Terra* e *Alborada* aparece *N-os* no canto de **N-OS**.

⁶⁹³ Por gralla de imprenta *vós da*, no mecanoscrito **vos de**. Nas versións de *A Nosa Terra* e *Alborada* aparece *voz* no canto de **vos**.

⁶⁹⁴ **Nota da edición:** *Alborada*. «Refírese á canción coral *A Alborada* do músico galego Pascoal Veiga, que a compuxo sobre o poema “A estrela cruñesa” de Francisco María de la Iglesia. A súa estrea, a cargo do Orfeón Brigantino, tivo lugar en Pontevedra en 1880, acadando un enorme éxito», *Cfr.* López Varela [1998: 881], pois Curros Enríquez tamén o cita no libro *O Divino Sainete*, ademais de lle dedicar o seu derradeiro poema coñecido en galego ‘«A Alborada» de Veiga’.

⁶⁹⁵ En *A Nosa Terra* aparece *inspirado* no canto de **inspirado**.

Nota da edición: Pascoal Veiga Iglesias (Mondoñedo, 1842 – Madrid, 1906). Compositor e músico precoz, fundou e dirixiu varios orfeóns. Co Orfeón Coruñés obtivo a medalla de ouro e as Palmas Académicas na Exposición Universal de París en 1889. Entre as súas obras destacan: *Alborada Gallega*, *Alborada número 2*, *La escala* e a música do poema “Os Pinos” de Pondal (Himno Gallego).

Despértanse, ao seu conxuro,⁶⁹⁶

o ceo e a terra galegos,

e un hino, cheo de pregos,⁶⁹⁷

10 —suidoso, lírico e puro—,⁶⁹⁸

tece armoñosos arpegos.

As brancas mans da alborada

ábrenlle os ollos ao día,⁶⁹⁹

e na risoña campía

15 xa comenza a foliada⁷⁰⁰

da paxareda encantada

n-unha louca rechouchía...

Remedando â gaita leda,⁷⁰¹

—pol-a gandra e na arboreda—,

20 con armoñía que encanta,

canta e tría

tría e canta,

chía,

chía,

25 pía,

pía,

pol-o ar, a cotovía,

⁶⁹⁶ En *A Nosa Terra* aparece *ó* e en *Alborada* temos *ô* no canto de **ao**.

⁶⁹⁷ En *Alborada* aparece *hino* no canto de **hino**.

⁶⁹⁸ En *Alborada* aparece *lírico* no canto de **lírico**.

⁶⁹⁹ En *A Nosa Terra* aparece *ó* e en *Alborada* temos *ô* no canto de **ao**.

⁷⁰⁰ Por gralla de imprenta *foliada*, no mecanoscrito **foliada**, por razóns métricas. Porén, as versións de *A Nosa Terra* e de *Alborada* manteñen *foliada*.

⁷⁰¹ En *A Nosa Terra* aparece *a* no canto de **â**.

debullando pelra a pelra...
 E coidando que é da melra
 30 a vos da gaita miazosa,⁷⁰²
 un bruxo melro asubía
 enriba d-unha alba rosa
 namorada canturía,
 prendido do meigo encanto...
 35 Mail-o canto,
 trío,
 chíó
 e asubío
 dos dous paxaros cantores,
 40 ¡non teñen da gaita o brío,⁷⁰³
 nin os primores,
 nin a dozura,
 nin a tenrura,
 do pío!⁷⁰⁴

 45 Ouzando a vos da gaita, randéanse os piñeiros,⁷⁰⁵
 tecendo unha roldanza nas froumas musicaes;
 bisbisan as prateadas follaxes dos salgueiros
 con mil cirimoniaes,⁷⁰⁶

⁷⁰² Nas versións de *A Nosa Terra* e *Alborada* aparece *voz* no canto de **vos**.

⁷⁰³ Tan só o mecanoscrito presenta inicialmente signo de admiración.

⁷⁰⁴ Nas versións de *A Nosa Terra* e *Alborada* o verso remata con puntos suspensivos.

⁷⁰⁵ En *A Nosa Terra* aparece *a voz* e en *Alborada* temos *â voz* no canto de **a vos**.

⁷⁰⁶ En *Alborada* aparece *cirimoniales* no canto de **cirimoniaes**.

virándose,
 50 voltándose,
 choscándose,
 sinxelas;
 e mentres que debullan, brandéndose, os trigaes,⁷⁰⁷
 sesean os herbaes,⁷⁰⁸
 55 marmulan as fontelas
 e rínse os milleiraes.⁷⁰⁹
 ¡Pro, nin piñeiros,
 nin os salgueiros,
 nin os trigaes⁷¹⁰
 60 —inda xuntando seus ledos cantos cós milleiraes,⁷¹¹
 e coas fontelas⁷¹²
 e cós herbaes—,⁷¹³
 non se comparan coa vos ridente⁷¹⁴
 de francachelas
 65 da moza gaita que vai bicando o celta Ourente!...

Mentras ríse con risas cristaiñas

a gaita cō seu noivo,⁷¹⁵

⁷⁰⁷ En *Alborada* aparece *trigales* no canto de **trigaes**.

⁷⁰⁸ En *A Nosa Terra* aparece *erbaes* e en *Alborada* temos *erbales* no canto de **herbaes**.

⁷⁰⁹ En *Alborada* aparece *milleirales* no canto de **milleiraes**.

⁷¹⁰ En *Alborada* aparece *trigales* no canto de **trigaes**. Nas versións segue puntuado con coma.

⁷¹¹ Por gralla de imprenta *cos*, no mecanoscrito **côs**. En *A Nosa Terra* aparece *c-ós milleiraes* e en *Alborada* temos *c-ôs milleirales* no canto de **côs milleiraes**.

⁷¹² En *A Nosa Terra* aparece *c-ás* e en *Alborada* temos *c-âs* no canto de **coas**.

⁷¹³ *Ibidem*. En *A Nosa Terra* aparece *erbaes* e en *Alborada* temos *erbales* no canto de **herbaes**. Ademais, en *A Nosa Terra* aparece *c-ós* e en *Alborada* temos *c-ôs* no canto de **côs**.

⁷¹⁴ En *A Nosa Terra* aparece *c-á voz* e en *Alborada* temos *c-â voz* no canto de **coa vos**.

—o rexo Ourente roibo—,
n-as praias e coídos das mariñas⁷¹⁶
70 da terra de Briganza,⁷¹⁷
unha triste arelanza
d-escumas albariñas
prañideiran as foulas:
O relembro dos noivos mariñeiros,
75 labregos e peixeiros
que lles deron espranza⁷¹⁸
de ser bôs amadores⁷¹⁹
e, n-as redes das troulas⁷²⁰
e bicos mintireiros,
80 esqueceron, ¡pra sempre!, os seus amores...
Soiamente, das praias as areas
e os rochedos dos hirtos cantilados,
vân facendo máis lenes as cadeas
que prenderon n-as foulas seus amados.⁷²¹

85 Pol-a veira salgal das mariñas,
sinxela e galana,

⁷¹⁵ En *A Nosa Terra* aparece *c-ó* e en *Alborada* temos *c-ô* no canto de **cô**.

⁷¹⁶ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

⁷¹⁷ **Nota da edición:** Briganza ou Brigantia. Antigas lendas da tradición oral celta que comparte Galicia con Irlanda falan de Breogán, fillo de Brath, coma o rei fundador da cidade de Brigantia ou Briganza (Art-o Briga), quen tería construído nesa cidade (hoxe A Coruña) unha torre ou faro que máis tarde reconstruíron os romanos e rebautizaron como Torre de Hércules.

⁷¹⁸ Por gralla de imprenta *lle*, no mecanoscrito **lles**.

⁷¹⁹ En *A Nosa Terra* aparece *bós* no canto de **bôs**.

⁷²⁰ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

⁷²¹ *Ibidem*.

- pasa a gaita, os seus trunfos prendendo⁷²²
 n-os tramallos, no xeito e n-as liñas⁷²³
 d-unha riveirana⁷²⁴
 90 que fora facendo,
 fiando..., fiando...;
 e n-as nites de lúa, diviñas,⁷²⁵
 fói tecendo..., tecendo..., tecendo...,
 soñando..., soñando...
- 95 Pasa a gaita ceibando o seu bruxo
 cantar riveirano,⁷²⁶
 ao longal da salgada riveira,⁷²⁷
 ben vestida con traxe de pano,
 pendurada a albar cêste señeira⁷²⁸
 100 no roncón de buxo
 —¡ouh, triste Frouseira!—,⁷²⁹
 e decíndolle ao Povo Galego,⁷³⁰
 con forte armoñía,
 que ha vîr o bô día⁷³¹

⁷²² En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *trúnfos* no canto de **trunfos**.

⁷²³ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

⁷²⁴ Por gralla de imprenta *ribeirana*, no mecanoscrito **riveirana**. En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *Ribeirana* no canto de **riveirana**.

⁷²⁵ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

⁷²⁶ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *ribeirano* no canto de **riveirano**.

⁷²⁷ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *riveira* no canto de **riveira**.

⁷²⁸ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *a galega bandeira* no canto de **a albar cêste señeira**.

⁷²⁹ **Nota da edición:** Cfr. Cabanillas [1994: 129-130], no poema “¡En pé!”: *Validos de treidores / a noite da Frouseira / a patria escravizaron / uns reises de Castela*. NOTA DO EDITOR: «Refírese á fortaleza da Frouseira, último baluarte na resistencia de Pedro Pardo de Cela aos Reis Católicos e lugar convertido polos galeguistas de fins do XIX e comezos do XX nun símbolo das liberdades nacionais diante do poder de Castela».

⁷³⁰ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *povo galego* no canto de **Povo Galego**.

⁷³¹ En *A Nosa Terra* aparece *ha vir o bó* e en *Alborada* temos *ha vir o bô* no canto de **ha vîr o bô**.

105 no que Deus comprimente o seu prego...!

N-as ondas verdegaias⁷³²

que saloucan n-as praias⁷³³

rochedos e coídos,

(¡bagulla que bagulla

110 lembros de amor doídos!)⁷³⁴

a leda vos da gaita feiticeira

(¡debullla que debulla

da riveirana as notas!)⁷³⁵

—¡ouh, xurdio baile sagro!,

115 ouh, baile da riveira!—,⁷³⁶

infúndelles o sopro d-un miragro:

Saltidan miles bramos de sardiñas,

mergúllanse as pardelas e gaivotas,

arrianse as traíñas,

120 as tarrafas e os xeitos;

e, por total-a costa, as cantareas

dos mozos amadores

fân xermolar amores⁷³⁷

n-os garimosos peitos

125 das foulas verdegaias,

⁷³² En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

⁷³³ *Ibidem*.

⁷³⁴ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *d-amor* no canto de **de amor**.

⁷³⁵ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *riveirana* no canto de **riveirana**.

⁷³⁶ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *riveira* no canto de **riveira**.

que, sóbor das areas
das brigantiñas praias,⁷³⁸
rochedos e coídos,
benzoan as idílicas cadeas⁷³⁹
130 ¡e tecen nova esperanza n-os prendidos!...

Namentres que n-os entornos todo rebulda
e hastra o sol baila,
—ao son da vos festexeira, repenicante,⁷⁴⁰
da bruxa gaita—,
135 chorando pol-o filliño que lle morrera,
desconsolada
—carón do berce de freixo, revoltó e homilde,⁷⁴¹
que, tenra, apalpa—,
seméllase, unha nai celta, n-un casal vello,
140 a imaxen páleda⁷⁴²
da Nazarena María, cando ao seu fillo
perdeu a Santa.
Allea do rebuldíceo que hai na mariña,
montes e agras,
145 a probe nai non acouga n-os seus salaios

⁷³⁷ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *fan* no canto de **fân**.

⁷³⁸ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *brigantinas* no canto de **brigantiñas**.

⁷³⁹ En *Alborada* aparece *idílecas* no canto de **idílicas**.

⁷⁴⁰ Por gralla de imprenta *vós*, no mecanoscrito **vos**. En *A Nosa Terra* aparece *voz ... repenicante* e en *Alborada* temos *voz ... repenicante* no canto de **vos ... repenicante**.

⁷⁴¹ En *A Nosa Terra* aparece *revolto e omilde* e en *Alborada* temos *revolto, omilde* no canto de **revolto e homilde**.

⁷⁴² En *A Nosa Terra* aparece *imaxe* no canto de **imaxen**.

e verte bágoas
nascidas na limpa fonte do sentimento,
queimantes, ácidas,
que n-as meixelas afondan máis a tristura...⁷⁴³

150 Soia, sen nadia
que veña a darlle consolo na pesadume
da sua mágoa,⁷⁴⁴
revolve que te revolve, a nai dôrida,⁷⁴⁵
as roupas albas

155 do fruto dos seus amores que lle morrera⁷⁴⁶
n-unha alborada!...

Trunfadora do agro e da riveira,⁷⁴⁷
camiño da montana fortecente,
váí tocando a moiñeira⁷⁴⁸

160 e sorríndolle a Ourense
a gaita trouladora,
mentres os bicos do sol-por, n-as cumes,⁷⁴⁹
poñen as pinteladas⁷⁵⁰
de moedas douradas,

165 e os subrimes arumes

⁷⁴³En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**. Ademais, en *Alborada* aparece *mais* no canto de **máis**.

⁷⁴⁴En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *súa* no canto de **sua**.

⁷⁴⁵En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *doorida* no canto de **dôrida**.

⁷⁴⁶Por gralla de imprenta, en *A Nosa Terra* aparece *do* no canto de **dos**.

⁷⁴⁷En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *ribeira* no canto de **riveira**.

⁷⁴⁸En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *vai tocando a muiñeira* no canto de **vái tovando a moiñeira**.

⁷⁴⁹En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

[5]

A CAMPANA DA SOIDADE⁷⁵³

I

CAMPANA da Berenguela⁷⁵⁴

que, con grave badalar,

dende a Santa Compostela,⁷⁵⁵

espallastes fonda arela⁷⁵⁶

5 sobre o mar⁷⁵⁷

dos nosos celtas abós,⁷⁵⁸

chamándonos,

falándonos,

agarimándonos

⁷⁵³

Métrica

Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (trisílabos, tetrasílabos e octosílabos). Riman sempre en consonante.

Edicións anteriores

Opinión Gallega, Bos Aires, nº 142, xullo de 1953. Publicouse co título **A campana da suidade** e practicamente sen signos de puntuación, aspecto que non detallamos na análise comparativa.

Variantes e comentarios

Foi reproducido por Casas, Álvaro de las (1939). *Antología de poetas gallegos*. Buenos Aires: Sopena Argentina. 166-171.

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica debaixo do título: «Inédito».

⁷⁵⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *BERENGUELA* no canto de **Berenguela**.

Nota da edición: Berenguela. Campá da Torre do Reloxo, tamén coñecida como “Berenguela”, da catedral de Santiago de Compostela. A torre é unha das obras máis importantes do ceense Domingo Antonio de Andrade (1639-1711), gran figura da arquitectura barroca galega no século XVII.

⁷⁵⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *COMPOSTELA* no canto de **Compostela**.

⁷⁵⁶ En *Opinión Gallega* aparece *espallaste* no canto de **espallastes**.

⁷⁵⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *sobr-ô* e En *Opinión Gallega* aparece *sobr-o* no canto de **sobre o**.

10 cô teu fraterno falar:⁷⁵⁹

 ¡Pra decirmos que, nestora,

 xa nacéu a redenzora⁷⁶⁰

 libertá do Noso Lar!...⁷⁶¹

II

 Vencellados na armoñía⁷⁶²

15 da santidá do teu canto

 de fondosos repeniques,

 chora Xelmírez o Santo,⁷⁶³

 chora a saudal Rosalía,

 choran Pondal e Murguía...

20 ¡E chora Curros Enríquez!...

 Chora o ceu,

 choras tí,

 choro eu...⁷⁶⁴

 ¡todos choramos eiquí

⁷⁵⁸ En *Opinión Gallega* este verso non aparece, de certo por gralla de imprenta.

⁷⁵⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *c-ô* e en *Opinión Gallega* aparece *co* no canto de **cô**.

⁷⁶⁰ En *Opinión Gallega* aparece *nasceu a redentora* no canto de **nacéu a redenzora**.

⁷⁶¹ En *Opinión Gallega* aparece *liberta do noso lar*. no canto de **libertá do Noso Lar!...**

⁷⁶² En *Opinión Gallega* aparece *Bencellados* no canto de **Vencellados**.

⁷⁶³ **Nota da edición:** «O certo é que por gañar para Compostela a primacía eclesiástica da Hespaña, o Arzobispo Xelmírez —que encheu co seu nome un século enteiro— consinteu, a desintegración do territorio galego ao crearse o Reino Lusitano, torcendo as vereas do noso destiño e desbaratando a potencialidade do noso xenio creador, para xunguirmos a unha empresa allea, na que perdemos todo, inclusive a primacía eclesiástica». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Diego Gelmírez (1068-1140). Gran señor feudal e alto dignatario eclesiástico, foi o primeiro arcebispo de Santiago (1100-1140), legado pontificio e, no seu momento, unha das figuras políticas máis importantes do reino castelán-leonés. A visión histórica negativa que, nestas liñas e noutras páxinas do *Sempre en Galiza*, nos dá Castelao sobre Xelmírez, como gobernante traidor ós intereses de Galicia, rompe coa tradición laudatoria que ata entón mostrara a historiografía galeguista sobre o arcebispo compostelán. *Cfr.* Rodríguez Castelao (2000: 249) [1944].

⁷⁶⁴ Por gralla de imprenta *Choro*, que corriximos, no mecanoscrito **choro**.

25 cando ouzamos túa vos,
 chamándonos,⁷⁶⁵
 falándonos,
 agarimándonos!...

III

 O teu badalar, campana
30 do reló da Berenguela,⁷⁶⁶
 vertendo doce tenrura
 —sinxela,
 pura,
 galana—,⁷⁶⁷
35 véu a tragerlle â soidade,⁷⁶⁸
 n-esta terra americana,⁷⁶⁹
 a manciña da irmandade
 ¡tan lonxana!
 das rúas de Compostela.⁷⁷⁰

IV

40 ¡Cómo choramos, campán,⁷⁷¹

⁷⁶⁵ En *Opinión Gallega* aparece *chamamdonos* no canto de **chamándonos**.

⁷⁶⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *BERENGUELA* no canto de **Berenguela**.
Berenguela. *Cfr. supra*.

⁷⁶⁷ En *Opinión Gallega* estes tres últimos versos forman un só.

⁷⁶⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *veu* no canto de **véu**. En *Opinión Gallega* aparece *veu a tragerlle a soidade* no canto de **véu a tragerlle â soidade**.

⁷⁶⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Opinión Gallega* aparece *nesta* no canto de **n-esta**.

⁷⁷⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *COMPOSTELA* no canto de **Compostela**. En *Opinión Gallega* aparece *ruas* no canto de **rúas**.

⁷⁷¹ En *Opinión Gallega* aparece *campa* no canto de **campán**.

ao sentil-a tua vos,⁷⁷²
 chamándonos,
 falándonos,⁷⁷³
 agarimándonos,⁷⁷⁴
 45 a través do mar Atrán⁷⁷⁵
 e da soidade do Alem,⁷⁷⁶
 que, na América, tamén
 nos sostén
 sen ir a pique!⁷⁷⁷
 50 ¡Qué por sempre repenique⁷⁷⁸
 a redenzón de outro ben!⁷⁷⁹
 ¡Pra que retornemos nós!,⁷⁸⁰
 chamándonos,
 falándonos,
 55 agarimándonos...
 ¡AMÉN!...⁷⁸¹

⁷⁷² No inédito enviado a Filgueira aparece *ô sentil-a túa voz* e en *Opinión Gallega* aparece *o sentila túa vos* no canto de **ao sentil-a tua vos**.

⁷⁷³ No inédito enviado a Filgueira este verso vai unido co anterior.

⁷⁷⁴ En *Opinión Gallega* estes tres últimos versos non aparecen.

⁷⁷⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *ATLÁN* no canto de **Atrán**. En *Opinión Gallega* aparece *a traves do mar Atlán* no canto de **a través do mar Atrán**.

Nota da edición: Atrán. Océano Atlántico.

⁷⁷⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *ALEM* no canto de **Alem**. En *Opinión Gallega* aparece *e das suidades do alem* no canto de **e da soidade do Alem**.

Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos [3]**.

⁷⁷⁷ No inédito enviado a Filgueira e en *Opinión Gallega* aparece *sin* no canto de **sen**.

⁷⁷⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *Que* e en *Opinión Gallega* aparece *que* no canto de **Qué**.

⁷⁷⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *d-outro* e en *Opinión Gallega* aparece *d'outro* no canto de **de outro**.

⁷⁸⁰ En *Opinión Gallega* aparece *nos* no canto de **nós** e empeza con minúscula.

⁷⁸¹ En *Opinión Gallega* aparece *amén* no canto de **AMÉN**.

[6]

LAR⁷⁸²

SOIO tres letras, tres vincados siños,
son crara estrela no vivir galego:
«LAR, —¡meigo lar!—», lonxe dos seus niños,
dín os migrantes que non têm sosego...⁷⁸³

5 «LAR, ¡morno lar!», —tamén dî o labrego,⁷⁸⁴
e os que antre as ondas, ou por mil camiños,
frente da morte, ou sin têr achego,⁷⁸⁵
—«¡LAR! —dîn seus beizos—, ¡Lar dos meus cariños!»—...⁷⁸⁶

Dende o clan celta, deica nosos días,
10 sempre fói LAR, berce de legrías,

⁷⁸²

Métrica

Soneto, 11 (ABAB BABA CCD EED)

Edicións anteriores

Lar, Bos Aires, nº 213, xullo de 1951.

Variantes e comentarios

En *Lar* publícase acompañado dun debuxo, que representa un neno en brazos da nai. É o mesmo debuxo do poema **O dolor de Barlovento**, da autoría de Xavier Prada. Tamén se sinala: (Especial para LAR).

⁷⁸³ En *Lar* aparece *tén* no canto de **tên**. Con algúns guións menos en todo o poema.

⁷⁸⁴ En *Lar* aparece *di* no canto de **dî**.

⁷⁸⁵ En *Lar* aparecen *frente* e *tér* no canto de **fronte** e **têr**.

fide i-espranza nos trebóns e calmas;

i-é prôs que soñan n-un dêvir precraro,⁷⁸⁷

agarimante, soidadoso faro:

¡Lar alcendido nas galegas almas!...

⁷⁸⁶ En *Lar* aparece *din* no canto de **dîn**.

⁷⁸⁷ En *Lar* aparecen *pra os* e *devir* no canto de **prôs** e **dêvir**.

[7]

SEIRÁN NAMORADORA⁷⁸⁸

NA seirán calmarosa canta o cuco
i-afóndase seu canto pol-os vales,
n-os montes, na pranice,
n-os agros, n-os brañales,
5 na gándara e na ría,
con non séi qué d-embuco
de prácida meiguice...
¡Tan söedoso canta!...

A leda cotovía
10 o voio ao ceo levanta,
e, praneando, tría
seus hinos vesperaes
como dándolle ¡adéus! ao canso día.

Cantarexando amodo, vái Farruco,
15 camiño dos herbaes,
e, pouco a pouco, chégase a Marica
—que un paxe de milláns pañóu no suco

⁷⁸⁸

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

dos verdes milleiraes—,
falándolle con verbas qu-él ll-esprica:
20 Dos amores que tiñan, de neníños,
dos miazosos cariños
—¡o noivo e mail-a noiva!—,
e que alonxara aos dous un mal trabuco...

Vêñse as sazóns bulindo n-os camiños,
25 furando â terra dura
—nunciatrices de choiva
de fíos miudiños—
pra ollal-as verdexantes sementeiras
n-os agros e n-as leiras
30 prometendo a seitura
¡que loubarán as moegas e os moiños!...

Fumegan os tellados da parroquia,
rubindo o ruzo fume como fitas
pol-o sereo ambiente;
35 arrulan as suritas,
e un piñeiral, suidoso, soioloquia
encol da celta xente...

Latrica que latrica
e bica que te bica

40 —antramentrel-o cuco
a cantiga meiguenta depenica
na seirán calmarosa—,
Marica e máis Farruco,
Farruco e máis Marica
45 ¡semellan a parexa máis ditosa!

Na cume das montanas
aletexan do sol postreiros lampos
de murchos rosicreres,
e â queda, as graves voces das campanas,
50 fán santigar aos homes e âs mulleres
que, pol-a veiramar, touzals e campos,
xa voltan dos diuturnos quefaceres.

Unha fonda soidade cobre â i-alma
de sereidá..., de pas, de amor infindo...
55 de infundirse na calma...
¡â morte bendecindo!...

E afondando no ambiente máis enemigo,
seus dousílabos o cuco non debulla...
¡Xa se calóu o cuco!

60 Máis, Farruco e Marica,

Marica e máis Farruco,
labregos de hórreo e tulla
—desbotádol-os ciumes e o desleigo—,
xa voltan car-â aldea,
latrica que latrica
de un amoroso ateigo:
Casárense n-outón... ¡na lúa chea!...

65

[8]

A NOVENA DO AMOR⁷⁸⁹

DEIXA no leito a noite ao día vello,⁷⁹⁰
e vái, moza mourena⁷⁹¹
—lanzal, sinxel, galana—,
a rezal-a novena
5 â igresia dos petoutos da montana⁷⁹²
—un fai de campanáreo—,
na destra un luceiriño que olla esguello,
e, na esquerda, o rosáreo
de adoa do estrelar ourilucente
10 —chuchamels,
semprevivas—,
enfiadas nos ronsels
de estrelas fuxitivas,
e, das doas pendente,

⁷⁸⁹

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás os versos 10-11: tetrasílabos, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 293, xuño de 1937.

Variantes e comentarios

Publícase acompañado dunha pintura, da que non se pode percibir a sinatura e indica (Pr-â revista “GALICIA”).

⁷⁹⁰ En *Galicia* en maiúscula só a letra inicial. Ademais, aparece *ô* no canto de **ao**.

⁷⁹¹ En *Galicia* aparece *vai* no canto de **vái**.

15 a cristián CRUS do SUL.

Como leva mantela

—coa tea feita do tear do azul—,⁷⁹³

non olla que, ronzándose con ela,⁷⁹⁴

silandeiro, sorrindo,⁷⁹⁵

20 abríolle a cancela⁷⁹⁶

do cabanel do infindo

un luceiro, e, dimpóis⁷⁹⁷

—¡ouh, máxico mirago!—,

car-ô branco Camiño de SANT-IAGO⁷⁹⁸

25 vãn os carros de estrelas sin os bois...⁷⁹⁹

De volta da novena,⁸⁰⁰

a namorada Lêna,

atopouse con Lois...

⁷⁹² En *Galicia* aparece *igreja* no canto de **igresia**.

⁷⁹³ En *Galicia* aparece *co-a* no canto de **coa**.

⁷⁹⁴ En *Galicia* non aparece a coma no interior do verso.

⁷⁹⁵ En *Galicia* aparece *sôrrindo* no canto de **sorrindo**.

⁷⁹⁶ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *abríolle* no canto de **abríolle**.

⁷⁹⁷ En *Galicia* aparece *dempóis* no canto de **dimpóis**.

⁷⁹⁸ En *Galicia* aparece *CAMIÑO* no canto de **Camiño**.

Nota da edición: Sant-Iago > Santiago. Xacobe (Santiago o Maior ou Santiago o de Zebedeo), para o distinguir doutro apóstolo chamado Xacobe, Santiago o de Alfeo ou Santiago o Menor. Apóstolo de Xesús nacido en Betsaida (Galilea) e morto en Xerusalén, no século I. Na época do rei Alfonso II de Asturias “O Casto” o suposto achado dos seus restos fixo nacer Santiago de Compostela e a “ruta xacobeá” de peregrinación. Isto converteu ao apóstolo nun símbolo de combate contra o islam, nacendo así a imaxe de Santiago Matamoros, pois en 859 o rei Ordoño I dixo que obtivera a vitoria sobre os mouros (musulmáns) porque se lle apareceu o apóstolo.

⁷⁹⁹ En *Galicia* temos *van* e *sin-os* no canto de **vãn** e **sin os**.

⁸⁰⁰ En *Galicia* temos puntos suspensivos no inicio do verso.

O CANTAR DE MARI-PEPA⁸⁰¹

CANTAN na rúa os neníños⁸⁰²

o cantar de Mari-Pepa,

e, por vel-os, os pardaes⁸⁰³

axexan baixo das tellas:

5 —A serriña, serra,

tí pol-o mar⁸⁰⁴

⁸⁰¹

Métrica

4 coplas ou cuartetos asonantados, 8, con esquema rimático (–a–a). Teñen rima en e-a. A tríade do estribillo (6a, 4–, 4a) mantén a mesma rima.

Edicións anteriores

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 75, abril-maio de 1933.

A Fouce, Bos Aires, nº 60, 15 de maio de 1933.

El Compostelano, Santiago, nº 3934, 1 de xullo de 1933.

Eco de Galicia, Habana, nº 366, 1 de xaneiro de 1934.

Variantes e comentarios

En *Alborada* leva a seguinte dedicatoria como subtítulo: (**Pr-ôs nenos galegos, cando o insino da nosa língoa sexa de obriga nas escolas**) e vai precedido dun debuxo sen asinar (aínda que ben puidera ser do propio autor) que representa a uns nenos sobre un valado.

En *Alborada* a letra inicial de cada verso tamén aparece en maiúscula e en *A Fouce* todo o poema aparece en maiúsculas. Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

Este poema é o único texto musicado do que existe gravación sonora, por ser moi recente. *Cfr.* Vaamonde, Suso (1997). “O cantar de Mari Pepa” (Letra de Antón Zapata García). *Rapaces, rapazas e rapazadas* [Gravación sonora en disco compacto]. Redondela: Trebón.

⁸⁰² Nas catro versións aparece *escola* no canto de **rúa**. Isto explícase por seren todas elas anteriores á confección do mecanoscrito. Neste pódese observar que o autor substituíu unha palabra anterior por **rúa**, que é tamén a solución aparecida no libro editado.

⁸⁰³ Por gralla de imprenta, en *Alborada* non aparece o artigo *os*.

⁸⁰⁴ En *Alborada*, *A Fouce* e *El Compostelano* aparece *pol-o mar* entre comas. En *A Fouce* e *El Compostelano* aparece *ti* no canto de **tí**. Estas variacións repítense sempre no estribillo.

i-eu pol-a terra.

—Canta, canta, miña rula;

canta, canta, Mari-Pepa,

10 o cantariño sinxelo,

o cantar que sempre empeza:

—A serra, serra,

tí, pol-o mar

i-eu pol-a terra.

15 Collen a filaza os nenos

e unha crus fixeron d-ela,⁸⁰⁵

e, mentras un tira aos lados,⁸⁰⁶

o outro tira pr-âs pernas.⁸⁰⁷

—A serra, serra,

20 tí, pol-o mar

i-eu pol-a terra.

—Cantemos, cantemos sempre,

nenos da estirpe galega,⁸⁰⁸

⁸⁰⁵ Por gralla de imprenta, en *Alborada* aparece aquí repetido o verso seguinte.

⁸⁰⁶ En *Alborada*, *A Fouce* e *El Compostelano* aparece *os* e en *Eco de Galicia* temos *ós* no canto de **aos**.

⁸⁰⁷ En *Alborada*, *A Fouce* e *El Compostelano* aparece *pr-as* e en *Eco de Galicia* temos *pr'as* no canto de **pr-âs**.

o cantar de «Cantaceibe»,⁸⁰⁹

25

o cantar de Mari-Pepa:

—A serraña, serra,

¡tí, pol-o mar

i-eu pol-a terra!

⁸⁰⁸ Nas catro versións aparece *patria* no canto de **estirpe**. É un exemplo evidente da autocensura consciente que realiza o autor no mecanoscrito dun libro que se vai editar na Coruña en pleno franquismo.

⁸⁰⁹ No libro sen aspas. Nas outras catro versións aparece *liberdade*, con maiúscula en *Eco de Galicia*, no canto de **Cantaceibe**, pola mesma razón que no verso anterior.

[10]

OS PINALES DA LEMBRANZA⁸¹⁰

I

PINALES de Carrabete,⁸¹¹

pinales de Quela Banda;⁸¹²

¡ouh, pinales de Soesto,⁸¹³

de San Simón e de Traba!...⁸¹⁴

5 ¡Cómo vos lembro, pinales,

pol-a Costa Laxeirana!

⁸¹⁰

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en e-a. O dístico do estribillo (11-, 11a) mantén a mesma rima.

Edicións anteriores

Noticiero Español, Bos Aires, nº 273, 5 de maio de 1935.

Variantes e comentarios

No mecanoscrito aparece datado polo autor «1935», anotación que desaparece na edición do libro e tamén na publicación, onde indica “Para NOTICIERO ESPAÑOL” e un debuxo da autoría do autor, pois asina AZG, enmarca nunha cuncha de peregrino uns pinales á beira do mar. Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936 e nela riscou “Para NOTICIERO ESPAÑOL”.

⁸¹¹ En *Noticiero Español* aparece *PINALES* no canto de **Pinales**.

Carrabete. *Cfr.* Nota da edición no verso 5 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

⁸¹² En *Noticiero Español* aparece *D’Aquela Banda* no canto de **de Quela Banda**.

Quela Banda ou Quelabanda. Trátase de Calabanda. *Cfr.* Nota da edición no verso 5 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

⁸¹³ **Nota da edición:** Soesto. «Do latín *sub honestu*, “debaixo dunha residencia de honra”. Actualmente non quedan vestixios desa construción, pero as referencias históricas documentan que o rei Alfonso IX tiña unha peza residencial no espazo que máis tarde será ocupado polo Pazo de Leis, actualmente propiedade dos Raxoi». Tamén indica que é un lugar e parroquia (San Estevo) co mesmo nome no concello de Laxe. *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 58], no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”.

⁸¹⁴ En *Noticiero Español* aparece o peche da exclamación despois de *ouh* e non a final deste verso.

Nota da edición: San Simón de Nande. Unha das seis parroquias que conforman o concello de Laxe. «Freguesía anexa a Santiago de Traba, no concello de Laxe, arciprestado de Bergantiños. Dentro dos seus límites está o monte Gundar de Arriba», *Cfr.* Ferreiro [1995: 224], pois tamén o cita Eduardo Pondal nos seus poemas.

Trintadós anos sin vêr-vos,⁸¹⁵

¡e aínda zoades na miñ-alma!⁸¹⁶

¡Quén poidera voltar a escuitar-vos,

10 cós mortales ouvidos, as cántigas!⁸¹⁷

II

Camiño de Camariñas

—cando miña nai finara—,

ben me lembro cäl zoábades,⁸¹⁸

ao pasar por xunto «A Basa»...⁸¹⁹

15 ¡Era coma un «De Profundis»⁸²⁰

o zoar das vosas arpas!

Tristes zoes que zoan,

nuite e día, na lembranza.

¡Quén poidera tornar a escoitar-vos⁸²¹

Santiago de Traba. Outra das seis parroquias que conforman o concello de Laxe, onse se atopan as famosas formacións orográficas denominadas «Penedos de Traba», que tamén cantou Pondal.

⁸¹⁵ En *Noticiero Español* aparece *ver-vos* no canto de **vêr-vos**.

⁸¹⁶ En *Noticiero Español* aparece *e aínda* no canto de **¡e aínda**.

⁸¹⁷ En *Noticiero Español* aparece *c-ôs* no canto de **cós**.

⁸¹⁸ En *Noticiero Español* aparece *cäl* no canto de **cäl**.

⁸¹⁹ En *Noticiero Español* aparece *ô pasar por xunto a Basa* neste verso.

Nota da edición: A Basa. A Vasa. Enseada, praia e punta do mesmo nome, moi próximas á entrada da vila de Camariñas e lugar de paso obrigado para a entrada. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

⁸²⁰ En *Noticiero Español* aparece sen aspas, coma no anterior.

20 côs mortales ouvidos, as cántigas!⁸²²

III

Pol-a banda de Frexufre,⁸²³

pol-a de San Pedro e Cándos,⁸²⁴

fronte ao Mar dos Artaborums,⁸²⁵

¡pinales!, sodes a patria:⁸²⁶

25 Vosos zoes, no vento,

chegan a mín, como falas...

Lonxe, lonxe, pol-a América,

voso zoar me acompaña...⁸²⁷

¡Quién puidera volver a escoitar-vos,⁸²⁸

30 côs mortales ouvidos, as cántigas!...⁸²⁹

Nota da edición: De Profundis. Referencia ao Salmo 129 “De Profundis Clamavi” (K 93), composto en Salzburgo cara a 1771 por Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756 – Viena, 1791).

⁸²¹ En *Noticiero Español* aparece *voltar a escoitar-vos* no canto de **tornar a escoitar-vos**.

⁸²² En *Noticiero Español* aparece *c-ôs* no canto de **côs**.

⁸²³ En *Noticiero Español* aparece *Banda* no canto de **banda**.

Nota da edición: Frexufre. Lugar da parroquia de San Martiño de Cánduas, no concello de Cabana de Bergantiños, limítrofe con Laxe.

⁸²⁴ Na copia enviada a Filgueira corríxe *Cánduas* por riba de **Cándos**.

Nota da edición: San Pedro. Lugar da parroquia de San Martiño de Cánduas, no concello de Cabana de Bergantiños, cun areal ou praia co mesmo nome.

Cándos. San Martiño de Cánduas, parroquia no concello de Cabana de Bergantiños, limítrofe con Laxe. Frai Martín Sarmiento fala do desaparecido mosteiro de Canduas, rodeado de casas nobres, calellas estreitas e cabazos de pés que amosan os seus pasaventos aos aires da enseada.

⁸²⁵ En *Noticiero Español* aparece *ô* no canto de **ao**.

Mar dos Artaborums. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

⁸²⁶ En *Noticiero Español* aparece *sòdes* no canto de **sodes**.

⁸²⁷ En *Noticiero Español* aparece *m-acompaña* no canto de **me acompaña**.

⁸²⁸ En *Noticiero Español* aparece *¡Quién poidera voltar a escoitar-vos* neste verso.

⁸²⁹ En *Noticiero Español* aparece *c-ôs* no canto de **côs** e sen os puntos suspensivos finais.

[11]

SUIDADE⁸³⁰

I

CHOVE..., chove...,

pinga..., pinga...,⁸³¹

¡Cómo chove,

nai querida!...

5 Chove, afora;

n-alma, pinga...

II

Afundido no relembro que n-estora⁸³²

me visita,

penso lonxe..., lonxe..., lonxe:

10 ¡Nai Galiza!...⁸³³

830

Métrica

Poema arromanzado en tetrasílabos, octosílabos e dodecasílabos, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en i-a.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 73, 10 de xaneiro de 1928.

Variantes e comentarios

En *Céltiga* aparece intitulado **Suidade...** coa dedicatoria: «A Chuco Regueira, dos bos / e xenerosos, sinxelamente» e indicando (Pra CELTIGA).

Francisco (Chuco) Regueira fora o promotor, xunto a Manuel Oliveira e ao propio Zapata, da creación en 1929 dunha entidade cultural, protectora do Seminario de Estudios Gallegos.

⁸³¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *Pinta* no canto de **pinga**, en evidente gralla. En *Céltiga* o verso empeza con maiúscula.

⁸³² No inédito enviado a Filgueira aparece *nestora* no canto de **n-estora**.

⁸³³ En *Céltiga* aparece *Galicia* no canto de **Galiza**. Ademais os versos 11-22 desaparecen.

Chove... Chove...

Pinga... Pinga...⁸³⁴

Pol-a i-alma van pasando, bretemosos:

montes..., rías...,⁸³⁵

15 pais..., irmáns..., amigos..., festas...

¡miña vida!...⁸³⁶

III

Chove... Chove...

Pinga... Pinga...

¡Cómo chove

20 n-este día!;⁸³⁷

¡pro máis chove

n-alma miña!...⁸³⁸

IV

Chove, afora...

N-alma... ¡dioiva!...

⁸³⁴ No inédito enviado a Filgueira despois deste verso principia a parte III.

⁸³⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *Montes* no canto de **montes**.

⁸³⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

⁸³⁷ No inédito enviado a Filgueira despois deste verso principia a parte IV.

⁸³⁸ No inédito enviado a Filgueira despois deste verso principia a parte V.

[12]

FREIRA⁸³⁹

BAIXO a toca albeiral, os rasgos gregos⁸⁴⁰

—San Tomás e meu santo son testigos—,⁸⁴¹

antrabría os seus beizos com-ôs figos,

e os seus ollos azúes n-eran cegos...

5 As mans —¡qué mans, meus bôs amigos!—,

erguéndose c-âl pombas n-os seus pregos,⁸⁴²

tiñan as soavidades dos pexegos

e a brancura eucarística dos trigos.

N-abondaba a tirarlle a lanzalía

839

Métrica

Soneto, 11 (ABBA BAAB CDC EDE)

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 447, 22 de decembro de 1935.

Variantes e comentarios

Indica despois do título (Especial pra GALICIA). Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*, no remate despois da rúbrica engade «"Galicia"; 22/12/1935. Bôs Ars».

⁸⁴⁰ En *Galicia* aparece *â toca albeiral-os* no canto de **a toca albeiral, os**.

⁸⁴¹ En *Galicia* aparece *e o meu* no canto de **e meu**.

Nota da edición: Santo Tomás e San Antón. Posiblemente apela ao primeiro, como unha alusión á coñecida dúbida de Santo Tomás (Xn 20, 24-31) ou a súa incredulidade con respecto á resurrección de Xesucristo, moi representada na iconografía católica.

⁸⁴² En *Galicia* aparece *nos* no canto de **n-os**.

do seu corpo fermoso e busto cheo,
o hábito enluido da freiría;

pr-ônde máis me deteño, ao relembral-a,⁸⁴³
n-é n-os beizos, n-os ollos, mans ou seo:⁸⁴⁴
¡E no lene tremor da súa fala!...

⁸⁴³ En *Galicia* aparece ó no canto de **ao**.

⁸⁴⁴ En *Galicia* aparece *no-é nos beizos, ni-os* no canto de **n-é n-os beizos, n-os**.

[13]

UN HERÓI⁸⁴⁵

I

TÍO Manoel Moreira, de Mórdomo, era un home⁸⁴⁶

máis bô que o pan de broa:⁸⁴⁷

Adouraba ao Señor e â miña bisaboa.⁸⁴⁸

Moi neno, quedóu orfo de quen lle dera nome,⁸⁴⁹

5 dependendo o camiño do que non tén fortuna:⁸⁵⁰

Sen axuda ningunha,

foi traballando as terras dos antenados nosos,

⁸⁴⁵

Métrica

Silva en heptasílabos e alexandrinos con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Alborada, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 39, outubro de 1928.
Calendario Gallego de la Editorial Céltiga, Bos Aires, ano II, 1928.

Variantes e comentarios

No mecanoscrito as maiúsculas levan acento gráfico que non se conserva na edición do libro. En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* o título non leva acento e o texto aparece datado polo autor: «Bos Aires, 1º de Nadal de 1928».

Foi reproducido por Casas, Álvaro de las (1939). *Antología de poetas gallegos*. Buenos Aires: Sopena Argentina. 166-171.

Na copia de *Alborada* enviada a Filgueira para a súa *Escolma* aparece riscada a dedicatoria, engade a sinatura e no remate anota «1926. Bôs Ars».

⁸⁴⁶ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos en maiúscula só a letra inicial. Ademais, en *Alborada* aparece *ome* no canto de **home**.

Nota da edición: Mórdomo. Aldea da parroquia de San Estevo de Soesto, no concello de Laxe. A avoa materna do poeta María Moreira Álvarez tamén era nativa do lugar de Mórdomo.

⁸⁴⁷ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *q-o* no canto de **que o**.

⁸⁴⁸ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* no canto de **ao**.

⁸⁴⁹ En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *horfo* no canto de **orfo**.

hastra o tempo que âs armas o Rei chamaba aos mozos.⁸⁵¹

Se víchedes un pino rexo de tronco e polas,
10 darédesvos axiña conta do meu parente:
Lanzal, barudo, triste, de grave vos tremente⁸⁵²
 e sómaro en parolas,
nas que sempre poñían, axeitadosamente,⁸⁵³
 seriedade ou sorriso,
15 seus verdes ollos gazos
 chovidos de pintelas douradas coma algazos
 e cinguidos por negra celleira frordelisa,⁸⁵⁴
 patillas caracolas
 e beizos amapolas.

20 Vistía homildemente,⁸⁵⁵
 sinxelo e recatado,

⁸⁵⁰ En *Alborada* aparece *ten* no canto de **tên** e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *fertuna* no canto de **fortuna**.

⁸⁵¹ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ôs* no canto de **aos**. Ademais, por gralla de imprenta, en *Alborada* aparece *a tempo* no canto de **o tempo**.

Nota da edición: O Rei. Refírese sen dúbida a Alfonso XIII (Madrid, 1886 – Roma, 1941) que foi proclamado Rei no seu nacemento, reinado que rematou ao se exiliar tras a proclamación da IIª República o 14 de abril de 1931. O asunto do poema podería relacionarse con algunha das mobilizacións de reservistas para as sucesivas campañas da longa guerra de Marrocos, nos primeiros anos do século XX, que provocaban protestas xeralizadas e tentativas de eludir a chamada a armas.

⁸⁵² En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *voz* no canto de **vos**.

⁸⁵³ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *n-as* no canto de **nas**. Ademais, en *Alborada* aparece *adobiadamente* no canto de **axeitadosamente**.

⁸⁵⁴ Por gralla de imprenta, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *frordelisa* no canto de **frordelisa**.

nas feiras e na misa:⁸⁵⁶

Zocos, chapéu, chaqueta, calzón bragal, cirolas,

chaleque brasonado

25 e liñeira camisa.

Tal o recordo, cando, xa vello, viña a LAXE,

por mor de arrendamentos, de foros e consumo,⁸⁵⁷

e me contóu, sôrrindo, sin pinga de carraxe,⁸⁵⁸

o feito xeneroso que me arripióu de medo,⁸⁵⁹

30 namentras que o cigarro nimbábao de fumo⁸⁶⁰

e a destra man eu víalle que lle faltaba un dedo:

II⁸⁶¹

—Deus queira que vosoutros, que de bô tronco vîndes,⁸⁶²

non atopés coa sorte que me custóu o índes—,⁸⁶³

encomenzóu meu tío mostrándonos a man

35 cõ dedo coto, a min e a Pepe, meu irmán.⁸⁶⁴

Eu vos diréi —dicía, ao tempo que fumaba—,⁸⁶⁵

⁸⁵⁵ En *Alborada* aparece *Vistia omildemente* no canto de **Vistía homildemente** e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *Vestía* no canto de **Vistía**.

⁸⁵⁶ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *n-as* no canto de **nas**.

⁸⁵⁷ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *das sanguezugas do foro e do consumo* no canto de **arrendamentos, de foros e consumo**.

⁸⁵⁸ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *sorrindo* no canto de **sôrrindo**.

⁸⁵⁹ Por gralla de imprenta, en *Alborada* aparece *e* no canto de **o**.

⁸⁶⁰ En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *namentres* no canto de **namentras**. Ademais, por gralla de imprenta, no libro *nimbabao* non leva acento gráfico.

⁸⁶¹ En *Alborada* non se marca separación en partes durante todo o poema.

⁸⁶² En *Alborada* aparece *vindes* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *vîndes* no canto de **vîndes**.

⁸⁶³ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *co-a* no canto de **coa**.

o xeito que das quintas eu soio me ceibaba:

¡Mesmo legría dáme,

lembrar que, por un dedo, salvéi ña nai da fame!,⁸⁶⁶

40 posto que, sin aquíl,

eivado ficaría pr-â grórea do fusil...⁸⁶⁷

Collín o meu machado

e, sin me ollar ninguén,⁸⁶⁸

erguéndoo xunto â sén,⁸⁶⁹

45 baixóu, lixeiro e rexo, e, sin me vîr bagullo,⁸⁷⁰

choutóu o dedo índes câl fáí un garabullo...⁸⁷¹

¡e enterréino en sagrado!...

... Dempóis, libréi das quintas, e, â vosa bisaboa,⁸⁷²

non lle faltóu xamáis o caldo e o pan de broa,⁸⁷³

50 pois nadia se gababa⁸⁷⁴

de têr mellores froitos que nós en todo TRABA.⁸⁷⁵

⁸⁶⁴ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *c-ô* no canto de **cô**. En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *hirmán* no canto de **irmán**. Ademais, por gralla de imprenta, no libro temos *mín* con acento gráfico.

⁸⁶⁵ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* no canto de **ao**.

⁸⁶⁶ En *Alborada* aparece *salvéi, a* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *salvéi, â* no canto de **salvéi ña**.

⁸⁶⁷ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *leixado* no canto de **eivado**. Ademais, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *grôrea* no canto de **grórea**.

⁸⁶⁸ Por gralla de imprenta, no libro temos *nigúen* no canto de **ninguén**.

⁸⁶⁹ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *sen* no canto de **sén**.

⁸⁷⁰ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *vir* no canto de **vîr**.

⁸⁷¹ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *cal* no canto de **câl**.

⁸⁷² En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *túa* no canto de **vosa**.

⁸⁷³ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* non aparece o artigo *o*.

⁸⁷⁴ En *Alborada* aparece *nadie* no canto de **nadia**.

⁸⁷⁵ En *Alborada* aparecen *ter, froitos* e *nos* no canto de **têr, froitos** e **nós**. Ademais, en *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *toda Traba* no canto de **todo TRABA**.

ENCOMENDA:

Tío Manoel Moreira, de Mórdomo, o teu nome,⁸⁷⁶

por tan subrime feito

—¡sempre sexa loubado!—,

55 coma unha pomba aniña no niño do meu peito

de galego emigrado,

¡porque fostes un home⁸⁷⁷

salvador d-un Dereito!⁸⁷⁸

¡¡Teu fogar honorado!!...

Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

⁸⁷⁶ En *Alborada* non aparece o artigo *o*.

Mórdomo. *Cfr. supra*.

⁸⁷⁷ En *Alborada* aparece *ome* no canto de **home** e sen signos de admiración. Ademais, por gralla de imprenta, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *orque* no canto de **porque**.

⁸⁷⁸ En *Alborada* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *vingador do* no canto de **salvador d-un**. Ademais remata aquí o poema, pois non se reproduce o derradeiro verso. Na copia de *Alborada* enviada a Filgueira para a *Escolma* corríxe este verso e engade o outro que non aparecía na publicación: *salvador d-un dereito / ¡teu fogar honorado!...*

[14]

SARANDÓNS⁸⁷⁹

SARANDÓNS, boa terra,⁸⁸⁰

berce dos meus abós

paternos, n-as *Mariñas*,⁸⁸¹

que o Barcés, con amor,⁸⁸²

5 refrexa no seu seo

ao garimoso sôn⁸⁸³

que os xungos e espadas⁸⁸⁴

⁸⁷⁹

Métrica

Romancillo heptasilábico, 7, agás os dous versos finais hendecasilabos. Todo o poema con esquema rimático (—a—a). Ten rima aguda en -ó.

Edicións anteriores

El Despertar Gallego, Bos Aires, nº 154, 4 de setembro de 1929.

Centro Social Betanzos, Bos Aires, 1935.

Variantes e comentarios

En *El Despertar Gallego* vai precedido dun debuxo de Domínguez-Costas, que reflite o lugar. Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*. Tamén en *Centro Social Betanzos* aparece outro debuxo diferente dunha aldea, neste caso sen asinar.

⁸⁸⁰ En *El Despertar Gallego* e en *Centro Social Betanzos* aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico.

Nota da edición: Sarandóns. Nome dun lugar e parroquia (Santa María) do concello de Abegondo.

⁸⁸¹ **Nota da edición:** As Mariñas. Denominamos hoxe Terra das Mariñas a dous territorios historicamente coñecidos como As Mariñas dos Condes, en alusión ao dominio feudal dos Andrade e que comprendían as terras de Bergondo e o seu contorno, e as Mariñas dos Frades, baixo o dominio dos Templarios, que comprendían o territorio arredor de Cambre. Os xeógrafos antigos facían alusión a esta zona que denominaban xa o Golfo Ártabro, abarcando as rías de Ferrol, Betanzos e A Coruña.

⁸⁸² **Nota da edición:** O río Barcés tamén foi obxecto dun poema de Eduardo Pondal, mais neste caso é un breve canto á súa chegada á cidade coruñesa, velaí a segunda das tres estrofas: “*O Barcés é montañés, / nació nunha montaña; / por se facer coruñés / dixo adiós á súa braña*”. Cfr. Ferreiro [2001: 105].

⁸⁸³ En *El Despertar Gallego* aparece ó garimoso sôn no canto de **ao garimoso sôn** e en *Centro Social Betanzos* temos ó no canto de **ao**.

ceiban cô seu ronzor;⁸⁸⁵
nobre río que leva
10 —sinxelamente bô—⁸⁸⁶
seus brilantes cristaes⁸⁸⁷
hastr-ô gran corazón⁸⁸⁸
da cibdade da Cruña
pra renderlle os seus dons.

15 Sarandóns, aldeíña⁸⁸⁹
onde o meu bisabó
fixo niño —deixando
súa rexa Aragón—⁸⁹⁰
c-unha pomba galega⁸⁹¹
20 que, sinxel, namorou,
e de craros pombales
povoaron os dous
o Portazgo e San Tirso,⁸⁹²

⁸⁸⁴ En *El Despertar Gallego* aparece *xuncos* no canto de **xungos**.

⁸⁸⁵ En *El Despertar Gallego* e en *Centro Social Betanzos* aparece *c-ó* no canto de **cô**.

⁸⁸⁶ En *El Despertar Gallego* aparece *bóo* no canto de **bô**.

⁸⁸⁷ Por gralla de imprenta, no libro temos *brillantes*. En *El Despertar Gallego* aparece *os brilantes* no canto de **seus brilantes**.

⁸⁸⁸ En *El Despertar Gallego* aparece *hastr-ó* no canto de **hastr-ô**.

⁸⁸⁹ Sarandóns. *Cfr. supra*.

⁸⁹⁰ **Nota da edición:** Na (Auto)Biografía que lle envía a Filgueira Valverde para a fanada *Escolma* de 1936 sinala: «Bisabós paternos: Manoel Zapata (aragonés) e Dominga Ponte (coruñesa). Formaron o seu fogar na aldea de Sarandóns (Abegondo). Alí morreron.-».

⁸⁹¹ En *El Despertar Gallego* aparece *rula* no canto de **pomba**.

⁸⁹² En *El Despertar Gallego* e en *Centro Social Betanzos* aparece *o Burgo* no canto de **San Tirso**.

Nota da edición: Portazgo. Lugar da parroquia de Santa María da O de Rutis no concello de Culleredo. «“Adiós, calle d’o Portazgo / c’-as tuas cadeas de bronce / adiós Petra de Cordal / hasta mañana a las once”». No *Cancioneiro Popular Gallego* de José Pérez Ballesteros aparece esta cantiga dedicada ao lugar do Portazgo. O propio topónimo indica o antigo imposto que alí había que pagar para entrar na Coruña. A finais

e máis tí, Sarandóns.⁸⁹³

25 Aldea que o Zapata
Barbeito, meu aitor,⁸⁹⁴
dende a Vila de Laxe,
suidoso, me insinou
a quererte, anque nunca
30 te vîn, ¡ouh, Sarandóns!...⁸⁹⁵

Cando volte a Galiza
—xa canso da tenzón
d-esta grande Bôs Aires⁸⁹⁶
â que dín meu suor⁸⁹⁷
35 e a quen muito ben quero
pol-os bens que me dóu—,⁸⁹⁸
ei d-ir vêrte e pedirche,⁸⁹⁹
¡lebrada Sarandóns!,⁹⁰⁰
as topas da casiña⁹⁰¹
40 dos paternos abós,

do século XIX debería estar aínda en plena actividade, a xulgar polas “cadeas de bronce” que se citan na peza e coas que pola noite se pechaba a portaxe». *Cfr.* Souto [2001: 120].

San Tirso de Mabegondo. Lugar e parroquia do concello de Abegondo. Está atravesada polo río Barcés.

⁸⁹³ Sarandóns. *Cfr. supra.*

⁸⁹⁴ **Nota da edición:** Antonio Zapata Barbeito, pai do poeta.

⁸⁹⁵ En *El Despertar Gallego* aparece *vín* no canto de **vîn**.

Sarandóns. *Cfr. supra.*

⁸⁹⁶ En *El Despertar Gallego* aparece *Bos* no canto de **Bôs**.

⁸⁹⁷ En *El Despertar Gallego* aparece *á* no canto de **â**.

⁸⁹⁸ En *El Despertar Gallego* aparece *dou* no canto de **dóu**.

⁸⁹⁹ En *El Despertar Gallego* e en *Centro Social Betanzos* aparece *verte* no canto de **vêrte**.

⁹⁰⁰ Sarandóns. *Cfr. supra.*

¡pois, ao vel-a, quezáis, me sandase⁹⁰²

da suidá que, o non vel-a, afincóu!...⁹⁰³

⁹⁰¹ No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «!“Topas”: direicións toponímicas.- Dise na terra de Zás.-».

⁹⁰² En *El Despertar Gallego* aparece ó no canto de **ao**.

⁹⁰³ En *El Despertar Gallego* aparece *nonvel-a* no canto de **non vel-a**.

[15]

TEODOSIO «O GRANDE»⁹⁰⁴

(EMPERADOR ROMÁN)

NA óurea constelación que tén a humanidade⁹⁰⁵

—filósofos e artistas, sabios, bardos e santos—,

fulxente como Sirio, destácase, entre tantos,⁹⁰⁶

Teodosio —¡Astro Galego!— erguendo â Cristiandade.⁹⁰⁷

5 Da deusa Themis crênte e amante da verdade,⁹⁰⁸

⁹⁰⁴

Métrica

Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1016, 29 de xullo de 1947.

Variantes e comentarios

Aparece cos sonetos **Edoardo Pondal** e **A Vila de Laxe** nun tríptico intitulado **Preclaros Fillos de Galiza**, introducidos pola dedicatoria “Ao poeta e irmán galego Avelino Díaz”. Datados o “Día de Galiza do ano 1947”.

⁹⁰⁵ En *Galicia* en maiúscula só a letra inicial.

⁹⁰⁶ **Nota da edición:** Sirio ou *Sirius*. Nome da estrela alfa do Can Maior, a máis brillante do firmamento.

⁹⁰⁷ En *Galicia* aparece á no canto de **â**.

Nota da edición: «¡Qué importa que désemos un emperador a Roma e un Papa â Cristiandade, ou que a Paulo Osorio se lle deba o primeiro Tratado de Hestoria Universal!» CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Trátase do emperador romano Teodosio “o Grande” (379-391 a. de C.), do que Hidacio no preámbulo da súa Crónica di que era oriundo da provincia de Gallaecia e da cidade de Cauca (actual Coca, en Segovia). *Cfr.* Rodríguez Castelao (2000: 246) [1944].

Teodosio foi o impulsor do catolicismo como relixión oficial do estado, perseguíu os cultos pagáns e, como sinala Zapata no último verso, morreu na cidade italiana de Milán no ano 391 a. de C.

⁹⁰⁸ En *Galicia* aparece *crênte* no canto de **crênte**.

Nota da edición: Themis. «É unha das titánidas, filla de Urano e Xea, conselleira de Zeus. Representaba a orde do mundo, a lei divina e o equilibrio das cousas; ao tempo que era a deusa do dereito e da xustiza», *Cfr.* Ferreiro [2001: 176]. Eduardo Pondal tamén a nomea nos seus versos.

un manumento fixo que non sufréu quebrantos:
seu código enxugóu do povo muitos prantos...
¡e ao mundo segue enchéndoo de fonda craridade!...

10 No imperio e no fogar románs súas leis cumpríanse,⁹⁰⁹
e, máisimo guerreiro, seus trunfos repetíanse,
da Gran Bretaña âs terras de Ourente e de Fenicia.⁹¹⁰

E homilde —igual que cando o seu solar deixara,⁹¹¹
chamado por Graciano, e a ROMA reorgaizara—,⁹¹²
¡Milán vío-o morrer lembrando â Nai Galicia!...⁹¹³

⁹⁰⁹ En *Galicia* aparece *Imperio* no canto de **imperio**.

⁹¹⁰ En *Galicia* aparece *ás* no canto de **âs**.

Nota da Edición: Fenicia. Antiga civilización semita, de cidades-estado, orixinaria da costa oriental do Mediterráneo. Os fenicios eran descendentes do pobo cananeo que cita *A Biblia* e habitaban a zona costeira desde Dor (actual Israel) até Arwad (actual Siria) entre 1200 a. de C. e a conquista musulmana.

⁹¹¹ En *Galicia* aparece *eido* no canto de **solar**. No mecanoscrito pódese ollar que o autor substituíu unha palabra anterior.

⁹¹² En *Galicia* aparece *o Imperio* no canto de **a ROMA**. No mecanoscrito óllase unha modificación.

Nota da edición: Graciano. Emperador romano entre 367 – 383 a. de C. Baixo Graciano e Teodosio os cidadáns romanos convertéronse en masa ao cristianismo. Graciano nomeou augusto a Teodosio “O Grande”, malia pouco antes ordenar a execución de seu pai Teodosio “O Maior” no ano 376 a. de C.

⁹¹³ En *Galicia* aparece *á* no canto de **â**. Por gralla de imprenta, no libro temos *víoo* no canto de **vío-o**.

[16]

PATACAS⁹¹⁴

I

COMPRÍRONSE n-este ano as agoirelas⁹¹⁵

nidiamente xinxelas⁹¹⁶

da homilde e boa xente⁹¹⁷

que â veira dos camiños,⁹¹⁸

5 carriles e cancelas⁹¹⁹

da filla primoxén de Bergantiños (1),⁹²⁰

⁹¹⁴

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 17, 15 de agosto de 1930.

Alborada, revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 70, marzo-abril de 1932.

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 277, febreiro de 1936.

Lugo, Bos Aires, nº 37, xuño de 1946.

Variantes e comentarios

En *A Fouce* vai precedido dun debuxo sen asinar que representa un labrego no agro, ademais indica «Pr-á A FOUCE».

En *Alborada* vai precedido dunha fotografía sen asinar dunha sementeira e indica no pé de foto: «Sementando patacas n-unha leira (fondal) de Estorde (Cée)» e leva a sinatura autógrafa A. Zapata García.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

⁹¹⁵ Na edición do libro a primeira palabra non leva acento gráfico. Nas catro versións leva en maiúscula só a letra inicial. No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *Cumpríronse* no canto de **Compríronse**.

⁹¹⁶ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *sinxelas* no canto de **xinxelas**. En *A Fouce*, *Alborada* e *Lugo* este segundo verso di: *fortecentes d-espranza*.

⁹¹⁷ Nas versións anteriores aparece *omilde* no canto de **homilde**.

⁹¹⁸ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece unha coma despois do *que*.

⁹¹⁹ Nas versións anteriores aparece unha coma no final do verso.

⁹²⁰ (1) NOTA DO AUTOR. Laxe: Artabrorum Portus.

Curiosamente, en ningunha das versións anteriores aparece este verso e, polo tanto, tampouco a anotación. Bergantiños. *Cfr.* Nota da edición no verso 41 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

- agarimosamente,⁹²¹
- ollando semental-os patacales⁹²²
- nas cortiñas, nas agras e fondales—,⁹²³
- 10 ceibaba quentes verbas de loubanza,
- de bondosas arelas,
- de fortacente espranza⁹²⁴
- e de fondos cariños:⁹²⁵
- ¡Haxa sorte, veciños!—;⁹²⁶
- 15 —¡Que Deus vol-as requente—;⁹²⁷
- ¡Que recollás anada por quintales!—;⁹²⁸
- ¡Saúde, queridiños!—;⁹²⁹
- ¡Saúde, nobre xente!—;⁹³⁰
- respondendo os loubados, agoirales:⁹³¹
- 20 —¡Igoalmente!... ¡Igoalmente!—⁹³²

II

⁹²¹ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *agarinosamente* no canto de **agarimosamente**.

⁹²² Nas versións anteriores aparece *sementar os* no canto de **semental-os**. Agás en *A Fouce*, todas presentan guión final neste verso.

⁹²³ En ningunha das versións anteriores aparece este verso.

⁹²⁴ Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, en ningunha das outras tres versións anteriores aparece este verso.

⁹²⁵ No texto enviado a Filgueira despois deste engade o verso: —*¡Non vos dades acougo, meus leiales!*

⁹²⁶ En ningunha das versións anteriores aparece guión final neste verso. Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *Haza* no canto de **Haxa**.

⁹²⁷ En ningunha das versións anteriores aparece guión final neste verso.

⁹²⁸ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* non aparece guión final neste verso. Nas outras tres versións anteriores este verso di: *e recollás anada por quintales!*..., para concluír aquí esta parte sen ningún dos catro versos seguintes.

⁹²⁹ No texto enviado a Filgueira non aparece guión final neste verso.

⁹³⁰ *Ibidem*.

⁹³¹ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *respostando os laudados* no canto de **respondendo os loubados**.

Baixo o bico do sol do mes de agosto⁹³³
—que requeima cãl lume pra un magosto,⁹³⁴
e refulxe na ría
con rebrilos de limpa prateiría—,
25 os que onte eran prantíos⁹³⁵
de ben seguidas liñas paralelas
—follosos, verdecentes, e os cogolos
con frores albazúes e marelas,⁹³⁶
nas que as bágoas brillaban dos resíos⁹³⁷
30 e as lenes pingueiriñas das orballas—,
antramostran nos regos ben enxoitos,⁹³⁸
cubertos de cadolos
e follas xa borrallas,⁹³⁹
os ben logrados, fariñentos froitos.⁹⁴⁰

III⁹⁴¹

35 Pol-as agras, recostes e areeiros,⁹⁴²
nas hortas e fondales,⁹⁴³

⁹³² No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece , *jigoalmente!*... no canto de ... **¡Igoalmente!**—.

⁹³³ Das versións anteriores, no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* son as únicas onde aparecen os catorce versos desta parte. Ademais, temos *Agosto* no canto de **agosto**.

⁹³⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *que requeima cãl lume d-un* e en *Galicia* aparece *que requeima cal lume d'un* no canto de **que requeima cãl lume pra un**.

⁹³⁵ En *Galicia* aparece *prantios* no canto de **prantíos**.

⁹³⁶ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *albazues* no canto de **albazúes**.

⁹³⁷ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *vágoas* no canto de **bágoas**.

⁹³⁸ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *enxuitos* no canto de **enxoitos**.

⁹³⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *emborrallas* no canto de **xa borrallas**.

⁹⁴⁰ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *fruitos!* no canto de **froitos**.

⁹⁴¹ Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, nas outras tres versións anteriores esta é a parte **II**.

⁹⁴² Nas versións anteriores aparece *Polo-os agros os* no canto de **Pol-as agras**. Ademais, por gralla de imprenta, en *Alborada* temos *arceiros* no canto de **areeiros**.

cogúlanse os tesouros⁹⁴⁴
 de patacas pelouros⁹⁴⁵
 que os fortes xornaleiros
 40 —barudos, petruciales—⁹⁴⁶
 vãn collendo nos mestos patacales⁹⁴⁷
 cos sachos e a mans cheas:⁹⁴⁸
 ¡Peitoriles moreas
 de rosadas patacas!⁹⁴⁹
 45 Camiño dos faiados,⁹⁵⁰
 os froitos farturentos,⁹⁵¹
 dos fondales, das hortas e das tinzas⁹⁵²
 —en paxes e seiróns ben cogulados⁹⁵³
 e gravidosas sacas
 50 que levan as mulleres e os xumentos
 e os cantadores carros con caínzas⁹⁵⁴
 tirados pol-os bois e pol-as vacas—,

⁹⁴³ Nas versións anteriores aparece *ortas* no canto de **hortas**. Ademais en todas, agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, temos *n-as* no canto de **nas**.

⁹⁴⁴ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *cogálanse* no canto de **cogúlanse**.

⁹⁴⁵ Nas versións anteriores aparece *rosados* no canto de **patacas**.

⁹⁴⁶ Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* nas outras tres versións anteriores este verso non aparece.

⁹⁴⁷ Nas versións anteriores aparece *van* no canto de **vãn**. Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, nas outras tres versións anteriores temos *n-os* no canto de **nos**.

⁹⁴⁸ Agás en *Galicia* onde temos *c-ós*, nas outras versións anteriores temos *c-ôs* no canto de **cos**.

⁹⁴⁹ Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, nas outras tres versións anteriores temos *pelouras* no canto de **rosadas**.

⁹⁵⁰ Das versións anteriores, no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* son as únicas onde aparecen os doce versos seguintes, pois as outras rematan aquí esta parte. Ora ben, na versión do texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aquí empeza a parte **IV**.

⁹⁵¹ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *frutos fariñentos* no canto de **froitos farturentos**.

⁹⁵² Por gralla de imprenta, no libro temos *os fondales* no canto de **dos fondales**. No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *ortas* no canto de **hortas**.

⁹⁵³ Por gralla de imprenta, en *Galicia* temos *seirós* no canto de **seiróns**. Ademais *ben cogulados* aparece como aposición, entre comas, tamén no texto enviado a Filgueira.

⁹⁵⁴ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *rexouveiros* no canto de **cantadores**.

seméllanse ás cariñas iñocentes⁹⁵⁵
de nenños sin dentes
55 ao se ollar en bôs colos...,⁹⁵⁶
sorríndolle..., sorríndolle os xermolos...

IV

Arrecendo de homildes caldeiradas⁹⁵⁷
tinxidas e adobiadas⁹⁵⁸
cô bermello pimento nas cazolas,⁹⁵⁹
60 espállase na rúa, apetecente,⁹⁶⁰
ao par dos bôs rustridos das tixolas...⁹⁶¹
E os arumes sinxelos
das sardiñas asadas con cachelos,
e patacas frixidas,⁹⁶²
65 asadas ou cocidas⁹⁶³
—¡ouh, frescas rebenidas!—⁹⁶⁴
fân escorrer degaros pol-as golas...⁹⁶⁵

⁹⁵⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *inocentes* no canto de **iñocentes**. En *Galicia* aparece *ás* no canto de **âs**.

⁹⁵⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Galicia* aparecen *ó* e *bós* no canto de **ao** e **bôs**.

⁹⁵⁷ Nas versións anteriores aparece *omildes* no canto de **homildes**. Ademais no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aquí empeza a parte **V**.

⁹⁵⁸ Nas versións anteriores aparece *adoviadas* no canto de **adobiadas**.

⁹⁵⁹ Agás en *Galicia* onde temos *c-ô*, nas outras versións anteriores temos *c-ô* no canto de **co**.

⁹⁶⁰ Agás en *Galicia* onde temos *apatecente* por gralla de imprenta, nas outras tres versións anteriores temos *petecente* no canto de **apetecente**, que tamén aparece no texto enviado a Filgueira. Ademais, en *Alborada* aparece *nas rúas* no canto de **na rúa**.

⁹⁶¹ En ningunha das versións anteriores aparece este verso.

⁹⁶² Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* onde temos *das* no canto de **e**, en ningunha das outras tres versións anteriores aparece este verso.

⁹⁶³ En ningunha das versións anteriores aparece este verso.

⁹⁶⁴ Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, en ningunha das outras tres versións anteriores aparece este verso.

⁹⁶⁵ Nas versións anteriores aparece *fan* no canto de **fân**.

¡a gana de comel-os
aluburadamente!⁹⁶⁶

V

70 Froito homilde, ¡patacas!, ao meu canto⁹⁶⁷

Ile dñ a sinxeleza⁹⁶⁸

—¡miña maor riqueza!—,

porque enxúgal-o pranto⁹⁶⁹

e a legría nos lares sempre sobes!⁹⁷⁰

75 Patacas, ¡pan dos probes!;

patacas... ¡¡¡froito santo!!!...⁹⁷¹

⁹⁶⁶ Nas versións anteriores aparecen puntos suspensivos no final.

⁹⁶⁷ Nas versións anteriores aparece *Froito omilde* no canto de **Froito homilde**. Ademais, no texto enviado a Filgueira, en *A Fouce* e en *Alborada* temos *ô, ó* en *Galicia* e *o* en *Lugo*, todas tres no canto de **ao**. De por parte, no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aquí empeza a parte **VI**.

⁹⁶⁸ En *A Fouce*, *Alborada* e en *Lugo* temos *din* e no texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *dñ* no canto de **dñ**.

⁹⁶⁹ Agás no texto enviado a Filgueira e en *Galicia*, nas outras tres versións anteriores temos *enxugal-o* no canto de **enxúgal-o**.

⁹⁷⁰ Agás en *Galicia*, nas outras versións anteriores temos *n-os* no canto de **nos**.

⁹⁷¹ Nas catro anteriores aparece *fruito* no canto de **froito**. Ademais, en *A Fouce* o poema remata co lugar de autoría: «Bôs Ars».

[17]

O DOLMEN DE DOMBATE⁹⁷²

(D-UNHA COSTUME DANZAL CELTA:

A ROLDANZA)

AO sôn das graves arpas dos bardos de Briganza,⁹⁷³
e darredor do dolmen cinguido de druídas,⁹⁷⁴
baixo o craror da lúa, en roldas ben tecidas,⁹⁷⁵
as celtas virxinaes bailaban a roldanza.⁹⁷⁶

5 As súas cantareas d-arela, fide e espranza,⁹⁷⁷

⁹⁷²

Métrica

Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 32, 25 de abril de 1926.

Variantes e comentarios

No mecanoscrito o subtítulo foi aparentemente borrado polo autor. Ademais, tampouco aparece na versión da revista *Céltiga*.

En *Céltiga* publícase precedido dunha fotografía co seguinte pé: «Lage: Dolmen de Dombate», indica «Para “Céltiga”» e reproduce en autógrafo a sinatura A. Zapata García.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936. Nela, tamén sen subtítulo, despois da rúbrica engade «1926».

⁹⁷³ No texto enviado a Filgueira aparece *Ô* no canto de **AO**. En *Céltiga* aparece *O sôn* no canto de **Ao sôn**. Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

⁹⁷⁴ En *Céltiga* aparece *arrededor* no canto de **darredor**.

⁹⁷⁵ En *Céltiga* aparece *a* no canto de **o**.

⁹⁷⁶ No texto enviado a Filgueira aparece unha nota ao final: «Verba nova, miña: “Danza da roda”».

voaban pol-a gandra, câl pombas tremecidas;⁹⁷⁸

e, brancas e lanzales, finxían margaridas

brandéndose cô sopro da bris da venturanza.⁹⁷⁹

D-aqueles nobres tempos —¡ouh, dolmen de Dombate!—,⁹⁸⁰

10 sô tí quedache ergueito, dempóis do fero embate

que os lobicóns de Roma levano ao teu solar;⁹⁸¹

mais, se de nuite a lúa tece seu albo sayo⁹⁸²

cabo de tí, dí a xente que vái pra LAXE ou Bayo,⁹⁸³

que vío bultos brancos ao teu redor bailar!⁹⁸⁴

⁹⁷⁷ En *Céltiga* aparece *suas cantareas de arela* no canto de **súas cantareas d-arela**.

⁹⁷⁸ En *Céltiga* aparecen *voaban* e *cal* no canto de **voaban e câl**.

⁹⁷⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *c-ô* no canto de **cô**.

⁹⁸⁰ **Nota da edición:** Dombate. «Aldea da parroquia de Borneiro, no concello de Cabana. Conserva en moi bo estado un dolmen, un dos máis coñecidos en Galicia», *Cfr.* Ferreiro [2001: 180], pois tamén é obxecto dun poema por parte de Eduardo Pondal, intitulado igualmente ‘O dolmen de Dombate’.

⁹⁸¹ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Céltiga* aparecen *q-os* e *leváno ô* no canto de **que os e levano ao**.

⁹⁸² En *Céltiga* aparece *saio* no canto de **sayo**. Ademais, por gralla de imprenta en *Céltiga* temos *so* no canto de **se**.

⁹⁸³ En *Céltiga* aparecen *vai* e *Baio* no canto de **vái e Bayo**. Ademais, no mecanoscrito temos *dí* no canto de **dí**, e en *Céltiga* aparece *Laxe* só leva maiúscula inicial.

Bayo. Baio. *Cfr.* Nota da edición no verso 18 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

⁹⁸⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Céltiga* aparecen *vú os* e *ô* no canto de **vío e ao**, aemais de engadir puntos suspensivos no final.

[18]

PÉ DE MILLO⁹⁸⁵

(BALLET DA «MOIÑEIRA DA RODA»)

I

BAILA Millo na leira⁹⁸⁶

vella moiñeira⁹⁸⁷

coa leda Bris,⁹⁸⁸

e, ao compás, os seus brazos,

⁹⁸⁵

Métrica

4 combinacións estróficas regulares (7, 5, 5, 7, 5, 5), con versos de arte menor, heptasílabos e pentasílabos. Riman sempre en consonante: aab ccb dde ffe...

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 68, febreiro de 1934.

El Compostelano, Santiago, nº 4138, 30 de abril de 1934.

Variantes e comentarios

No mecanoscrito o subtítulo aparece escrito a man polo autor. En *A Fouce* o subtítulo é (**Ballet da Muiñeira de Roda, pra home só**). Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936. Pola contra, en *El Compostelano* non se publicou con subtítulo.

Nota da edición: Moiñeira da roda > Muiñeira de roda ou Muiñeira redonda. «Esta definición, esquecida pola xente das aldeas, fala dun baile que, en ritmo 6/8, se executa, coreograficamente, en roda. Hoxe en día, esta realidade consérvase, na súa xeneralización, nas zonas do leste de Lugo e Ourense (Os Ancares, O Courel), en Avión (noroeste de Ourense) e, en menor medida, probablemente pola carencia actual de informantes, no sur de Ourense e norte de Lugo. Sen embargo, tras anos de pescudas polas aldeas de Galicia, hoxe podemos atrevernos a pensar que a expresión en conxunto do noso baile era, na totalidade do territorio, coreograficamente en roda. Por suposto, non estamos a falar de bailes que hoxe case non se atopan nos traballos de campo, como a rabela, a muiñeira vella, as carballesas, etc». *Cfr.* Peón, Mercedes (2004). “Introducción conceptual ó noso folvlore e baile tradicional”. *Actas I, II e III Encontros o Son da Memoria*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega. 151-158. A reivindicación da muiñeira de roda tamén inspira os poemas “A Muiñeira” e “Vella Muiñeira de Roda” do poeta muxián Paz Lestón. *Cfr.* Villar, Miro (1998). *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudio*. Sada: O Castro.

⁹⁸⁶ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *Baila o Millo* no canto de **BAILA Millo**.

⁹⁸⁷ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *muiñeira* no canto de **moiñeira**.

⁹⁸⁸ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *co-a leda Brís* no canto de **coa leda Bris**.

5 con limpos trazos,
rexos, varís,
soben, baixan, dan voltas,
reviravoltas,
rentes do van

10 da lanzal bailadora
que o namora
no meigo chan.⁹⁸⁹

II

Logo, acouga unha miga,
diante da amiga,
15 moza xentil,
e, outra ves, se brandea⁹⁹⁰
e se arrandea⁹⁹¹
cerna e sutil,
mentras as castañetas
20 —câl volvoretas⁹⁹²
que orzan no ar—
vân siñándolle os puntos⁹⁹³
dos pêns ben xuntos⁹⁹⁴
no espernexar.

⁹⁸⁹ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *preso do chán* no canto de **no meigo chan**.

⁹⁹⁰ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *vez* no canto de **ves**.

⁹⁹¹ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *s-arrandea* no canto de **se arrandea**.

⁹⁹² En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *cal* no canto de **câl**.

⁹⁹³ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *van* no canto de **vân**.

III

- 25 Outra ves baila ela,⁹⁹⁵
 maina, sinxela
 movendo as mans,
e diant-él, con vergonza,
 fái a peonza⁹⁹⁶
- 30 coma en roláns,⁹⁹⁷
 mais, brandéndose Millo⁹⁹⁸
 rente ao xustillo⁹⁹⁹
 da deusa Bris,¹⁰⁰⁰
ergue o peito de orgulo,¹⁰⁰¹
- 35 corre e dá un pulo
 de home felís.¹⁰⁰²

IV

- Ora, avantan ou cién,¹⁰⁰³
 xa se sorríen
 Millo e a Bris,¹⁰⁰⁴

⁹⁹⁴ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *pês* no canto de **pês**.

⁹⁹⁵ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *vez* no canto de **ves**. Ademais, en *A Fouce* temos *éla* no canto de **ela**.

⁹⁹⁶ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *fai* no canto de **fái**.

⁹⁹⁷ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *como* no canto de **coma**.

⁹⁹⁸ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *o Millo* no canto de **Millo**.

⁹⁹⁹ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *preto* no canto de **rente**.

¹⁰⁰⁰ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *Bris* no canto de **Bris**.

¹⁰⁰¹ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *d-orgulo* no canto de **de orgulo** e vai como aposición, entre comas.

¹⁰⁰² En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *chafarís* no canto de **home felís**.

¹⁰⁰³ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *avanten* no canto de **avantan**.

40 presto —tornando â volta¹⁰⁰⁵
 reviravolta,
 os bailarís—,
 a «Moiñeira de Roda»¹⁰⁰⁶
 da vella moda
45 finda ao compás
 das sinais musicaes
 que, n-os trigaes,
 dá o paspallás!¹⁰⁰⁷

¹⁰⁰⁴ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *Brís* no canto de **Bris**.

¹⁰⁰⁵ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparecen *logo* e *a* no canto de **presto** e **â**.

¹⁰⁰⁶ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece *muiñeira* no canto de **moiñeira**.

«Moiñeira da roda» > Muiñeira de roda ou Muiñeira redonda. *Cfr. supra*.

¹⁰⁰⁷ En *A Fouce* e en *El Compostelano* aparece sen signo de admiración final.

[19]

ROSALÍA CASTRO¹⁰⁰⁸

TIÑA unha sorriso triste, triste de toda tristeza,¹⁰⁰⁹

e un ollar adolorido, profundo, limpo e sinxelo;

nas tempas, i-encol da fronte a súa nobre cabeza,¹⁰¹⁰

un negro marco tecían as crenchas do seu cabelo.

5 A súa vos era tenra, tenra de toda tenreza

—quen ll-â escoitara, me dixu qu-era vos de terzopelo:¹⁰¹¹

coma os sospiros das fontes, que teñen maor beleza¹⁰¹²

canto máis riman, sôaves, amores, mágoa e desvelo...¹⁰¹³

¹⁰⁰⁸

Métrica

Soneto, 16 (ABAB ABAB CCD EED)

Edicións anteriores

Compostela, Bos Aires, nº 6-7-8-9, xullo 1941-1944.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952.

Variantes e comentarios

Nas dúas versións anteriores o título é **Rosalía de Castro**.

En *Compostela* despois do título sinala (Pr-â rivista COMPOSTELA) e publícase precedido dun retrato de Rosalía, que vai sen asinar.

En *Galicia* vai introducido polo seguinte parágrafo: «N-esta data enluitada, que tanto Hespaña coma os galegos, seguimos relembrando encol dos nosos Mártirs, invocamos a Soma tutelar de Rosalía a través da tenríssema Sembranza que a nosa Santa laica lle inspiróu ao gran señor das rimas galegas, Antón Zapata García, por considerar que Rosalía, fói unha verdadeira mártir precursora».

Cfr. con **A Rosalía de Castro**.

¹⁰⁰⁹ En *Compostela* aparece *Tiña* no canto de **TIÑA**. En *Galicia* aparece *surrisa* no canto de **sorrisa**.

¹⁰¹⁰ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *n-as tempas e sobre a fronte da sua nobre cabeza*. Aínda que en *Compostela* acentúa *súa*.

¹⁰¹¹ En *Compostela* acentúa *quén*. En *Galicia* aparece *lla* no canto de **ll-â**. No mecanoscrito temos *escoitara* no canto de **escoitara**.

¹⁰¹² En *Galicia* aparece *d-as* no canto de **das**. Ademais, por gralla de imprenta, temos *quen* no canto de **que**.

¹⁰¹³ En *Compostela* prescinde dos puntos suspensivos. En *Galicia* aparece *soaves* no canto de **sôaves**.

10 Seu corazón era unha ánfora chea de doce ambrosía¹⁰¹⁴
que nas veneiras dos versos da máis outa poesía¹⁰¹⁵
riquecéu a Nosa Fala e cantou a Nosa Dôr;¹⁰¹⁶

I-é câl unha nai pra cantos pol-o mar abaixo vîmos¹⁰¹⁷
pois si, orfos, no desterro, coa soidade máis sofrimos,¹⁰¹⁸
Ela arrula —¡Branca Pomba!— nosa i-alma con amor!...¹⁰¹⁹

¹⁰¹⁴ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *unh-ánfora* no canto de **unha ánfora**.

¹⁰¹⁵ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *n-as* no canto de **nas**. Ademais, por gralla de imprenta, nos dous casos temos *voneiras* no canto de **veneiras**.

¹⁰¹⁶ En *Compostela* e en *Galicia* en minúsculas todas as maiúsculas. En *Galicia* aparece *dôr* no canto de **Dôr**, que en *Compostela* vai en minúscula **dôr**.

¹⁰¹⁷ En *Compostela* e en *Galicia* aparecen *cal* e *vimos* no canto de **câl** e **vîmos**.

¹⁰¹⁸ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *co-a* no canto de **coa**. En *Galicia* aparece *n-o* no canto de **no**.

¹⁰¹⁹ En *Compostela* e en *Galicia* non aparecen os puntos suspensivos finais.

1020

Métrica

2 Sonetos, 14 (ABAB CDCD EEF GGF, ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

«A morte d'o Cisne», *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 14, 10 de abril de 1917.

El Despertar Gallego, Bos Aires, nº 95, 20 de marzo de 1927.

Compostela, Bos Aires, nº 4, xullo de 1939.

Variantes e comentarios

No libro aparece datado polo autor: (20-3-927).

El Eco de Teo só publica a primeira parte, «A morte d'o Cisne», sinalando: «Par'o "Eco de Teo".», con notorios cambios que evidencian que este poema foi reescrito con posterioridade. A versión incial di:

Atopárono morto sobr'a veira d'o río
que sulcaba n'outrora com'esquife xentil,
e xá nunca, ¡xá nunca! ouiremolo pío
alaudante d'o celta bondados'e viril!

Ao miral-o, din todos; —Er-a y-alma d'o vate
qu'aniñaba n'o corpo d'este cisne cantor,
y-o morrer aquel outro, n'o mais rudo combate,
tamén él se morrió de profundo door!...—

E, namentras salaian as serenas y-ondiñas,
as parexas amantes de xentís anduriñas
van pousarse n'a casa d'o poeta lanzal:

per'alcontran o niño arrincad'e desfeito,
e n'alcob'enoitada tamén horfol-o leito
d'o que foi branco cisne: ¡Eduardo Pondal!...

Nas outras dúas versións completas anteriores leva como título conxunto **O Cisne de Ponte-Ceso** e non posúe títulos intermedios, sinalándose as dúas partes con I e II.

Na versión de *El Despertar Gallego* indica «Especial para EL DESPERTAR GALLEGO» e vai introducido polo subtítulo: (No dés aniversario da morte —8 de marzo de 1918— de Eduardo Pondal), con erro evidente no ano. Ademais inclúe a seguinte cita:

“Cando jazan do cisne
os febrentos despoxos...
.....
... Dádelle sepultura
no promontorio aquel aeroso e vougo”
(De “Queixumes dos pinos”).

Na versión de *Compostela* inclúe a mesma cita, pero con algúns cambios lingüísticos e leva unha reprodución autógrafa do nome A. Zapata García., seguida de Bós Aires.

“Cando xazan do cisne
os febrentos despoxos...
... dádelle sepultura
no promontorio aquel areoso e vougo”
EDOARDO PONDAL
(Do libro “Queixumes dos pinos”).

A MORTE DO CISNE

ATOPÁRON-O morto na riveira de encanto¹⁰²¹

do Anllóns, que sulcara coma dorna xentil,¹⁰²²

e xa nunca... ¡xa nunca ouzarémol-o canto¹⁰²³

alaudante do celta, xeneroso e varil!

5 Dín as xentes, ao vel-o: —Er-â i-alma do vate¹⁰²⁴

que aniñaba no corpo d-este cisne cantor,

e ao morrer aquel outro, no máis fero combate,¹⁰²⁵

tamén él se morrió solagado na dôr—. ¹⁰²⁶

E namentras salaian as sireas e ondiñas,¹⁰²⁷

Finalmente, na versión mecanografada que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Bôs Aires. 1917» e «Nótola: feitos cando a morte do meu tío: No “Correo de Galicia” aparecéu o segundo, anque con pequenos engadimentos que agora non tñen.-».

¹⁰²¹ No mecanoscrito as maiúsculas levan acento gráfico que non se conserva na edición do libro. Nas tres versións anteriores aparece en maiúscula tan só a letra inicial. Ademais, no texto enviado a Filgueira e en *Compostela* aparecen *Atopárono* e *d-encanto* no canto de **ATOPÁRON-O** e **de encanto**.

¹⁰²² Por gralla de imprenta, no libro aparece *Allóns* no canto de **Anllóns**. No texto enviado a Filgueira de *Anllóns*.

Nota da edición: Anllóns. «É o río máis importante da comarca de Bergantiños. Nace no monte Pedrouzo (parroquia de Soandres, concello da Laracha) e desemboca na ría de Laxe, despois de pasar pola Ponteceso. É o río pondaliano por excelencia», *Cfr.* Ferreiro [1995: 250].

¹⁰²³ No texto enviado a Filgueira, en *El Despertar Gallego* e en *Compostela* aparece o signo de admiración final despois de *nunca*. Ademais, texto enviado a Filgueira sen puntos suspensivos e en *El Despertar Gallego* temos *n-ouzaremol-o* no canto de **ouzarémol-o**.

¹⁰²⁴ No texto enviado a Filgueira *ô* no canto de **ao**. En *El Despertar Gallego* e en *Compostela* aparecen *Din* e *ô vel-o* no canto de **Dín** e **ao vel-o**. Ademais, en *El Despertar Gallego* aparece *Er-a' alma* e en *Compostela* temos *Er-á i-alma* no canto de **Er-â i-alma**.

¹⁰²⁵ No texto enviado a Filgueira *ô* no canto de **ao**. En *El Despertar Gallego* aparece *e, o* e en *Compostela* temos *e, ó* no canto de **e ao**. Ademais, en *Compostela* aquí aparece un (1) tras *fero combate*. A chamada é unha Nota do Autor que di: La muerte.

¹⁰²⁶ En *El Despertar Gallego* aparece *de dôr* e en *Compostela* temos *na dôr* no canto de **na dôr**.

¹⁰²⁷ En *El Despertar Gallego* aparece *serenas* e en *Compostela* temos *sirenas* no canto de **sireas**. Ademais, en *Compostela* temos tamén *namentres* no canto de **namentras**.

10 sóbor de Ponte Ceso pían as anduriñas¹⁰²⁸
que de Arxel imigrano c-un agoiro fadal.¹⁰²⁹

alcontraron o niño arrincado e desfeito,
e, na estanza enloitada, tamén orfo o albo leito¹⁰³⁰
do que foi branco cisne: ¡Edoardo Pondal!¹⁰³¹

O ENTERRO DO BARDO

15 OS «Queixumes dos pinos», azoutados do vento,¹⁰³²
na outa nuite romedan un cantar funeral;¹⁰³³
e as curuxas e os mouchos choran con sentimento,¹⁰³⁴
e saloucan as fontes a canzón invernal.¹⁰³⁵

Por congostras e atallos pasa un enterramento

20 alumado sômentes pol-a lúa albeiral,¹⁰³⁶
e dos eidos que o morto alaudóu, agoirento,

¹⁰²⁸ En *El Despertar Gallego* aparece *de Ponte-Ceso* e en *Compostela temos da Ponte-Ceso* no canto de **de Ponte Ceso**.

¹⁰²⁹ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *e-un* no canto de **c-un**. Ademais, no texto enviado a Filgueira e en *Compostela* aparece *que d-Arxel imigrano c-un agoiro fadal*, en *El Despertar Gallego* temos *que de Arxel imígrano, c-un agoiro fatal*.

¹⁰³⁰ No texto enviado a Filgueira e en *Compostela* aparece *enluidada* no canto de **enloitada**.

¹⁰³¹ Na edición do libro aparece *fói* no canto de **foi**.

¹⁰³² En *El Despertar Gallego* non se sinala entre aspas o título do libro de Pondal, aparecendo integrado no verso. En *Compostela* temos *queixumes* no canto de **Queixumes** e, ademais, nas versións anteriores só aparece en maiúscula a letra inicial do alexandrino.

¹⁰³³ En *El Despertar Gallego* aparece *alta noite* no canto de **outa nuite**.

¹⁰³⁴ No texto enviado a Filgueira e en *Compostela* temos *e mouchos* no canto de **e os mouchos**.

¹⁰³⁵ En *El Despertar Gallego* aparece *cantiga* no canto de **canzón**.

¹⁰³⁶ En *El Despertar Gallego* e en *Compostela* temos *somentes* no canto de **sômentes**.

sáí a vos enluitada: —¡morrío Pondal!...¹⁰³⁷

—Eiquí, dixo que o enterren— mouma a Santa Estadea...¹⁰³⁸

E na «Punta da Barra», onde brúa a marea¹⁰³⁹

25

—garimado no seo dos nativos terróns—,

xas o esprito do bardo inmortal e xigante¹⁰⁴⁰

coma os fachos que s-erguen pol-a costa do Atrante,¹⁰⁴¹

mentras tangué, doída, «A Campana de Allóns!»...¹⁰⁴²

¹⁰³⁷ No texto enviado a Filgueira, en *El Despertar Gallego* e en *Compostela* temos *sai* no canto de **sáí**. Tamén nesas versións o alexandrino remata: ¡*E morrió Pondal!*, aínda que en *Compostela* vai seguido de puntos suspensivos. Ademais, en *El Despertar Gallego* aparece *enloutada* no canto de **enluitada**.

¹⁰³⁸ No texto enviado a Filgueira, en *El Despertar Gallego* e en *Compostela* temos *prega* no canto de **mouma**.

Nota da edición: Santa Estadea. «Compañía. Pantasma alta, branca, cuberta por un sudario do que sobresa unha caveira e que dirixe a Compañía en ocasións. Preséntase soa e é un aviso de morte». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 117].

¹⁰³⁹ No texto enviado a Filgueira temos *BARRA* e sen aspas, en *El Despertar Gallego* aparece sen aspas e en *Compostela* con elas só en “Barra”.

Nota da edición: Punta da Barra. Tamén chamada Punta de En medio. Lingua de area formada na desembocadura do río Anllóns na Ponteceso, que se prolonga desde o Monte Branco e que adoita ter sobre quilómetro e medio de longo e medio quilómetro de ancho de media.

¹⁰⁴⁰ No texto enviado a Filgueira, en *El Despertar Gallego* e en *Compostela* temos *nazonal* no canto de **imortal**. Ademais, en *El Despertar Gallego* aparece *xaze* e no texto enviado a Filgueira e en *Compostela* temos *xace* no canto de **xas**.

¹⁰⁴¹ No texto enviado a Filgueira, en *El Despertar Gallego* e en *Compostela* temos *d-Atlante* no canto de **do Atrante**.

¹⁰⁴² No texto enviado a Filgueira aparece *d’Allóns*, en *El Despertar Gallego* e en *Compostela* temos *d-Anllóns* no canto de **de Allóns**. Ademais, en *El Despertar Gallego* aparece o título do libro de Pondal sen aspas e no texto enviado a Filgueira e en *Compostela* con elas agás o artigo. Allóns>Anllóns. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 do primeiro soneto.

[21]

REGUEIRA SINXELA¹⁰⁴³

A TRENLA crenchelada da regueira¹⁰⁴⁴

tintina a súa prata nos veirales¹⁰⁴⁵

da canle que pieitean os xuncales¹⁰⁴⁶

brandéndose con ritmo de moiñeira.¹⁰⁴⁷

5 As tesas espadanas, pol-a veira,¹⁰⁴⁸
 espadelan as febras máis lanzales;¹⁰⁴⁹
 pro non poden que â noiva dos herbales¹⁰⁵⁰
 recurtada lle quede a cabeleira.

¹⁰⁴³

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED)

Edicións anteriores

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1328, 5 de xullo de 1931.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 67, outubro de 1931.

Variantes e comentarios

En *Alborada* vai precedido dunha fotografía dunhas lavandeiras que asina Ferrer Coruña. Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

¹⁰⁴⁴ Nas dúas versións anteriores leva en maiúscula só a letra inicial.

¹⁰⁴⁵ Nas dúas versións anteriores aparece *n-os* no canto de **nos**.

¹⁰⁴⁶ Nas dúas versións anteriores aparece *pieitan* no canto de **pieitean**. No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «“Pieitan” (Pondal), en ves de “peitean”».

¹⁰⁴⁷ Nas dúas versións anteriores aparece *rimo de muiñeira* no canto de **ritmo de moiñeira**.

¹⁰⁴⁸ Nas dúas versións anteriores aparece *n-unha* no canto de **pol-a**.

¹⁰⁴⁹ En *Correo de Galicia* aparece *mais* no canto de **máis**.

¹⁰⁵⁰ Nas dúas versións anteriores aparece *ervales* no canto de **herbales**. Ademais, en *Correo de Galicia* temos *á* no canto de **â**.

10 Doméanse os trigales, pra miral-a;¹⁰⁵¹
e un piñeiro, miazoso, eisí lle fala:
—Non vaias tan apresa: ¡vên falar!—¹⁰⁵²

E a regueira alubura o seu camiño¹⁰⁵³
pra branquearlle os farrapos d-un neníño
que unha nai facendosa vái lavar.¹⁰⁵⁴

¹⁰⁵¹ En *Correo de Galicia* aparece *trigaes* no canto de **trigales**.

¹⁰⁵² Nas dúas versións anteriores non aparece o guión final. Ademais, en *Correo de Galicia* temos *ven* no canto de **vên**.

¹⁰⁵³ En *Correo de Galicia* aparece signo de admiración inicial.

¹⁰⁵⁴ Nas dúas versións aparece *vai* no canto de **vái**.

ANTERGAS LUCES PROMISÓREAS¹⁰⁵⁵

NO concerto do Mundo de Oucidente,¹⁰⁵⁶

eu ben séi que o meu povo ha de ser lumiñeira

conduitora, esprendente,

dende o antergo FISTERRA

5 —¡pecoreiro esculcante,

xigante arpón, a óurica lus galega!—,¹⁰⁵⁷

defendendo seus nobres, integraes dintornos:

¡Unha Gran Celtineria¹⁰⁵⁸

que abrangana dende IRLANDA¹⁰⁵⁹

¹⁰⁵⁵

Métrica

Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (tetrasílabos, pentasílabos ou heptasílabos) en alternancia con versos de arte maior (hendecasílabos ou alexandrinos). Riman sempre en consonante.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1151, 30 de xullo de 1951.

Variantes e comentarios

En *Galicia* as maiúsculas do título sen acento gráfico. Ademais, aparece unha gralla de imprenta no nome do autor (Arntón) e a seguinte indicación: **Do libro “A Roseira da Soidade”, próisimo a publicarse.** Ademais, indica «Especial para “GALICIA”» e publícase acompañado dun sen asinar.

¹⁰⁵⁶ En *Galicia* leva en maiúscula só a letra inicial.

¹⁰⁵⁷ En *Galicia* aparece *óurica*, sen artigo, no canto de **a óurica**.

¹⁰⁵⁸ En *Galicia* aparece *GRAN CELTINERIA* no canto de **Gran Celtineria**.

Celtineria. *Cfr.* Nota da edición no verso 26 do poema **Vento irmán [70]**.

¹⁰⁵⁹ **Nota da edición:** «¡Qué importa que os proxenitores da nosa caste chegaran a Irlanda e formaran alí un acorro inespñable das esencia celtas!». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Castelao fai referencia á tradición historiográfica galega segundo a cal os galegos foron os que poboaron Irlanda. Esta tradición parte da historia que se recolle no manuscrito irlandés do s. XII, *Leabhar Ghabala* (Libro das Invasións ou das Conquistas), no que se conta a invasión de Irlanda por guerreiros da Península, e na que participa o fillo de Breogán, Ith (que descubre a illa dende o faro de Hércules), e os fillos de Míl, neto de Breogán, que serán os que conquisten Irlanda despois da morte de Ith.

- 10 deica âs irmáns AMÉRICAS,¹⁰⁶⁰
 como cando os ATRÁNS, os pais dos NERIOS¹⁰⁶¹
 e da VENUS GALEGA,¹⁰⁶²
 axionlláronse como nobres fillos
 de crara estirpe céltiga,
- 15 têndo de altars os cúmiaros dos fachos¹⁰⁶³
 e as furnas medoñentas!;
 ¡como cando a GALAXIA sinalara
 â Terra Nai que redenzóu a greba¹⁰⁶⁴,
 a lus do Libredón, escintilante¹⁰⁶⁵
- 20 —¡a loura estrela!—,
 a que dendes de Ourente até Oucidente¹⁰⁶⁶
 de XERUSLAND viñera¹⁰⁶⁷

Os capítulos do Leabhar Ghabala que refiren esta historia foron traducidos ó galego e publicados en 1931, nos números 86, 88, 92 e 95 da revista Nós. Cfr. Rodríguez Castelao (2000: 245) [1944].

¹⁰⁶⁰ En *Galicia* aparece *ás* no canto de *âs*. Só no mecanoscrito temos **AMÉRICAS**, pois nin o libro nin a versión anterior conservan o acento gráfico, consonte as regras gramaticais usuais na época.

¹⁰⁶¹ Só no mecanoscrito temos **ATRÁNS**, pois nin o libro nin a versión anterior conservan o acento gráfico, consonte as regras gramaticais usuais na época.

Nota da edición: Atráns. Atlantes. Poboadores da Atlántida (tamén chamada Atlantis debido ao mitolóxico rei Atlante) foi un país mítico que xa se nomea en textos do filósofo grego Platón. Porén, a maioría dos historiadores opinan que nunca tería existido, malia inspirar numerosas obras literarias e cinematográficas.

Nerios. Pobo prerromano que habitaba a zona do *Promontorium Nerium*, hoxe Fisterra. Por extensión, o noso poeta tamén o aplica a Galiza.

¹⁰⁶² **Nota da edición:** Venus. Na mitoloxía romana era unha importante deusa relacionada nomeadamente co amor, a beleza e a fertilidade. Estaba inspirada na Afrodita da mitoloxía grega, porén a Venus romana era moito máis poderosa e reverenciada.

¹⁰⁶³ En *Galicia* aparece *têndo* no canto de **têndo**.

¹⁰⁶⁴ En *Galicia* aparecen *á* e *á* no canto de **â** e **a**. Ademais, neste verso mecanoscrito e versión engaden unha **NOTA DO AUTOR** (1): «No Século XII fundáronse en Sant Iago, as xildas (sindicatos) da xente traballadora, cuio xefe xêral era «O Vilico» ou «Vigairo», anque éste cumpría a súa minsión antre xente mariñante, mentres que aquél facía-o antre mêttrales, coma ser: alfaiates, canteiros, cuncheiros, lapidarios, ouribes, etc». Neste paratexto en *Galicia* aparece *mariñante ou peixeira* no canto de **mariñante**, ademais doutros leves cambios lingüísticos que non reseñaremos.

¹⁰⁶⁵ En *Galicia* aparece **LIBREDON** no canto de **Libredón**.

Nota da edición: O Libredón. «É o lugar onde foi enterrado Santiago e despois se construíu a catedral compostelá», Cfr. Ferreiro [2001: 247], pois tamén o cita Eduardo Pondal nos seus poemas.

¹⁰⁶⁶ En *Galicia* aparece *d-Ourente* no canto de **de Ourente**.

¹⁰⁶⁷ **Nota da edición:** Xerusland. Adaptación da palabra Jerusland (Xerusalén). O propio poeta fai uso tamén da forma *Xerusalem* [95, 44].

aloumiñando â ROMA dos Pretorios¹⁰⁶⁸
i-en GALIZA ficara sempreterna,
25 bendizoando aos seus fillos,
de Povos Pecoreira!
¡aos seus fillos, que agardan
a Santa Integrazón da Nosa Terra,¹⁰⁶⁹
pra cumprir os destiños¹⁰⁷⁰
30 dos Fillos das Fisterras!...
¡Faro de Lus Xigante!,
¡COMPOSTELA!:
¡Alúmanos máis forte!...
¡¡Axúdanos a erguel-a!!...¹⁰⁷¹

¹⁰⁶⁸ En *Galicia* aparece á no canto de â.

Nota da edición: Pretorios. Formaban parte da denominada Garda Pretoriana, un equipo militar que servía de escolta aos emperadores romanos.

¹⁰⁶⁹ En *Galicia* aparece *Redenzón* no canto de **Integrazón**, que na edición do libro aparece en minúsculas.

¹⁰⁷⁰ En *Galicia* aparece *comprir* no canto de **cumprir**.

¹⁰⁷¹ Nestes derradeiros catro versos en *Galicia* aparece unha puntuación diferente, sen especial relevo.

[23]

MOIÑEIRA DE RODA¹⁰⁷²

SONAN, fortes, os pandeiros,¹⁰⁷³

retintinan as ferreñas,

e de trinta bailadores

un bailador soio queda.

5 Trunfador na nobre luita,

elixe a gusto â parella,¹⁰⁷⁴

indo detrás de ésta as outras¹⁰⁷⁵

tamén bailando a moiñeira.

As sorrisas son pra o mozo

10 que vencéu na leal contenda,

¹⁰⁷²

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en e-a, agás unha das cuartetos en u-a. Ademais, a penúltima estrofa é un terceto (a–a), que conserva a rima en e-a.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1153, 20 de agosto de 1951.

Variantes e comentarios

En *Galicia* coa seguinte indicación: **Do libro “A Roseira da Soidade”, próximo a publicarse**. Vai acompañado dun debuxo, de Antón Crestar, que representa un baile dunha parella. Tamén se sinala: (Especial para GALICIA).

Moiñeira de roda > Muiñeira de roda ou Muiñeira redonda. *Cfr.* Variantes e comentarios no poema **Pé de millo (Ballet da «Moiñeira da roda»)** [18].

¹⁰⁷³ En *Galicia* leva en maiúscula só a letra inicial.

¹⁰⁷⁴ En *Galicia* aparece *a* no canto de **â**.

¹⁰⁷⁵ En *Galicia* aparece *d-ésta* no canto de **de ésta**.

sintindo vivas e aprausos
n-unha crecente fervenza.

Os mozos, baila que baila,
vân tocando as castañetas,¹⁰⁷⁶
15 mentras as mozas, mainiño,
peneira que te peneira.

Rube, rexo, o canto enxebre
dos mozos e damacelas,¹⁰⁷⁷
n-entanto os ollos se cravan
20 nos trunfadores da festa.¹⁰⁷⁸

—Alubura o baile, mozo;
mozo, teu baile alubura,
que xa vái chegando a noite
apalpando as correduiras.

25 ¡Bailador, baila, espernexa,
vai na volta espernexando,¹⁰⁷⁹
como facían os celtas!—...¹⁰⁸⁰

¹⁰⁷⁶ En *Galicia* aparece *vân* no canto de **vân**.

¹⁰⁷⁷ Na edición do libro aparece *donacelas* e en *Galicia* temos *donicelas* no canto de **damacelas**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza unha das anteriores, pola posible confusión semántica co nome dun mamífero mustélido.

¹⁰⁷⁸ En *Galicia* aparece *n-os* no canto de **nos**.

¹⁰⁷⁹ En *Galicia* aparece *vái* no canto de **vai**.

¹⁰⁸⁰ En *Galicia* aparece *teus antergos* no canto de **facían os**.

Ben bailada aos catro ventos,¹⁰⁸¹

en rolda finda a moineira:

30 as mozas, repeneirando,

choutando os mozos tras de elas.

¹⁰⁸¹ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *bailaba* no canto de **bailada**.

[24]

SEMENTANDO MILLO¹⁰⁸²

DIANTE dos bois, que sopran sobre os regos
—os pesúños fincando e o testús baixo—,
vân vertendo os graus de ouro dos talegos
e das bulsas que penden do refaixo.

5 Apreixando os arados, os labregos
afúndenos na terra sen cascaixo,
e as abecas enterran aos graus cegos
pra que surtan e arriguen ben abaixo.

10 Pol-a terra labrada, os paxariños
revoan ou peteiran nos bichocos
pra leval-a bicada pra os seus niños,

namentras que nas regas veciñales
escúitase o relar e os «troco-trocos»
dos moíños cantando aos milleirales.

¹⁰⁸²

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CDC EDE)

[25]

O PINAL INMORRENTE¹⁰⁸³

XA non zoan os pinos do pinal máis antergo¹⁰⁸⁴
que dóu ponlas pra os probes, e, nas froumas, albergo
âs suritas e âs rulas, que, nas tardes sereas,
arrulaban soidades de querer e amor cheas;¹⁰⁸⁵
5 pinal onde atopaban a bicada pra os niños
nas carolas que, abríndose, regalábanlles piños.

Pasan ventos e brisas, silandeiros, calados,
dando bicos e apretas sobre os pinos tronzados
como corpos barudos de xigantes dos ceos
10 que afrontaron a morte, arrogantes, sereos...

¹⁰⁸³

Métrica

2 Sextetos, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AABBC, DDEEFF.

Edicións anteriores

Mundo Gallego, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952.

Variantes e comentarios

Por gralla de imprenta, en *Mundo Gallego* aparece co título **O Final Imorrente**, incluído no tríptico intitulado **Frisos Galegos**, xunto cos poemas **Sachadoras** e **Trincado**. [Cfr.] Ademais, aparece coa seguinte indicación: *Do libro “A Roseira da Soidade”, a imprensarse na Cruña no primeiro trimestre corrente*. Tamén se publica xunto a un debuxo, sen asinar, de peixe na rede e indicando: Pra MUNDO GALLEGO – Bôs Aires.

Foi reproducido, con erro tamén no título, **O Final Inmorrente**, por Fernández del Riego, Francisco (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 56. E tamén polo mesmo Fernández del Riego, Francisco (1976). *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo. Galaxia. 274. O editor moderniza o texto e engade en nota a rodapé: «A resoancia pondaliana está presente nestes versos, ao igoal que noutros de Zapata García».

¹⁰⁸⁴ En *Mundo Gallego* leva en maiúscula só a letra inicial.

¡e vertendo seu sangue de arumosa resina,
forte exemplo de heróis aos galegos ensina!...

¹⁰⁸⁵ En *Mundo Gallego* aparece *suidades* no canto de **soidades**.

[26]

VAGALUMES¹⁰⁸⁶

—¡AI, XESÚS!... ¡¡nanaiciña!!...!¹⁰⁸⁷

¡Alí vái a Estadea!—...¹⁰⁸⁸

—¿Qué che pasa, filliña?...

Non tembres, meu amor; non teñas medo...

5 Algún mozo d-aldea

que vái de runfla, ledó,¹⁰⁸⁹

—chaveando quezáis sóbor do esqueiro—,

ao pasar pol-a porta, fixo lume,¹⁰⁹⁰

e guindóu charamuscas pol-o estrume

10 enxuito do carreiro...

¡Axiña te asustaches, miña pomba!;

¹⁰⁸⁶

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 5, 1 de febreiro de 1930.

Alborada, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 74, xaneiro-febreiro-marzo de 1933.

Recentemente foi escolmado, seguindo a primeira versión por Alonso Montero, Xesús (1997). *Poemas ó vagalume*. Vigo: Galaxia. 37-39.

Variantes e comentarios

En *Alborada* vai acompañado dun debuxo sen asinar, aínda que ben puidera ser do propio autor, que representa unha rapaza abrazada a súa nai. Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

¹⁰⁸⁷ Nas versións anteriores leva en maiúscula só a letra inicial e aparece unha puntuación diferente, sen especial relevo.

¹⁰⁸⁸ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *vai* no canto de **vái**.

Estadea. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

¹⁰⁸⁹ *Ibidem*.

mais dí: ¿de qué te queixas?...

¡O teu corpo semella que s-eslomba

e fuxíronche as zreixas¹⁰⁹¹

15 que tiñas n-as fazulas,¹⁰⁹²

e dóeste do peito!...

Agóchate no leito,

meu ben, e non rebulas,

que vóu vêr, da xanela, se na horta¹⁰⁹³

20 hai algo que sospeito...

Voltando e revoltando, unha moxena

fóí pousarse na porta,¹⁰⁹⁴

e cando a nai volvío xunto â nena...

¡a nena estaba morta!...

¹⁰⁹⁰ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *ô* no canto de **ao**.

¹⁰⁹¹ Por gralla de imprenta, en *A Fouce* aparece *reixas* no canto de **zreixas**.

¹⁰⁹² En *A Fouce* e en *Alborada* temos *nas* no canto de **n-as**.

¹⁰⁹³ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *vou*, *xinela* e *orta* no canto de **vóu**, **xanela** e **horta**. Ademais, en *A Fouce* aparece *ver* no canto de **vêr**. No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde *xinela* no canto de **xanela** e indica en nota a rodapé: «Xinela: ventán».

¹⁰⁹⁴ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *foi* no canto de **fóí**.

[27]

O PRANTO DE «PEPA A LOBA»¹⁰⁹⁵

Brúa o mar na Costa Brava,¹⁰⁹⁶

o norde zoa nos pinos,

e, pol-as praias desertas,¹⁰⁹⁷

salaian os mazaricos.

5 Na montana tamén brúa,
nos pedrouzos, o curisco,
pois o ceo, ruzoso e preto,
criba nevoiro e pedrisco...

Antre paisaxe tan crúa

¹⁰⁹⁵

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en i-o.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1136, 28 de febreiro de 1951.

Variantes e comentarios

En *Galicia* aparece coa seguinte indicación: **Do libro próximo a publicarse: “A ROSEIRA DA SOIDADE”**. Ademais, está introducido por unha nota da redacción (N. de R.): «O noso gran bardo galego, Antón Zapata García, tivo novamente a xentil defréncia d-enviarnos outro lírico regalo que, como “Armónicas Fornos”, pertence ao seu inspirado libro, “A Roseira da Suidade”, próximo a sere imprentado.

O “Pranto de Pepa a Loba”, é un magnífico romance no que, facendo seu autor gala da sua proverbial mestría, define as tres esenciaes facetas temperamentaes que étnicamente posúe [por gralla de imprenta, *pouse*] a muller galega: unha firmeza de carácter indomable e resolto; sentimento materno, invariabelmente cheo de bondade infinda; fonda e innegada tenrura haza o próximo en disgracia...

E agora, caro lédor, queda contigo o poeta».

Cfr. Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 197-199], onde se sinala: «Bandoleira imaxinaria, prototipo de muller fera coma o alcume que leva. Andou tódalas comarcas de Galicia e hai quen ousa asegurar que viviu pola segunda metade do século XIX. Por veces preséntase cruel e sanguinaria, outras, como arquetipo de bandoleiro bo e socorredor de pobres».

¹⁰⁹⁶ Na edición do libro a palabra inicial en maiúsculas e non leva acento gráfico, como era norma na época.

Nota da edición: Costa Brava. Denominación bastante usada, sobre todo na literatura, para o que hoxe se denomina Costa da Morte.

- 10 —toxales e fragas hirtos¹⁰⁹⁸
 e povoados de somas
 que tollecer fân o espírito—,¹⁰⁹⁹
 un rapás vái a cabalo
 cara ao chan de Bergantiños.¹¹⁰⁰
- 15 Saléu da Terra dos Ogas¹¹⁰¹
 —terra de lobos e frío—
 no anuitecer, c-un mandado¹¹⁰²
 d-un home que está ferido...¹¹⁰³
 Vái en procura do crego¹¹⁰⁴
- 20 da parroquia de Nondigo,
 pra que leve os sacramentos
 e confese ao foraxido...
 Xa levaría unha hora¹¹⁰⁵
 cabalgando a trote limpo
- 25 pol-os retortos atallos
 pra non ser de ninguén visto,
 cando un —¡Alto!... ¡Mans arriba!—...
 forte vos, tronante, dixo...

¹⁰⁹⁷ En *Galicia* aparece sen comas.

¹⁰⁹⁸ En *Galicia* aparece *touzales* no canto de **toxales**.

¹⁰⁹⁹ En *Galicia* aparece *fan* no canto de **fân**.

¹¹⁰⁰ Bergantiños. *Cfr.* Nota da edición no verso 41 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

¹¹⁰¹ **Nota da edición:** Ogas. Aldea da parroquia de San Xoán Cambeda (Vimianzo), onde se conserva sen escavar o denominado castro das Barreiras.

¹¹⁰² En *Galicia* aparece *cun* no canto de **c-un**.

¹¹⁰³ En *Galicia* aparece *dun* no canto de **d-un**.

¹¹⁰⁴ En *Galicia* aparece *Vai* no canto de **Vái**.

¹¹⁰⁵ Por gralla no libro e no mecanoscrito aparece *un* no canto de **unha**, como se publicou en *Galicia*. Daquela, é probable que neste caso o mecanoscrito e a edición do libro recollan un erro do autor, pois non

Ficóu tembrando o cabalo,
 30 afogándoselle un rincho;
 e o rapaciño, valente,
 fincóulle esporas nos íxaros...
 —¡Alto!... ¡Detén esa besta!
 Se non... ¡báixote d-un tiro!—,¹¹⁰⁶
 35 repitéu a vos de espanto,
 de espenuxa e de arrepío...
 Frenóu o faco o pequeno
 e non falou nin un chisco...
 Tornóu a vos a escuitarse,
 40 anque con tón femeniño:¹¹⁰⁷
 —¿Non tês medo a «Pepa a Loba»?...¹¹⁰⁸
 Fincando máis nos estribos,
 respondíolle o xinete:
 —... Non, señora; que, comigo,
 45 nada lle cumpre ou convénlle:¹¹⁰⁹
 Eu non son un home rico...
 Ademáis... é miña aboa,
 asegún teño entendido—...
 —¡Qué dis!... ¡¿Qué?!... ¡Fala, demoro!...
 50 Dime pra ónde vas, cativo!—...¹¹¹⁰

existen razóns métricas para usar un incoherente masculino. É máis, de conservarmos a opción do autor estariamos perante un verso octosílabo 'coxo'.

¹¹⁰⁶ En *Galicia* aparece *dun* no canto de **d-un**.

¹¹⁰⁷ En *Galicia* aparece *ton* no canto de **tôn**.

¹¹⁰⁸ En *Galicia* aparece *tes* no canto de **tês**.

—Vóu c-un rogo xunto ao crego¹¹¹¹
da parroquia de Nondigo,
pra que meu pai se confese...
¡que os gardas ceviles feríron-o!—...
55 —¡A casa de teu pai, vamos!,¹¹¹²
porque has sabel-o... ¡é meu fillo!...
i-hei de salvar-o, ¡Deus diante!,
côs homes que están comigo...¹¹¹³
Vên con nosoutros, ¡meu anxo!,¹¹¹⁴
60 e cóntame o sucedido...

Cara a montana c-un médico,¹¹¹⁵
cabalgan neno e bandidos...
¡E choraba «Pepa a Loba»
escuitando ao seu netiño!...

¹¹⁰⁹ En *Galicia* aparece *convenlle* no canto de **convénlle**.

¹¹¹⁰ En *Galicia* aparece *onde* no canto de **ónde** e sen maiúscula inicial.

¹¹¹¹ En *Galicia* aparece *cun* no canto de **c-un**.

¹¹¹² En *Galicia* aparece *do teu* no canto de **de teu**.

¹¹¹³ En *Galicia* aparece *cós* no canto de **côs**.

¹¹¹⁴ En *Galicia* aparece *Vên* no canto de **Vên**.

¹¹¹⁵ En *Galicia* temos *cara á* e *cun* no canto de **Cara a** e **c-un**.

[28]

ROMEIRÍA ALDEÁN¹¹¹⁶

INTROITO

UN mozo —o Povo Galego—,
e a moza —Santa Galiza—,
cantan a dúo, ben xuntos,
na bisbarra brigantina:¹¹¹⁷

I

5 —Tras da noite, chega o día¹¹¹⁸
dos patronos da parroquia:
¡San Roque e Santa María!...¹¹¹⁹

¹¹¹⁶

Métrica

Combinación de coplas ou cuartetos asonantados, 8, con esquema rimático (—a—), tercetos, 8, (a—), tercetos, 7, (a—) e dísticos tetrasílabos. Todas as estrofas riman en i-a, agás unha das coplas en e-o.

Variantes e comentarios

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde intitúlase **Romeiría** e indica debaixo do título: «Inédito».

¹¹¹⁷ Bisbarra brigantina. Comarca de Betanzos.

¹¹¹⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *Tral-a* no canto de **Tras da**.

¹¹¹⁹ **Nota da edición:** San Roque e Santa María. Pode referirse ben ás festas da vila de Laxe ou ben ás da parroquia de Santa María de Serantes onde foi bautizado o poeta. As festas patronais de Laxe celébranse na actualidade do 14 ao 17 de Agosto, a véspera 14 en honor a Virxe da Milagrosa, o día 15 á Virxe da Atalaia, Santa María, patroa da vila, o día 16 ao patrón San Roque e o día 17 á Virxe do Carne, unha procesión marítima pola ría, presidida por unha das tradicións máis populares, “O Simulacro do Naufraxio”, creada en 1962 por iniciativa do mariñeiro Avelino Lema Santos que se inspirou nunha celebración de San Juan do Perú. No entanto, o segundo sábado e domingo do mes de setembro celébranse as festas adicadas a San Roque e á patroa Santa María na parroquia de Serantes.

Tría, miñ-alma, tría,
o noso amor sinxelo
10 na nosa romeiría.

¡Tría!

Ai-le-le-la,

ai-le-le-lo.

¡Tría!...

II

15 Xa van chegando os romeiros¹¹²⁰
ao campo da romeiría,¹¹²¹
e, ao son da gaita e pandeiros,¹¹²²
hai estouros de legría.

Trai-la-la-la,
20 trai-la-li-la.

Na procisión, catro mozos,
ollan âs mozas garridas;
e San Antón, sóbor da andia¹¹²³
fái que fáí que non ollisca...

¹¹²⁰ Os versos 15-18 son reproducidos no anuncio de convocatoria do “Pic-nic” Social da Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión, publicado na revista *Alborada*, nº 68, novembro-décembro de 1931.

¹¹²¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de *ao*.

¹¹²² *Ibidem*.

25 Alma, canta;
¡alma, tría!

III

Logo da seirán, a noite
tece da meiguice o veo,
e na cómbeda do infindo
30 bica a unha estrela un luceiro.¹¹²⁴

¡Ai-le-le-la,
ai-le-li-lo!

IV

Dous aturuxos estoupan
pol-a terra das MARIÑAS.¹¹²⁵
35 —¡Ei, galegos!...
—¡Ei, GALIZA!...

¹¹²³ **Nota da edición:** San Antón. O primeiro sábado e domingo do mes de xullo celébranse na parroquia de Santa María de Serantes (Laxe) as festas dedicadas a San Antón e á Virxe do Rosario, respectivamente.

¹¹²⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *a-ôn* no canto de **un**.

¹¹²⁵ As Mariñas. *Cfr.* Nota da edición no verso 3 do poema **Sarandóns [14]**.

SACHADORAS¹¹²⁶

DOBRADAS sobre a terra as rexas sachadoras,¹¹²⁷

relembra da arte helénica as crásicas auroras:

enxebres e lanzales —deidás de Nai Galega—,¹¹²⁸

talmente son estautas viventes de alma grega.

5 Côs sachos apreixados, sachando os milleirales
—decrúa, cava, arrendo—, ou tenros patacales,
con ritmo relixioso e amor, fan a laboura,
namentres o sol ñeo as súas dermes doura,¹¹²⁹

¹¹²⁶

Métrica

7 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF GG.

Edicións anteriores

Mundo Gallego, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952.

Variantes e comentarios

En *Mundo Gallego* aparece incluído no tríptico intitulado **Frisos Galegos**, xunto cos poemas **O Final Imorrente** [gralla, por **O Pinal Imorrente**] e **Trincado**. [Cfr.] Ademais, aparece coa seguinte indicación: *Do libro “A Roseira da Soidade”, a imprensarse na Cruña no primeiro trimestre corrente.*

Foi reproducido por Fernández del Riego, Francisco (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 56. E tamén polo mesmo Fernández del Riego, Francisco (1976). *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo. Galaxia. 275. O editor moderniza o texto e engade en nota a rodapé: «O poeta escribe aquí na estrofa típica do modernismo, con tema non mariñeiro que é o seu habitual».

Tamén o reproducen Martín Gaité, Carmen e Andrés Ruiz Tarazona, ed. (1971). “Antón Zapata”. *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*. Madrid. Alianza editorial. 344-347. Acompañado da súa versión en castelán. Cfr. **Escardadoras**.

Novamente é reproducido en VV. AA. (1989). “Antón Zapata García”. *Gran Enciclopedia Galega. Escolma da Literatura Galega, Poesía II*. Xixón. Silverio Cañada. 148-149. Neste caso os editores tamén modernizan o texto e engaden unha breve biobibliografía con erros importantes.

¹¹²⁷ En *Mundo Gallego* leva en maiúscula só a letra inicial.

¹¹²⁸ En *Mundo Gallego* aparece *Enxebres* no canto de **enxebres**.

e a terra ben molida no seu redor levanta
10 un leve fumo ruzo, e a bris nas follas canta
loubanzas e lelías âs liñas ben dereitas¹¹³⁰
de millos e patacas de próvidas colleitas,¹¹³¹
¡pra que nas feras nites das crúas invernías
non morran as espranzas nin fuxan as legrías!...¹¹³²

¹¹²⁹ En *Mundo Gallego* aparece *férido* no canto de **íñeo**.

¹¹³⁰ En *Mundo Gallego* aparece *lelís â* no canto de **lelías âs**.

¹¹³¹ En *Mundo Gallego* aparece *dos* no canto de **de**.

¹¹³² Por gralla de imprenta, en *Mundo Gallego* aparece sen signo de admiración final.

A CRUS DA ROSA¹¹³³

(LÊNDA DO AMOR FIDEL)

ALVIRTENZA:

1133

Métrica

- I.** 13 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- II.** 15 pareados hexadecasílabos, coa combinación rimática (AA BB CC DD EE FF, etc.).
- III.** Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.
- IV.** Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-a.
- V.** 11 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- VI.** Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en o-a.
- VII.** Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-a.
- VIII.** 15 coplas de pé quebrado, 12, 8, 12, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -á.
- IX.** Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-a.
- X.** Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-a.
- XI.** Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.
- XII.** Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.
- XIII.** Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.
- XIV.** 20 serventesios dodecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- XV.** Silva de carácter grave ou lento, pola preponderancia de hendecasílabos. Rima asoante (-A-A). Ten rima en i-a.
- XVI.** 20 pareados alexandrinos, coa combinación rimática (AA BB CC DD EE FF, etc.).
- XVII.** 25 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -é.
- XVIII.** 11 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.) e dous tercetos hendecasílabos, coa rima (AAB CCB).
- XIX.** 19 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -é.
- XX.** 16 serventesios alexandrinos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).
- XXI.** 4 serventesios alexandrinos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF GHGH).

Edicións anteriores

O capítulo **VIII** publicouse de maneira independente, co título **O dolor de Barlovento**, en *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº1184, 30 de xullo de 1952.

Os versos 1141-1160 foron escolmados, con actualizacións gráficas, por Rei Lema, Xosé María (2001). *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*. Cee (A Coruña): Asociación Neria / Concello de Cee. 28.

Variantes e comentarios

Leva a dedicatoria «NO “DIA DE GALIZA” AOS MEUS IRMANS GALEGOS» e sinala: (DO POEMA “A CRUS DA ROSA”, Cap. VIII, inédito). Tamén se publica xunto a un debuxo, de Xavier Prada, dun neno en brazos de súa nai. O texto vai datado: No “Día de Galiza”, 1952 – Bós Aires.

Todo os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conocéu sendo rapás. «A CRUS DA ROSA», sí, eisiste.

**Meu amor, non te desleigues,
non emigres, caro ben,
non sexa que ao mar te tiren
câl Gundar de Valarés.**

A. Z. G.

I

ENTRESOÑAN as rúas mariñeiras
no inefabel silenzo d-un embruxo,
que, moi quedo, nas ondas silandeiras,
fura e choupa, sonámbulo, algún muxo...

5 Dorme Laxe, da noite nos seus brazos,
nun ensoño de antergas tradiciónes,
antre o arume mareiro dos algazos
e o recendo das grandes salazoes.

10 Fondeadas, xeiteiras e motoras,
soñan soños de peixes e patelas,
areallos, saltidos, albacoras,
piras, aros, gaivotas e pardelas.

15 Pol-a praia, tendídal-as traíñas,
os boliches, os xeitos e os tramallos,
tamén soñan seus soños de sardiñas,

maragotas, besugos, rodaballos...

Algún que outro morcego voia e chía
en lixeiros sis-saes, rente âs tellas,
e, pasantes, seu áraxe arrepiá
20 coa lembranza de bruxas e consellas...

Silabando un regueiro mágoas fondas,
pol-a canle de pedra chega a Laxe,
pois non pode, coa seca, darlle âs ondas
máis cumpridos caudaes de homenaxe.

25 Vái rubindo a marea, âs apalpadelas,
coma os raxos d-un pulpo que se estrica;
parpadexan, medosas, as estrelas,
côs embruxos que a lúa multiplica...

Dorme Laxe, soñando as outas grorias
30 dos valentes celtártabros, seus fillos,¹¹³⁴
cando tiña Galiza executorias
infrancabres pra os bárbaros e pillos.

Laxe dorme, vivindo mil soñares

¹¹³⁴ Celtártabros. Neoloxismo de invención propia que une as palabras celtas e ártabros. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

das riquezas que garda nas entranas,
35 nos fecundos alfocos dos seus mares
e nas agras que as rellas fân louzanas.

Soña Laxe que é porto de refuxo
côs brazos de unha dársena e cô muelle,
onde teña o traballo máis infruxo
40 e a irmandade dos nautas avencelle

côs estaies e obenques dos cariños
e cô alaudos dos cantos dos pöetas,
côs frechastes dos circios bergantiños
e as turxentes brancuras das goletas.

45 Laxe soña Fisterras, coma outrora,
i-epopeias da xente de Briganza,¹¹³⁵
n-os cristaes do abrente e nos da aurora,
coroados côs louros de unha espranza;

mais esperta inquedosa a nobre vila
50 d-un mal soño de engados e de espiños
que a despova, emprobece i-aniquila:
¡Vân, pra a Cruña, inmigrantes, des veciños!...

II

- Pol-as estreitas calexas, pol-os calexóns e rúas,
vânse abrindo algunhas portas. Un reló cantou as dúas.
- 55 Hai no ambiente fondas mágoas, saloucos, algunha queixa
dos que fican bagullando, do que da vila se aleixa
cicáis pra sempre, camiño de outras terras onde poida
ganar o pan máis abondo, porque pensa, porque coida
que é verdade o negro engano das riquezas de outros lares,
- 60 Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares,¹¹³⁶
miles sésamos abriron pra o que arela o Velociño,¹¹³⁷
anque nunca, xamáis chegue... ¡anque morra no camiño!
De entre os homes que se aleixan pra coller a posta en Baio¹¹³⁸
un sepárase correndo, e, lixeiro, sen desmaio,
- 65 torna â vila mariñeira i-en dous pulos chega â porta
de unha casa que ben quere, onde atopa, médeo morta
de pesares, a rapaza por quen migra, e â que adoura

¹¹³⁵ Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita** [4].

¹¹³⁶ **Nota da edición:** Eldourados > Eldorado. Terra imaxinaria, chea de riquezas, que se supoñía que existía na América do Sur.

Potosíes > Potosí. Localidade mineira do Perú, fundada en 1545, que chegou a ser a cidade máis grande do mundo por volta de 1625. A maioría da prata que España expoliou en América foi extraída de Potosí co traballo escravo dos aborixes na minaría. En español creouse o dito “*vale un Potosí*” que significa ‘vale unha fortuna’. Na altura, o Perú era unha terra mítica, chea de riquezas.

¹¹³⁷ **Nota da edición:** Sésamos abriron. “*¡Ábrete Sésamo!*” é unha expresión tomada de “Alí Babá e os corenta ladróns”, da obra *As mil e unha noites*, un dos relatos que conta Scherezade cada noite para retrasar o momento da súa execución. No conto é a fórmula máxica coa que Alí Babá abría a cova onde os ladróns gardaban o seu fabuloso botín. Na linguaxe común dise de quen non atopa atrancos para entrar nun lugar ou, figuradamente, nas dificultades da vida.

Velociño. Adaptación disfrazada do castelán do nome mitolóxico *Vellocino*, en vez da forma galega *Vélaro*. Na mitoloxía grega era o pelexo curtido do año alado Crisomallo, que aparece na historia de Xasón e os argonautas, quen deben ir na súa procura para que Xasón puidese ocupar o trono que lle fora usurpado a seu pai na cidade de Iolcos (Tesalia).

¹¹³⁸ Baio. *Cfr.* Nota da edición no verso 18 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

por ser nobre, boa e pura, e outras prendas que atesoura.

—Vïnte a vêr —o mozo dílle—, porque, onte, non nos falamos

70 como cumpre âs despedidas: nós, que tanto nos amamos

pasámol-a seirán toda soio mirándonos, tristes...

Nin agora, que me alonxo, deica «Âs Laxes», non salistes—¹¹³⁹

—Vaite, meu ben; vaite... vaite... Ben comprendes non esquezo

o muitismo que me queres: cando chegaste, meu rezo

75 era por ti, pra que Deus, que nosas vidas ampara,

che dea sorte moi grande na túa vida tan crara.

Meu ben... ¡adéus!...

—¡Adéus, rula!...

—¡Adéus, Gundar!...¹¹⁴⁰

80 —¡Non me chores!...

—¡Coma os petoutos, seguros, han de ser nosos amores!...

—¡Adéus, Gundar!...¹¹⁴¹

—¡Adéus, Rosa!...

—¡Meu amor, xamáis me esquezas!...

85 Escribe axiña que chegues, e cómo o traballo empezas...

—¡Hei voltar, se Deus quere, pra casarme, probe ou rico!...

¹¹³⁹¹¹³⁹ Na edición do libro temos *As* no canto de *Âs*, porque era norma non acentuar maiúsculas.

Nota da edición: «As Laxes». O poeta debe referirse á *Laxe do Boi* e *A Insua* ou *Punta Laxe*, pois son os únicos accidentes xeográficos con ese nome nas proximidades da vila de Laxe. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001).

¹¹⁴⁰ **Nota da edición:** Gundar. «Antropónimo baseado seguramente na denominación da aldea e dun monte situados na parroquia de Nande, no concello de Laxe. A existencia do heroe ossiánico *Grudar*, amante de Brassolis, irmá de Cairbar, seguramente axudou ao poeta na elección deste nome», *Cfr.* Ferreiro [1995: 215-216], que explica así a utilización do nome por parte de Pondal en varios poemas de *Queixumes dos pinos*. «Antropónimo de orixe xermánica. A estrutura sintáctica deste nome de lugar sería (*Villa*) *Gontari*, “Vila de Gondar”» e indica que é un lugar da parroquia de Nande (Laxe), no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”. *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 55], no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”.

.....
De dúas almas sinxelas, dando as tres, sonóu un bico.

III

Os morcegos e mouchos vãn fuxindo
antre as somas dos montes de oucidente,
90 e as pombas da alborada vãn abrindo
as roseiras da aurora, mainamente...
Coma un hino de gloria e de legría
—nas devesas, nos sotos e pinales—,
a orfesta dos paxaros canta e tría
95 cantigas diviñales;
i-escúitase nos vales,
na gandra, na montana e na campía,
a máxica armoñía
dos craros veneirales
100 das fontelas, das fontes e dos ríos,
e o tintinar sonouro
das regueiras que contan seu tesouro
con dedos diamantíos...
Arumada de menta e caraveles,
105 roméu e chuchameles
de val, montana e serra,

¹¹⁴¹ *Ibidem.*

a bris, agarimosa bica â terra¹¹⁴²
e ríxe antre a follaxe
que tece mil rumores
110 e abala brandamente na ramaxe,
namentras que sugándolle os melzores
das recedentes frores
dos toxos, silvasmouras e nocellas,
os dourados enxames das abellas
115 buligan, fungadores,
e riman cantilenas
da roiba mel i-entenas,
que compasan os louros milleirales,
os marelos trigales
120 e os pálidos centeos,
brandéndose, lanzales,
con ondexar de foulas,
e debullando meigos parrafeos
de amor e de arelanza
125 âs garridas mapoulas
—purpuriñas, bermellas—
e cantándolle xurdios cantareos
de groria e de loubanza,
coma novos Orfeos,¹¹⁴³

¹¹⁴² Na edición do libro temos *a* no canto de *â*.

¹¹⁴³ **Nota da edición:** Orfeo. «Na mitoloxía clásica era o cantor por excelencia, o músico, o poeta. Tocaba a lira e a cítara, cuxo invento se lle atribúe. Outros concedíanlle a honra de ter aumentado o número de cordas

130 aos fouciños e âs rellas,
 pra têr acogulado o fol da espranza:
 ¡Espiga, graus, fariña e fornos cheos!...

 Os berros das ovellas
 (que saen dos cortíos)

135 chamando pol-os críos,
 mestúranse côs rinchos dos cabalos
 e côs craríns dos galos
 ¡canzoneiros do día!

 Ao sôn das cantareas

140 que as gorxas dos barudos peixadores
 dan âs auras da ría,
 respostan pol-os agros e vereas
 as copras e aturuxos dos labregos
 —inxénitos cantores—

145 que vãn pra os seus trafegos;
 e os ceos, zoadores
 —que romedan as queixas das montanas—,
 relembbran as fazanas
 dos fillos de Briganza trunfadora,¹¹⁴⁴

150 antramentrel-os fumos bailadores
 das brancas chamineas

do instrumento, que pasaron de sete a nove, por razón do número de Musas. Orfeo sabía entoar cantos tan doces que as feras o seguían, as plantas, as árbores e as rochas inclinábanse cara a el, e suavizaba o carácter dos homes máis ariscos. Chegou a considerárselle fillo de Apolo, mais, xeralmente, pasou por ser fillo do rei tracio Eagro», *Cfr.* López Varela [1998: 452].

¹¹⁴⁴ Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita** [4].

da vila peixadora
e teitos das aldeas
—coma trenlas de brétema ou de orballo
155 tecidas no terreo—,
vân rubindo..., rubindo..., cara ao ceo,
nunciatrices de pas e de traballo,
de fartura e legría,
de fide e xubileo:
160 ¡Gloria ao 15 que vên, coa romeiría!;¹¹⁴⁵
mais, tamén, n-este día,
vân tecéndose os veos de tristura
d-un fondo sofrimento
que abréu a dôr, na Rúa da Amargura
165 —imensa, negra e fonda—
pra Rosiña do Vento
—irmán dos trigos, bronda—,
un abrocho xentil de fermosura
e de almo valimento
170 câl outro non frorece
en total-a redonda...
¡pois â mesma Galiza se parece
pol-a crara sorriso e galanura
e o nobre sentimento!...

¹¹⁴⁵ **Nota da edición:** Refírese á festa maior da vila de Laxe, o día 15 de agosto celébrase a Virxe da Atalaia, Santa María, patroa da vila.

IV

- 175 Como é antevispra de festa
 na vila de Doña Urraca¹¹⁴⁶
 de Moscoso, e os Altamira,¹¹⁴⁷
 Pero García de Traba,¹¹⁴⁸
 i-eisimade, outros patrianos,
180 semella se despertaran,
 no relembro, craros nomes.
 Os bôs García e Losada,¹¹⁴⁹
 Mesías, Abente, os Castro¹¹⁵⁰

¹¹⁴⁶ **Nota da edición:** Dña. Urraca de Moscoso, segunda condesa de Altamira, e o seu home D. Pedro Álvarez Osorio, da casa dos Castro de Lemos, por desexo da nai dela Dona Xoana de Castro e Lara, fixeron construír a igrexa de Santa María da Atalaia na vila de Laxe (ampliando cunha nave rectangular unha capela existente). Tamén son os responsables da construción da famosa Casa do Arco, que era a fortaleza da entrada principal á vila amurallada de antano. A heráldica da casa e da igrexa testemuñan a súa presenza.

¹¹⁴⁷ **Nota da edición:** Familias nobiliarias. Segundo Martínez Barbeito, o primeiro en habitar a casa de Mórdomo foi Martín de Leis e Caamaño. Os descendentes emparentaron cos Moscoso, Vilardefrancos e os Carantoña. Os seus fundadores poida que tiveran parentesco ou relación de dependencia coa familia dos Traba. A outra casa grande estaba no outro extremo da parroquia, na aldea de Boaña, coñecíase polo nome da Casa do Pombal. Foi casa fidalga dos Núñez e Martelo. Personaxes destacados deste familia foron Pedro Núñez del Rial, procurador xeral da xurisdición de Vimianzo, ou Luís Martelo de Lema Núñez de Leis, inquisidor, casado con María Josefa Núñez, que se trasladaron á Casa do Arco en Laxe. O seu fillo Ramón Martelo, militar e maxistrado casou con Dolores Paumán del Nero e Suazo e tiveron como único fillo a Evaristo Martelo Paumán del Nero, Marqués de Almeiras, poeta, que habitou no castelo de Vimianzo.

¹¹⁴⁸ **Nota da edición:** Pero García de Traba. Nobre oriúndo destas terras.

Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

¹¹⁴⁹ **Nota da edición:** García e Losada. Non localizamos persoeiros relacionados con Laxe con este apelido.

¹¹⁵⁰ **NOTA DO AUTOR:** Véxase a páxina nº 13 do libro «Los Precursores», por Manuel Martínez Murguía, colección «Hórreo»: Rosalía Castro.

Nota da edición: *Cfr.* Martínez Murguía, Manuel (1940). *Los Precursores*. Buenos Aires: Emecé. Col. Hórreo. Esta é a edición do libro consultada por Zapata. Porén, na Nota do Autor hai unha gralla xa que onde sinala “páxina nº 13” debería sinalar “páxina nº 130”, que é onde está o fragmento no que describe o «palacio campesino del siglo XVIII» con «la misma capilla en que campa el escudo de la familia y lleva la fecha de 1585». O capítulo intitulado “Rosalía Castro” ocupa as páxinas 129-151.

NOTA DO AITOR [sic] DO POEMA: O escudo que figura no Pazo dos Castro de Laxe, é semellante ao que ostenta a capela do Pazo de Arretén, no que vivéu muito tempo Rosalía, porque era de propiedade dos seus familiares. No de Laxe morou, no século XII, Doña Xoana de Castro, nai de Doña Urraca de Moscoso, e aboa do emperador hespañol Alfonso VII».

—dos que descéu Nosa Santa

185 Rosalía, a dos «CANTARES
GALEGOS», a Pomba Branca—;

os anterros¹¹⁵¹ que a Murguía
déronlle sangue fidalga;

Pondal Frois, os Martelo,¹¹⁵²

190 os Lara, Raxói, os Pauman...¹¹⁵³

¡todos nobres fillosdalgo,
froróns da estirpe galaica!

Tamén, pra honrar o día
da patrona laxeirana,

Nota da edición: Mesías. Non localizamos persoeiros relacionados con Laxe con este apelido, alén dun construtor de embarcacións citado en **Pedras de Besugueira [61]**, que na versión publicada en *Alborada* aparece cunha fotografía do laxense Vidal García que leva o seguinte pé: «LAJE. — Vista parcial de la gran playa de dicha población “peixeira e hortelán”, con su pequeño astillero de “bucetas” y lanchas, cuyo constructor, Don Manuel Ramos Mesías, hay quien asegura que es el que “mellor man tén” para hacer las “gaviotas con vela”, de las cuales presenta tres en cada “foto”... “¡e tres fillos d’él”, futuros navegantes!...».

Abente. Manuel Ferreiro na súa biografía de Pondal cita varios apelidos Abente emparentados co bardo da Ponteceso. *Cfr.* Ferreiro [1991: 79], onde indica en Nota a rodapé: «Juana Abente Chans, tía de Pondal, casada con José Pondal del Pozo. Emília e Elvira Pondal Abente, fillas dos anteriores e primas do poeta. Cesáreo era o irmán máis vello do poeta, chegou a ser alcalde da Ponteceso». Ou tamén *cfr.* Ferreiro [1991: 114], onde sinala en Nota a rodapé: «Eduarda Abente Lago, prima do poeta, filla de Leandro, irmán da nai». De todos eles temos constancia de que a curmá Emilia Pondal vivía en Laxe, pois nesta vila esta datada a carta que lle dirixe ao bardo («Lage, Setiembre 10 de 1913»), precisamente para lle enviar copia do poema de Zapata **A casa d’o bardo Pondal**. *Cfr.* III.3.2. Carta de Emilia Pondal a Eduardo Pondal Abente.

Alén diso, Abente tamén era o apelido doutro laxense coñecido. Isidro Parga Abente, curmán de Eduardo Pondal, que naceu en Laxe en 1843 e foi doutor en Medicina, e avó do xeoquímico Isidro Parga Pondal (Laxe, 1900 – A Coruña, 1986).

Castro. Ver as dúas notas a rodapé que engade o propio poeta.

¹¹⁵¹ NOTA DO AUTOR: «A aboa materna. Ollar a páxina 96 do devandito libro».

¹¹⁵² **Nota da edición:** Pondal Frois. Xoán González-Pondal Froys (apelido así escrito na partida de bautismo do primeiro) e Xosefa Abente Chans eran os pais do poeta Eduardo Pondal (Eduardo María González-Pondal Abente) e tiveron outros seis fillos: Emilia (madríña de Eduardo; o padriño foi don Eduardo Abente Chans, seu tío, cura de San Mamede de Bamiro, Vimianzo), Xosefa, Eduarda, Xulia, Eudoxia e Cesáreo. Porén, alén dos citados no apelido Abente [*Cfr. supra*] descoñecemos a súa relación con Laxe.

Martelo. Familia nobiliaria. *Cfr.* Nota da edición no verso 177 deste mesmo poema.

¹¹⁵³ **Nota da edición:** Lara. Xoana de Castro e Lara, nai de Dna. Urraca de Moscoso, condesa de Altamira [*Cfr. supra*].

Raxói. Na parroquia laxense de San Estevo de Soesto existe un Pazo, tamén chamado de Arrueiro, de Posse ou de Leis (as dúas vellas familias fidalgas) ou, finalmente, de Blanco-Rajoy, da burguesía afidalgada, que foron os que se sucederon na posesión desde a súa fundación, que data de 1570 e correu a cargo de Gonzalo Posse e Vello. Sen dúbida, a estes “Rajoy”, con propiedades en toda a provincia, fai referencia o noso poeta.

Pauman. Familia nobiliaria. *Cfr.* Nota da edición no verso 177 deste mesmo poema.

195 todo é trafego nas rúas
 e no mercado da Praza,
 pois hai quintales de congro
 e peixe preto a cestadas,
 rebalizas e besugos,
200 merluzas, fanecas, xardas,
 e nobres froitos da terra
 de crases cen mesturadas:
 ringlas de cestas que atenden
 as vendexeiras galanas,
205 lanzales, todas vestidas
 â moda bergantiñana,
 e âs siereiras ofertando
 —con verbas moi asisadas—
 fatóns, pavías, pexegos,
210 ameixas, peras orracas,
 e outras fruitas saborantes
 das hortas de Traba e Cándoa,¹¹⁵⁴
 fruitas que non tén madía
 nin consisten comparanzas...
215 Laxe, niñal de señores
 —nourora, de longa fama—,
 hoxe é niñal de peixeiros,

¹¹⁵⁴ Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.
Cándoa. *Cfr.* Nota da edición no verso 22 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

a vila máis democrática
 céltigo «Artaborum Portus»¹¹⁵⁵,
 220 que se refrexa a faciana,
 ao par do ceo turquesa,
 n-un nidio espello esmeralda;
 vila dos teitos ben xuntos
 como espigas de monlladas
 225 de millo pinto ou bermello,
 con tellas moi aliñadas
 que se embrican unhas n-outras
 coma no peixe as escamas.
 As casas, de amplos andares
 230 —rexas, sinxels, arrufadas—,
 de cantería sin vetas
 o mesmo que a das solanas,
 pra ollar os montes e a ría
 abren ao Ourente as ventanas,
 235 âs que asoman mouradoras
 que, meigas, coa vista encantan;
 raparigas, feiticeiras
 con «aquele» de tanta gracia,
 que xa dixo Rosalía¹¹⁵⁶

¹¹⁵⁵ NOTA DO AUTOR: «Nome cô que desñaban a Laxe os románs, según o historiador grego Strabón». Artaborum Portus. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

¹¹⁵⁶ **Nota da edición:** Glosa dun fragmento do longo sexto poema dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro: “*Son as de Laxe unhas mozas... / ¡Vaia unhas mozas aquelas! / Sólo con velas de lonxe / quítaselles a monteira*”

240 non habel-as máis galanas
nin mellores bailadoras
de moiñeira e riveirana...
Nas casas de ultramariños,
tahonas, tendas, quincallas,
245 e outros comercios, a xente
—rebulinte, aluburada—,
discute, merca e carrega
vestimentas, lambetadas:
Unhas... ¡pra poñer de estreno!,
250 outras... ¡pra a mesa da casa!...
Soiamente unha veciña¹¹⁵⁷
—a filla da Tecelana,
¡â probe Rosa do Vento!—,
nin chisca se lle importaba
255 de cánto a vellos e vellas,
aos mozos e â rapazada,
fai días, ténlle o cerbelo
como rodicio ou saranda...,
máis ela... ¡como se chove!,
260 ¡como do vento que pasa!...
Non lle importa de ningures,
de ninguén, ningún, nin nada:

/ porque son vivas de xenio, / anque son rapazas netas. / Bailadoras... n'hai ningunhas / que con elas se entrometan / pois por bailar bailarían / no cribo dunha peneira...".

¹¹⁵⁷ Na edición do libro temos a *unha* no canto de **unha**.

Nin que se aveciña a festa,
nin que as xentes a miraran
265 douda, estantía, sin azo...
¡mesmamente que alelada!...
Unha crúa idea fixa,
coma un cravo, lle furaba,
dende antonte, ao vîr o abrente,
270 antre as celleiras da i-alma:
¡Seu noivo Gundar marchárase¹¹⁵⁸
sen lle cumpril-a palabra
de casamento que déralle
cando empezou namoral-a!,
275 ¡Gundar marchóuse da vila¹¹⁵⁹
por mor da cobiza atrántica,
con outros barudos mozos,
pra mellorar de soldada!,
¡n-entanto choraba Rosa,
280 e, triste, xemía a Patria!...

V

Pra os que, incredos, marmulan que nas vilas
non hai meigas, xorguiñas, nin chuchonas,¹¹⁶⁰

¹¹⁵⁸ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹¹⁵⁹ *Ibidem.*

nin lumias, negrumantas, nin sibilas,¹¹⁶¹

sen dúbida trocaran de zanfonas,

285 se na leda mañán portopeixeira

—enonde aquesta lenda vái vivindo—¹¹⁶²

a parola escoitasen, rexouveira,

que con lixos a Rosa vái cobrindo.¹¹⁶³

Como as churas peteiran n-unha espiga,

290 e, antre elas, eisimade, se peteiran,

côs amores da probe rapariga

¹¹⁶⁰ **Nota da edición:** Xorguiñas. Joan Corominas, no *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* propón a seguinte etimoloxía: «jorguina (o xorguina es una voz vasca compuesta por zori “suerte, fortuna” (tal vez del latín sors) y por gin, sufijo que denota agente. Según esto, una jorguina viene a ser, desde el punto de vista etimológico, algo así como la hacedora de la suerte». Carlos Roberto F. Nogueira, profesor da Universidade de São Paulo, no seu artigo “A migração do Sabbat: A presença «estrangeira» das bruxas europeias no imaginário ibérico” (revista *Tiempo y Forma. Serie IV. Hf Moderna*. Tomo V. 1992. 9-30) sinala: “Em Castela, as bruxas são «xorguinias», o termo vasco que foi entendido por magistrados do País Vasco como o equivalente regional à «maléfica» dos tratados demonológicos. No entanto, a «xorguina» ou «sorgina», encontra-se associada a um imaginário mais tradicional, que remonta às crenças pagas, significando as pessoas que praticavam a adivinhação e mais especificamente, encarnavam seres elementais, númenes das cavernas e as sempre presentes nas tradições espanholas, as «lâmias»”.

Chuchonas. «Meiga Chuchona. Meiga nocturna que entra nas casas para zugar o sangue dos nenos ou dos maiores. Os nenos van mirrando e enfraquecendo ata morrer esmirriados, esbrancuxados, sen cara onde se persignar. Risco cría que a Meiga Chuchona era unha figura influída polo mito do vampiro. Cremos nós que erraba e que o vampiro ten moi pouco ou nada que ver». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 162].

¹¹⁶¹ **Nota da edición:** «Lumias. Lamias. Unha veces son seres con cara de muller fermosa e corpo de dragón, comparables ás Guaxas asturianas e ás Lamias clásicas. Son moi perigosas para os homes, os que encantan e devoran. Son unha especie de sereas terrestres que namoran os homes aparecéndoselles lavando pola noite ou fiando con rocas de ouro. Viven en covas nas proximidades de regueiros e fontes. Ás veces chupan o sangue». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 151].

Negrumantas. «Negrumante, Nigromante, Legromante, Degrumante. Confúndese co Nubeiro, Tronante e Escoler, porque, de feito, é capaz de realizar as súas funcións. Pero, en realidade, orixinalmente era un feiticeiro, mago, bruxo ou adiviñador que invocaba os defuntos para descubrir o futuro. Agora xa non, agora sérvese dos libros para descubrir o agochado». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 175].

Sibilas. Personaxe da mitoloxía grega e romana. É unha muller que posúe poderes para a profecía, inspirados no deus Apolo. As sibilas tiñan a súa vivenda nas furnas ou cerca de correntes de auga, as súas profecías eran manifestadas sempre en estado de trance e expresadas en hexámetros gregos que se transmitían por escrito. Os primeiros autores gregos só falan dunha sibila, Herófila, que profetizou a guerra de Troia, porén máis tarde xurdiron ata dez, que levan o seu nome de procedencia.

¹¹⁶² Na edición do libro temos *vai* no canto de **vái**.

¹¹⁶³ *Ibidem*.

sete malas veciñas contos feiran...

Non tiñan máis razón aquelas bruxas
que a negra sinrazón de facer daño
295 cō malfado que teñen as coruxas:
malquerenza, mal de ollo, o tangaraño...¹¹⁶⁴

Como todol-os días, tales pegas
—afundidas nas ádegas da infamia—,
vân ceibando graus negros das moegas
300 antre as moas máis negras da dentamia.

Todo canto na rúa e nos fogares
segue a liña dereita, sin codillos,
elas búscanlle o «Mane, Tecel, Fares».¹¹⁶⁵
Os máis nobres, os santos... ¡son os pillos!...

305 Nadia as quere, por infres e cativas,
pol-o duras, raposas, pol-o xenas:
¡son da envexa tan soio forzas vivas

¹¹⁶⁴ **Nota da edición:** «Mal de ollo. Ferida de ollo. Frida de ollo. Mal ollo. Ollo mau. Mal que se causa coa vista ás persoas, animais, plantas, froitos, colleitas ou calquera cousa material. A propia calidade das olladas que causan este mal, debido a unha estraña forza que posúen, denomínase tamén Mal de Ollo». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 152]. Nesta longa entrada, os autores tamén explican que o poden causar as bruxas e as persoas con envexa ou mala intención e distinguen entre o mal de ollo inocente ou o intencionado. «Tangaraño. Enganido. Doenza dos nenos causada polos Aires que lles impide medrar, andar e engordar. Algúns cren que é o que os médicos chaman raquitismo». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 231].

¹¹⁶⁵ **Nota da edición:** «*Mane, Tecel, Fares*». Esta expresión repítese no poema **O remorso do mar** [109, 34], que o propio poeta explica nunha Nota do Autor: «Verbas que, unha man de fogo, escribéo na parede do salón onde estaba facendo unha orxía Baltasar, derradeiro rei de Babilonia».

que dos ollos lle saltan as moxenas!

A unha chámanlle «A Troita Fachalisa»,
310 e, âs outras, cada câl eisí se alcuma:
«A Laberca», «A Barbada», «A Daimerrisa»,
«A Noxenta», «A Feluxe», e «A Parruma».¹¹⁶⁶

Todas xuntas semellan un cambito
de feros saposunchos de unha fraga,
315 sete bruxas de un cóncrave maldito
máis ollonas que as bruxas de Zuloaga...¹¹⁶⁷

Todas elas manexan unha lingua
máis batida que a sola d-un zapato:
¡Non hai honras que aguanten tanta mingua
320 cando, de honras, remoen o relato!

Por el-o, ao pasar Rosa cabo de elas,
o circo setebruxo fáise estreito,
e, como se na ollaran, as subelas

¹¹⁶⁶ **Nota da edición:** Os nomes das sete bruxas pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que fagan referencia a alcumes de persoas coñecidas para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaitreiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

¹¹⁶⁷ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *ollona* no canto de **ollonas**.

Nota da edición: Bruxas de Zuloaga. O pintor Ignacio Zuloaga (Eibar, Gipuzkoa, 1870 — Madrid, 1945) decidiu alugar en 1902 a denominada “Casa del Crimen”, en Segovia, co seu amigo Ramón Uranga para instalar alí o seu obradoiro. A lenda conta que Uranga abriu unha porta que sempre estivera pechada no soto e viu un aquelarre de vellas desdentadas que imploraban a Satanás con cirios na man. Porén, as bruxas

comenzan a furar de aqúeste xeito:

VI

- 325 TROITA: T.—Ollade pra doña Urraca...¹¹⁶⁸
Rosa do Vento... Ventosa...
que, ao pasar, nin dí «Bôs días»,
nin «Deus as garde», nin cousa
de xente de orde e principios,
330 porque non somos matronas
de outo copete como ela...
PARRUMA: P.—¡Vaia por Deus! ¡Miña xoia!...
¿Crêrá que é a Reina Salmántiga¹¹⁶⁹
ou a Druidesa dos Ogas?...¹¹⁷⁰
335 LABERCA: L.—Ben se vê non coñeces
aquestas mosquiñas mortas,
de mansedume finxida
e sorrisas moi dulzonas,
de homilde falar mainiño
340 con estudadas parolas

esvaecéronse pola cheminea. Zuloaga, inspirado no relato, pintou en 1907 o cadro 'Las brujas de San Millán', caricatura feroz da realidade castelá de principios do século XX.

¹¹⁶⁸ **Nota da edición:** A bruxa compara a Rosa con Dona Urraca, condesa de Altamira. *Cfr.* Nota da edición no verso 176 deste mesmo poema.

¹¹⁶⁹ **Nota da edición:** Reina Salmántiga. Descoñecemos a que fai referencia este verso, dado que o seguinte fala dunha 'druidesa' talvez faga referencia aos elfos ou espíritos Salamántiga (castelán, Salamandra).

¹¹⁷⁰ **Nota da edición:** Druidesa > Druida (Derwyddon ou deroouthon no idioma celta antigo). Eran a máxima autoridade dentro das tribos celtas, pois eran sacerdotes, magos, xuíces, conselleiros reais e tribais, e profetas, adoito convocados para resolveren disputas entre as tribos ou as persoas e calquera problema que tivese a comunidade.

pra se dar moita importancia

côs millóns... ¡de California!...¹¹⁷¹

DAIMERRISA: D.—Non son tan malas nin muitas,

Parruma, as túas andrómenas...

345 NOXENTA: N.—¡Sabês que esa momia exicia,

coas súas xaculatorias,

fái pouco, sacóulle o noivo

â miña sobriña Mónica?...

Menos mal que aquél marchóuse

350 e, por cativa, deixóuna...

Tampouco cumpre coa misa,

nin coas novenas se ronza...

BARBADA: B.—¡Qué millóns nin qué amoríos

pode têr esa alma vouga,

355 se non tên máis que os farrapos

que lle donóu doña Aurora,

a muller do «Filipino»?...¹¹⁷²

(¡Esta tên longuisma histórea!...)

Se a Mónica sacóulle o noivo,

360 fói porque a Mónica é tola...

Ogas. *Cfr.* Nota da edición no verso 15 do poema **O pranto de «Pepa a Loba» [27]**.

¹¹⁷¹ **Nota da edición:** Millóns... ¡de California!... Semella unha referencia á «febre do ouro» de California (USA), fenómeno social acontecido entre 1848 e 1855 nas proximidades de San Francisco, que provocou a chegada de gran cantidade de inmigrantes na procura do metal que peneiraban no leito dos ríos. Pouco fixeron fortuna e a maioría quedaron con pouco máis ou incluso con menos do que posuían.

¹¹⁷² **Nota da edición:** Dona Aurora, a muller do «Filipino». O nome e o alcume pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real eisistencia, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

¡Noivos, câl Gundar, hai centos,¹¹⁷³
 como as cascudas nas hortas!
 Pol-o tocante â fê súa
 pouco vâl e pouco importa,
 365 porque a igrexa non frorece
 coa devoción das pasmonas...
 Se non, que o diga «A Parruma»,
 ou miña curmán «A Troita».

L.—Non tês por qué perguntarlle
 370 a ningunha de esta roda,
 pol-a razón que sabemos
 que é custión de... ¡coutar roupas!...

B.—¿Roupas?... Tí recortaral-as,
 ¡lunia, escarpote, cóbrega,¹¹⁷⁴
 375 lavada!...

D. —Calái, mulleres...
 ¿Non vêdes, mansiñas pombas,
 que trabucades o choio...?:
 ¡Non falemos contra nosa,
 380 senón —xa o dixo «A Barbada»—,
 de esa probiña sinsorga
 que de nós pasóu arrentes
 sen decir unha parola,
 como se fósemos croios

¹¹⁷³ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

385 ou vellas bestas gafosas!...

N.—Tên razón «A Daimerrisa»...

 ¡a teotina!, ¡a sabifonda!...

P.—E, logo, ¿qué cousas dínse

 —dixo «A Parruma»—, raposa

390 nas ventolinas da ría

 ou nos furnales da costa...?

L.—A mín non me preguntedes,

 que non séi se a O é redonda...;

 perguntádell-â «A Barbada»...

395 que sabe moito... ¡e têm voltas!...

B.—¡Non te metas, novamente,

 comigo, «Laberca», zorra,

 se non queres que te gafe

 ou te pille pol-as moñas!...

400 F.—Haxa pas, miñas entranas;

 acougade, amigas boas,

 que eiquí todas somos unha...

 ¡e non sopostallos de outras!...

 Se rifades, como as pescas...

405 ¡luxadas ficamos todas!...

P.—Leria..., palique..., latricos...,

 aleluias..., contos..., óperas...,

 voltade â verba, amigádevos,

¹¹⁷⁴ Lumia. *Cfr.* Nota da edición no verso 283 deste mesmo poema.

irmáns miñas...

410 D. —Pois as novas
que teño que vos contare,
aínda non foron â escola,
quero decir: son do trinque...,
noviñas... ¡recén enfroran!...

415 L.—Fala, dí, dalle â tarrela,
que tí coñeces retórica,
porque convén falar fino,
anque os uliscan nos ouzan,
pois a Praza váise enchendo
420 de regateiras ollonas
que todo vên i-entramallan...

B.—Morra o conto entón...

L. —¡Que morra!...

B.—Eu non lle gardo xenreira
425 a ningunha...

L. —Siga a histórea...

D.—Coma vos viña decindo,
o conto máis arde agora...

P.—E... ¿por qué?...

430 T. —¿Será un invento
de «A Daimerrisa», a graciosa...?

F.—¿Non será que, nos praias,
a Dona do Mar fáí rolda

con outras nerias, os sábados...?¹¹⁷⁵

- 435 D.—Apacigá..., têde conta
de cántas mallas eu faga
no tramallo de outra nova...
- B.—Fala axiña, «Daimerrisa»...
- F.—¡Coidado que lle das voltas!
- 440 SEIS BRUXAS: ¡Conta de unha ves, ou vámonos!
D.—Pois... ¡xa vái!... Tomade nota
do cantar que rola ceibo
e peta de porta en porta:
«Non vos fiés das meniñas
445 que se asemellan âs rosas...:
¡Denantes de nove lúas,
terán festa as comadronas!»...

VII

- O mar —tamén vencellándose
â festa que Laxe agarda¹¹⁷⁶
450 —unque os rexo peixadores,
hoxe, coma onte, traballan—,
semella, movendo as ondas,

¹¹⁷⁵ **Nota da edición:** Nerias. Personaxe mítico de invención propia, son deusas do mar que terían a súa morada no Nerio, que o propio autor explica: «O cabo de Fisterra, nomeado eisí pol-o mesmo home de letras» [Refírese a Estrabón, nomeado na nota do autor anterior].

¹¹⁷⁶ **Nota da edición:** Refírese novamente á festa maior da vila de Laxe, o día 15 de agosto celébrase a Virxe da Atalaia, Santa María, patroa da vila.

lenes e verdeaziüadas,
como un liñeiral imenso,
455 ondexante, móvel seara
onde as bucetas e botes,
traineras, dornas e lanchas,
velean, cían e bogan,
as redes collen ou lárغانas...
460 Chaman: —¡Avante!—, âs traíñas;
e os galeóns, na estropada,
as longas, mourenas redes,
ao fondo dos traitos largan,
facendo como rosáreos
465 os corchos sóbor das augas...
Pombas do mar —algareiras,
cöantes—, mestas bandadas
de pardelas e gaivotas
tinturas centos siñalan,
470 xarabales e saltidos
de xouba, sardiña e xarda,
n-entán o sol escintila
óureos cuitelos nas ágoas,
cando os mascatos, cernéndose
475 —¡arpóns de prumas con azas!—,
dende as outuras, afóndase
pra furadar a esmeralda

do alfós sereo da ría
que antre montanas se engarza,
480 e, coma cisnes galáxicos,
nobres tesouros rescatan...
¡tesouros de Potosíes¹¹⁷⁷
i-Eldourados de Briganza!...¹¹⁷⁸
E alando pol-as traíñas,
485 xeitos, boliches, tarrafas,
cantan os pescos seus cantos
ao sôn do —«¡Raina!.. ¡Ei, raina!»,
vencellándolle outras verbas
de fide cheas i-espranzas;
490 anque non cantan con eles
os que fáí días migraran...
¡indo a buscar no estranxeiro
o que tén a propia casa!.
—¡Hoxe hai peixe como area!—,
495 —¡Viva a xente que traballa!—,
respondéndolle outras voces,
coreando, forte, os —¡Ei, raina!—:
—¡Viva Galiza, laxeiros!—,
—¡Vivan as bergantiñanas!—...

¹¹⁷⁷ Potosíes > Potosí. *Cfr.* Nota da edición no verso 60 deste mesmo poema.

¹¹⁷⁸ Eldourados > Eldorado. *Cfr.* Nota da edición no verso 60 deste mesmo poema. Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

VIII¹¹⁷⁹

500 Xa non chama máis, no abrente, Barlovento,¹¹⁸⁰

 xa non peta con solás

 pol-as portas dos veciños que marcharon,

 emigrantes, con Gundar.¹¹⁸¹

 Xa non se ouza, fáí dous días, na alborada,¹¹⁸²

505 a baril vos fraternal;

 Barlovento xa non chama pra as traíñas:

 —¡Xan! ¡Antón!: ¡Â misa!, ¡ao mar!...¹¹⁸³

 Anda triste Barlovento, triste e serio,

 e con nadia verba dá.¹¹⁸⁴

510 ¡Algo eisí coma un afogo a gorxa aprétalle,

 pol-a ausencia dos irmáns!

 El, tamén, fáí algúns anos, fóise â América¹¹⁸⁵

 coa ilusión de máis ganar;

¹¹⁷⁹ Este capítulo publicouse de maneira independente, co título **O dolor de Barlovento**, en *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº1184, 30 de xullo de 1952. Leva a seguinte dedicatoria: NO “DIA DE GALIZA” AOS MEUS IRMANS GALEGOS. E tamén a indicación do autor: DO POEMA “A CRUS DA ROSA”, Cap. VIII, inédito. Aparece datado: No “Día de Galiza”, 1952 - Bós Aires. Con debuxo [Deseño, dise] de Xavier Prada.

¹¹⁸⁰ En *Galicia* aparece *BARLOVENTO* no canto de **Barlovento**.

¹¹⁸¹ En *Galicia* aparece *GUNDAR* no canto de **Gundar**.

Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹¹⁸² En *Galicia* aparece *fai* no canto de **fái**.

¹¹⁸³ En *Galicia* e na edición do libro aparece *A* no canto de **Â**.

¹¹⁸⁴ En *Galicia* aparece *naidas* no canto de **nadia**.

¹¹⁸⁵ Na edición do libro temos *a* e en *Galicia* aparece *á* no canto de **â**.

pro tornóu enfermo e probe, sin esperanzas
 515 de poder ganalo pan;

 anque a Terra Nai —que é santa e salvadora¹¹⁸⁶
 ¡a subríme Terra Nai!—,¹¹⁸⁷
 deparóulle a recobranza da saúde
 e têt onde traballar.¹¹⁸⁸

520 El máis sínte por Gundar que pol-os outros,¹¹⁸⁹
 pois, amigos de verdá,
 sempre xuntos traballaron nas traíñas,
 fros con fros e man a man.

 Tamén sínteo por Rosiña, porque é boa¹¹⁹⁰
 525 —roiba fror da veiramar—,
 pra a que truxo de Bôs Aires un sospiro¹¹⁹¹
 do finado probe pai.

 Quére-a muito, e fixo o infindo por entramos¹¹⁹²
 —por Rosiña e por Gundar—,¹¹⁹³
 530 pra que n-éste desparcera a escura ideia¹¹⁹⁴

¹¹⁸⁶ En *Galicia* aparece *TERRA NAI* no canto de **Terra Nai**.

¹¹⁸⁷ *Ibidem*.

¹¹⁸⁸ En *Galicia* aparece *ter* no canto de **têt**.

¹¹⁸⁹ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹¹⁹⁰ En *Galicia* aparece *sínte-o* no canto de **sínteo**.

¹¹⁹¹ En *Galicia* aparece *Bôs* no canto de **Bôs**.

¹¹⁹² En *Galicia* aparece *moito* no canto de **muito**.

d-ír, migrante, a buscar pan...¹¹⁹⁵

E por el-o que, na Praza, fan xuntanza¹¹⁹⁶

os peixeiros, pra escuitar:

Barlovento dí verdades evanxélicas,

535 câl Xesús aos tiberáns:¹¹⁹⁷

—Eu non séi qué negra praga con feitizos,

coma o pombo cô arrular,¹¹⁹⁸

nos espíritos mozariles puxo engado

pra que fuxan do pombal...

540 »Eisí fóronse des mozos, des carballos¹¹⁹⁹

d-este noso Patrio Chan;¹²⁰⁰

outro día serán catro..., sete..., doce...;

máis adiante... ¡vinte máis!...

¹¹⁹³ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹¹⁹⁴ En *Galicia* aparece *n' éste* no canto de **n- éste**.

¹¹⁹⁵ En *Galicia* aparece *d-ir* no canto de **d-ír**.

¹¹⁹⁶ En *Galicia* aparece **PRAZA** no canto de **Praza**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *porel-o* no canto de **por el-o**.

¹¹⁹⁷ En *Galicia* aparecen *cal e tiberiáns* no canto de **câl e tiberáns**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *Xexús* no canto de **Xesús**.

Nota da edición: O poeta debe facer referencia a este episodio bíblico, narrado en varios evanxeos: «As autoridades mandaran a algúns fariseos e a algúns partidarios de Herodes, para colleren a Xesús nalgunha palabra. Cando chegaron, díxéronlle a Xesús: “Mestre, sabemos que Ti es verdadeiro, e non das preferencias a ninguem. Ti noo ollas para as apariencias do home, mais ensinas, coa verdade, o camiño de Deus. Dinos: É lícito ou non pagar o imposto a César? Debemos pagar ou non?”. Xesús percibiu a hipocresía deles, e respondeu: “Por que me tentades? Traédeme unha moeda para que eu a vexa”. Eles levaron a moeda, e Xesús preguntou: “De quen é a figura e a inscrición que están nesa moeda?”. Eles responderon: “De César”. Entón Xesús dixo: “Dade, pois, a César o que é de César, e a Deus o que é de Deus”. E eles quedaron admirados con Xesús» (**Mc 12**, 13-17).

¹¹⁹⁸ En *Galicia* aparece *co* no canto de **cô**.

¹¹⁹⁹ En *Galicia* aparece *Onte* no canto de **Eisí**.

¹²⁰⁰ En *Galicia* aparece *Noso* no canto de **noso e** na edición do libro temos *chan* no canto de **Chan**.

»Eisí iráse, pouco a pouco, a xuventude,
545 a galega fror lanzal...

¡Queira Deus que tal engado desapareza
e non xurda endexamáis!...

»Eu non podo, anque quixera, pois afógame,
pol-as portas ir chamar,
550 ¡que o relembro dos que emigran pónme triste
e dos ollos pranto cá!...

»Que os engados que despovan Nosa Terra¹²⁰¹
non arriguen no mañán,
e non digan as naiciñas aos seus nenos:
555 —¡Voso pai morréu alá!...¹²⁰²

Xa non se ouza, pol-as portas, nos abrentes,
nos rüeiros laxeiráns,¹²⁰³

petar rexo e chamar forte a Barlovento:

—¡Xan!, ¡Antón!: ¡Â misa!, ¡ao mar!...¹²⁰⁴

IX

¹²⁰¹ En *Galicia* aparece *NOSA TERRA* no canto de **Nosa Terra**.

¹²⁰² En *Galicia* aparece todo o verso en maiúsculas e, polo tanto, sen acentos gráficos, como era norma.

¹²⁰³ En *Galicia* aparece *rueiros* no canto de **rüeiros**.

- 560 Â veira do mar dos ártabros,¹²⁰⁵
arrentes mesmo das casas,
brincan os muxos na tona
das ondas verdes e mansas,
sen medo têrlle aos tramallos,
- 565 nin âs betas nin âs varas...
As pombas, sóbor dos teitos,
arrulan agarimanzas,
e as anduriñas —¡as probes!—
a migrazón xa preparan...
- 570 Cantan xurdias cantareas
os milleirales das agras,
xa ben frorido o cenceo¹²⁰⁶
e as mazorcas ben bardadas;
os patacales, un xurdio
- 575 cantar cántanlle âs patacas,
que medran, oupando a terra,
relembrando âs caldeiradas...
Domiñando ao bule-bule
da vila nobre e fidalga,
- 580 ledas «moiñeiras de roda»¹²⁰⁷
repinican as campanas,

¹²⁰⁴ En *Galicia* e na edición do libro aparece *A* no canto de *Â*.

¹²⁰⁵ Ártabros. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

¹²⁰⁶ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *bon* no canto de **ben**.

¹²⁰⁷ «Moiñeiras de roda» > Muiñeira de roda ou Muiñeira redonda. *Cfr.* Variantes e comentarios no poema **Pé de millo (Ballet da «Moiñeira da roda»)** [18].

e a sineta repinica
 seu tinguilintín, con ganas...

Mesmamente que nantonte,

585 a bris terreira esparrama,
 a mans cheas, mil arumes
 pol-os vals e pol-as gandraas,
 cantar sintíndose aos pinos
 as estrofas pondalianas,

590 e fondas voces telúreas¹²⁰⁸
 semellan decir: —¡Housianna!...¹²⁰⁹
 Mais —alteirando a armoñía
 latexante na bisbarra
 que ollóu fuxir aos normandos¹²¹⁰

595 cando os galegos mandaban —,
 óuzanse berros firentes
 coma os dos huns pol-as Galias,¹²¹¹
 berros que, â par de inquedaantes,
 tamén os tímpanos rachan:¹²¹²

¹²⁰⁸ Na edición do libro temos *telúricas* no canto de **telúreas**. No mecanoscrito é posible que esta palabra substitúa a opción anterior, pois existe unha corrección do autor.

¹²⁰⁹ **Nota da edición:** Housianna > Hosanna. Exclamación de xúbilo usada nos psalmos e na liturxia cristiá e xudía.

¹²¹⁰ **Nota da edición:** Os Normandos (nord-men: homes do norte) era o nome que daban os pobos do Sur aos “Vikings”, os reis do mar, de Escandinavia e Dinamarca. Na Alta Idade Media, varias expedicións normandas asolaron Galiza, nomeadamente a ría da Arousa. No ano 850 saquearon Iria Flavia, provocando a fuxida do bispo e do cabido a Compostela. Outras expedicións posteriores foron derrotadas polos homes do Castellum Honesti (Fortaleza das Torres), en Catoira, levantada por Afonso III, O Magno.

¹²¹¹ **Nota da edición:** Huns > Hunos. Confederación de tribos euroasiáticas que apareceu en Europa nos séculos IV-V e foron chamados ‘bárbaros’ polos romanos aos que invadiron. Atila, o seu último e máis poderoso líder, entrou no ano 451 na Galia (nome latino dunha rexión europea que hoxe ocupa Francia, Bélxica, oeste de Suíza e as zonas de Holanda e Alemaña ao oeste do río Rhin). Cando intentou ocupar Aurelianum (Orleáns), unha alianza entre romanos e godos (Aecio y Teodorico I) derrotouno nunha batalla a campo aberto. Morreu Teodorico, mais Atila foi vencido por primeira e única vez e houbo de retirarse.

- 600 Un fato de rapazotes
—todos de cara lavada
e, coma mouros, queimados,
ou xitanos de Vaganza—,¹²¹³
dende a fonte de Finllido¹²¹⁴
- 605 («da Condesa», eisé lle chaman),¹²¹⁵
botando feros alcumes,
bérranlle a Rosa, â rapaza
a quen o pai lle morrera
na grande cibdá do Prata,¹²¹⁶
- 610 fáí poucos anos aínda,
moi pequerrecha deixádoa;
cibdá pr-â que Gundar fórase¹²¹⁷
—¡Galiza, fonte que sangra!—,
trasantonte, ao vîr do día,
- 615 con dúas pesadas cargas:
¡o coi, ao lombo, coas roupas,
e a negra nuite na i-alma!...
Da rillotada os insultos
—duras frechas da ñoranza—,

¹²¹² Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *tímpanos* no canto de **tímpanos**.

¹²¹³ **Nota da edición:** Semella unha referencia ao “Teatro da Vaganza e da Putanza”, así denominado porque estaba no barrio das prostitutas. Está nas orixes da italiana Comedia da arte (*Commedia dell'arte*), que empregaba máscaras, por volta do século XVI.

¹²¹⁴ **Nota da edición:** Fenllido ou Finllido. «Indica un terreo fendido. Do latín *findo*, “rachar”». Cfr. Vidal Pérez [2006: 23], no capítulo 3. “A macrotopinima: a toponimia das entidades de poboación”. Na páxina 54 Vidal Pérez indica que é un lugar da parroquia de Santa María de Laxe.

¹²¹⁵ **Nota da edición:** Urraca de Moscoso (Condesa de Altamira). Cfr. Nota da edición no verso 176 deste mesmo poema.

¹²¹⁶ **Nota da edición:** Bos Aires (Arxentina).

620 o dondo prafón sereo
 do limpo ceo furaban:
 —¡Rosiña, tola de amores!...
 —¡Rosiña, rosa lilaina!...
 —¡Rosiña, Rosa do Vento!...

625 —¡Rosiña!, ¿cándo te casas?...
 —¡Rosiña!, ¿fóiseche o noivo?...
 —¡Rosiña!, ¡sôfre, coitada!...
 —¡Rosiña dos silveirales
 que na roseira non bailas!...

630 Non abondando estas verbas
 —crúas, perversas, malvadas,
 féridas verbas escuras
 da estrevida rillotada—,
 afondábanlle morrillos

635 que ¡por sorte! non lle daban...
 Eisí fóron-a correndo,
 pedrada vái e pedrada,
 até moi preto da vila,
 cáseque â porta da casa,

640 sin que ninguén a amparase
 nin que ningún correntara
 aquelas almas sin luces
 que a escola nunca pisaran...

¹²¹⁷ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

- ¡que a tanto chegou a incuria
645 n-aquela vila fidalga
que residencia honorante
fóí da náí de Doña Urraca,¹²¹⁸
de aquela gran santiaguesa,
Xoana de Castro, chamada!¹²¹⁹
- 650 ¡Quezáis n-aqueles gandulos
prendera a insidia da cántiga
que, contra Rosa, iñocente,
as sete lumias ceibaran!...¹²²⁰

X

- Pol-as congostras e atallos,
655 pol-os camiños i-estradas,
pol-as brancas carreteras
da veiramar e a montana,
muitos veciños da vila
que, pra mañán, se engalana,
660 palique vái e palique,
portan aos reos pra a farta,

¹²¹⁸ Dona Urraca. *Cfr.* Nota da edición no verso 176 deste mesmo poema.

¹²¹⁹ **Nota da edición:** «¡Qué importa que Inés de Castro reinase en Portugal, dispos de morta; que Xohana Castro fose raíña de Castela, tan sóio n-unha noite de vrán; que Fernando Castro merecera no desterro este epitafio: ¡Aquí yace toda la lealtad de España"!». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Fillos do nobre galego do s. XIV, Pedro Fernández de Castro (...) Juana de Castro casou con Pedro I “el Cruel” de Castilla en 1354. O seu matrimonio durou poucos días. Abandonada polo monarca retirouse a Dueñas, onde viviu usando o título de raíña. *Cfr.* Rodríguez Castelao (2000: 249) [1944].

¹²²⁰ Lumias. *Cfr.* Nota da edición no verso 283 deste mesmo poema.

ben segurados con cordas
na cornamenta e nas patas:
Uns, traen gordos cabritos;
665 outros, carneiros e cabras;
aqueles castróns e cuchos;¹²²¹
aqueleoutros, unha vaca
que se asemella ao boi Apis¹²²²
pol-as cornas ben cambadas;
670 algúns, tamén portan aves,
conexos e lebrexada;
mais todol-os portadores
da mansellán mesturanza,
cada câl conta ao seu modo
675 de cómo mellor mercara,
pois mal ninguén xamáis merca
cando de feira se trata:
¡soio é custión de dar pique
coa faltriqueira furada!...
680 De paso que fân camiño
falan e requetefalan
de que mañán... ¡arde o eixo!,
e hai que apagal-o con xarras
escoantes de sidra e viño...

¹²²¹ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *cabras* no canto de **cuchos**.

685 ;sen bautizal-os con auga!...

 Antre eles vên señá Pura¹²²³

 —por alcume: «A Tecelana»—,

 c-unha gran cesta â cabeza

 coa lenzoliña tapada,

690 cinguida darredore

 con bermella filazara;

 cesta ben feita de vergas

 de brabádigo sin lañas,¹²²⁴

 e â que fânlle outo cogulo

695 os ovos, manteiga e grasa

 pra lle vender âs siereiras

 que lle na vila axudaban,

 pois, como xa queda dito,

 morréralle o home —;outro paria!—

700 no gran Bôs Aires, enonde

 espranzas miles levara,

 deixándolle a pequeniña,

 algunha rede e unha lancha...

 Rexa muller, señá Pura,

¹²²² **Nota da edición:** Boi Apis. Denominación grega de Hap ou Hepu, deus solar, da fertilidade, e posteriormente dos mortos, na mitoloxía exipcia, onde era sagrado. A iconografía representáboo quer como un boi ou touro, quer como un home con cabeza de boi ou touro, co disco solar entre os cornos.

¹²²³ **Nota da edición:** Señá Pura, «A Tecelana». O nome e o alcume pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real eisenzenza, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

¹²²⁴ Na edición do libro temos *sen* no canto de **sin**. No mecanoscrito é posible que esta palabra substitúa a opción anterior, pois existe unha corrección do autor.

705 a vida eisí se gañaba,
 porque non tiña preguiza
 coma outras que eiquí se calan...
 A cantos con ela alcóntranse,
 d-esta maneira lles fala:

710 —¿Non viches â miña Rosa
 —¿â miña Rosa galana!—,
 que non-a vîn, fáí dous días,
 e díxenlle que me agardara
 xunto a crus de Finllido¹²²⁵

715 ou xunto â crus de Cabana?—...¹²²⁶
 Mais... nadia víralle â filla,
 e —¿Non a vîn!—, respostaban...
 —¿Asús!... ¿Nunca Deus me dera!...
 ¿Qué filla desmemoriada!,

720 decía, señora Pura,
 case treméndolle a fala,
 e, â ves que as cruces facía,
 crarexáballe a faciana:
 —¿Seguro que se esquencío!;

725 ¿eu non séi o que lle pasa!,

¹²²⁵ Finllido. *Cfr.* Nota da edición no verso 604 deste mesmo poema.

Porén, na recente catalogación dos cruceiros do concello de Laxe (*Cfr.* Martín Ruiz [1999: 909-930]) neste lugar non existe ningún cruceiro. Na parroquia de Santa María de Laxe, á que pertence Finllido, tan só cataloga catro cruceiros no Adro, na Capela de Santa Rosa, na actual Rúa Canosa Nemiña e en Piñeiro. O máis próximo ao lugar de Finllido é este último, que leva varios anos sen a cruz a causa dun roubo.

¹²²⁶ **Nota da edición:** No lugar denominado As Cabanas tamén existiría outro cruceiro, bastante próximo ao anterior. Porén, tampouco aparece catalogado na actualidade (*Cfr.* Martín Ruiz [1999: 909-930]).

engadía, aluburando
o camiñar, xa máis calma...

XI

A crúa vandalía dos gandulos
n-alcontraba cancelas ni valados,
730 pois facían, decote, impuñemente,
de igual xeito que a Rosa, outros arrautos:
O mesmo apedrearan, outro día,
ao preiteante «Carrasco»,¹²²⁷
cando se ía, de volta, pra Serantes,¹²²⁸
735 dempóis de ben chisparse de anisado,
chamándolle «Ferrancha» e «Avarento»
(quezáis de verdadeiro houbera algo),
pois falábase d-él, pol-a bisbarra,
que, aínda máis que avarento, era negado:
740 ¡as frutas dos seus hortos podrecíanse
sin dal-as a ninguén, sóbor do chao!;¹²²⁹
mais esto vêr non tiña coa rapaza,
senón cô desafogo e o descarro:

¹²²⁷ **Nota da edición:** «Carrasco». O apelido ou alcume pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real eisistenza, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

¹²²⁸ Serantes. *Cfr.* Nota da edición no verso 5 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

¹²²⁹ *Ibidem.*

¡porque sí!, ¡por pillastres!, ¡por rillotes!,
 745 ¡por vivir, coma os poldros, pol-o campo!...
 Tanta mágoa lle entrara â probe Rosa
 côs barbullos de aqueles deslinguados
 (e do voio dos seixos fungadores
 que os cativos ceibáranlle de paso),
 750 que estivo na seirán, e toda a nuite,
 bagulla que bagulla coma orballo,
 sen que a nai, garimosa, a conformara
 pra leval-a denuncia até o xusgado,
 sen que ouzara as promesas maternas
 755 de ir pra a «Festa do Apóstol» a Santiago...¹²³⁰
 ¡súa sorte chorando, máis soidosa
 que as gandra da Arantiña e de Serrano!...¹²³¹
 No triste saloucar e nos sospiros,
 os seus beizos marmuaban, pol-o baixo,
 760 con aquel tremecere saudadoso
 do que vive deverias namorado:¹²³²
 —¿Cómo lle irá na Cruña, a Gundariño...?¹²³³
 ¿Cómo lle irá?... ¡meu santo!
 El quere un mellor cargo que o que tiña

¹²³⁰ **Nota da edición:** Refírese á festa maior de Santiago de Compostela, que se celebra o día 25 de xullo.

¹²³¹ **Nota da edición:** Arantiña. Trátase do monte Arantiña ou Arentiña, no val de Soneira. «Derivada da base *ar-*, “lugar con auga”». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 38], no capítulo 2.2. “Os nomes dos montes”. Serrano. Con probabilidade está a referirse ao lugar e parroquia de San Sebastián de Serrano (concello de Vimianzo).

¹²³² Por gralla de imprenta, na edición do libro repítese o verso anterior. Tamén puidera ser unha gralla o feito de escribir *deverias* e non *de verias*, como aparece no seu epistolario.

765 pra conseguir máis cartos
—¡limpo froito da súa intelixencia
e os seus barudos brazos!—,
pra, con eles, se pode, en pouco tempo
(o máis: dous ou tres anos...),
770 mercar unha casiña xunto â praia
—rente âs ondas dos nosos antenados—,
unha lancha xeiteira, e aparellos,
e nove ou des ferrados
de terra pra patacas e pra millo...
775 ¡e casarnos!... ¡casarnos!,
e, tranquilos, vivir na santa groria
de quen namáis tén algo
pra niño dos amores, ¡se Deus quere!,
e pra facer un ben se chega o caso:
780 unha inmensa riqueza de saúde,
un anaco de broa e un bô caldo
pra os que chamen â porta, mesterosos:
—¡Bendito sexa Deus!—... E, decontado,
coa doce sinxeleza dos galegos
785 que foron ben criados¹²³⁴
—n-unha man unha cunca cogulada
de patacas, e fabas, e compango,

¹²³³ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²³⁴ Na edición do libro temos *criados* no canto de **criados**.

mentral-a outra —¡pombiña xenerosa!—,
apreixando o carolo xa bicado,
790 respostarlle coas verbas máis homildes
do ben sinxelo e santo
que acrarexa os neboeiros da concenza
e fáí que o sol refulxa nidio e craro:
—¡Bendito sempre sexa!—, coa resposta:
795 —¡Bendito e alabado!...

¡Probe Rosa!: Non sabe, na inocenza
do seu sentir tan amplo
—sinxeleza, garimo, caridade—,
que o mundo non é malo
800 nin bô completamente: mescra escura
de lobicán e santo,
¡máis presto váise a pique na vaidade
que no fondo vivir xesucristiano!...
Por el-o que da mágoa o contemprala,
805 chorosa, o rosto pálelo,
mentras prega baixiño...,
baixiño..., baixo..., baixo...,
a parte da orazón que adeprendera
dos finados abós, cando o rosáreo
810 vái chegando das doas ao remate:

—«Por todol-os galegos que inmigraron
na procura de un ben que eiquí xa tiñan,
e, dempóis, xa moi vellos ou moi cansos,
por países que os víron sen garimos,
815 por paraxes lonxanos,
pecharon c-unha arela os tristes ollos:
De tornar ao eido patrio,
de ollar as suas paisaxes e mariñas,
morrerse sospirando...
820 ¡quezáis arrepentidos de arredarse
da Terra —que os relembra no regazo—,
como cando, de nenos, lles sôrrían
as nais agarimosas, con encanto,
falándolles con falas feiticeiras
825 e, no berce, cantándolle seus cantos!...
¡Deus grande!, ¡Deus potente!,
¡do Noso Lar Galego, Pai amado!:
¡Que todos eles teñan
un eterno descanso!...

XII

830 Erguéndose trunfante
—tal un ollo axexante
na crista dos pedrousos de levante—,

xa brila o sol de Agosto, como brilan
 os cabelos de roiba moi aposta,
 835 e, nas ondas, seus raios espellilan
 câl saltido de xardas pol-a costa...
 A vos da gaita meiga
 que «O Fresco», pol-a vila, vái tocando,¹²³⁵
 desperta âs raparigas laxeiranas
 840 cō seu saúdo brando...
 ¡tanto poden as ledas filigranas
 da «Alborada» de Veiga!¹²³⁶
 E dediante ao gaiteiro
 e do tamborileiro
 845 e do que malla o bombo,
 vái «Candil», fogueteiro,¹²³⁷
 cós foguetes ao lombo...
 Levados da legría buligante
 de tan felís istante,
 850 os tenros rapaciños
 —con traxes moi trinquetes,

¹²³⁵ **Nota da edición:** «O Fresco». Na advertencia deste mesmo poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás». Descoñecemos a existencia dun gaiteiro na comarca con ese alcume, pois non cremos que se trate do coñecido gaiteiro Antonio Castiñeira (1845-1910), “O Fresco do Carballiño”, tamén coñecido como “O Fresco de Baio”, que mantivo unha forte rivalidade e mesmo inimizade con Juan Mínguez “O Ventosela” (1847-1912).

¹²³⁶ Alborada. *Cfr.* Nota da edición no verso 5 do poema **A gaita [4]**.

Veiga. *Cfr.* Nota da edición no verso 6 do poema **A gaita [4]**.

¹²³⁷ **Nota da edición:** «Candil». O apelido ou alcume pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a

chalina e botíns novos—,
 ollan infrar os grobos,
 n-entanto, os máis pilletes,
 855 brincan tras do gaitero e dos foguetes,
 pois, como n-hai escola,
 rebúldalles a chola
 o mesmo que nos niños
 rebuldan coa bicada os paxariños...
 860 Con falas cantareiras
 —na groria da mañán de ambiente morno—,
 repenican, con xúbilo, as campanas,
 polidas riveiranas
 e lanzales moiñeiras
 865 con armónico esorno,
 e ao seu recramo acoden as vileiras
 e as xurdias aldeanas
 que viñeron de lonxe e do dintorno
 pra espaxer dos peitos,
 870 cos místecos embalos,
 os pensamentos malos,
 as viltanzas, envexas e outros preitos...
 Mentras, no adro, as bombas
 de vintecatro estalos
 875 fân espallar âs pombas

ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sendo

que arrulaban amores pol-os teitos...

Coas vilengas e aldeanas chega Rosa,
cô pano, como as pescas, na cabeza,
con muito de nobreza

880 i-ergueita maxestade nos andares,
pois verte lanzalía i-é fermosa
como as deusas dos mares:
perfeito perfil grego
e a dermes máis sedosa que o pexego.

885 Entrando eisí na igrexa,
con aire respetoso e recolleito,
fái o siño da crus sóbor do peito
e váise axoenllar carón das lousas,
no istante que «A Noxenta», moi beata,
890 e que a Rosiña axexa,
sempre inventando cousas,
o malquerer remexa,
e, quedo, coas cofrades se desata...

E honrando â romeiría
895 de tan subrime día,
folgan médea semán os aparellos:
non vãn ao mar os mozos nin os vellos,
nin panillan as vellas nin rapazas...
¡Hoxe botânse as casas

900 por total-as xanelas!,
 pois as almas sinxelas
 da feiticeira Laxe
 —coa fé máis fonda e pía—,
 oférdanlle homenaxe
905 â virxe patronal: ¡Santa María!...¹²³⁸

XIII

 Cô ledo repenique das campanas
 pol-os aires ceibando seus housiannas¹²³⁹
 ao se findar a misa,
 e cô estrondo das bombas
910 —os ecos espallando nas montanas—,
 mentras xunta armoñías e latexa,
 e, infrándose, xa alisa
 as embruxadas lombas
 a cantadora gaita que festexa,
915 arrula e dá erguemento
 â legría das xentes vileiranas
 —¡legría feita risa
 na palleta do céltigo istrumento!—,

¹²³⁸ Santa María. *Cfr.* Nota da edición no verso 160 deste mesmo poema, ou tamén *Cfr.* Nota da edición no verso 7 do poema **Romeiría aldeán** [6].

¹²³⁹ Housiannas. *Cfr.* Nota da edición no verso 591 deste mesmo poema.

vân salindo da igrexa

920 con gran recollimento,
lanzales e galanas,
despazosas, sen prisa,
laxeiras e aldeanas,
que a fide enfervorexa;

925 e, logo, de un a un, locindo os mantos,
saen santos e santos
nas ben pintadas andias baldaquiñas,
levadas pol-os homes e rapaces
en ben formadas liñas,

930 no médeo do conxunto dos feigreses
—amigos de indulxencias e soaces—,
namentras as meniñas,
con ramallos de frores
—que vân bicando âs veces—,

935 cantan almos loubores
cando os cregos dan têrmo âs súas preces¹²⁴⁰
baixo o palio de seda e broslagranas.
Das xanelas, balcóns e galeirías,
olladors e solanas,

940 penduran cortiñados de cöores,¹²⁴¹
colchas feitas a man, puntilleirías

¹²⁴⁰ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *têrmo* no canto de **têrmo**.

¹²⁴¹ Na edición do libro temos *coores* no canto de **cöores**.

con grinaldas froraes i-espadas
 que a virazón da ría trememece
 vencellándose âs prácidas legrías
 945 de un povo que o ben fáí e o mal esquece.
 Mesturándose cô místico contento
 que en total-as facianas se adiviña,
 os bôs procesionantes fân comento,
 amodo, solermiña,
 950 da festa tan pimpante;
 e, tamén, rúa adiante,
 vái a probe Rosiña
 —¡probe Rosa do Vento!—
 achegándose â Virxe do Socorro,¹²⁴²
 955 ao rolance, seu azo¹²⁴³
 —¡como cando no mar cai a anduriña!—,
 marmurando tan soio estas parolas,
 nas que improra da vírxene un acorro
 no acolledor regazo:
 960 —¡Daime amparo, Virxiña!;
 ¡daime amparo!... ¡que morro!...
 ¡Que teña meu Gundar risoña sorte,¹²⁴⁴
 anque a min me acompañe soio a morte!...
 E sigue a procesión a maino paso

¹²⁴² **Nota da edición:** Unha das imaxes que saen na procesión da Virxe da Atalaia, Santa María, patroa da vila de Laxe, festa maior que se celebra o día 15 de agosto.

¹²⁴³ Na edición do libro temos *sin* no canto de **seu**.

- 965 acompasado â banda e â gaita lisa...
 ¡E todo Laxe é risa,
 legría xubilosa,
 espranza, fide acesa,
 dende o ceo purismo de turquesa
- 970 —que afuma a rexa bomba e o foguete—
 deica a bris arumada de molete,
 de bô viño de mesa
 i-empanada arumosa
 de sardiñas, de congro e salmonete!...;
- 975 ¡bris que leva as albrizas
 —rebuldante e gozosa—
 a todol-os fogares,
 pol-as outas ledizas
 dos xocundos xantares
- 980 da festa esprendorosa:
 Bô cocido que apete,
 caldeiradas, mariscos, calamares,
 e manxar escolleito,
 câl decíndolle a todos, menos Rosa,
- 985 que, baixo calquer teito...
 ¡toda a vila é banquete!...

XIV

¹²⁴⁴ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

Fuxíndolle â festa e a todo contento,
coa i-alma ferida por fondo pesar,
camiño da Insua vái Rosa do Vento¹²⁴⁵
990 despedil-o barco que leva a Gundar.¹²⁴⁶

Gundar era a groria da moza garrida
—da vila o peixeiro máis traballador—,
por quen ela dera os bens, mail-a vida,
se aquél llos pedira en proba de amor.

995 Non viron as xentes de toda a comarca
parexa ningunha que máis se quixer,
pois se él lle decía: «Virxiña da Barca»—,¹²⁴⁷
sospiraba a moza: «¡Rei do meu querer!»...

1000 Se Gundar chamáballe: «Ruliña do arrulo»,¹²⁴⁸
«Garimosa pomba», «Amor do pombal»—,
Rosa respondíalle con sinxel argulo:
—Non tanto, meu pombo... ¡miñato real!—...

¹²⁴⁵ **Nota da edición:** A Insua. Punta da costa na ría de Laxe, tamén denominada *Punta Laxe*. Cfr. Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

¹²⁴⁶ Gundar. Cfr. Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²⁴⁷ **Nota da edición:** «Virxiña da Barca». Patroa de Muxía. Na segunda fin de semana de setembro celébrase unha romaxe con moita devoción entre os mariñeiros ao redor do santuario e das pedras que hai na punta do mesmo nome.

¹²⁴⁸ Gundar. Cfr. Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

Falar ñoscente, «Cantar dos Cantares»,¹²⁴⁹
coma o que cantara Salomón, o rei,¹²⁵⁰
1005 aos noivos achega dereito aos altares
coa forza que en todos amantes é lei.

Amor que afincara naturalmente
nos seus sentimentos, cãl petón no mar,
ou coma os paxaros que, ao ollarse samente,
1010 amores comenzan con trío a cantar.

Nos tres ou catro anos que os dous se querían
nin lixo pousara nos seus corazóns,
por máis que as navallas das bocas decían
que estaban moi verdes as amonicións...

1015 Non eran os ditos namáis que hirta envexa,
a rela que rila por vil..., porque sí...
¡xorguiña que esculca na nuite, e remexa,¹²⁵¹
que canto máis fire, máis forte se rí!...

¹²⁴⁹ **Nota da edición:** «Cantar dos Cantares». Tamén coñecido como “Cantar de Salomón” ou “Cantar dos Cantares de Salomón”, é un dos libros da *Biblia*, que na introdución se atribúe a Salomón e así o consideran as relixións xudía e cristiá. Datado no 600 a. de C., é probable que fose escrito con anterioridade. É un poema de amor conxugal que se estrutura a voces ou cantos alternos e trata de dous amantes que se viron obrigados a separarse, que se buscan con desespero, declaman o seu amor en forma poética, reúnen e volven a afastarse, sempre coa esperanza de volveren estar xuntos para sempre.

¹²⁵⁰ **Nota da edición:** Salomón (970 a. de C. — 931 a. de C.). Tamén chamado Xedidías no Antigo Testamento, foi o terceiro e derradeiro rei de todo Israel, incluíndo o reino de Xudá. Construíu o Templo de Xerusalén e foi célebre pola súa sabedoría, riqueza e poder, de feito na *Biblia* é considerado o home máis sabio existiu. Tamén o foi pola súa xustiza no veredito ditado no caso do fillo que disputaban dúas nais. Atribúeselle a autoría do *Cantar dos Cantares* e do *Libro dos Proverbios*.

¹²⁵¹ Xorguiña. *Cfr.* Nota da edición no verso 282 deste mesmo poema.

De un día para outro... ¡cumpríronse os ditos!:

1020 a i-alma do mozo sentío xurdir
a praga que deixa sin xente os distritos
e a terras lonxanas empuxa a servir.

Mais —contra da idea que n-él se afincara—,
de nada valeron consellos nin dôr,
1025 nin valéu que a moza chorara e chorara
e que das meixelas fuxíralle a côr...

¡Coitada mociña!: Na «Pedra da Vela»¹²⁵²
—enxugando as bágoas cô branco mandil—,
con toxos resecos fái unha cachela
1030 que a cónveda afuma do ceo turquíl.

Xa vái pra tres horas que, sóbor do monte,
a probe fogata, Rosiña, sostén,
decote fitando pra o roxo hourizonte...
¡e o barco non pasa que leva ao seu ben!...

1035 Dos mil pensamentos que a mens depenica
na esperanza da espera, un brila algo máis:

¹²⁵² **Nota da edición:** «Pedra da Vela». Formación rochosa que non identificamos, quer no monte da Insua, quer no monte Cornaceiras, a carón dos que se sitúa a vila de Laxe. Existe un Alto da Vela nas proximidades do cabo Vilán (Camariñas), no que asenta actualmente un parque eólico.

saber que hai fogueiras, por Corme e Malpica,¹²⁵³

de cantos despíden aos noivos..., aos pais...

Pois, cãl lle dixera Xaquín da Rabuña¹²⁵⁴

1040 —un «gancho» máis duro que pedra sillar—,

âs dúas o barco saía da Cruña,

e, âs catro, o Roncudo debera pasar...¹²⁵⁵

¡Cativo Rabuña!: Xogar de tal xeito

coa mágoa que afoga tan bô corazón,

1045 merés lle non valla que pete no peito

cando a Deus lle pregue pidindo perdón...

A seirán xa morre... Non sulca unha vela

por diante da costa que Rosiña vê,

e vóltase â vila a noiva sinxela,

1050 vertendo máis bágoas, perdidal-a fé...

Os raios tristesiros das súas olladas

¹²⁵³ **Nota da edición:** Corme (Ponteceso) e Malpica de Bergantiños son as dúas vilas mariñeiras que se sitúan ao norte de Laxe na liña da costa, alén doutras entidades de poboación moito menores.

¹²⁵⁴ **Nota da edición:** Xaquín da Rabuña. O alcume pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

¹²⁵⁵ **Nota da edición:** O Roncudo. Punta e faro da costa de Corme (Ponteceso), denominados así polo ronquido que produce o mar ao golpear con forza nos acantilados. Nas zonas máis batidas apáñanse os famosos percebes, cuxa festa gastronómica é o primeiro sábado do mes de xullo. Na punta do Roncudo unhas cruces lembran as traxedias na Costa da Morte. O escritor cormelán Suso Lista explica no seu blog a súa historia pouco coñecida, que principia: «Dúas cruces que representan a tres mortes. Nunca se falou da terceira, e a xente descoñece a verdadeira historia do que aconteceu aquel fatídico día. Sempre se dixo que as dúas cruces, unha grande e outra pequena, pertencían a un pai e a un fillo. O pai e o fillo, pertencelle a

—no lume alcendidos do seu limpo afán—,
vân tras das gaivotas que, en longas bandadas,
diríxense aos fachos do cabo Vilán.¹²⁵⁶

1055 E dí —¡miña xoia!—: Serantes..., Lourido...,¹²⁵⁷
Catasol..., Pedrouso..., Castelo..., Peñón...,¹²⁵⁸
¡Ouh, tí, Cornaseiras!, meu monte querido,¹²⁵⁹
que ouzache a promesa do meu corazón:

Se volve algún día —¡ouh, santos lugares!—,

grande, e a pequena pertence a outra criatura que non excedía os sete anos e que se chamaba Constante Chans Costa. Poucas veces fora o mar Constantiño. E xa nunca mais saliría del (...).

<http://susolista.blogspot.com/2006/06/espera.html>

¹²⁵⁶ **Nota da edición:** Cabo Vilán. Cabo da costa do concello de Camariñas, onde se atopa un dos faros máis coñecidos da Costa da Morte, inaugurado o 15 de xaneiro de 1896, o primeiro da península ibérica en ser dotado de luz eléctrica, que substituíra unha vella construción de 1854 que funcionaba con aceite. «Se ha afirmado repetidamente que el nuevo faro se construyó como consecuencia del hundimiento del *Serpent* y la fecha de su inauguración, seis años después del naufragio, parece confirmarlo. Sin embargo, la crónica del 20 de noviembre de 1890 de la revista de la Marina inglesa *The Naval and Military Record*, escrita diez días después de la pérdida del barco, describe la pobreza de la luz del faro antiguo, y añade que se estaba erigiendo junto al faro viejo una elevada torre dotada de lámparas eléctricas». *Cfr.* Campos Calvo-Sotelo [2002: 244] e tamén o poema **Responso galego ô “Serpent”** [93].

¹²⁵⁷ Serantes. *Cfr.* Nota da edición no verso 5 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

Lourido. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

¹²⁵⁸ **Nota da edición:** Catasol. Trátase do monte Catasol, no concello de Laxe. «Lugar por onde sae o sol, onde se capta o primeiro sol do día (*capta sole*)». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 42], no capítulo 2.2. “Os nomes dos montes”.

Pedrouso > Pedrouzo. Tamén no concello de Laxe. «Topónimo que se relaciona cun espazo onde afloran grandes pedras no seu estado natural. Sinónimo de pedrolo». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 30], no capítulo 2.1. “Os nomes das terras de labranza e pasto”.

Castelo. Trátase do monte Castelo, no concello de Laxe. «A procedencia deste topónimos [fala tamén de Casteliño] está do diminutivo da palabra latina *castru*. O seu significado é variado: 1- Presenza dun castelo medieval ou construción similar, aspecto testificado no Monte do castelo en Serantes e na Torre da Moa en Traba. 2 – Existencia dun castro. 3- Cando non se cumpren os anteriores, dámoslle o significado de espazo con forma cónica no seu cume». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 18], no capítulo 2.1. “Os nomes das terras de labranza e pasto”.

Peñón. En Laxe, na actualidade, aínda se celebra o luns de Pentecoste o día do Peñón, no que se vai merendar ao campo. Esta celebración faise en lembranza dun antigo costume que tiña a xente de Laxe de ir agardar ao Peñón que hai detrás de Santa Rosa aos romeiros que viñan da festa do Espírito Santo de Camelle e merendar con eles. «Espazo onde no seu cume sobresa un penedo, un petón». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 30], no capítulo 2.1. “Os nomes das terras de labranza e pasto”.

¹²⁵⁹ **Nota da edición:** Cornaseiras. Trátase do monte Cornaseiras, de 55 m. sobre o nivel do mar, onde está situada a capela de Santa Rosa. «Este topónimo provén da raíz *corn-* e o sufixo *-eira* e fai referencia a un pedregal», *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 20], no capítulo 2.1. “Os nomes das terras de labranza e pasto”.

1060 aquele que, sin culpa, me fáí padecer,
 ;dirédeslle a historia dos feros pesares
 que afondan a mágoa da que hei de morrer!...

 Pro sintindo as xotas, vales e moiñeiras
 que «O Fresco» na gaita fáí repenicar,¹²⁶⁰
1065 levantóu os ollos cara âs Cornaseiras...¹²⁶¹
 ;e a probe rapaza rompéu a chorar!...

XV

 Pol-as rúas da Cruña, mentras Rosa
 agardaba na Insua,¹²⁶²
 Gundar de Valarés —o mozo rexo¹²⁶³
1070 que pra América ía—,
 maxinaba nas voltas e revoltas
 que lle adepara a vida
 no coi das inquedanzas ben repreto,
 mais ningunha lediza,
1075 desque fora alonxándose da terra
 enonde ao mundo vîra:

 A posterga que sofre o trasatrante

¹²⁶⁰ «O Fresco». *Cfr.* Nota da edición no verso 1057 deste mesmo poema.

¹²⁶¹ Cornaseiras. *Cfr.* Nota da edición no verso 1057 deste mesmo poema.

¹²⁶² A Insua. *Cfr.* Nota da edición no verso 989 deste mesmo poema.

¹²⁶³ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

deica ao seguinte día,
por mor dos cartafoles de embaixadas
1080 que, de Madrí, non viñan;
o medo de que os gardas o prendesen
cando fose a poñer pés na riva,
e têr que se voltar, amargurado,
camiño da sua vila;

1085 anque xa lle pagara a un quitacomás,
a un cacique e a un escriba,
a coima dos embrullos pra, «pol-a alta»,
embarcal-o, bulrándose das quintas
apesares que os pais non-o alentaron,
1090 senón que se casara con Rosiña
pra vivir todos xuntos, coa nai de ésta,
n-unha soia familia...

Nada, ¡nada!, na Cruña, ao probe mozo
a tristeza aburrente lle entretía:

1095 Nin o mar da «Marola», sempre irado,¹²⁶⁴
nin a «Torre Herculina»,¹²⁶⁵
nin o «Orzán», nin «Garás», nin «O Relleno»,¹²⁶⁶

Nota da edición: Valarés. Nome dunha pequena aldea e dunha praia do concello da Ponteceso, na estrada cara á Corme. Noutro poema aparece grafado *Balarés* [99, 52].

¹²⁶⁴ **Nota da edición:** A Marola. «É unha pena situada á entrada da ría da Coruña, moi coñecida polos mariñeiros da zona», *Cfr.* López Varela [1998: 902]. Curros Enríquez tamén a nomea nos seus coñecidos versos: “*Mariñeiros da Marola, / de Illas Cíes e do Orzán*” do poema ‘En corso’.

¹²⁶⁵ **Nota da edición:** Torre Herculina. «Torre de Hércules, símbolo da cidade coruñesa, é un faro de axuda á navegación. Para a súa orixe hai que remontarse á época dos romanos», *Cfr.* López Varela [1998: 503]. Curros Enríquez tamén a nomea no seu poema ‘Saúdo’ dedicado coma este a cantar á cidade da Coruña. Porén as dúas composicións non gardan semellanzas, de quitado dalgúns lugares comúns.

- nin as ondas branqueando en «Punta Herminia»,¹²⁶⁷
- nin a Rúa Real, fervendo en xente,¹²⁶⁸
- 1100 nin os pazos brillantes da «Mariña»...¹²⁶⁹
- Todo, ¡todo! nubráballe o relembro
do virxinal sorrir da ben querida.
- ¡Vivía mergullado, mesmamente,
como viven na fé as almas místicas!...
- 1105 E atristecía máis que nada ao probe
- c-unha forza punxente i-ousesiva
de petón que non tronzan as mareiras—,
o saber que, Rosiña,
deica â Pedra da Vela, a facer fume,¹²⁷⁰
- 1110 na seirán feiticeira, alá se iría...
- ¡sin a festa importarlle que hai en Laxe

¹²⁶⁶ **Nota da edición:** O «Orzán». «É unha pequena enseada situada entre a praia do mesmo nome e a Punta Herminia, na cidade da Coruña». *Cfr.* López Varela [1998: 902]. Curros Enríquez tamén a nomea nos seus coñecidos versos: “*Mariñeiros da Marola, / de Illas Cíes e do Orzán*” do poema ‘En corso’.

«Garás». Rúa ao pé do porto e da baía coruñesa, que deu nome a un antigo barrio da cidade, absorvido pola ampliación do porto. Nesa rúa é onde estaba a botica, antes de se trasladar a Santiago de Compostela, do pai de Manuel Martínez Murguía (Froxel, Oseiro, Arteixo, 1833 – A Coruña, 1923). Por volta de 1733 acometeuse a construción da muralla e da calzada de Garás que vai permitir a evolución do porto cara a esa zona. E na segunda metade do século XIX, para facilitar as tarefas de carga e descarga dos buques, a “Junta de Obras del Puerto” ordenou a construción de novos peiraos denominados Batería, Garás, Santa Lucía, etc. Aparece nun mapa de Barón y Yáñez (1879) e noutros diversos de anos posteriores.

«O Relleno». Tamén na segunda metade do século XIX o proceso de transformación da cidade debido ao crecemento demográfico tende a xuntar os barrios de Santo Tomás e Pescadería coa Cidade Alta. Para iso, prodúcese a demolición das primeiras liñas de murallas do recinto fortificado da Cidade Alta, o “Relleno” dos Xardíns de Méndez Núñez e o derrubamento das murallas de Pescadería. Debe ser este «O Relleno» ao que se está a referir Zapata, aínda que pola época tamén houbo outros. Nesa altura existían nesta zona numerosos pabillóns e quioscos con cinema, teatro e outras ofertas de lecer.

¹²⁶⁷ «Punta Herminia». Saínte da costa coruñesa moi cercano á Torre de Hércules, clasificado como orográfico, por ser unha zona estreita de terra que entra no mar, de menor tamaño que un cabo. Tamén foi tristemente célebre por ser lugar de fusilamento de moitos republicanos na represión franquista.

¹²⁶⁸ **Nota da edición:** Rúa Real. Principal rúa de actividade comercial no centro da cidade coruñesa, que tamén o era na época de Zapata, malia teren cambiado moito, obviamente, os produtos e os xéneros.

¹²⁶⁹ **Nota da edición:** A «Mariña». Outra rúa importante da cidade coruñesa, adoito coñecida polas súas galerías de cristal orientadas cara ao mar e que converteu A Coruña na “Cidade de Cristal”.

¹²⁷⁰ Pedra da Vela. *Cfr.* Nota da edición no verso 1027 deste mesmo poema.

nin ir soia pra darlle a despedida!...

Tampouco lle importaba dos veciños

que, de Laxe, con él, â Cruña, viran,

1115 i-en negros trasatranes imigraran

pra Habana e Filipinas...,¹²⁷¹

¡pois os homes de Laxe, a todos ventos,

pol-o mundo se vâ, como anduriñas,

máis que nada, por moda, pol-o infruxo

1120 de algún que enriquecío sin legría!,

¡¡case total-a vida n-un taboeiro

espendendo texidos ou bebidas!!...

XVI

Era unha groria o mar na tarde veranega,

cando o «Alquimán» sarpaba da Capital Galega,¹²⁷²

1125 deixando por babor a brava «Punta Herminia»,¹²⁷³

o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —¡de Breogán a insinia!—,¹²⁷⁴

¹²⁷¹ **Nota da edición:** A Habana. Capital de Cuba, antiga colonia española e destino de moitos emigrantes A independencia en 1898 supuxo un notable descenso no número de emigrantes, que nunha elevada porcentaxe, cambiou o seu destino cara á Arxentina, porén non se interrompiu e mantívose con bo ritmo, tanto é así que por volta de 1907 os españois en Cuba eran un 43% máis dos que había en 1899.

Filipinas. País asiático, antiga colonia española e destino de moitos emigrantes no século XIX e ata 1898, ano da perda de Filipinas como colonia.

¹²⁷² **Nota da edición:** «Alquimán». Dado que vai en maiúscula e entre aspas puidera pensarse no nome dunha das embarcacións que transportaba emigrantes cara á Arxentina desde a cidade coruñesa, mais o feito de termos *alquimán* [36, 75] fai dubidar diso. Non atopamos esta palabra en ningún dicionario, mais polo contexto é sinónimo de *paquete* ou *paquebote*, 'Barco de transporte de mercadorías e viaxeiros').

Capital Galega. Na época, e ata datas aínda recentes, A Coruña considerábase a capital galega por ser sede de moitas institucións. Co desenvolvemento do Estatuto de Autonomía de 1981 prodúcese a designación de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas de Galicia (Lei de Galicia 1/1982, do 24 de xuño), malia as mobilizacións "coruñesistas" na súa contra.

¹²⁷³ «Punta Herminia». *Cfr.* Nota da edición no verso 1098 neste mesmo poema.

namentres que ao pasaxe, o faro, antre os seus brazos
de lus fraterna —¡imensa de bicos e de abrazos!—,
a muitos estreitaba, quezáis, por ves postreira...

- 1130 O sol, na lonxanía, queimaba a cabeleira,
fundíase no mar como un furnón de fogo...
Cantando a berros, cantos de salmodiante rogo,
xoenllada no entrepontes, xente da raza eslava
—forte, baril, sofrida, e, como a nosa, brava—,
- 1135 ollando ao ceo, seus cantos con devozón vertía,
cantos que â patria súa redenzarán un día...
¡probes humáns cubertos de longa barba e greñas,
vestindo trasudadas e bastas estameñas,
e, atal coma os galegos, sulcando o mar, ilusos,
1140 buscando noutras terras os Canaáns confusos...¹²⁷⁵
Gundar, contra da borda, sen ánimo, estantío,¹²⁷⁶
asemellaba un doudo que o espírito perdeu...
Eisí foron pasando: Sisargas, o Roncudo,¹²⁷⁷
a Insua (Punta Laxe)... ¡Gundar ficaba mudo,¹²⁷⁸

¹²⁷⁴ «Orzán». *Cfr.* Nota da edición no verso 1097.

«Torre de Hércules». *Cfr.* Nota da edición no verso 1096.

Nota da edición: Breogán. «Segundo a doutrina celtista decimonónica, compartida por Murguía e Pondal, Brath, descendente dos fenianos, estableceuse en España e o seu fillo, Breogán, conseguiu dominar a poboación fundando Brigantia (A Coruña), que se constituíu como capital da tribo dos celtas brigantinos, a máis importante das tribos célticas», *Cfr.* Ferreiro [1995: 195].

¹²⁷⁵ **Nota da edición:** Canaáns > Canaán. Antiga denominación dunha parte de Oriente Próximo, entre a rexión costeira mediterránea e as zonas limítrofes do interior. Posúe, desde o neolítico, unha longa historia de asentamentos, como Xericó, Ugarit, Xerusalén, Tiro, Sidón, Biblos, Damasco ou Gaza. Habitada por diversos pobos, como os cananeos, hicsos, amorreos, fenicios, arameos, hebreos e os seus descendentes, os xudeus. Hoxe a zona divídese entre os estados de Israel, Líbano, Siria e Xordania.

¹²⁷⁶ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²⁷⁷ **Nota da edición:** Sisargas. Conxunto de tres illas na costa do concello de Malpica de Bergantiños, Sisarga Grande, A Malante e Sisarga Chica.

O Roncudo. *Cfr.* Nota da edición no verso 1042 deste mesmo poema.

- 1145 ollando a trangallada que había na cuberta,¹²⁷⁹
baile de xente túrpida âs luces non desperta,
que o mesmo que bailaba sin acougar, abordo,
igual choromicara se o mar fora un balbordo!...
- Faro Vilán —vixía, arpón de lus xigante—,¹²⁸⁰
- 1150 o rexo mar dos ártabros fería, deslumante,¹²⁸¹
e, lonxe —¡lonxe, aínda!—, ollábase Fisterra,
¡tamén arpón máis forte do mundo e nosa Terra!...
- Gundar, ¡probe Gundar!, non se lle vía troque,¹²⁸²
cicáis coa idea fixa que é a festa de San Roque:¹²⁸³
- 1155 pensando que Rosiña, cô trance que lle pasa,
non vái coa senlla â fonte nin sál siquer da casa,
tal ves por él pregando na noite crara e fonda,
sen que âs arelas súas a esperanza lle responda...
- Muxía, Camariñas e a vila fisterrana
- 1160 —as tres antre as primeiras da terra galiciana—,
envoltas n-unha brétema de lúa e de misterio,
xa por babor ficaban ollando ao cabo Nerio.¹²⁸⁴
- Do trasatrán nemigo, de escuros tripulantes,
os bruidos das boguinas soaron, oubeantes,

¹²⁷⁸ A Insua (Punta Laxe). *Cfr.* Nota da edición no verso 989 deste mesmo poema.

Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²⁷⁹ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *tragallada* no canto de **trangallada**.

¹²⁸⁰ Faro Vilán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1054 deste mesmo poema.

¹²⁸¹ Mar dos ártabros. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

¹²⁸² Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²⁸³ **Nota da edición:** San Roque. Refírese novamente á festa maior da vila de Laxe, o día 15 de agosto celébrase a Virxe da Atalaia, Santa María, patroa da vila e o día 16 celébrase o patrón, San Roque.

¹²⁸⁴ **NOTA DO AUTOR:** «O cabo de Fisterra, nomeado eisí pol-o mesmo home de letras» [Refírese a Estrabón, nomeado na nota do autor anterior].

1165 e, pra estribor orzando, sen medo ao mar profundo,
¡enfióu na media noite a proa ao Novo Mundo!...¹²⁸⁵

XVII

Xa levaba seis meses emigrado
Gundar de Valarés,¹²⁸⁶
desque a Rosa deixara pol-a espranza
1170 de axiña enriquecer:

ilusión que da América chegara
—de Galiza a través—
nas douradas fortunas dos que tornan...
¡que non son un por cen!...

1175 Mais o fondo reberte de outiveces
de Gundar, froróu n-él:¹²⁸⁷
sabíase amparado sêndo forte,
axuda que non quêr:

Na estanza que alugaban tres veciños
1180 no Rueiro Xenovés,¹²⁸⁸

¹²⁸⁵ **Nota da edición:** Novo Mundo. Denominación que dan os emigrantes a América, baseada na época dos conquistadores.

¹²⁸⁶ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

Valarés. *Cfr.* Nota da edición no verso 1069 deste mesmo poema.

¹²⁸⁷ *Ibidem.*

atopara hospedaxe, nentramentres,

non tiña que facer,

pois a guerra¹²⁸⁹ cegara moitas fontes

de traballo, por mes,

1185 e soio c-unhas estras, se o chamaban,

o pan podía obter...,

nembargantes as cartas que lle deran

pra Ramón..., pra Manoel...¹²⁹⁰

¡recomendanzas todas de palique

1190 que non valían ren!...

Esmolando traballo nos comercios

de tendas e almacéns,

arribaba decote nos baixíos

dos negreiros sin lei.

1195 ¡Cóma o probe sufría nas axenzas,

¹²⁸⁸ NOTA DO AUTOR: «A Boca», rueiro de Bôs Aires.

Nota da edición: A Boca ou Boca era, a finais do século XIX, un barrio portuario de Bos Aires, á beira do río Plata, habitado por moitos inmigrantes italianos, a maioría xenoveses, que nesa altura chegaban a moreas á Arxentina e ademais facían funcionar a maioría das embarcacións e dirixían os tráxicos marítimos e fluviais. Porén, fai moitas décadas que os descendentes dos xenoveses se marcharon a outros barrios e actualmente pódese falar tan só das pegadas da súa orixe xenovesa.

¹²⁸⁹ NOTA DO AUTOR: «A guerra de 1914».

¹²⁹⁰ **Nota da edición:** Ramón. Manoel. Os nomes pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén fagan referencia a persoas coñecidas para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de reial eistencia, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

agardando, de pê,
as respostas de aqueles sanguessugas
que se infran sin lecer!:

—«Pol-o de hoxe, non témos... Non hai prazas...

1200 Mañán, quezáis... ¡tal ves!...

Non nos poña reparos pol-a seña...

¡en boas mans a tén!»—...

De tal xeito, voiábanselle os días...,

unha semán, tres..., seis...,

1205 os cartos que trouxera —¡seus aforros!—...

¡e as ilusións sinxels!

Supuxera —¡meu folgo!— que en Bôs Aires

n-había máis que encher,

como se enchen de algazos os coídos

1210 da costa en que nacéu...

¡cobiza que alcenderan na bisbarra

Don Nadias de Ninguén,

xirando, de chegada, prata allea,

pra eisé facerse vêr!...

1215 Entretíase, âs veces, pol-a riva

—da Boca ao Dique 3—,¹²⁹¹

vêndo ducias de parias farrapentos

pedindo pra comer.....,

¡inxusta incivildade, mesquiñanza

1220 que a emigrazón lle ofrés!:

folgar, ¡probiño! â forza... ¡cô traballo

de non podel-o têr!...

Maxinando o vivir dos malpocados,

Gundar probóu a fel¹²⁹²

1225 da dúbida terrible de que, seique,

vaia esmolar como els...,

¡posibilidade que o deixaba inquedo¹²⁹³

como deixa un mal xués

ao que, sêndo iñoscente, unha condena

1230 lle aprica, a «Dura Lex»!...¹²⁹⁴

¹²⁹¹ A Boca. *Cfr.* «Nota do Autor» e Nota da edición no verso 1180 deste mesmo poema.

Nota da edición: Dique 3. Unha das zonas de Puerto Madero (Bos Aires), así denominado en honor ao seu arquitecto, o arxentino Eduardo Madero, que foi construído a finais do século XIX, a imaxe do porto de Londres, con dúas dársenas separadas por catro diques. O Dique 3 é, a día de hoxe, un lugar interesante, pois alí se atopan o Buque Museo Fragata Sarmiento, declarada Monumento Histórico Nacional, a denominada ‘ponte da muller’ e algúns dos edificios máis altos da cidade.

¹²⁹² Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²⁹³ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *inquede* no canto de **inquedo**.

¹²⁹⁴ Na edición do libro non aparecen as aspas.

Nota da edición: «Dura Lex». Primeira parte da sentenza do Dereito Romano *Dura Lex Sed Lex*, que pode traducirse como “a lei é dura, mais é a lei”. Refírese a que a lei debe ser respectada en calquera caso, por

Cando se ía un veciño volta ao povo,
choraba sin querer,
e os seus beizos, mirrantes, repitían
unha ves e outra ves:

1235 —«Se che fala Rosiña, cando chegues,
e de min quêr saber,
non lle contes migalla do que sabes...
¡diráslle que estou ben!»...

Mais a fonda soidade de estar lonxe
1240 de aquela que non vê,
ía pôndo unha lousa de cansacio
no fondo do seu sér:

Ollábase vencido, derrotado,
sin esperanza nin fé...
1245 ¡era como un deserto a súa vida,
no cal ía aos vaivéns!...

Non quería que nada lle falase
—¡nin un chisco xiquer!—,
das xentes que no peito non conteñen
1250 máis que envexas e intrés...

Deixara de escribirlle aos seus feitos,
e a Rosiña, tamén,
pois pensaba, pra sí, amargurado:
—«¿Pra qué escribir, pra qué?...

1255 Pol-o incerto —engadía— deixéi Rosa,
Laxe e Rosa deixéi...
¡ben o pagas, ¡parviño! ben o pagas,
Gundar de Valarés!»...¹²⁹⁵

1260 Repitando, decote, as crúas verbas,
pranxía a máis pranxer,
poñéndose tan murcho que impoñía
a calquera... ¡abofé!...

E vêndo seus veciños que entolaba
ou que ía a morrer,
1265 xuntaron entre todos pra embarcal-o
no trasatrán «Roibel».¹²⁹⁶

XVIII

legal establecida.

¹²⁹⁵ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

Valarés. *Cfr.* Nota da edición no verso 1069 deste mesmo poema.

Xa de volta na estanza en que moraban
os tres nobres veciños de Gundar,¹²⁹⁷
con tristes pensamentos agoiraban
1270 a sorte que lle agarda pol-o mar:

de aquel probe rapás que, visto abordo,
era a imaxen dôrida de Xesús,
máis pálelo que a cera, con remordo...
¡tan soio lle faltaba têr a crus!...

1275 Tamén eles rubían o Calvario¹²⁹⁸
da falla de laboura, case un mes,
indo e vindo dos diques, a diario,
unha ves..., outra ves..., ¡e outra ves!...

1280 Por el-o comprendían de aquel mozo
as soidades, as mágoas e a döör:
¡Vivían no desterro, sin o gozo
de ollar os seus ñiñales!... ¡seu amor!...

E, como unha pregaría contra a morte
de aquél que os tres querían como irmán,

¹²⁹⁶ **Nota da edición:** Roibel. Nome dun trasatlántico que levaba emigrantes galegos á Arxentina.

¹²⁹⁷ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹²⁹⁸ **Nota da edición:** O Calvario (Golgotha) é o nome dado a un monte nas aforas de Xerusalén, onde se cre que foi crucificado Xesús. O nome provén da existencia de rochas en forma de caveiras nunha das abas. É mencionado nos evanxeos do *Novo Testamento*: Mateo **27**, 33; Marcos **15**, 22; Lucas **23**, 33 e Xoán **19**, 17.

1285 eisimade arelaron boa sorte:
 ;de que o leve a Galiza o trasatrán!...

 —Deus o queira que a Laxe chegue vivo
 e a saúde na terra lle mellore,
 que pra a sorte que eiquí, ;meu probe!, tivo,

1290 aínda fora mellor, mellor lle fore

 non deixal-o corruncho nin-o amore:
 sin traballo seis meses case estivo,
 e, semán tras semán, de mal i-empiore...
 ;mentras Rosa morréu no chan nativo!

1295 —;Ogallá que eisí pase!... ;Deus o queira!...

 respondéu Fuco de Traba a Xan Ferreira,¹²⁹⁹
 erguéndose d-un tallo pra deitarse...

 —E que teña máis sorte pra o traballo,
 engadío, moi triste, Pepe Orballo...¹³⁰⁰

¹²⁹⁹ **Nota da edición:** Fuco de Traba e Xan Ferreira. Os alcumes pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén fagan referencia a persoas coñecidas para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

Xan Ferreira. Fronte á praia de Arou (Camariñas) existen uns baixos denominados Xan Ferreira, onde teñen naufragado varias embarcacións, como o vapor francés Nil. Talvez sexan a inspiración para este alcume.

¹³⁰⁰ **Nota da edición:** Pepe Orballo. O alcume pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaitero «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

1300 —¡Amén!—..., lle responderon, ao siñarse...

XIX

Despóis de trinta días de viaxe,

—¡coma un fardo calquer!—,

n-un negro cubichete de terceira

ao cuitado laxés,

1305 pecháronselle pra sempre os verdes ollos¹³⁰¹

n-un vougo anuitecer,

sen unha man amiga que enxugase

as bágoas que vertéu;

sen que nada de abordo adiviñara

1310 qué triste amor tiver...

¡ese amor que o levaba cara a morte,

moi adentrado n-él!;

¡de ese amor saudadoso, que, na i-alma,

era lus ao morrer!:

1315 Vía a Rosa ao seu lado repetíndolle:

—«Meu ben..., meu ben..., meu ben»—...¹³⁰²

¹³⁰¹ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *verdos* no canto de **verdes**.

¹³⁰² Na edición do libro non aparecen as aspas.

Un döor cosmogónico, profundo,
sentíase later
nos ondeos das foulas e nas azas
1320 da maina bris segrel,

despertando nos pazos as sireas
dos eidos de Neréu¹³⁰³
e ás irmáns fisterranas, roibas fillas
de Corrubedo, o Bren,¹³⁰⁴

1325 pra escoltar, ao longal, de proa a popa,
ao trasatrán «Roibel»,¹³⁰⁵
agardando afondaran ao finado
Gundar de Valarés,¹³⁰⁶

pois aos probes ninguén os embalsama
1330 coma os ricos e os reis:

¹³⁰³ **Nota da edición:** Neréu > Nereo. Na mitoloxía grega era probablemente o deus das ondas do mar. Ponto, o gran mar, era seu pai. Vivía no mar Exeo e tivo cincuenta fillas, as nereidas, ninfas do mar, que o entretiñan cos seus cantos e as súas danzas. Nereo e Proteo ('Primeiro') semellan ser manifestacións dos deuses do mar anteriores á suplantación por parte de Poseidón, cando Zeus derrocou a Cronos. Nereo profetizou a Paris os males que o rapto de Helena traería á súa patria e a Heracles axudou a procurar as mazás de ouro. Era representado como un ancián con bastón e na compañía das nereidas, ás veces cunha cola de peixe serpentino en lugar de pernas. Virxilio engadiríalle o tridente, identificándose así co deus Neptuno, representación máis tardía do mar.

¹³⁰⁴ **Nota da edición:** Corrubedo. Cabo e faro no lugar do mesmo nome na costa do concello coruñés de Ribeira. Na súa enseada consérvase un magnífico complexo dunar, un dos lugares nos que se sitúa a mítica cidade asolagada de Valverde, que o noso poeta sitúa na lagoa de Traba (Laxe).

Bren. *Cfr.* Nota da edición no verso 41 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

¹³⁰⁵ «Roibel». *Cfr.* Nota da edición no verso 1266 deste mesmo poema.

¹³⁰⁶ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

Valarés. *Cfr.* Nota da edición no verso 1069 deste mesmo poema.

vân ao fondo do mar coma os nautilos...

¡mais pra nunca volver!...

Inefábels sospiros e salaios

iban na bris nordés,

1335 e as ringlas de sireas e tritoes¹³⁰⁷

seguían o ronsel

de aquel tráxico barco, c-unha esfínxe

antre os dous escobéns,

que a lúa, no menguante, a lúa-fouce,

1340 facía máis cruel.

A primaveira, pol-o mar, na noite,

bulía a frorescer

nas astraes campías meiguicentas

e as gándaras do Alem...¹³⁰⁸

1345 Arrecendos de almiscles e de lúa,

marisma e chuchamel,

mergullaban âs i-almas nas rexioes

de presentidos bens...

¹³⁰⁷ **Nota da edición:** Tritoes > Tritóns. Na mitoloxía grecolatina, divindade mariña con busto de home e o resto do corpo de peixe.

¹³⁰⁸ Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos** [3].

Un misterio suidoso aletexaba
1350 con vougo non séi qué...
de unha vida liberta de cadeas
 que se achegaba a Deus...

Pol-o infindo camiño de Sant-Iago¹³⁰⁹
 —galáxico xoiel—,
1355 unha estrela corríase ao Ocidente
 e ao mar ía morrer...,

cando ao seo das ondas medoñentas
 guindaron o fardel
do mozo que soñou un Eldourado...¹³¹⁰
1360 ¡que non topou ninguén!:

¡Sepultura insondábel de ilusioes
 murchadas ao nacer,
e mortas na invernía, cós embates
 da vida, nos vaivéns!...

1365 As sireas, con naces e corales,
 en prémeo a tál querer,
un túmulo fixeron no Mar Noso

¹³⁰⁹ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

¹³¹⁰ Eldourado > Eldorado. *Cfr.* Nota da edición no verso 60 deste mesmo poema.

c-un lema: «¡AMOR FIDEL!»,

¡recollendo —laiantes e chorosas,
1370 amantes, a tremer—,
o corpo do peixeiro sin ventura
que lonxe ao lar morréu!...

¡E câl cirios xigantes, fraternaes,
os Elíseos de Celt,¹³¹¹
1375 aos faros do Vilán e do Fisterra¹³¹²
honraron o Requién!...¹³¹³

XX

Pol-o recordo triste da xoven amorosa
que non topóu consolo no laxeirano chan,
sóbor das Cornaseiras, a fé d-unha piedosa,¹³¹⁴
1380 erguío a crus de pedra que lembra a do Calván.¹³¹⁵

¹³¹¹ **Nota da edición:** Elíseo. «Refírese ao Elíseo ou aso Campos Elíseos que, segundo os pagáns, era a morada das almas dos heroes e dos homes virtuosos. Tratábase dun lugar delicioso», *Cfr.* López Varela [1998: 857], pois Curros Enríquez tamén o cita no libro *O Divino Sainete*.

Celt. «Nome formado coa raíz de *celta* ou tirado de *Céltigos*, como indica J. L. Varela, topónimo relativamente abundante e nome do arciprestado de Santiago que comprende os territorios pondalianos da Baña, Mazaricos, Negreira, Santa Comba e Zas. Por outro lado, segundo Vicetto, Celt é a muller de Gall e nai de Céltigo, a cabeza visíbel dos céltigos, grupo predominante do pobo brigantino. Para M(anuel) F(orcadela), Celt é a “representación, por antonomasia, da raza celta”», *Cfr.* Ferreiro [1995: 217].

¹³¹² Faro Vilán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1054 deste mesmo poema.

¹³¹³ **Nota da edición:** Requién > Réquiem. ‘Descanso’, en latín, é unha misa de defuntos. Obra musical de carácter relixioso dedicada aos mortos e o seu recuerdo, poloxeral de xénero vocal ou mixto. Entre as composicións con este título sobrancea a Misa de Réquiem (KV 626), un dos mellores traballos de Wolfgang Amadeus Mozart, malia morrer sen o rematar.

¹³¹⁴ Cornaseiras. *Cfr.* Nota da edición no verso 1057 deste mesmo poema.

¹³¹⁵ **NOTA DO AUTOR:** «O Calvario».

Non saben os rapaces que vãn asar xurelos
ou a rubir cometas ao pê de aquela crus,
o muito que alí, Rosa choróu, posta de xoelos,
pregando pol-a volta do que era a súa lus;

1385 mais sábeno as rapazas que soñan amoríos
e que xamáis se esquecen tal conto requirir
das bocas das velliñas que fían muitos fíos
pra espaxer o sono e os dedos espilir.

1390 Tan fondas requirenzas as mozas fân âs vellas,
dos contos de afogados, de noivos e ladróns,
que si se sinte o vento zoar sóbor das tellas,
o peso do silencio encolle os corazóns...

1395 Dempóis —si repenican enriba dos picados
os roibos e marelos panillos, e os marfils
das mans das panilleiras, de xestos delicados,
encaixes e puntillas derraman nos mandils—,

refiren, máis ou menos, as vellas panilleiras
a malfadada histórea da noiva de Gundar,¹³¹⁶

Calvario. *Cfr.* Nota da edición no verso 1275 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

Sibila. *Cfr.* Nota da edición no verso 1274 deste mesmo poema.

¹³¹⁶ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *malfada da* no canto de **malfadada**.

non sin rosmarlle âs mozas: —«Máis azo; preguiceiras,
1400 si contos outra noite queredes escuitar»...

Do fondo bretemoso das ondas da lembranza
—no xeito que as escumas se tecen no cantil—,
as verbas vãn tecéndose, de amor e de loubanza,
no idioma máis que encaixes i-escumas, de sotil:

1405 ... «Rexoubas... e rexoubas... corréronse na vila,
desque marchóu o noivo que, Rosa, soubo têt...
pois dende estonces, ela, de noite, câl sibila,¹³¹⁷
fuxía âs Cornaseiras... ¡e alí fói a morrer!...¹³¹⁸

«Dis que morréu en pena a probe namorada
1410 por mor do agarimoso galán que a namoróu:
marmurábase —unque o crego non quixo mentar nada—,¹³¹⁹
que, sin os sacramentos, a i-alma condenóu...¹³²⁰

«E contan que unha noite de fero vento norte
que fixo voiar tellas, e âs ondas rebrüar,

Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹³¹⁷ Sibila. *Cfr.* Nota da edición no verso 283 deste mesmo poema.

¹³¹⁸ Cornaseiras. *Cfr.* Nota da edición no verso 1057 deste mesmo poema.

¹³¹⁹ Na edición do libro temos *marmurábase* no canto de **marmuábase**. No mecanoscrito é posible que esta palabra substitúa a opción anterior, pois existe unha corrección do autor por razóns métricas.

¹³²⁰ **Nota da edición:** Trátase dunha referencia ao suicidio, que todas as relixións desaproban. Na católica un dos Dez mandamentos sinala “Non matarás”, e non se refire só ao homicidio doutro senón tamén ao homicidio de si propio, polo que o suicidio se considera un pecado, o maior de todos, ao privar ao Ser Supremo de dispoñer das nosas vidas e aos suicidas negábanselle os sacramentos. Na Idade Media aínda se

- 1415 aparescéuse Rosa, baixo o hábito da morte,
a un vello pesco que ía a costa a cachear...
- «Coa vos asoballada pol-a fondosa pena,
a morta eisí lle dixo ao xurdio peixador»:
- «Non tembres se che falo, Tomás, d-unha condena
- 1420 que levo na outra vida pra ben do meu amor»...
- «Fa... la... canto... qui... xeres— tatóu Tomás Penedo—¹³²¹
- que hei de... compril-a obriga que... quéisme encomendar...,
¡mais, si eres vivo, xuro que... pregarás un credo
pra me... pagar o susto que me... fixeste dar!»...
- 1425 Cando ía sereándose o probe mariñante
—dempóis que ao seu redore un circo iscrituróu—,
nas azas dos refachos do vento espenuxante
a verba de Rosiña, de novo se escuitóu:
- «Diráslle a cantos fales, que quixen condenarme,
- 1430 namentras no redenza ao ben que tanto améi;
o que lle rogo a todos se lembren de pregarme

lles negaba o dereito a ter un funeral e un enterro católico, os familiares eran expulsados da comunidade e o corpo pasaba a mans da igrexa.

¹³²¹ **Nota da edición:** Tomás Penedo. O nome e o alcume pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, malia que na advertencia deste poema Zapata sinala: «Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real eisistenza, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás».

pra me alivial-a mágoa que sofro e sofriréi...

«O ben que a todos pido en lus será trocado
no máis grorioso día pra o noso meigo lar:

1435 ¡No lumiñoso abrete que n-haxa un emigrado
galego, salvaráanse Galiza e o meu Gundar!—»...¹³²²

«Eisí falóulle a morta ao probe Tomasiño
que n-avantaba un paso nin soubo qué decir,
n-entán fuxía a branca visión, n-un remuiño,
1440 e no zoar do vento morríase un xemir»...

XXI

De noite —cando fían as vellas tal comento
con séconas e tréconas do meigo parolar—,
âs mozas panilleiras anubra o sentimento
e os dedos aos panillos non fân repenicar:

1445 Quezáis as mozas lembran aos noivos que imigraron,
e seu amor comparan cô amor de tâl muller,
pois coidan que finándose os que as apalabrarón,
tamén, elas, en pena, se cheguen a morrer...

Aquesta e outras lendas —nas xurdias panilladas
1450 que a Laxe e Camariñas lles deron sona e pan—,
nas almas poñen brétemas, o pranto nas olladas,
por cantos non tornaron de alén ao mar Atrán...¹³²³

Por el-o as boas xentes do campo e da mariña
—se vên nas Cornaseiras brilar algunha lus—,¹³²⁴
1455 ¡pregan un «Deus te salve» pol-a alma de Rosiña,¹³²⁵
e fân, cheas de medo, a seña de unha crus!...¹³²⁶

¹³²² Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 deste mesmo poema.

¹³²³ Atrán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

¹³²⁴ Cornaseiras. *Cfr.* Nota da edición no verso 1057 deste mesmo poema.

¹³²⁵ **Nota da edición:** «Deus te salve». Expresión que forma parte de dúas oracións católicas básicas, o Ave María e a Salve. Tamén o sinal da cruz do verso seguinte forma parte da devandita tradición cristiá católica.

¹³²⁶ Na edición do libro e no mecanoscrito todo o poema aparece datado polo autor: 1930.

[31]

VOLVORETAS¹³²⁷

I

AO meu coarto pequeno e sin adornos¹³²⁸
—pois son orfo de achegos n-esta terra—,¹³²⁹
entraron, na outra noite, a visitarme,¹³³⁰
tres brancas volvoretas...

1327

Métrica

I. Romance heroico, 11, agás dous heptasílabos, con esquema rimático (–A–A). Ten rima en e-a.

II. 8 serventesios alexandrinos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

III. Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

IV. 4 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (–a–a). Teñen rima en e-a.

Edicións anteriores

Acción Gallega, Bos Aires, nº 6/7, 31 de decembro de 1920.

Variantes e comentarios

NOTA DO AUTOR: «Premiada, con acésite («Menzón honorante Fror Natural»), nos Xogos Froraes feitos pol-a «Casa de Galicia», de Bos Ars, no «Teatro Colón», o 13 de novembro de 1920». Esta anotación aparece tanto no mecanoscrito coma na edición do libro.

En *Acción Gallega*, voceiro da Casa de Galicia, que era a entidade convocante, tan só sinala: «Premio: Mención Honorífica “Flor Natural”». Polo demais, nesta publicación engade a seguinte cita, tirada do poema «¡Ai!...» de *Aires da miña terra*:

Volvoreta d’aliñas douradas
que te pousas n’o berce valeiro,
pois por él me perguntas, xa sabes
qué fói d’o meu neno.

Manuel Curros Enríquez.

No exemplar que a viúva de Zapata enviou a Alberto Vilanova Rodríguez, e que se pode consultar no Arquivo Vilanova da Deputación Provincial de Ourense, figura esta cita escrita a man polo propio poeta.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936. Está datada polo autor «Bôs Ars. 1920», despois da rúbrica engade a seguinte Nota: «Premiada, con acésite («Menzón Honorante Fror Natural»), nos Xogos Floraes feitos pol-a “Casa de Galicia”, de Bôs Ars, no “Teatro Colón” o 13 de Novembro de 1920.-».

¹³²⁸ No texto enviado a Filgueira aparece *Ô* no canto de **Ao**. En *Acción Gallega* aparece *O meu carto* no canto de **Ao meu coarto**.

¹³²⁹ En *Acción Gallega* aparece *horfo d’achegos n’esta* no canto de **orfo de achegos n-esta**.

¹³³⁰ No texto enviado a Filgueira aparece *outa* no canto de **outra**. En *Acción Gallega* aparece *n’alta* no canto de **na outra**.

- 5 Câl gaivotas que voan e revoan¹³³¹
—cando voltan âs furnas medoñentas—,¹³³²
deron voltas e voltas darredore¹³³³
da bombiña qu-esparxe a lus eléitrica,¹³³⁴
e, xa cansas, pousáronse, mirrantes,
- 10 n-un papel qu-eu botara sobr-â mesa,¹³³⁵
e arrastrando as aliñas, escribiron¹³³⁶
tres negros xeroulífos, que asemellan¹³³⁷
as verbas revesgadas dos linguaxes¹³³⁸
das razas misteiras e pretéretas;¹³³⁹
- 15 mais, axiña, volvendo a revoare,
salíronse pol-a outa lumieira,¹³⁴⁰
deixándome inosego e pensaroso¹³⁴¹
por saber o motivo que as trouxera...¹³⁴²
Muito tempo quedéi ollando os signos,¹³⁴³
- 20 querendo adiviñar o qué ensegridan,¹³⁴⁴

¹³³¹ En *Acción Gallega* aparece *Cal* no canto de **Câl**.

¹³³² En *Acción Gallega* aparece *buscan as* no canto de **voltan âs**.

¹³³³ En *Acción Gallega* aparece *voltas, arredore* no canto de **voltas darredore**.

¹³³⁴ En *Acción Gallega* aparece *d'a bombiña qu'esparx'a lus eléitrica* neste verso.

¹³³⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *sobr-a* no canto de **sobr-â**. En *Acción Gallega* temos *n'un, qu'eu e sobr'a* no canto de **n-un, qu-eu e sobr-â**.

¹³³⁶ En *Acción Gallega* aparece *y-arrastrand'as* no canto de **e arrastrando as**.

¹³³⁷ No texto enviado a Filgueira aparece *xeroulifos* no canto de **xeroulífos**. En *Acción Gallega* aparece *xeroulifos, qu'asemellan* no canto de **xeroulífos, que asemellan**.

¹³³⁸ No texto enviado a Filgueira aparece *linguaxes* no canto de **linguaxes**. En *Acción Gallega* temos *palabras e d'os linguaxes* no canto de **as verbas e dos linguaxes**.

¹³³⁹ En *Acción Gallega* aparece *d'as* no canto de **das**.

¹³⁴⁰ En *Acción Gallega* aparece *po-l'alta* no canto de **pol-a outa**.

¹³⁴¹ En *Acción Gallega* aparece *deixándom'inosego* no canto de **deixándome inosego**.

¹³⁴² No texto enviado a Filgueira aparece *qué* no canto de **que**. En *Acción Gallega* aparece *qu'as* no canto de **que as**.

¹³⁴³ En *Acción Gallega* aparece *Moito tempo quedei olland'os sinos* neste verso.

¹³⁴⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *a súa enmeiga...*; no canto de **o qué ensegridan**; En *Acción Gallega* aparece *querend'adiviñar o qu'ensegridan* neste verso.

pero o sono xa ía, soavemente,¹³⁴⁵
 pechándome o mirar, con mans de seda...¹³⁴⁶
 ...De súpeto —no médeo do silenzo¹³⁴⁷
 da noite, que vestía orballo e brétema—,¹³⁴⁸
 25 d-un reló sonolento, doce toques,¹³⁴⁹
 viñeron a traguerme máis tristeza,¹³⁵⁰
 pois os vellos recordos acudiron
 como enxame de abellas...¹³⁵¹
 Acordéime de aqueles tristes contos¹³⁵²
 30 de afogados, de trasnos e de meigas,¹³⁵³
 que as aboas lles contan aos netiños¹³⁵⁴
 xunto ao lume, que brila na lareira,¹³⁵⁵
 n-esas noites que dín que andan â roda¹³⁵⁶
 as bruxas, os endragos e a estadea...,¹³⁵⁷
 35 mentras chove, e o vento, marmurante,¹³⁵⁸

¹³⁴⁵ En *Acción Gallega* temos *per'o e iba* no canto de **pero o e ía**.

¹³⁴⁶ En *Acción Gallega* aparece *pechándom'o* no canto de **pechándome o**.

¹³⁴⁷ En *Acción Gallega* aparece *De súpeto, n'o médeo d'o silenzo* neste verso.

¹³⁴⁸ No texto enviado a Filgueira aparece *brétoma* no canto de **brétema**. En *Acción Gallega* aparece *d'a noite, —que vestía orballo e brétoma—* neste verso.

¹³⁴⁹ En *Acción Gallega* aparece *d'un* no canto de **d-un** e sen coma no interior.

¹³⁵⁰ En *Acción Gallega* aparece *mais* no canto de **máis**.

¹³⁵¹ En *Acción Gallega* aparece *com'ensexame d'abellas...* neste verso.

¹³⁵² No texto enviado a Filgueira aparece *Acordeime* no canto de **Acordéime**. En *Acción Gallega* aparece *Acordeime d'aqueles* no canto de **Acordéime de aqueles**.

¹³⁵³ En *Acción Gallega* aparece *d'afogados* no canto de **de afogados**.

¹³⁵⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *ôs* no canto de **aos**. En *Acción Gallega* aparecen *qu'as aboas lle e ôs* no canto de **que as aboas lles e aos**.

¹³⁵⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Acción Gallega* temos *—xunt'o lume e n'a lareira—* no canto de **xunto ao lume e na lareira**.

¹³⁵⁶ En *Acción Gallega* aparece *n'esas noites que dín qu'andan a roda* neste verso.

¹³⁵⁷ En *Acción Gallega* aparece *y-astadea* no canto de **e a estadea**.

Nota da edición: Endriago > Endriago (Quizais do cruzamento de *hidria*, hidra, e *drago*, dragón). Monstro fabuloso, con faccións humanas e membros de varias feras: hidra, dragón e serpe de moitas cabezas. Cuba, Miranda e Reigosa [1999] non rexistran este ser mítico.

Estadea. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

¹³⁵⁸ En *Acción Gallega* aparece *y-o* no canto de **e o**.

- batica as fortes azas nas xanelas,¹³⁵⁹
 e rempuxa nas portas homildosas¹³⁶⁰
 dos probes labradores do agro celta,¹³⁶¹
 e, medosos, os cans ládranlle aos lobos¹³⁶²
 40 azanantes pr-âs cortes das ovellas...,¹³⁶³
 e os chilidos dos mouchos e curuxas¹³⁶⁴
 —enriba dos tellados e arboredas—,¹³⁶⁵
 adentran a congoxa pol-as i-almas¹³⁶⁶
 como un aspro cuitelo antre as costelas...,¹³⁶⁷
 45 ¡pro non poden saber, por máis que quixen,
 o mandado que trouxo âs volvoretas!...¹³⁶⁸

II

- Soñei n-aquela noite que estaba no meu povo,¹³⁶⁹
 dende a riveira, ollando car-ô verduoso mar,¹³⁷⁰
 que, sobr-â praia, ía, câl rapaciño novo,¹³⁷¹
 50 ao tombo garimoso facendo rebuldar.¹³⁷²

¹³⁵⁹ No texto enviado a Filgueira aparece *das xinelas* no canto de **nas xanelas**. En *Acción Gallega* aparece *batic'as fortes alas n'as xinelas* neste verso.

¹³⁶⁰ No texto enviado a Filgueira aparece *omildosas* no canto de **homildosas**. En *Acción Gallega* aparece *arrempuxa n'as* no canto de **e rempuxa nas**.

¹³⁶¹ En *Acción Gallega* temos *d'os* e *de Suevia* no canto de **dos** e **do agro celta**.

¹³⁶² No texto enviado a Filgueira aparece *ôs* no canto de **aos**. En *Acción Gallega* aparece *ládranll'ós* no canto de **ládranlle aos**.

¹³⁶³ En *Acción Gallega* aparece *pr'as cortes d'as* no canto de **pr-âs cortes das**.

¹³⁶⁴ En *Acción Gallega* aparece *y-os chilidos do's* no canto de **e os chilidos dos**.

¹³⁶⁵ En *Acción Gallega* aparece *d'o tellado e n'alboreda* no canto de **dos tellados e arboredas**.

¹³⁶⁶ En *Acción Gallega* aparece *y-almas* no canto de **i-almas**.

¹³⁶⁷ En *Acción Gallega* temos *com'un* e *antras* no canto de **como un** e **antre as**.

¹³⁶⁸ En *Acción Gallega* aparece *mandato que troux'as* no canto de **mandado que trouxo âs**.

¹³⁶⁹ En *Acción Gallega* aparece *Soñei n'aquela noite qu'estaba n'o meu povo* neste verso.

¹³⁷⁰ En *Acción Gallega* aparece *desd'a ribeira ollando car'o* no canto de **dende a riveira, ollando car-ô**.

¹³⁷¹ En *Acción Gallega* aparece *que sobr'a praia, iba, cal* no canto de **que, sob-â praia, ía, câl**.

¹³⁷² No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Acción Gallega* aparece *o* no canto de **ao**.

- Bandadas de gaivotas, locíndose galanas,¹³⁷³
 voaban pol-a ría onde espellaba o sol;¹³⁷⁴
 e as lanchas peixadoras, bucetas e chalanas,¹³⁷⁵
 traguían un tesouro de congros e ollomol...
- 55 Dos prados frorecidos, das hortas e das cercas,¹³⁷⁶
 o feiticeiro arume facíame felís;¹³⁷⁷
 e mentras que rubían, chilrando, mil labercas,¹³⁷⁸
 as pombas arrulaban e sospiraba a bris.¹³⁷⁹
- As fontes e as regueiras, tan craras coma o día,¹³⁸⁰
- 60 soaban seus diamantes câl frautas de cristal,¹³⁸¹
 que a úmbrida devesa nas follas repetía¹³⁸²
 e remedaba o fondo queixume do pinal.¹³⁸³
- As cántigas dos pescos xuntábanse ao amigo¹³⁸⁴
 cantar dos arrieiros, morrendo en a-la-lás;¹³⁸⁵

¹³⁷³ En *Acción Gallega* aparece *locíndose* no canto de **locíndose**.

¹³⁷⁴ En *Acción Gallega* aparece *voaban pol-a ría ond'espellab'o Sol* neste verso.

¹³⁷⁵ En *Acción Gallega* aparece *y-as lanchas pescadoras* no canto de **e as lanchas peixadoras**.

¹³⁷⁶ En *Acción Gallega* temos *D'os e d'as* no canto de **Dos e das**.

¹³⁷⁷ En *Acción Gallega* aparece *feiticeir'aroma* no canto de **feiticeiro arume**.

¹³⁷⁸ No texto enviado a Filgueira aparece *mentres* no canto de **mentras**. En *Acción Gallega* temos *mentres* e *cantando* no canto de **mentras** e **chilrando**.

¹³⁷⁹ No texto enviado a Filgueira aparece *arulaban* no canto de **arrulaban**. En *Acción Gallega* aparece *suspirab'a* no canto de **sospiraba a**.

¹³⁸⁰ No texto enviado a Filgueira aparece *como* no canto de **coma**. En *Acción Gallega* temos *y-os regatos e craras com'o* no canto de **e as regueiras** e **craras coma o**.

¹³⁸¹ No texto enviado a Filgueira aparece *söaban* no canto de **soaban**. En *Acción Gallega* temos *sonaban* e *diamantes, cal* no canto de **soaban** e **diamantes câl**.

¹³⁸² En *Acción Gallega* aparece *qu'a úmbrida debesa, n'as follas repetía* neste verso.

¹³⁸³ En *Acción Gallega* temos *y-arremedaba* e *d'o* no canto de **e remedaba** e **do**.

¹³⁸⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Acción Gallega* aparece *As cántigas d'os pescos, xuntában'ó amigo* neste verso.

- 65 n-os agros brandeaba o mar de louro trigo,¹³⁸⁶
 ao sôn do canto bruxo do bruxo paspallás.¹³⁸⁷
- Nenfín: era tal grórea de ensoños e armonía¹³⁸⁸
 n-aquela santa Terra dos agarimos meus,¹³⁸⁹
 que dixen —alocado de amor e de legría—.¹³⁹⁰
- 70 ¡Máis meigo paradiso non fixo a man de Deus!;¹³⁹¹
- pro, vén a tristecerme o coadro d-acotío:¹³⁹²
 a xente que migraba deixando o patrio lar,¹³⁹³
 pra se ire a estrana terra, que nin siquera vío...,¹³⁹⁴
 ficar aínda máis probe..., morrer..., ou mellorar...¹³⁹⁵
- 75 E ollando aos negros barcos traspondo a Baleeira,¹³⁹⁶

¹³⁸⁵ No texto enviado a Filgueira aparecen *Cantar e a-la-lás* no canto de **cantar e a-la-lás**. En *Acción Gallega* temos *d'os e morrend'en* no canto de **dos e morrendo en**.

¹³⁸⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *branceaba* no canto de **brandeaba**. En *Acción Gallega* aparece *n'os* no canto de **n-os**.

¹³⁸⁷ No texto enviado a Filgueira aparecen *ô e paspallás* no canto de **ao e paspallás**. En *Acción Gallega* temos *ó son d'o e d'o* no canto de **ao sôn do e do**.

¹³⁸⁸ No texto enviado a Filgueira aparecen *terra e aradimos* no canto de **Terra e agarimos**. En *Acción Gallega* aparece *En fin: era tal groria d'encantos y-armonía* neste verso.

¹³⁸⁹ En *Acción Gallega* aparece *n'aquela santa terra que tant'amamos nós*, neste verso.

¹³⁹⁰ En *Acción Gallega* aparece *d'amor* no canto de **de amor** e sen o guión final.

¹³⁹¹ No texto enviado a Filgueira aparece *non vío o mesmo* no canto de **non fixo a man de**. En *Acción Gallega* aparece —*¡Tan meigo paradiso non vin òs pes de Dios!*— neste verso.

¹³⁹² No texto enviado a Filgueira aparece *Mais, veu* no canto de **pro, vén**. En *Acción Gallega* aparece *Mais veu a tristecerme o cuadro d'acotío* neste verso.

¹³⁹³ No texto enviado a Filgueira aparece *A* no canto de **a**. En *Acción Gallega* aparece *qu'embarcaba deixand'o* no canto de **migraba deixando o**.

¹³⁹⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *para se ire* no canto de **para ire** e desaparecen os puntos suspensivos. En *Acción Gallega* aparece *par'ir e siquera* no canto de **pra se ire**.

¹³⁹⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *ainda* no canto de **aínda** e non aparecen as comas. En *Acción Gallega* aparece *tornars'inda* no canto de **ficar aínda**.

¹³⁹⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *ôs* no canto de **aos**. En *Acción Gallega* temos *E vend'os e traspond'a* no canto de **E ollando aos e traspondo a**.

Nota da edición: Balieira. «Este topónimo, localizado na parroquia de Laxe e lindante co mar, contacta co cetáceo mariño que visitaba estas zonas noutras épocas históricas. Esta paraxe, que no litoral marítimo se

por todol-os galegos que migran, eu choréi¹³⁹⁷
hastra que a lus do día, bicando a lumieira,¹³⁹⁸
entróuse no meu coarto e axiña despertéi!...¹³⁹⁹

III

Volvendo do traballo —que me obriga¹⁴⁰⁰
80 a ganalo sustento en terra amiga—,¹⁴⁰¹
unha horríbel congoxa me afogaba¹⁴⁰²
pensando n-os destiños¹⁴⁰³
que mandaron ás brancas volvoretas¹⁴⁰⁴
n-aquelas tristes horas¹⁴⁰⁵
85 que cantan os poetas
i-en que ao meu lar lonxano lembraba,¹⁴⁰⁶
e os pensamentos ían, pelegriños¹⁴⁰⁷
—cál bando de anduriñas voadoras—,¹⁴⁰⁸
a pousarse n-aquel amado povo¹⁴⁰⁹
90 que me vío brincar cando fun novo!...¹⁴¹⁰

denomina Enseada Balieira, podía moi ben ser un lugar frecuentado por estes cetáceos, aspecto evidente xa que non hai moito tempo avistábanse por estas latitudes nos meses de inverno». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 13], no capítulo 2.1. “Os nomes das terras de labranza e pasto”.

¹³⁹⁷ En *Acción Gallega* aparece *galegos que emigran, eu chorei* canto de **galegos que migran, eu choréi**.

¹³⁹⁸ En *Acción Gallega* temos *qu’a lus d’o e bicand’a* no canto de **que a lus do e bicando a**.

¹³⁹⁹ En *Acción Gallega* aparece *n’o meu carto y-axiña despertei* no canto de **no meu coarto e axiña despertéi**.

¹⁴⁰⁰ En *Acción Gallega* temos *d’o e m’obriga* no canto de **do e me obriga**.

¹⁴⁰¹ En *Acción Gallega* aparece *o ganalo sustent’en terr’amiga* neste verso.

¹⁴⁰² No texto enviado a Filgueira aparece *orríbel* no canto de **horríbel**. En *Acción Gallega* temos *horribel e m’afogaba* no canto de **horríbel e me afogaba**.

¹⁴⁰³ En *Acción Gallega* aparece *n’os destinos* no canto de **n-os destiños**.

¹⁴⁰⁴ En *Acción Gallega* aparece *as* no canto de **ás**.

¹⁴⁰⁵ En *Acción Gallega* aparece *n’aquelas* no canto de **n-aquelas**.

¹⁴⁰⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. En *Acción Gallega* aparece *y-en qu’o meu lar lexano* no canto de **i-en que ao meu lar lonxano**.

¹⁴⁰⁷ En *Acción Gallega* temos *y-os e iban, pelegrinos* no canto de **e os e ían, pelegriños**.

¹⁴⁰⁸ En *Acción Gallega* aparece *—cal bando d’anduriñas voadoras—* neste verso.

¹⁴⁰⁹ En *Acción Gallega* aparece *n’aquel* no canto de **n-aquel**.

.....

Como un prémeo, quizáis, aos meus döores,¹⁴¹¹

unha forte sorpresa

de próveda legría¹⁴¹²

—¡ouh, fados trocadores!—,

95 axexaba no coarto onde eu vivía:¹⁴¹³

¡Enriba do papel da probe mesa,¹⁴¹⁴

tres cartas agardábanme ese día¹⁴¹⁵

que, sin lecer, bendigo!:¹⁴¹⁶

¡Mandában-m-âs meu pai, un bô amigo,¹⁴¹⁷

100 e a moza que lle dín unha promesa!...¹⁴¹⁸

IV

... As cartas que nos veñen de Galiza¹⁴¹⁹

sôn, tamén, volvoretas,¹⁴²⁰

portadeiras de bicos e agarimos¹⁴²¹

e amorosas apretas¹⁴²²

105 qu-esparexen âs névoas da suidade¹⁴²³

¹⁴¹⁰ En *Acción Gallega* aparece sen guión final.

¹⁴¹¹ No texto enviado a Filgueira aparece *quezáis, ôs meus doores* no canto de **quizáis, aos meus döores**. En *Acción Gallega* temos *Com'on e ôs meus dolores* no canto de **Como un e aos meus döores**. Ademais, na edición do libro aparece *dóores* no canto de **döores**.

¹⁴¹² No texto enviado a Filgueira aparece *póvea* no canto de **próveda**. En *Acción Gallega* aparece *próvida* no canto de **próveda**.

¹⁴¹³ En *Acción Gallega* aparece *n'o carto en qu'eu* no canto de **no coarto onde eu**.

¹⁴¹⁴ En *Acción Gallega* aparece *d'o papel d'a* no canto de **do papel da**.

¹⁴¹⁵ En *Acción Gallega* aparece *agardábanm'ise* no canto de **agardábanme ese**.

¹⁴¹⁶ En *Acción Gallega* aparecen puntos suspensivos no canto de dous puntos.

¹⁴¹⁷ No texto enviado a Filgueira aparece *Mandábanas*: no canto de **Mandában-m-âs**. En *Acción Gallega* aparece *¡Mandábanas meus pais, un bôo amigo* neste verso.

¹⁴¹⁸ En *Acción Gallega* temos *y-a e din* no canto de **e a e dín**.

¹⁴¹⁹ En *Acción Gallega* aparece *Galicia* no canto de **Galiza**.

¹⁴²⁰ No texto enviado a Filgueira e en *Acción Gallega* aparece *son* no canto de **sôn**.

¹⁴²¹ En *Acción Gallega* aparece *portadoras de bicos, agarimos* neste verso.

¹⁴²² En *Acción Gallega* aparece *y-amorosos* no canto de **e amorosas**.

e o corazón retempran¹⁴²⁴

pra lutar..., e vencer..., e darlle grórea¹⁴²⁵

¡â nosa amada Terra!...¹⁴²⁶

É por el-o que quixen —¡perdonaime!—,¹⁴²⁷

110 escrebir a consella¹⁴²⁸

de canto me pasóu na fera noite¹⁴²⁹

de mesto orballo e brétema;¹⁴³⁰

¡mais dou por ben cumpridos os traballos¹⁴³¹

que tuven, ao facel-a,¹⁴³²

115 se puden eispricarvos o motivo¹⁴³³

que trouxo âs volvoretas!...¹⁴³⁴

¹⁴²³ En *Acción Gallega* aparece *qu'espáren a sombra d'a morriña* neste verso.

¹⁴²⁴ En *Acción Gallega* aparece *y-o* no canto de **e o**.

¹⁴²⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *je darlle* no canto de **e darlle**. En *Acción Gallega* temos *loitar* e *je darlle groria* no canto de **luitar** e **e darlle grórea**.

¹⁴²⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *a nosa amada terra!* no canto de **¡â nosa amada Terra!**. En *Acción Gallega* aparece *a nos'amada terra!...* neste verso.

¹⁴²⁷ En *Acción Gallega* aparece *eso* no canto de **el-o**. Ademais, tanto na edición do libro como en *Acción Gallega* a maiúscula non leva acento gráfico, como era norma.

¹⁴²⁸ En *Acción Gallega* aparece *esquirbir* no canto de **escrebir**.

¹⁴²⁹ No texto enviado a Filgueira aparece *cánto* no canto de **canto**. En *Acción Gallega* aparece *pasou n'a fera noite* no canto de **pasóu na fera noite**.

¹⁴³⁰ En *Acción Gallega* aparece *de mest'orballo e brétoma*; neste verso. Na edición do libro non aparece o punto e coma.

¹⁴³¹ No texto enviado a Filgueira aparece *compridos* no canto de **cumpridos**. En *Acción Gallega* aparece *ven* no canto de **ben**.

¹⁴³² No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. Na edición do libro e en *Acción Gallega* temos *ó* no canto de **ao**. Ademais, en *Acción Gallega* aparece sen comas.

¹⁴³³ En *Acción Gallega* aparece *si poden eispricarvos* no canto de **se poden eispricarvos**.

¹⁴³⁴ En *Acción Gallega* aparece *troux'as* no canto de **trouxo âs**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *truxo* no canto de **trouxo**.

TÚAS MANS¹⁴³⁵

TÚAS mans antre as miñas¹⁴³⁶
 —agarimantes colos—,
 nervosas, pequeniñas,
 son dúas anduriñas
 5 ou rulas inquedantes,¹⁴³⁷
 neveterzopeladas,
 que rebulen, a rolos,¹⁴³⁸
 cäl querendo fuxirse das gaiolas¹⁴³⁹
 que, déspotas amantes,¹⁴⁴⁰
 10 as teñen apreixadas.

¹⁴³⁵**Métrica**

Silva en bisílabos, tetrasílabos, heptasílabos e hendecasílabos, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 841, 24 de xullo de 1943.

Variantes e comentarios

En *Galicia* publícase acompañado dunha fotografía que retrata o poeta. Unha copia mecanografada, indicando «Inédito» e, ao final, despois da rúbrica, datado polo autor «1934. Bôs Ars», foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

¹⁴³⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *Túas e antres* no canto de **TÚAS** e **antre**. En *Galicia* aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico, aínda que curiosamente o título do poema leva til.

¹⁴³⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *dous pardaes tolos* no canto de **rulas inquedantes**, ademais de desaparecer o seguinte verso.

¹⁴³⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *rebuldan* no canto de **rebulen**.

¹⁴³⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *gayolas* no canto de **gaiolas**. En *Galicia* aparece *cal* no canto de **cäl**.

¹⁴⁴⁰ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso e, en consecuencia, o seguinte queda **que os teñen apreixados**.

Túas mans tremecentes
—ruliñas emigrantes,¹⁴⁴¹
tenras ouripendolas—,¹⁴⁴²
pra se pousar n-as miñas, que ben queren,¹⁴⁴³
15 garímanme coas unllas tornasolas,¹⁴⁴⁴
unllas tremelucentes
como as lenes perolas
que as máis outas raíñas xa quixeran.¹⁴⁴⁵

¡Mans acariñantes,
20 mans querentes,
mans amantes
¡nunca supricantes!¹⁴⁴⁶
—xa frías, amornadas, aquencidas,¹⁴⁴⁷
frebecentes—,¹⁴⁴⁸
25 que, decote, me sandan as feridas
da luita pol-o ben coas hirtas xentes!¹⁴⁴⁹

Outras voltas, söaves,¹⁴⁵⁰

¹⁴⁴¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *pardaes atolados* no canto de **ruliñas emigrantes**.

¹⁴⁴² No inédito enviado a Filgueira aparece *ou anduriñas tolas* no canto de **tenras ouripendolas**.

¹⁴⁴³ No inédito enviado a Filgueira aparece *quencer* no canto de **pousar**.

¹⁴⁴⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *co-as* no canto de **coas**.

¹⁴⁴⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *quixeren* no canto de **quixeran**. En *Galicia* aparece *reíñas xa queixeran* no canto de **raíñas xa quixeran**.

¹⁴⁴⁶ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

¹⁴⁴⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *ou quencidas* no canto de **aquencidas**.

¹⁴⁴⁸ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

¹⁴⁴⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *co-as* no canto de **coas**.

as túas mans ingraues,¹⁴⁵¹
 as túas mans de lúa,
 30 as túas mans astraes
 e de rítmicas alas¹⁴⁵²
 de cisnes alburaes,
 rosas e caraveles;
 as túas mans de líreos e asfodeles,
 35 lelís e chuchameles¹⁴⁵³
 —cando rís ou me falas
 con craridade núa
 de tralcendentes cousas que ben sabes
 e, âs veces, ben te calas¹⁴⁵⁴
 40 con esa gran vòntá da raza túa¹⁴⁵⁵
 qu-é fraterna da miña—,¹⁴⁵⁶
 queda,
 quediñamente
 tan quediña,¹⁴⁵⁷
 45 tan solermiña-
 mente,
 tan de seda,

¹⁴⁵⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *soaves* no canto de **söaves**.

¹⁴⁵¹ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este e os seguintes tres versos, ata **rosas e caraveles**.

¹⁴⁵² Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *ríhmicas* e en *Galicia* aparece *rímicas* no canto de **ríhmicas**.

¹⁴⁵³ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *lelie* no canto de **lelís**.

¹⁴⁵⁴ En *Galicia* aparece *as* no canto de **âs**.

¹⁴⁵⁵ En *Galicia* aparece *vontá* no canto de **vòntá**.

Nota da edición: Refírese á orixe basca da súa muller, Angela Santiago Begoña.

¹⁴⁵⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *que é* no canto de **qu-é**.

¹⁴⁵⁷ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

tan de arrulo,
 que latexar se sente
 50 n-as veas a corrente¹⁴⁵⁸
 con xeneroso pulo
 —escravas da costura
 ou pousas na lectura
 que fala de Breogán, de Aitor e de Viriato,¹⁴⁵⁹
 55 e dos Teodosio, os Grandes,¹⁴⁶⁰
 ¡noso céltigo orgulo—,
 lémbbranme as mans precraras das matronas¹⁴⁶¹
 d-un tempo recendente,
 esgrevo e refulxente¹⁴⁶²
 60 dos fogares d-enandes!¹⁴⁶³
 —sinxelos, sin boato,
 patrióticos, meirandes
 que os de oxe, sin outura—;
 d-aquelas fortes donas¹⁴⁶⁴

¹⁴⁵⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *nas* no canto de **n-as**.

¹⁴⁵⁹ No inédito enviado a Filgueira non aparece *de Aitor*.

Breogán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1126 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

Nota da edición: Aitor. Na época do romantismo do século XIX a historiografía creou o mito de Aitor, que sería un xefe tribal primixenio do que descenderían todos os vascos, como os galegos de Breogán ou os irlandeses de Maeloch. De feito, o propio Zapata no seu poema en castelán **Elegía a la Maite Guernica [c24]** explica en nota a rodapé: «AITOR: padre racial vasco».

Viriato. «Caudillo galaico-lusitano, defensor da resistencia contra os romanos, que derrotou a estes en varias ocasións; Roma só puido dominar os lusitanos após subornar os emisarios do nos heroe, que o asasinaron», *Cfr.* López Varela [1998: 958], pois figura en varios poemas de Curros Enríquez.

¹⁴⁶⁰ **NOTA DO AUTOR:** «Teodosio o Santo, emperador román». Ademais, en *Galicia* aparece (*O GRANDE*) no canto de **os Grandes**, entre comas.

Teodosio. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Teodosio «O Grande» [15]**.

¹⁴⁶¹ En *Galicia* aparece *ás* no canto de **as**.

¹⁴⁶² No inédito enviado a Filgueira tamén desaparecen este verso e os cinco seguintes, ata **d-aquelas fortes donas**.

¹⁴⁶³ En *Galicia* aparece *de enandes* no canto de **d-enandes** e sen ningún signo de puntuación.

- 65 —¡tí fincal-o trasunto—,¹⁴⁶⁵
que, con sinxel recato,
silandeiriñamente,¹⁴⁶⁶
tretecían as crônas¹⁴⁶⁷
de robre frorecente¹⁴⁶⁸
- 70 pr-ôs arriscados ártabros-ogueltas,¹⁴⁶⁹
pr-ôs heróis de Numancia e de Sagunto...¹⁴⁷⁰
¡qu-eran celtas!,¹⁴⁷¹
e pr-aqueles guerreiros do Medulio¹⁴⁷²
—indómetos e bravos—
- 75 que cando se batían
côs centurións de Xulio...¹⁴⁷³

¹⁴⁶⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *D-aqueñas* no canto de **d-aqueelas**.

¹⁴⁶⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *tí* no canto de **ti**, con dous signos de admiración.

¹⁴⁶⁶ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

¹⁴⁶⁷ En *Galicia* aparece *cronas* no canto de **crônas**.

¹⁴⁶⁸ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

¹⁴⁶⁹ NOTA DO AUTOR: «Da montana de Ogas, Vimianzo (A Cruña)». Ademais, en *Galicia* aparece *pr-os* no canto de **pr-ôs**.

Ártabros. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

¹⁴⁷⁰ En *Galicia* aparece *pr-os* no canto de **pr-ôs**. Ademais, os nomes das cidades veñen en maiúsculas.

Nota da edición: Numancia. Nome dunha desaparecida poboación celtibérica, próxima á actual Soria, que resistiu un longo asedio dos romanos. Publio Escipión, destrutor de Cartago, logrou someter a cidade, cousa que non fixeran outros xenerais como Popilio Lenas ou Quinto Pompeyo, tras sitiar a cidade e pecharlle a súa saída ao río Douro. Malia a inferioridade en número, Numancia aínda resistiu oito meses ata claudicar, esgotados pola fame e as dificultades. Porén, algúns numantinos preferiron darse morte entre si, antes de se renderen aos romanos. A xesta converteuse en referente colectivo da loita dun pobo pola súa liberdade e inspirou moita literatura, como *La destrucción de Numancia* de Cervantes.

Sagunto. «Cidade mediterránea da provincia de Valencia. Co “pronunciamento de Sagunto” púxose fin ao proceso revolucionario de 1868 e significou o comezo da Restauración monárquica na persoa de Alfonso XII», *Cfr.* López Varela [1998: 618].

¹⁴⁷¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *que eran* no canto de **qu-eran** e remata en puntos suspensivos, ademais de que desaparecen os seguintes seis versos, ata **Cando estiven enfermo**.

¹⁴⁷² En *Galicia* aparece *MEDULIO* no canto de **Medulio**.

Nota da edición: Medulio. «A fazaña do monte *Medulio* é unha das xestas máis heroicas da historia de Galiza en defensa da súa independencia e a súa liberdade; na súa loita contra os romanos sucumbe un pobo enteiro, que preferiu a morte á escravitude. Esta resistencia fronte ás lexións romanas do emperador Octavio Augusto, ocorrida no ano 26 a. de C., levounos a se mataren uns a outros antes de se converteren en escravos dos romanos. Descoñécese aínda hoxe a ubicación xeográfica exacta deste monte; algúns historiadores sitúano cerca do río Miño, na parte suroriental de Galiza, no monte que hoxe se chama As Médulas, que fora

¡morrerse prefirían,

denantes que ficaren sêndo escravos...¹⁴⁷⁴

Cando estuven enfermo

80 —case arrentes do têrmo¹⁴⁷⁵

d-esta vida, qu-é túa e de Galiza—,¹⁴⁷⁶

túas mans sin cobiza,

túas mans sagrosantas,

souberon ben erguerme no albo leito

85 —¡ouh, cántas veces, cántas;—¹⁴⁷⁷

e arrincarme do peito

o negro corvo rouco

do mal que me afogaba,

e levarme da man, pouquiño a pouco,

90 ¡pois sô non camiñaba!...¹⁴⁷⁸

N-as cousas máis sinxelas¹⁴⁷⁹

—sin valos nin cancelas—,

merescen meus loubores

derruído polos romanos», *Cfr.* López Varela [1998: 822], pois é citado no libro *O divino sainete* de Curros Enríquez.

¹⁴⁷³ NOTA DO AUTOR: «Xulio César, emperador román». Ademais, en *Galicia* aparece *c-os* no canto de *côs* e o nome propio vén en maiúsculas.

¹⁴⁷⁴ En *Galicia* aparece *sendo* no canto de *sêndo*.

Nota da edición: A historiografía sobre o monte Medulio tamén está na cerna do lema “Denantes mortos que escravos” que aquí parafrasea Zapata e que figuraba na proposta do escudo de Galiza feita por Castelao en 1937. Hoxe a devandita iconografía é utilizada por organizacións independentistas.

¹⁴⁷⁵ En *Galicia* aparece *termo* no canto de *têrmo*.

¹⁴⁷⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *que é* no canto de *qu-é*.

¹⁴⁷⁷ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

¹⁴⁷⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *sô* entre comas. En *Galicia* aparece *so* no canto de *sô*.

¹⁴⁷⁹ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece toda esta estrofa, até **Túas mans tamén saben**.

as túas mans de nardos e diamelas:¹⁴⁸⁰

95 N-os trafegos da casa
 na mesa, na cociña,
 coidando dos paxaros
 ou asperxendo âs froes,¹⁴⁸¹
 o ben da túa man, por onde pasa,
100 deixa a marca diviña
 dos subrimes esbaros
 que melloran as cousas máis mellores
 sin rebola nin tasa,
 ¡unha aurola lucindo cristaíña!

105 Túas mans tamén saben
 trocar-se en pechos puños
 escontra dos ferrollos que nos traben
 na nosa ideoloxía,¹⁴⁸²
 escontra das angurias do que sofre¹⁴⁸³
110 porque non tén alcuños,¹⁴⁸⁴
 e a prol de cantos loitan¹⁴⁸⁵
 e a servos non se adoitan
 por mor do negro pan de cada día;

¹⁴⁸⁰ **Nota da edición:** Diamela (De H. L. Du Hamel du Monceau, 1700-1782, agrarista francés, autor de numerosos tratados de agricultura y silvicultura). Xazmín de Arabia, de follas persistentes, compostas de sete follíñas con forma de corazón, flores recedentes, brancas por dentro e vermellas por fóra. Adoita enxertarse sobre o xazmín común para adiantar o seu desenvolvemento e multiplicar a especie.

¹⁴⁸¹ En *Galicia* aparece *ás* no canto de **âs**.

¹⁴⁸² No inédito enviado a Filgueira aparece *idealoxía* no canto de **ideoloxía**.

¹⁴⁸³ No inédito enviado a Filgueira aparece *â pesadume* no canto de **das angurias**.

¹⁴⁸⁴ En *Galicia* aparece *tén* no canto de **tên**.

do pan que gosta a inxofre,
115 do pan que enxendra arsía;¹⁴⁸⁶
ou, prenas de cariños,
—¡ben dadivosas d-eles!—,¹⁴⁸⁷
esbaran os ronseles
da caridade pía,
120 pr-ôs que xa son velliños,¹⁴⁸⁸
pr-ôs eivos, pr-ôs neniños¹⁴⁸⁹
¡que na moura orfandá non han legría!...¹⁴⁹⁰

Das túas mans, Anxela,¹⁴⁹¹
—agarimantes pombas que atesouran
125 os garimos das noivas e das nais—,
soio agardo que atendan miña arela:
¡Que me pechen os ollos que te adouran,
cando non vexan máis!...

¹⁴⁸⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *i-en prol* no canto de **e a prol**.

¹⁴⁸⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *arcía* no canto de **arsía**.

¹⁴⁸⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *d-éles* no canto de **d-eles**. En *Galicia* aparece *dadivosa* no canto de **dadivosas**.

¹⁴⁸⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *prôs* e en *Galicia* aparece *pr-ôs* no canto de **pr-ôs**.

¹⁴⁸⁹ *Ibidem*. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro o segundo deles non leva acento.

¹⁴⁹⁰ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *mora* no canto de **moura**.

¹⁴⁹¹ En *Galicia* aparece o nome propio en maiúsculas. Trátase da súa muller: Ángela Begoña.

[33]

O CHASCO E O PIMPÍN¹⁴⁹²

(LÊNDA INXÉNOA)

¡Por decil-a verdá —ouh, probes chascos!—,
os gandulos derrócanvos os niños,
namentras os pimpíns, os baralocas,¹⁴⁹³
son santos paxariños,
para quen, en ves de socas,¹⁴⁹⁴
¡deberan levar cascos!¹⁴⁹⁵

A. Z. G.

I

AO crarexar o día¹⁴⁹⁶

¹⁴⁹²

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún bisílabo e tetrasílabo, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Nós, Ourense, nº 47, 15 de Santos (novembro) de 1927.

Calendario Gallego de la Editorial Céltiga, Bos Aires, ano III, 1929.

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 238, outubro de 1932.

Variantes e comentarios

En *Nós* aparece *LÊNDA* no canto de **LÊNDA** e o texto está datado polo autor: «Bôs Aires, 1927». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936. En *Galicia* o poema prescinde dos versos introdutorios e indica (Pr-â Revista GALICIA). Tamén en *Galicia* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* non aparece ningún acento nin no título nin no subtítulo. En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* ao remate aparece a reprodución do autógrafo A. Zapata García.

¹⁴⁹³ En *Nós* aparece *namentras* no canto de **namentres** e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *pimpíns* no canto de **pimpíns**.

¹⁴⁹⁴ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *vez de socas* no canto de **ves de socas**. Ademais, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *pra* no canto de **para**.

pol-os agros e montes de Xudea,¹⁴⁹⁷
 unha hoste de románs xuramentaba
 e, sin dô, degolaba¹⁴⁹⁸
 5 aos nenos de unha aldea¹⁴⁹⁹
 â que prendera lume¹⁵⁰⁰
 por mor do bô rabín que non dicía¹⁵⁰¹
 —como era seu costume—
 qué congostra ou camiño
 10 pillara, o trasantonte, unha parella,¹⁵⁰²
 nin mui moza nin vella,¹⁵⁰³
 que levaba un neniño
 fuxíndolle ao decreto¹⁵⁰⁴
 do rei Herodes contra o rei do Ghetto!¹⁵⁰⁵

¹⁴⁹⁵ En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* non leva signos de admiración nin lle seguen as iniciais do nome do poeta.

¹⁴⁹⁶ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *Ó* e en *Galicia* aparece *O* no canto de **AO**.

¹⁴⁹⁷ **Nota da edición:** Xudea. En latín ‘Iudæa’, provincia na rexión romana de Oriens, Oriente (hoxe unha parte do Oriente Medio), na beira oriental do mar Mediterráneo. O Imperio Romano cambioulle o nome de Xudea a Palestina ou Provincia Siria-Palestina no ano 135, para borrar toda a memoria xudía da rexión.

¹⁴⁹⁸ En *Galicia* aparece *dó* no canto de **dô**.

¹⁴⁹⁹ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ôs nenos d’unha* e en *Galicia* aparece *os nenos d’unha* no canto de **aos nenos de unha**.

¹⁵⁰⁰ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *â cal* e en *Galicia* aparece *a cäl* no canto de **â que**.

¹⁵⁰¹ En *Galicia* temos *bó* e *decía* no canto de **bô** e **dicía**.

¹⁵⁰² Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *transantaonte* no canto de **trasantonte**.

¹⁵⁰³ Nas tres versións anteriores temos *moi* no canto de **mui**.

¹⁵⁰⁴ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* e en *Galicia* aparece *ó* no canto de **ao**.

¹⁵⁰⁵ En *Nós*, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* e en *Galicia* temos *Gueto* no canto de **Ghetto**. Ademais, en *Galicia* non leva signo de admiración.

Nota da edición: Herodes. Herodes o Grande ou Herodes I (Ascalón, 73 a. de C. – Xerusalén, 4 a. de C.), rei de Xudea, Galilea, Samaria e Idumea en calidade de vasalo de Roma. A pasaxe bíblica (Mateo 12, 12-15) sinala que Herodes ordenou o «Masacre dos Inocentes». O monarca fora declarado rei dos xudeus polo Senado romano no ano 40 a. C. e cando soubo do nacemento de Xesús, ao que popularmente se coñecía como o novo «Rei dos Xudeus», por temor a perder o seu trono decretou a morte de todos os nenos varóns de Belén menores de dous anos. Segundo San Mateo, Xosé e María fuxiron cara a Exipto co neno Xesús para fuxiren da matanza, que se conmemora no calendario o 28 de decembro.

Ghetto. Palabra que simboliza o illamento dos xudeus, porén o termo data de 1516 e aparece cando a república de Venecia ordenou a segregación dos xudeus a un barrio especial cualificado con ese nome. Zapata incorre pois nunha anacronía, aínda que probablemente deliberada.

15 Aquél fato de lobos, oubeante,
 collío campo adiante
 sin importarlle as mágoas
 das anguriadas nais que, salaiando,
 debruzábanse sóbor dos despollos¹⁵⁰⁶

20 dos filliños —¡legría dos seus ollos—,
 mentras se ían queimando¹⁵⁰⁷
 casa e alpendres, como acesas frágoas!¹⁵⁰⁸

 Ao pé de unha regueira¹⁵⁰⁹
 que sulcaba a campía¹⁵¹⁰

25 e, leda e cantareira,
 facía brandear as espadanas¹⁵¹¹
 i-os vimbiales que tiña pol-a veira,¹⁵¹²
 os lobos sin entranas
 botáronse a folgar da valentía

30 que fixeran tan cedo,
 e a rírse dos pucheiros que faría¹⁵¹³

¹⁵⁰⁶ En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *sôbor* no canto de **sôbor**.

¹⁵⁰⁷ Nas tres versións anteriores temos *s'ían* no canto de **se ían**.

¹⁵⁰⁸ En *Galicia* non leva signo de admiración.

¹⁵⁰⁹ En *Nós* aparece *Ó*, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *O* e en *Galicia* leva *Ô* no canto de **Ao**. Ademais, nas tres versións anteriores *d'unha* no canto de **de unha**.

¹⁵¹⁰ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *â* e en *Galicia* aparece *á* no canto de **a**.

¹⁵¹¹ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *âs* no canto de **as**.

¹⁵¹² En *Nós* aparece *e os bimbios*, que na copia enviada a Filgueira corríxese por **xungos**. En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *e ôs xuncos* e en *Galicia* leva *e ós xungos* no canto de **i-os vimbiales**. Ademais, en *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *beira* no canto de **veira**. Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *timbiales* no canto de **vimbiales**.

o Neno-Deus, cō medo,¹⁵¹⁴

se as poutas calquer d-eles lle pôría!¹⁵¹⁵

II

Enriba de un valado¹⁵¹⁶

35

—inquedo, aluburado,

ao vêr pol-a bisbarra tanta fera¹⁵¹⁷

como n-ollara dende que nacera—,

ceibaba os seus dousílabos un chasco,

e mesmo se alritaba que unha choca,¹⁵¹⁸

40

pois alcontróu un fiasco¹⁵¹⁹

pr-â costume decote n-as mencias:¹⁵²⁰

¡Encol do arró, ao que ía por miñoca,¹⁵²¹

fixeran unha tenda os enfancidas!...

Un d-eles, o máis bébedo¹⁵²²

¹⁵¹³ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *rírse* e en *Galicia* aparece *rirse* no canto de **rírse**.

¹⁵¹⁴ En *Galicia* temos *có* no canto de **cô**.

¹⁵¹⁵ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *d'êles lle pôría* e en *Galicia* aparece *d'êles lle pôría* no canto de **d-eles lle pôría**.

¹⁵¹⁶ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *d-un* e en *Galicia* aparece *d'un* no canto de **de un**.

¹⁵¹⁷ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô vêr* e en *Galicia* aparece *ó vér* no canto de **ao vêr**. Ademais, nas tres versións anteriores con guión inicial, eliminando o que leva o verso anterior. Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *ver*.

¹⁵¹⁸ Nas tres versións anteriores aparece *s-alritaba* no canto de **se alritaba**. Ademais, por gralla de imprenta, en *Galicia* temos *o* no canto de **e**.

¹⁵¹⁹ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *alcontrou* no canto de **alcontróu**.

¹⁵²⁰ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *pr'â* e en *Galicia* aparece *pr'á* no canto de **pr-â**.

¹⁵²¹ En *Nós* aparece *o*, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* e en *Galicia* leva *ó* no canto de **ao**.

¹⁵²² Nas tres versións anteriores aparece *d'êles* no canto de **d-eles**. Ademais, en *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *mais* no canto de **máis**.

45 —infrado de checheza
e de xenreira lévedo—,¹⁵²³
ao chasco perguntoulle n-esta moda:¹⁵²⁴
—¿Non viches, paxariño,
unha muller e un home, c-un neníño,¹⁵²⁵

50 ir fuxindo sin coido da beleza¹⁵²⁶
—coma outra n-haberá na terra toda—¹⁵²⁷
que tén a patria túa,¹⁵²⁸
dende o líreo lanzal â branca lúa?¹⁵²⁹

E díxolle o paxaro

55 ao fachendoso iñaro,¹⁵³⁰
revirando os olliños car-atrás:
—Chas... chas...
¡por ehí ben vas!...¹⁵³¹

III

Desque o chasco dixéralle ao rifeiro¹⁵³²

60 qué camiño pillaran

¹⁵²³ Nas tres versións anteriores temos *e, de triganza*, no canto de **e de xenreira**.

¹⁵²⁴ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* e en *Galicia* aparece *ó* no canto de **ao**.

¹⁵²⁵ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *c-un meniño* e en *Galicia* aparece *e un meniño* no canto de **c-un neníño**.

¹⁵²⁶ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *îr* no canto de **ir**.

¹⁵²⁷ En *Galicia* aparece o verso entre signos de admiración.

¹⁵²⁸ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *que ten a nazón túa*, e en *Galicia* aparece *que tén a Nazón túa*, neste verso. Para eludir a censura, no mecanoscrito figura esta expresión máis suave.

¹⁵²⁹ En *Galicia* aparece *á* no canto de **â**.

¹⁵³⁰ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* e en *Galicia* aparece *ó* no canto de **ao**. Ademais, nas tres versións anteriores aparece *inaro* no canto de **iñaro**.

¹⁵³¹ En *Nós* aparece *ehi* no canto de **ehí**.

- os santos fuxitivos,¹⁵³³
non ficaba congostra nin vieiro
que os lobicáns cativos
—câl si lles dera a onda—,¹⁵³⁴
65 sin cachear deixaran
por total-a redonda.
- Xa cansos de buscal-os¹⁵³⁵
e deducindo a esperanza de atopal-os,
viróuselles a sorte:
70 Ao enfiar unha estrada¹⁵³⁶
que morría ao nacer de unha encruzada¹⁵³⁷
—¡a da vida e da morte¹⁵³⁸
pr-os cónxogues e o neno!—,¹⁵³⁹
sintiron un restalo¹⁵⁴⁰
75 como de garabullos que se pisan¹⁵⁴¹
ou, cô vento, se trisan,¹⁵⁴²
e viron a pasada

¹⁵³² En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* e en *Galicia* aparece *ó* no canto de **ao**.

¹⁵³³ Nas tres versións anteriores temos *fuxetivos* no canto de **fuxitivos**.

¹⁵³⁴ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *câl se* e en *Galicia* aparece *câl se* no canto de **câl si**.

¹⁵³⁵ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *Ya* no canto de **Xa**.

¹⁵³⁶ En *Nós* aparece *Ó enfiar* e en *Galicia* temos *O enfiar* no canto de **Ao enfiar**. Por gralla de imprenta, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *Ó enfiar*.

¹⁵³⁷ En *Nós* aparece *ô nacer d'unha*, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô nacer d'unha* e en *Galicia* leva *ó nacer d'unha* no canto de **ao nacer de unha**.

¹⁵³⁸ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *o* no canto de **e**.

¹⁵³⁹ En *Nós* aparece *pr-ôs* e en *Galicia* temos *pr-óos*, con gralla, no canto de **pr-os**. Ademais, en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *conxogues* no canto de **cónxogues**.

¹⁵⁴⁰ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *sentiron* no canto de **sintiron**.

¹⁵⁴¹ Por gralla de imprenta, en *Nós* aparece *qne* no canto de **que**.

¹⁵⁴² En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *c-ô* e en *Galicia* aparece *c-ó* no canto de **cô**.

de un pê sangueniloso, moi pequeno,¹⁵⁴³

carón de outras, de burro ou de cabalo...¹⁵⁴⁴

IV

80 A serán xa morría¹⁵⁴⁵

o mesmo que un amor de un morto idilo,

ao sôn vagaridoce dos piñeiros,¹⁵⁴⁶

cand-ôs aspros guerreiros¹⁵⁴⁷

—maldecindo da sorte de María,

85 do neno, de Xosé

e da terra que ampare aos tres no esilo—,¹⁵⁴⁸

deron co-a crus da T¹⁵⁴⁹

na que a estrada finía

—¡tal un Requen en Pace!—:¹⁵⁵⁰

90 mais, cheos de vinganza,

infatounos a espranza¹⁵⁵¹

dealcontral-os, denantes qu-escurase...¹⁵⁵²

¹⁵⁴³ Nas tres versións anteriores temos *d-un pé* no canto de **de un pê**. Por grallas de imprenta, na edición do libro aparece *pe* no canto de **pê** e en *Galicia* temos *mo* no canto de **moi**.

¹⁵⁴⁴ Nas tres versións anteriores temos *d-outras* no canto de **de outras**. Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *carói* no canto de **carón**.

¹⁵⁴⁵ Nas tres versións anteriores neste verso aínda continúa o capítulo **III**, pois só distinguen catro partes.

¹⁵⁴⁶ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô son* e en *Galicia* aparece *ó son* no canto de **ao sôn**.

¹⁵⁴⁷ Nas tres versións anteriores temos *cando os* no canto de **cand-ôs**.

¹⁵⁴⁸ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ôs* e en *Galicia* aparece *os* no canto de **aos**.

¹⁵⁴⁹ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *dêron* e en *Galicia* aparece *déron* no canto de **deron**.

¹⁵⁵⁰ Nas tres versións anteriores temos *Réquen* no canto de **Requen**.

Nota da edición: A frase latina debería ser *Requiescat in pace*, que traducida quere dicir “Descanse en paz”. A súa orixe máis común sinala que procede dos epitafios, escritos coas siglas RIP, que en galego ou en español se convertería en DEP. Porén, non debe confundirse con Réquiem, en latín ‘descanso, repouso’, oración que se reza polos defuntos e que deu ligar á Misa de Réquiem. O propio Zapata escribe noutro poema, coa forma verbal en plura, *Requiescat in Pace* [60, 2; 60, 40].

- Rabeosos, dubidando
coller car-â sinestra,¹⁵⁵³
95 ou pillar car-â destra,¹⁵⁵⁴
ollaron un pimpín, que, revoando,
ía e viña piando¹⁵⁵⁵
pol-a banda dereita do camiño
e pousábase, logo, encol de un fento.¹⁵⁵⁶
- 100 E díxolle o ñaro¹⁵⁵⁷
ao rebuldón paxaro:¹⁵⁵⁸
—¿Non viches, paxariño,
fuxir car-â algún vento,¹⁵⁵⁹
unha muller e un home, c-un neniño,¹⁵⁶⁰
105 e, con eles, un faco ou un xumento...?¹⁵⁶¹
O pimpín, dando un voio,¹⁵⁶²
foi pousarse n-un croio,
respostando ao rifante galopín.¹⁵⁶³

¹⁵⁵¹ Nas tres versións anteriores temos *infatounos* no canto de **infatúonos**.

¹⁵⁵² Nas tres versións anteriores temos *d-alcontral-os, denantes que escurase...* neste verso.

¹⁵⁵³ En *Galicia* aparece *car-á* no canto de **car-â**.

¹⁵⁵⁴ *Ibidem*.

¹⁵⁵⁵ En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* e en *Galicia* temos *piando* no canto de **piando**.

¹⁵⁵⁶ Nas tres versións anteriores temos *d-un* no canto de **de un**.

¹⁵⁵⁷ Nas tres versións anteriores temos *inaro* no canto de **ñaro**.

¹⁵⁵⁸ Nas tres versións anteriores temos *ô* no canto de **ao**.

¹⁵⁵⁹ En *Galicia* aparece *car-á* no canto de **car-â**.

¹⁵⁶⁰ En *Galicia* aparece *e-un* no canto de **c-un** e sen comas.

¹⁵⁶¹ En *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* aparece *éles* no canto de **eles**.

¹⁵⁶² Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *pimpím* no canto de **pimpín**.

¹⁵⁶³ En *Nós* e en *Calendario Gallego de la Editorial Céltiga* temos *ô* e en *Galicia* aparece *ó* no canto de **ao**. Ademais, por gralla de imprenta, en *Nós* aparece *golopín* no canto de **galopín**.

—Pin... pin..

110 ¡por eiquí non vín!...

V

Cando as vougas noitébregas baixaban¹⁵⁶⁴

en ringlas medoñentas do infinito,

xa os soldados de Herodes acougaban¹⁵⁶⁵

da xornada asesíña;

115 e, o camiño de Exito¹⁵⁶⁶

—con angurioso apurro—,¹⁵⁶⁷

a tríada diviña,¹⁵⁶⁸

vái camiña..., camiña...

¡san e salva, cô burro!...¹⁵⁶⁹

¹⁵⁶⁴ Nas tres versións anteriores con este verso empeza o capítulo **IV**, que é o **V** no mecanoscrito e no libro.

¹⁵⁶⁵ Herodes. *Cfr.* Nota da edición no verso 14 deste mesmo poema.

¹⁵⁶⁶ **Nota da edición:** Exito > Exipto. En efecto, segundo San Mateo (Mt. **12**, 12-15), Xosé e María fuxiron cara a Exipto co neno Xesús para fuxiren da matanza, que se conmemora no calendario o 28 de decembro.

¹⁵⁶⁷ Nas tres versións anteriores a coma vai no verso anterior.

¹⁵⁶⁸ Nas tres versións anteriores temos *triada* no canto de **triada**.

¹⁵⁶⁹ En *Galicia* aparece *có* no canto de **cô**.

[34]

CHOVENDO¹⁵⁷⁰

N-ENTÁN peteira a chuvia nos cristaes¹⁵⁷¹

das xinelas da estanza en que laboro,¹⁵⁷²

vexo escorrel-as pingas, como un choro,¹⁵⁷³

pol-as facies d-aquéles, en glisaes.

5 Amortece a seirán nas vouguedaes¹⁵⁷⁴

do fusco anuitecer, e, pol-o foro,

sôna o rebumbio do traxín sooro¹⁵⁷⁵

e os berros dos que venden os xornaes.¹⁵⁷⁶

¹⁵⁷⁰

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDE CDE).

Edicións anteriores

Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial, Bos Aires, nº 19, outubro de 1926.

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1086, 14 de novembro de 1926.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 19, febreiro de 1927.

Variantes e comentarios

En *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* e en *Correo de Galicia* publícase xunto ao soneto **¿Quén fúí...?** [Cfr.] e en *Alborada* baixo o nome do autor, Antonio Zapata García, dise: «Oriundo de Camariñas», dato que é inexacto. Nas tres versións anteriores o título leva puntos suspensivos.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936 e despois da rúbrica engade «1926».

¹⁵⁷¹ Nas versións anteriores aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico.

¹⁵⁷² No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Xinelas: Eisí lle chaman na terra de Traba, ás ventáns.-».

¹⁵⁷³ Nas tres versións anteriores temos *correl-as* no canto de **escorrel-as**.

¹⁵⁷⁴ Nas tres versións anteriores temos *serán* no canto de **seirán**.

¹⁵⁷⁵ Nas tres versións anteriores temos *sona* no canto de **sôna**. Ademais, en *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* e en *Correo de Galicia* aparece *söoro* e en *Alborada* temos *sóoro* no canto de **sooro**.

¹⁵⁷⁶ Por gralla de imprenta, en *Alborada* aparece *xordaes* no canto de **xornaes**.

10 Nas rachas do Noroés, aterecido,¹⁵⁷⁷
chegan, tremantes, deica ao meu ouvido,¹⁵⁷⁸
salaos e sospiros do meu lar;

e sinto que, namentres chove afora,¹⁵⁷⁹
un orballo miazoso cái agora,¹⁵⁸⁰
onde as miñas soidades vãn chorar...¹⁵⁸¹

¹⁵⁷⁷ Nas tres versións anteriores temos *Nordés* no canto de **Noroés**.

¹⁵⁷⁸ Nas tres versións anteriores temos *hastra meu ouído* no canto de **deica ao meu ouvido**.

¹⁵⁷⁹ Nas tres versións anteriores non aparece a coma no interior.

¹⁵⁸⁰ Nas tres versións anteriores temos *cai* no canto de **cái**.

¹⁵⁸¹ Nas tres versións anteriores temos *van* no canto de **vãn**.

[35]

AS ARELAS D-UN AMOR¹⁵⁸²

INDA pervive en min teu arrecendo
con non séi qué de estrana bruxería,
socedéndolle o mesmo â phantasía
d-unha eidética forza: estóute vêndo.¹⁵⁸³

5 Son dous fortes poderes —ven-o entendo—
que me levan da man, sin outra guía,
na procura d-un prémeo de legría
pr-ô xa longo agardar que vóu sostendo.

10 As serodias espranzas vãn e veñen,
coma veñen e vãn as anduriñas:
c-unha arela de pas e de ventura,

n-un ensoño das azas que as sosteñen...
¡agardando que sexan grorias miñas
túa crara sorrisa e fermosura!

¹⁵⁸²

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDE CDE).

¹⁵⁸³ **Nota da edición:** Eidética. Termo acuñado por Platón para falar da visión das cousas na súa contemplación pura e utilizado por Aristóteles para indicar o que hai na substancia. Como adxectivo eidético, ca (Del gr. εἰδητικό, relativo al conocimiento). Relativo á esencia.

[36]

LEMBRANZA E LOUBOR DA CRUÑA¹⁵⁸⁴

I

NO lonxano relembro de outonal alborada,
a cibdade da Cruña, xurde como encantada,
diante aos ollos que a viron, ves primeira, de abordo,
ao enfrentar San Antón e sintindo o balbordo¹⁵⁸⁵
5 do roncón do Cantábrico —n-ese día inconforme—,
que rosmaba en Garás: —«¡Mariñeda¹⁵⁸⁶ ainda dorme!»...
Semellaba a cibdá, ao arribar o «Victoria»¹⁵⁸⁷,

¹⁵⁸⁴

Métrica

49 pareados, alexandrinos, agás dous heptasílabos. Coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF etc.

Edicións anteriores

Orzán, nº 3, Bos Aires, 25 de xullo de 1947.

Variantes e comentarios

Debemos a Concha Delgado Corral o feito de coñecermos un mecanoscrito do poema, coa seguinte dedicatoria manuscrita: «A Manuel Roel, que foi / o primeiro grumete da “Irmandade / da Fala” na cibdá da Cruña». O texto mecanoscrito atopouse no arquivo do betanceiro Manuel Roel. No mesmo aparecen manuscritos os versos 43-46 e corrixidas algunhas grallas, así como a sinatura autógrafa do poeta que vai seguida deste paratexto tamén manuscrito: «Na Festa da esgreva / galega doña María Pita de Cámara».

En *Orzán* a dedicatoria varía lixeiramente: «A Manuel Roel, que foi o 1º grumete / da “Irmandade da Fala” na Capital Brigantina». Ademais, aparece datado polo autor: «Bós Aires, Xulio 22 de 1947».

¹⁵⁸⁵ **Nota da edición:** San Antón. Sobre unha pequeniña illa, hoxe unida a terra, na ría de A Coruña, edificouse a finais da Idade Media unha capela dedicada a San Antón, na que se recollía aos navegantes enfermos dun mal gangrenoso, tamén chamado “Fogo de San Antón”. Máis tarde o lugar foi utilizado como lazareto, para confinamento dos viaxeiros sospeitosos de padecerem lepra. A construción do castelo de San Antón comezou en 1587, servindo de fortaleza defensiva contra as incursións corsarias, entre elas de Francis Drake. Uniuse a terra a principios do século XX e, logo de ser prisión militar, en 1964 converteuse no actual Museo Arqueolóxico e Histórico.

¹⁵⁸⁶ **NOTA DO AUTOR:** «Nome que lle puxo doña Emilia Pardo Bazán â Cruña».

Nota da edición: Garás. *Cfr.* Nota da edición no verso 1097 do poema **A crus da Rosa [30]**.

unha gran lumiñaria albeiral e ilusoria,
como aquelas cibdades que os poetas cantaron
10 e no fondo dos mares pra enxamáis xa ficaron;
anque seguen morándoas os peixeiros e nautas
que perderon as vidas nas marítimas rautas...
¡Qué alegría aos meus ollos, contemprar â Mariña,¹⁵⁸⁸
da que sempre escuitara ben falar, da que tiña
15 —pr-â miña alma sinxela de laxeiro rapás—
a outa sona de sêr: «Beautiful City Class»!...¹⁵⁸⁹

II

Namorado vilengo da fermosa cibdade,
seus encantos brindóume con infinda bondade:
bôs cafés e teatros, rúas onde a surrisa
20 e o bon ton rebrilaban; e na xente, sen prisa,
tiña a fror do recendo liberal e sôave,
sin finxida prestanza nin o léxico grave:
nobre fror do «ben darse»¹⁵⁹⁰, sinxelmente, na gracia
da xentil Mariñeda, da Cibdá Democracia!¹⁵⁹¹
25 Cines, prazas, xardíns, manumentos, paseos,
aínda agora me atraen con amores sereos,

¹⁵⁸⁷ NOTA DO AUTOR: «Pequeno vapor de carga que ía e viña da Cruña a Laxe».

¹⁵⁸⁸ A Mariña. *Cfr.* Nota da edición no verso 1100 do poema **A crus da Rosa [30]**.

¹⁵⁸⁹ NOTA DO AUTOR: «Denomiñazón que os ingresos lle dan â Cruña, que, traducida, eiquival a: “Fermosa Cibdá Cristal”».

¹⁵⁹⁰ NOTA DO AUTOR: «Ben darse»: e, sicolóxicamente, un agarimo da i-alma dos cruñeses, algo eisí como o «savoir faire» parisién, anque máis avencellado ao sentimento que íste, vâl decir: saber facer as cousas con distinción e algo de «*aquel*», emotivo e asisado.

¹⁵⁹¹ Mariñeda. *Cfr.* Nota da edición no verso 6 deste mesmo poema.

eisí como o donaire, risas, dimiñutivos
 das meniñas cruñesas, n-os decires nativos,
 que sobreguen o idioma a cumial xerarquía
 30 e se adrentan nas almas câl subrime armoñía.¹⁵⁹²
 Tamén era pra mín dobre guía, a sabencia
 de un bô sarandonés —¡o meu pai!—, e a pacencia:¹⁵⁹³
 El fói o preceitor que moi ben coñecía
 os tesouros da Cruña, e que, d-eles, decía:
 35 —«Xa que vas pol-o mundo, onde queira que fores,
 do que vês, n-hacharás outras cousas mellores;
 poida ser —non-o dúbido— que as alcontres máis grandes,
 mais, na esenza e na forma... ¡non cabiles nin andes!...
 Eiquí tês teu porvir, si renuncias ao viaxe:
 40 dóu ao esquezoz, si quedas, meu penar e o pasaxe,
 porque penso que, ao cabo, emigrar é pauliña,
 e serás, no estranxeiro, saudosa anduriña...
 Dos que emigran, ¡meu fillo!, un por cen sô retorna:
 os demáis vãn a pique na «Saudal»... ¡probe dorna!...¹⁵⁹⁴
 45 ¡Queira Deus que o espírito de tua nai te conforte
 pra que voltes â terra, salvo e san, culto e forte!...
 —Olla ben —engadía— cánto agora che insiño—»...
 I-eu miraba pra todo con intenso cariño:

¹⁵⁹² Na edición do libro aparece *cal* no canto de *câl*.

¹⁵⁹³ **Nota da edición:** Na (Auto)Biografía que lle envía a Filgueira Valverde para a fanada *Escolma* de 1936 sinala: «Pais: Mari-Pepa García Moreira, de Camariñas, e Antón Zapata Barbeito, de Sarandóns. Viviron e morreron en Laxe.-».

Os fabriles emporios de curtime e calzado,
 50 os luxosos comercios, salazóns de pescado,
 e o progreto marítimo: unha dársena moza
 que aínda estaba medrando, fronte â vella Palloza,¹⁵⁹⁵
 e, alargándolle as sayas, grúas, buzos, canteiros,
 pra que os homes do mar, os valentes peixeiros,
 55 máis amparo tuveran pr-âs vaporas e lanchas,
 ao arribar de «Saravia», «Mar do Sol», e outras canelas...¹⁵⁹⁶
 —¿Quén non vío, na Cruña, almirado, os chaleses¹⁵⁹⁷
 —albos, nidios, senlleiros—,
 veira-mar, oureándose e ollando aos cruñeses
 60 e aos xentils forasteiros,
 onde as fouces das praias fân seitura no vran
 n-os liñares das ondas das searas do Orzán?¹⁵⁹⁸
 En calquera lugar, fose rúa ou rueiro,
 nin un intre, si ascaso, me sentín forasteiro:¹⁵⁹⁹

¹⁵⁹⁴ **Nota da edición:** «Saudal». Nome dunha dorna ficional. Pode ser a mesma embarcación que se poetiza en **Dorna saudal** [39].

¹⁵⁹⁵ **Nota da edición:** A Palloza. Praza á beira dunha das zonas portuarias da cidade coruñesa, tamén dá nome a un dos peiraos. Moi coñecida pola ubicación da Real Fábrica de Cigarros de La Palloza (nome orixinal da actual fábrica de tabacos en proceso de desaparición por unha operación urbanística).

¹⁵⁹⁶ **Nota da edición:** «Saravia», «Mar do Sol». Denominacións de embarcacións pesqueiras, talvez ficionais, que levan o nome do coñecido fenómeno da atmosfera e do coñecido mar onde pescan moitos mariñeiros galegos.

¹⁵⁹⁷ **Nota da edición:** Na cidade coruñesa existe a denominada, en castelán, “Ciudad Jardín”, un entramado de casas baixas e chalés moi cerca das praias de Orzán e de Riazor. Porén, a inauguración deste barrio prodúcese en 1922, polo que o noso poeta, que embarca en 1903, debe referirse a construcións semellantes xa desaparecidas na actualidade.

¹⁵⁹⁸ Orzán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1097 do poema **A crus da Rosa** [30].

¹⁵⁹⁹ **Nota da edición:** O verso de Zapata lembra o lema turístico “A Coruña, cidade na que ninguén é forasteiro”. Talvez xa existise este lema a principios de século, mais a primeira mostra documental é un cartel que realiza Alfonso Abelenda Escudero (A Coruña, 1931) para a promoción do verán de 1964, co lema en castelán «La Coruña, ciudad en la que nadie es forastero», a imaxe dos asinados polo cartelista Rafael Barros (A Coruña, 1861 – 1968) a principios de século con los lemas «La Coruña, ciudad ideal» ou «La Coruña, ciudad de veraneo».

65 os fogares dos meus e os fogares amigos,
de agarimos pra mín foron parte e testigos,
e, de paso, houbo algún, que, inda sêndo eu alleo,
con agrado me dixo: —¡Ben chegado ao meu seo!—...
¡Os fogares cruñeses, xenerosos e sans,
70 son fogares paternos, son fogares de irmáns!...

III

Outra ves, dende a bordo, contemprei Mariñeda,¹⁶⁰⁰
antre as luces do véspero —lusco e fusco de seda—,
mais non fói no pequeno, no valente «Victoria»,¹⁶⁰¹
que, da vila de Laxe, conducírame â groria:
75 ¡era un rexo paquete, un barudo alquimán
no que eu ía a Bôs Aires sobre o lombo do Atrán,¹⁶⁰²
en procura —¡cicáis!—, de un porvir casi incerto,
pois alí xa o tiña —¡abofé!—, nobre e certo!
Cando vín aquel monstro, mar afora, emproaba,
80 e, de terra e de abordo, muita xente choraba
pol-a dúbida triste de enxamáis non se ollar,
que mil panos de adeuses eran pombas a voar...
un «¡Adéus!», afondado, dínlle a todo o qu-eu vía:
â palloza, San Carlos, muelles, Santa Lucía;¹⁶⁰³

¹⁶⁰⁰ Mariñeda. *Cfr.* Nota da edición no verso 6 deste mesmo poema.

¹⁶⁰¹ «Victoria». *Cfr.* Nota da edición no verso 7 deste mesmo poema.

¹⁶⁰² Atrán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

¹⁶⁰³ A Palloza. *Cfr. supra.*

85 a Garás, ao Relleno, â Gaiteira, ao Cantón,¹⁶⁰⁴
ao velliño castelo do gardián San Antón,¹⁶⁰⁵
e, por último, â céltiga forte Torre Herculínia,¹⁶⁰⁶
Riazor e a Montaña, e a baril Punta Herminia!¹⁶⁰⁷

IV

90 No relembro lonxano de outonal alborada,
a cibdade da Cruña xurde como encantada
n-unha gran lumiñaria albeiral e ilusoria,
como cando ao seu porto arribéi no «Victoria»...¹⁶⁰⁸
¡e, mirando â Mariña, vexo o muelle de Ferro,¹⁶⁰⁹

San Carlos. Hoxe Xardín de San Carlos. Fortaleza defensiva construída fóra das murallas da cidade coruñesa no século XIV e que se uniría á cidade no XVI. Foi perdendo importancia como baluarte ou “Fortaleza vella” e en 1834 foi recuperado como xardín, declarado conxunto histórico artístico, por estar xunto ás antigas murallas e polo seu mirador, do que se observa todo o peirao coruñés. Inclúe o sepulcro do xeneral inglés Sir John Moore, morto en 1809 na Batalla de Elviña, loitando mentres defendía a cidade fronte ás tropas francesas napoleónicas do xeneral Soult. Tamén hai placas de homenaxe aos 172 oficiais e homes da Armada Real Inglesa que morreron no naufraxio do “Serpent” o 10 de novembro de 1890. *Cfr.* **Responso galego ô “Serpent” [93]**.

Santa Lucía. *Cfr.* «Garás». Nota da edición no verso 1097 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁶⁰⁴ «Garás» e «O Relleno». *Cfr.* Nota da edición no verso 1097 do poema **A crus da Rosa [30]**.

A Gaiteira. Tradicional barrio coruñés que na época de entre séculos albergaba a denominada Estación do Norte e onde existía tamén unha ponte, actualmente convertidos en importante zona comercial da cidade. «As Xubias, Eirís, Os Castros, A Gaiteira, Oza, O Montiño, Monelos, Elviña, Fontán, San Roque, O Labañou teñen un aquel especial. Lugares cheos de orgullo que reclaman o seu dereito a ser diferentes, como integrantes do antigo concello de Oza. Este concello labrego sempre representou o contrapunto enxebre ante os excesos da capital. Abranguía desde o mar das Xubias ao mar de San Roque e foi anexionado formalmente en 1912». *Cfr.* Souto [2001: 43].

O Cantón. A partir do monumento do Obelisco, reloxo que data de 1895, están os dous Cantóns (Grande e Pequeno), nas proximidades do porto e dos xardíns de Méndez Núñez. Zapata debe referirse ao Cantón Grande, onde se atopan moitos dos máis antigos edificios da cidade.

¹⁶⁰⁵ San Antón. *Cfr. supra*.

¹⁶⁰⁶ Torre Herculínia. *Cfr.* Nota da edición no verso 1096 no poema **A crus da Rosa [30]**.

¹⁶⁰⁷ **Nota da edición:** Riazor. Denominación dunha praia urbana que tamén dá nome a un barrio da cidade da Coruña, situado á beira da enseada e praia do Orzán.

A Montaña. A xeografía da cidade coruñesa inclúe tres elevacións ou montes, Castrillón, Santa Margarita e O Montiño, porén descoñecemos cal nomea Zapata.

Punta Herminia. *Cfr.* Nota da edición no verso 1098 no poema **A crus da Rosa [30]**.

¹⁶⁰⁸ «Victoria». *Cfr.* Nota da edición no verso 7 deste mesmo poema.

¹⁶⁰⁹ A Mariña. *Cfr.* Nota da edición no verso 1100 do poema **A crus da Rosa [30]**.

Muelle de Ferro. Antigo peirao da cidade coruñesa, cuxa construción era do devandito material. En 1903, data na que emigra o noso poeta, eran contados os portos que reunían adecuadas condicións para que os

95 onde, mozo, embarquéi pra un lonxano desterro,
de un desterro alongado do que penso inda torne
i-eisí vel-a denantes de que os ollos entorne
pra enxamáis —¡ouh, cibdade co-a que soño e soñéi!—,
e que agora, xa vello, hastra a morte amaréi!...

trasatlánticos atracaran. A prensa da época censuraba a lentísima subida aos vapores duns 2.000 emigrantes “en el muelle de hierro de La Coruña, por una sola escalerilla, entre golpes, insultos y protestas”.

[37]

PRIMAVERA¹⁶¹⁰

O maino alborexar vai pôndo os dedos¹⁶¹¹
nas meixelas d-Aurora preguizosa¹⁶¹²
qu-esperta marelada e pônse rosa¹⁶¹³
ao vel-o sol que axexa antr-ôs penedos.¹⁶¹⁴

5 Reventan os botóns dos arboredos
cô morno bico da frorida diosa,¹⁶¹⁵
e vai ceibando a bris agarimosa
os arumes máis doces e segredos.

¹⁶¹⁰

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE).

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 4, 15 de novembro de 1924.

Variantes e comentarios

En *Céltiga* o título é **Primavera**, e sinala «Para CÉLTIGA». Despois do soneto, enmarcado nun debuxo da autoría de Rogelio Ortega, veñen os seguintes versos:

ORBALLEIRAS —RETEMOSAS [sic]— SEMPRE MAINAS,
QUE UN AGOIRO DE MORRIÑA DAN OS CORPOS
Y-ON APEDO DE TRISTURA DAN AS ALMAS.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936 e engade despois da ríbrica: «Céltiga», 1924 — Bôs Ars.-

¹⁶¹¹ En *Céltiga* aparece *pondo* no canto de **pôndo**.

¹⁶¹² En *Céltiga* aparece *n-as meixelas da aurora* no canto de **nas meixelas d-Aurora**.

¹⁶¹³ No texto enviado a Filgueira aparece *ponse* e en *Céltiga* temos *ponse* no canto de **pônse**.

¹⁶¹⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* e en *Céltiga* temos *o* e *antre os* no canto de **ao** e **antr-ôs**.

Sona a orfesta das aves. Como tolos¹⁶¹⁶
10 —namentras cacarexa unha poliña—,
desprúmanse, por ela un par de polos.¹⁶¹⁷

E levado do anceo do amor bruxo¹⁶¹⁸
que lle rila, ao lembrar a unha veciña,¹⁶¹⁹
¡ceiba un mozo na eira un aturuxo!...¹⁶²⁰

¹⁶¹⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *c-ô* e en *Céltiga* temos *co* e *florida* no canto de **cô** e **frorida**.

¹⁶¹⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *Sôna* no canto de **Sona**. Ademais, No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Orfesta: palabra nova (formada por mín, etimolóxicamente, millor dito), a prol da raíz da que provén: Orfeo, cantor e músico: Festa de Orfeo.-».

¹⁶¹⁷ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *éla* no canto de **ela** e no final temos puntos suspensivos.

¹⁶¹⁸ En *Céltiga* aparece *ancelo* no canto de **anceo**.

¹⁶¹⁹ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* e en *Céltiga* temos *o* no canto de **ao**.

¹⁶²⁰ En *Céltiga* aparece *vota un mozo n-a* no canto de **ceiba un mozo na** e sen signo de admiración inicial.

[38]

LOUBANZA AO GRAU DE MILLO¹⁶²¹

Branco grau de millo,

de Sara Mai fillo;¹⁶²²

branco pan de broa

de condición boa:

Farturento, novo

Cristo do meu povo,

con amor che canto:

¡Santo, Santo, Santo!...

A. Z. G.¹⁶²³

¹⁶²¹

Métrica

12 Sonetos, 11 (ABAB ABAB CDC EDE, ABAB ABAB CCD EED, ABAB ABAB CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CCD EED)

Edicións anteriores

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 461, maio de 1948.

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 462, xuño de 1948.

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 464, setembro de 1948.

Variantes e comentarios

En *A Nosa Terra* publicáronse catro sonetos en cadanseu número. En todos tres baixo o título **Loubanza ao Grau de Millo. Poemas en doce sonetos**, e reproducindo sempre a seguinte dedicatoria: «A Ramón Otero Pedrayo, no fondo agarimo á Nai Terra Galega». Ademais, en *A Nosa Terra* a numeración dos sonetos vai sempre antes que o seu título. Ademais levan sempre a ilustración dun pé de millo, sen asinar.

¹⁶²² **Nota da edición:** Sara Mai. Mama Sara (Nai Millo) forma parte das divindades veneradas pola civilización dos Incas.

¹⁶²³ Esta cita do propio Antón Zapata García tamén se reproduce nos tres números de *A Nosa Terra*.

GRAU DE MILLO

I

SORRÍ na espiga o branco grau de millo,¹⁶²⁴
que, n-as monlladas, no hórreo, pendura,
cando, por Maio, enfrórase o xustillo
a Primaveira, e, pr-aquél, procura

5 que a Terra o troque, no renovo, en fillo¹⁶²⁵
—¡subrime arela de maitrial tenrura!—,
anque él da voltas, máis que da un sarillo,
pra perdurare na terreal ventura.

10 Soña cô saco do que segue o rego¹⁶²⁶
diante â xugada do que vái arando:¹⁶²⁷
máis que cantares, vái dicindo un prego,¹⁶²⁸

amantemente, cando a man o apresa,
ou ben, no sulco, ao caer, rolando:
—¡Qué Deus me logre pra honorada mesa!

SEMENTEIRA

¹⁶²⁴ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico. Ademais, en *A Nosa Terra* aparece *Sórrí*.

¹⁶²⁵ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *renove* no canto de **renovo**.

¹⁶²⁶ En *A Nosa Terra* aparece *c-ó* no canto de **cô**.

¹⁶²⁷ En *A Nosa Terra* aparece *vai* no canto de **vái**.

II

15 OS bois barudos, de coor bermella,¹⁶²⁹
diante do arado fincan os pesuños,
e, d-él tirando, dóiese a chavella,
o xugo quéixase i-o timón dá gruños.¹⁶³⁰

Fende o terreo a lucente rella
20 que bôs guieiros tén n-uns rexos puños,¹⁶³¹
e, nas pasadas, un arpón semella,¹⁶³²
ao afondarse case hastra os pescuños.

Indo e voltando, coma n-un bordeo,¹⁶³³
24 os longos sulcos, sóbor do terreo,
os bois rematan ao chegar â extrema.¹⁶³⁴

Logo, dos beizos do que apreixa o arado
sae un consello pr-ô mainzo amado.¹⁶³⁵
—¡Canta na espiga teu mellor poema!

GRADE

¹⁶²⁸ *Ibidem.*

¹⁶²⁹ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁶³⁰ En *A Nosa Terra* aparece *da* no canto de **dá**.

¹⁶³¹ En *A Nosa Terra* aparece *bós guieiros tén* no canto de **bôs guieiros tén**.

¹⁶³² En *A Nosa Terra* aparece *n-as* no canto de **nas**.

¹⁶³³ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *é* no canto de **e**.

¹⁶³⁴ En *A Nosa Terra* aparece *á* no canto de **â**.

III

- CANTA dos agros a labrega lira¹⁶³⁶
- 30 os aspros rithmos e o coutado son,
cando a xugada do soliño tira
i-en terra munda trócase o terrón.¹⁶³⁷
- ¡Cómo lle quere, louba e ademira¹⁶³⁸
- 35 o grau de millo, na sementazón,
temendo a pedra de moer, se xira,¹⁶³⁹
sin dóo têrle de o facer relón!¹⁶⁴⁰
- Logo, no alpendre, de folgar se afasta,
e o prémeo espera sen render pleitías
—¡ouh, Santa Grade do galego chan!—:
- 40 limpos diamantes pra lle dar, engasta
o grau n-as follas, en moi poucos días,
¡n-os cucuruchos que han-nos dar o pan!

MILLEIRAL

¹⁶³⁵ En *A Nosa Terra* aparece *pr-ó mainzo* no canto de **pr-ô mainzo**.

¹⁶³⁶ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁶³⁷ Por deficiencias de impresión, en *A Nosa Terra* aparece *terro* no canto de **terrón**.

¹⁶³⁸ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *lla* no canto de **lle**.

¹⁶³⁹ En *A Nosa Terra* aparece *á* no canto de **a**.

IV

DECRÚA, cava e darrendo, o sacho¹⁶⁴¹
condona ao millo con amor terreo
45 pra que o namoro do lanzal cenceo
cô amor da espiga síntase borracho...¹⁶⁴²

Fala cô vento do seu fruto nacho,¹⁶⁴³
de tullas e hórreos, e de forno cheo,
n-entanto as follas, con ciupal randeo,
50 âs candeíñas bouran c-un refacho.¹⁶⁴⁴

Fala outras veces coa molente brisa¹⁶⁴⁵
que ben o escuita, anque lle dan risa
os seus falares: —«Cando me recolla

o bô labrego, e avencelle en monllos,¹⁶⁴⁶
55 ¡ha de loubarme, posto de xionllos,
e ha me dar bicos cando chegue a esfolla!»

COLLEITA

¹⁶⁴⁰ En *A Nosa Terra* aparece *térlle* no canto de **térlle**.

¹⁶⁴¹ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico. Ademais, en *A Nosa Terra* aparece *e o darrendo* no canto de **e darrendo**.

¹⁶⁴² En *A Nosa Terra* aparece *c-ó* no canto de **cô**.

¹⁶⁴³ *Ibidem*.

¹⁶⁴⁴ En *A Nosa Terra* aparece *ás* no canto de **âs**.

V

OS milleirales, que os fouciños tallan,¹⁶⁴⁷
vân nas cainzas pr-ôs eirals da aldea;¹⁶⁴⁸
outros, en monllos, postos en morea,
60 quedan nas agras, pois os brazos fallan.¹⁶⁴⁹

Os máis, en meda provisórea empallan,
porque aínda infruxa no ar a lúa chea,¹⁶⁵⁰
que, anque a natura se mantén serea,
poida que chova: na eira as pegas grallan...¹⁶⁵¹

65 Hai, pol-o ambiente, como santa obriga:
todos traballan pol-o ben da espiga,
e, por logral-o, non hai que non bula

darredore de tan nobre fruito,
que, n-este día de setembro enxuito,
70 ¡pra mañán soña que terá escasula!

ESCASULA¹⁶⁵²

¹⁶⁴⁵ En *A Nosa Terra* aparece *c-oa* no canto de **coa**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro esta palabra non aparece.

¹⁶⁴⁶ En *A Nosa Terra* aparece *bó* no canto de **bô**.

¹⁶⁴⁷ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁶⁴⁸ En *A Nosa Terra* temos *vân n-as cainzas pr-ôs eirals d-aldea*; neste verso.

¹⁶⁴⁹ En *A Nosa Terra* aparece *n-as* no canto de **nas**.

¹⁶⁵⁰ En *A Nosa Terra* aparece *ainda* no canto de **aínda**.

VI

D-ANTES que a aurora —que n-ourente entinta¹⁶⁵³

viventes rosas na xovial fazula—,

xa entre as mulleres, vîdas pr-â escasula,¹⁶⁵⁴

fundóuse o «Reino da Mazorca Pinta».¹⁶⁵⁵

75 Tocólle a sorte â risoña Chinta,¹⁶⁵⁶

unha riqueza que ninguén calcula:

¡sel-a raíña, sen valerlle escula,¹⁶⁵⁷

pois proqramárona coarta ves ou quinta!

Todos celebran, homes e mulleres

80 — uns, son da casa, ou d-alí d-aldea—,

de que éste é un ano bô pintor d-espigas...¹⁶⁵⁸

As gargalladas sonan sin leceres...

¡e hastr-âs mazorcas de cumial morea¹⁶⁵⁹

sôrrir semellan como as raparigas!¹⁶⁶⁰

¹⁶⁵¹ En *A Nosa Terra* temos *poida que vente e chova: as pegas gra* neste verso. Por deficiencias de impresión, a última das palabras aparece cortada.

¹⁶⁵² NOTA DO AUTOR: «Esfolla, en Bergantiños, é a escasula».

¹⁶⁵³ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial. Ademais, temos *n-ourent-entinta* no canto de **n-ourente entinta**.

¹⁶⁵⁴ En *A Nosa Terra* aparece *vîdas pr-á* no canto de **vîdas pr-â**.

¹⁶⁵⁵ NOTA DO AUTOR: «Costume da esfolla: a quealcontra primeiro unha espiga pinta, proqramana raíña; ao aparecer outra, o reinado trasfírese a outra muller».

¹⁶⁵⁶ NOTA DO AUTOR: «Xacinta». Ademais, en *A Nosa Terra* aparece *á* no canto de **â**.

¹⁶⁵⁷ En *A Nosa Terra* aparece *sér a reiña* no canto de **sel-a raíña**.

¹⁶⁵⁸ En *A Nosa Terra* aparece *de qu-éste é un ano bó* no canto de **de que éste é un ano bô**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *bo* no canto de **bô**.

AGROS DESERTOS

VII

- 85 FAI pouco, a brisa rebuldaba, leda,¹⁶⁶¹
côs milleirales, pol-o sol dourados;¹⁶⁶²
mais hoxe chora e busca n-os povoados
algún palleiro ou algunha meda,

pra lle contare que solteira queda
90 dos pêns de millo, seus enamorados¹⁶⁶³
dende pequenos, inda non barbados,
cando a follaxe côs milláns enreda.¹⁶⁶⁴

A probe brisa, pol-o monte adiante,
vái atentando, silandeiramentes,
95 os silveirales e as toxearas chotas;¹⁶⁶⁵

e, saudadosa, triste, saloucante,
dá ao fin côs agros dos seus bens ausentes:¹⁶⁶⁶
¡soio dos millos tenta nas cañotas!...¹⁶⁶⁷

¹⁶⁵⁹ En *A Nosa Terra* aparece *hastr-as* no canto de **hastr-âs**.

¹⁶⁶⁰ En *A Nosa Terra* aparece *sórrir* no canto de **sôrrir**.

¹⁶⁶¹ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁶⁶² En *A Nosa Terra* aparece *c-ós* no canto de **côs**.

¹⁶⁶³ En *A Nosa Terra* aparece *pês* no canto de **pês**.

¹⁶⁶⁴ En *A Nosa Terra* aparece *c-ós* no canto de **côs**.

¹⁶⁶⁵ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *é* no canto de **e**.

HÓRREO¹⁶⁶⁸

VIII

SINXELA hermida do fogar labrego¹⁶⁶⁹
100 coa crus de pedra que o frontal coroa,¹⁶⁷⁰
onde as espigas, que han de dal-a broa,¹⁶⁷¹
ao debullal-as, ceiban o seu prego.¹⁶⁷²

Máis que a Arca Santa, de cristián e boa,
arca de pedra que ao pardal dá achego,¹⁶⁷³
105 e o fruto garda do suor no rego
pr-ôs feros días que o curisco zoa.¹⁶⁷⁴

Envolto en somas, ou luar fariña,¹⁶⁷⁵
mesmo qu-en andias semellar camiña
levado ao lombo por druídas sagros;¹⁶⁷⁶

¹⁶⁶⁶ En *A Nosa Terra* aparece *da ao fin c-ós* no canto de **dá ao fin cós**.

¹⁶⁶⁷ En *A Nosa Terra* aparece *n-as* no canto de **nas**.

¹⁶⁶⁸ En *A Nosa Terra* non leva acento gráfico.

Este soneto foi publicado, de xeito individual, en *Alborada*, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 60-61, xaneiro-febreiro de 1931, precedido do debuxo dun hórreo, sen asinar, e coa indicación (Pra ALBORADA). Tamén se publicou, mais non puidemos localizar a data, en *Correo de Galicia*. Esta copia, na que riscou «Especial para CORREO DE GALICIA», foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

¹⁶⁶⁹ En *A Nosa Terra* e *Alborada* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁶⁷⁰ En *A Nosa Terra* e en *Alborada* temos *c-oa* no canto de **coa**. Ademais, en *Alborada* aparece *ô* no canto de **o**.

¹⁶⁷¹ En *Alborada* aparece *q-han* no canto de **que han**.

¹⁶⁷² En *Alborada* aparece *ô* no canto de **ao**.

¹⁶⁷³ En *Alborada* aparece *ó* no canto de **ao e** en *A Nosa Terra* aparece *da* no canto de **dá**.

¹⁶⁷⁴ Na edición do libro e en *Alborada* temos *pr-os* e en *A Nosa Terra* aparece *pr-ós* no canto de **pr-ôs**.

¹⁶⁷⁵ En *Alborada* aparece *e* no canto de **ou**.

110 e pol-os folgos que lle dan alento,
¡fái como un sistro no que canta o vento¹⁶⁷⁷
ao Pan Decote dos fecundos agros!...¹⁶⁷⁸

MOÍÑO¹⁶⁷⁹

IX

DENDE a comporta da represa a i-ágoa¹⁶⁸⁰
vai pol-a canle, cantareira, a cuba,¹⁶⁸¹
115 e, dando un pulo, no bocal s-encuba
e gurgullentos fervenzores frágoa.¹⁶⁸²
N-antes que o grao â moega ruba,¹⁶⁸³
a moiñeira, de marela enágoa,¹⁶⁸⁴
enche a maquía sin rebola e mágoa
120 pol-a siareira que, ao tal vêr, se anuba...¹⁶⁸⁵

¹⁶⁷⁶ En *Alborada* aparece o no canto de **ao**.

¹⁶⁷⁷ En *Alborada* aparece *fai coma* e en *A Nosa Terra* temos *fai como* no canto de **fái como**. ademais, nas dúas versións anteriores non existe signo de admiración inicial.

¹⁶⁷⁸ En *Alborada* aparece *ô* no canto de **o** e sen puntos suspensivos. En *A Nosa Terra* sen puntos suspensivos e sen signo de admiración final.

¹⁶⁷⁹ En *A Nosa Terra* non leva acento gráfico.

Este soneto foi publicado, de xeito individual, en *Céltiga*, Bos Aires, nº 83, 10 de xuño de 1928; en *Céltiga*, Bos Aires, nº 101, 10 de marzo de 1929 e en *Alborada*, Bos Aires, nº 58, outubro de 1930. Nestas tres últimas versións o seu título é **MUIÑO**, sen acento gráfico. En *Céltiga* (1928) leva a reprodución autógrafa de A. Zapata García e indica «Pra CELTIGA». En *Alborada* leva sinatura de Antón Zapata García e indica «Pra ALBORADA». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

¹⁶⁸⁰ Nas catro versións anteriores aparece en maiúscula só a letra inicial. En *Céltiga* (1928), en *Céltiga* (1929) e en *Alborada* temos *ágoa* no canto de **i-ágoa**.

¹⁶⁸¹ En *Céltiga* (1928) e en *Alborada* aparece *â* e en *A Nosa Terra* e en *Céltiga* (1929) temos *á* no canto de **a**. Por gralla de imprenta, en *A Nosa Terra* aparece *vaí* no canto de **vai**.

¹⁶⁸² En *Céltiga* (1928) e en *Céltiga* (1929) temos *gurgullentes fervoraes* no canto de **gurgullentos fervenzores**.

¹⁶⁸³ En *Céltiga* (1928) e en *Alborada* aparece *â moexa*, en *Céltiga* (1929) *á moexa* e en *A Nosa Terra* temos *á moega* no canto de **â moega**.

Fire âs cullaras do rodicio o duiro¹⁶⁸⁶

que saí da buxa e cristals zascoa,¹⁶⁸⁷

mentras enriba brinca a texideira.¹⁶⁸⁸

Ben arranxado logo o aluviadiuro,¹⁶⁸⁹

125 ¡váí zascoando darredor a moa¹⁶⁹⁰

un arosanto de fariña albeira!¹⁶⁹¹

ARTESA E FORNO

X

ENFARIÑADA, na sinxela artesa,¹⁶⁹²

a masa agarda que se quente o forno,

e, levedando, n-ese ambiente morno,

130 regaña, e oupa, e fáise máis estesa.

¹⁶⁸⁴ En *Céltiga* (1928), en *Céltiga* (1929) e en *Alborada* temos *muiñeira* no canto de **moiñeira**.

¹⁶⁸⁵ En *Céltiga* (1928), en *Céltiga* (1929) e en *Alborada* temos *ô tal ver, s-anuba...* e en *A Nosa Terra* aparece *ao tal vér, se anuba...* no canto de **ao tal vér, se anuba...**

¹⁶⁸⁶ En *Céltiga* (1929), en *Alborada* e en *A Nosa Terra* temos *as* no canto de **âs**. Por grallas de imprenta, en *Céltiga* (1928) aparece *Firé* no canto de **Fire** e en *Céltiga* (1929) temos *redicio* no canto de **rodicio**.

¹⁶⁸⁷ En *Céltiga* (1928) e en *Céltiga* (1929) temos *e, cristás, sascoa* e en *Alborada* aparece *e cristás zascoa* no canto de **e cristals zascoa**. Ademais, na edición do libro e nas catro versións anteriores aparece *sai* no canto de **sái**.

¹⁶⁸⁸ En *Alborada* aparece *enriba* entre comas.

¹⁶⁸⁹ Na copia enviada a Filgueira aparece *logo* entre comas. En *A Nosa Terra* aparece *aluviadouro* no canto de **alviadiuro**. Obsérvese que, desta maneira, non rima.

¹⁶⁹⁰ Nas catro versións anteriores aparece *vai* no canto de **vái** e non leva signo de admiración inicial. Ademais, en *Céltiga* (1928) e en *Céltiga* (1929) temos *sascoando* no canto de **zascoando**, e nestas dúas versións e en *Alborada* aparece *darredor* aparece entre comas.

¹⁶⁹¹ En *Céltiga* (1928) e en *Céltiga* (1929) temos puntos suspensivos finais e en *A Nosa Terra* non aparece o signo de admiración.

¹⁶⁹² En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

No forno, a pila de rachóns, acesa,
alzas e cúpula vai branqueando en torno,
n-entanto a dona, roxa cô bochorno,¹⁶⁹³
cô rodo arrastra a borralla â presa.¹⁶⁹⁴

135 A bola-bica xa requêr que a escoba¹⁶⁹⁵

barra a soleira, ben mollada e nova,
pra, no rescaldo, ben cocerse, lente;

i-eisí, pr-â proba, no xantar reparta¹⁶⁹⁶

a nai aos fillos unha boa farta,

140 ¡logo que a paa encha o forno quente!¹⁶⁹⁷

FORNADA

XI

ENCHE a cociña, estanzas e faiado,¹⁶⁹⁸

do pan de broa o apetil recendo,

que anque a fornada aínda está cocendo,¹⁶⁹⁹

aquél, da porta, sái por un furado.¹⁷⁰⁰

¹⁶⁹³ En *A Nosa Terra* aparece *c-ó* no canto de **cô**.

¹⁶⁹⁴ *Ibidem*. E tamén temos *á* no canto de **â**.

¹⁶⁹⁵ En *A Nosa Terra* aparece *requêr* no canto de **requêr** e na edición do libro non leva acento.

¹⁶⁹⁶ En *A Nosa Terra* aparece *pr-á* no canto de **pr-â**.

¹⁶⁹⁷ En *A Nosa Terra* aparece *éncha* no canto de **encha**.

¹⁶⁹⁸ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁶⁹⁹ En *A Nosa Terra* aparece *ainda* no canto de **aínda**.

145 Coa inquedanza de o topar queimado,¹⁷⁰¹
a dona chega de lavar, correndo,
e o forno abrindo, e o alentar contendo,
olla ao carolo que xa está dourado.

 Chegan pos d-ela, catro ou cinco nenos
150 coloradiños máis que pera urraca,
que, tamén, ollan cómo a nai, na artesa

 —inda cô apuro n-ós botóu de menos—,¹⁷⁰²
os pans vái pôndo que, do forno, saca,¹⁷⁰³
e ao derradeiro, dille: —«Tí, pr-â mesa!»¹⁷⁰⁴

PAN DE BROA

XII

155 NA santa cea d-ese mesmo día,¹⁷⁰⁵
abós, netiños, a nanái e o dono,
séntanse â mesa —que, do pan, é trono—,¹⁷⁰⁶
con doce cuncas n-as que o caldo enfría.

¹⁷⁰⁰ En *A Nosa Terra* aparece *sai* no canto de **sái**.

¹⁷⁰¹ En *A Nosa Terra* aparece *Co-a* no canto de **Coa**.

¹⁷⁰² En *A Nosa Terra* aparece *c-ó apuro n-ós* no canto de **cô apuro n-ós**.

¹⁷⁰³ En *A Nosa Terra* aparece *vai póno* no canto de **vái pôndo**.

¹⁷⁰⁴ En *A Nosa Terra* aparece *pr-á* no canto de **pr-â**.

¹⁷⁰⁵ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁷⁰⁶ En *A Nosa Terra* aparece *á* no canto de **â**.

Cô bô coitelo que a patrona afía¹⁷⁰⁷
160 no sentimento, sen ningún encono,¹⁷⁰⁸
cúmprese a arela do labrego ensono:
pártese a broa... ¡coma a Eucaristía!...¹⁷⁰⁹

Dende o alzadeiro, o quinqué alumea
aos doce apóstoles da aldeana cea,
165 e o patrón dille ao primeiro fillo:

—Hoxe, con nosco; sempre, â nosa usanza,¹⁷¹⁰
do Pai da Broa facerás loubanza:
¡Sempre alabado sexa o Grau de Millo!...¹⁷¹¹

¹⁷⁰⁷ En *A Nosa Terra* aparece *C-ó bó coitelo* no canto de **Cô bô coitelo**.

¹⁷⁰⁸ En *A Nosa Terra* aparece *n-os sentimentos* no canto de **no sentimento**.

¹⁷⁰⁹ En *A Nosa Terra* aparece *como* no canto de **coma**.

Nota da edición: Eucaristía. Consagración, polo sacerdote na misa católica, do pan no Corpo de Cristo e do viño no seu Sangre que renova sacramentalmente o sacrificio de Xesucristo na Cruz. A súa institución produciuse durante a última cea que celebrou Xesús cos seus discípulos, aínda que na realidade histórica a celebración da Eucaristía (Fracción do Pan) comenzo na igrexa antes da redacción dos Evanxeos.

¹⁷¹⁰ En *A Nosa Terra* aparece *á* no canto de **â**.

¹⁷¹¹ En *A Nosa Terra* aparece *Gran* no canto de **Grau**.

DORNA SAUDAL¹⁷¹²

O rizón da miña dorna,
fica no ancoiral de LAXE,¹⁷¹³
mentras a dorna, ¡probiña!,
recorre todol-os mares.

A.

Z. G.

¹⁷¹² A disposición dos poemas no libro *A Roseira da Soidade* presenta esta particularidade que revela certa intención do poeta por lle pór orde ao conxunto. A este encabezamento de «Dorna saudal» séguenlle unha longa serie de poemas relacionados co mar, que se inicia precisamente cun poema co mesmo título **Dorna saudal** [39] e que remata no texto final **Acordeón galego** [72]. Malia existiren outras composicións que conteñen léxico e referencias do mar, certo é que existe esta unidade temática preconcebida que xunta trinta e catro poemas, fronte á maior heteroxeneidade do resto do libro. [Cfr. I.3.3.1. Estrutura e liñas temáticas].

¹⁷¹³ Na edición do libro aparece o nome da vila só con maiúscula na letra inicial.

DORNA SAUDAL¹⁷¹⁴MIGRANTE nauticela¹⁷¹⁵da medoñenta Costa de Briganza¹⁷¹⁶

que, en suidosa derrota,

ben atesada a escota,¹⁷¹⁷5 levas â miña espranza¹⁷¹⁸

¹⁷¹⁴**Métrica**

Silva en heptasílabos e alexandrinos con rimas consonantes.

Edicións anteriores*Céltiga*, Bos Aires, nº 85/86, 25 de xullo de 1928.*Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 77, agosto-setembro de 1933.*Correo de Galicia*, Bos Aires, nº 166, 15 de maio de 1973.**Variantes e comentarios**

Nas tres versións anteriores non aparece a cita do propio autor. En *Céltiga* e en *Correo de Galicia* publicouse co título de **Dorna**.

En *Alborada* publícase precedido dunha reprodución dun gravado, que representa unha dorna no mar, con este rodapé: «"Linoleum" del aguafortista gallego, Julio Prieto, que recentemente obtuvo medalla de oro en Madrid». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

En *Céltiga* reproduce a mesma ilustración, vai asinado co autógrafo A. Zapata García e leva a seguinte dedicatoria: «O céltigo montevideán Miguel / Sánchez, sinxelamente».

Por último, en *Correo de Galicia* aparece nunha páxina intitulada **Os Poetas Emigrados Lembran a Terra**, xunto a textos a autoría de Xosé Conde, Manoel Prieto Marcos, Emilio Pita, Eduardo Blanco Amor, Lorenzo Varela e Luís Seoane, coa seguinte introdución: «Pubricamos eiquí fermosos poemas feitos, en proba de amor a Terra, por distintos poetas que, emigrados, souperon poñer a súa ispiración a gabanza da lingua nai, sendo merescentes de figurar, pola outa calidade dos seus traballos, nas mellores antoloxías da nosa poesía».

Da versión intitulada **Dorna**, é reproducido por Fernández del Riego, Francisco (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 57. E tamén en VV. AA. (1989). "Antón Zapata García". *Gran Enciclopedia Galega. Escolma da Literatura Galega, Poesía II*. Xixón. Silverio Cañada. 148-149. Neste caso os editores tamén modernizan o texto e engaden unha breve biobibliografía con erros importantes.

¹⁷¹⁵ En *Alborada* e en *Céltiga* temos *MARIÑA donicela* e en *Correo de Galicia* aparece *Mariña donicela* no canto de **MIGRANTE nauticela**. A primeira opción debeu ser corrixida pola posible confusión semántica co nome dun mamífero mustélido.

¹⁷¹⁶ Nas tres versións anteriores aparece *costa* no canto de **Costa**. Por gralla de imprenta, en *Correo de Galicia* aparece *meñoñenta* no canto de **medoñenta**.

Briganza. Cfr. Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

¹⁷¹⁷ Nas tres versións anteriores aparece este verso entre guións.

¹⁷¹⁸ En *Correo de Galicia* aparece *a* no canto de **â**.

no turxéncea albeiral da túa vela.¹⁷¹⁹

Sin che dar medo os feros temporaes,¹⁷²⁰

vas rachando nas augas teu vieiro,¹⁷²¹

xeitosa, ben segura

10 que pra o teu mariñeiro,

¡é grórea solagar teus imbornaes!¹⁷²²

na salgada negrura!

Dorniña, ¡miña dorna!,

mariñeira galega:

15 Non che importe se chove ou se lostrega,¹⁷²³

que a destra no timón, en tí confiada,

agarímate, morna,

¡e lévate a Galiza de arribada!¹⁷²⁴

¹⁷¹⁹ En *Correo de Galicia* aparece *turxencia* no canto de **turxéncea**.

¹⁷²⁰ En *Correo de Galicia* non aparece a palabra *feros*.

¹⁷²¹ Por gralla de imprenta, en *Alborada* aparece *viero* no canto de **vieiro**.

¹⁷²² Nas tres versións anteriores non aparece o signo de admiración inicial. Ademais, en *Correo de Galicia* aparece *groria* no canto de **grórea**.

¹⁷²³ Nas tres versións anteriores aparece *¡non* no canto de **Non**.

¹⁷²⁴ En *Alborada* e en *Céltiga* temos *e lévate a Galicia d-arribada!*... neste verso. Ademais, en *Correo de Galicia* aparece *e lévate a Gailza de arribada!*..., coa gralla de imprenta incluída.

[40]

A RENDA DO MAR¹⁷²⁵

POL-AS veigas de Traba e de Serantes¹⁷²⁶

hastra a terra de Zás,¹⁷²⁷

alóngase o pregón do Mar de Laxe¹⁷²⁸

con medoño falar,

5 contándolle aos labregos que aos peixeiros¹⁷²⁹

parés lles vai moi mal...

¹⁷²⁵

Métrica

12 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima aguda en -á.

Edicións anteriores

El Despertar Gallego, Bos Aires, nº 156, 6 de outubro de 1929.

Eco de Galicia, Habana, nº 355, 1 de xaneiro de 1930.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 57, agosto-setembro de 1930.

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1323, 31 de maio de 1931.

Vivero en el Plata, Bos Aires, nº 266, decembro de 1931.

Compostela, Bos Aires, nº 4, xullo de 1939.

Variantes e comentarios

Por gralla de imprenta, en *Eco de Galicia* intitúlase **A ronda do mar**. Nas versións publicadas por *El Despertar Gallego*, *Eco de Galicia*, *Alborada*, *Correo de Galicia* e *Vivero en el Plata* tan só aparecen os oito primeiros e os oito derradeiros versos desta composición. Tan só *Compostela* publicou o poema íntegro.

En *Alborada* e en *Compostela* publícase precedido dun debuxo sen asinar (aínda que ben puidera ser do propio autor), que representa a sete mariñeiros levando entre todos no lombo un longo aparello. Esta ilustración repítese nos poemas **Mareas vivas**, **Mar roleiro** e **Presentimento**. Ademais indica (Pra ALBORADA), mentres que en *Compostela* leva a reprodución autógrafa A. Zapata García.

A copia de *Alborada*, na que riscou «Pra ALBORADA», foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

¹⁷²⁶ Nas seis versións anteriores só con maiúscula na letra inicial. Ademais, en *Compostela* aparece *Trava* no canto de **Traba**.

Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza** [10].

Serantes. *Cfr.* Nota da edición no verso 5 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

¹⁷²⁷ En *Compostela* aparece *hastr-â* no canto de **hastra**. Nas outras cinco versións temos *Zas* no canto de **Zás**.

Nota da edición: Zás > Zas. Concello interior no val de Soneira, limítrofe con Laxe.

¹⁷²⁸ En *Compostela* aparece *LAXE* no canto de **Laxe**. Nas outras cinco versións temos *mar* no canto de **Mar**.

¡mesmamente recende a maresía,¹⁷³⁰
 algazos e alquitrán!...¹⁷³¹

Côs refachos do norde espenuxadas,¹⁷³²
 10 con dôrido laiar,
 pol-a Costa da Morte van chorando¹⁷³³
 fillas..., amadas..., nais...,¹⁷³⁴
 dos probes peixadores que a borraxa
 sorprendío no mar...;
 15 i-os seus laios, cramantes, entrecrúzanse¹⁷³⁵
 côs que veñen e vãn¹⁷³⁶
 sobre os tombos galgantes e ruxintes,¹⁷³⁷
 con louco revoar:
 —«¡Meus filliños queridos!...», «¡Meus tesouros!»
 20 —«¡Meu home!» —..., —«¡Meu irmán!»...;

¹⁷²⁹ En *El Despertar Gallego*, en *Eco de Galicia* e en *Correo de Galicia* temos *ós*, en *Alborada* e en *Compostela* temos *ôs*, e finalmente en *Vivero en el Plata* aparece *os* no canto de **aos** en ambos casos. Ademais, en *El Despertar Gallego* e en *Eco de Galicia* temos *contándolles* no canto de **contándolle**.

¹⁷³⁰ En *Eco de Galicia* aparece *maresía* no canto de **maresía**.

¹⁷³¹ Por gralla de imprenta, en *El Despertar Gallego*, en *Eco de Galicia*, en *Correo de Galicia* e en *Vivero en el Plata* non aparecen nin o signo de admiración final nin os puntos suspensivos, en *Alborada* e na edición do libro sen puntos suspensivos.

¹⁷³² En *Compostela* temos *C-ôs* e *NORDE* no canto de **Côs** e **Norde**. Ademais, na edición do libro aparece *norde*, con minúscula.

¹⁷³³ En *Compostela* aparece *COSTA DA MORTE* no canto de **Costa da Morte**.

Nota da edición: Costa da Morte. «Se temos en conta, que o nome desta costa fai referencia á cantidade de catástrofes mariñas aquí producidas pola perigosidade dos seus cantís, sobre todo, nas puntas máis sobresalientes e os abundantes temporais, podemos delimitala entre as Illas Sisargas e o Cabo Fisterra». *Cfr.* Fernández Carrera [1998: 16]. O mesmo autor [1998: 12-15] no apartado “Orixe do nome” documenta as diferentes hipóteses sobre a creación do topónimo).

¹⁷³⁴ En *Compostela* aparece *mulleres* no canto de **amadas**.

¹⁷³⁵ En *Compostela* non aparecen as comas.

¹⁷³⁶ En *Compostela* temos *c-ôs* e *van* no canto de **côs** e **vãn**.

¹⁷³⁷ En *Compostela* aparece *sobr-âs ondas* no canto de **sobre os tombos**.

voces tristes que, xuntas coas dôridas:¹⁷³⁸

—«¡Meu amado»—..., —«¡Meu pai!»—...,

¡no sinistro pentágrama das ondas¹⁷³⁹

iscritura o chorar!...

25 Do balbordo do mar a melopeia

chamando âs portas vái¹⁷⁴⁰

dos fogares homildes, enluitados¹⁷⁴¹

coas perdas familiares,¹⁷⁴²

e óuzanse os oubeos de ultrafoxa,

30 noitébregos, fadals,

qu-en mil naxos as nubens esnaquizan¹⁷⁴³

con soberba inhumán!¹⁷⁴⁴

—«¡Eu sónvoló Señor da vida e morte¹⁷⁴⁵

de cantos sulcar vâ¹⁷⁴⁶

35 as searas dos peixes e as sireas¹⁷⁴⁷

dos meus eidos atráns!¹⁷⁴⁸

¡Eu sónvoló Canouro devourante¹⁷⁴⁹

¹⁷³⁸ En *Compostela* aparece *co-as* no canto de **coas**.

¹⁷³⁹ En *Compostela* temos *sinistro* e *foulas* no canto de **sinistro** e **ondas**. Ademais, nestes seis versos non sempre coincide a colocación dos guións.

¹⁷⁴⁰ En *Compostela* aparece *vai* no canto de **vái**.

¹⁷⁴¹ En *Compostela* aparece *enluidados* no canto de **enluitados**.

¹⁷⁴² En *Compostela* aparece *co-as* no canto de **coas**.

¹⁷⁴³ En *Compostela* aparece *âs* no canto de **as**.

¹⁷⁴⁴ En *Compostela* non aparece signo de admiración final.

¹⁷⁴⁵ En *Compostela* aparece *de* no canto de **da**.

¹⁷⁴⁶ En *Compostela* aparece *van* no canto de **vân**.

¹⁷⁴⁷ En *Compostela* aparece *i-as* no canto de **e as**.

¹⁷⁴⁸ En *Compostela* aparece *atláns* no canto de **atráns**.

dos lares fisterráns,
 que, â ves que lles rebato as súas vidas,¹⁷⁵⁰
 40 tamén lles dou o pan!»...

 Ouzando ao pregoeiro balbordante¹⁷⁵¹
 tal histórea contar,¹⁷⁵²
 dín os rexos labregos de Vimianzo,¹⁷⁵³
 de Cabana e de Zás:¹⁷⁵⁴

 45 —«¡Ben pagaron a renda os probes pescos¹⁷⁵⁵
 ao seu Señor, o Mar,¹⁷⁵⁶
 pois, en troque a sardiñas, arrincóulles
 un cuitado rapás!»...¹⁷⁵⁷

Atráns. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade [5]**.

¹⁷⁴⁹ En *Compostela* aparece **CANOURO** no canto de **Canouro**.

Nota da edición: Canouro: «Ser etéreo que vive nos campos, bosques e augas. Provoca soños e pesadelos, insomnios e delirios, e feridas mortais ós nenos no colo dos pais». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 72].

¹⁷⁵⁰ En *Compostela* non aparecen as comas.

¹⁷⁵¹ En *El Despertar Gallego*, en *Eco de Galicia* e en *Correo de Galicia* temos *ó*, en *Alborada* e en *Compostela* temos *ô*, e finalmente en *Vivero en el Plata* aparece *o* no canto de **ao**.

¹⁷⁵² Nas seis versións anteriores temos *estórea* no canto de **histórea**.

¹⁷⁵³ En *Compostela* aparece *dín* no canto de **dín**.

¹⁷⁵⁴ En todas as versións anteriores, agás en *Compostela*, temos *Zas* no canto de **Zás**.

Nota da edición: Vimianzo, Cabana de Bergantiños e Zas son os tres concellos que limitan co de Laxe.

Zás > Zas. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 deste mesmo poema.

¹⁷⁵⁵ Por gralla de imprenta, como xa acontecía no título, en *Eco de Galicia* aparece *ronda* no canto de **renda**.

¹⁷⁵⁶ En *El Despertar Gallego*, en *Eco de Galicia* e en *Correo de Galicia* temos *ó*, en *Alborada* e en *Compostela* temos *ô*, e finalmente en *Vivero en el Plata* aparece *o* no canto de **ao**. Ademais, tan só en *Compostela* conservan as maiúsculas.

¹⁷⁵⁷ Nas seis versións anteriores temos *coitado* no canto de **cuitado**. Ademais, en todas elas, agás en *Compostela*, temos *rapaz* no canto de **rapás**.

[41]

O FARO¹⁷⁵⁸

«ARA-LUCIS» fulxente¹⁷⁵⁹

do Noso Mar Atrante¹⁷⁶⁰

que alumas por igual, cristianamente,

o mesmo ao trasatrán que leva â xente,¹⁷⁶¹

5 no triste viacrucis d-emigrante,¹⁷⁶²

que aos peixeiros que vãn a Terranova,¹⁷⁶³

e que a todos lle das a boanova

—encendéndolle a espranza

de unha futura e lene boandanza—,¹⁷⁶⁴

10 ;ou lle alumas a todos, tristemente,

¹⁷⁵⁸

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 309, outubro de 1938.

Variantes e comentarios

Publícase acompañado dunha fotografía sen asinar (aínda que ben puidera ser do fotógrafo Vidal) do faro Vilán de Camariñas e indica (Pr-â rivista [sic] GALICIA).

¹⁷⁵⁹ En *Galicia* en maiúscula só a letra inicial.

¹⁷⁶⁰ En *Galicia* aparece *Atlante* no canto de **Atrante**.

¹⁷⁶¹ En *Galicia* aparece *mismo ô trasatlán* no canto de **mesmo ao trasatrán**.

¹⁷⁶² En *Galicia* aparece “*viacrucis*” e na edición do libro temos *Viacrucis* no canto de **viacrucis**.

¹⁷⁶³ En *Galicia* temos *ôs* e *van* no canto de **aos** e **vãn**.

Nota da edición: Terranova é unha gran illa na costa nordés de América do Norte e a parte máis poboada da provincia canadense de Terranova e Labrador (aínda que a provincia chamouse “Terranova” até 2001). A súa zona marítima sempre albergou importantes caladoiros, adoito visitados polos pescadores galegos. «As crónicas antigas falan de veleiros vascos, galegos e portugueses en Terranova dende o século XVI. Tralo Tratado de Utrecht (1713), Gran Bretaña quedou coa soberanía da illa e Francia co monopolio da pesca.

no profundo do mar, a fría cova!

Na precisión atrántica das naves

—pol-as roitas da sorte ou da desgracia,

do encanto ou da amargura—,

15 a túa lus, ¡ouh, faro!, é coma as aves

de virxinal brancura

que cruzando o imponente Mar de Fora¹⁷⁶⁵

—¡o rexo mar da outura!—,¹⁷⁶⁶

na i-alma do mariño son a gracia¹⁷⁶⁷

20 da ensoñada tenrura

da sirea do canto que namora

n-unha auroral quimera,

do ben ou da ventura

que no porto ll-espera¹⁷⁶⁸

25 cando enfía cara él a fina prora.

Diante das crucelladas dos baixíos,

fronte aos cabos, que afían seus penedos¹⁷⁶⁹

—Tourináns e Fisterras,

Ortegales, Viláns e Currubedos—,¹⁷⁷⁰

Houbo que substituír o bacallao polo abadexo e abandonar esas augas ata o século XX». *Cfr.* Souto [2001: 17].

¹⁷⁶⁴ En Galicia aparece *d-unha* no canto de **de unha**.

¹⁷⁶⁵ **Nota da edición:** Mar de Fora. Refírese ao mar que baña a Costa da Morte. Non se trata da coñecida praia de Fisterra do mesmo nome.

¹⁷⁶⁶ En Galicia aparece *de* no canto de **da**.

¹⁷⁶⁷ En Galicia aparece *ialma do mariño*, no canto de **i-alma do mariño**.

- 30 as túas mans de lus, de longos dedos,
 apalpando n-os traitos lonxaníos,¹⁷⁷¹
 son como acougador cristal dos ríos
 pr-âs requeimadas terras
 n-as tráxicas sequías¹⁷⁷²
- 35 ¡As trebas fân fuxir dos fondos medos,¹⁷⁷³
 despertando sorrisas e legrías!...
- N-os fondos cimiterios onde pousan¹⁷⁷⁴
 os barcos e os mariños,
 —cal dormen n-os regazos¹⁷⁷⁵
- 40 das nais agarimosas os nenínos—,
 tamén os teus esbaros furan, ousan
 chegar onde repousan
 —na compañía de peixes e de algazos—,
 pra estreital-os ben forte cós teus brazos
- 45 de irmán agarimante,
 ¡e bical-os, bical-os, ¡meus probiños!,
 pol-as nutes de brétema arrepiante

¹⁷⁶⁸ En *Galicia* aparece *Ile espera* no canto de **II-espera**.

¹⁷⁶⁹ En *Galicia* aparece *ôs* no canto de **aos**.

¹⁷⁷⁰ En *Galicia* aparece *Corrubedos* no canto de **Currubedos**.

Nota da edición: En plural aparecen os nomes de cinco importantes cabos galegos: Fisterra, Touriñán (Muxía) e Vilán (Camariñas), todos tres na Costa da Morte, Corrubedo (Ribeira) e Ortegál (Cariño).

Vilán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1054 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

Corrubedo. *Cfr.* Nota da edición no verso 1324 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁷⁷¹ En *Galicia* aparece *nos* no canto de **n-os**.

¹⁷⁷² En *Galicia* aparece *nas* no canto de **n-as**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *n-as requeimadas terras* neste verso, repetindo parte do anterior.

¹⁷⁷³ En *Galicia* aparece *têbras fan* no canto de **trebas fân**.

¹⁷⁷⁴ En *Galicia* aparece *Nos fondos cimentéreos* no canto de **N-os fondos cimiterios**.

dos medos somariños!...¹⁷⁷⁶

Bô druída do mar, abesullante,
50 qu-erguestel-a segur encol das rocas¹⁷⁷⁷
pra escorrental-os urcos asesíños
—¡hirtados!, ¡agoirentos!,
¡oubeantes!, ¡salvaxes!—,
que, na costa, famentos,
55 azanábanche a sorte,
desque a miles naufraxos assististes
con nobres salvataxes,
escuitando os salaios de mil bocas
e ollando os corpos tristes,
60 cando a vaga, tronante
—¡espenuxada!, ¡tola!,
¡escumosante!, ¡fera!—,
baixo as poutas do Norte,
que ñora o que resistes,¹⁷⁷⁸
65 trizábanse aos teus pês, sin têr siquera¹⁷⁷⁹
empuxe nin aguante,
nin pulo, pra chegar â túa gola
de lus ourilucente, deslumante...

¹⁷⁷⁵ En Galicia aparece nos canto de **n-os**.

¹⁷⁷⁶ En Galicia aparece *submariños* no canto de **somariños**.

¹⁷⁷⁷ En Galicia aparece *qu-erguéstel-a* no canto de **qu-erguestel-a**.

¹⁷⁷⁸ En Galicia aparece este verso entre guións.

¹⁷⁷⁹ En Galicia aparece *trizábase ôs* no canto de **trizábanse aos**.

70 ;mais na i-alma sentistes¹⁷⁸⁰
 non podel-os salvar da negra morte!...

 Orfo de tí, fai anos,
 sin te ollar no trebón da miña vida
 de suidoso emigrante,
 que, da terra distante,

75 xa vái médeo vencida
 coa crus dos desenganos
 —;ruda, sanguenta proba
 qu-encrudecéu a guerra!—...
 ;quén fora tan ditoso

80 acougando pra sempre na Nai Terra,¹⁷⁸¹
 baix-ôs bicos que ceibas, garimoso!:
 ;Côs teus brazos de lus, xesucristianos,¹⁷⁸²
 alumándome a cova!!...

¹⁷⁸⁰ En *Galicia* aparece na *ialma* no canto de **na i-alma**, que ademais vai entre comas.

¹⁷⁸¹ En *Galicia* aparece *nai terra* no canto de **Nai Terra**.

¹⁷⁸² En *Galicia* aparece *côs* no canto de **Côs**. En toda esta estrofa a puntuación varía de maneira sensible, mais sen incidencia no contido do texto.

[42]

PORTO PEIXEIRO¹⁷⁸³

NA seirán de vran serea¹⁷⁸⁴
que a virazón ronza un pouco,
e as decrinantes olladas
do sol tínxense de roxo,
5 pol-a ampla, fermosa ría
—turquesa con pintas de ouro—,
as lanchas vãn emproándose¹⁷⁸⁵
cara ao lar, buscando acougo,
como as garridas gaivotas
10 nos ben queridos petoutos:

Unhas, veleando, en bordexos,
outras, cô remo no estrobo,¹⁷⁸⁶
navegan, como argonautas,¹⁷⁸⁷

¹⁷⁸³

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en o-o.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1123, 10 de outubro de 1950.

Variantes e comentarios

En *Galicia* leva o subtítulo **Estampa**, indica «para GALICIA» e publícase acompañado dun debuxo de Antón Crestar.

¹⁷⁸⁴ En *Galicia* en maiúscula só a letra inicial.

¹⁷⁸⁵ En *Galicia* aparece *van* no canto de **vãn**.

- e â veiramar, pouco a pouco,¹⁷⁸⁸
 15 vãn atracando, namentras¹⁷⁸⁹
 os pescos tocan o corno;
 e os pulmóns do mar, cô peso¹⁷⁹⁰
 da carga que tén no lombo,¹⁷⁹¹
 ondexan, latean, tremen,¹⁷⁹²
 20 como querendo ir abordo,¹⁷⁹³
 entrando nos imbornaes¹⁷⁹⁴
 pra ollar arxentos tesouros...
 ¡que tanta sardiña os xeitos¹⁷⁹⁵
 traien dos salgados cómaros!...
 25 Do porto peixeiro a xente,
 ouzando o chamado rouco
 das boguinas, ao peirao
 chega, traqueando cós zocos,¹⁷⁹⁶
 e as xanelas, pra miral-a,
 30 abren, brilantes, os ollos...

¹⁷⁸⁶ En *Galicia* aparece *có* no canto de **cô**.

¹⁷⁸⁷ **Nota da edición:** Argonautas. Esta palabra ten tres acepcións: 1. Heroes gregos que, segundo a mitoloxía, foron na nave de Argos á conquista do vélaro de ouro, entre eles estaban Heracles e Orfeo. 2. Molusco cefalópodo (*Argonauta sp.*) da orde dos octópodos, de corpo comprimido e con oito tentáculos, peláxico e que nada pola superficie da auga. 3. Denominación do cabaliño de mar nalgúns lugares. Calquera delas é posible neste verso.

¹⁷⁸⁸ En *Galicia* aparece *á* no canto de **â**.

¹⁷⁸⁹ En *Galicia* aparece *van* no canto de **vãn**.

¹⁷⁹⁰ En *Galicia* aparece *có* no canto de **cô**.

¹⁷⁹¹ En *Galicia* aparece *tén* no canto de **tên**.

¹⁷⁹² En *Galicia* aparece *latexan* no canto de **latean**.

¹⁷⁹³ En *Galicia* aparece *a bordo* no canto de **abordo**.

¹⁷⁹⁴ En *Galicia* aparece *imbronaes* no canto de **imbornaes**.

¹⁷⁹⁵ En *Galicia* aparece *qué* no canto de **que**.

¹⁷⁹⁶ En *Galicia* temos *achega* e *có* no canto de **chega** e **cô**.

¡e hai ledas verbas, e risas,
por toda a vila e no porto!

Das veciñales aldeias,
os aldeáns chegan logo,
35 porque a vos das caracolas,
dos bigarros e os estrombos,
son coma esgrevos faraldos¹⁷⁹⁷
do farturento Mar Noso,
con fortes voces decindo:
40 —«¡Vinde, que hai peixe pra todos!»—...¹⁷⁹⁸

Algareiras, as gaivotas,
veñen e vãn, nos seus voios,¹⁷⁹⁹
darredore das lanchas,
forte cöando, e fan coro
45 coas regateiras, que poxan
con verba firente, o choio...

¹⁷⁹⁷ **Nota da edición:** «Estos vellos endexamais ouviron falar de Antolín Faraldo...». CASTELAO. “Adro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Antolín Faraldo (1822-1853). Foi un dos iniciadores do galeguismo. Politicamente progresista, participa con outros estudantes da Universidade de Santiago na fundación da Academia Literaria, centro do primeiro provincialismo galego, e anima as publicacións *El Idólatra de Galicia* (1841-2), *El Recreo Compostelano* (1842-3) e *El Porvenir* (1845), nas que establece as primeiras bases da ideoloxía provincialista: historicismo romántico, liberalismo avanzado, cristianismo social e defensa da natureza diferenciada de Galicia. En 1846 protagoniza no plano civil o pronunciamento progresista de Solís, como secretario da Junta Superior Provisional de Gobierno de Galicia e director do seu voceiro *La Revolución*. O fracaso do levantamento alónxao de Galicia e do galeguismo.

Cfr. Rodríguez Castelao (2000: 229) [1944].

¹⁷⁹⁸ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *hay* no canto de **hai**.

Ao par do xeito, as trañas
 fixeron de peixe acopio:
 A de Romaní (*de Santos*),
 50 Pose (*Taracido e Souto*),
 e a de Doña Leonela¹⁸⁰⁰
 Domenech, ¡corazón de ouro!,
 que lle regala sardiñas
 sen distinzoas, ao povo,
 55 como albrizas —¡non esmola—,
 pois seu querer é moi fondo:
 Da pesca das súas redes
 quer que disfróiten os outros...¹⁸⁰¹
 ¡e todo LAXE arrecende
 60 coas rebenidas no fogo!¹⁸⁰²

 Vái noitecendo. As gaiivotas,¹⁸⁰³
 vâanse pra os feros petoutos,¹⁸⁰⁴
 câl panos que o vento bate¹⁸⁰⁵
 decindo: —«¡Adéus!... ¡deica logo!»...¹⁸⁰⁶

¹⁷⁹⁹ En *Galicia* aparece *van* no canto de **vân** e sen coma no final do verso.

¹⁸⁰⁰ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *Leonola* no canto de **Leonela**.

Nota da edición: Romaní (*de Santos*), Pose (*Taracido e Souto*) e a de Doña Leonela / Domenech. Alcumes, nomes ou apelidos de armadores ou propietarios de trañas de Laxe. «Cando se produciu a decadencia dos Altamira, esta casa [Casa do Arco (Laxe)], xunto coa fortaleza de Vimianzo pasan a mans da familia dos Martelo e por último ós Domenech, familia catalana que instalou en Laxe unha fábrica de salgadura e que adquiriu grande protagonismo na vila». Cfr. Fernández Carrera [1998: 99].

¹⁸⁰¹ En *Galicia* aparece *disfróiten* no canto de **disfroiten**.

¹⁸⁰² En *Galicia* aparece *cóas* no canto de **coas** e con puntos suspensivos finais.

¹⁸⁰³ En *Galicia* aparece *Vai* no canto de **Vai**.

¹⁸⁰⁴ En *Galicia* aparece *vânse* no canto de **vânse**.

¹⁸⁰⁵ En *Galicia* aparece *cal* no canto de **câl**.

65 Fica a riveira coa xente,
diante ao prateado tesouro,
alumados pol-a lúa
do queimante mes de Agosto.¹⁸⁰⁷

70 Uns, escochando sardiña;
outros, lavádoa nos pozos,
e os demáis, acarrexádoa
pra as aldeias dos dintornos,
pra as fábricas e pra os fogares,
pois hai colleita pra todos...

75 ¡toda a noite traballando
na salazón e no escocho,
deica chegar a alborada
e das gaivotas o coro!...

¹⁸⁰⁶ En Galicia aparece *dicindo* no canto de **dicindo**.

¹⁸⁰⁷ En Galicia aparece *agosto* no canto de **Agosto**.

[43]

A COSTA DA MORTE¹⁸⁰⁸

ANTIGAMENTE os celtas, de prodixioso nume,¹⁸⁰⁹
chamáron-a, en brigántigo, «País dos Silenzosos»,¹⁸¹⁰
pois vêndo ao sol poñerse, coidaban que o seu lume¹⁸¹¹
ía quentar ás ánimas dos antenados nosos.¹⁸¹²

5 Os bardos e os druídas, até ao facho Néreo,¹⁸¹³

¹⁸⁰⁸

Métrica

Soneto, 14, agás o verso 13 que é heptasílabo, (ABAB CDCD EFG EFG).

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 12, 25 de xuño de 1925.

O soneto foi escolmado, con actualizacións gráficas, por Rei Lema, Xosé María (2001). *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*. Cee (A Coruña): Asociación Neria / Concello de Cee. 29. Tamén se reproduce dúas veces, a primeira seguindo a Rei Lema e a segunda na versión do libro, en Suárez Suárez, Manuel, coord. (2001). *Actas II Simposio de Historia da Costa da Morte. Nas orixes da nosa identidade*. A Coruña: Asociación Neria / Deputación Provincial. 3 e 146.

Variantes e comentarios

En *Céltiga* vai precedido dunha ilustración de S. Mallo López e indica «Para “Céltiga”». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

Costa da Morte. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **A renda do mar [40]**.

¹⁸⁰⁹ En *Céltiga* en maiúscula só a letra inicial.

¹⁸¹⁰ En *Céltiga* aparece *chamárona* no canto de **chamáron-a**.

Brigántigo. Lingua do pobo prerromano de *Brigantium*, que era o nome que recibiu a zona das Mariñas betanceiras na época romana. *Cfr.* Briganza. Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

«País dos Silenzosos». Denominación que os pobos prerromanos e os romanos usarían para o que hoxe se denomina Costa da Morte, talvez polo solpor.

¹⁸¹¹ En *Céltiga* temos *ô* e *q-o* no canto de **ao** e **que o**.

¹⁸¹² En *Céltiga* aparece *as ánemas* no canto de **ás ánimas** e remata o verso con puntos suspensivos.

¹⁸¹³ En *Céltiga* aparece *ô facho Néreo* no canto de **ao facho Néreo**. Na copia enviada a Filgueira risca un “s” en *druídas*, por gralla da publicación.

Nota da edición: Facho Néreo > Nerio. Refírese ao faro de Fisterra, na denominación antiga que lle deron os romanos *Promontorium Nerium*. *Cfr.* Nota da edición no verso 1162 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

ían pelegrinando ao vîr a lúa chea;¹⁸¹⁴

e xunto ao rexo dolmen, unxidos de mistéreo,¹⁸¹⁵

ceibaban os seus pregos â Hora da Estadea.¹⁸¹⁶

No fondo d-eses tempos, inda hoxe, ao mariñante¹⁸¹⁷

10 —se a costa medoñenta do Nerio olla por diante—,¹⁸¹⁸

rexúrdelle o relembro dos nosos antenados:¹⁸¹⁹

¡seméllan-lle seus faros, n-as nutes tenebrales,¹⁸²⁰

phantásticos ciriales¹⁸²¹

que aluman a marfoxa dos probes afogados!...¹⁸²²

¹⁸¹⁴ En *Céltiga* aparece *pelegrinando ô vir a lua* no canto de **pelegrinando ao vîr a lúa**.

¹⁸¹⁵ En *Céltiga* aparece *ô* no canto de **ao**.

¹⁸¹⁶ En *Céltiga* aparece *hora* no canto de **Hora** e remata o verso con puntos suspensivos. Estadea. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

¹⁸¹⁷ En *Céltiga* aparece *E revivindo os séculos, inda, oxe, ô mariñante*, neste verso.

¹⁸¹⁸ En *Céltiga* aparece *arripiasell-o corpo, se â Costa vê por diante*, neste verso.

Nerio. *Cfr.* Nota da edición no verso 1162 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁸¹⁹ En *Céltiga* aparece *e súrdell-o* no canto de **rexúrdelle o**.

¹⁸²⁰ En *Céltiga* temos *¡Seméllanll-os e nas* no canto de **¡seméllan-lle os e nas**.

¹⁸²¹ En *Céltiga* aparece *phantásticos* no canto de **phantásticos**.

¹⁸²² En *Céltiga* aparece *q-aluman â* no canto de **que aluman a**. No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña “Foxa do mar”».

[44]

ARMÓNICAS FURNAS¹⁸²³

I

FORON os cans do mar as rexas furnas,¹⁸²⁴

con dentes e unllas, con furor, formando,

nas foscas horas de balbor, noiturnas,

cando a xente, cō medo, está rezando.¹⁸²⁵

5 Ninguén os ollóu vîr nas ardentías,¹⁸²⁶

nin nos socheos, vagallóns, nin tombos,

porque as fervenzas de outas maresías

un sô corpo enxababan cōs seus lombos.¹⁸²⁷

¹⁸²³

Métrica

21 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1129, 10 de decembro de 1950.

Variantes e comentarios

En *Galicia* aparece introducido por esta nota da redacción (N. de R.): «Iste delicadísimo traballo, de fonda e conmovedora gama lírica, forma parte do conxunto de poemas que compoñen o libro “A Roseira da Soidade”, libro que constituíe unha obra de riqueza poucas vegadas igoadada na nosa literatura, como será dado comprobar cando, o seu inspirado autor, o poeta Antón Zapata García, a dea prósimamente o prelo.

GALICIA, honórase en darlle a benvinda nas suas columnas ao poema “Armónicas Furnas”, por consideralo de igual valenza que o tidoado “A Gaita”, do mesmo autor, xoia literaria, de quén, o noso ilustre mestre, don Ramón Otero Pedrayo, dixo, ó loubalo, qu-era un dos meirandes poemas da literatura galega do século aitoal».

Ademais, indica «Especial para “GALICIA”» e publícase acompañado dun debuxo de Antón Crestar.

¹⁸²⁴ En *Galicia* en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro sen a coma final.

¹⁸²⁵ En *Galicia* aparece *có* no canto de **cō** e puntos suspensivos no final do verso.

¹⁸²⁶ En *Galicia* aparece *vir* no canto de **vîr**.

Vêñse as fechancas, furos e fisuras¹⁸²⁸
10 que as férreas poutas nos furnals deixaron
como querendo esculturar figuras
de peixeiros e nautas que afogaron.

Óllanse os riscos nos cantazos rudos,¹⁸²⁹
nas hirtas laxes, lisas e arneiradas...
15 ¡Soio os cantiles son testigos mudos
de cómo as furnas foron escavadas!...¹⁸³⁰

Xamáis acougan n-un loitar de guerra,¹⁸³¹
e as negras furnas vãn tornando fondas...¹⁸³²
¡feroces luitas antre o mar e a terra,¹⁸³³
20 dos oubeantes canouros e das ondas!¹⁸³⁴

II

Son como portas de outas catedrales
xa derrubadas pol-o embate eterno:
unhas, semellan formas oxivales,
e, outras, as portas témeras do inferno.

¹⁸²⁷ En *Galicia* temos *só* e *cós* no canto de **sô** e **côs**. Ademais, na edición do libro aparecen as dúas palabras finais en letra redonda.

¹⁸²⁸ En *Galicia* e na edición do libro aparece *Vênse* no canto de **Vênse**.

¹⁸²⁹ Na edición do libro a maiúscula non leva acento gráfico, como era norma.

¹⁸³⁰ En *Galicia* aparece *socavadas* no canto de **escavadas**.

¹⁸³¹ En *Galicia* aparece *nun* no canto de **n-un**.

¹⁸³² En *Galicia* aparece *vãn* no canto de **vãn**.

25 Son como as portas de galegos pazos
onde moraron craros señoríos,
que, en ves de fentos, cólganlle os algazos
pol-as ondas guindados nos seus bríos.

30 Son como as portas de románs castelos
desfiguradas por guerreiros siños,
concas que lembran negros pasalelos
de COMPAÑAS de pescos e mariños.¹⁸³⁵

35 Son como mans ergueitas, supricantes,
en aititú devota de pregaría,
pol-as almas dos probes navegantes,
surtindo dende a entrana funeraria.

Grallas e corvos mouran nos seus seos,
onde, nas têbras, non penetra o día,¹⁸³⁶
sempre enluidadas de nocturnos veos

¹⁸³³ En *Galicia* aparece *Feroces* no canto de **feroces** e o seguinte verso remata en puntos suspensivos.

¹⁸³⁴ Canouro. *Cfr.* Nota da edición no verso 37 do poema **A renda do mar [40]**.

¹⁸³⁵ **Nota da edición:** Compañas > Compañía. «Compañía. Procesión das ánimas. Hoste. Hostilla. Estantiga. Estandiga. Estadea. Estadeíña. Pantalla. As da Noite. Zarrulada. Antaruxada. Visita. Visión. Acompañamento. Rolda. Roldiña. Avisóns. Avexón. Enxamio. Xaira. As denominacións varían segundo a zona xeográfica. Poden convivir en moitas partes varios nomes que designan sen embargo o mesmo fenómeno. A denominación Santa Compañía é errónea, a oesar do seu éxito literario e no eido dos estudos de antropoloxía cultural. A xente non lle chama así e ademais a Compañía pode ser moitas cousas, pero santa, desde logo, non. É certo, con todo, que o cristianismo peneirou e modificou notablemente o concepto e os aditamentos máis superficiais da Compañía. (...) A Compañía é o exército doas antigos mortos, que buscan o seu lugar no Alén». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 86-89].

Estadea. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

III

Sonan as pingas das furnales fontes,
 rítmicos formando que ninguén compuxo...
 ¡música esgreva que perdéu con Montes¹⁸³⁸
 as simphoñías d-un galego embruxo!...¹⁸³⁹

Finxen, as furnas, se os cachóns se encuman
 xigantes arpas que os titáns conmoven:¹⁸⁴⁰
 A «Negra Sombra», o chorar de Schuman,¹⁸⁴¹
 ou os saloucos do xenial Beethoven...¹⁸⁴²

¹⁸³⁶ En Galicia aparece *tébras* e na edición do libro *tebras* no canto de **tébras**.

¹⁸³⁷ En Galicia temos *á e bruxeiría* no canto de **â e bruxería**.

¹⁸³⁸ **Nota da edición:** Montes. Xoán Montes Capón (Lugo, 1840 – 1899). Compositor, director de orquestra e folclorista. Fundou o Orfeón Lucense, logo rebautizado como Orfeón Galego. Autor prolífico, na súa obra salientan as composicións premiadas: *Alborada Gallega*, *Sonata Gallega Descriptiva* ou *Aires Populares de Galicia*. Musicou moitos poetas galegos: *As lixeiras anduriñas*, con letra de Salvador Golpe, *Doce Sono* e *Negra Sombra*, con textos de Rosalía, *Lonxe da terra* e *O pensar do labrego*, con letra de Aureliano Pereira ou *Unha noite na eira do trigo*, sobre un poema de Curros Enríquez.

¹⁸³⁹ En Galicia aparece *dun* no canto de **d-un**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *simphonías* no canto de **simphoñías**.

¹⁸⁴⁰ Titán. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

¹⁸⁴¹ **Nota da edición:** «Negra Sombra». Coñecido poema do libro *Follas Novas* (1880) de Rosalía de Castro, que musicou Montes [*Cfr. supra*] uníndolle á letra un alalá recollido na Cruz do Incio (Lugo) e que foi presentado no Gran Teatro da Habana en 1892.

Schuman > Robert Schumann (Zwickau, Saxonia, 1810 - Enderich, Bonn, 1856). Compositor alemán, un dos máximos expoñentes do movemento musical romántico do século XIX. Autor de numerosas cancións para piano, que adoitan ser expresión de estados de ánimo ou temas literarios, como as coleccións de *Liederkreis* (dous ciclos con textos de Heinrich Heine e Joseph Eichendorff), *Myrthen* (con textos de varios poetas), *Amor e vida* (con texto de Adelbert von Chamisso) ou *Os amores do poeta* (sobre textos de Heinrich Heine). A pesar de que nas obras largas non consegue a unidade formal das pezas para piano, fixo unha música de gran beleza, á vez que dramática. Salientan a *Sinfonía nº 1*, o *Quinteto para piano en mi bemol maior*, o *Concerto para piano en la menor*, a *Sinfonía nº 2*, a *Sinfonía nº 3 Renana*, o *Trío para piano* ou a anovadora *Sinfonía nº 4*, onde os catro movementos se executan sen interrupción.

¹⁸⁴² Beethoven > Ludwig van Beethoven (Bonn, 1770 – Viena, 1827). Compositor e músico alemán moi precoz. Aos 12 anos xa destaca como intérprete de piano, órgano e viola, tocando cinco anos máis tarde para Mozart en Viena. Recibiu leccións de grandes músicos, como Haydn ou Salieri, e aos 25 anos presentouse perante o público vienés como pianista e compositor, con éxito apoteósico. En 1819 quedou xordo, algo que influiría na súa obra, tamén marcada polos seus desenganos amorosos, o seu difícil carácter e a súa soidade, acabando a súa vida con problemas económicos. A súa obra coñeceu tres etapas: a primeira de influencias,

Bocas profundas de monstrosas liras

50 n-onde resoa tráxica a marea,¹⁸⁴³

prantos que lembran feros «Días de Iras»¹⁸⁴⁴

ou funerarios Psalmos da Estadea...¹⁸⁴⁵

¡Ñormes pianos que resoan, graves,

cando as gadoupas dos foulóns, furentes,

55 finxen a escada rapsoidal das naves

esnaquizadas contra os cons firentes!...¹⁸⁴⁶

¡Órganos cumios que interpretan, forte,¹⁸⁴⁷

o imenso hino que arrulou aos Nerios¹⁸⁴⁸

pol-os Elíseos, pol-o Mar do Norte,¹⁸⁴⁹

60 diante dos dolmens, druídas dos misterios!...¹⁸⁵⁰

especialmente de Haydn e Mozart; a segunda de madurez (1801-1815), modificando a sonata e de linguaxe expresiva, e a terceira definida polo romantismo, coa xenialidade a romper moldes, sendo a *Misa solemne* e a *Novena sinfonía* as máis destacadas entre as súas nove sinfonías, sete oberturas ou os concertos para piano e orquestra.

¹⁸⁴³ En *Galicia* aparece *onde* no canto de **n-onde**.

¹⁸⁴⁴ **Nota da edición:** «Días de Iras» < *Dies Irae* ('Día da ira', en singular en latín) Famoso himno escrito en latín medieval que se usou como secuencia na Misa de Réquiem católica. Hai numerosos exemplos de *Dies Irae* nas composicións musicais clásicas de Réquiem, en autores como Antonin Dvorak ou Giuseppe Verdi, entre moitos outros. Porén, o máis universalmente coñecido é o que figura no *Requiem en Re menor* de Wolfgang Amedeus Mozart. *Cfr. Dies Irae* [83, 36].

¹⁸⁴⁵ Estadea. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema **Edoardo Pondal** [20].

¹⁸⁴⁶ En *Galicia* aparece sen puntos suspensivos finais.

¹⁸⁴⁷ Na edición do libro aparece *Orgaos* no canto de **Órganos**.

¹⁸⁴⁸ Na edición do libro aparece *arrulou* no canto de **arrulou**.

Nerios. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **Antergas luces promisorias** [22].

¹⁸⁴⁹ Elíseo. *Cfr.* Nota da edición no verso 1374 do poema **A Crus da Rosa** [30].

Nota da edición: Mar do Norte. Fai referencia a un coñecido mar do Océano Atlántico onde pescan moitos mariñeiros galegos, situado ao leste das costas de Noruega e Dinamarca, ao oeste das Illas Británicas e ao norte de Alemaña e os Países Baixos.

IV

Nas craras nites, calmas, veranegas,
da lúa as redes penden nos furnales¹⁸⁵¹
mentral-as fontes verten das moegas
as máis eiscelsas notas musicales.

65 Da bris as azas, pol-o mar voiando,
levan âs furnas seu cantar riseiro,¹⁸⁵²
e os fíos de auga que se vái filtrando¹⁸⁵³
dánlle un tòn ledo de arrular mareiro.¹⁸⁵⁴

70 Hai como voces de armoñosos coros,
no fondo seo das soidosas furnas:
síntense risas de cristals, e choros,
e graves queixas de door, saturnas...

Síntense as voces dos esgrevos nautas
que en tempo antergo descubriron mares,
75 e, pra os humanos, sinalaron rautas...
¡nautils ousados dos galegos lares!...¹⁸⁵⁵

¹⁸⁵⁰ En *Galicia* aparece *druidas* no canto de **druídas**.

¹⁸⁵¹ Na edición do libro aparece *lua* no canto de **lúa**.

¹⁸⁵² En *Galicia* aparece *ás* no canto de **âs**.

¹⁸⁵³ En *Galicia* aparece *aos* no canto de **os**.

¹⁸⁵⁴ En *Galicia* aparece *danlle un tòn* no canto de **dánlle un tòn** e na edición do libro temos *danlle* no canto de **dánlle**.

80 ;Música fonda, misteriosos cantos
que soio escuita quen visita as furnas
coa santidade que encumióu aos santos
e os psalmos prega das deidás nuiturnas!...¹⁸⁵⁶

 ;Fondosas furnas, ouquedals sonouros,¹⁸⁵⁷
enonde as vagas, ao romper nas rías,
nos pentagramas brandan cós canouros¹⁸⁵⁸
as máis podentes, xurdias simphoñías!...

¹⁸⁵⁵ En *Galicia* aparece *vikíns* no canto de **nautils**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

¹⁸⁵⁶ En *Galicia* aparece *Psalmos* no canto de **psalmos**.

¹⁸⁵⁷ En *Galicia* esta estrofa conforma a parte ou capítulo **V**.

¹⁸⁵⁸ En *Galicia* aparece *cós* no canto de **cós**.

Canouro. *Cfr.* Nota da edición no verso 37 do poema **A renda do mar [40]**.

[45]

PRESENTIMENTO¹⁸⁵⁹

A ROUCA vos do mar enchendo as rúas¹⁸⁶⁰

da vila peixadora,

facía rexurdir nos pensamentos¹⁸⁶¹

a procisión de históreas¹⁸⁶²

5 dos probes afogados que non teñen

na Terra Nai a cova,¹⁸⁶³

e pra sempre, ¡pra sempre!, xa acougaron

no cimiterio de olgas.¹⁸⁶⁴

—Non te vaias a praia, ¡meu filliño!,¹⁸⁶⁵

¹⁸⁵⁹

Métrica

10 coplas de pé quebrado (11, 7, 11, 7) e dúas coplas de arte maior, en hendecasílabos. Todo o poema con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en o-a.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 76, 25 de febreiro de 1928.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 68, novembro-décembro de 1931.

Variantes e comentarios

En *Céltiga* o poema vai dedicado: «A Berito [*sic*] Teixeira Hernández, sinxelamente», publícase coa reprodución do autógrafo A. Zapata García e precedido dun debuxo sen asinar, que representa a sete mariñeiros levando entre todos no lombo un longo aparello. Esta ilustración, que ben puidera ser do autor, repítese no poema **Mareas Vivas**, **Mar roleiro** e **A renda do mar**.

A copia de *Alborada* foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

¹⁸⁶⁰ En *Céltiga* o poema está dividido en tres partes e aquí empeza a parte **I**. Nas dúas versións anteriores e na edición do libro temos *A rouca* no canto de **A ROUCA**. Ademais, en *Alborada* aparece *voz* no canto de **vos**.

¹⁸⁶¹ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *n-os* no canto de **nos**.

¹⁸⁶² En *Céltiga* e en *Alborada* temos *d-estóreas* no canto de **de históreas**. Ademais, en *Céltiga* aparece *prociseón* no canto de **procisión**.

25 O socheo, ¡o socheo!, balbordante,¹⁸⁷⁸
correndo como un galgo,¹⁸⁷⁹
non me dera máis tempo pra salvarme¹⁸⁸⁰
que o que tén un relampo,¹⁸⁸¹
e nas pedras das casas de «Mesías»¹⁸⁸²

30 e de «Xorxe», agochado,¹⁸⁸³
puden ouzar: —¡Probiño!... —¡O mar levóuno!...¹⁸⁸⁴
—¡Tiña soio cinco anos!...

Pregoaban, a berros, os rapaces
a morte qu-eu tuvera,

35 cando Frora Carril, dende a solaina,¹⁸⁸⁵
me vío encol das pedras,
e con vos arelante, e con acenos,¹⁸⁸⁶
decía sin fixeza:¹⁸⁸⁷

¹⁸⁷⁷ En *Alborada* aparece *iba ô* no canto de **ía ao**.

¹⁸⁷⁸ En *Céltiga* aquí empeza a parte ou capítulo **II**.

¹⁸⁷⁹ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *coma* no canto de **como**.

¹⁸⁸⁰ En *Alborada* aparece *mais* no canto de **máis**.

¹⁸⁸¹ En *Alborada* aparece *ten* no canto de **tén**. En *Céltiga* temos *q-un dicir: ¡santo-santo!* neste verso.

¹⁸⁸² En *Céltiga* e en *Alborada* temos *Mesías* sen aspas. Ademais, en *Céltiga* aparece *da casa*, en singular.

¹⁸⁸³ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *Xorxe* sen aspas.

Nota da edición: «Mesías» e «Xorxe». Alcumes de mariñeiros de Laxe que pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén fagan referencia a persoas coñecidas para o autor, pois o texto narra un suceso autobiográfico. De feito, o poema **Pedras de Besugueira [61]**, na versión publicada en *Alborada* aparece cunha fotografía do laxense Vidal García que leva o seguinte pé: «LAJE. — Vista parcial de la gran playa de dicha población “peixeira e hortelán”, con su pequeno astillero de “bucetas” y lanchas, cuyo constructor, Don Manuel Ramos Mesías, hay quien asegura que es el que “mellor man tén” para hacer las “gaviotas con vela”, de las cuales presenta tres en cada “foto”... “¡e tres fillos d’él”, futuros navegantes!...».

¹⁸⁸⁴ En *Céltiga* aparece *levouno* no canto de **levóuno**.

¹⁸⁸⁵ En *Céltiga* aparece *denda* no canto de **dende a**.

Nota da edición: Frora Carril. Nome dunha muller de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, pois o texto narra un suceso autobiográfico.

¹⁸⁸⁶ En *Alborada* aparece *voz* no canto de **vos**.

¹⁸⁸⁷ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *dicía*, no canto de **decía**.

—¡Acudílle!... ¡alí está!... ¡Non se morrío,¹⁸⁸⁸

40 señora Maripepa!...¹⁸⁸⁹

Da miña probe nai —¡que Deus recade¹⁸⁹⁰

na súa santa garda!—,

quedóume inmorrecido o bô consello

que me dera, moi páleda,

45 mentras a vos do mar enchía as rúas¹⁸⁹¹

da vila laxeirana:

—Non te vaias a praia, ¡meu filliño!,¹⁸⁹²

¡que hoxe o mar tráí desgracia!...¹⁸⁹³

¹⁸⁸⁸ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *Acodille* no canto de **Acudílle**.

¹⁸⁸⁹ **Nota da edición:** Maripepa. Hipocorístico do nome da nai do poeta, María Josefa García Moreira.

¹⁸⁹⁰ En *Céltiga* aquí empeza a parte ou capítulo **III**.

¹⁸⁹¹ En *Alborada* aparece *voz* no canto de **vos**.

¹⁸⁹² En *Alborada* aparece *â* no canto de **a**.

¹⁸⁹³ En *Céltiga* aparece *q-está a mar alteirada!...* neste verso e en *Alborada* temos *que está a mar alteirada!...*

ALANDO A TRAIÑA¹⁸⁹⁴

«¡Ala panos, peneireiro,

ala, panos, Manoel:

ala, panos, compañeiro,¹⁸⁹⁵

ala panos eu tamén!...

1894

Métrica

Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (pentasílabos, heptasílabos ou octosílabos) en alternancia con versos de arte maior (hendecasílabos). Riman sempre en consonante.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 67, 10 de outubro de 1927.

A Nosa Terra, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 243, 1º de nadal de 1927.

El Compostelano, Santiago, nº 2527, 28 de agosto de 1928.

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1211, 7 de abril de 1929.

Nós, Ourense, nº 91, Día de Galicia (25 de xullo) de 1931.

Variantes e comentarios

En *Céltiga* vai asinado coa reprodución autógrafa A. Zapata García e indica (Para CELTIGA).

En *Nós* o seu título é **Traíñeiros de Laxe**. Nesta versión non inclúe a autocita, substituída pola seguinte dedicatoria: «*Ó meu irmán galego Camilo Díaz Baliño, c'unha gan fe na súa laboura de enxebrea / pictórea en col dos outos ideaes que fai xermolar no lenzo: Raza, Terra e Mar galegos*». Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936 e despois da rúbrica engade: «(Na revista «Nós», Nº 91, do Día de galiza de 1931). (Nº 67, «Céltiga», ano 1927)».

Existe unha tradución, intitulada **Alando la traína** [Cfr.], *Céltiga*, Bos Aires, nº 80, 25 de abril de 1928, reprodución dunha versión feita polo xornal *La Razón* (Uruguai) e publicada o 1º de Abril.

Foi reproducido por Casas, Álvaro de las (1939). *Antología de poetas gallegos*. Buenos Aires: Sopena Argentina. 166-171.

Por gralla de imprenta, en *El Compostelano* asinado como A. ZAPATA GARIA.

Pereira González [1999: 98] e [2005: 51] salienta a estrofa: *¡Sempre!, ¡Sempre! / traballando, / dende a mañá hastra â noite... / je sempre probes ficamos!*, e engade no segundo (que amplía o primeiro): «A conciencia da dura e inxusta condición do traballador do mar, vai estar no cerne do instinto asociativo que, devalando o século XIX, entronca cos Gremios do Mar medievais e os agrupamentos mariñeiros que aínda persistían e que, como no caso dos volanteiros da Guarda ou dos pescadores do “cerco real” na Coruña, artellaban a solidariedade precisa para as faenas colectivas da pesca como para unha mínima protección social».

Ademais, Pereira González [2005: 185] tamén salienta a estrofa inicial: *¡Ala panos, peneireiro, / ala panos, Manuel / ala panos, peneireiro / ala panos, eu tamén / ¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...,* e desta volta engade: «O hábito dos pescadores de se xuntar para realizar os labores no mar, duras e inseguras de seu, pérdese no noso país na brétema dos tempos».

¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...»

(*Canzón dos trañeiros de Laxe*).

O ROSÁREO de corchos e aparello¹⁸⁹⁶

os barudos peixeiros vãn alando,¹⁸⁹⁷

e das gorxas sonouras sái o vello¹⁸⁹⁸

cantar que fáí mil anos vên cantando.¹⁸⁹⁹

5 Ala panos, peneireiro,
ala panos na paneta;
¡ala panos, compañeiro,¹⁹⁰⁰
que hoxe hai peixe como area!¹⁹⁰¹

 E, ao rolán do estribelo¹⁹⁰²
10 os seus corpos balanzan:
—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...

Mentras alan, descalzos, a traña,¹⁹⁰³

¹⁸⁹⁵ En todas as versións anteriores, agás en *Nós* onde non leva cita, temos *peneireiro* no canto de **compañeiro**. Ademais, en *Céltiga, A Nosa Terra* e en *Correo de Galicia* temos *LAXE* no canto de **Laxe**.

¹⁸⁹⁶ En todas as versións anteriores temos *colchos* no canto de **corchos**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior. Ademais, en todas elas e na edición do libro aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁸⁹⁷ En todas as versións anteriores temos *van* no canto de **vãn**.

¹⁸⁹⁸ En todas as versións anteriores temos *sai* no canto de **sái**.

¹⁸⁹⁹ En todas as versións anteriores temos *fai* no canto de **fái**. Ademais, en *Correo de Galicia* aparece *vên* e en *Nós* temos *vêen* no canto de **vên**. Esta última é corrixida na copia do texto enviada a Filgueira.

¹⁹⁰⁰ En todas as versións anteriores, agás en *Nós*, temos *peneireiro* no canto de **compañeiro**.

¹⁹⁰¹ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *hay* no canto de **hai**. Ademais, en todas as versións anteriores temos *oxe* no canto de **hoxe**.

¹⁹⁰² En *Céltiga*, en *A Nosa Terra*, en *El Compostelano* e en *Nós* aparece *ô* e en *Correo de Galicia* temos *ó* no canto de **ao**. Por gralla de imprenta, en *Correo de Galicia* aparece *estribeló* no canto de **estribelo**.

¹⁹⁰³ En todas as versións anteriores, agás en *Nós*, temos *traña* no canto de **traña**.

e, â salmuira mestúranse os suores,¹⁹⁰⁴
revoa, câl revoa unha anduriña,¹⁹⁰⁵
15 a triada que conta as súas dôres:¹⁹⁰⁶

—Sempre, ¡sempre!, traballando,
dende a mañán hastra â noite...¹⁹⁰⁷
¡e sempre probes ficamos!...

Cô estribelo decote,¹⁹⁰⁸
20 barco e corpos abalan:
—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...

E por sóbor dos berros das pardelas,¹⁹⁰⁹
gaivotas e mascatos que revoan¹⁹¹⁰
darredor da copeada da traíña¹⁹¹¹
25 —n-entán parés sôrriran as patelas¹⁹¹²
e, as lanchas, que s-escoan
cô bô lance de xarda e de sardiña—,¹⁹¹³

¹⁹⁰⁴ En *Correo de Galicia* aparece *á* no canto de **â** e en todas as versións anteriores temos coma tras *salmuira*, agás en *Nós* onde só leva a coma no final do verso.

¹⁹⁰⁵ En *Correo de Galicia* aparece *câl* no canto de **câl**.

¹⁹⁰⁶ En todas as versións anteriores, agás en *Nós*, temos *triada* e *suas* no canto de **triada** e **súas**. En *Nós* aparece *triada* no canto de **triada**. Ademais, en *Correo de Galicia* aparece *dóres* no canto de **dôres**.

¹⁹⁰⁷ En todas as versións anteriores temos *noite* no canto de **nuite**. Ademais, en *Correo de Galicia* aparece *á* e en *Nós* temos *a* no canto de **â**.

¹⁹⁰⁸ En *Céltiga, A Nosa Terra*, en *El Compostelano* e en *Nós* aparece *C-ô* e en *Correo de Galicia* temos *C-ó* no canto de **Cô**.

¹⁹⁰⁹ En *A Nosa Terra* e en *El Compostelano* aparece *sôbor* no canto de **sóbor**.

¹⁹¹⁰ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *y* no canto de **e**. Ademais, en *Correo de Galicia* aparece *revóan* no canto de **revoan**.

¹⁹¹¹ En todas as versións anteriores, agás en *Nós*, temos *traíña* no canto de **traíña**.

dan aos ventos aqueles probes páreas¹⁹¹⁴

as súas cantareas milenáreas,¹⁹¹⁵

30 que xa findan mainiñas...,

mainiñamente..., mainas:

—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...

¹⁹¹² En *A Nosa Terra*, en *El Compostelano* e en *Correo de Galicia* temos *sorriran* e en *Nós* aparece *sorríran* no canto de **sôrriran**. Por gralla de imprenta, en *Céltiga* aparece *sorrîran*. Ademais, en *Nós* temos *n-entón* no canto de **n-entán**.

¹⁹¹³ En *Céltiga*, en *A Nosa Terra* e en *Nós* aparece *c-ô*, e en *Correo de Galicia* temos *c-ó* no canto de **cô**. Por gralla de imprenta, en *El Compostelano* temos *c-o*. Ademais, en *A Nosa Terra* e en *El Compostelano* aparece *da* no canto de **de**, en ambas ocasións. Por último, en todas as versións anteriores temos *lanse* no canto de **lance**.

¹⁹¹⁴ En *Céltiga*, en *A Nosa Terra*, en *El Compostelano* e en *Nós* aparece *ôs* e en *Correo de Galicia* temos *ós* no canto de **aos**. Ademais, en todas as versións anteriores, agás en *Nós*, temos *aquéles* no canto de **aqueles**.

¹⁹¹⁵ En todas as versións anteriores, agás en *Nós*, temos *suas* no canto de **súas**.

[47]

MAR ROLEIRO¹⁹¹⁶

I

APAÑABA percebes n-unha fesga,¹⁹¹⁷

Chuco de Carracedo,¹⁹¹⁸

cando un golpe de mar, ¡como unha pouta!,¹⁹¹⁹

galgante, silandeiro,

5 baticóuno n-as pedras arneiradas,¹⁹²⁰

talmente que, a-on moneco,¹⁹²¹

as mans anervosadas d-un pallaso,

baticaran n-un lanse sanguíento.¹⁹²²

Un instante dempoís que o solagara¹⁹²³

¹⁹¹⁶

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos. Rima asoante (–a–a). Ten rima en e-o.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 65, 10 de setembro de 1927.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 63, abril de 1931.

Variantes e comentarios

En *Alborada* publícase precedido dun debuxo sen asinar (aínda que ben puidera ser do propio autor), que representa a sete mariñeiros levando entre todos no lombo un longo aparello. Esta ilustración repítese nos poemas **Mareas Vivas**, **A renda do mar** e **Presentimento**.

En *Céltiga* vai asinado coa reprodución autógrafa A. Zapata García e indica (Pra CELTIGA).

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936, na que engade despois da rúbrica: «1927. Bôs Ars».

¹⁹¹⁷ No texto enviado a Filgueira aparece *Apañã*. En *Céltiga* e en *Alborada* en maiúscula só a letra inicial.

¹⁹¹⁸ **Nota da edición:** Chuco de Carracedo. Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

¹⁹¹⁹ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *tombo* e *coma* no canto de **golpe** e **como**. Ademais, en *Céltiga* a segunda parte do verso vai entre guións.

¹⁹²⁰ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *nas* no canto de **n-as**.

10 o escumante reveso,
xurdían —roxos, tráxicos—, ¡a boina,¹⁹²⁴
a chaqueta e o cesto!...¹⁹²⁵

II

—Eu no séi qué demontres pasou hoxe,¹⁹²⁶
pois, sin chisca de vento,
15 vái oupando o balbordo da marea—,¹⁹²⁷
dixo Antón do Penedo,¹⁹²⁸
ollando unha bandada de gaivotas,
que, pousas n-uns rochedos,
parecía que â morte ventearan,¹⁹²⁹
20 ceibando fortes berros...¹⁹³⁰
—Poida ser que teñamos nordesía,¹⁹³¹
porque o mar, compañeiro,
éche máis soligrante que unha femia—,
respostou Xan de Antelo—,¹⁹³²

¹⁹²¹ En *Céltiga* aparece *talmentes* no canto de **talmente**.

¹⁹²² En *Céltiga* aparece *guinolesco* no canto de **sanguíñento**.

¹⁹²³ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *instante* no canto de **istante**.

¹⁹²⁴ En *Céltiga* temos *surdían* e *tráxecos* no canto de **xurdían** e **tráxicos**. Ademais, nas versións anteriores, agás no texto enviado a Filgueira, non aparecen os guións.

¹⁹²⁵ En *Céltiga* aparece *ferrada* no canto de **chaqueta**.

¹⁹²⁶ No texto enviado a Filgueira, en *Céltiga* e en *Alborada* temos *non sei* no canto de **no séi**. Ademais, no texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *oxe* no canto de **hoxe** e en *Alborada* aparece *pasou* no canto de **pasóu**.

¹⁹²⁷ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *vai* no canto de **vái**.

¹⁹²⁸ **Nota da edición:** Antón do Penedo. Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

¹⁹²⁹ En *Céltiga* aparece *parescía* no canto de **parecía**.

¹⁹³⁰ En *Alborada* non aparecen os puntos suspensivos.

¹⁹³¹ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *sêr* no canto de **ser**.

¹⁹³² **Nota da edición:** Xan de Antelo. Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

25 decatándose, axiña, que pasaba¹⁹³³
 cabo aos dous —rouco, trémero—,¹⁹³⁴
 Manoel da Coruxa, e que lles dixo:¹⁹³⁵
 —¡Afogóu Carracedo!...

III

 N-un coído da banda de Frexufre,¹⁹³⁶
30 revolto entre os algazos,¹⁹³⁷
 apareceu o corpo do laxeiro¹⁹³⁸
 que morreu afogado...¹⁹³⁹
 ...¡Entón o mar calmouse,¹⁹⁴⁰
 cal se fose un miragro!...¹⁹⁴¹

¹⁹³³ No texto enviado a Filgueira aparece *decantándose* e en *Céltiga* e en *Alborada* temos *procatándose* no canto de **decatándose**.

¹⁹³⁴ No texto enviado a Filgueira, en *Céltiga* e en *Alborada* temos *ôs* no canto de **aos** e en ambos casos tamén sen guións.

¹⁹³⁵ No texto enviado a Filgueira, en *Céltiga* e en *Alborada* temos *Curuxa* no canto de **Coruxa**. Ademais, en *Céltiga* aparece *Manöel* no canto de **Manoel**.

Nota da edición: Manoel da Coruxa. Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

¹⁹³⁶ Frexufre. *Cfr.* Nota da edición no verso 21 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

¹⁹³⁷ En *Céltiga* e en *Alborada* temos *antr-os algasos* no canto de **entre os algazos**.

¹⁹³⁸ En *Céltiga* temos *apareceu* no canto de **apareceu**.

¹⁹³⁹ No texto enviado a Filgueira, en *Céltiga* e en *Alborada* temos *morrío* no canto de **morréu**.

¹⁹⁴⁰ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *calmouse* no canto de **calmóuse**. Nas versións anteriores, agás no texto enviado a Filgueira, aparece sen puntos suspensivos no inicio.

¹⁹⁴¹ En *Céltiga* aparece *câl* no canto de **cal**.

[48]

A RESPOSTA DAS ONDAS¹⁹⁴²

NAS ondas —tellado verde
do mar—, coan as gaivotas,
e aquél, pra tel-as contentas,
non tèn siquera parrochas...

5 Queima o sol —furnón de lume—
e derrete â galipota
e â brea, que finxen bágoas
nas lanchas, mostrando a estopa.

10 Nin unha bris aletexa
na calma chicha, que afoga,
e verten auga os barriles
pr-âs ensalitradas gorxas.

15 Un que outro mascato guíndase,
dende as outuras, nas foulas,
cicáis cô engado de un croio
que branquear vío antre as olgas.

¹⁹⁴²

Métrica

Nove coplas ou quartetas asonantadas, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en o-a.

Os atalieiros, nas lanchas,
en pê ou de bruzos na proa,
non vên tinturas nin bramos
20 nin saltidos pol-a tona.

Os demáis pescos, nos bancos,
os remos, âs veces, choupan,
mais non salta unha sardiña
nin un xurelo se amostra.

25 —¿Qué pasará —dñ os pescos—,¹⁹⁴³
pois muito as gaiotas coan...?»
—¿Serán as feras arroaces
que ao peixe asustan na costa...?»¹⁹⁴⁴

30 Diante da dôr dos peixeiros¹⁹⁴⁵
que, pra o fogar, buscan broa,
un fondo tremor telúrico
correspondéu coa resposta,

e na levián bris que as riza
decir parecen as ondas:

¹⁹⁴³ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *dñ* no canto de **dñ** e engádenlle aspas iniciais.

¹⁹⁴⁴ Por gralla de imprenta, na edición do libro sen as aspas finais.

—«¡Na outa mar os somariños¹⁹⁴⁶

espantárono con bombas!»...

¹⁹⁴⁵ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *dor dôs* no canto de **dôr dos**.

¹⁹⁴⁶ Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *sumariños* no canto de **somariños**.

[49]

TRINCADO¹⁹⁴⁷

NACHUDO de arrufada, con papos de home gordo,¹⁹⁴⁸

n-un largo, vai fendendo, a xeito de bigotes,¹⁹⁴⁹

as ondas que, en salseiros, pol-o courel, abordo,

solagan imbornaes, bancadas, calabrotos...

5 Ben tesas as estachas nos rexos cadenotes,¹⁹⁵⁰

o pau renxe coa vela relinga; e do balbordo¹⁹⁵¹

que fan os seus costados, que lembran cachalotes,¹⁹⁵²

un branco ronsel deixa, escumosante, xordo...

¹⁹⁴⁷

Métrica

Soneto, 14, (ABAB BABA CDC EDE).

Edicións anteriores

Mundo Gallego, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 2, xaneiro de 1952.

Variantes e comentarios

En *Mundo Gallego* aparece incluído no tríptico intitulado **Frisos Galegos**, xunto cos poemas **O Final Imorrente** [gralla, por **O Pinal Inmorrente**] e **Sachadoras**. [Cfr.] Ademais, aparece coa seguinte indicación: *Do libro* “A Roseira da Soidade”, *a imprensarse na Cruña no primeiro trimestre corrente*. Tamén se publica xunto a un debuxo, sen asinar, duns leñadores e indicando: Especial para MUNDO GALLEGO.

Foi reproducido por por Fernández del Riego, Francisco (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 57. E tamén polo mesmo Fernández del Riego, Francisco (1976). *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo. Galaxia. 274. O editor moderniza o texto e engade en nota a rodapé: «Os termos náuticos teñen no poema unha expresión ricaz».

¹⁹⁴⁸ En *Mundo Gallego* aparece *Machudo* no canto de **NACHUDO**.

¹⁹⁴⁹ En *Mundo Gallego* aparece *vái* no canto de **vai**.

¹⁹⁵⁰ En *Mundo Gallego* aparece *texas* no canto de **tesas**.

¹⁹⁵¹ En *Mundo Gallego* aparece *pao* no canto de **pau**. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *vele* no canto de **vela**.

Eisí vai avantando, n-un firme barlovento,¹⁹⁵³
10 case ao longal turquesa da galizana ría
—da praia na procura, que agarda o cargamento—;

e cando xa se emproa, e ao vento bate a vela,¹⁹⁵⁴
âs voces de: «¡Dar fondo!», «¡Desata drisa!», «Arría»,¹⁹⁵⁵
¡câl de un ditrema iñorme, dél sae unha gamela!...

¹⁹⁵² En *Mundo Gallego* aparece *fân* no canto de **fan**. Ademais, o segundo hemistiquio figura entre guións.

¹⁹⁵³ En *Mundo Gallego* aparece *vái* no canto de **vai**. Ademais, por gralla de imprenta, en *Mundo Gallego* temos *u-un* no canto de **n-un**.

¹⁹⁵⁴ Por gralla de imprenta, en *Mundo Gallego* desaparece todo o segundo terceto.

¹⁹⁵⁵ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *Der* no canto de **Dar**.

[50]

O PERDÓN DAS FURNAS¹⁹⁵⁶

DE xionllos, chegan âs furnas¹⁹⁵⁷

as nerias, cô seu remorso:¹⁹⁵⁸

a chorar,

a pregar

5 por todol-os que foron

afogados no mar.

N-os ruzos veos de brétema¹⁹⁵⁹

topan as nerias reparo¹⁹⁶⁰

pr-âs faciáns,¹⁹⁶¹

¹⁹⁵⁶

Métrica

Combinación estrófica regular e polimétrica, co esquema (8—, 8a, 4b, 8b, 8a, 4b) en case todo o poema, agás na penúltima estrofa: (8a, 8a, 8a, 8a, 8b, 8b, 8c, 8c, 8d, 3b, 3b, 3b. Na derradeira repítese o esquema primario seguido dunha redondilla. Agás nesta redondilla, que rima consoante, temos diferentes rimas asoantes, ás veces agudas.

Edicións anteriores

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1368, 10 de abril de 1932.

Alborada, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 76, xuño-xullo de 1933.

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 433, decembro de 1944.

Variantes e comentarios

En *Correo de Galicia* e en *Alborada* publícase acompañado dunha fotografía sen asinar (aínda que ben puidera ser de Vidal), que recolle a imaxe dunha furna. A copia de *Alborada* foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

¹⁹⁵⁷ En *A Nosa Terra* aparece *ás* no canto de *âs*. Ademais, nas tres versións anteriores leva en maiúscula só a letra inicial.

¹⁹⁵⁸ En *Correo de Galicia* e en *Alborada* aparece *c-ô* e en *A Nosa Terra* temos *c-ó* no canto de *cô*.

Nerias. Cfr. Nota da edición no verso 434 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁹⁵⁹ Nas tres versións anteriores temos *brétoma* no canto de **brétema**.

10 e, nas mans,
 penduran os rosáreos
 de vieiras fisterráns.

 Chorosas, moumeando pregos,¹⁹⁶²
 traspoñen as hirtas pedras¹⁹⁶³

15 dos portals
 dos furnals,
 bicándoas, sinxelas,
 e raen n-os peirals.

 Sóbor das praias das furnas¹⁹⁶⁴

20 salgadas bagullas verten¹⁹⁶⁵
 de crú dôr¹⁹⁶⁶
 pol-o amor
 dos pescos que o seu verde
 ollar lles fói traidor.¹⁹⁶⁷

25 Das furnas, as probes nerias¹⁹⁶⁸
 impetran, amarguradas,
 o perdón

¹⁹⁶⁰ Nerias. *Cfr.* Nota da edición no verso 434 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁹⁶¹ En *A Nosa Terra* aparece *pr-ás* no canto de **pr-âs**.

¹⁹⁶² Por gralla de imprenta, en *A Nosa Terra* aparece *mouneando* no canto de **moumeando**.

¹⁹⁶³ Por gralla de imprenta, en *Correo de Galicia* aparece *tralpoñen* no canto de **traspoñen**.

¹⁹⁶⁴ En *A Nosa Terra* aparece *Sobor* no canto de **Sóbor**.

¹⁹⁶⁵ Nas tres versións anteriores temos *vagullas* no canto de **bagullas**.

¹⁹⁶⁶ En *Correo de Galicia* e en *Alborada* aparece *door* e en *A Nosa Terra* temos *dór* no canto de **dôr**.

na orazón
 feita de dondas mágoas
 30 e desconsolazón:

—Furnas irmáns, perdonádenos,¹⁹⁶⁹
 pol-o mal que vos fixemos;
 voso perdón, furnas, dádenos,
 pol-o ben que vos queremos:

35 Por aqueles bôs irmáns¹⁹⁷⁰
 laxeiros e fisterráns¹⁹⁷¹
 que por nosoutras finaron,
 e por cantos acougaron
 nas marefoxas do Alem...¹⁹⁷²

40 amén...
 aménn...
 aménnn...

E os murchos ollos e os beizos
 das nerias n-achan acougo:¹⁹⁷³

¹⁹⁶⁷ En *A Nosa Terra* aparece *foi* no canto de **fói**.

¹⁹⁶⁸ Nerias. *Cfr.* Nota da edición no verso 434 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁹⁶⁹ En *Correo de Galicia* e en *Alborada* aparece *hirmáns* no canto de **irmáns**. Ademais, nas tres versións anteriores non temos guión inicial.

¹⁹⁷⁰ En *Correo de Galicia* e en *Alborada* aparece *hirmáns* no canto de **irmáns**. Ademais, en *A Nosa Terra* temos *bós* no canto de **bôs**.

¹⁹⁷¹ En *Correo de Galicia* este verso aparece en negra.

¹⁹⁷² Nas tres versións anteriores temos *Alén* no canto de **Alem**. No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Verba nova, miña “Foxas do mar”», sobre a palabra *marefoxas*.

45 ¡a chorar,
 a pregar

por todol-os que foron

afogados no mar!;

namentras as furnas choran,

50 choran... e choran..., e pregan,

 ¡e as súas bágoas regan¹⁹⁷⁴

 âs outras bágoas que improran!...¹⁹⁷⁵

Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos [3]**.

¹⁹⁷³ Nérias. *Cfr.* Nota da edición no verso 434 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁹⁷⁴ Nas tres versións anteriores temos *vágoas* no canto de **bágoas**.

¹⁹⁷⁵ *Ibidem*. En *A Nosa Terra* aparece *ás* no canto de **âs**. Adeamis, en *Correo de Galicia* e en *Alborada* temos *q-improran!* no canto de **que improran!...**

[51]

MAREAS VIVAS¹⁹⁷⁶

POL-A sede do Vran e a Lúa chea,¹⁹⁷⁷
devalóu a marea
hastra as mouras enxivas
das firentes dentamias dos baixíos,
5 deixando ollar nas fegsas afondadas,
nos carreiros bravíos,¹⁹⁷⁸
nas salentes outivas
e laxes arneiradas
—coma mans eispresivas—,
10 as piñas de percebes
que, ao vel-as os de LAXE i-os de CORME,¹⁹⁷⁹

¹⁹⁷⁶

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún trisílabo, tetrasílabo ou alexandrino, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1395, 16 de outubro de 1932.

Alborada, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Bos Aires, nº 73, novembro-décembro de 1932.

Variantes e comentarios

En *Alborada* publícase precedido dun debuxo sen asinar (aínda que ben puidera ser do propio autor), que representa a sete mariñeiros levando entre todos no lombo un longo aparello. Esta ilustración repítese nos poemas **A renda do mar**, **Mar roleiro** e **Presentimento**.

En *Alborada* leva ademais a seguinte dedicatoria: «A Manuel Salleres Pastor, no fondoso sentimento do Mar Galego», daquela secretario da Institución Cultural Gallega. A dedicatoria xa aparece riscada polo autor na copia do texto que lle envía a Xosé Filgueira Valverde para a fanada *Escolma da Lírica Galega*, que ía editar por volta de 1936 o Seminario de Estudos Galegos.

¹⁹⁷⁷ En *Correo de Galicia* e *Alborada* aparece en maiúscula só a letra inicial.

¹⁹⁷⁸ En *Correo de Galicia* e *Alborada* aparece *n-os* no canto de **nos**.

fánlles lembrar os prebes

de cociñada iñorme!

Un fortísimo arrecendo a marisquía¹⁹⁸⁰

15 espállase no ambiente

do craro médeodía,

antre os berros e cantos de legría¹⁹⁸¹

que â marisma ll-infonden mil feitizos:

Chegóuse dos dintornos¹⁹⁸²

20 e da montana, a xente,

con sachos, con fouciños, con angazos:

Uns, a apañar ourizos;

os outros, escorreadas ou algazos;

aqueles: lampros, cornos,

25 mexillóns, caramuxas,

longueiróns, berberechos,

que, pouco a pouco, os cestos empirican,

os paxes acogulan,¹⁹⁸³

ou os fortes garruchos poñen pechos;

30 e os demáis mariscantes¹⁹⁸⁴

—arremangada a roupa sobr-âs cuxas

¹⁹⁷⁹ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *ô* no canto de **ao**.

Corme. *Cfr.* Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¹⁹⁸⁰ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *maresía* no canto de **marisquía**.

¹⁹⁸¹ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *antre* no canto de **antre os**.

¹⁹⁸² En *Correo de Galicia* aparece *dentornos* no canto de **dintornos**.

¹⁹⁸³ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *e os* no canto de **os**.

i-eisimade n-os brazos,
 aítivos, buligantes,¹⁹⁸⁵
 nas fechancas s-estrican,
 35 n-os furados rebulan,
 pozos e pozas, chican,
 ¡e dan volta aos cantazos¹⁹⁸⁶
 pra recoller barbadas!¹⁹⁸⁷

Tallantes,
 40 afiadas
 —nas fortes mans de pescos apreixadas,
 tal longos puxavantes—¹⁹⁸⁸,
 (¡probes mans abüadas
 e cheas de feridas!),
 45 as brilantes ferradas
 vãn facendo a colleita¹⁹⁸⁹
 do saborante fruto das quebrantes
 que o ñãaro non sospeita
 custarlle ao povo soe moitas vidas!¹⁹⁹⁰

50 Os xugosos percebes,
 os mariscos unllados

¹⁹⁸⁴ En *Correo de Galicia e Alborada* non aparecen nin este verso nin o anterior, substituídos por *e, grandes e pequechos*.

¹⁹⁸⁵ En *Correo de Galicia e Alborada* tampouco aparece este verso. Todos estes cambios pódense ollar no mecanoscrito, onde os versos incorporados están a man do propio autor e corrixen opcións anteriores.

¹⁹⁸⁶ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *ôs* no canto de **aos**.

¹⁹⁸⁷ En *Correo de Galicia e Alborada* tampouco aparece este verso.

¹⁹⁸⁸ En *Correo de Galicia* aparece *cál* no canto de **tal**. En *Alborada* aparece *câl* no canto de **tal**.

- que hoxe cociñarán máis gasalleiras,
 enriba das lareiras
 ou pousadas nas treves,¹⁹⁹¹
 55 as barrigudas potas e os caldeiros,¹⁹⁹²
 ¡pois non houbo afogados!...
- Calma fonda no mar e máis no ambiente:
 xa vái voltando a xente¹⁹⁹³
 car-â vila i-aldea...¹⁹⁹⁴
 60 Sô se sente¹⁹⁹⁵
 a marea
 que comenza o repunte, manseliño,
 c-unha foula sin azo
 —coma un gran corazón que se calmea—,
 65 e unha branca puntilla
 panilla
 no regazo
 do limpo e intenso azur de fror de liño
 que o Mar de LAXE bríndalle aos peixeiros¹⁹⁹⁶
 70 un pouco cansos xá das ardentías,

¹⁹⁸⁹ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *van* no canto de **vân**.

¹⁹⁹⁰ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *ô* no canto de **ao**.

¹⁹⁹¹ En *Correo de Galicia e Alborada* e na edición do libro neste verso temos: —*penduradas dos capíos ou pousadas nas treves*—. No mecanoscrito a man do autor substitúe unha opción anterior, que ben puidera ser esta.

¹⁹⁹² Na edición do libro aparece *âs* no canto de **as**. E en *Correo de Galicia* aparece *as caldeiras* no canto de **os caldeiros**.

¹⁹⁹³ En *Correo de Galicia* aparece *Xa* no canto de **xa**.

¹⁹⁹⁴ En *Correo de Galicia e Alborada* aparece *car-â* no canto de **car-â**.

¹⁹⁹⁵ En *Alborada* aparece *sen* o pronome **se**.

golpes de mar, roleiros,
i-espenuxadas vagas e rotías.

¡Mareas vivas!:

¡Ouh, sagradas mareas

75 que ao deixar descuberto o nobre seo¹⁹⁹⁷

das fecundas enxivas,

despertástedes as ledas cantareas,

quencidas pol-a espranza,

cal despertan n-os agros de centeo,

80 milleirals e trigaes¹⁹⁹⁸,

as verbas da loubanza!¹⁹⁹⁹

—¡Xornaes!,

—¡Forno cheo!,

—¡¡Abundanza!!...

¹⁹⁹⁶ En *Correo de Galicia* e *Alborada* aparece *ôs* no canto de **aos**.

¹⁹⁹⁷ En *Correo de Galicia* e *Alborada* aparece *ô* no canto de **ao**.

¹⁹⁹⁸ En *Correo de Galicia* aparece *milleiros* no canto de **milleirals**. Na copia de *Alborada* enviada a Filgueira corríxese *milleirals* no canto da anterior.

¹⁹⁹⁹ En *Correo de Galicia* aparece *de* no canto de **da**.

[52]

MEU PADRIÑO²⁰⁰⁰

LAUREANO Carril («O Roxo»), meu padriño,²⁰⁰¹
fóí capitán do «Xulio», na Costa de Briganza;²⁰⁰²
pro, sintindo o degaro que aos celtas dá puxanza,²⁰⁰³
sulcáu os mares todos n-un branco bergantiño...

5 Cando viña de volta ao seu nativo niño²⁰⁰⁴
—atrántico mascato con voio de arelanza—,²⁰⁰⁵
traguíame xoguetes con nomes de lembranza,
algunha lambetada e seu fondal cariño.²⁰⁰⁶

D-él contan que, unha ves, n-un «bar», en Nova Orleáns,²⁰⁰⁷

²⁰⁰⁰

Métrica

Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)

Variantes e comentarios

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

²⁰⁰¹ No texto enviado a Filgueira aparece *Laureano* no canto de **LAUREANO**.

Nota da edición: Laureano Carril. En efecto, na acta de nacemento do poeta no Rexistro Civil de Laxe lemos: «fueron padrinos Laureano Carril y Ventura Vidal».

²⁰⁰² **Nota da edición:** «Xulio». Nome dunha embarcación.

Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

²⁰⁰³ No texto enviado a Filgueira aparece *ôs* no canto de **aos**.

²⁰⁰⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

²⁰⁰⁵ No texto enviado a Filgueira aparece *atlántico* e *da* no canto de **atrántico** e **de**.

²⁰⁰⁶ No texto enviado a Filgueira aparece *golosiña e traxes de mariño* no canto de **lambetada e seu fondal cariño**.

²⁰⁰⁷ No texto enviado a Filgueira aparece *nova* no canto de **Nova**.

Nota da edición: Nova Orleáns. En inglés *New Orleans*, é a maior cidade do estado norteamericano de Luisiana. Posúe o porto con máis tránsito dos Estados Unidos e o cuarto do mundo, grazas á súa localización próxima ao río Mississippi e ao Golto de México.

tivo trágica luita con outros capitáns;
mais o nome: «¡Galego!», fortécéuse en nobreza.

Xa mui canso do mundo e facer cabotaxe,
dou por banda con todo e volvéu ao seu Laxe,²⁰⁰⁸
—Pois, sin él (afincaba), non me vâl a riqueza!...²⁰⁰⁹

²⁰⁰⁸ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**. Na edición do libro aparece *LAXE* no canto de **Laxe**.

²⁰⁰⁹ No texto enviado a Filgueira aparece *qu-enriqueza* no canto de **a riqueza**.

[53]

CHUCO DA DORNA

MARIÑEIRO GALEGO²⁰¹⁰

NA taberna do «CHE» —un mal pai e mal home²⁰¹¹
que, en xuntanza cos fillos e a muller, xamáis come—,²⁰¹²
están catro barudos mariñeiros sentados
darredor d-unha mesa, na que xogan aos dados,²⁰¹³
5 pois non queren baraxa, qu-é mal xogo, ao seu vêr,²⁰¹⁴
senón dar ao azaro o gañar ou perder²⁰¹⁵
cantos vasos enchimpen d-escumante cerveza²⁰¹⁶
—¡ouh, sinxelos fidalgos da mariña nobreza!—,

²⁰¹⁰

Métrica

35 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF GG etc.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 62, 25 de xullo de 1927.

A Fouce, Bos Aires, nº 26, 15 de xaneiro de 1931.

Variantes e comentarios

Nas dúas versións anteriores o título é **Mariñeiro Galego**. En *Céltiga* publícase coa seguinte dedicatoria: «A Ramón Suárez Picallo, no agarimo / do mar, da fala e da terra galegos» e indica «Especial para “Céltiga”». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma* e nela engade o subtítulo (**Chuco da Dorna**).

²⁰¹¹ Nas dúas versións anteriores aparece en maiúscula só a letra inicial e temos *Ché* no canto de *CHÉ*. Na edición do libro esta maiúscula non leva acento gráfico.

Nota da edición: «Che». Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

²⁰¹² En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *c-os* no canto de **cos**.

²⁰¹³ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *de unha* no canto de **d-unha**. Ademais, en *A Fouce* aparece *táboa* no canto de **mesa**. En *Céltiga* aparece *ôs* e en *A Fouce* temos *ós* no canto de **aos**.

²⁰¹⁴ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *que é* no canto de **qu-é**. Ademais, en *Céltiga* aparece *ô seu vêr* e en *A Fouce* temos *ó seu vér* no canto de **ao seu vêr**.

²⁰¹⁵ En *Céltiga* aparece *ô* e en *A Fouce* temos *ó* no canto de **ao**.

- festexando a chegada do «IRELAND» e do «LAR»,²⁰¹⁷
- 10 bergantíns tan velliños, que, de tanto ronzar²⁰¹⁸
 as cadeas das ancras pol-os seus escobéns,²⁰¹⁹
 fondas lañas fixéronlles, câl agurras nas sens,²⁰²⁰
 e, por bôs velanteiros, non hai que non conoza²⁰²¹
 dende Hamburgo a Bôs Aires, riva Pedro Mendoza.²⁰²²
- 15 Mentras fía a alba lúa n-os baupreses e paos²⁰²³
 as soidades atránticas que latexan n-as naos²⁰²⁴
 que, ao longal da riveira, câl escuras gaiivotas,²⁰²⁵
 acougaran das luitas das salgadas derrotas;
 baixo a lus morteciña a taberna do «CHE»²⁰²⁶
- 20 —antre un «¡good!» ou un «¡leider!», ou un forte «¡mon Dieu!»,
 William Ceibe, Otto Brétema (irlandés e alemán)²⁰²⁷

²⁰¹⁶ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *de escumante* no canto de **d-escumante**. Ademais, en *A Fouce* aparece *engulan* no canto de **enchimpen**.

²⁰¹⁷ **Nota da edición:** «Ireland» e «Lar». Nomes de bergantíns.

²⁰¹⁸ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *ronsar* no canto de **ronzar**.

²⁰¹⁹ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *e ancras*, no canto de **das ancras**.

²⁰²⁰ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *séns* no canto de **sens**. Ademais, en *Céltiga* aparece *cal* e en *A Fouce* temos *câl* no canto de **câl**.

²⁰²¹ En *A Fouce* aparece *bós* no canto de **bôs**.

²⁰²² *Ibidem*. Ademais, en *Céltiga* e en *A Fouce* temos *Pero* no canto de **Pedro**.

Nota da edición: Hamburgo. En alemán *Hamburg*, é a segunda cidade de Alemaña despois de Berlín. Hoxe aínda ostenta o título de cidade libre e hanseática, pois formou parte da Hansa, unha asociación de cidades que monopolizaron o comercio no mar do Norte e no Báltico desde a Idade Media. Situada ás orelas do río Elba, navegable ata a súa desembocadura no mar do Norte, o que fixo da cidade un porto importante, que hoxe é o segundo con máis tránsito da Unión Europea despois de Rotterdam (Países Baixos).

Riva Pedro Mendoza. Avenida, que leva o nome dun conquistador, situada a carón do río de La Plata na cidade de Bos Aires, na que nesa altura existían moitos diques de atraque para carga e descarga de mercadorías. O lugar aparece nomeado no célebre tango “Caminito”.

²⁰²³ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *boupreses* no canto de **baupreses**. Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *paus* no canto de **paos**, o que desgrazaría a rima.

²⁰²⁴ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *atrántecas* e *nas* no canto de **atránticas** e **n-as**.

²⁰²⁵ En *Céltiga* aparece *cal* e en *A Fouce* temos *câl* no canto de **câl**. Ademais, en *Céltiga* aparece *ô* e en *A Fouce* temos *ó* no canto de **ao**.

²⁰²⁶ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *Ché* no canto de **CHÉ**. Ademais, en *Céltiga* aparece *â* e en *A Fouce* temos *á* no canto de **a**.

e François da Revolta (un bretón moi galán) —,²⁰²⁸
cada un, na súa fala, as históreas contaron²⁰²⁹
desque ¡fai moito tempo! os seus lares deixaron...²⁰³⁰

25 Soio fica dos catro, sin beber nin falar,
un bô fillo de LAXE que navega no «LAR»;²⁰³¹
mais, ao rogo de CEIBE, por quen sinte outro achego,²⁰³²
conta CHUCO DA DORNA, no linguaxe galego,²⁰³³
súa histórea arriscada, doce, tráxica e forte,²⁰³⁴
30 que, inquadados, escuitan os tres lobos do Norte.

—Eu non son mariñeiro que tan sô rolóu mar.²⁰³⁵
Fún peixeiro de vara, e salín a peixar²⁰³⁶
pol-a COSTA DA MORTE, e, tamén, se â man viña,²⁰³⁷
ía ao xeito e aos rascos, ao palangre, â traíña...²⁰³⁸

«Che». *Cfr.* Nota da edición no verso 1 deste mesmo poema.

²⁰²⁷ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos guións no canto da paréntese.

²⁰²⁸ *Ibidem.* Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *o* no canto de *e*.

Nota da edición: William Ceibe, Otto Brétema e François da Revolta. Alcume ficionais de mariñeiros de Irlanda, Alemaña e a Bretaña..

²⁰²⁹ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *sua* e *estóreas* no canto de **súa** e **históreas**.

²⁰³⁰ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *muíto* no canto de **moito**. Ademais, nas dúas versións anteriores prescinde dos signos de admiración, porén están da súa man na copia enviada a Filgueira para a *Escolma*.

²⁰³¹ En *A Fouce* aparece *bó* no canto de **bô**.

«Lar». *Cfr.* Nota da edición no verso 9 deste mesmo poema.

²⁰³² En *Céltiga* aparece *ô* e en *A Fouce* temos *ó* no canto de **ao**. Ademais, en *Céltiga* e en *A Fouce* temos *Ceibe* no canto de **CEIBE** e *quén* no canto de **quen**.

Ceibe > William Ceibe. *Cfr.* Nota da edición no verso 21 deste mesmo poema.

²⁰³³ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *Chuco da Dorna* no canto de **CHUCO DA DORNA**.

Nota da edición: «Chuco da Dorna». Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor. *Cfr.* Nota do Autor no verso final desta mesma composición.

²⁰³⁴ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *estórea* no canto de **histórea**. Ademais, en *Céltiga* aparece *sua* no canto de **súa**.

²⁰³⁵ En *A Fouce* aparece *só relóu* no canto de **sô rolóu**.

²⁰³⁶ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *Fun* no canto de **Fún**, como sucede no verso 47.

²⁰³⁷ En *A Fouce* aparece *â* no canto de **â**.

35 Dínme teima cós homes —¡rapaciño moi novo!—,²⁰³⁹
 pra axeital-os tramallos e facer un estrobo,
 atesar unha escota, manexar o timón,
 ¡e, na parte peixada, levantéi un quiñón!²⁰⁴⁰

Tamén soupen —¡fai tempo!— tripulal-a buceta
 40 que salvóu do naufraxo a unha esguía goleta²⁰⁴¹
 que, â deriva, n-os baixos do RONCUDO, pidía²⁰⁴²
 a tirasen das poutas da ferós maresía,
 e, ao lebral-a, parésme que ouzo o fero balbordo²⁰⁴³
 mesturado cos berros que ceibaban d-abordo!²⁰⁴⁴

45 Outras veces —duaísmo no peixeiro galego,²⁰⁴⁵
 qu-é no mar un rebalo, e na terra un labrego—,²⁰⁴⁶
 fún sachal-as patacas, derregar os herbales,²⁰⁴⁷
 facer monllos de millo, seitur-al-os toxales,
 aganchar pol-os pinos pra coutar vellas pólas
 50 e tirarlle, de paso, as douradas carolas
 pra faguer no santóreo da Lareira bô lume,²⁰⁴⁸

Costa da Morte. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **A renda do mar [40]**.

²⁰³⁸ Por gralla de imprenta, en *Céltiga* aparece *la ê xeito* no canto de **ía ao xeito**. Ademais, aparece *ó* no canto de **ao**. En *A Fouce* temos *ía ó xeito e ós rascos, ó palangra, á traíña...* neste verso.

²⁰³⁹ En *Céltiga* aparece *têmia c-os* e en *A Fouce* temos *téma c-os* no canto de **teima cós**.

²⁰⁴⁰ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *lovantéi* no canto de **levantéi**. Ademais, en ambas sen o inicial signo de admiración.

²⁰⁴¹ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *unha* no canto de **a unha**.

²⁰⁴² En *A Fouce* aparece *á* no canto de **â**.

O Roncudo. *Cfr.* Nota da edición no verso 1042 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁰⁴³ En *Céltiga* aparece *ô* e en *A Fouce* temos *ó* no canto de **ao**.

²⁰⁴⁴ En *Céltiga* temos *c-os* e *a bordo* no canto de **cos** e **d-abordo**. En *A Fouce* aparece sen signo final de admiración.

²⁰⁴⁵ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *vezes* no canto de **vecés**.

²⁰⁴⁶ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *que é* no canto de **qu-é**.

²⁰⁴⁷ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *ervales* no canto de **herbales**.

en laudanza do caldo feito â nosa costume;²⁰⁴⁹
e, seascaso, no vran, trasnoitéi no moiño²⁰⁵⁰
—n-esas nutes galegas n-as que tece albo liño²⁰⁵¹

55 o luar meiguicento no tear das silveiras,
que sospiran os pinos, que se rín as regueiras—,
vêndo os grans ir caendo no furado da moa²⁰⁵²
e trocarse en fariña pra facer Pan de Broa!²⁰⁵³

...O demáis, xa o sabedes: Rodamar... ¡rodamar!...²⁰⁵⁴

60 alonxado da terra onde quenta o meu lar
â velliña que agarda, que relembra e que chora²⁰⁵⁵
ao seu fillo, que sôfre a suidade nestora,²⁰⁵⁶
e que sinte deixarvos, porque pensa que a sorte...²⁰⁵⁷
¡poida ser lle sorría pol-a Costa da Morte!...²⁰⁵⁸

65 William Ceibe, Otto Brétema (irlandés e alemán),²⁰⁵⁹
e François da Revolta (un bretón moi galán)²⁰⁶⁰

²⁰⁴⁸ En *A Fouce* aparece *bó* no canto de **bô**.

²⁰⁴⁹ En *A Fouce* aparece *á* no canto de **â**. Ademais, en *A Fouce* aparecen intercambiados este verso e o anterior, algo que xa corrixe o autor na copia que lle foi enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

²⁰⁵⁰ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *muíño* no canto de **moiño**.

²⁰⁵¹ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *noites* e *nas* no canto de **nutes** e **n-as**.

²⁰⁵² Na edición do libro aparece *vendo* e en *A Fouce* temos *vêndo* no canto de **vêndo**. Ademais, en *Céltiga* aparece *ôs* e en *A Fouce* temos *ós* no canto de **os**. Por último, en *Céltiga* aparece *ír* no canto de **ir**.

²⁰⁵³ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *fariña* no canto de **en fariña**.

²⁰⁵⁴ En *A Fouce* aparece *Rolamar... ¡rolamar!...* no canto de **Rodamar... ¡rodamar!...**

²⁰⁵⁵ En *A Fouce* aparece *á* no canto de **â**.

²⁰⁵⁶ En *Céltiga* aparece *ô* e en *A Fouce* temos *ó* no canto de **ao**. Na edición do libro aparece *sofre* e en *A Fouce* temos *sôfre* no canto de **sôfre**. Ademais, en *Céltiga* aparece *quén* no canto de **que**.

²⁰⁵⁷ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos *sínte* no canto de **sinte**.

²⁰⁵⁸ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos «Costa da Morte» entre aspas.

Costa da Morte. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **A renda do mar** [40].

tremecentes, saudosos, adiantaron os brazos,
e, de roiba cerveza coguladol-os vasos,
—¡Por Galiza!— escramaron, coma arela d-un prego—,
70 ¡e por CHUCO DA DORNA, mariñeiro galego!...²⁰⁶¹

²⁰⁵⁹ En *Céltiga* e en *A Fouce* temos guións no canto da paréntese.

²⁰⁶⁰ *Ibidem*. Ademais, por gralla de imprenta, na edición do libro temos *o* no canto de *e*.

William Ceibe, Otto Brétema e François da Revolta. *Cfr.* Nota da edición no verso 21 deste mesmo poema.

²⁰⁶¹ NOTA DO AUTOR: «ACRARANDO: Como a creazón do persoaxe «Chuco da Dorna» foi feita por min, dantes da data posta preladadamente, ao cabo de cuáseque tres anos despóis, aparecío na revista *Estampa*, de Madrí, no eisemprar N° 116 da mesma, 1° de Avril de 1930, «outro» Chuco da Dorna. Pol-as dúbidas, sin entrar no análise, deixo a costanza da prioridade do nome do persoaxe, pensando que ninguén se alporice contra unha verdade axiomática, por canto, este meu traballo, aparescéu no N° 62 a revista *Céltiga*, de Bôs Aires, no mes de Xulio de 1927».

[54]

MARISMA²⁰⁶²

BIGARROS e volutas, estrombos, caracolas,²⁰⁶³
deixaron as mareas, cantando barcarolas,
pra que os nenínos pescos memoren nos seus cantos
as grorias de Galiza; apóstoles e santos,²⁰⁶⁴
5 mêttrales e labregos, poetas e peixeiros,²⁰⁶⁵
i-esgrevos homes sabios, de povos pecoreiros;
emperadors e nautas, domeando ao Vello Mundo,²⁰⁶⁶
n-un refacer constante, intrépido e fecundo,²⁰⁶⁷

²⁰⁶²

Métrica

6 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF.

Edicións anteriores

Mundo Gallego, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 1, outubro de 1951.

Variantes e comentarios

En *Mundo Gallego* aparece incluído no díptico intitulado **Frisos Galegos**, xunto co poema **Redes no mar**. [Cfr.] Ademais, aparece coa seguinte indicación: *Do libro “A Roseira da Soidade”, prósimo a publicarse*.

Posteriormente, foi reproducido en Finisterre, A. [Dir.], *Poesía gallega contemporánea*, México, Ecuador 0º 0’ 0” Revista de Poesía Universal, ¿1959?, páx 380-381. E tamén por Fernández del Riego, Francisco (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 56. E tamén polo mesmo Fernández del Riego, Francisco (1976). *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo. Galaxia. 274. Ambos editores modernizan o texto e mesmo cometen algún pequeno erro na súa translación. Fernández del Riego engade en nota a rodapé: «De *A roseira da soidade*, como todos os restantes», referíndose aos poemas **O final inmorrente** [sic], **Sachadoras** e **Trincado**.

Novamente é reproducido en VV. AA. (1989). “Antón Zapata García”. *Gran Enciclopedia Galega. Escolma da Literatura Galega, Poesía II*. Xixón. Silverio Cañada. 148-149. Neste caso os editores tamén modernizan o texto e engaden unha breve biobibliografía con erros importantes.

²⁰⁶³ En *Mundo Gallego* en maiúscula só a letra inicial.

²⁰⁶⁴ En *Mundo Gallego* aparece GALIZA no canto de Galiza.

²⁰⁶⁵ Na edición do libro e en *Mundo Gallego* temos *mestrales* no canto de **mêttrales**.

deixando un herdo imenso: óureos ronsels de gloria
10 que aluman, resprandentes, as páxinas da Historia.

¡Que seu cantar fraterno, na Nosa Santa Terra,
a pas do mundo acrame no Facho de Fisterra!...²⁰⁶⁸

²⁰⁶⁶ **Nota da edición:** Vello Mundo. Denominación que reciben as partes da Terra que xa eran coñecidas polos europeos antes das descubertas de Cristóbal Colón: Europa, Asia, África e as illas circundantes. Creouse por oposición a Novo Mundo, que designaba as Américas.

²⁰⁶⁷ En *Mundo Gallego* aparece *nun* no canto de **n-un**.

²⁰⁶⁸ En *Mundo Gallego* aparece *Pas* no canto de **pas**.

Nota da edición: Facho de Fisterra. «No cume deste promontorio (de Fisterra) hai unha torre ou como se di fanal, que na súa lingua é Farola e está feita para prender lume no alto dela. Está aquí porque, de tódalas nacións que navegan polo Océano, veñan de setentrión ou de poñente, de levante ou de mediodía, todos pasan a coñecer este cabo ou promontorio e moitas veces desembarcan a terra...» (D. Laffi. (1673). *Viaggio in Ponente*. Bologna). Cfr. Lema Suárez e Vilar Álvarez [2001: 72], ao analizaren o nome do monte Facho (241 m.), o lugar máis alto do cabo Fisterra, traducen o texto de Domenico Laffi.

[55]

REDES NO MAR²⁰⁶⁹

CÔS rosarios de corchos nas mans, pregan as ondas²⁰⁷⁰
profundos Padrenosos e Deus te salves fondas,²⁰⁷¹
pra que nas mouras redes a boa sorte deixe²⁰⁷²
tesouros multicôres de buligante peixe
5 que se ha trocar no porto, antre cordial legría,
en branco pan pra a mesa como o da Eucaristía.²⁰⁷³

As ondas son irmáns dos arriscados pescos
que xogan súas vidas pol-os pescados frescos;
por el-o que os axudan —garridas pecoreiras—

²⁰⁶⁹

Métrica

7 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF GG..

Edicións anteriores

Mundo Gallego, Revista de Galicia en América, Bos Aires, nº 1, outubro de 1951.

Variantes e comentarios

En *Mundo Gallego* aparece incluído no díptico intitulado **Frisos Galegos**, xunto co poema **Marisma**. [Cfr.] Ademais, aparece coa seguinte indicación: *Do libro* “A Roseira da Soidade”, *próximo a publicarse*.

Foi reproducido por Fernández del Riego, Francisco (1955). *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*. Vigo. Galaxia. 55-56.

²⁰⁷⁰ En *Mundo Gallego* en maiúscula só a letra inicial.

²⁰⁷¹ En *Mundo Gallego* aparece “Padrenosos” e “Deus te salves” no canto de **Padrenosos e Deus te salves**. **Nota da edición:** Padrenosos > O Noso Pai (tamén coñecido pola forma latina *Pater Noster*) é a oración máis coñecida do cristianismo. Atópase en Mateo 6, 9-13, onde aparece como parte do Sermón da Montaña, que conta como Ila deu Xesús aos apóstolos despois que estes lle pediran que lles aprendera a orar.

Deus te salves > Deus te salve. *Cfr.* Nota da edición no verso 1455 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁰⁷² En *Mundo Gallego* aparece *pardas* no canto de **mouras**. Esta opción foi corrixiada da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

10 levando cara aos xeitos, tarrafas e traiñeiras,
os bramos e tinturas de xardas e sardiñas
como bandadas mestas de pombas e anduriñas
con que han de encherse logo as tinas e lagares...
¡ao par das rebenidas que se asan nos fogares!...

²⁰⁷³ En *Mundo Gallego* aparece *pr-á* no canto de **pra a**.
Eucaristía. *Cfr.* Nota da edición no verso 162 do poema **Loubanza ao grau de millo** [38].

[56]

AO MARCHAL-OS BARCOS²⁰⁷⁴

(CANTIGA)

PRA as bagullas que verten os ollos²⁰⁷⁵

ao marchal-os barcos;²⁰⁷⁶

pra os adeuses tristes que saen²⁰⁷⁷

envoltos en laios;²⁰⁷⁸

5 pra o fondoso linguaxe de aqueles²⁰⁷⁹

que axitan os panos...²⁰⁸⁰

¡ai, ña nai, quén tivera o consolo

pra ben consolal-os!...

²⁰⁷⁴

Métrica

6 coplas de pé quebrado, 10, 6, 10, 6, con esquema rimático (-a-a). Teñen rima en a-o e aparecen agrupadas en tres series de dúas. Cada serie vai seguida dunha copla en pentasílabos (-a-a), con rima aguda en á.

Edicións anteriores

Centro Social Betanzos, Bos Aires, 1936.

Variantes e comentarios

En *Centro Social Betanzos* intitúlase **Ô marchar os barcos**, malia no segundo verso dicir *ô marchal-os barcos*. Ademais, nesta versión non se publican as tres coplas en pentasílabos e vai precedida do debuxo dunhas gaiotas no mar, sen asinar.

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde intitúlase **Ô marchar os barcos** e indica debaixo do título: «Inédito».

²⁰⁷⁵ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece *Pr-âs vagullas* no canto de **PRA as bagullas**.

²⁰⁷⁶ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece *ô* no canto de **ao**.

²⁰⁷⁷ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece *pr-ôs* no canto de **pra os**.

²⁰⁷⁸ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* temos *dos trementes lábeos* neste verso.

Marchan os barcos,
10 e, n-eles, vãn
miñas soidades
pra o meigo lar.

Pra as angurias de aqueles que sofren²⁰⁸¹
côs beizos pechados,²⁰⁸²
15 por non têr valemto na ausenza²⁰⁸³
dos seus eidos patrios,²⁰⁸⁴
e que envexan âs brancas gaivotas
que seguen aos barcos...²⁰⁸⁵
¡quén me dera têr grandes tesouros²⁰⁸⁶
20 pra ben axudal-os!...

Como as gaivotas,
côs barcos vãn
miñas saudades
encol do mar.²⁰⁸⁷

²⁰⁷⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* temos *pr-ôs fondosos adeuses d-aqueles* neste verso.

²⁰⁸⁰ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece , no canto de ...

²⁰⁸¹ En *Centro Social Betanzos* aparece *Pr-âs angurias d-aqueles* no canto de **Pra as angurias de aqueles**.

²⁰⁸² En *Centro Social Betanzos* aparece *c-ôs* no canto de **côs**.

²⁰⁸³ En *Centro Social Betanzos* aparece *valimento n-auséncea* no canto de **valemto na ausenza**.

²⁰⁸⁴ En *Centro Social Betanzos* aparece *lares* no canto de **eidos**.

²⁰⁸⁵ En *Centro Social Betanzos* aparece *ôs* no canto de **aos**. Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *bracos* no canto de **barcos**.

²⁰⁸⁶ En *Centro Social Betanzos* aparece *miles* no canto de **grandes**.



25 Mais, xa cando moi lonxe..., ¡moi lonxe!,²⁰⁸⁸
 albíscanse os barcos,²⁰⁸⁹
 e folerpas de neve semellan
 gaiivotas e panos,²⁰⁹⁰
 que revoan, querendo decirnos:²⁰⁹¹

30 —¡Adéus, bôs irmaos!—,
 eu, no porto, tamén fico triste,²⁰⁹²
 soidoso, chorando...²⁰⁹³

 ¡Fóronse os barcos
 pra o Noso Chan,
35 e o pensamento
 con eles vái!...

²⁰⁸⁷ No inédito enviado a Filgueira desaparece esta estrofa, substituída por unha máis longa:

*Pr-âs angurias d-aqueles que sofren
c-ôs beizos pechados,
por non têr valimento n-auséncia
dos seus lares patrios,
e que envexan âs brancas gaiivotas
que seguen ôs barcos.
¡quén me dera têr miles tesouros
Para ben axudal-os!*

²⁰⁸⁸ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece ¡lonxísmo! no canto de **¡moi lonxe!**.

²⁰⁸⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *albíscanse* no canto de **albíscanse**.

²⁰⁹⁰ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* non aparece a coma final.

²⁰⁹¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *dicirnos* no canto de **decirnos**.

²⁰⁹² No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece *muelle* no canto de **porto** e un signo de admiración inicial.

²⁰⁹³ No inédito enviado a Filgueira e en *Centro Social Betanzos* aparece un signo final de admiración e remata aquí o poema.

[57]

MARIÑA DE PRIMAVERA²⁰⁹⁴

O MESMO que xermola,²⁰⁹⁵
abrocha e s-enflorece
todo canto a labrega primaveira
—agarimante e tola,²⁰⁹⁶
5 risoña e feiticeira—,
na súa roca fía²⁰⁹⁷
ou con miles grinaldas entretece,²⁰⁹⁸
dándolle alento e arume²⁰⁹⁹
e xogoral legría
10 —no val, no monte, no agro e na pradeira—,
ao devalar a fola²¹⁰⁰
—coma en touzal d-estrume,

²⁰⁹⁴

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos con rimas consonantes.

Variantes e comentarios

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde intitúlase **Estampa de primaveira** e indica debaixo do título: «Inédito». Ademais leva a seguinte dedicatoria «A Xosé Filgueira Valverde, / con fundosa gratitú, o aitor» [sinatura]. E despois da rúbrica, engade «Bôs Ars, Sant-iago de 1936».

²⁰⁹⁵ No inédito enviado a Filgueira e na edición do libro aparece en maiúscula só a primeira palabra.

²⁰⁹⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece “*como a meniña tola*” no canto de **agarimante e tola**, ademais de desaparecer o seguinte verso.

²⁰⁹⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *tece* no canto de **fía**.

²⁰⁹⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *miles de grinaldas* no canto de **miles grinaldas**.

²⁰⁹⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *alento, arume* no canto de **alento e arume**, ademais de desaparecer o seguinte verso.

²¹⁰⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

ou nos matos e fragas o conexo,
 e, nos agros, a espiga e a cebola—,
 15 a deusa mariñeira
 que mora en Bergantiños pé de Xallas,²¹⁰¹
 ao recoller a veste²¹⁰²
 de anacrexadas mallas
 e cunchas de côr cêste
 20 que rebrilan e soan d-alborozo
 cô bico do sol mozo,²¹⁰³
 con proteitor desexo
 dóu volta â faltriqueira:
 ¡Óllanse antre os algazos, a centola,²¹⁰⁴
 25 o lobrigante, a nécora, o cangrexo,
 o mexillón, a ostra e a vieira!

Xoguetes pequeniños
 —de mil xeitos, diviños—,
 que, ao baixar as mareas,²¹⁰⁵
 30 deixaron esquecidos pol-as pozas,

²¹⁰¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *moura* e *pê* no canto de **mora** e **pé**, ademais despois de *Bergantiños* unha coma.

Bergantiños. *Cfr.* Nota da edición no verso 41 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

Nota da edición: Xallas. Comarca coruñesa do interior formada polos concellos de Mazaricos e Santa Comba, que é a súa capital, moi vencellada ás de Bergantiños, Soneira e Fisterra. O seu nome provén de se atopar á beira do río Xallas.

²¹⁰² No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

²¹⁰³ No inédito enviado a Filgueira aparece *c-ô* no canto de **cô**.

²¹⁰⁴ Na edición do libro temos *Ollanse* no canto de **Óllanse**, porque era norma non acentuar maiúsculas. No inédito enviado a Filgueira aparece unha coma despois de *Óllanse*.

nas laxes, nas areas
i-en miles de currunchos²¹⁰⁶
os fillos das sireas
—margaridas, peneiras e corniños;
35 patelas, pieites, fóllades e cunchos,²¹⁰⁷
caparuchos, corozas—...,
rebrilan os seus naces multicôres
e brancos de azuceas
como no campo as frores
40 e as meixelas rosals das boas mozas.

Dediante do trüeiro,²¹⁰⁸
o gueldo, contra a area
—como vivente neve que camiña,
ou mal munda fariña²¹⁰⁹
45 de trigo de candea—,
chama ao muxo poteiro²¹¹⁰
que, preto d-él, corsea
câl xílgaro que ronda nas nabiñas...
Pol-as pedras limosas e arneiradas,
50 vênse pilóns e medas d-escorreadas,²¹¹¹

²¹⁰⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

²¹⁰⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *corrunchos* no canto de **currunchos**.

²¹⁰⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *fólladas* no canto de **fóllades**.

²¹⁰⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *trueiro* no canto de **trüeiro**.

²¹⁰⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *non* no canto de **mal**.

- de trapos e de bochos,
 nos que bulen parrulos e galiñas,
 cans, rapaces e cochos...
- Peixadores de vara, pol-as postas
- 55 —rexos heróis nos plintos—,
 peixan âs maragotas, cabras, pintos...,²¹¹²
 mentras, outros, subían âs barbadas,
 e, por enriba âs tostas,
 as derradeiras lanchas vãn botadas.²¹¹³
- 60 Chirran na fesga os lorchos,
 as limas e sapeñas,
 e, das redes os corchos,²¹¹⁴
 pol-a tona das ondas, fânse señas...²¹¹⁵
- Pol-o peirao e praias,
- 65 arremangados, grandes e pequechos²¹¹⁶
 —órfol-os pés de zocos²¹¹⁷
 antre as mariñas sebes,
 e, hastr-ôs xoellos, pantalóns e sayas—,
 recollen mixillóns e berberechos,
- 70 ourizos e percebes.²¹¹⁸

²¹¹⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

²¹¹¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *vênse e mandos* no canto de **vênse e medas**.

²¹¹² No inédito enviado a Filgueira aparece *as* no canto de **âs**.

²¹¹³ No inédito enviado a Filgueira aparece *van* no canto de **vãn**.

²¹¹⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *e, das redes, os corchos* no canto de **e, os rosáreos de corchos**.

²¹¹⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *folas* no canto de **ondas**.

²¹¹⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *grande* no canto de **grandes**. Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *pequeños* no canto de **pequechos**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

²¹¹⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *pês* no canto de **pés**, ademais de desaparecer o verso seguinte.

Asustadol-os crocos
da buligante xente
que aos longueiróns rebusca,²¹¹⁹
câl barbiquíns, na praia fan furocos,²¹²⁰
75 aluburadamente;²¹²¹
i-escapando ao tridente²¹²²
que, baixo o sol corusca,
as sollas e os linguados,
non corren: ¡vân voidados!...²¹²³

80 Gaivotas e pardelas
—xa lonxe da invernía que as bourara
e a non sair da costa as condeara,²¹²⁴
igoal que as lanchas, botes e gamelas—,²¹²⁵
sinalan o saltido e a tintura
85 de xogorals sardiñas²¹²⁶
que arriban de mar fora,
acompañados sempre de albacora²¹²⁷

²¹¹⁸ No inédito enviado a Filgueira desaparece tamén este verso.

²¹¹⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *ôs* no canto de **aos**.

²¹²⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece unha coma despois de *praia*.

²¹²¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *abuburadamente* no canto de **aluburadamente**.

²¹²² No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

²¹²³ No inédito enviado a Filgueira aparece *van* no canto de **vân**.

²¹²⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *condanara* no canto de **condeara**. Por gralla de imprenta, que corriximos, na edición do libro aparece *condera* no canto de **condeara**.

²¹²⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *âs* no canto de **as**. Por gralla de imprenta, que corriximos, na edición do libro aparece *boten* no canto de **botes**.

²¹²⁶ Por gralla de imprenta, que corriximos, na edición do libro aparece *xogerals* no canto de **xogorals**.

²¹²⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *da* no canto de **de**.

e píllaras mariñas.

E, dende a outura

90 —tamén anunzatrís, como as gaivotas—,

o rei dos avesíos,²¹²⁸

das ondas máis remotas

e célticos navíos

—cal destemido, tráxico miñado—,²¹²⁹

95 o maxestal mascato,

pol-a amplidá serea,

voa e pranea

e peixe se procura:

Revirándose —impronto—, os aires fura,²¹³⁰

100 e, a modo que descende,

en xeitos verticaes,

as azas arrandea

e, ao se cravar nas ágoas —que arponea,²¹³¹

escacha e fende—,

105 ¡choutan nos ars mil doas de cristaes!...

Coa virazón levián da mañán morna²¹³²

—a buceta, a trainera e mail-a dorna—,

²¹²⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *avecíos* no canto de **avesíos**.

²¹²⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *câl imponente, férido aiostato* no canto de **cal destemido, tráxico miñado**.

²¹³⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *lóstrego* no canto de **impronto**.

²¹³¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

os velamios levantan²¹³³
 cãl follas de cuitelo
 110 ou pieites de marfiño²¹³⁴
 que van coutando a brisa
 ou pieitando o cabelo²¹³⁵
 das foulas, que, mainiño,
 encrénchanse no mar de fror de liño,
 115 semellando que cantan
 ou que ll-entróu a risa.
 E as ben tesas escotas
 —nas cabillas, roldanas e toletes—,
 vãn afiñando as notas²¹³⁶
 120 d-un mariño ronsel,
 que fânlle o retorno²¹³⁷
 as tillas, os panels e cobichetes...

Diante do limpo espello
 das augas de turquesa, que dan gozo,
 125 e invitan â colleita do aparello
 e canto ben oferda a Primaveira
 aos fillos da riveira,²¹³⁸

²¹³² No inédito enviado a Filgueira aparece *Co-a* no canto de **Coa**.

²¹³³ No inédito enviado a Filgueira aparece *lovantan* no canto de **levantan**.

²¹³⁴ No inédito enviado a Filgueira tamén desaparece este verso.

²¹³⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *tallando* no canto de **pieitando**.

²¹³⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *van* no canto de **vãn**.

xurde a loubanza forte

—de gratitude escrava—,

130 dende o Sul hastr-ô Norte:

¡Salve, deusa do mar da Costa Brava!...²¹³⁹

²¹³⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece unha coma despois de *que* e a outra a final de verso.

²¹³⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *ôs* no canto de **aos**.

²¹³⁹ Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba»** [27].

[58]

MARIÑA DE VRAN²¹⁴⁰

DEITÓUSE o mar, molido, sonolento,²¹⁴¹

por enriba das pedras do peirao,

coma un iñorme pulpo verdenoso,²¹⁴²

estricando

5 —solermo e calmareiro—²¹⁴³

os longos raxos

pol-os hirtos baixíos,²¹⁴⁴

pol-os negros furados,

pol-as fechancas fondas,²¹⁴⁵

10 pol-os carreiros bravos,

n-as medoñentas furnas²¹⁴⁶

²¹⁴⁰

Métrica

Romance polimétrico, con versos de arte menor e de arte maior, de diferentes medidas, mais con predominio de heptasílabos e hendecasílabos. Con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-o.

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 290, marzo de 1937.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dunha fotografía sen asinar (aínda que ben puidera ser do fotógrafo Vidal) de Laxe, co pé de foto «LAGE. Vista parcial» e indica (Pr-â revista GALICIA).

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde intitúlase **Estampa de vran** e indica debaixo do título: «Inédito».

²¹⁴¹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico. No inédito enviado a Filgueira aparece *soñolento* no canto de **sonolento**.

²¹⁴² No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *inmenso* no canto de **iñorme**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

²¹⁴³ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece unha coma no final neste verso.

²¹⁴⁴ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *irtos baixíos* no canto de **hirtos baixíos**.

e n-os praias albos...²¹⁴⁷

Como rube a marea, manseliña,²¹⁴⁸

pouquiño a pouco, maino,

15 a cenefa das ondas preguizosas

vái avantando...²¹⁴⁹

As gaivotas —pousadas pol-a ría,²¹⁵⁰

esponxan o prumaxe,²¹⁵¹

deixándose, ao rolance,²¹⁵²

20 levar sin ningún azo...

Os mixillóns xa se abren, coa frescura;²¹⁵³

reviven os algazos;

caramuxas e lapas, xa se moven,

as casiñas ao lombo carrexando,²¹⁵⁴

25 semellantes às chouzas do Cebreiro,²¹⁵⁵

de circular tellado.

²¹⁴⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *fochancas* no canto de **fechancas**.

²¹⁴⁶ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *nas* no canto de **n-as**.

²¹⁴⁷ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *nos* no canto de **n-os**.

²¹⁴⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *manseniña* no canto de **manseliña**.

²¹⁴⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *vai* no canto de **vái**.

²¹⁵⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *Al* no canto de **As**, por evidente gralla.

²¹⁵¹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *prumaxo* no canto de **prumaxe**.

²¹⁵² No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *ô* no canto de **ao**.

²¹⁵³ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *co-a* no canto de **coa**.

²¹⁵⁴ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *ô* no canto de **ao** e con comas no interior.

²¹⁵⁵ **Nota da edición:** O Cebreiro. Aldea que pertence ao concello de Pedrafita do Cebreiro, na parte oriental da provincia de Lugo. Desde a Idade Media é unha porta de acceso dos peregrinos a Santiago de Compostela. Conserva aínda varias pallozas, construcións circulares de orixe prerromana e de estilo popular que tamén se localizan nos Ancares, no oeste asturiano e no noroeste leonés, con características propias de cada zona. Daquela as *chouzas* que cita Zapata son estas ‘pallozas’.

Contr-âs casas, as ondas, namoradas,
 orzan un pouquichiño os lenes brazos,
 e dan, contra os cimentos, rebilliscos,
 30 côs dedos aziuados;²¹⁵⁶
 coas meixelas, söaves, garimosas,²¹⁵⁷
 as pedras cariñando,
 bicándoas, amodiño, afervoadas,²¹⁵⁸
 côs seus beizos salgados,²¹⁵⁹
 35 e, n-os meiguentos ollos de turquesa,²¹⁶⁰
 refrexando
 a vila dos Martelos e Moscosos,²¹⁶¹
 dos Laras, dos Pondales e dos Castros...²¹⁶²

 Pol-a tona da i-auga ensailñada,²¹⁶³
 40 os muxos, aboiados,
 removen as aletas quedamente
 e dan un pouco ao rabo,²¹⁶⁴
 sin têrlle conta âs betas,

²¹⁵⁶ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* temos *c-ôds* e *azuados* no canto de **côs** e **aziuados**.

²¹⁵⁷ No texto enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *co-as* no canto de **coas**, ademais no inédito enviado a Filgueira aparece *soaves* no canto de **söaves**.

²¹⁵⁸ Na edición do libro non aparece a primeira das comas.

²¹⁵⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *c-ôds* no canto de **côs**.

²¹⁶⁰ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *nos* no canto de **n-os**.

²¹⁶¹ Martelos e Moscosos. *Cfr.* Nota da edición no verso 177 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²¹⁶² Laras. *Cfr.* Nota da edición no verso 190 do poema **A Crus da Rosa [30]**.
 Pondales. *Cfr.* Nota da edición no verso 189 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

Castros. *Cfr.* Nota da edición no verso 183 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²¹⁶³ En *Galicia* aparece *ensailñada* entre comas.

²¹⁶⁴ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *ô* no canto de **ao**.

boliches e tramallos...

45 Os pescos, os máis, dormen
abordo, ou ao reparo²¹⁶⁵
do roxo sol qu-escacha²¹⁶⁶
coma un ourizo posto no rescaldo...²¹⁶⁷

As lanchas, tamén dormen fonda siesta,
50 ensoñando
coas gaivotas, cós aros e pardelas,²¹⁶⁸
coas piras e mascatos,²¹⁶⁹
coas tinturas e ardoras,²¹⁷⁰
saltidos e areallos...
55 ¡e tel-os fondos píos²¹⁷¹
de peixe acogulados!...²¹⁷²

Imaxe da preguiza²¹⁷³
do requeimante vrao
—tamén durmindo un sono,
60 coma un parrulo pardo—,
a lancha de «Nugallas» —que, ao sol, dorme—,²¹⁷⁴

²¹⁶⁵ *Ibidem.*

²¹⁶⁶ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *q-escacha* no canto de **qu-escacha**.

²¹⁶⁷ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *como* no canto de **coma**.

²¹⁶⁸ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* temos *co-as* no canto de **coas** e *c-ôs* no canto de **côs**.

²¹⁶⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *co-as* no canto de **coas**.

²¹⁷⁰ *Ibidem.*

²¹⁷¹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *píos cheos* no canto de **fondos píos**.

vái pol-o mar abaixo...²¹⁷⁵

¡e nadia lle asubía,²¹⁷⁶

nin nadia vái buscal-os!²¹⁷⁷

65

Nadia dixera, nadia,

que o rexo mar dos ártabros²¹⁷⁸

—agora tan bondoso, tan tranquíu,²¹⁷⁹

tan ido, tan sin azo,

que nin sinte as apretas

70

nin os bicos salgados

das ondas que namoran²¹⁸⁰

cô seu sinxel falar bergantiño—,²¹⁸¹

¡é, no outón, coma un poldro,

e, no inverno, un cabalo

75

que tira cós petriles²¹⁸²

e métese nas casas coma un amo!...²¹⁸³

²¹⁷² No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *das salazóns d-antano!*... neste verso.

²¹⁷³ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *Imaxen* no canto de **Imaxe**.

²¹⁷⁴ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *do «NUGALLAS»* no canto de **de «Nugallas»** e *ô* no canto de **ao**. Ademais no inédito enviado a Filgueira temos *dorna* no canto de **lancha**.

Nota da edición: «Nugallas». Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

²¹⁷⁵ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *vai* no canto de **vái**.

²¹⁷⁶ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *ll-asubía* no canto de **lle asubía**.

²¹⁷⁷ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *vai* no canto de **vái** e con puntos suspensivos finais.

²¹⁷⁸ Ártabros. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

²¹⁷⁹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *sedoso* no canto de **bondoso**.

²¹⁸⁰ No inédito enviado a Filgueira o poeta anota a man un pronome *que o namoran*.

²¹⁸¹ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *c-ô* no canto de **cô**. Ademais, no inédito enviado a Filgueira o poeta anota a man que *sinxel* debería ir despois de *falar*.

²¹⁸² No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *c-ôs* no canto de **côs**.

²¹⁸³ No inédito enviado a Filgueira e en *Galicia* aparece *como* no canto de **coma**.

[59]

MARIÑA DE OUTÓN²¹⁸⁴

AS nubens —tear da chuvia—²¹⁸⁵

prenden na terra os seus fíos,

e, pol-o ar —lanzadeira—,²¹⁸⁶

atravesa un estornillo.

5 Rosma o vento pol-as rúas

coma un can adobecido,

oubea pol-os tellados,

bate portas, racha vidros...

Sen medo da molladura,

10 car-ô mar, vai, amodiño,

unha ringla de parrulos

²¹⁸⁴

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en i-o.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 71, 10 de decembro de 1927.

Variantes e comentarios

En *Céltiga* intitúlase **Mariña D-Outón** e leva a seguinte dedicatoria: «A Edoardo Blanco Amor, / ultraverbamente». Ademais vai asinado coa reprodución autógrafa A. Zapata García e indica (Pra CELTIGA).

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936, na que engade ao remate despois da rúbrica «10 de Decembro, 1927. «Céltiga», nº 71.-»

²¹⁸⁵ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* en maiúscula só a letra inicial.

parpalleiros e trenquíos.²¹⁸⁷

Arrastro, na lama envolto,²¹⁸⁸

salouca un rego cô frío,²¹⁸⁹

15 pois a nai, probe fontela,²¹⁹⁰

mandóuno a coller mariscos.²¹⁹¹

Ollando ao mar verdescuro,²¹⁹²

—na roupa de auga afundido—,²¹⁹³

un peixeiro anoda o sueste

20 que ll-entróu hastra o fociño.²¹⁹⁴

Côs imbornaes chorosos²¹⁹⁵

pol-o que chove e chovío,

no ancoiral as lanchas bailan

o malfadado San Vito...²¹⁹⁶

²¹⁸⁶ En *Céltiga* aparece a coma antes dos guións.

²¹⁸⁷ No texto enviado a Filgueira aparece *tranquíos* no canto de **trenquíos**.

²¹⁸⁸ En *Céltiga* aparece *Arrastre* no canto de **Arrastro**.

²¹⁸⁹ No texto enviado a Filgueira aparece *sotela* no canto de **salouca**. No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *c-ô* no canto de **cô**.

²¹⁹⁰ No texto enviado a Filgueira aparece *pobre fontenla* entre signos de admiración.

²¹⁹¹ En *Céltiga* aparece *mandouno* no canto de **mandóuno**.

²¹⁹² No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *ô* no canto de **ao**.

²¹⁹³ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *d-auga* no canto de **de auga**.

²¹⁹⁴ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *fuciño* no canto de **fociño**.

²¹⁹⁵ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *C-ôs imbornales* no canto de **Côs imbornaes**.

²¹⁹⁶ No texto enviado a Filgueira aparece “*sanvito*” no canto de **San Vito**. No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece punto e á parte.

Nota da edición: San Vito. Un dos mártires das persecucións de Diocleciano (s. III d. C.), foi un dos santos máis populares da Idade Media, incluído no restrinxido grupo dos catorce santos auxiliares, cuxa intercesión era considerada eficaz para enfermidades. Durante moito tempo foi invocado contra o chamado ‘baile de San Vito’, doenza nerviosa. Os afectados eran acusados, na Idade Media, de estaren posuídos e eran queimados. Festexado o 15 de xuño, o seu símbolo é a palma. Porén, non ten relación con Laxe, o poeta identifica o mal de San Vito co movemento oscilatorio das embarcacións.

25 Na praia —lúa mingoante²¹⁹⁷
que se deitou no camiño—,²¹⁹⁸
furan as azas do vento
os laios dos corlúvicos,²¹⁹⁹
n-entán as gaivotas coan
30 pol-o vran que xa fuxío...²²⁰⁰

Lonxe, choromica un carro,
o mesmo que un rapaciño...²²⁰¹

E mentras as nubes tecen...,
tecen... e tecen... seus fíos,
35 ¡tecen, tamén, n-as tabernas,²²⁰²
as pipas vertendo viño!...²²⁰³

²¹⁹⁷ En *Céltiga* aparece a coma antes dos guións.

²¹⁹⁸ En *Céltiga* non aparece a coma final.

²¹⁹⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Céltiga* aparece *curlúvicos* no canto de **corlúvicos**. Ademais, no texto enviado a Filgueira aquí hai un espazo estrófico para separar as cuartetos.

²²⁰⁰ En *Céltiga* aparece *fuxio* no canto de **fuxío**.

²²⁰¹ No texto enviado a Filgueira aparece *rapaxiño* no canto de **rapaciño**. En *Céltiga* aparece *q-un* no canto de **que un**.

²²⁰² En *Céltiga* aparece *nas* no canto de **n-as**.

²²⁰³ En *Céltiga* aparece *as pipas, caña e bô viño...* neste verso.

[60]

MARIÑA DE INVERNO²²⁰⁴

UNHA forte maresía²²⁰⁵

canta o «Requiescant in Pace»²²⁰⁶

â colleita dos tesouros

das trañas e o palangre.²²⁰⁷

5 Dormen as lanchas peixeiras
sóbor dos brancos praias,
semellantes a gaivotas
que de voiar acougasen.

Con olgas i-escorreadas²²⁰⁸

²²⁰⁴

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-e.

Edicións anteriores

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 30, xaneiro de 1928.

Variantes e comentarios

En *Alborada* intitúlase **Mariña D’Inverno**, publícase acompañado da pintura dunha gaivota no mar, sen asinar, e indica despois do título (Pra ALBORADA).

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

²²⁰⁵ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* en maiúscula só a letra inicial.

²²⁰⁶ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *Requiescat* no canto de **Requiescant** e na edición do libro temos *pace* no canto de **Pace**.

Nota da edición: A frase latina debería ser *Requiescat in pace*, que traducida quere dicir “Descanse en paz”. A súa orixe máis común sinala que procede dos epitafios, escritos coas siglas RIP, que en galego ou en español se converteu en DEP. *Cfr.* Nota da edición no verso 89 do poema **O chasco e o pimpín [33]**.

²²⁰⁷ En *Alborada* aparece *trañas* no canto de **trañas**.

10 arranxa o mar un bô traxe,
 e guinda, pol-os coídos,
 febras, lixos e retales.

 Tremen os pinos da costa
 non sômente coa friaxe,²²⁰⁹
15 senón pol-a côr das redes
 que lles pidiron encasque.

 Fuxíndolle â travesía
 —do mouro monte ao socaire—,²²¹⁰
 mantén os fornos acesos
20 un barudo trasatrante,

 no que arrabuñan os tombos
 e, rosmadores, esnácanse,
 posta, no pao trinquete,²²¹¹
 branca bandeira arelante...

25 Chorán no porto as mulleres,²²¹²
 pregando â Virxe do Carme...;²²¹³

²²⁰⁸ En *Alborada* aparece e *escorreadas* no canto de **i-escorreadas**, mentres que no texto enviado a Filgueira desaparece a conxunción.

²²⁰⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *co-a friaxe* no canto de **coa friaxe**.

²²¹⁰ No texto enviado a Filgueira aparece *ô* e na edición do libro e en *Alborada* temos *o* no canto de **ao**.

²²¹¹ En *Alborada* aparece sen comas.

²²¹² No texto enviado a Filgueira *no porto* vai entre comas.

²²¹³ No texto enviado a Filgueira sen puntos suspensivos.

e, abordo de unha buceta,²²¹⁴
 seis pescos van arriscarse

pol-os do barco estranxeiro

30 que ollan a morte dediante...
 ¡os ollos postos na terra²²¹⁵
 e relembando aos seus lares!...

A triste seirán xa morre²²¹⁶
 aterecida e sin sangue,

35 envolta en forte saravia
 que comenza a debullarse...²²¹⁷

...Todo son berros e choros
 por toda a costa de Laxe...²²¹⁸

¡A maresía, namentres,

40 canta o «Requiescant in pace»!...²²¹⁹

Nota da edición: Virxe do Carme. Patroa dos mariñeiros. Adoita celebrarse o 16 de xullo, porén en moitas localidades varía a data para unha maior repercusión. En Laxe celébrase o día 17 de agosto, cunha procesión marítima pola ría, presidida por unha das tradicións máis populares, “O Simulacro do Naufraxio”, creada en 1962 por iniciativa do mariñeiro Avelino Lema Santos que se inspirou nunha celebración de San Juan do Perú.

²²¹⁴ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *d-unha* no canto de **de unha**.

²²¹⁵ Na edición do libro non aparece o signo de admiración inicial. Ademais, no texto enviado a Filgueira e en *Alborada* non figuran nin este verso nin o seguinte.

²²¹⁶ En *Alborada* aparece *serán* no canto de **seirán**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

²²¹⁷ En *Alborada* aparece punto e á parte.

²²¹⁸ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* non figuran nin este verso nin o anterior.

²²¹⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *Requiescat* no canto de **Requiescant** e na edición do libro temos *pace* no canto de **Pace**.

«Requiescant in Pace». *Cfr.* Nota da edición no verso 2 deste mesmo poema.

PEDRAS DE BESUGUEIRA²²²⁰

PEDRAS de Besugueira²²²¹

lambidas pol-as olgas e os algazos²²²²

que as fortes maresías, do coído

trouxeron ao relanzo;²²²³

5 pedras que, n-outros xornos, de pequeno,²²²⁴

tamén piséi, descalzo,

pra coller a mantenza das patacas,

das coles e dos nabos,

enclavándolle o enciño, ¡coma un home!,²²²⁵

²²²⁰

Métrica

Romance polimétrico, con versos heptasílabos e hendecasílabos. Con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-o.

Edicións anteriores

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 71, xuño-xullo de 1932.

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 235, xullo de 1932.

Variantes e comentarios

En *Alborada* publícase cunha fotografía do laxense Vidal García que leva o seguinte pé: «LAJE. — Vista parcial de la gran playa de dicha población “peixeira e hortelán”, con su pequeño astillero de “bucetas” y lanchas, cuyo constructor, Don Manuel Ramos Mesías, hay quien asegura que es el que “mellor man tén” para hacer las “gaviotas con vela”, de las cuales presenta tres en cada “foto”... “¡e tres fillos d’él”, futuros navegantes!...». No final leva a indicación «Bôs Aires» e a sinatura autógrafa A. Zapata García.

En *Galicia* indica «Especial para la Revista del Centro Gallego». Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

²²²¹ En *Alborada* e en *Galicia* aparece en maiúscula só a letra inicial.

Nota da edición: Pedras de Besugueira. Ou Vesugueira [77, 38]. «Paraxe dominada pola punta Besugueira, un lugar idóneo para pescar panchos. Actualmente estas fincas están abandonadas ao igual que Balieira e o resto do litoral marítimo, explotado intensivamente ata hai poucos anos». Cfr. Vidal Pérez [2006: 14].

²²²² Na copia enviada a Filgueira corríxese *algasos* por riba de **algazos**.

²²²³ En *Alborada* aparece *ô* e en *Galicia* temos *ó* no canto de **ao**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

10 â barda, se, no atraco,²²²⁶
o mar non se amostraba en ardentías
de rexos gadoupazos.

 Pedras firentes como seixo-lume,
ou chavellos de monstros moi rilados,
15 que deixástedes siños das feridas
nas prantas e calcaños,
e que agora, se os vexo...
¡ainda o dôr sinto algo!²²²⁷

 Benzoadas, ¡ouh, pedras!,
20 que piséi de pequeno e que pisaron²²²⁸
moitos fillos de LAXE, que, na vida,²²²⁹
xa non soan os pasos,
e que outros pisarán no decorrere
dos tempos que non han meses nin anos!²²³⁰
25 C-unha man aganchando por vosoutras,²²³¹
postal-a outra no paxe acogulado²²³²
—carrexa que carrexa furna arriba

²²²⁴ En *Galicia* aparece *días* no canto de **xornos**.

²²²⁵ En *Alborada* aparece *enclavándolle* no canto de **enclavándolle**.

²²²⁶ En *Galicia* aparece *á* no canto de **â**. Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *so* no canto de **se**.

²²²⁷ En *Galicia* aparece *dór* no canto de **dôr**.

²²²⁸ En *Alborada* aparece *pisei* no canto de **piséi**.

²²²⁹ En *Alborada* e en *Galicia* temos *muitos fillos de Laxe* no canto de **moitos fillos de LAXE**.

²²³⁰ En *Alborada* e en *Galicia* temos punto e á parte.

²²³¹ En *Galicia* aparece *Cunha* no canto de **C-unha**. Porén, na copia enviada a Filgueira corríxe e escribe tamén *C-unha*.

²²³² En *Alborada* e en *Galicia* temos coma ao final do verso.

e dalle que lle dalle furna abaixo—,²²³³
 ¡cántas veces me víchedes sin folgos,²²³⁴
 30 doído, médeo canso;
 ou, súpeto, escorrendo no limaxe
 que ceiban os algazos,²²³⁵
 deixar ir dando tombos por vosoutras
 o fruto do traballo,
 35 namentras s-estrizaba o forte paxe²²³⁶
 da furna caendo abaixo!

Benzoadas, ¡ouh, pedras!,
 que feríchedes ben meus pés descalzos,²²³⁷
 ¡queira a sorte que axiña m-ôs firades²²³⁸
 40 côs dentes arneirados,²²³⁹
 e que a sangue que salla das feridas²²⁴⁰
 me redenzan da culpa d-emigrado!...²²⁴¹

²²³³ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *lle dale* no canto de **lle dalle**. Porén, na copia enviada a Filgueira corríxe e elimina o pronome átono *lle da*.

²²³⁴ En *Galicia* aparece *vichedes* no canto de **víchedes**.

²²³⁵ Na copia enviada a Filgueira corríxe *algasos* por riba de **algazos**.

²²³⁶ En *Galicia* aparece *s-trizaba* no canto de **s-estrizaba**. Porén, na copia enviada a Filgueira corríxe e escribe tamén *s-estrizaba*.

²²³⁷ Na edición do libro temos *pes* e en *Galicia* aparece *pés* no canto de **pês**.

²²³⁸ En *Alborada* e en *Galicia* temos *m-os* no canto de **m-ôs**.

²²³⁹ En *Alborada* aparece *c-ôs* e en *Galicia* temos *c-ós* no canto de **côs**. Porén, na copia enviada a Filgueira corríxe e escribe *c-ôs*.

²²⁴⁰ En *Alborada* e en *Galicia* temos *vertan as* no canto de **salla das**.

²²⁴¹ En *Alborada* e en *Galicia* temos *redenza* no canto de **redenzan**.

[62]

BOGUINA²²⁴²

**Hoxe brúa a caracola
que me donóu un de Laxe,
con bruar moi bretemoso:
¡Algún debeu afogarse!
(Do libro «Herbal Frorido»,
cantares galegos, do aitor).**

... XAMÁIS puđen saber se fói o sopro²²⁴³

do forte noroés ou a chuvisca,²²⁴⁴

causenante do laio misterioso²²⁴⁵

que ceibóu a boguina

5 sóbor da terra posta da maceta

de unha santamariña²²⁴⁶

²²⁴²

Métrica

Romance polimétrico, con versos heptasílabos e hendecasílabos. Con esquema rimático (–a–a). Ten rima en i-a.

Edicións anteriores

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1313, 22 de marzo de 1931.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 65, xullo de 1931.

Variantes e comentarios

Nas dúas versións anteriores non aparece a cita introdutoria E publícase precedido do debuxo dunha boguina, sen asinar, e coa indicación (Pra CORREO DE GALICIA) no primeiro caso. Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936, tamén sen a cita introdutoria.

²²⁴³ Nas versións anteriores aparece en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico. Ademais, nas versións anteriores aparece *foi* no canto de **fói**.

²²⁴⁴ Nas versións anteriores aparece *Noroés* no canto de **noroés**.

²²⁴⁵ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *misterioso* no canto de **misterioso**.

e virada coa boca car-ô ceo²²⁴⁷

da mañán ruza e fría.²²⁴⁸

Inquedado dempóis por unha dúbida,²²⁴⁹

10 apreixéi a boguina

e levéina, tremante, ao meu ouvido²²⁵⁰

pra escuitar, câl decote, —¡cousas miñas!—,²²⁵¹

o balbor ecoante e vagaroso...²²⁵²

¡Bruaba, como nunca, a maresía!...

15 Os xornaes da nuite, de Bôs Aires,²²⁵³

molláronse de bágoas e chuvisca²²⁵⁴

na folla qu-enluitaba un telegrama.²²⁵⁵

«A Cruña... (data e vila...):

...Morreron afogados seis peixeiros

20 ao entrar, de arribada, n-esta ría»...²²⁵⁶

²²⁴⁶ Nas versións anteriores aparece *d-unha* no canto de **de unha** e o verso remata cunha coma, agás no texto enviado a Filgueira.

²²⁴⁷ Nas versións anteriores aparece *co-a* no canto de **coa**. Ademais, en *Correo de Galicia* temos *car-o* no canto de **car-ô**.

²²⁴⁸ Nas versións anteriores, agás no texto enviado a Filgueira, aparece *promo* no canto de **ruza**.

²²⁴⁹ Nas versións anteriores aparece *dempóis* entre comas.

²²⁵⁰ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ô* e en *Correo de Galicia* temos *o* no canto de **ao**.

²²⁵¹ Nas versións anteriores, agás no texto enviado a Filgueira, aparece *cal* no canto de **câl** e sen a coma final do verso.

²²⁵² No texto enviado a Filgueira aparece *ecõante* no canto de **ecoante**.

²²⁵³ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *Bos* no canto de **Bôs**.

²²⁵⁴ No texto enviado a Filgueira aparece *vágoas* no canto de **bágoas**.

²²⁵⁵ Nno texto enviado a Filgueira aparece *q-emluitaba* e nas outras dúas versións anteriores temos *que enluitaba* no canto de **qu-enluitaba**.

²²⁵⁶ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ô* e en *Correo de Galicia* temos *o* no canto de **ao**. Nas versións anteriores aparece *d-arribada* no canto de **de arribada**.

[63]

PRAIAS DA SOIDADE²²⁵⁷

PRAIAS, fouces de lúa no crecente,
fouces de limpa prata no menguante,
¡cómo vos lembra, ¡praias!, o emigrante,
praias de media lúa ourilucente!...

5 ¡Cómo vos lembra sempre o navegante,
a Vía Láctea ollando fixamente!²²⁵⁸
Acúdelle o relembro, e n-alma sente
foulas têt soio escuras por dediante.

Praiales de Galiza, brancas praias
10 —dentamias da sorriso costaneira
que sofrides no inverno a maresía—,

²²⁵⁷

Métrica

Soneto, 11 (ABBA BAAB CDE CDE).

Variantes e comentarios

²²⁵⁸ **Nota da edición:** Vía Láctea. Galaxia á que pertence o Sistema Solar. A Constelación percíbese como unha gran mancha branca e que atravesa toda a esfera celeste de norte a sur, que a mitoloxía grega interpretou como leite expulsado por Zeus, cando o deus era neno e estaba a ser amamentado por Amaltea. José Ramón San Miguel Hevia, «De cómo Tales y Anaximandro hicieron posible la aventura marinera de los griegos», *El Catobeplos*, Revista crítica del presente del pensamiento occidental, nº 56, outubro de 2006, sinala: «En este sentido hay que interpretar el poema de Calímaco, confirmado por otros textos, según el cual el filósofo [Tales de Mileto] «descubrió las estrellas de la Osa, que orientan a los navegantes fenicios». Alén diso, a Vía Láctea foi chamada na Idade Media “Camino de Santiago”, porque pola noite servía de orientación aos peregrinos.

¡cómo sôrrides ao mollar as saias
das rapazas, no vran, pol-a riveira,²²⁵⁹
antre as ondas a rîrse de legría!...

²²⁵⁹ No mecanoscrito aparece *ribeira* no canto de **riveira**. Neste caso facemos a corrección, porque no resto do mecanoscrito tamén usa formas con *v* e non con *b*.

[64]

ALGAZOS²²⁶⁰

COMA un cope de traña²²⁶¹

cheo de peixe hastra âs rainas,²²⁶²

sóbor da praia, räendo,

vân os algazos, na barda.²²⁶³

5 Ducias d-enciños espétanse²²⁶⁴

e arrochan da copeada

visgosa, que a maresía²²⁶⁵

do fondo mar arrincara.

As angarellas de pino

²²⁶⁰

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-a.

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 79, 10 de abril de 1928.

El Compostelano, Santiago, nº 2453, 22 de maio de 1928.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 69, xaneiro-febreiro de 1932.

Variantes e comentarios

Nas tres versións anteriores intitúlase **Algasos**. En *Céltiga* publícase enmarcado nun debuxo sen asinar e indica (Pra CELTIGA). En *Alborada* vai precedido dun debuxo sen asinar que representa unha cuncha e leva sinatura autógrafa A. Zapata García.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

²²⁶¹ Nas versións anteriores aparece en maiúscula só a letra inicial.

²²⁶² Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *as* no canto de **âs**.

²²⁶³ Nas versións anteriores temos *van os algazos* no canto de **vân os algazos**.

²²⁶⁴ Nas versións anteriores, agás no mecanoscrito a Filgueira, temos *Duzias* no canto de **Ducias**.

²²⁶⁵ En *Céltiga* e en *El Compostelano* temos *maresia* no canto de **maresía**.

10 veñen e vãn pol-a praia,²²⁶⁶
 acarrexando a mantenza
 das fariñentas patacas.

 Antre os algazos, en seco,²²⁶⁷
 abrindo muito as galadas,

15 rebulen, xa médeo mortos,
 limas, lorchas e barbadas.

 Côs arrecendos das olgas,²²⁶⁸
 os coleirales das agras,
 erguen as follas o mesmo

20 que orellas de lebrexada;
 e as nabeiras encarrúxanse
 —inda máis do que xa estaban—,²²⁶⁹
 coma improrando quentura
 na invernía, que asoballa...

25 Caínzas, seiróns e paxes,²²⁷⁰
 xa carrexaron a barda,
 e os terreos vãn quentándose²²⁷¹

²²⁶⁶ Nas versións anteriores temos *van* no canto de **vãn**.

²²⁶⁷ Nas versións anteriores temos *algasos* no canto de **algazos**.

²²⁶⁸ Nas versións anteriores temos *C-ô arrecendo dos algazos*, neste verso. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

²²⁶⁹ Nas versións anteriores, agás no mecanoscrito a Filgueira, non aparecen os guións.

baixo das douradas capas²²⁷²

dos algazos, que a mareira²²⁷³

30 sóbor da praia botara,

coma un cope de traíña²²⁷⁴

cheo de peixe hastr-âs rainas...²²⁷⁵

Mentras, as rúas de Laxe,²²⁷⁶

fican de algasos lixadas,²²⁷⁷

35 ¡coma se o mar anduvera

hoxe n-elas de parranda!...²²⁷⁸

²²⁷⁰ En *Alborada* aparece *Cainzas* no canto de **Caínzas**.

²²⁷¹ Nas versións anteriores temos *tarreos van* no canto de **terreos vãn**.

²²⁷² No texto enviado a Filgueira aparece *baixo as* no canto de **baixo das**.

²²⁷³ Nas versións anteriores temos *algasos* no canto de **algazos**.

²²⁷⁴ En *Alborada* aparece *traíña* no canto de **traíña**.

²²⁷⁵ Nas versións anteriores temos *hastra âs* no canto de **hastr-âs** e rematan o verso en punto e coma, agás no texto enviado a Filgueira que tamén ten puntos suspensivos.

²²⁷⁶ Nas versións anteriores temos *Mentres* no canto de **Mentras**. En *El Compostelano* e en *Alborada* temos **LAXE** no canto de **Laxe**.

²²⁷⁷ Por descoido do autor, levado polo dialectalismo, no mecanoscrito temos *algasos* no canto de **algazos**, que tan só aparece na edición do libro. Nas versións anteriores a opción era tamén *algasos*.

²²⁷⁸ Nas versións anteriores temos *n-élas* no canto de **n-elas**. Ademais, en todas tres nin este verso, que remta en punto final, nin o anterior levan signo de admiración.

[65]

AMANTE NAVÍO²²⁷⁹

I

POL-OS mares de vida as nosas naves²²⁸⁰

—ti garrida trainera i-eu navío—,²²⁸¹

ancoraron no PLATA, no gran río,²²⁸²

recollendo o velamio, como as aves.²²⁸³

5 Como tí de piratas muito sabes²²⁸⁴

—¡teñen éstos inda hoxe podeirío!—,

sorrísllle aos trasatrás de aceiro frío²²⁸⁵

porque gardan tesouros con mil chaves...

O meu branco veleiro “GALEGUISTA”²²⁸⁶

2279

Métrica

3 Sonetos, 11 (ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE, ABBA ABBA CDE CDE).

Edicións anteriores

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 428, 25 de xullo de 1943.

Variantes e comentarios

En *A Nosa Terra* as maiúsculas do título non levan acento gráfico e indica (Para “A NOSA TERRA”).

²²⁸⁰ En *A Nosa Terra* aparece en maiúscula só a letra inicial.

²²⁸¹ En *A Nosa Terra* aparece *goleta* no canto de **trainera**.

²²⁸² **Nota da edición:** Plata. Esteiro creado polo ríos Paraná e Uruguai, que fai de fronteira entre a Arxentina e o Uruguai, de moita navegabilidade, no seu litoral atópanse as cidades de Bos Aires, suroeste, e Montevideo, nordeste.

²²⁸³ En *A Nosa Terra* aparece sen a coma.

²²⁸⁴ En *A Nosa Terra* aparece *ti* no canto de **tí**.

²²⁸⁵ En *A Nosa Terra* aparece *sórrísllle ós trasatláns* no canto de **sorrísllle aos trasatrás**.

10 —ao verse eisí deixado inxustamente²²⁸⁷
côs teus modos de mar, de porto en dique—,²²⁸⁸

alvírteche que a roita x-â tèn lista,²²⁸⁹
haxa vento soán ou nordevente,
vaia en popa, ou bolina... ¡ou vaia a pique!...

II

15 Podes ficar se praces n-este porto
—¡ouh, trainera lanzal dos meus querereres!—,²²⁹⁰
na procura dos bens e dos praceres
que ao degaro mariño deixan morto.²²⁹¹

A min chámanme as voces de conforto
20 do reberte oceán i-os seus poderes,
onde soio atesouran bôs haberes²²⁹²
os que nunca o camiño seguen torto.

Do que digan do viaxe sin garimo
da gaivota que quixen, non dou porte:
25 ¡na xordeira máis fonda me recato!

²²⁸⁶ **Nota da edición:** «Galeguista». Nome dun veleiro, con certeza ficional.

²²⁸⁷ En *A Nosa Terra* aparece *ô* no canto de **ao** e tamén *leixado* no canto de **deixado**.

²²⁸⁸ En *A Nosa Terra* aparece *c-ós* no canto de **côs**.

²²⁸⁹ En *A Nosa Terra* aparece *x-á tén* no canto de **x-â tèn**.

²²⁹⁰ En *A Nosa Terra* aparece *goleta* no canto de **trainera**.

²²⁹¹ En *A Nosa Terra* aparece *ô* no canto de **ao**.

²²⁹² En *A Nosa Terra* aparece *bós* no canto de **bôs**.

Algún día, quezáis, varada en limo,
a suidade terás do vento norte,
pro sin azas... tesouros... ¡nin mascato!...

III

Car-ô Norde emprorado, en sotavento,²²⁹³
30 do velamio a dondura fáise tensa,
e mentres vái orzando, a i-alma pensa²²⁹⁴
que ti mandas en min, e, ao barco, o vento.²²⁹⁵

Eu non podo arrincar do pensamento
esta mágoa fondosa, crúa, imensa,
35 que na triste partida que me aprensa
deixa en brétema envolto o sentimento.²²⁹⁶

E mentres vóu deixando o pardo río²²⁹⁷
que nos dixo o chegar: «¡Felís parella!»,²²⁹⁸
a forte ventolina n-as cordaxes

40 —arpa grave e suidosa do navío—,
¡un trémolo de adeuses asemella

²²⁹³ En *A Nosa Terra* aparece *Car-ó* no canto de **Car-ô**.

²²⁹⁴ En *A Nosa Terra* aparece *vai* no canto de **vái** e tamén *ialma* no canto de **i-alma**.

²²⁹⁵ En *A Nosa Terra* aparece *i-ó* no canto de **e, ao**.

²²⁹⁶ En *A Nosa Terra* aparece *brétoma* no canto de **brétema**.

²²⁹⁷ En *A Nosa Terra* aparece *vou* no canto de **vóu**.

pol-o fin que tiveron nosos viaxes!...

²²⁹⁸ En *A Nosa Terra* aparece ó no canto de o.

[66]

CARREXANDO REDES²²⁹⁹

ENCOL dos fros as pernas da longa rede parda
—no mar é unha gaiola pra engaiolar â xarda—,
sinxelos, homildosos como seus pês descalzos,
sin pinga de maldade —¡non son apóstols falsos!—,
5 os rexos peixadores, pol-o veiral da praia,
diríxense ao peirao, onde o Artabro s-ensaia²³⁰⁰
acariñando âs lanchas que ambróu nas tempestades...
¡e agora está máis calmo que o lago Tiberiades!²³⁰¹

(O sol nacente baila, frechando seus destelos,
10 no mar de fror de liño: cristaes e cuitelos).

O mar sabe que os pescos non son os seus amigos,
nin son os seus irmáns, nin son os seus nemigos:
o mesmo que na terra labouran os labregos
—as ondas, sí, aseméllanse aos labrantíos regos—,
15 nos agros do mar buscan o pan de cada día,

²²⁹⁹

Métrica

11 pareados, alexandrinos, coa seguinte combinación rimática: AA BB CC DD EE FF etc.

²³⁰⁰ Artabro. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

²³⁰¹ **Nota da edición:** Tiberiades: Lago da Galilea, ás beiras da cidade do mesmo nome. Esta foi capturada por los cruzados cristiáns en 1099 e foi a capital da rexión da Galilea.

ceibando fortes verbas: «¡Avante!», «¡Larga!», «¡Cía!»,
dediante do avesío: Gaivotas e pardelas,
que, a berros, «¡Ao mar! —chaman—, timóns, remos e velas»,
n-entán säen do porto tarrafas e traíñas
20 pra engaiolar n-as redes as xardas e as sardiñas...

(O mesmo que as gaivotas, cöantes e algareiras,
no porto e no peirao, reñen as regateiras).

[67]

O PROBE DO MAR²³⁰²

I

XA non me lembro do nome,

e penso n-hei de sabel-o:

Alcumábano «O SERBELO»,²³⁰³

i-era, abofellas, un bô home.

5 Era ergueito coma un piño,²³⁰⁴

e roibo colorexando,²³⁰⁵

¡nautil galego remando²³⁰⁶

sin saber do seu destino!²³⁰⁷

Unha crúa enfermédá,

10 no Uruguay, deixóuno cego,

²³⁰²

Métrica

20 redondillas, 8, con esquema rimático (abba).

Variantes e comentarios

No mecanoscrito o poema aparece datado polo autor: «1936».

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica debaixo do título: «Inédito».

²³⁰³ **Nota da edición:** «O Serbelo». Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor. De feito, no poema hai evidentes referencias autobiográficas, entre as que salienta o nome do poeta no verso 55.

²³⁰⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *pino* no canto de **piño**.

²³⁰⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *e roibo como un normando* no canto de **e roibo colorexando**.

²³⁰⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece “*viking*” no canto de **nautil**.

²³⁰⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *destino* no canto de **destiño**.

e, sin cartos, nin emprego,
soubo unha fonda verdá:

De que o emigrante tén saldo²³⁰⁸
na Terra Nai, nobre e boa:
15 ¡Un santo anaco de broa
e santa cunca de caldo!

II

Embarcado pol-a ría
c-un rapaciño penllado,
o probe cego, ¡coitado!,
20 soio esmolaba de día,²³⁰⁹
pois ll-era a noite malfada:²³¹⁰
n-unha de outón, contra CORME,²³¹¹
por pouco... ¡pra sempre dorme²³¹²
n-as gadoupas da nortada!...²³¹³
25 Coas azurs meniñas mortas,²³¹⁴

²³⁰⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *inmigrante* no canto de **emigrante**. Na edición do libro aparece *ten* no canto de **tén**.

²³⁰⁹ No inédito enviado a Filgueira aparece *peixaba* no canto de **esmolaba**.

²³¹⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *pois, de noite, non andaba*, no canto de **pois ll-era a noite malfada**.

²³¹¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *desque, unha ves*, no canto de **n-unha de outón**. Corme. *Cfr.* Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²³¹² No inédito enviado a Filgueira aparece *por pouco*, no canto de **por pouco....**

²³¹³ No inédito enviado a Filgueira aparece *nas poutas d-unha Nortada* no canto de **n-as gadoupas da nortada!....**

sulcando traitos e canchas,
ía recorrendo as lanchas
igoal que os probes as portas.

Cando largaba a traíña
30 e se collía un bô lance,
coma un cego de romance,²³¹⁵
él esmolaba sardiña.

—¡Atraca ao barco, «Serbelo»!;²³¹⁶
atraca ben a chalana!—,
35 berraban con campechana
verba os traíñeiros, ao vel-o.²³¹⁷

—¿Cántos envases ti queres?
—Votádeme os que queirades;
pro non vos comprometades
40 ni deixés os quefaceres...²³¹⁸

—¿Atracas, ou non atracas?
—¡Déixate de parrafeos!...²³¹⁹

²³¹⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *Co-as* no canto de **Coas**.

²³¹⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *como* no canto de **coma**.

²³¹⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**, e tamén “*SERBELO*”. «O Serbelo». *Cfr.* Nota da edición no verso 3 deste mesmo poema.

²³¹⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *peixeiros*, *ô* no canto de **traíñeiros, ao**.

²³¹⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *nin* no canto de **ni**.

...¡E a gamela, os panels cheos,
lembra a-on carro de patacas!...

45 E, volta a LAXE, outra ves,
cô peixe que se lle dera,²³²⁰
pra que a muller ll-ô vendera²³²¹
pol-as terras do xallés...

III

¡Probe «Serbelo»! Na area,²³²²
50 cando a gamela varaba,
muitas veces lle axudaba
botarl-la fora â marea.

Case sempre me dicía
con non séi qué d-emoción:
55 —Deus che pague ben, Antón,
túa nobre fidalguía—.

I-eu ficaba satisfeito²³²³
ao facerlle un pouco ben,²³²⁴

²³¹⁹ No inédito enviado a Filgueira e na edición do libro aparece *¡Déixate* e no mecanoscrito **Déixare**, polo que se trata dunha gralla do autor ao transcribir o poema que corriximos.

²³²⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *c-ô* no canto de **cô**.

²³²¹ No inédito enviado a Filgueira e na edición do libro aparece *ll-o* no canto de **ll-ô**.

²³²² No inédito enviado a Filgueira aparece *SERBELO* no canto de **Serbelo**.

«O Serbelo». *Cfr.* Nota da edición no verso 3 deste mesmo poema.

²³²³ No inédito enviado a Filgueira aparece *sadisfeito* no canto de **satisfeito**.

60 unque outros pescos, tamén,
Ile axudaban de igoal xeito.

Rema que rema, decote,
él e o fillo do «Perrancho»,²³²⁵
mesmo semellaban Sancho
e o fidalgo Don Quixote;²³²⁶

65 máis, ninguén xamáis se río²³²⁷
da fasquía do «Serbelo»;²³²⁸
¡Todos a compadecel-o,
na vila, sempre se vío!

IV

70 Pol-o mundo, câl «Serbelo»,²³²⁹
marchéi de LAXE, en bolina,
e xa levo, na Arxentina,
trintatrés anos sin vel-o;²³³⁰

²³²⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

²³²⁵ **Nota da edición:** «Perrancho». Alcume dun mariñeiro de Laxe que pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor. De feito, no poema hai evidentes referencias autobiográficas, entre as que salienta o nome do poeta no verso 55.

²³²⁶ **Nota da edición:** Sancho e o fidalgo Don Quixote. Personaxes da *El ingenioso hidalgo Don Quixote de la Mancha*, obra de Miguel de Cervantes y Saavedra (1547-1616) escrita en dúas partes, 1605 e 1615, que narra as incursións feitas por un fidalgo castelán, que perdeu a razón pola lectura de obras de cabalaría e pretende imitar os seus heroes en aventuras por terras da Mancha, Aragón e Cataluña, xunto co seu fiel amigo e escudeiro Sancho Panza, de perfil máis realista.

²³²⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *mais* no canto de **máis**.

²³²⁸ «O Serbelo». *Cfr.* Nota da edición no verso 3 deste mesmo poema.

²³²⁹ Na edición do libro aparece *cal* no canto de **câl**.

«O Serbelo». *Cfr.* Nota da edición no verso 3 deste mesmo poema.

²³³⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *trintetrés* no canto de **trintatrés**.

pro, preguntando a un veciño²³³¹
 que veu fáí días do povo,²³³²
 75 ao cego lembréi de novo,²³³³
 e dixo —puga d-espiño

 que o corazón veu cravar—:
 —¡Igoal que un nautil sin mando,²³³⁴
 «Serbelo» morréu chorando,²³³⁵
 80 por non poder ir ao mar!...²³³⁶

²³³¹ No inédito enviado a Filgueira aparece *a-on* no canto de **a un**.

²³³² No inédito enviado a Filgueira e na edición do libro aparece *fai* no canto de **fái**, ademais no primeiro *fai días* vai entre comas.

²³³³ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô cego lembrei* no canto de **ao cego lembréi**.

²³³⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece “*viking*” *normando* no canto de **nautil sin mando**.

²³³⁵ No mecanoscrito aparece **Servelo**, que non respectamos por se tratar dunha gralla evidente do autor.

«O Serbelo». *Cfr.* Nota da edición no verso 3 deste mesmo poema.

²³³⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de **ao**.

[68]

A VILA DE LAXE²³³⁷

AO pê da «Arca grande», e sobre a pedra dura,²³³⁸

a filla ben querida dos ártabros, laxesa,²³³⁹

espéllase n-as ondas tranquías, coor turquesa,

pieitando os seus cabelos de ourífica finura.

5 De pesca e mariñeira têm a lanzal feita,²³⁴⁰

e, de outo señorío, tamén prestanza acesa:

pol-o abolengo, pode ser céltica princesa,

pois, n-ela, de Altamira, o embrema ainda figura.²³⁴¹

²³³⁷

Métrica

Soneto, 14 (ABBA ABBA CCD EED)

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1016, 29 de xullo de 1947.

Variantes e comentarios

Aparece cos sonetos **Edoardo Pondal** e **Teodosio “O Grande” (Emperador román)** nun tríptico intitulado **Preclaros Fillos de Galiza**, introducidos pola dedicatoria “Ao poeta e irmán galego Avelino Díaz”. Datados o “Día de Galiza do ano 1947”.

²³³⁸ En *Galicia* aparece en maiúscula só a letra inicial. Ademais, temos *pé da «Area Grande»* no canto de **pê da «Arca Grande»** e non existe ningunha coma en todo o verso.

Nota da edición: «Arca Grande». Lema Suárez non cataloga ningún monumento megalítico nos montes da Insua e Cornaceiras, ao abrigo dos que se sitúa a vila de Laxe. Neste concello unicamente cataloga A Fornela dos Mouros, «situada na aba dun monte denominado Costa do Aplazaduiro», na parroquia de San Simón de Nande. *Cfr.* Lema Suárez [1999: 58].

²³³⁹ Ártabros. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido [2]**.

²³⁴⁰ En *Galicia* aparece *tén* no canto de **tên**.

²³⁴¹ En *Galicia* aparece *inda* no canto de **aínda**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

Nota da edición: Altamira > Urraca de Moscoso (Condesa de Altamira). *Cfr.* Nota da edición no verso 176 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

No vran, as súas praias son leitos de puntillas²³⁴²
10 enonde a siesta dormen as peixadoras quillas
sin lembrar nortadas, trebóns e furacáns;

e cando na invernía o mar morde os cantiles,
e afonda lanchas e homes, e tira cós petriles...²³⁴³
¡a branca vila enlóitase pol-ôs mortos laxeiráns!...²³⁴⁴

²³⁴² En *Galicia* non aparece ningunha coma.

²³⁴³ En *Galicia* aparece *c-ós* no canto de **cós**.

²³⁴⁴ En *Galicia* aparece *plos* no canto de **pol-ôs**.

[69]

GAIVOTAS²³⁴⁵

(ANUNZAZÓN DA PESCA)

COMA regateiras²³⁴⁶
roucas e algareiras
que, a berros, fan contas,
ou como peixeiras²³⁴⁷
5 que reñen, parleiras,
namentras escochan,²³⁴⁸
pol-a ría adiante,²³⁴⁹
de azuradas ondas
—que brillan cós raios

²³⁴⁵

Métrica

Romance polimétrico, con versos hexasílabos e dodecasílabos. Con esquema rimático (–a–a). Ten rima en i-a, agás na sextilla, hexasílabos (aababb), que inicia o poema.

Edicións anteriores

Galicia, Revista del Centro Gallego, Montevideo, nº 151, agosto de 1929.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 55, maio de 1930.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 778, 9 de maio de 1942.

Variantes e comentarios

Nas tres versións anteriores non se publicou o subtítulo. En *Galicia*, Revista del Centro Gallego, Montevideo, vai acompañado dun retrato fotográfico sen asinar do poeta. En *Alborada* vai precedido dun debuxo sen asinar que representa unhas gaivotas a voar no mar e que ben puidera ser do poeta, ademais indica (Especial pra ALBORADA). Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

²³⁴⁶ Nas tres versións anteriores aparece en maiúscula só a letra inicial.

²³⁴⁷ Nas tres versións anteriores temos *coma* no canto de **como**.

²³⁴⁸ Nas tres versións anteriores temos *namentres* no canto de **namentras**.

- 10 d-un sol que namora—,
en longas bandadas
as brancas gaivotas,
veñen, vãn, cöando,²³⁵⁰
voan e revoan
- 15 por cima dos bramos de mesta sardiña²³⁵¹
que vên de mar fora...²³⁵²
- Vãn e veñen, unhas;²³⁵³
mergúllanse as outras;²³⁵⁴
aquélas semellan, baticando as azas,²³⁵⁵
- 20 brancuras de roupa
que arrincar o vento²³⁵⁶
quixera da corda;
e as que encol das augas engulen sardiñas,²³⁵⁷
ou, cansas, acougan,
- 25 semellan novelos de neve ou d-escuma,²³⁵⁸
e oupadas manolias...²³⁵⁹

²³⁴⁹ En *Galicia* [CG] aparece *pol-a ría adiante, en pretas bandadas*, e en *Alborada* e *Galicia* [FSG] temos *pol-a ría adiante, en longas bandadas*, neste verso. Nas tres versións desaparecen os catro seguintes versos.

²³⁵⁰ Nas tres versións anteriores temos *van, coando* no canto de **vãn, cöando**.

²³⁵¹ En *Galicia* [CG] este dodecasílabo redúcese ao primeiro hexasílabo, e o segundo forma un dodecasílabo no verso posterior. En *Alborada* e en *Galicia* [FSG] temos *riba* no canto de **cima**.

²³⁵² Nas tres versións anteriores temos *ven* no canto de **vên**, ademais do xa dito para *Galicia* [CG].

²³⁵³ Nas tres versións anteriores temos *Van* no canto de **Vãn**.

²³⁵⁴ Por grallas de imprenta, na edición do libro aparece *mergúnllanse* e en *Galicia* [CG] temos *mergullánse* no canto de **mergúllanse**.

²³⁵⁵ Nas tres versións anteriores temos *aas* no canto de **azas**. Ademais, en *Alborada* e en *Galicia* [FSG] o verso iníciase con maiúscula.

²³⁵⁶ En *Galicia* [CG] aparece *ô* no canto de **o**. En *Alborada* e en *Galicia* [FSG] temos *o vento* entre comas.

²³⁵⁷ En *Galicia* [CG] aparece *riba âs augas* e en *Alborada* e *Galicia* [FSG] temos *sóbor d-auga* no canto de **encol das augas**. Na copia de *Alborada* enviada a Filgueira corríxese *sobr-âs augas* por **sóbor d-auga**.

Na vila peixeira rebrinca a legría:²³⁶⁰
as caras son rosas
vertendo sorrisas máis craras, máis meigas,
30 máis boas,
e as verbas nos beizos frorecen, brillantes,
¡frorecen máis quentes, máis tenras, máis fondas!...

—Renasce o trafego:²³⁶¹
ensébanse as tostas,²³⁶²
35 e as quillas, por elas, arrufadamente,²³⁶³
—coma donacelas ou esgrevas donas
de lanzal fasquía,
ben ergueita a proa—,
cara ao mar escorren²³⁶⁴
40 sereas, modosas,
pol-a branca praia, ao compás das verbas²³⁶⁵
de barudas gorxas:
—¡Bota lancha abaixo!...
—¡Bota lancha, agora!...

²³⁵⁸ Nas tres versións anteriores temos *e* no canto de **ou**. En *Alborada* e en *Galicia* [FSG] temos *nobelos* e *d'escuma* no canto de **novelos** e **d-escuma**.

²³⁵⁹ En *Galicia* [CG] aparece signo de admiración no canto de puntos suspensivos. Ademais, nesta versión aquí remata a parte **I**. En *Alborada* e en *Galicia* [FSG] temos punto e continúa sen división en partes.

²³⁶⁰ Nas tres versións anteriores desaparecen este verso e os cinco seguintes.

²³⁶¹ Nas tres versións anteriores este verso forma outro co primeiro hexasílabo dun anterior e temos *Na vila peixeira renasce o trafego*. En *Galicia* [CG] aquí empeza a parte **II**, sen os versos anteriores.

²³⁶² En *Alborada* e en *Galicia* [FSG] o verso iníciase con maiúscula.

²³⁶³ Nas tres versións anteriores temos *e as quillas, por elas* neste verso e desaparecen os tres seguintes.

²³⁶⁴ Este verso e o seguinte forman un dodecasílabo: *car-ô mar escorren, lixeiras, modosas*, nas tres versións anteriores, aínda que en *Galicia* [CG] aparece *medosas* no canto de **modosas**.

45 —¡Bota!, ¡ao mar!, ¡váí lancha!...
—¡Ooo!... ¡guipá!... ¡Ei, bota!...²³⁶⁶
Carréxanse os xeitos, boliches e artes,²³⁶⁷
tarrafas, boureles, fulames e boias...²³⁶⁸

A praia —alba fouce—
50 ficóuse ela soia:
quedóuse sin homes,
sin redes, sin proas...,
pois, lanchas e botes,
chalanas, buquetas, motoras,
55 xa ergueron as velas,
os remos xa bogan,
e as hélices xiran
n-as augas que tronzan...
¡e a ría animóuse coa rexa bandada
60 das humáns gaivotas!,
namentras n-as fábricas dos salazoneiros,
siméns e garlopas
fân rizos n-as táboas que aruma a resina
e golpegetexan martelos i-eixolas!...

²³⁶⁵ Nas tres versións anteriores temos *voces* no canto de **verbas** e desaparecen os catro versos seguintes. Ademais, en *Galicia* [CG] e en *Alborada* temos *ô* e en *Galicia* [FSG] aparece *ó* no canto de **o**.

²³⁶⁶ Nas tres versións anteriores temos *¡Oguipá!* no canto de **¡Ooo!... ¡guipá!...**

²³⁶⁷ Nas tres versións anteriores temos *Carréganse* no canto de **Carréxanse**. Ademais, en *Galicia* [CG] o verso remata con puntos suspensivos.

²³⁶⁸ Nas tres versións anteriores temos *e, a bordo das dornas / buquetas e lanchas / as velas xa s-infran e os remos xa bogan* en troques deste verso. En *Galicia* [CG] remata aquí a parte **II**.

65 Nentanto, de terra²³⁶⁹
 —ollando âs gaivotas²³⁷⁰
 o mesmo que ollean homildes feigreses²³⁷¹
 â Mística Pomba²³⁷²
 do Espírito Santo,²³⁷³
 70 sinxelas, devotas,²³⁷⁴
 alegres,
 risonñas—,
 as pescas escraman,²³⁷⁵
 berrando con forza:
 75 —¡Ao mar, mariñeiros!:
 ¡¡Hai peixe na costa!!...²³⁷⁶

²³⁶⁹ Nas tres versións anteriores neste verso temos *N-entán, dende terra*, no canto de **Nentanto, de terra**. Ademais, en *Galicia* [CG] aquí empeza a parte **III**. Nas tres versións desaparecen os 16 versos anteriores.

²³⁷⁰ En *Galicia* [FSG] aparece *as* no canto de **âs**.

²³⁷¹ Nas tres versións anteriores temos *omildes feigresas* no canto de **homildes feigreses**, engadindo aquí un guión inicial que desaparece no verso anterior. Por gralla de imprenta, en *Galicia* [FSG] aparece *felgresas*.

²³⁷² En *Galicia* [CG] aparece *â misteca pomba* no canto de **â Mística Pomba**. Ademais, en *Alborada* temos *Mística* no canto de **Mística** e en *Galicia* [FSG] temos *a* no canto de **â**.

²³⁷³ Nas tres versións anteriores temos *Esprito* no canto de **Espíritu**. Na copia de *Alborada* enviada a Filgueira corríxese *Esprito* por **Esprito**.

Nota da edición: Mística Pomba do Espírito Santo. Para a igrexa católica e boa parte das outras confesións cristiás, o Espírito Santo é unha das tres persoas de Deus, na que se denomina a Santísima Trindade: Pai, Fillo e Espírito Santo. Adoita esta representado de varias formas, unha delas é unha “mística pomba” que se lle aparece a Xesús no seu bautismo, segundo narra o evanxeo de San Mateo **3**, 16.

²³⁷⁴ Nas tres versións anteriores temos guión final neste verso e desaparecen os dous seguintes.

²³⁷⁵ Nas tres versións anteriores temos dous puntos no final deste verso e desaparecen os dous seguintes.

²³⁷⁶ Nas tres versións anteriores temos un único signo de admiración e guión inicial.

[70]

VENTO IRMÁN²³⁷⁷

VENTO irlandés,
vento irmán,
¡Noröés!,
que —através
5 do mar Atrán,²³⁷⁸
deica a Costa do laxés—,²³⁷⁹
viñeste a estreitarlle a man
â triste bris galicián,
câl fixestes outra ves:
10 ¡Nos tempos de Breogán!...²³⁸⁰

Como en seos de mulleres
—cómbedos, circios e dondos—,²³⁸¹

²³⁷⁷

Métrica

Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (tetrasílabos, pentasílabos ou octosílabos). Riman sempre en consonante.

Edicións anteriores

Galicia, Revista del Centro Gallego, Bos Aires, nº 288, xaneiro de 1937.

Variantes e comentarios

En *Galicia* aparece datado polo autor: «1º de Xaneiro de 1937.— Bs. Aires».

²³⁷⁸ En *Galicia* aparece *Atlán* no canto de **Atrán**.

Atrán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade [5]**.

²³⁷⁹ En *Galicia* aparece *â Costa do Laxés* no canto de **a Costa do laxés**.

²³⁸⁰ Breogán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1126 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

fincas n-as ondas querereres,²³⁸²
 bucigando nos seus fondos,
 15 n-as Outas e Baixas Rías²³⁸³
 e n-as alburaes praias,²³⁸⁴
 onde rís, cantas ou pregas,
 e teces mil armoñías
 ao bicarlle os pêe e as saias²³⁸⁵
 20 âs lindas mozas galegas.

Da terra de San Patricio²³⁸⁶
 —da reberte irmán Irlanda—,²³⁸⁷
 sopras, Noroeste, ledicio;
 e, bôn Xesús, sobre as ondas²³⁸⁸
 25 —¡anda!, ¡anda!... ¡que te anda!...—,
 chegas â Nai Celtineria²³⁸⁹

²³⁸¹ En *Galicia* aparece *lenes* no canto de **circios**.

²³⁸² En *Galicia* aparece *nas* no canto de **n-as**.

²³⁸³ *Ibidem*.

Nota da edición: Outas e Baixas Rías. As rías son esteiros formados nas desembocaduras dos ríos, reciben o nome de Rías Altas as que se atopan nunha parte da zona costeira que abrangue o norte da provincia da Coruña, desde a ría de Corcubión, e toda a costa de Lugo. E as Rías Baixas ocupan o sur da costa coruñesa e toda a costa de Pontevedra, abrangendo as rías de Muros e Noia, da Arousa, de Pontevedra e de Vigo.

²³⁸⁴ *Ibidem*.

²³⁸⁵ En *Galicia* temos *ô* e *sayas* no canto de **ao** e **saías**.

²³⁸⁶ En *Galicia* aparece *do* no canto de **de**.

Nota da edición: San Patricio. Patrón católico da República de Irlanda, festexado o 17 de marzo, data da súa morte. Nomeado bispo de Irlanda contra o ano 432 foi quen de ser o seu evanxelizador, malia ser un territorio fragmentado en numerosas tribos. É abondo coñecida a lenda de que fixo fuxir todas as serpes.

²³⁸⁷ Irlanda. *Cfr.* Nota da edición no verso 9 no poema **Antergas luces promísóreas [22]**.

²³⁸⁸ En *Galicia* aparece *e câl Xesús, sobr-âs ondas* no canto de **e, bôn Xesús, sobre as ondas**. Ademais, na edición do libro aparece *bon* no canto de **bôn**.

Nota da edición: O episodio de Xesús a camiñar sobre as ondas nárrese no evanxeo de San Mateo, **14**, 32-33, cando unha madrugada lles aparece aos apóstolos e tamén fai camiñar a Pedro sobre a superficie do mar. Esta escena está representada en moita iconografía cristiá.

²³⁸⁹ **Nota da edición:** Celtineria. Ou Celtinérea [92; 14]. Topónimo baseado na presenza dun pobo prerromano, os *nerios*, que habitaba a zona do *Promontorium Nerium*, hoxe Fisterra. Por extensión, o noso poeta tamén aplica este topónimo, de invención propia, a Galiza.

cantándolle un epinicio
 de fortes ritmos ousados:²³⁹⁰
 ¡Pra decirlle que a miseria
 30 véulle das inxurias fondas,
 da estulticia miseranda²³⁹¹
 e dos fillos desleigados!...

 Ventiño que cantarelas;
 ventiño que infras as velas
 35 con femeniños feitizos,
 en bolina e barlovento
 —como as azas das gaivotas
 e pardelas
 pol-a atrán inmensidá—,²³⁹²
 40 e, n-elas,²³⁹³
 fâs coller rizos,²³⁹⁴
 cando sopras forte, ¡vento!
 ¡e fas subiar as escotas²³⁹⁵
 con verbas de libertá!

 45 Bô vento dos «higlanderes»²³⁹⁶

²³⁹⁰ En *Galicia* aparece *rimos* no canto de **ritmos**.

²³⁹¹ En *Galicia* aparece *escravitú* no canto de **estulticia**.

²³⁹² En *Galicia* aparece *atlán* no canto de **atrán**.

Atrán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade [5]**..

²³⁹³ En *Galicia* aparece *n-élas* no canto de **n-elas**.

²³⁹⁴ En *Galicia* aparece *fas* no canto de **fâs**.

²³⁹⁵ En *Galicia* non aparece o signo de admiración inicial.

e das fortes irmandades
 «sinfeineres»²³⁹⁷
 forxadoras de vântades,²³⁹⁸
 que vês ceibando querereres
 50 con molentes soavidades
 e rexas sonouridades,²³⁹⁹
 ¡como os bicos das mulleres,²⁴⁰⁰
 como o xemir das procelas
 e das dôres das soidades
 55 máis sinxelas!

Côs teus agarimos, vento²⁴⁰¹
 —cando avantas pol-os vales
 e montanas fraternales,
 por valgadas e por veigas—,
 60 risan-risan os trigales,²⁴⁰²
 falándolle âs margaridas;
 o millo baila contento

²³⁹⁶ **Nota da edición:** «Higlanderes». Con gralla na escrita, mais tamén *highlanders* [93, 42]. Do inglés *highlander*, ‘Das terras altas’. Fai referencia a terras irlandesas polo que ben puidera tratarse dun erro xa que este topónimo e xentilicio corresponde a terras escocesas, agás que se refira a peregrinos escoceses que se achegasen a celebrar o San Patricio, patrón da Irlanda, mais de ser isto así habería outra contradición, dado que os irlandeses que celebran este santo son católicos e a maioría dos escoceses son de relixión protestante.

²³⁹⁷ **Nota da edición:** «Sinfeineres». Do gaélico irlandés *Sinn Fein*, ‘Nós mesmos’. A palabra é unha creación do poeta que, por extensión, aplica aos irlandeses, cando en orixe o Sinn Fein foi un partido monárquico separatista irlandés, que en 1917 cambiou a súa política a prol da creación dunha república irlandesa, o seu maior obxectivo era a reunificación de Irlanda para superar a división en dous estados efectuada en 1920, entre a nacente Republica de Irlanda e a, aínda hoxe, provincia británica de Irlanda do Norte.

²³⁹⁸ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *forxaderas* no canto de **forxadoras**.

²³⁹⁹ En *Galicia* aparece *sonoridades* no canto de **sonouridades**.

²⁴⁰⁰ En *Galicia* non aparece o signo de admiración inicial.

²⁴⁰¹ En *Galicia* aparece *C-ôs* no canto de **Côs**.

²⁴⁰² En *Galicia* aparece *rísan-rísan*, no canto de **rísan-rísan**.

—coma na Danza da Roda—,²⁴⁰³
 tintinexan as fontanas,
 65 as regueiras mail-os regos;²⁴⁰⁴
 e, agoirales,
 arrandéanse os pinales
 con acentos de rapsoda
 e de bardos ossianidas²⁴⁰⁵
 70 de outas lëndas bretemales;²⁴⁰⁶
 pro, n-as noites tenebrales²⁴⁰⁷
 —que iscrituran os lostregos
 de phantásticos presaxos—,²⁴⁰⁸
 cóntasnos contos de meigas,
 75 de curuxas e morcegos
 i-espenuxantes naufraxos!...²⁴⁰⁹

Outras veces, festexeiro
 —¡cabaleiro
 encol das foulas
 80 e suidoso das paisaxes

²⁴⁰³ Danza da roda > Muiñeira de roda ou Muiñeira redonda. *Cfr.* Variantes e comentarios no poema **Pé de millo (Ballet da «Moiñeira da roda»)** [18].

²⁴⁰⁴ En *Galicia* aparece unha coma despois de *regueiras*.

²⁴⁰⁵ Por gralla de imprenta, na edición do libro aparece *os-sianidas* no canto de **ossianidas**.

Nota da edición: Bardos ossianidas > Ossian ou Oisín. Poeta e guerreiro gaélico lendario, que se supón que viviu no século III. O poeta escocés James Macpherson (1736-1796) publicou pretendidas traducións dos poemas épicos de Ossian, porén á súa morte soubuse que eran fabulacións de baladas gaélicas e produción propia de Macpherson. Na literatura galega tiveron moita influencia na obra de Eduardo Pondal.

²⁴⁰⁶ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *brtemales* no canto de **bretemales**.

²⁴⁰⁷ Por gralla de imprenta, en *Galicia* repítese o verso anterior.

²⁴⁰⁸ En *Galicia* aparece *pantásticos* no canto de **phantásticos**.

²⁴⁰⁹ En *Galicia* aparece este verso sen puntos suspensivos.

de Briganza,²⁴¹⁰
 coa leda gaita n-os brazos²⁴¹¹
 e cantar facendo aos buxos²⁴¹²
 ao vêr cheos os moiños i-os cabazos!—,²⁴¹³
 85 alcendeche as romaxes²⁴¹⁴
 côs infruxos²⁴¹⁵
 dos teus tiro-liros bruxos;
 e, n-as troulas,²⁴¹⁶
 nadia a túa forza tivo na puxanza,²⁴¹⁷
 90 nin máis porte
 de galán,
 nin atruxos
 nin contento,
 vento forte,
 95 forte vento...
 ¡meu irmán!...

Con verbas de ventoliñas
 —cando vên marzo marceiro,²⁴¹⁸
 e no río xa s-escoita²⁴¹⁹

²⁴¹⁰ Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

²⁴¹¹ En *Galicia* temos *co-a* e *nos* no canto de **coa** e **n-os**.

²⁴¹² En *Galicia* aparece *ôs* no canto de **aos**.

²⁴¹³ En *Galicia* aparece *ô vêr cheol-os muiños i-os cabazos!*, neste verso. Ademais, na edición do libro temos *cheol-os* no canto de **cheos os**. Esta opción foi corrixida da man do autor no mecanoscrito, substituíndo con certeza á anterior.

²⁴¹⁴ En *Galicia* aparece *alcendéchel-as* no canto de **alcendeche as**.

²⁴¹⁵ En *Galicia* aparece *c-ôs* no canto de **côs**.

²⁴¹⁶ En *Galicia* aparece *nas* no canto de **n-as**.

²⁴¹⁷ En *Galicia* aparece *túa* no canto de **a túa**.

- 100 o brincar do esguín e a troita²⁴²⁰
 pra admirar os miragros²⁴²¹
 dos tremeceres da terra
 e as xermolanzas dos agros—,²⁴²²
 dílle ás bardas²⁴²³
- 105 de sardiñas
 e de xardas
 —mestas, mestas como as herbas dos herbales,²⁴²⁴
 mestas, mestas como as follas dos trigales—,
 cäl se foses pecoreiro:
- 110 —¡Gouga!, ¡gouga!, ¡queridiñas!
 ¡Imos dereito a Fisterra!...
- ***
- Sopra decote, bô vento,²⁴²⁵
 vento irlandés,
 vento irmán,
- 115 deica que chegue o momento
 que, apreixando a túa man,²⁴²⁶
 che digamos outra ves:
 —¡Sopra acotío máis forte²⁴²⁷

²⁴¹⁸ En *Galicia* e na edición do libro temos *Marzo, marceiro* no canto de **marzo marceiro**.

²⁴¹⁹ En *Galicia* aparece *rio* no canto de **río**.

²⁴²⁰ En *Galicia* aparece *brincar o raño* no canto de **o brincar do esguín**.

²⁴²¹ En *Galicia* aparece *o miragro* no canto de **os miragros**.

²⁴²² En *Galicia* aparece *do agro* no canto de **dos agros**.

²⁴²³ En *Galicia* aparece *dísle* no canto de **dísle** e na edición do libro aparece *as* no canto de **ás**.

²⁴²⁴ En *Galicia* aparece *ervas dos ervales* no canto de **herbas dos herbales**.

²⁴²⁵ En *Galicia* aparece unha coma despois de *Sopra*.

²⁴²⁶ En *Galicia* aparece *túa* no canto de **a túa**.

²⁴²⁷ En *Galicia* aparece *acotío* no canto de **acotío**.

sóbor da Costa da Morte²⁴²⁸

120

fisterrán!...

¡Trainos na vida máis sorte,

¡NORÖÉS!,²⁴²⁹

vento irlandés,

¡¡vento irmán!!...

²⁴²⁸ Costa da Morte. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **A renda do mar** [40].

²⁴²⁹ En *Galicia* aparece *Noröés* no canto de **NORÖES**. Ademais, na edición do libro as maiúsculas non levan acento gráfico.

[71]

AS ARELAS D-UN TRUNFO²⁴³⁰

I

SINTO arelas de ollarte pol-a praia²⁴³¹

c-ô teu manto de anacres, ¡ouh, sirea!,

onde o tombo do Atrante se desmaia²⁴³²

e a banda dos tritoes se recrea.²⁴³³

5 Non me arreda o perigo da pelea
qu-escontra meu degaro xa s-ensaia:
¡Hei de ir cabo de tí pol-alba area²⁴³⁴
s-ê que arribas na dorna verdegaia!

Se finara ao loitar côs teus pretores,²⁴³⁵

²⁴³⁰

Métrica

3 Sonetos, 11 (ABAB BABA CDE CDE, ABBA ABBA CDC DCD, ABBA ABBA CDE CDE).

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 436/437, xullo de 1949.

Variantes e comentarios

En *Galicia* titúlase **AS ARELAS DE UN TRUNFO**.

Debemos a Concha Delgado Corral o feito de coñecermos un manuscrito do poema tal e como se publicou na revista *Galicia*, datado polo autor: «Bôs Ars, xuño de 1949» e coa nota a rodapé no verso 37. O texto manuscrito atopouse no arquivo do betanceiro Manuel Roel.

²⁴³¹ En *Galicia* aparece en maiúscula só a letra inicial.

²⁴³² En *Galicia* aparece *Atlante* no canto de **Atrante**.

Atrante. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade [5]**.

²⁴³³ Tritoes. *Cfr.* Nota da edición no verso 1335 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁴³⁴ En *Galicia* aparece *ti pol-alb-area* no canto de **tí pol-a alba area**.

10 non m-elixas nin túmulo nin lousa²⁴³⁶
que lle alume do sol a lus eburna.²⁴³⁷

Sin bágoas, sin pregos, sin loubores²⁴³⁸
—a vida sin ollarte, é pouca cousa—,
¡entérrame de noite en negra furna!...

II

15 Se vencera na luita, a machadazos
—coma os nosos antergos de *Briganza*—,²⁴³⁹
alento a certidume, teño a espranza
de qu-estendas a min amigos brazos.

Enxoiadas de cunchas e de algazos
20 as dornas da *Soidá* e a *Venturanza*,²⁴⁴⁰
coa virazón da tarde, en boandanza,²⁴⁴¹
â groria levarán-nos dos teus pazos.

Cando arriben entramas âs oreas
dos peiraos da terra dos atrantes,²⁴⁴²

²⁴³⁵ En *Galicia* aparece *luitar c-ôs* no canto de **loitar côs**.

²⁴³⁶ En *Galicia* aparece *m-erixas* no canto de **m-elixas**. Por lóxica, a primeira é máis coherente, polo que a opción do mecanoscrito e da edición do libro puido deberse a un descoido do autor.

²⁴³⁷ En *Galicia* aparece un punto e á parte.

²⁴³⁸ En *Galicia* aparece *vágoas* no canto de **bágoas**.

²⁴³⁹ *Briganza*. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

²⁴⁴⁰ **Nota da edición:** A *Soidá* e a *Venturanza*. Nomes de dornas pertencen ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a embarcacións coñecidas polo autor.

²⁴⁴¹ En *Galicia* aparece *co-a* no canto de **coa**.

²⁴⁴² En *Galicia* aparece *atlantes* no canto de **atrantés**.

25 soltáremolle a driza âs brancas velas;²⁴⁴³

 unque penso, sirea, que, denantes,
ch-héi contar a outa histórea das procelas²⁴⁴⁴
de un gran povo *Pastor de Navegantes*.

III

 E unha xente arriscada, forte e boa,
30 que veu dende o *Himalaia* hastra *Fisterra*²⁴⁴⁵
 o *Elíseo* buscando, en sôn de guerra,²⁴⁴⁶
 pra impoñerlle a *Breogán* óurea coroa.²⁴⁴⁷

 E unha raza que o *Norde* —cando zoa
 sobre as fillas *Irlanda e Ingraterra*—,²⁴⁴⁸
35 encúmialle ao *Atrán* a lus qu-encerra,²⁴⁴⁹
 e que, sempre, pra o ben, a sangue escoa.

 Pra esa estirpe que dóu emperadores²⁴⁵⁰

Atrantes. *Cfr.* Atráns. Nota da edición no verso 11 do poema **Antergas luces promisoréas [22]**.

²⁴⁴³ Na edición do libro aparece *soltarémolle* no canto de **soltáremolle**.

²⁴⁴⁴ En *Galicia* aparece *ch-hei* no canto de **ch-héi** e tamén *istoria* no canto de **histórea**.

²⁴⁴⁵ **Nota da edición:** Himalaia. Cordal máis alto do planeta, situado no continente asiático e que se estende por Bután, China, Nepal, Tíbet, India e Pakistán. O seu nome procede do sánscrito e significa “val de neves”. Salientan as súas montañas Everest, K2 e Kanchenjunga, todas tres con máis de oito mil metros.

²⁴⁴⁶ En *Galicia* aparece *son* no canto de **sôn**.

Elíseo. *Cfr.* Nota da edición no verso 1374 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁴⁴⁷ Breogán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1126 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁴⁴⁸ Irlanda. *Cfr.* Nota da edición no verso 9 no poema **Antergas luces promisoréas [22]**.

²⁴⁴⁹ En *Galicia* aparece *Atlán* no canto de **Atrán**.

Atrán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade [5]**.

²⁴⁵⁰ **NOTA DO AUTOR:** «Teodosio (O Grande), emperador román, e Alfonso VII, primeiro emperador hespañol».

e n-as augas do *Nerio* aínda outea²⁴⁵¹

do Noso *Mar do Sol* as ardentías,²⁴⁵²

40 Sô che pido lle brindes teus favores²⁴⁵³

en pago do meu trunfo, ¡ouh, sirea!:

¡Que lle ateigues de peixe as súas rías!...²⁴⁵⁴

²⁴⁵¹ En *Galicia* aparece *aínda* no canto de **aínda**.

Nerio. *Cfr.* Nota da edición no verso 1162 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁴⁵² **Nota da edición:** *Mar do Sol* ou *Gran Sol*. Mítico caladoiro de pesca na costa de Irlanda, que se atopa entre os paralelos 48 e 60. A maior parte dos barcos que foron e aínda acoden a pescar son galegos, pola riqueza das súas augas e malia a dureza dos seus temporais. O escritor Xosé María Castroviejo (Santiago de Compostela, 1900 - Tirán, Moaña, 1983) embarcou nun pesqueiro que faenaba nas augas do Gran Sol. Xunto a fotografías de barcos, homes, galernas e tempestades, desta experiencia trouxo o seu primeiro libro *Mar del Sol, poemas de un diario a bordo*. Barcelona: Patria, 1940, publicado ao rematar a Guerra Civil.

«Nos anos vinte, os primeiros bous, barcos con motor de carbón, zarparon dos peiraos da Coruña e converteron o Gran Sol no mar de Galiza. Dende entón cada noite no Muro póxanse os mellores tesouros do mar de Irlanda». *Cfr.* Souto [2001: 215].

²⁴⁵³ Na edición do libro aparece *sô* no canto de **Sô**.

²⁴⁵⁴ En *Galicia* aparece sen signos de admiración.

ACORDEÓN GALEGO²⁴⁵⁵

ÉREL-A vos do mar cantando,²⁴⁵⁶

érel-a vos do mar xemindo,²⁴⁵⁷

érel-a vos do mar chorando,²⁴⁵⁸

¡acordeón!,

5 que, n-as mans do mariñeiro,²⁴⁵⁹

que, n-as mans do irmán peixeiro,²⁴⁶⁰

encomenzaras te ríndo²⁴⁶¹

²⁴⁵⁵

Métrica

Combinación estrófica irregular e polimétrica, con versos de arte menor (tetrasílabos ou octosílabos). Riman sempre en consonante.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 426, 28 de xullo de 1935.

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 297, outubro de 1937.

Variantes e comentarios

En *Galicia* (FSG) as maiúsculas do título non levan acento gráfico. Ademais, aparece datado polo autor: «Bös Aires, Xulio de VTCD» [*sic*] e, por gralla de imprenta, asinado por A. Uapata García. Na copia enviada a Filgueira corríxe e escribe 1935 no canto de VTCD e *Zapata* no apelido. Despois da rúbrica engade en nota: «Galicia»: 28 de Xulio de 1935.

En *Galicia* (CG) indica (Prá Revista GALICIA) e leva o seguinte **INTROITO**:

Pra vosoutros, irmáns,
—xunguindo o corazón
ôs galegos afáns—,
vou decir ACORDEON
dos mares galiciáns.
¡Perdón!

²⁴⁵⁶ Nas dúas versións anteriores temos en maiúscula só a letra inicial e na edición do libro non leva acento gráfico, aínda que curiosamente o título do poema leva til. Ademais, as dúas versións anteriores temos *voz* no canto de **vos**.

²⁴⁵⁷ Nas dúas versións anteriores temos *voz* no canto de **vos** e tamén *ximindo* no canto de **xemindo**.

²⁴⁵⁸ Nas dúas versións anteriores temos *voz* no canto de **vos**.

²⁴⁵⁹ En *Galicia* (FSG) aparece *nas* e, por gralla de imprenta, en *Galicia* (CG) temos *mas* no canto de **n-as**.

²⁴⁶⁰ Nas dúas versións anteriores temos *nas* no canto de **n-as**. Ademais, en *Galicia* (FSG) aparece *hirmán* no canto de **irmán**.

e remataras tristeiro

o mesmo que un corazón.²⁴⁶²

10 Como se foras o mar
que s-engola pol-as rías,²⁴⁶³

furnas, coídos e praias,²⁴⁶⁴

teces soaves armoñías,

sospiras, bicas, salaias,

15 ou fas rexo balbordar.²⁴⁶⁵

Como as ondas contra o muelle,

o espiñazo do teu fuelle

—xa s-encolla ou xa s-estrique—,²⁴⁶⁶

fala de barcos a pique

20 contra os baixos de Camelle.²⁴⁶⁷

Acordeón,

o teu sôn²⁴⁶⁸

²⁴⁶¹ En *Galicia* (CG) aparece *rindo* no canto de **rindo**.

²⁴⁶² En *Galicia* (FSG) aparece *q-un* e, por gralla de imprenta, en *Galicia* (CG) temos *qu une* no canto de **que un**.

²⁴⁶³ En *Galicia* (CG) aparece *se engola* no canto de **s-engola**.

²⁴⁶⁴ En *Galicia* (FSG) aparece *coidos* no canto de **coídos**.

²⁴⁶⁵ En *Galicia* non aparece este verso.

²⁴⁶⁶ En *Galicia* (CG) aparece *se encolla ou xa se estrique* no canto de **s-encolla ou xa s-estrique**.

²⁴⁶⁷ **Nota da edición:** Camelle. Parroquia (O Espírito Santo) do concello de Camariñas, situada na beira do mar, no corazón da Costa da Morte, testemuña de moitos naufraxios. Na localidade viviu desde 1961 e desenvolveu a súa obra o artista Manfred Gnädiger (Dresde, 1940 - Camelle, 2002), máis coñecido como Man, o Alemán de Camelle. Para a influencia dos baixos de Camelle nos naufraxios, *cfr.* Baña Heim [1980] e Campos Calvo-Sotelo [2002].

²⁴⁶⁸ En *Galicia* (FSG) aparece *son* e en *Galicia* (CG) temos *són* no canto de **sôn**. Ademais, en *Galicia* (CG) aparece *ao* no canto de **o**.

—pol-os bares e tabernas,
 dende Bôs Aires a Laxe—,²⁴⁶⁹
 25 sempre me fala d-eternas²⁴⁷⁰
 traxedias de salvataxe,
 maresías e galernas.²⁴⁷¹

N-as nutes de mar en calma²⁴⁷²
 —cando todo durme abordo,
 30 e, de xoellos, a i-alma
 prega os salmos do recordo,²⁴⁷³
 alumada pol-os faros—,²⁴⁷⁴
 a vos túa²⁴⁷⁵
 chora e brúa²⁴⁷⁶

35 pol-a tradiarte perdida²⁴⁷⁷
 da miña patria adourada
 —¡que acaluñan os iñaros!—,²⁴⁷⁸
 namentres romeda a lúa,
 do ceo dependurada,
 40 ¡a fouce de un Deus Druída,²⁴⁷⁹

²⁴⁶⁹ En *Galicia* (FSG) aparece *Bös* e en *Galicia* (CG) temos *Bós* no canto de **Bôs**.

²⁴⁷⁰ En *Galicia* (CG) aparece *de eternas* no canto de **d-eternas**.

²⁴⁷¹ En *Galicia* (CG) aparece *mareasias* no canto de **maresías**.

²⁴⁷² Nas dúas versións anteriores temos *nas* no canto de **n-as**.

²⁴⁷³ En *Galicia* (FSG) aparece *psalmos* no canto de **salmos** e remata en guión.

²⁴⁷⁴ En *Galicia* non aparece este verso.

²⁴⁷⁵ Nas dúas versións anteriores temos *vos* no canto de **vos**.

²⁴⁷⁶ En *Galicia* (CG) aparece *brua* no canto de **brúa**.

²⁴⁷⁷ En *Galicia* (FSG) aparece *libertá* no canto de **tradiarte**. É un exemplo evidente da autocensura consciente que realiza o autor no mecanoscrito dun libro que se vai editar na Coruña en pleno franquismo. Ademais, en *Galicia* (CG) non aparece nin este verso nin os dous seguintes.

²⁴⁷⁸ En *Galicia* (FSG) non aparece este verso, pola mesma razón que se modificou o anterior.

vingadora e afiada!...

Cómo choras,

¡acordeón!;

¡cómo improras,

45 cando n-hai peixe nin graos,²⁴⁸⁰

e as lanchas —pol-os peiraos,

ou, das praias acarón—,

soñan, do mar ao seu sôn,²⁴⁸¹

côs saltidos e as ardoras!²⁴⁸²

50 Acordeón

¡como te rís²⁴⁸³

abordo do galeón,²⁴⁸⁴

goletas e bergantís,

ao voltar da emigración!²⁴⁸⁵

55 ¡Cómo te rís e gargallas,²⁴⁸⁶

si s-engaiolan n-as mallas²⁴⁸⁷

²⁴⁷⁹ Nas dúas versións anteriores temos *d-un deus-druída* no canto de **de un Deus Druída** e sen signos de admiración.

²⁴⁸⁰ Na edición do libro aparece *graos* no canto de **graos**.

²⁴⁸¹ En *Galicia* (FSG) aparece *õ seu son* e en *Galicia* (CG) temos *ó seu son* no canto de **ao seu sôn**.

²⁴⁸² Na edición do libro aparece *cos*, en *Galicia* (FSG) temos *c-ös* e en *Galicia* (CG) *c-os* no canto de **côs**.

²⁴⁸³ En *Galicia* (FSG) aparece *rís* no canto de **rís**.

²⁴⁸⁴ En *Galicia* (FSG) aparece *galëón* no canto de **galeón**. Ademais, en *Galicia* (CG) temos *a bordo* no canto de **abordo**.

²⁴⁸⁵ En *Galicia* (FSG) aparece *o* e en *Galicia* (CG) temos *ó* no canto de **ao**. Ademais en *Galicia* (FSG) aparece *emigracëon* no canto de **emigración**.

²⁴⁸⁶ En *Galicia* (FSG) aparece *rís* no canto de **rís** e nas dúas versións anteriores empeza o verso con minúscula.

²⁴⁸⁷ En *Galicia* (FSG) aparece *s-engayolan nas* e en *Galicia* (CG) temos *se engayolan nas* no canto de **s-engaiolan n-as**.

das tarrafas e traíñas,²⁴⁸⁸
 mestos bramos de sardiñas,
 e, as xardas e sanmartís,²⁴⁸⁹
 60 ben se penduran n-as liñas!²⁴⁹⁰

Pol-os teus folgos, o vento,
 canta ledas barqueirolas
 arumadas con pimento
 n-as tarteiras e cazolas,²⁴⁹¹
 65 ou canta o forte contento²⁴⁹²
 que os peixeiros dan aos lances:²⁴⁹³
 tecendo doces romances
 n-os bailes que fân no porto;²⁴⁹⁴
 mais, tamén, se algún se morre,²⁴⁹⁵
 70 o teu salaio vai, corre,
 e, n-os ouvidos do morto,²⁴⁹⁶
 adelorido s-escorre...²⁴⁹⁷

²⁴⁸⁸ En *Galicia* (FSG) aparece *traíñas* no canto de **traíñas**.

²⁴⁸⁹ Por gralla de imprenta, en *Galicia* (CG) aparece *e'as* no canto de **e, as**.

²⁴⁹⁰ Nas dúas versións anteriores temos *nas* no canto de **n-as**. Por gralla de imprenta, en *Galicia* (CG) aparece *ilñas* no canto de **liñas**.

²⁴⁹¹ Nas dúas versións anteriores temos *nas* no canto de **n-as**. Por gralla de imprenta, na edición do libro temos *n-ás* no canto de **n-as**.

²⁴⁹² Por gralla de imprenta, en *Galicia* (CG) aparece *forto* no canto de **forte**.

²⁴⁹³ En *Galicia* (FSG) aparece *ös* e en *Galicia* (CG) temos *ós* no canto de **aos**.

²⁴⁹⁴ Nas dúas versións anteriores temos *fan* no canto de **fân**. Ademais, en *Galicia* (CG) aparece *nos* no canto de **n-os**.

²⁴⁹⁵ En *Galicia* (FSG) aparece *s-algün* no canto de **se algún**.

²⁴⁹⁶ Nas dúas versións anteriores temos *nos* no canto de **n-os**.

²⁴⁹⁷ En *Galicia* (CG) aparece *se escorre* no canto de **s-escorre**. Ademais, nas dúas versións anteriores temos unha coma no interior do verso.

Acordeón mariñeiro

—¡ouh, peixeiro acordeón

- 75 da terra de Rosalía,
Santa Pomba da Tenrura!—,²⁴⁹⁸
qu-empezaches, festexeiro,²⁴⁹⁹
e agora quedache afón:
Se cantas, ¡cánta alegría!;²⁵⁰⁰
80 se choras, ¡cánta tristura!...²⁵⁰¹

Acordeón,

ao teu sôn,²⁵⁰²

acompano esta canción:²⁵⁰³

—Érel-a vos do mar cantando²⁵⁰⁴

- 85 érel-a vos do mar xemindo,²⁵⁰⁵

érel-a vos do mar chorando²⁵⁰⁶

o mesmo que un corazón²⁵⁰⁷

infindo,

¡acordeón!...

²⁴⁹⁸ Por gralla de imprenta, en *Galicia* (CG) aparece *Teurura* no canto de **Tenrura**.

²⁴⁹⁹ En *Galicia* (FSG) aparece *q-empezaches* no canto de **qu-empezaches**.

²⁵⁰⁰ Nas dúas versións anteriores temos *Si* no canto de **Se**.

²⁵⁰¹ *Ibidem*.

²⁵⁰² En *Galicia* (FSG) aparece *son* e en *Galicia* (CG) temos *són* no canto de **sôn**.

²⁵⁰³ Por gralla de imprenta, en *Galicia* (FSG) aparece *canzóns* no canto de **canzón**.

²⁵⁰⁴ Na edición do libro e nas dúas versións anteriores as maiúsculas non levan acento gráfico. Ademais, nas dúas versións anteriores temos *voz* no canto de **vos**.

²⁵⁰⁵ *Ibidem*. En *Galicia* (FSG) aparece *ximindo* no canto de **xemindo**.

²⁵⁰⁶ Nas dúas versións anteriores temos *voz* no canto de **vos**.

²⁵⁰⁷ En *Galicia* (FSG) aparece *q-un* no canto de **que un**.

II.2.2. Poemas dispersos (publicados en revistas e xornais)

[73]

A CASA D'O POETA PONDAL²⁵⁰⁸

Onde mais fondo é ó *Anllóns* sonrente,²⁵⁰⁹

N'a marge destra, ollando car'a *Corme*,²⁵¹⁰

Stá unha casa que parés que dorme²⁵¹¹

Ao son lançal d'a rápeda corrente.

5 Car'o *Norde* é *Söan*, facendo guiños,²⁵¹²

Antr'eucalitos d'oledor ramage,

²⁵⁰⁸

Métrica

Soneto, 11 (ABBA CDDC EFE GFG).

Edicións anteriores

Suevia, Revista Gallega Regionalista, Bos Aires, nº 7, 24 de maio de 1913.

La Voz de Galicia, Bos Aires, III, nº 19, 15 de marzo de 1914.

Variantes e comentarios

Tamén se conserva un mecanoscrito do poema en transcripción feita polo autor, que acompaña Emilia Pondal nunha carta a Eduardo Pondal Abente datada o 10 de setembro de 1913. Aquí varía o título, que é **A casa d'o bardo Pondal**, malia termos a certeza de que Emilia adxunta a edición de *Suevia*. Cfr. III.3. Epistolario de/con Antón Zapata García.

En *Suevia* e no mecanoscrito está datado polo autor: «Buenos Aires, Mayo de 1913». Na revista tamén sinala «Especial para SUEVIA», e aparece reproducida a rúbrica manuscrita do poeta, que asina Antonio Zapata Garcia.

No mecanoscrito engade unha NOTA: «—Son neto d'o seu / curmán *Pepe ó coxo*, é nacín / n' *areosa Lage*, como dí vosté». Na marxe esquerda e en vertical pon: «Saénz Peña, 162 Dprto. 6. Buenos Aires», que naquela altura era o seu enderezo particular. É posible que procurase unha resposta de Pondal, mais se esta existiu non se coñece, nin sequera nas exhumacións da correspondencia de Pondal.

²⁵⁰⁹ En *Suevia* e no mecanoscrito da carta aparece *hé* no canto de *é*.

Anllóns. Cfr. Nota da edición no verso 2 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

²⁵¹⁰ *Corme*. Cfr. Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁵¹¹ No mecanoscrito aparecen '*Stá e paréz* no canto de **Stá e parés**.

A branca carreteira vai pr'a *Lage*²⁵¹³

E par'o nobre chan de *Bergantiños*.²⁵¹⁴

Locen, diante d'a porta, frols de *ânxo*,²⁵¹⁵

10 Arbres subrimos d'o *Renacimiento*,

Un grande limoeiro é igual naranxo.²⁵¹⁶

E moi preto d'alí, forte é sombrío,

Asenta *Ponte-Ceso* ó seu cimento

E un bello cisne soña sobr'o río...²⁵¹⁷

²⁵¹² En *Suevia* aparece *Car'ô* no canto de **Car'o**.

²⁵¹³ En *Suevia* e no mecanoscrito aparece *Á* no canto de **A**.

²⁵¹⁴ No mecanoscrito aparece *noble* no canto de **nobre**.

Bergantiños. *Cfr.* Nota da edición no verso 41 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

²⁵¹⁵ No mecanoscrito aparece *anjo* no canto de **ânxo**.

²⁵¹⁶ No mecanoscrito aparecen *verde* e *naranjo* no canto de **grande** e **naranxo**.

²⁵¹⁷ No mecanoscrito aparece *vello* no canto de **vello**.

Métrica

Romance heroico, 11, con esquema rimático (–A–A). Ten rima en e-a.

Edicións anteriores

Estudios Gallegos, Madrid, nº 15, novembro de 1915.

El Eco de Teo, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 30, 10 de agosto de 1918.

Variantes e comentarios

En *Estudios Gallegos* publicouse na sección **Poetas de oxe** [sic]. Aparece datado: «Buenos Aires, Xulio de 1915» e asinado por Antonio Zapata García.

A peculiar ortografía da primeira versión deste poema non se lle debe apoñer a Antón Zapata García, senón que ten que explicarse en razón de que a revista *Estudios Gallegos* estaba dirixida por Aurelio Ribalta, coñecido defensor dunha escrita foneticista para a lingua galega.

A seguir reproducimos a versión foneticista de *Estudios Gallegos*, que aparece subdividida en catro partes:

I

Os bandos d'anduriñas qe s'axuntan
 cand Outono xa sopra pola terra
 —antes diren camiño dos países
 donde qenta o calor da Primabeira,—
 5 reboan e reboan arredore
 dos niños en q' amaran ou naceran;
 e con píos punxentes —q' enternecen
 as ialmas sensitivas dos poetas,—
 espresan canto sofren as probiñas
 10 ao deixar, pola forza, o qe quixeran
 ber sempre frorezido baix a groria
 dun Sol esprendoroso qe pudiera
 resgardalas dos fríos e da fame
 qe matan as legrías mais sinxelas!...

II

15 ¡Tal fan os emigrantes!... Pouc a pouco
 ban deixand as casiñas das aldeas,
 as bilas i as cibdades da montana...
 —¡despois de despedirse ¡niñas prendas!
 das cousas mais chegadas ao cariño,
 dos seres que mais aman ou beneran,—
 20 cas fazes compunxidas e, dos ollos,
 queimarll o triste pranto nas meixelas
 e bolbendo con ânsa indefinibre
 cara os eidos natibos a cabeza!...
 25 ¡Alá ban! ¡alá ban! os emigrantes,
 por atallos, congostras e beredas
 qu os biran noutros días, reïdores,
 cando biñan dos agros ou das festas,
 e zeibando aturuxos e cantando

30 as copras mais picantes e mais ledas
i o céltico *Alalá*... ¡que parezía
ter rimos de nostalxias e de gerra!...
Abandonan os eidos porque saben
35 que non poden pagar ao fisco a renda:
porqo inberno presente, cas friaxes,
pudríos a samente baix a terra
i embargáranll os carros i as xugadas,
as galiñas, os cochos i as fazendas!...
Cos probes aforriños qe gardaban
40 nun buraco, debaixo da lareira,
mercaron, ¡miñas xoias! o pasaxe
a un axente mais duro qunha pedra,
baldeirand o as búlsiñas de pañete...
—¡as prumas das espranzas derradeiras!—
45 e camiño da Cruña ban chorando
por atallos, congostras e beredas!...

III

Nun barco emigrador, barudo e longo,
e mais negro qas almas sin conzenzia,
ban deixand as gabarras aos coitados
50 que miran, tristemente, na cuberta,
os panos qe s'axitan, sobr o muelle
como señas d'adioses e d'apretas!...
¡Xa recollen as ancras!... Rudamente,
desfógase con bríos a sirena,
55 zeibando tres muxidos com anunzio
de qe parte tamén par outra terra!
¡Alá ban!... ¡alá ban!... os emigrantes,
dand os ventos adioses e mais queixas,
deixand atrás!... ¡atrás!... a torre d'Hércules
60 e lebando por diante a noite negra!...

IV

... Nosoutros tamén somos anduriñas,
qe deixamos Galizia pola América,
en porcura do pan qe non amargen
caziques, binculeiros i abes negras...
65 ¡hastro día qe brilen as gadañas
polos campos da filla de Süebia
i empezen a segar ¡sin miramentos!
a zizaña parásita con léngua
i a fagan conberter en lebes zinzas
70 q'abentadas na codia, ¡xa redenta!
esterqen os herbaes i à vez sirba
d'escarmento pras outras qinda quedan!...
Qe diga o labrador i o bardo diga
—cando sol se namora da nai terra
75 i os ledos paxariños rechouchian
ao mirar a frorida primabeira:
—¡Este ano somos ricos!... ¡Xa nai fame!...
¡Xa non marchan as xentes par América!...
—¡Ou santa rebelión redimidora!...
80 ¡Xerminal! ¡Xerminal!... ¡¡¡bendito seas!!!

Os bandos d'anduriñas que s'axuntan
 cand'outono xa sopra pó-la Terra,
 —antes d'iren camiño d'os países
 onde quent'o calor d'a Primaveira,—
 5 revoan e revoan arredore
 d'os niños en qu'amaron ou naceran;...
 e, con píos punxentes, —qu'enternecen
 as y-almas sensitivas d'os poetas,—
 expresan canto sofren as coitadas
 10 ao deixar, pó-la forza, o que quixeran
 ver sempre frorecido baix'a gloria
 d'un Sol esprendoroso que pudiera
 resgardalas d'os fríos e d'a fame
 qe matan as legrías mais sinxelas!...

 15 ¡Tal fan os emigrantes!... Pouc'a pouco,
 van deixand'as casiñas d'as aldeas,
 as vilas, as cibdades y-as cabanas,
 despóis de despedirse—¡miñas prendas!—
 d'as cousas mais chegadas ao cariño,
 20 d'os seres que mais aman ou veneran,
 c'as faces compunxidas e, d'os ollos,
 queimarll'o triste pranto n'as meixelas
 e volvendo con ânsea indefinibre,

car'os eidos nativos a cabeza!...

25 ¡Alá van! ¡alá ván!..., pouquiñ'a pouco,
 por atallos, congostras e veredas
 qu'os viran, n'outros días, surridores,
 cando viñan d'os agros ou d'as festas,
 ceiband'os aturuxos e cantando

30 as copras mais picantes e mais ledas,
 y-o céltic'Alalá... ¡que parecía²⁵¹⁹
 ter rimos de morriñas e de guerra!...
 Abandonan os eidos porque coidan
 que non poden pagar, ao Fisco, a renda,

35 pois n'o Inverno presente, c'as friaxes,
 podrísell'a semente baix'a terra...
 ¡y-embargaránll'os carros y-os trebexos,
 as galiñas, os cochos y-as facendas!...
 C'os probes aforriños que gardaban

40 n'un buraco, debaixo d'a lareira,
 mercaron, —¡miñas xoias!, —o pasaxe
 a un axente mais duro q'unha pedra,
 valdeirand'as bulsiñas de pañete,
 —¡as prumas d'as espranzas derradeiras!—

45 e, camiño d'a Cruña, van chorando
 por atallos, congostras e veredas!...

²⁵¹⁹ **Nota da edición:** Alalá ou Alala. Son os cantos máis antigos, puros e característicos da música tradicional galega, que foron preservados pola tradición oral e a sabedoría popular, comezando a ser

—

N'un barco emigrador, —varudo e longo,
e mais negro qu'as y-almas sin concencia,—
van deixand'as gabarras aos coitados
50 que miran, tristemente, n'a cuberta,
os panos que s'axitan pó-la costa
como señas d'adioses e d'apretas!...
¡Xa recollen as ancras!... Feramente,
desfógase con bríos a serena;
55 ceibando tres muxidos com'anúnceo
de que marcha tamén par-outra terra!...
¡Alá ván!... ¡alá ván!..., os emigrantes,
dand'os ventos adioses..., aies..., queixas...,
deixand'atrás..., ¡atrás!..., a torre d'Hércules,²⁵²⁰
60 e levando por diant'a noite negra!...
.....
.....
.....
... Nosoutros, tamén somos anduriñas
que deixamos, Galicia, pól'Amérecas,
en procura d'o pan que non nos rouben
os caciques, foreiros y-aves negras...
65 ¡hastr'o día que brilen as gadañas

recuperados e dignificados por poetas e músicos do Rexurdimento. Hoxe relaciónase a súa orixe coa música litúrxica, porén a historiografía e musicoloxía rexurdimentista acreditaban na súa orixe céltica.

²⁵²⁰ Torre d'Hércules. *Cfr.* Nota da edición no verso 1096 no poema **A crus da Rosa [30]**.

pó-los campos d'a filla de Süevia²⁵²¹
 y-empecen a segar, —¡sin miramentos!,—
 a cizaña paráseta con léngua
 y-a fagan converter en leves cinzas
 70 qu'aventadas, n'a codia xa redenta,
 esterquen os herbales y-así cunda
 o escarmento n'as outras qu'inda quedan!...
 Que dig'o labrador y-o bardo diga
 —cand'o Sol se namora d'a nai Terra
 75 y-os tenros paxariños cantan ledos
 ao mirar a frorida Primaveira:
 —¡Est'ano somos ricos!: ¡Xá n'hai fame!...
 ¡Xá non marchan os probes par' Amérecal...
 —¡Ouh, santa rebelión redimidora!...
 80 ¡Xerminal!, ¡Xerminal!...: ¡¡¡bendito seas!!!²⁵²²

²⁵²¹ Süevia > Suevia. *Cfr.* Nota da edición no verso 28 do poema **Vagarosos ollos [3]**.

²⁵²² *Cfr.* Acuña, Xosé Enrique (1999). “O Xerminal de Antón Zapata”. *A Nosa Terra*, nº 868. Vigo (4.02.1999): 30.

[75]

NAI DORIDA²⁵²³

Sobre d'un facho d'a fera costa
qu'o mar d'*Atlante* cheg'a bicar,²⁵²⁴
unh'enoitada, trist'e aposta,
total-as tardes vai a rezar...

CORO

5 Sinte, emigrante
qu'o mar d'*Atlante*²⁵²⁵
vas a cruzar,
as fondas queixas
d'a nai que deixas
10 sin consolar!...

—

Ao ver as naves que van cruzando
frent'a *Fisterra*, dereit'o *Sul*,
estend'os brazos e di, chorando,

²⁵²³

Métrica

7 serventesios, 10 (ABAB CDCD EFEF...) e unha sextilla no Coro, 5 (aabccd).

Edicións anteriores

El Eco de Teo, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 5, 10 de xullo de 1916.

Variantes e comentarios

Indica «Par'o ECO DE TEO» e asina Antonio Zapata García.

voltol-os ollos car'o *Açul*.

—

15 —¡Adios, filliños d'a miña y-alma,
—que d'a *Fertuna* ides en por,—
non olvidedes de que, sin calma,
quedo sufrindo por vos'amor!....

CORO

Sinte, emigrante
20 qu'o mar d'*Atlante*²⁵²⁶
vas a cruzar,
as fondas queixas
d'a nai que deixas
sin consolar!...

—

25 Qu'as negras noites d'a Travesía
non ensombresan o vos'afán
y-a boa sorte sirva de guía
d'os vosos pasos por outro chan!

—

Tornad'axiña, ao que sepades
30 de que n'hai terras de premisions
mais feiticeiras qu'as heredades

²⁵²⁴ Mar d'*Atlante*. Cfr. Atrán. Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

²⁵²⁵ *Ibidem*.

²⁵²⁶ *Ibidem*.

que reg'o *Ulla, Miñ' ou Anllons!*²⁵²⁷

CORO

Sinte, emigrante

qu'o mar d'*Atlante*»²⁵²⁸

35 vas a cruzar,
as fondas queixas
d'a nai que deixas

sin consolar!...

—

E s'algún queda pra sempre ausente,

40 —por que d'a Morte cumprío a Lei,—
sobr'este facho, mentras alente,
total'as tardes lle resarei!...

—

¡Adiós, felliños d'a miña y-alma,

—que d'a *Fertuna* ides en por,—

45 non olvidedes de que sin calma,
quedo chorando por vos'amor!...

CORO

²⁵²⁷ **Nota da edición:** *Ulla, Miñ' ou Anllons*. Todos tres ríos galegos.

Ulla. Río da vertente atlántica que nace na parroquia de Lestedo (Palas de Rei) e desemboca na ría da Arousa. É a segunda conca fluvial galega máis importante.

Miño. Río da vertente atlántica que nace no «Pedregal de Irimia», na Serra de Meira (Lugo), e non na Lagoa de Fonmiñá como se cría ata hai pouco, e desemboca formando un esteiro no Atlántico á altura das vilas de A Guarda e Caminha, pois nos seus últimos 76 quilómetros serve de fronteira entre Galiza e Portugal. É a primeira conca fluvial galega máis importante.

Anllóns. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

Sinte, emigrante
qu'o mar d'*Atlante*²⁵²⁹
vas a cruzar,
50 as fondas queixas
d'a nai que deixas
sin consolar!...

²⁵²⁸ Mar d'*Atlante*. Cfr. Atrán. Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

²⁵²⁹ *Ibidem*.

[76]

BRINDIS...²⁵³⁰

Ao cravar un xalón sobr'o camiño
d'a luita redentora que s'apresta,
ben podemos brindar, pr'honor d'a festa,
un vaso rebosante de boo viño.

5 Debemos de brindar pol'o cariño
que revoa n'os peitos e n'a testa
de todol'os hirmans qu'estamos n'esta
amabre reunión como n'un niño.

Brindemos por Pondal e Rosalía,
10 por Añón, Curros, Lamas e Murguía²⁵³¹
e por cantos procramen pr'os gallegos.
A santa redención qu'a de salvarnos
y hastr'a cume d'a gloria a de levarnos
sin foreiros, caciques e sin cregos!...

²⁵³⁰

Métrica

Soneto, 11 (ABBA BAAB CCD EED).

Edicións anteriores

El Eco de Teo, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 8, 10 de outubro de 1916.

²⁵³¹ **Nota da edición:** Nomea algúns dos máximos representantes do noso Rexurdimento: os poetas Eduardo Pondal Abente (Ponteceso, 1835 – A Coruña, 1917), Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837 – Padrón, 1885), Francisco Añón (Serra de Outes, 1812 – Madrid, 1878), Manuel Curros Enríquez (Celanova,

1851 – A Habana, 1908), Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849 – id., 1906) e Manuel Martínez Murguía (Arteixo, 1833 – id., 1923).

[77]

N'A RÍA DE LAXE²⁵³²

Sobr'o fero vento "Norte"
sobre d'a "Costa d'a Morte",²⁵³³
con tal furiosa insanía
e marexada tan forte
5 ¡que xa rompe n'"Avería!"...²⁵³⁴
Desd'e "Cruciña" aos "Carreiros",²⁵³⁵
ferv'o mar cal catarata,
e chegan grandes salseiros
hastra mollar os aleiros
10 d'o dólmen "Xan de Zapata!"...²⁵³⁶
N'o "Caxestal" e n'o "Paso",²⁵³⁷

²⁵³²

Métrica

20 Quintillas, 8 (aabab cdccd efeef ghggh...).

Edicións anteriores

El Eco de Teo, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 27, 10 de maio de 1918.

Variantes e comentarios

Indica «Par'o "Eco de Teo"», asina Antonio Zapata García e vai na sección Dos Nossos Poetas.

²⁵³³ Costa d'a Morte. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **A renda do mar [40]**.

²⁵³⁴ **Nota da edición:** "Avería". Baixo da costa na ría de Laxe, a media distancia entre esta vila e a de Corme. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

²⁵³⁵ **Nota da edición:** "Cruciña" e os "Carreiros". Baixos da costa na ría de Laxe, que non podemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

²⁵³⁶ **Nota da edición:** Dólmen "Xan de Zapata". Lema Suárez non cataloga ningún monumento megalítico con esta denominación. No concello de Laxe tan só cataloga A Fornela dos Mouros, «situada na aba dun monte denominado Costa do Aplazaduiro», na parroquia de San Simón de Nande. *Cfr.* Lema Suárez [1999: 58].

²⁵³⁷ **Nota da edición:** N'o "Caxestal" e n'o "Paso". O Caxestal. Cantil da costa na ría de Laxe, que non podemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*.

as ondas torcen de ruta
y-as que veñen non fan caso...
e, d'o encontro, n'un abraço,
15 ¡bícense con rábea bruta!...
¡Tembr'o "Pinchón" de granito!...²⁵³⁸
¡A "Insua", queda tembrando!...²⁵³⁹
Os cormoráns, dand'un grito,
sálense d'o seu garito
20 e fuxen, arrevoando!...
Non se vé "Cabo de Cháns",²⁵⁴⁰
nin tampouc'os "Malpicáns",
baix'a rompente, qu'aterra,
e non paran séus desmáns
25 hastr'o "Costado de Terra!"...²⁵⁴¹
Onde máis gabea a rota,
—y-hastr'os toxos desarriga,—
é sobr'a "Punta d'a Cota";²⁵⁴²

Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. Aparece tamén no poema **Invocación "O Caxestal" [94]**, que se publica precedido dunha fotografía sen asinar, aínda que ben puidera ser do fotógrafo Vidal de Laxe, co pé de foto «'O CAXESTAL'—Inxente cantil de PUNTA LAXE».

O Paso. Outro cantil da costa na ría de Laxe, que tampouco puídemos localizar na cartografía mariña.

²⁵³⁸ **Nota da edición:** Pinchón. Trátase do monte Pinchón das Gallas ou Pinchóns, de 273 m. de altitude. «Sinala a parte máis alta dunha montaña que acaba en ángulo, ao igual que as casas con cuberta a dúas vertentes». *Cfr.* Vidal Pérez [2006: 50], no capítulo 2.2. "Os nomes dos montes".

²⁵³⁹ A Insua. *Cfr.* Nota da edición no verso 989 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁵⁴⁰ **Nota da edición:** "Cabo de Cháns". Na cartografía mariña aparece como Punta e Baixo de Chans, situado entre a vila de Corme (Ponteceso) e a coñecida Punta do Roncudo. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

²⁵⁴¹ **Nota da edición:** "Costado de Terra". Lugar da costa na ría de Laxe, que non puídemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

²⁵⁴² **Nota da edición:** "Punta d'a Cota". Lugar da costa na ría de Laxe, que non puídemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

- pero, xunt'a "Niño d'Aiga",²⁵⁴³
- 30 xá non gabea: ¡¡¡rebota!!!...
- Rómpese, n'a "Fanequeira",²⁵⁴⁴
- unha "vaga" tan enorme,
que, trás d'ela, tod'enteira,
escondéuse n'outra veira
- 35 a branca vila de "Corme",²⁵⁴⁵
- Cal cobras ou páns d'açufre,
xúntas'escuma en "Frexufre",²⁵⁴⁶
e, por "Vesugueira", salgas;²⁵⁴⁷
- ¡anqu'a xente soilo sofre
- 40 cando romp'o mar n'as "Galgas"!...²⁵⁴⁸
- Volv'os ollos car'a "Laxe"
- y-as suas casiñas miro
resistind'o forte oleaxe,
¡e penso qu'é ter coraxe
- 45 estar n'o "Adro" ou n'o "Tiro"!...²⁵⁴⁹

²⁵⁴³ **Nota da edición:** "Niño d'Aiga". Lugar da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

²⁵⁴⁴ **Nota da edición:** "Fanequeira". Baixo da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. Adoitan chamarse fanequeiras ás pedras asolagadas onde hai peixe, nomeadamente fanecas.

²⁵⁴⁵ Corme. *Cfr.* Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁵⁴⁶ Frexufre. *Cfr.* Nota da edición no verso 21 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

²⁵⁴⁷ Vesugueira > Pedras da Besugueira. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **Pedras da Besugueira [61]**.

²⁵⁴⁸ **Nota da edición:** "Galgas". Lugar da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz. Tamén nunha carta ao seu curmán de Laxe, o fotógrafo José Vidal García (5 de setembro de 1935) remata dicindo: "Alá vai miña aperta" para tí, con verdadeiro anhelo de poder un día ir a fondear en "Las Galgas" a "miña chalana"...).

Por rompérsell' unh' amarra,
 un galeón vái a garra
 c'os feros golpes de mar,
 ¡y-é cousa que seique marra
 50 o que queir' il-o amarrar!...
 De repente, unha buceta,
 —aproveitand' a “calada”,—
 vái por séis remos levada
 lixeira como saeta
 55 por entre d' a marexada!...
 Antes de vir a “ardentía”,
 —anteponñend' o “socheo”,—
 ¡xá perigo non había
 par' aqueles q' un trofeo
 60 van restarll' a mar bravía!...
 ¡Con qué profunda ansiedá
 quedamos todos mirando,
 mentr' a “Ventina”, chorando,²⁵⁵⁰
 pregunta si tornará
 65 seu fillo que vái remando!...
 Non pasóu d' un carto d' hora
 o tempo que percisaron

²⁵⁴⁹ **Nota da edición:** N' o “Adro” ou n' o “Tiro”. Lugares no promontorio na vila de Laxe, no que asenta a igrexa parroquial de Santa María da Atalaia, enriba do porto. O segundo tamén aparece nos versos: *Logo, a Igrexa, cima ás pedras / do promontorio de Tiro*, do poema **Lembranza laxeirana** [84].

²⁵⁵⁰ **Nota da edición:** “Ventina”. O nome hipocorístico pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

pr'a botar o barco fora
 de perigo... ¡e retornaron
 70 a consolar áa que chora!...
 Sempre me recordaréi
 d'esa "nortada" tan fera,
 qu'hastra cas de "Recaréi"²⁵⁵¹
 chegón o mar, e miréi
 75 destrozad'a "Carretera!"...
 Basta decir qu'ese día
 ningún rapaz s'astrevía
 a ir a "Rambla de Lema",²⁵⁵²
 ¡póis hachaba morte prema
 80 o qu'a tanto s'esponía!...
 As praias, qu'estaban rasas,
 —despoxadas d'as areas,—
 quedaron hirtas e feas...
 ¡y-as lanchas, com'o bateas,
 85 entraron dentro d'as casas!...
 Hoxe, —relebrand' aquela
 vila d'a veira d'o mar,—
 miñ'alma maxina, vela
 cal si me quixera chamar

²⁵⁵¹ **Nota da edición:** "Recaréi". O apelido pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor.

²⁵⁵² **Nota da edición:** "Rambla de Lema". O apelido tamén pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor, que tería a súa casa nas proximidades dunha rampla para os mariñeiros baixaren e subiren as embarcacións.

- 90 pr'a que vaia xunto d'ela,
a cantarll'os bóos "laxeiros"
seu poema, ¡nunqu'escrito!,
sobr'o "Pinchón" de granito,²⁵⁵³
dond'os corvos dan o grito
- 95 y-arrevoan, agoreiros;...
¡pois por mais qu'os "fisterráns"
non lle nego ser hirmáns
d'os lobos que dí Caamaño,²⁵⁵⁴
xur'os pés d'o mesmo Diaño!
- 100 ¡¡¡En Laxe son "lobicáns"!!!...

²⁵⁵³ Pinchón. *Cfr.* Nota da edición no verso 17.

²⁵⁵⁴ **Nota da edición:** Caamaño. Puidera tratarse do poeta Manuel Caamaño Devesa (Laxe, 1879 – Montevideo, 1928) [*Cfr.* I.2.1. Biografía, ano 1928. *Cfr.* Rei Lema [2000: 8] ou do fotógrafo e colaborador da prensa da diáspora Ramón Caamaño Bentín (Muxía, 1908 – id., 2007) [*Cfr.* Fernández Carrera [1999].

[78]

SAUDO²⁵⁵⁵

N'este niño —lexano d'as campías
qu'alum'o garimoso Sol galego,—
saudant'esta noite, en santo achego,
os hirmáns qu'emigramos n'outros días...

5 As nosas fraternaes simpatías
non teñen respradores de lostrego,
mais finxen transparentes com'un rego²⁵⁵⁶
de seréas espranzas e alegrías...

E-o brindar por teus trunfos n'esta loa,

²⁵⁵⁵

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

El Eco de Teo, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 29, 10 de xullo de 1918.

Variantes e comentarios

No pé incluíe unha Nota da Redacción que sinala: «Poesía con la que saludó a la eximia artista Angeles Ottein, en su vista a la “Artística Gallega”, nuestro excelente compañero y colaborador señor Zapata García». Publícase na sección Dos nosos poetas.

Nota da edición: Angeles Ottein. *Cfr.* “Galicia en el Arte Escénico”, *Nova Galicia*, nº 936, Bos Aires, 14 de xuño de 1918. Este semanario ofrece unha cumprida información da visita da artista, reproducindo as críticas colleitadas, precedidas destes datos biográficos: «Angeles Nieto, es hija del ilustre y honrosísimo Abogado y Notario de Bermeo (Vizcaya), D. José Nieto Méndez. Tiene 21 años. Su carrera artística fue rápida y brillante. Desde la edad del colegio tuvo gran afición a la música. Estudió en Madrid, con el tenor Simonetti, en 1912. Debutó el año 1914 en el teatro de la Zarzuela en la capital de España. Cantó seguidamente con los célebres artistas Anselmi, Battistini y Schipa. Pasó luego al Teatro Costanzi, en Roma, donde fue presentada como la “nueva Barrientos”. Cantó más tarde en el Real de Madrid; Liceo de Barcelona; en el San Carlos de Lisboa; y en el teatro de Monte Carlo; y en todos alcanzó ruidosos triunfos».

²⁵⁵⁶ Por gralla de imprenta, aparece *fluxen* no canto de **finxen**.

10 pedímosche que poñas n'a coroa
qu'empezas a tecer c'os homenaxes

qu'o mundo vai rindindoll'a teu trino
este nome de páxaro divino:

“¡Filomela d'os célticos boscaxes!”...²⁵⁵⁷

²⁵⁵⁷ **Nota da edición:** Filomela. Personaxe da mitoloxía grega. O seu cuñado Tereo seduciuna, pechoune e cirtoulle a lingua. Ela pintou nun lenzo todo o que acontecera e envioullo á súa irmá Procnea, que a rescatou e, en vinganza, matou a Itis, fillo de Tereo, e deullo a comer a este. Ao se enteirar Tereo quixo matala, mais foi transformado en gavián, Procnea en andoriña, Filomela en reiseñor e o neno Itis en faisán.

[79]

O PULPO²⁵⁵⁸

Tén a testa con tiara coma o Papa
y-os ollos d-hipopótamo ou de faco,
e xunto do pescozo, curto e fraco,
uito raxos q-esténde como un mapa.

5 Apegado n-as pedras como a lapa,
sombrízasell-a pel de cór tabaco...
e cando vé que s-entran n-un buraco
os lorchos y-as barbadas, vai... ¡e tapa!...

Tal como a araña fai coa probe mosca,
10 él, ó corpo dos peixes se lle arrosca
coa raxada visgosa e prepotente...
Y-é d-istinto tan tráxico e vourace,
que, non tendo provistas, e capace

²⁵⁵⁸

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 26, 25 de xaneiro de 1926.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dunha ilustración de O. A. Pacenza (“Noto”).

de comer dos seus raxos, fríamente...

[80]

A VOLTA Ô POVO²⁵⁵⁹

Contra á borda d-un barco que navega
con rumbo cara ás costas de Galiza,
un home vai pensando na xustiza
e no porco desleigo que nos cega...

5 Non ll-importa se chove ou se lostrega
nin olla cara nada con coviza,
mais apréixall-os puños a inxustiza
de tér q-ir coma on feixe na bodega.

E véndo que non leva mais consigo
10 q-un traxe que noutroa fora novo
e un “poncho” que ll-empresta pouco abrigo...

¡Xa presinte na y-alma os desenganos,
xüicios e rexouvas do seu povo

2559

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE).

Edicións anteriores

Céltiga, Bos Aires, nº 34, 25 de maio de 1926.

Variantes e comentarios

sobr-os cartos que fixo en vinte anos!...

[81]

¿QUE QUEREDES?²⁵⁶⁰

¿Qué queredes que lle diga?
¿qué queredes que lle conte
o meu amigo Manolo?
¿Que o comercio n-está forte?;
5 ¿que non se vende xa nada,
e as cousas están que tollen
senón c-o frío, que é outono,
mais sí c-os feros calores?...
¡Non!; eu penso que vosoutros,
10 meus queridos «corcubioneses»
—¡minto!: vos, ¡corcubioneses!—
queredes que o anfitrone
lle diga a vosa inquedaanza,
acó mesmo, n-esta noite,

2560

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en o-e.

Edicións anteriores

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 21, abril de 1927.

Variantes e comentarios

15 ¿non é certo? Pois ouzade:

 ¡Que a terra dos seus maores

 chegue salvo, san e alegre,

 co-a dona do seu amore!;

 ¡que atope ben os seus vellos,

20 fillos, hirmáns e os entronques

 dos Teixeiras, tan fidalgos

 cal fidalgos de Pascoaes!...²⁵⁶¹

 ¿Qué queredes que lle diga

 o meu amigo, señores,

25 senón que teña bo viaxe

 e de nosoutros s-acorde?...

En *Alborada* aparece incluído no artigo «La demostración a un viajero. D. Manuel Teixeira Hernández», que relata a homenaxe de despedida deste consocio da ABC de Corcubión, no que Antón Zapata García pechou a serie dos discursos congratulatorios coa lectura do poema.

²⁵⁶¹ **Nota da edición:** Zapata fai un xogo de palabras entre un dos apelidos do homenaxeado Manuel Teixeira Hernández e o poeta portugués Teixeira de Pascoaes, pseudónimo literario de Joaquim Pereira Teixeira de Vasconcelos, (Amarante, 1877 – id., 1952), autor dunha ampla bibliografía e máximo representante do saudosismo, movemento estético ligado á revista *A Águia*, órgano da Renascença Portuguesa, que defendía unha actitude humana perante o mundo que tiña como base a saudade, considerada por Pascoaes o trazo espiritual definidor da alma portuguesa, testemuñado pola literatura portuguesa ao longo dos séculos.

[82]

¿QUÉN FÚI?...²⁵⁶²

¿Quén fúi o desleigado que dixera²⁵⁶³

que Galiza non ten na súa fala

as virtudes do mármore e da cera,

do aceiro, do xílgaro e da ala?

5 ¿Quén fúi o malpocado que nacera
con irta condizón de besta mala,²⁵⁶⁴
pra non ver que non houbo quen pudiera
torcer o seu camiño nin matal-a?²⁵⁶⁵

¡Fuxe can!... ¡Vaite can!... Dareiche broa...

²⁵⁶²

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial, Bos Aires, nº 19, outubro de 1926.

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1086, 14 de novembro de 1926.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 22, maio de 1927.

Variantes e comentarios

En *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* e en *Correo de Galicia* publícase xunto ao soneto **Chovendo** [Cfr.] e engade a seguinte dedicatoria: «A Xequín R. Rodríguez, / no agarimo da fala». Ademais, por gralla e imprenta, en *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* a primeira palabra non leva til e en *Correo de Galicia* as maiúsculas do título non levan acento gráfico. Por gralla de imprenta, en *Alborada* reproducen o título en castelán: **¿Quién fui?...**

²⁵⁶³ En *Alborada* aparece *fui* no canto de **fúi**.

²⁵⁶⁴ Por gralla de imprenta, en *Alborada* aparece *ista* no canto de **irta**.

²⁵⁶⁵ Por gralla de imprenta, en *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* aparece *mantal-a* no canto de **matal-a**.

pois, cal dixo o poeta: “Se da aboa
o tesouro da lingua non herdaras”,²⁵⁶⁶

un consello dareiche encol da Lúa
e do mar de Galiza, cando brúa:
¡Mellor fora, ¡mellor!, que n-oubearas!...

²⁵⁶⁶ Por gralla de imprenta, en *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial* aparece un punto no canto dunha coma.

Nota da edición: Non localizamos a cita en ningún autor da nosa literatura, mais debe pertencer a algunha das súas lecturas en lingua galega. A enorme base de datos do TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) tan só testemuña a expresión ‘tesouro da lingua’ en textos de Xohán Vicente Viqueira.

AS FURNAS DE LAXE²⁵⁶⁷

2567

Métrica

Romance heroico, 11, con esquema rimático (–A–A). Ten rima en i-a.

Edicións anteriores

La Voz de Galicia, Bos Aires, II, nº 46, 20 de setembro de 1914.

Céltiga, Bos Aires, nº 59, 10 de xuño de 1927.

Variantes e comentarios

En *La Voz de Galicia* aparece coa seguinte dedicatoria: «A Cristobal Carracedo García» e en *Céltiga* publicouse con estotra: «A Xulio Sigüenza, dos “bôs e xenerosos”».

A primeira versión aparece datada polo autor: «Buenos Aires, 10 9 1914. Antonio Zapata (Hijo)», sendo a primeira vez que acompaña o seu nome da palabra **Hijo**. Malia as notables coincidencias, é sensiblemente diferente:

5 Coma portas d'antigas catacumbas
 Amostran as entradas carcomidas,
 Coroadas con toxos é silveiras
 Q'arraigan sobr'a parte mais altiva,
 E moitas, teñen mant'entretexido
 De feas polatarías é gramilas;
 Mentras, n'outras, máis húmedas é fondas,
 Soilo medran eleitos n'as rendixas;
 Y-as e preto d'o mar, semellan lonxe,
 10 Calaveras, cô-as cuncas renegridas!...
 ¡Cánto falan, a y-alma dos poetas,
 Esas furnas que ten â nosa ría,
 Cand'a noite descende y-os morcegos
 Revoan arredore d'as garidas,
 15 Y-os grasnidos d'os corvos é as grallas
 Contrasta cô-os salaios d'as paiñas!...
 Cando s'entra n'oscuro d'os seus seos,
 Sobrecólles'osprito é non s'anima
 A turbar ó silencio que sóo rompe
 20 O desangre d'a terra, ping'a pinga
 Non teñen, com'as corvas d'as Baleares,
 A rara fulxidés d'estalamitas;
 Per'impoñen ó medo que se sinte
 N'as torres é castelos en rüinas,
 25 Pesadeces de chumbo q'hai n'as naves
 D'ígrexas, catredales é d'ermidas!...
 Dentro d'elas, atop'o pescadore,
 A sombra salvadora d'a canícola;
 Sepulturas, os probes afogados,
 30 Y-arfolís... os que son contrabandistas...
 Cando rux'o Nordés, erguend' escumas
 Sobr'as ondas d'o mar enfurecidas,
 Resoan, n'os seus antros, rudas notas,
 Com'en órgano grave que n'a misa
 35 Tocas'o "Miserere" ou De "Porfundis"

Coma portas de rexas catacombas
que ensegridan mistéreos dos druídas,
pol-a costa de LAXE, vênse as furnas
medoñentas, pantástecas e outísimas,
5 coroadas de toxos e carrascas
mesturados con hedras e gramilas,
mentras, outras, máis húmidas e fondas,
teñen feitas e mosgo nas rendixas,
que, avanceiras ô mar, semellan, lonxe,
10 caliveras, co-as concas renegridas!...

Cando s-entra no escuro do seu seo,
desacórase o espírito e non se arrisca

40 Ou ó triste é terrible “Díes Irae”!...
Algunhas, moi gastadas pol-as augas,
Ou ó peso d’o monte xa rendidas,
Desprómase cô-a grave pesadume
D’os tuneles xigantes é d’as minas.
Amostrand’ as entranas amarelas
Con refrexos que dan as calamitas
Y-en donde vens’as capas sobrepostas
D’as épocas xeolóxicas d’a Vida!...
45 N’as noites de luar, cand’a marea
Deval-as verdes ondas hastr’encía
Dén as léndas d’o povo, q’os difuntos
Salen d’elas, tocando campanilas...
E q’os vèn os q’están para morrere...
50 Ou quen deba, aos cregos, unha misa...
¡Canto falan, á-yalma d’os poetas,
Esas furnas que ten á nosa ría;
Cand’a noite descende y-os morcegos
Revoan arredore d’as garidas,
55 Y-os grasnidos d’os corvos é d’as grallas
Contrasta cô-os salaios das paiñas!...

a trubar o silencio que aletexa
 pol-as cómbedas tristes e despidas,
 15 que tan sô, tremecentes, mainas, sulcan
 as bagullas da terra, pinga a pinga...,
 como doas ceibadas d-un rosáreo,
 omildosas, sinxelas, cristaññas...

Non teñen —cal as covas de Mallorca,²⁵⁶⁸
 20 ou as furnas das lëndas ossianidas,—²⁵⁶⁹
 a virtú das pingueiras barricentas
 que se trocan en pétreas puntillas;
 mais, impoñen o medo que se sinte
 n-os castelos e pazos en roínas,
 25 e as negras pesadelas que hai nas naves
 das vellas catredales e basílecas!...

Dentro d-élas, atopan os peixeiros
 a sôma garimosa na canícula;
 santas foxas, os probes afogados,
 30 e, arfoniles, quen é contrabandista...
 S-ê que ruxe o Nordés, e ferve escumas

Nesta última versión debeu basearse o poeta para a tradución castelá, **Las grutas de Lage**, reproducida en *El Eco de Teo*, «Revista Mensual», Bos Aires, nº 11, 10 de xaneiro de 1917. Estas dúas posúen 56 versos, catro versos menos que a versión definitiva.

²⁵⁶⁸ **Nota da edición:** Na illa balear de Mallorca sobrancean as numerosas covas subterráneas, produto da erosión do mar no subsolo, entre elas as máis coñecidas son as de Drac.

²⁵⁶⁹ Ossianidas. *Cfr.* Nota da edición no verso 69 do poema **Vento irmán [70]**.

a Cantábreca mar enfurescida,
resoan, n-os ouquedos, miles notas,
como un órgano grave que na misa
35 prañese o MISERERE ou DE PROFUNDIS,²⁵⁷⁰
ou trenase o terrible DIES IRAE!...²⁵⁷¹

Algunhas, —moi comestas pol-as ágoas,
ou ô peso dos séculos rendidas—,
deslómbanse c-ô horrible esmorecido
40 dos tuneles xigantes e das minas,
amostrando as entranas amarelas
con refrexos que fan as calamitas
e n-onde vênse as codias sóborpostas
das xornadas pretéretas da Vida!...

45 Nas nites de luar, —cando a marea
deval-as verdes ondas hastra â enxiva
dín as lëndas do povo que os defuntos
saien d-élas, tanguendo, campaññas...

je que os vên os que están rentes da morte
50 ou quen teña con eles unha obriga!...

Dín, tamén, que nas furnas hai encantos...;

²⁵⁷⁰ **Nota da edición:** Miserere. «Ten misericordia. Chámase así a un arranxo musical do salmo 50 en que o penitente pide a Deus que lle perdoe os seus pecados», *Cfr.* López Varela [1998: 724], pois é citado no libro *O divino sainete* de Curros Enríquez.

De Profundis. *Cfr.* Nota da edición no verso 15 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

²⁵⁷¹ Dies Irae. *Cfr.* «Días de Iras». Nota da edición no verso 51 do poema **Armónicas furnas [44]**.

muitos, dín que os endragos e as xorguinas,²⁵⁷²
fân, n-os sábados, a rolda n-os furnales,
e, outros, contan que viron â galiña
55 de hovos de ouro, clocando, n-unha furna,
¡e, abafante, un can negro perseguíndoa!...

¡Cánto falan, âs almas soñadoras,
esas furnas que têm a nosa ría,
cando a noite descende, e os morcegos
60 revoan, tenebrosos, na marisma,
e os grañidos dos corvos e gaivotas
mestúranse c-os laios das pañas!...

²⁵⁷² Endragos. *Cfr.* Nota da edición no verso 34 do poema **Volvoretas [31]**.
Xorguinas. *Cfr.* Nota da edición no verso 282 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

[84]

LEMBRANZA LAXEIRANA²⁵⁷³

Dempóis d-unha longa auséncia
do chan que â vida fûn vido,
—auséncia que xa enmorea
vintecatro anos cumpridos—
5 púdente vêr oxe, LAXE,
—¡fonte de peixe e mariscos!—
tal câl eres, feiticeira,
sóbor d-uns pequenos vidros
que, postos na regandixa
10 d-un catalonxe moi lindo,
pódense ír vêndo, dispáceo,
choscando o destro ou sinistro...
Se viras cánta legría,
LAXE, lle deche ô teu fillo!,
15 cando vío as túas casas

²⁵⁷³

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en i-o.

Edicións anteriores

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 25, agosto de 1927.

Variantes e comentarios

Publícase acompañado dunha fotografía sen asinar (aínda que ben puidera ser de Vidal), que representa unha procesión relixiosa na praza de Laxe. Tamén indica despois do título (Pra ALBORADA).

c-ôs seus tellados roxizos
e as paredes branqueadas
coma pedras de muiño!...
Logo, a Igrexa, cima âs pedras
20 do promonteiro de Tiro,²⁵⁷⁴
e a «laxe» que che dóu nome
no momento do bautiso...
A túa praia ¡tan longa!,
—¡dous kilómetros e pico!
25 de xeito de médea lúa
ou mandil de branco liño,
onde as mariñas gaivotas
debuxan mil xeroulifos
e os teus rapaciños louros
30 xogan â «billa» ou ôs brincos...
¡praia que bican as ondas
con eternidá de bicos,
e, pr-âs lanchas, é câl berce
de nacre e prumas de ciño!...
35 Tí, que sabes das suidades
e das arelas de esprito,
enxergarás cánto vale
relembrar soio eses sitios

²⁵⁷⁴ Tiro. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **N'a ría de Laxe** [77].

que me falan, sin parolas,
40 dos tenros tempos fuxidos,
cando da vida, ô comenzo,
choutaba pol-o camiño!...
¿E pra que nomear máis cousas
das que vîn n-aquéles vidros,
45 se n-hai retratos máis craros
que os da ucha do sentido?
Mais, ollándoos soasmente,
despértanse os agarimos,
porque, n-éles, forxo soños
50 de cando fun pequeniño,
e lembro, por cada vista,
outros nomes ben queridos:
¡pais, abós, irmáns, parentes,
compañeiros e veciños!...

A BATALLA DO MA-ROXO E DA PIÑEIRA²⁵⁷⁵

—“¡Deus fratesque Gallaeciae!”,— aturuxaban²⁵⁷⁶

os rexos loitadores da Hirmandade,

¡e as tres verbas da nosa trenidade

n-os peitos xenerosos s-afondaban!

5 —“¡Deus fratesque Gallaeciae!”,— respostaban²⁵⁷⁷

os ecos, tremecentes d-ansiedade;

mais, c-os brados de “¡Nos!” e “¡Libertade!”,

as forzas hirmandiñas balbordaban²⁵⁷⁸.

²⁵⁷⁵

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

El Despertar Gallego, Bos Aires, nº extra, decembro de 1927.

Variantes e comentarios

Publícase coa indicación despois do título (Pra “O DESPERTAR GALLEGO”).

²⁵⁷⁶ **Nota da edición:** “¡Deus fratesque Gallaeciae!” (“Deus e os irmáns de Galicia”), expresión dos irmandiños segundo afirmaba Benito Vicetto Pérez (Ferrol, 1824 – id., 1878), quen destacou sobre todo como historiador, coa súa obra *Historia de Galicia* (1865), autor prolífico en castelán (poesía, novela, teatro e ensaio), tamén escribiu en lingua galega tres poemas (un romance sen título, a *Cantiga dos Borboriños* e *Ti e eu. Sono dunha noite de vrao*). Considerábase o fundador do Rexionalismo.

²⁵⁷⁷ *Ibidem*.

²⁵⁷⁸ **Nota da edición:** «Eu son d-unha Terra onde os labregos non foron capaces de aturaren o despotismo señorial e máis d-unha vez (van alá centos de anos) fixeron revolucións sanguíntas». CASTELAO. “Adro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Castelao refírese ás revoltas irmandiñas, levantamentos populares contra os grandes nobres nas que participaron varios grupos sociais (campesiños, xentes das cidades, baixa nobreza, fidalgos e algúns membros do clero), e que tiveron lugar na Galicia do s. XV.

E mentres que na loita hachaban morte
10 os treidores Fidalgos de Monforte,²⁵⁷⁹
—¡que venderan a Nai pol-a triganza

dos reises d-Aragón e de Castela!—,²⁵⁸⁰
a fasquía do bó Pardo de Cela²⁵⁸¹
lembrado ó Redenzor de BREOGANZA!...²⁵⁸²

Cfr. Rodríguez Castelao (2000: 227) [1944].

²⁵⁷⁹ *Cfr. infra.* Pardo de Cela. Os Fidalgos de Monforte habían ser os seus executores.

²⁵⁸⁰ **Nota da edición:** Reises d-Aragón e de Castela. Fernando, rei da Sicilia e herdeiro da coroa de Aragón, que se converte en Fernando II de Aragón, casando en 1469 con Isabel I de Castela. Posteriormente a parella recibiría do papa o dereito a seren chamados Os Reis Católicos.

²⁵⁸¹ **Nota da edición:** «[A Galiza feudal] D-aqueles tempos non-os quedou máis que un anxeio de grorificar a figura do Mariscal Pardo de Cela». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Pardo de Cela. Nobre galego do s. XV. O seu matrimonio con Isabel de Castro, curmán de Isabel I e filla do Conde de Lemos, foi o inicio do seu encumbramento nas filas da grande nobreza galega. Ademais das numerosas fortalezas e casas fortes que posuía, era alcalde de Viveiro e xustiza e comendeiro do bispo de Mondoñedo. A súa execución en Mondoñedo, en 1483, por orde do xustiza maior Fernando de Acuña, orixinou unha abundante literatura, iniciada xa entre os seus propios contemporáneos, e que acadou a súa maior expresión apoloxética nos séculos XIX e XX, nas obras dos historiadores e escritores galeguistas, que o converteron en heroe da resistencia da nobreza galega fronte ós Reis Católicos. Un exemplo desta literatura é a obra de teatro *O Mariscal* (1926), de R. Cabanillas e A.Villar Ponte. *Cfr.* Rodríguez Castelao (2000: 286) [1944].

²⁵⁸² **Nota da edición:** Breoganza. Metonimia de Galiza, por ser a Terra de Breogán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1126 do poema **A Crus da Rosa** [30].

[86]

A PAULIÑA DOS PESCOS²⁵⁸³

Emigran os peixadores
da probe vila de **Laxe**,
por non ter un refuxio no inverno
que ás bucetas e lanchas ampare.

5 No fondo da santa mágoa
que sinten, deixando os lares,
aletexa a pauliña arelosa
contra cantos sinalan culpabres:

—¡Inda morran afogados
10 os que chuchan nosa sangue,
e non fan tan siquer unha dársena
que das fortes mareiras nos salve!...

Levan n-os ollos os pescos
mil traxedias mariñantes,

²⁵⁸³

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima en a-e.

Edicións anteriores

El Despertar Gallego, Bos Aires, nº 161, extra, decembro de 1929.

15 e zoar lles parés n-os ouvidos
o cramor dos hirmáns que afogáronse.

Por el-o, ó marchar pr-á América,
os probes pescos de **Laxe**,
van dicindo a firente pauliña

20 contra cantos conoscien culpabres:

—¡Inda morran afogados
os que chuchan nosa sangue,
e non fan tan siquer unha dársena
que ás bucetas e lanchas ampare!...

[87]

¡GRÓREA A GALICIA CEIBE!...²⁵⁸⁴

I

De xionllos, pra adourarte,

Galicia, Nai querida:

de pé, na man a vida,

pra darche libertá.

II

5 De pé, gallegos fortes,

pr-á luita das ideas:

Tronzemol-as cadeas

q-engrillan Nosa Nai.

III

²⁵⁸⁴

Métrica

6 redondillas, 8, con esquema rimático (abba).

Edicións anteriores

Apareceu publicado na penúltima páxina do folleto *Eduardo Pondal: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega*, no que se reproduce a conferencia pronunciada por Antón Zapata García o día 5 de xuño de 1930. Con certeza editouse este mesmo ano, malia que o devandito folleto non leva data de impresión.

Variantes e comentarios

O poema aparece datado polo autor: «Bôs Aires, 17 de Nadal de 1928», pois este texto foi composto expresamente para ser recitado no “Gran Mitin” organizado nesa data pola Sociedade d’Arte Pondal, para conmemorar o 445 aniversario da morte do Mariscal Pardo de Cela.

Ademais, na edición do folleto a palabra inicial en maiúsculas non leva acento gráfico, como era norma na época. Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

10 Salvemos Nosa Fala,
suidosa, tenra e forte,
que quere darlle morte
o vil Poder Central.

IV

15 Camiño noso sexa
o que percorre Irlanda,²⁵⁸⁵
e a idea veneranda
do Mariscal, a Lei.²⁵⁸⁶

V

20 Eisí redenzoadá
a nobre Terra Nosa,
verémol-a, ditosa,
máis forte, frorecer.

VI

E se ô lutar caemos
baixo o Poder aleive,
—¡Grórea a Galicia ceibe!—
preguemos ô morrer!...

²⁵⁸⁵ Irlanda. *Cfr.* Nota da edición no verso 9 no poema **Antergas luces promisoréas** [22].

²⁵⁸⁶ O Mariscal > Pardo de Cela. *Cfr.* Nota da edición no verso 13 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [85].

LOUBANZA HIRMANDIÑA²⁵⁸⁷

Ben chegados, “De Ruada”, da Nai Terra Galicia,²⁵⁸⁸

que traguedes n-os cantos o arelar da Xusticia,

o ron-ron dos muiños, as debullas n-os piornos,

a fraganza da broa e o pan-trigo n-os fornos;

5 o fungar dos pinales, o risar das regueiras,

os marmulos das fontes, o balbordo das feiras,

as risadas das mozas, os sospiros dos mozos,

os saloucos das mágoas e as lelías dos gozos.

Ben chegados, “De Ruada”, bôs hirmáns ben queridos,

10 que da fala galega espallando os soídos,

²⁵⁸⁷

Métrica

Oitava Real, 14 (AABBCCDDEE) e serie de estrofas irregulares de rima consonante.

Edicións anteriores

Programa de man da Coral de Ruada.

Variantes e comentarios

Poema enviado por Antón Zapata García para unha inédita *Escolma da Lírica Galega*, que preparaba Filgueira Valverde en 1936. Ana Acuña Trabazo e Xesús Alonso Montero, que preparan unha edición desta colectánea, proporcionáronme a noticia deste texto poético. Aparece, sen citar publicación, nun recorte corrixido e asinado que trae unha caricatura do autor, acompañado dunha ilustración/foto co seguinte pé: «Una calle típica».

Debaixo do título e riscado polo autor indícase «(Inédita especial para este programa)», feito que parece indicar que se publicou nun programa de man da Coral de Ruada.

Ao remate do poema sinálase: «Bos Aires, 10 de febreiro de 1931. Antón Zapata García», seguido dunha sinatura manuscrita.

²⁵⁸⁸ **Nota da edición:** No mes de febreiro de 1931 chega a Bos Aires o coro ourensán “De Ruada”, dirixido por Daniel González, e que tiña como director escénico a Camilo Díaz Baliño [Cfr. Carballo-Calero Ramos (1994: 13-22)] e representante a Salvador García Bodaño, acompañados dun amplo elenco, que interpretaba

despertades relembrós das raíces costumes
envolveitos na brétoma enmeigada d'arumes:
O estoupar dos foguetes n-os turreiros e adros,
pol-as vilas e aldeas,
15 mesturados c-ôs êcos da montana e c-ôs ladros;
os varils aturuxos
que repulen os bruxos
tiroliros
dos buxos,
20 que convirte o gaiteiro
festexeiro
en sospiros.

Todo canto nos canta nosa nai natureza,
vos, rapaces “De Ruada”, dádeslle outa beleza,²⁵⁸⁹
25 xa cantédeslle â terra, xa cantédeslle ô lar,
xa cantês ô paxaro,
xa cantédeslle ô craro
meiguicento luar
que n-as augas s-espella
30 e no aceiro da rella
da sinistro brilar,
ou convirte en diamantes

un repertorio de cantos populares, música polifónica, canción escenificada, dúo de gaitas, zanfonas, monólogos e contos e obras de teatro.

²⁵⁸⁹ Hai unha indicación do Autor para a supresión dun ele, o que indicaría unha gralla de imprenta.

os rosáreos q-os remos, ronzadores, bimbiantes,
vân facendo ô bogar.

35 N-as cantigas que dades,
“De Ruada”, lembrades:
Os arrulos das rulas,
os arumes das froles, o frou-frou d-escasulas,
os recendos dos óleos dos mistéreos astraes,
40 as arelas dos pregos,
o ris-ris dos trigaes
e os cantares de cegos;
os moumeos das fadas,
os rebumbios das fiadas,
45 o tras-tras d-espadelas,
o run-run das foliadas
e “muiñeiras de roda”²⁵⁹⁰
ben bailadas, sinxelas,
—na litúrxica moda—
50 a morneza dos colos,
a-la-la-las, arrolos,
e os bruídos do mar.
Todo canto adouramos
e, decote, arelamos,

²⁵⁹⁰ «Muiñeiras de roda» > Muiñeira de roda ou Muiñeira redonda. *Cfr.* Variantes e comentarios no poema **Pé de millo (Ballet da «Moiñeira da roda»)** [18].

55 nos lembráchedes vos, “De Ruada”, ô cantar

con arrulos de niños

—garimosos, amantes—

ou barudo zoar,

xa cantês solermiños,

60 xa zoês rebruentes.

—————
¡Ben chegados, cantores!;

¡ben chegados, hirmáns!:

A suidosa cobicia

das legrías e doores

65 dos hirmáns emigrantes,

â Nai Terra Galicia

—estreitadal-as mans—

arelamos render:

Se a volvedes a ver

70 —xa dempóis de adoural-a,

e querel-a,

e bical-a,

por ser boa e sinxela—,

lle digás que, por éla,

75 nosa arela,

é morrer!

EU DÍGOVOS...²⁵⁹¹

Pra salvar a Nosa Terra das gadoupas²⁵⁹²
 da besta que lle zuga o nobre sangue,²⁵⁹³
 é perciso que «Os Bós e Xenerosos»²⁵⁹⁴
 s-arreden dos muliebres e dos mánceres.

5 Se conviñer, pr-ó trúnfo que arelamos,
 furar a terra, d-un ó outro extremo,
 furemos, meus hirmáns, sin dó n-iacougo,
 anque non máis nos fiquen que cotenos.

 Xamáis teñámol-o machado ergueito
 10 diante dos anemigos da Nai Terra,

²⁵⁹¹**Métrica**

8 coplas de arte maior asonantadas, 11, con esquema rimático (-A-A). Teñen, respectivamente, rimas en a-e, e-o, e-a, i-a, o-a, i-a, a-o e o-e.

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 24, 17 de decembro de 1930.

A Nosa Terra, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña, nº 280, 1º de febreiro de 1931.

Variantes e comentarios

En *A Fouce* vai precedido do debuxo dunha fouce a se afiar, sen asinar, e indica «Pr' "A FOUCE"». Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936.

En *A Nosa Terra* as maiúsculas do título non levan acento gráfico.

²⁵⁹² En *A Fouce* non aparece o artigo.²⁵⁹³ En *A Fouce* aparece *a* no canto de *o*.²⁵⁹⁴ **Nota da edición:** «Os Bós e Xenerosos». Trátase do verso 17 do poema «Os pinos» de Eduardo Pondal, que nesa altura xa se convertera na letra do Himno Galego.

hastra chegar o instante que o pescozo
lle poñamos encol da talladeira.

Coma silveiras, polatarias, toxos,
abrangámol-as torres da Inxustiza
15 e, pedra a pedra, derrubemos todas,
pouquiño a pouco... quedo... solermiña...

Fagamos, sin tremer, coma Viriato:²⁵⁹⁵
O que non ven con nós, está con Roma,²⁵⁹⁶
e tallarlle é deber, a gorxa que houbo
20 verbas de traidoría contra nosa.

Non busquémol-os lobos nas tobeiras
n-estes xornos de bafuas ultraístas,
que oxe mouran n-aldea e na cibdade
pra mellor elexir as súas vítimas.

25 Se non fora, pr-ó trúnfo, abondo a verba,²⁵⁹⁷
nin o puño de cerna de carballo,
¡que caian os hirmáns —unque nos doia—
de duro corazón dexenerado!...

²⁵⁹⁵ Viriato. *Cfr.* Nota da edición no verso 54 do poema **As túas mans** [32].

²⁵⁹⁶ En *A Fouce* aparece *nos* no canto de **nós**.

²⁵⁹⁷ Por gralla de imprenta, en *A Nosa Terra* aparece *pró* no canto de **pr-ó**.

30 E se o pranto diuiva nosos ollos,
non importa ¡galegos!, non importe,²⁵⁹⁸
que o que tén corazón; a forza, chora,
coma chora a campá, anque é de bronce...²⁵⁹⁹

²⁵⁹⁸ En *A Fouce* aparece *non importe ¡galegos!, no importe*, neste verso. Na copia enviada a Filgueira corríxe e escribe **non**.

²⁵⁹⁹ En *A Fouce* aparece *campá*, na copia enviada a Filgueira corríxe e escribe **campán**.

DON RAMÓN DEL VALLE INCLÁN Y MONTENEGRO²⁶⁰⁰

Ramón²⁶⁰¹

do Val,

nasón

barbal,

5 sen don

n-é tal

nin dual

brasón;

mais tèn

10 un ben

sin par:

²⁶⁰⁰

Métrica

Sonetillo, 3 (ABAB ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1325, 14 de xuño de 1931.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dunha caricatura sen asinar de Valle-Inclán.

Unha copia mecanografada foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936. Nela o título é **Valinclán** e despois da rúbrica engade «1931».

²⁶⁰¹ **Nota da edición:** Ramón María del Valle-Inclán (Vilanova da Arousa, 1866 – Santiago de Compostela, 1936). Dramaturgo, poeta e novelista, membro da Xeración do 98. Na narrativa as obras máis senlleiras son as *Sonatas* e *Tirano Banderas*, na poesía destaca *A pipa de Kif* e entre as súas numerosas obras teatrais salientan a triloxía das *Comedias bárbaras*, *Divinas palabras* e *Luces de Bohemia*, alén da súa técnica distorsionante coñecida como esperpento.

ó lêr,²⁶⁰²

facer

chorar!...²⁶⁰³

²⁶⁰² No inédito enviado a Filgueira aparece *ô* no canto de *ó*.

²⁶⁰³ **Nota da edición:** Sorprende a crítica de Zapata, pois Valle-Inclán relacionouse cos galeguistas: «Se falarmos da relación que Valle-Inclán mantivo com o galeguismo debemos constatar, por um lado, que a crítica tem sobradamente documentados os estreitos laços de amizade e admiración mútuas que Valle-Inclán mantivo com figuras míticas deste movimento, como Manuel Martínez Murguía (pai do regionalismo galego e amigo da familia do escritor, quem havia de prologar o seu primeiro livro, *Femininas*), Alfredo Brañas (máximo representante do galeguismo tradicionalista e profesor do Valle-Inclán estudante de Direito em Compostela) ou Daniel Rodríguez Castelao (fundador do Partido Galeguista em 1931, quem colaborou com Valle-Inclán em várias ocasións)». Cfr. Mascato Rey, Rosario (2005). “Valle-Inclán e a Galiza: um estado da questom”. *Actas do Ciclo de Conversas sobre Literatura Galega*, que decorreu entre 15 de Abril e 4 de Maio de 2005, na Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa. Versión electrónica.

[91]

SEMENTADOR²⁶⁰⁴

Sóbor do carro —q' é dorna
pol-os terreños baixíos—,
olla ó Pai-Sol, bó labrego,²⁶⁰⁵
que sai bailando e amorna
5 os galegos labrantíos
e fai fuxir ó morcego.²⁶⁰⁶
Ouza os tríos
dos paxaros; vaite amodo,
q-heiche falar, s-é que podó.²⁶⁰⁷
10 —Busca as terras dos fondales²⁶⁰⁸

²⁶⁰⁴

Métrica

6 estrofas regulares de nove versos, todos octosilábicos, agás o sétimo que é un tetrasílabo. Coa combinación rimática (abcabcdd). Antes da sexta estrofa aparece un pareado octosilábico.

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 37, 25 de xullo de 1931.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 66, agosto-setembro de 1931.

Correo de Galicia, Bos Aires, nº 1370, 24 de abril de 1932.

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 233, maio de 1932.

No envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde aparece nunha folla coa cabeceira *Lalín*, que non puidemos datar.

Variantes e comentarios

En *A Fouce* leva a seguinte dedicatoria: «A Ramiro Isla Couto, pol-o bó / consello que me dóu, fai / varios anos, de que escribise / en galego, máis decote».

Nas catro versións vai precedido do mesmo debuxo sen asinar que representa un sementador.

²⁶⁰⁵ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ô* no canto de **ó** e tamén temos *bô* no canto de **bó**.

²⁶⁰⁶ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ô* no canto de **ó**.

que non percisan esterco
 pra que produzan bó fruto,²⁶⁰⁹
 e arrédate dos areales
 do que che alcuma de terco
 15 e de sentimento enxuito:
 Tal laberco,
 debe ser nado en Castela,
 ¡e quer lle axudes mantel-a!²⁶¹⁰

Apreixa, a mans cheas, grans
 20 do saco d'albeiro liño,²⁶¹¹
 e, pol-os agros, a eito,
 espárxeos, a dúas mans,
 anque algún vaia ó camiño,²⁶¹²
 pois, pr-ó pardal, é proveito.²⁶¹³

25 Hirmandiño:²⁶¹⁴
 ¡Sementa, ¡bó hirmán!, sementa²⁶¹⁵
 en prol da terra irredenta!
 Pr-ó que che dí que os teus puños²⁶¹⁶

²⁶⁰⁷ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *s-ê* no canto de **s-é**.

²⁶⁰⁸ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *a terra* no canto de **as terras**.

²⁶⁰⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *bô* no canto de **bó**.

²⁶¹⁰ No texto enviado a Filgueira escribe *axudes* por riba doutra palabra. En *A Fouce* aparece *quér* e en *Alborada* temos *quêr* no canto de **quer**.

²⁶¹¹ No texto enviado a Filgueira escribe *saco* por riba doutra palabra.

²⁶¹² No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ô* no canto de **ó**.

²⁶¹³ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *pr-ô* no canto de **pr-ó**.

²⁶¹⁴ Hirmandiño > Irmandiño. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]**.

nada valen pr-ás ideas,²⁶¹⁷

30 dille que o arado non serve

se lle afloxan os pescuños,

nin valen as potas cheas

se a iauga n-élas non ferve.²⁶¹⁸

Non lle creas:

35 ¡Crava o arado hastra o meixelo,

e ó caldo deixa ferver-o!²⁶¹⁹

Fálalle a todos na verba²⁶²⁰

q-herdache dos antenados²⁶²¹

de ben temprada fasquía,

40 que a Nai Galiza n-é serva²⁶²²

pra renderlle ós desleigados,²⁶²³

n-outro falar, preitesía:

Vils machados,

xa na língua non fan tala...

45 ¡e todos han de falal-a!...

E agora, bó hirmán galego,²⁶²⁴

²⁶¹⁵ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *bô* no canto de **bó**.

²⁶¹⁶ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *Pr-ô* no canto de **Pr-ó**.

²⁶¹⁷ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *pr-ás* no canto de **pr-ás**.

²⁶¹⁸ No texto enviado a Filgueira aparece *n'élas* no canto de **n-élas**.

²⁶¹⁹ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ô* no canto de **ó**.

²⁶²⁰ Por gralla de imprenta, en *Alborada*, en *Correo de Galicia* e en *Galicia* temos *Fálale* no canto de **Fálalle**.

²⁶²¹ No texto enviado a Filgueira aparece *q'herdache* no canto de **q-herdache**.

²⁶²² No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *n-ê* no canto de **n-é**.

²⁶²³ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *ôs* no canto de **ós**.

²⁶²⁴ No texto enviado a Filgueira e en *Alborada* aparece *bô* no canto de **bó**.

deixa que ceibe outro prego:

Sementa razóns e grans;
amor sementa e cariño,
50 fraternidade e cultura
a presas, a dúas mans,
anque caian no camiño,
pois, pra todos, é fartura.
¡Hirmandiño!²⁶²⁵
55 ¡Sementa, ¡sempre!, sementa,
en prol da terra irredenta!...

²⁶²⁵ Hirmandiño > Irmandiño. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [85].

A CANZÓN D'AGORA²⁶²⁶

A celta Valverde, nobre hirmán de Traba,²⁶²⁷

lembrando a Bren Ceibe, o seu noivo, chora;²⁶²⁸

e mentres que os ollos no Oucidente crava,

²⁶²⁶

Métrica

Serventesio, 11, (ABAB) e serie irregular de versos hexasílabos, agás un dodecasílabo, con rimas consonantes ou libres.

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 8, 15 de maio de 1930.

A Nosa Terra, Boletín do Partido Galeguista, Vigo, nº 295, extraordinario, 25 de xullo de 1932.

O poema foi escolmado, seguindo a primeira versión, por Rei Lema, Xosé María (2001). *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*. Cee (A Coruña): Asociación Neria / Concello de Cee. 103-104.

Variantes e comentarios

A copia de *A Nosa Terra* foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936. Despois da sinatura engade: «Aparecido no Nº Estrórdinario de “A NOSA TERRA”, en Vigo, o 25 do mes de Xulio de 1932. Denantes, xa se publicara n-outros periódicos.-».

²⁶²⁷ **Nota da edición:** Valverde. «Relacionada coa introdución do cristianismo e o desterro dun posible culto pagán ás augas estaría a lenda da vila asolagada de Valverde, da que existen varias versións que se repiten noutras partes de Galicia onde hai ou houbo lagoas: Alcaián, Duio, Doniños, Cospeito, Antela, etc. «No areal de Traba, entre Camelle e Boallo, hai unha cidade asolagada na lagoa, a cidade de Valverde ou Vila Valverde. Cando chegou alí Cristo, unhas mulleres encirraronlle os cans (como en Alcaián). Un deles mordeulle unha perna a Xesús. Da ferida brotou sangue que asolagou a cidade. Estamos outra vez no tema da muller como culpable da inundación». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 238]. Porén, Baña Heim recolleu outra lenda que fala de que aquí chegou o Apóstolo Santiago e asediou a cidade, denominada Valverde. E despois de catro meses e vendo que non foi capaz de dominala, púxose a rezar e rogar a Deus e á Virxe para recobrar folgos e vencela, coa fin de que non someteran aos pobos cristiáns que lindaban con ela. Despois da invocación realizada viu caer parte das súas murallas, entrou ao seu interior e comprobou como ninguén quixo coñecer a Deus, nin recibir o santo bautismo, polo que ordenou matar a todos, agás os nenos. Sacounos da cidade e mandounos levar a lugares cristiáns para que fosen bautizados. Marchou da cidade coa súa xente, maldiciuna e, á vista dos que con el estaban, fundiuse e fíxose unha lagoa, onde despois se atoparon peixes negros coma o carbón. Durante moito tempo escoitouse o repicar das campás, e nos días claros chegouse a ver a súa afiada torre. E, finalmente, no lugar de Boaña aínda se conta outra versión desta lenda segundo a cal chegou o Apóstolo Santiago á vila de Valverde pedindo pousada e ningún veciño lla quixo dar, tan só unha muller lle ofreceu hospitalidade. Ao día seguinte díxolle a esta señora que o acompañara, e ao chegar aos petróns da Moa ollaron como a vila desaparecía baixo as augas da lagoa.

Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

súa voz enxebre, mar e vento improra:

- 5 Brúa, Mar de Fora,²⁶²⁹
brúa, brúa!, ¡brúa!,
pol-a Costa Brava!...²⁶³⁰
- Zoa, Vento Norte,
zoa, zoa!, ¡zoa!...
- 10 O teu canto adúa
co-a rouca ardentía
- ¡Xa virá o bo día
que Pondal pregoa,
no que Celtinérea s-erguerá ben forte!...²⁶³¹
- 15 Pol-a Costa Brava,²⁶³²
—cando esmorecía
de Valverde o prego²⁶³³
pra sair de escrava
no seu chan galego—,
- 20 ¡brúa o Mar de Fora!,²⁶³⁴

²⁶²⁸ Bren. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

²⁶²⁹ Mar de Fora. *Cfr.* Nota da edición no verso 17 do poema **O Faro** [41].

²⁶³⁰ Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba»** [27].

²⁶³¹ Celtinérea > Celtineria. *Cfr.* Nota da edición no verso 26 do poema **Vento irmán** [70].

²⁶³² Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba»** [27].

²⁶³³ Valverde. *Cfr. supra.*

²⁶³⁴ Mar de Fora. *Cfr.* Nota da edición no verso 17 do poema **O Faro** [41].

¡zoa o Vento Norte!,

a canzón d-agora:

¡De Vida ou de Morte!...

RESPONSO GALEGO Ô “SERPENT”²⁶³⁵

I

Dende que foi a pique, con nuite borraxenta,
no BOI de CAMARIÑAS, o Barco-Escola inglés,²⁶³⁶

2635

Métrica

14 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 433, 15 de setembro de 1935.

Variantes e comentarios

En *Galicia* aparece debaixo dunha fotografía co seguinte pé: «Antigo e novo CIMITERIO DOS INGRESSES no lugar da Costa Brava chamado “Boi de Camariñas”. No fondo, á dereita, óllase a praia chamada c-ô agoirento nome de “AREA 13”. No mentado cimiterio fican enterrados 400 e pico de gardas-mariños e mariñeiros do Barco-Escola “Serpent”, da armada inglesa, afogados todos n-unha terríbel nuite d-inverno. Alí ficou a fror e gala dos futuros lobos de mar. Triste destino dos humanos e da soberba dos grandes...». Ademais, aparece datado polo autor: «Bôs Aires, agosto de 1935». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa *Escolma*.

Nota da edición: O 10 de novembro de 1890 produciuse na Punta Boi de Camariñas, á dereita da Praia do Trece, en Cabo Tosto, o naufragio do H.M.S. *Serpent*, embarcación da Mariña Real inglesa que facía a ruta de Plymouth a Serra Leoa. Tan só tres tripulantes puideron salvar a vida ao seren lanzados polo mar cara á Praia do Trece, onde permaneceron entalados de frío até que á mañá seguinte foron avistados por un labrego da zona. O mar devolveu en días sucesivos todos os cadáveres dos outros 172 tripulantes, entre cadetes e oficiais, que foron soterrados nun lugar próximo da costa de Xaviña (Camariñas), por non seren a maioría católicos senón protestantes. Desde aquela o lugar segue a chamarse “Cemiterio dos Ingleses”. A poboación de Camariñas comportouse de maneira exemplar e a Mariña Británica, en agradecemento, envioulles un barómetro para o concello, un reloxo de ouro para o alcalde e unha escopeta para o crego, afeccionado á caza, coa inscrición: “Commissioners of the British Admiralty”. Como memoria do *Serpent* tamén se conserva o seu mascarón de proa, “O Barbudo”. Durante os anos posteriores, o Almirantazgo inglés ordenaba lanzar unha coroa de flores diante do Boi a un barco da Armada enviado especialmente para iso e até a década dos 50 cada vez que calquera barco da Armada británica pasaba pola zona disparaba salvas de homenaxe e a tripulación achegábase a poñer flores nas tumbas. *Cfr.* Baña Heim [1980: 57-78], “4º recorrido. Santa Marina — Boi”. E tamén Campos Calvo-Sotelo [2002: 243-329], “El «Serpent»: El cementerio del fin del mundo”. Esta última, moi documentada, sinala que non se trataba dun barco-escola, nin a súa dotación eran garda-mariñas, nin morreron 400 persoas como sinalaban as primeiras informacións na prensa da época. Ademais, invalida totalmente outra versión sobexo fantasiosa e de nula veracidade (*Cfr.* Allegue Martínez, Ramón (1996). *Mar tenebroso*. Santa Comba) que culpa do afundimento aos ‘raqueiros’ galegos, que actuarían en complicidade cos británicos, para facerse co valioso cargamento do buque.

no Día de Difuntos, a esquadra medoñenta²⁶³⁷

de guerra, saüdaba os mortos que alí tén...

5 Con vint-ún cañonazos, ceibados dende abordo,

â rexa Costa Brava facía tremecer,²⁶³⁸

o mesmo como cando o Norde, c-ô balbordo

do mar, brúa e rebrúa na Costa do Laxés:

Saúdo d-honoranza ôs catrocentos mozos

10 que a morte pol-a proa levaban sin-a vêr,

e as poutas das rompentes trocaron en destrozos

co-a saña louquecida d-un tigre bengalés.²⁶³⁹

II

¡Pasaron muitos anos!: A esquadra n-aparece

pra relembra os mortos do tráxico “SERPENT”:

15 ¡Os probes afogados non teñen quen lles rece,

pois súas nais morreron!: ¡Nadía lles prega ren!...

Quezáis en ningún libro o laureirado bardo,

²⁶³⁶ **Nota da edición:** Boi de Camariñas. Lugar de afundimento do buque-escola inglés «Serpent». A cartografía mariña sinala os baixos de Laxe do Boi, fronte á Punta do Boi, próximos ao Cabo Trece (Camariñas). *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000. Cádiz.

²⁶³⁷ **Nota da edición:** Día de Difuntos > Defuntos. Celebración de orixe relixiosa para conmemorar a todos os falecidos que ten lugar o día 2 de novembro, cando se realiza unha visita aos cemiterios ou camposantos.

²⁶³⁸ Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba» [27]**.

²⁶³⁹ **Nota da edición:** Bengalés. Orixinario de Bengala, rexión situada no noreste do subcontinente indio, actualmente dividida en dous países independentes: Bangladesh (a Bengala Oriental, musulmana, que pertenceu a Paquistán) e India (á que pertence Bengala Occidental, hinduísta).

- o gran Rudyard Kipling, o anglo-bombayés—,²⁶⁴⁰
 non se lembre nunca d-éles, no San Medardo,²⁶⁴¹
 20 coma lembra as gorias do podeirío inglés.
- Quezáis, pol-os Arquivos do Gran Almirantazgo
 d-Albión, o pô recruba teu nome, ¡ouh, “SERPENT”!²⁶⁴²
 eisí como tampouco as verbas: —¡“Eiquí xazgo”!—
 riscáronse nas pedras do BOI camariñés.²⁶⁴³
- 25 Mais, ¡el-o non importa!: Vos fóstedes, mariños,
 baixo a gadoupa fera do vento Noroés,
 o mesmo que a niñada de probes paxariños
 n-unha gayola endébel: ¡O casco do “SERPENT”!
- Por eso, non hai culpa: ¡N-hai homes sin reparos!
- 30 Non valen os cadrantes: ¡Naides a culpa tèn!:
 Non alumaba a estrela do Norde, nin os faros!:
 ¡Deus quixo que morrárades no Santo Mar d-Alem!...²⁶⁴⁴

²⁶⁴⁰ **Nota da edición:** Rudyard Kipling (Bombay, 1865 – Londres, 1936). Escritor británico nado na India, premio Nobel de Literatura en 1907. Lembrado por ser autor de contos infantís e polos seus relatos e poemas sobre os soldados británicos na India e a defensa do imperialismo occidental. A súa obra máis coñecida é a colección de relatos *The Jungle Book* (1894), traducida en galego como *O libro da selva*.

²⁶⁴¹ **Nota da edición:** San Medardo. (457? – 545 ou 560?). Orixinario de Asne (Francia), foi consagrado bispo de San Quintín, con sé en Noyon, onde realizou o seu labor pastoral. Mártir, desde foi declarado santo, é invocado polos campesiños para obteren bo tempo. Dise que se chove no seu día, 8 de xuño, chove durante os corenta días seguintes. Descoñecemos a razón porque o invoca aquí Zapata.

²⁶⁴² **Nota da edición:** Albión. Trátase da denominación máis antiga da Gran Bretaña, pois Alouion era o nome que lle deran Plinio o Vello ou Ptolomeo. Adoita usarse para facer referencia a Inglaterra ou ao Reino Unido. Tamén, xa desde o século XVIII, se adoita utilizar a expresión “pérfida Albión” para referirse en termos hostís ao Reino Unido.

Das gandra irlandesas, no haberés suidade,²⁶⁴⁵
 tampouco haberés mágoa, das gandra do Morvern:²⁶⁴⁶

35 ¡O mesmo dá Galiza, pr-ôs celtas de verdade,
 que aquélas nobres terras do noso antergo Celt!²⁶⁴⁷

Na terra dos galegos na propia terra estades,
 mariños compatrianos de O’Connell e Parnell:²⁶⁴⁸

C-ôs nosos afogados, ¡ingreses!, vos chorades,
 40 no Mar dos Silenzosos, as dôres de Gaél.²⁶⁴⁹

Da “BARCA” na romaxe —coma no San Patricio²⁶⁵⁰
 das vosas verdes terras, ouzando ôs “highlanders”—,²⁶⁵¹
 os brandos sons da gaita galega, un epinicio,
 cantando encol das ondas, vosoutros ouzarés.

45 Durmide, fillos d’Anglo: Ficades c-ôs galegos²⁶⁵²
 e acougo vosos corpos por sempre haberán têt:

²⁶⁴³ Boi camariñés. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 deste mesmo poema.

²⁶⁴⁴ Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos [3]**.

²⁶⁴⁵ Na copia enviada a Filgueira antes deste verso sinala **III**.

²⁶⁴⁶ **Nota da edición:** Morvern. Península na costa oeste das Highlands “Terras Altas” de Escocia.

²⁶⁴⁷ **Nota da edición:** Celt. *Cfr.* Nota da edición no verso 1374 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁶⁴⁸ **Nota da edición:** Parnell. «Charles Stewart Parnell (1846-1891), gran propietario protestante que se uniu aos patriotas irlandeses, dirixiu o Partido Nacionalista e foi o que comezou a utilizar a táctica da destrución». O’Connell. «Daniel O’Connell (1775-1847), católico e nacionalista irlandés da aristocracia desposuída, chamado o Libertador, organizou a resistencia pasiva e manifestacións de masas contra o colonialismo británico», *Cfr.* Ferreiro [1995: 308].

²⁶⁴⁹ **Nota da edición:** Gaél > Gael. Termo que provén do irlandés antigo Goidel (versión do nome britónico ou galés para referirse aos irlandeses = Gwydell. Hoxe está moi presente na República de Irlanda na denominación do partido demócrata-cristián Fine Gael (“Familia dos irlandeses”).

²⁶⁵⁰ A “Barca”. *Cfr.* Nota da edición no verso 997 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

San Patricio. *Cfr.* Nota da edición no verso 21 do poema **Vento irmán [70]**.

²⁶⁵¹ **Nota da edición:** “Highlanders”. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **Vento irmán [70]**.

Das boas nais galegas han rubir os pregos,
pra que, eisimade, as almas acóuguense tamén.

IV²⁶⁵³

Na Costa Brava dormen os fillos d-Inlaterra,²⁶⁵⁴
50 os mozos que unha noite marcháronse pr-ô Alem,²⁶⁵⁵
que aluman, câl ciriales, os faros de FISTERRA
e do VILAN, fraternos, vertendo seus ronsels...²⁶⁵⁶

Tan sô, de noite, sítense —dende o VILAN de FORA²⁶⁵⁷
deica â “Area 13” —, o canto de REQUIEN,²⁶⁵⁸
55 e o triste DE PROFUNDIS do ÁRTABRO mar que chora²⁶⁵⁹
diante do cimiterio dos mortos do “SERPENT”!...

²⁶⁵² **Nota da edición:** Anglo. Personaxe mítico que fundaría Inglaterra. O poema refírese aos mariñeiros ingleses, “fillos d’Anglo” afogados.

²⁶⁵³ En *Galicia* principia aquí a parte IV. Na copia enviada a Filgueira anotaba anteriormente a parte III, que non aparecía marcada no texto por unha gralla de imprenta.

²⁶⁵⁴ Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba»** [27].

²⁶⁵⁵ Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos** [3].

²⁶⁵⁶ Vilán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1054 do poema **A Crus da Rosa** [30].

²⁶⁵⁷ **Nota da edición:** Vilán de Fóra. Pequena illa situada mar adentro a escasos metros do promontorio do cabo Vilán no que asenta o faro actual, hábitar de alcas, araos, cormoráns, pardelas e outras aves.

²⁶⁵⁸ “Area 13” > Praia do Trece, enseada entre Cabo Veo e Cabo Tosto (Camariñas), cuxas dunas conforman un dos máis espectaculares complexos xeomorfolóxicos da costa occidental.

Requien > Réquiem. *Cfr.* Nota da edición no verso 1376 do poema **A Crus da Rosa** [30].

²⁶⁵⁹ De Profundis. *Cfr.* Nota da edición no verso 15 do poema **Os pinales da lembranza** [10].

Ártabro mar. *Cfr.* Nota da edición no verso 64 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

INVOCACIÓN “O CAXESTAL”²⁶⁶⁰

2660

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún trisílabo, tetrasílabo e hexasílabo, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 291, abril de 1937.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dunha fotografía sen asinar (aínda que ben puidera ser do fotógrafo Vidal), co pé de foto «‘O CAXESTAL’—Inxente cantil de PUNTA LAXE» e indica (Prâ revista GALICIA).

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde intitúlase **O Caxestal** e indica debaixo do título: «Inédito», ademais de realizar notorios cambios na composición, que é máis breve:

5 Furna do Caxestal,
 inorme catedral
 que as ondas fono erguendo c-ôs seus brazos
 dende un tempo que fica imemorial,
 muitas veces desfeitas en pedazos
 pol-as feras pedradas
 do aspro monte, reberte ôs seus abrazos
 de noivas feroadas...

10 Acantilado rexo,
 fórmide xigante
 —das traxédeas testigo—
 que opós teu forte peito ô mar Atlante
 sin que o balbor che imponha parpadexo
 nin péporo apoubigo

15 dediante do perigo
 —pol-os días, nas nutes, nas auroras—,
 cando o Norde se fai ameazante
 e túa entrana azouta
 con aceirado dente e rexa pouta;

20 e soicamente choras
 ollando o desfilar de miles proras
 que, sin acougo, van,
 na outura de Saravia,
 con rumbo ô vento Soán;

25 ou, doente, con rabia,
 ou fondamente amargurado,
 acarón teu, co-as ondas, fas escumas
 de albor imaculado

30 que guindas car-ôs ceus
 i-envolveitas nas brumas,
 dínlle ô emigrante:

Facho do CAXESTAL,²⁶⁶¹

baruda e petrinforme catedral

que as ondas fono erguendo c-ôs seus brazos

dende un tempo que fica imemorial,

5 muitas veces desfeitas en pedazos

pol-as feras pedradas

e brutaes cantazos

do aspro monte, reberte ôs seus abrazos

de noivas feroadas,

10 de sinxelas devotas

—mariñeiras,

peixeiras—,

con rosáreos de vieiras

nas mans entrecruzadas

15 i-encol dos frós pousadal-as gaivotas.

Acantilado rexo,

penasqueiral xigante

—de traxédeas testigo—

que opós teu forte peito ô mar d-Atlante²⁶⁶²

20 sin que o balbor che impoña parpadexo

nin léporo apoubigo

dediante do perigo

— ¡Adeus!, ¡adeus!!..., ¡¡¡adeus!!!....

²⁶⁶¹ Facho do Caxestal. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **N'a ría de Laxe** [77].

—pol-os días, nas nites, nas auroras—,
cando o NORDE se fai amëazante
25 e â túa furna azouta²⁶⁶³
con aceirado dente e rexa pouta.

Cantil humán, moisénico, que choras
ollando o desfilar de miles proras
que, sin acougo, van,
30 na outura de SARAVIA,²⁶⁶⁴
con rumbo ô vento Soán;
ou, doente, con rabia,
ou fondamente amargurado,
acarón teu, co-as ondas, fas escumas
35 de albor imaculado
de guindas car-ôs ceus
—con queixumes magoantes—,
i-envolveitas nas brumas,
dínlle ôs tristes migrantes,
40 ¡ôs probes irmáns meus
que arreda o lar galego esnaquizado!:
— ¡Adeus!, ¡adeus!!..., ¡¡adeus!!....

¡Queira a sorte, ¡xigante!,

²⁶⁶² Mar d'Atlante. *Cfr.* Atrán. Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

²⁶⁶³ Por senllas grallas de imprenta, en *Galicia* temos *a* e *azauta* no canto de e e **azouta**.

²⁶⁶⁴ Saravia. *Cfr.* Nota da edición no verso 56 do poema **Lembranza e loubor da Cruña** [36].

a sorte queira
45 que por sempre se sanden os teus dôres
c-ôs do Povo trúnfante,
o teu cúmiaro sexa
lugar onde brandê nosa bandeira
i-o teu costado afonden ôs traidores
50 câl na Roca Tarpexa!...²⁶⁶⁵

²⁶⁶⁵ **Nota da edición:** Roca Tarpexa > Rocha Tarpeia (*Rupes Tarpeia* en latín). Pendente esgrevia xunto á cimeira Sur da colina Capitolina, con vistas ao antigo foro romano. A lenda conta que os primeiros colonos de Roma, na época de Rómulo, na fundación da cidade, necesitados de mulleres raptaron as dos sabinos, pobo que habitaba entre o Tíber e os Apeninos. Cando o seu rei Tito Tacio atacou Roma tras o rapto das Sabinas, a virxe vestal Tarpeia, filla de Espurio Tarpeio, gobernador da cidadela da colina Capitolina, traicionou aos romanos abrindo as portas da muralla. Aínda que hai versións que sinalan o seu namoramento de Tacio, dise que o motivo principal foi obter o que os sabinos “traían nos seus brazos”, porén en lugar de brazaletes de ouro, foi aplastada polos golpes dos seus escudos ao entraren, pois os sabinos desprezaban a traizón. Outras versións sinalan que sería tirada ao baleiro desde a rocha que aínda hoxe leva o seu nome polos propios romanos. A rocha utilizouse durante a República de Roma como lugar de execución de asasinados e traidores, que eran lanzados sen piedade desde a mesma. Existiu outra rocha Tarpeia en Toledo, á beira do Texo, tamén relacionada co suplicio na dominación romana cara o século IV.

NA MORTE DE LEXANDRO BÓVEDA²⁶⁶⁶

Pra tí, Lexandro Bóveda²⁶⁶⁷

—¡irmán escrarecido,

vida próveda!—:

Con requeimantes bágoas nos ollos

5 e na dôr afundido,

non encontro máis verbas no contido

do noso craro idioma, que adouraste,

(¡pra maldicer aqueles que os ferrollos

de Galiza remachan noite e día,

²⁶⁶⁶

Métrica

Silva en heptasílabos e hendecasílabos, agás algún tetrasílabo e hexasílabo, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 524, 27 de xuño de 1937.

De aquí foi reproducido polo profesor Alonso Montero, Xesús (1996). *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)*. Vigo: Xerais. 15-18.

Tamén foi compilado por Fernández Rodríguez, Manuel (2006). *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 93-96.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dun debuxo sen asinar (aínda que ben puidera ser do propio poeta), que representa o rostro de Bóveda asasinado cunha bala na fronte.

Alonso Montero [1996] nas súas «Notas ós poemas», ademais da localización do texto e doutros datos de interese, sinala: «No verso 53 cítase, entre os asasinados, a Ánxel Fole, crenza moi estendida nestas datas».

²⁶⁶⁷ **Nota da edición:** Alexandre Bóveda Iglesias (1903-1936). Político galego e funcionario da Delegación de Facenda de Pontevedra desde 1926, ingresou alí no galeguismo por influencia de Castelao e Losada Diéguez. Fundador do Partido Galeguista de Pontevedra en 1930, colaborou na redacción do proxecto de Estatuto do Seminario de Estudos Galegos, impulsou a Candidatura Galeguista que obtivo acta para Castelao en xuño de 1931 e protagonizou en decembro do mesmo ano a fundación do Partido Galeguista, do que foi Secretario de Organización. Dirixiu con Castelao a liña democrática avanzada do nacionalismo e a alianza do PG coas esquerdas, que levou ó triunfo electoral de febreiro de 1936 e ó referendun do Estatuto de

10 unque tí os perdoaste,
 porque eras nobre, bô e xeneroso!),
 que estas verbas: ¡Non son da nosa caste
 os lobicáns e os lobos da xauría
 que os dreitos arrasóu do povo noso

15 e â túa intelixéncea aborrescía!...
 ¡Non é!, ¡non é! da nosa enxebre sangue
 a banda de traidores,
 malvados e asesíños
 que â nosa terra abrangue

20 i-ôs seus máis caros fillos, guiadores,
 asesiñaron xunto ôs seus filliños
 —nas aldeias, nos montes e nos vales—
 i-ô pé dos seus maiores
 ou xunto ôs seus igoales

25 —d-abós e pais, d-irmáns ou da señora—,
 e, por eles, agora,
 “**A CAMPANA d-ANLLÓNS**”, doída, tangué²⁶⁶⁸
 e a irmán, de **BASTABALS**, doída, chora!²⁶⁶⁹
 ¿Qué van ser irmáns, pra nós, os seres

30 que trouxeron â moura moureiría

Autonomía o 28 de xuño. Foi asinado polos sublevados en pontevedra o 17 de agosto, logo dun simulacro de xuízo sumarísimo.

²⁶⁶⁸ Anllóns. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

²⁶⁶⁹ Bastabals > Campá de Bastavales. O terceto de orixe popular “*Campanas de Bastabales / cando voi oito tocar / mórrome de soidades*” inspirou a coñecida composición nº 11 dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. A campá é a da igrexa parroquial de San Xulián de Bastavales (con uve no Nomenclátor de Galicia), en Brión. A poeta podía escoitar a campá, instalada en 1828 e unha das máis fermosas de Galiza, desde a casa de Castro, propiedade da súa tía paterna, na parroquia de San Xoán de Ortoño (Ames).

—empúdeca, babeante, sin homía—,
 non respetando nenas nin mulleres?:
 ¡Galegos desleigados, sin concencia,
 que n-houberon cremencia
 35 pr-aqueles bôs irmáns das nosas almas,
 esgrevos lumiñais da nosa cencia
 e sopostallos lus das nosas artes
 das nosas forzas vivas
 —¡sinxelamente calmas!—
 40 asesñados todos no CAMIÑO
 da REDENZON das LUCES RÊDIVIVAS,
 dos sagros balüartes
 da Sancta COMPOSTELA
 —¡Nova XERUSALEM trememente en palmas,²⁶⁷⁰
 45 procamada na voz da BERENGUELA!—²⁶⁷¹
 e que se choran xá por todas partes,
 con fraternal cariño,
 por onde padricaron
 e, boandanzas, cantaron
 50 ô pé do Altar da Patria, car-ô Sole:²⁶⁷²

²⁶⁷⁰ **Nota da edición:** Xerusalém > Xerusalén. Antiga cidade do Oriente Medio, capital dos antigos reinos de Israel e de Xudá, que está situada no medio da liña que hoxe separa Cisjordania e Israel. É cidade santa para tres relixións: cristianismo, islamismo e xudaísmo, o que foi fonte de numerosos conflitos ao longo da historia. Está ocupada desde 1949 por Israel, que un ano despois estableceu a capital do seu estado na zona occidental, algo que tamén reclama a Autoridade Nacional de Palestina.

²⁶⁷¹ Berenguela. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **A campana da soidade** [5].

²⁶⁷² **Nota da edición:** Car-ô Sole > Cara al Sol. Himno da Falange Española de las JONS (Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista), creado polo fundador José Antonio Primo de Rivera e outros dirixentes do partido, que fai a súa estrea nun mitin en Madrid en febreiro de 1936. Durante a guerra civil moitos represaliados eran

Quintanilla, Casal, Díaz Baliño,²⁶⁷³

Xan Carballeira, Casas, Lustres Rivas,²⁶⁷⁴

Xosé A. Suárez Picallo, Anxel Fole²⁶⁷⁵

obrigados polos falanxistas a cantaren este himno, que ao remate da guerra se converteu en oficial, xunto ao tradicional himno da Marcha de Honor Española.

²⁶⁷³ **Nota da edición:** «A posición doutrinal do noso inesquecible Quintanilla —tan bó galego como bó marxista— proba que as aspiracións máisimas de Galiza caben folgadoamente dentro da ortodoxia socialista e da disciplina do gran partido obreiro que fundou Pablo Iglesias». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Xaime Quintanilla Martínez (1898-1901). Médico ferrolán, fundador da Irmandade da Fala de Ferrol en 1917 e destacado dirixente do nacionalismo galego ata 1923. A súa radicalización ideolóxica lévao a ingresar no PSOE en 1920. No seo deste partido intentou sempre, aínda que con pouco éxito, que o socialismo se achegase ó nacionalismo. Alcalde de Ferrol de 1931 a 1934, foi asesinado polos sublevados o 17 de agosto de 1936. *Cfr.* Rodríguez Castelao (2000: 275) [1944].

Casal > Ánxel Casal Gosenge (A Coruña, 1895 – Cacheiras, Teo, 1936). Editor e político, membro das Irmandades da Fala. Casou con María Miramontes e para sobreviviren abriron unha tenda de tecidos. En 1924 fundou a Editorial Lar, con Leandro Carré Alvarellos, e en 1927 a Editorial Nós, coa que se trasladou en 1931 a Santiago de Compostela e na que editou dúcias de títulos fundamentais da nosa literatura. Militante desde a súa creación do Partido Galeguista, foi alcalde de Santiago en 1936 e membro do comité executivo para o Estatuto de Galiza. Tras a sublevación militar fascista do 18 de xullo, foi detido o 4 de agosto e paseado o 19, o corpo apareceu baleado nun foxo da estrada de Cacheiras. *Cfr.* Dobarro Paz, Xosé María e Ernesto Vázquez Souza (2003). *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*. Sada: O Castro.

Díaz Baliño > Camilo Buenaventura Díaz Baliño (Ferrol, 1889 – Cerceda, 1936). Artista gráfico, escenógrafo e escritor, pai do editor, pintor e ceramista Isaac Díaz Pardo. Foi membro das Irmandades da Fala e traballou como delineante. Autor de relatos publicados na prensa galega da época, nomeadamente *A Nosa Terra*. Na súa obra salienta *Conto de guerra* (1928). Tamén foi fusilado nos primeiros días da represión franquista, o seu corpo apareceu nunha gabia o 14 de agosto de 1936. *Cfr.* Carballo-Calero Ramos (1994: 13-22) e Fernández Palomo (2006).

²⁶⁷⁴ **Nota da edición:** Xan Carballeira > José Francisco Gómez de la Cueva (Vigo, 1902 – Poio, 1937). Xornalista, que asinaba Johan Carballeira desde que empeza a escribir para *El Pueblo Gallego* en 1927. Colaborou asiduamente no *Faro de Vigo*, *Vida gallega* ou *Céltiga*, ata se converter nun dos xornalistas máis prestixiosos da época, colaborando en cabeceiras españolas. Autor de artigos de crítica literaria e poemas non recompilados en vida. Residía en Bueu, onde foi nomeado alcalde da Frente Popular, como militante do Partido Galeguista. Logo da sublevación militar de xullo é acusado de rebelión contra o exército e condeado a morte, sentenza que se cumpriría o 17 de abril de 1937 no monte A Caeira, en Poio, (Pontevedra), despois varios meses confinado no Lazareto da illa de San Simón. *Cfr.* Carballeira (2000).

Casas > Víctor Casas Rey (A Coruña, 1900 – Poio, 1936). Xornalista e político galego. En 1916 ingresou na Irmandade da Fala e desde 1922 foi director de *A Nosa Terra*. Desencantado coa ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), pola súa deriva estatalista, participou en 1931 na fundación do Partido Galeguista, do que foi destacado dirixente. Na represión posterior ao golpe de estado de 1936, foi detido, condeado pou un consello de guerra e fusilado polas tropas franquistas no monte A Caeira, en Poio (Pontevedra). *Cfr.* Romasanta (2000).

Lustres Rivas. Manuel Lustres Rivas (Ribeira, 1888 - Redondela, 1936). Un dos grandes xornalistas galegos de Pregarra, colaborador das máis importantes cabeceiras da época. Escribiu o volume *Pandemonium* (1917), que compila diversos ensaios, porén dedicou maior esforzo ao teatro en castelán e tamén é poeta de escasa obra. En galego publicou diversos artigos en xornais e revistas, salientando os que dedicou ao poeta Francisco Añón e a Castelao. En 1936 era redactor do *Faro de Vigo* e será “paseado” nese mesmo ano polos fascistas, o seu cadáver aparece no Alto da Concheira (Redondela) o día 10 de novembro, despois de estar preso tamén na Illa de San Simón. *Cfr.* Rodríguez Santamaría (2001) e *Cfr.* Rei Ballesteros (s. d.).

²⁶⁷⁵ **Nota da edición:** Xosé A. Suárez Picallo > Xoán ou Xosé Antonio Suárez Picallo (Veloi, Sada, 1909 – Veigue, Sada, 1936). As fontes consultadas non concordan no primeiro nome do irmán do deputado, orador e escritor galeguista Ramón Suárez Picallo. Antonio era mariñeiro e militou no Partido Galeguista, dirixindo a agrupación local e comarcal e logo, desde 1935, levando os asuntos de pesca na dirección do partido. No eido sindical foi afiliado destacado do Sindicato de Oficios Varios, integrado na anarquista CNT (Confederación

- e outros centos de irmáns non menos outos
- 55 ô corazón que os chora xa finidos:
- ¡Co-as balas dos traidores furacados
- diante ô tráxico asombro dos petoutos
- e os “Queixumes dos Pinos” abraiados!,²⁶⁷⁶
- mouradores no ALEM, ¡non redimidos!,²⁶⁷⁷
- 60 e que recraman, ¡forte!, ser vengados!...
- Tí fóstel-o Moisés que abreu as fontes²⁶⁷⁸
- das riquezas da Nosa Nai Galega,
- hastra agora aldraxada, magöante:
- ¡Pol-os necios, pechándolle ourizontes;
- 65 pol-os pillos, roubándolle a talega;
- e facéndoa, os caciques, emigrante!...

nacional del Trabajo), e fundador e membro máis activo do Ateneo de Cultura Político y Social. Ramón Otero Pedrayo no discurso “Galicia na cultura universal“ define a Antonio coma “imaxe dunha Galiza nova cada vez máis próxima”. Foi “paseado” en Veigue - Sada o 12 de agosto de 1936.

Anxel Fole > Ánxel Fole Sánchez (Lugo, 1903 – id, 1986). Escritor de narrativa, poesía, teatro e ensaio, salientando os seus libros de contos, recollidos en catro volumes. Colaborador de moitas cabeceiras, desde *El Pueblo Gallego* ata *El Progreso*. En 1932 funda e dirixe en Lugo a revista literaria vangardista *Yunque*, na que se publicaron por primeira vez os poemas galegos de Federico García Lorca, e *Resol* xa comezada a guerra civil. Desde 1935 milita no Partido galeguista, do que foi secretario provincial. Como sinala Alonso Montero [Cfr. *supra*] era crenza moi estendida que figuraba entre os asasinados na primeira vaga da represión franquista. Na posguerra, por volta de 1941, deixa Lugo para vivir no rural, Quiroga, O Incio e O Courel, e publica *Á lus do candil* (1953) e *Terra Brava* (1955). Outros títulos seus son a peza teatral *Pauto do Demo* (1958) e os libros de relatos *Contos da néboa* (1972) e *Historias que ninguén cre* (1981). Ingresou na Real Academia Galega (RAG) en 1963, foi proposto para o premio Nobel en 1983 e dedicóuselle o Día da Letras Galegas en 1997. Cfr. Casares (1996). Cfr. Rodríguez Fer (1997).

²⁶⁷⁶ **Nota da edición:** “Queixumes dos Pinos”. Eduardo Pondal publica *Rumores de los pinos* en 1887, colección de 21 poemas (oito en castelán, oito en galego e dous bilingües) que servirán de base para os seus *Queixumes dos pinos* (1886), onde conserva os once poemas en galego e os dous bilingües, aos que vai engadirlle 78 novos poemas en galego. O libro tivo unha intrincada historia editorial e sucesivas edicións póstumas. Cfr. Ferreiro (1995) e Ferreiro (2001).

²⁶⁷⁷ Alem. Cfr. Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos [3]**.

²⁶⁷⁸ **Nota da edición:** Moisés. En hebreo moderno Moisés ou Moshé, en hebreo tiberio Mileh e en árabe Musa. Libertador, líder, lexislador e historiador para os hebreos, é recoñecido como profeta no cristianismo, no islamismo e no xudaísmo. Segundo a *Biblia*, Moisés sacou os hebreos de Exipto e recibiu de mans de

¡Tí fostes, bô Lexandro, o Xesucristo
 diante ô Abrente das luces do Dereito
 ensinando os Camiños da Verdade
 70 —¡car-a cara co-a lus da Dinidade!—
 e, por eisí aítuar, teu nobre peito,
 aniñando tenruras, foi desfeito
 no crime mais atrás nos homes visto!...²⁶⁷⁹

Tí, como os Precursores,²⁶⁸⁰
 75 merescas os máis férvedos loubores.
 ¡No “Alem”, no “Mar dos Silenzosos”,²⁶⁸¹
 na “Soidade”, onde mores,
 teral-o ben querer dos irmáns nosos!
 ¡Non-os chores, Lexandro, non-os chores
 80 na tráxica partida!
 ¡Tí seral-o Druída
 oficiando no Altar do Sentimento!
 —¡Por todol-os irmáns que nos mataron
 por amar o Galego Encumiamento
 85 que agora, como outrora, nos tallaron

Deus no monte Sinaí o libro sagrado da Torá (Lei), que comprende a historia do seu pobo e da súa vida, deica a súa morte á idade de 120 anos.

²⁶⁷⁹ Por gralla de imprenta, en *Galicia aparece nor* no canto de **nos**.

²⁶⁸⁰ **Nota da edición:** Os Precursores. Denomínanse precursores do Rexurdimento aqueles autores que publicaron en galego antes de 1863, data da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Baixo este epígrafe salientan autores como Xoán Manuel Pintos Villar (Pontevedra, 1811 – Vigo, 1876), Alberto Camino Sigüer (Ferrol, 1820 – Madrid, 1861) ou Francisco Añón Paz (Boel, Serra de Outes, 1812 – Madrid, 1878). Porén, Murguía no seu libro *Los Precursores* (1886). A Coruña: Latorre y Martínez Editores, Biblioteca Gallega, tamén inclúe baixo esta denominación a todos mestres do Rexurdimento. *Cfr.* Dobarro Paz (1988) e Dobarro Paz (1995).

n-un crime xamáis visto!;

mais, como Xesucristo,

no triste camposanto...

¡¡terá Rexurdimento!!...

90

¡¡Santo!!... ¡¡Santo!!... ¡¡¡Santo!!!...

²⁶⁸¹ Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos** [3].

[96]

LOBICÁNS GALEGOS²⁶⁸²

Non baixaron en ringlas, como outrora,
os lobicáns dos montes de CASTELA,
aproveitando a noite encobridora:

¡Non foron, nesta volta, os de SABELA,²⁶⁸³

5 os feros asesiños de Galiza!:

¡Foron os negros fillos de cadela,

abríndolle os portelos â inxustiza!,

cando as noites contiñan os máis puros

arrecendos de gloria e de lediza;

²⁶⁸²

Métrica

3 series simétricas, formadas de catro tercetos encadeados e un serventesio, hendecasílabos, con rimas consonantes.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 528, 25 de xullo de 1937.

De aquí foi compilado por Fernández Rodríguez, Manuel (2006). *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 115-117.

Variantes e comentarios

En *Galicia* leva a seguinte dedicatoria: «A Alfonso R. Castelao, con / outa fe no trúnfo de Galiza» e vai precedido dun debuxo sen asinar dun lobo que sostén un puñal entre os dentes.

10 cando os millos e os trigos, xa maduros,
debullaban a meiga epifanía
do broa e do molete, sin apuros...;

cando os ríos, cantando de legría,
mesturaban seus bicos coas mareas,
15 e as telúricas forzas de armoñía
prasmábanse en risoñas cantareas!

II

D-aqueles lumiñales do inteleito
—¡anadas das auroras imorrentes!—
que tiñan en SANT-IAGO o faro ergueito,²⁶⁸⁴

20 moi poucos —¡santos lumes refulxentes!—,
¡moi poucos!, xa nos quedan guiadores;
¡moi poucos!, nos quedaron, competentes.

¡Matáronnos aos nobres, aos mellores,
os cobardes feixistas, os impuros,
25 chamándolles, ¡por xustos!, ¡¡“os traidores”!!...

¡E foron os galegos, cegos, duros,

²⁶⁸³ Sabela > Isabel a Católica. *Cfr.* Nota da edición no verso 12 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]**.

²⁶⁸⁴ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

“os mancos do pensar”, que dixo o bardo,²⁶⁸⁵

os vendidos, os podres, os escuros,

de cúa vil traición o fin agardo

30 no xusto meridián que Deus balanza!:

¡Tí, feixista aziado, negro ou pardo!²⁶⁸⁶

¡Non terás, cando morras, ni unha esperanza!...

III

Da semente de mortos froitifican

—nos espíritos, nas almas, na conciencia—

35 os xermolos do ben...; mais... ¡repenican

as campáns da venganza e da incremencia

nos ouvidos da xente amargurada

pol-as feras matanzas e a indecencia

que fixo de GALIZA corte estrada

40 ou cortello de besta apodrecida,

onde a vida d-un home non vâl nada!:

¡Nin “sete vils escudos” vâl a vida!²⁶⁸⁷

²⁶⁸⁵ **Nota da edición:** Non localizamos a cita en ningún autor da nosa literatura, mais debe pertencer a algunha das súas lecturas en lingua galega. A enorme base de datos do TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) non ofrece testemuño da expresión ‘os mancos do pensar’ en ningún texto.

pr-â caterva asesíña —¡a forza a crône!—,

e, por loba, por mín xa maldecida!

45 —Cando a xusta vinganza o reló sone
e dos corvos xa fórades comestos,
da osamenta ¡feixistas!, chova ou trone,
¡¡non terá miña patria nin os restos!!...

²⁶⁸⁶ **Nota da edición:** Feixista azüado, negro ou pardo. Os falanxistas españois vestían con camisa azul, os fascistas italianos de Mussolini eran chamados ‘camisas negras’ e os nazis alemáns de Hitler ‘camisas pardas’ pola cor da súa indumentaria. Fascistas e nazis colaboraron coas tropas de Franco.

²⁶⁸⁷ **Nota da edición:** “sete vils escudos”. Xogo intertextual cos versos de Manuel Curros Enríquez: *¡Cando nos nosos Códigos / non val dun home a vida / os sete vis escudos / en que a tasou Molina!*, do poema “¡Crebar as liras!” de *Aires da miña terra* (1880). López Varela (1998: 565) explica en nota a rodapé: «Trátase do xesuíta Luís de Molina (Cuenca, 1536 – Madrid, 1600?), que entrou na Compañía de Xesús en 1533 e que publicou, entre outros, os libros *Concordia* e *De Iustitia et Iure*».

[97]

TRÁXICOS AGOIROS²⁶⁸⁸

I

Na Costa da Arantiña, sete vellas,²⁶⁸⁹
—antre o lene brilar dos vagalumes—
marmulan goris goris e consellas
mesturados con pragas e acedumes.

5 N-un valado de pedra, unha curuxa,
contempra âs sete vellas, fixamente...
Unha d-elas, máis vella —mêstra bruxa—,
parola encol da guerra, quedamente...

Son sete vellas bruxas enruchadas
10 câl vexigas de porco xa resecas,
ou patacas sumidas, esfoladas,
cando estoupan no lume câl bolecas.

²⁶⁸⁸

Métrica

15 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 532, 22 de agosto de 1937.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dun debuxo sen asinar, que representa o caos.

²⁶⁸⁹ Arantiña. *Cfr.* Nota da edición no verso 757 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

II

Requeridas da mēstra, as sabidentes,
a língua van ceibando sobr-â guerra
15 que leva ô matadeiro ôs inocentes
e deixa na orfandade Nosa Terra.

Con séconas e tréconas, e coartas,
revolven seus pensares nas cacholas,
â ves que, n-unha pedra, dan as cartas
20 que croben siños de allos e cebolas.

Unha a unha, por lei de xerarquía
eispón as agoirelas d-unha esperanza
que fin cumprido —pensan— terá un día
de morte e xusto espolio de vinganza...

III

25 —Eu xuro— ¡ôs pês d-un Cristo!— que, nas Trêbas,
soñéi que os malfeitores xa finaran,
pendurados, sin ollos nin perfebas,
porque os corvos e abutres ll-os tiraran...

—Pois eu— ¡Xesús me falte, se vos minto!—,
30 diréivos meu soñar na Negra Cova:

¡Soñéi que arderan xuntos Franco (“O Quinto”),²⁶⁹⁰

Alfonso (“O Labazado”) e “A Caoba”!...²⁶⁹¹

—Han socombire todol-os traidores

â man dos IRMANDIÑOS, sen máis lero;²⁶⁹²

35 e seascaso, algún fuxe ôs seus furores,

¡no mundo sufrirá como Ashavero!...²⁶⁹³

—Non han perdón de Deus nin do seu Fillo,

aqueles que, perxuros, con paliques,

traicioaron as leis e o crucifillo:

40 ¡Militares, curiales e caciques!

—Rexurdirán as grorias da Nai Terra,

câl xurden as nocellas pol-os hortos:

¡Non haberá no mundo xamáis guerra

e acougarán na paz os nosos mortos!

45 —Non tèn, no Verbo, nome tal escándalo

²⁶⁹⁰ **Nota da edición:** Descoñecemos porque alcuma ao xeneral Franco como “O Quinto”.

²⁶⁹¹ **Nota da edición:** Descoñecemos porque alcuma ao rei Alfonso XIII como “O Labazado”.

«No 14 de abril do 1931 caíu a monarquía e o povo celebrou con festas e alborques a fuxida do rei felón». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Trátase de Alfonso XIII (1886-1941), rei de España (1886-1931) e fillo de Alfonso XII. Coa chegada da II República en 1931 marchou ó exilio, desde onde apoiou a sublevación militar de 1936. Antes de morrer abdicou na persoa do príncipe don Juan. *Cfr.* Rodríguez Castelao (2000: 284) [1944]. “A Caoba”. Trátase da igrexa católica, representada pola metonimia da madeira coa que se fan as imaxes do catolicismo, que colaborou co golpe de estado franquista e a posterior represión.

²⁶⁹² Irmandiños. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira** [85].

dos feixistas, loyolas e muslimes.²⁶⁹⁴

¡Nin nos tempos do astrógodo e do vándalo²⁶⁹⁵

relembra as hestóreas tales crimes!...

—¡Maldigamos, ¡irmáns!, por asesíñas

50 âs Dereitas Traidoras!—, dixo a mēstra...

—¡Eisí sexa!—, respóstanlle as xorguiñas,²⁶⁹⁶

siñándose cô indes da sinestra...

IV

Na Costa da Arantiña n-hai agoiras²⁶⁹⁷

nin lene rebrilar de vagalumes:

55 ¡As sete vellas bruxas, nas basoiras,

traspôron da outa noite as negras cumes.

¡Alí —a frebe do noxo â traidoría

dos feixistas, dos cregos e das coiras—,

²⁶⁹³ **Nota da edición:** Ashavero, chamado ‘o xudeu errante’, condenado a non morrer nunca e a vagar sempre sen se deter, através do mundo, por negarlle a Xesús un pouco de auga coa que mollar os seus labios cando cargaba a cruz ao lugar do sacrificio.

²⁶⁹⁴ **Nota da edición:** San Ignacio de Loyola (Loyola, Azpeitia, 1491 – Roma, 1556) foi o fundador da Compañía de Xesús en 1540. Porén, aquí o poeta non se refire tan só aos xesuítas, senón que a palabra é metonimia da igrexa que apoiou o levantamento franquista. De feito, a garda de honra do xeneral Franco estaría formada polo Tercio de San Ignacio de Loyola. A figura deste santo tamén foi obxecto de diatriba no poema ‘Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola’ de Curros Enríquez, *Cfr.* López Varela [1998: 569-571] e ‘No convento’, *cfr.* López Varela [1998: 603-615].

²⁶⁹⁵ **Nota da edición:** Astrógodos e Vándalos. Pobos indoeuropeos da familia xermánica. Os vándalos ou lugiones eran de Europa central, habitaban as ribeiras do mar Báltico e ocupaban terras ao oeste do río Vístula e xunto ao Oder, deica o norte da Bohemia. A palabra vándalo posúe un dobre significado: “os que cambian” e “os hábiles”, mentres que o seu outro nome, lugios ou lugiones, querería dicir “mentireiros” e “confederados”. A chegada dos godos (para Zapata astrógodos) obrigounos a se desprazar cara ao sur, ás ribeiras do Mar Negro, onde foron veciños e en ocasións aliados. Os godos formaban parte das tribos do outro lado da fronteira ás que os romanos adoitaban chamar bárbaras ou xermánicas.

²⁶⁹⁶ Xorguiñas. *Cfr.* Nota da edición no verso 282 do poema **A Crus da Rosa** [30].

60 alcende con máis forza, día a día,
 da terríbel venganza sete lumes!...

²⁶⁹⁷ Arantiña. *Cfr.* Nota da edición no verso 757 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

[98]

¡¡CRISTIALOBOS!!...²⁶⁹⁸

I

Ando buscando sempre unha parola
que teña máis valer que decir: ¡monstro!
unha parola que non sexa: ¡crime!,
unha parola que non diga: ¡noxo!...

5 Unha parola busco —¡xa fai tempo!—
pra condenal-os crimes dos faiciosos,
pra condenal-os fillos d-unha lumia:²⁶⁹⁹
¡os Rómul-Remos —lobos— i-os teutónicos²⁷⁰⁰

os que invadindo a Hespaña, traicioneiros,
10 —¡na Abisinia e na Bélxica vils dougos!—,²⁷⁰¹

²⁶⁹⁸

Métrica

Romance heroico, 11, con esquema rimático (–A–A). Ten rima en o-o.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 535, 12 de setembro de 1937.

De aquí foi compilado por Fernández Rodríguez, Manuel (2006). *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 118-121.

Variantes e comentarios

Publícase precedido dun debuxo sen asinar, que representa a dous lobos enfrentados a unha cruz.

²⁶⁹⁹ Lumia. *Cfr.* Nota da edición no verso 283 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁷⁰⁰ **Nota da edición:** Referencias aos fascistas italianos e aos nazis alemáns que colaboraron con Franco. Rómulo e Remo. Irmáns xemelgos fundadores da cidade de Roma, que de pequenos foron amamantados por unha loba. Isto explica a alusión aos “lobos” que realiza Zapata.

non pensaron, cós Xudas Iscariotes,²⁷⁰²

que os Imperos non campan dos histriónicos!.

II

Non é, ¡non é!, a verba qu-eu arelo,

poider decir, berrándolle: —¡Petouto!—

15 a quen, poidendo, moito ben facere

fala do vaticán, e... ¡siga o choio!²⁷⁰³

Ê un algo terríbel que non hacho

no linguaxe varil dos bardos nosos,

algo máis forte que, a Xehová, chamarlle²⁷⁰⁴

20 —¡Fillicida!, ¡protervo!, ¡paranoico!...

Un algo formidábel, despiadado:

Un ¡ACUSO! ferós, teratolóxico,

como a verba trenante de Isaías²⁷⁰⁵

²⁷⁰¹ **Nota da edición:** Abisinia. Nome da actual Etiopía, que nunca fora colonizada, mantendo a súa independencia durante toda a repartición de África, agás un período de 1930 a 1941, cando estivo baixo a ocupación italiana. Lembremos que Zapata publica o poema en 1937, en plena ocupación de Abisinia.

Bélxica. Porén, a ocupación de Bélxica pola Alemaña nazi produciuse en maio de 1940, tres anos despois do poema de Zapata, polo que debe estar facendo referencia á ocupación alemana da Primeira Guerra Mundial, cando o 4 de agosto de 1914, unha semana despois do inicio da contenda, as tropas alemanas cruzaron a fronteira belga, ignorando o seu estatuto de neutralidade, nunha ocupación que rematou coa ofensiva aliada de setembro de 1918 que fixo asinar un armisticio aos alemáns.

²⁷⁰² **Nota da edición:** Xudas Iscariote. Nome dun dos doce apóstolos, foi quen entregou a Xesús a cambio de trinta 'sicos', unhas moedas de prata (Mateo 26, 15).

²⁷⁰³ **Nota da edición:** Vaticano > Vaticano. Estado da Cidade do Vaticano, que alberga a Santa Sé, máxima institución de goberno da igrexa católica. O Vaticano apoiou o rexime de Franco, pois a guerra fora cualificada como «cruzada», e foi o primeiro estado en o recoñecer e instaurar relacións diplomáticas.

²⁷⁰⁴ **Nota da edición:** Xehová, Iahvé ou Iahveh, nome propio co que se denomina a Des nas sagradas Escrituras Hebreas, no Antigo Testamento da *Biblia*.

²⁷⁰⁵ **Nota da edición:** Isaías. Profeta nacido en Xerusalén cara ao 760 a. C., viviu nos reinados de Ozías, Yotam, Ajaz e Ezequías. A tradición sinala que foi martirizado por Manasés, asasino de diversos profetas: o

restalando lostregos apostróficos!...

III

- 25 Eu fálovos do crime máis horrible
que non tèn comparanza en ningún povo.
¡Algo eisí como un negro catacrismo
sideiral, de espanto mitolóxico!
- Algo eisí como o istinto neroniano²⁷⁰⁶
- 30 que ollar quixo na entrana que enxendrou,
algo eisí como Herodes degolando²⁷⁰⁷
ôs probes inoscentes... ¡por un solio!
- Algo eisí como cando Xesucristo
sofréu as vils cuspidas sobr-ô rostro:²⁷⁰⁸
- 35 ¡As gárgolas desfeitas, dos empireos
e dos mares galgantes o balbordo,

soio poden falar de tal vileza,

furacando nos tímpanos dos xordos!:

rei (segundo o libro apócrifo *Ascensión de Isaías*) ordenou que o cortasen en dous por comparar a Xerusalén, perante a dexeneración social da cidade, con Sodoma e Gomorra.

²⁷⁰⁶ **Nota da edición:** Nerón Claudio César Augusto Xermánico (Anzio, 37 - Roma, 68). Emperador que gobernou Roma entre 54 – 68, como sucesor de Claudio. Ao ascender ao poder, con 17 anos, súa nai Agripina “A menor” tratou de gobernar a través do seu fillo, co que se insinúa que mantiña unha relación incestuosa. Cando a nai se opuxo a súa relación con Sabina Popea, mandouna asasinar. Dise que mandou abrir as súas entrañas para ver onde estivera antes de nacer e chorou varias horas diante do cádaver. Nesa altura xa entolecera e rematou por se facer matar.

²⁷⁰⁷ Herodes. *Cfr.* Nota da edición no verso 14 do poema **O chasco e o pimpín [33]**.

- 40 ¡Tornarán as cuspidas da inominia
 âs faces espantadas dos seus donos!...
- ¿A pánica pavura apocalíutica?;
 ¿o Dioivo enxendrando maremolto?;
 ¿o fogo devourando ôs numantiños?²⁷⁰⁹
 ¡O feixismo, en Guernica, superóunos!...²⁷¹⁰
- 45 ¡Superóuse o feixismo, asesinando
 de Galiza ôs seus fillos lumiñosos!
 ¡superóuse na rexa Eistremadura²⁷¹¹
 i en Madride invencíbel dos heroicos!...²⁷¹²

²⁷⁰⁸ **Nota da edición:** Xesús, no camiño cara a crucifixión, recibe cuspiduras no rostro, feridas na cara e puñadas, como narran os evanxeos (Mt 26, 67; Mc 14, 65 e Xn 18, 22-24).

²⁷⁰⁹ Numantiños > Numancia. *Cfr.* Nota da edición no verso 71 do poema **As túas mans [32]**.

²⁷¹⁰ **Nota da edición:** Guernica – Gernika, en éuscaro. A súa destrución inspira o poema en castelán **Elegía a la Maite Guernica [c24]**. Cidade que simboliza a identidade basca, foi destruída por unha chuvía de bombas o luns 26 de abril de 1937, entre las 16: 15 e as 19: 30 horas. A tese máis probable indica que a operación, ideada polo bando franquista, foi realizada pola Luftwaffe, a aviación da Alemaña nazi. Nesa altura, agás Cataluña e unha parte de Aragón, Euskadi era o único territorio do Norte que gardaba fidelidade á IIª República, nunha zona rica en mineral de ferro, fábricas siderúrxicas e asteleiros de importancia militar e estratéxica para os franquistas. A destrución de Guernica inspirou unha das pinturas máis célebres de Pablo Picasso. *Cfr.* Brey (1977) e Southworth (1977).

²⁷¹¹ **Nota da edición:** A toma de Badajoz (Extremadura) foi un dos peores episodios da guerra civil. Centos de personas foron represaliadas en xullo, agosto e setembro de 1936. O historiador Hugh Thomas afirma que os lexionarios mataron a todo o que levaba armas, incluídos uns milicianos refuxiados no altar maior da catedral, que a cidade quedou sementada de cadáveres e que a praza de touros se converteu en campo de concentración, mais dubida da versión do masacre na época: «El 27 de octubre de 1936, en *La Voz*, de Madrid, se publicó una versión completamente falsa de esta matanza, en la que se acusaba a Yagüe de haber organizado una fiesta en la que se había fusilado a los prisioneros ante la flor y nata de la sociedad de Badajoz, y que tuvo efectos desastrosos, pues provocó represalias en Madrid». *Cfr.* Thomas (1976) Libro II, capítulo 22. Nota 7. *Cfr.* Vila Izquierdo (1984).

²⁷¹² **Nota da edición:** A defensa de Madrid foi un suceso moi poetizado, Salgado, ed. [2005: 68] cita este “serventesio épico” de Antonio Machado [1936]: *¡Madrid! ¡Madrid! ¡Qué bien tu nombre suena, / rompeolas de todas las Españas! / La tierra se desgarras, el cielo truena; / tú sonrías con plomo en las entrañas.*

Abellán, José Luis [1983: 28] sinala «La revista *Madrid* nos testimonia la existencia de toda una épica surgida en torno a la defensa de la ciudad. Surge en aquel ambiente del primer ataque frontal el inolvidable cuarteto de Antonio Machado [é un serventesio que reproduce]. O el extraordinario poema “Ciudad sitiada”, de Emilio Prados: *Entre cañones me miro, / entre cañones me muevo: / castillos de mi razón /y fronteras de mi sueño, /¿dónde comienza mi entraña / y dónde termina el viento? / ¿Dónde comienzas, Madrid, / o es,*

IV

- Non son de Atila os homes bestizados²⁷¹³
- 50 oubeando, na Europa, como lobos:
- ¡Aquéles inda tiñan varonía!:
- ¡Son os mouros!, ¡os mouros!, ¡¡son os mouros!!
- Son os fillos de... ¡Alá!, ôs que Sant-Iago²⁷¹⁴
- o Nobre Pelengrino, o Dolce Apóstolo—
- 55 escorrentou d-Hespaña, con parábolas,
- e, agora, ¡os seus verdugos!, fan arrolos
- e as Pilas espúreas, desleigadas,²⁷¹⁵
- que visten de feixistas —¡marimonos
- e mulas do pesebre contra Cristo!—,
- 60 soio arelan seus brazos impetosos...

Madrid, que eres mi cuerpo?».

²⁷¹³ **Nota da edición:** Atila (406 – 453). Nome do derradeiro e máis coñecido rei dos hunos. Gobernou o maior imperio europeo do seu tempo desde o 434 deica a súa morte, desde Europa central até o Mar Negro e desde o río Danubio até o mar Báltico, en loita cos Imperios romanos Oriental e Occidental. Estivo a piques de tomar a cidade de Roma e chegou a sitiá Constantino. O seu imperio morreu con el e lémbrese como paradigma da crueldade e a rapina. Porén, outros historiadores tamén o retrataron coma un rei nobre e tres sagas escandinavas o inclúen entre os seus personaxes.

Hunos. *Cfr.* Nota da edición no verso 597 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁷¹⁴ **Nota da edición:** Alá. Da palabra árabe Allāh que significa “O Deus único”. Trátase do mesmo deus nas tres grandes relixións monoteístas, islamismo, cristianismo e xudaísmo.

Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

²⁷¹⁵ **Nota da edición:** Pouco antes de Zapata publicar este poema prodúcese a consagración de España á Virxe do Pilar (Zaragoza) o 13 de maio de 1937, representando ao Estado ilexítimo o xeneral Miguel Ponte y Manso de Zúñiga, que desde o primeiro momento era vocal da Junta de Defensa Nacional, presidida por Miguel Cabanellas Ferrer, na que tamén era vocal Franco. Ao remate da guerra, o 12 de outubro de 1939, tivo lugar en Zaragoza a celebración oficial do “Día de la Raza”, presidida polo ditador Francisco Franco, que

Son os fillos de Franco e Torquemada²⁷¹⁶

alcendendo as fogueiras dos oprobios:

¡a ruína d-Hespaña diante ô mundo,

benzoada cô cuspe dos hisopos!

V

65 ¡Xurdiron, co-a traición, os Anti-Cristos²⁷¹⁷

pra trocar Libertade en Manicomio!:

¡non pensar nin siquiera que s-ê xente,

nin gruñar tan siquiera como os cochos!

Non ser xente: ¡ser besta de espelunca!...

70 Non têr verbas nos beizos: ¡sô ferrollos!...

¡A calar!, ¡a calar!, ¡como as Esfinxes!²⁷¹⁸

¡C-ô silencio das pedras e dos mortos!...

¡A calar!, ¡a calarse!... ¡que non ouzen!:

—¡Xa volve o Santo Oficio, c-ôs faiciosos!...—²⁷¹⁹

instaura a devoción á Virxe do Pilar como “Día de la Hispanidad” e o 29 de decembro de 1939 declara o Pilar “Templo Nacional y Santuario de la Raza”.

²⁷¹⁶ **Nota da edición:** Tomás de Torquemada (Torquemada, Palencia, 1420 – Ávila, 1498). Primeiro “Inquisidor General del Tribunal del Santo Oficio” dos reis de Castela e Aragón no século XV. Dise que puxo o decreto de expulsión dos xudeus a sinatura dos Reis Católicos, malia non existir a certeza. O cronista español desa época, Sebastián Olmedo, defíneo como «el martillo de los herejes, la luz de España, el salvador de su país, el honor de su orden». O nome de Torquemada, como parte da lenda negra da Inquisición española, converteuse en alcume para a crueldade e o fanatismo ao servizo da relixión.

²⁷¹⁷ **Nota da edición:** Anti-Cristos > Anticristo. Antagonista (para algúns diabólico) de Xesús, que nos libros do *Novo Testamento* é considerado como un gran impostor, facéndose proclamar o Mesías ou simplemente difundindo doutrinas contrarias ao Evanxeo en nome de Xesús. Segundo as crenzas cristiás o Anticristo aparecerá na forma dun home controlado por Satanás, supremo inimigo de Deus. Recibe diversos nomes como Home de Pecado, Fillo da Perdición ou a Besta, que tamén é unha personaxe da Apocalipse.

²⁷¹⁸ **Nota da edición:** Esfinxe (<grego Σφίγξ <? σφίγγω 'estrangular'). Na mitoloxía grega era un demo de destrución e mala sorte, que se representaba con rostro de muller, corpo de león e alas de paxaro.

75 ¡Non chorar pol-os deudos, ¡tan siquera!,
 nin axuda prestarlle ós probes horfos!...

Non ollar que a Alborada vai chegando
dos Dereitos Demócratas do Povo,
que a Hespaña oferdarán como tributo

80 os Novos Espartacos xenerosos!...²⁷²⁰

Mentras chega —¡xa van os Cirineos²⁷²¹
co-a Crus da Libertá ceibando promo!—,
¡¡vel-haí têndes a verba que arelaba
pra máis ametrallarvos!! ¡¡¡CRISTIALOBOS!!!...

²⁷¹⁹ **Nota da edición:** Santo Oficio. Este termo nace da expresión latina *Inquisitio Haereticæ Pravitatis Sanctum Officium* e fai referencia a varias institucións dedicadas a combater supostas herexías no seo da igrexa católica. O Tribunal do Santo Oficio da Inquisición ou simplemente a Inquisición española foi fundada en 1478, na época dos Reis Católicos, para manter a ortodoxia católica nos seus dominios. Estaba baixo control directo da monarquía. Non se aboliu definitivamente até 1834, durante o reinado de Isabel II.

²⁷²⁰ **Nota da edición:** Espartaco (Tracia, 113 a.de C. - Lucania, 71 a.de C.). Gladiador tracio que encabezou a rebelión dos escravos contra Roma, sendo derrotado na batalla de Apulia (en italiano Puglia). Non se puido localizar o seu cadáver entre os miles de mortos. Os romanos decidieron dar unha lección ao mundo e todos os escravos prisioneiros foron crucificados ao longo do tramo da Via Apia entre Capua e Roma.

²⁷²¹ **Nota da edición:** O Cirineo, segundo *A Biblia*, era unha persoa que “viña do campo”, de Cirene, unha poboación ao norte de África. O Cirineo axuda a Xesús a cargar a Cruz (Mt. 27, 32; Mc. 15, 21).

[99]

HERBAL FRORIDO²⁷²²

Cantares Galegos

Anda tan mal túa tía,
túa tía tan mal anda,
que vai morrer calquer día
por tanto andar de parranda.

5 Por te mirar, miña rula,
tan garrida e tan xeitosa,
os peixes ficaron quedos
e apousáronse as gaivotas.

Non collas máis berberechos,

²⁷²²

Métrica

21 coplas ou quartetas asonantadas, 8, con esquema rimático (-a-a). Teñen, respectivamente, rimas en a-a, o-a, e-a, e-a, aguda en -á, aguda en -á, u-a, e-a, a-a, a-e, o-e, e-o, aguda en -é, aguda en -á, e-e, o-a, u-a, a-a, a-e, aguda en -á, e finalmente aguda en -á.

Edicións anteriores

Alalá, Revista de Arte e Letras editada pol-a Coral «Os Rumorosos». Bos Aires, nº 1, maio de 1935.
[Só o terceiro cantar]

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, nº 300, xaneiro de 1938.

Variantes e comentarios

En *Galicia* tamén indica (Pr-â revista “Galicia”).

10 ímonos pr-â casa, nena,
 que o mar de tí namorouse
 e vai enchendo a marea.²⁷²³

 Como peneiras de anacre
 te-las ben feitas orellas
15 pra peneirar, vagariño,
 soletreando, doces verbas.

 Naveguei todol-os mares
 e non poiden alcontrar
 sardiñas como as de LAXE
20 nin mozas de bô bailar.

 As gaivotas e as rapazas
 tamén salen a pescar:
 as gaivotas pescan peixes
 e, as mozas... algún rapaz...

25 O mar i-eu somos peixeiros
 e gustamos cousas núas:
 a él, as cunchas de anacre;
 a mín, as orellas túas...

²⁷²³ NOTA DO AUTOR: «Aparecido, como anónimo, descuidadamente, na revista Alalá, Nº 1, do mes de Maio de 1935».

Emigrado pelengrino
30 nas lonxes terras de América,
todol-os camiños ando
c-ô pensamento na terra.

Non te fíes dos enxebres
que dín que queren â Fala
35 e, logo, diante dos fillos,
dalles vergonza falal-a.

Anduriña emigradora
qu-en Bôs Aires te pousaste,
non terás dita compreta
40 se non tornas ôs teus lares.

Non digas que eres de ferro
pra que te maxinen forte,
se a ferruxe da saudade
na emigración te consome.

45 Veñen e van as gaivotas
encol dos negros penedos;
como as vagas, van e veñen,
os soños, no pensamento.

Meu amor, non te desleires;
50 non emigres, bô laxés,
non sexa que morras lonxe
câl Gundar de Balarés.²⁷²⁴

As gaiivotas, pol-a albada,
van deixando os penedals,
55 e, detrás, van os peixeiros,
como as gaiivotas, pr-ô mar...

Se algunha ves pouso os ollos²⁷²⁵
na beleza das mulleres,
dígame, como a raposa,
60 as uvas vêndo: —¡Están verdes!...

As amoras das silveiras
ninguén as cuida e son boas,
o mesmo que as raparigas
que xa naceron fermosas.

65 Das xentes malas as i-almas
son semellantes âs furnas:

²⁷²⁴ Gundar. *Cfr.* Nota da edición no verso 79 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

Balarés > Valarés. *Cfr.* Nota da edición no verso 1069 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁷²⁵ Por gralla de imprenta, en *Galicia* aparece *alguna* no canto de **algunha**.

romedan, rosman, resoan...

¡e sempre fican escuras!

70 Mentras non sintas os ollos
 mollados, ô son da gaita,
 ti non eres sensitivo:
 ¡Non lle queres ben â patria!...

75 Miña nai —se ll-ôs pedían—,
 facía, a veces, cantares,
 e botaballes pimenta
 contra os caciques e alcaldes.

80 Na Fala de Bergantiños²⁷²⁶
 arrulóume miña nai,
 cantando doces cantigas
 da montana e veiramar.

 Eu quérolle a San Francisco²⁷²⁷
 que ô lobo chamoulle irmán,

²⁷²⁶ Bergantiños. *Cfr.* Nota da edición no verso 41 do poema **O herbedeiro de Lourido** [2].

²⁷²⁷ **Nota da edición:** San Francisco de Asís. Francesco d'Assisi, en italiano. (Asís, Italia, 1181 – id., 1226). Relixioso, fundador da Orde Franciscana. O seu amor polos animais nárrese nas *Fioretti* (“As pequenas flores”), lenda medieval do século XIV e de autor anónimo que compila os principais feitos da vida do santo. No capítulo XXI, “San Francisco e o lobo de Gubbio (Como San Francisco amansou, por virtude divina, un lobo ferocísimo)” relata como este lobo devoraba homes e animais e o santo foi na súa procura. O medo provocou que os seus compañeiros o deixaran só, porén o santo proseguiu e ao atopar o lobo fíxolle o sinal da cruz e ordenoulle que fose cara a el sen magoar a ninguén. O lobo pechou as mandíbulas e deitouse aos pés do Santo, quen levou o animal á cidade, onde arrodado pola xente asustada, fixo un pacto entre eles e o

e, porque dixo verdades,
quérolle a Santo Tomás.²⁷²⁸

lobo. Como este causara mal pola fame, os cidadáns daríanlle comida regularmente e o lobo non atacaría máis nin ás persoas nin ao gando. Esta historia inspirou o poema “Los motivos del lobo” de Rubén Darío.

²⁷²⁸ Santo Tomás. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 do poema **Freira [12]**.

[100]

HERBAL FLORIDO²⁷²⁹

Cantares Galegos

Figueira do figueiredo
que tel-os figos serodios,
cando maduren, ¡figueira!,
mátame a sede ¡que morro!

5 Na caracola mariña

 resoa sempre a marea,

 e, na lembranza, miñ-alma,

 â Nai Galiza relembra.

 Pol-o mar da nosa vida

10 —haxa calma ou treboada—

²⁷²⁹

Métrica

18 coplas ou quartetas asonantadas, 8, con esquema rimático (–a–a). Teñen, respectivamente, rimas en o-o, e-a, a-a, a-e, o-o, o-a, i-o, e-a, e-e, a-a, e-a, e-a, i-o, a-o, a-e, e-a, e-o, e finalmente a-o.

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, nº 305, xuño de 1938.

Variantes e comentarios

dende a nacenza hastr-â morte,
todos vamos de arribada.

Oxe brúa a caracola
que me donóu un de Laxe,
15 con bruar moi bretemoso:
¡Algún debéu afogarse!

Anque caséi fai tempo,
decote teño bôs folgos,
pois non deixéi ôs amigos
20 nin a casa dos meus sogros.

O meu corazón fai festa
e, como un poldro, relouca:
¡ô vêrme coa súa neta,
dóume un bico miña sogra!

25 O Ben e a Vida —cantando
a dúo—, iban dicindo:
—Miña irmán... ¡vámol-a andando!...
—Meu irmán... ¡vamos vivindo!...

Por gralla de imprenta, no título aparece *Herbal* no canto de **Herbal**. Tamén indica (Pr-â revista GALICIA).

O carro roda que roda
30 vai afondando as rilleiras...
¡Quén, com-ô carro, me vîra,
afondando no amor d-éla!

Todol-os días o amore
sobe e baixa catro veces,
35 i-eu baixo e rubo mil costas,
¡miña prenda!, por te vere.

Anque teñas onzas d-ouro,
e bulsas cheas de prata,
non perdas tempo, mociña,
40 que che non vâl tintinal-as.

A mesma Virxe do Carme²⁷³⁰
—que-é unha virxe feiticeira—,
non tèn túa lanzalía
cando vistes de galega.

45 Chove nas casas de todos,
se todas teñen pingueiras;
mais, o probe, c-unha alcoba,
—¡meu probe!—, ¿cómo s-arregra?

O meu amor é tan firme
50 como as raíces dos pinos
que, de tanto amar â terra,
van abrazando os camiños.

Pol-as pedras da riveira
da Costa Brava, descalzo,²⁷³¹
55 ei de andar ¡que Deus m-escoita!,
anque os pés vaian sangrando!

O risón da miña dorna
fica no ancoiral de Laxe,
mentras a dorna ¡Probiña!
60 navega todol-os mares.

Bicóu un caravel albo
â unha rosiña bermella
e, cando a rosa bicóuno,
¡botóuse da color d-ela!

65 Por te ver madruguí onte,
mais, hoxe, erguínme más cedo...

²⁷³⁰ Virxe do Carme. *Cfr.* Nota da edición no verso 26 do poema **Mariña de Inverno** [60].

²⁷³¹ Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba»** [27].

Se vou eisí, miña prenda,
por te ver, ¡xa non me deito!

70 Teño tarreos en Brántuas²⁷³²
e pinales teño en Carnio,²⁷³³
teño casa en Camariñas
i-en Laxe teño un balandro.

²⁷³² **Nota da edición:** Brántuas > San Xulián de Brántuas (ou Brantoas), parroquia próxima a Corme (Ponteceso). Na “Terceira carta ao editor Manuel Roel Longueira (14 de xuño de 1953)” (*Cfr.* [e7]) fai referencia a estas terras: «Co-as aicións que teño, e cós intreses —de non se poider dar cô diñeiro—, cáseque se chegará a cancelar o débito, e, se eisí non fora, véndense as terras de San Miguel de Treos (Carnio, de Vimianzo), e as de Brántoas (Malpica)».

²⁷³³ **Nota da edición:** Carnio. Lugar da parroquia de San Miguel de Treos (Vimianzo). *Cfr. supra.*

[101]

LOITO, FEDOR E MEDO²⁷³⁴

As rúas de Sant-Iago están fatales²⁷³⁵

e xa non arrecenden lanzalía:

¡Un bafo de traición e mourería

espállase nos porches e portales!

5 Cheirumes de faroles e ciriales
—¡a lus da Libertade, santa e pía,
non hai quén a procrame!: ¡naide chía!—,
agoiran novos clans sacramentales...

D-aqueles estudantes, risa e gloria
10 —da xuventú galega executoria—,
nada máis que silencio soio resta...

E fuxindo na noite máis sombría,

²⁷³⁴

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Compostela, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938.

Variantes e comentarios

Aparece datado polo autor: «Bós Ars, Xullo de 1937» e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

Pondal, Curros Enríquez, Rosalía...,

van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!...²⁷³⁶

²⁷³⁵ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

²⁷³⁶ *Ibidem.*

A MARCHA DO APÓSTOLO²⁷³⁷

Noso omilde Sant-Iago —“O Pelengriño”²⁷³⁸

de bordón, chapeu amplo i-escravina—,

ausentouse, magoado, de camiño

car-â terra natal de Palestina.²⁷³⁹

5 Confundíndoo c-un tráxico asesiño

ou garda cevil “â sanxurxina”...²⁷⁴⁰

²⁷³⁷

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CDC EDE).

Edicións anteriores

Compostela, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938.

Variantes e comentarios

Leva a seguinte dedicatoria: «A DOMINGO MAZA, irmandadamente, / no agarimo â lumiñaria do Ocidente e do / Atlán: SANTIAGO DE COMPOSTELA». Precisamente, o debuxo que acompaña o texto é de Maza. Ademais, o texto aparece datado polo autor: «Bós Ars, Xullo, 1938» e e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

²⁷³⁸ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

²⁷³⁹ **Nota da edición:** Palestina. En efecto, a terra natal de Xacobe (Santiago o Maior ou Santiago o de Zebedeo), apóstolo de Xesús, era Betsaida (Galilea), cidade de Palestina, xunto ao lago de Xenesaret, que tamén foi berce dos apóstolos Pedro, Xoán e Felipe.

²⁷⁴⁰ **Nota da edición:** “Sanxurxina”. Galeguización do termo “sanjurjada” que fai referencia a unha rebelión contra o goberno da IIª República liderada polo militar José Sanjurjo Sacanell (Pamplona, 1872 – Estoril, Portugal, 1936), quen tamén foi un dos principais conspiradores da sublevación de xullo de 1936 que produciu a guerra civil. Antes, a finais do 1931, en Castilblanco (Badaxoz) morren catro garda civís nunha manifestación, pouco despois en Arnedo (A Rioxa) morren cinco traballadores por disparos da Garda Civil. Sanjurjo amosa o seu desacordo coa investigación, isto e as súas críticas ás reformas militares republicanas provocan que sexa substituído á fronte da Garda Civil. A confrontación co goberno e o proxecto de estatuto de autonomía para Cataluña fan que participe nun intento de golpe de estado. A rebelión, *sanjurjada*, malia certo éxito inicial en Sevilla, fracasou e Sanjurjo tentou fuxir a Portugal, sendo detido en Huelva, foi condenado a morte e a condena conmutada pola de cadea perpetua. Amnistiado polo goberno da dereita en

¡vistírono c-un traxe d-albo liño
e puxéronlle ô lombo a carabina!...

Denantes de marcharse ô Tiberiades²⁷⁴¹

10 —onde fora peixeiro solamente—,
tremecíalle a fala de verdades:

—Vóume a Ourense, ¡Galiza!: ¡Non me chores!...

...Poida ser que outra volta non intente...

¡¡pois non podo vivir antre traidores!!...

1933, máis tarde vai conspirar con Francisco Franco, Emilio Mola e Gonzalo Queipo de Llano no golpe de estado de 1936. Estaba chamado a ser o novo xefe do estado, porén morre en accidente de aviación.

²⁷⁴¹ Tiberiades. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **Carrexando redes** [66].

[103]

A ROSALÍA DE CASTRO²⁷⁴²

Non coa lira servil e aduladora
que a manates e reis o son levanta,
mais con gaita amorosa é que che canta
o poeta sinxelo que te chora.

5 Subrime reisiñor, xenial cantora
que o teu nome no Pindo se axiganta²⁷⁴³
cuberto de loureiro e groria tanta
como tèn Deus Apol e a virxen Frora.²⁷⁴⁴

²⁷⁴²

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC EDE).

Edicións anteriores

Suevia, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, 11 de xullo de 1913. [Número ilocalizable]
Compostela, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938.

Variantes e comentarios

Na revista *Compostela* aparece incluído na sección “Páxinas da renacenza galega”. Leva a seguinte nota a rodapé: «Como mejor recuerdo a la genial poeta, copiados de la revista “Suevia”, en cuyas páginas ha sido iniciado, en Buenos Aires, el movimiento galleguista, por el entonces director de aquélla, Joaquín Pesqueira, con la directa colaboración, desde Galicia, del más destacado propulsor de tan generosa renovación política, Porteiro Garea, y, asimismo, de otros “bôs e xenerosos”, entre ellos Xan V. Viqueira».

Aparece datado polo autor: «XULIO 11 DE 1913» e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

Curiosamente, no envío que realiza para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Nótola. O presente soneto foi o primeiro que pubriquei no noso benquerido idioma, pois, do castelán, xa o facía dende o ano 1911». Resulta sorprendente que esqueza a anterior aparición do soneto **A casa d’o poeta Pondal** na mesma publicación e no mes de maio.

²⁷⁴³ **Nota da edición:** Monte Pindo. Está situado no lugar mariñeiro O Pindo, no concello de Carnota, e é unha formación granítica á beira do mar, na desembocadura do río Xallas no Ézaro (Dumbría), con moita tradición lendaria e literaria, que o cualificou como “Olimpo celta”. Sarmiento supoñía que a súa denominación podía proceder doutra estribación existente en Grecia.

²⁷⁴⁴ **Nota da edición:** Deus Apol > Apolo. Na mitoloxía grega e romana era o deus da curación, a luz, a verdade, o tiro con arco e quen traía as plagas. Como patrón de Delfos (Apolo Pitio) era un deus oracular ou

Non poido a negra Morte, coa fouzaña,
 segar, câl túa vida, os teus “Cantares”
 e as “Orelas do Sar”, xoiel d’Hespaña.²⁷⁴⁵

¡Vives, dempóis de morta, na memórea
 dos que sinten na terra crués pesares,
 e da nobre Galiza na outa Histórea!...

profético, así como unha importante divindade olímpica. Como xefe das Musas (Apolo Musageta) e director do seu coro era un deus da música e a poesía. Os seus atributos máis comúns eran o arco e a frecha, alén da cítara, o plectro e a espada. O laureiro, ao que se refire Zapata, só se usaba en sacrificios e para elaborar a coroa da vitoria nos Xogos Píticos, que se celebraban na súa honra cada catro anos en Delfos.

Virxen Frora > Flora. Ao aparecer con Apolo debe referirse a Flora, na mitoloxía romana deusa das flores, os xardíns e a primavera. Porén, en ningures se fala da súa virxindade, así que tamén puidera tratarse de Santa Flora (Maurs, 1300 – Cahors, Francia, 1347). Virxe e relixiosa no hospicio que posuían en Beaulieu os cabaleiros de San Xoán de Xerusalén para atender os enfermos e os peregrinos. Patroa das Violetas, Margaridas, Dalias, Hortensias, e en xeral de todas as que levan nome de flor.

²⁷⁴⁵ **Nota da edición:** “Cantares” e as “Orelas do Sar” > *Cantares gallegos* (1863) e *Las orillas del Sar* (1884) dúas das obras fundamentais da poesía de Rosalía de Castro, xunto a *Follas Novas* (1880).

DEUS É LIBERTÁ²⁷⁴⁶

2746

Métrica

Soneto, 11 (ABAB BABA CCD EED).

Edicións anteriores

Compostela, Bos Aires, nº 5, xullo de 1940.

Lar, Bos Aires, nº 277-278, novembro-décembro de 1956.

Variantes e comentarios

Indica «Especial pr-â Revista Compostela» e leva a seguinte dedicatoria: «A Ramón D. Villar, no sentimento de libertá / e amizade que nos achega, sinxelamente». En *Lar* o texto titúlase **Deus ê Libertá** e aparece datado: «Bôs Aires, 1940», aínda que a data é responsabilidade da revista, que reproduce o texto publicado por *Compostela*, pois Zapata falecera en 1953.

Ademais, na versión orixinal de *Compostela* publícase acompañado da resposta de Ramón D. Villar, con dous sonetos:

**Contestando ô soneto do bô amigo Zapata
García, tiduado “DEUS É Libertá”:**

A libertade é Deus de quen razoa
no **cómo** e no **pra qué** da sua eisistenza,
e chega a comprender da humana cenza
a lóxica verdá da sua persoa.

5 O ben ou mal, que na concenza zoa,
é, pr-ô hõme de ben, groria ou tormento;
úneco Deus que fai d-un sô momento
toda unha eternidade, mala ou boa.

10 Deus é pra min a libertá que alento,
xa qu-ela vive en min, coma se fora
a mesma vida feita pensamento.

E cando vexo que poe ela chora
quen non quixo loitar pra ser redento,
penso no ben da morte vengadora.

¡A LIBERTADE!

15 A libertade n-ê diviña esenza
que Deus da ô povo por habel-o feito:
A libertade nasce na concenza,
e deféndena os homes c-ô seu peito.

20 O povo que cavila de tal xeito,
non pode ser por naide asoballado;
e quen, cobarde, esquece este dereito,
sô debe ser na vida un niquitado...

Inda que fora Deus quen che dixera
que a libertá que adouras é mentira²⁷⁴⁷
—ademitindo tan livián quimera—,
os cantos que ceibare a túa lira,²⁷⁴⁸

5 sereiamente, sen queimarte en ira
—aititude subrime qu-eu quixera—,
han de seguil-a ideia que te ispira²⁷⁴⁹
pol-a senda da vida, doce ou fera.

10 E siascaso o tirán te aferollara²⁷⁵⁰
ou ao monte Calváreo te levara²⁷⁵¹
pra encravarte n-un mouro crucifillo,

pol-o ben democrático xemendo,
eu ben sei lle dirías xa morrendo:
—¡Negáchete a ti mesmo no teu fillo!...²⁷⁵²

25 Quen bica â vil cadea no pasado,
non pode, nin debера ser liberto:
sô debe ser por todos desprezado.

Porque a lei do escolleito ten fixado
que pra rexir da vida no concerto,
¡o hôme é Deus, i-o verme un malpocado!...

²⁷⁴⁷ En *Lar* aparece *ê* no canto de *é*.

²⁷⁴⁸ En *Lar* aparece *ceibara* no canto de **ceibare**.

²⁷⁴⁹ En *Lar* aparece *inspira* no canto de **ispira**.

²⁷⁵⁰ En *Lar* aparece *si ascaso o titán* no canto de **siascaso o tirán**.

²⁷⁵¹ **Nota da edición:** Monte Calváreo > Calvario. *Cfr.* Nota da edición no verso 1275 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁷⁵² En *Lar* aparece este verso sen guión e entre aspas.

[105]

XAN CROIO²⁷⁵³

I

O señor don Xan Croio, na Arxentina,²⁷⁵⁴
xuntou moitas cadelas, sin concéncia,²⁷⁵⁵
maxinando val máis que calquer céncea,²⁷⁵⁶
pendurar do bandullo unha estelrina.

5 Ben cebado —touciños e chacina—,
padricaba, decote, a comenéncea
con escuros refráns de sabidéncea

²⁷⁵³

Métrica

3 Sonetos, 11 (ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CDC EDE).

Edicións anteriores

A Fouce, Bos Aires, nº 52, 25 de xullo de 1932.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires, nº 78, outubro-novembro-décembro de 1933.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 704, 7 de decembro de 1940.

Variantes e comentarios

A Fouce e *Alborada* tan só publican o primeiro dos sonetos deste tríptico, indicando (Pr' A FOUCE) no primeiro caso. En *Alborada* publícase xunto a un «Dibuxo do aitor», de feito lese a sinatura Zapata García, e debaixo do título **Xan Croio** engade: «Aitor do libro: “Margaridas ós porcos”». En *Galicia* engade ademais a seguinte dedicatoria: «Aos meus irmáns de Montevideo, / Xesús Canabal e Lois Luna, / agarimo â nosa nai GALIZA». O debuxo, sen a lenda, reproducécese na versión de *Galicia*.

²⁷⁵⁴ **Nota da edición:** Xan Croio. O alcume pertence ao imaxinario do poeta, porén existe a posibilidade de que tamén faga referencia a unha persoa coñecida para o autor. Malia que Zapata inclúa a caricatura do tal Xan Croio co pé: «Aitor do libro: “Margaridas ós porcos”», non atopamos ningunha obra con este título, nin en galego nin en castelán, na súa época. Daquela, debe ser unha simple alusión á coñecida locución: *Botarlle margaridas aos porcos*, que nace dun dito bíblico (Mateo VII, 6), que se refere a ofrecerlle cousas delicadas a quen non as sabe apreciar, aínda que a tradución correcta sería “Botarlle perlas aos porcos”.

²⁷⁵⁵ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *moitas* no canto de **moitas**.

²⁷⁵⁶ En *A Fouce* aparece *vál* no canto de **val**.

máis longos que a muralla que tén China:²⁷⁵⁷

—Non me lembro do sacho nin do angazo,²⁷⁵⁸

10 desque estóu d-Arentina no regazo,²⁷⁵⁹

nin me intresan as cousas sin o choio...

I-encanaba dempóis o bandullista:²⁷⁶⁰

—Eu son duro, redondo, unitarista,²⁷⁶¹

e non quero arredismos: ¡Son XAN CROIO!...²⁷⁶²

II

15 Morréu Xan Croio. De redondo qu-era

—toda-a vida despacha que despacha—,

foi quedando máis seco que unha racha,

sin folgos, sin solás, sin tér siquera

a mesta identidá co-a humana fera

20 que, acotío, sin tino, s-emborracha:

facel-o torto vieiro da lesmacha

i-as lousas ir luxando pol-a acera.

²⁷⁵⁷ En *A Fouce* aparece *cerca* no canto de **muralla**. Ademais, en *A Fouce* aparece *ten* no canto de **tén**.

Nota da edición: A muralla de China é unha antiga fortificación construída para protexer o imperio de China desde o século III a. de C. dos ataques dos nómadas de Manchuria e Mongolia. A Gran Muralla está formada por unha serie de murallas construídas e reconstruídas por diferentes dinastías durante máis de 1.000 anos, é moi longa, con 7.300 km. de este a oeste, sen contar ramificacións e construcións secundarias.

²⁷⁵⁸ Por gralla de imprenta, en *A Fouce* aparece *de sacgo* no canto de **do sacho**.

²⁷⁵⁹ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *d'Arentina* no canto de **d-Arentina**.

²⁷⁶⁰ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *Y-encanaba* no canto de **I-encanaba**.

²⁷⁶¹ En *A Fouce* e en *Alborada* temos *redondo e hispañista* no canto de **redondo, unitarista**.

²⁷⁶² En *A Fouce* e en *Alborada* temos *Xan Croio* no canto de **XAN CROIO**.

Como prémeo eixemprar e xusticieiro
pr-ó que soubo xuntare só diñeiro
25 vendendo pouco viño e moita ágoa,

soio tivo no enterro, o basto Croio,
un fato de aulantes do seu choio,
moitísima coroa... ¡e ni-unha bágoa!...

III

Nementres que GALIZA puxo loito
30 pol-os mortos na nóitebra feixista,
volvéuse CRISTIALOBO o bandullista
pra tér dobre barriga coma un oito.

De nobres sentimentos sempre enxoiro,
non tiña máis que números á vista,
35 sumando todo-o día n-unha lista
onde o TRINTA DE INTRESES n-era froito.

Foi dono de cen casas-rascaceos,
chalet en Mar do Prata, creto en Bancos,²⁷⁶³
forte caixa de ferro, caixóns cheos...;

²⁷⁶³ **Nota da edición:** Mar do Prata > Mar del Plata. Importante cidade portuaria, balnearia e turística, situada no litoral do denominado Mar Arxentino, ao sueste da provincia de Buenos Aires.

40

¡pro non tivo xamáis pr-á súa aldea
—onde sempre calzara probes chancos—,
nin siquera un cativo gran de area!...

CANZÓN DO BERCE MARINEIRO²⁷⁶⁴

“—*Xa chegou noso día, ¡meu filliño!—,*
*canta a nai garimosa xunt-ó berce;*²⁷⁶⁵
*e arrolando ó seu anxo, cantarea,*²⁷⁶⁶
silandeira, amodiño: Ga-li-cei-be...”

(Do poema “GALICEIBE”, do aitor)

I

Arrola, meu anxo, arrola;
 arrola, meu ben reberte,
 que un ratiño veu a verte
 e a rilarche na cirola.

²⁷⁶⁴
Métrica

3 redondillas, 8, con esquema rimático (abba). Cada unha delas vai seguida dun dístico octosilábico e un tetrasílabo, a modo de refrán.

Edicións anteriores

Alalá, Revista de Arte e Letras editada pol-a Coral «Os Rumorosos». Bos Aires, nº 1, maio de 1935.
Galicía, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 704, 7 de decembro de 1940.

Variantes e comentarios

En *Alalá* o poema aparece datado polo autor: «Bôs Aires, 1935» e sinala: «Música: José Barreiro». Esta copia foi a enviada a Filgueira para a súa fanada *Escolma* de 1936.

O único número de *Alalá*, Revista de Arte e Letras editada pol-a Coral «Os Rumorosos». Bos Aires, nº 1, maio de 1935 vén de ser reeditado en edición facsímile (CD) polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en edición, notas introdutorias e índices de Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (2007).

En *Galicía* vai precedido dunha fotografía de Pastora García e do seguinte texto: «La popular tiple Pastora García, que debutó con gran éxito en radio Stentor, continúa actuando con nuestro compañero Barreiro en la audición Hispano Argentina.

Nuestra ilustre paisana estrenará “Canzón d’o Berce”, y “Cuitas d’ausencia” de Calviño de Castro-Barreiro».

²⁷⁶⁵ En *Alborada* aparece *xunt-ô* no canto de **xunt-ó**.

²⁷⁶⁶ En *Alborada* aparece *ô* no canto de **ó**.

5 Arrola, meu anxo, arrola,
embarcado no teu berce.

Ga-li-cei-be.

II

Dúrmete, meu pequeniño;
dúrmete, meu pequerrecho:
10 pecha os ollos como un pecho,
que xa escapou o ratiño.

Dúrmete, meu pequeniño,
no teu morno cubichete.

Ga-li-cei-be.

III

15 Xa vai durmindo meu home
ó rolance do estribelo...²⁷⁶⁷
¡Deus queira que poida vel-o
mariñeiro de renome!

Xa se durmío meu home,

20 a toda vela, no berce.

Ga-li-cei-be.

²⁷⁶⁷ *Ibidem.*

[107]

NOVA FULXENTE ESTRELA²⁷⁶⁸

Hai un medo que-espenuxa
pol-a terra de Pondal,
un medo que â xente entala
e non-a deixa chorar:
5 ¡leva o luito inmorredeiro
por nosos nobres irmáns,
que, por amar â Nai Terra,
mataron os lobicáns!
¡Mesmamente semella un enterro
10 tanto luito no tempo de vran!...

A Fame —nai garimosa
dos farrapos dos sin pan—,
amostra a negra dentamia
como unha besta ancestral,
15 e vai roubar a semente

²⁷⁶⁸

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (-a-a). Ten rima aguda en á. Cada oito versos aparece un dístico, a xeito de estribillo (10-, 10a) que mantén a mesma rima.

Edicións anteriores

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 425, 28 de xuño de 1942.

—¡tanta fame dñn que hai!—
de patacas, pol-os sucos,
denantes de xermolar...
¡Probe besta que rouba... e redemen
20 as bagullas que verte, ô roubar!...

Nembargantes, hai no fondo
de tanto medo cervical,
como unha lus arelante
de futura libertá...
25 ¡a libertá que non morre
na entrana do noso chan,
a que cantaron os bardos
sin lle ter medo ô tirán!
¡Libertá prâ GALIZA irredenta
30 n-un gran día de grórea e de pas!...

De que chegará ese día,
pol-as furnas, fala o mar;
pol-as gándaras e montes,
tamén falan os pinals;
35 e as fontes, antre soloucos,
perguntan: —«¿Cándo virá...?»;
mais as xentes de GALIZA

ficán mudas no agardar...

¡¡porque viron encol de SANT IAGO²⁷⁶⁹

40

outra CAMPUS STELLA brilar!!...²⁷⁷⁰

²⁷⁶⁹ Sant Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

²⁷⁷⁰ **Nota da edición:** Campus Stella. Santiago, o Apóstolo, foi martirizado e decapitado en Xerusalén por orde de Herodes, quen prohibiú dar cristiá sepultura ao corpo. Porén a tradición conta que os cristiáns puideron facerse cos restos e levalos até o mar, onde nun barco sen tripulación e dentro dun sepulcro de mármore, guiado por anxos, navegou até un afastado lugar da cristiandade, ignorado durante centos, até que a principios do século IX unha luz celestial descubrira a un eremita a situación do sepulcro, e así naceu a denominación de “Campus Stellae” (‘Campo da Estrela’) que daría lugar a Compostela.

[108]

OS CAMIÑOS DA VIEIRA²⁷⁷¹

**Todol-os camiños ruben
 pol-as costas das vieiras
 por enriba e por abaixo,
 todos van pra Compostela.
 A. Z. G.**

*(Do libro de cantares galegos
"Herbal Frorido").*

OS nobres pelegríños que a Compostela ían²⁷⁷²
pol-ronsel guiados do mundo sideiral,
no tempo das concéncas outros ronseles vían
de fonda humanidade e arelas do imortal...

5 N-os múltipres camiños que aquéles recorrían
na gran pelegriñaxe â Roma oucidental,²⁷⁷³

²⁷⁷¹

Métrica

7 oitavas, 14 (AB AB AB AB, CD CD CD CD, etc).

Edicións anteriores

A *Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 426, 25 de xullo de 1942.

²⁷⁷² **Nota da edición:** Tres foron os grandes centros de peregrinación que houbo na nosa Idade Media. Unha parte significativa da poboación medieval viaxou, nalgún momento da súa vida, a algunha das tres cidades santas da cristiandade para render aos corpos-reliquias máis sinalados do *Novo Testamento*: Xesús en Xerusalén, San Pedro en Roma e Santiago o Maior en Compostela. Tres peregrinacións maiores que limitan e encadran o Occidente medieval como espazo sagrado: Xerusalén en Oriente, Roma no centro, Santiago en Occidente. A peregrinación a Santiago de Galicia é a menos antiga (a invención do sepulcro data de principios do século IX), as súas reliquias as menos importantes en xerarquía evanxélica e eclesiástica, non

as luces de irmandade máis lus resprandecían
cando do ceo as outras brillaban no cumial.

Pra que Sant-Iago fose de singular maneira²⁷⁷⁴

- 10 lembrando, en testemuña do xeneroso que é,
o símbolo adoitaron da fisterrán vieira,
a filla do Ara Solis, qu-está do Atlán ô pé:²⁷⁷⁵
—«Se todol-os camiños pra Roma van â veira
—decían os devotos de Santo Xacobé—²⁷⁷⁶,
15 os de Xacobuslandia terán sinxel guieira²⁷⁷⁷
na retellada cuncha: ¡as topas d-unha fé!»

Entón xurdéu o reino da xacobeá insiña,
fidel representanza dos agros e do mar;
d-aquéles, tén os sucos; d-aquéste, a mansa ondiña
20 n-as mardes rubidoras que o cumio van bicar.
E n-os bordóns e báculos, na capa e na escraviña,
n-as arrufadas proas das dornas, e no altar,
a vieira semellaba a mística pombiña

obstante, rematan eclipsando as outras dúas. *Cfr.* Barros, Carlos (2004). “A Peregrinación a Santiago de Compostela”. *Nalgures*. Nº 1. 2004. 9-18.

²⁷⁷³ *Cfr. supra.*

²⁷⁷⁴ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor** [8].

²⁷⁷⁵ **Nota da edición:** Ara Solis. «Segundo gregos e romanos, os caldeos, pobo babilónico cultivador da astroloxía, seguiron o sol ata ver onde pasaba as noites. Cando comprobaron que se somerxía no mar de Fisterra, honraron cun altar que logo foi destruído polo Apóstolo Santiago. Ese altar era a Ara Solis e estaba en *Dugium*, Duío. Para outros estaba no Monte Facho, onde está gora a ermida de San Guillerme de Fisterra». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 40].

Atlán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

²⁷⁷⁶ Por gralla de imprenta *de votos*.

Santo Xacobé > Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor** [8].

n-un voio milagreiro as azas despregar.

- 25 Mais fóronse entullando, cegándose os sendeiros
que ó Pórtico atraguían xesucristiana grei.²⁷⁷⁸
A Meca da homildade enchéuse de taboeiros,²⁷⁷⁹
enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi,²⁷⁸⁰
os que a Xesús cuspiron, os milites traicioeiros...²⁷⁸¹
- 30 ¡todol-os detraitores da curialesca lei
que en ves da noble insiña dos composteláns vieiros
deixan vender diamantes na crus de Cristo-Rei!..²⁷⁸²

O povo que noutrora colonizou a Irlanda,²⁷⁸³

²⁷⁷⁷ **Nota da edición:** Xacobuslandia. Terra de San Xacobe ou Santiago. *Cfr. supra.*

²⁷⁷⁸ **Nota da edición:** O Pórtico. Pórtico da Gloria, na catedral de Santiago de Compostela, pórtico realizado polo Mestre Mateo e o seu obradoiro entre 1168 e 1188. O Pórtico da Gloria está constituído por tres arcos, o central é o maior. No tímpano central, baseado no *Libro de San Xoán*, represéntase a Cristo en Maxestade coas mans amosando as chagas, rodeado polos Tetramorfos, as imaxes dos evanxelistas e anxos que levan os instrumentos da paixón de Xesús. Na arquivolta represéntanse, sentados, os 24 anciáns da apocalipse, cada un leva un instrumento musical ou unha copa. No arco esquerdo aparecen os xustos que agardan a chegada do Salvador e no da dereita represéntase o Xuízo Final. Nos ángulos figuran os catro anxos da apocalipse.

²⁷⁷⁹ **Nota da edición:** A Meca. Cidade de Arabia Saudita, antigamente chamada *Makoraba* (así a denomina Ptolomeo no século II), situada ao oeste da península arábica. Foi a cidade natal de Mahoma, polo que se converteu na máis importante das cidades santas do Islam, visitada cada ano por numerosos peregrinos.

²⁷⁸⁰ **Nota da edición:** Arbués. «O relixioso agostiño Pedro de Arbués, canonizado no século pasado, foi inquisidor de Aragón entre 1484-1485 e acabou asasinado en Zaragoza», *Cfr. López Varela* [1998: 606], personaxe citado no poema 'No convento' de Curros Enríquez.

Xudas. *Cfr. Nota da edición no verso 11 do poema ¡¡Cristialobos!!... [98].*

Muléi. Referencia aos mouros que se basea na figura de Muely-Hacen, Abdul Hassan. Sultán de Granada, que sucedeu a seu pai Muhammad XI en 1465 e cinco anos concluíu o tratado de paz que seu pai establecera cos cristiáns. Porén as relacións comezaron a deteriorarse e en 1482 os cristiáns tomaron Alhama. Ao tempo tivo que enfrontarse á discordia entre as súas dúas favoritas. Unha delas, Axia, nai do seu fillo Boabdil pretende destronarlo e que o fillo se faga co poder. Malia un acordo para combateren os cristiáns, cando Abdul Hasan entra en combate, Boabdil toma Granada, mais foi feito prisioneiro polos cristiáns. Seu pai recuperou Granada e liberouno, porén enfrontáronse novamente até que acordaron que Boabdil quedaba co trono de Almería. Abdul Hasan continuou a combater aos cristiáns e cando faleceu, foi soterrado no picouto máis alto de Serra Nevada, que se coñece como Mulhacén.

²⁷⁸¹ Os que a Xesús cuspiron. *Cfr. Nota da edición no verso 34 do poema ¡¡Cristialobos!!... [98].*

²⁷⁸² **Nota da Edición:** Cristo-Rei. A festividade litúrxica de Cristo Rei foi promulgada polo Romano Pontífice Pío XI na súa Encíclica *Quas primas* (1925). Adoito a expresión sempre foi utilizada polos sectores máis reaccionarios da igrexa católica.

²⁷⁸³ Irlanda. *Cfr. Nota da edición no verso 9 no poema Antergas luces promisoras [22].*

que a Portugal e a Hespaña a doce língua der,
35 vése hoxe na cadea máis crúa e miseranda
que a do máis criminoso e máis protervo ser...
¡un novo Prometeo cuio sufrir se agranda,²⁷⁸⁴
pro liberdade agoira n-un craro estrelecer,
xa límpol-os camiños da vieira veneranda
40 co-as luces xacobeas d-un roxo amañecer!...

Segue resprandecendo a Estrada de Sant-Iago,²⁷⁸⁵
que ô mundo d-oucidente e a-on povo encamiñóu,
ô povo que, humildoso, sô tivo como pago
un oprobento xugo que ô par d-un boi levóu;
45 e cando —xa reberte, sin vel-o mal presago—,
—«¡Rexurde, Galiceibe!»—, ô vento o berro dóu...
¡tan soio vío mortes... bagullas... fames... estrago...
e as nutes máis lucentes cal negra noite ollóu!...

Camiños da Vieira, galáxicos camiños
50 que nos alumás hoxe n-outra irmandade a fé,
ô fillos de Galiza trocádelle os destiños:
ô feros cristialobos, ô vil, ô que non crê...

²⁷⁸⁴ **Nota da edición:** Prometeo. As raíces do mito aparecen en Hesíodo e en Esquilo. Prometeo era irmán de Atlas e descendía dos Titáns. Cando estes loitaron contra os deuses do Olimpo permaneceu neutral nun principio e logo axudou a Zeus, sendo aceptado e convidado a participar nas deliberacións dos deuses. Este privilexio utilizouno a prol dos homes, revelándolles o segredo do lume. O roubo provocou a cólera dos deuses e Zeus mandouno encadear espido a un rochedo do Cáucaso, co castigo de que unha aguia lle devorase o figado durante o día mentres que pola noite lle medraría de novo, e sempre así ata que un inmortal ocupase o seu lugar nos infernos. Tempo despois Zeus cede á compaixón e permite que Hércules mate a aguia cunha frecha do seu arco.

¡que a TERRA asoballada, xa ceibe de asesíños,
ha de s-erguer puxante cal foi —¡hoxe non é!—;
55 e todos pol-os mares e terras, pelegríños,
o noso amor levemos da COMPOSTELA ô pé!...

²⁷⁸⁵ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor [8]**.

[109]

O REMORSO DO MAR²⁷⁸⁶

I

Morden os cans das ondas n-os cantiles,
encirrados, branqueándolles os chavellos;
i-unha ves, i-outra ves, e centos miles,
van arrincando á terra algúns gadellos.

5 Morden os cans das foulas n-as quebrantes,
porque o vento Noroés os acaudela;
mais, con verbas terríbels, balbordantes,
seu renome de ceibes acoitela:

—¿Qué fixéstedes vós, dos que afondaron,
10 ¡atados pés e mans!, no voso seo?;
¡de aqueles que ¡sin dó! crucificaron
por tel-o patriotismo máis sereo?!...

²⁷⁸⁶

Métrica

14 serventesios hendecasílabos, coa combinación rimática (ABAB CDCD EFEF, etc.).

Edicións anteriores

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 430, setembro de 1944.

Variantes e comentarios

Nada âs voces que o crime lles relembran,
os cans enfurescidos fan escoita...
15 ¿Soio sîntense as pedras que retembran
i-o balbordo do mar na fera loita!...

II

Cormoráns e gaiivotas, dan ós ventos
seus punxentes agoiros na marisma,
relembrando do Atlán os sufrimentos²⁷⁸⁷
20 diante ós crimes do Feixe e da Mourisma...²⁷⁸⁸

Hai bandadas de corvos e miñatos,
como nunca os houbera, n-os pinales:
¡Da traición dos Herodes e Pilatos,²⁷⁸⁹
e carniza futura, fan sinais!

25 Hai un algo que medra pol-o ambiente,
unha cousa sutil, baruda e forte...
¡aquela que o patriota n-alma sente

²⁷⁸⁷ Atlán. *Cfr.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

²⁷⁸⁸ **Nota da edición:** Do Feixe e da Mourisma. A expresión popular “os moros de Franco” designou a tropas indíxenas do Protectorado español en Marrocos que loitaron co bando sublevado durante a Guerra Civil. A súa participación foi determinante para o éxito militar franquista e para os intereses persoais do xeneral Franco na loita de poder entre os sublevados, xerada nos primeiros días do golpe militar de 1936.

²⁷⁸⁹ Herodes. *Cfr.* Nota da edición no verso 14 do poema **O chasco e o pimpín** [33].

Pilatos > Poncio Pilato, coñecido como Pilatos (en latín, *Pontius Pilatus*). Procurador da provincia romana de Xudea, entre os anos 26 e 36. Xesús de Nazaret élle presentado a Pilatos como un inimigo dos xudeus e que intenta ademais abolir a figura do César. Pilatos non o atopa culpable, porén, os fariseos e os saduceos obrígano a asinar a súa execución. A súa muller, Procula, advérteo que ese home é un santo porque se lle manifestou en soños, mais Pilatos resolve aplicar a lei dos xudeus, presentando a Xesús perante a multitude

e arrincal-a non pode nin a morte!

Unha idea de Patria sagrosanta
30 que n-alma toma corpo, i-é concencia,
e, cal faro fulxente, se axiganta
esbarando pr-ós lobos a sentencia:

¡Unha man que n-as laxes inscritura
outro agóirico MANE, TECEL, FARES,²⁷⁹⁰
35 e que o mar, ¡Nosos mar!, o desfigura,
pouco a pouco, rompendo a sete mares!...

III

N-abondaban pr-ó mar os feros días
de naufraxios, de mortes e tormentas,
senón que as máis nefandas traidorías
40 asocial-o quixeron, medoñentas,

co segredo máis duro dos segredos
de unha Noite sin Luz, Amor sin Norte:
¡que ós irmáns os Caíns e Recaredos,²⁷⁹¹

xunto a Barrabás, capturado cando intentaba outro atentado. A festa xudía permitía a salvación dun dos condenados, os xudeus elixen a Barrabás e Xesús é condenado á crucifixión.

²⁷⁹⁰ **NOTA DO AUTOR:** «Verbas que, unha man de fogo, escribú na parede do salón onde estaba facendo unha orxía Baltasar, derradeiro rei de Babilonia».

²⁷⁹¹ **Nota da edición:** Caín. Segundo a *Biblia*, na *Xenése*, era fillo de Adán e Eva, xunto a Abel. Destes dous irmáns, Caín era agricultor e seu irmán menor Abel era pastor. Nese tempo era común agradecerlle a Iavé os bos cultivos ou a boa crianza do gando, polo que os irmáns lles presentaron os seus sacrificios. Deus preferiu o sacrificio de sangue de Abel, non pola calidade, senón porque tiña mellores sentimentos que Caín. Os

con pedras ó pescozo, deron morte!...

45 Mais non quixo, ¡non quixo!, c-ós algazos,
 mesturar os seus fillos máis queridos,
 e por el-o, chorando, n-os seus brazos,
 sobordóunos n-as praias e coídos.

 Da sentencia pr-ós feros Cristiaxudas²⁷⁹²
50 tampouco tén aguante ollal-as verbas
 azanantes, proféticas, sañudas,
 que fixeron ás ondas máis acerbas.

 ¡Non quere tel-a culpa dos ultraxes
 de afondaren patriotas no seu fondo!:
55 ¡¡Por el-o, co-as gadoupas, contr-ás laxes,
 martela noite e día con estrondo!...

ciumes fixeron que Caín matase a Abel, interrogado por Deus non lle aclarou o sucedido, polo que foi condenado a vagar poa terra eternamente.

NOTA DO AUTOR: «Recaredo, irmán de San Hermenexildo, contra quen induxo ó seu pai Leovixildo — arriáns antramos— pra que o asesinara, c-ó degaro de herdal-o. Tanto Leovixildo coma Recaredo —conversos logo ó cristianismo— foron dous tiráns da terra galega, coma reis que foron dos godos e suevos, singolaesmente o primeiro. ¡As feras seguen reproducíndose!».

²⁷⁹² NOTA DO AUTOR: «Cristián traidor, mistura de Cristo e de Xudas: monstro teratolóxico espritoal». Xudas. *Cfr.* Nota da edición no verso 11 do poema **¡¡Cristialobos!!... [98]**.

[110]

CURROS ENRÍQUEZ²⁷⁹³

Dix-o verbo máis forte que o profeta Isafías,²⁷⁹⁴

cando, a prol da verdade, se irmandaba con Cristo:

¡o mesmo ao Gran Petroso que ás falsas teogonías,²⁷⁹⁵

ninguén máis rexa lira batel-os se tén visto!

5 Agóirou pra Galiza fulxentes, craros días,

nun cumio de un Tabor de libertá ben quisto.²⁷⁹⁶

¡cando o Povo Galego, vencendo ás tiranías

no Pico Sagro o lábaro ondé por sempre enfisto!²⁷⁹⁷

Andacios de inxusticia, trebóns de crúa guerra

10 ao profético bardo desbotaron da Terra:

²⁷⁹³

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

El Orensano, Periódico gallego, nº 23, 22 de setembro de 1945.

²⁷⁹⁴ Isafías. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema ¡¡**Cristialobos!!... [98]**.

²⁷⁹⁵ **Nota da edición:** Gran Petroso. Na versión en castelán do poema ¡**Cristialobos!** [c34] sinala nunha NOTA DO AUTOR: «El Papa».

²⁷⁹⁶ **Nota da edición:** Monte Tabor. Santuario da Transfiguración. Non especifican os Evanxeos onde se transfigurou o Señor. Aluden a un monte alto da Galilea (Mc. 9, 2; Mt. 17, 1) que se converte, na segunda Carta de S. Pedro, en clara referencia teolóxica, no santo monte (2 Pt.1, 6-18). Porén, a tradición cristiá de Palestina, xa desde os primeiros séculos, identificou a montaña precisando que se trataba do monte Tabor.

²⁷⁹⁷ **Nota da edición:** Pico Sagro. «O Pico, Pico Sacro, Monte Sacro. Está no concello de Boqueixón, a só 15 quilómetros de Compostela. (...) Alí viviu a Raíña Lupa, e aínda quedan ruínas do seu pazo, un cerrado chamado Horta da Raíña Lupa. Mesmo hai anacos da rúa pola que subía, a Rúa da Raíña Lupa. Aquí viñeron dar os porteadores dos restos do apóstolo Santiago, despois de pasar por Duio, buscando axuda. A raíña

¡seu doce ollar o Atlante vío en pranto desfeito!...²⁷⁹⁸

I-emigrado, afundido n-unha inmensa soidade,
soio as ondas dixeron de seu fin a verdade:
—¡O seu gran corazón non lle coupo no peito!...

mandoulles coller para transportar o cadáver uns touros que resultaron bravos, aínda que amansaron coa oración». ». *Cfr.* Cuba, Miranda e Reigosa [1999: 200-201].

²⁷⁹⁸ Atlante. *Cfr.* Atrán. Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade** [5].

[111]

ANTÓN VILAR PONTE²⁷⁹⁹

FOI un rexo fidalgo sin máis armas que a pruma
pra brandel-a no dreito de unha Patria irredenta,
¡unha Patria que loita pra integrarse na suma
dos seus bens, ¡seus bens propios!, sin tutora oprobenta!

5 N-os máis cultos xornaes, sin trocanza noxenta,
acotío escribía co-a palabra que encuma:
pol-o ben de GALIZA, un decir que aquerenta,
¡contra o mal dos protervos, un ORZÁN feito escuma!²⁸⁰⁰

Eisí foi xalonando seu vivir aquel ceibe
10 que xamáis maxinara que a traizón máis aleive,
n-unha "Terra de Pas", se cebase algún día...;

²⁷⁹⁹

Métrica

Soneto, 14 (ABAB BABA CCD EED).

Edicións anteriores

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 445, febreiro de 1946.

Variantes e comentarios

Sinala: (Especial para "A NOSA TERRA").

²⁸⁰⁰ Orzán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1097 do poema **A crus da Rosa [30]**.

mais o nobre poeta sempre vío unha Aurora

sobre a "Terra Irredenta", sobre a "Terra que Chora":

¡Nosa Terra que pronto chorará de alegría!

[112]

GALICEIBE²⁸⁰¹

I

A deusa redenzora de Galiza
—a boa e xenerosa Galiceibe—,
dempóis de cinco séculos escrava,
rogóulle ás mocedades a liberten.²⁸⁰²

5 Seu rogo car-á Celtia dirixindo²⁸⁰³

²⁸⁰¹

Métrica

Romance heroico, 11, con esquema rimático (–A–A). Ten rima en e-e.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 417, 26 de maio de 1935.

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 448, xuño de 1946.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1207, 15 de agosto de 1953.

Variantes e comentarios

En *Galicia* (1935) publicouse con esta dedicatoria: «Á notábel recitadora do idioma galego, señorita / Dora Cela, sinxelamente, o aitor» e datado polo autor: «Bôs Ars, Maio 1935. (Deseño do aitor do poema)», pois se acompaña dunha ilustración. Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936, riscando as palabras (Especial para GALICIA) que ían despois do título na publicación. Tamén risca as palabras (Deseño do aitor do poema), pola contra engade ao remate nunha nota: «(De «Galiza», de Bôs ars, do 26 de Maio de 1935)».

En *A Nosa Terra* só mantén a data: «Bós Aires, Maio 1935» e non engade máis nada.

En *Galicia* (1953), recién falecido o poeta, publicouse sen dedicatoria, sen data e sen a separación en cinco partes e engadíndolle a seguinte Nota da Redacción (N. de R.): «A fonda rebertía de Antón Zapata García, o noso gran poeta recentemente desaparecido, pode apreciarse na tenra inspiración d-estas patrióticas e podentes rimas que tidoú «Galiceibe».

Coma o verdadeiro mestre que Zapata García era, e coma o infatigabel loitador de visión sinxela e cabal, o noso gran bardo prégallo a mocidade galega que non descoide a honorosa minsión de liberal-a Terra Nai, por considerar que as mocedades teñen de ser as máis firmes columnas onde a terra se sostén e, pol-o tanto as encargadas de levar a felís térmiño tan patriótica finalidade».

²⁸⁰² En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *ás* no canto de **ás**.

²⁸⁰³ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *car-â* no canto de **car-á**.

Celtia. Suevia. Nome literario, nomeadamente poético (como tamén Suevia), para se referir a Galiza e que aparece a miúdo documentado na literatura do século XIX, con continuidade no XX.

—vagullada a facián e tremecéndose—,

no linguaxe da Santa Rosalía,

eisí dixo, arrastrando o vil grillete:

¡O fin!, ¡ó fin, ei d-irme, ¡Terra Enxoita!,²⁸⁰⁴

10 ¡terra de lobicáns e viles reises,

que usurpástedes os dreitos de Galiza,²⁸⁰⁵

usureiros, traidores, incrementes!...

II

Na noite aloumiñante da Nai Terra,

tivo fondas respostas Galiceibe:

15 ¡Ensanguentouse a lúa recén náda²⁸⁰⁶

e oubo signos nos vieiros santiagueses!...

Nos catro puntos cardinals, a arela

—lóstrego vivo da virtú, reberte—,²⁸⁰⁷

sintonizaron os valentes ánimos,

20 e os beizos repitiron: —¡Galiceibe!...

Espallada no mundo a verba xurdia,

fruitificou, prolífica, a semente;

²⁸⁰⁴ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *ô* no canto de *ó*. En *Galicia* (1935) a maiúscula inicial leva acento gráfico.

²⁸⁰⁵ Por gralla de imprenta, en *Galicia* (1953) aparece *usurpátedes os deitos* no canto de **usurpástedes os dreitos**.

²⁸⁰⁶ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *nâda* no canto de **náda**.

e as campías, os mares e as montanas,
¡e hastra os mortos!, marmuaron: —¡Galiceibe!...²⁸⁰⁸

III

25 Na mañán renacente de Galiza,²⁸⁰⁹
todo canta, sospira e arrecende,
ó voltar do desterro de Castela
a deusa dos galegos: Galiceibe.

Canta a bris: —¡Galiceibe!— pol-os agros,
30 recendendo a roméu e chuchameles,
e, ó seu paso, brandéndose os trigaes²⁸¹⁰
as espigas debullan: —¡Galiceibe!...

—¡Galiceibe!— do vento nos pinales
o zoar rumoroso fai as preces,
35 e nas furnas e praias de Briganza²⁸¹¹
as ondas cantarexan: —¡Galiceibe!...

Diviñales labercas, revoando,
os seus tríos afóndanse no ambiente,
semellando as lelías redenzoras.²⁸¹²

²⁸⁰⁷ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) non aparece a coma tras *virtú*.

²⁸⁰⁸ En *Galicia* (1953) aparece *marmuraron* no canto de **marmuaron**.

²⁸⁰⁹ En *Galicia* (1935) aparece *mañan* no canto de **mañán** e en *Galicia* (1953) non aparece esta estrofa.

²⁸¹⁰ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *ô* no canto de **ó**.

²⁸¹¹ Briganza. *Cfr.* Nota da edición no verso 70 do poema **A gaita [4]**.

40 —¡Galiceibe!, ¡rexurde!, ¡Galiceibe!...

Nos seus craros cristaes canta o Miño:²⁸¹³

—¡Deus Fratresque, Gallaeciae, Deus Fratresque!,²⁸¹⁴

respostándolle as fontes e os regatos²⁸¹⁵

co-a diviña parola: —¡Galiceibe!...

45 Bica o sol no cumial do Pico Sagro²⁸¹⁶

a bandeira galega, branca e céste,²⁸¹⁷

nos seus plegues a estrela e o fouciño

vencellados co-a verba: ¡Galiceibe!...

IV

—¡Terra Nosa, benzoada!; Sempre forte!—

50 nos casales petrucios, só se sente,²⁸¹⁸

e as campáns das igrexas repinican

un hosamna galego: —¡Galiceibe!...²⁸¹⁹

Xa chegou noso día, ¡meu filliño!—

canta a nai garimosa xunt-ó berce;²⁸²⁰

²⁸¹² En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *lelias* no canto de **lelías**.

²⁸¹³ Miño. *Cfr.* Nota da edición no verso 32 do poema **Nai dorida [75]**.

²⁸¹⁴ ¡Deus Fratresque, Gallaeciae, Deus Fratresque! *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **A batalla do ma-roxo e da piñeira [85]**, malia aquí escribir *fratesque*.

²⁸¹⁵ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *respostándolle* no canto de **respostándolle**. Ademais, por gralla de imprenta, en *Galicia* (1935) aparece *os* no canto de **as**.

²⁸¹⁶ Pico Sagro. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **Curros Enríquez [110]**.

²⁸¹⁷ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *cêste* no canto de **céste**.

²⁸¹⁸ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *sô* no canto de **só**.

²⁸¹⁹ Hosamna > Hosanna. *Cfr.* Housianna. Nota da edición no verso 1126 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

55 e arrolando ó seu anxo, cantarea,²⁸²¹
silandeira, amodiño: —Ga... li... cei... be...

—¡Galiceibe!, ¡a lutar!—, o povo agrúa,
en falanxes ergueitas que non tremen
diante ós lobos da Terra de Castela²⁸²²
60 que outra farta d-escravos xa non teñen...

V

Terra Nai ben querida, Santa e Mártir,
que dos fillos estimas ser reberte,
¡miña vida che dera por ollarte
xa liberta de todo... ¡Galiceibe!...

²⁸²⁰ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *xunt-ô* no canto de **xunt-ó**.

²⁸²¹ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *ô* no canto de **ó**.

²⁸²² En *Galicia* (1935) aparece *ôs* no canto de **ós** e en *Galicia* (1953) non aparece esta estrofa.

DOS BOOS E XENEROSOS²⁸²³

Antón Alonso Ríos

Antón Alonso Ríos: De fronte a ti me cadro,²⁸²⁴

pra che render homaxe, por bóo e xeneroso:

ti fostes un valente no Chan Patricio Noso,

luitando contra o feixe que ensanguentou o Adro.

5 O trágico trunviro —oubeo, gruño e ladro—,²⁸²⁵

na terra de Silleda, buscóute, tenebroso...;²⁸²⁶

¡e monteiría fíxoche, igoal que a un can rabioso,

²⁸²³

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 452, outubro de 1946.

Variantes e comentarios

Sinala: (Para A NOSA TERRA).

²⁸²⁴ **Nota da edición:** Antón Alonso Ríos (Campo Rapado, Cortegada, Silleda, 1887 – Silleda, 1980). Mestre, escritor, líder agrarista e político galego que presidiu o Consello de Galiza. Exerceu a docencia tanto na Arxentina como en Galiza, a onde regresou en 1931 para presidir en A Coruña a assemblea que redactou o anteproxecto do Estatuto Galego. En 1936 foi elixido deputado a Cortes por Pontevedra. Durante os tres anos que durou a Guerra civil fíxose pasar polo “Siñor Afranio” e foi mendigo, traballou nas colleitas e foi criado de casa. Conseguiu sobrevivir á vez que foi vendo como os seus amigos e compañeiros foron apresados, torturados e asasinados. As súas obras principais son a autobiografía *Memorias do señor Afranio, ou de como me rispei das gadoupas da morte* e os ensaios *Co pensamento na patria galega* (1942) *Saudade, misticismo e amore* (1956) e *A cultura galega na súa dimensión american* (1961) Dirixiu o semanario *El Despertar Gallego* da Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales.

²⁸²⁵ **NOTA DO AUTOR:** «Feixismo, Clero e Militarismo».

²⁸²⁶ **Nota da edición:** Silleda. Concello natal de Antón Alonso Ríos, na provincia de Pontevedra.

berrando: —«¡Arriba Hespaña!»—, o castelán baladro...²⁸²⁷

10 De diputado e méstre, pasaste a pecoreiro,
no seo de cen nites de morte no toxeiro...
¡A Terra Nai salvóute dos feros fraticidas!...

Ti sigues ben queréndoa: Se agora se escuitara
a vos de GALICEIBE e á luta te chamara,
¡as armas ben branderas coma o espartán BRASIDAS!...²⁸²⁸

²⁸²⁷ **Nota da edición:** «¡Arriba Hespaña!». O berro de *¡Arriba España!* era un lema patriótico español que se asociaba á ideoloxía falanxista.

²⁸²⁸ **Nota da edición:** Brásidas. «Xeneral espartano que loitou contra os atenienses nas guerras do Peloponeso. Morreu na batalla de Anfílope (422 a. C.) despois de vencer a Cleón, xefe militar ateniense, que tamén faleceu na mesma batalla», *Cfr.* Ferreiro [1995: 197].

[114]

EDOARDO PONDAL²⁸²⁹

Foi o bardo patriota de encumiado linguaxe
que na ialma sentío latexar nobres dons
pra salvar a Galiza de render vasallaxe
a poderes alleos e a galegos mandóns.

5 Como un rexo carballo de cumprido follaxe,
na nadal Ponte-Ceso, ao pé mesmo do Anllóns,²⁸³⁰
n-unha lira de bronce, de aceirado cordaxe,
noso Hino compuxo con homéricos sons.

N-unha patria de escravos despertou xusta arela:
10 de chegar a ser ceibe da opremente Castela
que a calunia, i-enxuria, e arrebátalle o pan;

²⁸²⁹

Métrica

Soneto, 14 (ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1016, 29 de xullo de 1947.

Variantes e comentarios

Aparece cos sonetos **Teodosio “O Grande” (Emperador román)** e **A Vila de Laxe** nun tríptico intitulado **Preclaros Fillos de Galiza**, introducidos pola dedicatoria “Ao poeta e irmán galego Avelino Díaz”. Datados o “Día de Galiza do ano 1947”.

Publícase precedido dun retrato a lapis de Pondal que asina Cortés, un autor descoñecido para nós.

²⁸³⁰ Anllóns. *Cfr.* Nota da edición no verso 2 do poema **Edoardo Pondal [20]**.

i-eisímade, o poeta, cal reberte Isaías,²⁸³¹

n-un poema inmorrente anunciou fastos días:

¡Virá a lus para Iberia da Nazón de Breogán!...²⁸³²

²⁸³¹ Isaías. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema **¡¡Cristialobos!!... [98]**.

²⁸³² **Nota da edición:** Iberia. Denominación coa que os gregos coñecían desde tempos remotos o que hoxe é a península ibérica. O historiador grego Heródoto (*circa* 484 a. de C. – 425 a. de C.) cita xa este topónimo. Breogán. *Cfr.* Nota da edición no verso 1126 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

[115]

CASTELAO²⁸³³

I

Có corazón na destra e o lene ollar moi triste,²⁸³⁴

con verbo garimoso, de galeguismo cheo,

as súas arelanzas de pensador sereo

na i-alma da Nai Terra, como un druída, viste.²⁸³⁵

5 Sinxelo, nobre, cerne, máis bó que pancenteo,

adoura, quere, i-ama canto no mundo eisiste,

e, se poidera, aos lobos que Noso Chan resiste,²⁸³⁶

as portas redenzoras abríalles do ceo...

Non tén reviravoltas: ¡Tan soio dí verdades!²⁸³⁷

²⁸³³

Métrica

2 Sonetos, 14 (ABBA ABBA CCD EED, ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 702, 23 de novembro de 1940.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1132, 20 de xaneiro de 1951.

Variantes e comentarios

En *Galicia* (1940) aparece só o primeiro dos sonetos, datado polo autor: «Bos Ars, 8-11-940».

En *Galicia* (1951) publícanse ambos, con cadansúa data debaixo: «8/11/1940» e «9/1/950», incluídos nunha páxina de homenaxe na que tamén figuran poemas de Calviño de Castro, Ramón Suárez Pérez, Gervasio Paz Lestón e Ramón D. Villar.

Nos dous casos o texto vai acompañado dun debuxo da autoría do autor, pois asina Zapata, que representa unha caricatura de Castelao sostida por unha man aberta.

²⁸³⁴ En *Galicia* (1940) temos *C-ó* no canto de **Có** e tamén *i-o* no canto de **e-o**.

²⁸³⁵ En *Galicia* (1940) aparece *coma* no canto de **como**.

10 Seguramente, CRISTO, no lago Tiberiades,²⁸³⁸
 chamáralle discépolo, irmán e nobre artista,

 ¡pois cando en soaves liñas, imaxens vai prasmando,²⁸³⁹
 parece que GALIZA n-un “film” fora pasando²⁸⁴⁰
 pra que os irmáns migrantes a teñan sempre á vista!...

II

15 ...Tal dixen fai des anos... Agora, triste, digo:
 —Morréuse CASTELAO, o noso artista esgrevo,
 e o corazón, de loito, por meu irmán eu levo,
 pol-o sendeiro longo que n-esta terra sigo...

 Eu séi que o seu espírito trasmigrador, amigo
20 —nas outas terras hirtas dos toxos e do acebo,
 nas doces veiramares e pol-os vals de trevo—,
 atopará a tenrura do maiternal abrigo.

Dos seus outos tesouros xa somos os herdeiros:

“GALIZA MÁRTER”, “COUSAS”, labregos e peixeiros,²⁸⁴¹

²⁸³⁶ En *Galicia* (1940) aparece *ôs* no canto de **aos**.

²⁸³⁷ En *Galicia* (1940) temos *ten* no canto de **tén**, *tan* no canto de **Tan** e tamén *di* no canto de **dí**.

²⁸³⁸ En *Galicia* (1940) aparece *Seguramentes* no canto de **Seguramente**.

Tiberiades. *Cfr.* Nota da edición no verso 8 do poema **Carrexando redes [66]**.

²⁸³⁹ En *Galicia* (1940) non aparece a coma no interior.

²⁸⁴⁰ En *Galicia* (1940) aparece *na* no canto de **n-un**.

deixáron-nos seu lapis e péñola, ispirados.

Non lonxe da Traxedia do CRISTIALOBO, agora,

por tí, gran CASTELAO, un gran xigante chora:

BOS AIRES... ¡GALICEIBE dos celtas emigrados!...

²⁸⁴¹ **Nota da edición:** “Galiza mártir”. Co título de *Galicia mártir* (1937), Madrid - Valencia: Ediciones Españolas, publicouse o primeiro dos tres álbums de guerra de Castelao, ao que seguiron *Atila en Galicia* (1937). Valencia: Comité Nacional de la CNT e *Milicianos* (1938). New York: Frente Popular Antifascista Galego. Do primeiro fíxose axiña outra edición en América: *Galicia mártir* [1938?]. Buenos Aires: Neos. “Cousas”. *Cousas. Primeiro libro [1919-25]* (1926). A C(o)ruña: Lar. *Segundo libro de Cousas [1926-28]* (1929). A C(o)ruña: Nós. Axiña aparecería a súa primeira edición conxunta: *Cousas (Libro Primeiro e Segundo) [1919-28]* (1934). Sant'Iago (*sic*): Nós, 1934.

[116]

O AFOGADO DO “CITY AGRA”,²⁸⁴²

I

Houbera mar de fondo a sete mares
con forte nordesía, espenuxado,
pois derrubóu valados e petriles
e ás lanchas fixo anacos.

5 Nos baixos de Camelle, o “City Agra”,²⁸⁴³

—un trasatrán inglés embretemado—,

²⁸⁴²

Métrica

24 coplas de pé quebrado, 11, 7, 11, 7, con esquema rimático (–a–a). Teñen rima en a-o.

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº1157, 30 de setembro de 1951.

Variantes e comentarios

En *Galicia* leva a seguinte dedicatoria: «Para ALFREDO BALTAR, / pol-o outo amor que lle tén / ao Mar e ao Idioma Galegos». Ademais, aparece datado polo autor: «Bós Aires, Setembro de 1951».

Nota da edición: O 3 de febreiro de 1897 produciuse no baixo Canesudo ou Negro, á entrada da enseada de Arou (Camariñas), o naufraxio do barco inglés City of Agra, cando navegaba con carga xeral desde os portos de Glasgow e Liverpool con destino a Calcuta (India) para mercar elefantes, tigres, rinocerontes, serpes e outros animais para os zooloxías londinenses. Da tripulación (capitán e 71 tripulantes ingleses e indios malabares) faleceron 29 persoas. Moitos mariñeiros da localidade próxima de Camelle recibiron da corona inglesa unha medalla coa inscrición «For Gallantry and Humanity. 3 february 1897» polo heroico salvamento de moitos dos naufragos. A compañía de Salvamentos fixo doazón da campá do barco á igrexa do Espírito Santo de Camelle e nela figura a inscrición «City of Agra». *Cfr.* Baña Heim [1980: 31-56], “3º recorrido. Camelle — Santa Marina”. E, recentemente, Campos Calvo-Sotelo [2002: 392-408], “El «City of Agra»: A la búsqueda de animales salvajes para el zoo de Londres”, que data o naufraxio un día antes, o 2 de febreiro de 1897, corríxe a cifra de vítimas, 33 mortos (9 europeos e 24 indios), sinala outra inscrición nas medallas «For Gallantry and Humanity. Regina Britannicum» e fala dunha semana de naufraxios en Arou e Camelle, pois uns días despois ían ao fondo o noruegués Standard e o inglés Daylight. Curiosamente, nesta altura, xa funcionaba o novo faro de Cabo Vilán, que substituíra o vello aínda en funcionamento cando o naufraxio do Serpent.

²⁸⁴³ Camelle. *Cfr.* Nota da edición no verso 20 do poema **Acordeón galego** [72].

atopara unha foxa verdenegra,
no fondo, antre os algazos.

10 Fuxiran, dende a vaga, catro días,
e inda couceaba o mar, rebranquexando
coma se lle ferveran sulfataras
ou escumas do Facho...

15 Non se vían pandorcas nin pardelas,
aros, piras, petreles nin mascatos...
¡Tan soio os corvoransos e gaivotas
berraban seus presagos!...

II

Do posto dos gardiáns carabiñeiros
meu pai tiña o comando,
20 anque soio sortéábanse por regra,
de noite, no despacho:

Poucas veces as praias de Soesto,²⁸⁴⁴
de Traba e Laxe, ollaron²⁸⁴⁵
as parellas dos máusers e capotes,
e os ros, avesullando...

²⁸⁴⁴ Soesto. *Cfr.* Nota da edición no verso 3 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

²⁸⁴⁵ Traba. *Cfr.* Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

25 Soiamentes, nas noites moi sereas
 do meiguicento vrao,
rebrilaban as bocas dos fusiles
 cal vagalumes tráxicos...

 Con temporal, a costa defendíase
30 cós tombos, a poutazos,
contra quen pretendera algún alixo,
 seu vixilar bulrando...

III

—Vas vir comigo, deica ao Preguntoiro²⁸⁴⁶
 que hai un home afogado—
35 eisí, nomáis, moi séreo, meu pai díxome,
 meus ollos fixo ollando...

 —Antre o Carreiro e a posta devandita,²⁸⁴⁷
 arrentes d-un valado
 —engadía meu pai, medindo as verbas—,
40 paresce que o deixaron

 uns pescos de Fisterra, que correron

²⁸⁴⁶ **Nota da edición:** O Preguntoiro. Punta da costa na ría de Laxe, que non puidemos localizar. *Cfr.* Instituto Hidrográfico de la Marina (2001).). *De las Islas Sisargas a Cabo Villano*. Carta náutica nº 928. Escala 1 : 50.000).

o temporal do sábado
deica a Malpica, e, dempóis, de volta,²⁸⁴⁸
recolleron o náufrago;

45 mais, axiña, morréuselles abordo
 por non poder quental-o:
 ¡non tiñan cobertores, pan, nin lume,
 nin un pouco de caldo!...

 Esta mañán, cando ía abril-a porta,
50 alcontréi ises datos,
 moi mal escritos, n-un papel d-estruza
 que puxeron por baixo...

 Haste de vir comigo —repetía—
 moi logo hemos topal-o,
55 porque é preto o lugar, que ben coñeces,
 e son sinxels os datos...

 E alá fomos os dous, falando d-el-o,
 aluburando o paso
 pol-o camiño estreito d-unhas hortas
60 que dinlle: “Agra de Abaixo”.²⁸⁴⁹

²⁸⁴⁷ O Carreiro. *Cfr.* Nota da edición no verso 6 do poema **N’a ría de Laxe [77]**.

²⁸⁴⁸ Malpica. *Cfr.* Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

²⁸⁴⁹ **Nota da edición:** “Agra de Abaixo”. Hortas de Laxe, que non puidemos localizar.

IV

Sóbor das hirtas pedras do sendeiro

que bordexa ao peirao,

de súpeto, atopámol-o difunto

de azues ollos cándidos,

65 que, quizabes, tal ves, ficaban ríxidos

por mor de algún espanto,

ou a espera do auxilio miragroso

de deuses iñorados...

Vestía pantalón azul mariño;

70 era roxo, penllado;

tiña posto o chaleque salvavidas,

e os pés tiña descalzos.

Uns fondos arrabuños nas meixelas

—¡parescían sangrando!—,

75 lembraban ás unllas dos canouros,²⁸⁵⁰

os cans do mar alarbios...

—¡Probe mozo!— ollándoo, tristemente,

meu pai dixo, moi baixo,

80 namentres que a congoxa me afogaba
e os ollos se mollaron...

Despóis... despóis... a procisión das xentes
do rexo porto artábrico:

Todo o povo pasóu a ollal-o morto...

houbo choros... salaios...

V

85 N-un alpendre, dadentro de unha cerca

—¡eu vin-o, meu coitado!—,

os médicos da vila, o probe corpo

lle abriron, xa abüado...

Como tiña tatuaxe tod-ó peito

90 e, no médeo, un triángolo,²⁸⁵¹

non quixo darlle o crego cristián terra...

¡e n-un horto enterráron-o!...

Do CONSULADO ingrés xamáis se soubo

que algún viñese a ollal-o...

95 ¡Probiños, os coitados mariñeiros!...

¡¡¡—Probes, os afogados!!!...

²⁸⁵⁰ Canouro. *Cfr.* Nota da edición no verso 37 do poema **A renda do mar** [40].

²⁸⁵¹ **Nota da edición:** O triángulo é unha figura xeométrica que forma parte da simboloxía masónica, representando tanto ao home coma a Deus. O triángulo, símbolo da Trindade de Deus, tamén foi utilizado nalgúns momentos polos denominados “Testigos de Jehová”.

II.2.3. Poemas inéditos (en galego)

[117]

DURAS VERBAS²⁸⁵²

Non eistrañés que algún día
enmudeza, irmáns galaicos,
c-ô corazón tremeroso
e os ollos vertendo pranto,
5 qu-é xusto vivir no mundo
—¡unque sexa desterrado!—,
se os própeos irmáns non teñen
bô respeto ôs bôs irmaos.

—

*

Non pensés que na firmeza
10 que sempre tuven, ¡cuitados!,
os tercos vermes e a rela
poideron facer burato,

2852

Métrica

Romance, 8, con esquema rimático (–a–a). Ten rima en a-o.

Edicións anteriores

No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica debaixo do título: «Inédito». Ana Acuña Trabazo e Xesús Alonso Montero, que preparan unha edición desta colectánea, proporcionáronme a noticia deste texto poético. Aparece, sen citar publicación, nun recorte corrixido e asinado que trae unha caricatura do Autor, acompañado dunha ilustración/foto co seguinte pé: «Una calle típica».

nin fallóu a rebertía

na miña mente e no brazo:

15 ¡De pedra da Costa Brava²⁸⁵³

son as eséncias que canto!...

—

*

—... “Dura raza”... —, xa vos dixó²⁸⁵⁴

meu bô parente Edoardo,²⁸⁵⁵

cando, triste, en Ponte-Ceso,

20 vos sinalaba d-escravos...

Eu non quero, irmáns galegos,

levar a verba hastra tanto:

Ainda que o merecéades,

morreríame calándoo...;

25 pro, o pescozo, ôs desertores,

lles tallaría no tallo,

como o tallaban, noutrora,

nos bôs tempos de VIRIATO!²⁸⁵⁶

—

¡Con CASTELA ou con nós, ¡vaia!,

Debaixo do título e riscado polo autor indícase «Inédito». Ao remate do poema sinálase: «Antón Zapata García», seguido dunha sinatura manuscrita. Non está datado polo autor.

²⁸⁵³ Costa Brava. *Cfr.* Nota da edición no verso 1 do poema **O pranto de «Pepa A Loba»** [27].

²⁸⁵⁴ **Nota da edición:** As alusións a Pondal estarían baseadas nos seguintes versos de *Queixumes dos pinos*, tanto do **poema 78**, 1-2: “*A lingua tiveran / por lingua d’escravos; / esqueceran os patrios acentos, / suidosos e brandos*”, coma especialmente do **poema 81**, 111-112: “*¡ai de ti, dura raza, de proceder esquivo*”.

²⁸⁵⁵ **Nota da edición:** A nai do poeta, María Josefa García Moreira, natural de Camariñas, viña sendo parente do vate Eduardo Pondal, pois era filla de José García Pondal.

30 que xa tocan a rebato!...

²⁸⁵⁶ Viriato. *Cfr.* Nota da edición no verso 54 do poema **As túas mans** [32].

II.2.4. Traducións doutros autores realizadas polo poeta

[118]

A PATRIA²⁸⁵⁷

(De B. C. ARIBAU)

I

Adéus, sexades montes; por sempre adéus, comarca;

ouh, serras desemellas que aló na patria miña,

das nubens e do ceo, lonxán, bô ollar vos tiña,

pol-o eternal repouso e pol-a côr máis zarca.

5 Adéus, vello Montseny, que, en pazo de monarca,²⁸⁵⁸

câl garda abesullante que croben bruma e neve,

por un furado a foxa ben vês que o xudéu teve

e, ô médeo ô mar imenso, a mallorquina barca.

Eu túa ergueita fronte coñescía a loubores

10 câl coñecer poidera a fronte ôs meus parentes;

coñescía tamén o son dos teus torrentes

²⁸⁵⁷

Edicións anteriores

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, tradución, nº 460, 22 de marzo de 1936.

Variantes e comentarios

En *Galicia* vai introducido pola seguinte Nota da Redacción: «Traduíto do idioma catalán ô idioma galego, por A. Zapata García, como relembro e honranza ô precursor do aitual Rexurdimento Literáreo Catalán, Boaventura Calros Aribau, ôs 102 anos d-habérese publicado tan outo e nobre poema pol-a ves primeira, no mes d-Agosto de 1833». Ademais, aparece datado polo autor: «Bôs Aires, 1936» e despois do seu nome aparece a palabra (traduitor).

²⁸⁵⁸ **Nota da edición:** Montseny. Macizo que forma parte do cordal prelitoral catalán e que está situado no límite das comarcas do Vallés Oriental, La Selva e Osona, como unha barreira entre a depresión preñitoral e a plana de Vic.

- coma a voz da ña nai ou do meu fillo as dôres.
Mais, dempóis arrincado pol-os fados traidores,
xa non conozo e sinto câl nos milllores días;
15 eisé, d-árbor migrado a terras lonxanías,
seu gosto os fruitos perden e seu arume as frores.
- ¿Qué vâl que me trouxera unha enganosa sorte
pra máis de preto ollar as terras de Castela,
se a cántiga do bardo non sinte a miña orela,
20 nin no meu peito esperta lembranza abonda e forte?
Condúzme ô meu país n-un máxico trasporte,
e do Llobregat vexa a praia en serpentina,²⁸⁵⁹
que fora de cantar na língoa lemosina²⁸⁶⁰
non teño máis pracer nin teño outro conforde.
- 25 Enméigame falar a língoa d-aquels sábeos
qu-encheron o universo de seus costuns e leis,
d-aquels fortes a língoa, que acataron os reis,
defendendo seus dreitos, vingando seus agráveos.

²⁸⁵⁹ **Nota da edición:** Llobregat. Río catalán moi importante que nace nas proximidades da poboación de Castellar de n'Hug (Barcelona) a 1.259 m de altitud na Serra del Cadí e desemboca no mar Mediterráneo, no termo municipal de El Prat de Llobregat. A totalidade da súa conca atópase en Cataluña, atravesando o seu cordal costeiro.

²⁸⁶⁰ **Nota da edición:** Língoa lemosina. Ou lemosín. Termo que se utilizou desde o século XVI para designar a lingua catalá, inspirándose no seu parentesco co occitano, usando o nome dun dos seus dialectos, o da rexión noroccidental de Limoges. No século XIX, cando Bonaventura Carles Aribau escribiu a oda *La Pàtria* (1833) o termo estendeuse tamén ás Illes Balears e Valencia, popularizándose durante a Renaixença. Significaba unha denominación unitaria para a lingua sen referencias xeográficas para evitar susceptibilidades, porén, a mediados do XIX, os especialistas en literatura trobadoresca consideraron inadecuada ea denominación e, nos Jocs Florals de 1862, Marià Aguiló y Fuster reivindicou a recuperación da denominación “catalán”.

30 ;Morra, morra o mal fillo que ô soar nos seus lábeos
por eistrana rexión o tón nadal, non chora,
que, ô lembrar o seu lar, non se consome e añora,
nin do sagro altar colle a lira dos abáveos!

35 No lemosín sonóu o meu primal xemir,
cando da nai no seo a leite doz bevía;
no lemosín a Deus pregaba cada día,
e lemosíns cántigas soñaba ô me durmir.
Se cando fico soio, pr-ô meu esprito ouvir,
no lemosín a Deus pregaba cada día,
e lemosíns cantigas soñaba ô me durmir,
40 pois xurden no meu peito razóns do meu decir.

Vai, logo, pra eispresal o amore máis verdá
que poida en corazón pôr d-home a man d-Aquel,
ouh, língoa ôs meus sentidos docîsma máis que a mel,
que tórnasme âs virtus da miña tenra edá.
45 Vai, e berra pl-o mundo que ingrato non será
meu corazón cantando do meu patrón a grórea;
e diga túa voz seu nome e súa memórea,
ôs própeos, ôs eistranos e â posteridá.²⁸⁶¹

²⁸⁶¹ **Nota da edición:** Bonaventura Carles Aribau i Farriols (1798-1862) escribiu este poema en Madrid para felicitar ao banqueiro Gaspar de Remisa (1784-1847). Apareceu publicado o ano 1833 no diario barcelonés *El Vapor*. É un canto de añoranza de Catalunya e de exaltación da lingua. Foi considerado como o iniciador do ‘Romanticisme’ catalán e do fenómeno cultural e literario de ‘La Renaixença’.

LA PÀTRIA

(Trobes)

A Déu siau, turons, per sempre á Déu siau;
O serras desiguals, que allí en la patria mia
Dels nuvols é del cel de lluny vos distingia
Per lo repos etern, per lo color mes blau.

Adéu tú, vell Montseny, que dés ton alt palau,
Com guarda vigilant cubert de boyra é neu,
Guaytats per un forat la tomba del Jueu,
E al mitg del mar immens la mallorquina nau.

Jo ton superbe front coneixia llavors,
Com coneixer pogués lo front de mos parents;
Coneixia també lo só de los torrents
Com la veu de ma mare, ó de mon fill los plors.

Mes arrancat després per fals perseguidors
Ja no coneix ni sent com en millors vegadas:
Axi d'arbre migrat á terras apartadas
Son gust perden los fruits, é son perfum las flors.

¿ Qué val que m' haja tret una enganyosa sort
A veurer de mes prop las torres de Castella,
Si l' cant dels trovadors no sent la mia orella,
Ni desperta en mon pit un generos recort ?

En va á mon dels pais en als jo m' trasport,
E veig del Llobregat la platja serpentina;
Que fora de cantar en llengua llemosina
No m' queda mes plaher, no tinch altre conort.

Pláume encara parlar la llengua d' aquells sabis
Que ompliren l' univers de llurs costums é lleys,
La llengua d' aquells forts que acatáren los Reys,
Defenguéren llurs drets, venjáren llurs agravis.

Muyra, muyra l' ingrát que al sonar en sos llabis
Per estranya regió l' accent natiu, no plora;
Que al pensar en sos llars no s' consum ni s' anyora,
Ni cull del mur sabrat las liras dels seus avis.

En llemosí soná lo meu primer vagit,
Quant del mugró matern la dolça llet bebia;
En llemosí al Senyor pregaba cada dia,
E cántichs llemosins somiaba cada nit.

Si quant me trobo sol, parl ab mon esperit,
En llemosi li parl, que llengua altra no sent,
E ma boca llavors no sap mentir, ni ment,
Puix surten mas rahons del centre de mon pit.

Ix, doncs, per a expressar l' afecte més sagrat
Que puga d' home en cor gravar la mà del cel,
Oh llengua a mos sentits més dolça que la mel,
Que em tornes les virtuts de ma innocent edat.

Ix, e crida pel món que mai mon cor ingrat
Cessarà de cantar de mon patró la glòria
E passe per ta veu son nom e sa memòria
Als propis, als estranys, a la posteritat.

Fonte: ARIBAU i FARRIOLS, Bonaventura. «La Pàtria (Trobés) ». *El Vapor*. Barcelona, 24 de Agosto de 1833. p. 3.

III. ANEXO

III. 1. OBRA POÉTICA EN CASTELÁN

III. 1. 1. Poemas dispersos (publicados en revistas e xornais)

[c1]

SAUDADES²⁸⁶²

I

Quiero llorar, al lado del sepulcro
Que las cenizas de mi madre guarda,
Todas las penas que mi pecho siente
Desde su marcha...

II

5 Ramo humilde de blancas siemprevivas
Recogidas, con fe, de entre las rocas,
Como un cariño llegaré a ofrendarlas
Sobre su losa.

III

Lejos, muy lejos, del solar nativo,

²⁸⁶²

Edicións anteriores

Suevia, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913.

Variantes e comentarios

Datado polo autor: «Buenos Aires, Mayo de 1913». Tamén sinala «Especial para SUEVIA», e aparece reproducida a rúbrica manuscrita do poeta, que asina Antonio Zapata Garcia.

10 Traté de buscar dichas y sosiego...
Y sólo pude hallar agudas zarzas
Por los senderos!...

IV

No tiene el mundo; ¡no!, para el que emigra
Atenciones, cariños y buen trato:
15 ¡Todos lo miran con huraños ojos,
Como a un extraño!...

V

Quiero tornar, al lado del sepulcro
Que las cenizas de mi madre guarda,
Para ofrendar las blancas siemprevivas
20 Sobre su lápida!

[c2]

RIMAS²⁸⁶³

I

Por un raro destino lanzado
De Argentina en las fúlgidas playas,

²⁸⁶³

Edicións anteriores

Suevia, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 9, 28 de xuño de 1913.

Variantes e comentarios

Datado polo autor: «Buenos Aires, 18 de Junio de 1913». Tamén sinala «Especial para SUEVIA», e aparece reproducida a rúbrica manuscrita do poeta, que asina Antonio Zapata Garcia.

Quiso el hada fugaz de la dicha
Que el bardo te amara.

II

5 El fulgor divinal de tus ojos
Le acompaña en sus noches cerradas,
Cual los faros alumbran e indican
La ruta del nauta.

III

10 Él te ha visto llorar, afligida,
En la parte más triste de un drama,
Y a la vez derramaron sus ojos
³⁰⁰⁸ **Nota da edición:** “Juventud de sapos”. Malia o feito dun sapo protagonizar o poema “Nouturnio” de *Aires da miña terra* (1880) de Curros Enríquez, non cremos que se trate dunha alusión a este texto e non identificamos outra expresión do poeta de celanova semellante.

LOS ABUELOS Y EL NIETO³⁰⁰⁹

I

EL ABUELO

Abuelito García Pondal construyó barcos³⁰¹⁰
que venían, a vela, con carga, a la Argentina,
unas veces en popa, barlovento, o en bolina,
amplios surcos abriendo en los alfoces zarcos.

5 Él sabía de náutica, de aduanas y de embarcos,
como cumple a un marino: saudosa golondrina
cuyo éxodo ensayara en tierra brigantina
con dornas de juguete en los salobres charcos.

Muy joven, ya emprendiera un atlántico vuelo,
10 desde *Corme*, en “*La Elena*”, al porteño *Riachuelo*,³⁰¹¹
a cargar de tasajo y de otras mercancías;

mas el rasgo elocuente de su audacia y coraje,
fué volver hasta *El Plata*, desde el puerto de *Laje*,³⁰¹²

³⁰⁰⁹

Edicións anteriores

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires, nº 435, maio de 1949.

³⁰¹⁰ **Nota da edición:** Na (Auto)Biografía que lle envía a Filgueira Valverde para a fanada *Escolma* de 1936 sinala: «Abós maternos: Xosé García Pondal, de Laxe, e María Moreira Álvarez, do lugar de Mórdomo, do mesmo ayuntamiento. Viviron e morreron en Camariñas».

³⁰¹¹ *Corme*. *Cfr.* Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.

¡en el término breve de diecisiete días!...

II

LA ABUELA

15 Abuelita María Moreira Alvarez, era³⁰¹³
 —al decir de la gente de *Traba* en la redonda—³⁰¹⁴
 una moza más guapa que lo fuera *Gioconda*,³⁰¹⁵
 cuando abuelo García Pondal la requiriera.³⁰¹⁶

 Por su físico bello, por lo buena y sincera,
20 la celosa, la muerte, en su hogar hizo ronda:
 entre aquélla y la lucha de la vida, ¡muy honda!,
 grave sello el dolor en su rostro imprimiera.

 Nadie fué más cristiana que abuelita María:
 cuando pobre a la puerta de su casa venía,
25 con el pan o el buen caldo acallaba su ruego.

 Por sus muertos queridos rindió noble tributo:
 ¡Fué un llorar en silencio, siempre en traje de luto,

Nota da edición: “*La Elena*”. Esta denominación utilizouse moito na época para denominar embarcacións.

³⁰¹² *El Plata*. Cfr. Nota da edición no verso 3 do poema **Amate navío [65]**.

³⁰¹³ Cfr. Nota da edición no verso 1 deste mesmo poema.

³⁰¹⁴ *Traba*. Cfr. Nota da edición no verso 4 do poema **Os pinales da lembranza [10]**.

³⁰¹⁵ **Nota da edición:** *Gioconda*. O cadro *La Gioconda*, coñecido tamén como a *Mona Lisa* ou *Monna Lisa*, é unha obra pictórica de Leonardo da Vinci (Anciano, Italia, 1452 – Castelo de Clos-Lucé, Francia, 1519), que está considerada como un dos mellores retratos na historia da pintura, célebre polo doce sorriso.

y rezar el rosario en idioma gallego!...

III

EL NIETO

Buenos Aires, a vista de pájaro, tenía
30 —en el ámbito grave del casón en la sala—,
el poder que en el niño gesta el golpe del ala
para hacer, hacia América, la primer travesía.

Los saudosos retratos que con sabia armonía
las paredes ornaban, y del arte eran gala,
35 también daban carácter a la isócrona escala
del tic-tac del reloj, infundiendo elegía.

desde allí contemplaba los navíos y el muelle,
las barcas de *Malpica*, *Finisterre* y *Camelle*,³⁰¹⁷
que arribaban trayendo “*peixe preto*” y langosta...

40 Así fué despertándole, *Camariñas*, las ansias³⁰¹⁸
de surcar el *Atlántico*, tener gloria y ganancias...³⁰¹⁹

³⁰¹⁶ *Cfr.* Nota da edición no verso 1 deste mesmo poema.

³⁰¹⁷ *Malpica.* *Cfr.* Nota da edición no verso 1037 do poema **A Crus da Rosa [30]**.
Finisterre > *Fisterria*.

Camelle. *Cfr.* Nota da edición no verso 20 do poema **Acordeón galego [72]**.

³⁰¹⁸ **Nota da edición:** *Camelle* (*Camariñas*) e *Camariñas* son as dúas vilas mariñeiras que se sitúan ao sur de Laxe na liña da costa, alén doutras entidades de poboación moito menores.

³⁰¹⁹ *Atlántico.* *Cfr.* *Atrán.* Nota da edición no verso 45 do poema **A campana da soidade [5]**.

¡pero, siempre, de *Laje*, añorando la costa!...

[c32]

ENIGMA³⁰²⁰

Hace más de seis meses que no escribo ni un verso,
no acertando a explicarme este oscuro avatar...

¿Es cansancio del alma, o es que un hado perverso
ha cegado la fuente que me supo inspirar?...

5 ... Yo no sé; pero noto que si de esto converso
—aunque allá en lo más hondo lo pretenda ocultar—;
una pena profunda me mantiene sumerso
como un buzo que olvida, de repente, el hablar.

10 ... Quizá —dígame— el alma elabora, paciente,
en las profundidades del allá subconsciente,
la cosecha que nadie sabe si logrará,

al igual que si un grano o una flor no germinan
porque causas ignotas, que jamás se adivinan

³⁰²⁰

Edicións anteriores

Lar, Bos Aires, nº236-237, xuño-xullo de 1953.

Variantes e comentarios

Leva a seguinte dedicatoria: «A Ramón D. Villar, sencillamente por / su obra literaria altamente humanitaria». Vai precedido dunha fotografía do poeta e dunha nota necrolóxica, sen asinar.

han truncado su vida sin saber qué será.³⁰²¹

III.1.2. Poemas inéditos (en castelán)

[c33]

UN AMIGO³⁰²²

En las encrucijadas que la vida nos tiende,
es difícil hallar en ellas un amigo
que, generosamente —¡sólo Dios por testigo!—,
el bien, a manos llenas, sincero, nos ofrende.

5 Un amigo que el mundo de las almas entiende,
 luchando tesonero por el pan y el abrigo,

³⁰²¹

Variantes e comentarios

O poema publicouse coa seguinte Nota da Redacción: «**Antonio Zapata García**. El día 20 del pasado junio falleció en esta capital, en donde residía desde hacía muchos años, el recio cantor de los mares gallegos y asiduo colaborador de LAR, don Antonio Zapata García.

Su muerte, que se produjo a los sesenta y siete años de edad, ha causado muy honda y dolorosa impresión en la colectividad, especialmente en aquellas instituciones y centros culturales en que había actuado y gozaba de un bien ganado prestigio; con ella pierde la lírica gallega uno de sus más auténticos cultores, de la actualidad.

Nosotros debemos lamentar la pérdida de un gran amigo y Galicia deberá llorar a uno de sus hijos que mejor sabían comprenderla, amarla y defenderla con el fervor de todo hijo bien nacido.

Su copiosa producción poética, diseminada en diarios y revistas del país a lo largo de casi medio siglo —que esperamos no tardará en ser recogida y ordenada en algún volumen—, dirá por si sola, en la hora de su enjuiciamiento, de la reciedumbre de este gran poeta, auténticamente gallego, que vivió toda su vida de emigrante suspirando y dialogando con los mares costeros de su tierra inolvidable.

Al rendirle hoy nuestro póstumo homenaje de compañeros, de amigos, de conterráneos, incluimos una de sus composiciones inéditas, hecha hace años, en que se refleja un estado de incertidumbre del poeta, la que fue escrita y dedicada a título de confidencia, a nuestro director».

³⁰²²

Edicións anteriores

Manuscrito inédito, datado polo autor: «Buenos Aires, 23 de febrero de 1948». Leva a seguinte dedicatoria: «A Manuel Roel, sinceramente». Foi recuperado e reproducido por Delgado Corral, Concepción *et alii*, *Contos e poemas de Manuel Roel, un autor ignorado*, Concello de Betanzos, 1999, páx. 80.

que ama el estro fecundo que atesora consigo
y en páginas brillantes en la cuartilla extiende.

10 Un amigo patriota que soporta, sereno,
el exilio, alejado de los suyos, por bueno,
por amar a Galicia, por tener libertad.

Tú, Roel, lo conoces. No divagues en vano...
¡Eres tú, buen gallego fraternal, mi paisano,
ese amigo difícil, ese amigo verdad!

III.1.3. Auto-Traducións (do galego ao castelán)

[c34]

¡CRISTIALOBOS!...³⁰²³

I

Ando sempre en procura de un vocablo
que tenga máis valor que dicir: ¡ogros!,
un vocablo que diga mas que: ¡crimen!,
un vocablo que diga máis que: ¡monstruos!...

³⁰²³

Edicións anteriores

España Republicana, Bos Aires, nº 423, 11 de xuño de 1938.

Publicase precedido do mesmo debuxo sen asinar da versión galega, que representa a un lobo que sostén un puñal entre os dentes.

5 Unha vocablo procuro —¡ya hace tiempo!—,
que el crimen les enrostre a los facciosos,
que a los bestias fulmine, desalmados:
¡Los Rómulo-Remos —¡lobos!— y teutónicos!,
los que invadiendo a España, traicioneros,
10 —¡de abisinios y belgas fieros dogos!—,
no pensaron, con Oppas Iscariote,³⁰²⁴
que hoy no logran imperios los histriónicos!...

II

No resume el vocablo que yo anhelo
el gritarle: ¡NEGADO!— al Gran Petroso³⁰²⁵
15 que, imitándolo a Petrus el Cobarde,
¡con España se lava, como el Poncio!...
Es un algo terrible que no encuentro,
en las lenguas más fuertes, en lo heroico,
algo más que a Jehová llamarle: ¡Tigre!,
20 ¡filicida!, ¡protervo!, ¡paranoico!...

Cfr. Notas da edición na versión en galego.

³⁰²⁴ NOTA DO AUTOR: «Francisco Franco».

Cfr. Nota da edición no verso 21 do poema **Ametralladoras líricas [c23]**.

³⁰²⁵ NOTA DO AUTOR: «El Papa».

Un algo formidable, despiadado;
un ¡ACUSO! feroz, teratológico,
cual las verbas trenantes de Isaías³⁰²⁶
restallando flagelos apostróficos!...

III

25 Yo refiérome al crimen más horrible
que la Historia registra sobre el Globo:
¡Algo así como un negro cataclismo
sideral, de espanto mitológico!...

Algo así del complejo neroniano

30 que en la entraña materna hundió los ojos,
algo así como Herodes degollando³⁰²⁷
los niños inocentes... ¡por un solio!

Algo así como cuando Jesucristo
sufrió los salivazos sobre el rostro:

35 ¡Las gárgolas deshechas del Empíreo³⁰²⁸
y el furente bramido de los Pontos,

sólo pueden hablar de tal vileza

³⁰²⁶ Isaías. *Cfr.* Nota da edición no verso 23 do poema ¡¡Cristialobos!!... [98].

³⁰²⁷ Herodes. *Cfr.* Nota da edición no verso 14 do poema **O chasco e o pimpín** [33].

³⁰²⁸ **Nota da edición:** Empíreo. «É o Ceo. Esta palabra debe proceder da influencia de Dante, que fai transcorrer a parte final de *La Divina Commedia*, (Cantos XXX, XXXI, XXXII e XXXIII de *Il Paradiso*) no

taladrando las rampas de los sordos!:

¡Tornarán los aspergios de ignominia

40 a las facies del pueblo ignominioso!...

—¿La pánico pavura apocalíptica?;

¿el diluvio engendrando maremotos?;

¿el fuego devorando numantinos?...

¡El Fascismo en GUERNICA fué más hórrido!...

45 Fué más negro el Fascismo, asesinando

de GALICIA a sus hijos luminosos!;

¡y fué más negro en la recua Extremadura

y en Madrid invencible del Heroico!...³⁰²⁹

IV

No los hombres de Atila, sanguinarios³⁰³⁰

50 ululando, en Europa, como lobos,

sino escoria vertida sobre España:

¡Son los moros!, ¡los moros!, ¡¡son los moros!!

¡son los hijos de... ¡Alá!, los que Santiago

—el Noble Peregrino, el Dulce Apóstol—,

55 de España desterrara con parábolos

Empíreo, precisamente, en medio de coros e xerarquías», *Cfr.* López Varela [1998: 803], que Curros Enríquez cita no libro *O Divino Sainete*.

³⁰²⁹ NOTA DO AUTOR: «El pueblo».

y hoy les canta, un PRIMADO, dulces rorros!;

e las torvas Pilaras, filisteas,
que visten de fascistas —¡marimonos
y mulas de pesebre contra CRISTO!—,
60 ¡sólo anhelan sus brazos ominosos!...

Son los hijos de Arbué y Torquemada
encendiendo la hoguera del Oprobio:
¡El CALVARIO de España sobre el mundo,
bendiciéndolo el Negro Cefalópodo!...³⁰³¹

V

65 Surgieron, a traición, los Anti-Cristos,
por trocar Libertad en Manicomio!
¡No pensar tan siquiera que se es gente,
ni gruñir como el Vothan astrogodo!

No ser gente: ¡Ser bestia de espelunca!...
70 Non tener verbo el labio: ¡Sí cerrojos!...
¡A callar!, ¡a callar!, ¡como la Esfinge!...³⁰³²
¡Con el pétreo silencio del sarcógafo!...

³⁰³⁰ Atila. *Cfr.* Nota da edición no verso 49 do poema ¡¡Cristialobos!!... [98].

³⁰³¹ NOTA DO AUTOR: «El papa Negro».

³⁰³² Esfinge. *Cfr.* Nota da edición no verso 71 do poema ¡¡Cristialobos!!... [98].

¡A callar!, ¡a callarse!... ¡que no escuchen!:

—Ya vuelve el Santo Oficio... ¡y los facciosos!...—

75 ¡No llorar por los deudos... ¡tan siquiera!,
ni a los huérfanos, niños, darle apoyo!...

No ver que la ALBORADA va llegando
con el nuevo derecho del Decoro
que a España ofrendarán como tributo

80 los Nuevos Espartacos generosos!...

Mientras llega —¡ya van los Cirineos³⁰³³
con la Cruz del dolor sembrando plomo!—,
¡ahí tenéis!, ahí tenéis lo que anhelaba!,
¡la verba ametrallante!: ¡¡CRISTIALOBOS!!...³⁰³⁴

III.1.4. Traduccions de autoría allea

[c35]

ALANDO LA TRAINA³⁰³⁵

³⁰³³ Cirineos. *Cfr.* Nota da edición no verso 81 do poema ¡¡Cristialobos!!... [98].

³⁰³⁴ NOTA DO AUTOR: «Lobos cristianos (nueva palabra)».

³⁰³⁵

Edicións anteriores

La Razón, Montevideo, 1 de abril de 1928.

Céltiga, Bos Aires, nº 80, 25 de abril de 1928.

Variantes e comentarios

«— Ala panos, peneireiro,
ala, panos, Manoel;
ala, panos peneireiro,
ala panos eu tamén!...
«—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...»

(Canción de los traineros de Lage).

El rosario de corchos y aparejo
los robustos pescadores van alando,
y sus voces sonoras dan el viejo
cantar que ha mil años es cantado:

5 — Alad la red, marineros,
que se sumerge de plena;
otro esfuerzo, compañeros,
que hoy hay pesca como arena!...

10 Y al compás del estribillo
van cumpliendo la faena:
«—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...»

Mientras alan, descalzos, la traína,
y la salmuera se mezcla a los sudores,
se eleva, con volar de golondrina,

15 la tonada ancestral de sus dolores:

Baixo o título sinala «(Traducción del gallego por el diario “La Razón”, de Montevideo)». O poema orixinal en galego, **Alando a traína** [Cfr.], publicouse por vez primeira en *Céltiga*, Bos Aires, nº 67, 10 de outubro de 1927.

«—¡Oh, cuán penosa la vida!
 Día y noche trabajando
 ¡y la pobreza no amaina!...».
 Y el barco y el hombre oscilan
 20 el ritornelo glosando:
 «—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...»

Luego, sobre el chillar de la divina
 procesión de gaviotas que revuelan
 formando una corona a la traína
 25 — mientras mismo parece sonrieran
 las cestas llenas, las lanchas regresando
 con sus vientres repletos de sardina —
 aun se oyen las voces de los parias
 que acompasan su bogar cantando
 30 como a la sordina
 la canción milenaria:
 «—¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...»

[c36]

ESCARDADORAS³⁰³⁶

Dobladas hacia la tierra, las recias escardadoras

³⁰³⁶

Edicións anteriores

Martín Gaité, Carmen e Andrés Ruiz Tarazona, ed. (1971). “Antón Zapata”. *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*. Madrid. Alianza editorial. 344-347. Acompañado da súa versión orixinal en galego. Cfr. **Sachadoras**.

recuerdan del arte helénico las clásicas auroras,
genuinas y gentiles diosas de madre gallega,
son cual estatuas vivientes con alma griega.

5 El azadón en mano, escardando maizales
—escarba, cava, aprisa— los tiernos patatales
con ritmo religioso y con amor se afanan,
mientras los ígneos rayos su piel pone dorada,
y la tierra, ya blanda, humo cano levanta

10 mientras la brisa suave entre las hojas canta
loores y estribillos a las líneas derechas
de maíz y patatas de ubérrimas cosechas.
¡para que en esas noches tan largas y tan crudas
no muera la esperanza ni la alegría huya!

III.2. OBRA EN PROSA (EN GALEGO E EN CASTELÁN) DE ANTÓN ZAPATA GARCÍA

III.2.1. CONFERENCIA: EDOARDO PONDAL: ALMA, SENTIMENTO E LIBERTÁ DA TERRA GALEGA

ANTÓN ZAPATA GARCÍA

EDOARDO PONDAL: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega

[debuxo do rostro de Pondal

e bandeira galega]

EDOARDO PONDAL

O grorioso aitor do libro “Queixumes dos Pinos”, sóbor cuia xurdia galeguidá nazionalista dóuse a conferencia o 5 de Xunio de 1930.

BUENOS AIRES³⁰³⁷

³⁰³⁷ Bós Aires, Imp. A. Pedemonte, 1930. A seguir reproducése novamente a páxina da portada, sen o debuxo da bandeira galega. E, no exemplar que manexamos e que foi propiedade de Alberto Vilanova Rodríguez, na páxina en branco que segue aparece a seguinte dedicatoria manuscrita: «Al escritor Alberto Vilanova para deleite de su mente. Ángela B. de Zapata. Bs. As. 22 de diciembre/957».

ANTÓN ZAPATA GARCÍA

EDOARDO PONDAL: Alma, Sentimento e Libertá da TERRA GALLEGA

Verbas laudatóreas encol da conferenza e do aitor

... retribuendo su importante estudio acerca de Pondal.

La Plata, agosto de 1930.

AUGUSTO CORTINA ARAVENA

Doctor en Filosofía y letras, graduado en las Universidades de La Plata y Madrid, profesor de enseñanza secundaria, normal y especial en letras, profesor y jefe de lectura y comentario de textos en la Facultad de Humanidades de la Universidad de La Plata; profesor de castellano en el Colegio Nacional de la misma Universidad.

CULTURA E PATRIOTISMO

A noite do 5 de Xunio celebróuse o acto d'homaxe e lembranza do gran poeta de Bergantiños, Edoardo Pondal.

Un salón ateigado de xente, espeitante, arelosa, púbrico poucas veces axuntado, pol-a súa calidade, pol-a súa cantidade, n-un aito, máis que nada literario, que non lle ofrecía ô esparcemento ô que teñen acostumado total-as entidades, outra cousa que a curtedade d'unhas cantigas enxebres e saudosas.

Somentes a *Sociedade Nacionalista "Pondal"*, somentes unha agrupación de tan rexo contido cultural, de tan forte e outo senso patriótico, podía en tal forma presentar a un poeta tan representativo e da nosa coleitividá tan iñorado; aínda pros que se teñen por periodistas e mentores, a cousa resultaría pesada por tratarse d'algo íntimo e fundamente galego.

...d-aquela conferencia... diante d'un público de dez personas... a ésta que dixo A. Zapata García, con un auditorio que pasaba das oitocentas, n-un fervoroso enmarcamento de simpatía e d'amor â Terra, hai toda a diferenza que caracteriza ôs nacionalistas de todol-os outros: un criterio de valoración e unha consciencia cultural e patriótica.

Non poderán agora os que, vaidosos, escuros e parvos, ñoraban o noso arraigamento no intrínseco da colexividade, negar o amplo avencellamento co-ela, a espeitante curiosidade con que se nos agarda, o outo respecto con que se nos escoita. Porque somos canto n-ela hai de impersoal e d'idealista; por iso, como en campo neutral, nos nosos aitos se atopan os que loitan entresí por mais cativas e egoistas cousas.

Co seu homaxe ô nobre bardo Gundar, a *Sociedade Nacionalista "Pondal"* demostrou o amplo arraigamento que ten xa na colexividade galega, mais non por iso esquezamos que de nós agardan sempre algo máis que aitos literarios e conferencias culturais: a nosa outentación e a nosa historia impoñénnos, sobre todo, unha acción política e nacionalista.

(De "A Fouce", 15 de Xunio de 1930)

... Sobre o tema: *Pondal: alma, sentimento e liberdade da Terra Galega*, fará uso da verba o noso querido irmán e instinto poeta Antón Zapata García. Non é mester faguer a semblanza d'il, xa qu'é ben coñecido, pra todos os que nos preocupamos pol-a obra dos nosos homes autuaes. Zapata García, é un outo valor noso, pois une o valimento de poeta esquisito y estudioso, un mérito superior pra todos os bos galegos: o seu acendrado patriotismo.

Poucos como Zapata, poderían falar sobre a obra de Pondal, con tanto fundamento como il, pol'o moi identificado que con ila está.

Agora podremos ver, com-un poeta, faguendo esquecemento de si mesmo, pode estudar sereamentos a laboura d'un precursor.

Non é cousa ista a qu'estemos moi acostumbrados, pero, os omes d'o nazionalismo contan, entre outras virtudes, amoi grande da xenerosidade.

(Do discurso de abertura pol-o presidente Sr. F. Lamas Barreiro.)

... Para Sigüenza, la voz de Rosalía es más que ninguna otra nuestra voz, por razón de su arte espontáneo. Por el contrario, los apóstrofes de Curros son apóstrofes ciudadanos. Son rebeliones de la ciudad... En cambio, (acorde con lo que dijo hace poco en una conferencia el poeta A. Zapata García) “con Eduardo Pondal, aparece el poeta de Galicia, cumpliéndose así en él, el conocido precepto de Emerson”.

EMILIO PITA

(Fragmento de un artículo publicado en el semanario Galicia, de Buenos Aires, el 8 de febrero de 1931, comentando el libro Galicia Cara y Cruz, de Julio Sigüenza, libro aparecido en el mes de noviembre de 1930.)

... El acto tuvo lugar en el amplio salón-teatro del Orfeón español de esta capital, hallándose aquél totalmente ocupado por la concurrencia, entre la que destacábase la presencia de numerosas damas y señoritas.

A las 21,30 aproximadamente inicióse el festival con la ejecución del Himno gallego, que fué largamente aplaudido, pronunciando después un conceptuoso discurso el Presidente de la entidad organizadora del homenaje, señor Lamas Barreiro, quien luego de explicar el significado del acto que se realizaba en honor del poeta Pondal, hizo la presentación del culto escritor señor A. Zapata García, quien tendría a su cargo una conferencia sobre la personalidad de Pondal.

El señor Lamas Barreiro manifestó que nadie más indicado para analizar y comentar la labor cultural del gran poeta gallego, que el señor Zapata García, a cuyo completo conocimiento de las letras regionales, uníase el minucioso estudio que había realizado sobre la obra de Pondal y la ecuanimidad de sus juicios y apreciaciones para analizar imparcialmente la obra literaria del mismo.

La concurrencia aplaudió largamente al orador y en seguida se adelantó hasta la tribuna el señor Zapata García, a quien también fueron tributados muchos y entusiastas aplausos.

El conferenciante tuvo frases de agradecimiento para la Sociedad Nacionalista Pondal, que le había honrado con la misión de trazar, ante la selecta concurrencia que le escuchaba, una semblanza del eximio poeta a quien se recordaba tan merecidamente. Y entró de lleno en el tema de su conferencia que fué seguida con creciente interés por el público que asitía al homenaje.

No se limitó el orador a exponer una biografía más o menos abundante en rasgos superiores del poeta Pondal, sino que amenizó la brillante exposición de la vida del poeta, con la revelación de la noble faz espiritual que animó la insuperable producción del insigne vate.

Destacó el infinito amor que Pondal experimentaba y alimentaba por su tierra, que fué para él fuente ideal y permanente de inspiración que iluminaba su cerebro y movía su pluma para cantar, en estrofas que reflejaban sus mejores sentimientos, el alma de su pueblo, las maravillas incomparables de su paisaje y las virtudes inagotables de sus hijos.

Con sincera elocuencia el señor Zapata García hizo ver también la influencia espiritual que la poesía de Pondal ejerce en el corazón de todos los gallegos, tan enamorados de sus tradiciones y costumbres, sonoramente cantadas en los armoniosos versos de Pondal.

(De El Diario Español, de Buenos Aires, del 6 de junio de 1930, refiriéndose al festival en homenaje del poeta gallego Eduardo Pondal.)

EDOARDO PONDAL:

Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega³⁰³⁸

A Ramón Otero Pedrayo,

pol-o ben que sementa en prol da Nación Galega

Conferenza pronunciada por A. Zapata García, o 5 de Xunio de 1930, no “Orfeón Español”, con motivo do grande homaxe que lle rendío ô nobre bardo Gundar a Sociedade Nazionalista “PONDAL”, logo de se compril-o 13 aniversáreo da súa morte.

Siñoras; siñores: A Sociedá Nazionalista “Pondal”, c-unha distinzón e seguranza que me fai têr un inxente débeto pra con éla, —sinxela e fondamente sentidas aquélas dúas

³⁰³⁸ NOTA DOS EDITORES: «Esta conferenza foi pubricada no periódico “A FOUCE” o 15 de Xunio de 1930». En realidade, apareceu por entregas en dúas publicacións: *A Fouce* [nº 15, 1 de xullo de 1930] e *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión [nº 57, agosto-setembro de 1930; nº 58, outubro de 1930; nº 59, decembro de 1930 e nº 60-61, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1931]. Nesta publicación leva os seguintes preámbulos:

«Por crêla de outo intrés pr-ôs lectores das follas d’ALBORADA, hénos gasalleiro pubrical-a conferenza que, encol do tíduo que vai d’avante, fú lida pol-o noso consóceo, Antón Zapata García, no “Orfeón Español”, na noite do 5 de Xunio derradeiro.

Veleiqué a nomeada primícea que tan outadamente fala da Nosa Terra, —a través dos redenzores versos do poeta de Bergantiños— nas tres características xa denantes consiñadas, ou sexa: *Alma, Sentimento e Libertá:*» en *Alborada*, nº 57, Bos Aires, agosto-setembro de 1930.

«Continuazón da conferenza que dou o noso consóceo Antón Zapata García, no “Orfeón Español”, o 5 de Xunio, diante un milleiro e medio de oíntes» en *Alborada*, nº 58, Bos Aires, outubro de 1930.

«Seguimento da conferenza que dou o noso consóceo Antón Zapata García, a cãl merecéu outos alaudos do xornal “El Diario Español”, do periódico “A Fouce”, e do profesor da Universidade da cibdá de La Plata, doitor don Augusto Cortina Aravana, que é, hastra oxe, o mellor comentarista sóbos das obras sa nosa Santa Pomba, Rosalía Castro de Murguía.» en *Alborada*, nº 59, Bos Aires, decembro de 1930.

«Terminazón da conferenza cuia cópea n-estas follas nos fú aitorizada pol-o seu aitor, o noso conterrán Antón Zapata García.» in *Alborada*, nº 60-61, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1931.

sustantivas verbas pol-os hirmáns que a devandita istituzón ten ô seu fronte, —pidíome escrebise, ceibe de toda canga, algunhas liñas encol do Nobre Bardo Gundar, sóbornome que, a própea persoa, en algúns seus poemas, adoitou o reberte e suidoso aitor do libro tiduado “Queixumes dos Pinos”, valla descir: Edoardo Pondal.

Denantes de intental-o abranguemento que poida têr o meu aparello de bisoño conferenzante, —que fica, tremante, nas miñas tamén tremantes mans— agardando a que chegue o istante no que, a ollada e a determinazón, asisadas e certas, vexan o mellor xeito pra tendel-o n-os máis propíceos traitos que teñen, respectivamente, cada unha das tres verbas do sotiduo da conferencia cuio enmallamento teño ista noite a obriga de desenrolar o máis fundamente e ben que poida; sintindo o ergueito degaro de achegar a miña axuda pra facer conoscer algunhas facies d-unha outa persoalidá da nosa terra e da nosa raza, eu quero, —co-a vosa aquescéncia, e, tamén, d-avante do meu intento— facer un relanzo, senón arredado das mallas do triduo devandito, qu-ei tratar logo, quizais co-a pretensa idea de facer conoscer —repito— algunhas caraterístecas da singular poesía do nobre precursor das letras galiciáns que oxe lembramos, arrentes de xa comprirse o trece aniversáreo da súa serea e omildosa morte.

Vaian, pois, coma Pórtigo da miña conferencia, algunhas topas xêrales sóbor da poesía pondalina, as que, por eisí sêren, constituirán soasmente algo semellante ôs ornamentos limiares d-aquela.

Unha outa esqurtora galega que ben quería a Pondal, Emílea Pardo Bazán, —valor perdido pr-â nosa enxebre nazonalidá, o mesmo que outros letrados persoaxes cujos nomes non merescen mental-os na nosa língoa— chamóulle ô rexo aitor de “Queixumes dos Pinos”, con verdadeiro acerto, “Lus de Lúa”, alcume éste que abrangue, ensimesmo, a orixinal ispirazón que aletexa n-os poemas pondalinos, dado o vougo esprito de seu contido, muitas

vegadas envolto na escura brétoma da Terra de Bergantiños; outras, foulado pol-o branco luar, e, n-algunhas, cuberto c-ô subtil veo de enmeigamento do lusco e fusco, cando ô rudo peixeiro que ven de mar fora, e ô labrego que xa recada os seus trebellos no agro, no erbal ou na gándara, as campás das igrexas do porto e da aldeia veciños, co-as dondas badaladas da orazón, fánlles descir: —¡Ave María!...; versos galegos —os máis galegos— unxidos de inefábel e suxeitiva medosidá panteísta, verdadeira poesía pura: inasíbel, fuxetiva e tan subrimemente aprisioada n-estes dous versos que o bardo fai descir a Morpeguite, a fada de docísimo ollar, que sabe mantel-o rescaldo da inquedanza amorosa:

*... non me préndal-a faldra de brétoma,
déixame, Mouco, vagar...*

Ou, senón, estes outros, que non teñen igoales, en ningunha literatura, pol-o leviáns, valla a verba: dan o lêlos, a impresón de seren aire, ambiente, fruído, cousa anímica, litúrxica, n-os que o aeda fáinos pensar que soña c-ôs espíritos dos nosos antenados, c-ôs númens proteitores da Nosa Raza:

*... “entonces o triste bardo
que soña antre as uces hirtas,
na xentil arpa apoyado,
en donde o vento suspira;
entón cel-ô bardo, cal vago pantasma,
visita a melancolía”...*

Esa vougedá dimanante dos derradeiros versos copeados, tèn a sua deusa en Morpeguite, â que fan compañía dúas hirmáns súas: Maroñas e Baltar, fadas tamén ben queridas de Pondal, seu enxebre creador, e, coma tal, da Mitoloxía Galega. As tres nomeadas deusas —albares clúnas do tempro cuio propileo soasmente traspoñen os druídas, os bardos e os que souberon sacreficarse pol-a patria, —teñen a representanza, no desenrolo que o Bardo

Gundar Iles asiñou: da fuxitividade vouga, da heroicidá da terra e do ceibe amor respeitivamente.

Falando de Morpeguite, —que representa, coma deixo dito, a fuxitividá vouga, ingráveda, insonsútel, — dille o aeda, coma se a vira, coma se fora unha mouradora â que está afeito a falarlle, n-os eidos nativos, co-a verba que entrambos herdaran:

*... “Filla lixeira da brétoma,
de corpo leve e lanzal;
presurosa compañeira
da virazón da miñán”...*

Cando se refire a Maroñas, —a garrida virxe celta que por defendel-a terra nai, finou, ferida pol-os románs, na gándara de Xallas, —din, os versos de Pondal, que son toda unha laudanza pr-âs nosas hirmáns galegas, — cumes de vôtá, fórmides de seguranza e praias de agarimo:

*... “das fillas dos nobres celtas
a máis valente, en verdá,
quixo éla do seu amado
ao lado pelear,
sin que os rogos a fixesen
ceder, nin volver atrás”...*

Despóis, ô falar da fada do ceibe amor, dínos:

*... “O escuro Brandoñas
e o roxo Porcar...
...con vágoas quentes, dos ollos falaban
da doce Baltar...”*

Vágoas sinxelas, certamente, anque ácemas, dos fortes guerreiros no pelear, pro,
tenros no amor pol-a fuxitiva... pol-a inalcanzábel...

E segue, referíndose a ela, no xeito máis doado:

*... “o vento q'asopra
c'a fresca miñán,
leváballe as faldras
c'un ledo compás:
Cand'ela corría
de Xallas no chan,
seguindo dos corzos
o paso fugaz,
decían as uces: —Os pasos graciosos
da doce Baltar!”*

Logo, con verdadeiro sentimento, fala da probiña deusa da suidade, máis humán ésta
que aquélas: De Rentar, da probe Rentar, da sinxela e doce Rentar, que dí, na súa
desesperanza, dende Madrí, —que é o mesmo que descir: dende o estranxeiro— cando lle
perguntan de onde é:

*—“... O meu lugar é Gundar,
cabo da veira da terra
de Xallas; mais coma Xallas,
n-é terra tan agre e estérea;
preto da areosa Laxe,
non lonxe de Pasarela...”*

Eisí coma nas deusas Morpeguite, Maroñas e Baltar, pon, Pondal, n-os seus poemas, as verbas máis adoitadas â condizón espritoal d-aquélas, ô rexo bardo Tomil fáille cantar, doadamente, un alaudado â doce Fínian, ou sexa: a Irlanda e ôs seus fillos, hirmáns nosos:

... Os nobres fillos dos celtas

hélle doce recordar

os eidos da doce patria,

cando en terra allea están...

Verdá inegábel, por certo: nadia, coma nos, sinte tan fondo a suidade... ¡hastra as vágoas!...; mais, non por el-o, deixamos de ser fortes.

Falando de Brandomil, nobre guerreiro gaélico morto na terra de Xallas, —o mesmo que Maroñas, a branca virxe celta morta en agraz pol-os románs, cal abrocho tallado pol-o vento soán— dín os alaudantes versos do bardo de Ponte Cesó:

Ou, valente fillo d'Ogas,

e da doce e nobre Eiriz;

para sempre quedará

longa memoria de ti:

E cando o fillo dos celtas,

no tempo que está por vir,

pensativo camiñante,

pase quezáis por aquí;

cando no tempo en que xía,

se vexa a luna lucir,

dirá ô verte desde lonxe:

—O valente Brandomil,

saído da xentil e boa raza

dos celtas, repousa alí.

Pra o que, dempóis de longa auséncia, volta ôs seus nativos eidos, fáille descir, Pondal, no poema tituado “Castaños de Dorneá”:

*... Cando xuntos nos criamos
era outro tempo, e o recinto
da vosa inda curta sombra
n-era grande; que, meniño,
daba eu tanta coma vos,
no doce prado nativo...
... —Así decía Lugar,
entre mil o distinguido;
que dempóis de longa auséncia,
volvéu o eido nativo:
Mais con todo, anque era forte,
ô ver o seu niño antigo,
nubróselle a frente, e os ollos
recias vágoas lle crobiron.*

E, pra remate do Pórtigo, denantes de dar comenzo a prometida conferencia, —a que si eisí vou, ¡perdoádeme!, ameaza de sere longa— transcribiréi un poema que, pol-a forza do degaro de libertá que tén, ha darvos unha certa familiaridá c-o modo de sentil-a o Nobre Bardo Gundar:

*Feros corvos de Xallas
que vagantes andás;
en salvaxe compañã,
sin hoxe nin mañán;*

*¡quen poidera ser voso compañeiro
pol-a gandra longal!*

*Algo de vago e fero,
do meu ser no profundo
eu levo, com'as brétomas
dos curutos escuros;
e unha ruda e salvaxe
incrinación dos seres vagamundos.*

*Algo do rudo vento
q'azouta o cabo Ougal;
do salvaxe miñado
que leva o vento soán;
e con nobre ufanía,
o esquivo mato rexistrando vai!*

*Algo das vagas brétomas,
algo das uces altas,
algo dos libres corzos,
e das feras bandadas
de corvos vagamundos,
que s'espallan de Xallas pol-as gandra.*

Ten, ademáis, Pondal, dentro dos ordes lírico, épico e romántico, outa cantidá de poemas dinos de que se lles faga un máis dêtido comento. Tamén, outros, de forte alento

homérico, formen, en “Queixumes dos Pinos”, eisí como aqueles seus iguaes que, en “Pol-o alto cantando”:

*... parécelle que soan,
intrépido compás,
cuida que do combate
murmuran o sinal;
en escadrón formados,
cal xente de Breogán,
en falanxe de ferro ben tecida
que s’apresta a luitar”.*

E acompañádeme, señoras e señores, na descriçón que vou facer sóbor do céltico tempro das albares clúnas de feitura tresangular, onde pregan Morpeguite, Maroñas e Baltar, ô pé do altar da Patria Galega —dolmen de pedra roxa da Costa Brava— benzoado pol-os druídas, alaudado pol-os bardos e cinguido de rexoos guerreiros cubertos por brillantes cascos e lorigas, e apreixando curtas espadas; tempro a cuia porta, Rentar, a sinxela Rentar, a nosa hirmán Rentar, repite, co-a voz dos nosos antergos, co-a nosa mesma voz, dende o estranxeiro Madrí:

*—Ou, terra de San Simón
de Nande, vizosa terra;
morra eu primeiro sin verte,
antes que de ti me esqueza.*

ALMA

Eu imaxino a alma do Nobre Bardo Gundar —vouga, bretemosa, sentimental e reberte— no médeo do chan da Terra de Bergantiños, cabo do lanzal, litúrxeco e siñoril río Anllóns,

... o seu nativo, río,

(qu-él máis amóu de todos)...

ollando car-a Nai Terra Galiza e car-o Pai Mar Galego, c-os verdes ollos húmidos de vágoas pol-a longa mágoa de cáseque cinco séculos de oprobenta, hirta e inxuriosa escravitú; mais, aqueles, —faros da esperanza galega— esbarando fortes raios de luz, non soasmente pra os caros e própeos eidos, senón, tamén, pr-a “caduca Iberia”, como souberon cantar as rexas cordas de ferro do istrumento de feitura semellante â d-un maxestoso cisne albeiral, como as escumas das Basontas.

A alma do bardo, cinguida de branca crámide, —â que fai simbólica unión o intenso azur da fonda noite estrelada— ollando sempre miazosa, pensa na verdexante Erín, —Irlanda—, tenra hirmán da Nosa Nai Terra Galiza, en Breogán, Amairxen, Gaul e Vercinxetórix —éste crucificado por saber defendel-a patria galega;— sinte que as mágoas e as legrías d-éles son as própeas súas, fundamente sentidas; imaxina que ben poida ser a súa alma a alma d-algún antergo celta, e dílle a aquéla:

... quezáis celeste

reminiscencia

és d-outra vida que pasei xa;

quezáis presaxio

d'outra eistencia

misteriosa q'inda virá...

E, máis achegada ô tempo no que xa se sinten infindas inquedanzas pol-o ben da terra, contempra a alma do bardo os vieiros espirituais d-aquéla, n-os que mui pouco soan as

rebertías das cancións de “Cantares Galegos”, soparadamente, un que outro camiñante entende o que a dôr da Dôrosa de Iria Flavia quería facer entender ôs seus hirmáns.

Muito, máis preto aínda que os aies —máis xeremíacos que isaíacos— da Santa Rosalía, ouza a alma do Nobre Bardo Gundar unha varil voz de un tamén valente mozo galego: Manoel Curros Enríquez, quen, influxado pol-o curisco reformista francés, ceiba fortes e ben tempradas cancións rebertes; anque, muitas d’éstas, non consustanzadas co-a Terra Nai, senón c-o espírito internazonal, o coal, por eisí ser, dilúiese no gran concerto humanista; pro, pra Galiza, non lle trague nada máis que un gran poeta, —¡outa riqueza, por certo!—: reberte mozo cuio renome, en xuntanza c-o de Rosalía, comenzan a que vaian sendo, cada vegada, máis respetados os bós nomes do *Verbo* e da *Patria* galegos.

Pro, eisí e todo, fica, queda a alma do Nobre Bardo Gundar, agardando en van novas voces que eisaltan as gróreas da raza e a liberazón da Nai Terra. E, estonces, cando a esguía figura da bárdeca alma galega, diante da cáseque orfandá na que xaz, esquencida da patria, a mesta e ateigada maoría do noso povo, dende Bergantiños, terra de libertá, ceiba ôs ventos as suas arelas de redenzón

... no formoso istrumento apoyado

en donde o vento suspira;

mentras os fillos dos celtas

cumpren serva e innobre vida...

Magoada a alma do vate pol-a indifrenza dos própeos e os alleos, sóbor todo dos primeiros, cal se doie:

... e a quen os propios seus,

deran duro martirio...

pensa que soio a dôr, a riladora dôr de saberse nadia, a inxuriante dôr de saberse escravo, o crú remorso de saberse en baixeza sumido, —a pérda da nazonalidá recolle tales frutos— han tragner xornos de boandanza pr-â terra.

dos nobres celtas,

fortes e bós...

Mail-a alma do Nobre Bardo Gundar, —Lus de Lúa infundida n-os castros e n-os dolmens, na gándara e no agro, na devesa e no pinal, n-os fachos e nas furnas, nas praias e no mar— quere que sexa no seu nativo lugar, onde comence o rexurdir da nova xornada da libertá galega, e, pra él-o, encárnase no carreteiro, ô que, do seguinte xeito, fai ir:

Polo-o baixo cantando

o bôo bergantiñán,

co-a aguillada ó lombo

e garboso ademán;

q-a Ponte Ceso leva,

en noite de luar,

grave o carro de táboas,

anteposto quezáis,

por cousas que n-esprica

d'un fondo e vago afán;

mil escuras suidades

ceibando ôs ecos vai;

e da patria a punxente servidume,

parece recordar.

O pé do castro verde,

ben-os mira ó pasar:

*q-en masa escura e informe,
axuntados están,
e na nativa costa
os escuita fungar:
parécelle que soan
intrépido compás,
cuia que do combate
murmuran o sinal;
en escadrón formados,
cal xente de Breogán,
en falanxe de ferro ben tecida,
que s'apresta a lutar.*

Quere, a alma do bardo xeneroso e bô, que sexa —repito— na Ponte Cesó, onde xurda a nova xeira da libértá galega, pois entende que as fortes e boas ideas, pra mellor s-espallaren e ben entedel-as, han estar maridadas con un igoal lingoaxe, e, o de Bergantiños, —escusádeme esta aseguranza— foi arca pechada, como a arca da Piosa, pr-ás influenzas d'alleas verbas, o que non sucedeu n-outros eidos hirmáns achegados ás terras dos frateros lusos e os descastados casteláns.

Alma maxestuosa, outa e fonda, a de Pondal, —sempre ergueita no médeo da roxa terra do val de Betgantiños, envolta na súa branca crámide e ollando miazosa car-os castros e dolmens hirmáns —baixo a craror da lúa da estrelada e azur nuite bergantiñana, do integral renacemento galego, —bens do espírito e do corpo—

*no formoso istrumento apoyada,
en donde o vento suspira...*

segue pensando que é mester desaparezan cantas cativeces croben os nobres camiños
espirituais e materiais galegos, ô coal tén dereito o noso povo pol-a súa grandeza orixinárea,
coma dí a lira de bronce e cordas d'aceiro:

*... tal do meu sér no fondo,
levo unha lus lanzal;
que d'un orixen grande
me dice que fun xa;
e me obriga e espolea,
a fantasía audaz,
en pos do grande e ignoto
por unha lei fatal...*

E no mesmo vento n-outrora levián, agora tépedo, no que

...decían as uces: —Os pasos graciosos da doce Baltar...

—a céltica deusa do ceibe amor— pol-os vals, montanas, cómaros, agras, gándaras e pinales;
n-os fachos, furnas, ribeiras, praias e mar galegos, noite e día, día e noite, ouzánse as estrofas
afirmativas de lira pondalina, mentras

*As almas escravas,
de ideas non grandes,
van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames.*

*Mil soños forxando,
que o ánimo agobian,
arrastrando infames cadeas,
cal brandos ilotas.*

*Espíritus brandos,
espritos muliebres;
sedentarios, que lenta consome,
a mórbida frebe.*

*Mail-a alma do bardo,
enérxica, ousada,
que audaz liberdade tan só soña e ama;
vai pensando en propósitos férreos,
que erguerán â pátria!*

Tal é, ô meu ver, a grande alma de Pondal, sempre ergueita no médeo do chan de Bergantiños, ollando fonda e miazosamente, alumando os vieiros da nosa patria e falándolle ôs dolmens, ôs castros, â gándara e ô mar; escuitando os queixumes dos pinos e o saloucar dos regueiros; vêndo como xermola o gran que ha dal-o pantrigo, no val dos antigos celtas; sintindo zoar ô vento n-os fórmides, n-os fachos e nas furnas; practicando co-as almas dos nosos antergos —Númens Proteitores da Patria Galega— mouradoras en todol-os lugares de ésta; é, tamén, pensa o Nobre Bardo Gundar que, ademáis de entendela-os espritus tutelares da Nosa Terra, todol-os “bos e xenerosos” van-o entendendo e honrando como se merez, n-os “fastos nosos”.

SENTIMENTO

Se nadia, coma Pondal, sintío nin cantóu con tan arriscada enteireza nin con tan doces, suxeridoras, rexas e quentes verbas, o amor â Nai Terra Galega, n-os múltiples aspectos que ésta sempre amostróu —bô, xeneroso e fecundo seo— a cantos fillos

comprenderon o seu infindo degaro de que non fose alongado por máis tempo o terríbel sofrimento de toparse escrava, —imposto pol-a traizón e pol-a forza de estranas e cativas mans— nada, tampouco, sufrío, dos própeos hirmáns, o escarnecemento que o noso máisimo bardo recibío co-a non compreseón dos bafúas e cativos, como chamar soíalles ôs que dáballes vergonza falar galego, e que, en baixeza sumersos, alcumárono: “¡ O Tolo de Ponte Ceso!”

Por esa concentrada e dônda mágoa de saberse cáseque alleo antre hirmáms de nazón e raza; vêndo sufrir índa máis, na escravitú, á inmorrente Nai Galiza, é que ceibaron, as cordas de ferro da súa prócer lira, doída, anque fortemente:

*A lingua tiveran
por lingua de escravos;
esqueceran os patrios acentos
suidosos e brandos.*

—
*Dos propios acentos,
tiveran vergonza;
de cautivos falaran palabras,
de servos e ilotas.*

—
*Deixaran os doces
acentos xocundos,
pos estranas palabras de servos
inaros e escuros.*

—
A nai afrixida

*da escura miseria,
ós propios tomara
por xente estranxeira;
e espantada escuitara dos fillos
a plática serva.*

Pra facel-a ben querer â probe nai que tan trabucados, no desleigo, vîra ôs seus fillos, —falando “a plática serva”,— o sentimento do poeta trócase na triada que soio lembra un lugar e unha auséncia; mais, aquél, sabe que toda boa recordanza produz ardentías, revesos e relanzos n-os mares e n-os ríos do sentimento: amores, agarimos.. vágoas... sospiros...

*... Recordos quezáis do espírito,
d-algunha perdida patria,
ou d-antigo ben perdido,
n-esta peregrinación
miña, van sempre comigo;
e son os meus compañeiros,
no trabaloso camiño,
suspiros por non sei quén,
e por non sei qué suspiros...*

A triada â que denantes me referín, coma n-un rauto dooroso e relembrente, racha, coma unha luz adobiada de prumóns albeiraes, as auras da terra xogoral de Bergantiños:

*San Pedro de Brandomil,
na probe terra de Xallas,
¡cánto hai que non te vîn!...*

Sinxela, pro suxeridora e fruitífera maneira, a de Pondal: fai espertar, ô mesmo tempo, dous amores: o do lugar natal e o da nai terra. A ésta, na súa delimitazón, é a quen o bardo

intrésalle sexa máis querida que aquél, por ser fonte da que xurde, pura e crara, a veneira que máis fortemente caracteriza a un povo: a persoalidá, na súa máis ampla siñificazón; anque, davanceiro, poña ô lugar, o coal, índa moi íntemo, non é principal pr-ôs intreses da patria.

Levado do seu amoroso e enraizado sentimento na nai terra, afundido na lonzana brétoma da lembranza que, por un diviño don, lle vên â mentes, dílle ô Rei dos Castros galegos, pra facernos conoscer a forteza da raza boa e sufrida; da forteza silenzosa que foi e segue sêndo a característica dos homes das terras do Morven, da Armórica, da Irlanda e, tamén, da Terra Nosa: ¡Galiza, arelante de libertá!

E por el-o que o aludo da bárdica lira de Pondal tén un outro siñificado, cando lle canta ô Rei dos Castros, que é, no seu simbólico poder, o noso povo:

*Rei dos Castros, castro forte,
garrido castro Nemenzo...
... Coma un celta forte e armado,
desde lonxe te contempro;
c'o teu escudo embrazado,
con que deféndel-o peito...
... Así a túa formosura,
respete o futuro tempo,
e na túa nobre frente
conserves o nobre sello
que é propio tan só dos fortes
que ó tempo non se rendeno...*

N-éste seu falarlle á inmorrente fasquía do pétreo luitador cuios riscos sinalan os outos feitos de Gondomil e Gundariz, témbralle a fala ô aeda, talmente coma cando lle fai

descir a Margaride, bardo celta, ô enterrar éste â súa noiva Maroñas, a lixeira filla da brétoma morta na luita tída c-ôs alevos románs:

... Desde estonces, ¡ouh, Maroñas!,

de Xallas probe lugar;

tomache o nome garrido

da valente sin rival;

pois no teu escuro eido

Maroñas descansa en paz.

Dóese Pondal, de que cando volten as pelegrinas anduriñas das requeimadas terras do afro, —chamizo amornador pr-ôs xeos d-as inverniás galegas— non alcontren, coma todas as primaveiras, no lar ben querido, ô seu bardo, e dî, doídamente:

... Verán a casa,

tan doce e íntima,

ô pé dos pinos,

escurecida;

e morándoa, unhas xentes estranas,

hirtas e esquivas...

pra, logo, erguendo o voio, con púnxidos píos, írense en procura de lugares cuios mouradores non sexan tan foscos, tan sin illargas coma os da común patria. Veleiquí, ô meu modo de entender, como Pondal, apreixando un íntimo asunto, fai chegar ô noso corazón o fondoso dôr da Nai Galiza: cando ésta, ô voltar a ver ôs seus fillos que emigraran, en ves de têr agarimos e legrías, sofre o novo esgazamento de vel-os alonxarse d-éla novamente, e pensa amargurada, que aínda fica lonxano o seu Tabor, agrilloada coma está, amáis de ser espoliada, e, tamén, sintindo en própeo afincamiento as inxurias de estranas e insensibles xentes.

*Ouh, terra de Bergantiños,
roxa ô arar, nobre e testa;
dóce â vista dende lonxe,
onde vin a luz primeira...*

dí, Gundar, por beizos da rapaza que os seus pais casano en terra allea; da doce rapariga —
tenro abrocho galego— que non contaba na súa vida catorce sementeiras; da nosa sinxela
coterrán que, ô lembrarse da partenza da cas dos seus maores, dóiese:

*... Cando de ti me leváno,
toméi unha boa pena:
fún chornado pl-o camiño
d-unha terraxe estranxeira...*

E fáille descir, coma improtando escusa, por non tornar máis axiña ôs eidos pairales:

*...Se non te vexo c-os ollos,
Bergantiños, boa terra,
c-ós ollos do corazón
vexo as túas doces veigas.*

Dempóis de facerlle ir nomeando a cas onde ô mundo viñera, â igrexa, ôs petoutos n-
os que as aigas fan os niños, ôs trigaes e pinals, fáina voltar, vagullando, ô vello casal; e a
garrida Ousinde, —a moza que se casara cando non contaba catorce segas,— máis que falar,
vai pregando cara ôs lugares seus hirmáns:

*...O fin, despóis de ben tempo,
volvo a ver na cume recia,
cal branca pomba pousada,
a vosa casiña leda.
Fun rapaza, agora veño,*

*non moza, anque non son vella,
e dendes d-equí contempro
os campos que a lus me déran:
Aquél é a Ponte Dona,
Zreo, Xaviña e Valenza,
Corcoesto, Santa Baya,
todas, todas, boa terra...
...¡Ben te vexo, Bergantiños,
dende o outo da Ferreira,
c-ós teus trigos e os teus pinos!*

Sen dúbida algunha, a esgrevia e central idea que movío a Pondal a cantarlle tan doada, sinxela e doídamente â terra de Bergantiños, fói pra facernos lembrar as gróreas e riquezas da Patria Galega cando éla inda era moza, e, eisimesmo, â libertá que houberon os nosos antenados cando eran ceibes. Foi por el-o que cantóu tan forte, alaudante e tenro, val falar: pra que defendamos as nosas virtudes raciaes negadas pol-os mancados do pensar:

*... Un bardo que tan ben canta,
non debe temel-o olvido.*

Tal dixo, referíndose a sí mesmo; pro, no fondo, non era a él, senón â terra nai, a quen arelaba inmorredeira. O mesmo acontex cando se refire a Rentar, no alongado desterro que ésta sofre na estranxeira terra castelán, facéndoa lembrar, magoadamente, de San Simón de Nande; ô situar ô distinto, nobre e vello Lugar, diante dos Castaños de Dorneá, nubrádol-os ollos pol-as vágoas feitas xurdir da fonte da recordazón dos xogorales tempos idos; ô facer ír cantando ô carreteiro que, coma n-un vagaroso soño, camiño da Ponte Cesó, vé ôs guerreiros da patria n-os ergueitos e zoadores pinales da Costa de Ures, de Tella e de Tabuído; ô falarnos das lixeiras píl-laras que, con punxentes píos, revoan sóbor da casa íntema e doce, ô

non atopar ô bardo, e, morando aquela, xentes esquivas; ô poñer nos labres de Margaride as
elexíacas verbas pol-a morte de Maroñas: ¡Diante de todol-os asuntos, no máis fondoso da
alma bárdeca de Pondal, está a Patria Galega!; mais, pra ben facer conoscer a ésta, fáina falar
por beizos dos seus máis caros fillos, na fala do chan dos antigos celtas, na fala inefábel que o
mesmo a moumean os dolmens e os castros, os pinales e a brétoma, como a falan as
vagarosas fadas que corren pol-as gandras longales; na armoñosa fala na que se entenden o
Mar dos Silenzosos co-a Costa Brava, e que, entrambos, entoan, cada ves máis forte, xa
cansos de ser escravos!

Non soasmente se constrinxía o nobre sentimento do noso máis representativo poeta
nazonal, ôs própeos eidos: Pola contra, —grande home de mundo e outa cultura— tiña un
íntemo avencellamento co-as terras de Colombia,

... a de forma longal...

e, de moi singular moda, co-a Arxentina, â que lle roga, quezáis lembrándose do tempo no
que, o pai d-él, estivera en Bôs Aires:

Dalle un bico por min ô frío Pampero

e âs bellas arxentinas que ben quero,

e un abrazo por min ben apertado

ô arxentino, que é o noso povo amado”.

Non foi, volto a repetir, a egolatría de ser inmortal, como alguén dixo, asunto que fixo
xemir as cordas de ferro da rumorosa lira pondalina; anque, lóxicamente, ben sabía que, ô
non morrel-a patria, él tamén perduraba. Senón, véxase a súa arela pol-a inmorrenza da Raza
e da Patria galegas, —santas luces que o alumaron no duro viaxe pola terra, cumprindo outos
desinios— cando pidío ôs hirmáns da terra de Bergantiños, ôs hirmáns todos galegos:

Cando xazan do cisne

os febrentos despojos,

*sobre do verde da ribeira escura,
e xa non se ouza o canto armonioso;
dádelle sepultura
no promonteiro aquel areoso e vougo,
onde o Anllóns, o seu nativo río
(que él máis amóu de todos),
da peregrinación antiga súa,
e do longo traballo hacha repouso.
Que diga o mariñeiro,
rudo fillo do Osmo,
ô entrar pol-a Barra,
volvendo o escuro rostro:
—Alí xaz o que fora
n-outro tempo cantor dos eidos nosos.*

¿Qué menos que honral-o eisí, hirmáns galegos?

LIBERTÁ

Con tan subrimes dons, alma e sentimento, —aquéla fitando sempre, (ergueita, agarimosa e triste) ôs vieiros da esperanza galega, dende o chan de Bergantiños, esbarando feixes de lus; e, aquél, ferido n-os seus máis caros bens: a fala e a terra, —esprícase que xermolase unha grande arela de libertá no espírito de Pondal, —xa de por sí reberte— coma cando dí, cantando aínda atemperado:

*...Certo eu non me resigno
morrer cal cuase todos;*

*innobre, escuramente,
no leito vergonzoso;
eu procurar quixera
máis erguidos propósitos,
que, pl'o fortes, venceran
ô ferro vigoroso;
en prol d'algunha cousa,
que honrara ôs fastos nosos;
e morrer con honor como morrera,
Brásidas Valeroso...*

Mais, faltáballe ô poeta, pra máis forte cantar, ollar as crúas inxustizas nascidas das triganzas dos bafúas e cativos, no non compreto rol de éstes: ceibar, a todol-os ventos da maldicéncia, a iniquidá —repito— de que o povo galego é insensibre pr-ôs outos sentimentos: do ben, da bondá, do altruísmo, da amistá e do amor; ademáis de vêr asoballados por xentes estranas â terra e â fala, —estranas, ou sexa: ¡casteláns!— tivo que ouzar o poeta, pra cantar moito máis forte, os saloucos da probe nai galega pol-os fillos que, en ringleiras ben cinguidas e longas, siguen povoando â espaciosa Colombia, co-a conseguente merma de forzas pr-ôs nativos eidos; non embargantes a innada coalidá reberte de Pondal, tivo éste que ouzar a bruante canzón ossiánica que, en dual e maxestosa armoñía, entoa o Pai Mar Galego, co-a Nai Terra Galiza, n-os coídos e furnas que ésta tên, resoantes seos que o mesmo marmulan as falas agarimosas das tamén agarimosas foulas, producindo encantamento, que ruxen as ardentías da desbocada mareira e do vento Norde, atemeradores dos máis fortes ánimos dos mariñantes e peixeiros; tivo que vivir, espritoalmente, o Nobre Bardo Gundar, n-os heroicos tempos gregos, pra que o ton das súas canzóns fora en lévedo oupar, como acontez n-este framento do poema que agoira un rexo e nobre dêvir:

*... ¡Ouh, quen morrer poidera
coma o forte Leónidas;
envolto en duro ferro,
n-outras rudas Thermópilas!;
por unha patria escura,
d-escravos e d-ilotas;
e deixar, cal cometa,
longo rastro de gloria!*

Xa pode, pois, o poeta, buscar un amplo tempo —¡santa natureza tan amada dos caledóneos!— onde ceibar máis rexos, máis outos cantos que os que ceibara

Pol-o baixo cantando...

Pra ben cantar as santas rebertías do que se sabe escravo, —conscente dôr, a máis crúa dôr de total-as dôres— atopa o noso Tirteo o amplo tempo no fórmide da Barra, diante ô Pai Mar Galego, onde axúntanse co-éste, en reveso balbordante, as ágoas do Anllóns, o fillo a xurdia Terra Mariñana, e, facendo lostregar a idea da independencia galega, —sin ter en conta os “pigmeos hispénicos”— trôna a lira de bronce dende o Sinaí Atránteco:

*Fora abondo co oprobio pasado,
d-un brando servir;
madre escura d-escuros ilotas,
Mesenia infeliz.*

*A Pitia convulsa,
dixera de tí;
o oráculo dixo:
—Quen serve, ese é vil;*

*ser forte ou escravo,
morrer ou vivir;
cingue o peito d-esforzo e de ferro,
Spartaco ch'o dí;
esnaca na frente de quen ch'o lanzara
o estigma servil!*

—
Pol-o alto, cantando...

—cal dí, Pondal, no primeiro verso do n-antúltemo poema de “Queixumes dos Pinos”,—
tamén eu, axuntando a miña voz â do cantor dos parias e ilotas, —n-estora na que os bôs e
xenerosos fillos do Morven, Irlanda e Armórica xa nos saben seus hirmáns en alma e corpo,
arelantes d-unha Patria Ceibe,— dígovos:

*—De xionllos, pra cantarche,
Galiza, Nai querida;
de pê, na man a vida,
pra darche libertá!...*

A. Zapata García

POL-O ALTO CANTANDO

Pol-o alto cantando,
o sonoroosó vái;
coa aguillada ô lombo
e garboso ademán...

... ..

[debuxo de Lourido]

... Mil punxentes recordos,
se prace en espallar;
mil vagas suidades
ceiband'ôs ecos vai;
e da pequena patria a servidume
parece recordar...

... ..

... Cuida que do combate,
marmuran o siñal;
en escadrón formados,
câl xente de Breogán,
en falanxe de ferro ben tecida
que s'aprest'a lutar.

EDOARDO PONDAL.

Dibuxo de Lourido.

¡GROREA A GALICIA CEIBE!...

por A. Zapata García

I

*De xionllos, pra adourarte,
Galicia, Nai querida:
de pé, na man a vida,
pra darche libertá.*

II

5 *De pé, gallegos fortes,
pr-á luita das ideas:
Trozemol-as cadeas
q-engrillan Nosa Nai.*

III

10 *Salvemos Nosa Fala,
suidosa, tenra e forte,
que quere darlle morte
o vil Poder Central.*

IV

Camiño noso sexa

15 *o que percorre Irlanda,*
 e a idea veneranda
 do Mariscal, a Lei.

V

Eisí redenzoada
 a nobre Terra Nosa,
 verémol-a, ditosa,
20 *máis forte, frorecer.*

VI

E se ô lutar caemos
 baixo o Poder aleive,
 —¡Grórea a Galicia ceibe!—
 preguemos ô morrer!...

Bôs Aires, 17 de Nadal de 1928

COROADOS DE FROES

... Agárdavos na esquivá e dura proba:
quezáis en tempo breve,
non cenguidos de froes
en alegre banquete:
mais n-os duros traballos
q-ô ánimo ennobrecen,
diante o trasfuxio infame
q-ô honor compromete:
¡O peligro afrontando e o duro ferro,
así é, así é como se vence!

CANDO OS DUROS MACHADOS

... Déspotas insensatos,
forxá, forxade grillos:
Pode oprimir o ferro
un corpo enfraquecido:
mais as nobres ideas
e groriosos istintos...
eses... non pode, non, o duro ferro,
nin a morte, estinguílos!

EDOARDO PONDAL

*(Anacos de dous poemas cuias arelas constitúen un outo e fondoso
chamamento ós fillos de Galiza pra dedenzoal-a de mans estranas)*

III.2.2. ARTIGOS XORNALÍSTICOS EN GALEGO

[p1] O NOBRE BARDO GUNDAR

Cumpríose, o 8 de Marzal, o trece aniversáreo da morte do grorioso aitor do libro de fondosas poesías tiduado “Queixumes dos Pinos”, a maoria das coales teñen tal soxeitividá e vouga brétema poétecas, que non lle foi posibre a ninguén, hastra a data, aprisioalas no pretenso comento críteco, nin tampouco, na laudanza que vaia parella co-a valía de tan outa donte de ispirazón do bardo bergantiñán, que dixó, facendo ximer ô fermoso istrumento de feitura d-un cisne lanzal:

“Pol-o baixo cantando,

o bóo bergantiñán”...

e que findóu o devandito libro, tamén tañindo as cordas de ferro:

“Pol-o alto cantando,

o sonoroso vai”...

De canta inxéneca, tenrura, rebertía e suidade contén “Queixumes dos Pinos”, antre os primeiros dous versos do mesmo e os dous primeiros, tamén, do derradeiro poema, non é cousa de intental-o agora facer coñecer. Abonda descir que nos fala de groriosos días que virán pro ben da noda nobre raza celta, tan fidel e nobre irmán da libertá: fálanos da probe filla de Galiza que traballando en Madrí, na cas dos Condes de Sansueña, descía, sin podel-o remedear, chorosa, sin faguer caso das riquezas da súa señora que, coma tal, máis ben era a sua nai adoitiva, cando lle perguntóu de onde era:

“O meu lugar é Gundar...

non lonxe de Pasarela...

preto da areosa LAXE”...

E que, aprisoada pol-a mágoa, voltou a descir, como n-un rauto de desesperanza
suidosa e tenra:

“Ouh, terra de San Simón
de Nande, vizosa terra,
morra en primeiro sin verte
antes que de ti m-esqueza”;

dínos, eisimesmo, Pondal, do consello que lle da â probe nai galega que quere facer durmir ô
seu filliño con muliebre e prácidos cantos:

“Non cantes tan tristemente,
probe e desolada nai;
non lle cantes cantos brandos
pra adormecer o rapaz;
onde está a cova do sono
no céltico carballal;
cántalle cantos ousados
que esforzado o peito fan;
cántalle o que xa cantara
o nobre bardo Gundar:
¡A lus virá para a caduca Iberia,
dos fillos de Breogán!...”;

díxonos, Pondal, con armoñosos versos, aquela suidá que nos rila cando sospiramos pou unha
ben querida muller:

... “Ti tes dos meus males a doce manciña,
ouh, rosa de Corcoesto”;

e, pol-o atinxente a libertá, Edoardo Pondal, como nada soubo facel-o, suido e reberte, dixo:

“... ¡quen poidera ser voso compañeiro
pol-a agreste soedá!...”

dirixíndose ôs feros corvos da terra de Xallas, vougos, ceibes, e sin saber de oxe e de mañán; sempre ceibes, supremo ben dos humáns, hastra que a morte veña a coutarnos a veneira da vida.

Tal contén, nomeado â lixeira, o libro “Queixumes dos Pinos”, cuio aitor, Edoardo Pondal, lembramos agora no trece aniversáreo da súa santa morte, e cuia mentalidade, vida, corazón, sentimento e libertá adicóu â súa raza, nobre e xenerosamente, nos cantos que “xa cantara o nobre bardo Gundar”.

Antón d’Espiñaredo

Alborada, nº 55, Bos Aires, maio de 1930.

[p2] O BANQUETE DA LIBERTÁ EN CONXO, E PONDAL

Denantes d’aquel sonado banquete que se dou baixo da mesta carballeira de Conxo, onde, en irmandada amizade, estudantes, artesáns e labregos, mariñantes e peixeiros, honoraron o abrente d-un risoño porvir galego —banquete no que o anfitrión era o cumial Pico Sagro, abesullante na lonxanía, cal un xigante Polifemo—, o vidente de Ponte-Ceso, isto é, Edoardo Pondal, xa tiña logrado un refulxente nome, non lle faltando nas súas tempas o aro de lus inicial d-unha futura santidade laica.

Mais, o verdadeiro sofrimento —aquel que se sinte na propia i-alma e no propio corpo ¡anque non deixe de sel-o aquilo outro que se refrexa en **nós**, escoado n-outras

persoas!; o verdadeiro sufrimento, voltamos a eispresar, aínda non se afincare, adentrándose nos miolos e xemas do corazón de Pondal, deica despóis d-ese memorábel día de esgrevo rexurdimento galego.

Porque a door, a door democrática do povo, a door coscente, poucos son, verdadeiramente, os que a sinten, soio os elexidos pol-a natureza saben interpretal-a, logo de ser fideles testigos das inxustizas cometidas con aquel polos soxusgadores coma lle sucedeu e segue sucedéndolle a Galiza baixo a gadoupa insaciábel do Centralismo Unitario.

Foi, vendo cometer tamañas inxustizas contra do povo galego, que Pondal sintiuse poeta, irmán dos martirizados irmáns, poñéndose da súa veira có duro e afiado aceiro dos seus isaíacos versos reivindicantes. Soio un nobre corazón como o do Solitario de Ponte-Ceso poido facer tan outo, tan fondo sacrifico, pois fillo de nobre casa pudente, e con títuo universitario de médeco, a regalada vida xamáis lle negaba, se quixese, os seus ridentes e mólicos favores. Mais él non quixo, que lú por aquilo que dín uns seus versos do seu sucoscente:

“Tal do meu ser no fondo
levo unha lus lanzal
que d-un orixen grande
me dixen que fun xa...”

Os que o coneceron na seneitude —nós, por raís consanguíña, tuvemos esa grande e impagábel sorte—, cicáis poidan espicare o fondoso agarimo que Pondal sentía pol-o erguemento de Galiza. Refugaba ás cidades e vilas señoriteiras, porque estas semellábanlle seren un encannamento do poider centralista. Ademáis, nado n-unha terra farturenta anque emprobecida pol-os foros e outros trabucos, vía acotío que aquela non progresaba ren, apesares dos esforzos e boa administración dos seus irmán labregos e peixeiros no pouco que o Estado lles devoltaba dos aportes, coma oprobiosa esmola.

E había algo máis na i-alma de Pondal que lle non consintíu acougamento: era o **mandato da lus lanzal** que, afondadamente, faláballe do seu grande orixen, da súa improrrogábel obriga de aituar como tipo representativo d-unha raza nobre e forte, a prol do melloramento da Nai Terra, pois eisí ll-o ordeaban os numens dos seus antenados dende o fondo do mais fondo do além.

El foi poeta galego, por aquilo que tan maxistralmente eispresou, refiríndose á **fadai lei do canto**; foi poeta pra facer restralar os seus broncíneos versos escontra dos que queren que Galiza lle sigan cantando **cantos brandos**, e pra que os seus fillos non desperten do seu no céltico **carballal**.

Mais a **semente xa foi**, nobre e acertadamente, ceibada n-os agros da concenza galega, a contar dende aquel día de gloria do Banquete de Conxo, no cal o poeta, xunto con Aurelio Aguirre, Alfredo Brañas e outros arriscados e rebertes irmáns, estiveron preto de irse a dar c-ós seus corpos no presido hespañol de Fernando Póo, por mor —¡sabia culpa!— de unhas oitavas que, encumiando a libertade, recitou Pondal.

Tan fondo, outo i-estenso enraigaron, fruitificando, os graus de aquela sementeira na miazosa e xogoral terra de Briganza —!a redimida anima galega xa oficiaba diante do fisterrán Ara-Solis consagratorio!— que non houbo nin hai cornecho un pouco civilizado no mundo onde non se falase e fale do rexurdimento galego. Non embargantes, o corpo da Terra Nai siguéu e segue estando aferrollado como no século XV.

Soiamentes faltaba o sacrificio humán pra costringir máis avencelladamente os frutos da xuntanza de Conxo c-ós frutos dos simbólicos pinos do Bardo:

“Cando os duros machados
feren os altos pinos
e caen con estrondo
no chan de Bergantiños,

non caen non, en vano,
cal xigantes erguidos
sin gloria e sin renome
n-os seus eidos nativos...”

Agora os seus fillos —os fillos dos homes, os fillos dos pinos— soldados da nobre
causa da redenzón galega,

“... non caerán en vano
en oprobioso olvido...”

Agardemos, serea e afincadamente, o novo fruto, pois o humán sacrificio xa se fixo e
os mártires nosos, dende os Fisterras do além, dín na saudosa brétema como os pinos:

“...;Ese... non pode, non, o duro ferro
nin a morte estinguilos!...”

(De “Noticias Gráficas”) Antón Zapata García

Noticias Gráficas, Bos Aires, martes, 8 de agosto de de 1939.

Reproducido posteriormente en *Opinión Gallega*, Bos Aires, nº 31, 19 de xaneiro de 1946.

[p3] A SALVADORA ESENCIALIDÁ DO SUICIDIO NA ALTIVEZ CELTA

De soio regustar a savoranza da tona ou da cerna das nobres virtús galegas, a pouco
que se lembren as escollidas leituras feitas a través da nosa mocidade, surden, sin dúbida
ningunha —si se têm a comeñente perceizón dos deritos, obrigas e sentimentos da nativa terra
avencellados, — outas comparanzas que nos levan a enxerguer cánto de grandes, de subrimes
e d-heroicos foron os benzoados homes que, cäl inxentes menhires ou barudos dolmens —os
da estrela vespertina na fronte— déron-nos a lus das arelas patrias e o agra gustor —sangue

dos nosos antenados— que produz a ferverza arterial cando, coma hoxe acontez, ollamos que Galiza segue aferrollada pol-o despótico barroquismo castelán. Dixemos, e repetimos: despótico barroquismo, porque non merez o forte nome de prometeonés pedrouzo; infiríndose, pol-o mesmo, máis aldraxe, máis vergonza pra nos: Pódese desfacer o aparente poider de Castela... ¡e non nos atrevemos, non nos arriscamos a facel-o!...

Das leituras cotidiáns —tormanos a eispresar— lembrámonos, agora, ô riscar da pruma, d-un home eixemprar da raza nosa, raro eixemprar no câl fundamento a virtú que serve de lênda a estas liñas: ¡VIRIATO!... veliquí, o máis esgrevo espello da xurdia esencialidá que, ô noso entender, é faro esculcante, no decorrer dos séculos, contra das brétomas que, por sorte, xorno a xorno, xa se desgazan, dando paso a i-alba da integralidá de Celtinérea —Galiza— co-a conseguinte doenza pr-ós menguados «pigmeos hispánicos», os da «unidá»: Galiza segue sendo —péselle os seus detraidores— un povo diferencial e diferenciado dos demáis peninsuares.

A esencialidá —celme, estraito, siquiza, etc.— que vimo enliñando, é aquela «ánima-cerna» que manda en nos sin que poidamos negal-a, aínda intentemos tal cousa facer: ¡Conscéncia do sobconscente, votiva lus que, o surdir no conscente, segue alumeando, mandando, anque a loita pol-a vida nos obrigue, inesorábelmente, algunha que outra leve ves, a popoñel-a; mais, non dal-a ô esquencemento.

Non podería eispriçarse d-outro xeito, senón c-un fondoso coñecemento da devandita virtude, a astitú adoitada pol-os guerreiros celtas —singularmente os artabroeums e os lusos— cando tiñan a disgracia de ficar prisioeiros dos románs: ¡perfirían suicidarse, denantes de someterse a tal baixeza! Certo é bô lembrar que, tamén, si voltaban antr-os hirmáns — rara ves socedía—, logo de seren escravos, eran decapitados pronamente, contra o chan, por traidores, pois, a traidoría, pr-ôs celtas, era non sô pasarse ô campo nemigo, senón renderse. Eis, a esencialidá salvadora do suicidio do que falamos; eis, a causenante da pavidez que

facía espenuxar e tremer âs hostes do traidor Cepión: Na ñoranza de Roma, onte, e hoxe, na estérea i-alma —se a tén— de Castela, nin poido nin pode adrentarse tan outa, tan sutil e inmorrente virtualidá, por atinxéncias negativas raciales africáns: bafuismo e cativez dimantes de Cartago.

Dá mágoa comprobar que —tanto na maoría dos homes, coma na das bestas e na dos paxaros e aves— o sentimento da rebertía e da independencia, non latexa nin se manifesta, por igual: Eisceizón do 1 0/00 (¡un por mil!) cáseque os demáis (homes, bestas, paxaros, aves) —rêdecimos,— seguen as naturaes solicitús do callo: A broa, o alcacén, a carne, os bichocos, etc., respectivamente, son o ceo d-éles. O demáis, ¿o demáis?... é música seráfica...

E vên âs mentes —lembianza— d-esfollatas de bôs libros, como deixamos dito no comenzo —a comparanza d-«O Melro», aquel melro —esprito de libertade— do fermoso i-endereitador poema de Guerra Xunqueiro, que o bondoso d-un crego quería protexer... pra que lle cantara i-encantara a súa vellez... ¡melro que preferíu suicidarse, en troque de vivir escravo na gayola! Coma antr-os homes, tamén, antr-os paxaros, é raro, moi raro, alcontrar taes eixemprares libertarios, cousa probada, por certo: Brum, no Uruguay... valla a comparanza...

D-esa esencialidade —péselle os outimistas— pouca, pouquísima eisiste, pol-o que se vai ollando; máis, supoñendo que eisí non fose —¡ogallá!—; ademitindo que eistirira na sobconcéncia da maoría dos galegos, pro, sin afrorar â tona do esprito, sería o caso de que «os bós e xenerosos», foran esculcando, cateando na procura de tan outo ben que —poida ser, insistimos— fica na celta «ánima-cerna», como fica na terra o *radio sandador*, sô precisándose mentes craras e mans traballadoras pra facer o miragro, —pol-o que atinxe ôs futuros patriotas galegos— como fixeron os cónxogues Curie: Desenterral-o, pra que alume e sande a tantos servos galegos, que desconocen a esencialidá do verso pondaliano.

... «Quén serve, ése he vil»

Voltar â práctica espiritual dos nosos antergos, anque con novos azos, módulos e troquels; voltar a esa gran vontade que nos nosos hirmáns de raza, Eamón De Valeira e Mac Svveney (alcalde de Cork), foron boureles salvadores da Patria irlandesa. E si eisí non fora — pol-o menos, denantes que ollarse escravos—, saber morrer como morrer quería o guerreiro patriota:

... «ainda apreixando o rutilante ferro,
que verte gota a gota»

Eis a salvadora esencialidá do sagreficio, da heroicidade, do suicidio da altivez celta, que confiamos, fondamente espranzados, s-espalle máis *entre nos*, pois é preciso chegue axiña o momento sinalado pol-o bardo de Bergantiños, de quen son os devanditos versos i-estes outros, *Santo e Seña*:

«Agárdovos na esquiva e dura proba,
quezáis en tempo breve»...

Antón Zapata García

A Fouce, nº 70, Bos Aires, maio de 1934.

[p4] ¡FORNELOS, TERRA NOSA!...

Fornelos é algo eisí como unha pequena vila montesía no chan onde cáseque morre a fría Terra de Xallas, acarón da hirmán e veciña Terra de Bergantiños. Indo de Laxe pra Bayo, dempóis de traspôrse o lugar da Gándara e a aldea de Dombate, o viandante pode ben ollar, â man destra, o devandito e petrucio lugar que s-asenta no grrioso chan dos nosos antenados os celtas, onde os normandos tiveron crúa rota.

Cingue a Fornelos, a fartura: Mestos, barudos, ergueitos piñeirales, fánlle a roldanza, ô soave son do “*arpado arume*” que pendura das súas ponlas, coma verdecentes candeas;

ampos milleirales, arredor de sí, cantarean, ô escolrel-a bris pol-a súa follax, a canzón farturenta da broa, das papas, das filloas, das empanadas e da bolabiqueira; patacales e máis patacales —ben feitas liñas do poema da nai terra— falan, erguendo as folliñas, coma pregando, de caldeiradas e cachelos, de fritadas e cocido; verdeantes ervaes —n-os que se albisca a máis multipre cromatis d-aquéla cor— falan, pol-as pequenas línguas das ervas —latricando de paso co-as regueiras— de gandos ben mantidos e lucentes; as páledas centeeiras e os marelos trigaes, ô son d-algún deble refacho da virazón da seirán, brandéanse co-a lanzal, xeitosa maneira que costumaban as virxes celtas ô bailar a arodanza, ou a roldanza, darredores dos dolmens e menhires, e falan do pantrigo..., falan..., falan... de fartura... e de que os tempos aituaes son de rebertías e sementeiras d-ideals pr-ôs galegos que ben queren â Terra Matria; e, tamen, canto a Natureza criou —paxaros, bichocos e vermes— canta, tría, buliga ou s-arrastra pol-os dintornos de Fornelos, producindo algo eisí como cando Orfeu ía encantando ô mundo co-a súa fermosa voz, ben trimbada, acompasada ôs tons da súa dourada lira: ¡un hino telúrico, xurdio, que aínda hoxe resoa na cerma das almas dos fillos do Arte!

Antre tanta legría e fartura, óllase a omilde escoliña —gayola na que rechouchían os montesíos paxariños humáns—; óllase —repitimos— a sinxel escoliña onde agardamos que, n-algún xorno, soletrên os nenos, os nosos nenos galegos —páxaros rebertes ben queridos— o noso idioma: *F, o, r: For; n, e: ne; l, o, s: los; T, e: Te; rr, a: rra; N, o: No; s, a: sa*, rematando fortemente, patrióticamente, coma os nosos sagros antergos: —¡*Fornelos, Terra Nosa!*...

Bôs Ars, Maio 1935.

[*Galicia*, nº 421, Bos Aires, domingo, 23 de xuño de 1935].

Reproducido en *Lar*, nº 238-239, Bos Aires, agosto-setembro de 1953, co antetítulo “Retales de verbas, por Antón Zapata García”, e con bastantes variantes textuais. Velaquí:

Fornelos é algo eisé como unha pequena vila montesía con un pouco de xeito moderno da veiramar, pol-o enzalbegamento e lanzalía de algunha das súas casas, branca lanzalía dulcificadora do agreste e hirtoo chan onde cáseque morren as frías terras de Xallas e de Santa Coma, acarón da irmán e veciña Terra de Bergantiños, anque xa máis xogoral ésta que aquélas. Indo da vila de Laxe pra Bayo, dempóis de trasorse o lugar da Gándara e a aldea de Dombate —na cal veciñanza tópase o barudo dolmen cuio nobre orixen queren, trabucadamente, ou adrede, negar os mancados de pensamento—, os viandantes poden ben ollar, á man destra, o devandito e petrucio lugar que se afinca na groriosa pranura onde os nosos antenados os celtas inflixíronlle crúa e vergoñosa rota ós fachendosos normandos.

Cingue a Fornelos, a fartura: Mestos, ergueitos e ben seguidos piñeirales —como aqueles que maxinara o Bardo Gundar, mais non co-as lanzas en altitude bélica, cal guerreiros de Brandoñas— fanlle a roldanza, ó soave son das agulladas e cantareiras froumas pendurantes das súas ponlas, coma verdecentes candeas; amplos e louros milleirales, tamén darredor dél, cantarean, ó escorrer a recendente bris pol-a súa follax, a canzón farturenta da broa, das papas, das empanadas, do bolo do pote e da bolabiqueira; patacales e máis patacales —ben feitas liñas do poema da Nai Terra— falan, erguendo as folliñas e os ramallos de frores albazúes e marelas, coma pregando, de caldeiradas e cachelos, de fritadas e cocido; verdexantes ervaes n-os que se albisca a máis multipre cromatis de aquela coor, falan co’as pequenas língoas das ervas —latricando de vagar co-as regueiras—, de gandos ben mantidos e lucentes; as páledas centeeiras e os marelos trigaes, ao son de algunha lene ventoliña da virazón da seirén, brandéanse co-a lanzal, xeitosa maneira que costumaban as virxes celtas ó bailar, en roldas en tecidas, a arodanza, ou a roldanza darredore dos dolmens e menhires, e

falan de pantrigo, de fellados e filloas...; falan..., falan... de antergas farturas... e de que os tempos atuais son de rebertías e sementeiras de ideais pra os galegos que ben queren á Terra Matria; e, tamén, canto a natureza criou —paxaros, bestas, bichocos e vermes—, canta, rúa ou rincha, buliga ou se arrastra pol-os dintornos de Fornelos, producindo algo eisí como un hino telúrico que fai lembrar aquel outro que ficou mudo, abraiado, cando Orfíco ía encantando o mundo co-a súa fermosa e ben timbrada voz, acompañada ós tons da súa dourada lira, non menos escoante do engado enfeitizador: ¡un hino telúrico, xurdio, que aínda hoxe resoa na cerna das almas dos fillos do Arte!...

Antre tanta alegría e fartura, óllase a homilde escoliña —gayola na que rechouchían os montesíos paxariños humanos—; óllase, redécimos, a sinxel escoliña onde agardamos que, n-algún xorno, os nenos galegos, os nosos pequenos irmáns —páxaros rebertes ben queridos—, cando xa non haxa escravizadores é asesíños que tanto empobreceron i-enluitaron á Nosa Nai, soletrén o nome que de por sí fala de abondosas fornadas, e dimpóis de cantal-o hino galego, rematan forte e patrióticamente, coma os nosos sagros antergos os celtas: — ¡Fornelos, Terra Nosa!...

III.2.3. ARTIGOS XORNALÍSTICOS EN CASTELÁN

[p5] LA INDUSTRIAL POBLACIÓN DE MEREJO. “Espichadoras” y “estibadoras”

Como en las gloriosas épocas en que nuestros iguales *anteados* solían cargar sus *trincados*, *patachos* e *bergantíns* del plateado *frutto di mare* que los itálicos denominan “saracea”, “sardíña-aranque”, para luego, haciéndose a la mar, tomar el rumbo *sureste*, dirigiéndose a los puertos adriáticos de Pola y Trieste, o a los mediterráneos de Chiavari y Génova, así hoy, haciéndonos *ceibar o rizón das lembranzas*, el breve pero industrial *porto peixeiro de Merexo —sona millor que Merejo—*, ofrece a la profunda avidez de nuestras miradas, mediante el presente grabado, el casi raro espectáculo de ver las *espichadoras e as estibadoras merexáns* en plena tarea *peixeira, coma denantes, cona n-os tempos abós...*

Si bien, comparativamente, el cuadro que nos ofrece el pequeño fabriquín de la ría camariñana ni siquiera, por asomo, se le puede parangonar a las enormes fábricas salazoneras de *Lage* o de *Corme* —hoy completamente silenciosas debido a la inactividad, pues la sardina véndese en alta mar—, tiene la enorme ventaja que reporta, sobre éstas, de proseguir un trabajo tradicional, un trabajo quizá, para muchos pseudo progresistas, poco remunerador; pero que, incuestionablemente, tal vez, alivie más las necesidades en las crudas “invernías”, que los dineros que perciben aquellos “peixeiros” que venden la pesca sin arribar al “peirao”. El dinero se va como agua de las amnos, mientras que las sardinas, ya prensadas en los “tabales” o “salgadas nas tinas”, suelen aliviar las urgencias estomacales con “catro cachelos” e “un anaco de broa”.

“Progreso y Miseria” —libro que trata sobre tan gran problema como es el maquinismo diabólico actual—, podría aplicarse a nuestros pequeños puertos pesqueros, que carecen, a veces, de pescado, cuando, en Madrid, abunda. Anomalías del humano avatar que,

al olvidar las normas clásicas ya consagradas por la milenaria experiencia —como lo son las fábricas salazoneras— dan en la locura de fomentar las grandes concentraciones pescaderiles, que, en puridad, si son progresistas, siembran la miseria en el litoral, puesto que su fagedénica avidez llega hasta usar el “chorizo dinamitero” que diezma las miriadas de “bramos e xarabales” de peces que, como un gran tesoro, guarda nuestro mar, Noso Mar; pero que, sin duda alguna, será agotado si no se oponen trabas urgentes e inflexibles al descarriamiento pesquero, tanto de arrastre como de malla apretada.

Es por eso que al ver las “espichadoras” y “estibadoras” del noble pueblecito costero de “Merexo”, pensamos en los tiempos en que el mar era un sagrado para todo hombre que con él conviviera; pensamos, también que aquellas trabajadoras “pescas” paisanas nuestras, son algo así como guardadoras de una tradición hoy amenazada por las motoras “apestando a gasolina”, como bien decía aquel sabio “xefe de pescos”, de quien nos habló tan elocuentemente el ilustre literato J. Filgueira Valverde en la pequeña novela que lleva por título: “O Vigairo”, “pesco” que abominaba del progreso modernista... ¡Y tenía sobrada razón!...

Antón d’Espiñaredo

Alborada, nº 72, Bos Aires, agosto-setembro de 1932.

[Publícase baixo unha fotografía co seguinte pé: «Mentras unhas mulleres espichan as sardiñas nas varetas, as outras van-as estibando n-os tabales, pra, logo, prensal-as no morto co-as barras e pendullos»]

[p6] **SOCIEDAD KAOLÍNICA DE LAGE. Importancia de la misma**

Prosiguen —cada vez con mayor actividad y buen resultado económico—, los trabajos de extracción de “kaolín” en la valiosa mina que, originariamente, fuera del rubro: “Ferreyro, Landesa, Rosewarne y Vidal”, y que, actualmente, pertenece a la sucesora de ésta: “Ferreyro y Landesa”, o sea: don Enrique Ferreyro y don Víctor Landesa, ambos ilustres hombres de estudio y destacados hijos de la Villa de los Castros —Lage— como lo prueba su escudo: dos roeles y dos calderas, símbolos de riqueza y abundancia, sustantivos éstos que reciben el aporte de aquéllos dos “laxenses” beneméitor, facilitando miles y miles de buenos jornales a sus convecinos.

En los presentes grabados puede notarse la importancia que, para la pequeña villa pescadora de Lage, representa tan inagotable fuente de recursos: en la parte superior, véñese los grandes depósitos destinados a la recepción del mineral extraído, además de servir, uno de ellos, en parte, para casa y secadero, esto es, el lugar en donde están las grandes estufas que, a gran temperatura, evaporan la humedad del “kaolín” que se ha purificado de materias extrañas en los lagares que representa el grabado puesto en segundo término, luego de ser agitado aquél, hidráulicamente, por las élices puestas en los primeros compartimentos, de los cuales va pasando de uno en otro, en forma atenuada, hasta posarse y formar el impalpable esmalte de la loza más preciada.

A estar a las noticias confidenciales que nos han suministrado varios “laxeiráns”, la posibilidad de que Lage pueda contar, en breve, con una pequeña dársena o refugio de lanchas pescadoras y embarcadero, débese —a la vez que a nuestros ediles, entre ellos Fernando Juega Abente y su tocayo Conlledo—, a los dueños de la empresa “kaolinera”, cuyo alcance no sabemos a qué punto llegará, por cuanto, si Lage tiene la principal materia prima para la fabricación de la más exquisita loza, ¿por qué no podría ser, en lo futuro, una nueva y floreciente Sevres o una gran Talavera?

Mucho pueden los hombres de buena voluntad: nuestros antiguos compañeros de escuela, Landesa y Ferreyro, tienen aquella eficiente virtud, además de excelentes relaciones y, por ende, el poder que impulsa a las grandes empresas —el dinero—, cual hicieron los hermanos Manesmann, los que, de una aldea, hicieron una gran ciudad alemana, con sólo fabricar caños sanitarios de barro.

Lage podría ser —repetimos— algo similar a los tres lugares precedentemente mencionados, pues, para ello, cuenta con las pródigas riquezas —materias primas— de su tierra y de su mar privilegiados, y —¿por qué no decirlo?— con la inteligencia de sus preclaros hijos.

Antón d’Espiñaredo

Alborada, nº 74, Bos Aires, xaneiro-febreiro-marzo de 1933.

[Públicase baixo dúas fotografías cos seguintes pés: «Los amplios galpones en los cuales se deposita el rico mineral extraído del gran yacimiento de kaolín (esmalte para loza fina)» e «Los tanques hidráulicos donse se purifica el kaolín para luego embarcarlo para Inglaterra y Asturias»]

[p7] ESCUCHANDO EL HIMNO GALLEGO. LOS ESCOLARES DE VIMIANZO

Vistiendo todas el democrático delantal immaculado, las pequeñas escolares de Vimianzo (La Coruña) —bajo la atemperada claridad de nuestro sol gallego, del benigno y “morno” sol por excelencia,— esperan a que se sosieguen sus “rebertes” condiscípulos —que van enfilando un maestro,— a fin de entonar el glorioso Himno Gallego, letra del bardo Eduardo Pondal y música de Veiga (hijo), como se viene acostumbrando en todas las poblaciones de nuestra tierra, merecedora de las más grandes libertades que otrora le negaron los espíritus plenos de “brétema”, los espíritus justicidas.

Estremecidas las “rúas” de la “anerga” y señoril Vimianzo con las cristalinas voces de la inocencia, a buen seguro que las estrofas del “inmorrente bardo bergantiñán” han de unirse a nuestro cantar, que como un sereno reproche, pero fuerte dice, dándose al vuelo de la “bris xogoral” que va besando los campos de Ogas, Pasarela y Carantoña:

Torre de Martelo Pauman,
siñora de Vimianzo,
máis que o teu gran señorío
valen teus fecundos campos.

Es así como nuestras aldeas, villas y ciudades resurgirán al noble conjuro del litúrgico Himno Gallego, que profetiza, continuamente, el radiante devenir del Pueblo Pastor de Pueblos —Galicia,— y que dá al “esquecemento” las injurias sufridas, pero que recuerda la razón bárdica dada a la madre desolada, “á Nosa Nai”:

—”Non cantes tan tristemente,
probe e desolada nai;
non lle cantes cantos brandos,
pra adormecer o rapaz;
onde está a coba do sono
no céltico carballal;
cántalle cantos ousados
que esforzado o peito fan;
cántalle o que xa cantara
o nobre bardo Gundar:
—A lus virá para a caduca Iberia

dos fillos de Breogán!...”

Escolares de Vimianzo, cantando la Redención gallega: ¡En vosotros ya palpita la gloria que nada ni nadie podrá oscurecer!...

Antonio Zapata García

Galicia, nº 419, Bos Aires, domingo, 9 de xuño de 1935.

[p8] LA CRUZ DEL DOLOR ESPAÑOL

Trágicos, profundos y nobles surcos del poliorama [sic] del actual momento hispano y su posible futuro de mayores bienes económicos y culturales que los habidos hasta el advenimiento de la República.

Sin prescindir de la relativa importancia que en el traidor levantamiento militar-fascista peninsular del 19 de Julio inmediato pasado haya tenido Marruecos —nocturno lanzazo efectuado por la espalda, ya que no por el costado, como el que infligió a Cristo el sañudo y cobarde centurión romano; lanzazo que, si proviniese de los nativos marroquíes, todavía contaría a su favor una atenuante de índole independiencista lógicamente explicable—, hemos de intentar, dentro de la más clara forma, el análisis y comentario del injustamente ensangrentado polidrama español, el cual, debido a la traición —repetimos, remarcando el justo calificativo,— se nos ofrece a la vista a través de la superposición incontrolable de noticias a cual más contradictorias (las de determinada prensa farsáica, especialmente), propicias para producir interesados confusionismos, dado que, la mayoría de las mismas, son emitidas por temulencos, cínicos e irresponsables, llámense estos “facciosos”, “revolucionarios”, “rebeldes”, “nacionalistas”, etc.; eufemismos que se revierten

hacia un solo enunciado, hacia un solo denominador, o sea: Traidores netos; traidores integrales; traidores superlativos; simplemente traidores, puesto que, tanto el faccioso como el revolucionario, el rebelde o el nacionalista, en el analógico sentido de dichos nombres comunes o sustantivos, pudieran representar una causa justa que defender, lo que no ocurre con los Judas a favor de los octópodos del triángulo negro: Monarquía, capitalismo y anticristianismo (llámesele a éste Iglesia Católica).

Efectuada, adrede, en este artículo, la escisión de Marruecos —hoy como se sabe, en poder de las harcas y mehallas de indígenas doblemente traidores a las órdenes de jefes iguales (poco importaría perder tan misérrimas tierras que un torpe compromiso internacional obliga su cuidado a España, para que, de tal guisa, se perdieran, por su futura posesión, los jactanciosos e histriónicos neronianos y los pusilánimes astrogodos en sus ambiciones de hegemonías fascistas y nazis, respectivamente—, sopesamos el alcance de la negra acción de los otros lanzazos que, en todo el noble cuerpo de España —de Norte a Sur, y de Este a Oeste—, ha puesto en grave trance de aherrojar cuanto de máspreciado y altivo tienen las esencias del alma ibérica: Su gran amor a la libertad, obsesiva, nihilista, que la distingue, señalado aquél por el griego Strabón; amor que, en su superación dignificadora, jamás han logrado comprender la Roma de los Césares... ni los espadones isabelinos, ni los chafarotes correvediles y movedizos alfonsotrecistas...

De Norte a Sur, y de Este a Oeste —enorme cruz hispánica cuyo irredente pie, Gibraltar, atalaya la innecesaria costa africana—, por la mayoría de las vertientes de Guadarrama, Somosierra, Naranco, Pirineos y Ronda (exégesis orográfica de los lugares donde más cruenta se ha manifestado y sigue manifestándose la lucha por la conservación y la Reconquista del derecho Español del Frente Popular, bajo el claro, noble y honrado contralor del Gobierno Leal) —, los trágicos surcos de las trincheras cólmanse de generosa sangre de hermanos nuestros, que, místicos del Nuevo Derecho Romano Universal, aunque

diferenciado, prefieren perecer espartanamente, como en unas Nuevas Termópilas invencibles, a ser subyugados por el negro triángulo precedentemente enunciado.

Ubérrima, óptima cosecha de máxima libertad, puede esperar confiada la hasta hoy manumitida humanidad en la mayor parte del globo terráqueo: Será su generatriz la Nueva España del Frente Popular, respetador éste de todas las autonomías que los africanos Mola, Queipo, Cabanellas y Franco, quieren arrebatarse a los libres pueblos ibéricos que integran aquélla. Crisoles y troqueles de ejemplaridad constructiva, igualitaria, hondamente humana debe aguardar el mundo, entre alborales resplandores: Los aportará la cruenta siega que, sobre camellones y surcos, se viene efectuando, con el consiguiente dolor inevitable; pero que ho ha sido iniciado, en tan trágica forma por el Gobierno Leal, sino por la felonía y la traición, ambas mariadas con aquellos que asesinaron en el ex Palacio Real, de Madrid, a Vales Fahilde, confesor de Victoria Eugenia, en la ocasión de actuar aquél, además, como Patriarca de las Indias... Por ello, y por lo demás, ya está escrita la sentencia del Banquete de Baltasar...

El dolor de la España de la Libertad —al igual que en la inmensa trinchera o surcos de su cruz—, abre en los espíritus libres del mundo la dolorosa pero consoladora certidumbre (lógico dolor del anhelo hacia la consecución de un generoso y libérrimo ideal) del advenimiento de una Nueva Iberia, custodia del redentorismo integral contemporáneo, como, fervientemente, vaticina el cristianísimo cura Juan García Morales, entre condenaciones parecidas a las que expresara el poeta de Celanova, el “espíritu abrasado por la sed de justicia”, según Rueda:

... “Curas que feroces
cual lobos monteses,
el fusil al hombro
hablan a los files”...

Un poco más de pan, cultura y libertad, pedía el noble pueblo español a los poderes actuantes anteriores a la venida de la república, por medio de la panacea del Instituto de Reformas Sociales; una más digna atención hacia los problemas lógicamente suscitados entre el absorbente capitalismo y el depauperado proletariado del campo, del subsuelo, del bosque, de la fábrica y del mar, tanto en la anteguerra como posteriormente, pero acentuándose; a una más humanitaria previsión hasta todos los productores antes enumerados, como ser: jubilación por invalidez o ancianidad, etc., etc., al igual, por lo menos, que la acordada mediante leyes amparadoras, a los burócratas, militares, etc. En fin: evitar, con el general bienestar, los flagelos que, por desnutrición, promiscuidad y carencia de aire en la vivienda, inciden en la decadencia de la raza, y, además, —en esto no ha tenido sentido común la trilogía negra de que venimos hablando—, anticiparse al inevitable sustrando que, en breve, justicieramente, aplicará el Nuevo Derecho Español a las garras y zarpas del ogro exaccionador: el Capitalismo. Es asunto éste imperioso, puesto que la traición que en estos momentos asuela a España, la pagarán los pudientes, los que, constantemente, no vieron en el desheredado trabajador otra cosa que un utensilio o la bestia de carga que les aportaban el abundoso “pane lucrando” y el arcáico “dolce far niente”.

Tal como vienen hoy acentuándose la profundidad y extensión de las trincheras-surcos de la cruz del dolor español, ayer, también, por inveterados y agotadores egoísmos capitalistas, acentuóse la profundidad de los nobles surcos, de los dolorosos surcos proletarios, quizá estériles sino estuviesen empapados de la generosa sangre del pueblo: Trágicas huelgas evitables lo han testimoniado; mas, no quisieron parar mientes en ellas, como previsoramente enseñanza, los expoliadores de España: Las crónicas exacciones —miseros jornales y salarios— se vinieron cometiendo hasta el año 1931, fomentándose con ello las inevitables huelgas, con latentes aspiraciones de mejoramiento. Luego vinieron algunas buenas leyes, entre ellas la llamada de Términos Municipales, esto es, establecimiento de

jornales mínimos, a la vez que evitación de menoscebo de éstos por quienes lo intentaran: De aquí nació quizá el proyecto de ley que perseguirá a quien propicie la degradación de sueldos y jornales, asunto, desde luego, digno de estudio.

No muy lejos todavía, la trágica muerte del anticristiano cardenal Soldevilla —siervo del Señor que se oponía a dar trabajo en la catedral zaragozana de La Seo a los obreros que no fuesen católicos—, habló asimismo muy meridianamente de los trágicos vientos que entonces ya se sembraban. Por lo mismo, nadie debió extrañarse del oscuro fin de persecutor de obreros. Recuérdese que Soldevilla no desmintió sus antecedentes: había sido secretario del obispo [*repítese a liña por gralla de imprenta*] inmortal poeta Manuel Curros Enríquez, de quien son los cuatro versos que dejamos consignados.

Desde la pérdida de las Antillas y Filipinas, no cabe duda alguna que la postración de España se acentuó en superlativo grado; pero ni los Cánovas, ni los Datos, ni los Canalejas, ni los Monteros —los tres primeros forman trágico triunvirato—, han logrado arrancar del sufrido cuerpo hispánico los parásitos que, en una forma u otra, succionaban miles y miles de millones de pesetas. Y no es que a España le faltaran medios para producir el milagro del Ave Fénix: No convenía aclarar las penumbras que circundan a las mortales divinidades, pues el pueblo, el inteligente pueblo, de dársele instrucción —explícate por ello el odio sarraceno desatado en contra de los nuevos hombres de la república española—, podía develar la inutilidad de las euménides, de los chafarotos, de los carcas y de todo el resto clericanalla...

Ha sido así como se acrecentó la lucha entre el capital y el trabajo en años posteriores a la pérdida colonial, que pudo evitarse, si se hubeira usado la mayor libertad y derecho al uso de la cosa pública para con los nativos que debieran tener por lo menos iguales derechos que los peninsulares. Esto no convenía a los interesados del triángulo negro. Tanto militares con cargo aquende el mar, como miembros de la curia eclesiástica, virreyes, gobernadores, y

demás séquito retardatario, eran nombrados o propuestos por la metrópoli. ¡Así lo perdieron todo con el consiguiente acrecimiento del malestar social!

El odio sañudo y torquemadesco de las mal llamadas “derechas” hacia las autonomías regionales —aquéllas debíanse llamar “retorcidas”— demuestra, fehacientemente, como cuando la colonización, el obtuso y negativo unilateralismo empedernido en contra de las nobles normas del sistema federal, tan incommovible y hondamente arraigado en muchos países, contándose entre ellos la Argentina.

Por lo mismo, el nefando 19 de julio próximo pasado, esto es, la negra traición militarista española, tenía por principal objetivo —la monarquía vendría luego— restaurar toda la serie de iniquidades que relegaron al noble pueblo hispano a una situación poco concordante con su altivo y digno historial, además de pretender los traidores —hubo exagerada benevolencia para con ellos, aunque, el “bienio negro”, les facilitó amplio margen para sus protervos designios— imponer sistemas que sólo pudieron arraigar en países de climas políticos psicológicamente propicios, por natural génesis, a marchas rebañiegas...

También demuestra, incontrastablemente, dicho odio, los incalificables e inicuos fusilamientos de los hondamente autonomistas Jaime Quintanilla y Alejandro Bóveda Iglesias. De éste, nos parece aún estar oyendo su voz de satisfacción y alegría cuando, el 28 de junio último, desde Santiago de Compostela, y por intermedio de una broadcasting de esta capital, habló de la salvación de Galicia mediante la autonomía lograda plebiscitariamente por el voto libre y secreto.

Al asesinar a tan insignes galegos —un hondo ensayista y un preclaro estadista— acallaron sus acusadoras voces en contra de cuantos tuvieron la culpa de que permaneciera empobrecida la generosa tierra gallega durante varios siglos; pero sus espíritus ¡sursum corda!, seguirán diciendo como su ilustre conterráneo Brañas:

... “¡Como en Irlanda, como en Irlanda!”...

Sus hermanos gallegos llevaremos siempre adentrado en el corazón y en el alma su santa memoria, siempre dispuestos a que se cumplan sus redentoras aspiraciones. ¡Que nuestra Rosalía sea su guía en el tránsito que aguarda a los patriotas que caen en holocausto a la patria!...

Con el fracasado golpe traidor, tratábase, simismo, de asignar, anualmente, los 600 milloncejos de pesetas que le han sido retirados a la curia eclesiástica, entre la cual se encuentran las Hermanitas de los Pobres, de risible recuerdo, porque, hace pocos días, les han sacado 200 millones de pesetas; por lo contrario de esto, suprimir totalmente la enseñanza laica, o sea liberal, a la vez que limitar el número de las escuelas a más reducida cifra que anteriormente; a la llegada de la república; con el cerril meollo retardatario, hacer tabla rasa con las 29.000 escuelas elementales creadas en cinco años a esta parte; también, hacer posible la hegemonía de que hablamos en el segundo párrafo de este artículo, vale decir, facilitar la posibilidad del aplastamiento de Inglaterra, y, más que a ésta, al oro de Sylock, que, según los del “Burgo Podrido”, se alberga en aquélla, con la secuela de millones y billones de Santas Libras Esterlinas; además, poder coartar los Derechos del Hombre instituidos por la avisada y muy galana Francia, y, por ende, contribuir a que tenga razón la sinrazón spengleriana, esto es, que sea cosa real la supuesta nebulosa de la decadencia de Occidente, para, con unas y otras formas de galimatías unamunescos, congraciarse los traidores “nacionalistas” con Cepión II (el ex director del “Avanti”), y con el ex auriga el rídículo bigotito (el Hermoso Adolfo)...

Todo, les ha salido mal a los “radistas” temulentos e hiperestéticos Cabanellas, Franco, Mola y Queipo—cuatro pies para un banco... ¡el de los culpables!... ¿Qué diría hoy el Cid Campeador, al ver los sarracenos por las calles de Burgos? Tenía razón Joaquín Costa en aquello de poner llave al sepulcro del Cid... Ruy Rodrigo Díaz de Vivar podría temer por doña Jimena... ¡Qué asco, hermanos españoles!...

Por otra parte que se mire, a buen seguro que —palabras más o menos de Indalecio Prieto—, de haber sido los generalotes aquéllos de la prolífica sierra derivada de los trágicos surcos, no se hubieran metido por los Cerros de Ubeda ni por los del Guadarrama. ¡Quiá!

A buen seguro, también, que los “cedistas” y fascistas de Gil Robles, Primo y Goicoechea —que aconsejaron se llevaran las harcas y mehallas doblemente traidoras a España—, no hubieran desfundado sus tiorbas y órganos, acompañando, con voces de sochantres, fúnebres misereres...

O corte traumático que se produciu tras o levantamento fascista do 36 conlevou a trasladar o eixo das realizacións culturais galegas a alén-mar, nomeadamente ás beiras do Prata, onde durante os anos do fascismo os emigrantes e exiliados galegos levaron o peso e as esperanzas da nosa cultura. Coñecida e recoñecida —non tanto como sería desexábel— é a obra de persoeiros como Castelao, Dieste, Seoane, Cuadrado, Lorenzo Varela, Puente... e de varias institucións galegas.

Moitos outros personaxes máis humildes, escritores e animadores culturais e da colectividade emigrante non acadaron recoñecimento e, en moitos casos, seguen a ser grandes descoñecidos no noso país. Cinxíndonos ao campo literario, é o caso do poeta Zapata García, a quen a maioría dos seus paisanos laxenses descoñecen.

Antón Zapata García nasceu no ano 1886 na vila mariñeira de Laxe, moi perto da Ponte-Ceso pondaliá, nunha terra con resonancias míticas e máxicas na obra do Bardo que tanto habia entusiasmar a Zapata. Moi noviño emigrou á Arxentina e xa non había voltar a Galiza. En Buenos Aires traballou arreo, primeiro como empregado de comercio e logo no seu propio establecemento, até a súa morte, acaecida no 1953, aos sesenta e sete anos.

Os Zapata procedían das Mariñas betanceiras, da parróquia de Sarandóns, moi perto do solar dos Marqueses de Figueiroa onde se asenta a centenaria torre que deu nome ao marquesado. O pai de Antón, descendente de labregos, asentárase na Costa da Morte por

³⁰⁹² Cfr. Carballo Calero, Ricardo (1981) [3ª ed.]. *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Vigo: Galaxia. 606-608.

esas cousas da vida. A outra ponla da familia era das terras de Traba de Laxe, cabe o inmenso areal.

A inqueda literaria de Zapata levouno a colaborar con poemas e artigos en moitas publicacións da colectividade galega. Na década dos vinte, cando na Galiza os xóvenes Manuel Antón e Amado Carballo dotan de ares renovadores e vangardistas á nosa poesía, Zapata publica moitos dos seus poemas na revista societaria *Alborada* (órgao dos emigrantes do partido de Corcubión na Arxentina) e, con menos asiduidade, nos órgaos galeguistas e nacionalistas que lle dan un recoñecimento meirande: *Céltiga*, *A Fouce*, *A Nosa Terra*, *Nós*. Os ecos cívicos, ao xeito dun Curros e dun Cabanillas, as épicas resonancias pondaliás, o mar de Laxe..., son temas sempre presentes na súa poesía. Da querencia e estima pola obra de Pondal é boa mostra —por se non ficase patente nalgun dos seus poemas— unha conferencia ditada no 1930, publicada co título *Eduardo Pondal. Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega*.

Pouco antes da súa morte asinaba a dedicatória do seu libro poético, que habia ser póstumo. A dedicatória ia dirixida “Á miña Nai Galiza e aos meus irmáns galegos, dende Bós Aires, dempois d-unha ausencia de cincuenta anos emigrado”.

A vida de Zapata entre a colonia galega non debeu ser fácil. Nacionalista galego e independentista, antifranquista e aliadófilo, a súa rexa personalidade tivo de aturar moitos sabores e inxurias.

“Poeta das sans rebeldías”, chamoulle o estudoso Alberto Vilanova na biografía que lle dedicou na súa voluminosa obra *Los gallegos en la Argentina*. E de corazón e espírito rebelde foi Zapata, loitador desde ben mozo da causa da liberdade. Liberdade da súa pátria asoballada para a que arelou días máis ventureiros traballando a prol da súa cultura, como sócio protector do Seminario de Estudos Galegos, e da súa conciencia nacional na Agrupación Nazionalista Pondal, formada nos anos vinte polos mozos emigrantes galegos

que albiscaban unha Galiza independente e dona de si. E liberdade da humanidade aferrollada pola ameaza do nazismo e do fascismo, que o levou a cantar un Hino a Stalingrado e dedicar un poema á destrución de Gernika.

Carballo Calero coida que a incontinencia poética de Zapata dalle unha certeza aspereza ao seu ritmo o que impediu que o poeta acadase unha maior perfección na súa obra. Ademais Zapata é moi amigo de empregar un vocabulario arbitrariamente innovador, non contentándose coa súa rica linguaxe mariñeira. Para o profesor ferrolano, Zapata é un poeta moderadamente modernista, con resonancias pondaliás e “merecente de atención”.

Non era da mesma opinión Ramón Otero Pedrayo, quen foi grande admirador da poesía de Zapata chamando a atención desde ben cedo sobre os poemas deste home, os que seguramente tería lido nalgunha publicación da Galiza emigrante e mesmo en *A Nosa Terra e Nós*. Gostou Otero especialmente dun titulado *A Gaita* e sobre o cal escribiría un loubatorio artigo en *El Pueblo Gallego*. O de Trasalba explicaría despois como se coñeceron na viaxe que fixo á Arxentina no 1947. Por iso non é estrano que o propio Otero prologase o libro *A roseira da soidade*, que se había editar na Coruña no 1953, xa morto o poeta. Morte da que se inteirou Otero escribendo o prólogo e que lle obrigou a cambia-lo.

O humorista betanceiro Manuel Roel, bon amigo de Zapata, trouxera o manuscrito desde Buenos Aires co encargo de levarllo a Otero para que este o prologase. Á morte repentina de Zapata quizá se debe que o poemario se ediatse na imprenta coruñesa de Roel —parentes do Roel betanceiro— co paso preceptivo pola censura que rebenou un bon feixe de poemas. Se algunha vez se voltan reeditar os versos de Zapata —como tamén compriria reeditar a súa conferencia sobre Pondal— habería que incluír o feixiño de poemas que foron sancionados no seu momento co lapis vermello, precisamente os máis combativos e cívicos: *Na morte de Lexandro Bóveda*, *Castelao*, *¡¡Cristialobos!!*, *Tráxicos agoiros...* Xa se comprende polos títulos que os tachase a censura, como aquel *Sementador* no que

aconsella aos bos galegos personificados nun labrego: “Sementa razóns e grans; / amor sementa e cariño, / fraternidade e cultura / a presas, a dúas mans, / anque caian no camiño, / pois, pra todos, é fartura. / ¡Hirmandiño!: / ¡Sementa, ¡sempre!, sementa, / en prol da terra irredenta!”.

A poesía de Zapata, aínda que é irregular, é sincera e emocionada, ao contrario de tanto falso intimismo coma o que estamos afeitos a ver ultimamente en moitos poetas mozos. Hai algo épico e mitolóxico nalguns dos seus poemas, da traxedia diária de mariñeiros e labregos, sentimento doeroso da ausencia, vivencias de orixes e destinos heroicos e gloriosos e tamén das cousas pequenas e sinxelas coma un grao de millo.

Zapata Garcia será xa para sempre o poeta do mar de Laxe, do mar de Bergantiños e das suas xentes. Unha paisaxe ricaz e fermosa, mais tamén rexa e dura, que en ocasións reclama o tributo de vidas mariñeiras e que o poeta trata a un tempo con fondo amor e profundo respeito.

Antón Zapata García, a unha distancia de dez mil quilómetros e de cincuenta anos, soubo manter frescos no seu corazón os ventos, as brétemas e a espuma rachando nos penedios da Costa da Morte.

Xesús Torres Regueiro³⁰⁹³

III.5.17. Artigos de Manuel Amor Couto (1992)

Antón Zapata García, o compromiso do poeta desde a emigración

Pensa-se a miúdo que a historia dun país ou dunha cultura consiste tan só na historia das suas grandes figuras, como se debaixo destas e como elemento imprescindíbel para que aquelas xurdisen non fose precisa a presenza constante de personalidades menores, cunha obra que non aspira a ser inmortal ou clásica, pro que poden ser tanto ou

³⁰⁹³ Cfr. Torres Regueiro, Xesús (1990). “Antón Zapata García, poeta do mar de Laxe”. *A Nosa Terra*, nº 418, Vigo (01.02.1990). 22. [Reproducido en *A Regueifa*, nº 7, Carballo, A. C. Lumieira (1991). 10-11.]

mais significativas á hora de saber cal era a sensibilidade e as inquietudes dunha época da nosa cultura e historia.

Este pensamos que é o caso do poeta Antón Zapata García, un dos moitos escritores galegos que coñeceron a emigración e que participou de maneira activísima na vida cultural e política que desenvolveron tantas sociedades galegas na primeira metade do noso século.

Isto é o que sabemos da súa biografía: nace en Laxe no ano 1886, aínda que os seus pais eran da parte de Betanzos (mais en concreto da parroquia de Sarandóns, á que lle dedicará un poema co mesmo título en “A roseira da Soidade”), e moi mozo, con tan só dezasete anos, embarca para a Arxentina desde o porto da Coruña (suceso que recordará no seu poema “Lembranza e loubor da Cruña”. Na que se chamará con razón “quinta provincia galega”, en Buenos Aires, traballará como empregado de comercio e acabará rexentando un negocio propio. Desde Buenos Aires colaborará na prensa literaria e política dos anos 20 aos 50, con colaboracións en “Alborada”, “A Nosa Terra”, “Nós”...

A experiencia da Guerra Civil e da represión franquista debeu-no marcar moito: de feito algúns dos poemas censurados no seu único libro publicado teñen títulos tan significativos como “Na morte de Alexandre Bóveda”³⁰⁹⁴, “Lobicáns galegos” e “Castelao”, publicou tamén un poema dedicado ao bombardeo de Gernika. Exemplo do seu antifranquismo radical temo-lo, por exemplo, nalguns versos do seu poema “Os camiños da vieira”

*O povo que noutrora colonizóu a Irlanda,
Que a Portugal e a Hespaña a doce língua der,
vése hoxe na cadea mais crúa e miseranda
que a do mais criminoso e mais protervo ser...*

Politicamente, Zapata situou-se na liña mais radical do galeguismo político da época, o “arredismo” —designación enxebre do independentismo—. Tamén influíu nel a Segunda Guerra Mundial e a loita contra o fascismo, época na que escribeu un poema premiado nun certame en Buenos Aires: “Himno a Stalingrado”.

Foi sócio protector do Seminario de Estudos Galegos e membro da Agrupación Nazionalista Pondal, formada nos anos vinte por mozos emigrados nacionalistas.

Otero Pedrayo foi un admirador da poesía de Zapata, a quen coñecera na súa viaxe á Arxentina no ano 47. Posibelmente deste contacto persoal naceuse a idea de que fose Otero o prologuista do único libro do poeta: “A roseira da soidade”, que se había de publicar na Coruña un ano despois da súa morte, despois de que a censura eliminase os poemas de carácter político e antifranquista.

A experiencia da emigración galega na Arxentina é algo que un día merecerá un estudo en profundidade: o asociacionismo, a vida cultural e política intensa, son a contrapartida do que moitas veces sucede no interior do país: a desunión e o individualismo insolidario que ás veces nos caracterizan chegan a converter-se en moitos casos en vontade colectiva e solidaria en América. Asimesmo, resulta abraiante comprobar cómo persoas que puideron moi poucas veces (ou nunca, como é o caso de Zapata) voltar á Terra, continuaron tendo un vínculo tan estreito coa súa realidade social e cultural até o fin da súa vida.

Nesta experiencia na Arxentina destacou tamén o entusiasmo de moitos dos emigrantes inquietos por se formaren culturalmente: o caso de Zapata sería bastante parecido ao de Neira Vilas, por exemplo: os dous son autodidactas que desde fora e coa perspectiva que iso proporciona poden coñecer mellor a súa terra.

³⁰⁹⁴ **Nota da edición:** En realidade o título é **Na morte de Lexandro Bóveda**.

A obra literaria de A. Zapata

Como moitos poetas pouco coñecidos, a obra de Zapata é de difícil acceso: está ou editada hai moito (o seu libro “A Roseira da Soidade” na Coruña polo ano 53) ou ben encontra-se dispersa nunha chea de revistas editadas en Galiza ou na Arxentina. Unha boa iniciativa sería que algunha institución se encargara de a recopilar e poder edita-la para que a súa obra puidese ser coñecida polos seus paisanos.

“A ROSEIRA DA SOIDADE”

OS TEMAS. A súa poesía non escapa aos temas típicos da época na que escribe: a **paisaxe** como obxecto de contemplación do poeta e en moitas ocasións ligado ás emocións que este sente é un deles e pode-se ver en poemas como “Os pinales da lembranza”, “Suidade”, “O pinal inmorrente” “Chorando”, “Primaveira” e algúns outros. Tampouco faltan asuntos típicos da poesía **patriótico-folclórica** (ao estilo dalgúns dos poemas de Rosalía ou Curros), como se pode ver en “Romeiría aldeán” e “A gaita”. Tamén ten exemplos de **poesía amorosa** (“Tuas mans”, “Arelas dun amor” ou **lendas narrativas** como “A crus da Rosa”, ambientada en Laxe. Ten tamén algúns poemas laudatórios “Lembranza e loubor da Coruña”, “Loubanza ao grau de millo”, “Teodosio o grande” e “Rosalía de Castro”), poesía **elexíaca** (“Eduardo Pondal: a morte do cisne”) e moita **poesía do mar** (“Dorna saudal”, “A renda do mar” “O faro”, “Porto peixeiro”, etc) que ocupan a última parte do seu libro e están inspirados nese mar céltico do extremo fisterrán galego; ao lado da louvanza da paisaxe (agreste, pero bela) das vilas e da xente, reflexa-se a dura condición da vida mariñeira e o tributo en mortes que cada ano arrinca o mar (ver, por exemplo, o poema “Mar roleiro” ou “Buguina”). Non se trata, pois, dunha visión idealizada senón bastante compensada: o lirismo e o drama á vez.

AS INFLUÉNCIAS. Son moi notórias as influencias de Eduardo Pondal, poeta bergantiñán (Zapata dictara unha conferencia en 1930 co título de “Eduardo Pondal. Alma, sentimento

e libertá da Terra Galega”) e do seu celtismo moi presente nos autores da época e no nacionalismo galego (é a época das “Sagas” de Cabanillas, son os primeiros anos da independencia irlandesa). Hai algúns poemas onde Zapata aparece como un claro epígono de Pondal: “Vagarosos ollos”, “O pinal inmorrente” ou “Os pinales da lembranza”. Neles ve-se moi ben a identificación dos piñeiros co espírito de Galiza —como sucedía no poema “Os pinos” de Pondal, hoxe himno do noso país— e nos dous poemas dedicados ao poeta de Ponteceso: “A morte do cisne” e “O enterro do bardo”. O atlántico, dentro deste celtismo, é o mar que irmana a Galiza co resto dos países célticos, en concreto con Irlanda, como se pode ver en “Vento irmán”.

A influencia modernista de Cabanillas tamén é evidente: algúns metros empregados por este (por exemplo, os versos alexandrinos —de 14 sílabas— con rima en pareado, como se pode ver en “Marisma” ou en “Redes no mar”), o vocabulario moderadamente culto, e mesmo algúns tópicos que inclúen o título da obra (comparemo-lo, por exemplo, con títulos como “A rosa de cen follas” (1927) de Cabanillas ou “Da vella roseira” (1925) de Victoriano Taibo).

O ESTILO. A poesía de Zapata pode-nos parecer hoxe un tanto declamatoria e enfática, con exclamacións de mais para o noso gusto (case a maioría dos poemas acaban con frases exclamativas) que convierten toda a súa poesía nun conxunto excesivamente grandilocuente.

Mais que atribuír isto a unha ausencia real de sentimento, habería-o que por na conta das limitacións do estilo da época e nas limitacións do propio autor. É precisamente cando o nos autor elimina ou rebaixa o seu lastre retórico cando os seus poemas poden parecer-nos mais sóbrios, mais auténticos e esteticamente mais próximos a nós (ver, por exemplo, “Meu padriño” ou “Chovendo”).

A LÍNGUA. Tamén como tributo ao seu tempo podemos encontrar en Zapata as características do galego da época: como reacción “purista” fronte a un galego falado e popular inzado de castelanismo e que compria dignificar, a via escollida por Zapata e os mais dos escritores era a de criar un idioma depurado a base de hiperenxebrismos ou simples vulgarismos que forzaban a “singularidade” do galego á custa de facé-lo bastante artificioso. Hai disto exemplos abondos en Zapata: “outas”, “atrán”, “román”, “outón”, “primoxén”, “seirán”, “silenzo” (por altas, atlántico, romano, outono, primoxénito, serán, silencio) e moitísimos outros. Vistos desde hoxe parecen inconcebíbeis pero foron, no seu tempo unha via —aínda que errada— de construír unha lingua galega culta.

Tamén poderíamos fixar-nos nalgúns trazos na súa lingua do galego de Laxe e en xeral das comarcas occidentais galegas (“nuite”, “vio”, “crus”, “lanse”...). Carballo calero destaca na súa “Historia da literatura Galega contemporánea” o ricaz do seu galego, sobre todo no referido a termos náuticos. Segundo este autor, o fallo fundamental do poeta de Laxe foi non depurar mais a súa obra.

En calquera caso, o mellor que se pode facer para coñecer a un escritor e emitir un xuízo é le-lo detidamente. E a Antón Zapata nunha vila, praia ou tramo da nosa costa atlántica, a ser posíbel en Laxe³⁰⁹⁵.

Manuel Amor Couto³⁰⁹⁶

III.5.18. Artigo de Xesús Torres Regueiro (1992)

Os avatares editoriais de “A Roseira da soidade”

A pequena intra-história da edición de “A Roseira da soidade” é certamente reveladora do voluntarismo esforzado dun home que, vivindo e escribindo case toda a vida

³⁰⁹⁵ Os artigos complétanse cunha escolma de poemas de Antón Zapata García. Reprodúcense un fragmento do longo poema narrativo **A crus da Rosa, Galiceibe, Os camiños da vieira, O pinal inmorrente e Mar roleiro**.

³⁰⁹⁶ Cfr. Amor Couto, Manuel (1992). “Antón Zapata García, o compromiso do poeta desde a emigración” e “A obra literaria de A. Zapata”. *A Regueifa*, nº 8, Carballo, A. C. Lumieira, (1992): 23-27.

na emigración, quixo e fixo o posíbel para que se editase e coñecese na súa terra, nuns tempos heroicos e imposíbeis para a edición en lingua galega. Zapata puido imprimir a súa obra en Buenos Aires e, sen embargo, empeñouse en que se editase na Galiza e, en concreto, na “Meiga cibdá da Cruña” que o vira partir de rapaz á emigración, para que dende ali “voie meu libro a todol-os ventos”.

A través de correspondencia de Antón Zapata co galeguista betanceiro Manuel Roel, que a familia deste nos facilitou amablemente, coñecemos as fondas preocupacións que envolveron ao autor, no medio das súas doenzas, para publicar na súa terra un libro longamente anxeiado e meditado, compendio do traballo poético dunha vida, e que o destino non quixo que chegara a ver imprentado. O escritor festivo Manuel Roel botara trece anos de exilio en Buenos Aires, entre 1936 e 1950, e aló mantivo relacións de amizade e colaboración coa maior parte das persoas e colectividades que alén mar mantiveron aceso o facho da nosa cultura mentres as tebras escurecían Galiza. A amizade con Zapata manteríase coa volta de Roel á súa terra e o de Laxe confiáralle as xestións para levar a bo porto a edición do seu libro na coruñesa Imprenta Roel, hoxe desaparecida, de propiedade duns parentes do betanceiro.

Nunha carta do 18 de febreiro de 1953, un Zapata xa roído pola enfermidade —pois viña de pasar seis meses no leito— agradecíalle a Roel unhas xestións —probablemente relacionadas co libro— diante de Otero Pedrayo, Leandro Carré e Vales Villamarín. Comunícalle de paso, que xa ten todo preparado (“¡xa era tempo!”) para enviarlle: tres exemplares mecanografados para a censura e outro para as correccións, que posteriormente ficaría para Roel por expreso desexo do autor. Pensara mandarlos no pasado xuño por medio de Antón Bermúdez Abente —parente do poeta muxián López Abente—, cousa que impedíu a doenza. Coida que o poeta gañou coa demora, pois fixo correccións no libro xa que “teño a teima de que sempre existe nos meus traballos algo que pulir...”.

Sobre a financiación —quizais pola limitación da saída de divisas arxentinas naquel intre—, ficaba esta pendente dunha conversa cun emigrante do que era apoderado na Coruña o pintor Manuel Abelenda Zapata, sobriño do poeta: “Trataríase de pagar aquí, en moeda arxentina, e Abelenda ahí”. Este era o encargo de ilustrar a capa co tema da roseira e o cruceiro, escollido por Zapata, se ben deixaba liberdade a Roel e ao pintor para que, de común acordo, buscasen outra solución. Abelenda executaría finalmente a idea inicial do poeta.

Lembrando que no mes de outubro cumpríase médio século da súa chegada “a esta banda do Noso Mar”, faille saber a Roel a súa arela de que no libro figura un saúdo a todos os galegos “nosos irmáns, sen distincións de ideoloxías de ningunha coor”. Zapata solicita cópias dos tipos de imprenta, mostras do papel e mesmo indica o formato que levará o libro, moi preocupado pola forma e a aparencia do mesmo. Este levaba case cen páxinas a maiores do previsto nun principio e o prezo aumentaba. Zapata prefere reducir a tirada a sacrificar poemas: “penso que conviría, cō fin de máis economía, impresar solo 500 (5 centos eixempres)”.

En carta do 22 de abril de 1953, despois dunha recaída na saúde que o retivo outros dous meses no leito, comunícalle a Roel o envío dos orixinais por intermedio do común amigo lugués Antón Núñez Fernández, “o fabricante de botóns da rúa Alsina”, xunto con Perfecto López, de Vimianzo, que embarcarían o día 30 dese mes no “Monte Udala” con destino a Vigo. Agora Zapata fala de incluír no prólogo unha “Verbas de loubor”, recollendo comentários de varios escritores e xornalistas sobre os seus poemas para non exceder o tope de páxinas previstas. Fala en concreto de suprimir os poemas “Freira”, “Primaveira” e “Regueira sinxela”, aínda que máis adiante considera que non debería suprimir ningún: “¡todos son fillos meus!”. Con bo criterio, Roel decidiría finalmente non

incluir a rolda de loubanzas, que foron suplidas moi acertadamente co prólogo que Otero Pedrayo escribiu expresamente para o libro.

O seu firme desexo de que o libro fose imprentado na Galiza obriga a pasar pola temida censura franquista. Mais Zapata xa se curara en saúde e evitara aqueles poemas “imposíbeis” de publicar e máis comprometidos, coidando que “n-ha de oporse cousa algunha para que vaia ao prelo”. O tamén betanceiro Vales Villamarín, secretario da Academia Galega, aparece citado en relación coas xestións coa censura, actuando quizais de intermediario con esta, a pedido de Roel. Zapata envíalle fraternais saúdos para o señor Vales “do que me aleda saber que é veciño seu”.

Na derradeira carta a Roel, de 14 de xuño de 1953, volta a interesarse pola clase de papel e o tipo de letra que ha levar. En canto a esta, cámbia de criterio e pide que se faga en cursiva, segundo mostra que envía. Canto ao envío dos cartos, e fallida a xestión inicial, fala da posibilidade de enviarlle un poder ao betanceiro para retirar unhas accións do Banco Pastor, depositadas polo albacea dunha sua tia, o médico Ramón Romero Blanco, nativo de Baio e parente lonxano de Zapata. Se, con todo, non chegase para pagar a edición, pensaría en vender unhas terras en Treos (Vimianzo) e Brántuas (Ponteceso) que eran propiedade da familia. De todos os xeitos, confía arranxar o asunto a través de Antón Bermúdez Abente. Aмосa interese desta volta en saber definitivamente o número de exemplares que se van imprimir. Roel tantea un posíbel distribuidor e Zapata pensa que ademais da Galiza cómpre espallar o libro en América. Solicítalle información sobre o custe neto da edición e deixa en total liberdade a Roel para administrar a tirada: “Con soio algún exemplar que me poida remesar, eu fico contento”. Apenas unha semana despois de escribir esta carta, a enfermidade vencia definitivamente a Zapata.

En “A Roseira da soidade” non figura data de edición, polo que non sabemos cando se publicou. De todos os xeitos, está claro que foi despois do pasamento do autor. Así se

deduce tamén do prólogo de Otero Pedrayo, quen di que se viu obrigado a refacelo ao enteirarse da mala nova. O poeta do mar de Laxe, despois de tantas preocupacións e tantas xestións, non chegou a ver cumprida a ilusión que tanto acariñara: os seus poemas recollidos nun libro para ser espallado dende A Coruña por toda Galiza. Libro que naqueles anos non puido ter —por razóns óbvias— unha difusión normal e que hoxe cumpriria reeditar, sequera fose para pagar a débeda que Laxe e Galiza teñen con fillos esforzados e valerosos como Antón Zapata García.

Xesús Torres Regueiro³⁰⁹⁷

III.5.19. Texto de Claudio Rodríguez Fer (1994)

Por exemplo, Antón Zapata García publicou os acusatorios “Na morte de Lexandro Bóveda” (nº 524, 27-6-37), “Lobicáns galegos” (nº 528, 27-7-37), “Tráxicos agoiros” (nº 532, 22-8-37) e “¡Cristialobos!” (nº 535, 11-9-37). Deste autor escribiu Alberto Vilanova Rodríguez no seu libro sobre *Los gallegos en la Argentina* (1966):

Durante la Guerra civil española, su lira fue de bronce y sus versos alaridos y anatemas, y ahí están aún hoy en día, diciendo todo lo que el alma del poeta sintió en aquellos instantes horrendos, los más trágicos que le tocó vivir a nuestra Tierra a través de toda la historia.

En efecto, «a banda de treidores / malvados e asesiños» que aparece matando ao mitificado e santificado Bóveda é vista como unha manda de lobos e lobicáns xa no primeiro poema, reaparecendo como tal nos títulos dos outros dous: “Lobicáns galegos” e “¡Cristialobos!”. Zapata salienta a miúdo o compoñente eclesial do bando sublevado en contradicción co verdadeiro espírito cristián, como mostra o último poema, no que

³⁰⁹⁷ Torres Regueiro, Xesús (1992). “Os avatares editoriais de «A Roseira da soidade»”. *A Regueifa*, nº 8, Carballo, A. C. Lumieira (1992). 28-29.

pretende «ametrallar» coa cualificación de «cristialobos» ao bando dos que chama «os Anti-Cristos»:

Son os fillos de Franco e Torquemada
alcendendo as fogueiras dos oprobios:
¡a ruína d-Hespaña diante ô mundo,
benzoada cô cuspe dos hisopos!

O poema “Tráxicos agoiros” acusa con saña e directamente, «por asesiñas, / âs Dereitas Traidoras», compostas por «Miliatres, curiales e caciques!» e forxadoras daquela “traidoría / dos feixistas, dos cregos e das coiras”. Escarnio e maldición son os recursos previos á esperada vinganza contra os «Lobicáns galegos», contra os «galegos cegos, duros», contra «os vendidos, os podres, os escuros», polo que clama Zapata.

—Cando a xusta vinganza o reló sone
e dos corvos xa fórades comestos,
da osamenta ¡feixistas!, chova ou trone,
¡¡non terá miña patria nin os restos!!...

Claudio Rodríguez Fer³⁰⁹⁸

III.5.20. Artigo de Xosé Enrique Acuña (1999)

O Xerminal de Antón Zapata

Boa parte da obra poética de Antón Zapata ven de ser todo un glosario de termos mariñeiros, rico e inagotábel. Dos utilizados a cotío nos mares de Laxe, a vila que o veu nacer en 1886. Os seus poemas son unha arca onde extraer a máis antiga terminoloxia da mar, as palabras abandonadas e esquecidas, os xeitos de falar mariñeiros, os nomes e os territorios das faenas, das fatigas e do barco. Vai escribilos na outra beira do Atlántico, no

³⁰⁹⁸ Cfr. Rodríguez Fer, Claudio (1994). *A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)*. Vigo: Xerais. 181-182.

Mar do Plata. Ali onde chega mozo e sen oficio con dezasete anos para se converter en tenedor de libros, empregado e logo propietario ao seu xeito.

Unha biografia do comun que quixo cambiar coa lira e as leituras de Pondal. Foron o Bardo e Curros quen de marcar a aventura poética dun home rebelde en tempos achegado ao libertarismo anarquizante que impregnaba no gran Buenos Aires á diáspora galega e italiana.

Espallou poemas na prensa dos galegos e na que os compatriotas influían. Suas estrofas insistían no ritmo e na intensidade pondaliana, na civilidade. Mentras o seu Laxe de pátria convertíase na arcádia dun equilibrio entre o traballo, o mar e a terra. Alberto Vilanova, convertido, como en tantos outros casos, no seu único biógrafo, incidía na emoción civil duns poemas que reparte a oito por *Suevia*, *Céltiga*, *A Fouce*, *Heraldo Gallego* e tantas outras publicacións mesmamente arxentinas tal as míticas *Caras e Caretas* e *Fray Mochó*.

Caracterización a de Vilanova que ten cumprido Zapata cando suma activismo e poesía para defender á República e denunciar a barbárie desatada na Galiza desde Xullo de 1936. “Alaridos e anatemas” quere ver de novo Vilanova nas composicións desta etapa de retagarda bélica na que o emigrante de Laxe compón poemas ante a destrución de Guernica e, anos despois, saúda, baixo himno, a xesta daquel Stalingrado cercado polo exército alemán. Un corpus poético esquecido e mesmo extraviado pola prensa en diáspora que merecerá co tempo dunha recompilación superadora daquela que tan dignamente editara o entorno familiar tras a súa morte en 1953.

Logo do falecemento en Arxentina, pasarían tres anos para que saíra na Coruña *A roseira da Saudade*. Un libro antolóxico con limiar de Otero Pedrayo e debuxo do pintor Abelenda na capa. O prólogo que escribe Otero é maxestuoso e esperanzado. Sorprende, unha vez máis, pola súa valentía en tempos de censuras. As suas palabras son quen de

transmitir a gris atmósfera da nosa cultura, os seus desvarios e as suas dramáticas auséncias. En Zapata quere ver —imaxina— os mesmos rexistros que no poeta bretón Tristan Corbière cando talla “o vento de lonxe nas cordaxes do seu espírito”. O poemario *A roseira da saudade* mália a sua agradecida extensión, non poido recoller ao máis combativo Zapata. Aquel que cantara a Bóveda e aos inmolados pola asonada sanguenta do exército español. Ao que ten necesidade mítica da patria.

Fondo coñecedor e mesmo divulgador da obra pondaliana, amáis da labra poética sentiuse vinculeiro do ramallo arredista na política partidária. Deu brazo e apoios ás loitas agrarias e achegouse a un reto liberador co que, combativo, moldeou reveladores poemas.

Eis o caso do que aporta en 1915 nunha entrega da revista *Estudios Gallegos* editada en Madrid por Aurelio Ribalta. O poema “Anduriñas” ofrece todas e cada unha das claves líricas do Zapata que é de lei restaurar. Son protagonistas, como el mesmo o fora, os emigrantes que deixan os casais. Os que atallan por congostras cantando, con todo, copras picantes. Que fuxen do país por non pagar a renda, que sofren embargos de carros e xugadas. Toman o camiño de América e ali agardan, debedores de novos pensamentos, que brilen as gadañas. O *Xerminal*, a rebelión redimidora³⁰⁹⁹:

(...)

*Nosoutros tamén somos anduriñas,
que deixamos Galicia por América,
en procura do pan que non amargen
caciques, vinculeiros e aves negras...
¡Até o día que brilen as gadañas
polos campos da filla de Suevia
e empezen a segar ¡sin miramentos!*

*a zizaña parásita con lingua
e a fagan converter en leves cinzas
que aventadas na codia, ¡xa redenta!
esterquen os herbais e á vez serva
de escarmento para outras que aínda quedan!...*

*Que diga o labrador e o bardo diga
—cando sol se namora da nai terra
e os ledos paxariños rechouchían
ao mirar a frorida primavera:
—¡Este ano somos ricos!... ¡Xa non hai fame!...
¡Xa non marchan as xentes a América!...
—¡Ou santa rebelión redimidora!...
¡Xerminal! ¡Xerminal!... ¡¡bendito seas!!!*

Xosé Enrique Acuña³¹⁰⁰

III.5.21. Artigo de Francisco Fernández Rei (2003)

Os tombos e coídos de Zapata García

A Costa da Morte e Laxe están presentes en moitos versos de *A roseira da soidade. Poesías galegas* (La Coruña, Roel, 1957) de Antón Zapata García (Laxe 1886- Buenos Aires 1953). Este poeta é unha figura, en xeral, descoñecida na cultura galega. Estivo emigrado en Buenos Aires a comezos do séc. XX, onde foi directivo da arredista Sociedade Nacionalista “Pondal”.

Otero Pedrayo no prólogo dese poemario póstumo sinalaba que a existencia dun “pneuma argonáutico sinon precisamente ulisaico nalgúns poemas mariñáns de Zapata e

³⁰⁹⁹ Acuña modifica e actualiza a ortografía do fragmento do poema que vai deseguida.

³¹⁰⁰ Cfr. Acuña, Xosé Enrique (1999). “O Xerminal de Antón Zapata”. *A Nosa Terra*, nº 868. Vigo (4.02.1999): 30.

seus apaixonados periplos da costa bergantiñán pois sempre as vellas e labouradas testas dos promonteiros axexan e vixían como rexas esculturas da idea fonda, lonxáa e consoadora das ‘Matres’ galegas”.

Para Carballo Calero (1981: 607), o galego vivo do poeta de Laxe “é ricaz, especialmente en termos náuticos, e se a el se houbera atido, houbera logrado unha linguaxe propia, precisa i enxebre”, pois cando Zapata escribe versos de tema mariñeiro “logra os seus mellores momentos”.

Na paisaxe mariña de Zapata están as laxenses Pedras de Besugueira (“lambidas pol-as olas e os algazos/ que as fortes maresías, do coído/ trouxeron ao relanzo”), os baixos do Roncudo de Corme, os cabos da costa da Morte cos seus faros (“Diante das crucelladas dos baixíos/ fronte aos cabos que afían seus penedos/ -Touriñáns e Fisterras,/ Ortegales, Viláns e Currubedos-”) e a vila de Laxe, que se espella “n-as ondas tranquíás, coor turquesa/ pieitando os seus cabelos de ourífica finura”, con praias que en verán son leitos de puntillas onde sestean “as peixadoras quillas/ sin lembrar nortadas, trebóns e furacáns” (Fernández Rei 2001: 238).

En *A roseira da soidade* hai léxico referido a ventos (*nordés, nordesía, nortada, noroés, refachos*) e a mareas (*maresía, socheos*), e para a xente do mar rexístrase *peixeiros, peixadores* e *pecos*, xunto co verbo *peixar*. E o movemento do vento provoca *ondas, vagas* e *vagallóns*, mais tamén os fisterráns *tombos* (“tombos galgantes e ruxintes, con louco revoar”), as grandes vagas que se producen cando hai mar picado e que rompen nos baixos ou nas praias e que usaran os muxiáns Victoriano Abente e Gonzalo López Abente³¹⁰¹. Zapata fala de *furnas* (e *furnals*), *rochedos* e *coídos*, pequenas enseadas con pedras traídas polo mar, tan frecuentes na batida Costa da Morte.

³¹⁰¹ NOTA DO AUTOR: Antes de que Victoriano Abente usase *tombo* en 1881 (“tombos de mar fervendo”), X. M. Pintos introducira a variante *tumbos* en 1853 (“os tumbos [da Lanzada] que escumaban a cachóns”).

Algúns dos poemas de Zapata recompilados en *A roseira da soidade* editáranse 30 anos antes, como “Chuco da dorna. Mariñeiro galego” (en *Céltiga*, 25-7-27) ou “Alando a traíña” (*A Nosa Terra*, 1-12-27), onde canta a escrava vida da pesca de baixura, usando termos comúns (*halar, panos, paneta, traíña, salmuira...*) e algunha expresión tan común cal “peixe como area”:

“¡Ala panos, peneireiro,
ala, panos, Manoel;
ala, panos, compañeiro,
ala panos eu tamén!...
¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!

(*Canzón dos traíñeiros de Laxe*)

O rosáreo de corchos e aparello
os barudos peixeiros vãn alando,
e das gorkas sonouras sái o vello
cantar que fáí mil anos vãn cantando:

Ala panos, peneireiro,
ala panos na paneta;
¡ala panos, compañeiro,
que hoxe hay peixe como area!

E, ao rolán do estribelo
Os seus corpos balanzan:
¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!

Mentras alan, descalzos, a traíña,
e, â salmuira mestúranse os suores,
revoa, câl revoa unha anduriña,
a tríada que conta as súas dores:

–Sempre, ¡sempre!, traballando,
dende a mañán hastra a noite...
¡e sempre probes ficamos!... (...)

Francisco Fernández Rei³¹⁰²

³¹⁰² Cfr. Fernández Rei, Francisco (2003). “Os *tombos* e *coídos* de Zapata García” en “O mar e a poesía galega. Singraduras na construción da patria da lingua”. *Revista Galega de Filoloxía*, nº 4. A Coruña: Universidade da Coruña. 11-57.

IV. APÉNDICES

IV.1. Actas e certificacións

IV.1.1. Certificación da acta de nacemento do poeta

Transcrición da Certificación literal que inclúe a reprodución íntegra da anotación correspondente que figura no Tomo 7, folio souto, número 97, da Sección 1ª do Rexistro Civil de Laxe (A Coruña):

Número 97.

Antonio Laurano Zapata García

En la villa de Lage, á las diez de la mañana del día veinte y ocho de Febrero de mil ochocientos ochenta y seis, Ante el Sr. D. Francisco Barreiro Carballo, Juez municipal, y D. Anacleto Díaz Ramos, Secretario suplente, compareció D. Antonio Zapata Barbeito, natural de Sarandones, término municipal de Abegondo, provincia de La Coruña, mayor de edad, casado, Sargento de Carabineros de esta Comandancia de La Coruña, estacionado en esta villa, y habitante en la casa número diez de la Calle del Sol, presentando con obgeto de que se inscriba en el Registro Civil, un niño, y al efecto como padre declara.

Que dicho niño nació en la casa del declarante á las tres de la tarde del día veinte y seis del corriente mes.

Que es hijo legítimo del referido declarante y de su muger, D^a María Josefa García Moreira, natural de la villa y término municipal de Camariñas en dicha provincia, mayor de edad, dedicada á las ocupaciones propias de su sexo y domiciliada en el de su marido.

Que es nieto por linea paterna de Domingo Zapata Conte y María Barbeito Fariña, naturales de la citada Sarandones, propietarios difuntos y domiciliados que estuvieron en ella, y por la linea materna de José García Pondal, natural de esta villa y de María Moreira Alvarez, natural de San Mamed de Sarces en este término, mayores de edad, propietarios y domiciliados en Camariñas.

Y que al expresado niño se le han puesto los nombres de Antonio Laureano.

Todo lo cual presenciaron como testigos Benito Recarey Gerpe, natural de San Pedro de Castriz, término municipal de Santa Comba, provincia de La Coruña y D. Manuel Romero, natural de esta villa, mayores de edad, casados, propietarios y domiciliados en esta citada villa.

Leída íntegramente esta acta, é invitadas las personas que deben suscribirla á que la leyeran por sí mismas, si así lo creían conveniente, se estampó en ella el sello del Juzgado y la firmaron el Sr. Juez, el declarante y testigos, de que certifico.

Fco. Barreiro/ Antonio Zapata/ Benito Recarey/ Manuel Romero/ Anacleto Díaz

IV.1.2. Certificación da partida de bautismo do poeta

Transcrición da Certificación literal³¹⁰³, expedida por D. Enrique Redondo Mella, cura párroco de Santa María da Atalaia de Laxe (Arciprestado de Soneira) que inclúe a reprodución íntegra da partida bautismal que figura no libro 6º de Bautismos desta parroquia, Folio 169.

Antº Laureano Zapata Garcia

En la Iglesia de Santa Maria de la Atalaya de la Villa de Lage a veintisiete de febrero de mil ochocientos ochenta y seis, distrito municipal de Lage, provincia de Coruña, Yo, D. Luis Pose, Coadjutor de la dicha y Santa Maria de Serantes, su anejo, con espresa licencia del actual Párroco de la misma, Bauticé solemnemente, puse los Santos oleos y de nombres ANTONIO LAUREANO a un niño, nacido a las tres de la tarde del día anterior, hijo legitimo de Antonio Zapata, Sargento de carabineros, natural de Santa Maria de Sarandones, Ayuntamiento de Abegondo y Maria Josefa Garcia, natural de Camariñas. Abuelos paternos Domingo Zapata y Maria Barbeito, difuntos, naturales y vecinos del espresado Sarandones; maternos José Garcia, natural de Lage y Maria Moreira natural y ambos vecinos de Camariñas; fueron padrinos Laureano Carril y Ventura Vidal. Presenciaron este bautismo como testigos los dichos padrinos y el sacristan José López. Advertí a los padrinos el parentesco espiritual y sus obligaciones prevenidas por el Ritual Romano. Y para que conste lo firmo con el Sr. Cura. Fecha Ut Supra”. Firmado y rubricado: Fernando Juega y Luis Pose.

³¹⁰³ Debo o coñecemento deste texto a Xesús López Fernández, autor do volume *Poemas á nai* [1999].

IV.1.3. Certificación da acta de defunción do pai do poeta

Transcripción da Certificación literal³¹⁰⁴ que inclúe unha reprodución íntegra da anotación correspondente que figura na acta de defunción nº 303, folio 307, do Registro Civil de Laxe (A Coruña).

Folio trescientos siete

REGISTRO CIVIL DE LAGE

Parroquia de Lage

Núm.º 303

NOMBRE Y APELLIDOS: Antonio Zapata Barbeito. Lage.

En LAGE, provincia de LA CORUÑA, a las diez horas del día veintiocho de Julio de mil novecientos treinta y cuatro.

Ante D. José Pose Mesias, Juez municipal, y D. Demetrio Garrido Alvarez, Secretario, se procede a inscribir la defunción de Antonio Zapata Barbeito, de noventa años de edad, natural de Santa M^a de Sarandonos (Abegondo), provincia de La Coruña, hijo de Domingo Zapata Ponte y Maria Barbeito Bugallo, domiciliado en la calle de Las Plazuelas, parroquia de Lage, número s/n, piso alto, de profesión Carabinero y de estado viudo de Maria Barcia, Josefa M^a Garcia Moreira, Maria Lema Garcia, de cuyos matrimonios tuvo los hijos siguientes, de la Maria Barcia, ninguno, de Josefa M^a Garcia, tuvo cinco hijos, Amador, Elena Maria fallecida,

³¹⁰⁴ Debo o coñecemento deste texto a Xesús López Fernández, autor do volume *Poemas á nai* [1999], a quen llo facilitou D. Enrique Redondo Mella, cura párroco de Santa María da Atalaia de Laxe.

Antonio, José fallecido y Valentina Zapata García, de la María Lema tuvo tres
Manuel, Perfecto y Fernando Zapata Lema,

falleció en su domicilio el día de hoy á las diez horas, á consecuencia de debilidad
senil según resulta de certificación facultativa y reconocimiento practicado, y su
cáda-ver habrá de recibir sepultura en el cementario de Lage.

Esta inscripción se practica en virtud de manifestación personal de Fernando Zapata
Lema, mayor de edad, soltero, jornalero y vecino de esta Villa,

consignándose además que otorgó testamento ignorando fecha y Notaria otorgante
habiendo presenciado como testigos D. Angel Medín Pérez, y D. Jesús Recarey
Vidal, mayores de edad y vecinos de esta villa.

Leída esta acta, se sella con el de este Juzgado y la firman el Sr. Juez, los testigos y
el manifestante.

[sinaturas]

IV.1.4. Certificación da acta de defunción do poeta

Transcripción da Certificación literal que inclúe a reprodución íntegra da anotación correspondente que figura na acta de defunción nº 1315, Tomo 3º F, sección defunciones, do Registro Civil de la Municipalidad de la Ciudad de Buenos Aires.

REGISTRO CIVIL

SECCIÓN: Defunciones

TOMO: Tercero F

NÚMERO: Mil trescientos quince

En la Ciudad de Buenos Aires, Capital de la República Argentina, a veintitres de junio de mil novecientos cincuenta y tres,

Yo, Jefe de Sección del Registro del Estado Civil, procedí a inscribir la DEFUNCIÓN de:

Antonio ZAPATA GARCÍA, de nacionalidad española, de sexo masculino, de sesenta y siete años, de profesión empleado, de estado casado con Angela BEGONIA³¹⁰⁵, se domiciliaba en Saenz Peña, cuatrocientos sesenta y nueve.

Y ocurrida en Pasco, trescientos cuarenta, el veintiuno de junio de mil novecientos cincuenta y tres, a las diez y siete horas, de insuficiencia cardíaca aguda, según certificado, archivado bajo el número de la presente, otorgado por el médico Antonio Alonso Suárez.

³¹⁰⁵ Unha posterior rectificación sinala que o nome da muller é: Angela BEGOÑA.

Era hijo de Antonio ZAPATA, fallecido, de nacionalidad española, domiciliado en [en blanco] y de María Josefa GARCÍA, fallecida, de nacionalidad española, domiciliada en [en blanco].

Testó: Se ignora.

Esta inscripción se efectúa según la declaración prestada por Domingo Vozzi, de sesenta años, domiciliado en Callao, doscientos cincuenta y cinco, el que obra en virtud de la autorización de Eduardo Dei Castelli, hijo-político del fallecido, que se archiva

ante Antonio Rey, de sesenta años, domiciliado en casa del declarante, quienes han visto el cadáver. Leída el acta la firmaron conmigo el declarante y el testigo.

Domingo Vazzi / Antonio Rey / Sinatura ilexible.

IV.2. Fotografías



Antón Zapata García

Acción Gallega, nº 6/7, Bos Aires, 31 de decembro de 1920.



Antón Zapata García

Galicia, Revista del Centro Gallego, Montevideo, nº 151, agosto de 1929.



Antón Zapata García (Sen data). Reproducida por Pérez Leira, Lois (2006). *Galegos na Arxentina. Galegas na Arxentina. Unha ollada fotográfica*. Vigo: Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza (FESGA).